CENTRO INTERNACIONAL DE ESTUDOS
DE DOUTORAMENTO E AVANZADOS
DA USC (CIEDUS)

TESE DE DOUTORAMENTO

O LÉXICO DO ENXOVAL (SS. XIII-XVI). CONTRIBUCIÓN AO ESTUDO SEMÁNTICO DOS TECIDOS, VESTIARIO E COMPLEMENTOS NA PROSA DOCUMENTAL GALEGA

Raquel Rodríguez Parada

ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL
PROGRAMA DE DOUTORAMENTO EN LINGÜÍSTICA

SANTIAGO DE COMPOSTELA
2019

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

DECLARACIÓN DA AUTORA DA TESE

O léxico do enxoval (ss. XIII-XVI). Contribución ao estudo semántico dos tecidos, vestiario e complementos na prosa documental galega

Dona Raquel Rodríguez Parada

Presento a miña tese, seguindo o procedemento adecuado ao Regulamento, e declaro que:

1) *A tese abarca os resultados da elaboración do meu traballo.*
2) *No seu caso, na tese faise referencia ás colaboracións que tivo este traballo.*
3) *A tese é a versión definitiva presentada para a súa defensa e coincide coa versión enviada en formato electrónico.*
4) *Confirmo que a tese non incorre en ningún tipo de plaxio doutros autores nin de traballos presentados por min para a obtención doutros títulos.*

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2019

Asdo. Raquel Rodríguez Parada

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

AUTORIZACIÓN DO DIRECTOR DA TESE

O léxico do enxoval (ss. XIII-XVI). Contribución ao estudo semántico dos tecidos, vestiario e complementos na prosa documental galega

D. Ernesto Xosé González Seoane

INFORMA:

Que esta tese se corresponde co traballo realizado baixo a miña dirección por dona Raquel Rodríguez Parada, e autoriza a súa presentación por considerar que reúne os requisitos esixidos no Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC e que como director desta non incorre nas causas de abstención establecidas na Lei 40/2015.

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2019

Asdo: Ernesto Xosé González Seoane

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Ás mulleres da familia,
principais transmisoras
do léxico do enxoval.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Resumo

Esta tese de doutoramento, *O léxico do enxoval (ss. XIII-XVI). Contribución ao estudo semántico dos tecidos, vestiario e complementos na prosa documental galega*, ofrece un estudo do léxico relacionado cos tecidos, o vestiario e os complementos en documentos medievais de prosa notarial en galego, encadrados entre os séculos XIII ao XVI.

O eixo da investigación está constituído por un glosario de 161 entradas (330 se contamos as remisivas) dispostas alfabeticamente, que se ofrecen asociadas a algún dos cinco campos semánticos en que clasificamos as voces do noso *corpus*: o enxoval xeral, o vestiario, os materiais, o leito e o servizo de mesa. Analizamos a procedencia, difusión e pervivencia posterior do léxico vinculado a este ámbito da vida cotiá e ofrecemos unha análise contrastiva co portugués e o castelán.

Precede ao estudo léxico unha análise da tipoloxía documental que constitúe o *corpus*, unhas breves achegas á historia da indumentaria e á metodoloxía empregada na realización do traballo. O *corpus*, de elaboración propia, está constituído por 178 documentos notariais, entre os que se atopan testamentos ou mandas testamentarias, inventarios e cartas de taxación de bens de menores. Todos son textos éditos, excepto un reconto da Catedral de Ourense, inédito, custodiado no arquivo da dita catedral, do cal ofrecemos o estudo codicolóxico, a edición crítica e o índice de topónimos e antropónimos que contén.

As conclusións deste traballo permitiron analizar a orixe das voces relacionadas co ámbito estudado, afondar nos cambios semánticos que sufriron e coñecer como o uso da indumentaria, os tecidos e os complementos gardan unha estreita relación cos patróns sociais e culturais da época.

Palabras chave: lexicografía medieval, lingüística diacrónica, lingüística histórica, etimoloxía, ecdótica.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Abstract

This doctoral thesis, *The lexicon of household items (13th – 16th c.). A contribution to the semantic study on fabrics, clothing, and accessories in Galician documentary prose,* provides a study of the vocabulary related to fabrics, clothing and accessories in medieval prose notary documents written in Galician language, from 13th to 16th c.

The cornerstone of this research is made up of a glossary of about 161 entries (330 if we count up references) shown in alphabetical order and associated to one or more of the five semantic fields in which the integrating words our *corpus* are classified: general household items, clothing, bed linen, and table linen. We have analysed the origin, dissemination and later survival of the vocabulary linked to this daily life area offering a contrastive analysis between Portuguese and Spanish.

This lexicon study is preceded by an analysis of the documentary typology comprising the *corpus*, some brief contributions to the history of clothing and the methodology used for carrying out this research study. The *corpus*, drawn up from personal work, includes 178 notary documents, such as wills, inventories and valuation letters of goods inherited by minors. All of these are published texts, except for a non-published counting kept at the Ourense cathedral archive, and of which we provide a codicological study, a critical edition and an index of the place-names and persons names comprised in it.

The conclusions of this research have catered for the analysis of the origin of those words related to the field of interest, the in-depth study of their semantic changes as well as the understanding of the close link between the use of clothing, fabrics and accessories and the social and cultural patterns of the time.

Keywords: medieval lexicography, diachronic linguistics, historical linguistics, etymology, ecdotics, onomastics.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Resumen

Esta tesis doctoral, *O léxico do enxoval (ss. XIII-XVI). Contribución ao estudo semántico dos tecidos, vestiario e complementos na prosa documental galega*, ofrece un estudio del léxico relacionado con los tejidos, el vestuario y los complementos en documentos medievales de prosa notarial en gallego, pertenecientes a los siglos XIII a XVI.

El eje central de la investigación lo constituye un glosario de 161 entradas (330 computando las remisivas) dispuestas alfabéticamente, que se ofrecen asociadas a alguno de los cinco campos semánticos en los cuales clasificamos las voces del *corpus*: el ajuar: general, el vestuario, los materiales, el lecho y el servicio de mesa. Analizamos la procedencia, difusión y pervivencia posterior del léxico vinculado con este ámbito de la vida cotidiana y ofrecemos un análisis contrastivo con el portugués y el castelano.

Antecede al estudo léxico un análisis de la tipología documental que constituye el *corpus*, unas breves aportaciones a la historia de la indumentaria y a la metodología utilizada en la realización del trabajo. El *corpus*, de elaboración propia, está integrado por 178 documentos notariales, entre los cuales se encuentran testamentos o mandas testamentarias, inventarios y cartas de tasación de bienes de menores. Todos son textos éditos, excepto un inventario de la Catedral de Ourense, inédito, custodiado en el archivo de dicha catedral, del cual ofrecemos un estudo codicológico, edición crítica e índice de topónimos y antropónimos que contiene.

Las conclusiones de este trabajo permitieron analizar el origen de las voces relacionadas con el ámbito estudiado, profundizar en los cambios semánticos que sufrieron y conocer como el uso de la indumentaria, los tejidos y los complementos mantienen una estrecha relación con los patrones sociales y culturales de la época.

Palabras clave: lexicografía medieval, lingüística diacrónica, lingüística histórica, etimología, ecdótica.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Índice:

Limiar **17**

1 **Introdución** **19**

2 **Unha breve achega ao vestiario, complementos e tecidos.** **21**

2.1 As leis suntuarias 24

3 **O *corpus* textual** **25**

3.1 A selección do *corpus* 25

3.2 A tipoloxía documental e a súa estrutura 52

3.2.1 Testamentos, mandas testamentarias e codicilos 53

3.2.2 Cartas de taxación de bens de menores 54

3.2.3 Inventarios ou recontos de bens 55

3.3 A datación do *corpus* 56

3.4 O baleirado dos documentos 58

4 **Consideracións metodolóxicas** **61**

4.1 Unha breve panorámica lexicográfica 61

4.2 Os campos semánticos 65

4.3 A organización do glosario 66

4.3.1 Macroestrutura 67

4.3.1.1 Clases de palabras e formas de cita 67

4.3.2 Microestrutura 68

4.3.2.1 Artigos remisivos 68

4.3.2.2 Artigos enunciativos 68

4.3.3 Siglas e abreviaturas 73

4.3.3.1 Listaxe de abreviaturas 73

4.3.3.2 Siglas dos arquivos citados 74

4.3.3.3 Siglas e abreviaturas bibliográficas 74

5 **Estudo do léxico: A-Z** **83**

6 **Conclusións** **583**

6.1 As categorías gramaticais 583

6.2 Os campos semánticos con maior representación 583

6.3 A orixe das voces que conforman o estudo 585

6.4 Consideracións semánticas e socioculturais 587

7 **Bibliografía** **591**

7.1 Fontes 591

7.1.1 Primarias (prosa notarial) 591

7.2 Bibliografía citada 595

8 **Índices** **615**

8.1 Índice de formas estudadas (con variantes) ordenadas alfabeticamente 615

8.2 Índice de formas estudadas agrupadas en campos semánticos 625

9 **Anexos** **633**

9.1 Anexo I: *Corpus* manexado ordenado cronoloxicamente 633

9.2 Anexo II: Edición do Reconto da Catedral de Ourense 655

9.2.1 Consideracións xerais 655

9.2.2 Criterios de edición 656

9.2.3 Lectura do texto 657

9.2.4 Aparato crítico de variantes 666

9.2.5 Índice onomástico 666

9.2.5.1 Antropónimos 666

9.2.5.2 Topónimos 667

9.2.6 Anexo fotográfico 669

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Limiar

O obxectivo desta investigación é afondar no léxico do enxoval, en concreto dos tecidos, a vestimenta e os complementos, na prosa notarial escrita en galego ao longo da Idade Media (ss. XIII e XV) e ata o século XVI.

Para acadar este propósito dividimos esta tese de doutoramento en nove partes. Na primeira, introducimos o tema de estudo; na segunda parte, facemos unha pequena achega á historia da indumentaria, os complementos e ao enxoval doméstico. Na terceira, ofrecemos o noso *corpus* textual, as fontes manexadas, a súa datación e a tipoloxía textual. A seguir, na cuarta sección recollemos unha breve panorámica das obras lexicográficas de diferentes dominios e explicamos a metodoloxía utilizada para a elaboración do traballo. O quinto apartado está constituído polo glosario de 161 voces analizadas dun conxunto de 330 lemas, que ofrecemos ordenadas alfabeticamente, pero, á súa vez, clasificámolas en torno a cinco campos semánticos. Dada a natureza desta investigación, ofrecemos un capítulo de conclusións, o sexto, en que damos conta dos campos semánticos con máis representación do corpus, da orixe das voces que manexamos, das consideracións semánticas e culturais e dos termos que anticipan a datación na nosa lingua. Deseguido, no sétimo apartado, presentamos a bibliografía citada coas relación das fontes manexadas, que constituíron a base deste estudo. No apartado oito, ofrecemos dous índices: un alfabético de formas estudadas con indicación de lemas e diferentes variantes e outro, temático. Pechamos a tese con dous anexos: no primeiro deles, figura a lectura e a edición, con aparato crítico de variantes, do inventario de bens da Catedral de Ourense, documento parcialmente édito[1], que incluímos aquí polo volume de voces que contén relacionadas cos campos semánticos estudados. No segundo anexo relacionamos todos os documentos do *corpus* manexado tendo en conta a clasificación por provincia administrativa actual e, dentro desta, por data, de máis a menos antigo.

Ao longo destes anos, mentres ía tomando forma esta tese de doutoramento, moitas persoas estiveron implicadas, dun xeito ou doutro, no seu proceso de elaboración. Na parte máis estritamente académica, o tema deste traballo e o meu interese polas obras lexicográficas debémosllo a Ernesto X. González Seoane, director da tese, quen achegou atinadas suxestións a este estudo. Así mesmo, Maka Pérez foi unha amable e experta asesora para o esclarecemento das lecturas difíciles dos textos medievais. Ramón Lorenzo axudounos na localización dalgunhas voces dubidosas. A Xulio Sousa debémoslle a elaboración do mapa que ofrecemos no terceiro apartado da tese; a el, xunto con Marta Negro, tamén lle agradecemos a xenerosidade para consultar os datos inéditos do *Atlas Lingüístico Galego*, custodiados nos Instituto da Lingua Galega. Antonio López Silva, coa súa boa disposición, esclareceu algúns dos étimos máis dificultosos cos que nos atopamos. Luz Méndez foi unha boa asesora nas cuestións relativas á antroponimia e toponimia medieval.

Tamén queremos deixar constancia da gratitude cara ao persoal de arquivos e bibliotecas, que fixeron posible a consulta dos documentos medievais e das obras manexadas. No seo da Universidade de Santiago de Compostela, Mari Fandiño procurou eficientemente en universidades españolas e europeas algunhas das obras consultadas; o persoal de biblioteca da Facultade de Filoloxía foi o principal fornecedor da maior parte de obras consultadas. Flori Xoubanova facilitounos publicacións custodiadas no Instituto da Lingua Galega. No relativo aos arquivos, merecen mención especial o Arquivo da Catedral de Ourense, onde Belén López soubo atender

[1] Un fragmento deste texto foi publicado pola Comisión de Monumentos de la Provincia no artigo *Documentos del Archivo de la Catedral de Orense* (1923: vol. II, 458-461). .

dilixentemente as nosas peticións; o Arquivo da Catedral de Santiago de Compostela, baixo a figura de Xosé Manuel e Arturo, que con amabilidade facilitaron as nosas consultas; o Arquivo do Mosteiro de San Paio de Antealtares, en que a dispoñibilidade de Mª Carme Bellas fixo posible a revisión de lecturas difíciles, o Arquivo Histórico Provincial de Ourense, coa boa atención de Ascensión Enjo e Francisco Sandoval e, finalmente, o Arquivo Histórico Nacional, que nos facilitou a reprodución dalgúns dos documentos para a revisión dalgunhas lecturas dubidosas. Amais, os investigadores do proxecto *CODOLGA*, do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, permitíronnos a consulta de coleccións documentais que non se custodian noutros lugares de Galicia.

Neste inventario de agradecementos non poden faltar os meus amigos e compañeiros de traballo máis achegados que ao longo destes anos, dun ou doutro xeito, foron partícipes da elaboración desta tese e amosaron o seu interese. Boa parte dela é debedora da axuda que me prestaron Xoán Calviño, Gloria Fernández, Lidia Fernández, Eloi Gestido, Débora González, Mercedes López, Paloma Prado, Antonio Sayáns e Damián Suárez, quen foi un entusiasta lector dalgunhas das súas páxinas.

Á miña familia, especialmente, aos meus pais, débolles as horas investidas falando desta tese e, por suposto, o apoio e a confianza que sempre depositaron en min.

Ao longo destes anos este traballo viaxou por aqueles lugares aos que me enviou o meu destino docente (Bertamiráns, Curtis, A Estrada, A Fonsagrada, Nigrán, Ourense, O Porriño, Sada, Vilalba, Vigo, Verín e Xinzo de Limia) e o pouso de todos eles está, en maior ou menor media, nesta investigación.

Bertamiráns, 30 de maio de 2019

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1 Introdución

O obxectivo desta tese de doutoramento é o estudo do léxico relacionado cos tecidos, o vestiario e os complementos en documentos medievais de prosa notarial en galego, base sobre a que se sustenta esta investigación. Centrarémonos na súa delimitación semántica, orixe e evolución dende a Idade Media e prestarémoslle especial atención ao estudo lingüístico-diacrónico ao facermos fincapé na pervivencia ou desaparición deste léxico na actualidade e no tratamento que del se ofrece nas obras lexicográficas galegas, clásicas e modernas.

Con esta análise queremos, por unha parte, dar continuidade ao estudo iniciado por Varela Sieiro (2003) neste caso no relativo ao léxico do enxoval no romance galego na alta Idade Media (ata o ano 1250) e, por outra, coñecer con maior profundidade como se forxou a sociedade galega do medievo (séculos XIII a XV) e primeiro cuarto do século XVI dende unha perspectiva histórico-lingüística e achegarmos datos de interese para o noso patrimonio léxico e para a lexicografía histórica da lingua galega.

Nun estadio inicial este traballo pretendía analizar todas as voces pertencentes ao enxoval, entendendo por tal o conxunto de bens mobles que posúe unha casa, xa sexan pezas de roupa, mobles, louza, xa calquera outros útiles susceptibles de estar na vivenda. A propósito disto, González Mena (1994: 46 a 64) establece unha tipoloxía bastante clara do que se pode considerar enxoval doméstico: a) enxoval da cama, b) enxoval da mesa, c) enxoval do aseo e c) enxoval ambiental, neste último incluiríanse as alfombras, cortinas e calquera outro tipo de tecidos que fan a unha vivenda confortable e agradable. Con todo, o volume de voces era moi alto e excedía enormemente o obxecto deste estudo; de aí que decidísemos restrinxir os campos semánticos tratados, centrándonos só no ámbito dos tecidos, a indumentaria e os complementos. Cómpre dicir que imos considerar tamén as pezas téxtiles de catedrais e mosteiros que se inscriben dentro destes parámetros[2].

[2] Para o noso caso, tivemos en conta os inventarios dos bens do mosteiro de San Xurxo de Codeseda, sito na Estrada e o reconto de bens da Catedral de Ourense.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

2 Unha breve achega ao vestiario, complementos e tecidos

Debemos ter en conta que no territorio galego do medievo e do século XVI, salvo casos excepcionais, non imos atopar elementos excesivamente luxosos, como se amosa no noso *corpus* de estudo. No entanto, cítanse pezas de roupa e complementos de certa suntuosidade da propiedade, fundamentalmente, do clero e de homes e mulleres con poder na sociedade medieval galega.

Para Boucher (2009: 13) vestir con indumentaria é o resultado producido por condicións materiais; por un lado, o clima e a saúde e, por outro, a produción téxtil. Por contra, vestir con traxe corresponde a condicións mentais coma a crenza relixiosa, a estética, a situación social, a diferenciación de clases, o gusto pola imitación, etc. Por exemplo, os gregos e os chineses creron que a causa primordial de cubrir o corpo era física, sobre todo, para protexerse contra as inclemencias climáticas, polo tanto estariamos ante o que o autor citado denominou vestir con indumentaria. Por contra, o cristianismo xustificou o uso da roupa polo pudor a lucir o corpo e velaquí un exemplo do que Boucher (2009: 13) define vestir con traxe.

Sexa como for, para o autor citado a orixe do vestir respondeu á función de utilidade, pero tamén ao carácter máxico, pois era preciso revestirse dun poder tomado doutros seres (de aí o uso das peles dos diversos animais) ou protexer as partes máis sensibles do corpo contra as influencias maléficas. Dende épocas prehistóricas ás peles dos animais deberon seguir os tecidos, de uso en todo o territorio peninsular (Sousa Congosto 2007: 17). A partir de finais do século XII introdúcense en Europa novas formas de vida, que experimentarán unha transformación profunda das ideas, o gusto e, polo tanto, tamén o vestir, que perdurarán durante boa parte da Idade Media. As pezas de vestir durante o medievo son unha derivación da túnica, toga e o manto romanos con pegadas xermánicas e bizantinas, só que aquí as formas do corpo non se marcan, senón que se ocultan por influencia do cristianismo. De por parte, non existen grandes diferenzas entre a roupa de home e muller, que se seguen elaborando con tecidos de la e liño, aos que se lles vai sumar a seda e o algodón, introducidos polos pobos musulmáns. O incremento das relacións comerciais con outros lugares, a chegada de novos produtos téxtiles e os cambios no estilo do vestir ao longo do século XIII posibilitaron que se coñecesen novos tipos de vestimentas. A innovación na roupa aumentou entre os séculos XV e XVI ao ofrecérense pezas cada vez máis ornamentadas e marcaren mellor a diferenciación entre a roupa masculina e a feminina (Fernando Oliveira 1993: 7-9). Cómpre ter en conta que as primeiras pegadas da moda datan do século XIV, pero non será ata o século XVIII cando esta se converta nunha industria poderosa.

O vestido durante a Idade Media utilizouse para evitar confusións externas entre individuos de clases sociais distintas (Iradiel Murugarren 1974: 9). Inicialmente, a diferenciación na indumentaria produciuse de maneira natural, pois só os membros de grupos privilexiados (nobreza e clero) dispuñan dos medios necesarios para mercar vestiario de luxo, polos materiais de confección e polas cores, que se convertían, por estaren reservados a estes grupos, no símbolo da súa clase. Dende mediados do século XIII, segundo diminuíron os ingresos dos propietarios agrícolas, comezaron a enriquecerse novos grupos sociais (artesáns, mercadores, oficiais reais, etc.), os cales buscaban equipararse á nobreza e imitala na súa forma de vestir. Para manter o sinal de identidade que transmitía a indumentaria promulgáronse varias leis suntuarias coa finalidade de regular o luxo e a ostentación no vestir, aínda así o seu cumprimento non foi real e a poboación seguiu vestindo de acordo cos seus gustos e coas modas do momento.

Na sociedade medieval as pezas de vestir estaban constituídas, seguindo a proposta de Bernis (1979) pola roupa interior, que tanto para homes coma para mulleres consistía basicamente nunha

camisa, ademais de bragas e calzas, ambas as dúas de uso masculino; polos traxes para vestir o corpo: briais[3], pelotes, saias, saios e xibóns e polos traxes para poñer por riba, necesarios para homes e mulleres á hora de saíren ao exterior: capas, mantos, opas, tabardos, etc. eran as pezas dos homes e mulleres do medievo, que estudamos máis polo miúdo ao analizarmos as voces do *corpus* pertencentes ao campo semántico **2.1** denominado **ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER**. Amais, debemos engadir as pezas destinadas a poñer na cabeza, con uso funcional (coma o chapeu) ou decorativo, como é o caso das grilandas. Porén, as pezas máis frecuentes no medievo foron as cofias e as toucas.

As mellores pezas de roupa só se lucían en ocasións especiais, de aí que se conservasen durante tempo e incluso se testasen duns familiares a outros. De por parte, facían referencia ás pezas externas e nunca á roupa que se levaba próxima á pel. Amais, a aparencia externa das cores tiña un significado simbólico, que podía reflectir pautas internas de comportamento moral, tales coma o loito.

Fronte aos cambios experimentados pola indumentaria civil co paso dos séculos, a vestimenta relixiosa (**2.4 ORNAMENTOS LITÚRXICOS**) sufriu poucas variacións ao conservar o seu carácter primitivo. Na liturxia da Igrexa cada cargo relixioso portaba unhas pezas determinadas; son ornamentos propios do bispo: a mitra, os guantes, as sandalias e o palio, este último propio do papa e dos arcebispos. O sacerdote porta casulla, capa pluvial, alba, cíngulo, manípulo, estola, dalmática e amicto. Canto maior sexa a relevancia do cargo, maior riqueza imos atopar nas teas da indumentaria e nos adornos, que inclúen metais e pedras preciosas. Por contra, a roupa dos cenobitas acostumaba a ser sinxela e moi modesta.

No relativo ao calzado (**2.2 CALZADO**), neste traballo só contamos con abarcas, sandalias e o termo xenérico zapatos; con todo, no medievo existiron máis tipos de calzado que adoptaron formas moi diversas, inicialmente herdadas das modas musulmás coa punteira bicuda. O calzado feminino era moi semellante ao masculino, pero podía atarse con lazos ou botóns (Oliveira 1993: 10). As pezas adoitaban ser de pel, a excepción das sandalias pontificais, que estaban elaboradas con tea, como era habitual na época. A súa confección corría a cargo dos zapateiros, que se instalaron nas cidades e nas vilas e se organizaron en asociacións, como amosan, por exemplo, os Foros do ano 1133 da cidade de Santiago de Compostela ou a coruñesa Confraría do zapateiro que no ano 1434 prohibía a venda a aqueles zapateiros que non estivesen adscritos a esta e non fosen da cidade. A mesma cidade da Coruña conta coa rúa da Zapatería, sede de artesáns zapateiros que elaboraban o calzado para as clases máis acomodadas do medievo. Xa no século XVI nas Ordenanzas de Santiago establécense as tipoloxías de zapatos e os prezos que debían rexer as vendas e incluso se especificaba que o calzado feito con materiais de mala calidade debía queimarse e o artesán encargado da súa elaboración tiña que ser castigado (Gil de Bernabé 1997: 27).

No medievo tamén documentamos o uso de complementos (**2.3 COMPLEMENTOS**), a pesar de que a vestimenta da época non propiciaba o seu uso, máis alá das xoias funcionais, como cintos, cintas, botóns, fibelas e broches que servían para suxeitar as pezas exteriores (Lemeneva e Sallay 2001: 14). Aínda así o noso *corpus* conta con sortellas, colares, distintos tipos de pendentes, alfinetes e, finalmente, obxectos de carácter relixioso coma os relicarios persoais e as cruces pectorais. Todas as pezas eran elaboradas en metais de ouro e prata, que en ocasións se acompañaba con perlas, pedras preciosas ou semipreciosas.

A propósito dos tecidos (**3.1 TECIDOS**), cómpre destacar que é un dos campos semánticos que conta con máis representación neste estudo, no cal rexistramos materias primas usadas dende a Antigüidade. Entre as voces analizadas, pano e lenzo son as que teñen máis presenza, seguidas do liño e a seda. De por parte, a presenza do algodón é escasa debido a que ata o século XVIII non se elaboraron en Europa tecidos puros desta fibra vexetal.

[3] Peza de roupa, común a ambos os dous sexos, que consistía igual ca a camisa nunha túnica feita a base de tecidos ricos (Guerrero Lovillo: 103).

Sousa Congosto (2007: 43) destaca que os tecidos eran coñecidos en Galicia dende tempo inmemorial e os testemuños máis significativos que temos remóntanse á cultura castrexa. Plinio e Estrabón dannos noticia das roupas utilizadas en Galicia, pero é na Idade Media cando se pode dicir que comeza a produción das teas galegas, non con finalidade comercial, senón como forma de subsistencia. Na casa adoitaba quedar o liño máis ruín, que seguramente sería aquel co que se confeccionaban as pezas do vestir. Ao mesmo tempo, comezan a introducirse polos diversos portos (A Coruña e Pontevedra) tecidos foráneos utilizados polas clases máis acomodadas: a nobreza, o clero e a burguesía. Os navíos que levaban viño a Inglaterra volvían con panos, e aos mariñeiros permitíaselles introducir no porto cinco varas[4] de tecido co que acostumaban a comerciar. Tamén introducían tecidos da Meseta os arrieiros que levaban peixe. Recorreuse sobre todo ós panos variados de alta calidade de Inglaterra, Flandres e norte de Francia. Cando o porto coruñés abriu unha comunicación regular co Mediterráneo comezaron a chegar mantas de Cataluña, Maiorca e Valencia e sedas e veludos procedentes de varias cidades italianas. Os navíos coruñeses cargaban viños galegos e regresaban cargados de materia téxtil de todas as procedencias. Cómpre destacar que os panos valiosos tiñan moito interese ao funcionaren como moeda de intercambio (Albán Laxe 2003: 21). De feito, os testamentos deixan constancia da transmisión de panos de pais a fillos. Entre os séculos X e XIII podemos falar da aparición da primeira produción téxtil industrial ligada á aparición dos núcleos urbanos.

Alfau de Solalinde (1969: 34) destacou a florecente industria lanceira na España do século XIII; entre eles figuran moitas das estofas que estudamos neste traballo como a frisa, burel, viado, *branqeta, sayal*, entre outras. Con todo sabemos da confección de tecidos de alta calidade en España dende comezos do século XIV, como é o caso da escarlata. Posteriormente, no século XVIII os tecidos acadarán sona en toda a Península Ibérica; de feito, unha das fábricas máis afamadas foi a da Real Mestranza de Mantelería da Coruña. Nesta época existiron dúas fábricas-escolas de tecidos: unha en Ribadeo (principal importador de liño do báltico) e outra en Santiago de Compostela (Albán Laxe 2003: 22). A Revolución industrial favoreceu a aparición de novos tecidos como a flanela, o mahón, etc. Os segadores que ían a Castela traían panos casteláns como o pano de la, a pana, a *panilla*, o *pañete*, o pano de *sedán*, os panos brocados, os veludos e as sedas (Albán Laxe 2003: 24).

A roupa da casa (**4.1 ROUPA DO LEITO**) durante a Idade Media estaba constituída por pezas do a) enxoval da cama (*cocedras,* cobertores, colchas, mantas, sabas, etc.), b) enxoval da mesa (como os manteis e as toallas), c) enxoval do aseo persoal e teas (panos) para unha futura confección (Barceló Crespí 1998: 146). No noso estudo ofrecemos a roupa do leito, entre o cal destacan as pezas téxtiles destinadas a cubrir a cama e, especialmente, as cortinas e os diversos tipos de alfombras (alcatifas e tapetes), unha moda oriental introducida dende o Al-Ándalus (Rodríguez Peinado 2011: 362). Con respecto ás cortinas, estas destinábanse a crearen compartimentos nas estancias grandes e, así, establecer distintos espazos na vivenda para facela máis confortable. Próximos ás cortinas estaban os destalos, que eran pezas téxtiles destinadas tamén a dividir espazos ou a cubrir certos mobles coma as cadeiras e os bancos. No entanto, as voces máis numerosas son aquelas que teñen que ver coas pezas que se dispoñen sobre o leito coma as sabas, mantas, cobertores, feltros, mantas, entre outras. Nos textos non se achegan datos sobre a orde en que se dispuñan estes téxtiles na cama, pero sabemos que no medievo algúns eran de tecidos lisos, mentres outros levaban reberetes bordados ou listas como figura nalgunhas das miniaturas das cantigas marianas e posiblemente se destinasen tamén a un uso decorativo (Rodríguez Peinado 2011: 365).

A representación que termos do enxoval da mesa (**6.1 MANTELERÍA**) está constituído por manteis e toallas, hoxe panos de mesa, pezas asociadas durante o medievo ás clases máis favorecidas que habitualmente eran elaboradas de liño e, co paso dos séculos, fóronse xeneralizando entre toda a poboación.

As mulleres da casa ou, ás veces, tecelás locais adoitaban ser as encargadas da elaboración das roupas propias da vivenda con liño e la; practicamente nalgunhas zonas de Galicia seguiu sendo así ata mediados do século XIX, en que se estendeu o uso doutras fibras coma o algodón. O liño acotío

[4] Medida de lonxitude equivalente a catro cuartas -*DRAG*.

era destinado á confección de sabas e colchas, pero nas zonas de montaña, con gran presenza de gando, eran máis habituais as confeccións con la. Ademais, era moi frecuente que a roupa, tanto de vestir coma da casa, figurase nos legados testamentarios, o cal dá mostra do seu valor, da durabilidade e, tamén, da escaseza destes obxectos durante o período medieval.

Ao longo deste traballo, comprobaremos como o enxoval téxtil, tanto persoal como da vivenda ou sés eclesiásticas, está composto por pezas comúns a todas as vivendas, máis ou menos luxosas dependendo do factor económico persoal e familiar dos posuidores. Amais, moito do léxico relativo aos panos básicos da casa, malia os grandes cambios sufridos no século XX, segue formando parte da nosa vida cotiá.

2.1 As leis suntuarias

Coa finalidade de regular o luxo e a ostentación no vestir por parte das clases sociais que pretendían imitar os estratos máis elevados botouse man dunha lexislación específica, coñecida como leis suntuarias ou pragmáticas, que regulaban os aspectos ligados á indumentaria no relativo aos tipos de tecidos, pezas da roupa, ornamentos, cores e uso entre as diferentes etnias sociais.

Con todo, esta lexislación asociada ao vestir non foi unha novidade introducida na Europa do medievo, pois a primeira noticia dun texto legal regulador da indumentaria procede de Grecia. Trátase do *Código Locriano* redactado de Zaleuco no século VII antes de Cristo, no cal, entre outras disposicións, se regula o uso da prezada tinguidura púrpura procedente da cidade libia de Tiro. Os romanos para controlar os excesos no vestir contaron, entre outras disposicións, coas *Sumptuariae Leges* que permitían controlar o gusto polo luxo na antiga Roma.

As leis suntuarias destinadas a describir os usos da indumentaria en relación coa clase social non se promulgan ata o século XIII. Contaban cunha tripla intencionalidade: conter os gastos excesivos que facía a poboación á hora de vestirse, establecer diferenzas na riqueza do vestir en función das categorías sociais e, como tales, servir para a discriminación social (Sánchez Orense 2010: 422) e, ademais, foron útiles para controlar o comercio dos bens importados. Con todo, a pesar da severidade da penas impostas, entre as que se atopaba o desterro por cinco anos e a condena perpetua a galera, as pragmáticas nunca callaron na sociedade do medievo nin na posterior. De feito, Bernis (1978: 57) refírese a esta desobediencia cando escribe «podemos saber lo que comúnmente se usaba por lo que se prohibía».

No noso estudo faremos mención a algunhas das leis suntuarias ditadas ao longo dos séculos XIII (1252, 1256, 1258), XIV (1308, 1340, 1351), XV (1476, 1494, 1495, 1496), XVI (1551, 1552) e XVII a nivel peninsular e europeo e, moitas delas, coñecémolas a través da obra *Historia del luxo y de las leyes suntuarias de España* publicada por Sempere y Guarinos (1973). Nelas recollíase a prohibición do uso dalgúns tecidos e adornos entre as clases sociais máis baixas ou regulábase o uso de certas roupas entre os xudeus e os mouros.

Nalgunha ocasión estas leis chegaron a permitir só o uso de certas pezas aos membros da realeza, como ocorreu coas capas augadeiras de escarlata e, noutros casos, estas pragmáticas servían como elemento de discriminación social, por exemplo as ditadas nas cortes de Valladolid de 1351, onde se recolle que as barragás dos clérigos debían vestir panos raiados para seren diferenciadas das outras mulleres.

3 O *corpus* textual

Para abordarmos o estudo léxico servímonos da prosa notarial édita escrita en romance galego durante a época medieval e os comezos do século XVI. Con todo, cando comezamos esta andadura eramos conscientes de que non toda a tipoloxía documental sería do noso interese, dado que moitos dos textos medievais, polo tipo ao que pertencen, dificilmente nos poderían achegar voces relativas aos campos de estudo seleccionados (tal é o caso das avinzas, os foros, as vendas etc.). Fronte a estes documentos de escasa valía para a análise do léxico da vestimenta, do téxtil e dos complementos e buscando un número representativo de fontes que respondesen ao noso obxectivo, realizamos unha peneira de documentación editada e consideramos como base do traballo aqueles documentos que nos achegaban unha maior riqueza de voces relativas ao noso ámbito de traballo. *A priori,* sabiamos que os testamentos, mandas e codicilos, reunían as condicións por acoller unha alta porcentaxe de léxico relativo á cotidianeidade, do mesmo xeito que as cartas de dote[5], as de taxación de bens de menores, os inventarios e os recontos de bens.

3.1 A selección do *corpus*

Para seleccionarmos os textos que constituirían as fontes primarias do traballo, servímonos inicialmente de diversos materiais: **a)** un artigo de Tato Plaza e Boullón Agrelo (2004), que a pesar de ter máis dunha década, recolle un repertorio bastante amplo de fontes documentais editadas[6], **b)** un artigo de Boullón Agrelo (2004) onde inventaría 110 documentos notariais escritos en galego ata 1260[7], **c)** un artigo de Souto Cabo (2006) en que ofrece a relación dos 108 primeiros documentos editados no século XIII (ata o ano 1260) en Galicia e mais unha obra de edición documental do mesmo autor (2008) na que le 253 textos dos séculos XII e XIII, **d)** dous artigos de López Sangil (1999, 2006) nos cales inventaría, por orde alfabética de autoría, 224 e 266 fontes documentais, respectivamente, publicadas ou transcritas pertencentes ao medievo galego, **e)** unha obra de Cabana Outeiro (2015), que ofrece unha minuciosa relación de edicións, anexos documentais e estudos historiográficos, teses e memorias de licenciatura, tanto literarias coma non literarias e, finalmente, **f)** unha relación inédita de coleccións documentais e textos da Idade Media dispersos en publicacións periódicas que fomos elaborando e actualizando segundo iamos realizando unha investigación anterior centrada no estudo dos documentos notariais en galego do século XIII.

[5] Este tipo de carta é outorgada polo pai da futura esposa, en presenza dos contraentes, quen expresa o consentimento do matrimonio, establece a contía do dote e dispón o seu prazo de entrega (Vázquez Bertomeu 2001: 77).

[6] Ten algún pequeno erro na citación das referencias bibliográficas. Por exemplo, na referencia dada polos autores: «Ares Vázquez, Nicandro (1971-72): "Documentos históricos", *BCMLugo 9*, 57-58 [Transcribe 1 doc. do XIII, santa María de Lugo, do AHN]», falta indicar que o 9 fai referencia ao tomo e non se proporciona o número de publicación, o 75; tamén hai un erro na datación do documento que non é do século XIII, senón do XII. Na referencia bibliográfica «García Oro, José / Mª José Portela Silva (2002): "Osorios, Bolaños, Pardos y Ribadeneiras: las casas nobles lucenses, camino de la modernidad", *Boletín Avriense* 25, 151-180 [Transcribe "escripturas presentadas por parte de Alvaro Gonçalez de Ribadeneyra", do Archivo de Simancas (CR 679-722), con 2 en gal. de 1467 e 1471]» hai un erro no nome da revista en que está publicado o artigo, dado que non é no *Boletín Avriense*, senón no *Anuario Brigantino.*

[7] Tamén detectamos algún erro no relativo ao número de páxinas: nun documento do ano 1251 (p. 19) a autora fai referencia a *DocCastañeda* e recolle como páxinas en que se localiza o documento a 363 e 364, en lugar de 252 e 253. No apartado de «Fontes e bibliografía» tamén está errada a advocación dunha das coleccións documentais, pois onde di «*Cartulario de san Martín de Carracedo*» debería dicir *Cartulario de santa María de Carracedo.*

Coa finalidade de obter un *corpus* o máis representativo posible que conteña léxico do ámbito téxtil, do vestiario e dos complementos achegámonos ao *Tesouro medieval informatizado da lingua galega* (*TMILG*), que só puidemos empregar como fonte secundaria[8], debido a que ata o momento, a pesar das diversas buscas que permite facer, non ofrece a posibilidade de realizar consultas atendendo á tipoloxía textual (Martínez Lema 2008; Gotérrez Pichel e Varela Barreiro 2009). O *Gallaeciae Monumenta Historica* (*GMH*), promovido polo Consello da Cultura Galega, tamén nos foi de grande utilidade á hora de consultar documentos pertencentes a algunhas das colección documentais manexadas.

Partindo da relación de textos editados, nunha primeira fase, consultamos metodicamente as obras que ían caendo nas nosas mans para seleccionar os documentos que eran do noso interese, polo léxico que contiñan e por estaren escritos en lingua galega ao longo da Idade Media e no século XVI. Velaquí recollemos a relación bibliográfica dos libros e revistas e o número de textos que conteñen, que nos serviron de base para o estudo. Cómpre destacar que dalgúns dos escritos contamos con lecturas de diferentes editores, que tamén computamos na listaxe que segue:

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[8] Consideramos fontes secundarias todos aqueles recursos utilizados para o comentario das voces pertencentes ao léxico estudado que se recollen no *corpus* manexado.

Coleccións documentais e outras publicacións	Nº de documentos 178
1 Alonso *Doc. históricos* = Alonso, Benito F. (1900): «Documentos históricos», *Boletín de la Comisión provincial de monumentos históricos y artísticos de Orense* 1, nº 17, [304-310], 304-308.	1
2 Armas *Pontevedra* = Armas Castro, José (1992): *Pontevedra en los siglos XIII al XV: configuración y desarrollo de una villa marinera en la Galicia Medieval.* A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 326-327, 349 a 353 e 361 a 364.	3
3 Barral *Santo Domingo* = Barral Rivadulla, Mª Dolores (1992): «Dos documentos para ampliar la historia del desaparecido monasterio de Santo Domingo de la Coruña», *Archivo Dominicano* 13, 245-251 [249-251].	1
4 Barral *A Coruña* = Barral Rivadulla, Dolores (1998): *La Coruña en los siglos XIII al XV*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 388 a 390, 393 a 397, 420 a 422 e 451 a 455.	4
5 Boullón&Monteagudo *De verbo a verbo* = Boullón Agrelo, Ana I. e Henrique Monteagudo (2009): *De verbo a verbo. Documentos en galego anteriores a 1260*. Anexo 65 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade, 128 a 130.	1
6 Bouza-Brey *testamento* = Bouza-Brey Trillo, Fermín (1946): «Testamento de García de Caamaño, escudero, 1390», *Cuadernos de Estudios Gallegos* V, 126 a 134.	1
7 Bouza-Brey *Vilagarcía* = Bouza-Brey Trillo, Fermín (1965): *El señorío de Villagarcía desde su fundación hasta su marquesado (1461-1655). Anexo XV dos CEG. Santiago de Compostela, 95 a 96 e 106 a 110.*	2
9 Cal *Pedroso* = Cal Pardo, Enrique (ed.) (1984): *Monasterio de San Salvador de Pedroso en tierras de Trasancos. Colección documental.* A Coruña: Deputación Provincial, 245 a 255, 295-296 e 311 a 313.	3
10 Cal *Viveiro* = Cal Pardo, Enrique (1991): «De Viveiro en la Edad Media», *Estudios mindonienses* nº 7, 11-226, [157 a 160].	1
11 Cal *Mondoñedo* = Cal Pardo, Enrique (ed.) (1999): *Colección diplomática medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo. Transcrición íntegra dos documentos*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 190 a 192, 305 a 312 e 718 a 721.	3
12 Cambón *Melón* = Cambón Suárez, Segundo (1957): *El monasterio de Santa María de Melón (ss. XII y XIII)*. Tese de doutoramento (inédita). Universidade de Santiago de Compostela, doc. 836.	1
13 Castro *Santa Clara* = Castro, Manuel de (1980): «Santa Clara de Santiago, origen y vicisitudes», *BRAG* 33, núm. 360, 373-412 [403 a 409].	1
14 Col. doc. históricos = *Colección de documentos históricos del Boletín de la Real Academia Gallega*. (1915) [A] Coruña: Litografía e imprenta Roel, vol. I: 40 a 44, 47 a 55, 61 a 65, 79 a 85, 199 a 202 e 210 a 213; vol. II, 73 a 75.	7
15 Comesaña *Camiño* = Comesaña Martínez, María Ángela (ed.) (1995): *O tombo do Hospital e Ermida de Santa María do Camiño de Pontevedra*. Pontevedra: Museo de Pontevedra, 61 a 63 e 67 a 70.	2
16 Doc. *ACOu* =*Documentos del Archivo de la Catedral de Orense*. (1923). Publicados por la Comisión de Monumentos de la Provincia. tomo 2, vol. I, 383 a 386 e 458 a 461.	2
17 Domínguez *Catedral Tui* = Domínguez Fontela, Juan (1922): «Documento del Archivo Catedral de Tuy. Año 1471», *BCMOu* 6, núm. 146, 468-473.	1
18 Dono *Naves* = Dono López, Pedro (2010): *Colección de documentos en pergamiño do mosteiro de Santa Comba de Naves. Introdución, edición e índices.* Tese de doutoramento (inédita). Universidade de Santiago de Compostela, 450 a 452.	1

Coleccións documentais e outras publicacións	Nº de documentos 178
19 Duro *Ramirás* = Duro Peña, Emilio (1971): «El monasterio de San Pedro de Ramiranes», *Archivos leoneses* 49, 9-74 [65-66].	1
20 Duro *Trives* = Duro Peña, Emilio (ed.) (1967): «El monasterio de San Salvador de Sobrado de Trives», *Archivos Leoneses* vol. 21, núm. 49, 7-86 [64 a 66].	1
21 Enríquez *Ribadavia* = Enríquez Paradela, Mª Carmen (1987): *Colección diplomática del monasterio y convento de Santo Domingo de Ribadavia*. Anexo 8 do *BAu*. Ourense: Museo Arqueolóxico Provincial, 66 a 69.	1
22 Fernández Salgado A. *San Bieito* = Fernández Salgado, Antonio (1999): *A documentación medieval de San Bieito do Campo*. Tese de licenciatura (inédita). Universidade de Santiago de Compostela, 21 a 22.	1
23 Fernández Suárez *Sarmiento* = Fernández Suárez, Gonzalo Francisco (2002): *La nobleza gallega entre los siglos XIV y XV: Los Sarmiento, condes de Ribadavia*. Tese de doutoramento. Universidade de Santiago de Compostela. 50 a 59, publicada en *El Eco Franciscano* = *Liceo Franciscano* 163/165 (2002).	1
24 Fernández Viana *Tumbillo* = Fernández de Viana y Vieites, José Ignacio (1995): *El tumbillo de San Bieito do Campo (Santiago)*. Granada: Universidad de Granada, 21 a 23.	1
25 Fernández Viana *Pantón* = Fernández de Viana y Vieites, José Ignacio (ed.) (1995): *Colección diplomática del monasterio de Santa María de Ferreira de Pantón*. Lugo: Servicio de Publicacións da Deputación Provincial de Lugo, 75 a 77 e 187 a 189.	2
26 Fernández Viana *Dozón* = Fernández de Viana y Vieites, José Ignacio (ed.) (2009): *Colección diplomática do Mosteiro de San Pedro de Vilanova de Dozón*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 111 a 113 e 126 a 128.	2
27 Ferro *Vida e fala devanceiros* = Ferro Couselo, Xesús (ed.) (1967): *A vida e a fala dos devanceiros. Escolma de documentos en galego dos séculos XIII ao XVI*. 2 vols. Vigo: Galaxia, vol. I: 36 a 37, 41 a 46, 58 a 66, 82 a 85, 89 a 94, 123 a 128, 132 a 135, 151 a 153, 191 a 193 e 220 a 223.	12
28 García Oro *Diego de Muros III*= García Oro, José (1976): *Diego de Muros III y la cultura gallega del siglo XV*. Vigo: Galaxia, 149-153.	1
29 García Oro *Viveiro* = García Oro, Jose (1987): "Viveiro en los siglos XIV y XV. La Colección Diplomática de Santo Domingo de Viveiro", *Estudios Mindonienses*, 3, 11-132 [73 a78].	1
30 García Oro&Portela Silva *Mariño* = García Oro, José e Mª José Portela Silva (2003): «Los Mariño de Lobeira en la Galicia del Renacimiento. Fortuna y desgracia de un señorío seglar del área compostelana», *Estudios Mindonienses* 19, 13-257 [69 a71].	1
31 García&Otero *Santo Sepulcro* = García Tato, Isidro e Pablo S. Otero Piñeyro Maseda (2012): «Asentamiento, desarrollo y ocaso de la orden del Santo Sepulcro en Galicia. Un panorama general y un documento singular», *Cuaderno de Estudios Gallegos* LIX, núm. 125, 65-94 [86 a 89].	1
32 González Garcés *A Coruña* = González Garcés, Miguel (ed.) (1988): *Historia de la Coruña. Edad* Media. A Coruña: Caixa Galicia, 580 a 591, 613 a 618 e 648 a 651.	3
33 Graña *Vilourente* = Graña Cid, Mª del Mar (ed.) (1990): *Las órdenes mendicantes en el obispado de Mondoñedo. El convento de San Martín de Villaoriente (1374-1500)*. Separata de *Estudios Mindonienses 6*, 124-125, 223 a 225, 237-238, 284 a 286, 334 a 336, 384 a 386, 408 a 410 e 418 a 422.	9
34 López *Estudos crítico-históricos* = López, Atanasio (1916): *Estudios crítico históricos de Galicia*. Santiago de Compostela: *El Eco Franciscano* 31, nº 487, 37 a 41.	1

Coleccións documentais e outras publicacións	Nº de documentos 178
35 López *Allariz* = López, Atanasio (1933-1935): «Documentos sobre el convento de Santa Clara de Allariz», *BCMOu 10*, núm. 221, 335-340 [335 a 339].	2
36 López Carreira *Ourense* = López Carreira, Anselmo (1991): *Ourense no século XV. Economía e sociedade urbana na Baixa Idade Media.* Vigo: Xerais, 198 a 200.	1
37 López Carreira *cidade Ourense* = López Carreira, Anselmo (1998): *A cidade de Ourense no século XV. Sociedade urbana na Galicia baixomedieval.* Ourense: Deputación Provincial, 637 a 640, 642-643, 645-646, 653 a 655 e 655-656.	5
38 López Carreira *Álvaro Afonso* = López Carreira, Anselmo (2005²): *Libro de notas de Álvaro Afonso: Ourense, 1434.* Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 211-212.	1
39 López Carreira *Fragmentos* = López Carreira, Anselmo (2007): *Fragmentos de notarios (século XIV-XV).* Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.	1
40 López Ferreiro *Fragmentos* = López Ferreiro, Antonio (1868): «Fragmentos del testamento de Dª Leonor González, esposa del noble caballero D. Rui Soga (Tumbo de S. Justo)», *El eco de la verdad* 20, 158-159.	1
41 López Ferreiro *Galicia histórica* = López Ferreiro, Antonio (ed.) (1901): *Galicia Histórica.* Colección diplomática. Santiago: Tipografía Galaica, 27 a 34, 35 a 58, 64 a 69, 73 a 75, 149 a 152, 155 a 161, 169 a 177, 193 a 197, 275 a 277, 278 a 282, 293 a 309, 321 a 324, 375 a 386, 416 a 418, 494 a 501, 460 a 471 e 606 a 615.	18
42 López Ferreiro *Documentos* = López Ferreiro, Antonio (1951): «Documentos», *MPontevedra 7*, 137-142 [137-138].	1
43 Lorenzo *testamentos* = Lorenzo, Ramón (2013): «Os testamentos da nai e do padrasto de Diego de Muros III», en Rosario Álvarez, Ana Maria Martins, Henrique Monteagudo e Maria Ana Ramos (eds.): *Ao sabor do texto. Estudos dedicados a Ivo Castro.* Santiago de Compostela: Universidade, 293-313 [309 a 313].	1
44 Lorenzo *Montederramo* = Lorenzo, Ramón (2017): *Colección documental do mosteiro de Montederramo.* 4 vols. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, vol. I: 557, 578 a 582, 662 a 664 e 829; vol. II, 955 a 963, 1052-1053, 1125, 1395 a 1397, 1453 a 1455, 1593 a 1599 e 1632 a 1637.	13
45 Lucas *Dous documentos* = Lucas Álvarez, Manuel (1993): «Dos documentos en galego de los siglos XIV e XV», *Documenta et scripta.* Barcelona: Universitat de Barcelona, 21-31 [25 a 28].	1
46 Lucas&Justo *Fontes USC* = Lucas Álvarez, Manuel e Justo Martín, María José (eds.) (1991): *Fontes documentais da Universidade de Santiago de Compostela. Pergameos da serie Bens do Arquivo Histórico Universitario (Anos 1237-1537).* (Edición diplomática). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 266-267, 293 a 296 e 356 a 360.	3
47 Lucas&Lucas *Ramirás* = Lucas Álvarez, Manuel e Pedro Lucas Domínguez (eds.) (1988): *San Pedro de Ramirás. Un monasterio femenino en la Edad Media. Colección diplomática.* Santiago: Publicacións de Caixa Galicia, 444 a 446, 498-499 e 547-548.	3
1459-marzo-20. [Ourense]	Inventario dos bens de Afonso Eanes	«+ de Afonso Fernandes et de Joan de Meijon Frio»	López Carreira *Fragmentos* (doc. D40a)	ACOu, Fragmentos de notarios, mazo A-I	Ourense
1464.[San Clodio. Leiro]	Testamento de Mariña Bernáldez	«eo Roy Lopez de Pazos escribano do noso señor el rey en a sua cámara… escrivi meu nome e sinal puse»	*Col. doc. históricos* (vol. I, doc. LXXII)	copia existente nos folios 21 e 22 do T.2 do Libro de Tenezas de Esposende do ACOu [**Nota**: actualmente ten a referencia Tenzas, 29, 21-22]	Ourense
1467-novembro-18. Pazos de Arenteiro. [Boborás]	Testamento de Xoán de Loureiro	«Et eu, Afonso Sueyro, escripvano | de noso sennor el rey et seu *et seu (sic)* notario publico en a sua corte <et> en todos los seus reignos et sennorios»	García&Otero *Santo Sepulcro*	ARG. Fondo Brandeso, 29624/5, perg. 1203	Ourense

Datación e localización	Rexesto	Redactor	Obra ou col. doc.	Arquivo	Provincia
1471-[outubro-7. Ourense]	Testamento de Gómez Correa	«eu Ju[an] R[odrigue]s scr[i]vá de noso señor el rey et seu not[ari]o publico en na sua corte e en todos os seus reynos e señoríos et nota[ri]o publico ena ciubdade dourens»	Domínguez *Catedral Tui*	ACTui, orixinal inédito	Ourense
1474-xullo-21. Pambre. [Casardeita. Ramirás]	Testamento de Vasco de Puga	«eu Alvaro Lopes de Vilouris, escripvano de noso señor el rey et seu notario publico ena sua terra»	Vaquero *Celanova* (vol. II, doc. 638)	AHPOu. Clero regular, San Salvador de Celanova, caixa 9844	Ourense
1474-xullo-21. Pambre. [Casardeita. Ramirás]	Testamento de Vasco de Puga	«eu Aluaro Lopes de Vilourís, escripvano de noso Señor el rey et seu notario público ena sua corte»	Ferro *Vida e fala devanceiros* (vol. I, doc. 90)	AHPOu. San Salvador de Celanova, cart. 1	Ourense
1478-xaneiro-3. Ourense	Manda testamentaria de Beatriz de Castro	«yo Juan Garçía, escribano de Camara del rey nostro señor e su notario publico em la su Corte et em todoslos sus regnos et sennorios e notario publico dela çibdad et obispado de Ourense»	Vaquero *Celanova* (vol. II, doc. 670)	ACOu. Fondo monacal, San Salvador de Celanova, núm. 4860	Ourense
1486-decembro-8. [Guillamil. Rairiz de Veiga]	Testamento de Estevo do Curral	«Heu Estebo Gonçalves, escribano pub<l>yco del rey et reyna»	Vaquero *Celanova* (vol. III, doc. 788)	AHPOu. Clero regular, San Salvador de Celanova, caixa 9827	Ourense
1486-decembro-8. [Guillamil. Rairiz de Veiga]	Testamento de Estevo do Curral	«Heu Estebo Gonçalues, escripuano públyco del Rey et Reyna»	Ferro *Vida e fala devanceiros* (vol. I, doc. 104)	AHPOu. San Salvador de Celanova, cart. 1	Ourense
1489-xaneiro-17. [Ourense]	Testamento de Arnao de Frisia	«eu Johan de Ramoyn, canónigo enna iglesia dourense, autoritate appostolica publico notario e chançeller dos autos capitulares do cabido da dita iglesia»	López Carreira *cidade Ourense* (Docs. I. Testamentos, doc. 22)	ACOu. Notas de Xoán de Ramuín, V, 50-52	Ourense
1493-setembro-23. Ourense	Reconto de bens da Catedral de Ourense	«dentro do coro da jgleia | d'Ouréns porante mjn, Juan de Ramoýn, canónjgo e notario apostólico et chanceller |do cabjdo da dita jgleja»	Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*	ACOu. Minutarios notariais, Xoán de Ramuín Libro 8 (I), fols. CXXV (r) a CXXX (v)	Ourense
1493-[setembro-23. Ourense]	Reconto de bens da Catedral de Ourense	—	*Doc. ACOu* (vol. I)	ACOu. Minutarios notariais, Xoán de Ramuín, Libro 8 (I), fols. 125 a 130.	Ourense

Datación e localización	Rexesto	Redactor	Obra ou col. doc.	Arquivo	Provincia
1519-novembro-28. [O Outeiro. Viveiro. Celanova]	Testamento de Tareixa García de Outeiro	«Fernando d'Almás, notario»	Ferro *Vida e fala devanceiros* (vol. I, doc. 122)	AHPOu. Celanova. Prot. de Fernando d'Almás, fol. 70 [**Nota**: actualmente AHPOu. Mosteiro de San Salvador de Celanova, fols. 70r-72r, C-9837/01].	Ourense
1187*-setembro-23. Tui][26]	Testamento de Álvaro Fernández de Valadares	«eu Pero Martín notario da cidade de Tuy jurado fui presente»	López Ferreiro *Documentos* (doc. 2)	MPo. Arquivo Casa de Valadares (Vigo)-Copia Col. Sampedro, cart. 81 [**Nota**: actualmente Col. Sampedro, 57-3; documento non localizado no arquivo]	Pontevedra
1299-[maio-10]. Pontevedra	Testamento de Xoán Martíns	«eu Ffernã Eanes, notario de Ponte Uedra»	Maia *História galego-português* (doc. 114)	AHN. Poio (Po). Beneditinos, San Xoán, cart. 1861, núm. 7	Pontevedra
1302-novembro-6. [A Guarda]	Testamento de Xoán de Santiago	«eu Giral Dominguez notario da Garda»	Pallares&Portela *val Miño*	AHN. Clero. Oia, cart. 1814, núm. 4	Pontevedra
1318- [xullo-25. Coiro. Cangas]	Testamento de Sancha Eanes de Cortegada	«eu Domingo Perez notario de Morraço»	*Col. doc. históricos* (vol. I, doc. XII)	ACSClara de Pontevedra, cart. 1, núm. 6	Pontevedra
1328-novembro-23. [Dozón][27]	Testamento de Elvira Fernández	«eu, Lourenço Ares, notario jurado de Deçom»	Fernández Viana *Dozón* (doc. 91)	AHN. Clero, Ourense, Oseira, cart.1542, núm. 20	Pontevedra
1325-[novembro-23]. Dozón[28]	Testamento de Elvira Fernández	«eu | Lopo Ares, notario jurado de Deçom por Afonso Eanes, notario publico del rey»	Maia *História galego-português* (doc. 130)	AHN. Oseira (Ou). Bernardos. Santa María, cart. 1542, núm. 20	Pontevedra
1339-setembro-12. [Pontevedra]	Testamento de Xoán de Santa Fe	«eu Fernan Domingues, notario de Pontevedra»	Armas *Pontevedra* (doc. 13)	AHN. Clero, cart. 1770, núm. 17	Pontevedra
1342-xullo-19. [Baiona]	Testamento de Mariña Vicente	«Eu Stevoo Affonso, notario público jurado del Rey en Bayona de minnor»	Portela *obispado Tui* (doc. 63)	AHN. Clero. Oia, cart. 1828, núm. 6	Pontevedra

[26] Recollemos este testamento malia sermos conscientes de que a datación non se corresponde co estadio da lingua galega que ofrece. Posiblemente se trate dun documento apócrifo como afirman Pardo de Guevara y Valdés, Otero Piñeyro Maseda e García G. Ledo (2010: 494) ou, incluso, dunha tradución coa data do texto latino.

[27] A datación deste texto é errónea. A data que se recolle no documento é «q*u*arta f*eir*a, oyto días por a*n*dar d*e* noue*m*bro; era de mil *et* ccclxiij an*n*os». Tendo en conta o ano, mes e día da semana, habería que datalo en 1359 ou 1365 (era hispánica). Recollemos esta información por considerala relevante, pero ao non contarmos cunha data exacta mantivemos a proposta do editor/a.

[28] *Ídem.*

Datación e localización	Rexesto	Redactor	Obra ou col. doc.	Arquivo	Provincia
1343-decembro-25. [Lavadores. Vigo]	Testamento de Inés Martís	«eu Afonso Martiz notario»	*Col. doc. históricos* (vol. I, doc. XVIII)	ACSClara de Pontevedra, cart. 1, núm. 39	Pontevedra
1348-xullo-15. [Dozón]	Testamento de María Fernández	«eu Martin Vasces, notario en terra de Canba»	Fernández Viana *Dozón* (doc. 109)	AHN. Clero, Ourense, Oseira, cart. 1547, núm. 4 [**Nota**: actualmente AHN. Clero regular, San Pedro de Vilanova de Dozón (Po), cart. 1547, núm. 4]	Pontevedra
1348-[xullo-15. Dozón]	Testamento de María Fernández	«eu Johã Martins, notario jurado en terra de Cãba»	Maia *História galego-português* (doc. 71)	AHN, Montederramo (Ou). Bernardos, Santa María, cart. 1547, núm. 4 [**Nota**: actualmente AHN. Clero regular, San Pedro de Vilanova de Dozón (Po), cart. 1547, núm. 4]	Pontevedra
1388-novembro-5. [Pontevedra]	Testamento de Xoán de Morrazo	«eu Iohan Peres notario publico jurado da villa de Pontevedra»	Comesaña *Camiño* (doc.7)	MPo. Tombo [do Hospital Ermida de Santa María do Camiño], Col. Sampedro, 18/11] (fol. 4v)	Pontevedra
1402-[xuño-28. Vilagarcía de Arousa]	Testamento de María García de Vila	«Gomes Dayaço, notario»	Bouza-Brey *Vilagarcía*	(Col. do autor).	Pontevedra
1419-xaneiro-14 /novembro-16. [Codeseda. A Estrada]	Inventario dos bens, dereitos e rendas do mosteiro de San Xurxo de Codeseda	____	Pérez Rodríguez *Codeseda*	ACS. Atado núm. 17 (tombo núm. 1 de tenzas), fols. 158r-167r.	Pontevedra
1419-xullo-23. [Pontevedra]	Testamento de Elvira Eanes	«eu Fernan Peres notario publico jurado da villa de Ponte|vedra»	Comesaña *Camiño* (doc. 3)	MPo. Tombo [do Hospital Ermida de Santa María do Camiño], Col. Sampedro, 18/11] (fol. 2r)	Pontevedra
1439-xuño-15. [Pontevedra]	Testamento de Tareixa Pérez Fiota	«eu Juan de Prol, notario publico jurado na vila de Pontevedra por la ygleçia de Santiago»	Armas *Pontevedra* (doc. 31)	AHPPO. Sección hospitais, atado 2.150, ff.13-18	Pontevedra

Datación e localización	Rexesto	Redactor	Obra ou col. doc.	Arquivo	Provincia
1449-xullo-25. [Pontevedra]	Testamento de Pedro de Santo Antón	—	Armas *Pontevedra* (doc. 39)	MPo, Col. Sampedro, Caixa 21/1, ff. 116-117v [**Nota**: na actualidade non localizamos este documento]	Pontevedra
1473 [Lantaño. Portas]	Testamento de Fernán García Barba de Figueiroa	«eu Fernan Gomez notario publico jurado da vila de Caldas de Reis e terra de Salnes por a santa iglesia de Santiago»	López Ferreiro *Galicia histórica* (doc. VIII)	copia facilitada pola familia Losada Maquieira do Pazo de Outeiro (Lantaño)	Pontevedra
1485-xullo-29. [Vilanova de Arousa]	Testamento de Sueiro Gómez de Soutomaior e Mendoza	«eu Gomes dayasso notario publico jurado da vila de Caldas de Reis tierra de S[a]ncés por la Stta Iglesia e arzobispo de Santiago»	López Ferreiro *Galicia histórica* (doc. X)	copia simple que se conserva no arquivo da familia Losada de Lantaño	Pontevedra
1485-xullo-29. [Vilanova de Arousa]	Testamento de Sueiro Gómez de Soutomaior e Mendoza	«eu Gomes dayasso notario publico jurado da vila de Caldas de Reis tierra de San Ces por la Santa Iglesia e arzobispo de Santiago»	Vila *Soutomaior* (doc. XIII)	[**Nota**: Reproduce o texto ofrecido por López Ferreiro]	Pontevedra
1504-[agosto-13. Vilagarcía de Arousa]	Testamento de Inés de Mendoza	«eu Gomes Dayaço escriuano de Cámara del Rey e da Raiña nosos señores e seu notario público en a sua corte, seus reinos e señoríos e otro si notario público jurado da villa de Caldas de Reis e terra de Salnés por la santa Iglesia e Arçobispo de Santiago»	Bouza-Brey *Vilagarcía*	documento do autor	Pontevedra

3.2 A tipoloxía documental e a súa estrutura

Do resultado da busca en colecciónS documentais, revistas e publicacións de diversa natureza obtivemos 148 documentos (178 se computamos os que se repiten), que constitúen a base deste estudo. Somos conscientes, así e todo, de que non están todos os que son e de que este é un *corpus* de posible ampliación segundo vaian xurdindo novas publicacións e vaia vendo a luz documentación notarial ata o momento inédita, custodiada en diferentes arquivos e bibliotecas de Galicia (de natureza pública e privada) e de fóra; tal é o caso dos fondos custodiados no Archivo Histórico Nacional de Madrid.

Os tipos de texto que nos resultaron máis produtivos á hora de abordarmos o traballo teñen que ver co ámbito familiar e coa administración e son: os testamentos, mandas testamentarias e codicilos, as cartas de taxación de bens de menores e os inventarios ou recontos de bens. No caso dos testamentos e dos inventarios, deberon ser documentos bastante frecuentes durante a Idade Media e séculos posteriores, a xulgar pola súa presenza en manuais e formularios de tipos

textuais, e permítennos achegarnos de maneira directa á sociedade da época, coñecer os seus costumes e afondar na vida cotiá do momento.

3.2.1 Testamentos, mandas testamentarias e codicilos

Díez-Picazo (2001[8]: 641) define o testamento como «el acto por el cual una persona dispone para después de su muerte de todos sus bienes o de parte de ellos». Do mesmo xeito que a manda testamentaria, trátase dun documento relacionado coa xestión do patrimonio adscrito ao ámbito familiar e persoal que serve para acreditar os dereitos de propiedade. De todos os xeitos, non son dos tipos de texto máis frecuentes durante a Idade Media, xa que no territorio galego son as cartas de compra-venda e os foros os que constitúen o número máis elevado da produción documental galega.

O codicilo é un texto máis inusual durante o medievo ao tratarse dunha disposición que o testador engade ao seu testamento logo de ser outorgado e, normalmente, adoitaba facerse unha nova redacción do dito testamento no canto de engadir unha modificación ao xa escrito.

A redacción deste tipo de texto, malia non ser creación da Idade Media, intensificouse no século XIII, motivada pola recuperación do Dereito romano e polo propio pulo que a Igrexa lle deu a este costume. Con todo, cómpre termos en conta o perfil social da maioría dos testadores, que como se recolle neste *corpus* estudado, está practicamente restrinxido aos grupos máis favorecidos da sociedade baixomedieval (relixiosa e civil) que, evidentemente, eran os que posuían un número maior de bens e tiñan interese por legalos á súa vontade, xeralmente, impulsados por unha enfermidade grave ou pola inminencia da súa morte (Andrade Cernadas 2005: 98).

No relativo á estrutura, os testamentos ou mandas testamentarias presentan tres partes diferenciadas:

a) O documento ábrese coas cláusulas devocionais nas cales se declara o acordo e a vontade do testador por testar. Despois recóllense as invocacións a Deus, a confirmación de fe, a crenza nos preceptos da Igrexa católica, a invocación aos intercesores celestiais, a encomenda da alma a Deus e, a continuación, elíxese o lugar do enterramento, o hábito co que o testador desexa ser enterrado, o número de misas, aniversarios, mandas pías e capelanías en sufraxio da súa alma. Todos estes legados que figuran nos testamentos e nas mandas cómpre entendelos ao abeiro da preocupación que o home do medievo tivo pola salvación da súa alma. Pola contra, o menosprezo do individuo pola súa parte corporal explica que chegase ata os nosos días moi pouca información sobre a práctica do amortallamento e os enxovais funerarios (Cernadas 2005: 98).

b) A seguir, estes textos conteñen as disposicións económicas e detállanse polo miúdo as cantidades e os bens que corresponden a cada destinatario (sexan persoas físicas ou xurídicas). Os bens adoitan recoller a súa procedencia (herdanzas, compras, doazóns etc.) e no caso dos testadores laicos casados establécese unha distinción clara entre os bens propios do cónxuxe e os gananciais. Nesta transmisión de bens achégase unha orde de testadores, que vai dende os máis próximos ata os máis afastados (os fillos, de habelos, e o cónxuxe en primeiro lugar para logo testar nos irmáns, tíos, sobriños, curmáns e outros parentes e, finalmente, adoita deixárselle algún ben a amigos e servidores. No relativo ás pertenzas que adoitaban deixar en testamento destacan o gando, os útiles de cociña, os mobles de cociña e de dormitorio e o enxoval doméstico, composto fundamentalmente por teas, complementos, vestimenta e roupa propia da casa. Precisamente nestes obxectos imos centrar o interese deste estudo léxico. Con todo, cómpre destacar que é nos testamentos femininos nos cales o número de pezas do enxoval que se testan é moito maior[29]. Naqueles testamentos do *corpus* dados por eclesiásticos cómpre engadir ao seu

[29] A propósito disto, Franco Silva (2009: 218) apunta que «do normal en los siglos XIV y XV es que la mujer, que formaba parte de un linaje nobiliario, aportase al marido una buena dote de dinero y en ajuar doméstico.

enxoval os obxectos sacros, encabezados acotío por xoias de metais preciosos. Este apartado adoita pecharse cunha relación de débedas e debedores, que son descritos polo miúdo. Nalgúns casos anúlanse todos os outros testamentos e codicilos feitos con anterioridade e maldícese a todos aqueles que tenten ir en contra dos seus desexos coas súas correspondentes cláusulas penais.

c) Por último, recóllense as cláusulas que van dar validez ao documento; relaciónanse as testemuñas e ponse a validación notarial e a sinatura (*validatio* e *autenticatio*). É preciso dicir que algúns dos testamentos manexados son autógrafos, xa que ao notario só se lle encomenda a validación do documento e non a súa redacción (Vázquez Bertomeu 2001: 45).

Forman o tipo de documento máis numeroso neste *corpus* ao constituíren o 95%, xa que contamos con 142 textos. Entre eles, cómpre destacar que os testamentos femininos, a pesar de ser máis ricos por contar con más léxico do enxoval, son tamén menos abondosos ca os masculinos ao representaren o 45% (64 textos), fronte ao 55% (78 textos) que supoñen os testamentos de homes. Dun dos textos non coñecemos o seu testador[30].

Na gráfica que segue damos conta destes datos:



Gráfica 1: **Corpus documental de testamentos, mandas testamentarias e codicilos clasificados por sexos**

3.2.2 Cartas de taxación de bens de menores

As cartas de taxación de bens de menores forman parte da documentación de carácter privado e ofrecen unha relación de bens acompañada da estimación do seu valor, cuxos beneficiarios son menores. Trátase dunha tipoloxía documental moi escasa durante a época medieval, de feito, no

(…) Era también normal que la dote con la que se formaba el patrimonio familiar se incrementara con las aportaciones del marido». Mariño Ferro (2000: 300) explica que o dote é un adianto da lexítima como axuda no momento de fundar unha nova familia e como compensación por quedaren excluídas da mellora. A contía depende das necesidades do novo matrimonio e, sobre todo, das posibilidades dos pais.
Non debemos esquecer que durante a Idade Media a herdanza transmitíase habitualmente por vía masculina. Este método entraba dentro dunha estratexia de pervivencia da linaxe cuxo obxectivo é dividir o patrimonio familiar o menos posible. Así, o cabeza de familia destinaba aos varóns a maior parte da facenda e deixaba ás mulleres unha fracción máis reducida para o seu dote (Beceiro 1984: 297 *ápud* Armero Domingo 2011: 17). Con todo, unha aproximación á figura das mulleres a través dos testamentos medievais pode lerse na obra de García Fernández (2012).

[30] Trátase do testamento do 5 de agosto de 1299. [Allariz] e del só sabemos que foi dun particular, sen especificar nin o seu xénero. As únicas voces que localizamos nel que nos resultaron de interese para este estudo foron *estanfforte* e *saya*, esta última empregada tanto polos homes coma pola mulleres do medievo.

dominio galego unicamente temos noticia das cartas de taxación que recollemos no noso *corpus* textual. Localízanse nas parroquias San Miguel de Cabanas, na Baña, en Santa Baia de Logrosa e San Martiño de Broño, en Negreira, polo tanto, en lugares moi próximos.

A estrutura que presentan as cartas de taxación de bens de menores que manexamos é sinxela. Logo da data e do lugar, cítanse as persoas participantes no acto, notarios, testemuñas e procuradores en representación dos menores e xustifícase a súa realización, nestes casos, por orfandade materna. A seguir recóllese un inventario detallado dos bens, entre os que se atopan animais, cereais, apeiros de labranza, mobles, útiles de cociña e pezas téxtiles. Finalmente, a peritaxe péchase coa listaxe de débedas que cómpre pagar aos beneficiarios, entre os que se atopan os familiares e, nalgunha ocasión, coa indicación dos bens destinados ás obras pías da defunta.

A presenza de léxico relacionado co téxtil fai que estes tres documentos sexan adecuados para incluír no noso *corpus* de traballo. Representan o 2% dos textos manexados.

3.2.3 Inventarios ou recontos de bens

Dentro da documentación privada de interese particular, baseada na xestión do patrimonio, encádranse os inventarios ou recontos de bens pertencentes a unha institución eclesiástica coma o mosteiro de San Xurxo de Codeseda (A Estrada) ou a Catedral de Ourense, a un individuo do sector do clero, como é o caso de Álvaro de Oca, abade da vila ourensá de Celanova ou ao xastre ourensán Afonso Eanes.

En concreto, a relación de Codeseda foi feita polo cabido de Santiago e, nela, amais de ofrecerse o inventariado de obxectos e indumentaria, achégase información sobre a xurisdición, as rendas e as posesións do mosteiro. Por contra, como é de esperar pola súa relevancia na sociedade galega do medievo, o inventario da Catedral de Ourense, encomendado polo bispo de Ourense, de orixe xenovesa, Antonio Pallavicino Gentile[31], ofrece un volume amplo de bens, que estrutura en vestimentas, libros, cousas do altar, cálices, reliquias e cousas do coro. O reconto de Álvaro de Oca recolle as súas pertenzas, entre as que se atopa un ornamento litúrxico e o material de confección, que suscitou o noso interese e, finalmente, a relación de Afonso Eanes, contén léxico relacionado cos tecidos e a vestimenta.

No que respecta á estrutura desta tipoloxía textual, podemos destacar que nela abonda a presentación esquemática: trátase de inventarios nos cales é de interese rexistrar os aspectos que teñen que ver coa organización pecuniaria. No noso caso, dende o punto de vista lexicográfico, estamos ante documentos moi ricos polo rexistro de pezas da indumentaria relixiosa que achegan e, á súa vez, polos ricos tecidos cos que estas eran elaboradas. Amais, tamén se mencionan voces relacionadas co enxoval e coa vivenda por recoller boa parte do léxico da vida cotiá ao citar innumerables obxectos e riquezas que se inventarían, a maior parte pertencente ao ámbito doméstico e sacro. No entanto, redactados en lingua galega só atopamos estes catro textos que supoñen o 3% do *corpus*.

Todos eles son tipos de textos que nos permiten achegarnos á vida diaria do período comprendido entre os séculos XIII, XIV, XV e XVI e coñecer a composición dos enxovais domésticos, catedralicios e monacais.

A continuación presentamos unha gráfica coas porcentaxes da tipoloxía documental que foi fonte do estudo.

[31] O cardeal Antonio Palavicini Gentile foi bispo de Ourense entre os anos 1486 e 1507 (*Bispado de Ourense*: *http://www.obispadodeourense.com/obispo/obispo_historia.php* [Consulta: 18 de abril de 2019].



Gráfica 2: **Tipoloxía do *corpus* documental seleccionado**

3.3 A datación do *corpus*

O marco cronolóxico ao que pertencen os textos manexados para a elaboración deste traballo abrangue catro séculos: dende o XIII, pois o documento máis antigo data de 1258[32], ata o XVI, ao que pertence o texto máis tardío, datado no ano 1519[33]. Como era esperable, son os séculos XIV e XV os que concentran o maior número de documentos por corresponderse co momento en que a produción documental en lingua galega se xeneraliza ao poñerse por escrito a lingua que falaba a poboación. No referente á datación, é preciso ter en conta que no *corpus* recollemos tombos, é dicir, compilacións de textos feitas *a posteriori* do momento da escrita; polo tanto, cómpre termos isto en consideración á hora de centrar o noso interese nos trazos lingüísticos (gráficos, morfolóxicos etc.), dado que hai máis posibilidades de que un documento presente erros de lectura cando está feito a partir dunha copia fronte a un orixinal, xa que a transmisión do texto pasou por máis mans[34].

A continuación ofrecemos un cadro coa tipoloxía documental computada por séculos no cal se pode visualizar como a maior parte dos textos que constitúen o *corpus* están datados no século XV e XIV.

	s. XIII	S. XIV	S. XV	S. XVI	s/d	TOTAL
Testamentos, mandas e codicilos	18	58	58	4	3	141
Cartas de taxación de bens de menores	—	—	3	—	—	3
Inventarios	—	—	4	—	—	4
TOTAL	18	58	66	4	3	149

[32] Trátase do testamento de Fernando Núñez de San Cibrao. Na relación de textos contamos co testamento de Álvaro Fernández de Valadares datado o 23 de setembro de 1187*, pero non o consideramos representativo para ter en conta na datación do *corpus* porque, como xa apuntamos, é posible que se trate dun documento apócrifo ou, incluso, dunha tradución.

[33] É o testamento de Tareixa García de Outeiro, editado por Ferro Couselo (1967: 220-23, vol. II).

[34] Isto cómpre telo en conta en calquera estudo lingüístico, xa que o proceso de copia pode estar suxeito a interpolacións, erros e mesmo manipulacións. Sirva como exemplo o *Tumbo viejo de San Pedro de Montes* copiado polo abade Marcos Pérez entre os séculos XIII e XIV inzado de erros de lectura. A estas deturpacións referíase Pensado (1983: 44) cando mencionaba que o abade Marcos Pérez, encargado da copia do Becerro de San Pedro de Montes, non merecía moitos aplausos polo seu traballo de copista.

A seguinte gráfica recolle a porcentaxe de documentos empregados como fonte adscritos a cada unha das provincias galegas, tendo en conta a división administrativa actual e non a existente nos séculos de redacción destes textos. Como se pode observar, son as provincias de Ourense (39%) e A Coruña (28%) as que fornecen o *corpus* dunha relación documental máis ampla; a seguir, Lugo co 21% e, finalmente, Pontevedra co 12%:



Gráfica 3: **Corpus documental por provincias**

O mapa que ofrecemos serve para visualizar os concellos onde se localizan os documentos manexados.



Gráfica 4: **Mapa coa localización dos documentos do *corpus* documental**[35]

Deseguido, indicamos o número de textos recollidos como fonte de estudo tendo en conta o século en que se inscriben e a provincia.

[35] Agradecemos a Xulio Sousa a elaboración deste mapa.



Gráfica 5: **Relación de textos por provincia e século**

O século XV é o que recolle unha produción notarial máis extensa dentro da tipoloxía documental analizada, seguido do XIV. No referente ás provincias, Ourense e A Coruña son as que achegan un número maior de escritos e, xunto coa de Pontevedra, abranguen un período máis amplo ao proporcionarnos documentación dos catro séculos. Pola contra, de Lugo xa non temos no noso repertorio documentos do século XVI. De por parte, e a pesar das delimitacións e da concreción do *corpus* manexado, esta gráfica é un bo exemplo de como dende o século XIII a lingua galega se vai introducindo paulatinamente na prosa notarial ata chegarmos ao XVI, en que a historia socio-política do momento vai supoñer unha substitución do galego polo castelán na vida administrativa e xurídica do territorio galego.

3.4 O baleirado dos documentos

Posiblemente a fase máis ardua deste estudo, polo traballo mecánico que supuxo, foi o baleirado das voces de interese de cada un dos documentos previamente seleccionados, traballo que combinamos coa busca de textos en bibliotecas, arquivos e *corpus* documentais.

No momento de planificar esta investigación, optamos por traballar unicamente con documentación xa editada, sen realizar novas lecturas, atendendo a que precisabamos un *corpus* significativo e abordar a edición de toda a documentación empregada sería por si un traballo de investigación e non é esa a finalidade que persegue esta análise, centrada fundamentalmente no estudo do léxico dun ámbito concreto. É por isto polo que debemos pensar que pode haber unha marxe de erro nas lecturas manexadas, que se incrementa ao contar con algúns textos que son copias. Con todo, cando o consideramos necesario e nos foi posible revisamos algunhas das lecturas, cotexándoas co texto orixinal, para dotar o estudo dunha maior fiabilidade. Por exemplo, nun documento do ano 1497, o editor leu «*morella*» no canto de «*morilla*», lectura que corriximos e indicamos en nota a pé de páxina. Noutro texto do ano 1493, logo de cotexar o documento, comprobamos como o editor leu correctamente «un gibón de *sultán*», aínda que semella que a lectura correcta sería «gibón de *fustan*», a xulgar por outras atestacións documentadas. Nestes casos recollemos o exemplo e indicamos –erro do escribán- dado que esta confusión non é do editor.

En ocasións, foinos imposible consultar o documento, por non localizalo, feito que ocorre con moitos textos editados por López Ferreiro ou por non ter acceso a el, dado que pertence a unha

colección privada ou un arquivo relixioso, cuxa consulta non nos foi permitida. Nun documento do ano 1497, noméase unha «saya de *motillo*», lectura que nos resulta sospeitosa, e que non puidemos revisar ao non dispoñermos da autorización para facelo. Un testamento do ano 1449 cita «un *gobete* de prana», lectura que non puidemos cotexar co orixinal por non localizarmos o documento no arquivo en que supostamente se custodia. Nestes casos ofrecemos a lectura do texto editado, pero recollemos a indicación –posible erro de lectura- coa finalidade de advertir o lector.

O baleirado de voces realizámolo en ficheiros informatizados de xeito individual, agrupando cada colección documental ou documento (no caso de tratarse de textos publicados de forma illada) e nela recollemos a seguinte información:

a) o **lema** e **área:** creamos unha entrada tendo en conta os criterios lexicográficos, que achegamos no apartado **4.3.2 Microestrutura**, e indicamos a que área(s) temática(s) pertence a voz tendo en conta a clasificación exposta no apartado **4.2 Os campos semánticos**.

b) a **voz** ou **voces:** recollemos as formas tal cal aparecen nos documentos, tendo en conta as variantes fonéticas, gráficas e morfolóxicas.

c) o **contexto:** ofrecemos un marco textual abondo que nos permita interpretar a voz á hora do seu estudo léxico.

d) a **obra** ou **referencia**: elaboramos un sistema de abreviaturas, creado tendo en conta o autor ou autores e a(s) obra(s), que relacionamos no apartado da bibliografía (**7.1.1 Primarias**). Recollemos a referencia á colección documental ou publicación onde se localiza o documento e, de existir, o número de volume.

e) a **data**: damos conta, por esta orde, do ano, mes e día de redacción do texto.

f) o número de **documento** (doc.): ofrecemos a cifra numérica (arábica ou romana) que leva o escrito, só no caso de existir.

g) a indicación de se é un **orixinal** (OR.), **copia** (CO.) ou **reprodución** (REP.): indicamos se o documento en que se atopan as voces é orixinal, unha copia posterior ou unha reprodución dun texto xa editado.

PENEIRA DE VOCES NOS TESTAMENTOS: Salvador de Pedroso (A Coruña)

Cal *Pedroso* = Cal Pardo, Enrique (ed.) (1984): *Monasterio de San Salvador de Pedroso en tierras de Trasancos. Colección documental*. A Coruña: Deputación Provincial.

Nota: A colección documental desta obra recolle textos datados entre 1111 e 1544 escritos en latín, galego e castelán. A obra iníciase cun amplo estudo histórico organizado en varios capítulos. Péchana os índices onomástico, toponímico, de materias e de ilustracións.

2 testamentos

doc. 50-1490-xaneiro-4 {1489, marzo, 15}
[Traslado do] testamento de Garcí López, veciño de Sedes, en que fai mandas ao prior e ao Mosteiro de Pedroso. (CDP nº48, Traslado feito, ante o alcalde de Ferrol, polo notario Juan de Mandiao, o 4 de xaneiro de 1490. Estendido en 10 follas de papel).

doc. 63-1506, marzo, 20. Moeche
Testamento de Lopo Monteiro, clérigo de Moeche, polo que institúe como herdeiro ao conde don Fernando de Andrade e lega bens ao Mosteiro de Pedroso (CDP nº 61).

LEMA/ÁREA	VOZ	CONTEXTO	OBRA	DATA	DOC.	OR./CO.
CAPA (Vestiario)	**capa**	"Et mando mays a Afonso de Piegolongo quinentos pares de brancas pera huna *capa*"	Cal *Pedroso*	1506-marzo-20. Moeche	63	OR.
		"et mándolle mays una *capa* e un sayo"	Cal *Pedroso*	1506-marzo-20. Moeche	63	OR.
		"et mándolle mas una *capa* e un sayo"	Cal *Pedroso*	1506-marzo-20. Moeche	63	OR.
		"E mando una *capa* a Vasco de Lousada"	Cal *Pedroso*	1506-marzo-20. Moeche	63	OR.
		"e mando outra *capa* a Vasco de Lousada"	Cal *Pedroso*	1506-marzo-20. Moeche	63	OR.
		"e mando a Juan d-Espynaredo una *capa* e un sayo"	Cal *Pedroso*	1506-marzo-20. Moeche	63	OR.
		"e mando a Juan Díaz una *capa*"	Cal *Pedroso*	1506-marzo-20. Moeche	63	OR.
		"e mando a Juan de Tumiraos unna *capa* e un sayo"	Cal *Pedroso*	1506-marzo-20. Moeche	63	OR.
		"e mando que paguen a Fernando e a Gregorio, meus criados, que lles pagen seus alugeyros e lles den a cada un a sua *capa*"	Cal *Pedroso*	1506-marzo-20. Moeche	63	OR.

4 Consideracións metodolóxicas

4.1 Unha breve panorámica lexicográfica

Unha vez elaboradas as fichas coas voces contidas en cada colección documental ou en cada texto(s) solto(s) era necesario establecer unha ordenación que nos permitise manexar de xeito razoable os datos extraídos dos documentos. Para iso, achegámonos a diversas obras lexicográficas de diferentes linguas e épocas que suscitaron o noso interese para coñecer a maneira en que se abordaba a clasificación dos diversos termos.

Nun primeiro momento centrámonos naqueles repertorios que ofrecían unha clasificación sistemática, ideolóxica e alfabética e aquí atopámonos co vello debate lexicográfico sobre se a mellor práctica é a clasificación alfabética ou temática da voces. Na tradición hispana cónstanos que é moito máis frecuente a primeira, pero a segunda coñecémola a través dalgúns dicionarios ideolóxicos de, relativamente, recente aparición, de aí que nos interesásemos por eles.

Se botamos a mirada cara a outros países, sociedades e épocas comprobamos que na China as clasificacións temáticas foron empregadas varios séculos antes da nosa era por mor da súa escritura ideográfica; posteriormente, o grego Xulio Pólux escribiu o *Onomastikon* (século II a. C.), unha clasificación de voces en dez seccións que supuxo o primeiro intento lóxico de ordenar as palabras no mundo occidental. Séculos despois, a lingua inglesa contou co *Thesaurus of English Words and Phrases* (1852) de Peter M. Roget, no cal se ofrece unha novidosa clasificación en seis temas que acollen 980 conceptos, que se inician cunha palabra chave e despois vaise enchendo de voces en relación cos temas propostos[36]. Posteriormente, a liña iniciada por Roget foi seguida por Tom McArthur coa publicación do *Longman Lexicon of Contemporary English* (1981), dicionario ideolóxico que define e dá exemplos de 15.000 voces. Esta ordenación de palabras foi do agrado da sociedade francesa, que a adaptou á súa lingua; versionárona no *Dictionnaire analogique de la langue française* (1862) e publicárona da man de Prudence Boissière na editorial Larousse. Tamén os alemáns se sumaron á corrente lexicográfica iniciada no ámbito anglosaxón coas obras: *Deutscher Wortschatz geordnet nach Begriffen* (1873-1877) de Daniel Sanders, *Deutscher Eortschatz oder der passende Ausdruk* (1892) de Friedrich Schelling e, xa máis recente, o *Der deutsche Wortschatz in Sachgruppen* (1933-1972) de Franz Dornseiff.

Con respecto aos veciños portugueses, estes tamén herdaron a clasificación de Roget para elaborar o *Dicionário analógico da língua portuguesa* (1952) da autoría de Carlos Spitzer e o *Dicionário geral e analógico da língua portuguesa* (1952) da man de Artur Bivar; os eslavos, seguiron a dita clasificación no *Tematichekii slovar russkogo iasika* (ou *Dicionario temático da lingua rusa*) (2000) elaborado por L. G. Saiajova, D. M. Jasaiova e B. B. Morkovkin, no cal se impón a orde lóxica. Na tradición española contamos co *Diccionario ideológico de la lengua española* de Julio Casares (1942, publicado en 1959) que, novidoso daquela, recorre á orde alfabética para desenvolver preto de 2.000 conceptos, que xiran en torno a dous ítems centrais, Deus e o Universo; a día de hoxe xa forma parte do grupo de obras clásicas da lexicografía española. Posteriormente houbo outras contribucións neste senso coa publicación do *Diccionario analógico de la lengua española* da editorial Vox, en que as entradas se

[36] Os temas son: 1 Abstract relations, 2 Space, 3 Matter, 4 Intellect: the exercise ot the mind. Division one: Formation de ideas. Division two: Communication of ideas, 5 Volition: the exercise of the will. Division one: Individual volition. Division two: Social Volition e 6 Emotion, religión and morality. Un estudo máis polo miúdo desta obra pode lerse en Hüllen (2004).

organizan seguindo a orde das clases conceptuais establecidas nunha parte sinóptica previa, co *Diccionario ideológico de la lengua española* (1995) de Alvar Ezquerra e co *Diccionario temático del español* da autoría de Moral (1998), quen ofrece unha clasificación en 10 temas partindo do home, o seu contorno, o individuo e a organización social ata o mundo e o universo[37] (Moral 2004, 2006 e 2010). No ámbito catalán, limitámonos a citar o *Diccionari ideològic* (1990) de Ernest Sabater, que malia ter unha orientación puramente escolar, organízase en campos léxicos ao xeito dunha obra temática e non presenta ningún cadro de organización xeral. No dominio galego, contamos con algunha obra de corte onomasiolóxica como son o *Vocabulario temático ilustrado galego-français-español-english* (1992) coordinado por Elisardo López Varela, que se estrutura en torno a 18 temas[38], e o *Diccionario conceptual galego* (2000) de Manuel Quintáns Suárez, en cuxa elaboración se seguiu a pauta da obra castelá de Casares[39]. A estes dous, podemos engadir para un ámbito máis restrinxido, o *Dicionario xurídico galego* (2011) coordinado por Luciano Varela Castro e Xosé Xoán Barreiro Prado, que malia presentar unha disposición alfabética, cada voz definida adscríbese a algunha das 13 áreas temáticas do dereito que se propoñen[40].

Esta necesidade de sistematización de vocabulario en grupos conceptuais, eixe ao redor do cal xiran as obras lexicográficas citadas, tamén preocupou ao bieito Sarmiento quen se referiu á necesidade dunha clasificación que, malia non chegar a formular, recolle a ordenación que deben gardar as palabras nun dicionario onomástico (Santamarina 1995: 57): «orden y clase que las cosas tienen en el mundo visible». As cousas do mundo visible poden ordenarse, por exemplo nas seguintes clases ou apartados: «en la 1ª Dios y todas las sustancias espirituales. En la 2ª todos los cielos, planetas, elementos y meteoros. En la 3ª el hombre con sus pasiones y partes y con sus virtudes y vicios. En la 4ª toda la historia natural con sus subdivisiones (...). En la 5ª clase cosas artificiales que han hecho los hombres».

Outra clasificación semántica, fundamental, é a proposta por Rudolf Hallig e Walther von Wartburg na obra *Begriffssystem als Grundlage für die Lexikographie. Versuch eines Ordnungsschemas. Système raisonné des concepts pour servir de base à la lexicographie. Essai d'un shéma de classement* concibida para a lingua francesa no ano 1952[41], cuxa idea foi establecer un sistema de conceptos universalmente válido ao presentar unha división conceptual do mundo en tres grandes bloques: a) o universo, b) o home e c) as relacións entre o universo, baixo os que se acollen outros subbloques[42]. Malia que os autores non fan en ningún momento mención á lexitimación teórica que avala a súa clasificación, parece que esta se baseou na intuición (Wolf 1982: 342). Aínda que o noso obxectivo non é deternos nesta proposta, queremos destacar que as críticas a esta ordenación deseguido se fixeron eco da man de Heger no relativo á xerarquía conceptual, á clasificación asociativa á que se ven obrigados a recorrer

[37] A ordenación que segue é a seguinte: 0 Principios, 1 Vida humana, 2 Individuo, 3 Sociedad, 4 Trabajo, 5 Cultura, 6 Arte, 7 Comunicaciones, 8 Vida no humana, 9 Orden de la materia e 10 Palabras auxiliares.

[38] Son os seguintes: 1 A natureza, 2 Os minerais, 3 O reino vexetal, 4 Os animais, 5 Os humanos, 6 Vida familiar, 7 Vida moral, 8 Vida social, 9 A agricultura e a xardinería, 10 A cidade, 11 Medios de transporte, 12 O ensino, 13 As disciplinas de ciencias e letras, 14 As artes, 15 Os deportes, 16 A economía e o traballo, 17 A sociedade civil e relixiosa e 18 O mundo militar.

[39] González Seoane (2003: 217-8) indica «que a imitación está a moita distancia do orixinal. Lembremos que a obra do lexicógrafo español está dividida en tres seccións: unha sinóptica, en que se presenta en forma de esquema unha clasificación ideolóxica de 2.000 conceptos básicos, que se identifican con cadansúa palabra; unha analóxica, en que se disponen, ordenadas alfabeticamente, esas 2.000 palabras cabeceira, acompañadas polo léxico relacionado con elas; e, finalmente, a sección alfabética, que é un diccionario convencional por ABC. […] En resumo, se Casares conseguiu integrar nun único volume a estrutura conceptual, o dicionario analóxico e o dicionario alfabético, a obra de Quintáns ofrece dous dicionarios independentes, sen ningún tipo de conexión interna, en oito volumes, e a un prezo máis de dez veces superior ao de Casares».

[40] Para máis información *vid.* a recensión feita por Rodríguez Parada (2013: 296-298).

[41] Manexamos a 2ª edición, de 1963: 101-109.

[42] O *Plan de Begriffssystems* destes dous autores recolle: A *L' univers* con: I Le ciel et l' atmosphère, II La terra, III Les plantes e IV Les animaux; B *L' homme* con: I L' homme, être physique, II L' aime et l'intellect, III L' homme, être social e IV L' organisation sociale; C *L' homme et l'univers* con: I L'a priori e II La science et la technique. Dentro destes subgrupos principais hai outros ata conseguir ordenar todo o léxico do francés tendo en conta esta clasificación básica en tres núcleos.

ás veces estes dous lingüistas, aos límites (en ocasións difusos) entre a lingua xeral e a lingua especializada, á barreira existente entre a clasificación científica e popular e polo carácter supranacional e supratemporal da súa proposta.

Con todo, á par destas obras de grande alcance que ofrecen propostas de ordenación de conceptos, dende hai algún tempo estanse editando outras de menor entidade, pero non por iso menos importantes. Trátase de glosarios e vocabularios que teñen como obxectivo a compilación de léxico de ámbitos do saber limitados. Entre eles, imos citar algúns que consultamos ao longo destes anos e que, nos parece, merecen mención ben por seren pioneiros nun momento da historia e achegar unha análise novidosa, ben por consideralos obras de valía para o estudo dunha parcela do léxico dunha determinada lingua e época histórica. Unha gran porcentaxe xurdiron como memorias de licenciatura e teses de doutoramento e, polo tanto, fiel á tradición lexicográfica da universidade en que foron defendidas.

Deseguido ofrecemos a referencia de cada obra, atendendo á cronoloxía, e acompañámola dunhas breves indicacións:

Gual Camarena, Miguel (1976): *Vocabulario del comercio medieval*. Barcelona: El Albir.

> Malia non ser un traballo recente, a obra de Gual Camarena ofrécenos un amplo estudo dos aranceis aduaneiros da coroa de Aragón durante os séculos XIII e XIV. Despois da lectura de 29 documentos, o historiador estuda o vocabulario que conteñen relacionado co comercio seguindo unha orde alfabética, tomando como criterio a frecuencia das voces e recorrendo a entradas remisivas cando cómpre. Logo de ofrecer o significado da voz na época medieval, o autor recolle a etimoloxía da palabra analizada, as citas agrupadas cronoloxicamente e, finalmente, a bibliografía manexada para o estudo de cada voz.

Carrasco, Inés (1992): *Los cargos de la hueste real en tiempos de Alfonso X. Estudio onomasiológico*. Granada: Universidad.

> A autora ofrece un estudo onomasiolóxico do léxico relacionado coa hoste real que se recolle no código *Las Siete Partidas* de Afonso X. Trátase dunha obra precursora doutros estudos realizados posteriormente no ámbito peninsular polo seu enfoque á hora de analizar trece voces (*almirante, cómitre, naucher, proer, alier, sobresaliente, marinero, alférez, adalid, almogávar, almocadén, caballero* e *peón*), cuxa ordenación se ofrece en dous capítulos; un deles centrado no estudo do léxico das institucións de mar e, o outro, no léxico das institucións de terra. As voces encabézanse coa súa definición, tomada do *Diccionario de la Real Academia Española* (*DRAE*) para, deseguido, ofrecer un estudo lingüístico e outro institucional da voz, xa nun ámbito máis concreto.

Fasla, Dalila (1998): *Lengua, Literatura, Música. Contribución al estudio semántico del léxico musical en la lírica castellana de la baja Edad Media al primer Renacimiento*. Logroño: Universidad de La Rioja.

> Tomando como base para o estudo un *corpus* textual constituído por 56 obras poéticas dende a baixa Idade Media ata o primeiro Renacemento (1330-1557), a autora ofrece un estudo semántico dos termos musicais que forman o *corpus*. A obra, concibida inicialmente como tese de doutoramento, ofrece unha introdución minuciosa sobre a metodoloxía empregada e o marco histórico no cal cómpre entender a presenza do vocabulario musical nunha época de convivencia entre a cultura hispana e a árabe. O glosario, que constitúe a parte substancial do traballo, recolle seguindo a orde alfabética as variantes gráficas, a etimoloxía da voz, a cita dos contextos de autoridades e a descrición semántica do termo, cun interesante tratamento dos cambios de significado que algunhas das voces experimentaron ao longo da diacronía. Amais, logo da introdución recóllese un catálogo de imaxes dalgúns dos instrumentos estudados.

Gago Jover, Francisco (2002): *Vocabulario militar castellano (siglos XIII-XV)*. Granada: Universidad.

> Empregando como *corpus* de estudo o léxico de 50 textos casteláns de contido bélico, datados entre os séculos XIII e XV, Gago Jover elaborou este vocabulario organizado en sete campos semánticos: 1 Armas ofensivas y defensivas, 2 Arneses y arreos, 3 Combates, 4 Desafíos, 5 Táctica y estrategia, 6 Logística, e 7 Castramentación y poliorcética. En cada campo recolle por orde alfabética os substantivos que conforman a entrada e nela ofrece a definición, ben descritiva ben enciclopédica, e logo información relativa á documentación da voz e ao uso do termo definido.

Varela Sieiro, Xaime (2003): *Léxico cotián na alta Idade Media de Galicia: o enxoval.* Sada: Ediciós do Castro.

> Esta obra, de referencia para o noso estudo, céntrase na análise do significado de 276 termos relativos ao enxoval extraídos de 4.200 documentos latinos da alta Idade Media, datados entre o século VIII e o ano 1250. Ofrécese ordenado en oito capítulos que recollen os oito campos semánticos estudados: 1 O enxoval: xenéricos, 2 O vestiario (con tres apartados: vestido, calzado e complementos), 3 O mobiliario, 4 O leito (cos apartados leitos e roupa de leito), 5 O servizo de mesa (con vaixela, cubertería e pequenos recipientes de mesa, mantelería e outros), 6 Os grandes recipientes, 7 As ferramentas (con apeiros, aparellos das cabalgaduras) e 8 Os materiais e elaboración (con tecidos e materiais téxtiles, peles, adornos e deseño, color, metais, madeira, marfil e corno, procedencia e outros).

Dos traballos centrados no estudo léxico en períodos acoutados da Historia, a maioría deles foron elaborados como teses de doutoramento no seo da Universidade de Salamanca; a seguir recollemos algúns dos máis recentes, tamén organizados cronoloxicamente:

Herráez Cubino, Guillermo (2007): *El léxico de los tratados de cortes de cantería españoles del siglo* XVI. Salamanca: Ediciones Universidad.

> Tese de doutoramento centrada no estudo da arquitectura e da cantaría durante o século XVI. Despois dunha perspectiva histórica relacionada con este ámbito de estudo e da relación das obras manexadas como *corpus* documental, o autor ofrece un glosario de substantivos, verbos, adxectivos e adverbios atendendo á distribución categorial, á estrutura morfolóxica, á orixe, aos aspectos semánticos e á ordenación cronolóxica da voces. No relativo ao aspecto semántico, o autor achega unha clasificación en cinco áreas designativas: 1 Arquitectura, 2 Cantería, 3 Geometría, 4 Construcción e 5 Áreas transversales. Neste estudo confíreselle grande importancia á morfoloxía das voces estudadas.

Sánchez Martín, Francisco Javier (2009): *Estudio del léxico de la geometría aplicada a la técnica en el Renacimiento hispano.* Salamanca: Ediciones Universidad.

> Dous volumes constitúen esta tese de doutoramento baseada no estudo do léxico da xeometría no Renacemento. O autor abre a obra cunha panorámica da ciencia matemática durante o Siglo de Oro español e en capítulos posteriores afonda nos préstamos lingüísticos, o procedemento de formación de voces e a caracterización do vocabulario desta parcela da ciencia, que clasifica en 10 campos nocionais: 1 Geometría plana, 2 Cuerpos geométricos, 3 Dimensiones y magnitudes, 4 Operaciones geométricas, 5 Trigonometría, 6 Física, 7 Óptica geométrica, 8 Fundamentos lógico-matemáticos, 9 Disciplinas científicas e 10 Profesiones e intrumentos. Despois da metodoloxía empregada na elaboración do glosario, o segundo volume recolle, por orde alfabética os substantivos, verbos e adverbios estudados e un catálogo de ilustracións.

Sánchez Orense, Marta (2012): *La fortificación y el arte militar en los tratados renacentistas: estudio lexicográfico*. Salamanca: Ediciones Universidad.

> Tese de doutoramento na cal logo dunha introdución histórica da arte militar no Siglo de Oro español, a autora elabora un glosario 1.194 entradas (593 encabezan o artigo lexicográfico e o resto son remisións) da terminoloxía militar na época do Renacemento tomando como *corpus* de estudo o *Diccionario de la ciencia y de la técnica del Renacimiento español* (*DICTER*). Seguindo unha orde alfabética, ofrécense os termos (substantivos, verbos, adxectivos e adverbios) e, noutro apartado, analízanse os préstamos, procedementos morfolóxicos e semánticos e clasifícanse as voces en torno a 22 campos nocionais: 1 Técnicas o artes y profesiones, 2 Acciones de castramentación, 3 Acciones de logística, 4 Acción de fortificación y de construcción, 5 Acción de estrategia, 6 Acontecimientos o ceremonias militares, 7 Miembro de unidades o grupos militares, 8 Unidades o grupos militares, 9 Persona que desempeña oficio/cultiva técnica, 10 Municiones, 11 Táctica, 12 Magnitudes temporales y espaciales, 13 Toques y señales militares, 14 Elementos de fortificación, 15 Construcciones defensivas, 16 Máquinas de guerra, 17 Armas o explosivos, 18 Instrumentos o herramientas 19 Cualidades militares, 20 Cualidades de fortificación, 21 Acciones bélicas e 22 Lugares militares. Este estudo péchase cun catálogo de imaxes comentadas e coa bibliografía, na cal recolle unha ampla listaxe da lexicografía militar castelá dos séculos XVIII e XIX.

A pesar de que nos últimos anos fomos testemuñas da aparición de diversas obras lexicográficas de especialidade centradas nunha determinada época histórica, é preciso destacar que aínda queda moito por estudar neste terreo e, se cadra, máis aínda no ámbito galego, que logo dun lento espertar, semella estar de novo en letargo. No relativo á recollida documental de repertorios de léxico referidos a campos coma o vestido, a alimentación e o enxoval doméstico podemos dicir que é considerable na bibliografía hispánica, pero non tanto no ámbito galego, no cal son case exclusivamente de destacar as achegas de Varela Sieiro (1996, 2001, 2003, 2008) ás que se engaden artigos que ofrecen o estudo dalgún aspecto do léxico durante o medievo, como é o caso de Cabana Outeiro e Veiga Díaz (2002) sobre as xoias e cores no tombo H da Catedral de Santiago. Estas obras son de grande interese porque permitirán trazar un mapa diatópico do léxico galego ao longo da historia.

Unha vez feito este percorrido por algúns textos lexicográficos que espertaron a nosa atención, centrarémonos no noso *corpus* de estudo e ofreceremos para el unha xerarquización lóxica en que poidan encaixar todas as voces inventariadas. Por todos e todas é coñecido que hai partes da linguaxe que están claramente ordenadas (pensemos, por poñer un exemplo, nos meses do ano, nas estacións etc.), mentres outras, non o están tanto. Este último caso é ao que nos enfrontamos á hora de ofrecermos unha clasificación das voces contidas neste estudo.

4.2 Os campos semánticos

Enfocaremos esta análise dende unha perspectiva semasiolóxica, motivo polo que teremos en conta o significante e a partir del describiremos as variacións de contido sufridas polo signo lingüístico, no que respecta ao seu uso en diferentes contextos do noso *corpus* e diferentes momentos da historia da lingua galega.

No relativo á organización das voces contidas no *corpus* de estudo, somos conscientes de que esta podería terse abordado de diferentes maneiras, ben atendendo a criterios temáticos, ben á ordenación alfabética. Con todo, optamos por esta última opción, pero ao mesmo tempo ofrecemos unha clasificación dos termos por campos semánticos e, ao final do traballo, recollemos as ditas voces nun índice, ordenadas tematicamente coa respectiva remisión á entrada en que se atopa a forma estudada[43] -*vid.* 8.2 **Índice de formas estudadas agrupadas en campos semánticos**.

[43] Baldinger (1970: 135-36, vol. II) indica «El diccionario debe decidirse por uno de los dos planos. Si se decide por el plano formal el alfabeto le proporciona un posible principio (práctico, no teórico) de división

Cando falamos de campo semántico, entendemos, seguindo a Ipsen (Martínez 2003: 104), que este designa unha relación do vocabulario que non se basea nas relacións morfolóxicas das palabras, senón na unión propia dos significados léxicos nunha relación estreitamente articulada.

Explicado isto e logo de valorar as palabras coas que conta o *corpus* analizado, estruturamos o traballo en cinco campos semánticos, que son:

1 O enxoval: xeral
2 O vestiario
3 Os materiais
4 O leito, e
5 O servizo de mesa

Á súa vez, establecemos subapartados nalgúns destes campos para ofrecermos unha clasificación máis precisa. Para a organización do apartado 2.1 Roupa de home e roupa de muller seguimos a Bernis (1979)[44] por parecernos que fai unha proposta clara. Do seguinte xeito:

1 O enxoval: xeral
2 O vestiario
- 2.1 Roupa de home e roupa de muller
  - 2.1.1 Pezas interiores
  - 2.1.2 Traxes para vestir o corpo
  - 2.1.3 Traxes de poñer por riba
  - 2.1.4 Pezas para a cabeza
- 2.2 Calzado
- 2.3 Complementos
- 2.4 Ornamentos litúrxicos

3 Os materiais
- 3.1 Tecidos
- 3.2 Outros materiais
- 3.3 Elaboración

4 O leito
- 4.1 Roupa do leito

5 O servizo de mesa
- 5.1 Mantelería

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

4.3 A organización do glosario

Ao longo deste estudo utilizamos o termo glosario, tendo en conta a definición de Haensch (1982: 106):

---

para su estructura. Si se decide por el plano conceptual, el sistema conceptual HALLIG/WARTBURG le sirve como una posible base de estructuración. Ambas –división formal y conceptual- son posibilidades de división igualmente lícitas y teóricamente fundamentadas. Por eso, discutir si un diccionario científico debe ser ordenado alfabética o conceptualmente es una empresa sin sentido. Ambas divisiones son necesarias y se completan mutuamente. El muy oído argumento de que el alfabeto sea práctico y la división conceptual no, está fuera de lugar, porque la *valoración práctica* depende del modo de plantear la pregunta. Si pregunto por las significaciones, el diccionario alfabético es práctico, y el diccionario conceptual no, porque en éste las acepciones se separan unas de otras. Pero si pregunto por las designaciones, el diccionario conceptual es práctico y el alfabético no, porque aquí las designaciones para la misma cosa, los "sinónimos", están separados unos de otros. De hecho, en la macroestructura del diccionario alfabético hay una multitud de microestructuras semasiológicas (*campos de significaciones*), en la macroestrutuctura del diccionario dividido conceptualmente se contiene una multitud de microestructuras onomasiológicas (*campos de designaciones*). El diccionario alfabético parte de la forma (de expresión) y por eso es *semasiológico*; el diccionario dividido conceptualmente parte del concepto y por eso es *onomasiológico*».

[44] A autora no seu estudo propón unha división tendo en conta: «a) prendas interiores, b) trajes para vestir a cuerpo y c) trajes de encima».

> «el término 'glosario' se utiliza en lexicografía con dos acepciones distintas: a) repertorio de voces destinado a explicar un texto medieval o clásico, la obra del autor, un texto dialectal, etc. b) Repertorio de palabras, en muchos casos de términos técnicos (monolingüe o plurilingüe), que no pretende ser exhaustivo, y en que la selección de palabras se ha hecho más o menos al azar; por ejemplo, glosario de términos ecológicos español-inglés».

É precisamente esta última acepción a que mellor define o noso traballo.

4.3.1 Macroestrutura

Ofrecemos un glosario de 330 entradas (contando as remisivas) dispostas alfabeticamente, pero coa súa clasificación temática correspondente, baixo unha perspectiva semasiolóxica e seguindo os campos anteriormente citados. Dada a natureza deste traballo, en ocasións existen termos que están asociados a máis dun campo semántico (por exemplo, *sabaa* e *lenço*), como así se recolle ao lado da entrada de cada voz e no apartado 8.2 **Índice de formas estudadas agrupadas en campos semánticos**. Ao seguirmos, por unha cuestión práctica, a alfabetización lexicográfica, cómpre ter en conta que non consideramos os dígrafos *ch*, *ll*, *rr* como letras independentes, senón dentro do *c*, *l* e *r*; ademais, tratamos *i/j/y* e *u/v* en conxunto, facendo distinción entre o seu valor vocálico e consonántico.

Pretendemos non omitir ningunha unidade léxica dotada do significado que nos ocupa, tendo en conta o exposto (*vid.* 1 **Introdución**) e incluímos (por orde de frecuencia) as que pertencen ás categorías adxectivo, substantivo e verbo.

4.3.1.1 Clases de palabras e formas de cita

Neste apartado expoñemos a forma de cita que empregamos para as clases de palabras presentes no *corpus* manexado, que fundamentalmente seguen os criterios utilizados acotío na maior parte dos repertorios lexicográficos.
a) Os verbos citámolos, como é habitual, en infinitivo. No noso caso, ás formas en participio, regulares e irregulares, dámoslle tratamento de adxectivos, de ser preciso, empregaremos os corchetes [ ] para marcar a restitución do lema.
b) Os substantivos e adxectivos citámolos na súa forma singular. No caso de presentaren flexión de xénero, a forma de cita será a non marcada, o masculino, e procedemos do mesmo xeito que na epígrafe anterior, recollemos entre corchetes [ ] o lema reconstruído.
Lematizamos conxuntamente as palabras pertencentes a categorías gramaticais diferentes que, ademais de compartiren a mesma forma, presentan unha orixe común (*vid. s.v.* **brocado**) e así mesmo, os usos substantivos e adxectivos dun mesmo termo (**brocado** *adx.*/**brocado** *s.m.*). Amais, recolleremos baixo o mesmo lema as variantes morfolóxicas da voz que actúa como entrada e as formas castelás que teñen a mesma raíz. Pola contra, tratamos como lemas independentes os substantivos con formas masculinas e femininas cando remiten a acepcións diferentes (*vid. s.v.* **saya** e **sayo**) e cando o seu significado sexa coincidente; e tamén as palabras que no seu momento contaban cun morfema avaliativo e que na actualidade son formas lexicalizadas (*vid. s.v.* **estopa** e **estopaço**).
No caso das unidades pluriverbais (locucións e todo tipo de fraseoloxía), que neste *corpus* soamente presentan a estrutura 'substantivo+preposición+substantivo', por exemplo, *uxuar de casa*, optamos por lexicalizalas ao final dos artigos doutras unidades monoverbais, que actúan como palabras chave (por seren máis importantes semanticamente); para organizalas seguimos un criterio alfabético, co significado e exemplo. Deste xeito, aparecen baixo o lema *axuar* as locucións substantivas *axuar de casa* e *uxuar de casa*. En ningún dos casos se trata do que podemos denominar expresións complexas lexicalizadas e ademais pertencen ao galego doutra época, a Idade Media, o que dificulta saber se daquela eran consideradas ou non compostos sintagmáticos.

4.3.2 Microestrutura

Deseguido indicaremos como foron estruturadas as entradas do glosario, o tipo de definición que ofrecemos, a escolla dos lemas, organización de variantes e a información que achegamos de cada voz.

Ao longo do traballo empregamos dous tipos de artigos lexicográficos: os remisivos e os enunciativos.

4.3.2.1 Artigos remisivos

Recollen, unicamente, a categoría e a subcategoría gramatical e envíannos, empregando a abreviatura *vid. s.v.*, ao lema principal e á clasificación temática. Son os artigos empregados coas variantes gráficas, morfolóxicas e coas formas flexionais pertencentes a substantivos e adxectivos, xa que no corpo do artigo aparecen mencionadas todas as formas do paradigma das voces con flexión.

Velaquí un exemplo:

cappa *s.f.* → *vid. s.v.* **capa** →[2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER] [2.1.3 ROUPA DE POÑER POR RIBA] [2.4 ORNAMENTOS LITÚRXICOS]

uxuar de casa *unid. pluriverbal* → *vid. s.v.* **axuar** → 1 [O ENXOVAL: XERAL]

4.3.2.2 Artigos enunciativos

Presentan a seguinte estrutura interna:

• Entrada: seleccionamos como lema a variante que presenta maior frecuencia de aparición nos textos manexados e, cando rexistramos dúas ou máis variantes dunha palabra que presentan o mesmo número de ocorrencias démoslle prioridade ao resultado moderno. Esta opción pareceunos práctica e unha das menos comprometidas, pois traballar con documentos editados por un elenco variado de autores sempre pode levar a erro nalgunhas lecturas e, deste xeito, entendemos que a variante menos utilizada é posible que sexa a que presente unha porcentaxe maior de erros de lectura. Nas obras lexicográficas habitualmente véñense agrupando baixo un mesmo lema os casos de polisemia (*vid s.v.* **pano**), criterio que tamén seguimos neste glosario.

• Categoría (e subcategoría) gramatical: a seguir do lema ofrecemos a categoría e, de ser preciso, a subcategoría gramatical utilizando un sistema de abreviaturas (que recollemos deseguido (*vid.* 4.3.3.1 **Listaxe de abreviaturas**).

• Etimoloxía: achegamos a orixe etimolóxica do termo estudado e para iso, empregamos como obras de consulta o [1] *DCECH* (6 vols.), o [2] Morais *GDLP* (12 vols.) e, en menor medida, o [3] *DELP* (5 vols). No caso dos arabismos e voces procedentes doutras linguas, servímonos dos seguintes repertorios (*vid.* 7.2 **Bibliografía citada**):

[4] Corriente, Federico (2003): *Diccionario de arabismos y voces afines en iberorromance*. Madrid: Gredos.

[5] Dozy, Reinhart Pieter Anne e Willem Herman Engelmann (1869 [1982²]): *Glossaire des mots espagnols et portugais dérivés de l'arabe.* Amsterdam: APA-Academic Publishers Associated.

[6] Eguilaz y Yanguas, Leopoldo de (1970): *Glosario etimológico de las palabras españolas (castellanas, catalanas, gallegas, mallorquinas, portuguesas, valencianas y bascongadas) de origen oriental (árabe, hebreo, malayo, persa y turco)***.** Hildesheim: Georg Olms.

[7] Maíllo Salgado, F. (1983): *Los arabismos del castellano en la Baja Edad Media (consideraciones históricas y filológicas)*. Salamanca: Universidad.

Estas obras vannos permitir recoller, de existir, a discusión das diferentes propostas etimolóxicas formuladas polos distintos autores.

De por parte, os étimos ofrecémolos declinados no caso que dá lugar á forma romance: para os substantivos, a maioría das veces, o caso acusativo, xa sen –M e para os adxectivos con flexión indicamos a forma latina masculina. Naqueles casos en que o étimo é invariable, así o recollemos.

• Forma estándar, definición (e acepcións): cando a forma medieval, que encabeza a entrada, difire coa do estándar galego, ofrecemos esta última seguindo o *VOLGa* e o *DRAG*. Deseguido damos unha definición hiperonímica[45] da voz segundo a información tirada do(s) contexto(s) do *corpus*, que malia ser a máis utilizada na tradición lexicográfica tamén nos parece que é a máis axeitada para o noso traballo; con todo, ás veces completámola con información enciclopédica coa finalidade de proporcionar unha serie complementaria de datos que axude a contextualizar histórica e culturalmente a definición e interpretar mellor os exemplos.

As diferentes acepcións do lema, de existiren, enumerámolas atendendo a un criterio lóxico e marcámolas con numeración arábiga. Para a súa análise, limitámonos ao coñecemento que se deduce logo de estudar o *corpus* textual co que contamos, malia isto somos conscientes de que é posible que nos pasaran desapercibidos aspectos que distan moito da mentalidade da época actual.

• Repertorio de contextos: recollemos a selección de todos os contextos, en orde cronolóxica ascendente agrupados en cadansúa variante gráfica, morfolóxica e flexional do lema e é neles onde se verifican a(s) acepción(s) de cada voz. Deste xeito, o primeiro contexto é a primeira documentación en que se rexistra o termo no noso *corpus*, despois damos conta do autor e da colección documental, revista ou obra (*vid.* 9.1. **Fontes**), da data, da localización xeográfica, que ás veces restituímos nós seguindo os criterios indicados (*vid.* 3.4 **O baleirado dos documentos**), o número de documento en romanos ou arábicos tal como figura na edición manexada e, finalmente, indicamos se se trata dun documento orixinal (OR.), copia (CO.) ou reprodución dun documento tal cal foi editado (REP.)

• Estudo semántico e cronoloxía: nesta sección abordamos a) o estudo semántico da voz tendo en conta consideracións de tipo histórico e sociocultural e tamén os cambios de significado que esta puido sufrir dende o punto de vista da diacronía. Analizamos a súa continuidade, especialmente, na lingua galega e, máis ocasionalmente, noutras linguas

[45] Bosque (1982: 105-6) explica que «también puede denominarse "definición por género próximo y diferencia específica", "definición inclusiva", "definición aristotélica" etc. La unidad léxica se remite en este tipo de definición a una categoría de mayor extensión semántica (su *hiperónimo*) de la que dicho vocablo constituye uno de sus *hipónimos*». Posteriormente, Martínez de Sousa (2009: 159) recolle que é «la definición en la que el descriptor es el hiperónimo de la unidad léxica». Tamén se coñece como definición por xénero próximo e diferenza específica, definición inclusiva ou definición aristotélica.

romances próximas, a súa difusión na lexicografía galega, clásica e moderna[46], e a frecuencia de uso en textos galegos, e nalgúns casos tamén portugueses, actuais, aos que accedemos a través de *corpus* textuais informatizados. Con todo, o obxectivo principal desta investigación é afondar no significado ou significados da voz no *corpus* estudado e continuar, en certo modo e parcialmente, coa análise iniciada por Varela Sieiro (2003) no estudo do enxoval na alta Idade Media en Galicia.

A seguir, proporcionamos información relativa á b) cronoloxía ao indicarmos a primeira atestación da palabra (e, de ser posible, de cada acepción) no caso de documentarse en obras anteriores e tamén noutros romances, fundamentalmente, castelán e portugués.

Para a elaboración desta parte do artigo, ademais das obras xa citadas ao expoñermos a etimoloxía, servímonos de diversos repertorios lexicográficos académicos e históricos, utilizados como fontes secundarias, que foron marcadas con abreviaturas, que recollemos a continuación (*vid.* 4.3.3.3 **Siglas e abreviaturas**) e tamén na bibliografía (*vid.* 7.2 **Bibliografía citada**). A moitas delas chegamos logo da consulta do artigo de Bajo Pérez (2013):

◦ Para o ámbito aragonés: **[8]** *DiCCA-XV*

◦ Para o ámbito catalán, valenciano e/ou balear: **[9]** *DCVB*

◦ Para o ámbito español: **[10]** *CDH*, **[11]** *CE 1200s-1900s*, **[12]** *CORDE*, **[13]** *CorLexIn*, **[14]** *CREA*, **[15]** *DEMi*, **[16]** *DICTER*, **[17]** *DRAE*, **[18]** *DRAG*, **[19]** *NTLLE*, **[20]** Gual *Voc. Comercio*

◦ Para o ámbito francés: **[21]** *DMF*

◦ Para o ámbito galego e galego-portugués (medieval): **[22]** *CMGP,* **[23]** *DD*, **[24]** *DDGM,* **[25]** *DRAG*, **[26]** *GDXL*, **[27]** *MedDB*, **[28]** *RAG 1913-1928*, **[29]** *TLPGP*, **[30]** *TMILG*, **[31]** *VOLGa*

◦ Para o ámbito italiano: **[32]** TLIO

◦ Para o ámbito portugués: **[33]** *CLP* **[34]** *CP 1300s-1900s*, **[35]** *DELP*, **[36]** Houaiss *Dicionário*, **[37]** Morais *GDLP*, **[38]**, *VHCPM*, **[39]** Viterbo *Elucidário*

Finalmente, no relativo ás referencias centradas máis especificamente nos ámbitos do vestiario, os tecidos e os complementos consultamos as seguintes obras e artigos:

[40] Alfau de Solalinde, Jesusa (1969): *Nomenclatura de los tejidos españoles del siglo XIII*. Anexo XIX do Boletín de la Real Academia Española. Madrid.

[41] Bernis Madrazo, Carmen (1956): *Indumentaria medieval española*. Madrid: Instituto Diego Velázquez del Consejo Superior de Investigaciones Científicas.

[42] Bernis, Carmen (1978): *Trajes y modas en la España de los Reyes Católicos. I. Las mujeres*. Madrid: Instituto Diego Velázquez del Consejo Superior de Investigaciones Científicas.

[46] Para establecernos a distinción entre lexicografía clásica e moderna seguimos a González Seoane (2003: 165), quen di: «Os anos iniciais da década de 1980 representan un punto de inflexión na historia da lexicografía galega, ao punto de que poden ser considerados o lindeiro temporal que separa os dous grandes períodos que se poden distinguir nela: o período "clásico", que abranguería as obras producidas na segunda metade do século XIX e nos tres primeiros cuarteis do XX, e o período "moderno", que arrincaría precisamente dos primeiros anos 80 e que se estendería ata o momento presente».

[43] Bernis, Carmen (1979): *Trajes y modas en la España de los Reyes Católicos. II. Los hombres*. Madrid: Instituto Diego Velázquez del Consejo Superior de Investigaciones Científicas.

[44] Cabana Outeiro, Alexandra e Maite Veiga Díaz (2002): «Xoias e cores: léxico galego baixomedieval no Tombo H da Catedral de Santiago de Compostela», en Raquel Iglesias Estepa *et alii*: *IX e X Congreso de novos historiadores de Galicia*. Santiago de Compostela: Asociación Galega de Historiadores, 287-310.

[45] Castany Saladrigas, Francisco (1949): *Diccionario de tejidos: etimología, origen, arte, historia y fabricación de los más importantes tejidos clásicos y modernos*. Barcelona: Gustavo Gili.

[46] Cea Gutiérrez, Antonio e Pilar García Moutón (2001): «Joyas para la mujer en las *Cartas privadas de emigrantes a Indias, 1540-1616*», en Manuela Marín (ed.): *Tejer y vestir: de la Antigüedad al Islam*. Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas, 327-354.

[47] Dávila Corona, Rosa Mª, Montserrat Duran Pujol e Máximo García Fernández (2004): *Diccionario histórico de telas y tejidos castellano-catalán*. Salamanca: Junta de Castilla y León.

[48] Egido Fernández, María Cristina (2010): «Léxico de indumentaria femenina y joyas en relaciones de bienes de la Maragatería, Cepeda y Órbigo (León, s. XVII)» en Ana María Cano González (coord.) (2010): *Homenaxe al profesor Xosé Lluís García Arias*. Vol I, tomo I, 95-116.

[49] Falcón Pérez, Mª Isabel (1993): «La industria textil en Teruel a finales de la Edad Media», *Aragón en la Edad Media* 10-11, 229-250 (*http://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=108447*) [Consulta: 18 de abril de 2019].

[50] Fernández Corral, Celia (2002): «Términos relacionados con la joyería en la diplomática medieval astur-leonesa hasta 1230», en Maurilio Pérez González (coord.): *Actas [del] III congreso hispánico de latín medieval*. León: Universidad, 557-572.

[51] García, Expiración (2001): «Las plantas textiles y tintóreas en el Al-Andalus», en Manuel Marín (ed.): *Tejer y vestir: de la Antigüedad al Islam*. Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas, 417-451.

[52] González Mena, Mª Ángeles (1994): *Colección Pedagógico Textil de la Universidad Complutense de Madrid. Estudio e inventario*. vol. 1. Madrid: Consejo Social de la Universidad Complutense (*http://books.google.es/books?id=OI0yGCj9VK4C&printsec=frontcover&hl=es&source=gbs_ge_summary_r&cad=0#v=onepage&q&f=false*) [Consulta: 18 de abril de 2019].

[53] González Pérez, Clodio (1997): "Tecnoloxía agraria. Oficios. I parte" en Francisco Rodríguez Iglesias (dir.): *Galicia. Antropoloxía*, vol. XXIV. A Coruña: Hércules de Ediciones, 18-54.

[54] Gay, Víctor (1974): *Glossaire archéologique du moyen-âge et de la renaissance*. 2 vols. París: K. Reprint.

[55] Gual Camarena, Miguel (2014): *Vocabulario del comercio medieval*: *http://www.umc.es/léxico-comercio medieval/index.php/p/v/inicio* [Consulta: 18 de abril de 2019].

[56] Lemeneva, Elena e Dora Sallay (2001): «Joyas medievales», en Russel Mitchell *et alii*: *Atuendos, joyas, armas y blasones: cultura material y autorepresentación en la tardía Edad Media*.

Budapest: Universidad Centro-Europea, 2-21 (*http://odont.info/joyas-medievales.html*) [Consulta: 18 de abril de 2019].

[57] Lewis, Ethel (1959): *La novelesca historia de los tejidos*. Madrid: Aguilar.

[58] López Dapena, Asunción (1993): «El vestido femenino. Distintivo de clase social», en Celia del Moral (ed.): *Árabes, judías y cristianas: mujeres en la Europa medieval*. Granada: Universidad.

[59] Iradiel Murugarren, Paulino (1974): *Evolución de la industria textil castellana en los siglos XIII-XVI. Factores de desarrollo, organización y costes de la producción manufacturera en Cuenca*. Salamanca: Universidad.

[60] Martínez Meléndez, Mª Carmen (1989): *Nombres de tejidos en castellano medieval*. Granada: Universidad.

[61] Morán Cabanas, María Isabel (2001): *Traje, gentileza e poesia. Moda e vestimenta no Cancioneiro Geral de Garcia de Resende*. Lisboa: Estampa.

[62] Murakawa, Clotilde de Almeida Azevedo (2017): «O vocabulario dos tecidos no banco de textos do *Diccionário Histórico do Português do Brasil. Séculos XVI, XVII* e *XVIII: um recorte lexicográfico*», *Revista Galega de Filoloxía* nº 11, 115-131.

[63] Oliveira, Fernando José Cunha de (1993): *O vestuário português ao tempo da expansão. Séculos XV e XVI*. Lisboa: Grupo de Trabalho do Ministério da Educaçao para as Comemoraçoes dos Descobrimentos Portugueses.

[64] Pérez Toral, Marta (2017): «El léxico de los tejidos en inventarios notariales del siglo XVII», *Revista de Lexicografía*. Vol. 23, 157-184 (*http://revistas.udc.es/index.php/rlex/article/view/rlex.2017.23.0.4701*) [Consulta: 18 de abril de 2019].

[65] Varela Sieiro, Xaime (2001): «Tejidos y vestimenta de procedencia árabe», en Manuel Marín (ed.): *Tejer y vestir: de la Antigüedad al Islam*. Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas, 255-285.

[66] Varela Sieiro, Xaime (2003): *Léxico cotián na alta Idade Media de Galicia: o enxoval*. Sada/A Coruña: Ediciós do Castro (Publicacións do Seminario de Estudos Galegos).

[67] Zanger, Kurt (1945): *Contribution à la terminologie des tissus en ancien français attestés dans des textes français, provençaux, italiens, espagnols, allemands et latins*. Bienne: Schüler.

Nesta mesma parte do artigo c) de ser posible, facemos referencia á distribución xeográfica da voz no dominio lingüístico galego e, para isto consultamos os datos ofrecidos polo **[68]** *Atlas lingüístico galego* (*ALGa*), inédito[47], e o **[69]** *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués* (*TPGP*), que tamén dá conta do portugués no territorio peninsular, insular e no Brasil.

Por último, cando nos pareceu pertinente facer referencia a voces con sentido próximo, empregamos a abreviatura *cfr.*, que relacionamos a seguir.

[47] A súa consulta foi posible grazas á xenerosidade de Marta Negro e Xulio Sousa, ambos os dous persoal investigador do Instituto da Lingua Galega, onde se custodia o *ALGa*.

4.3.3 Siglas e abreviaturas

4.3.3.1 Listaxe de abreviaturas

ár.	árabe
cat.	catalán
cart.	cartafol
célt.	céltico
cfr.	confróntese con
col.	colección
der.	derivado
f.	feminino
fr.	francés
gr.	grego
gót.	gótico
in.	inglés
it.	italiano
lat.	latín
m.	masculino
núm.	número
oc.	occitano
xerm.	xermánico
pl.	plural
port.	portugués
prov.	provenzal
r.	recto dun documento
s.	substantivo
s/	sen
séc.	século(s)
s/d	sen data
s/l	sen localización
s/núm.	sen número
ss.	seguintes
s. v.	*sub voce*
unid.	unidade pluriverbal *pluriverbal*
v.	verso dun documento
vid.	véxase

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

4.3.3.2 Siglas dos arquivos citados

AA: Arquivo de Antealtares. Convento de San Paio. Santiago de Compostela.
ACC: Arquivo do Convento de Santa Bárbara. A Coruña.
ACM: Arquivo da Catedral de Mondoñedo. Lugo
ACOu: Arquivo da Catedral de Ourense.
ACS: Arquivo da Catedral de Santiago Compostela.
ACSClara de Pontevedra: Arquivo do Convento de Santa Clara. Pontevedra.
ACSClara: Arquivo do Convento de Santa Clara. Santiago de Compostela.
ACSF: Arquivo do Convento de San Francisco. Santiago de Compostela.
ACTui: Arquivo da Catedral de Tui. Pontevedra.
ADM: Arquivo Diocesano de Mondoñedo. Lugo.
ADMed: Archivo Ducal de Medinaceli. Sevilla.
AFP: Arquivo do Mosteiro de Santa María de Ferreira de Pantón. Lugo.
Arquivo Arzobispal de Santiago: AHDS: Arquivo Histórico Diocesano de Santiago de Compostela.
AHMC: Arquivo Histórico Municipal da Coruña.
AHN: Archivo Histórico Nacional. Madrid.
AHPOu: Arquivo Histórico Provincial de Ourense.
AHPPO: Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra.
AHUS: Arquivo Histórico Universitario de Santiago de Compostela.
ARG: Arquivo do Reino de Galicia. A Coruña.
Biblioteca IEGPS: Biblioteca do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento. Santiago de Compostela.
MALu: Museo Arqueolóxico de Lugo.
MPo: Museo de Pontevedra.

4.3.3.3 Siglas e abreviaturas bibliográficas

A

Acevedo&Fernández *Vocabulario* — Acevedo y Huelves, Bernardo e Marcelino Fernández y Fernández (1932): *Vocabulario del bable de occidente*. Madrid: Centro de Estudios Históricos.

Aguirre *Diccionario* — Aguirre del Río, Luís (1858): *Diccionario del dialecto gallego*. Edición de Carme Hermida Gulías. Madrid: CSIC e Instituto Padre Sarmiento 2007.

ALGa — González, Constantino (dir.) (1974-1976): *Atlas lingüístico da lingua galega* (fichas manuscritas conservadas no Instituto da Lingua Galega). Materiais inéditos. Instituto da Lingua Galega.

B

Barbosa *Dictionarium* — Barbosa, Agostinho (1611): *Dictionarium lusitanico latinum: juxta seriem alphabeticam optimis, probatisq. doctissimorum auctorum testimonijs perutili quadam expositione locupletatum : cum... Latini sermonis indice, necnon libello uno aliquarum regionum, civitatum, oppidorum, fluviorum, montium, & locorum, quibus veteres uti solebant / omnia in studiosae inventutis gratiam, & usum collecta per Augustinum Barbosam Lusitanum*...Bracharae: typis, & expensis Fructuosi Laurentij de Basto.

Barreiro *Miragres* — Barreiro García, Mª del Carmen (1985): *O léxico dos Miragres de Santiago*. 2 vols. Memoria de licenciatura. Universidade de Santiago de Compostela.

Barreiro *Concello Noia* — Barreiro García, Mª del Carmen (1995): «Glosario» en *A documentación notarial do Concello de Noia (ss. XIV-XVI). Lectura, edición e léxico*. Tese de doutoramento. Universidade de Santiago de Compostela.

Bluteau *Vocabulario portuguez e latino*	Bluteau, Rafael (1712-1728): *Vocabulario Portuguez e Latino*, vol. 1-4, Coimbra: Colégio das Artes, 1712-1713; vol. 5-8, Lisboa: Pascoal da Sylva, 1716-1721; *Suplemento ao Vocabulario Portuguez e Latino*, 2 vol., Lisboa: Joseph Antonio da Sylva, 1727: Patriarcal Officina da Musica, 1728.
Bluteau *Diccionario castellano*	Bluteau, Rafael (1721): *Diccionario castellano y portuguez para facilitar a los castellanos el uso del vocabulario portuguez y latino*. Lisboa: Officina de Pascoal da Silva.
Bluteau *Tabla*	Bluteau, Rafael (1721): *Tabla de palabras portuguesas, remotas de la lengua castellana*. Lisboa: Officina de Pascoal da Silva.
Bluteau *Vocabulario synonimos*	Bluteau, Rafael (1728): *Vocabulario de synonimos, e phrases portuguezas*. Lisboa: Patriarcal Officina de Musica.

C

Cardoso *Dict. Iuventuti studiosae*	Cardoso, Jerónimo (1562): *Hieronymi Cardosi Dictionarium Iuventuti studiosae admodum frugiferum*. Coimbra: João Álvares.
Cardoso *Dict. ex lusitanico in latinum*	Cardoso, Jerónimo (1562-1563): *Hieronymi Cardosi Lamacensis Dictionarium ex lusitanico in latinum sermonem*. Coimbra: João Álvares.
Cardoso *Dict. vocum eccleiasticarum*	Cardoso, Jerónimo (1569-1570): *Breve dictionarium vocum ecclesiasticarum in dictionarium latinolusitanicum*. Coimbra: João de Barreira
Cardoso *Dict. Latinolusitanicum*	Cardoso, Jerónimo (1569-1570): *Dictionarium latinolusitanicum & vice versa lusitanicolatinum cum adagiorum fere omnium iuxta seriem alphabeticam perutili expositione: Ecclesiasticarum etiam vocabulorum interpretatione. Item de monetis, ponderibus, & mensuris, ad praesentem vsum accommodatis. Noue omnia per Hieronymum Cardosum Lusitanum congesta. Recognita vero omnia per Sebastianum Stockhamerum Germanum. Qui libellum etiam de proprijs nominibus regionum, populorum illustrium virorum, fluuiorum, montium, ac aliorum complurium nominum & rerum scitu dignarum, historijs & fabulis poeticis refertum, in vsum & gratiam Lusitanicae pubis concinnauit & ex integrò adiecit*. Coimbra: João de Barreira.
Carré *Diccionario*[1]	Carré Alvarellos, Leandro (1928-1931): *Diccionario galego-castelán*. A Coruña: Lar.
Carré *Diccionario*[2]	Carré Alvarellos, Leandro (1933[2]): *Diccionario galego-castelán*. A Coruña: Roel.
Carré *Diccionario*[3]	Carré Alvarellos, Leandro (1951[3]): *Diccionario galego-castelán*. A Coruña: Roel.
Carré *Diccionario-Voc.*	Carré Alvarellos, Leandro (1979): *Diccionario galego-castelán e Vocabulario castelán –galego*. A Coruña: Moret.
Covarrubias *Tesoro*	Covarrubias de, Sebastián (1611): *Tesoro de la lengua castellana o española*. Madrid: Luis Sánchez (*http://fondosdigitales.us.es/fondos/libros/765/16/tesoro-de-la-lengua-castellana-o-espanola/*) [Consulta: 18 de abril de 2019].
CDH	Instituto de Investigación Rafael Lapesa de la Real Academia Española (2013): *Corpus del Nuevo diccionario histórico (CDH)*: *http://web.frl.es/CNDHE* [Consulta: 18 de abril de 2019].

Cintra *Cr.1344*	Cintra, Luís F. Lindley (1951-1954-1961): *Crónica Geral de Espanha de 1344*. Edição crítica do texto português. 3 vols. Lisboa: Academia Portuguesa da História.
CMGP	Lopes, Graça Videira, Manuel Pedro Ferreira *et al.* (2011-): *Cantigas Medievais Galego Portuguesas [base de dados online]*. Lisboa: Instituto de Estudos Medievais, FCSH/NOVA (*http://cantigas.fcsh.unl.pt*) [Consulta: 18 de abril de 2019].
CODOLGA	López Pereira, José Eduardo (dir.): *Corpus Documentale Latinum Medievale Galleciae (CODOLGA)*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades: *http://www.cirp.es/codolga/* [Consulta: 18 de abril de 2019].
CORDE	Real Academia Española: *Corpus diacrónico del español (CORDE)*: *http://corpus.rae.es/cordenet.html* [Consulta: 18 de abril de 2019].
CORGA	Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades: *Corpus de referencia do galego actual (CORGA)* [3.1]: *http://corpus.cirp.es/corga/buscas.html* [Consulta: 18 de abril de 2019].
CorLexIn	Morala Rodríguez, José R. (dir): *Corpus Léxico de Inventarios (CorLexIn)*: *http://web.frl.es/CORLEXIN.html* [Consulta: 18 de abril de 2019].
CE 1200s-1900s	Davies, Mark. (2002-) *Corpus del Español: 100 millones de palabras, 1200s-1900s*: *http://www.corpusdelespanol.org* [Consulta: 18 de abril de 2019].
CLP	Verdelho, Telmo dos Santos (dir.) (2003-): *Corpus Lexicográfico do Português. Universidade de Aveiro*: *http://clp.dlc.ua.pt/DICIweb/default.asp?url=Home* [Consulta: 18 de abril de 2019].
CP 1300s-1900s	Davies, Mark e Michael J. Ferreira (2006-): *Corpus do português: 45 million words, 1300s-1900s: http://www.corpusdoportugues.org/* [Consulta: 18 de abril de 2019].
CREA	Real Academia Española: *Corpus de referencia del español actual* (*CREA*): *http://corpus.rae.es/creanet.html* [Consulta: 18 de abril de 2019].
Cr. Gal	Lorenzo, Ramón (1975-1977): *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*. Vol. I: Introducción, texto anotado e índice onomástico / Vol. II: Glosario. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos «Padre Feijoo».
Cr. Troiana	Lorenzo, Ramón (ed.) (1985): *Crónica troiana. Introducción e texto*. A Coruña: Fundación «Pedro Barrié de la Maza».
CSM	Mettmann, Walter (ed.) (1959-72): *Cantigas de Santa Maria*. 4 vols. Coimbra: Acta Universitatis Conimbrigensis.
Cuveiro *Diccionario*	Cuveiro Piñol, Juan (1876): *Diccionario Gallego*. Barcelona.

D

DAutoridades	Real Academia Española (1726-1739): *Diccionario de autoridades*: *http://web.frl.es/DA.html* [Consulta: 18 de abril de 2019].

DCECH	Corominas, Juan e José A. Pascual (1980-1991): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*. 6 vols. Madrid: Gredos.
DCVB	Alcover Antoni M. e Francesc de Borja Moll (2002): *Diccionari català-valencià-balear* (*DCVB*): *http://dcvb.iecat.net/default.asp* [Consulta: 19 de abril de 2019].
DD	Santamarina, Antón (ed.) (2003): *Diccionario de diccionarios*. Versión 3. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza/Instituto da Lingua Galega (*http://sli.uvigo.es/ddd/index.html*) [Consulta: 18 de abril de 2019].
DDGM	González Seoane, Ernesto (dir.) (2006): *Dicionario de dicionarios do galego medieval*. Anexo 57 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade (*http://sli.uvigo.es/DDGM/*) [Consulta: 18 de abril de 2019].
Miguel *doc. XIII*	Miguel Clavé, Montserrat de (1977): *Vocabulario de gallego medieval en documentos del s. XIII anteriores a 1275*. Tese de licenciatura. Universidad de Valladolid.
DELP	Machado, José P. (1997[3]): *Dicionário Etimológico da Língua Portuguesa com a mais antiga documentação escrita e conhecida de muitos dos vocábulos estudados*. 5 vols. Lisboa: Livros Horizonte.
DEMi	Müller, Bodo (dir.): *Tesoro DEM informatizado* (*DEMi*): *http://www.adw.uni-heidelberg.de/dem/fichero/ficherolista.html* [Ofrece localizacións en textos medievais concretos para as palabras comezadas por *b-*, *f-* e *g-*] [Consulta: 18 de abril de 2019].
DHTT	Dávila Corona, Rosa Mª, Montserrat Duran Pujol e Máximo García Fernández (2004): *Diccionario histórico de telas y tejidos castellano-catalán*. Salamanca: Junta de Castilla y León.
DiCCA-XV	Lleal, Coloma (dir.): *Diccionario del castellano del siglo XV en la Corona de Aragón: http://stel.ub.edu/diccaxv/* [Consulta: 18 de abril de 2019].
DICTER	Mancho Duque, Mª Jesús (dir.): *DICTER. Diccionario de la ciencia y de la técnica del Renacimiento*. Salamanca: Ediciones Universidad*: http://dicter.eusal.es* [Consulta: 18 de abril de 2019].
DMF	*Dictionnaire du Moyen Français 1300-1500. DMF* 2015. ATILF–CNRS & Université de Lorraine: *http://www.atilf.fr/dmf/* [Consulta: 18 de abril de 2019].
DRAG	Real Academia Galega (2012): *Dicionario da Real Academia Galega*: *http://www.realacademiagalega.org/dicionario#inicio.do* [Consulta: 18 de abril de 2019].
DRAE	Real Academia Española (2001): *Diccionario de la Real Academia Española*: *http://www.rae.es/drae/*[Consulta: 18 de abril de 2019].
DT	Castany Saladrigas, Francisco (1949): *Diccionario de tejidos: etimología, origen, arte, historia y fabricación de los más importantes tejidos clásicos y modernos*. Barcelona: Gustavo Gili.

E

EGU	Ledo Cabido, Bieito (1999): *Enciclopedia galega universal: EGU*. 16 vols. Vigo: Ir Indo.
Eladio *Diccionario*	Rodríguez González, Eladio (1958-1961): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*. 3 vols. Vigo: Galaxia.

F

Ferreira Aurélio *Dicionário*	Ferreira, Aurélio Buarque de Holanda (2009[4]): *Novo dicionário Aurélio da língua portuguesa*. [Curitiba]: Editora Positivo (*https://dicionariodoaurelio.com*) [Consulta: 18 de abril de 2019].
Ferreiro *Glosario*	Ferreiro, Manuel (dir.) (2014-): *Glosario da poesía medieval profana galego-portuguesa*. Universidade da Coruña: *http://glossa.gal* [Consulta: 18 de abril de 2019].
Filgueira et alii *Vocabulario*	Filgueira Valverde, X., L. Tobío Fernandes, A. Magariños Negreira e X. Cordal Carús (1926): *Vocabulario popular castelán-galego*. El Pueblo Gallego.
Folqman *Diccionario*	Folqman, Carlos (1755): *Diccionario portuguez e latino* [transcrição de Paula Cristina Araújo]. Lisboa: Officina de Miguel Manescal da Costa.
Franco *Indiculo*	Franco, António (1716): *Indiculo Universal. Contem distinctos em suas clases os nomes de quazi todas as cousas que ha no mundo & os nomes de todas as Artes e Sciencias ("Feito Francez Latino pelo P. Francisco Pomey… Feito novamente Luzitano Latino…")*. Évora: Universidade.
Franco Grande *Diccionario*	Franco Grande, Xosé Luís (1972[2]): *Diccionario galego-castelán*. Vigo: Galaxia.
Fonseca *Parvum lexicum*	Fonseca, Pedro José da (1798): *Parvum lexicum latinum lusitana interpretatione adjecta*. Olisipone [Lisboa]: Typographia Regia.

G

GMH	Villares, Ramón (dir.) (1992--): *Gallaeciae Monumenta Historica (GMH)*. Consello da Cultura Galega: *http://gmh.consellodacultura.org/nc/catalogo/*[Consulta: 18 de abril de 2019].
García *Glosario*	García, Constantino (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe*. Anexo 27 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade.
Graal	Magne, Augusto (1944): *A demanda do Santo Graal*. Rio de Janeiro: Imprensa Nacional, 3 vols.
GDXL	Carballeira Anllo, Xosé Mª (coord.) (2009): *Gran Diccionario Xerais da Lingua*. 2 vols. Vigo: Galaxia.
Gener. Estoria	Martínez López, Ramón (ed.) (1963): *General Estoria. Versión gallega del siglo XIV. Ms. O. I. 1. del Escorial*. Oviedo: Publicacións de Archivum.

GONDOMAR — Álvarez, Rosario e Ernesto González Seoane (eds.) (2017): *Gondomar. Corpus dixital de textos galegos da Idade Moderna*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua galega: *http://ilg.usc.gal/gondomar* [Consulta: 18 de abril de 2019].

Gual *Voc. Comercio* — Gual Camarena, Miguel (2014): *Vocabulario de comercio medieval: http://www.um.es/lexico-comercio-medieval/index.php/p/v/inicio* [Consulta: 18 de abril de 2019].

H

His.Troyana — Parker, Kelvin M. (1977): *Vocabulario clasificado de los folios gallegos de la Historia Troyana. Manuscrito gallego-castellano del siglo XIV. Bibl. Menéndez Pelayo, Santander.* Michigan: Applied Lit. Press.

Houaiss *Dicionário* — Houaiss, Antônio (coord.) (2001): *Dicionário Houaiss da língua portuguesa.* Rio de Janeiro: Instituto Antônio Houaiss de Lexicografía-Objetiva.

I

Ibáñez *Diccionario* — Ibáñez Fernández, José (1950): *Diccionario galego da rima e galego-castelán.* Madrid.

L

Lapa *Escarnho* — Lapa, Manuel Rodríguez (1970[2]): «Vocabulário Galego-Português. Extraído da edição crítica das *Cantigas d'escarnho e de mal dizer*», en *Cantigas d'escarnho e de mal dizer dos cancioneiros medievais galego-portugueses.* Vigo: Galaxia.

Lorenzo *Cronologia* — Lorenzo, Ramón (1968): *Sobre cronologia do vocabulário Galego-Português. (Anotações ao 'Diccionário etimológico' de José Pedro Machado)*. Vigo: Galaxia.

Losada et alii — Losada, E., J. Castro e E. Niño, (1992): *Nomenclatura vernácula da flora vascular galega.* [Santiago de Compostela]: Xunta de Galicia.

M

MedDB — Brea, Mercedes e Pilar Lorenzo Grandín (dirs.): *Base de datos da Lírica Profana Galego-Portuguesa (MedDB)*, versión 3.2, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades: *http://bernal.cirp.gal/ords/f?p=MEDDB3:2* [Consulta: 18 de abril de 2019].

Morais *GDLP* — Morais Silva, António de (1949-1959[10]): *Grande dicionário da língua portuguesa.* 12 vols. Lisboa: Confluência [edición revisada e aumentada por A. Moreno, Cardoso Júnior e J.P. Machado].

N

NOMIG — Real Academia Galega e Instituto da Lingua Galega (2003[18]): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego.* [Santiago de Compostela e A Coruña]: Real Academia Galega e Instituto da Lingua Galega.

NTLLE — Real Academia Española: *Nuevo tesoro lexicográfico de la lengua española*: *http://ntlle.rae.es/ntlle/SrvltGUILoginNtlle* [Consulta: 18 de abril de 2019].

Nunes *Cantigas amigo* Nunes, José Joaquim (1928): «Glossário» en Nunes, José Joaquín (ed.) (1926-1928): *Cantigas d' amigo dos trovadores galego-portugueses. Vol. III*. Coimbra: Imprensa da Universidade, 577-704.

Nunes *Cantigas amor* Nunes, José Joaquim (1932): «Glossário» en Nunes, José Joaquín (ed.): *Cantigas d' amor dos trovadores galego-portugueses*. Coimbra: Imprensa da Universidade, 535-547.

O

Otero *Contribución léxico* Otero Álvarez, Aníbal (1964): «Contribución al léxico gallego y asturiano», *Archivum* (Oviedo), XIV, 233-249.

Otero *Contribución Diccionario* Otero Álvarez, Aníbal (1967): *Contribución al diccionario gallego*. Vigo: Galaxia.

Otero *Vocabulario Piquín* Otero Álvarez, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín*. Anexo 7 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade.

P

Payzal *Vocabulario* Payzal, Bernardo Vicente (1800c): *Vocabulario gallego-castellano*. Edición de Damián Suárez sobre o ms da *RAG*, en Antón Santamarina: *Dicionario de dicionarios da lingua galega: http://sli.uvigo.es/ddd/index.html* [Consulta: 18 de abril de 2019].

Parker *VCT* Parker, Kelvin M. (1958): *Vocabulario de la Crónica Troyana. Manuscrito gallego del siglo XIV nº 10.233 Bib. Nac. Madrid*. Salamanca: Universidad.

Pereda *Aportaciones* Pereda Álvarez, José María (1953): *Aportaciones léxicas y folklóricas al estudio de la lengua gallega*. Douro Litoral, 5ª série, VII-VIII, 19-52.

Pereira *Prosodia* Pereira, Bento (1697): *Prosodia in vocabularium bilingue, latinum et lusitanum digesta*... Eborae: ex Typographia Academiae.

Pereira *Thesouro* Pereira, Bento (1697): *Thesouro da lingua portugueza*. Évora: Tipografía da Academia.

Pintos *Vocabulario* Pintos Villar, Juan Manuel (c.1865): *Vocabulario gallego-castellano*. Ed. Margarita Neira e Xesús Riveiro. A Coruña: Real Academia Galega, 2000

Porto *Diccionario* Porto Rey, Francisco (c.1900): *Diccionario gallego-castellano de Francisco Porto Rey*. Edición de Mª Xesús Bugarín López e Begoña González Rei. A Coruña: Real Academia Galega, 2000.

R

RAG 1913-1928 Real Academia Galega (1913-1928): *Diccionario gallego-castellano* (A-CATIVO). A Coruña.

Reguera *Tradución* Reguera y Pardiñas (1840c): *Tradución de algunas voces, frases y locuciones gallegas, especialmente de agricultura al castellano*. Segundo a transcrición de José L. Pensado. *Cadernos de Lingua-RAG*.

REW Meyer-Lübke, Wilhelm (1972): *Romanisches etymologisches Wörterbuch*. 3 vols. Heidelberg: Carl Winter.

Rivas *Frampas I* Rivas Quintas, Eligio (1978): *Frampas, contribución al diccionario gallego*. Ceme: Salamanca.

Rivas *Frampas II* Rivas Quintas, Eligio (1988): *Frampas I, contribución al diccionario gallego*. Alvarellos: Lugo.

Rivas *Frampas III* Rivas Quintas, Eligio (2001): *Frampas II, contribución al diccionario gallego*. Obra inédita.

Roboredo *Centúrias* Roboredo, Amaro de (1623): *Centúrias. Porta de linguas ou modo muito accomodado para as entender publicado primeiro com a tradução Espanhola. Agora acrescentada a Portuguesa com numeros interliniaes, pelos quaes possa entender sem mestre estas linguas o que as não sabe* [...]. Lisboa: Pedro Crasbeeck.

Rodríguez *Diccionario 1854* Rodríguez, Francisco Javier (c.1854): *Diccionario gallego-castellano*. A Coruña: La Galicia.

Rodríguez *Diccionario* 1863 Rodríguez, Francisco Javier (1863): *Diccionario gallego-castellano*. A Coruña.

S

Sarmiento *Epistolario* Sarmiento, Martín (1732-1770): *Epistolario do P. Sarmiento*. Edición de Xosé Filgueira Valverde e Mª Xesús Fortes Alén. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 1995.

Sarmiento *Catálogo voces* Sarmiento, Martín (1746-c.1755): *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega*. Edición de J. L. Pensado Tomé. Salamanca: Universidad, 1973.

Sarmiento *Colección voces* Sarmiento, Martín (1746-1770): *Colección de voces y frases de la lengua gallega*. Edición de J. L. Pensado Tomé. Salamanca: Universidad, 1970.

Sobreira *Vegetables* Sobreira Salgado, Juan (c.1790): «Vegetables de Galicia» seguido dunhas «Retractaciones» e duns «Documentos justificativos de lanomenclatura botánica gallega». Edición de José L. Pensado Tomé (Opúsculos lingüísticos del siglo XVIII) Vigo: Galaxia, 1979, 241-267.

Sobreira *Papeletas* Sobreira Salgado, Juan (1792-1797): *Papeletas de un diccionario gallego*. Edición de José L. Pensado Tomé. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos, 1979.

Sobreira *Ensayo* Sobreira Salgado, Juan (1794): *Ensayo para la historia general botánica de Galicia, que deberá comprehenderse en el Diccionario o Glosario general de la lengua gallega.* Edición de José L. Pensado Tomé (Opúsculos lingüísticos del siglo XVIII) Vigo: Galaxia, 1974, 227-240.

T

Tato *Álvaro Pérez* Tato Plaza, Fernando R. (1999): «Glosario» en *Libro de notas de Álvaro Pérez, notario da terra de Rianxo e Postmarcos (1457)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 237-711.

TILG Santamarina, Antón (dir.), Ernesto González Seoane e María Álvarez de la Granja: *Tesouro Informatizado da lingua galega (versión 4.1)*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega: *http://ilg.usc.es/TILG/* [Consulta: 18 de abril de 2019].

TLIO Beltrami, Pietro G. (1997-2013): *Tesoro della lingua italiana delle origini* (*TLIO*): *http://tlio.ovi.cnr.it/TLIO/* [Consulta: 18 de abril de 2019].

TLPGP Álvarez, Rosario (coord.): *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega: *http://ilg.usc.es/Tesouro/* [Consulta: 18 de abril de 2019].

TMILG Varela Barreiro, Xavier (dir.) (2004-): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Instituto da Lingua Galega: *http://ilg.usc.es/tmilg* [Consulta: 18 de abril de 2019].

V

Valladares *Diccionario* Valladares Núñez, Marcial (1884): *Diccionario gallego-castellano*. Santiago de Compostela: Imp. Seminario Conciliar.

Valladares *Suplemento* Valladares Núñez, Marcial (1896-1902): *Nuevo suplemento al Diccionario gallego*-castellano publicado en 1884 por D. M. Valladares Núñez. Edición de Mª Carme García Ares, en Anexo 4 dos *Cadernos de Lingua*. A Coruña: *RAG*, 2000.

Vasconcellos *Ajuda* Vasconcellos, Carolina Michaëlis de (1920): «Glossário do *Cancioneiro da Ajuda*», *Revista Lusitana* 23, 1-95.

VHCPM Cunha, Antônio Geraldo da, Ivette M. Savelli e Laura do Carmo (coords.) (2007): *Vocabulário Histórico-Cronológico do Portugués Medieval: versão 1.0*. [Rio de Janeiro:] Fundação Casa de Rui Barbosa. Ministerio da Cultura [ed. CD-Rom].

Viterbo *Elucidário* Viterbo, Joaquim de Santa Rosa de (1966): *Elucidário das palabras, termos e frases que em Portugal antigamente se usaram e que hoje regularmente se ignoram*. 2 vols. Porto: Libraria Civilização.

Vozes gallegas Anónimo (1845): «Vozes gallegas», edición de José Leite de Vasconcellos, vol. VII, fascículo 3, 198-229.

VOLGa Real Academia Galega: *Vocabulario ortográfico da lingua galega: http://www.realacademiagalega.org/recursos-volg#index.jsp* [Consulta: 18 de abril de 2019].

Apéndice Eladio VV.AA (1961): *Apéndice ó Diccionario enciclopédico gallego-castellano* de Eladio Rodríguez González. Vol. 3. Vigo: Galaxia.

5 Estudo do léxico: A-Z

A

abeto → **[2.4 ORNAMENTOS LITÚRXICOS]**

s.m. (do lat. HĂBĬTU-) 'hábito, roupa que visten as persoas que pertencen a unha orde relixiosa ou que, logo de faceren unha promesa, a levan por devoción'.

◦ **Abeto** (7): "et me vistan enno *abeto* do sennor san Françisco, et non tome njnguno loýto por mjn", López *Estudo crítico-históricos*, s/d. [Santiago de Compostela] (A Co), doc. X, OR.; "Et mando meu corpo enterrar eno moesteyro de san francisco de Santiago ante o meu moymento, que esta ante a porta da sanxpistania, em esta guisa que me lancen vistida eno *abeto* de san francisco", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1395-[abril-29. Santiago de Compostela] (A Co), doc. XXXIV, OR.; "E mando / o meu corpo antes de eu seer finada seer vestida eno *abeto* de San Françisco", Comesaña *Camiño*, 1419-xullo-23. [Pontevedra], doc. 3, COP.; "Et mando levar sobre min tres varas de panno tinto e que me metan enno *abeto* de San Domingo", García Oro *Viveiro*, 1421-abril-7. Viveiro (Lu), doc. 41b, OR.; "Iten mando... rogue a Deus por la miña alma dozentos mrs vellos para un *abeto*", *Col. doc. históricos*, 1435-[setembro-10. A Coruña], vol. I, doc. X, COP.; González Garcés *A Coruña*, 1435-setembro-10. A Coruña, COP.; "Item mando a frey Lopo da Crus [o meu] *abeto* nouo et me rese dous salteyros con sua letania", Graña *Vilourente*, 1453-agosto-24. [Vilamor. Mondoñedo] (Lu), doc. 270, OR.

◦ **Abito** (6): "mando que antes de meu pasamento me vistan el *abito*", López Carreira *cidade Ourense*, s/d. [Ourense], Docs. I. Testamentos, doc. 23, OR.; "pagen o dyto *abito* al frayre", López Carreira *cidade Ourense*, Docs. I. Testamentos, s/d. [Ourense], doc. 23, OR.; "mando a sta. Crara a abbadesa et ao conuento quanta herdade ey en Caçofreyto se me deren o *abito* et me soterraren", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1348-[xuño-9. Santiago de Compostela] (A Co), doc. XXXII, OR.; "Et mando meu corpo soterrar eno moesteyro de sta. clara da cidade de Santiago dentro ena iglesia do dito moesteyro; et mando que me metan eno *abito* semellauel ao *abito* das donas do dito moesteyro et que dentro e no corpo da dita iglesia me den sepultura qual uiren meus conpridores que he conuenauel", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1348-[xuño-7. Santiago de Compostela] (A Co), doc. XLI, OR.; "…et mando que me metan eno *abito* semellauel ao *abito* das donas do dito moesteyro et que dentro e no corpo da dita iglesia me den sepultura qual uiren meus conpridores que he conuenauel", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1348-[xuño-7. Santiago de Compostela] (A Co), doc. XLI, OR.; "a frey Fernando que me escrivyo este testamento quareenta morabedis para huun *abito*", Vaquero *Celanova*, 1348-outubro-22. Ourense, vol.1, doc. 140, OR.

◦ **Habito** (4): "...que me vistan un *habito* e panos do más pobre frade professo que ouver en esse moesteiro", Pardo de Guevara *Condes Lemos*, 1337-abril-27. [Ourense], doc. 14, OR.; "Item mando que dian a frey Gundisaluo yans çen maravedis pra hun

habito", *Col. doc. históricos*, 1435-[setembro-10. A Coruña], vol. I, doc. X, COP.; "E outros çen maravedis a frey Gundislauo dias pra outro *habito*", *Col. doc. históricos*, 1435-[setembro-10. A Coruña], vol. I, doc. X, COP.; González Garcés *A Coruña*, 1435-setembro-10. A Coruña, COP.

◦ **Abyto** (3): "Item mando que vistan o meu corpo enno *abyto* de san Françisco", Lucas&Justo *Fontes USC*, 1434-setembro- 23/outubro-6. Santiago [de Compostela] (A Co), doc. 296, OR.; Lucas *Dous documentos*, 1434-setembro- 23/outubro-6. Santiago [de Compostela] (A Co), doc. II, OR.; "Yten mando que me vystan en lo *abyto* de San Françisco", Barral *A Coruña*, 1497-novembro-3. [Alvedro-Almeiras] Culleredo (A Co), doc. 33, OR.

◦ **Ábito** (1): "... e se me non soterrarem no *ábito* en sua casa non lles mando saluo C morabedís", Vaquero&Pérez *Catedral Ou*, 1294-agosto-30. Ourense, doc. 688, OR.

◦ **Hábito** (1): "Primeyramente, mando a mia alma a Deus, que a conprou pelo seu precioso sangue e á sua madre Santa María, e escolo mia sepultura eno mosteyro das donas de Santa Clara d'Alariz, e que suterren meu corpo alí cabo Gunçaluo Eanes, meu marido que foy, e eno *hábito* de Santa Clara", Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1303-xullo-11. [Allariz] (Ou), vol. I, doc. 42, OR.

O termo hábito, referido ao vestiario, fai referencia á vestimenta que levan os membros seguidores dunha comunidade relixiosa. Segundo apunta Bernis (1979: 94), na segunda metade do século XV e principios do XVI, tamén denominou un dos traxes femininos máis comúns de poñer por riba. Con todo, neste caso, nos exemplos que manexamos, extraídos dos testamentos de nobres galegos –María Vázquez, Tareixa Sánchez de Gres, Maior Fernández, María López, Elvira Pérez, Pedro Fernández de Castro, Afonso Fernández Cejas, Álvaro de Castenda, Gonzalo Fernández de Cardoso, Pedro Pardo de Cela, Martiño Fernández e Roi Fernández Sasido- esta voz emprégase como 'hábito dos monxes'; tal é o caso do rexedor coruñés Afonso Fernández de Cejas, que deixa no seu legado testamentario dous hábitos para dous membros da comunidade relixiosa; noutros casos, fai referencia ás 'roupas coas que desexaban ser enterrados' estes membros da sociedade galega do medievo', que eran propiamente hábitos de congregacións relixiosas, en razón da devoción que lles profesaban aos santos. De feito, Bejarano Rubio (1990: 41) explica que as ordes relixiosas e o clero adoitaban dispoñer nos seus testamentos que querían ser enterrados cos seus hábitos relixiosos. No caso da poboación civil, que en ocasións manifestaba a súa vontade de ser enterrada con hábito no canto de mortalla, como se declara nalgúns dos nosos exemplos, a elección do hábito relixioso estaba motivada pola devoción do defundo ás ensinanzas ou doutrinas das ordes relixiosas distribuídas nos diferentes conventos próximos ao lugar de residencia do testador, pero tamén por querer gañar indulxencias que as ordes dispensaban a cambio dunha esmola, coa que se compraban estes hábitos; deste mesmo uso do hábito entre os devotos fala Viterbo (1966: 111, vol. II). Con respecto a esta **vestimenta**, (*vid. s.v.*) Vinyoles (1989: 467) explica que os hábitos elixidos para o enterramento nunca eran novos e adoitaban mercárselle a un frade dun convento escollido, o cal, na maior parte dos casos, significaba a vontade de ser enterrado no cemiterio conventual, lugar onde algúns dos frades se encargaban de velar o cadáver e o convento. Amais do pagamento do enterro, estes recibían legados para a mesa, obras, misas e esmolas.

A xulgar polo contido destes exemplos, a orde de San Francisco debeu de ser unha das máis veneradas por elixiren varios nobres as roupaxes desta congregación para o momento da morte. Entre eles está o mariscal Pero Pardo de Cela, que parece que viu na orde franciscana o ideal da humildade. Núñez Rodríguez (1987: 73) fai fincapé na *devotio* cara aos

santos de recente canonización[48], aos cales se lles supuña unha maior eficacia taumatúrxica como interlocutores privilexiados de Deus.

No relativo aos tecidos cos que eran elaboradas estas pezas (*vid. s.v.* **peça**), dado que profesaban a sobriedade, confeccionábanse de teas bastas e grosas e tamén de la (*vid. s.v.* **laan**). Guadalupe Beraza (2006: 197) explica que o **burel** (*vid. s.v.*), de moi baixa calidade, marrón escuro ou gris era propio de labradores e pastores e, tamén, das ordes mendicantes para a elaboración dos seus hábitos.

Con respecto ao hábito de San Francisco, o máis citado nas nosas concordancias e tamén nos testamentos casteláns do século XV (Núñez Rodríguez 1987: 74), era, e segue sendo, de cor marrón escura; tiña forma de T e levaba un **cordón** (*vid. s.v.*) ou **cinta** (*vid. s.v.*) que se cinguía á cintura; os seguidores de Santo Agostiño eran enterrados co hábito negro, os da orde dos dominicos, indumentaria elixida por un elevado número de nobres galegas (Rodríguez Núñez e Díaz Tie 1989: 309), en branco e os seguidores dos carmelitas, en castaño.

****

No ámbito galego, documentamos esta voz dende o século X. Un texto escrito en latín procedente da provincia de Pontevedra ofrece o seguinte contexto: «ad ipsum monasterium ad vsum & servitum Deo servientium in *habitu* sanctae religionis & regula s. Benedicti... scilicet medietatem de… » (916) –*CODOLGA*. En textos escritos en romance a primeira atestación data da segunda metade do século XIII, en que se cita a forma abito nas cantigas marianas (1264-1284): «E foi -ss ' hu eran os frades | e seu *abito* pediu, || e contou -lles quanto vira; | e cada un escriviu || o dia en que dissera | a Virgen que morreria» -*TMILG*. Uns anos despois, na *Cr. Gal* (1295-1312) localizamos diferentes variantes gráficas desta voz (abito, auito, auyto): «Et muytos delles, que alo forõ cono abade, tomarõ *abito* temperado, qual cõvijna a caualeyro, et ficarõ y por defensores»; «Et, quando ouue de morrer cõtoullj sua fazenda toda en confessõ et rrogoullj que por amor de Deus que o metesse en *auito* de Çistel, en que prometera de morrer, et que o leuasse ao moesteyro de Poblete» e «Et esta jnfante dona Tareyia, poys que foy cõ el rey dõ Afonso, seu yrmão, tomou *auyto* de mũia, ca nõ quiso outro, [et] esta uida fezo depoys» -*TMILG* e *DDGM*. A estas variantes cómpre engadirlles as inventariadas neste estudo, que produto da vacilación gráfica que existiu no medievo entre as vogais (*i*, *j* e *y*) e *h*, dan lugar a este abano de formas: hábito/habito, ábeto e ábito/abito/abyto. No territorio portugués, amais das cantigas profanas, localizamos varios testemuños desta voz no século XV. Por exemplo, na prosa documental pertencente ao mosteiro portugués de Santa Maria da Vitória do século XV recóllese: «…se faça serujço a deus a qual de fecto ja mandamos começar a par da canueira porque segundo deus e uerdade os frades pregadores da hordem de sam domjngos som muj deuotos em ella assy por as suas obras como pello *abito* que de suas mãaos receberam e som outrossy merecedores de todo bem» -*CP 1300S-1900S*.

No galego moderno, na escrita, o *TILG* ofrece atestacións desta voz dende comezos do século XIX, en concreto, no ano 1814, en que Pardo de Andrade no panfleto *Os servís e os liberás* recolle un uso metafórico: «Tamén o son, porque esconden co *hábito* de humildade ua soberbia do demo». Ao longo deste século, a forma vai convivir con hábeto, con vacilación vocálica, que paulatinamente vai ir perdendo protagonismo a favor da forma estándar. En concreto, os 736 casos que ofrece este tesouro, repártense entre 308 obras diferentes, malia que non todos os exemplos fan referencia á 'indumentaria relixiosa'. Se analizamos a presenza desta voz por franxas cronolóxicas comprobamos como este termo vai

[48] Ademais de San Francisco, podemos citar a San Eloi, San Domingos, San Luis d'Anjou e Santa Clara, entre os máis venerados no ámbito peninsular.

incrementando o seu uso co paso do tempo. Tamén no *CORGA* esta voz ten unha representación alta, de feito inventaríanse 367 exemplos.

Na documentación escrita en español este termo testemúñase aproximadamente unha década antes ca en textos galegos: na primeira metade do século XIII ofrécea Berceo na obra *Vida de Santo Domingo de Silos* (1236): «Plogo a los parientes, quando lo entendieron, | cambiáronli el *hábito*, otro mejo li dieron» -*CDH*, *CORDE* e *DCECH*. Con todo, o *CE 1200S-1900S* non inventaria exemplos ata o século XIV. Na segunda metade do século XV o *DICTER* cita a Martínez de Burgos, quen ofrece hábito na obra *Repertorio premáticas y cortes* (1551): «Por ende, mandamos que se guarden las leyes y premáticas d'estos reynos que disponen sobre el *hábito* y tonsura decente que an de traer los de prima tonsura para gozar del privilegio ecclesiástico». Neste mesmo século tamén se recolle esta voz nun texto escrito en español no territorio aragonés pertencente á Cancelleria Reial (*DiCCA-XV*): «por sguart nuesto quj aquesto hauemos a coraçon dedes al dito Diego el | *habito* | de vuestro orden la promocion del qual sguardados sus meritos loables…». De por parte, no inventario de bens de Diego Carrillo de Mendoza (México) custodiado no Archivo General de Indias (Sevilla) cítase: «Vna venera de oro con el *háuito* de Santiago, guarneçida de diamantes, que vale çien pesos». Dende a súa orixe hábito conta con representación nos *corpus* manexados (*CREA*, que compila 2.129 casos e *CE 1200S-1900S*).

A lexicografía galega recolle esta voz unicamente en dúas obras adscritas á época premoderna (1863-1985). Trátase da obra enciclopédica Eladio *Diccionario* (1958-1961) e do Carré *Diccionario-Voc.* (1979) -*DD*. Con posterioridade, este termo reaparece nas obras de corte normativo publicadas a partir de mediados dos anos 80 do século pasado.

Nos repertorios do portugués rexístrase a entrada hábito dende comezos do século XVII, en que figura no Barbosa *Dictionarium* (1611) –*CLP*.

Ao obras lexicográficas do español tamén achegan este termo en todas as obras dende finais do século XV, en que Nebrija no *Vocabulario español-latino* (1495) recolle a forma abito -*NTLLE*.

Na actualidade o hábito é de uso exclusivo para os membros das congregacións relixiosas e, os tecidos en que se confeccionan, malia seren sinxelos, foron substituídos por teas de fibras sintéticas, moito máis cómodas e funcionais.

Cfr. s.v. **[almática]**, **alua**, **amjto**, **casula**, **[cotibaldo]**, **[cugulla]**, **estola**, **manipulo**, **mitara** e **ornamento**.

Hábito franciscano custodiado na basílica de San Francisco de Asís (Umbría, Italia)[49]

[49] En liña en: *http://www.franciscano.org.br/v3/pages/texto.php?id=427* [Consulta: 18 de abril de 2019].

abito *s.m. vid. s.v.* **abeto** → **[2.4 ORNAMENTOS LITÚRXICOS]**

ábito *s.m. vid. s.v.* **abeto** → **[2.4 ORNAMENTOS LITÚRXICOS]**

abyto *s.m. vid. s.v.* **abeto** → **[2.4 ORNAMENTOS LITÚRXICOS]**

açintillado → **[3.3 ELABORACIÓN]**

adx. (der. de *cinta* < do lat. CINCTA-, feminino de CINCTUS 'cinto') 'acintillado, que vai adornado con cintas ou franxas'.

> ◦ **Açintillado** (1): "Outra sabaa de boo lenço *açintillado* con súas výas cár|denas", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

É moi escasa a información coa que contamos sobre este adxectivo que aparece citado no inventario da Catedral de Ourense. Localizámolo referido a unha saba (*vid. s.v.* **[sabaa]**), posiblemente destinada a decorar e cubrir o altar, que vai «*açintillado* con súas výas cár|denas», é dicir, decorada con listas ou raias de cor morada.

Segundo se apunta no Gual *Voc. comercio* (*s.v.* viado) as raias dos panos denomináronse vías ata o século XV, en que foron substituídas polo termo listas. A propósito da orixe destes panos (*vid. s.v.* **pano**), Pastoureau (2005: 16) explica que apareceron na indumentaria da man da orde dos carmelitas, que portaron unha capa raiada, normalmente branca ou marrón, pero en ocasións podía ser branca e negra. Con todo, estes hábitos (*vid. s.v.* **abeto**) bicromos foron prohibidos en varios sínodos diocesanos e concilios como, por exemplo, no Concilio de Viena do ano 1311. Ademais, na sociedade laica os costumes, as leis e os regulamentos prescribiron a vestimenta listada a determinadas categorías de réprobos ou excluídos, como prostitutas, verdugos, xograres e bufóns (Martínez Meléndez 1989: 234).

****

No dominio galego non documentamos esta voz nos repertorios consultados (*DDGM* e *TMILG*); polo tanto propoñemos como atestación máis temperá finais do século XV, data en que se inscribe o noso exemplo. Tampouco detectamos no portugués este adxectivo, nin no *CP 1300S-1900S* nin no *VHCPM*.

A ausencia de contextos desta voz tamén a temos no galego moderno (*CORGA* e *TILG*), no cal non rexistramos ningunha ocorrencia.

A propósito do español, este tampouco ofrece ningunha mostra da presenza deste termo nos *corpus* consultados (*CDH*, *CE 1200S- 1900S*, *CorLexIn*, *CORDE*, *CREA*, Gual *Voc. Comercio*, DiCCA-*XV* e *DICTER*).

Nos repertorios lexicográficos do galego, portugués e español tampouco temos mostra deste adxectivo co significado que nos ocupa.

A día de hoxe os tecidos adornados con listas forman parte dos enxovais (*vid. s.v.* **axuar**) persoais, tanto de homes coma de mulleres, e domésticos.

Cfr. s.v. **bordado**, **enforrado**, **[gornjçido]**, **[laurado]**, **orillado** e **rraso**.

Miniatura con xograres vestidos con indumentaria listada[50]

[agulloa] → **[2.3 COMPLEMENTOS]**

s.f. (aumentativo de *agulla* < do lat. vulgar *ACUCŬLA-, diminutivo de ACU- 'agulla') *'agullón - s.m.*- peza de metal, de forma semellante a unha agulla grande, que acaba en punta nun dos extremos e ten unha cabeza no outro, utilizada para suxeitar ou adornar o cabelo'.

> ◦ **Agulloas** (2): "...duas *agulloas* que tẽ Martin Lourenço de Çerredo", Maia *História galego-português*, 1348-[xullo-22. Dozón] (Ou), doc. 71, OR.; "deuo sobrelas dõas de gargãta hũ mr. τ pelas *agulloas* | deuo tres dineyros...", Maia *História galego-português*, 1348-[xullo-22. Dozón] (Ou), doc. 71, OR.

Entre as pezas do enxoval persoal que se citan no testamento de María Fernández, destacan «dúas *agulloas*» moi posiblemente utilizadas para pór no cabelo sexa como elemento decorativo, sexa para suxeitalo. O termo *agulla* é aplicado a aqueles obxectos que presentan unha forma alongada cun estremo en punta; se o seu tamaño é maior adoita falarse de agullón.

No mundo romano algunhas mulleres xa contaban cunha *acus crinalis* ou alfinete destinado a suxeitar o cabelo para mantelo recollido. Daquela realizábase en óso, bronce ou marfil e podía ser oco polo medio para conter perfume no seu interior. As *aci* romanas tiñan unha forma moi semellante á que debían ter os agullóns dos nosos exemplos: un corpo alongado en forma de fuso con extremo afiado e unha cabeza que podía ser lisa ou ir decorada con motivos xeométricos ou figurados (serpes, mans e bustos femininos, entre outros). En Roma, estas pezas eran empregadas para aplicar tinguiduras, cosméticos, moldear, cardar, alisar, enrolar ou rizar os cabelos. Ao lado deste alfinete estaba o *acus discriminalis*, que servía para separar os cabelos no peiteado[51]. Un dos exemplares romanos conservado é o de Los Bañales de Uncastillo (Zaragoza), elaborado con óso de bóvido, posiblemente entre os séculos II e III d. C., que conta con 9 cm de longo, 0,3 cm de ancho de *agulla* e 1,7 cm de ancho na parte superior e vai decorado cunha cabeza antropomorfa feminina que evoca as mulleres romanas das clases máis altas, como se amosa na segunda imaxe ofrecida nesta entrada (Andreu Pintado 2013: 119-120).

[50] En liña: *https://es.pinterest.com/pin/549228117027819786/* [Consulta: 18 de abril de 2019].
[51] En liña: *http://domus-romana.blogspot.com.es/2014_11_01_archive.html* [Consulta: 18 de abril de 2019].

Dos agullóns dos nosos contextos non temos información, pero podemos supoñer que eran de **prata** (*vid. s.v.*), dourados ou mesmo elaborados de bronce e tinguidos en ton áureo. Posiblemente levasen algún motivo decorativo esmaltado no extremo ou algunha pedra preciosa, coma o coral, acibeche etc. para adornalo. Con posterioridade, este tipo de alfinetes utilizáronse para suxeitar os sombreiros (*vid. s.v.* **chapeu**) e como broche para a **roupa** (*vid. s.v.*), en xeral con uso decorativo.

A existencia destes complementos femininos debeu ser xeral en todo Europa. De feito, no tesouro de Varna (Bulgaria) cítanse dúas pequenas esferas, que posiblemente fosen *agullas* para o cabelo (Fresneda González 2013: 254). No ano 1662 entre o enxoval (*vid. s.v.* **axuar**) do comerciante burgués Pierre de Lartigue cítase unha *agulla* de prata; xa no século XIX, Rodríguez Collazo (2011: 16) inventaría unhas *agullas* de metal e ametista, destinadas a suxeitar os sombreiros ao desaparecer as capotas anoadas con cintas (*vid. s.v.* **cinta**), custodiadas na sala XV (*Boudoir*) do Museo del Romanticismo de Madrid.

****

No ámbito galego non rexistramos exemplos desta voz, máis alá dos ofrecidos en ambos os contextos, do ano 1348, e inventariados tamén no *TMILG*. Polo tanto, as primeiras atestacións deste termo datan do segundo terzo do século XIV. No portugués, localizamos o plural agulhoos dende o século XV, en que está presente na obra *Paleographical edition of and old portuguese versión of the rule of Saint Bernard*: «dia tirara o nosso senhor as fremusuras todas das cabeças [...] E os mantooes e os ueeos E as *agulhoos* e espelhos e annees [...]» -*VHCPM*.

No galego moderno, na fala popular (*ALGa* e *TILG*), non documentamos a forma estudada. Na escrita o *TILG* ofrece un único caso da forma agullón, pero cunha acepción diferente da estudada. Para o noso significado a forma do galego moderno é *alfinete*, ofrecida neste repertorio xa dende o primeiro cuarto do século XIX. Posiblemente á 'peza de adornar e suxeitar o cabelo' se faga referencia nun texto publicado na revista *Nós* (nº 30, 15 de xuño de 1926): «O terceiro, se non houbera aparecido na compaña da fíbula de cabalo do <Castro de Sacoya>, i en <Riotorto> xuntamente cun torques i unha febilla, teríamos que considerá-lo coma da Edade do Bronce, pola súa semellanza con certos *alfinetes* da dita época procedentes de <Moravia> e por non ter punto de comparanza con cousa ningunha dos tempos do Ferro».

No español, localizamos a forma agujón co significado que nos ocupa, dende o segundo terzo do século XIX, en que se cita na obra de Cruz titulada *Descripción de la naturaleza de los terrenos que se comprenden en los Andes, poseídos por los peguenches y los demás espacios hasta el río de Chadileubu* (1828), para facer referencia a 'unha peza para prender unha capa': «Teniendo el cuerpo ya adornado así, se ponen la otra manta sobre los hombros a manera de capa, que llaman iquilla, y éstas las prenden sobre el pecho con un *agujón*, cuya cabeza es un círculo de plata estirada que llaman tupo» -*CDH* e *CORDE*. Da forma *aguylla* temos atestación dende finais do século XIII, en que se ofrece entre unhas anotacións curiosas da noite de vodas dunha infanzona: «fagan el leyto et ytenla, catando en los cabeyllos et en otros miembros si tiene *aguylla* o'tra cosa atal que pueda sacar sangre» -Gual *Voc. comercio*. No século XX, na novela de Pérez-Reverte titulada *El maestro de esgrima* (1988) recóllese o seguinte contexto: «Saltó don Jaime hacia atrás sin poder reprimir un grito de angustia. Ella había dejado caer el sombrero y empuñaba en la mano derecha el largo *agujón* con el que se lo sujetaba al cabello, dispuesta a clavarlo en la nuca del hombre que un segundo antes se hallaba postrado ante ella. Retrocedió el viejo maestro tropezando con los muebles de la habitación, sintiendo cómo la sangre se le helaba en las venas».

Os repertorios lexicográficos do galego ofrecen agullón dende finais da época premoderna (1863-1985), en que o recolle o Porto *Diccionario* (c. 1900) –*DD*. Os dicionarios publicados posteriormente, a partir de mediados dos anos 80 do século pasado, de corte normativo,

non ofrecen o termo estudado; por contra, para referirse ao obxecto definido o galego estándar conta coa forma *alfinete*.

De por parte, non rexistramos na lexicografía portuguesa a forma agulhó nin agulhão. Con todo, localizamos o lema *alfinete* en varios repertorios; no Bluteau *Tabla* (1721) e no Bluteau *Diccionario castellano* (1721) indícase que é sinónimo de «alfiler» -*CLP*.

Nas obras lexicográficas do español, agujón está presente dende comezos do século XVIII, en que figura no *Diccionario nuevo de las lenguas española y francesa* (1705) da autoría de Sobrino -*NTLLE*.

Na actualidade estas pezas para poñer no cabelo reciben o nome de *alfinetes* e seguen sendo utilizadas polas mulleres como adorno para o cabelo e mesmo como broche.

Agullas e agullóns romanos[52]

***Acus crinalis* romano atopado na excavación de Los Bañales (Uncastillo, Zaragoza) (Andreu Pintado 2013: 121)**

ajuar *s.m. vid. s.v.* **axuar** → **[1 O ENXOVAL: XERAL]**

[alcatiffa] → **[4.1 ROUPA DO LEITO]**

s.f. (do ár. *qaṭîfa* –*DCECH*, *s.v.* alcatifa, vol. I) 'alfombra, tecido de la ou seda fino, bordado con diversos motivos de cores utilizado para decorar o chan'.

> ◦ **Alcatiffas** (1): "Tres *alcatiffas* vellas, | VI pano de óeo de sargo colorada ferrada en lenzo", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

Entre os obxectos inventariados no reconto da catedral ourensá cítanse «tres *alcatiffas* vellas» que formaban parte das pertenzas do templo. Estas pezas dende a súas orixe tiveron unha función decorativa, como afirma González Mena (1994: 60).

[52] *Ibidem*.

Partearroyo Lacaba (2008: 370 a 372) explica que España foi un dos primeiros países europeos que utilizou a alfombra anoada, de orixe oriental, coñecida na Península Ibérica a través dos musulmáns. Existiron varias técnicas na súa elaboración asociadas a diversos talleres que eran coñecidos polas súas técnicas de anoado (nó de Shena, nó de Ghiordes ou nó español). A autora mencionada indica que as pezas se realizaban nun tear de alto lizo, formado por dúas zapatas ou pés verticais que se fixaban ao chan ou á parede do taller e sostiñan horizontalmente dous cilindros xiratorios de madeira, chamados *pregadores*; no superior envolvíase a urda e, no inferior, a alfombra a medida que se ía tecendo. Na parte alta colocábase o igualador, que consistía nunha vara cunha serie de cravos formando un peite, entre cuxas púas pasaban grupos de dous fíos para igualar a separación das fibras de urda e que resultase un tecido uniforme. Os lizos eran os fíos que, atados a unha barra, servían para separar os fíos pares ou impares da urda e, deste xeito, por un movemento do pau do lizo ou barra, separábanse uns dos outros e facilitábase o paso da trama que ligaba o tecido. Con respecto ao nó español, temos que destacar que o coñecemos dende o século XII ao conservárense fragmentos de alcatifas, aparecidos na escavacións de Fostat (Cairo), custodiados no The Textile Museum de Washington. Amais, sabemos que foi empregado nos talleres de Alcaraz, Liétor e Letur, de onde saíron pezas durante o medievo. A eles temos que engadir os talleres situados en Cuenca, cuxa confección se prolongou ata mediados do século XVII.

A propósito do material empregado para a elaboración das alfombras na Península Ibérica, destaca a la (*vid. s.v.* **laan**) de ovella, pero cando eran hispanomusulmás podían elaborarse en **seda** (*vid. s.v.*) con cores diversas e levar bordados (*vid. s.v.* **bordado**) heráldicos ou vexetais. A alcatifa máis antiga da que temos noticia data dos séculos IV e III a.C. e leva unha rica ornamentación. De por parte, no inventario da raíña Xoana «a Tola» cítase: «Una alfombra grande turquesca que vino de Granada, que tenía en el medio una rueda grande y el campo de seda colorado y tenía a los cornejales unos lazos moriscos y por las orillas unos lazos, el uno de letras moriscas y tenía de largo seis baras y una cuarta» (Partearroyo Lacaba (2008: 373).

****

No territorio galego o testemuño máis temperán deste termo é precisamente o exemplo que ofrecemos. Por contra, no portugués documentamos a presenza de alcatifa dende o século XV, en que se cita na obra de Álvares titulada *Trautado da vida e feitos do muito vertuoso sor ifante D. Fernando*: «A cama era de fundo duas peles de carneiros com sua laã e, sobre elas, huũ pedaço d*alcatifa* velho» -*VHCPM*. Nese mesmo século figura na obra *Os primeiros 14 documentos relativos á armada de Pedro Álvares Cabral* (1499-1500): «O capitam quando eles vieram estava asentado em hũua cadeira e hũua *alcatifa* aos pees por estrado e bem vestido com hũu colar d'ouro muy grande ao pescoço» -*CP 1300S-1900S*.

Con respecto ao galego moderno, escrito, o *TILG* compila 5 contextos deste termo, repartidos en 5 textos diferentes, todos eles adscritos ao século XX. Na obra titulada *Poesía gallega completa*, editada por Ferreiro no ano 2001 e na cal se ofrecen textos pondalianos, recóllese: «Cómaro verde, garrido e ledo, por onde saltan fríxidas augas, que de si, ufano, con doce gracia, nos encomenzos da estación prácida, como *alcatifa*, rica e preciada, mil margaridas mostra espallada». A xulgar polos casos localizados, semella ser unha voz cun uso escaso nos textos escritos en lingua galega; de feito, o *CORGA*, en liña coas achegas ofrecidas polo *TILG*, só recolle un exemplo.

O español ofrece esta voz dende o último cuarto do século XIV. Entre os anos 1381 e 1418 está presente na obra anónima titulada *Sevillana medicina de Juan de Aviñón*: «y en el tiempo frio escalentar la casa con mucha ropa: con mantas de pared & *alcatifas*» -*CDH* e *CORDE*. Martínez Ruiz

(1971: 45) no *Inventarios de bienes moriscos del reino de Granada (siglo XVI)* cítase esta voz dende o ano 1562: «una *alcatifa* de lana peluda e un lehaf». Ao repararmos nas ocorrencias ofrecidas polo *CDH* e *CORDE* comprobamos como no século XVII diminúe o seu uso nos textos escritos e, de feito, o *CREA* unicamente vai dar conta de 2 rexistros, ambos os dous pertencentes ao ano 1992.

A lexicografía galega dá conta da voz alcatifa dende a época premoderna (1863-1985), en que figura unicamente no *RAG 1913-1928* co significado que nos ocupa -*DD*. Con posterioridade, os dicionarios publicados a partir dos anos 80 do século XX non van ofrecer este lema entre as súas entradas, pero como forma sinónima propoñen *alfombra*.

A propósito dos repertorios lexicográficos do portugués, estes achegan esta voz dende o segundo terzo do século XVI, en que se recolle como entrada no Cardoso *Dict. ex lusitanico in latinum* (1562-1563) –*CLP*.

Nas obras lexicográficas do español ofrécese alcatifa dende o último terzo do século XVI, cando a recolle o *Vocabulario de las dos lenguas toscana y castellana* (1570) de Casas –*NTLLE*. A partir deste momento vai figurar en todos os dicionarios e vocabularios publicados.

A voz alcatifa foi substituída na lingua galega estándar polo termo *alfombra*.

Cfr. s.v. **tapete**.

Alfombra tipo Holbein elaborada nun taller de Alcaraz (Albacete) na segunda metade do século XV e custodiada no convento de Santa Clara de Medina de Pomar (Burgos)[53]

alfámar → **[4.1 ROUPA DO LEITO]**

s.m. (do ár. *al-hamal* 'tapete para cubrir un banco', 'alfombra', 'peza de roupa usada', que toma como base o antigo portugués *alfámbar* 'cobertor' –Neuvonen 1941: 104). Para un estudo sobre as diversas grafías que presenta esta voz *vid.* Varela Sieiro 2003: 159, *s.v.* alfamares) podería tratarse dunha 'alfombra ou dunha colcha ou cobertor para cubrir o leito'.

> ◦ **Alfámar** (3): "et hũa | colcha de sirgo et hun *alfámar*", Lorenzo *Montederramo*, 1313-novembro-2. Ourense {1313-outubro-12}, vol. II, doc. 774, OR.; "hun almadraque

[53] En liña: *http://www.diariodeburgos.es/noticia/Z20616057-01FD-4DC4-B182C580FBED6282/20150529/secreto/mejor/guardado/santa/clara* [Consulta: 18 de abril de 2019].

pequeno et hun chumaço et hun *alfámar*", Lorenzo *Montederramo*, 1313-novembro-2. Ourense {1313-outubro-12}, vol. II, doc. 774, OR.; "et hun *alfámar* usado", Lorenzo *Montederramo*, 1313-novembro-2. Ourense {1313-outubro-12}, vol. II, doc. 774, OR.

◦ **Alfanbre** (3): "Jten lle mando | máys dos cabeçás e hun *alfanbre* e hun par | de savans", Lorenzo *testamentos*, 1497-setembro-4/novembro-1. [Cee] (A Co), COP.; "Jten diso que | mandava a Joán de Loalo hun cabeçal e hun *al|fanbre*", Lorenzo *testamentos*, 1497-setembro-4/novembro-1. [Cee] (A Co), COP.; "Iten lle mando mays dos cabeças e huun *alfanbre* e huun par de sabaas" García Oro *Diego de Muros III*, 1497-setembro-4. Cee (A Co), doc. 23, COP.

◦ **Alfamete** (2): "Iten, preçaron huun *alfamete* mediado e hua saya vella de morilla en çento e viinte maravedis", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1474-[setembro-14. San Miguel de Cabanas. A Baña] (A Co), doc. XIII, OR.; "...hun colchón gordo d'estopaço e hun par de sabaas d'estopaço en hun *alfamete* e hua manta d'abeon", Bouza-Brey *Vilagarcía*, 1504-[agosto-13. Vilagarcía de Arousa] (Po), OR.

◦ **Alfamare** (1): "It. mando... hua colcha et hun panal et huun *alfamare* et duas almadraquias", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1395-[abril-29. Santiago de Compostela], doc. XXXIV, OR.

◦ **Alfambre** (1): "Iten diso mandava a Juan de Loalo huun cabeçal e huun *alfambre*" García Oro *Diego de Muros III*, 1497-setembro-4. Cee (A Co), doc. 23, COP.

◦ **Alfamer** (1): "enna cama dos ommes et hun *alfamer* de paaço et hua manta branqua", Cal *Mondoñedo*, 1373-abril-2. Santiago [de Compostela] (A Co), doc. 115, COP.

◦ **Alffamarre** (1): "mando y conmigo vn ffeltro et vn *alffamarre*", Lorenzo *Montederramo*, (1350-1353) [Montederramo] {1348- outubro-7} (Ou), vol. II, doc. 1287, OR.

◦ **Alfamares** (3): "Item mando ao abbade desse moesteyro toda a (...) | (...)tos *alfamares*", Maia *História galego*-português, 1299-[maio-10]. Pontevedra, doc. 114, OR.; "Outrossy mando esta mia cama assy como iaz con sous panos et con suas cortinas et ceo et con sous *alfamares* et con los outros destalos que eu trago comunalmente pela terra et con vn pano uerde et un tapete sen bançaes", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1326-[xaneiro-5. Mondoñedo] (Lu), doc. LXXI, OR.; "...et duas cribas et dous *alfamares*", López Carreira *Fragmentos*, 1459-marzo-20. [Ourense], doc. D40a, OR.

◦ **Alfámares** (1): "et quatro *alfámares* nouos", Lorenzo *Montederramo*, 1313-novembro-2. Ourense {1313-outubro-12}, vol. II, doc. 774, OR.

◦ **Alffamares** (1): "...e ua boa tinala e X uaras de broneta e ua tinala de Puga e II *alffamares* moy boos", Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1303-xullo-11. [Allariz] (Ou), vol. I, doc. 42, OR.

◦ **Alffameres** (1): "Item mando a minna cama con seus cabeçaes et *alffameres* et destallos", Portela *Lugo XIV*, 1342-agosto-26. [Lugo], vol. I, doc. 430, OR.

Nos testamentos masculinos de García González das Ribeiras de Sante, Martiño Eanes, Xoán Martíns, Gonzalo de Moscoso, Rodrigo de Sandoval e nos femininos de María López de Lemos, Tareixa Sánchez de Gres, Inés de Mendoza, María Vázquez e Catalina Gómez e no inventario de bens de Afonso Eanes cítanse as formas alfámar, alfamare, alfamer, alfamete, alffamarre, alfanbre e alfambre. A propósito da forma alfamar, Tato *Álvarez Pérez* indica que se trata dun castelanismo e xustifica esta afirmación ao ter en conta a asimilación *–mb- > -m-*, que é inusual no galego.

Con respecto ao significado co que conta esta voz nos nosos exemplos, resulta complicado saber con exactitude a que peza do enxoval (*vid. s.v.* **axuar**) da casa se refire. Con todo, pola serie de substantivos que acompañan a este termo podemos deducir que nalgúns dos casos se fai referencia a un 'tipo de cobertor destinado a cubrir o leito e servir de abrigo'. Referímonos aos contextos: «It. mando... hua colcha et hun panal et huun *alfamare* et duas almadraquias», «...hun colchón gordo d'estopaço e hun par de sabaas d'estopaço en hun *alfamete* e hua manta d'abeon» e «...hun colchón gordo d'estopaço e hun par de sabaas d'estopaço en hun *alfamete* e hua manta d'abeon». Noutras ocasións non o temos tan claro, pero podemos supoñer que se trataba dun 'tipo de alfombra ou tapiz de uso no cuarto', que podía ir destinado a poñer ante a cama, ben na parede, ben no chan: «Jten lle mando | máys dos cabeçás e hun *alfanbre* e hun par | de savans», «Iten diso mandava a Juan de Loalo huun cabeçal e huun *alfambre*» e «Outrossy mando esta mia cama assy como iaz con sous panos et con suas cortinas et ceo et con sous *alfamares* et con los outros destalos que eu trago comunalmente pela terra et con vn pano uerde et un tapete sen bançaes». A estes contextos cómpre engadir outros nos cales, pola pouca información proporcionada, non nos atrevemos a achegar un significado.

García Cuadrado (1993: 239) relaciona o termo estdudado coas pezas do leito; no Viterbo *Elucidário* (*s.v.* alfanbar, vol. I) tamén se define como «cobertor de papa, cobertor de lãa» e Rivas Quintas (1998: 580, *s.v.* alfamar) indica que se trata dun «cobertor ordinario». Con respecto á asociación desta voz cun 'cobertor encarnado', proposto pola Real Academia Española, Corominas e Pascual (*DCECH, s.v.* alhamar, vol. I) descartan esta afirmación por estar baseada nunha etimoloxía falsa *álhmar* 'encarnado, vermello'.

Nos nosos contextos non temos referencia ao material en que se elaboraban os alfamares, pero cando se empregaban como peza destinada ao leito adoitaban confeccionarse de la (*vid. s.v.* **laan**) –Viterbo *Elucidário*, *s.v.* alfanbar, vol. I. No medievo os tipos de materiais empregados na elaboración das pezas do leito determinaban a riqueza deste, de feito, entre os alfamares deixados en legado testamentario temos un pertencente ao bispo Gonzalo de Moscoso.

****

No dominio galego contamos coa presenza desta voz dende o século XIII. Nun documento, escrito en latín, pertencente ao tombo do mosteiro coruñés de Toxos Outos (1220) cítase: «mando unum rocinum de omne et meam coquinam et duos *alfamares* et tres coyrazas et unos mantiles…» - *CODOLGA*; con todo, Varela Sieiro (2003: 160) indica que posiblemente se trate dun tipo de cuberta, sexa alfombra, colcha ou cobertor, axeitada para as cabalgaduras. En textos en romance, tamén localizamos este termo no segundo terzo do século citado; nunha das cantigas marianas (1264-1284) contamos cos seguintes versos: «Ond'avẽo que un dia | furtou a hũa mesquinna || un *alfamar*, e vende-lo | foi a casa da Reynna» -*DDGM* e *TMILG*. Con todo, non localizamos a forma *alfamete*. No territorio portugués, rexistramos a forma alfanbar no testamento de Thereza Pires do ano 1267: «Et mando a mia mua, et unum rocinum, et meum Maurum, et rasum de plata, et meum lectum cum una cocedra, et duos chumaços, et unum faceiróó, et una colcha, et unum *alfanbar*» (Viterbo *Elucidário*, *s.v.* alfanbar, vol. I). En romance portugués, a atestación máis temperá data do século XII, ao citarse alfamar nos *Foros de Castelo Rodrigo* (a. 1188-1230): «…e.I. leyto con guenebe o con *alfamar* e.I. feltro e.I. cabeçal e.II. sauanas». Con posterioridade, na *Crónica geral de Espanha de 1344* figura o seguinte contexto: «E ẽna malhada d'Exaduva colhem muy o boo *alambar*» -*CP 1300S-1900S*.

No galego moderno, na escrita, o *TILG* achega un único contexto desta voz na obra de Risco titulada *Pr' o catálogo da léngoa galega* (1926): «*Alfamar* {Alamar, cobertor encarnado}».

No español o testemuño máis temperán de alfamar data do segundo terzo do século XII. Nun texto escrito en latín pertencente ao Cartulario do infantado de Covarrubias (Burgos), datado entre os anos 1159 e 1160, cítase: «Insuper ego Petrus Justi dono ad illam albergueriam tres boves et unum asinum et XXX cabeças inter capras et oves; et X porcos et V mantas et I *alfamar* et V plumaços et II liçares et II pares de manteles et dos cubas de sex palmos et dos cubas de V palmos et V carrales et I poçal et I tina et I caldera et II amalfigas» -*CORDE*, *DCECH* e Gual *Voc. comercio*. Poucos anos despois temos exemplos das primeiras atestacións en romance español. Por exemplo, na obra da autoría de Almerich titulada *La fazienda de Ultra mar* (c. 1200) recóllese o seguinte contexto: «E esta mugier cubriol con un *alfamar* e diol lech a bever e adurmios». Da forma alhamar rexistramos concordancias dende o século XV. Na obra anónima coñecida como *Libro de los pensamientos variables* (c. 1485) figura o contexto: «antes nos aconteçe muchas vezes que, venidos de nuestra lauor o del canpo, hallamos las mugeres llorando & las casas rrobadas, que ni sartén ni *alhamar* en ellas queda, porque los unos por los tributos, los otros por las monedas…» -*CORDE* e *DCECH*. No século XVII, no inventario de bens de Hernando Sánchez e Catalina Martín (La Alberca, Salamanca), do ano 1600, faise referencia a: «un *alfamar* alcantareño; es de Juan Sánchezi de su ermana» -*CorLexIn*. O último exemplo co que contamos data de finais do século XX, en concreto do ano 1992, cando se data a novela de Maqua titulada *Invierno sin pretexto*: «Y de un tirón Remedios levantó los *alhamares* de la cama y destapó a Lucía» -*CDH* e *CREA*.

A lexicografía galega dá conta da voz alfamare dende a época premoderna (1863-1985). Recóllese, coa acepción estudada, no *RAG 1913-1928*, Carré *Diccionario*[1] (1928-1931), Carré *Diccionario*[2] (1933), Ibáñez *Diccionario* (1950), Carré *Diccionario*[3] (1951), Eladio *Diccionario* (1958-1961), Franco Grande *Diccionario* (1972) e Carré *Diccionario-Voc.* (1979) -*DD*. No entanto, os dicionarios publicados a partir dos anos 80 do século XX non van achegan este termo entre os seus lemas.

As obras lexicográficas do portugués ofrecen esta voz como entrada dende a primeira metade do século XVIII, época en que se recolle no Bluteau *Diccionario castellano* (1721) –*CLP*.

Os repertorios lexicográficos do español achegan este termo dende finais do século XV, en que se recolle no *Vocabulario español-latino* (1495) de Nebrija; en total, son 54 obras as que achegan este substantivo. Con respecto á forma alhamar, esta rexístrase nos dicionarios dende o ano 1611, en que figura na obra de Rosal titulada *Origen y etymología de todos los vocablos originales de la Lengua Castellana* (1611); esta forma recóllese en 40 obras –*NTLLE*.

Este arabismo vinculado co enxoval doméstico na actualidade está en desuso e foi substituído por outros termos como son as *alfombras*, *cobertores* (*vid. s.v.* **cobertor**) ou *mantas* (*vid. s.v.* **manta**).

Cfr. s.v. **aliffaffe**, **almucella**, **cobertor**, **colcha**, **feltro**, **manta** e **tapete**.

Miniaturas da *CSM* nº 119 en que a cama está cuberta cun dobre alamar[54]

alfamare *s.m. vid. s.v.* **alfámar** → **[4.1 ROUPA DO LEITO]**

alfambre *s.m. vid. s.v.* **alfámar** → **[4.1 ROUPA DO LEITO]**

alfamer *s.m. vid. s.v.* **alfámar** → **[4.1 ROUPA DO LEITO]**

alfamete *s.m. vid. s.v.* **alfámar** → **[4.1 ROUPA DO LEITO]**

alfanbre *s.m. vid. s.v.* **alfámar** → **[4.1 ROUPA DO LEITO]**

alfayte → **[2.3 COMPLEMENTOS]**

s.m. (do ár. hispánico *alháyt* e este do ár. clásico *hayt* 'fío', 'colar' -*DRAE*) *'alfaite*, sarta de xoias ou obxectos de adorno feitos con metais valiosos ou con pedras preciosas'.

> ◦ **Alfayte** (1): "It. mando... as miñas doas de ouro et as miñas sortellas anbas et o meu *alfayte*", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1395-[abril-29. Santiago de Compostela] (A Co), doc. XXXIV, OR.

No testamento da nobre galega Tareixa Sánchez de Gres cítase entre as súas pezas do enxoval (*vid. s.v.* **axuar**) persoal un alfaite. Esta voz de orixe árabe, aínda que en desuso na actualidade, durante o medievo denominaba un 'conxunto de xoias, en xeral, enfiadas' (*DCECH*, *s.v.* alhaite, vol. I) ou tamén 'unha única xoia' (*vid. s.v.* **[joia]**). Unha definición algo máis ampla ofrécea Eguilaz y Yanguas (1970: 87) cando define alahi ou alahite como «unha especie de armella, manilla ó brazalete hecho de hilo, que es el primitivo y genuino significado del vocablo, en el cual se ensartaban, á modo de collar, perlas, aljófares, corales y otras piedras preciosas, y del cual pendían toda suerte de dijes y menudencias». Fernández Corral (2002: 558) indica que no hispano –árabe existen os *jaytes* 'colares compostos de pezas tubulares,

[54] Rodríguez Peinado (2011: 367).

abellotadas ou esféricas que se chamaban *tutes*' e 'outras pezas de diversas formas, coñecidas como *alcorcíes* e *candís*'. Foi un complemento moi frecuente no período nazarí, que se mantivo entre os mouriscos granadinos e, na actualidade, é unha peza tradicional da Maragatería (León) e da zona salmantina. Igualmente, a noiva musulmana de Tetuán, ao vestir o traxe nupcial tradicional, conta entre os colares que loce cun *jayt*, composto de pezas de ouro ocas e con filigrana, separadas entre si por mazos de aljófar (*vid. s.v.* **algofre**). No centro do colar hai unha ametista sen tallar e dúas perlas de gran tamaño.

O noso exemplo non achega ningunha información con respecto a esta peza e, polo tanto, descoñecemos se o obxecto en cuestión era un tipo de brazalete, un fío con pedras preciosas ou calquera outra alfaia destinada ao adorno feminino. Podemos supoñer que este complemento estaba elaborado con metais nobres, coma **ouro** (*vid. s.v.*) ou **prata** (*vid. s.v.*) e decorado con doas (*vid. s.v.* **[doa]**) ou pedras valiosas como corais, esmeraldas etc.

Corominas e Pascual (*DCECH*, *s.v.* alhaite, vol. I) destacan a presenza deste complemento exclusivamente nos testamentos reais do século XIV; polo tanto, o noso exemplo amplía esta afirmación, pois a propietaria do alfaite, malia pertencer á nobreza podente galega, non forma parte da realeza medieval. Dela coñecemos que pertencía a unha das familias con máis poder do medievo compostelán e estaba casada con Afonso Gómez Churruchao, tamén membro dunha das estirpes máis influentes da baixa Idade Media galega (Sánchez Ameijeiras 1989: 452).

****

No territorio galego a primeira atestación desta voz data de finais do século XIV e recóllese no noso exemplo e tamén no *TMILG*. No portugués o único rexistro que atopamos data do século XV e forma parte dun antropónimo, posiblemente para referirse á ocupación do seu portador e non a unha 'sarta de xoias'; cítase no *Chartularium Universitatis Portugalensis* (1420-1460) -*CP 1300s-1900s*.

No galego moderno nin na fala popular (*ALGa* e *TLPGP*) nin na escrita (*CORGA* e *TMILG*) documentamos este termo.

No español o primeiro testemuño data da segunda metade do século XIV; en concreto, está no testamento de Pedro «o Cruel» do ano 1360 (*DCECH*, *s.v.* alhaite, vol. I). Dous séculos despois, localizamos a forma hayte nun texto anónimo coñecido como «Comparecencia de Leonor de Alamarani» e relacionado co mundo mourisco (1556): «un *hayte* de de aljófar e oro, doze ducados. otro *hayte* de oro, un ducado» -*CDH* e *CORDE*. Máis alá destes exemplos, os repertorios consultados non rexistran contextos desta voz.

A lexicografía galega faise eco do termo alfaite dende a época premoderna (1863-1985), en que figura no Valladares *Suplemento* (1896-1902) –*DD*. Posteriormente, os dicionarios publicados a partir de mediados dos anos 80 do século XX tampouco van ofrecer esta voz entre os seus lemarios.

Con respecto aos repertorios lexicográficos do portugués, estes non achegan este termo entre os seus lemas (*CLP*); no entanto os do español ofrecen alfaite en 31 obras dende o primeiro terzo do século XVIII. Rexístrase no *Diccionario de la lengua castellana, en que se explica el verdadero sentido de las voces, su naturaleza y calidad, con las phrases o modos de hablar, los proverbios o refranes, y otras cosas convenientes al uso de la lengua […] Compuesto por la Real Academia Española* (tomo 1º. Letras A-B), do ano 1726; por contra, a forma coa grafía -*y*-, alhayte, localízase en 5 obras lexicográficas do español dende que a recolle a 2ª impresión do *Diccionario de la*

lengua castellana compuesto por la Real Academia Española (tomo 1º. Letras A-B), do ano 1770 – *NTLLE*.

Alfaite é un neoloxismo creado no século XIV, como apunta Torres Ramírez (1986: 297-312), que na actualidade está en desuso tanto no castelán, coma no galego e no portugués.

Cfr. s.v. **[joia]**.

alffamarre *s.m. vid. s.v.* **alfámar** → **[4.1 ROUPA DO LEITO]**

algadón *s.m. vid. s.v.* **algodón** → **[3.1 TECIDOS]**

algodom *s.m. vid. s.v.* **algodón** → **[3.1 TECIDOS]**

algodón → **[3.1 TECIDOS]**

s.m. (do ár. hispánico *alquṭún* 'algodón' e este do clásico *quṭn*) 'algodón, material fibroso, brando e de aspecto da la que se extrae das cápsulas da planta do mesmo nome –Lewis 1959: 333'.

◦ **Algodón** (1): "mando a miña neta Marquesa un terço de *algodón*, questá no meu arcaz e duas toucas con una que ja ten", Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1519-novembro-28. [O Outeiro. Viveiro. Celanova], doc. 122, OR.

◦ **Algadón** (1): "Huus gantes d'*algadón* brancos", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

◦ **Algodom** (1): "Iten mando mais a moller do dito Johan Pedreiro huun [...] d'*algodom* boo que veoo oganno de Sevilla", Barral *A Coruña*, 1462-novembro-16. [A Coruña], OR.

◦ **Ardalgadon** –erro do escribán- (1): "Yten mando a Violante, miña criada, que agora comigo non mora, vna aljuba de Londres nova e vna saya de vayxo de palmilla nova e vna con *ardalgadon* (?)", Sánchez *Álvaro Sánchez*, 1493-xuño-12. Santiago de Compostela (A Co), doc. 13, OR.

◦ D**algodón** (1): "Iten, mando a dona Tereyga Pérez un almadraque e I colcha d*algodón* e un chumaço de froxel", Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1303-xullo-11.[Allariz] (Ou), vol. I, doc. 42, OR.

Nos testamentos de Aldonza López, Tareixa García de Outeiro, María Vázquez e Inés García, no codicilo de María Oanes Bocarela e, finalmente, no reconto da Catedral de Ourense, noméase algodón.

O algodón é orixinario da India, dende onde se difundiu o seu cultivo cara a outras áreas de Asia, Oriente Medio, costa oriental de África e Europa (García 2001: 421). Sigüenza Pelarda (2000: 21) explica que este material foi introducido polos árabes na Península Ibérica. Trátase dunha tea fabricada coa fibra téxtil procedente de varias especies de plantas *Gossypium*, que contan cun froito que alberga unha cápsula que contén entre 15 e 20

sementes, envoltas nunha borra moi longa e branca. Esta fibra é coñecida dende a Antigüidade e con ela fabricábanse diversos tecidos. Na Idade Media utilizouse, inicialmente, para encher os colchóns, e a partir do século IX creáronse centros de manufacturas de algodón en lugares como Granada, en xeral todo Andalucía, e en Barcelona. Con todo, ata o século XVIII non aumentará o seu uso (*DHTT*, *s.v.* algodón/cotó). Martínez Meléndez (1989: 416, *s.v.* algodón) destaca que na Idade Media os tecidos de algodón non tiveron a importancia coa que contaron posteriormente, a excepción do fustán (*vid. s.v.* **fustan**).

No territorio galego, Doval Galán ([1998]: 15) explica que o algodón se comezou a importar como resultado das presións dos industriais cataláns para que fose levantada a prohibición sobre a súa compra. Chegaba xa manufacturado e en forma de fío e utilizouse nos proxectos de creación de fábricas téxtiles coma a dos irmáns Lees en Pontevedra ou a Fábrica Téxtil de Sada, factorías que formaron parte de varios intentos de industrialización da produción téxtil, pero que fracasaron ao pouco da súa creación. A nivel popular seguiuse utilizando o liño (*vid. s.v.* **lino**) e a la (*vid. s.v.* **laan**) para a produción propia de pezas do enxoval persoal e doméstico, pero eran escasos os casos de utilización de fío de algodón, ao ter que ser mercado.

Nos nosos contextos, o algodón emprégase na confección dunha alxuba (*vid. s.v.* **aljuba**), unha **colcha** (*vid. s.v.*) e uns guantes (*vid. s.v.* **[gante]**). Ademais, foi utilizado na elaboración de toallas (*vid. s.v.* **[toalla]**), veos, briais[3], xibóns (*vid. s.v.* **gibon**), entre outras pezas (*vid. s.v.* **peça**) de **roupa** (*vid. s.v.*). Noutras ocasións empregábase para facer forros da indumentaria e adoitaba denominarse *alcotonado* (Martínez Meléndez 1989: 416-417, *s.v.* algodón).

****

No dominio galego atestamos esta voz dende o século XIII na lírica profana. Nunha parodia dos cantares de xesta franceses, Afonso Lopez de Baian escribe: «…nen porta loriga, nen porta lorigon, | nen geolheiras, quaes de ferro son, | mays trax perponto roto, sen *algodon*, | e cuberturas d'un velho zarelhon, | lança de pinh' e de bragal o pendon, | chapel de ferro que xi lh ' y mui mal pon | e sobarcad ' un velho espadarron» -*CMGP*, Ferreiro *Glosario*, Lapa *Escarnho* (*DDGM*), *MedDB* e *TMILG*. No portugués, amais das cantigas profanas, os primeiros testemuños cos que contamos datan do século XIV, en que se ofrece a forma algodom na obra *Dos costumes de Santarém* (1340-1360): «Custume he do *algodom* de cada arroua. que den ao alcaide dous soldos & meio. ha-o el Rey na portagem». Un século despois localizamos algodão no *Livro de Falcoaria do emperador Enrique de Alemanha*: «E se vires que o falcão não melhora a segunda pirola, toma hũ caparão e furao cõ muitos furos, e mete *algodão* por cada buraco de maneira que a maior soma do *algodão* fique pera dentro» -*CP 1300S-1900S*.

No galego moderno, na fala popular, achegan esta voz o García *Glosario* (1985) –*DD*- e o *TLPGP*. Este último localízaa nas catro provincias galegas, coas variantes alghodón, aljadón e algadón. Tamén se rexistra en León, no concello de Porto (Rodríguez Lago 1974: 64). No territorio portugués, o *TLPGP* localiza as formas algodã en Marvão (Baptista 1967: 369) e alguedã en Lagos (Carrancho 1969: 211). Con respecto á escrita, o *TILG* compila 384 casos do termo algodón, ofrecidos entre 161 obras distintas, dende a segunda metade do século XIX. Está presente na obra de Pintos titulada *A gaita gallega* (1853): «Oíndo unha queixa se rompe o *algodón* e sae de estas cordas delorido son». Con todo, máis axeitado ao noso contexto de estudo parece o exemplo ofrecido noutra obra de Pintos titulada *Contos da aldea que parecen historias da vila e historias da vila que parecen contos da aldea* (1858): «Regalou-lle un peite novo e de rosca un agulleiro, o escapulario do Carme e de *algadón* un nobelo un fuso mui ben osquiado que de seu levaba os cerros, uns penduriños de adoas, e para a roca un roqueiro…». A

propósito da distribución das ocorrencias, é de destacar que a maior parte delas se rexistran entre os anos 1981 e 2013; en concreto, 299. De feito, entre 1951 e 1980, só se computan 28; entre 1901 e 1950, 35 e, finalmente, entre 1851 e 1900, 22. O *CORGA* tamén inventaría 266 casos do termo estudado.

No español a documentación máis temperá desta voz é de mediados do século XIII, data que adianta a referencia máis antiga, que Corominas e Pascual sitúan no terceiro cuarto do século XIII (*DCECH*, *s.v.* algodón, vol. I). Está na obra de Toledo titulada *Moamín. Libro de los animales que cazan* (1250): «E quando les cayer alguna unna por aquella inchazón, enbuéluanles aquellos logares dond cayeron con *algodón*, e después tomen d'una melezina que·l dizen çuc e destiémprenla con del agua, e después remogen en ello el *algodón*, assí como está enbuelto, en aquellos logares dond cayeron las unnas» -*CDH* e *CORDE*. En textos escritos en español na coroa de Aragón, durante o século XV, tamén se rexistra este termo. Nos pergameos do *Fons Sástago* (1402 a 1498) menciónase o seguinte contexto: «…litteras caxas coffres leytos oro argent olio ropas de lana de lino seda | *algodon* | canyamo ostillas e manifficios de fust de fierro azero…» -*DiCCA-XV*. No ano 1562 entre os inventarios dos bens mouriscos no Reino de Granada noméase: «una sábana rementada de *algodón*» (Martínez Ruíz 1972: 46). Séculos despois, na carta de dote de Beatriz de Comillas (Sahagún, León), do ano 1601, ofrécese a cita que segue: «Otro tocado que llaman tocón de Balençia, en ocho reales. Otro *algodón* nueuo, en seys reales» -*CorLexIn*. Posteriormente, dende o último cuarto do século XX, o *CREA* achega 2.455 contextos do termo algodón.

No tocante á lexicografía galega, contamos con atestacións desta voz dende a publicación das primeiras obras a finais do século XVIII. Figura no Sobreira *Vegetables* (c. 1790), Sobreira *Ensayo* (1794) e Payzal *Vocabulario* (c. 1800). De por parte, na época premoderna dan conta del o *RAG 1913-1928,* Filgueira et alii *Vocabulario* (1926), Eladio *Diccionario* (1958-1961) e Franco Grande *Diccionario* (1972) –*DD*. Amais, os dicionarios de carácter normativo, publicados a partir dos anos 80 do século pasado, achegan algodón entre as súas entradas.

Nos repertorios lexicográficos da lingua portuguesa, localizamos a forma algodão dende mediados do século XVI; Murakawa (2017: 120) recolle o ano 1549 e Cardoso o 1563 – Messner, *s.v.* algodão, vol 6. Algodao localizámolo no Cardoso *Dict. Latinolusitanicum* (1569-1570) e algodón figura como entrada no Roboredo *Centúrias* (1623) -*CLP*. Da forma algodom non temos rexistro no *corpus* consultado.

Nas obras lexicográficas do español, aparece recollido algodón dende finais do século XV, en que se cita no *Vocabulario español-latino* (1495) de Nebrija –*NTLLE*.

Cómpre termos en conta que esta fibra téxtil, tan recorrente na fabricación de pezas (*vid. s.v.* **peça**) do vestir compartiu protagonismo coa forma *cotón*, moito máis escasa, que se documenta en Galicia dende o 1210 nun documento do cenáculo de Sobrado dos Monxes (A Coruña). Como ben indica Varela Sieiro (2001: 265 e 2003: 326) na actualidade o galego distingue algodón de *cotón*. Os dous refírense ao 'algodón', pero *cotón* designa ademais o 'pelo que se desprende das teas polo uso', 'lanuxe dalgúns froitos' e 'lanuxe que se xunta debaixo dos mobles cando non hai limpeza'.

Cfr. s.v. **bocarán** e **fustan**.

Camisa da infanta María († 1235), elaborada en algodón, custodiada no Museo del Traje de Madrid[55]

algoffre *s.m. vid. s.v.* **algofre** → **[2.3 COMPLEMENTOS]**

algofre → **[2.3 COMPLEMENTOS]**

s.m. (do ár. hispánico *alǧáwhar*, este do ár. clásico *ǧawhar* e este, á súa vez, de *gōhr* 'perla' – *REW* 3945). 'alxofre, perla pequena de forma irregular'.

◦ **Algofre** (3): "It. mando das minas doas, conuen a saber, cordas de mantos et botoaduras de prata et gllandas et doas de garganta et *algofre* et todas doas que eu aia...", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1348-[xuño-7. Santiago de Compostela] (A Co), doc. XLI, OR.; "Conuem a saber que meu marido Pero rruyz se me quitou de todallas minas doas, adubos de meus panos et sortellas et *algofre* et daas doas, asy como son doas de dona", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1348-[xuño-7. Santiago de Compostela] (A Co), doc. XLI, OR.; "Et treσẽtos τ Lª grãos d'*algofre* mãdo | que os vendan para meu enterramẽto", Maia *História galego-português*, 1348-[xullo-15. Dozón] (Ou), doc. 71, OR.

◦ **Algoffre** (1): "Et treσentos e Lª grãos d-*algoffre* mando que os vendan pera meu enterramento", Fernández Viana *Dozón*, 1348-xullo-15. [Dozón] (Po), doc. 109, OR.

◦ **Aliofar** (1): "It. mando a miña Neta Tareija sanches todo o *aliofar* et coraes que eu ey", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1395-[abril-29. Santiago de Compostela] (A Co), doc. XXXIV, OR.

◦ **Aliofre** (2): "Jtem mando a Tareyia Affonso, mía sobrina, dúas sortellas que ey et o *aliofre* que anda enas arcas", Lorenzo *Montederramo*, 1313-novembro-2. Ourense {1313-outubro-12}, vol. II, doc. 774, OR.; "... que tiren o *aliofre* que y anda para mía capela de Monte de Rramo", Lorenzo *Montederramo*, 1313-novembro-2. Ourense {1313-outubro-12}, vol. II, doc. 774, OR.

◦ **Aliofres** (1): "Mando... et os coraes et os *aliofres* que andan eno cerame lonbardo", Lorenzo *Montederramo*, 1313-novembro-2. Ourense {1313-outubro-12}, vol. II, doc. 774, OR.

[55] En liña: *http://museodeltraje.mcu.es/index.jsp?id=319&ruta=3,316,628* [Consulta: 18 de abril de 2019].

O noso *corpus* de estudo ofrece as variantes algofre, algoffre e aliofar nos testamentos de Elvira Pérez, María Fernández e Tareixa Sánchez de Gres para facer referencia a unha perla irregular utilizada xeralmente para a elaboración de certas xoias (*vid. s.v.* **[joia]**) coma os colares (*vid. s.v.* **colar**) ou gargantillas (*vid. s.v.* **gargantada**), ou para adornar partes determinadas das pezas de roupa, neste caso femininas, ou mesmo obxectos de certa relevancia. A propósito deste termo, Lorenzo (*Cr. Gal*, *s.v.* aliofar, aliofer, aliofre, aljoufar, aljofar, aljofer, aljofre, aljoufar, aljofre, aljofer, aljofar, aljofrar e aljofare) explica que dende o século XIII atopamos os catro estadios da evolución desta voz, dos cales temos presenza nos nosos exemplos: aljoufar > aljófar > aljofer > aljofre.

O descubrimento das perlas tivo lugar hai máis de 3.000 anos na ostras do océano Índico e o seu comercio axiña se estendeu por Europa e o resto de Asia, o que as converteu en pezas valiosas e moi prezadas. O valor de cada unha delas, fose perla ou alxofre, dependía da súa calidade marcada pola cor, o tamaño e a forma. De feito, o alxofre, pola súa irregularidade, aínda sendo unha peza de alto valor, era, e é, menos prezado ca as perlas propiamente ditas e máis alcanzable para as clases sociais menos adiñeiradas. O rei Afonso X nun dos foros outorgados no ano 1252 en terras de Santiago recolle «que ninguna mujer non traya orfres, nin cintas, nin *aliofares* (*aljófar*), nin margome (borde) camisa con oro…» (López Ferreiro 1975: 372), motivo polo que debía ser un complemento bastante empregado durante o medievo polas mulleres galegas máis influentes. Posteriormente, Rey Cabezudo (2014: 51) indica que o rei castelán Enrique III (1379-1409) ordenou no ano 1395 que «ninguna mujer casada, fuera cual fuera su posición social, usara paños de seda, trenas de oro y plata, cendales, peñas grises, veras ou *aljofar* a menos que su marido fuera dueño de un caballo valorado en seiscentos maravedís». Deste xeito, a forma de vestir marcaba claramente a diferenza de clase, da mesma maneira que quedaba establecido no *Cancioneiro Geral* (1516) de Garcia de Resende o gusto das damas polos complementos do traxe, entre eles o alxofre, que en moitos casos lles eran ofrecidos polos cabaleiros como xesto de galantería: «Muitos damascos da China | cofres de rede dourados | meses, lectos marchetados | e muy rica prata fina | de bestiães bem lavrados; | e quanto *aljofar* tem | quanta seda de laa vem! | que policías tam polidas! | riquezas, cousas sabidas | que antes non soube niguem» (Morán Cabanas 2001: 258).

A Idade Media foi a época en que as perlas tiveron máis pulo, pois a súa posesión non só se asociou ao luxo e ao poder, senón tamén á pureza. De aí que a Igrexa católica as utilizase para decorar biblias e outros textos[56] e tamén algúns obxectos litúrxicos.

****

No ámbito galego documentamos esta voz, aproximadamente, dende finais do século XIII. Na prosa histórica contamos con exemplos da forma aliofar na *Cr. Gal* (1295-1312), que recolle o seguinte contexto: «Et foy muy grande a gaãça que o Çide y fez de muytos mouros catiuos et de muytos caualos et de muytas armas et muyto ouro et muyta prata et *aliofar* et outras dõas muytas, asi que, quantos cõ el forõ, todos som ricos» -*DDGM* e *TMILG*. De aljofre temos atestacións na *Gener. Estoria* (1300-1330) afonsina, onde se cita: «Et odia quese ajuntarom tanto se apostou et afeytou aquela rreyna Cleopatra que diz aestoria que nõ foy y omẽ queaas pedras preçiosas et ao *aljofre* tam grandes grãaos avia y- et aas outras cousas preçiosas et de virtudes que ella [tyña] em seus ombros, et ao colo, quelles nõ podessem nẽ soubessem poer preço por nẽgũa maneyra» -*TMILG*. No portugués, os primeiros testemuños da forma aliufar datan da segunda metade do século XIII, en que se recolle no testamento de D. Mafalda: «et *aliufar*» -Lorenzo *Cronologia* (*DDGM*).

[56] En liña en: *http://www.elcomercio.es/moda/belleza/perlas-fascinacion-dura-anos-201309182015.html* [Consulta: 18 de abril de 2019].

No galego moderno, na escrita, o *TILG* achega 25 casos da voz alxofre, repartidos en 19 obras distintas, a partir de mediados do século XIX. No ano 1863 recóllese, con sentido figurado, na obra colectiva coñecida como *El álbum de la Caridad*: «Enriba daquel monte donde chora albos *alxofres* polo roxo amante». Anos despois, Castro na obra *Follas novas* (1880) cita: «E anque me dés ouro, e anque me dés prata, diamantes e *alxofres*, pelras e esmeraldas e canto hai no mundo, non me dades nada, porque, ña madriña, non sei que me falta». Se observamos a distribución cronolóxica que ofrece o *TILG*, comprobamos como se trata dun substantivo que reduciu o seu uso co paso dos séculos; pois, entre 1851 e 1900, contaba con 9 casos; entre 1901 e 1950, con 14 e, finalmente, entre 1981 e 2013, soamente con 2 exemplos. No entanto, o *CORGA* non achega contextos desta voz coa acepción estudada.

No español atestamos a forma aljófar dende a segunda metade do século XIII. Cítase no *Libro de los animales que cazan* (1250) de Toledo: «Si non, tomen del *aljófar* menudo (que non sea foradado), e del sarcocollac blanca, e del sísamo, del orín de los espejos, del alfinde, tanto de lo uno como de lo ál» -*CDH* e *CORDE*. Esta mesma datación é a que propón o *DCECH*. No século seguinte, nas cortes de Palencia de 1313, prohíbeselle aos xudeus «que nos trayen pena blanca… nin *aljófar*, nin otro guarnimiento dorado» -Gual *Voc. comercio*. En textos escritos en español na coroa de Aragón tamén se ofrece este termo; recólleo Vliederhoven na obra *Cordial de las cuatro cosas postrimeras* (1494): «e vergas en·donde dormian en oro: e los pedernales en piedras preciosas: e | *aliofar* | e assi restituyo les quanto hauian dexado. E despues vn mancebo al qual hauia resuscitado» -*DiCCA –XV*. Sánchez de las Broças na obra *Helt Frisio, Relox español* (1549) menciónase: «Solamente tendrá dentro la rueda movible y, por dioptra, un hilo que salga del centro, por el qual hilo se enhilará un grano de *aljófar*, o una cuentezilla pequeña, o una cabeçuela de alfiler que sirva de puncto horario, del qual hezimos mención en sus lugares» –*DICTER*. No século XVII, no memorial de bens que recibiu Afonso de Burgos Manzanedo (Ciudad Rodrigo, Salamanca), datado en 1611 recóllese: «Un ahogador de *aljófar* con una ymajen de Nuestra Señora de oro» -*CorLexIn*. A partir do último cuarto do século XIX, comprobamos como non se trata dunha voz de uso moi elevado, pois o *CREA* achega 9 ocorrencias de aljófar e unha de aljofar. De por parte, se reparamos na información ofrecida polo *CE 1200s-1900s*, observamos como o uso deste termo foi máis frecuente nos séculos XVI, con 147 contextos, e no XVI, con 150 exemplos; xa no século XIX só se compilan 11 ocorrencias e no século XX, un único caso.

A propósito dos repertorios lexicográficos do galego, estes dan conta desta voz dende o período premoderno (1863-1985). De aljofre temos rexistro no Sobreira *Papeletas* (1792-1797), Valladares *Diccionario* (1884), Porto *Diccionario* (c. 1900) e *RAG 1913-1928*; recollen aljófar o Sobreira *Papeletas* (1792-1797) e *RAG 1913-1928*. Por contra, da forma estándar, alxofre, contamos coa entrada no Cuveiro *Diccionario* (1876), Porto *Diccionario* (c. 1900) e Filgueira et alii *Vocabulario* (1926) –*DD*. Con posterioridade, os dicionarios publicados a mediados dos anos 80 do século pasado, de corte normativo, van dar conta conta do termo alxofre[57].

A lexicografía portuguesa tamén recolle esta voz a partir da segunda metade do século XVI. Localizamos aljofre no Cardoso *Dict. ex lusitanico in latinum* (1562-1563) e Pereira *Thesouro* (1697); aljofar no Pereira *Thesouro* (1697), Bluteau *Vocabulario portuguez e latino* (1712-1728) e Folqman *Diccionario* (1755) e aljôfar no Bluteau *Vocabulario portuguez latino* (1712-1728) –*CLP*.

Os vocabularios e dicionarios do portugués van dar conta de aljófar dende finais do século XV, en que figura no *Vocabulario español-latino* (1495) de Nebrija –*NTLLE*.

[57] Unha análise exhaustiva das formas ofrecidas nas obras lexicográficas galegas é recollida na *Cr. Gal* (*s.v.* aliofar, aliofer, aliofre, aljoufar, aljofar, aljofer, aljofre, aljoufar, aljofre, aljofer, aljofar, aljofrar e aljofare).

Na actualidade, malia seguir existindo, os alxofres non teñen tanto uso nos talleres de xoiería como tiveron en séculos pasados e seguen tendo menos valor ca as perlas.

Alxofres medievais custodiados no Museo di Castelvecchio (Verona)[58]

alifafe *s.m. vid. s.v.* **aliffaffe** → **[4.1 ROUPA DO LEITO]**

aliffaffe → **[4.1 ROUPA DO LEITO]**

s.m. (do ár. *lihâf* 'colcha da cama' –*DCECH*, *s.v.* alifafe[II], vol. I) 'alifafe, cobertor elaborado con peles destinado a cubrir a cama'. A propósito da grafía e da fonética desta voz, e das súas variantes, pódese consultar a obra de Varela Sieiro (2003: 161-162).

> ◦ **Aliffaffe** (2): "et mando y conmigo o meu leyto... et con dous faceiroos dos mellores et con a mynna colcha de firgo/sirgo et con meu *aliffaffe*", Cambón *Melón*, 1285-maio-5. [Ribadavia] (Ou), doc. 836, OR.; "...e XVI faceyroós e un boo *aliffaffe* nouo e VII colchas nouas e VIII pares de mantees deschaquel nouos", Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1303-xullo-11. [Allariz] (Ou), vol. I, doc. 42, OR.
>
> ◦ **Alifafe** (1): "et dous *alifafes*", Lorenzo *Montederramo*, 1313-novembro-2. Ourense {1313-outubro-12}, vol. II, doc. 774, OR.
>
> ◦ **Alliffaffe** (1): "E mando [...]ques et huun cabeçal e huna colcha et huun *alliffafe* et çinco façeiroos e a mina azemella da cama", Vaquero *Celanova*, 1348-outubro-22. Ourense, vol. I, doc. 140, OR.
>
> ◦ **Alyffaffe** (1): "mando... a mina colcha et hun *alyffaffe* et duas savaas et hun cabeçal que tenno da cabeçeira et dous façeiroes", Vaquero *Celanova*, 1338-febreiro-20. Vilar (Ou), vol. I , doc. 131, OR.

En catro dos testamentos femininos do noso *corpus* de estudo aparece citada a voz alifafe para facer referencia a unha 'peza destinada a poñer sobre a cama'. Non é de estrañar que este tipo de **cobertor** (*vid. s.v.*) figurase entre os bens legados por Maior Fernández, María, viúva de Rodrigo Fernández de Limia, María López de Lemos e María Vázquez, pois,

[58] Imaxe da autora.

como xa indicamos noutras ocasións, os elementos do enxoval (*vid. s.v.* **axuar**) doméstico achéganse nunha porcentaxe moi alta entre os bens testados polas mulleres, fundamentalmente cando se trata de pezas téxtiles. Estas testadoras tiñan unha certa relevancia na sociedade galega do medievo, pois sabemos que as roupas (*vid. s.v.* **roupa**) do leito durante a Idade Media estaban asociadas ás clases sociais máis acomodadas.

Rivas Quintas (1998: 580) dá conta da existencia desta peza en Portugal, Galicia e Asturias. No relativo ao material de confección deste tipo de cobertores, nos nosos exemplos non temos información, pero nas cortes de Xerez do ano 1268, ás que nos referiremos con posterioridade, faise referencia a alifafes de lombos de coellos, cervos, esquíos, lebres e xenetas. A eles podemos engadir outras peles empregadas noutros dominios: allifafe *cordeiro,* alifafe *alfanega,* alifafe *arminio* (Neuvonen 1941: 256). Varela Sieiro (2003: 161) testemuña na alta Idade Media este tipo de peza confeccionada con pel de gato garduño e descarta as postulacións de Sánchez-Albornoz (2014[21]: 244), quen cita *palleas antemanum* co significado de «'colchas de seda rojiza'» e *vulturinas* «'colchas ricas labradas en espiral'». De por parte.

****

No dominio galego testemuñamos a voz alifafe dende o segundo terzo do século X. Nun documento, en latín, pertencente ao tombo de Celanova (Ourense) do ano 938 cítanse: «*allihaffes* uulturinas II ambas pallias antemanum». Esta primeira documentación tamén se ofrece no *DCECH* (*s.v.* alifafe[II], vol. I). De por parte, no ano 955 nun documento, escrito en latín, pertencente ao cenobio de Sobrado dos Monxes (A Coruña) figura: «*alifafe.* I, almozalas II…» -*CODOLGA*; a este contexto tamén se fai referencia en Lorenzo *Cronologia* (*DDGM*). En textos escritos en romance a primeira atestación data de comezos do século XIV, en que se inscribe un dos nosos exemplos e que tamén ofrece o *TMILG*. Por contra, no portugués non localizamos este termo coa acepción estudada, a pesar de que Corominas e Pascual fan referencia a existencia deste termo en textos portugueses antigos *DCECH* (*s.v.* alifafe[II], vol. I).

No galego moderno, na escrita, a presenza de alifafe, co significado que nos ocupa data de finais do século XX. Cabana na obra *Morte de Rei* (1996) recolle o contexto que segue: «Eu cho direi:en especias prós frades, en peles armiñas prós abades, en panos sedáns prós arcediagos, en mangos de ouro prás espadas dos que se chaman nobres, en selas canterladas para grandes cabaleiros que nin soster-se saben nelas, e en vasilia de prata e de cristal e en *alifafes* cordobeses e en todas as luxurias pra esas casas de ricos homes leigos e eclesiásticos» -*TILG*. Semella que o uso que tivo esta voz no medievo foise perdendo paulatinamente co paso dos séculos.

O español atesta o termo alifafe dende o segundo terzo do século XIII. Noméase varias veces no texto anónimo coñecido como *Ordenamiento de posturas en el Ayuntamiento de Jerez* (1268): «…*alifafe* de lomos de conejos quinse mrs.; *alifafe* de esquiroles quinse mrs.; *alifafe* de çeruales dose mrs.; *alifafe* de ginetas veinte e çinco mrs.» -*CDH*, *CORDE* e Gual *Voc. comercio.* A partir desta data non localizamos máis concordancias desta voz, de aí que Corominas e Pascual (*DCECH*, *s.v.* alifafe[II], vol. I) indicasen «El vocablo desaparece del uso general después del siglo XIII»; esa mesma indicación atopámola en Gual *Voc. comercio* que, a propósito desta voz cita: «Debió caer en desuso en el siglo XIII».

As obras lexicográficas do galego que consultamos (*DD*, *DRAG* e *GDXL*) non achegan este termo no seu lemario co significado estudado. Con posterioridade, os dicionarios normativos publicados a partir de mediados dos anos 80 do século XX tampouco o ofrecen entre os seus lemas.

Con todo, a lexicografía do portugués dá conta de alifafe e alifase[59] dende o primeiro cuarto do século XVIII, en que figura no Bluteau *Diccionario castellano* (1721) –*CLP*.

Ademais, nos repertorios lexicográficos do español tamén se recolle alifafe, coa acepción que nos ocupa, dende o primeiro terzo do século XVIII, cando aparece no dicionario publicado pola Real Academia Española no ano 1726 –*NTLLE*. Nos últimos repertorios editados figura esta voz como sinónimo de 'cobertor', pero coa indicación de ser unha forma en desuso.

Na actualidade, as mantas de pel, máis frecuentes de fibras sintéticas que de pel natural, seguen formando parte do enxoval doméstico da vivenda; con todo, a denominación alifafe debeu caer en desuso a partir do século XIII.

Cfr. s.v. **alfámar**, **almucella**, **cobertor**, **colcha**, **feltro** e **manta**.

Cobertor de pel[60]

aliofar *s.m. vid. s.v.* **algofre** → **[2.3 COMPLEMENTOS]**

aliofre *s.m. vid. s.v.* **algofre** → **[2.3 COMPLEMENTOS]**

aljuba → **[2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER] [2.1.3 TRAXES DE POÑER POR RIBA]**

s.f. (do ár. hispánico *alǧúbba* e este do ár. clásico *ǧúbbah* 'gabán con mangas' –Neuvonen 1941: 153) 'alxuba, vestidura mourisca consistente nun corpo cinguido na cintura, abotoado, con mangas curtas e saia que normalmente chegaba aos xeonllos; tamén a utilizaron os cristiáns'.

[59] Esta última é unha forma anticuada, segundo se indica. Posiblemente se trate dun erro de lectura de *alifase por alifafe, pois nalgúns tipos de letras o trazo das consoantes *s* e *f* era moi semellante. Dozy tamén se referiu a este erro de lectura (*ápud DCECH*, *s.v.* alifafe[II], vol. I).

[60] En liña: *http://www.ebay.com/itm/250-de-descuento-impresionante-Coyote-Zorro-Piel-Calido-Manta-lanza-110cm-X-150cm-/151799188315?_ul=BO&nma=true&si=5%252FIdYcDqMnFa4UgIFiOkqGGse3w%253D&orig_cvip=true&rt=nc&_trksid=p2047675.l2557* [Consulta: 18 de abril de 2019].

◦ **Aljuba** (1): "Yten mando a Violante, miña criada, que agora comigo non mora, vna *aljuba* de Londres nova e vna saya de vayxo de palmilla nova e vna con ardalgadon (?)", Sánchez *Álvaro Sánchez*, 1493-xuño-12. Santiago de Compostela (A Co), doc. 13, OR.

Neste exemplo ofrécese a voz alxuba extraída dun testamento feminino pertencente a Inés García, segunda muller do rexedor compostelán Álvaro Sánchez (Sánchez Sánchez 2010: 99).

A alxuba define un tipo de indumentaria de poñer por enriba, consistente nun corpo cinguido e, normalmente, folgado dende a cintura. Contaba con mangas curtas e anchas e levábase abotoada (*vid. s.v.* **[botón]** e **enbotoadura**). García Cuadrado (1993: 117) explica que foi introducida na Península Ibérica polo músico Ziryab, que procedente de Bagdad, se refuxiou na corte de Abderramán III. No século XIII tiña un aspecto bastante semellante á saia (*vid. s.v.* **saya**) utilizada polos cristiáns, a pesar de non tratarse dunha peza para cubrir o corpo (Bernis Madrazo 1956: 21).

No noso contexto fálase de que a alxuba era de **londres** (*vid. s.v.*), un tecido de la (*vid. s.v.* **laan**) que, como era habitual, tomaba o nome da cidade onde se confeccionaba. Habitualmente, era unha peza de roupa que empregaban as clases sociais máis altas, aínda que a xente máis humilde, de lucila, facíao substituíndo os vistosos tecidos de **seda** (*vid. s.v.*) laranxas, rosas, etc. por outros elaborados en la e **algodón** (*vid. s.v.*), materiais máis comúns e económicos, sobre todo, nas zonas rurais (García Cuadrado 1933: 117). Non obstante, existían tecidos coma o *azache*[61] moi empregados para a elaboración desta vestimenta. Posteriormente, foi unha peza utilizada polos cristiáns logo de ser adaptada ao uso dos cabaleiros, que a levaban sobre a armadura cubrindo as pernas ata por debaixo dos xeonllos e era elaborada de ricas sedas e teas preciosas (García Cuadrado 1993: 98).

Bernis (1979: 23) indica que no século XIV é moi probable que a alxuba cristiá xa se denominase *cota*[62], ao diferenciarse desta tan só pola riqueza do tecido.

****

No ámbito galego, non atopamos testemuños da voz alxuba nos repertorios consultados (*DDGM* e *TMILG*), a excepción do exemplo do noso estudo, datado a finais do século XV (ano 1493). No portugués a primeira atestación tamén data do século XV e localizámola en obras nas cales se fai referencia aos territorios de cultura árabe vinculados coa corte portuguesa. Na *Corte Enperial* de Calado cítase: «E logo se levantou dantra conpanha dos mouros hũu velho vistido em hũa *aljuba* tenada e seu albernoz de lãa preto e hũu alfaleme branco na cabeça» -*CP 1300S-1900S*. No texto anónimo *Crónica dos feitos notáveis que se passaram na conquista da Guiné por mandado do infante D. Henrique* (primeiro terzo do século XV) achégase o seguinte contexto: «Mas aquelle almocadem nunqua falou palaura, antes meteo as maãos de so huũa *aljuba* que trazia [...]» -*VHCPM*. A última ocorrencia que achega o portugués deste termo data de finais do século XIX e recóllese na obra de Gama titulada *A última obra de S. Nicolau* (1899): «Demorou-se algum tempo para recuperar-se, e quando ia a sair, viu aparecer Cofem com a sua velha *aljuba* de israelita, o qual, tomando humildemente a lanterna, o precedeu até à porta, sem

[61] Trátase dun tecido de seda de inferior calidade, fiado da primeiras capas do capullo. Tamén se coñece como *ocal* ou *redonda* (Dávila Corona/Duran Pujol e García Fernández 2004: 32).

[62] Bernis (1979: 81) indica que a *cota* «común a varias lenguas europeas, ha sido el nombre, según los países y las épocas, de trajes muy diferentes. En los texos medievales españoles aparece como un traje de encima, de hombre y de mujer. […] Son trajes distintos de sayas y briales porque no se ciñen totalmente al torso, y porque tienen forro de piel. Son también distintos de los mongiles y los hábitos porque, no siendo vueludos y acampanados como ellos, marcan el pecho aunque queden despejados de la cintura».

lhe dizer palavra. ao sair para a rua, Alvaro tomou de repente a mão do judeu, e levou-a com força ao coração, ficando alguns momentos com os olho s cheios de gratidão fitos nele» -*CP 1300S-1900S*.

No galego escrito en época moderna son moi escasos os testemuños desta voz. Atopamos soamente 5 ocorrencias de alxuba no *TILG*, rexistradas en 4 obras distintas, todas encadradas no período premoderno (1863-1985). Se observamos a distribución cronolóxica destes exemplos podemos comprobar que entre os anos 1901 e 1950 localízanse 4 dos contextos e entre 1951 e 1980, un único caso. O primeiro exemplo ofrecido por este tesouro data do ano 1925 e está na revista *Nós* (nº 20, 15 de agosto de 1923): «Tempo da semán-maior, da quinta feira ó serán, acorcovado e tremende o corpo outrora lanzal, vella *alxuba* desfiada, bordón ferrado na man, da poeira dos camiños cuberto o pardo almofar». Os outros catro contextos son da autoría do escritor cambadés, Ramón Cabanillas, e cítaos nas obras *Na noite estrelecida* (1926), *Camiños no tempo* (1949) e *Samos* (1958). A propósito do *CORGA*, este repertorio non ofrece ningunha atestación de alxuba.

No ámbito do español, en textos latinos atestamos este substantivo dende o segundo terzo do século X. No ano 943 Neuvonen (1941: 153) documenta «panno de *algupa*». En textos en romance rexistramos aljuba dende finais do século XIII (*DCECH*, *s.v.* jubón, vol. III). A novela anónima titulada *Cuento muy fermoso de Otas de Roma* (c.1300-1325) ofrece o contexto: «E desque todos fueron juntados, él levantóse en pies asý commo pudo, asý commo tan noble señor commo era, bestido de una *aljuba* de paño de oro listada a muy ricas piedrsa preçiosas de muchas naturas» -*CDH* e *CORDE*. En textos escritos en español no século XV, pertencentes á coroa de Aragón, tamén documentamos esta voz; de feito o *Cancioneiro de Ixar* (c. 1470) recolle: «...el reynar a semanas | y avnque las tres bien guarnidas | ricas |*aljubas* | bestidas | de sedas y finas granas. En esto doña Ysaueł» -*DiCCA-XV*. Os rexistros máis tardíos que temos desta voz datan do século XVII, pois a partir de aquí entra en desuso. Un dos últimos contextos localizámolo na obra *Discurso de mi vida*... da autoría de Alonso de Contreras (1612): «Fueron soldados y trajeron tres turcos, uno señor y dos criados, con su ropa o *aljuba* de escarlata aforrada en martas» -*CE 1200S-1900S*.

En canto á lexicografía galega, cómpre destacar que se trata dunha voz con escasa representación nos nosos dicionarios e vocabularios e, ademais, cunha aparición tardía na época premoderna (1863-1985). Alxuba inventaríase entre os lemas do Eladio *Diccionario* (1958-1961) e o Franco Grande *Diccionario* (1972) e a forma aljuba está presente no *RAG 1913-1928* -*DD*. No entanto, algunhas obras normativas xurdidas a partir de mediados dos anos 80 do século XX recollen este substantivo, entre elas podemos citar o *GDXL*; no entanto, o *DRAG* non dá conta deste termo.

Nas obras lexicográficas do portugués ofrécese aljuba entre as súas entradas dende o primeiro terzo do século XVIII, en que a compila o Bluteau *Vocabulario portuguez e latino* (1712-1728) –*CLP*.

Nos dicionarios e vocabularios do español temos rexistros deste termo dende finais do século XV, en que Nebrija o ofrece no *Vocabulario español-latino* (1492). Figura como entrada ata o ano 1992, momento no cal se publica a 21ª edición do dicionario da Real Academia Española –*NTLLE*.

Actualmente esta peza do vestir está en desuso e asóciase ao mundo medieval e ás vestimentas mozárabes.

Cfr. s.v. **cerame**.

Alxuba de Fernando de la Cerda (1125-1275),
custodiada no Museo de las Telas Medievales no Monasterio de Santa María la Real de las Huelgas (Burgos)[63]

alliffaffe *s.m. vid. s.v.* **aliffaffe** → **[4.1 ROUPA DO LEITO]**

[almática] → **[2.4 ORNAMENTOS LITÚRXICOS]**

s.f. (do lat. tardío DALMATĬCA-) 'dalmática, vestidura sagrada que cobre o corpo por adiante e por atrás e leva unhas mangas anchas e abertas para tapar os brazos'.

◦ **Almáticas** (12): "Dúas *almáticas* de damasco do brocado branco con súa estola; | con vna estola e douss manjpolos e con vna estola de | damasco de brocado", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Dúas *almáticas* de damasco brocado de vermello", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Dúas *almáticas* brancas de damasco con súa |estola e dous manjpolos de damasco branco", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Jten dúas *almáticas* | brancas de damasco branco", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Vna vestymenta de defuntos con seu manto de | sarga e con dúas *almáticas* de bocalán negro | con seus rregaços e todo conprido", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Dúas *almáticas* mouriscas vellas", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Falta vna estola et douss manjpolos destas *almáticas*", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Seys *almáticas* vellas con outras estolas, todo vello", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Falta, | do que estaua enno memorial, dúas *almáticas*", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Dúas *almáticas* negras de lenço, que foron feytas para os | anjuersarios, vellas; os conprimentos destas andan |enna vestimenta nova que se fezo", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "vn ornamento de brocado con súa estola et *almáticas* et vn frontal | et súas aluas et vna manga rica con os ditos ornamentos perfetos", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Outro ornamento negro de terçiopelo dobre con súa casula et

[63] En liña: *http://soupcouture.blogspot.com.es/2008/11/4546-ad-burgos-monasterio-de-las.html* [Consulta: 18 de abril de 2019].

> ceneffa | rrica e dúas *almáticas* con tres aluas et seus manjpolos e | estolas et todo conprimento", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.
>
> ◦ **Dalmadiga** (1): "Et mando ao moesteyro ia dito huna *dalmadiga* et hun amyto et hun manto", Rey Caíña *Ferreira de Pallares*, 1312-setembro-22. [Ferreira de Pallares. Guntín] (Lugo), doc. 420, OR.

No testamento de Tareixa Oveques e no reconto da catedral ourensá cítase a voz dalmática para facer referencia a un tipo de túnica, utilizada tanto no ámbito militar coma no relixioso; e é precisamente este último o que nos ocupa. Cómpre destacar a alternancia das formas, no noso caso, almática e dalmadiga, común tamén no español e no portugués entre almática e dalmática; neste caso a deglutinación ou caída do *d-* na sílaba inicial do termo dalmática explicaríase pola suposición da existencia da preposición *de* anteposta ao substantivo (Coutinho 1978[7]: 112). Se cadra pode pensarse tamén que a voz *alma* se relacionase co termo estudado e exercese influencia sobre el dando lugar á forma almática.

Un dos ornamentos litúrxicos por excelencia é a dalmática, túnica longa e con mangas anchas, cuxa orixe parece estar na Dalmacia, rexión pertencente ao actual estado de Croacia. Esta peza do vestiario (*vid. s.v.* **vestiaria**) foi introducida en Roma no século II entre a poboación civil e, tres séculos despois, adoptada como traxe litúrxico cristián do privilexio dos diáconos (Boucher 2009: 133 e 464). Rivas Quintas (2012: 138) indica que esta vestidura (*vid. s.v.* **[bestidura]**) é portada polo diácono sobre a alba (*vid. s.v.* **alua**) e é algo máis curta ca esta[64].

A propósito do material de confección destas pezas, Miller (2014: 249) indica que «Originally the dalmatic was made of wool or linen, but starting in the tenth century colored silks were used». Nos nosos exemplos, case todos eles extraídos do inventario de bens da Catedral de Ourense, cítanse tres dalmáticas confeccionadas con **damasco** (*vid. s.v.*), unha de bocarán (*vid. s.v.* **bocalán**) e unha de lenzo (*vid. s.v.* **lenço**); con todo, ao non existir ningunha regulación sobre as teas utilizadas para a confección desta peza (*vid. s.v.* **peça**), os tecidos máis frecuentes adoitaron ser o liño (*vid. s.v.* **lino**) e a **seda** (*vid. s.v.*), que en ocasións estaba gornecida con ornamentacións dende o ombreiro ata a parte inferior dianteira (Boucher 2009: 133). Precisamente, a dalmática atribuída ao arcebispo Rodrigo Ximénez de Rada, datada no século XIII, era de gran luxo ao estar elaborada nun tecido almohade de seda e fíos de **ouro** (*vid. s.v.*) e **prata** (*vid. s.v.*) formando volutas vexetais e cunha gornición cúfica coa expresión votiva 'al-Yumm' ('a ventura') (Mantilla de los Ríos, Santos Rodríguez e Suárez Smith 1995: 88-92). Amais, no Museo da Catedral de Santiago consérvase unha dalmática, case completa, cofeccionada cun tecido decorado, sobre un fondo de motivos (*vid. s.v.* **lauor**) vexetais, con figuras de árbores en seda azul turquesa sobre fondo dourado, dispostos en dous frisos (Sánchez Ameijeiras 2014: 227).

De por parte, cómpre citarmos tamén a dalmática mourisca, ornamento que figura nun dos nosos exemplos («Dúas *almáticas* mouriscas vellas») e cuxo adxectivo supoñemos que fai referencia á orixe dos tecidos, do mesmo xeito que ocorre coas dúas dalmáticas mouriscas, tamén datadas no século XV e custodiadas no Museo da Catedral de Ávila, denominadas así

[64] No que respecta ao uso da dalmática, Mantilla de los Ríos, Santos Rodríguez e Suárez Smith (1995: 88) explican que «La diferenciación en cuanto al uso de la dalmática como pieza litúrgica se marca claramente a partir del s. V-VI, según diferentes autores y en la Iglesia de Roma, concediéndose incluso bulas papales, autorizando su uso en iglesias extranjeras. Después de este periodo, la dalmática queda como distintivo especial de los Diáconos, si bien no es posible distinguir a través de los textos ni de los monumentos la dalmática de los Obispos de la de los Diáconos».

por estaren confeccionadas en *zarzahán* mourisco, como pode verse na segunda das imaxes ofrecidas nesta entrada (sala XVII-peza 119)[65].

Con respecto ás cores, os nosos contextos só citan o branco e o negro, ambas as dúas cores litúrxicas.

****

No ámbito galego, a documentación máis temperá que temos data de comezos do século XIV e rexistrámola no primeiro exemplo que ofrecemos do ano 1312. Décadas despois, no «Vocabulário português do século XIV», publicado na *Revista de Portugal* XVIII faise referencia a: «duas *almatjgas* de pano de seda... duas *almatjcas*... duas *almaticas*» -Lorenzo *Cronologia* (*DDGM*). No portugués as primeiras atestacións coas que contamos datan do século XIV. En *A mais antiga versão portuguesa dos Quatro livros dos diálogos de são Gregório*, da autoría de Silva, cítase: «E quando este don Pasqual morreu [...] tomaron a *dalmatica* que posessen sobrelo seu leito en que levavan o seu corpo pera soterrar [...]» -*VHCPM*. Cómpre termos en conta a vacilación gráfica na representación da vogal *-i-/-j-* que presentan estes exemplos, moi habitual durante a Idade Media en toda a Península Ibérica.

Dado que dalmática é unha voz restrinxida ao uso relixioso, non localizamos testemuños no galego oral (*ALGa* e *TLPGP*). Por contra, no galego escrito, o *TILG* compila 15 casos, repartidos en 11 obras diferentes, dende finais do século XIX. Fernández Alonso, no ano 1885, nos relatos breves «A festa de San Ramón», «O San Benito» e «Entre ratos», editados por Fernández Alonso, emprega a variante dalmáteca, con vacilación da vogal postónica: «...onde os cregos revestidos de *dalmátecas* cantan coas romeiras a novena do santo». Se observamos a baliza cronolóxica achegada por este repertorio, podemos comprobar como este termo vai perdendo representación co paso dos anos: de feito, entre os anos 1851 e 1900, rexistramos 4 casos; entre 1901 e 1950, temos o mesmo número de contextos; entre 1951 e 1980, 5 exemplos e, finalmente, entre 1981 e o ano 2013, contamos con 2 ocorrencias. Por parte, o *CORGA* non contén ningún contexto con esta voz, posiblemente por inscribirse nun ámbito moi concreto como é o relixioso.

En documentos escritos en español, esta voz atéstase na primeira metade do século XIII. Berceo na obra *Vida de Santo Domingo de Silos* (c. 1236) cita: «Un día do andava radía como loca, | ella lo contó esto con la su misma boca, | paróseli delante una forma non poca, | vistié una *almática* más blanca que la toca». A forma actual, dalmática, é ofrecida por primeira vez nas letras hispánicas no texto anónimo coñecido como *Libro de Alexandre,* datado entre 1240 e 1250: «Obispo semejava en toda su figura, | en mitra, en çapatas, e en su vestidura;| vistié una *dalmática* toda de seda pura, | cubriél todos los pies, ¡tant' avié grant largura!» -*CDH*, *CE 1200s-1900s* e *CORDE*. No ano 1266, Durán Gudiol nas «Notas de archivo» achega o exemplo: «syet cidaras e diez frontales e catorçe *dalmaticas* e cinquanta e tres laterias» -Gual *Voc. Comercio.* A forma almática tamén aparece nun inventario da capela de San Pedro na igrexa de Vicuña (Álava), datado en 1640: «...y cordones de las dichas *almáticas* de sedacarmesí y blanco, y los collares de las dichas *almáticas* del mismo brocatel, aforrado todo ello en bocaçín colorado» -*CorLexIn*. Malia ser unha voz cunha presenza moi vinculada ao ámbito eclesiástico, repertorios coma o *CREA* séguena ofrecendo ao ter uso na actualidade.

A dálmatica ten unha representación moi escasa na lexicografía galega e incorpórase ás obras lexicográficas tardiamente, pois non aparece rexistrada ata finais do período premoderno (1863-1985), en que dá conta dela o Eladio *Diccionario* (1958-1961) -*DD*.

[65] En liña en: *http://ddd.uab.cat/pub/llibres/1929/72947/artespgui_a1929x2.pdf*. [Consulta: 18 de abril de 2019].

Posteriormente reaparecerá nos dicionarios, de carácter normativo, xurdidos a partir de mediados dos anos 80 do século XX.

Nos repertorios portugueses rexístrase o substantivo dalmática dende finais do século XVII, en que a recolle o Pereira *Prosodia* (1697) –*CLP*.

As obras lexicográficas do español ofrecen esta voz dende comezos do século XVII: na obra *Origen y etymología de todos los vocablos originales de la lengua castellana* (1611) da autoría de Rosal rexistramos a variante almática e no *Tesoro de la lengua castellana o española* (1611) de Covarrubias figura dalmática. Ambas as dúas formas están presentes ata o ano 1992 nos lemarios dos dicionarios do español. Por contra, a variante dalmátiga só a localizamos, tardiamente, en 6 obras, dende o ano 1846 ata o 1950 –*NTLLE*.

Na actualidade a dalmática segue a formar parte dos ornamentos litúrxicos utilizados polos diáconos para o oficio da misa.

Cfr. s.v. **abeto**, **alua**, **amjto**, **casula**, **[cotibaldo]**, **[cugulla]**, **estola**, **manipulo**, **mitara**, **ornamento** e **[rregaço]**.

Dalmática do arcebispo Rodrigo Ximénez de Rada (século XIII)[66]

Dalmática mourisca do século XV custodiada no Museo da Catedral de Ávila[67]

Dalmática do século XIV, custodiada no Museo da Catedral de Santiago de Compostela[58]

[66] En liña en: *http://elpoderdelaalhambra.com/piezas-destacadas/dalmatica-del-arzobispo-don-rodrigo-ximenez-de-rada/* [Consulta: 18 de abril de 2019].
[67] En liña en*: http://www.oronoz.com/paginas/leefoto.php?referencia=83115* [Consulta: 18 de abril de 2019].

almoçella *s.f. vid. s.v.* **almucella** → **[4.1 ROUPA DO LEITO]**

almucella → **[4.1 ROUPA DO LEITO]**

s.f. (do ár. *al-musallà* 'petit tapis sur lequel on s' agenouillait pendant la priére' -Dozy e Engelmann, 1915[2], *s.v.* almocella. Eguilaz y Yanguas (*s.v.* almocela) derívao de *almoçalla* e indica que ademais de ser unha alfombra para rezar, puido destinarse a cobertor ou manta da cama «y aún a colchoneta, que es el significado que tiene almocela entre la gente popular andaluza». Varela Sieiro (2003: 162-163) recolle as diferentes propostas etimolóxicas desta voz) 'almucela, cobertor fino para a cama'.

◦ **Almucella** (1): "Et mando hua colcha et huum chomazo et hua *almucella*", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1305-[maio-4. Ribadavia] (Ou), doc. CX, OR.

◦ **Almuzela** (1): "Et mandolle huun leyto et hua colcha et hua *almuzela* et huun chumazo", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1305-[maio-4. Ribadavia] (Ou), doc. CX, OR.

◦ **Almoçella** (1): "Item mando a mina sobrina Marina huna colcha e huna *almoçella* e dez moravedís", Portela *obispado Tui*, 1342-xullo-19. [Baiona], doc. 63, OR.

Nos testamentos de femininos de María Eanes e Mariña Vicente atopamos as formas almucella, almuzella e almoçella, citadas no medio doutros substantivos pertencentes ao campo semántico da **roupa** (*vid. s.v.*) do leito.

No Viterbo Elucidário (*s.v.* almucella, vol. I) defínese esta peza como un «cobertor, coberta ou manta de seda, lãa ou linho, mais ou menos fina e preciosa, que servia nas camas dos ricos e pobres». Rivas Quintas (1998: 581) indica que almocalla na provincia de Lugo nomea 'unha colcha'

No relativo ao material de confección desta peza, os nosos exemplos non ofrecen información, pero podía utilizarse a la (*vid. s.v* **laan**), liño (*vid. s.v.* **lino**) ou **seda** (*vid. s.v.*), dependendo do luxosa que fose a peza e da estación do ano para a cal estivese destinada (Viterbo *Elucidário*, *s.v.* almucella, vol. I). Con respecto á súa feitura, Sánchez-Albornoz (2014[21]: 245) inventaría, no século X en León, almucellas de procedencia grega ou bizantina (*greziscas*), con bordados luxosos (*morgón*) e elaboradas en trama de tapiz (*palleas*).

****

No dominio galego documentamos este substantivo dende o segundo terzo do século X. Un documento notarial, escrito en latín, pertencente a Celanova (Ourense), do ano 938, ofrece o seguinte contexto: «*almuzalla* morgom I». Poucos anos despois, un texto datado no ano 955, pertencente ao tombo de Sobrado dos Monxes (A Coruña) cita: «*almozalas* II». Dous séculos máis tarde noutro texto, tamén escrito en latín, do ano 1169, pertencente ao tombo de Toxos Outos (A Coruña) recóllese: «decto Io cum cochia et *almucela*» -*CODOLGA*. En textos escritos en romance, as primeiras atestacións datan do segundo terzo do século XIII, en que se ofrece a forma almocela nunha das cantigas marianas (1264-1284): «Como foi Pobre, queno osmaria, || a que seu Fillo Deus ya deitar || no preseve, ca aver non podia || un pano en que o envurullar || senon sa touca, ca eno logar || sol non acharon y hũ' *almocela*?» -*DDGM* e *TMILG*. En textos notariais escritos no territorio portugués temos exemplos da forma almuzela (1243-1274): «I *almuzela*» -*CP 1300S-1900S*. De por parte, nun documento do

Mosteiro de San João de Pendorada do ano 1278 tamén se cita a forma almocela: «j. *almocela.* e ij chumaços…» -*VHCPM.*

No galego moderno, na escrita, o *TILG* só testemuña un contexto desta voz, encadrado no segundo terzo do século XX. Está presente no manuscrito de Risco titulado *Pr´o catálogo da léngoa galega* (1926): «*Almucela* {Cobertor, mando, vestido con capucha}». Anos despois, no 1981 este termo tamén figura na obra teatral de Cortezón titulada *Pedro Madruga*, aínda que parece sinónimo de 'capucha': «Acoutación: Chapeo ou *almocela*» -*CORGA.*

O español tamén atesta este termo dende o século X, como se indica no *DCECH* (*s.v.* almozalla, vol. I). En textos escritos en español, o *Poema de mio Cid* (c. 1140) ofrece a forma almofalla no contexto que segue: «Las arrobdas que los moros sacan | de día e de noch envueltas andan en armas; | muchas son las arrobdas e grande es el *almofalla*, | a los de mio Cid ya les tuellen el agua –*CDH* e *CORDE*. No segundo cuarto do século XV localizamos almuçela(s) no inventario de bens de Diego López de Ayala (1441): «dos almuçelas reales e tres colchones e un *almuçela* de contrareal…» -*CORDE*. Posteriormente, no século XVII, temos a forma almoçella noutro inventario de bens, neste caso de Mayor Díaz (Antequera, Málaga), de 1628: «Vn *almoçella*» -*CorLexIn.* Despois desta data, non temos mostra da presenza deste termo, coa nosa acepción, en textos hispanos, do cal Corominas e Pascual indicaron que comezou a quedar anticuado xa no século XIII –*DCECH*, *s.v.* almozalla, vol. I.

Coa acepción estudada, a lexicografía galega dá conta deste termo dende a época premoderna (1863-1985), en que figura no Cuveiro *Diccionario* (1876), Porto *Diccionario* (c. 1900), *RAG 1913-1928*, Eladio *Diccionario* (1958-1961) e Franco Grande *Diccionario* (1972) -*DD*. Con todo, os dicionarios publicados a partir dos anos 80 do século pasado non achegan esta voz entre as súas entradas.

No que respecta ás obras lexicográficas do portugués, localizamos a entrada almocela a comezos do século XIX, en que se ofrece no Moraes *Diccionario* (1813) –Messner, *s.v.* almocela, vol. 7.

Nos repertorios lexicográficos do español documentamos a forma almucela dende o primeiro cuarto do século XIX, en que se cita no *Diccionario de la lengua española* (1917) de Alemany y Bolufer e almozalla e almozala dende a publicación do dicionario da Real Academia Española do ano 1992 –*NTLLE*. Os dicionarios contemporáneos ofrecen almocela para nomear un «Saco de lona o de arpillera que, relleno de paja u hojas de maíz, sirve de colchón a los jornaleros del campo» -*DRAE*.

Na actualidade esta voz está en desuso e no seu canto empregamos os termos **cobertor** (*vid. s.v.*) ou **colcha** (*vid. s.v.*).

Cfr. s.v. **alfámar**, **aliffaffe**, **cobertor** e **colcha**.

almuzela *s.f. vid. s.v.* **almucella** → **[4.1 ROUPA DO LEITO]**

alua → **[2.4 ORNAMENTOS LITÚRXICOS]**

s.f. (do lat. ALBA- 'branca') 'alba, vestimenta talar branca que os sacerdotes, diáconos e subdiáconos portan no oficio da eucaristía por riba do amicto'.

◦ **Alua** (2): "Vna vestimenta de pontifical con súa cenefa, que he rrica et con | súa *alua* d'olanda", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Vna vestymenta de damasco branco con súa *alua* de Bre|tana, et manto de damasco con súa ceneffa dourada, | et manjpolo e estola de damasco e cynta", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

◦ **Aluas** (4): "Faltan dúas *aluas* e outras vellas con elas", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "vn ornamento de brocado con súa estola et almáticas et vn frontal | et súas *aluas* et vna manga rica con os ditos ornamentos perfetos", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Outro ornamento negro de terçiopelo dobre con súa casula et ceneffa | rrica e dúas almáticas con tres *aluas* et seus manjpolos e | estolas et todo conprimento", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Jten entregou máys o dito arçediano do dito rrecabdamento douss | colares pretos con súas léteras et devissas e douss cor|dones para las *aluas*", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

O reconto da Catedral de Ourense recolle no seu inventario a alba, un ornamento litúrxico cuxo nome ten que ver coa cor branca que posúe. Ten a súa orixe na *tunica alba* ou *tunica talaris* romana e consiste nunha túnica longa con mangas axustadas, que cobre dende o pescozo ata os nocellos e acostuma a ir cinguida pola cintura cun cíngulo. Con respecto ás albas máis antigas, Miller (2014: 247) indica que «The earliest surviving *albs*, from the twelfth to fifteenth centuries, were quite full sometimes with gored inserts of extra fabric on the sides. the alba was worn belted with a cincture, which allowed the length to be adjusted to the height of the cleric by pulling fabric up over the cincture»; posiblemente as pezas citadas nos nosos exemplos tivesen esta forma. Na Antigüidade formou parte do traxe civil ata o século VI, momento en que se conservou exclusivamente como vestimenta litúrxica (Boucher 2009: 458). De feito, Boucher (2009: 133) sinala como no IV Concilio de Cartago (ano 389) e no de Narbona (ano 589) se prohibiu o seu uso a diáconos e clero fóra das cerimonias relixiosas, o cal deixa claro o seu carácter claramente litúrxico. Actualmente, o seu uso está restrinxido a sacerdotes, diáconos, subdiáconos, seminaristas e acólitos parroquiais.

Con respecto ao tecido de elaboración, nos nosos contextos de estudo non se dá información do material en que foron confeccionadas estas pezas, pero o máis empregado foi, e segue a ser, o liño (*vid. s.v.* **lino**), a pesar de existir excepcionalmente albas fabricadas en la (*vid. s.v.* **laan**) e **seda** (*vid. s.v.*). En ocasións eran teas máis especiais e luxosas, como as dos exemplos do reconto da Catedral de Ourense «*alua* d'olanda» e «*alua* de Bre|tana», que estaban elaboradas con tecidos procedentes destes lugares e caracterizados pola súa finura (*vid. s.v.* **olanda**). Amais, no século X as albas comezáronse a adornar con franxas e galóns colocados, fundamentalmente, nas marxes da peza; con todo, tres séculos despois, acostumouse a decorar esta túnica con pezas rectangulares bordadas, nas costas, nas zonas laterais ou no peito, tal como ocorre coa alba da indumentaria do arcebispo Rodrigo Ximénez de Rada, datada no século XIII (Borrego Díaz e Represa Fernández 1995: 134). Dende a Idade Moderna, estes bordados (*vid. s.v.* **bordado**) foron substituídos por encaixes e puntillas.

****

No territorio galego documentamos este substantivo relacionado co vestir dende o século X. A nobre galega Ilduara dóalle ao Mosteiro de Celanova, no ano 938 (tombo I), «una *alba* de illo fazistergulo francisco, et alia de alvez, terzaria exaurata kaskerxi, quarta tyrace vernelia, quinta grecisca, sexta alba similitudinem de illis dalmacis, septima cardena similem de grecisca, et octava alamagata cardena exaurata» (Varela Sieiro 2001: 269). No ano 952 López Ferreiro na edición de documentos da igrexa compostelá cita «*albas* de sirgo» -Lorenzo *Cronologia* (*DDGM*). No

século XIII as cantigas marianas ofrecen a primeira atestación desta voz en romance, neste caso coa grafía *r*: «Esta é de como Santa Maria pareceu en Toledo a Sant' Alifonsso e deu-ll' hũa *alva* que trouxe de Parayso» -*DDGM*. No portugués tamén temos contextos desta voz; por exemplo, a fins do século XVII Bento Pereira na obra *Prosodia 2* (1697) escribe: «A camisa Item, a *alva* sacerdotal, ou sobrepeliz» (*CP 1300S-1900S*) e o *VHCPM* ofrece outros testemuños desta voz ata o século XX, todos eles coa grafía do portugués actual, alva.

No galego actual, na fala, o García *Glosario* (1985) –*DD*- atesta o lema alba, a pesar de non especificar a acepción da que se trata. O *TLPGP* localízaa como 'indumentaria clerical' no concello pontevedrés de Campo Lameiro (Castro Iglesias 2010). Na escrita, o *TILG* inventaría centos de casos deste termo, con todo, co significado que nos ocupa, o testemuño máis temperán data do ano 1886 e recóllea o poeta celanovés Curros Enríquez en *Aires da miña terra*: «Encasquetad'o bonete, vestido d'estola e *alba*, subiu-s' ó púlpeto…»; a partir desta data este repertorio documenta algúns exemplos máis, aínda que escasos, ao tratarse dunha voz pertencente a un campo semántico moi restrinxido. Algo semellante ocorre co *CORGA*, que achega máis de 800 rexistros de alba, pero poucos deles se inscriben no ámbito eclesiástico. O primeiro contexto pertence á novela *Ilustrísima de* Carlos Casares (1980): «Recordaba emocionado a tarde en que a nai e as tías, dalle que dalle á agulla, no balcón da horta, entre contos, lle coseran unha casulla e unha *alba* para que poidera xogar aos cregos».

En textos do español temos testemuños do substantivo alba, relacionado coa vestimenta eclesiástica, dende o século XIII. Entre 1246 e 1252 ofréceo Berceo en *Los milagros de Nuestra Señora*: «de vestir esta *alva* a ti es otorgado, |otro qe la vistiere non será bien hallado», obra que cita como primeiro testemuño o *CDH*, *CE 1200S-1900S*, *CORDE* e o *DCECH*. O rei Afonso X na obra *Setenario* (c. 1252-1270) tamén se refire a esta peza do vestir: «…et cómmol deuen poner el capiello que llamamos *alba*» -*CDH*. No XVII, o inventario de bens de Ana Orbea (Guipúscoa), datado en 1617 fai alusión a esta peza clerical: «Yten, vnos boquerones paralas mangas | de vn *alba* de rasso carmessí, bordados, | y otros dos mayores para debaxo, de | lo mismo y bordado» -*CorLexIn*. A partir deste século, coa acepción dos nosos exemplos, este termo ten representación ata a actualidade, aínda que limitada ao ámbito ao que se insire –*CE 1200S-1900S* e *CREA*.

No tocante á lexicografía galega, alba xa está presente, coa nosa acepción, nunha obra clásica, como é o Sobreira *Papeletas* (1792-1797), que ademais ofrece a unidade fraseolóxica *estar como unha alba*, para facer referencia á 'brancura dalgún obxecto ou cousa'. No período premoderno (1863-1985) son catro os dicionarios que recollen esta voz no seu lemario: o Pintos *Vocabulario* (c.1865), baixo o lema alva; o *RAG 1913-1928*, que achega as variantes alba e alva; o Filgueira et alii *Vocabulario* (1926) e, a obra de corte enciclopédico, Eladio *Diccionario* (1958-1961) –*DD*. Con posterioridade, os dicionarios galegos editados a partir de mediados dos anos 80 do século XX conteñen esta voz entre as súas entradas de dicionario.

As obras lexicográficas do portugués ofrecen as formas alva e alba, coa nosa acepción, dende o século XVI; a primeira figura no Cardoso *Dict. vocum eccleiasticarum* (1569-1570) e alba localizámola no Pereira *Prosodia* (1697) -*CLP*.

Con respecto aos repertorios lexicográficos do español, estes achegan o substantivo alba, dende o primeiro cuarto do século XVII, en que figura na obra *Origen y etymología de todos los vocablos originales de la lengua castellana* (1611) de Rosal –*NTLLE*.

Na actualidade a alba segue sendo unha peza de uso no ámbito eclesiástico.

Cfr. s.v. **abeto**, **[almática]**, **amjto**, **casula**, **[cotibaldo]**, **[cugulla]**, **estola**, **manipulo**, **mitara** e **ornamento**.

Alba do arcebispo Rodrigo Ximénez de Rada (século XIII)[68]

alyffaffe *s.m. vid. s.v.* **aliffaffe** → **[4.1 ROUPA DO LEITO]**

amjto → **[2.4 ORNAMENTOS LITÚRXICOS]**

s.m. (do lat. AMICTU- 'que envolve, que cobre' < de AMICĪRE 'rodear' –*DELP*, *s.v.* amicto, vol. I) 'amicto, pano branco rectangular que o sacerdote coloca sobre os ombros e ao redor do pescozo antes de vestir a alba e vai suxeita con cintas cruzadas sobre a cintura'.

> ◦ **Amjto** (1): "Vna vestimenta de pontifical con súa cenefa, que he rrica et con | súa alua d'Olanda et con *amjto*, estola, cynta, e manjpolo, | et con seu manto rrico de Damasco brocado e con súa casula | de lenço en que está goardado", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.
>
> ◦ **Amyto** (1): "Et mando ao moesteyro ia dito huna dalmadiga et hun *amyto* et hun manto", Rey Caíña *Ferreira de Pallares*, 1312-setembro-22. [Ferreira de Pallares. Guntín] (Lugo), doc. 420, OR.
>
> ◦ **Amjtos** (1): "Tres *amjtos* gornjçidos de brocado colorado", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Seys *amjtos* e faltan outros seys do memorial", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

No testamento de Tareixa Oveques e no reconto da catedral ourensá cítase a vestimenta litúrxica coñecida como amicto, cuxa orixe está no *sudarium* romano, que era un pano usado polos romanos arredor do pescozo para absorber a suor procedente da cabeza e do colo e protexer a roupa (Rivas Quintas 2012: 137). Os romanos levaban o amicto baixo o vestido exterior e no século VIII xa é coñecido como ornamento litúrxico (Luis Sierra 1995: 124).

[68] En liña en: *http://revista.bodasdeisabel.com/art%C3%ADculos%2010/ximenez.htm* [Consulta: 18 de abril de 2019].

Na súa orixe era unha peza cadrada ou oblonga destinada a cubrir a noca e os ombros e cara ao século X comeza a adornarse con adobíos en **ouro** (*vid. s.v.*); a partir do século XI, aos ricos amictos engádenselle bordados (*vid. s.v.* **bordado**) e, ás veces, pedras preciosas como é o caso dos amictos que se citan no terceiro dos nosos exemplos, que vai adornado con brocados colorados («Tres *amjtos* gornjçidos de brocado colorado»). Xa no século XVI esta peza volve á súa forma primitiva sen bordados, aínda que elaborado con tecidos finos e, en ocasións, adornado con encaixes.

Os materiais cos que adoitaba elaborarse esta peza do ornamento litúrxico era o liño (*vid. s.v.* **lino**) e o cánabo (*vid. s.v.* **canavo**), sempre de cor branca, e o máis habitual é que estivesen bendicidos polo bispo correspondente.

No que respecta ao seu porte, ao comezo colocábase na cabeza, despois, amais da cabeza, cubría o colo e os ombros e abrochábase no peito e, en ocasións, levábase sobre a alba (*vid. s.v.* **alua**) e podía subirse cun pequeno colo ríxido (Beaulieu 1971: 88). De feito, o amicto do arcebispo Ximénez de Rada apareceu sobre o cadáver en forma de capucha redondeada, o cal parece ser un costume de certas ordes relixiosas, como a orde do Císter, segundo indica Luis Sierra (1995: 124). Con todo, na actualidade esta peza vístese debaixo da alba.

****

No ámbito galego, documentamos o substantivo amicto dende a primeira metade do século XIV. No ano 1348 cítao López Ferreiro nun documento notarial: «It. mando que entreguen a a iglesia de Santiago a mia mitara et Capa que eu dela teno. et a mitara. et o *amito*. que os entreguen a Sueyro e ans se uiuo for segundo ostremento que con el fiz» -Lorenzo *Cronologia* (*DDGM*) e *TMILG*. Para o portugués, o *VHCPM* non achega novos testemuños. Por contra, o *CP 1300S-1900S* atesta amito dende o último cuarto do século XV, aproximadamente dende o ano 1488, en que Sanches de Vercial na súa obra *Sacramental* cita: «Quando o bispo ouuer de fazer este sacramento deue teer *amito* & estolla & capa branca & mitra». A forma amicto atestámola no século XVI, en que aparece na obra de Bento Pereira titulada *Prosodia* (5): «Toalha, especie de *amicto*, que o Pontifice reveste sobre a alva, ou estola».

No galego actual, esta voz está presente na fala; amito, como 'vestimenta clerical', recólleo o *TLPGP* no concello pontevedrés de Campo Lameiro (Castro Iglesias 2010). Con respecto á escrita, no *TILG* só se ofrece un rexistro do termo amito, testemuñado no semanario *Novo galiciano* (1888): «Miña <santiña da Barca>, había de levar-lle un *amito*, pro este ano no me toca!». De por parte, o *CORGA* non ofrece atestacións desta voz, posiblemente por pertencer a un campo semántico moi concreto.

No ámbito español, documentamos amitos, en plural, antes da primeira metade do século XIII. Berceo na *Vida de San Millán de la Cogolla* (c. 1230) recolle esta voz: «…coro de los mártires qe por Christo morieron, | qe por salvar las almas las carnes aburrieron, | con sos *amitos* blancos procesión li fizieron, | non serié asmaduera la onra qe li dieron» -*CDH*. Na *Vida de Santo Domingo de Silos* (c. 1236) tamén se cita: «Por éssa passó Pedro, en tal guisa fue quito, | como gelo dixiera el monge benedicto, | el qui con él fablava cubierto del *amito*,| dioli por la carrera guionage e vito» -*CDH*, *CE 1200S-1900S* e *CORDE*. Do último terzo do século XIII data a primeira atestación desta voz que ofrece o Gual *Voc. Comercio*: «item IIII *amitos*» (1274). Con posterioridade, o *CorLexIn* testemuña esta voz nun único contexto, datado no ano 1617, extraído do inventario de bens de Ana Orbea (Guipúscoa): «Yten, dos albas con vn *amito*». A partir desta data esta voz aparece timidamente nas letras hispánicas (*CE 1200S-1900S*, *CDH* e *CORDE*) por inscribirse nunha área moi concreta do léxico.

Polo que se refire ao rexistro lexicográfico, as obras galegas ofrecen a variante amítolo no Sobreira *Papeletas* (1792-1797). Xa na época premoderna, dan conta desta variante o *RAG 1913-1928* e o Eladio *Diccionario* (1958-1961), xunto coa forma amito, segundo os datos ofrecidos polo *DD*. A forma estándar amicto non estará presente nos repertorios galegos ata mediados dos anos 80 do século pasado, momento en que se publican os dicionarios de corte normativo.

No portugués os repertorios lexicográficos ofrecen tamén as formas amicto e amito dende o primeiro terzo do século XVIII, en que figuran no Bluteau *Vocabulario portuguez e latino* (1712-1728) –*CLP* e Messner (*s.v.* amito, vol. 8).

De por parte, no español as obras lexicográficas tamén ofrecen as dúas variantes, amito e amicto, dende o século XVII, as cales están presents no *Tesoro de las dos lenguas francesa y Española* (1607) de Oudin -*NTLLE*. Con todo, se botamos unha ollada ao repertorio lexicográfico ditado podemos observar como a partir dos últimos anos do século XIX, a única entrada que figurará nos diversos repertorios do español é amito.

Na actualidade amicto é unha voz presente na lingua galega de uso exclusivo no ámbito eclesiástico ao nomear un ornamento litúrxico.

Cfr. s.v. **abeto**, **[almática]**, **alua**, **casula**, **[cotibaldo]**, **[cugulla]**, **estola**, **manipulo**, **mitara** e **ornamento**.

Amicto[69]

amyto *s.m. vid. s.v.* **amjto** → **[2.4 ORNAMENTOS LITÚRXICOS]**

anel *s.m. vid. s.v.* **anjllo** → **[2.3 COMPLEMENTOS]**

[69] En liña en: *https://pt.wikipedia.org/wiki/Amito* [Consulta: 18 de abril de 2019].

anillo *s.m. vid. s.v.* **anjllo** → **[2.3 COMPLEMENTOS]**

anjllo → **[2.3 COMPLEMENTOS]**

s.m. (do lat. ANĔLLU- 'anel pequeno', diminutivo de ANŬLU- 'anel') 'anel, aro de metal, liso ou con adornos, que se leva nos dedos da man'.

> ◦ **Anjllo** (3): "et outro *anjllo* con vna pedra con || súa figura et dúas crucyiais de prata douradas", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Vn *anjllo* pontifical, dourado, que ten vna pedra grande azur con | outras çinquo pequenas color de çaffý", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Vna cayxa de prata del *anjllo* de santa Oufemea", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.
>
> ◦ **Anel** (1): "mando ao dito Lope Gomez por seu traballo o meu *anel* douro que ten tres pedras", Sánchez *Álvaro Sánchez*, 1493-xuño-12. Santiago de Compostela (A Co), doc. 13, OR.
>
> ◦ **Anillo** (1): "Yten mando a Catalina Sanches, muller de Gomes de Ventosa, vn *anillo* douro e vna touca (?) de seda", Sánchez *Álvaro Sánchez*, 1493-xuño-12. Santiago de Compostela (A Co), doc. 13, OR.

No testamento de Inés García e no reconto da Catedral de Ourense cítanse varios aneis, xoia (*vid. s.v.* **[joia]**) decorativa que convive coa forma **sortella** (*vid. s.v.*), voz máis frecuente durante a Idade Media en Galicia, como así amosan os nosos exemplos.

Lemeneva e Sallay (2001: 18) explican que os aneis se atopan entre as xoias de uso máis frecuente entre os homes e as mulleres da Idade Media e usábanse tanto nas unións superiores como nas medias dos dedos. Había aneis de diversos tipos: os simples levaban unha única pedra, que nas pezas máis sinxelas adoitaba estar cortada e, os máis complexos eran os selos con biseis gravados, que amais de decorar funcionaban como marca de clase e mesmo identificadores dos seus portadores, como podía ser o caso do gremio de comerciantes e do clero.

A propósito do material de elaboración, xeralmente, os aneis adoitaban ser de metais nobres, coma o **ouro** (*vid. s.v.*) ou a **prata** (*vid. s.v.*), pero en ocasións a este último metal aplicábaselle un baño dourado para darlle a cor do ouro. Nos nosos contextos cítanse: «vn *anillo* douro», «o meu *anel* douro» e «vn *anjllo* pontifical, dourado», polo que entendemos que nos dous primeiros casos se trataba de aneis de ouro, a excepción do último exemplo, que posiblemente levase un baño de verniz dourado. En canto aos adornos que podían ter, acostumaban a facerse con pedras preciosas e semipreciosas; nun dos casos Inés García deixa como herdanza un «meu *anel* douro que ten tres pedras»; con todo, non temos información dos tipos de pedras, pero podemos supoñer que se trataba de corais, esmeraldas, perlas ou zafiros. Algo máis luxoso ca este debía ser o anel pontifical inventariado na catedral ourensá, que contaba con «vna pedra grande azur con | outras çinquo pequenas color de çaffý», posiblemente de zafiros, cor que o cristianismo vincula co mundo divino. No entanto, non se fai referencia a ningunha inscrición no anel, que como apunta Lemeneva e Sallay (2001: 20) era frecuente que levasen a insignia propia do papa nunha escritura ou, de ser o caso, no selo do anel, que se entregaba ao pontífice o día da súa consagración. Lembremos, o anel do bispo de San Martiño de Mondoñedo (Foz), Gonzalo Fróilaz, do século XII. Está elaborado en ouro e cuarzo translúcido suxeito por catro

cabezas de paxaro traballadas, cunha inscrición que di: «NOLO ESSE DATUS NEQUE VENUM DATUS» ou o que é o mesmo: «non quero ser dado nin vendido»[70].

Noutros casos, os aneis contaban coa imaxe dun santo, como o que se cita no noso *corpus*: "Vna cayxa de prata del *anjllo* de santa Oufemea»; probablemente esta peza tiña unha imaxe de Santa Eufemia, venerada na cidade de Ourense. Precisamente a este anel podía referirse o técnico de patrimonio, cando nunha noticia do xornal *Faro de Vigo* (14/09/2009), explicaba, referíndose á santa, que na catedral ourensá «conservamos desde la Edad Media una sábana suya muy antigua que está en el museo y había también había un *anillo*, ya desaparecido»[71].

****

No ámbito galego os primeiros testemuños desta voz datan do primeiro cuarto do século XIII. Nun documento notarial, escrito en latín, pertencente ao cenobio ourensán de Santa María de Melón (1222) cítase o seguinte contexto: «…vobis ad nobis destis una bona cinta et unum bonum *anelo* de aurii cum bona petra pro robore» -*CODOLGA*. En textos escritos en romance, este substantivo está presente dende, aproximadamente, o segundo terzo do século XIII, en que se recolle nunha cantiga profana do xénero amigo da autoría de Pero Gonçalvez de Portocarreiro (1240-1300): «O *anel* do meu amigo | perdi-o so lo verde pino | e chor' eu, bela!» -*CMGP*, Ferreira *Glosario*, *MedDB* e *TMILG*. Nas cantigas marianas tamén localizamos a forma anel; por exemplo, na pauta que segue: «Esta .XLIIa. é como o crerizon meteu o *anel* no dedo da omagen de Santa Maria, e a omagen encolleu o dedo con el» -*DDGM e TMILG*. No tocante á prosa histórica, temos mostra deste termo na *His.Troyana* (1350-1399): «Et el rrey Priamo, seu padre, lle meteu vn *anel* de ouro ẽno dedo, et era moy bõo et moy preçado; et posolle ẽna cabeça a sua corõa moy noble et moy preçada» -*TMILG*. Amais nun texto pertencente á colección documental do Mosteiro de Oseira (Ourense) atopamos este substantivo empregado coma un sobrenome: «Os que presentes forum: frei Payo istaleiro d-Ambas Mistas ts., frey Arias de Sequeyras ts., frey Martino ts. , Domingo Perez da Touça ts., Arias Perez do Burgo ts., Iohan Eanis ixirtino ts., Domingo Martiz dicto carneiro ts. , Johan Perez clerigo ts., Pero *Anel* ts., Lourenço Fernandiz, ts.» -*TMILG*. De por parte, no portugués temos noticia deste termo dende o segundo terzo do século XIV, en que figura na obra *Dos costumes de Santarem* (1340-1360): «séér a uara tanto de grosso que caybha per hũu *anel* de carníçeíro que trage no dedo mayor da mááo» -*CP 1300S-1900S*.

No galego moderno, na fala popular, esta voz está presente no García *Glosario* (1985) –*DD*- e no *TLPGP*. Este último, coa nosa acepción, localiza anel en varios concellos galegos. No lucense de Guntín (Vázquez Somoza 1986: 98), no ourensán de Avión (Cortizo Amaro 1998) e nos pontevedreses de Cangas (González González 2002: 400), A Estrada (Fraiz Barreiro 1974: 109) e Tomiño (Pérez Alonso 1969: 49). Na escrita, existe un número elevado de atestacións como demostra o *TILG*, que ofrece 1.088 voces repartidas entre 291 textos diferentes. Da forma anelo temos testemuños dende o ano 1853, en que figura na obra de Pintos titulada *A gaita gallega*: «*anelo* {annulo}». Once anos despois, na obra *A poesía popular en Galicia* (1745-1885), da autoría de Blanco cítanse os seguintes versos: «Heicho de dar, queridiña, | heicho de dar, que o teño; | heicho de dar, queridiña, o *anillo* do meu dedo». Con todo, da forma estándar anel, a primeira atestación data do último cuarto do século XIX, en que figura na obra de Saco y Arce titulada *Literatura popular de Galicia* (1881): «Para prender corazón! Antoniño e´cravo, Manoel e´o *anel*; Máis vale o cravo d'Antonio ca o *anel* de Manoel». Se

[70] En liña en: *http://codigocero.com/Adiantamos-alguns-dos-modelos-3D-da-exposicion-Galicia100* e *http://praza.gal/cultura/11741/galicia-en-100-obxectos-do-colar-da-chousa-nova-ao-anel-do-bispo-de-mondonedo/* [Consulta: 18 de abril de 2019].

[71] En liña en: *http://www.farodevigo.es/portada-ourense/2009/09/14/santa-eufemia-santa-ourensana-viaje/367976.html* [Consulta: 18 de abril de 2019].

observamos a distribución cronolóxica de todas as ocorrencias que achega o *TILG*, comprobamos como esta voz vai ir aumentando en uso co paso dos séculos: entre os anos 1851 e 1900, rexístranse 78 casos, entre 1901 e 1950, 127; entre 1951 e 1980, 220 e, finalmente, entre 1981 e 2013, 583 contextos. Ademais o *CORGA* tamén achega exemplos de anel dende o ano 1977.

No territorio español, as primeiras atestacións deste termo datan de comezos do século XIII. Na obra de Almerich titulada *La fazienda de Ultra mar* (c. 1200) cítase: «Juda cubierta e no la connoçio e cuedo que era putana, e dixol: "Yaz comygo". E dyxo ella: "Que me dará? Acordáronse quel diese un cabrito e diol pennos so *anyello* e la cinta que cinnya e el blago que tenya en su mano». Anos despois localizamos a forma aniello na obra de Berceo publicada co título *Vida de Santo Domingo de Silos* (c. 1236): «Tú sey apercebido, fúrtateli quediello, | ponli alguna cosa de yus el cerbiguiello; | si catares a tierra verás que el *aniello* | yazrá con sus sortijas partido del toviello» -*CDH*. Da forma actual do español, anillo, a primeira documentación é do ano 1325, en que se cita no *Catecismo* da autoría de Cuéllar: «E pónese el *anillo* en el dedo quarto porque es ý una vena que va al coraçón; por ende se pone ý el *anillo*, que así ayunte los coraçones de amos a dos» -*CDH* e *CORDE*. Un século despois, na obra de Sagredo, *Medidas Romano* (1526) recóllese o seguinte contexto: «Armilas son como dos, o tres, o quatro *anillos* junto en un dedo. Llámanse armilas porque semejan a las manillas que las mujeres traen en los braços, las quales en latín se dizen armille. Armilas son como dos, o tres, o quatro *anillos* juntos en un dedo» -*DICTER*. Con posterioridade, na carta de arras de Ana Vivas (Badaxoz), do ano 1685, ofrécese o contexto que segue: «Más un *anillo* de treçe piedras» -*CorLexIn*. Xa no século XX, a forma anillo segue sendo unha voz cun elevado uso na lingua, como amosan os exemplos ofrecidos polo *CREA*.

Na lexicografía galega, rexístrase este termo xa nas obras publicadas no século XVIII; de feito, a forma anillo figura no Sobreira *Papeletas* (1792-1797) e anel no Sarmiento *Colección voces* (1746-1770). Xa na época premoderna (1863-1985) anillo está presente no *RAG 1913-1928* e a forma anel, localízase no Pintos *Vocabulario* (c.1865), Filgueira et alii *Vocabulario* (1926), Carré *Diccionario*[1] (1928-1931), Carré *Diccionario*[2] (1933), Ibáñez *Diccionario* (1950), Carré *Diccionario*[3] (1951), Eladio *Diccionario* (1958-1961), Franco Grande *Diccionario* (1972) e Carré *Diccionario-Voc.* (1979) -*DD*. Posteriormente, os dicionarios, de carácter normativo, publicados a partir de mediados dos anos 80 do século pasado van ofrecer esta voz entre os seus lemas.

No relativo ao portugués, a entrada anel está presente nas obras lexicográficas dende o segundo terzo do século XVI, en que aparece no Cardoso *Dict. ex lusitanico* (1562-1563). Amais, tamén figura no Barbosa *Dictionarium* (1611), Pereira *Thesouro* (1697), Bluteau *Tabla* (1721) e Folqman *Diccionario* (1755) –*CLP*.

Finalmente, os repertorios do español dan conta de anillo dende finais do século XV, en que se rexistra no *Vocabulario español-latino* (1495) de Nebrija –*NTLLE*.

Na actualidade, anel e *sortella* son formas utilizadas no galego estándar para denominar o obxecto decorativo e simbólico empregado tanto por membros da igrexa como por homes e mulleres da sociedade civil.

Cfr. s.v. **[joia]** e **sortella**.

Anel de San Rosendo datado entre os séculos XII-XIV, custodiado no Museo catedralicio de Ourense[72]

Anel de Gonzalo Fróilaz do século XII, custodiado no Museo parroquial de San Martiño de Mondoñedo (Foz, Lugo)[73]

ardalgadon *s.m. vid. s.v.* **algodón** → **[3.1 TECIDOS]**

arraz→ **[3.1 TECIDOS]**

s.m. (etimoloxía procedente do nome da antiga cidade flamenga de Arrás, onde se fabricaba o pano) 'ras ou arrás, pano de la con orixe no nome da cidade (hoxe) francesa de Arrás'.

◦ **Arraz** (1): "Jtem mando a Orraca Eanes, súa madre, IIIJº uaras et mea de hun *arraz* bõo", Lorenzo *Montederramo*, 1313-novembro-2. Ourense {1313-outubro-12}, vol. II, doc. 774, OR.

◦ **Araz** (1): "et outra a Fernán Curujo, de ualencina ou | d'*araz*", 1275-maio-4. [Montederramo] (Ou), vol. I, doc. 355, OR.

[72] En liña en: *http://www.obispadodeourense.com/diocesis/diocesis_catedral_museo.php* [Consulta: 18 de abril de 2019].
[73] En liña en: *http://praza.gal/cultura/11741/galicia-en-100-obxectos-do-colar-da-chousa-nova-ao-anel-do-bispo-de-mondonedo/* [Consulta: 18 de abril de 2019].

No testamento de Fernando Martiz e na elevación a pública forma do testamento de María López de Lemos cítanse as formas arraz e araz para nomear o 'pano de la (*vid. s.v.* **laan**) con orixe na cidade (actualmente) francesa de Arrás'. No noso caso, o propio topónimo denomina o tecido, pero tamén é frecuente atopar a unidade pluriverbal *pano de* Ras/Arrás.

Alfau de Solalinde (1969: 158, *s.v.* Raz, Arras) e Zanger (1945: 17, *s.v.* Arras) destacaron a importancia da cidade de Arrás como gran centro manufactureiro téxtil, de onde se exportaban tapices e tecidos á Península Ibérica, Alemaña e a Francia. González Mena (1994: 18) e Dávila Corona, Durán Pujol e García Fernández (*DHTT, s.v.* raso/ras) asocian o *pano de* Ras co raso (*vid. s.v.* **rraso**), mentres que a investigadora Martínez Meléndez (1989: 325-6) contradí esta idea: «Este tejido [raso] no tiene ninguna relación con el denominado *ras*, ya que este último fue un paño de lana importado de Arrás, de ahí su nombre, durante los siglos XIII y XIV» e destaca «No pudo tratarse de los tejidos de *Arrás*, porque éste era de lana mientras que el raso era de seda; por otra parte, la industria textil de Arrás fue muy importante durante los siglos XII y XIII, pero decayó en la primera mitad del siglo XIV debido al cambio que experimentó la moda, tanto femenina como masculina, que exigía tejidos mucho más finos que los paños tradicionales».

Con respecto ás tonalidades desta estofa, non temos información nos nosos exemplos, pero Gonzalo de Baeza, tesoureiro da raíña Isabel «a Católica», menciona «ras de colores» nun texto datado en 1494 –Gual *Voc. Comercio*. Polo tanto, entendemos que aos tecidos de Ras/Arras podían aplicárselle tinguiduras para obter a cor desexada.

Do valor deste pano non temos moitos datos, pero nun documento navarro de 1361 cítase o prezo: «8 sueldos carlines negros el codo de paño de *Arrás*»; dos tapices tamén se nos ofrece información noutro documento navarro do ano 1387: «el rey de Navarra compra a un tapicero de París 4 tapizes de autaliça fechos en *Arraz*, por 1300 libras tornesas» -Gual *Voc. comercio.*

****

No dominio galego documentamos arraz dende mediados do século XIII. Nun documento, escrito en latín, pertencente á Catedral Ourense (1252), cítase: «mando garnachiam de *arraz*» -*CODOLGA*. En textos escritos romance, a primeira atestación está na lírica profana; nunha cantiga de escarnio afonsina (1240-1300) na cal se menciona: «houveram tal pavor, | que os seus panos d'*arrazes* | tornaron doutra color» -***C****MGP*, Ferreiro *Glosario*, Lapa *Escarnho* (*DDGM*), *Med**DB* e *TMILG*. No portugués temos atestacións desta voz, amais da lírica profana, dende o segundo terzo do século XIV, en que se recolle na obra *Livro de vita Christi* (1446): «E que sirgo ou que purpura de tecedeiras, que façam panos de *ras*, sera tal que se possa igualar com as flores verdadeiramente?». A forma arras está presente dende o século XVI, en que figura na *Historia de vida do padre S. Francisco Xavier* (1600) de Lucena: «Escusam panos de seda e *arras*, porque as paredes são painéis, uns de figuras que representam as histórias e feitos antigos de Japão…». Finalmente, localizamos a variante arraz, coa acepción que nos ocupa, no século XVIII; na obra *Os Maias* (1888) de Eça de Queirós cítase: «As salas tinham agora soberbos panos de *Arraz*, paisagens de Rousseau e Daubigny…» -*CP 1300S-1900S*.

No galego moderno este termo conta con pouca representación. Na escrita, co significado que nos ocupa, localizamos un único exemplo, recollido polo *TILG* e polo *CORGA*. Trátase da variante arraz e está na obra *A palabra secreta* (1989) de Rábade Paredes: «Unicamente o salón nobre do pazo, aínda non hai moito residencia temporal de D. Nemesio Lapinio e D. Antonio, merecerá de min certa mención, e iso polo seu rico mobiliario, os cadros e os frescos, os seus panos de *arraz*, os saténs e veludos que forran as paredes…».

No ámbito español documentamos esta voz a partir da segunda metade do século XIII. Nun documento notarial da Catedral de Oviedo cítase estanforte (*vid. s.v.* estanfforte) de arras: «se vende una heredad por 80 morabitinos, una piel y un zulame d'estanfor de *Arra*» -Gual *Voc. comercio*. Unha década despois, no *Ordenamiento de posturas en el Ayuntamiento de Jerez* (1268) ofrécese a variante ras: «la vara del mejor panno de *Ras* seys sueldos e medio de dineros alfonsis» -*CDH*, *CORDE* e Gual *Voc. comercio*. No século XVII no inventario dos mobles da casa de Baltasar Gami e Catalina Garcés (Zaragoza) recóllese o seguinte contexto: «Más, vna caxeta de Valencia, cinco paños de *raz* de caballería» -*CorLexIn*. Séculos despois, o *CREA* atesta arras no último cuarto do século XIX, en que se rexistra no *Atlas de Historia del arte* (1989) de Bassegoda Nonell para referirse á orixe duns tapices: « En los Países Bajos se construyen las famosas casas comunales o gremiales con lujo decorativo y altas torres (Beffroi, de Brujas) que se decoran interiormente con los tapices de *Arra*».

A presenza desta voz nas obras lexicográficas galegas é escasa. De feito, só localizamos ras *(pano de)* no Valladares *Suplemento* (1896-1902) para denominar un «paño de raso, especie de tela de seda» -*DD*. Con posterioridade, os dicionarios de corte normativo, publicados a partir dos anos oitenta do século pasado, non achegan este termo entre os seus lemas.

Nos repertorios lexicográficos do portugués este termo tamén é escaso. Localizamos ras na primeira metade do século XVIII, en que figura no Bluteau *Vocabulario portuguez e latino* (1712-1728) -*CLP*.

No relativo á lexicografía española, a presenza da forma ras data de comezos do século XVII, en que aparece no Covarrubias *Tesoro* (1611) –*NTLLE*.

Este tecido importouse durante os séculos XIII e XIV da cidade que lle dá o nome, pero co paso do tempo acabou sendo substituído por outras estofas tamén confeccionadas con la.

Cfr. s.v. **laan** e **pano**.

[auarca] → **[2.2 CALZADO]**

s.f. (de orixe incerta, probablemente dunha base prerromana **abarca* –*DCECH* (*s.v.* abarca, vol. I). A posible orixe vasca *abarka* debemos descartala por ser forma irmá das hispánicas – *s.v.* abarca, auarca, *Cr. Gal*, vol. II) 'abarca, calzado de coiro que se axusta ao pé con correas'.

> ◦ **Auarcas** (1): "mando... para senllos par de *auarcas*", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1348-[xuño-7. Santiago de Compostela] (A Co), doc. 41, OR.

Entre o legado testamentario de Elvira Pérez figuran un par de abarcas, supoñemos que elaboradas en coiro. Trátase dun calzado que foi frecuente dende o século X, sobre todo entre os pastores.

Este calzado rústico, utilizado fundamentalmente no verán, estaba formado por unha sola de coiro sen curtir que se suxeitaba aos pés atándoa con cordeis, correas ou cintas (*vid. s.v.* **cinta**) de coiro pola empeña e o nocello. Os pés, normalmente, levaban calzas (*vid. s.v.* **[calça]**) ou ían cubertos cun pano ou unha tea máis lixeira coa finalidade de protexelos do

frío[74]. A cor que tiñan as abarcas era a do coiro e as cintas podían ser tamén de coiro ou de materiais téxtiles.

Pola súa simplicidade, era frecuente que as abarcas as elaborasen os propios pastores, como indica Menéndez Pidal (1986: 99), pero tamén houbo gremios de zapateiros que se encargaron da súa feitura e, incluso, recibían o nome de *abarqueiros*. Viterbo (1962-1966: 15-16, vol. I) destaca que era un calzado moi cómodo para andar por camiños fragosos e montes cheos de neve; de feito indica que don Sancho II e o seu fillo, don García III, reis navarros, foron coñecidos coa alcuña de Abarca polo frecuente uso que facían desta peza para os pés. Este mesmo autor explica que sobre o modelo das abarcas se creou outro tipo de calzado coñecido como 'alpargatas, alpargates ou alparcas', de liño (*vid. s.v.* **lino**) ou de coiro, que, máis austeras, eran empregadas por algunhas ordes relixiosas. En Galicia as abarcas utilizáronas basicamente os pastores, polo menos ata o primeiro terzo do século pasado, como se indica na información, ofrecida polo *TLPGP*, recollida por Araújo García *et alii* (2006) no concello de Vilariño de Conso (Ourense): «no verán utilizábanse as *abarcas*, un calzado máis cómodo e aberto, a modo de sandalia, para que os pés puideran transpirar. Dicir que as derradeiras *abarcas* vistas foi alá polos anos 30 a un pastor chamado Aurelio Basteiro. Os homes e as mulleres tamén calzaban botas de material feitas polos zapateiros, botas de lona, etc.».

****

No territorio galego documentamos auarca entre o último cuarto do século XIII e o primeiro do século XIV; a *Cr. Gal* (1295-1312) achega os primeiros exemplos desta voz en textos galegos: «Et entõçe el rey de Nauara, (et) dõ Garçia, ffillo de dom Sancho *Auarca*, quando o soube, enviou seu mãdado al rrey don Ordoño»; con todo, en todos os contextos ofrecidos nesta obra histórica auarca fai referencia ao sobrenome do rei Sancho ou ao do seu fillo García, ao cal nos referimos en liñas anteriores –*DDGM* e *TMILG*. Un século despois, no ano 1487 nun documento notarial do concello ourensán, editado polo historiador Ferro Couselo, ofrécese a variante abarca, con *-b-* intervocálico, para referirse ao alcume dun xudeu: «Abráan *Abarca*, prateiro, judío» -*TMILG*. No territorio portugueses atestamos esta voz, en textos latinos, dende o segundo terzo do século XII. Na obra *Portvgaliae monvmenta historica a saecvlo octavo post christvm vsque ad qvintvmdecimvm. Leges et consuetudines* -743, vol. I- *Gr. Gal* (*DDGM*) ofrécese o exemplo «*auarcas* bene bonas muzas uel acutas pro VI denarios» (a. 1145). Xa no século XIV Cintra *Cr.1344* cita o exemplo «...fez fazer *avarcas* de coyro cruu pera si e pera sua companha... e, por este fazer das *avarcas*, foi este rey chamado despois dom Sancho *Avarca*», no cal se volve insistir no sobrenome do rei Sancho; no Viterbo *Elucidário* recóllese un exemplo, aproximadamente, do ano 1356. A mención ao alcume do rei tamén se fai nun texto do século XVIII extraído do *Vocabulario portuguez, e latino*... de Bluteau: «Dizem, que El Rey D. Sancho de Navarra derão a alcunha de *Abarca*, por haverse criado quando menino com vestiduras rusticas, para ser menos conhecido ou porque havendo de passar os montes Pyreneos, para levar socorro a Pamplona, cercada dos Mouros, fez passar a gẽte que levava, com *abarcas* nos pés pellas terras, cheas de neve» -*CP 1300S-1900S*.

Na fala popular rexistramos abarca. O *ALGa* (pregunta 2.335: *abarcas*) atesta a presenza desta voz en varios puntos das provincias de Lugo e Ourense, Asturias e León; as provincias de Pontevedra e A Coruña son as que menos presenza teñen deste termo, que convive no territorio galego coas formas *cauchos*, *chanchas*, *chancletas/changletas*, *chango*, *chapanitas*, *chinelas*, *guaracha*, *sandalias/andalias* e *zapatillas de goma*, entre outras; con todo, este tipo de abarcas parece que distaba bastante das empregadas no medievo ao seren feitas en varias ocasións con pneumáticos vellos. O *TLPGP* (Araújo García *et alii* 2006: 118) ofrece só

[74] En liña: *http://opusincertumhispanicus.blogspot.com.es/2015/05/las-abarcas-albarcas.html* [Consulta: 18 de abril de 2019].

unha localización desta voz no concello ourensán de Vilariño de Conso. No galego escrito non se trata dunha voz con moito uso. O *TILG* dá conta deste termo, que se cita en 16 casos en 11 obras diferentes; o primeiro exemplo data do ano 1861 e está na obra *Ensaios poéticos en dialecto berciano* da autoría de Fernández Morales: «Puxeron-lle na cabeza cornos de bois ou de vacas; unha alarbe | carantoña, ca boca aberta, na cara; un asador na mao dreita i |espuelas sobre as *abarca*». Esta obra ofrece 4 das concordancias desta voz. Despois, o *Cantigueiro popular da Limia Baixa* de Lorenzo Fernández (1973) recolle o seguinte contexto: «Se por min gastaches solas compraras unhas *abarcas*, que outros millores ca ti xa levaron calabazas». Cómpre destacar que é a franxa cronolóxica situada entre 1981 e 2013 a que ofrece 10 dos 16 contextos compilados neste *corpus*. De por parte, o *CORGA* tamén recolle este termo, aínda que reducido a 3 casos, en que se emprega como alcume. No ano 1991 Álvarez na obra *Memoria da guerrilla* tamén o utiliza como alcume: «Nomeóuseme a min responsable da mesma e a Julián *Abarca* (Guardiña) comisario».

No que respecta ao territorio español, o *DCECH* documenta esta voz dende o século X, en que se cita nun texto datado en 978; con todo, o Gual *Voc. Comercio* data a primeira atestación desta voz no século XI nos *Fueros de Villavicencio*. No primeiro cuarto do século XIII o texto anónimo escrito en latín titulado *Liber Regum* tamén recolle esta voz, utilizada como sobrenome: «e pues ouo nomne el rei Sanch *Auarca*». Na primeira metade do século XIII rexistramos o termo referido ao calzado citado no texto anónimo coñecido como *Fuero de Zorita de los Canes*: «et II sueldos pora queso, et II sueldos pora *auarcas*». A forma con *-b-* intervocálica atestámola por primeira vez na *Crónica del moro Rasis*, texto anónimo datado aproximadamente entre os anos 1300 e 1344, en todos os casos utilizada como alcume: «[Capítulo CXXXIII: De cómo rreyno *Abarca*, que hera mas heredero del rreyno]» *-CDH*. Os contextos ofrecidos polo *CREA* e o *CE 1200S-1900S* documéntanse no século XV. Dous séculos despois, en 1638, o *CorLex1n* na almoeda da facenda de María Terer (Soria) recolle o seguinte contexto: «Yten, se rematarоn en Françsico de Uera dos pares de *abarcas* en seis reales». Avanzando no tempo, abarca segue aparecendo nos repertorios para facer referencia ao calzado utilizado noutra época, pero tamén a pezas actuais que manteñen esta forma.

No relativo ás obras lexicográficas galegas, abarca, coa acepción do noso exemplo, aparece por primeira vez na obra Sobreira *Papeletas* (1793-1797), que amais desta acepción ofrece a de 'zoca'. Estas mesmas acepcións inventaríanse nos dicionarios galegos premodernos: o *RAG 1913-1928*, a obra enciclopédica do Eladio *Diccionario* (1958-1961), o Franco Grande *Diccionario* (1972). Por contra, o Carré *Diccionario-Voc.* (1979) só ofrece o sinónimo 'zoca' – *DD*. A presenza desta voz continúa nos lemarios dos dicionarios de corte normativo, xurdidos na década dos oitenta do século XX.

Nos repertorios portugueses tamén se recolle esta voz para denominar o tipo de calzado aberto. O mesmo ocorre na lexicografía española, que inventaría este termo dende fins do século XV (1495), data da obra de Nebrija. No entanto, neste repertorio, baixo a entrada abarca, defínese un 'calzado de madeira', pero a partir do século XVII, varias obras lexicográficas do español ofrecen as acepcións referidas aos dous tipos de calzado (de madeira e de coiro ou corda) para írense especializando paulatinamente e nomear a 'peza de tiras de coiro utilizada para cubrir o pé'.

Hoxe en día a voz abarca segue utilizándose para denominar un tipo de calzado empregado noutros séculos, pero tamén se emprega para nomear o calzado actual que por ser aberto e levar tiras ten semellanza co modelo antigo.

Cfr. s.v. **çapato** e **[sandalia]**.

Abarcas[75]

[avelá], doas d' *unid. pluriverbal vid. s.v.* **[avelãã]** e **[doa]**.

[avelãa] → **[2.3 COMPLEMENTOS]**

s.f. (do lat. ABELLANA NUX 'noz de Abella', chamada así por ser abundante na cidade italiana de Abella da rexión de Campania -*DCECH* (*s.v.* avellana, vol. I) 'abelá, peza de filigrana, normalmente de prata, en forma esférica' (Casado Lobato 1991: 502) –adoita utilizarse en plural.

> ◦ **Avelãas** (1): "Jten mando a | Mayor Nunes o meu conteiro das *avelãas* de | plata", Lorenzo *testamentos*, 1497-setembro-4/novembro-1. [Cee] (A Co), COP.

> ◦ **Avelaas** (1) –o editor non indicou o trazo de nasalidade-: "Iten mando a Mayor Nunnes o meu conteiro das *avelaas* de plata", García Oro *Diego de Muros III*, 1497-setembro-4. Cee (A Co), doc. 23, COP.

Catalina Gómez, nai do bispo Diego de Muros III, lega no seu testamento un **conteiro** (*vid. s.v.*) de «*avelãas* de | plata». O termo abelá convive no noso *corpus* coa unidade pluriverbal *doas de* abelá (*vid. s.v.* **[doa]**), que presenta a estrutura substantivo+de+substantivo.

Egido Fernández (2010: 111) indica que abelá define unha peza de filigrana elaborada en **prata** (*vid. s.v.*), cuxa denominación ten que ver coa forma redonda que presenta, semellante á das abelás. Con todo, tamén existiron pezas de **ouro** (*vid. s.v.*), de feito Rivas Quintas (2012: 179) documenta *avelaas de ouro* e *avelás de prata* nun texto notarial compostelán do ano 1426.

[75] En liña: *http://almogavaresdeeuropa.blogspot.com.es/2009/07/la-abarca-el-calzado-almogavar.html* [Consulta: 18 de abril de 2019].

Estas doas foron moi utilizadas para a confección de rosarios e colares (*vid. s.v.* **colar**) ao iren ensartadas, en ocasións, con outros tipos de abelorios ou cruces. Egido Fernández (2010: 111) destacou o importante simbolismo social co que contaron e as súas propiedades protectoras, de feito, no caso dos colares salmantinos, nalgúns casos mantiñan a súa estética fenicia cun ollo no centro que actuaba de talismán para protexer contra o mal de ollo (Rivas Quintas 2012: 179). Incluso se lle conferiron propiedades curativas contra a erisipela, como recolle a definición ofrecida polo *RAG 1913-1928* e o Eladio *Diccionario* (1958-1961) –*s.v.* avelán -*DD*.

****

No dominio galego o testemuño máis temperán deste termo data do século XIII. Nunha cantiga de amigo de Airas Nunes (1240-1300) as flor da abelás serven para situarnos na estación privameral: «Bailemos nós ja todas tres, ai irmanas, | so aqueste ramo d' estas *avelanas*» –*CMGP*, Ferreiro *Glosario*, *MedDB*, Nunes *cantigas de amigo* (*DDGM*) e *TMILG*. Con todo, coa nosa acepción, localizamos esta voz dende a segunda metade do século XV, dúas décadas antes da datación do noso exemplo. Nun documento notarial editado por Ferro Couselo do ano 1458 cítase: «et huun comoyro de *aveláas* douradas, que valería ben dosentos et çincoenta mrs» -*TMILG*. En textos escritos en portugués non atestamos esta voz coa acepción que nos ocupa, pero documentamos avelã, como froito, dende o século xv en que figura no *Livro de citraria e experiencias de algús caçadores* editado por Lapa: «[...] antes que coma metelhe a pe. dra hume pola boca, tamanha como hũa *avelã*» -*VHCPM*.

No galego moderno, na escrita, o *TILG* recolle pouco máis dun cento de rexistros de abelá dende o ano 1881, en que Saco na obra *Literatura popular de Galicia* cita: «Tanta nena panadeira | como habita en este pueblo | en a rúa de o Vilar | non se crían *abelás*…». Con todo, a nosa acepción documentámola na obra *A tecedeira de Bonaval* (1895) de López Ferreiro: «Lucía a o redor de a garganta unhas contas feitas de ambra, a modo de *abelás,* con unha medalla en o medio». De por parte, o *CORGA* non ofrece rexistros coa acepción estudada.

A propósito do español, a primeira atestación que localizamos deste termo data de mediados do século XIII. Está presente no *Libro de Alexandre* (1240-1250): «Yo lexo buena madre e buenas dos hermanas, | muchas ricas çibdades e muchas tierras planas; | mas tant en cor me yazen las tierras persïanas | que tod' esto non preçio quanto tres *avellanas*». Con todo, nun texto de finais do século XV faise mención a esta voz para referirse ao tamaño das perlas; trátase da Relación do dote de don Xoán e a princesa Margarida (1496): «Mas ciento e cinquenta perlas del tamaño de *avellanas* mondadas» -*CDH* e *CORDE*. No século XVII, na partición dos bens de Hernando Sánchez e de Catalina Martín (La Alberca, Salamanca) (1600) faise referencia a esta voz, coa nosa acepción: «Yten, un rosario de piedras de cristal que tiene zinquenta piedras; es de Juan Sánchez i de su ermana. Más, seis *avellanas* lavradas y ajumadas, en quinze rales». No inventario de bens de Pedro Rodríguez de Baldivieso (Cuenca) do ano 1631 cítase a variante abellana: «Yten, un bernegal, una canpanilla, una cuchara, una *abellana* de plata, sesenta y nuebe reales sólo de peso» -*CorLexIn*. No século XX o *CREA* compila máis de 300 contextos de avellana, entre as formas singular e plural, porén en ningún dos exemplos localizamos o contexto que nos ocupa.

Na lexicografía galega ofrécese abelá dende a época premoderna (1863-1985), pero coa nosa acepción figura no *RAG 1913-1928* e no Eladio *Diccionario* (1958-1961), aos que xa nos referimos, que ofrecen a definición de 'esferilla de plata de unos dos centímetros de diámetro dentro de la cual se guarda un hueso de cereza con unas gotas de mercurio, y colgada del cuello cura la erisipela, según dicen los supersticiosos' -*DD*. Con posterioridade, os dicionarios de corte normativo publicados a partir de mediados dos anos 80 do século pasado dan conta desta voz, unicamente, para denominar o 'froito da abeleira'.

Os repertorios lexicográficos do portugués xunto cos do español tamén recollen o termo avelãa, como 'froito da abelaneira'. No caso portugués dende finais do século XVII, en que se cita no Pereira *Thesouro* (1697) -*CLP*. As obras lexicográficas do español, dende finais do século XV, en que se ofrece no *Vocabulario español-latino* (1495) de Nebrija –*NTLLE*.

Dende o século XV e, polo menos, ata o século XVII (Egido Fernández 2010: 111), as doas de abelá utilizáronse para a elaboración de colares e rosarios e destacaron pola súa simboloxía, ao servir para tornar males e enfermidades.

Cfr. s.v. **[doa]**.

Doas de abelá[76]

axuar → **[1 O ENXOVAL: XERAL]**

s.m. (do ár. *šuwâr* 'dote de casamento' -Eguilaz y Yanguas 1970: 79) 'enxoval, conxunto de roupas, mobles e outros útiles de uso común na casa'.

◦ **Axuar** (4): "Item mando a Moor Afonso... todas las cousas mouelles, roupas et *axuar* que acharen en esta mina casa", Sánchez *ACS*, 1389-agosto-12. Santiago de Compostela (A Co), doc. 34, OR.; "It. lle mando mays a dita dona maria mina moller todo o *axuar* et mouelle da casa", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1400-[xullo-10. Santiago de Compostela] (A Co), doc. CXII, OR.; "Item mando a miña filla... e o terço en *axuar* que ja ouve", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1454-[febreiro-23. Santiago de Compostela], doc. CVII, COP.; "yten mando que junten toda a miña prata e *axuar*", Domínguez *Catedral Tui*, 1471-[outubro-7. Ourense], OR.

◦ **Ajuar** (2): "E todo o outro *ajuar* mando que o aja o dicto meu fillo", García Oro&Portela Silva *Mariño*, 1427-[O Cabo. Os Ánxeles. Brión] (A Co), doc. 18, OR.; "E por este e *ajuar* mando que se cumpla miña manda", García Oro&Portela Silva *Mariño*, 1427-[O Cabo. Os Ánxeles. Brión] (A Co), doc. 18, OR.

Forma parte da seguinte unidade pluriverbal:

◦ **axuar de cassa** (2): "Iten mando a ditta Elvira Saez todo el *axuar de cassa* que está en Lantaño", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1485-[xullo-29. Vilanova de Arousa] (Po), doc. X, COP.; Vila *Soutomaior*, 1485-[xullo-29. Vilanova de Arousa] (Po), doc. XIII, REP.

[76] En liña: *http://loinvisibleenelarte.blogspot.com.es/2011_07_01_archive.html* [Consulta:18 de abril de 2019].

◦ **uxuar de casa** (1): "Yten mando a gonçalvo garcía de Villa, meu marido, o meu quiñon dos cores? e cerquas? e pipas e *uxuar*[77] *de casa*", Bouza-Brey *Vilagarcía*, 1402-[xuño-28. Vilagarcía de Arousa] (Po), OR.

Como recolle González Pérez (1997: 20), para estudarmos o enxoval doméstico temos que retrotraernos aos xacementos arqueolóxicos, onde aínda se conservan algúns útiles de pedra e restos cerámicos; menos sorte tiveron os de madeira, que co paso dos anos desapareceron por mor do seu deterioración. Nun texto de Estrabón (64 a. C.-19 d. C.) atopamos a primeira referencia ao enxoval dos habitantes do noroeste peninsular cando describe algúns dos mobles empregados á hora de comer e as roupas (*vid. s.v.* **roupa**) máis habituais dos habitantes destas terras do norte: «Los montañeses viven durante dos tercios del año de bellotas que secan y machacan y que luego muelen para hacer pan y conservarlo mucho tiempo (…). Toman sus comidas sentados, en bancos construidos alrededor de las paredes, situándose según la edad y la dignidad; la comida se va pasando en rueda (…). Todos van vestidos de negro, la mayoría con sagos, con los que duermen en lechos de paja. Usan vasos de madera como los Celtas» (Romero Masiá 1988: 36).

O enxoval tradicional entre as vivendas rurais debía ser moi semellante e, se unhas contaban con máis obxectos do tipo que fose ca outras, era porque estas pertenzas estaban supeditadas aos factores económico, xeográfico e ao gusto dos seus propietarios (González Pérez 1997: 25). Parece ser que esta semellanza nos útiles das vivendas non só se deu en Galicia, xa que Ronquillo Rubio (1992: 39) a propósito das vivendas urbanas das illas Canarias na época medieval indica que «puede observarse que el mobiliario era bien escaso y que todos y cada uno de los objetos tenían una función muy concreta. Pese a las diferenzas socioeconómicas, los muebles descritos se repetían en todas las casas».

Posiblemente, ata a década dos anos sesenta do século XX poucas modificacións sofren os enxovais rurais, momento en que aumenta a adquisición de chineiros, cómodas, roupeiros e doutros mobles, louza de «pedra» e cazolas de porcelana; ben seguro que os pratos e cuncas se seguían elaborando con barro ou madeira e as culleres, fundamentalmente eran de pau (González Pérez 1997: 35). Os transportes da Idade Media non posibilitaron o traslado das mercadorías, de aí que só certos obxectos de tamaño pequeno puidesen ser importados, no caso de dispoñer dos medios económicos para facelo. Quizais fose esta unha das causas que explica que o enxoval se mantivese practicamente semellante durante décadas e, incluso, nos atreveriamos a dicir que ao longo dalgúns séculos, alterado pola introdución de obxectos de cociña metálicos cando se produciu o abaratamento do ferro, dende finais do século XIX, coa chegada do ferrocarril dos altos fornos do País Vasco.

Posiblemente o modelo de vivenda máis próxima ás casas medievais, salvando as distancias, sexan as pallozas galegas, que aínda hoxe se poden visitar convertidas en museo no Cebreiro ou no Piornedo. Ademais, os pazos acolleron os enxovais máis luxosos e delicados de Galicia, cuxas pezas aínda se poden ver nalgúns museos coma o da Fortaleza de San Pedro de Narla, situado na Torre de Xiá de Friol, datada no século XIV (Arias Vilas 1984: 211-228).

****

No ámbito galego, o primeiro testemuño desta voz data de finais do século XIV e ofrécese nun dos nosos exemplos do ano 1389. Ademais, nun texto notarial do ano 1457, pertencente ao *Libro de notas de Álvaro Pérez*, cítase a forma eixuar: «... e *eixuar* que ficou da dita Tareyia Ares» -*DDGM*. No portugués, o *DELP* (*s.v.* enxoval, vol. II) atesta este termo

[77] Non puidemos cotexar esta lectura, dado que o documento é de custodia privada.

dende o ano 1518. Neste mesmo século a obra do dramaturgo Gil Vicente ofrece as variantes axuar («don azno qué voz traen cazamiento y oz davan en *axuar* una manta y un paramiento hilando») e enxoval («Tu perdes o *enxoval*») –*CP 1300S-1900S*.

No galego moderno, na fala popular, o *ALGA* (pregunta 2.354: *Ajuar de la novia, enxoval*) ofrece rexistros no territorio galego e en zonas veciñas de Asturias, León e Zamora. A forma máis estendida é aghuar, rexistrada practicamente na provincia da Coruña; tamén documentamos aghar e axar, equipo, aquipo, roupa, xogo da roupa, axar e enxoval, esta última localizada na zona da Baixa Limia e en Soutomaior (Pontevedra). De por parte, o *TLPGP* no ámbito portugués peninsular localiza as voces *anxoval*, *enxeval*, *enxoal*, *enxobal* e a forma estándar, *enxoval*. Na escrita, o *TILG* compila 91 casos deste termo dende finais do século XIX; no xornal pontevedrés *O Galiciano* (parola 99, 1886) cítase: «Entre as prendas – non entrañabres- que máis me chaman a atención e forman parte do *axuar* dunha muller». Anos despois, López Ferreiro na obra *A tecedeira de Bonaval* (1895) rexistra axoar: «Sete ou oito taboletes de castaño, un banco da mesma madeira, una mesa tamén de castaño e unha gran hucha labrada con feguras e froles compoñían o *axoar* da aquela habitación». Enxoval, aparece recollido no ano 1937 na obra de Gómez, *O idioma dos animás*: «*enxoval* {ajuar}»; a partir de aquí increméntase o uso desta forma, elixida polo estándar e coincidente coa solución portuguesa.

En textos españois atestamos axuar por primeira vez no último terzo do século XIII. Nos *Fueros de Aragón* (1247) cítase: «Si quiere mueble o sedient; todas son clamadas arras o *axuar* segunt costumne de fuero. & de los sedientes quel padre o la madre dieren a lur filla con lur yerno. non los pueden allenar en nenguna manera ante que fillos ayan» -*CDH* e *CORDE*. Dous séculos despois, no ano 1441, no inventario de bens de Diego López de Ayala faise referencia a: «otro paño de vacales los cuales son de mi *ajuar*» -*CORDE*. Con posterioridade, na carta de dote de Agustina de la Torre (Medina Sidonia, Cádiz), do ano 1603, recóllese: «doy por contento y entregado a mi voluntad, y los çincuenta y dos mill y ochoçientos y diez y siete maravedís, dellos en bienes del *axuar* y las dichas casas» -*CorLexIn*. Xa no século XX, o *CREA* compila 239 casos de ajuar, o primeiro deles datado no ano 1975.

No relativo ás obras lexicográficas galegas, localizamos a forma axuar dende a época premoderna (1863-1985). Está presente no Porto *Diccionario* (c. 1900), *RAG 1913-1928*, Filgueira et alii *Vocabulario* (1926), Acevedo&Fernández *Vocabulario* (1932), Ibáñez *Diccionario* (1950), Eladio *Diccionario* (1958-1961) e Franco Grande *Diccionario* (1972). As formas axoar e asuar recóllense coa acepción do noso *corpus* no Eladio *Diccionario* (1958-1961) e no Franco Grande *Diccionario* (1972); o Carré *Diccionario-Voc.* (1979) ofrece a forma da lingua estándar enxoval, que define como: «s.m. ajuar | Equipo, conjunto de ropas y joyas de una novia o de un recién nacido»; de por parte, no Otero *Vocabulario Piquín* recóllese o castelanismo ajuar na expresión «Eche un bon *ajuar*, una buena pieza, dicho de un hombre» -*DD*. Posteriormente, a partir de mediados dos anos 80 do século XX os dicionarios publicados, todos eles de corte normativo, achegan o termo enxoval nos seus lemarios.

A propósito dos repertorios lexicográficos do portugués, estes recollen enxoval dende comezos do século XVII, en que figura no Barbosa *Dictionarium* (1611); a forma axuar está presente no primeiro cuarto do século XVIII no Bluteau *Tabla* e Bluteau *Dicionario castellano* (1721) –*CLP*.

A lexicografía do español dá conta da forma axuar dende finais do século XV, en que a ofrece Nebrija no *Vocabulario español-latino* (1495). A foma do español actual está presente dous séculos despois no *Vocabularium hispanicum latinum et anglicum copiossisimum, cum nonnulis vocum milibus locupletatum, ac cum linguae hispanica etymologijs* (1617) –*NTLLE*.

Malia non documentarmos a forma enxoval nos textos galegos medievais, a lingua estándar adoptou esta voz, que coincide coa portuguesa. Orixinariamente, facía referencia ao equipamento da casa e da moza, achegas que a súa familia facía ao matrimonio, pero a día de hoxe, en textos galegos, pode facer referencia: a) aos obxectos mobles e inmobles que hai nunha casa, b) noutros tempos, ás achegas que a noiva facía ao matrimonio (enxoval da cama, do aseo, da mesa e ambiental[78]) e c) ás roupas e obxectos necesarios para o coidado do bebé, acepcións que se reflicten nas obras lexicográficas modernas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[78] Seguindo a González Mena (1994: 60) incluímos dentro do enxoval ambiental as alfombras, tapices, bancais, cortinas, coxíns, panos de porta e outro tipo de tecidos que fan a unha vivenda confortable e agradable.

B

balandran → **[2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER] [2.1.3 TRAXES DE POÑER POR RIBA]**

s.m. (do occ. *balandran* 'capote longo e ancho', der. de *balandrà* 'balancear' –*DCEH*, *s.v.* balandrán, vol. I) 'balandrán, vestidura talar, ampla e sen cinguir, aberta de arriba a abaixo e, ás veces, con capucha'.

◦ **Balandran** (1): "Iten mando... a cada huun sua colcha e seu *balandran* de paño que custe a vara del trinta maravedis de | moeda vella cada vara", Fernández Suárez *Sarmiento*, 1427-xullo-5/10. Castelo de Roucos [Cenlle] (Ou), doc. 10, OR.

◦ **Balandrans** (1): "Iten mando os meus |*balandrans* enpeñados a Lopo de Deça, meu criado", Fernández Suárez *Sarmiento*, 1427-xullo-5/10. Castelo de Roucos [Cenlle] (Ou), doc. 10, OR.

◦ **Balandraans** (1): "Iten mando os meus *balandraans* pretos a Ruy Burrayo", Fernández Suárez *Sarmiento*, 1427-xullo-5/10. Castelo de Roucos [Cenlle] (Ou), doc. 10, OR.

Unha das pezas de roupa que se citan no noso *corpus* é o balandrán, que Rodrigo de Sandoval, meiriño maior de Galicia, deixa no seu testamento a varios individuos.

Bernis (1979: 15-16) explica que o balandrán pertence a unha familia importante da indumentaria, polo gran uso que facían deles os homes que vestían á moda; tratábase dunha peza semellante ao saio (*vid. s.v.* **sayo**) de uso exterior, pero algo máis frouxo, de diferente corte e, en ocasións, tiña capucha (Boucher 2009: 458). Os saios estaban cortados de xeito que quedaban axustados no torso e na cintura, mentres que os balandráns tiñan os dianteiros e as costas cortadas, cada un deles, dunha soa peza; polo tanto, non levaban costura na cintura nin ían cinguidos a ela, ao menos que se lles puxese un **cinto** (*vid. s.v.*) por riba. O balandrán adoitaba chegar ata os pés, pero esta medida podía variar; estaba aberto por diante, de arriba a baixo e podía ter, coma os saios de cabalgar, dúas ou máis aberturas na parte da faldra. De por parte, vestíanse directamente sobre o xibón (*vid. s.v.* **gibon**), pero tamén, de seren moi amplos, sobre o saio e admitían, seguindo as modas medievais das altas clases sociais, outra peza de roupa exterior por riba, por exemplo unha **capa** (*vid. s.v.*).

No que respecta aos tecidos en que se elaboraban os balandráns, ao tratarse de pezas de poñer por riba, adoitaban ter certo corpo e grosor e, habitualmente, ían forrados con tea ou pel para facelos máis abrigosos e para protexer da chuvia, como apunta Morán Cabanas (2001: 164). Nos nosos exemplos cítase un «*balandran* de paño», entendemos que por ser o **pano** (*vid. s.v.*) un tecido que reúne as condicións necesarias para a confección desta peza. Ademais, os máis luxosos, como indica a autora anteriormente citada, eran feitos de tecidos valiosos e ornamentados con custosos materiais, grecas e outros adobíos, como correspondía; de feito, no *Cancioneiro Geral* (1516) de Garcia de Resende o conde de Vimioso cítao entre as pezas imprescindibles para ser un bo cortesán: «se capuz, se *balandrão* | para chegar cortesão | na contenença, no jeito». Clarificador ao respecto é o *Reportorio*

premática y cortes (1551) de Martínez de Burgos (fol. XXXIXV) que fala da confección desta peza en tafetá[79] e **seda** (*vid. s.v.*): «permitimos que en las ropas de paño que suelen traer por capas los hombres de letras y otros algunos, las puedan traer aforradas todas, o las capillas o delanteras, en seda o taffetán, como hasta aquí lo traýan, y que en los mantelos y *balandranes* y capas de agua (demás de la guarnición aquí dicha) puedan echar y traer aforradas las capillas en seda o tafetán» -*DICTER*.

Co paso do tempo, o balandrán acabou por denominar o traxe que usaban os letrados nos séculos XVI e XVII, peza diferente do balandrán de moda entre os cabaleiros do século XV (Bernis 1979: 16). O xastre Alcega (1580: 121) indica no seu tratado de xastrería que o balandrán se cortaba coma un *herreruelo*, pero despois, a diferenza deste, engadíaselle unha capa curta.

****

No territorio galego a presenza desta voz é moi escasa, aínda así os primeiros testemuños cos que contamos datan aproximadamente de mediados do século XIII. Unha das cantigas escarniñas de Johan Baveca (1240-1300), quen se mete con Bernal de Bonaval polas súas roupas inadecuadas para a choiva cita a variante balandrao: «Don Bernaldo, pesa-me que tragedes | mal aguadeir' e ese *balandrao*; | e aqui dura muit' o tempo mao, | e vós en esto mentes non metedes; | e conselho-vos que catedes al | qu' en cobrades, ca esse non é tal | que vos vós sô el muito non molhedes» -*CMGP*, Ferreiro *Glosario*, *MedDB*, *TMILG* e Lorenzo *Cronologia* e Lapa *Escarnho –DDGM*. Amais deste contexto citado e dos nosos exemplos datados na primeira metade do século XV, en concreto no ano 1427, só localizamos outras tres atestacións ofrecidas polo *TMILG* en varios textos notariais editados polo historiador Ferro Couselo. O primeiro data do ano 1432 e nel recóllese a forma, coincidente coa estándar do galego, balandrán: «Rúa da Praça: rematouse hun *balandrán* uerde e hun saquillo e hun reposteiro e hun alfamare, en çento mrs, de Vaasco Afonso e seu jenrro»; o segundo, datado no ano 1455, recolle o seguinte contexto: «Hun *balandrán* vello, azur, forrado en branco» e, o último dos exemplos, do ano 1458, ofrece: «De Roy Meyllán, *balandrán* claro». En textos portugueses, ofrécense dous exemplos de balandrao localizados na obra afonsina *Primeyra Partida* (a. 1300): «E porende ha hy outra peendença que ha este nome & esto he quando algũũ que uay ẽ rromarya longe de ssa terra ou que anda nuu en panos. meores & que traga couedal cõ que sse estẽde dũũ couedo en longo ou açoute cõ que sse feyra & cada hũũ destes en cada igreia hu entrar teendo os geolhos ficados rrezãdo misere meu deus ou outra irana que LH mãdarẽ ou uistido o escapelayro a cana da carne feito come *balandrao* anada hũã faldra déante & outra detrás & cõ capeyrõ ou seu elle ou outra uistidura Xil de pano da color que ssemelhe bo peendẽça ou LH mãdasse traguer ferro tanto no corpo ou no colo ou nos braços» e, un século despois, no *Diário da viagem de Vasco da Gama* (1498) recóllese: «E o capitam moor lhe mandou dizer que ao outro dia hiri peraa dentro do porto, e mandoulhe loguo pollos mesegeiros huũ *balandrao* e dous rramaees de coraees e tres baçias e huũ chapeo e cascaves e dous lambes» -*CP 1300S-1900S*. No século XV tamén se inscribe un contexto extraído do *Livro da ensinança de bem cavalgar toda sela*, en que figura esta peza do vestir propia dos cabaleiros medievais: «... se a manga do gibom for apertada, ou curta, ou a manga do *balandraao* assy feita que nom leixe bem meter a lança do sso-braço» -*VHCPM*.

No galego moderno, na fala popular, a atestación da que dispoñemos deste substantivo, coa nosa acepción, limítase a un rexistro no Concello pontevedrés de Campo Lameiro (Castro 2010) para denominar un 'gardapós clerical', segundo os datos ofrecidos polo *TLPGP*. Na escrita tampouco contamos con moitos contextos deste termo; no entanto, os primeiros testemuños datan do último cuarto do século XVIII. No ano 1775 temos atestacións desta voz, para referirse a unha vestidura eclesiástica, no «Romance ao cura de

[79] Trátase dun tecido de seda delgado, lustroso e moi tupido (*DRAG*).

Fruime» de Isla y Losada, editado por Álvarez e González Seoane cítase: «Seique hè por que aló non vòlvaá vèrbos de *Baladran*?» -*GONDOMAR*. Tamén figura nun texto dramático de Cernadas y Castro de próxima publicación, a «Loa para la fiesta de los Dolores de la Soledad de Fruíme», datado n mesmo ano, 1775, por Suárez Vázquez (2018): «Xerp. Dispoñase, e bote fóra o *balandran* si lle pesa… *(quiere desnudarle el casacon.)*». Amais, o *TILG* inventaría 19 casos, repartidos en 16 obras distintas. Na segunda metade do século XIX a obra de Fernández Morales titulada *Ensaios poéticos en dialecto berciano* (1861) recolle a forma balandro: «...i o negro *balandro* i a escura chaqueta i a grosa muleta enriba dun canto deixando»; da forma balandrán temos mostra cinco anos despois na obra *A poesía popular en Galicia (1745-1885)* da autoría de Blanco, nunha unidade fraseolóxica para referirse a un 'home descoidado': «Vale máis quedar solteira que casar cun *balandrán*». Con posterioridade López Abente na novela breve titulada *O diputado por Veiramar* (1919) cita: «o cura de Brandoñas remexeu-se dentro do *balandrán*, e os outros apretaron a rolda». A distribución dos contextos recollidos polo *TILG*, tendo en conta a cronoloxía, computa 3 casos entre os anos 1851 e 1900; 10 entre 1901 e 1950; 5 entre 1951 e 1980 e, finalmente, 1 entre 1981 e 2013, polo tanto podemos comprobar como o seu uso vai diminuíndo paulatinamente. No *CORGA* a presenza desta voz tamén é escasa ao limitarse a tres contextos, ofrecidos dende o ano 1982, en que se ofrece na novela de Heinze titulada *O soño perdido de Elvira M.*, igualmente para referirse a un home desleixado: «el está ben enganado contigo se pensa que es un caguiñas ou un xan *balandrán*».

No ámbito do español os primeiros testemuños desta voz datan da primeira metade do século XV, dous séculos despois das atestacións galegas. Villasandino nas «Poesías» do *Cancioneiro de Baena* (c. 1465) recolle: «Señor, lo que vos demando | es alguna gentil ropa, | *balandrán*, galdrapa, opa, | con que me vaya preçiando» -*CDH* e *CORDE*. A finais deste mesmo século Encina na obra *Teatro completo* (1499) recolle: «Justino Dusna, dusna el *balandrán* que es afán» -*CE 1200s-1900s*. En textos escritos en español na coroa de Aragón, durante o século XV, tamén se ofrece este termo dende o ano 1489, data en que se inscribe a obra anónima titulada *Ysopete historiado*: «buey. Dixo el cauallero. o como se podrian enforrar ligeramente los | *balandranes* | . o mongiles de tales cueros pues son tan grandes. E assi» -*DiCCA-XV*. No seguinte século, Martínez de Burgos no *Reportorio premáticas y cortes* (1551), texto xa citado, fai referencia a esta peza do vestir -*DICTER*. Despois, no século XVII temos un exemplo deste termo no inventario de bens de Juan de Peñaranda de Burgo de Osma –Soria- (1616): «Vn *balandrán* pardo, biexo» -*CorLexIn*. Nos séculos que seguen, a presenza desta voz nos repertorios consultados vai ser ocasional, de feito o *CREA* só inventaría 13 casos nun total de 4 documentos distintos.

No que respecta á lexicografía galega, cómpre destacar que o substantivo balandrán está presente nos dicionarios dende o período premoderno (1863-1985). Recóllese no lemario do *RAG 1913-1928*, Eladio *Diccionario* (1958-1961) e Carré *Diccionario-Voc.* (1979), sempre facendo referencia a unha peza utilizada polos eclesiásticos -*DD*. Os dicionarios publicados a mediados dos anos 80 do século pasado, de corte normativo, vanse facer eco desta voz, pero unicamente relacionada cunha peza propia dos eclesiásticos.

As obras lexicográficas do portugués ofrecen a variante balandrao dende a segunda metade do século XVI, en que figura no Cardoso *Dict. ex lusitanico in latinum* (1562-1563). Tamén forma parte das entradas do Barbosa *Dictionarium* (1611), Pereira *Thesouro* (1697) e Bluteau *Vocabulario portuguez e latino* (1712-1728) -*CLP*. As obras modernas ofrecen balandrau e, entre as acepcións que citan, recollen a do noso interese.

Os dicionarios e vocabularios do español tamén ofrecen a voz balandrán dende comezos do século XVII, en que se cita no *Tesoro de las tres lenguas francesa, italiana y española* de Vittori

(1609). De por parte, unha variante con pouco éxito na lingua española foi balandrao, que aparece como lema na obra de Bluteau titulada *Diccionario castellano* (1721) –*NTLLE*.

Dende o século XIX, aproximadamente, o substantivo balandrán está en desuso coa acepción que nos ocupa, con todo segue formando parte da lingua galega actual para facer referencia a 'unha peza de vestir ata os pés, ampla e sen cinguir, que usaban os eclesiásticos' e tamén a 'unha persoa moi desleixada ou pouco traballadora' (*DRAG*).

Cfr. **capuzo**, **capote**, **cerame**, **crotha**, **garuaya**, **pelle** e **tabardo**.

Balandrán de Alonso de Velasco con capa por riba
(Bernis 1979: lámina XXIV)



Patrón dun balandrán medieval recollido no
***Libro de geometría, práctica y patrones* (Alcega 1580: 121)**

baraça → **[2.3 COMPLEMENTOS]**

s.f. (de orixe incerta, posiblemente prerromano ou céltico, en relación co irlandés antigo *barr* 'copete, penacho' –*DCECH*, *s.v.* embarazar, vol. II) 'baraza, corda delgada coa que se ata algo'.

> ◦ **Baraça** (1): "Item mando aa mina sobrina, filla de Ruy Conde, que mora con Constansa Eanes, hunos çerçelos de coraes et a bolsa que se con elles et huna *baraça*", Graña *Vilourente*, 1403-outubro-21. Vilamor [Mondoñedo] (Lu), doc. 115, OR.

No testamento feminino de Dominga Eanes cítase o termo baraza para facer referencia a un **cordón** (*vid. s.v.*) destinado posiblemente a pechar unha **bolsa** (*vid. s.v.*) con xoias (*vid. s.v.* **joia**).

Durante o medievo, entre outros sistemas de peche coma as fibelas e os botóns (*vid. s.v.* **[botón]**), foi moi recorrente o uso de diversos tipos de cordas, entre as que destaca a baraza.

Esta peza confeccionábase de teas, entre elas o algodón (*vid. s.v* **algodom**), a **seda** (*vid. s.v.*) e o veludo (*vid. s.v.* **terçiopelo**), ou de coiro; amais, podía ir decorada con brocados (*vid. s.v.* **brocado**) e, as máis luxosas, con fíos de **ouro** (*vid. s.v.*) ou **prata** (*vid. s.v.*).

Trátase dunha peza cargada da simboloxía na literatura medieval, de feito Corral Díaz (2007: 676) indica que, xunto coas *cintas* e cordas, as barazas teñen unha estreita relación formal e conceptual ao servir para cinguir e atar a indumentaria (ou o cabelo), o cal lles confire unhas connotacións asociadas á fidelidade, á pertenza ao outro e incluso pode denotar unha forte carga erótica. Precisamente, nunha das composicións de amigo do trobador Johan Garcia de Guilhade cítanse unha serie de prendas persoais e íntimas ofrecidas pola namorada: «dou-vos esta *baraça* | guardad'a cint' e a touca | ca nunca ja esse preyto | mig' amigo, será feito» (*B 744, V 346*); con todo, parece que o namorado non se conforma cos agasallos outorgados e solicítalle máis, pero ela négase a conceder tal petición.

****

No territorio galego o testemuño máis temperán desta voz data, aproximadamente, da segunda metade do século XIII. Nunha cantiga de amigo da autoría de Johan Garcia de Guilhade (1240-1300), xa citada, ofrécese o termo estudado. Tamén o trobador de orixe portuguesa Johan de Gaia cita nunha cantiga escarniña (1300-1350): «En meio da praça, | en saia de *baraça*: | vede-o cós, ai, cavaleiro!» -*CMGP*, *CP 1300S- 1900S*, Ferreiro *Glosario*, *MedDB*, *TMILG* e *VHCPM* e Nunes *Cantigas* e Lapa *Escarnho* (*DDGM*). No portugués, a primeira atestación, amais das cantigas medievais, datámola no século XIV, pero neste caso trátase da forma masculina baraço, moito máis frecuente na lingua veciña dende o medievo, como amosa o *CP 1300S-1900S*, que achega 85 exemplos de baraço fronte aos 13 da forma feminina. Rexistrámola na *Crónica Geral de Espanha de 1344*: «O mouro veo em Espanha *baraço* no pescoço e pos se ẽ giolhos antes ele, pedyndolhe merçee» -*CP 1300S- 1900S*. Tamén está presente na obra *Orto do esposo*, dese mesmo século: «E por o cheyro blando sera fedor e por a cinta sera *baraço* e pello cabello ẽcrespado e ẽresçado sera caluura e por faxa peytoral sera cilicio» -*VHCPM*.

No galego moderno, na fala popular, localizamos baraza no García *Glosario* (1985) –*DD*-, *ALGa* e *TLPGP*. O *ALGa* (pregunta 2.343: *Cordóns* do volume XII. O vestido) ofrece baraza no

territorio asturiano de Porzún (A Veiga) e lucense de Guntín de Pallares (Guntín) –barazas; xunto a este termo figuran *amallós*, *cordel*, *cordón*, entre outras. No que respecta ao *TLPGP*, este repertorio dá conta de baraza relacionado co campo semántico do 'vestido e hixiene' en catro concellos galegos pertencentes ás provincias de Lugo, Ourense e Pontevedra. De por parte, ofrece un rexistro da forma barazo no concello ourensán de Vilariño de Conso (Araújo García 2006: 118). Na escrita, o *TILG* recolle as formas baraza e barazo; con todo, mentres a primeira conta con 167 rexistros, a forma masculina, só ofrece 36 exemplos. Cómpre termos en conta que baraza é a forma máis temperá, que se recolle dende a segunda metade do século XIX. Figura na obra de Fernández Morales titulada *Ensaios poéticos en dialecto berciano* (1861): «Quitou-e logo a rapaza o roxo dengue i a fina pañoleta de zaraza, e desatou a *baraza* do xustillo de lustrina». De barazo as atestacións son moito posteriores, de feito datan de comezos do século XX. Porén, en relación co vestiario o primeiro contexto que inventaría o *TILG* data do ano 1996 e localizámolo na obra de Fernández Pérez titulada *Don Gabino*: «Afrouxou o barazo que cinxía á cintura e falou, dirixindo-se Senén:-¿Así que vostede é o famoso mestre roxo a quen buscan con tanto empeño? –Nin roxo nin famoso –respondeu Senén». No relativo ao *CORGA*, este repertorio achega 4 exemplos de baraza e 17 da forma barazo.

No ámbito español non localizamos este termo, en cambio para o uso estudado nesta entrada son frecuentes as formas *cordón*, *cuerda* e *cinta*.

A propósito da lexicografía galega, documentamos a voz baraza xa nas obras lexicográficas do século XVIII. Coa nosa acepción está presente no Sarmiento *Catálogo voces* (1746-c.1755), Sobreira *Papeletas* (1792-1797), Rodríguez *Diccionario* (c. 1854), Aguirre *Diccionario* (c.1858); xa na época premoderna (1863-1985) recóllese no Rodríguez *Diccionario* 1863, Cuveiro *Diccionario* (1876), Porto *Diccionario* (c. 1900), *RAG 1913-1928*, Filgueira et alii *Vocabulario* (1926), Carré *Diccionario*[1] (1928-1931), Acevedo&Fernández *Vocabulario* (1932), Carré *Diccionario*[2] (1933), Ibáñez *Diccionario* (1950), Carré *Diccionario*[3] (1951), Eladio *Diccionario* (1958-1961), Franco Grande *Diccionario* (1972) e Carré *Diccionario-Voc.* (1979). De barazo tamén temos rexistro, pero para denominar unha 'corda grosa para aforcar', acepción que non encaixa no noso estudo -*DD*. Posteriormente, os dicionarios publicados a partir de mediados dos anos 80 do século XX van dar conta das formas baraza e barazo.

As obras lexicográficas do portugués ofrecen, coa nosa acepción, baraça dende o primeiro cuarto dende o século XVIII, en que se rexistra no Bluteau *Vocabulario synonimos* (1728). De baraço a atestación é algo posterior, xa que se ofrece no Folqman *Diccionario* (1755) –*CLP*.

No tocante aos repertorios lexicográficos do español, como era esperable, non dan conta deste substantivo nin as obras compiladas no *NTLLE* nin as publicadas posteriormente.

Na actualidade a forma baraza segue formando parte do léxico da lingua galega para denominar unha 'corda estreita destinada a atar algunha cousa susceptible de ser suxeita'.

Cfr. s.v. **cinta**, **corda**, **[cordón]** e **tixjllo**.

Baraza da bolsa de reliquias custodiada na Catedral de Troyes (Francia) do século XIII (Fernández Álvarez 2014: 3)

bestido → **[2 O VESTIARIO] [2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER]**

s.m. (do lat. VESTĪTU-). Conta coas seguintes acepcións:

1 'Vestido, peza de roupa, posiblemente de uso exterior '.

◦ **Bestido** (2): "Eten mandamos a Gonzalo de Merens ó Vello noso criado antigo á quen demos en foro ó noso casal da Cuqueira que esta sito no Couto do Prado un *bestido* de bo pano" Alonso *Doc. históricos*, 1414. [Ourense], doc. XIX, OR.; "Iten mandamos ó noso Mordomo de Astariz pola boa conta que sempre á tido con nosa fasenda é bós servicios que sempre nos a feito un *bestido* de pano preto con chapeu, é un capote é que le dian duas vacas para cando casar á sua filla Margarida" Alonso *Doc. históricos*, 1414. [Ourense], doc. XIX, OR.

◦ **Bestidos** (1): "mando a Pedro Bras meu escudeyro un par de *bestidos* bos" López Ferreiro *Documentos*, 1187*-[setembro-23. Tui] (PO), doc. 2, COP.

2 'Vestido, calquera das pezas de vestir'. *Cfr. s.v.* **roupa**.

◦ **Vestidos** (1): "Item mando a Felipe a miña faca, et que lle non embarguen seus *vestidos*", *Col. doc. históricos*, 1440-[novembro-6. A Coruña], vol. II, doc. IV, OR.

Os testamentos de Pedro Vázquez de Puga e Guiomar Lorenzo de Temes, e os de Álvaro Fernández de Valadares (apócrifo) e Pedro Vázquez da Ínsua ofrecen a voz vestido, coa variante gráfica vestido.

Durante o medievo, o vestido estaba composto de varias pezas (*vid. s.v.* **peça**) de **roupa** (*vid. s.v.*), que comprendían a roupa interior, a de poñer por riba e a exterior. Boucher (2009: 476) indica que a partir do século XV o termo vestido só designará a peza de abrigo: longa ou curta, para os homes, e longa para as mulleres. En relación con isto, cómpre destacar que algúns dos nosos exemplos parecen facer referencia clara á peza de roupa de abrigo e

non ao conxunto enteiro do vestir: «un *vestido* de bo pano» e «un *vestido* de pano preto con chapeu». Unha das pezas indícase que era de cor *preta*, é dicir, escura, que xunto cos marróns e os grises formaban a pa de tonalidades das roupas destinadas a protexer das inclemencias do tempo. De por parte, só nos dous contextos citados se dá conta do tecido empregado na elaboración desta indumentaria, o **pano** (*vid. s.v.*), material moi recorrente na confección do vestiario medieval.

No século XVI, aplicarase a denominación de vestido unicamente á peza feminina de poñer por riba, a cal se levaba sobre a saia (*vid. s.v.* **saya**). Finalmente, adquire o significado actual de 'peza do vestiario feminino completa, que cobre a parte superior do corpo e tamén as pernas' (Boucher 2009: 476).

****

No territorio galego a primeira atestación do termo vestido data de comezos do século X. Un documento escrito en latín pertencente ao tombo de San Xulián de Samos (Lugo) recolle o seguinte contexto: «in ipsa villa integros cum suis terrenis, caballos, animalia, libros, *vestido*, sive domos…» (907) -*CODOLGA*. En textos escritos en romance, os primeiros testemuños inscríbense na segunda metade do século XIII; a lírica mariana ofrece varios contextos en que figura esta voz, entre eles: «Non || quer' est anel tẽer migo | mas da-lo en offreçon || aa imagen da Virgen | que ten *vestido* cendal» -*TMILG*. A prosa histórica tamén achega exemplos desta voz; tal é o caso da *Gener. Estoria* (1300-1330), na cal se cita: «De cõmo os omẽs fezerõ moyto mellores *vestidos* et [apostarom] mellor os seus templos» -*TMILG*. No portugués atopamos testemuños deste substantivo no século XV, en que figura na obra *Crónica de D. Fernando* (1431-1443) co significado de 'indumentaria': «A ordenança do mantimento era dous pãaes cada dija, como a cada hũu dos outros, sem carne, nem pescado, vjnho nunca o beberom; o *uestido* do Ifante era hũu gibom de fustom preto, hũa saya apretada, dobrada, preta; e hũu mantom preto, dobrado, conprido» -*CP 1300S-1900S*.

No galego moderno, na fala popular, localizamos esta voz no *ALGa* e no *TLPGP*, pero xa co significado que ten esta peza da roupa na actualidade. No *ALGa* (pregunta 2.308: *Vestido dunha peza*) o termo vestido rexístrase en numerosos puntos das catro provincias galegas e nas comarcas estremeiras de fala galega, o mesmo que ocorre no *TLPGP*, que tamén dá conta desta voz en varios concellos galegos. Na escrita, o *TILG* ofrece 1.073 casos deste termo, dende época temperá, ofrecidos en 403 obras distintas. O primeiro rexistro en época moderna está na obra de Sarmiento titulada *Coloquio de 24 gallegos rústicos* (1746): «De ouro e de prata todos iban cheos, así seus *vestidos* como seus sombreiros». De por parte, no *CORGA,* ao tratarse dunha voz común, tamén aparece profusamente rexistrada.

Para o ámbito español o primeiro testemuño desta voz data do primeiro terzo do século XII. Nos *Fueros de Medinaceli* (c. 1129) cítase: «Et qui pendrar, si peños faylar de un moravedi, ó de mas, non tome leycho, nin fust, nin *vestido*» -*CORDE*. No *Poema de mio Cid* (1140) recóllense varios contextos, entre os que citamos: «Entre tiendas e armas e *vestidos* preciados, | tanto fallan d'esto que es mucho sobejano» -*CDH*. Este termo tamén se recolle en textos escritos en español na coroa de Aragón durante o século XV, como é o caso do pertencente á obra *Fons Sástago* (1402-1498): «mj hermano Pedro et asimismo lexo a la dita mj sposa todos los | *vestidos* | y joyas que yo le dado aunque son pocos» -*DiCCA-XV*. Un século despois na obra de Enciso titulada *Suma de Geographía* (1530) recóllese: «Comen mucha carne, no tienen vino, tienen mucho ganado; la lana es gruessa, de que hacen los *vestidos*» -*DICTER*. No testamento de Pablos Pérez de Medina (Panamá), custodiado no Archivo General de Indias, ofrécese o seguinte contexto: «... y vn baúl número ocho de mis *vestidos*, y lo demás que lleua el dicho vaúl, y vna sonbrerera de quatro sombreros, y se venda en pública almoneda para pagar el entierro y

funeral» -*CorLexIn*. Nos séculos seguintes a presenza deste substantivo en textos escritos en español aumentará considerablemente como así deixa ver o *CREA*.

A lexicografía galega dá conta desta voz dende as obras producidas no período premoderno (1863-1985). É entrada de dicionario no Pintos *Vocabulario* (c.1865), Cuveiro *Diccionario* (1876), Valladares *Diccionario* (1884) e Eladio *Diccionario* (1958-1961), onde se recolle coa acepción moderna. As obras publicadas a partir de mediados dos anos 80 do século pasado tamén van ofrecer vestido como lema.

Nas obras lexicográficas do portugués recóllese vestido como entrada dende finais do século XVII, data en que aparece no Pereira *Prosodia* (1667-1699). Cómpre destacar que para a acepción do noso *corpus* o portugués conta coa voz *veste*, con presenza na obra Pereira *Thesouro* (1697) -*CLP*.

Na lexicografía do español vestido está presente dende finais do século XV, en que a ofrece o *Vocabulario español-latino* (1495) de Nebrija –*NTLLE*.

Na actualidade vestido segue vixente na lingua e a pesar de ampliar o seu significado co paso dos séculos e asociarse a unha peza da indumentaria feminina, seguiu mantendo a acepción de 'peza para cubrir o corpo'.

Cfr. s.v. **[bestidura]**, **roupa** e **vestiaria**.

[bestidura] → **[2 O VESTIARIO]**

s.f. (do lat. VĔSTĪTŪRA-) 'vestidura, calquera das pezas fabricadas con tecidos ou outro material, que serve para cubrir o corpo -*DRAG*'.

> ◦ **Bestiduras** (1): "Yten mando meu lugar de Vilamor, en la montaña de Santa Eufemia [...] e la heredade de Cecega a miña filla Milia, si for viba despois de min, pra seu casamento, e la vistan e se le <d>en las *bestiduras* briazamato (sic) que serán de bon pano como a ela pertenece, e outra saia de coutral e sua cama de roupa", Otero *Quiroga*, 1489-maio-27. Carballedo. [O Hospital. Quiroga] (Lu), doc. 49, OR.

O testamento de Roi González de Chan de Pena recolle a voz bestidura, que entendemos que fai referencia ás pezas (*vid. s.v.* **peça**) de vestir. Con todo, cómpre destacar que é a única mención que atopamos no noso *corpus* de estudo, ao lado de voces máis predominantes como son vestido (*vid. s.v.* **bestido**) e **vestiaria** (*vid. s.v.*). Á escaseza deste termo tamén se referiu Varela Sieiro (2003: 116) cando indica: «precisamente o significado de vestido sería o que mellor lles acae ás dúas únicas mencións [de *uestidura*] que atopamos na nosa documentación galega». De por parte, explica que a fortaleza coa que chegou ao latín medieval esta voz contrasta cos escasos testemuños no latín do noroeste hispánico e, incluso, de toda a Península Ibérica. Pattison (1956: 176-177) indica que o sufixo -*dura*, que presenta este termo, ten a súa orixe no sufixo latino –TŪRA e serve para derivar substantivos de *nomina actionis* e de resultado a partir de bases verbais.

É posible que as vestiduras deste contexto recollan todas as pezas de **roupa** (*vid. s.v.*) necesarias para vestirse: as pezas interiores, os traxes para vestir o corpo e os traxes de poñer por riba. Neste caso, ao tratarse de indumentaria feminina, podemos pensar que constaba das pezas máis frecuentes empregadas para cubrir o corpo no medievo, ofrecidas

neste vocabulario: **camisa** (*vid. s.v.*) e saia (*vid. s.v.* **saya**), por abaixo; pelote (*vid. s.v.* **pelote**), por riba e, como peza exterior de abrigo, un **manto** (*vid. s.v.*) ou **capa** (*vid. s.v.*). As cores desta vestimenta posiblemente fosen os tons area para as interiores e pardos, negros ou grises para as pezas exteriores, cuxa finalidade era protexer contra as inclemencias do tempo.

****

No territorio galego as primeiras atestacións desta voz datan da segunda metade do século X. Nun documento pertencente ao tombo de Samos (Lugo) cítase: «de omni mea hereditate medietatem integram vobis concedo, et accepi de vobis in pretio *vestituram* et cibariam et siceram atque omnia prestantia» (969). No tombo de Sobrado dos Monxes, nun documento sen datación, tamén se ofrece este termo: «Et habemus istam quartam que est octaua integra de predicto Munio Peles pro nostro habere et pro sua *uestitura*, quando introueri in ordine, in Superaddo» -*CODOLGA* e Varela Sieiro (2003: 116). En textos escritos en romance os primeiros testemuños deste termo datan da segunda metade do século XIII. En Lorenzo *Cronologia* faise alusión a un documento, editado por Salazar, e datado no ano 1257, que di: «en prezo de sua *uestidura*» -*DDGM*. En varias *CSM* (1264-1284) ofrécese vestidura, por exemplo, na número 2: «Sen muita de bõa manna, || que deu a un seu prelado, || que primado foi d' Espanna || e Affons' era chamado, || deu -ll' hũa tal *vestidura* || que trouxe de Parayso, || ben feyta a ssa mesura, || porque metera seu siso || en a loar noyt' e dia». De por parte, na prosa histórica tamén temos rexistros; tal é o caso da *Gener. Estoria* (1300-1330), na cal figura o seguinte contexto: «Et nõ vestiam *vestidura* nẽgũa cõmo os de agora». Da variante vistidura temos unha mostra na *Cr. Gal* (1295-1312): «Et, nõ sse asegurando en esto, dizem que hũu dia que furou a parede da casa et seyu fora en *vistidura* de moller» -*DDGM* e *TMILG*. En textos escritos en portugués temos testemuña desta voz dende o primeiro terzo do século XIV, en que se ofrece na *Crónica Geral de Espanha de 1344*: «…tomou a arca das religas e as scripturas de Sanct' Illafonsso e de Julham Pom er a sancta *vestidura* que Sancta Maria dera a Sancto Illefonso…» -*CP 1300S-1900S*.

No galego moderno, na escrita, trátase dunha voz cun uso bastante reducido. De feito, o *TILG* ofrece 81 ocorrencias, repartidas en 61 obras distintas, dende o primeiro terzo do século XIX. Boado Sánchez no *Diálogo entre dos labradores gallegos afligidos y un abogado instruido, despreocupado y compasivo* (1823) menciona este termo para referirse ás 'roupas que usa o sacerdote para oficiar', un dos usos co que conta actualmente: «Deixou andar as muniçiós, | e non dixo nada, ata qu' o día das velaciós, estand' os novios | na Iglesia, pux' as *vestiduras*, e chamounos á sacristía…». A propósito do *CORGA,* este inventaría un número reducido de exemplos, en concreto 6 entre 3 obras distintas, dende o ano 1994, en que Cortizas edita o *Concurso de obras teatrais inéditas "Camiño de Santiago". Apartado A: Obra de teatro profesional. Romance de Bernal o Francés*: «Os papeis de María e Marica son representados pola mesma persoa, mudando só a *vestidura* e algún detalle do seu cabelo».

A propósito do español, este ofrece vestidura dende a segunda metade do século XII. No *Poema de mio Cid* (1140) recóllese: «Danle tres palafrés muy bien ensellados | e buenas *vestiduras* de pelliçones e de mantos» -*CDH* e *CORDE*. Tamén na obra anónima *Gran conquista de Ultramar*, datada no século XIII, temos mostra do termo estudado: «Leuantose entonces en pie corualan de Oliferna: & estaua vestido de vna *vestidura* verde que fuera fecha en Cartago la mayor obrada muy noblemente de bestias & flores & aues que semejauan que bolauan» -*CE 1200S-1900S*. En textos escritos en español no reino de Aragón durante o século XV, dáse conta desta voz. Nun documento da chancelería real procedente de l'Arxiu de la corona d' Aragó de Barcelona (1412 a 1498) cítase: «El rey. § Como dona Violant nuestra cara cosina tienga assi sus joyas | *vestiduras* | ropas e otras cosas suyas con las ropas de·la senyora reyna nuestra» -*DiCCA–XV*. Un século despois, nun texto do ámbito da xastrería, titulado *Reportorio universal leyes de*

Castilla (1553) recóllese: «No se deve soterrar ninguno con ricas *vestiduras*, salvo los reyes o reynas y sus hijos, y obispos y perlados» -*DICTER*. Case dous séculos despois seguimos tendo rexistros desta voz, pero cunha frecuencia moito máis reducida; por exemplo, na carta de dote de Andrea Francisca Palomino de Velasco (Córdoba), do ano 1683, recóllese o contexto que segue: «Dos láminas, la una de pintura de Christo Señor Nuestro y su Madre Santíssima y la otra de pintura de Nuestro Señor tomando las *bestiduras*, ambas en beinte ducados» -*CorLexIn*. Co paso do tempo, comprobamos como esta voz vai perdendo presenza na lingua castelá, como podemos observar ao comparar os 49 casos inventariados polo *CREA*, fronte aos 2.041 do *CORDE*.

A lexicografía galega ofrece unha representación moi escasa do substantivo vestidura, documentado dende finais da época premoderna (1863-1985) unicamente no Eladio *Diccionario* (1958-1961), para facer referencia a un «vestido especial que sirve de singular adorno o distinción» -*DD*. Con posterioridade, os dicionarios normativos publicados a partir de mediados dos anos 80 do século XX ofrecen este substantivo entre as súas entradas cun significado máis xenérico, sinónimo de *vestido*.

As obras lexicográficas do portugués tamén se fan eco deste termo dende a segunda metade do século XVI, en que se cita no Cardoso *Dict. ex lusitanico in latinum* (1562-1563). Do mesmo xeito, é entrada de dicionario no Barbosa *Dictionarium* (1611), Pereira *Thesouro* (1697) e Bluteau *Vocabulario portuguez e latino* (1712-1728) -*CLP*.

No relativo á lexicografía do español, esta ofrece vestidura dende finais do século xv, data na cal Nebrija publica o *Vocabulario español-latino* (1495). Ademais, da variante bestidura temos un caso esporádico na obra *Diccionario nuevo de las lenguas española y francesa* (1705) Sobrino –*NTLLE*.

Como indicamos, na actualidade esta voz está presente na lingua co significado xenérico de 'peza para cubrir o corpo', pero convive con outras formas de uso máis frecuente como son *roupa* ou *vestido*.

Cfr. s.v. **bestido**, **roupa** e **vestiaria**.

bestimenta *s.f. vid. s.v.* **vestimenta** → **[2.4 ORNAMENTOS LITÚRXICOS]**

biado *adx. vid. s.v.* **uiado** → **[3.1 TECIDOS]**

[binco] → **[2.3 COMPLEMENTOS]**

s.m. (do lat. VINCŬLU- 'atadura') 'brinco, pendente con forma de aro'.

> ◦ **Bincos** (3): "Jten | me deve Elvira Melia hun ducado e eu teño | dela húos *bincos* dorados", Lorenzo *testamentos*, 1497-setembro-4/novembro-1. [Cee] (A Co), COP.; García Oro *Diego de Muros III*, 1497-setembro-4. Cee (A Co), doc. 23, COP.; "unos *bincos* que ay acharán eno meu arcaz", Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1519-novembro-28. [O Outeiro. Viveiro. Celanova] (Ou), vol. I, doc. 122, OR.

Nos testamentos de Catalina Gómez e Tareixa García de Outeiro cítase a voz bincos, xoia ornamental moi empregada durante o medievo.

Lemeneva e Sallay (2001: 17) explican que o costume de levar brincos, ou aros, orixinouse en Bizancio e xeneralizouse no mundo occidental no século XVI, pois ata o século XIII usáronse os aros en occidente, pero a maioría tiña forma de fouce plana por influencia bizantina. Fresneda González (2013: 843) explica que os pendentes, en xeral, foron comúns na Península Ibérica entre mulleres cristiás, musulmás e xudías, con todo as representacións pictóricas de cristiás adornadas con pendentes son escasas ou case nulas, posiblemente por levárenos pouco ou por ocultalos baixo as toucas (*vid. s.v.* **touca**) ou os peiteados; de existiren estas representacións contan cun marcado carácter musulmán como, por exemplo, a que ofrecemos na segunda imaxe que ofrecemos ao final, procedente da Sala dos reis da Alhambra de Granada, datada entre finais do século XIV e comezos do XV, onde a doncela prisioneira loce uns brincos alongados rematados nunha peza esférica. Amais, a última autora citada ofrece unha clasificación dos pendentes en arracadas, tipo de arete con adorno colgante, xeralmente, de pedras preciosas, e o *zarzillo*, que era un arete de formas moi sinxelas, que estudamos baixo a entrada **[çerçelo]**.

A propósito do material en que se elaboraban os brincos, nos contextos estudados cítanse «huuns *bincos* dorados», polo que entendemos que non eran de **ouro** (*vid. s.v.*), senón que levaban un baño dourado. Outros metais cos que se facían estas pezas, ademais do ouro, era a **prata** (*vid. s.v.*) e mesmo o cobre, o estaño e o latón, que posteriomente se revistía cun verniz dourado ou prateado.

****

No territorio galego medieval son escasos e tardíos os testemuños desta voz. A mediados do século XV localizamos a primeira atestación nun documento notarial editado polo historiador Ferro Couselo (1458): «Costança de Monterrey deu querella que lle tomaran o dito mudo et o castellaao hun *brinco* de prata da orella, en este dia, en Sesnande» -*TMILG*. Os nosos exemplos son posteriores a esta data. No portugués a primeira atestación coa que contamos data do século XVII; na obra *Prosodia 7* (1697), de Pereira, cítase: «Joya, ou *brinco* de orelha de tres pedras» -*CP 1300S-1900S*.

No galego moderno, na fala popular, localizamos este termo no *ALGa* (pregunta 2.339: *Pendientes*) que rexistra a forma brinco unicamente no lugar ourensán de Bubaces (Río Caldo, Lobios). No portugués o *TLPGP* dá conta desta voz no territorio peninsular e insular. Recóllese brinco, coa acepción estudada, de norte a sur, en: Arcos de Valdevez (Pereira 1970: 364), Oliveira de Azeméis (Oliveira 1948: 94), Aveiro (Capão 1957: 253), Vagos (Capão 1957: 253), Fundão (Martins 1954: 411), Castelo Branco (Martins 1954: 411), Marvão (Baptista 1967: 358) e Arronches (Paulino 1959: 293). No territorio insular, existen atestacións na ilha Terceira (Maia 1965: 168) e São Miguel –brincas- (Medeiros 1964: 109), dos Açores. No galego escrito, o *TILG* achega varios contextos deste termo dende mediados do século XVIII, con todo, a acepción do noso interese ofrécese dende finais do século XIX, en que se cita na obra *O castelo de Pambre* (1895) de López Ferreiro, autor coñecido polo seu marcado ton arcaizante: «O mal foi cando lle puxeron os *bincos* e mái-la gargantilla». Anos despois, atestamos a variante brincos na obra *Hostia* (1926) de Cotarelo Valledor: «Trae salteiros de pelras, *brincos*, colares, manetas e sortellas, entre o scales a tona donda da súa fermosura loce como rosa entre o orballo da mañá». Este repertorio ofrece 43 casos desta voz. No que respecta ao *CORGA*, este *corpus* tamén recolle a forma brinco, dende o ano 1983, en que se cita na novela *Beiramar* de Martínez Oca: «Absorta, a moza quedou en suspenso, as mans detidas no acto de suxeitar un *brinco* na orella».

No ámbito español a presenza de vinco data de finais do século XIII. Na obra anónima *Castigos del rey don Sancho IV* (1292-1293) figura: «En la mano diestra teníe vn rubí con vna sortija e en el *vinco* délla estauan letras escriptas en que la llamauan clemençia» -*CE 1200S-1900S, CDH* e *CORDE*. No memorial de bens que recibiu Alonso de Burgos Manzanedo (Ciudad Rodrigo?, Salamanca), do ano 1611, faise referencia a este complemento: «Unos *brincos* de oro» -*CorLexIn*. Posteriormente non rexistramos máis contextos deste termo nos repertorios consultados (*CREA* e *CE 1200S-1900S*), quizais por tratarse dunha forma vinculada ao leonés (Le Men 2002-2009, *s.v.* vinco, vol. IV); de feito, Egido Fernández (2010: 114) inventaria os vincos nos territorios leoneses da Maragatería, Cepeda e Órbidos durante o século XVII e destaca que é un aro típico destas tres comarcas leonesas.

Na lexicografía galega dan conta deste termo as obras lexicográficas do século XIX. Binco está presente no Valladares *Suplemento* (1896-1902), Carré *Diccionario*[3] (1951), Franco Grande *Diccionario* (1972) e Carré *Diccionario-Voc.* (1979). A forma do estándar galego, brinco, recóllese como entrada de dicionario no Sarmiento *Colección voces* (1746-1770), *RAG 1913-1928*, Filgueira et alii *Vocabulario* (1926), Carré *Diccionario*[1] (1928-1931), Carré *Diccionario*[2] (1933), Ibáñez *Diccionario* (1950), Carré *Diccionario*[3] (1951), Eladio *Diccionario* (1958-1961), Franco Grande *Diccionario* (1972) e Carré *Diccionario-Voc.* (1979) -*DD*. Con posterioridade, os dicionarios publicados a partir de mediados dos anos 80 do século XX van ofrecer esta voz entre os seus lemas, do mesmo xeito que ofrecen o termo *aro.*

Os repertorios lexicográficos do portugués recollen a forma brinco, aínda que non como entrada, dende finais do século XVII, en que se cita no Pereira *Prosodia* (1697), ao que xa fixemos referencia –*CLP*.

No español, a lexicografía ofrece a forma vinco, dende o primeiro cuarto do século XX, en que se cita na 15ª edición do dicionario da Real Academia Española publicado no ano 1925 e indícase que é propio de León. Nel, e nos outros 12 que recollen esta entrada, explícase que se trata dun leonesismo; indicación que tamén se achega na actualidade nas obras lexicográficas do español -*NTLLE*.

Na sociedade actual os brincos, xunto cos *pendentes* e *aros*, forman parte dos complementos femininos, pero tamén masculinos máis empregados, xa estean elaborados de materiais nobres, xa de quincalla.

Cfr. s.v. **[çerçelo]**.

Brincos dourados do século XIV[80]

[80] En liña: *https://www.pinterest.com/marafernndezalo/edad-media/* [Consulta: 18 de abril de 2019].

Imaxe dunha muller con brincos rematados nunha peza esférica localizada na Sala dos reis da Alhambra de Granada (século XIV)[81]

bocalán → **[3.1 TECIDOS]**

s.m. (de orixe incerta; Meyer-Lübke (*REW*, 1366) indica que procede do fr. *bouquerant* < do lat. BUCHĀRA. De acordo coa evolución deberiamos ter *bocara* ou *bucara*, pero engadíuselle a nasal por analoxía coas palabras coa terminación *–án* e, ademais, sufriu un cambio acentual. García de Diego derívao directamente de BUCHĀRA (Martínez Meléndez 1989: 421, *s.v.* bocaran); Corominas e Pascual postulan que é unha voz oriental, que entrou a través do árabe (*DCECH*, *s.v.* bocací, vol. I); Eguilaz y Yanguas (*s.v.* bocaci, bocacín, bogaci) faina derivar do ár. *bogásí* 'entretea'), Morais *GDLP* (*s.v.* bocassim, bocaxim) propón o persa *buqchah* 'fardo de roupa ou saco en que se enfarda') e Alfau de Solalinde 1969: 60-61, *s.v.* bocarán) propón a orixe no nome da cidade de Bukhara (Uzbequistán) de onde procedía, étimo que nos parece o máis axeitado). '*bocarán*, tea de liño de gran finura que se fabricaba en Oriente'.

> ◦ **Bocalán** (2): "Vna vestymenta de defuntos con seu manto de | sarga e con dúas almáticas de *bocalán* negro | con seus rregaços e todo conprido", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Vna capa negra de *bocalán* falta", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

No reconto de bens e alfaias da Catedral de Ourense cítanse dúas dalmáticas (*vid. s.v.* **[almática]**) e unha **capa** (*vid. s.v.*) de bocarán. Esta voz usouse en Aragón e en Castela, onde este tecido foi coñecido como bocací.

O bocarán orixinariamente foi unha tea de liño (*vid. s.v.* **lino**) moi fino que se fabricou en Oriente dende onde se exportaba a Europa; no século XIV diminuíu o seu valor ao comezarse a fabricar en Occidente e converterse nun tecido de **algodón** (*vid. s.v.*) corrente. Na Idade Moderna foi unha tea groseira e de calidade moi inferior de liño, cánabo (*vid. s.v.* **canavo**) ou algodón, normalmente engomada, aderezada e cilindrada, que se podía tinguir de varias cores, aínda que orixinariamente foi beixe, e acostumaba a usarse para armar os vestidos (*vid. s.v.* **bestido**) e casacas no lugar onde se facían os ollais. Amais, este termo tamén denominou unha tea de **seda** (*vid. s.v.*) de gran finura e calidade procedente de

[81] En liña: *http://www.alhambra-patronato.es/elblogdelmuseo/index.php/las-mujeres-de-la-sala-de-los-reyes/* [Consulta: 18 de abril de 2019].

Bukhara, cidade de Uzbequistán (Alfau de Solalinde 1969: 61 e *DHTT, s.v.* bocaran, bucarán/bocaran, bocaram).

Con respecto ás tonalidades, Martínez Meléndez (1989: 422-424) documenta o bocarán con raias (*vid. s.v.* **uiado**), morado, negro, branco, colorado, verde e azul. Este material foi utilizado durante os séculos XIV e XV para a confección de colchóns, traveseiros, coxíns, forros, mantos (*vid. s.v.* **manto**) e tamén ornamentos (*vid. s.v.* **ornamento**) litúrxicos, como é o caso dos nosos exemplos.

****

No ámbito galego documentamos bocaran no primeiro cuarto do século XV, do cal figuran varios exemplos nun texto do ano 1426, editado polo historiador López Ferreiro: «duas varas de *bocarán*», «iten outro pano douro que anda sobre la cabeça de Santiago forrado de bocaran», «iten mays duas capas pretas de *bocaran* forradas de lenço». Amais dos contextos deste documento, non localizamos máis testemuños nos repertorios consultados -*DDGM* e *TMILG*. No portugués tampouco rexistramos esta voz (*CP 1300S-1900S* e *VHCPM*).

A propósito do galego moderno, na fala popular non localizamos o termo estudado. Na escrita, o *TILG* ofrece unha ocorrencia da forma bocacín, citada na obra *Nomenclatura do arancel integrado comunitario* (1990), publicada polo Instituto Galego de Estatística: «lenzos preparados para pintar, *bocacín* e tecidos ríxidos similares do tipo dos utilizados en sombreirería». De por parte, no *CORGA* non rexistramos contextos deste termo relacionado co ámbito téxtil.

O español, por contra, ofrece esta voz, aproximadamente, dende a primeira metade do século XIV. Nun testamento anónimo, datado no ano 1310, cítase: «Ytem mando e deysso al dicho hospital de Sant Miguel dos lechos goarnidos con cada dos cuystas de *bocaran*, con cada dos travesseres, con cada dos pares de linzuelos e con sendos cobertores» -*CORDE*. Un século despois o *Cancionero castellano y catalán de París* (c. 1430-1494) recolle: «Fue primero mi señal | Ya no se si so burel | Albornuz o terçanel | *Bocaran* o de Çendal» -*CDH* e *CE 1200S-1900S*. Nas *Cuentas de Gonzalo de Baeza, tesorero de Isabel la Católica* (1477-1491) tamén se ofrece: «Seys varas de *bocaran*, para aforro, a rreal la vara, seis rreales» -*CORDE*, *CDH* e Gual *Voc. comercio*. Posteriormente, a mediados do século XVII, no inventario Juan Moya (Ciudad Real), do ano 1651, cítase: «Vn *bocarán* de tres varas,en ocho reales» -*CorLexIn*. A propósito da presenza desta forma no español, cómpre destacar que parece desaparecer a mediados do século XVII. De feito os contextos que ofrecen o *CDH* e o *CORDE* non superan os 40 e rematan no ano 1514 (ou 1515), en que este termo se localiza nun preito anónimo: «Mas, pague vna bara de *bocaran* colorada para enforrar a donde avya de traer la lança dos reales». Con todo, a forma bocací, moito máis frecuente, conta con rexistros ata finais do século XIX. No ano 1898 ofrécea Castro na obra *Combates de toros en España y Francia*: «Con su taparrabo de *bocací* negro» -*CDH* e *CORDE*.

No relativo á lexicografía galega, atestamos bocarán dende a época premoderna (1863-1985), en que se adscriben o *RAG 1913-1928*, Eladio *Diccionario* (1958-1961) e Franco Grande *Diccionario* (1972); a forma bocacín figura no Eladio *Diccionario* (1958-1961) e Franco Grande *Diccionario* (1972) –*DD*. Con todo, as obras de corte normativo, publicadas a mediados dos anos 80 do século XX, non ofrecen esta voz entre os seus lemas.

As obras lexicográficas do portugués rexistran a variante bocasim dende finais do século XVII, en que figura no Pereira *Thesouro* (1697) -*CLP*).

Con respecto aos repertorios do español, estes dan conta da forma bocací dende o último terzo do século XVI, en que se ofrece no *Vocabulario de las dos lenguas toscana y castellana* (1570) de Casas; a partir desta data recóllena 53 obras. Dous séculos despois localizamos a variante bocarán, dende comezos do século XVIII, en que figura no *Diccionario nuevo de la lengua española y francesa* (1705) da autoría de Sobrino; con todo, a presenza desta voz é escasa ao rexistrarse só en 8 repertorios. Amais, bocacín está presente dende o ano 1780 en que se cita no dicionario publicado pola Real Academia Española no ano 1780 –*NTLLE*.

A día de hoxe esta estofa, ao igual que moitas outras fibras téxtiles naturais, foi substituída por fibras sintéticas, moito máis económicas e cun mantemento menos esixente.

Cfr. s.v. **algodon** e **lino**.

boineta *s.f. vid. s.v.* **broneta** → **[3.1 TECIDOS]**

bolsa → **[2.3 COMPLEMENTOS]**

s.f. (do lat. BŬRSA- e este do gr. βύρσα 'coiro', 'odre') 'bolsa, obxecto de tea cunha cavidade aberta por riba e uns cordóns para pechala, que serve para gardar obxectos'.

> ◦ **Bolsa** (2): "Iten outros XVI botoes que ten Juana por vn fondelo de tomentos iten vnna | *bolsa* de sirgo et deschaqual", Cal *Mondoñedo*, 1321-marzo-10. Vilamor. Mondoñedo (Lu), doc. 84, OR.; "Item mando aa mina sobrina, filla de Ruy Conde, que mora con Constansa Eanes, hunos çerçelos de coraes et a *bolsa* que se con elles et huna baraça", Graña *Vilourente*, 1403-outubro-21. Vilamor [Mondoñedo] (Lu), doc. 115, OR.

Nos testamentos de Tareixa Pérez, Dominga Eanes cítanse unhas bolsas; unha dela destinada a gardar xoias (*vid. s.v.* **[joia]**) e as outras, posiblemente tamén se utilizase para o mesmo fin ou para a salvagarda de botóns (*vid. s.v.* **botón**) ou reliquias, pero non temos a seguridade de que fose así. O termo bolsa, por extensión, emprégase para nomear calquera espazo que presente unha cavidade, sexa do ámbito da anatomía, zooloxía ou xeografía.

En relación cos nosos exemplos, Fernández Álvarez (2014: 1) destaca o uso que as bolsas tiveron ao longo da historia para transportar obxectos valiosos e prezados, fosen moedas, documentos ou reliquias (*vid. s.v.* **reliquario**). Con todo, a autora anteriormente citada non recolle o uso que as bolsas tiveron para a custodia de complementos pertencentes ao enxoval persoal, como por exemplo aneis (*vid. s.v.* **anjllo**), botóns, cadeas (*vid. s.v.* **cadea**), etc.

As bolsas utilizadas para a custodia e garda de obxectos prezados elaborábanse de tea; no *corpus* de estudo temos exemplo de «vnna | *bolsa* de sirgo et deschaqual», neste caso trátase dun obxecto de **sirgo** (*vid. s.v.*), pero tamén podía ser doutras teas coma o veludo (*vid. s.v.* **terçiopelo**) e, amais, existiron bolsas, entre elas as destinadas a gardar reliquias que, para que quedaran máis resgardadas, levaban un forro doutra tea como podía ser o liño (*vid. s.v.* **lino**). Podemos reparar na última imaxe que ofrecemos nesta entrada; trátase dunha bolsa, actualmente custodiada no Archivo de la Catedral de Valencia e datada no século XIII, que posiblemente se destinase a portar reliquias. Ten unha dimensión de 26,5cm x 23cm e posúe tres borlas que a rematan na zona inferior; a franxa superior, de onde prega unha trenciña, confeccionouse, nunha cara, de cor salmón alaranxado e noutra, de verde. Foi

tecida en **seda** (*vid. s.v.*) e fíos metálicos en cordón coa técnica da tapicería e na súa decoración alternan en fileiras as cores verde, salmón, alaranxada, granate e salmón alaranxada. Ademais, en cada un dos ángulos do motivo en *losangé*[82], ten unha flor de lis tecida con fíos metálicos, seguindo a secuencia por filas. O seu interior vai forrado cunha tea de liño de cor azul cun peto interior (Fernández Álvarez 2014: 3-4).

****

No territorio galego o primeiro testemuño desta voz data de finais do século XII, pero non encaixa exactamente no noso contexto de estudo. Nun documento notarial, escrito en latín, pertencente ao Mosteiro de Oseira (1191) cítase: «Arias Giraldit, pro vendas de hereditate de Seuerio cepit una *bolsa* de vino et vi panes de tritici» -*CODOLGA*. Neste exemplo, como apunta Varela Sieiro (2003: 281): «en canto ó seu significado é patente o valor de 'odre' 'pelexo'». En textos escritos en romance as primeiras atestacións témolas na segunda metade do século XIII. Nunha cantiga mariana (1264-1284) cítase a forma bolssa: «E tan toste que sayda | foi, o crerigo fillou -a || e fez logo dela poos | e en sa *bolsa* guardo[u] -a; || e quando disse sa missa, | consumiu -a e passou -a, || e disse que lle soubera | a manjar mui saboroso». De bolsa os primeiros exemplos están nun texto notarial e encádranse entre os anos 1242 e 1252: «VI. *bolsas* de vino. as .III. mentre que oprior nõ era [no] moesterio. et outras III. de poys que ueno de .xx. dineyros cada *bolsa*» –*TMILG*. Varias das referencias citadas figuran na Lorenzo *Cronologia* (*DDGM*). No portugués, documentamos bolsa dende o século XV. Na obra *Virgeu de consolaçom* recóllese o contexto que segue: «E mais valera aly boa conciencia, que *bolsa* chea de dinheyros, ante aquel juiz que se nõ vence por palavras nẽ por afaagos ne por dõoes» -*CP 1300S-1900S* e *VHCPM*.

No galego moderno, na fala popular, localizamos esta voz no *TLPGP* e no García Glosario (1985) –*DD*. O *TLPGP* rexístraa en varios concellos das provincias da Coruña, Lugo e Ourense. Na escrita, o *TILG* recolle 896 ocorrencias, repartidas entre 281 obras distintas, dende a primeira metade do século XIX; con todo, non todas elas cadran coa acepción estudada. Na obra anónima titulada *Diálogo entre Dominjos e Farruco sobre a administrasón de xustiza da súa aldea* (1820) recóllese: «Dios nin Santa María, que a súa pansa e a súa *bolsa*; sinón dígha-no aqueles paxaros que prenderon nos Madriles, que querían matar ó noso Rei, solo por que quer o que todos queremos, esto é a sagrada e santa Constitusón». Uns anos despois, no texto anónimo *Esmelle* (1827), editado por Mariño Paz e Suárez Vázquez, ofrécese o contexto que segue, semellante ao que ofrece o noso estudo: «Nesta fonda de Meixido comeron coa *bolsa* aberta, esí pagaron os cartos, tamén correo a moneda».

No español as primeiras atestacións datan, aproximadamente, de mediados do século XIII. Están no *Libro de Apolonio* (c. 1240): «Fue presa la catiua, al mercado sacada, | el uendedor con ella, su *bolsa* apareiada; | vinieron compradores sobre cosa tachada, | que comprar la querién & por quánto serié dada» -*CDH*, *CE 1200S-1900S* e *CORDE*. Con todo, o *DEMi* propón como testemuño máis temperán o *Poema de mio Cid*, aproximadamente do ano 1140. Nun documento de Navarra, do ano 1357, cítase: «I merchant per guanjaez et bellos et II *bolssas*» -Gual *Voc. comercio*. En textos escritos en español na coroa de Aragón, durante o século XV, rexistramos a forma plural de bolsa, nun manuscrito procedente da Cancellería Real de l' Arxiu de la Corona d' Aragó de Barcelona (1412 a 1498): «priuilegio. § Otrosi nos parecio qu el tiempo del reconocer de las otras | *bolsas* | exceptada los de los consellers para poner otras tantas personas en cada vna» -*DiCCA* –*XV*. No século XVII, no inventario de bens de Juan de Peñaranda (Burgo de Osma, Soria), do ano 1612 recóllese o seguinte texto: «Vna *bolsa* de terçiopelo carmesí con treinta y dos doblones de a quatro y vno de a dos, y un doblón de a veinte escudos de dos caras, y un real de a ocho, y dos pares de guantes blancos» -*CorLexIn*.

[82] Tipo de rombo en que a diagonal maior está en posición vertical.

Posteriormente, o *CREA* inventaría 4.820 casos desta voz, repartidos entre 2.136 documentos.

No que respecta á lexicografía galega, esta recolle bolsa, coa nosa acepción, dende a época premoderna (1863-1985). Ofrécese entre os lemas do *RAG 1913-1928 –DD*. Os dicionarios publicados a partir de mediados dos anos 80 do século XX van dar conta todos eles deste termo entre as súas entradas.

Os repertorios do portugués recollen a voz estudada dende o primeiro cuarto do século XVIII, en que figura como lema no Bluteau *Diccionario castellano* (1721) *–CLP*.

A propósito das obras lexicográficas do español, estas ofrecen o lema bolsa dende finais do século XV, en que está presente no *Vocabulario latino-español* (1495) de Nebrija *–NTLLE*.

Estas bolsas para conter obxectos do enxoval persoal séguense utilizando na actualidade, aínda que na maior parte dos casos son elaboradas con teas sintéticas.

Cfr. s.v. **esmoleyra**.

Bolsa de reliquias custodiada no Archivo de la Catedral de Valencia (Fernández Álvarez 2014: 4)

bordado → **[3.3 ELABORACIÓN]**

adx. (der. de *bordar* < do xerm. *BRUZ-DÔN, emparentado co antigo alemán *gaprortôn* - *DCECH*, *s.v.* bordar) 'bordado, que leva adornos con bordaduras no tecido'.

> ◦ **Bordado** (1): "Jten vn frontal de seda verde prado con armas de Barrentos, | *bordado* de fí(ll)o de ouro fyno", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

No inventario de bens da Catedral de Ourense cítase o adxectivo bordado ao referirse a un **frontal** (*vid. s.v.*) de **seda** (*vid. s.v.*) que leva bordadura de fío de **ouro** (*vid. s.v.*).

Durante o medievo os bordados continúan sendo os mesmos das estofas, de procedencia persa, pero dende o século XII empréganse os motivos cristiáns e un século despois, con motivo das Cruzadas, incorpóranse os escudos e referencias de cabalaría nos bordados da época. Amais, González Mena (2008[6]: 395) destaca a importancia do bordado relixioso durante o medievo e incide na idea de que en todas as catedrais hai casullas (*vid. s.v.* **casula**), capas pluviais (*vid. s.v.* **capa**) e fragmentos que confirman, durante o século XV, as formas ornamentais iniciadas a fins do século anterior. De feito, como mostra a autora cita dous frontais, datados no mesmo século ca o do noso exemplo, ambos os dous custodiados no Mosteiro de Guadalupe; un deles de Enrique IV, con tres escenas da vida da Virxe, e o outro, coñecido como "El Rico" pola súa laboriosa e luxosa elaboración.

Os principais bordados destinábanse ás igrexas, pero tamén aos reis, nobres e burgueses enriquecidos que solicitaban adornar todo tipo de pezas, sexan do vestir, da vivenda (colchas -*vid. s.v.* **colcha**-, cobertores -*vid. s.v.* **cobertor**-, sabas -*vid. s.v.* **[sabaa]**-, etc.) ou panos do altar, como é o caso do exemplo estudado. Entre os puntos empregados atopamos o *pasado*, o *cruzado* e o de *cadeneta*, aínda que este último desaparece a finais do século XIV a favor do punto *plano*. De por parte, os fíos de ouro e **prata** (*vid. s.v.*) foron moi frecuentes durante o século XIII, podían mesturarse cos de seda, e facíanse botando man do chamado punto *plano*. Posteriormente, no século XIV introdúcense os abelorios nos bordados, cun uso moi alto no século seguinte.

A propósito da elaboración dos bordados, Sigüenza Pelarda (2000: 29) propón o século XIII como momento de afianzamento dos obradoiros catedralicios, onde se desenvolve unha especialización da arte da bordadura. O traballo de bordado atribuíaselle aos bordadores, tamén coñecidos no medievo como *brosladores*, aos que se refire o lexicógrafo Rodríguez cando define cotibaldo –*vid. s.v.* **[cotibaldo]**- (Eladio *Diccionario* 1958-1961) destacando o papel dos profesionais composteláns, que estaban especializados en bordar ornamentos litúrxicos. Dalgúns coñecemos os seus nomes; por exemplo, no século XVI dedicáronse a este oficio Juan de Medina, Fernando Álvarez Rebellón, Fernán Díaz, Pedro Fernández, Gonzalo de Luaces, Fernando Vázquez, Juan de Romay, Juan Fernández e Alonso Rodríguez, entre outros (Aguilar Díaz 2011: 186-187). Este último foi un dos máis afamados bordadores de Santiago de Compostela segundo indica Aguilar Díaz (2013: 2015-215).

****

No dominio galego os testemuños do adxectivo bordado son bastante tardíos. De feito, o máis temperán que atopamos é o noso exemplo de finais do século XV. No portugués, a primeira atestación localizámola no primeiro cuarto século XVI, no *Cancioneiro Geral* (1516) de Garcia de Resende, onde se cita: «Meu capuz pardo frisado aluaçaão de veludo bem *bordado*» - *CP 1300s-1900s*.

No galego moderno, na escrita, o *TILG* achega pouco máis dun cento de casos deste adxectivo dende a segunda metade do século XIX. Pintos na obra *Contos de aldea que parecen historias da vila e historias da vila que parecen contos da aldea* (1858) cita: «chaleques cos seus *bordados* de pano encarnado e negro con botón cal bugalliños». Na fala popular do portugués peninsular, o *TLPGP* localiza bordado, coa nosa acepción, nos territorios de Loures –vordado- (Costa 1961: 226) e Beja (Delgado 1970: 367).

No español a primeira atestación desta voz data, o mesmo ca no galego, do século XV. Na *Biblia do Escorial I-j-4: Pentateuco* (c. 1400) cítase: «E faras altar para safumerio; el sahumerio de madera de Sitim / lo faras; de vn cobdo en luengo e de vn cobdo en ancho; quadrado sea, e dos cobdos en alto; del sean sus cuernos; e engastonar los has en oro fino, su tejado, e sus paredes

aderredor e sus cuernos; e fazer le has *bordado* de oro aderredor» -*CORDE*. A forma *bort* documentámola no ano 1211 nunha colección diplomática de Huesca. Amais, poucos anos despois, no *Cancionero de Juan Fernández de Íxar* (c. 1424-1520) ao facer referencia a un manto, indícase: «tenia lo blanco del manto *bordado*» -*CDH* e *CORDE*. No século XVI no *Repertorio premáticas y cortes* (1551) de Martínez de Burgos ofrécese o contexto que segue: «Que no trayan en los caparaçones y mochilas brocados, ni telas de oro, ni de plata, ni *bordadas*» -*DICTER*. Os inventarios pertencentes ao Siglo de Oro español tamén achegan o termo bordado, dende o ano 1617, en que se compila no inventario de bens de Ana de Orbea, condesa de Oñate (Guipúscoa): «Yten, vna casulla, estola, manípulo y frontal de tabí de agoas blanco con flores de colores, *bordado* sobre tela de plata, que vino de Ytalia para la capilla de los señores condes» -*CorLexIn*. Na actualidade trátase dun adxectivo que segue sendo empregado no ámbito téxtil, como así permiten deducir o máis de medio milleiro de casos que inventaría o *CREA*.

A lexicografía galega ofrece este termo dende a época premoderna (1863-1985); de feito, está presente no *RAG 1913-1928*, Eladio *Diccionario* (1958-1961) e Franco Grande *Diccionario* (1972). De por parte, a forma *broslado* figura no *RAG 1913-1928*, Carré *Diccionario*[1] (1928-1931), Carré *Diccionario*[2] (1933), Carré *Diccionario*[3] (1951), Eladio *Diccionario* (1958-1961), Franco Grande *Diccionario* (1972) e Carré *Diccionario-Voc.* (1979) –*DD*. Posteriormente, os dicionarios de corte normativo, publicados a partir dos anos 80 do século XX van recoller só a forma estudada, bordado, entre os seus lemas.

Con respecto aos repertorios lexicográficos do portugués, estes ofrecen bordado dende finais do século XVII, en que figura no Pereira *Thesouro* (1697) –*CLP*.

A lexicografía do español dá conta do termo estudado dende comezos do século XVI, en que se recolle no *Diccionario de los siglos XV-XVIII* de Alcalá –*NTLLE*.

Os bordados seguen estando presentes entre as pezas téxtiles, aínda que na actualidade os elaborados de xeito artesanal conviven cos feitos mediante procedementos industriais, moito máis económicos e cunha produción máis rápida.

Cfr. s.v. **açintillado**, **enforrado**, **[gornjçido]**, **[laurado]**, **orillado** e **rraso**.

Casula bordada do século XV[83]

[83] En liña en: *https://es.wikipedia.org/wiki/Bordado* [Consulta: 18 de abril de 2019].

[borla] → **[3.3 ELABORACIÓN] [2.3 COMPLEMENTOS]**

s.f. (de etimoloxía incerta; posiblemente do lat. vulgar *BŬRRŬLA 'floco de la ou borra', diminutivo do lat. tardío BŬRRA 'la basta', que para Corominas e Pascual podería ser unha palabra afín á forma *borlar*, variante antiga de *bordar* documentada no galego e no portugués (*DCECH*, *s.v.* borla, vol. I). Con todo, tamén podería ter relación co adxectivo gr. πυρρός 'vermello e basto', e este do gr. πῦρ 'lume', con orixe nunha raíz indoeuropea (Levin 1995: 125-126) 'borla, adorno en forma de campá composto por moitos fíos, que se emprega como adobío no vestiario e tamén no enxoval doméstico'.

> ◦ **Borlas** (2): "vn frontal... bordado de fí(ll)o de ouro fyno con súas çeneffas brancas | de lenço labradas de ouro fyno con súas *borlas* de seda | branca e colorada", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Hũa cynta modo de tixjllo con seus rramales et *borlas* | de seda de todas colores", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

No inventario de bens pertencente á Catedral de Ourense faise mención ás borlas que adornan un **frontal** (*vid. s.v.*) e tamén ás ínfulas (*vid. s.v.* **[rramal]**) dunha mitra (*vid. s.v.* **mitara**).

Entre os elementos de pasamanería empregados durante o medievo destacan as borlas, que no noso caso decoran ornamentos (*vid. s.v.* **ornamento**) litúrxicos, pero poderían ser empregados en pezas (*vid. s.v.* **peça**) do vestir e mesmo en roupas (*vid. s.v.* **roupa**) de uso na vivenda. Entre eles, atopamos obxectos de certa suntuosidade coma os zapatos ou sombreiros (González Mena 1994: 90).

Ademais, estes adornos contaron coa súa simboloxía durante o medievo, pois os capelos con cinco borlas a cada lado eran signos distintivos dos priores; cando estes eran vermellos e levaban quince borlas de cada lado, eran o símbolo dun cardeal[84]. De por parte, tamén foron un complemento na indumentaria dos xudeus, que debían diferenciarse dos cristiáns nunha sociedade tan estamentaria como era a medieval. Por exemplo, no *Deuteronomio* (22, 12) determínase para un xudeu: «Te harás *borlas* en las cuatro puntas del manto con que te cubras» (Guglielmi 1999: 429).

No relativo á elaboración, acostumaban a facerse con fíos de **seda** (*vid. s.v.*).

****

No dominio galego non documentamos a presenza da voz borla nos repertorios consultados (*DDGM* e *TMILG*), polo tanto consideramos como primeira atestación a última década do século XV, por ser a datación dos nosos exemplos. Con respecto ao portugués, localizamos a primeira mostra deste termo dende o século XVI, en que figura na obra *Leis extravagantes* (1569) de Nunes de Lião: «E assi poderão trazer sombreiros, ou chapeos forrados de dentro & de fora de seda, com hum cordão de ouro ou de seda, & cõ hũa trança ou cairel pela borda, do dito ouro ou seda: & assi andilhas, silhões, & fundas de seda, com todas as guarnição de retrós, & nas redeas cordões de retrós com sua *borla*» *-CP 1300s-1900s*.

A propósito do galego moderno, na fala popular localizamos borla no García *Glosario* (1985) *–DD-* e no *TLPGP*; en concreto, este último testemúñao no concello pontevedrés de Redondela (Monteagudo Cabaleiro 1998) en relación cos adobíos das gaitas. Na escrita, o *TILG* achega 112 casos, ofrecidos en 69 obras distintas, dende finais do século XVII. Nun

[84] *Arte y simbología medieval;* en liña: *http://www2.uned.es/temple/arteysimbologia.htm* [Consulta: 18 de abril de 2019].

texto compilado no volume das *Festas Minervais* (1697) cítase: «D' ouro fino en tantas letras; Qué de *bolras* non se ven honrar tan boas cabezas». A forma sen metátese localízase case un século despois, na obra *Poesías* (1851) de García de Mosquera: «A pouco máis de tres lustros as *borlas* ten o pequeno, i é letrado sendo neno, sin ter barbas é doutor».

O español atesta este termo dende o segundo terzo do século XIII. En *El Evangelio de San Mateo* (c. 1260) recóllese o contexto que segue: «E desquel connocieron los ombres daquel logar, enuiaron por toda aquella tierra, e troxieron le alli quantos auien mal, e rogauan le que siquier tanxiessen una *borla* de su uestido» -*CDH* e *CORDE*. No século XVI a obra de Alcega titulada *Geometría prática* (1589) cita: «…al cabo de los cordones lleva dos *borlas* grandes de seda blanca y negra, y los cordones son de la misma suerte blancos y negros» -*DICTER*. Un século despois, no inventario de bens de Andrés del Río (Tordelrábano, Guadalajara), do ano 1613, recóllese o seguinte contexto: «Vn sartal de plata que tiene quarenta y seys piezas, granillos e agujas, e vna morilla grande e vna patena, todo de plata, e vn coral grande, vna *borla* berde» -*CorLexIn*. No século XX, esta voz séguese empregando nos textos como así amosan as 68 ocorrencias das que dá conta o *CREA*.

A lexicografía galega achega lemas da forma bolra dende a época premoderna (1863-1985). Está presente no Cuveiro *Diccionario* (1876), Porto *Diccionario* (c. 1900), *RAG 1913-1928*, Filgueira et alii *Vocabulario* (1926), Carré *Diccionario*[1] (1928-1931), Carré *Diccionario*[2] (1933), Ibáñez *Diccionario* (1950), Carré *Diccionario*[3] (1951), Eladio *Diccionario* (1958-1961), Franco Grande *Diccionario* (1972) e Carré *Diccionario-Voc.* (1979). Amais, ofrecen borla o *RAG 1913-1928* e Eladio *Diccionario* (1958-1961) –*DD*. Con posterioridade, os dicionarios de carácter normativo, publicados a partir dos anos 80 do século XX, van recoller este termo entre as súas entradas xunto con *pompón*.

No relativo ás obras lexicográficas do portugués, estas ofrecen bolra dende a segunda metade do século XVI, cando a ofrece o Cardoso *Dict. ex lusitanico in latino* (1562-1563), e borla un século despois, ao aparecer como entrada no Pereira *Thesouro* (1697) –*CLP*.

De por parte, os repertorios lexicográficos do español dan conta do termo estudado dende comezos do século XVII, en que se cita no *Diccionario muy copioso de la lengua española y francesa* (1604) de Palet –*NTLLE*.

Na actualidade as borlas, adoitan elaborarse con fíos de seda ou sintéticos, e seguen formando parte dos adornos de certas pezas de roupa, do enxoval (*vid. s.v.* **axuar**) da vivenda e mesmo de instrumentos musicais.

Cfr. s.v. **ceneffa**, **frocadura**, **labor**, **orela** e **ricoma**.

Borlas de seda[85]

Rendas adornadas con borlas na miniatura de Afonso IX do tombo A da Catedral de Santiago[86]

[85] En liña: *http://www.cortinaboutique.com/complementos-para-cortinas/borlas-decorativas&osCsid=imvihjmcai956drqnq0e32ldk1* [Consulta: 18 de abril de 2019].
[86] En liña: *http://www.wikiwand.com/gl/Arte_de_Galicia* [Consulta: 18 de abril de 2019].

botoadura *s.f. vid. s.v.* **enbotoadura** → **[2.3 COMPLEMENTOS]**

[botón] → **[2.3 COMPLEMENTOS]**

s.m. (do fr. antigo *boton* -hoxe *bouton-* 'gromo', der. de *brotar*; posiblemente entrou no francés a través do gascón antigo *boton*. No *DCECH -s.v.* botón, vol. I- explícase que tamén é posible que a derivación se fixese dentro do xermánico e que o francés antigo *boton* se tomara xa formado do fráncico) 'botón, peza pequena de adorno, de metal ou de tea que, soa ou con outras iguais, se une ao bordo en que vai cosida coa parte en que van os ollais'.

> ◦ **Botoons** (2): "Iten mando que os *botoons* que de min ten Costança Afonso, muller de Pero de Roças, que os vendan", López Carreira *Álvaro Afonso*, s/d. [Ourense], doc. 414, OR.; López Carreira *cidade Ourense*, 1434-setembro-14. [Ourense], Docs. I. Testamentos, doc. 9, OR.

> ◦ **Botoes** (4): "Iten xvi *botoes* que ten Fernan Peres de Meyra por v mor", Cal *Mondoñedo*, 1321-marzo-10. Vilamor. Mondoñedo (Lugo), doc. 84, OR.; "Iten outros xvi *botoes* que ten Juana por vn fondelo de tomentos iten vnna bolsa de sirgo et deschaqual", Cal *Mondoñedo*, 1321-marzo-10. Vilamor. Mondoñedo (Lugo), doc. 84, OR.; "…mando que dían a myas fillas que ey de Sancha Eanes, mya moller que foy, treze morauedís que me deron pollos *botoes* de pellote que foy da sua nana Sancha Eanes", Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1338-decembro-27. [Monterrei] (Ou), vol. I, doc. 53, OR.; "mia enbotoadura q pesa marco e medio que son dez e oito *botoes*", Domínguez *Catedral Tui*, 1471-[outubro-7. Ourense], OR.

> ◦ **Botois** ?[87] (1): "mando hy conmigo cen moravedís ou os meus *botois*?", Bouza-Brey *Vilagarcía*, 1402-[xuño-28. Vilagarcía de Arousa] (Po), OR.

Nos testamentos de Mariña da Vila, Gómez Correa, Tareixa Pérez e na manda e codicilo de Martín Páez cítanse os botóns como pezas do enxoval (*vid. s.v.* **axuar**) persoal. Temos que ter en conta que estes obxectos, durante o medievo, máis alá de seren complementos das pezas de roupa, eran inventariados como xoias (*vid. s.v.* **[joia]**) de uso funcional e foron adquirindo importancia segundo avanzou a Idade Media.

Lemaneva e Sallay (2001: 16) explican que os botóns eran coñecidos dende a antiga Grecia, pero non chegaron a usarse en Europa ata o século XIII, por parte das clases acomodadas; están moi vinculados coa moda oriental, como indicamos na entrada correspondente a abotoadura (*vid. s.v.* **enbotoadura**). Amais, dende o século XIV o seu uso xeneralizouse e utilizáronse grandes e decorados con filigranas, esmaltados e con camafeos (*vid. s.v.* **camaffeu**), sobre todo nos traxes masculinos para conferirlle orixinalidade. Rey Cabezudo (2014: 71) indica que tamén se estilaban nos traxes femininos, que se abotoaban dende o pescozo ata o bordo da faldra, tal e como amosa o sepulcro pétreo da igrexa de San Domingos de Tui (Pontevedra), en que aparece representada Inés Álvarez, cuxa imaxe ofrecemos ao final desta entrada. Funcionaron como marca de diferenciación social e algúns deles eran importados de Oriente. Cómpre ter en conta que dende o ano 1340 foron a maneira máis utilizada para abrochar as pezas (*vid. s.v.* **peça**) de **roupa** (*vid. s.v.*), superando os cordóns (*vid. s.v.* **[cordón]**), tamén de uso frecuente durante o medievo (Sousa Congosto 2007: 79).

No que respecta aos materiais en que se elaboraban, temos datos da existencia de botóns realizados en materiais nobres, coma a **prata** (*vid. s.v.*) e o **ouro** (*vid. s.v.*), que ás veces tamén ían esmaltados con diversas cores ou adornados con perlas ou alxofres (*vid. s.v.* **algofre**)

[87] O signo de <?> é do editor, Bouza-Brey Trillo (1965: 95).

como apuntan Menéndez Pidal (1986: 101) e Fresneda González (2013: 637). De feito, Morán Cabanas (2001: 246) indica que o rei portugués don Dinís tiña no seu gardarroupa pezas con botóns de pano e fantasía, de prata, con labores dourados, de cristal e de calcedonia. É evidente que estas pezas luxosas eran propias do enxoval dun rei e, seguramente, os botóns citados nos nosos exemplos fosen máis modestos; por exemplo, no testamento de Gómez Correa recóllese «mia enbotoadura q pesa marco e medio que son dez e oito *botoes*» e quizais se trate de botóns de prata, os cales estaban moi de moda no medievo e, neste caso, cun peso de marco e medio para o conxunto das dezaoito pezas. Os botóns máis sinxelos eran elaborados con ámbar, cristal ou tea e adoitaban gornecerse de metais de menos valor, coma o cobre.

A propósito da súa forma, sábese que os máis frecuentes tiñan dúas partes: un corpo sólido e un pé, que podía estar integrado na mesma peza ou engadido a ela posteriormente logo de ser realizado nun molde. Os metálicos podían estar elaborados con distintas placas de metal, en xeral, dúas pezas semiesféricas unidas entre si, ás que despois se lles engadía o pé (Fresneda González 2013: 808).

O uso dos botóns durante a Idade Media debeu chegar a ser moi ostentoso cando as cortes de Valladolid, no ano 1293, lexislaron que «ningún rico omme nin otro non traya en capa nin en pellote… *botones*» (Menéndez Pidal 1986: 101). Posteriormente, no Ordenamento de Alcalá, de 1348, o rei Afonso XI manda que: «...ninguno ome de nuestro Señorío, que non traya... nin de *botones* de oro, nin de plata, nin de arambre, nin esmaltes…» (Fresneda González 2013: 400). De por parte, cómpre destacar que as referencias que hai dos botóns no *Cancioneiro Geral* (1516) de Garcia de Resende son para destacar a vaidade ou extravagancia do seu portador. Así, ante o gusto cortesá polo uso excesivo de botóns faise a pregunta: «Porque com tantos *botões* | vem Dom Duarte oo terreiro?» -nº 615, 345, vol. III- (Morán Cabanas 2001: 246).

****

No ámbito galego a primeira atestación desta voz localizámola no primeiro terzo do século XIV, en que se inscriben dous dos nosos exemplos, datados no ano 1321. O historiador Ferro Couselo nun texto de 1432 recolle: «…*botóos* e doas de prata»; o mesmo editor no ano 1446 ofrece o contexto: «…et a Gomes Ferrnandes, barbeiro, hua azémella e hun *botón* de prata e XXXIIII mrs e hua bulsa et hua çinta» -*TMILG*. No portugués este termo está presente dende o século XV, en que se cita no *Livro de citraria e experiencias de algús caçadores*, aínda que non coa acepción que nos ocupa: «…então toma hũ ferro, que tenha hũ *botão* piqueno [...] e poeno no foguo [...]» -*VHCPM*. Un século despois, na obra *Da pintura antiga* (1561) de Holanda achégase o seguinte texto: «A toga, segundo eu vi sculpido em Roma e em muitas medalhas antigoas e nobres, era uma veste de linho e ouro, franjada, a qual, posta n'um *botão* de ouro ou de prata sobre o ombro esquerdo» -*CP 1300S-1500S*.

No galego moderno, na fala popular, temos testemuños do termo botón no *TLPGP* e no García *Glosario* (1985) -*DD*. O tesouro localiza botón nos concellos coruñeses de Carballo e Dumbría; no lucense de Vilalba; nos ourensáns da Gudiña, Ramirás e Vilardevós e nos pontevedreses da Estrada, Redondela e Silleda. Na escrita, trátase dunha voz cunha representación alta, de feito o *TILG*, para a nosa acepción, compila 595 casos, ofrecidos por 283 textos diferentes. O primeiro contexto que ofrece este tesouro data do primeiro cuarto do século XVIII. Sarmiento no *Coloquio de 24 gallegos rústicos* (1746) cita: «Con saios de bobos de muitos remendos, e con *botós* gordos, como un gran xilmendro…». Se observamos as franxas cronolóxicas que achega o *TILG*, podemos comprobar que estamos ante unha voz que vai incrementar o seu uso segundo pasan os anos: entre 1612 e 1800 temos unha única ocorrencia; entre 1801 e 1850, contamos con 2; entre 1851 e 1900, 79 casos; entre 1901 e

1950, 118 contextos; entre 1951 e 1980, 101 ocorrencias e, finalmente, entre 1981 e 2013, 294 casos. De por parte, o *CORGA* tamén dá conta desta voz, da cal ofrece 331 casos.

A propósito do español, está voz testemuñámola por primeira vez na segunda metade do século XIII. As primeiras atestacións datan do ano 1258, en que se ofrece *No ordenamiento de las cortes celebradas en Valladolid*: «…e que ningun rrico omme nin otro que non traya en capa nin en pellote plata nin christales nin *botones* nin cuerdas luengas nin arminnos nin nutria, sinon en perfil en capa piel» -*CDH*, *DCECH* e Gual *Voc. Comercio*. No século XVI, na obra titulada *Reportorio universal leyes de Castilla* (1553) cítase: «En el principado de Asturias, las mujeres que vivieren en el dicho principado y quatro sacadas pueden traer en sus ropas de vestir bronchas de plata, y esmaltes de plata doradas y blancas, y *botones* de plata blancos e dorados» -*DICTER*. Uns anos despois, no inventario de Martino Junco (Ribadesella, Asturias) do ano 1599 recóllese o contexto que segue: «Yten, vn junco de platacon vn Anos Die, e dos *botones* de plata dorados, y çinco anillos de plata y vna canpanilla» -*CorLexIn*. Xa no século XX, o *CREA* inventaría 2.525 casos desta voz, repartidos entre 805 documentos diferentes. Polo tanto, trátase dunha voz con bastante frecuencia nas letras hispánicas, a pesar de que non todos os exemplos recollidos neste *corpus* do español actual teñen que ver coa acepción estudada.

No relativo á lexicografía galega, o termo botón ten unha presenza moi grande entre os vocabularios e dicionarios galegos dende a época premoderna (1863-1985). Coa nosa acepción figura entre os lemas do *RAG 1913-1928*, Filgueira et alii *Vocabulario* (1926) e Eladio *Diccionario* (1958-1961) –*DD*. De por parte, os dicionarios normativos, publicados a partir de mediados dos anos 80 do século XX, tamén recollen este termo coa nosa acepción.

Os repertorios lexicográficos do portugués, non ofrecen botão co significado estudado. Por contra, as obras lexicográficas do español dan conta deste termo dende finais do século XV, en que o recolle como entrada Nebrija no *Vocabulario español-latino* (1495) –*NTLLE*.

Os botóns na actualidade manteñen a función orixinaria ao servir para pechar pezas de roupa ou calzado e, incluso, complentos. Nalgúns casos manteñen a función decorativa que tanto gustou aos homes e mulleres do medievo.

Cfr. s.v. **enbotoadura** e **[joia]**.

Botón medieval[88]

Reprodución dun botón medieval de prata[89]

[88] En liña en: *http://tami.mx/tami/2398/cuando-el-boton-no-es-tu-aliado/* [Consulta: 18 de abril de 2019].
[89] En liña en: *http://www.celticwebmerchant.com/es/10-botones-medievales-redondos.html* [Consulta: 18 de abril de 2019].

Botón de níquel, cinc e coiro do século XV, custodiado no Museo das Peregrinacións de Santiago de Compostela[58]

[braga] → **[2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER] [2.1.1 PEZAS INTERIORES]**

s.f. (do lat. BRĀCA, procedente do galo) 'braga, peza de roupa interior, que cubría dende a cintura ata, aproximadamente, os xeonllos, consistente nunha banda colocada entre as pernas, que deixaba a ambos lados os estremos despois de anoalos; suxeitábase á cintura cun bragueiro'; adoita utilizarse en plural.

> ◦ **Bragas** (1): "mando a Afonso Gonzales crego do dito meu conto a miña capa enforrada e as miñas *bragas* boas", López Ferreiro *Documentos*, 1187*-[setembro-23. Tui] (Po), doc. 2, COP.

Álvaro Fernández de Valadares deixa no seu testamento apócrifo as súas «bragas boas» en herdanza ao crego Afonso González; esta peza de **roupa** (*vid. s.v.*) era de uso entre o clero, pero tamén entre o resto dos homes medievais (Guerrero Lovillo 1949: 93). Existiu dende antigo e xa Herodoto a cita na antiga Grecia. Con todo, existe discrepancia entre os diversos investigadores no relativo á súa forma.

Bernis (1979: 64) afirma que na época dos Reis Católicos existían dous tipos de bragas, as utilizadas como peza interior, cuxas primeiras noticias se remontan ao século XIII, data en que se inscribe o noso exemplo, e a exterior. As primeiras eran moi pequenas e axustadas e destinábanse a ser vestidas debaixo das calzas (*vid. s.v.* **[calça]**) e, as segundas, máis amplas, cubrían tamén a zona alta das coxas e adoitaban vestirse coas medias e usábanas persoas de condición social humilde, como artesáns e xente do mar.

Outro estudoso do vestiario, como é Boucher (2009: 459), explica que as bragas eran unha especie de calzóns cinguidos ao talle mediante un cinto, que foron adoptados polos xermanos, os galorromanos e os romanos. Estaban confeccionados con distintos materiais e tiñan distintas lonxitudes, segundo os pobos e a época. Ao comezo suxeitábanse con tiras de coiro aos calzóns e posteriormente fóronse acurtando ata convertérense no século XV nun calzón moi curto, utilizado como peza de roupa interior. Esta mesma idea é a defendida por Viollet le Duc (1993: 466-470, *s.v.* braies), quen tamén postula que as bragas nas súas orixes foron moi amplas e axustáronse co paso do tempo, ata facérense cinguidas no século XVI. A mesma afirmación é defendida por Gual Camarena (segundo explica no

Gual *Voc. Comercio*, *s.v.* bragues) quen indica que as bragas formaban parte da roupa interior e a súa lonxitude abarcaba da cintura ata os xeonllos. Este mesmo tamaño é o que describe Menéndez Pidal (1986: 60) quen se apoia nun texto da *General Estoria*, onde falando desta peza da indumentaria se indica: «Cubrían de la cintura fasta los ynoios».

Na confección desta peza de roupa medieval utilizábase lenzo (*vid. s.v.* **lenço**), **estopa** (*vid. s.v.*) e liño (*vid. s.v.* **lino**), aínda que no Gual *Voc. Comercio* (*s.v.* bragues) se indica que en Portugal existiu un tecido denominado *bragalí*, destinado especificamente á elaboración das bragas. A cor, como é esperable, era a das fibras naturais, branca ou beixe, propia das pezas que estaban en contacto co corpo.

Finalmente, cómpre destacar que estamos ante unha peza que no medievo estaba asociada co vestir masculino e é preciso poñer en relación co bragueiro, as calzas e o xibón (*vid. s.v.* **gibon**), por ser a indumentaria precisa para tapar o corpo, tanto nas extremidades superiores coma nas inferiores. Hai que ter en conta que na Idade Media a parte inferior do corpo non contaba con pezas específicas para a súa protección. As bragas e os calzóns eran considerados pezas eminentemente masculinas. De feito, a Igrexa condenou o seu uso por parte das mulleres como testemuña o caso de Juana de Arco. Despois, no Renacemento, as mulleres de clase social alta utilizárona fundamentalmente para cabalgar, pero cunha confección máis delicada, pois as máis sinxelas puxéronse de moda entre actrices e prostitutas. A aparición posterior de *pololos* e *bombachas* estendeuse entre o sector feminino ata chegarmos ao que hoxe en día coñecemos como bragas, de tamaño máis reducido, aproximadamente dende o último terzo do século XX (Avellaneda 2006: 56-57 e 121).

Cómpre destacar que durante o medievo tamén existiu unha braga exterior, que formou parte da armadura, ao ir confeccionada de mallas (Gual *Voc. Comercio s.v.* bragues).

Na segunda imaxe, que ofrecemos ao final da entrada, podemos ver un exemplo dunha braga ampla e doutra máis estreita, de uso interior, datada no século XV, descuberta recentemente por arqueólogos da Universidade de Innsbruck (Austria).

****

No territorio galego temos noticia desta voz no segundo terzo do século XII. Atestamos braga nun documento escrito en latín pertencente ao mosteiro lucense de Santo Estevo de Chouzán (1169) que cita: «… mando C solidos de mergulenses et una camisa et unas *bragas* et unjus mantelis». Amais, Varela Siero (2003: 82) documenta braga no ano 1174 nun texto escrito en latín pertencente á Catedral de Ourense: «Abbati meo mando c solidos de mergulenses et una camisa et unas *bragas* et unius mantellis…». O mesmo que ocorre no noso exemplo, esta peza forma parte do vestiario dun relixioso, aínda que sabemos que non sempre era de uso exclusivo entre este colectivo. En textos escritos en romance galego, os primeiros testemuños datan da primeira metade do século XIII; nunha cantiga escarniña de Fernan Garcia de Esgaravunha, datada entre 1220 e 1240, faise alusión a unha ama de cría loada por Johan Coelho que, entre as súas destrezas, destaca a confección de bragas: «Esta ama cuj' é Joham Coelho, | per bõas manhas que soub' aprender | cada hu for achará bon conselho, | ca sabe ben fiar e bem tecer, | e talha mui ben *bragas* e camisa | e nunca vistes moler de sa guysa | que mays limpha vida sabha fazer» -*CMGP*, *MedDB* e *TMILG*. No ámbito portugués, o primeiro testemuño desta voz témolo nun texto latino datado na segunda metade do século XI, que cita a forma braka nun documento notarial do ano 1083: «et unas *brakas* nobas cum sua inbragatoria». En documentos escritos en portugués ofrécese braga na *Crónica da orden dos frades menores* (1209-1285): «E mais diz que nem o prelado nom pode dar leçença ao ssodito

pera posuiir algũua cousa, afora aquello que lhe da a regra, comvem a saber: huum avito e hũua corda e *bragas*, e, se mais he ao singular uso, contra a pobreza he» -*CP 1300s-1900s*.

No galego moderno temos rexistro desta voz na fala popular. Está presente no García Glosario (1985) -*DD*- e o *ALGa* (pregunta 2.315: *Braga, pantaleta*) testemuña a presenza do termo braga, como peza interior feminina, en practicamente todo o territorio galego e nas zonas de fala galega de León e Zamora. Con todo, esta voz convive en moitos dos puntos estudados con outras tamén usadas para denominar esta peza de uso feminino: *bombacho*, *bombacha*, *bragueta, calzón*[90], *calzoncillo*[91], *cirigolas, culero, culote, maropio, pantalón (de muller)*, *pantaleta* e *taparrabos*. Outra pregunta do *ALGa* (2.320: *Cirolas*) rexistra a unidade braga *larga*, no concello ponteareán de Guillade (Pontevedra), para referirse ás *cirolas* ou *calzóns* de uso masculino. Cómpre ter que conta que na pregunta do *ALGa* (2.319: *Calzoncillos*) achéganse as denominacións das pezas de roupa interiores de uso masculino. A máis frecuente no terrirorio galego e tamén no asturiano e leonés de fala galega é *calzoncillo* (coa variante *calzocillo*), pero ao lado dela recóllese *braga* no concello lucense de Xermade, entendemos que para denominar os calzóns anchos (Eladio *Diccionario*). Ademais, o *TLPGP* tamén localiza braga en varios puntos da xeografía galega pertencentes ás catro provincias, aínda que en todos eles como 'peza interior de uso feminino'. Para denominar a 'peza interior de uso masculino' recóllese o termo *calzoncillo* e, finalmente, ofrécese *calzón*, que pode ser sinónimo de braga, de *calzoncillo* ou un 'pantalón antigo de home'.

No galego escrito o *TILG* ofrece 231 ocorrencias do substantivo braga, repartidas en 100 obras distintas. O primeiro rexistro témolo a comezos do século XIX no «Primeiro diálogo dos esterqueiros» (1807), da autoría de Manuel Freire Castrillón (Mariño Paz e Suárez Vázquez 2017: 82) no cal se fai alusión a esta peza utilizada por un neno: «…a máis non lle quixen dar hasta | que baixei de *bragas*, e me dou ó Sor Maeso catro asoutas de bo puño». Con posterioridade, no ano 1955, na obra *Contos do Miño* de Alonso aparece citada esta voz, xa asociada ao xénero feminino: «Na taberna recibíase o ABC, que estaba sempre sobado e cheo de circos de copos distintos. Os diareiros da parede, un co "Plus Ultra" e outro con unha rapaza en *bragas* e sosténs, xa tiña unhos quince anos, ateigados de cagadelas de moscas». Se analizamos as balizas cronolóxicas que ofrece o *TILG* podemos comprobar como o uso deste termo vai aumentando paulatinamente co paso dos anos: entre 1801 e 1850 só contamos cun rexistro; entre 1851 e 1900, temos 20 casos; entre 1901 e 1950, 16 rexistros; entre 1951 e 1980 temos 13 ocorrencias e, finalmente, entre 1981 e 2013 contamos con 181 casos inventariados. Este incremento a partir do século XX é moi posible que teña que ver co aumento da produción literaria en galego. Con respecto á peza de roupa de uso masculino, sexa interior ou sexa exterior, os rexistros máis numerosos que se compilan no *TILG* corresponden ás voces *cirolas* (345 ocorrencias), *calzóns* (290) e *calzón* (150).

En documentos escritos en español, contamos con atestacións desta voz dende finais do século XII para denominar unha peza de roupa de uso masculino, *calzóns* exteriores e, con moito menos frecuencia, interiores. No ano 1191 en documentos de San Salvador de Oña (Burgos) cítase o plural bragas –*DEMi*. Uns anos despois nun texto notarial da Catedral de Huesca, datado no ano 1198, menciónase «2 *bragas* de drapos de lino» -Gual *Voc. Comercio*. No século XIII, o *Fuero de Cáceres* (1234-1275) cita: «Calzas de color VIII dineros. Camisa de baron X dineros. *Bragas* VI dineros» -*CDH* e *CORDE*. Neste mesmo século tamén temos testemuños desta voz en textos literarios como é o caso do *Libro de Alexandre* (1240-1250), que ofrece o termo braga como un *calzón* de uso feminino; naquela época era algo excepcional polo feito

[90] Denominábase así por ter perna. Era frecuente o seu uso entre as mulleres de idade -*ALGa* (pregunta 2.319: *Calzoncillos*).
[91] *Idem.*

de que as mulleres que as portan son comparadas con homes: «Fasta la media pierna les da la vestidura, | non caerié en tierra por palmo de mesura; | calçan *bragas* muy prietas con firme ligadura, | semejan bien varones en toda su fechura…» -*CDH*, *CORDE* e *CE 1200s-1900s*[92]. É a partir deste século cando o termo braga estará presente no español cunha representación bastante alta na historia da lingua como deixan ver os repertorios manexados. O uso das bragas como peza interior feminina comeza a finais do século XVIII, ou comezos do XIX, como apunta Štrbáková (2007: 41). O primeiro rexistro coa acepción de 'peza interior feminina' localizámolo no *CORDE* e data do ano 1951, en que figura na obra *La forja de un rebelde* de Barea: «las puntillas de las *bragas* que les llegan a las rodillas». Con todo, a atestación da versión moderna desta peza data do ano 1961 en que Grosso na obra *La zanja* cita: «las *bragas* y el sostén» Štrbáková (2007: 648).

A lexicografía galega ofrece esta voz, en plural, dende a época clásica, no Sobreira *Papeletas* (1792-1797), co significado de 'calzóns de estopa axustados'. Xa na época premoderna (1863-1985) parece que cambiou o seu patrón de confección ao facer alusión a uns 'calzóns anchos' como recollen o Valladares *Diccionario* (1884), *RAG 1913-1928*, Filgueira et alii *Vocabulario* (1926), Eladio *Diccionario* (1958-1961) e Franco Grande *Diccionario* (1972). Coa definición de 'calzóns' esta voz é recollida no Carré *Diccionario*[1] (1928-1931), Carré *Diccionario*[2] (1933), Ibáñez *Diccionario* (1950), Carré *Diccionario*[3] (1951) e Carré *Diccionario-Voc.* (1979) -*DD*. A fraseoloxía tamén se fai eco desta peza da indumentaria; de feito, é ben coñecida a expresión *Non se collen troitas coas bragas enxoitas*, utilizada xa no último cuarto do século XIX e que fai alusión á peza masculina (*TILG*). Con posterioridade, os dicionarios publicados a partir de mediados da década dos 80, de corte normativo, van ofrecer a definición desta peza de roupa como propia do xénero feminino; por extensión de significado, tamén se vai usar para denominar a 'parte posterior do ventre e interior do comezo das coxas de certos animais como porcos, vacas, etc'.

Na lexicografía portuguesa, *cuecas* é a forma rexistrada polos dicionarios para definir a 'peza de roupa interior feminina' mentres que braga se utiliza como sinónimo de *calções* para a 'peza que cobre a parte do corpo da cintura ata o xeonllo'. Localizamos braga como lema dende comezos do século XVII, en que se cita no Barbosa *Dictionarium* (1611). Con posterioridade, tamén van dar conta deste termo o Pereira *Prosodia* (1697), Pereira *Thesouro* (1697), Bluteau *Vocabulario portuguez e latino* (1712-1728), Bluteau *Diccionario castellano* (1721) e o Folqman *Diccionario* (1755). Este último repertorio tamén ofrece a entrada *cuecas*, que define como «Braccae interiores» -*CLP*. No Houaiss *Dicionário* dátase *cuecas* no ano 1712; polo tanto, é posible que apareza na lingua portuguesa no século XVIII.

No tocante ás obras lexicográficas do español, estas ofrecen o termo braga dende finais do século XV, en que se recolle no *Vocabulario español-latino* de Nebrija (1495), pero sempre como sinónimo de 'calzón'. Como peza da indumentaria feminina non aparece recollida nos repertorios do español ata o ano 1947, en que a rexistra o *Diccionario da Real Academia Española* na súa 17ª edición -*NTLLE*.

Co paso dos séculos o termo braga, utilizado xeralmente en plural, pasou de ter uso masculino a ser empregado exclusivamente como peza interior feminina.

Cfr. s.v. **[calça]** e **camisa**.

[92] Cómpre destacar que neste repertorio esta obra adscríbese erroneamente ao século XIV.



Representación de bragas medievais[93]

Braga feminina (1440-1485), localizada en Austria[94]

branqeta → **[3.1 TECIDOS]**

s.f. (do fr. antigo *blankete, blanchet*; der. de *branco* < do xerm. *blank* 'brillante', 'branco') *'branqueta*, tecido basto de la, usado antigamente, que se fabricou en Aragón e Castela no século XVI –*DHTT, s.v.* blanqueta'.

> ◦ **Branqeta** (2): "Iten mando a Pero Anes de Çima de vila tres varas de *branqeta* para huna saia", López Carreira *cidade Ourense*, 1411-outubro-7. [Ourense], Docs. I. Testamentos, doc. 1, OR.; "Iten mando a Lourenço Martines meu parente outras tres varas de *branqeta* para huna saia", López Carreira *cidade Ourense*, 1411-outubro-7. [Ourense], Docs. I. Testamentos, doc. 1, OR.
>
> ◦ **Branqueta** (1): "Iten mando a María Catasol, criada de Afonso de Pinneiro, huna saya de *branqueta* de meu corpo et huna caldera et un pichel de stanno", Barral *A Coruña*, 1462-novembro-16. [A Coruña], doc. 15, OR.

[93] En liña en: *https://vestuarioescenico.wordpress.com/2013/0/6/08/el-hombre-define-su-silueta-los-cambios-de-las-prendas-interiores-e-intermedias-siglos-xiv-y-xv:* [Consulta: 18 de abril de 2019].
[94] En liña en: *http://pijamasurf.com/2012/07/prendas-con-600-anos-de-antiguedad-sugieren-que-en-la-edad-media-las-mujeres-no-usaban-bragas/* [Consulta: 18 de abril de 2019].

Nos testamentos de Estevo Lourenzo, Tareixa Gómez e no codicilo de María Oanes Bocarela menciónanse saias (*vid. s.v.* **saya**) de branqueta e varas[4] dese tecido destinadas á confección desta peza de vestir o corpo. Zanger (1945: 21-22, *s.v.* blanchet) testemuña esta estofa en textos latinos, no territorio francés, incluída a Provenza, en España e en Alemaña.

A branqueta foi un tecido de la (*vid. s.v.* **laan**), basto, e de cor branca, como indica o seu nome. Empregouse antigamente e fabricouse en Aragón e Castela durante o século XVI (*DHTT*, *s.v.* blanqueta/blanqueta), a pesar de que os nosos exemplos testemuñan a súa existencia un século antes e as atestacións atopadas confirman a súa existencia no século XIII. Alfau de Solalinde (1969: 56-57, *s.v.* blanqueta) afirma que existiron branquetas de calidades moi diversas dende o século XII; con todo sabemos que a autora se equivocou ao datar o *Fuero de Zorita* un século antes. De por parte, Martínez Meléndez (1989: 40, *s.v.* blanqueta) salienta que dende comezos do século XIII este tecido se elaborou en varios lugares da Península Ibérica, como Ávila, Navarra, Molina de Aragón e Murcia, aínda que tamén se importou de Francia (Narbona e a zona do val de Lys) ou de Bélxica (Yprés). Ademais, en francés existía unha peza de vestir chamada *blanchet* que tomou o nome do dito tecido.

A variedade de branquetas que existiu no medievo permitiu que este pano fose empregado para confeccionar diferentes pezas (*vid. s.v.* **peça**) de **roupa** (*vid. s.v.*) como calzas (*vid. s.v.* **[calça]**), indumentaria relixiosa, etc. Rivas Quintas (1998: 585) explica que no territorio portugués de Melgaço as mulleres adoitaban usar polainas deste tecido e en Póvoa de Varzim empregábase para forrar a vestimenta.

A propósito da cor, a branqueta adoitaba ser un pano cru; de feito, Iradiel Murugarren (1974: 25) explica que era de calidade semellante ao **burel** (*vid. s.v.*), aínda que este último habitualmente era tinguido de marrón escuro ou gris, o cal o facía un pano apto para a vestimenta de loito e os hábitos (*vid. s.v.* **abeto**) das ordes mendicantes. Con todo, a branqueta tamén se podía tinguir, como apunta Alfau de Solalinde (*s.v.* blanqueta), quen remite ás branquetas de Narbona, coñecidas polas súas tonalidades.

****

No ámbito galego as primeiras atestacións de branqueta datan do segundo terzo do século XIII. O rei Afonso X nunha cantiga escarniña (1240-1300) desenvolta nun ambiente militar cita: «Vi un coteife de mui gran granhon, | con seu porponto, mais non d' algodon, | e con sas calças velhas de *branqueta*» -*CMGP*, Ferreiro *Glosario*, Lapa *Escarnho* (*DDGM*), *MedDB* e *TMILG*. Nos repertorios do portugués medieval localizamos o contexto da cantiga afonsina xa citada –*CP 1300S-1900S*- e tamén no *DELP* (*s.v.* branqueta) que ofrece un contexto nun texto latino, de tipo xurídico, datado no século XIII: «et cobitus de meliore *branqueta* de Camina ualeat unam libram».

De por parte, no portugués oral rexistramos branqueta, coa acepción que nos ocupa, no *TLPGP*, que a recolle en Vila do Conde (Netto 1945: 107) e define como «espécie de tecido branco, ou preto, de lã, de que as cachinas costuman fazer saias»; no entanto, para o galego non temos rexistros na fala. Na escrita, o *TILG* ofrece 3 casos, recollidos todos eles na obra de Rodríguez Cruz titulada *Trazos sobre a vestimenta tradicional no surleste de Ourense* (2004): «Nestes teares fabricaba-se o pardo, a enxerga (=xerga), *branqueta* (tecido feito de lá), o linho (=liño), a coberta (=colcha), tapetes, mantas, cobertores…».

No español as primeiras atestacións deste termo datan do segundo terzo do século XIII. Nun documento navarro do ano 1266 ofrécese o seguinte contexto: «el codo de *blanqueta* a 4

sueldos y 4 dineros sanchetes» -Gual *Voc. Comercio*. Dous anos despois, nun texto anónimo coñecido como *Ordenamiento de posturas en el Ayuntamiento de Jerez* (1268) ofrécese o seguinte contexto: «…panno tinto de Roan honse sueldos la vara del mejor de dineros alfonsis; camelin de Gante e de Lilia, blaos, *blanqueta* de Ypre, *blanqueta* de Camuna a dies sueldos la vara de dineros alfonsís…» -*CDH*, *CORDE* e Gual *Voc. comercio*. Séculos despois, no inventario dos bens de Victorio de Robles e a súa muller (Santas Martas, León), datado en 1625, cítase: «Otras dos sayas, una de *blanqueta* y otra de pardo, biejas, tasadas en treçientos maravedís» -*CorLexIn*. O último rexistro que localizamos deste termo está na obra de Menéndez Pidal titulada *Poesía juglaresca y juglares. Orígenes de las literaturas románicas* (1924-1957): «En las cortes dominaba un gusto más exquisito. A los juglares del rey Sancho IV (1284-1295) se les da una sola clase de paño a cada uno para su vestir: paño tinto, *blanqueta*, blao, sanguina, santomer, valencina, estanfort».

A lexicografía galega faise eco desta voz dende a época premoderna (1863-1985). Aparece como lema no *RAG 1913-1928*, Eladio *Diccionario* (1958-1961), Franco Grande *Diccionario* (1972) e Carré *Diccionario-Voc. -DD*. Posteriormente, o dicionarios normativos editados nos anos 80 do século pasado non van ofrecer branqueta entre as súas entradas.

Nas obras lexicográficas portuguesas non rexistramos o termo estudado; pero si nas do español, que ofrecen esta voz dende o ano 1770, en que a incorpora o dicionario editado pola Real Academia Española –*NTLLE*.

Martínez Meléndez (1989: 39) referiuse aos fins da Idade Media como data en que entrou en desuso a branqueta, con todo, a xulgar polos testemuños que manexamos é posible que este tecido se seguise empregando décadas despois.

Cfr. s.v. **laan**.

branqueta *s.f. vid. s.v.* **branqeta** → **[3.1 TECIDOS]**

brocado → **[3.1 TECIDOS]**

(do it. *broccato*, e este der. do celtolatino BRŎCCA- 'obxecto puntiagudo' –*DCECH*, *s.v.* brocado, vol. I).

adx. **1** 'Brocado, que vai entretecido con fíos de ouro e/ou prata'.

> ◦ **Brocado** (2): "Vna vestimenta de pontifical con súa cenefa, que he rrica et con | súa alua d' olanda et con amjto, estola, cynta, e manjpolo, | et con seu manto rrico de damasco *brocado* e con súa casula | de lenço en que está goardado", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Dúas almáticas de damasco *brocado* de vermello", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

s.m. **2** 'Brocado, tea de seda entretecida con ouro ou prata'.

> ◦ **Brocado** (9): "Dúas capas de damasco branco de *brocado* con súas | cenessas", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Dúas almáticas de damasco do *brocado* branco con súa estola", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "...con vna estola e douss manjpolos e con vna estola de | damasco de *brocado*", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; .; "Tres amjtos gornjçidos de *brocado* colorado", Rodríguez

> Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Dous colares de damasco branco de *brocado*", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Outra vestymenta conprida con vn manto de *brocado* | rraso colorado", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Outro frontal de coyro de guadamecil dourado de labores de | *brocado*", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Outro frontal de *brocado* raso colorado que ten pasaros perlo | médeo con scriptos enas bocas", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "vn ornamento de *brocado* con súa estola et almáticas et vn frontal | et súas aluas et vna manga rica con os ditos ornamentos perfetos", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

No reconto de bens da Catedral de Ourense cítanse varios ornamentos (*vid. s.v.* **ornamento**) litúrxicos elaborados de brocado. Entre eles están unha **capa** (*vid. s.v.*), mantos (*vid. s.v.* **manto**), unha dalmática (*vid. s.v.* **[almática]**), un amicto (*vid. s.v.* **amjto**), un **colar** (*vid. s.v.*) e dous frontais (*vid. s.v.* **frontal**).

A técnica de entretecer con fíos de **ouro** (*vid. s.v.*) e **prata** (*vid. s.v.*) recibiu o nome de brocado, tomado das brocas en que se enrolaba o fío. A súa orixe está na Antigüidade na China e dende alí estendeuse a Persia e a Bizancio. Dávila Corona, Durán Pujol e García Fernández (*DHTT*, *s.v.* brocado, brocato/brocat) defínena como una tea de **seda** (*vid. s.v.*) tecida con ouro e/ou prata da cal existiron varios xéneros. Destacamos o brocado raso (*vid. s.v.* **rraso**) (no cal o motivo en relevo é liso), o brocado de pelo (o motivo en relevo está traballado coma veludo de pelo) e o brocado de tres altos (co motivo en relevo coma o veludo rico, é dicir, formando unha serie de aneis pequenos sen cortar) –Bernis 1978: 21. Os brocados máis antigos estaban tecidos unicamente con ouro e/ou prata, tanto na urdime coma na trama, pero co paso dos séculos este tecido foi variando. Deste xeito, a finais da Idade Media coñecíanse como brocados os tecidos en que se engadiu a seda para perfilar as flores de ouro e de prata e tamén as teas de seda con arabescos, acotío exentas de fíos metálicos, que se diferenciaban do *brocatel* polos seus debuxos, que nesta última estofa eran moito máis pequenos. Posteriormente, a mediados do século XIX utilizouse a palabra brocado para nomear calquera tecido de seda soa, satén e incluso tafetá, cando estaba adornado con flores ou outras figuras, que normalmente era empregado como adobío da Corte ou polos altas dignidades eclesiásticos. Posiblemente os ornamentos litúrxicos dos nosos exemplos presentasen este tipo de brocado; con todo, no caso dun dos frontais mencionados («Outro frontal de *brocado* raso colorado que ten pasaros perlo | médeo con scriptos enas bocas») é probable que o brocado utilizado se correspondese coa seguinte definición: tecido forte todo de seda, cuxo fondo, feito coa trama, era de punto asargado, e de satén os debuxos, que adoitaban ter un tamaño grande e distinta cor ao fondo. Amais, este tipo de tecido foi moi común na confección de tapices e para o amoblamento, como indican os autores citados.

Con respecto aos fíos dourados utilizados para realizar os brocados en España, Francia e Italia, estes coñecíanse como fíos de Chipre, pola orixe do ouro que se importaba. De por parte, en Bizancio tense coñecemento da existencia doutro taller de gran importancia durante a baixa Idade Media que procedía do chamado *aurum filatum de opere Romanie*, citado en varios inventarios medievais. A elaboración destes fíos facíase cortando tiras de membrana de animal ou tripa de intestino groso de boi ou año húmida, que se douraban e sobre ela colocábanse os pans de ouro para conseguir que a xelatina animal actuase coma un adhesivo. Ao estar seco, envolvíase sobre unha mecha de fío, xeralmente liño (*vid. s.v.* **lino**), que nos fíos de ouro era tinguido de vermello ou amarelo e prescindíase da cor se a banda levaba un metal branco como a prata. Fronte aos fíos peninsulares, os bizantinos distinguíanse dos restantes por teren o núcleo de seda amarela no canto do liño. Porén,

cara ao século XIV en Italia e, sobre todo, en España, vólvese á técnica máis primitiva de fíos metálicos fabricados con láminas de ouro ou prata, golpeadas a martelo e que se enroscaban sobre un fío de alma, amarelo para o **ouro** (*vid. s.v.*) e branco para a **prata** (*vid. s.v.*) –Mantilla de los Ríos y Rojas 1995: 118.

No século XV os tecidos de brocado máis ansiados eran importados de Florencia. Debido ao alto custo deste tecido, a entrada de panos e roupas (*vid. s.v.* **roupa**) feitas de brocado foi prohibida por varias pragmáticas promulgadas polos Reis Católicos durante os anos 1494, 1495 e 1496, nas que só tiñan cabida as pezas destinadas a confeccionar ornamentos relixiosos. Aínda así estas ordenanzas non deberon ter moito éxito na sociedade da época porque nas cortes de Burgos de 1515 os procuradores solicítanlle á raíña Xoana que regule a desorde que existía no vestir de brocados e sedas (*vid. s.v.* **seda**) -Martínez Meléndez 1989: 258, *s.v.* brocado.

****

No territorio galego a primeira atestación de brocado é data do ano 1493, en que se inscriben os nosos exemplos, todos eles presentes no reconto da catedral ourensá; fóra deles non documentamos brocado en ningún dos repertorios consultados (*DDGM* e *TMILG*). O portugués propón o século XV como a data da documentación máis temperá deste termo; de feito, está presente na *Crónica de D. Fernando* (1431-1443): «Item outra de damasquim preto com almatigas, e capa e aluas. Item o manto, e almatigas, e collares e capa do *brocado* vermelho, e façamlhe aluas e manipulos, e estollas» -*CP 1300S-1900S*.

No galego moderno, na escrita, o *TILG* achega 28 casos, recollidos en 23 obras distintas, dende o último cuarto do século XIX. Na publicación *O tío Marcos da Portela* (parrafeo 14, 17 de febreiro de 1884) cítase: «Eu salas mui postas vin con sillas d' ouro e *brocado*». De por parte, o *CORGA* tamén achega 13 concordancias deste termo dende o ano 1991, en que figura no relato «Liño» da obra *Arraianos* de Méndez Ferrín: «Mol, coma o Neno Xesús de Praga que viste saias de *brocado* dentro do fanal da sala vella».

O español ofrece brocado dende, aproximadamente, a segunda metade do século XIII. Na obra anónima titulada *La historia de la donzella Teodor* (c. 1250) recóllese: «texer paños de *brocado* o de seda e poner en ellos todas labores». O adxectivo atestámolo dende o último cuarto do século XIV, en que está presente no *Libro de Palladio* (1380-1385) de Ferrer Sayol: «Ca Antes lo conuertiran todo en rramas & en pampanos. Mas las *brocadas* que faras en medio del sarmjento aquellas fazen mucho fructo & son de grand durada» -*CDH*. Dous séculos despois, na *Biblia romanceada* (c. 1400) cítase: «oro de huphas obra de carpentero & manos de platero de *brocado* & purpuras los ujsten todo es obra de ssabios» -*CDH*, *CORDE* e *CE 1200S-1900S*. En textos escritos en español na coroa de Aragón, no século XV, localizamos este termo entre os anos 1402 e 1498, cando aparece na obra *Fons Sástago*: «manera o razon assi como son oro argent piedras preciosas pelras ropas de | *brocado* | de seda de panyo forraduras de zibilines martas e otras pieles de qualqujere» -*DiCCA–XV*. Nas *Cuentas de Gonzalo de Baeza* (1482) faise alusión ao prezo deste tecido: «brocado raso carmesí, a 18 florines la vara» -Gual *Voc. comercio*. Neste mesmo século atesta, por primeira vez, esta voz o *DEMI*: no ano 1475. No século XVI, Ortega no texto *Conpusición arismética y geometría* (1512) cita: «Tres mercaderes quieren comprar una pieça de *brocado* cada uno por sí, y porque a ninguno d' ellos no le basta su caudal, dize el uno a los dos que le den la mitad de los dineros que ellos tienen y con lo que él tiene que comprará la pieça del *brocado*» -*DICTER*. Xa no século XX, o *CREA* ofrece algo máis dun cento de contextos desta voz.

A lexicografía galega recolle o termo brocado dende a época premoderna (1863-1985). De feito, localizámolo no *RAG 1913-1928* e Eladio *Diccionario* (1958-1961) –*DD*. Con

posterioridade, os dicionarios de carácter normativo, publicados a partir dos anos 80 do século XX, ofrecen esta voz entre os seus lemarios.

No tocante ás obras lexicográficas do portugués, estas achegan brocado dende o segundo terzo do século XVI, en que figura no Cardoso *Dict. ex lusitanico in latinum* (1562-1563) –*CLP*.

Os repertorios do español dan conta desta voz dende finais do século XV, en que aparece no *Vocabulario español-latino* (1495) de Nebrija –*NTLLE*.

Na actualidade os brocados seguen empregándose naquelas pezas que se consideran máis exclusivas, fundamentalmente, relacionadas coa indumentaria relixiosa, pero tamén civil máis sofisticada.

Cfr. s.v. **seda**.

Fragmento do tecido brocado (con ouro, la e seda)
pertencente ao manto de Fernando III,
custodiado no Museo de Telas Medievales,
sito no Monasterio de Santa María la Real de las Huelgas (Burgos)[95]

Dalmática milanesa do século XVII,
confeccionada en tecido brocado e
custodiada en Santa María Maior de Viana do Castelo (Portugal)[96]

[95] En liña: *https://laaletheiadezorba.wordpress.com/2016/12/09/glosario-de-tejidos-usados-en-la-edad-media/* [Consulta: 18 de abril de 2019].
[96] En liña: *http://ec.aciprensa.com/newwiki/index.php?title=Dalm%C3%A1tica&redirect=no* [Consulta: 18 de abril de 2019].

broneta → **[3.1 TECIDOS]**

s.f. (der. de *bruno* 'moreno, negro', tomado do francés *brun* 'moreno' e este do fráncico **brûn* –*DCECH*, *s.v.* bruno II, vol. I. Para Martínez Meléndez (1989: 50, *s.v.* bruneta) bruneta é un préstamo francés ou catalán que chegou ao castelán a través da coroa de Aragón, pois a primeira documentación de bruneta está nos aranceis aduaneiros da cidade de Perpignan aproximadamente do ano 1250. Con todo, como ben apunta Varela Sieiro (2003: 325-326) a datación dos nosos documentos, no dominio galego-portugués, amosan que existiu con bastante anterioridade) *'bruneta*, tecido de la de calidades diversas tinguido nunha cor moi escura'.

> ◦ **Broneta** (5): "Mando o meu manto de *broneta* negra a Eluira Ffernández de Uilar", 1281-setembro-4. Torbeo [Ribas de Sil] (Lu), vol. I, doc. 413, OR.; Maia *História galego-português*, 1281. [Torbeo. Ribas de Sil] (Lu), doc. 55, OR.; "Iten, a Sancha Vaasquez, bofoa a mía saya da *broneta*", Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1303-xullo-11. [Allariz] (Ou), vo. I, doc. 42, OR.; "...e ua boa tinala e X uaras de *broneta* e ua tinala de Puga e II alffamares moy boos", Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1303-xullo-11. [Allariz] (Ou), vo. I, doc. 42, OR.; "mando... et o meu pelote da *broneta* ao convento d-Osseyra pra pitança", Romaní *Oseira*, 1304-xaneiro-19. [Oseira. San Cristovo de Cea] (Ou), vol. II, doc. 1316, OR.
>
> ◦ **Boineta** (1): "iten vn cerame de vnde vnna saya de *boineta* vnna touca de seda et vn atado et as |haurelas", Cal *Mondoñedo*, 1321-marzo-10. Vilamor. Mondoñedo (Lu), doc. 84, OR.
>
> ◦ **Bruneta** (2): "Jtem mando a Marina Eynés Pérez de Sobrado o meu çera|me da *bruneta*", Lorenzo *Montederramo*, 1313-novembro-2. Ourense {1313-outubro-12}, vol. II, doc. 774, OR.; "Jtem mando a Marina Tuscurina a mía saya de *bruneta*", Lorenzo *Montederramo*, 1313-novembro-2. Ourense {1313-outubro-12}, vol. II, doc. 774, OR.

Nos testamentos de María Méndez, María Vázquez, Sancha Gómez, Tareixa Pérez e María López de Lemos cítase un **cerame** (*vid. s.v.*), un **manto** (*vid. s.v.*), un **pelote** (*vid. s.v.*), dúas saias (*vid. s.v.* **saya**) e varias varas[4] de bruneta.

Sobre o tipo de pano de la (*vid. s.v.* **laan**) coñecido como bruneta non existe acordo entre os distintos investigadores, pero todos eles coinciden en destacar a súa cor escura, semellante á negra. Alfau de Solalinde (1969: 62, *s.v.* bruneta) defíneo como un «tejido de lana de calidades diversas teñido en un tono muy oscuro, casi negro, fabricado principalmente en los Países Bajos» e propón a existencia de brunetas de diferentes calidades; por contra, Gay (1974: 231, *s.v.* brunete, vol. I), indica que se trata de «fin drap comme le mérinos, porté par les classes riches»; Zanger (1945: 28-29, *s.v.* brunette), seguindo ao autor anteriormente citado, define esta tea como «fin drap comme le mérinos; tire son nom de sa teine très voisine du noir». De por parte, Dávila Corona, Durán Pujol e García Fernández (*DHTT*, *s.v.* bruneta, brunete/bruneta) ofrecen dúas definicións para esta estofa como «paño basto y ligero de lana, negro o bruno» e, engaden, «también tejido de lana de calidades diversas teñido en un tono muy oscuro, casi negro, fabricado principalmente en los Países Bajos». Martínez Meléndez (1989: 50-56) afonda no feito de que varios estudosos considerasen a existencia de bruneta de diferentes calidades e, para iso, remite ás ordenanzas suntuarias do ano 1258, nas cales, por un lado, o uso deste tecido estaba prohibido para os escudeiros mentres que, por outro, autorízase o seu emprego a xudeus e mouros. A autora citada explica que é posible que a prohibición non tivese tanto que ver coa calidade do tecido, senón coa súa cor ao aparecer nunha relación de teas prohibidas polos escudeiros, que eran denominadas pola súa tonalidade: «que ningún escudero non traya penna blanca ni calças descarlata, nin uista escarlata

nin uista verde nin *bruneta* nin pres nin morete nin narange nin rrosada nin sanguina nin ningun panno tinto». Con todo, os xudeus estaban autorizados a portar vestimenta de bruneta negra: «que ningun judio non traya panna blanca nin çendal en ninguna guisa, [...] nin calças bermeias nin panno tinto ninguno, sinon pres o *bruneta* prieta o inglés o ensaay negro». Posiblemente, durante o medievo este tecido fose un pano de la fina, que serviu de obsequio para os reis, pero posteriormente converteuse nunha tea basta (Martínez Meléndez 1989: 51-52).

Esta estofa destinouse á confección de diversas pezas (*vid. s.v.* **peça**) do **roupa** (*vid. s.v.*), fundamentalmente, de vestir o corpo e de poñer por riba. Con respecto á cor, a pesar de ser escura, o feito de que nos documentos medievais se faga mención á «bruneta prieta», fainos pensar que ao lado desta tonalidade poderían existir outras. De feito, Alfau de Solalinde (1969: 63, *s.v.* bruneta) remite á «bruneta naranje» que se menciona nas cortes de Jerez de 1268. As técnicas de tinguidura empregadas consistiron no uso de agallas, para os tecidos de menor calidade, e granza (*Rubia tinctorum*), pau do Brasil e auga de alume, para os máis valiosos.

Segundo os testemuños, no século XIII este pano procedía de Yprés e Dubai; un século despois, de Dubai, Lovaina, Gante, Inglaterra, Malinas, Yprés e Bruxelas e, a mediados do século XV documéntanse talleres de fabricación en Murcia e Cuenca (Martínez Meléndez 1989: 52 a 54).

****

No ámbito galego documentamos esta voz, aproximadamente, dende finais do século XII e comezos do século XIII. Nun texto notarial (c.1196-1200), en latín, pertencente ao tombo lucense de San Xulián de Samos cítase a forma brunita: «…II telas de *brunita*». Tamén localizamos *bruneta* nun documento da Catedral de Ourense datado no ano 1208: «Petro Goteri capam de *broneta*» -*CODOLGA*; burneta figura noutro documento da mesma sé, do ano 1232, editado na obra *Colección diplomática de Galicia histórica*: «meam capam pellem de *Burneta*» -Lorenzo *Cronologia* (*DDGM*). En textos en romance, a primeira atestación rexistrámola a partir de mediados do século XIII, en que se ofrece nun texto de compra do ano 1257, editado por Martínez Salazar: «…et scerame de verde et garnacha enpenada de coenlos de tres jn tres anos, et saya de *broneta*» -*TMILG*. No que respecta ao portugués, a primeira atestación está nun documento escrito en latín de aproximadamente o ano 1208, pertencente ao Cartulario da Sé de Coimbra: «Michaelem II meam sagiam de *bruneta*» -*CODOLGA*. En romance, só localizamos este termo no texto notarial de 1281 -*CP 1300S-1900S*- ofrecido no noso exemplo máis temperán, que pertence ao territorio lucense de Torbeo.

No galego moderno, non atestamos este termo nin na fala popular (*ALGa e TLPGP*) nin na escrita (*CORGA* e *TILG*).

No relativo ao español, o primeiro testemuño desta voz data de mediados do século XIII. Nun testamento da Catedral de Léon do ano 1250 recóllese o contexto que segue: «…e el mio mantho nouo ye la mia garnacha de *bruneta*» -*CORDE*. A forma *bruneta* atestámola dende o ano 1267, en que figura nunha carta de doazón salmantina: «Ytem, mando a Iohan Yanemo a mia capa pel de *broneta* por Dyos et por mia alma». Con posterioridade, no inventario de bens de Juan Euguy (Pamplona, Navarra), do ano 1640, recóllese o contexto que segue: «Ytten, alas beynte baras y media de paño negro *buruneta* ynbentariado en el segundo número tasan que bale a onze reales cada bara, no más» -*CorLexIn.* Cómpre ter en conta que o *CORDE*, o repertorio que ofrece máis ocorrencias, inventaría 3 exemplos (en 3 textos) de *bruneta*, entre 1267 e 1300. Por contra, de bruneta rexistra 58 casos (en 29 obras) de bruneta entre os anos 1250 e 1886. A partir desta data xa non localizamos máis contextos desta voz.

No relativo á lexicografía galega, esta dá conta da voz bruneta dende a época premoderna (1863-1985), en que se cita no Cuveiro *Diccionario* (1876) e Porto *Diccionario* (c. 1900) -*DD*. Con todo, nos dicionarios normativos publicados a partir dos anos 80 do século pasado non se ofrece este termo como entrada.

En canto á lexicografía do portugués, localizamos bruneta, aínda que non como lema, no primeiro cuarto do século XVIII, en que se cita no Bluteau *Vocabulario portuguez e latino* (1712-1728) –*CLP*.

As obras lexicográficas do español recollen a forma bruneta dende finais do século XV, en que a recolle Nebrija no *Vocabulario español-latino* (1495) –*NTLLE*.

Na actualidade este tecido está en desuso.

Cfr. s.v. **laan**.

bruneta *s.f. vid. s.v.* **broneta** → **[3.1 TECIDOS]**

burel → **[3.1 TECIDOS]**

s.m. (do fr. antigo *burel* 'pano de cor gris', de orixe descoñecida; quizais emparentada co adxectivo romance *BŪRIUS 'escuro' –*DCECH*, *s.v.* burel, vol. I) 'burel, tecido basto de la, de cor cru, marrón escuro ou gris (Alfau de Solalinde 1969: 63, *s.v.* burel)'.

> ◦ **Burel** (8): "Et mando a Pero Mouro I saya de ualencina et I capa de *burel*", 1275-maio-4. [Montederramo] (Ou), vol. I, doc. 355, OR.; "Item mandole o lino e o ffiado e a estopa todo asy o do *burel*", Pallares&Portela *val Miño*, 1302-novembro-6. [A Guarda] (Po), OR.; "Et mando que sse paguen en esta guisa: cen varas de *burel* de Medina", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1305-[maio-4. Ribadavia], doc. CX, OR.; "Et mando... senllas capas de *burel* de VI varas a capa", Portela *obispado Tui*, 1325-febreiro-20. [Melón] (Ou), doc. 49, OR.; "Iten, mando que dían a Andrés hua capa de seis uaras de *burel* de roda", Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1338-decembro-27. [Monterrei], vol. I, doc. 53, OR.; "Iten, preçaron des e nove varas e medea de *burel* cada vara a des maravedis, que son çento e noventa…", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1474-[agosto-28. Santa Baia de Logrosa. Negreira] (A Co), doc. XIV, OR.; "Jten le mando máys hũa sa|van e húos mantees e húa manta de *burel*", Lorenzo *testamentos*, 1497-setembro-4/novembro-1. [Cee] (A Co), COP.; García Oro *Diego de Muros III*, 1497-setembro-4. Cee (A Co), doc. 23, COP.

Nos testamentos de Fernando Martiz, Xoán de Santiago, María Eanes, alcumada Gibarra, Afonso Eanes Torrichano e Catalina Gómez, na manda e codicilo de Martín Páez e, finalmente, nunha carta de taxación de bens de menores localizamos o termo burel referido a un tipo de tecido, que segundo comprobamos nos exemplos, debeu ser moi frecuente para a confección de capas (*vid. s.v.* **capa**) e mantas (*vid. s.v.* **manta**).

O burel foi un pano basto, ordinario, con pelo longo ou tea de la (*vid. s.v.* **laan**) peiteada ou cardada basta e groseira, xeralmente *asargada*. O seu uso estivo moi estendido na Idade Media debido ao seu baixo prezo, de aí que se usase para a confección de hábitos (*vid. s.v.* **abeto**) das ordes mendicantes, para a indumentaria de loito e tamén para as roupas (*vid. s.v.* **roupa**) das persoas de condición social máis baixa (*DHTT*, *s.v. paño buriel, burriel/drap burell, burella*). Amais, Martínez Meléndez (1989: 60, *s.v.* buriel) engade, ás pezas xa citadas, as

calzas (*vid. s.v.* **[calça]**) e o **tabardo** (*vid. s.v.*) e, en xeral, toda a indumentaria destinada a poñer por riba.

Alfau de Solalinde (1969: 63-64) explica que este tecido se elaborou en toda Europa e na Península Ibérica destacou a cidade de Ávila como principal produtora, pero tamén se menciona Molina de Aragón, Zaragoza, Murcia e A Mancha e, incluso, chegou a confeccionarse nas casas. De ser de confección caseira o máis probable é que mantivese a cor natural, pero cando se confeccionaba de xeito industrial adoitaba tinguirse dunha cor vermella, entre negra e leonada (*DHTT*, *s.v. paño buriel, burriel/drap burell, burella*); todas elas tonalidades moi sobrias adecuadas para a vida cotiá (Iradiel Murugarren (1974: 25) e Sigüenza Pelarda 2000: 62).

A propósito do prezo desta estofa, na carta de taxación do concello coruñés de Negreira táxase o prezo de vara[3] de burel a dez marabedís («preçaron des e nove varas e medea de *burel* cada vara a des maravedis»), pero sabemos que o prezo podía variar dependendo da calidade do tecido (Martínez Meléndez 1989:60).

****

No ámbito galego a primeira atestación de burel data da segunda metade do século XII; de feito, no tombo do Mosteiro de Sobrado dos Monxes (A Coruña) recóllese o termo estudado, utilizado como un sobrenome: «Superaddo pro remedio anime mee, ítem ego Petrus Froile, cognomento *Burel*, frater de Pelagio Testelo et sobrinus de Martino presbítero…» -*CODOLGA*. En textos en romance, o exemplo máis temperán data de comezos do século XIV; de feito, o primeiro dos nosos exemplos data do ano 1302. O resto das ocorrencias que recollemos tamén se inventarían no *TMILG*. No que respecta ao portugués, contamos con documentacións de burel dende finais do século XIV, en que se cita na obra anónima titulada *Orto do esposo*: «Vay tostemẽte e cõpra tres uaras de *burel* pera ẽuoluermos meu marido, ẽ que o soterrem» -*VHCPM*.

No galego moderno, na fala popular, testemuñamos burel no García *Glosario* (1985) –*DD*- e no *TLPGP*. O *TLPGP* localiza este termo no concello ourensán de Vilariño de Conso (Araújo García 2006: 143) e nos territorios portugueses de Arcos de Valdevez (Pereira 1970: 374) e Ourém (Silva 1972: 267). A propósito da escrita, o *TILG* achega 37 casos desta voz, repartidos entre 21 obras distintas, dende o primeiro cuarto do século XIX. Na obra de Pardo de Andrade, editada por Mariño Paz, titulada *Os rogos d' un gallego establecido en Londres dedicados aos seus paysanos para abrirlles os ollos sobre certas iñorancias, e o demais que verá o curioso lector* (1813) cítase: «Non é o home *burel* gordo, que con tundí-lo é millor: aos homes mudaos o tempo, e convenceos a razón». Se reparamos nas franxas cronolóxicas ofrecidas polo *TILG*, comprobamos como entre os anos 1801 e 1850 se recolle 1 caso; entre 1851 e 1900, 12 exemplos; entre 1901 e 1950, 3 contextos; entre 1951 e 1980, 2 casos e, finalmente, entre 1981 e 2013, 19 casos. Trátase dunha voz cunha presenza bastante inestable nas obras escritas en galego. De por parte, o *CORGA* compila só 3 exempos de burel dende o ano 1981, en que aparece nunha didascalia da obra teatral de Cortezón titulada *Pedro Madruga. Representación histórica*: «Amoréase unha mestura de fosca humanidade maltraxada de ciringallos, eszalamendrada e doente, cobríndose co almocelas de *burel* e zarellón».

No español temos testemuños de burel dende a segunda metade do século XII. Nun documento notarial, do territorio aragonés, datado entre 1154 e 1156 cítase un «*buriello* de 60 linuelos» -Gual *Voc. comercio*. Na colección diplomática de Huesca tamén se ofrece esta voz nun texto do ano 1198 –*DEMi* e Gual *Voc. comercio*. No *Fuero de Cáceres* (c. 1234-1275), texto anónimo, recóllese o contexto que segue: «Los alfayates cosan a este fuero: capa pielle por una

tercia; cappa de color sin penna | sexma; capa de *burel* con mangas XV dineros» -*CDH* e *CORDE*. Fronte aos 36 casos de burel, o *CORDE* inventaría 90 casos da forma buriel, dende comezos do século XV, en que se cita na *Traducción de Lanzarote del Lago* (c. 1414): «E traya vestida vna cota de vn *buriel* negro çintada con çintas a cadenas ca de aquella guisa andavan vestidos los cautibos que estaban en aquella tierra en prision». Tamén se cita no *Valerio de las historias escolásticas y de España* da autoría de Rodríguez de Almela: «vinose para el Rey de leon vestido de *buriel* negro» -*CE 1200S-1900S*. Un século despois, noméase no inventario dos bens de Alonso Peraile (Toledo), do ano 1532: «Yten, vn jubón (tachado: p) de *buriel* en real y medio». Con posterioridade, no século XVII, no inventario de bens de Juan de Euguy (Navarra), do ano 1640, ofrécese o contexto que segue: «Ytten, tasan alas treynta y una baras y tres quartas de paño *burel* beynteno del número sétimo del dicho inbentario a doze reales y medio cada bara y no más» -*CorLexIn*. Xa no século XX, o *CREA* inventaría 47 contextos da voz burel, pero en todos eles está relacionado coa heráldica. Por contra, da forma buriel non ofrece ningunha ocorrencia.

No que respecta á lexicografía galega, esta voz está presente dende finais do século XVIII, de feito, recóllese no Sobreira *Papeletas* (1792-1797). Na época premoderna (1863-1985) figura no Cuveiro *Diccionario* (1876), Porto *Diccionario* (c. 1900), Filgueira et alii *Vocabulario* (1926), Carré *Diccionario*[1] (1928-1931), Carré *Diccionario*[2] (1933), Ibáñez *Diccionario* (1950), Carré *Diccionario*[3] (1951), Eladio *Diccionario* (1958-1961), Franco Grande *Diccionario* (1972) e Carré *Diccionario-Voc.* (1979) –*DD*. Posteriormente, as obras de corte normativo, publicadas a partir de mediados dos anos 80 do século pasado, compilan esta voz entre os seus lemas.

Os repertorios lexicográficos portugueses ofrecen o termo burel como lema dende a segunda metade do século XVI, en que se cita no Cardoso *Dict. ex lusitanico in latinum* (1562-1563). Amais, figura como entrada no Barbosa *Dictionarium* (1611), Pereira *Thesouro* (1697) e Folqman *Diccionario* (1755) –*CLP*.

No relativo ás obras lexicográficas do español, estas ofrecen buriel, coa nosa acepción, dende comezos do século XVII, en que figura na obra de Rosal titulada *Origen y etimología de todos los vocablos originales de la lengua castellana* (1611) –*NTLLE*. No castelán este tecido tamén se coñece como *paño pardillo* (*DHTT, s.v.* paño pardilllo, pardilla/drap pardillo).

Actualmente o pano de burel segue utilizándose para a elaboración de pezas de abrigo, confeccionado con técnicas industriais e, en menor medida, do que se empregaba na Idade Media.

Cfr. s.v. **laan**.

Pano de burel[97]

[97] En liña en: *http://ecolaportugal.com/burel/* [Consulta: 18 de abril de 2019].

C

cabeça, panno/pano de/da *unid. pluriverbal vid. s.v.* **pano** → **[3.1 TECIDOS] [2.1.4 PEZAS PARA A CABEZA]**

cabeza, panos de *unid. pluriverbal vid. s.v.* **pano** → **[3.1 TECIDOS] [2.1.4 PEZAS PARA A CABEZA]**

cadea → **[2.3 COMPLEMENTOS]**

s.f. (do lat. CATĒNA-) 'cadea, obxecto formado por mallas metálicas enlazadas entre si, que serve para adornar'.

> ◦ **Cadea** (1): "Yten mando que vejan a clavsula que me fizo o dito Alvaro Garçia (sic) d'Abila, meu primero marido, que Deus aja, e das cousas que en ela me es cargo el alcalde mayor, seu herdeeyro et as demanden e vna conta escrita por Juan Garcia, notario desta çibdad, por la qual me es a cargo o dito alcalde mayor de diez doblas d'ouro por vna *cadea* dourada" Sánchez *Álvaro Sánchez*, 1493-xuño-12. Santiago de Compostela (A Co), doc. 13, OR.

O testamento de Inés García cita entre as pertenzas unha cadea dourada. Este termo, por extensión, emprégase para nomear calquera sucesión lineal de elementos ou feitos.

Lemeneva e Sallay (2007: 12) explican que durante o medievo tanto os homes coma as mulleres usaban complementos e xoias (*vid. s.v.* **[joia]**), como broches, cintos, colares (*vid. s.v.* **colar**), aneis (*vid. s.v.* **anjllo**), grilandas (*vid. s.v.* **yrilanda**) e tamén, cadeas. Da peza que se cita no noso exemplo non temos moita información, pero posiblemente servise para soster algunha cruz (*vid. s.v.* **peytoral**) ou colgante para pendurar no pescozo; este último posiblemente xeométrico e decorado por ambos os lados, como acostumaban a ser na época.

A peza do noso exemplo é «vna *cadea* dourada», polo tanto podería estar elaborada en **ouro** (*vid. s.v.*) ou en **prata** (*vid. s.v.*) e levar unha cobertura de ouro ou doutra substancia que lle dese aparencia áurea; de feito, cómpre ter en conta o gusto polos obxectos dourados que houbo durante a Idade Media. A prata dourada, de menor pureza ca o ouro, foi moi utilizada e empregábase en aliaxe co cobre, inicialmente, e co latón, despois, o que lle confería a cor áurea (Cabrera Lafuente 2005: 8). Sofía Martínez Hurtado (2002: 140) explica que esta prata tamén se coñece como *corlada* e a douradura coa que se bañaba foi durante a Idade Media un verniz transparente a base de aceites cocidos (técnica graxa ou dourado mordente) aos que se lles engadían resinas e colorantes, que, aplicados na prata, lle daban a cor dourada. Segundo avanzaron os séculos, comezaron a utilizarse as tinturas con base alcohólica e estendeuse o uso da técnica á auga ou dourado á auga.

Con respecto á lonxitude das cadeas, Cea Gutiérrez e García Moutón (2001: 344) indican que podían chegar ata a cintura e era frecuente que dela colgasen medallas, cruces, relicarios (*vid. s.v.* **reliquario**) e calquera outro tipo de xoia.

****

No ámbito galego, este termo documéntase dende a segunda metade século XIII. O primeiro testemuño, coa acepción que nos ocupa, localízase na *CSM* número CCCXXV: «E eles grandes loores | deron logo da primeira || aa Virgen groriosa, | Madre de Deus verdadeira; || mais o colar da *cadẽa* | toller per nulla maneira || do colo non llo poderon, | nen per nulla maestria» -*TMILG*. Na prosa histórica tamén detectamos esta voz, de feito figura na *Cr. Gal* (1295-1312): «et *cadea* de prata» -*DDGM*. No portugués, dende comezos do século XVI atopamos cadea co uso co que conta no noso exemplo, en *Ho liuro de Nycolao veneto* (1502) da autoría de Florentim: «Ho rey daquella terra he leuado sobre huũ alifante branco. ho qual alifante traz hũa *cadea* de ouro no pescoço ornada cõ pedras preçiosas que lhe cheguã atee os pees»; neste mesmo século, pero uns anos despois, figura a forma do portugués actual cadeia no texto *Távola* (1515-1585) de Ferreira de Vasconcelos: «Um deles sobre a coura de tafeto branco cortado de alto a baixo de cortes estreitos, levava roupa de tafeto alionado de cortes miudos tomados pelo capelo e mangas de pontas de ouro e o outro so coura alionada de tafeto de cortes atravessados tamadas com peças de ouro e ao pescoço uma *cadeia* de ouro» -*CP 1300S-1900S*.

No galego moderno, na fala popular, atestamos esta voz no García *Glosario* (1985) –*DD*- e no *TLPGP*. Na escrita, o *TILG* documenta cadea dende finais do século XVII, con todo, coa nosa acepción as atestacións máis temperás atopámolas dous séculos despois. Na publicación *O tío Marcos da Portela* (1ª época, parrafeos 1-26), do ano 1876, recóllese, aínda que en sentido figurado, a voz estudada: «¡Gloria, cen veces mil groria, feiticeira Paz, craro refrexo da lús de Dios, lazo que xunta os pobos; *cadea* d'ouro qu' eslaboa os ceos coa terra!»; o mesmo texto citado ofrece o contexto que segue: «…botanlleme mau á chupa, pillanme polo colar i á cadea vai o Mauro, á cadea o levan xa, tan solo por defenderse de quen o veu insultar». O *CORGA* tamén compila este termo, aínda que na maior parte dos casos como sinónimo de 'prisión'.

Para o español, a primeira atestación de cadena, coa acepción estudada, data da primeira metade do século XIII. No *Fuero de Zorita de los Cannes* (c. 1218-1250), anónimo, ofrécese o seguinte contexto: «*Cadenas* con XII collares ayan entrega raçion» -*CDH*. Aproximadamente no ano 1223, no texto anónimo titulado *Semejanza del mundo* cítase: «…faze todo doblar en derredor / en guisa de sortija o de *cadena* e fazel andar» -*CDH* e *CORDE*. En textos escritos en español na coroa de Aragón localizamos esta voz dende o ano 1417, pero ningún dos exemplos se adapta o noso estudo, ao facer referencia a 'unha peza utilizada para coartar a liberdade aos presos' ou ser sinónimo de 'atadura'. Con posterioridade, na carta de arras e dote de María Fernández de Anteçana (Burgos), do ano 1620 recóllese: «Una cadenilla para el cuello, doçe reales» -*CorLexIn*. Nos séculos XIX e XX, o *CREA* compila un número elevado de ocorrencias desta voz, aínda que non todas encaixan neste estudo; en total 9.319, repartidas en 4.559 obras distintas.

A lexicografía galega recolle cadea dende a época premoderna (1863-1985). Está presente como lema no Rodríguez *Diccionario c.1854*, Aguirre *Diccionario* (1858), Rodríguez *Diccionario 1863*, Cuveiro *Diccionario* (1876), Valladares *Diccionario* (1884), *RAG 1913-1928*, Carré *Diccionario*[1] (1928-1931), Carré *Diccionario*[2] (1933), Carré *Diccionario*[3] (1951), Eladio *Diccionario* (1958-1961), Franco Grande *Diccionario* (1972) e Carré *Diccionario-Voc.* –*DD*. As obras de carácter normativo, publicadas a partir de mediados dos anos 80 do século XX van dar conta todas elas deste termo.

Nos repertorios lexicográficos do portugués localizamos cadea como entrada dende o úlitmo terzo do século XVI, en que figura no Cardoso *Dict. ex lusitanico in latinum* (1562-1563); amais, aparece no Barbosa *Dictionarium* (1611), Pereira *Thesouro* (1697) e Folqman

Diccionario (1755). A forma cadeia, a do portugués actual, tamén se ofrece, coa nosa acepción, no Pereira *Thesouro* (1697) e no Fonseca *Parvum lexicum* (1798) –*CLP*.

No relativo ás obras lexicográficas do español, estas dan conta da voz cadena dende finais do século XV, en que se recolle no *Vocabulario español-latino* (1495) de Nebrija –*NTLLE*.

Na actualidade as cadeas seguen tendo o mesmo uso co que contaban na Idade Media: adornar, soster algo ou unir un obxecto a outro.

Cfr. s.v. **colar** e **gargantada**.

Cadea dourada[98]

[calça] → **[2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER] [2.1.1 PEZAS INTERIORES] [2.4 ORNAMENTOS LITÚRXICOS]**

s.f. (do lat. vulgar *CALCĔA-, e este do lat. CALCĔU- 'zapato') 'calza, peza de vestir que cobre as pernas e, ás veces as coxas, por separado' –adoita utilizarse en plural.

> ◦ **Calças** (9): "mando a ma capa et | as mas *calças* a quen diga minsas por mía alma logo",
> Lorenzo *Montederramo*, 1290-xaneiro-20. [Nocedo. Castrelo do Val] (Ou), vol. I, doc. 500, OR.; Maia *História galego-portugués*, 1290-[xaneiro-20. Nocedo. Castrelo do Val] (Ou), doc. 58, OR.; "mando a ma capa et as mas *calças* a quem diga mjn|sas por mía alma logo", Lorenzo *Montederramo*, 1341-decembro-17. Ourense {1290-xaneiro-20}, vol. II, doc. 500, OR.;"Item mando... des moravedis para *calças* por seu traballo", Portela *Lugo XIV*, 1345-setembro-12. Lugo, vol. I., doc. 478, OR.; "Item mando dar estas minnas *calças* e o pelote", Enríquez *Ribadavia*, 1361-decembro-19. [Ribadavia] (Ou), doc. 4, OR.; Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1361-decembro-19, doc. 57, vol. I, OR.; "Dous pares de *calças*, hun gibon...", López Carreira *Fragmentos*, 1459-marzo-20. [Ourense], doc. D40a, OR.; "Iten, preçaron… dous giboos e *calças*", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1474-[outubro-18. San Martiño de Broño. Negreira] (A Co), doc. XV, OR.; "Douss sandalias pontificales de Damasco con súas *çalcas*", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

Dentro das pezas (*vid. s.v.* **peça**) de roupa interior utilizadas durante a Idade Media están as calzas, das cales nos imos ocupar nesta entrada. En concreto, os nosos contextos ofrecen exemplos de calzas masculinas, por seren legadas por Lopo Rodríguez de Nocedo e Xoán Gómez, polo tesoureiro lucense Afonso Eanes e nomeadas nunha carta de taxación de bens de menores e no reconto do xastre Afonso Eanes; tamén se citan calzas de uso

[98] En liña: *http://articulo.mercadolibre.com.ar/MLA-581532629-cadena-de-oro-18-kilates-para-hombre-forcet-15grs-gtia-_JM* [Consulta: 18 de abril de 2019].

relixioso, que acompañan a unhas sandalias (*vid. s.v.* **[sandalia]**) pontificais (*vid. s.v.* **pontifical**) inventariadas no reconto da Catedral de Ourense.

Esta peza da indumentaria sufriu diversas modificacións dende as súas orixes ao evolucionar parella á **roupa** (*vid. s.v.*) exterior. Boucher (2009: 460) indica que inicialmente estaba composta por dúas partes, que cubrían os pés e as pernas, e foi curta ata o século VII, sostida con tiras entrecruzadas ata o xeonllo; posteriormente, alongouse a medida que as pezas de vestir se acurtaron; no século XIV chegou ata a cintura e, coa nova moda dos vestidos abertos, uníronse entre si as súas partes e converteuse nunha variante do *calzón* pechado. Este novo aspecto das calzas acalou as críticas de deshonestidade que se facían na época ás novidades nas roupas, que pouco a pouco ían deixando ao descuberto partes do corpo, idea que non comungaba coa moralidade cristiá de forte presenza no medievo. Malia non termos contextos con moita información das calzas, o autor anteriormente citado explica que o seu nome cambiaba en función da forma que presentaban: calzas redondas ou «con cola» (separadas e acabadas en punta a un lado), calzas con presillas (suxeitas cunha tira por debaixo do pé), xeralmente unidas e denominadas «de fondo plano», as calzas soladas, con pés, que levaban sola. A parte das coxas uníase ao *gippon* ou xibón (*vid. s.v.* **gibon**), mediante cordóns (*vid. s.v.* **[cordón]**) con ferretes denominados agulletas, que pasaban por uns ollais. Dous séculos despois, no XVI, esta peza interior dividiuse en dúas partes, a da coxa e a da parte inferior, pero a partir dese momento o termo calzas só designará a parte superior da peza. No entanto, na lingua portuguesa pasou a denominar os 'pantalóns'.

As calzas tamén foron de uso feminino durante o medievo, como apunta Bernis Madrazo (1978: 14): «Las españolas no sólo usaron *calzas* ajustadas de fino paño -como las otras mujeres de Occidente-, sino también *calzas* de fino lienzo, anchas y plegadas, tal como las usaban las moras granadinas». Por contra, Avellaneda (2006: 44), entendemos que referíndose aos *calzóns*[99] no canto de calzas, afirma que: «Por lo general, las mujeres medievales no usaron calzones; sólo medias tejidas que las nobles ornamentaban con piedras y a las que los juglares se referían en sus canciones». Precisamente nos cancioneiros medievais, a forma que se recolle é calças[100], non medias; como exemplo da súa existencia en versión feminina, sirvan as ofrecidas na segunda imaxe desta entrada, pertencentes á infanta María de Castela († 1235, Burgos) e tamén as referencias escritas sobre o uso desta peza interior na Sevilla do século XII (Carnicero Cáceres s/d: 9).
A versión máis actual das calzas son as *polainas*, vinculadas fundamentalmente aos traxes rexionais, e as súas primas irmás, as mallas e medias, cuxa xeneralización veu da man dos materiais de lycra, nailon e **seda** (*vid. s.v.*).

Cómpre ter en conta que as calzas debían quedar perfectamente cinguidas ás pernas, de aí que tivesen unha elaboración difícil, que requiría máis ca un xastre, un especialista na súa creación como era o *calceteiro*. De por parte, houbo ordenanzas de *calceteiros* encargadas de regular a confección desta peza, que adoitaba realizarse en pano, *cordellate*[101] e estameña, as máis correntes, e en **escarlata** (*vid. s.v.*) e *grana*, as máis luxosas. Ao lado destas existiron as elaboradas de roan, branqueta (*vid. s.v.* **branqeta**) e as feitas con pel de londra, coñecidas como calzas de fole, utilizadas polas clases sociais máis altas, segundo cita García

[99] Oliveira (1993: 27) e Boucher (2009: 460) explican que os calzóns foron un peza do vestir aparecidas no século XVI.
[100] Martín Anes Marinho cita: «as *calças* seram de melhor pano»; Afonso López de Baián: «ceram'e cint'e *calças* de Roam» e o rei Afonso X: «com sas *calças* velhas de branqueta» (*CMGP* e *MedDB*).
[101] Dávila Corona, Rosa Mª, Montserrat Duran Pujol e Máximo García Fernández (2004: 64, *s.v.* cordellate/cordellat) indican «este tejido, parecido a la estameña, se empleaba en la Edad Media y también en la Moderna para hacer calzas, forros de calzas, medias calzas, dominguillos y sayas».

Rodríguez (1986: 118). A elas cómpre engadir, as calzas bragas, ás que se refire Oliveira (1993: 26), que confeccionadas de la (*vid. s.v.* **laan**) ou veludo (*vid. s.v.* **terçiopelo**) formaron parte da indumentaria masculina da segunda metade do século XV.

Estas pezas, para ter rixidez, acostumaban a forrarse con tea ou fibra de cánabo (*vid. s.v.* **canavo**), a cal lle confería unha textura áspera e grosa. As máis prezadas eran as de tonalidades vermellas; de feito, nas leis suntuarias do século XIII prohibiuse o seu uso aos xudeus e, ademais, os clérigos non podían empregar as elaboradas de escarlata (Mantilla de los Ríos y Rojas, María y Benavente e Moreno García 1995: 180). Con todo, hai que destacar tamén a existencia de calzas de cor ocre, moi frecuente nas pezas interiores (Avellaneda 2006: 44).

Con respecto ás calzas litúrxicas, propias do rito latino, que acompañan as sandalias pontificais (Bernis 1979: 13), é posible que fagan referencia ás medias calzas, peza que xa a finais do século XV evolucionara, como indicamos, ao que actualmente coñecemos como medias e cuxo uso quedaba relegado, no ámbito eclesiástico, aos bispos, salvo privilexios papais, que autorizasen a súa utilización a abades e prelados. É moi posible que nesta época o conxunto formado por calzas e sandalias pontificais fose considerado calzado pontifical. Con este uso pasaron de ser elaboradas en liño (*vid. s.v.* **lino**) a selo en seda de cores, das estipuladas no ámbito litúrxico[102], e suxeitábanse con ligas no seu extremo superior, para axustalas á perna[103].

Ao lado destas calzas de uso clerical, Freitas (1945-1947: 76) destaca a existencia durante o medievo doutros modelos asociados ás diversas profesións. Cita, as «calças de malha», peza indispensable no traxe militar, e as «calças de marear», posiblemente de uso entre aqueles que se dedicaban a navegar e á pesca. Ademais, podemos engadir as *trusas*, calzas estreitas que chegaban ata a metade da coxa e eran utilizadas no século XVI co traxe de cerimonia dos cabaleiros das ordes do rei (Boucher 2009: 475).

****

En textos escritos en galego, os primeiros testemuños desta voz datan do primeiro terzo do século XIII. Na lírica profana, o trobador Martin Anes Marinho (1220-1240) nunha cantiga de escarnio recolle: «Ena primeira rua que cheguemos, | guarnir -nos -á Don Foan mui ben | dun pan' estranho que todos sabemos, | dũa gualdrapa perrexil que ten; | e as *calças* seran de melhor pano: | feitas seran de névoa d ' antano; | e nós de chufas guarnidos seremos» -*CMGP*, Ferreiro *Glosario*, *MedDB* e *TMILG*. A prosa notarial tamén ofrece este termo do vestiario; de feito Martínez Salazar na edición de documentos galegos cita o contexto: «as *calças* do prior» (1242-1252) –Lorenzo *Cronologia* (*DDGM*) e *TMILG*. Outras atestacións desta voz no medievo localizámolas nas cantigas marianas (1264-1284); en concreto, o exemplo que ofrecemos é esclarecedor por destacar o axustadas que eran estas pezas interiores: «Esta .CCC.LXVII. é como Santa Maria do Porto guareçeu a[l] Rey Don Affonso dũa grand'enfermidade de que lle ynchavan as pernas tan muito que lle non cabian nas *calças*» -*TMILG* e *DDGM*. Na prosa histórica, en concreto na *Cr. Gal* (1295-1312) tamén se ofrece este termo: «Et tĩjna hũas *calças* pintadas que semellauam brafaneyras» -*TMILG* e *DDGM*. En textos portugueses, no século XV cítanse varios exemplos desta voz. Por exemplo, no *Livro da virtuosa bemfeitoria do infante dom Pedro* recóllese: «…..e disse que nom tomaria cousa que fosse uallor de huũ fio de pano nem de hũa

[102] Pazos-López (2015: 6-7) explica que as cores litúrxicas comezan a unificarse e codificarse a partir do século XII, momento no cal se vai relacionar o significado simbólico da cor coas distintas celebracións e tempos do calendario litúrxico. Os principais son o branco, negro, verde e vermello; a eles hai que engadir o azul, morado e rosa, como cores secundarios.

[103] En liña: *http://ec.aciprensa.com/wiki/Sandalias_Episcopales* [Consulta: 18 de abril de 2019].

correa de *calça*» -*VHCPM* e *CP 1300S-1900S*. Hai que ter en conta que durante o medievo, a forma que rexistramos nos textos consultados, tanto galegos coma portugueses, é calça.

No galego moderno temos rexistro desta voz na fala popular. O *ALGa* (pregunta 2.320: *Cirolas*) testemuña a presenza do termo calzas nos concellos ourensáns de Xinzo de Limia e Lobios, en concreto no lugar de Bubaces, parroquia de Río Caldo; mentres, noutros puntos de Galicia as formas que se rexistran maioritariamente son *cirolas* e *calzoncillo(s)*. Amais, o *TLPGP* localiza o termo calza en catro puntos da xeografía galega. Na provincia de Lugo, os concellos da Capela (Vilariño Seco 1972: 114) e Palas de Rei (Pereiro Pérez 1995: 178) dan conta desta voz; con todo as definicións que ofrecen varían nos diversos lugares; no primeiro deles defínese como 'media' e no segundo, como 'calzón da cintura aos xeonllos'. No sur, o concello pontevedrés de Ponteareas (García Represas 1994: 184), ofrece como definición 'pantalóns'. De por parte, no territorio arraiano de Porto, en León (Blanco Corrales 2012: 8) unha calza é 'unha especie de calcetín sen pé'. O García *Glosario* (1985) –*DD*- tamén recolle esta voz, ben como 'media', ben como 'media coa parte descalza do pé'. No que respecta á escrita, o galego dá conta deste termo dende mediados do século XIX, en que Pintos na obra poética *Antonio e Margarida. Consellos da tía Fuca a súa sobriña, Jacinto e Catriña* (1857) establece unha metáfora entre as patas das abellas e as calzas: «Agradan-me as abellas zoando na alvariza que todas sin perguiza | traballan con primor, levando as súas *calzas* o favo tan curioso…» -*TILG*. Resulta interesante observar o incremento que o uso desta voz vai sufrindo nas obras publicadas dende a última década do século XIX: entre 1851 e 1900 rexístranse 26 casos; de 1901 a 1950, 24 exemplos; de 1951 a 1980, 15 casos e, finalmente, entre 1981 e 2013, cítase en 85 ocasións, fundamentalmente co significado de 'medias'. O *CORGA* tamén ofrece calza no seu inventario dende o ano 1980, pero cunha representación menor, en concreto 30 citas localizadas en 24 documentos diferentes.

No ámbito español, as primeiras atestacións deste termo datan do século XII. No *Poema de Mio Cid* (1140) recóllese: «Ya don Rachel e Vidas, en vuestras manos son las arcas; yo que esto vos gané bien merecía *calças*» -*DCECH* e *CDH*. Un século despois, no *Libro de Alexandre* (1240-1250) cítase: «El fol de su porfidia non se quiso toller, | fue pora Alexandre a todo su poder; | do suele la loriga con la *calça* prender, | dióle atal ferida quel fizo contorçer» -*CORDE*. A grafía con *ç* localizámola en textos casteláns dende que aparece no *Fuero de Cáceres* (1234-1275): «Garnacha 1 sexma. Pellico 1 sexma. Manto con penna 1 sexma. *Calzas* de color VIII dineros» e vai ser a forma predominante a partir do século XVI, en que substitúe timidamente á variante con *ç* cedillado -*CDH* e *CE 1200S-1900S*. En textos aragoneses escritos en español, documentamos esta voz dende fins do século XV; entre eles, nun texto do *Fons Sástago* (1402-1498) cítase: «bienes. Item atorgo que deuo a·mahestre Pedro Riera calçatero de Çaragoça de | *calças* | que del he tomado e porque no me recuerda quanto es lo» -*DiCCA –XV*. Un século despois, nas *Leyes lanas e paños* (1538) tamén se fai fincapé nesta peza do vestir: «Porque somos informados que esto no se guarda, […], e que presto se abren e rompen luego las *calças* que de los dichos paños se hacen, e se ensangostan e acortan las ropas que venden» -*DICTER*. A comezos do século XVII o testamento de Pablos Pérez de Medina (Panamá), custodiado no Archivo General de las Indias (Sevilla) e datado no ano 1608 recolle entre os obxectos do seu legado testamentario: «vna *calça* entera» -*CorLexIn*. Como xa indicamos, a partir do século XVI o uso desta voz nas letras hispánicas quedará relegado á denominación desta peza do vestir utilizada noutras épocas.

A lexicografía galega non ofrece esta voz ata o período premoderno (1863-1985). A primeira obra que se fai eco dela é o Valladares *Diccionario* (1884) na unidade pluriverbal *verse en* calzas *prietas* 'estar en apuros'. Anos despois, está presente no *RAG 1913-1928*, Carré *Diccionario*[1] (1928-1931), Carré *Diccionario*[2] (1933), Ibáñez *Diccionario* (1950), Carré *Diccionario*[3] (1951), Eladio *Diccionario* (1958-1961), Franco Grande *Diccionario* (1972), Rivas *Frampas I*

(1978) e Carré *Diccionario-Voc.* (1979)-*DD*. Xa na época moderna, os dicionarios normativos van recoller este termo, pero destacan que se trata dunha peza en desuso na época actual.

As obras lexicográficas do portugués ofrecen este lema, coa acepción do noso traballo, dende o último terzo do século XVI, en que figura no Cardoso *Dict. ex lusitanico in latinum* (1569-1570). Outros repertorios que a recollen son o Barbosa *Dictionarium* (1611), Pereira *Thesouro* (1697) e Bluteau *Vocabulario portuguez e latino* (1712-1728) -*CLP*. Con todo, nos dicionarios modernos atopamos este termo con dúas acepcións que teñen que ver co vestir: a) a moderna, 'pantalóns' e, b) a máis antiga, da que nos ocupamos nesta entrada e xa en desuso -*CLP*.

Na lexicografía española, a forma calça aparece como entrada de dicionario dende o ano 1604, en que a recolle Palet no *Diccionario muy copioso de la lengua española y francesa*…; calza, cítase dende 1620 na obra de Franciosini *Vocabolario español-italiano* -*NTLLE*.

A día de hoxe, as calzas están en desuso ao seren desprazadas por outras pezas, con todo esta peza modificou o seu feitío e hoxe emprégase na lingua galega como sinónimo de medias.

Cfr. s.v. **[braga]** e **camisa**.

Calzas do século XIII do arcebispo Rodrigo Ximénez de Rada[104]

Calzas infantís (sen pés) do século XIII da infanta María de Castela[105]

[104] En liña: *http://laropamedieval.blogspot.com.es/2009_09_02_archive.html* [Consulta: 18 de abril de 2019].
[105] En liña:
http://www.tforum.info/forum/index.php?s=146718fcc886e5df7187ce23db1a103b&app=gallery&image=14101
[Consulta: 18 de abril de 2019].

**Home con calzas bicolores –morada e amarela- (á esquerda)
na pintura mural da Catedral de Mondoñedo
en que se representa o martirio
e a crucifixión de San Pedro (século XV)[106]**

cama, roupa/rroupa/rropa de/da *unid. pluriverbal vid. s.v.* **roupa**. → **[2 O VESTIARIO] [2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER] [4.1 ROUPA DO LEITO]**

camaffeu → **[2.3 COMPLEMENTOS]**

s.m. (do fr. antigo *camahieu*, de orixe incerto; posiblemente xermánico –*DCECH*, *s.v.* camafeo, vol. I) 'camafeo, pedra preciosa ou semipreciosa con diferentes vetas de cor que se talla en baixorrelevo para que o motivo ou figura teña unha coloración distinta á base'.

> ◦ **Camaffeu** (1): "It. mando a mia yrmaa Vrraca perez o meu *camaffeu* que fuy de Aras focarelas", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1348-[setembro-14. Santiago de Compostela] (A Co), doc. LXXII, COP.

Un dos obxectos que Nuno González de Bendaña deixa á súa irmá en legado testamentario é un camafeo, elemento que podemos agrupar dentro das xoias (*vid. s.v.* **[joia]**) do enxoval persoal.

A técnica que utilizaban os ourives para a elaboración dos camafeos consistía en tallar a imaxe e despois desbastar o circundante para que o motivo tallado sobresaíse. Lemeneva e Sallay (2001: 2) explican que os camafeos e intaglios[107] eran pedras preciosas ou semipreciosas decoradas con relevo ou gravados, moi apreciados na época antiga e que tallaron os ourives durante a Idade Media. Adoitaban colocarse en distintas pezas de xoiería (aneis -*vid. s.v.* **anjllo** e **sortella**-, broches, etc.) como elemento decorativo e tamén eran reutilizados con frecuencia en novas xoias, xeralmente enmarcados en **ouro** (*vid. s.v.*) e, ás

[106] En liña: *http://rinconesdelamarina.blogspot.com.es/2014/12/pinturas-murales-de-la-catedral-de_80.html* [Consulta: 18 de abril de 2019].
[107] Tamén se chama 'relevo fundido' e consiste en tallar ou desbastar a imaxe sobre a pedra; ao contrario do camafeo, neste caso o motivo é o que queda fundido.

veces, con pedras preciosas. Parece que os camafeos mellor tallados procedían do territorio Bizantino de onde eran importados polos países occidentais durante o medievo, pois nestes últimos só se elaboraban imitacións esculpidas con bastante torpeza. Amais, durante a Idade Media estas pezas de xoiería tiveron moita aceptación e demanda, en parte porque se pensaba que as xemas labradas eran portadoras de virtudes, sobre todo, para a curación de enfermidades.

No que respecta á cor dos camafeos, esta dependía da pedra en que se fixese a talla, que normalmente era realizada en ágatas, por teren vetas e dureza abonda para ser labradas. A propósito das imaxes talladas, cómpre ter en conta que nesta época as antigas pedras preciosas gravadas acostumaban a ser interpretadas en consonancia coa iconografía cristiá, de tanta importancia para os homes e as mulleres medievais. Amais, ás veces, tales imaxes acompañábanse dunha inscrición determinada ou co nome do seu posuídor para darlle máis exclusividade á peza (Lemeneva e Sallay 2001: 4).

****

No territorio galego, a primeira e única atestación que temos desta voz é a do noso exemplo, datada no ano 1348; tamén a ofrece o *TMILG*. No portugués, atestamos este termo dende o século XIV; na obra *Vereaçoens* (1393) recóllese o seguinte texto, aínda que para referirse a un selo: «E mostrou huma carta de nosso Senhor El Rey scrita em papel ssarrada e seelada do sseelo do *Camafeu* do dito Senhor Rey» -*VHCPM*. Exemplo semellante a este é o que se cita na obra *Chancelarias portuguesas. Don Duarte 1-2*: «…hũa nossa carta que de nos ouue em seendo nos Jffante asignada per nos e seellada do nosso seello *camafeu* pella qual carta faziamos saber ao dicto aluaro gonçalluez que o dicto contador nos disera que el queria auer na Rua noua dessa cidade do porto ou acerca della hũas casas» -*CP 1300s-1900s*.

No galego moderno, na fala popular, temos testemuños da forma camafeo dende comezos do século XX, con todo a súa presenza é bastante escasa. De feito, o *TILG* inventaría 17 casos deste substantivo, recollidos en 11 textos distintos. López Ferreiro na obra *Niño de pombas* (1905) ofrece o seguinte contexto: «Era de ouro, como xa dixemos, e no frente tiña engastonada unha pedra desas que chaman *camafeus* e tiña sobrepostas dúas capas». Se reparamos na baliza cronolóxica ofrecida por este repertorio, comprobamos como entre 1901 e 1950, existen 3 ocorrencias desta voz; entre 1951 e 1980, 2 casos e, finalmente, entre 1981 e 2013, 12 concordancias. Amais, o *CORGA* compila un número reducido de contextos desta voz, en total 13, dende o ano 1994, en que Ruibal Rodríguez a cita na obra *A fonte de Ana Manana*: «Aquel estraño cabaleiro cubríase cun chapeu de feltro negro e aba moderada, adornado cun *camafeo*».

No ámbito español, os primeiros testemuños deste termo datan de mediados do século XIII. No ano 1250 na obra afonsina *Lapidario* cítase a forma plural: «…quieren entallar o fazer *camafeos*, pero esta piedra es assi tossigosa, por razón daquellas animalias pozonadas que se crian o ella nasce» -*CDH*. De por parte, o Gual *Voc. comercio* ofrece un contexto datado no ano 1322, recollido no artigo de Martínez Ferrando titulado «Datos sobre el vestuario de Jaime II de Aragón»: «Jaime II reclama un *camafeo* engastado en una "noscha"». De todos os xeitos, o *DCECH* propón unha datación aínda máis tardía para este termo ao citar o ano 1375. Dous séculos despois ofrécese esta voz na obra de Arphe titulada *Quilatador de la plata* (1572): «Házense d'ella muchas figuras humanas y de animales, y a estas sculpturas llaman *camafeos*, que sirven de engastarse en botones y medallas» -*DICTER*. Ademais, en documentos notariais do Siglo de Oro español, localizamos camafeo no inventario de bens de Francisco Figueroa Benegas (México), do ano 1622, custodiado no Archivo General de Indias (Sevilla): «Vn *camafeo* guarnecido en oro, dos pessos y quatro tomines» -*CorLexIn*. No século XX, o *CREA* inventaría 68 casos desta voz, ofrecidos en 36 documentos diferentes, dende o ano 1976, en que se cita na obra teatral *Retrato de dama con perrito. Drama de la dama pudriéndose* da autoría de Riaza:

«DAMA (Continúa con su patetismo) En cuanto palpé el *camafeo* de familia... (Puede llevarse la mano al que se habrá puesto al cuello al comenzar la escena) toda, toda la vieja casa donde pasábamos los estíos, el sillón de mimbre de papá, la tetera de plata y el plato con las magdalenas...».

A lexicografía galega dá conta deste termo dende a época premoderna (1863-1985). Está presente no *RAG 1913-1928* e no Eladio *Diccionario* (1958-1961) –*DD*. Con posterioridade, os dicionarios de corte normativo, publicados a partir de mediados dos anos 80 do século pasado, recollen camafeo no seu lemario.

Nos repertorios lexicográficos do portugués ofrécese esta voz dende comezos do século XVIII, en que figura no Bluteau *Vocabulario portuguez e latino* (1712-1728), aínda que non como entrada de diccionario -*CLP*.

As obras lexicográficas do español recollen camafeo dende finais do século XV, en que se cita no *Vocabulario español-latino* (1495) de Nebrija –*NTLLE*.

Na actualidade os camafeos seguen formando parte de diversas pezas de xoiería (pendentes, colgantes, broches etc.) de estilo marcadamente clásico.

Cfr. s.v. **[joia].**

Broche de ouro con 3 camafeos de calcedonia e 3 rubís, datado no ano c. 1320; custodiado no Museo Nacional de Gales (Lemeneva e Sallay 2007: 2)

camisa → **[2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER] [2.1.1 PEZAS INTERIORES]**

s.f. (do lat. tardío CAMĪSĬA-, ao cal chegou posiblemente dende o célt. ou o xerm.) 'camisa, peza interior, masculina e feminina, frouxa, co escote axustado ao pescozo, con mangas e cun corte en forma de cruz, que podía chegar á cadeira ou (incluso) aos talóns'.

◦ **Camisa** (8): "Iten mando a minna criada Mayor hun pelote de valancinna et duas sauaas et hua *camisa*", Cal *Viveiro* 1391-outubro-27. Viveiro (Lugo), doc. 62, COP.; "et mando a Afonso, o sobrino do thesoreiro, huna *camisa* por amor de Deus", Graña *Vilourente*, 1403-outubro-21. Vilamor. [Mondoñedo] (Lu) , doc. 115, OR.; "Item mando que den aa nena que mora | en na casa duas trases et hun tornes et huna *camisa* et duas sauaas", Graña *Vilourente*, 1403-outubro-21. Vilamor. [Mondoñedo] (Lu), doc. 115, OR.; "Iten mando a Joan Peres, yrmytan de Santa María de Reça, huna *camisa* de panno", López Carreira *Álvaro Afonso*, s/d. [Ourense], doc. 414, OR., López Carreira *cidade Ourense*, 1434-setembro-14. [Ourense], Docs. I. Testamentos, doc. 9, OR.; "...me façan

huna *camisa* en que me deyten", López Carreira *Álvaro Afonso*, s/d. [Ourense], doc. 414, OR.; López Carreira *cidade Ourense*, 1434-setembro-14. [Ourense], Docs. I. Testamentos, doc. 9, OR.; "Item mando ao meu afillado, fillo de Esteebo de Gillaade panno para huna *camisa*", Graña *Vilourente*, 1459-febreiro-12. [Vilamor. Mondoñedo] (Lu), doc. 277, OR.

◦ **Camisas** (1): "It. mando aas mancebas de nosa casa. senllos pelotes de valancina et senllas sauaas et senllas *camisas*", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1395-[abril-29. Santiago de Compostela] (A Co), doc. XXXIV, OR.

Nos testamentos de María da Vila, Dominga Eanes e Tareixa Sánchez de Gres cítanse varias camisas, unhas masculinas e outras femininas. Con respecto a esta peza de roupa, vixente na actualidade, temos que ter en conta que o seu uso orixinario foi como roupa interior, ás veces en combinación coas calzas (*vid. s.v.* [**calça**]) e bragas (*vid. s.v.* **braga**) pero, paulatinamente, co avance dos séculos, foise acurtando e mostrando algunhas partes, coma as mangas e o escote, ata chegar a ser unha peza de uso exterior. Bernis (1957: 209) e Oliveira (1993: 17) explican que a camisa se usou como peza interior dende o século X e ata o século XVI, momento a partir do cal cambia as súas formas e avanza cara a unha peza de uso exterior.

Esta peza de vestir, masculina e feminina, con uso xa xeneralizado no século X entre a poboación civil e relixiosa, era frouxa, co escote xeralmente axustado ao pescozo, con mangas, co corte en forma de cruz e podía chegar ata a metade da perna ou á cadeira (Argente del Castillo Ocaña 1988: 81). No medievo, como indicamos, tiña un uso exclusivamente interior e, segundo afirman algúns estudosos, como Menéndez Pidal (1986: 73) foi a única roupa interior de muller da que temos noticia; non obstante, a día de hoxe, logo da aparición de pezas de roupa interior feminina nas escavacións do Castelo de Lengberg (Tirol)[108], debemos ser cautos con esta afirmación (*vid. s.v.* **[braga]**).

As camisas do medievo tamén se coñecían como *alcandoras* e podían ser máis longas ou máis curtas; as utilizadas polas mulleres, inicialmente foron máis longas, malia que co paso do tempo modificaron a súa feitura. García Cuadrado (1993: 88) explica que ao lado da camisa convencional, existía a *margomada*, denominación para referirse ás pezas bordadas con fíos de **ouro** (*vid. s.v.*), **prata** (*vid. s.v.*) e **seda** (*vid. s.v.*) de cores, que mesmo levaron a que as leis suntuarias das cortes de 1252 se pronunciasen sobre este uso tan excesivo da *margoma*: «...que nenguna mujier non traya... nin margone *camisa* con oro, nin plata, nin con sirgo, nin cinte, nin margone pannos nengunos...». Cómpre pensar que na moda desta época os traxes (como opas –*vid. s.v.* **[opa]**- e pelotes –*vid. s.v.* **pelote**) eran moi escotados nos escaves, o cal permitía lucir os bordados das camisas. Estas leis suntuarias tamén fan referencia ás camisas encordadas, propias das mulleres de alta clase social, que eran axustadas na parte superior e levaban aberto o costado da axila á cadeira cunha serie de ollais polos que se pasaba unha **cinta** (*vid. s.v.*), **corda** (*vid. s.v.*) ou cordón (*vid. s.v.* **[cordón]**) para cinguila ao corpo. O custo destas pezas do vestir, posiblemente polos materiais empregados na súa confección, provocou que as leis explicitasen: «...et que non trayades nenguna *camisa* a cuerda». Este último tipo de camisa aparece citada nalgunhas cantigas profanas; por exemplo, Johan Garcia de Guilhade nunha das súas composicións de amigo recolle: «fez-mi tirar a corda da *camisa*» e Gonçal' Eanes do Vinhal cita: «a corda da *camisa* que m' el filhou».

No que respecta ás teas utilizadas na elaboración desta peza, Argente del Castillo Ocaña (1988: 93) explica que as roupas que estaban en contacto directo co corpo adoitaban

[108] En liña: *https://paleorama.wordpress.com/2012/07/19/el-sujetador-se-invento-en-la-edad-media-400-anos-antes-de-lo-que-se-pensaba/* [Consulta: 18 de abril 2019].

confeccionarse con fibras vexetais, transpirables e con textura fina, coma o liño (*vid. s.v.* **lino**), o lenzo (*vid. s.v.* **lenço**)[109] ou o **pano** (*vid. s.v.*), tecido en que está confeccionada unha das citadas nos nosos exemplos. As de uso máis habitual, facíanse en tecidos máis grosos, posiblemente como moitas das citadas aquí, e as máis luxosas eran de holanda[110] (*vid. s.v.* **olanda**) e **seda** (*vid. s.v.*). Normalmente as elaboradas en liño coñecíanse como camisas *lineas* e as de seda, camisas *síricas* (Sousa Congosto 2007: 51).

Estas pezas acostumaban a ter tonalidade entre branca e beixe, a propia das fibras vexetais, aínda que tamén se sabe da existencia de camisas doutras cores (Sousa Congosto 2007: 51). Ás veces esta cor era ofrecida polo bordado, pois sabemos que as máis luxosas botaban mans desta técnica de adorno; de feito, Estevan da Guarda nunha das cantigas escarniñas fai alusión a unha luxosa prostituta que utilizaba «*camisa* | de sirgo tam bem lavrada». No século XV era moi frecuente que os bordados se fixeran en tons diferentes aos do tecido da camisa, influencia da moda mourisca das camisas labradas[111]. Segundo apunta Bernis (1957: 189) os adobíos consistían en «tiras[112], listas[113], orillas, gayas[114], puntas[115], randas[116], caireles[117], bordados de punto de almofarán y de punto real[118]».

De seguro, a camisa que se nomea no testamento de María da Vila era branca e ía ser utilizada como mortalla, a xulgar polo que se cita: «...que me façan huna *camisa* en que me deyten»; pois no medievo, cando o corpo non era enterrado cun hábito (*vid. s.v.* **abeto**), envolvíase nunha saba (*vid. s.v.* **[sabaa]**) ou púñaselle unha camisa para cubrilo.

Dentro da familia das camisas, aínda que non é obxecto do noso estudo, cómpre citar o camisón, peza moi semellante, que na Idade Media se utilizaba para durmir e, mesmo, para bañarse. De feito, o arcipreste de Talavera, confesor da raíña Isabel a Católica refírese á proximidade entre o camisón e a camisa e destaca a fineza que chegaron a ter os tecidos destas pezas, case transparentes: «Mas comenzando en los varones, ya usan camisones bastillas, ya muy delgados, contra la invención de la *camisa* que fué hallada para dormir con ella, o por más guardar la onestidad, o porque entonces no se usaban sábanas... ya los usan cortos, ya muy largos, ya randados, ya plegados, ya los camisones como camisas de mujeres costosamente labrados» (Bernis 1979: 10-11). Cómpre lembrar que nunha das cantigas de amigo do rei portugués don Denis cítase *delgada* como sinónimo de camisa (*Cr. Gal –DDGM*); entendemos que establecendo unha relación coa finura da tea desta peza, a cal é desviada reiteradamente polo vento: «Levantou-s'a louçana | levantou-s'alva, | e vai lavar delgadas | eno alto, | vai-las lavar alva. | [E] vai lavar *camisas*; | levantou-s'alva, | o vento lhas desvia | eno alto, | vai-las lavar alva».

[109] No enxoval da infanta portuguesa Beatriz, na época do seu casamento, cítanse 18 pezas de *camisas* talladas en lenzo moi delicado, outras tres bordadas en ouro e unha de feitura mourisca (Morán Cabana 2001: 127).
[110] Oliveira (1993: 17) indica que no enxoval da infanta portuguesa, Beatriz, se fai referencia a *camisas* bordadas de ouro e de tecido fino de Holanda.
[111] As camisas mouriscas eran máis longas e amplas, con bordados (ou labrados) no peito, e pechábanse con botóns ou a través dun cosido.
[112] Trátase de franxas bordadas, máis ou menos anchas, que percorrían as mangas da *camisa* e, ás veces, tamén o corpo (Bernis 1957: 190).
[113] Eran cintas cosidas á tea (Bernis 1957: 191).
[114] Refírese a listas de diferente cor á do resto da camisa, bordadas directamente sobre a tea que percorrían as mangas e o corpo da peza (Bernis 1957: 193).
[115] Fai alusión ás labores bordadas que formaban un debuxo con puntas no sentido literal da palabra (Bernis 1957: 195).
[116] Nome dun labor relacionado cos primeiros encaixes de palillos (Bernis 1957: 196).
[117] Gornicións que quedan colgando nos extremos da camisa a modo de flocos (Bernis 1957: 197).
[118] O punto real empregaba o ouro ou a prata nos seus bordados e tamén podía combinar o metal con sedas de cores, coma o grana, verde e leonado; por contra, os bordados en punto de almofarán eran de cor negra (Bernis 1957: 196).

En Francia o camisón (de uso exclusivamente feminino), consonte a moral da época, recibiu o nome de *chemise à trou* e permitía a unión conxugal co corpo cuberto grazas a unha apertura central que, ás veces, levaba bordados que dicían «Si Dios quiere» ou «Ave María» (Avellaneda 2006: 45).

****

No territorio galego temos atestación da voz camisa dende o último terzo do século XI. Nun documento recollido no tombo de San Xulián de Samos (Lu), datado no ano 1085, cítase: «... dedit Munio Froilaz Iª terram in Penellas pro una *camisa* que misit ad suum germanum Citi; pro anima de Vita...» -*CODOLGA*. En textos escritos en galego, os primeiros testemuños desta voz datan da primeira metade do século XIII. Fernan Garcia de Esgaravunha nunha das súas cantigas escarniñas (1220-1240), onde destaca as habilidades dunha ama de cría, recolle: «... ca sabe | ben fiar e bem tecer, | e talha mui bem bragas e *camisa* | e nunca vistes molher de sa guysa» (*CMGP*, Ferreiro *Glosario*, *MedDB* e *TMILG*). Nas cantigas relixiosas (1264-1284) tamén rexistramos esta voz, por exemplo nunha das pautas recóllese: «Esta CXLVI[I] é como un cavaleiro guareçeu de mãos de seus ẽnemigos por hũa *camisa* que chaman de Santa Maria, que tragia vestida» -*DDGM* e *TMILG*. Na zona portuguesa as primeiras formas desta voz rexístranse en textos latinos no primeiro cuarto do século XI: «et I *kamisso*» (1026) -Lorenzo *Cronologia* (*DDGM*). En textos en romance portugués, esta voz ofrécese na obra *Orto do esposo* (1400-1500): «E posse-sse ẽna freesta, ataa que uio que sua molher que se tornaua ẽ *camisa* pera cassa e começou a puxar a porta» -*VHCPM* e *CP 1300S-1900S*.

No galego moderno, na fala popular, temos varios testemuños desta voz, pero todos eles co significado actual 'peza de roupa aberta por diante, xeralmente con colo e mangas, que cobre a parte superior do corpo e se usa como vestimenta exterior ou debaixo da chaqueta ou do chaleco' (*DRAG*). Como é esperable, por tratarse dunha voz común, o *ALGa* (pregunta 2.318: *Camisa*) localiza camisa nas catro provincias galegas e nos territorios de fala galega en León e Zamora. Tamén *TLPGP* ofrece rexistros de camisa en varios puntos de Galicia e Portugal; resultan de interese os comentarios que se fan sobre esta peza de roupa, pois moitos deles coinciden ao indicar que adoitaba estar elaborada de liño ou **estopa** (*vid. s.v.*). Tamén se ofrece no García *Glosario* (1985) -*DD*. No galego escrito, trátase dunha voz de uso bastante elevado a xulgar polas 1.684 ocorrencias que presenta o *TILG*, repartidas entre 518 obras diferentes. As primeiras documentacións datan do período clásico, en concreto, de comezos do século XVIII. Na compilación do ano 1700 editada por Blanco na obra *Poesía popular en Galicia en 1745-1885* ofrécese o seguinte contexto: «…iban | en borricos, que chaman xumentos, algúns sacristáns, e mociños | nenos; Istos con *camisas*, os cregos de negro, os frades vestidos | de cores diversos». No relativo ao *CORGA*, este rexistra 1.019 ocorrencias repartidas en 591 obras distintas.

No ámbito español, contamos con atestacións desta voz, en textos latinos, dende finais do século IX. Nun documento do Becerro de Cardeña, (Córdoba) -899 a 1085- cítase: «*camiso* siricio, in XV solidos empto» -*DCECH* e Gual *Voc. Comercio*. En documentos en romance, a voz camisa está presente dende o segundo terzo do século XII. O primeiro exemplo extraémolo do texto anónimo coñecido como *Poema de mío Cid* (c. 1140): «Allí les tuellen los mantos e los pelliçones, | páranlas en cuerpos e en *camisas* e en ciclatones» -*CDH*, *CORDE*, *CE 1200S-1900S* e *DCECH*. Tamén temos contextos desta voz en documentos en español escritos na coroa de Aragón no século XV; no *Recetario de Gilberto* (copia de 1471) recóllese: «traya·la consigo cosida a la | *camjsa*» -*DiCCA-XV*. Un século despois, Apiano na *Cosmographía* (1575) cita, falando dos costumes do vestir dos indios: «Van los indios, por la mayor parte, desnudos, assí mugeres como hombres, sin pelo en las barvas, no porque no les hace, antes porque se lo quitan y arrancan por hermosura. En algunas partes, donde ay más policía, llevan unas *camisas* de algodón sin mangas» -*DICTER*. Con posterioridade, no inventario de bens de Simón Rodríguez (Huelva),

datado en 1609, recóllese: «Yten, vna *camisa* de mujer, de crea, en quinze reales» -*CorLexIn*. A consulta dos repertorios *CREA*, *CDH* e *CE 1200S-1900S* permítenos comprobar como co paso dos séculos a peza da indumentaria coñecida como camisa vai incrementar notablemente o seu uso. Como mostra, podemos reparar nos 4.075 rexistros, repartidos en 1.343 obras diferentes, ofrecidos polo *CREA* dende o ano 1975.

No que respecta ao rexistro lexicográfico, camisa figura nos dicionarios galegos premodernos (1863-1985) co significado co que conta na actualidade. Esta presente entre os lemas do Pintos *Vocabulario* (c.1865), Porto *Diccionario* (c. 1900), *RAG 1913-1928*, Pereda *Aportaciones* (1953) e Carré *Diccionario-Voc.* (1979). No Eladio *Diccionario* (1958-1961) indícase que se trata dunha peza interior, precisión que non se recolle no resto dos repertorios -*DD*. Coa publicación dos dicionarios normativos a partir de mediados dos anos 80 do século pasado, esta voz aparece como entrada en todos eles. De por parte, tamén está presente na fraseoloxía; lembremos a unidade pluriverbal, de uso tan común, *meterse en* camisas *de once varas* 'meterse en asuntos complicados' ou *perder a* camisa 'perdelo todo nunha transacción arriscada'.

Na lexicografía portuguesa tamén se recolle a entrada camisa. Nas obras portuguesas ofrécese dende a segunda metade do século XVI, en que se cita no Cardoso *Dict. Latinolusitanicum* (1569-1570). Con posterioridade figura no Barbosa *Dictionarium* (1611), Pereira *Thesouro* (1697), Bluteau *Diccionario castellano* (1721), Feijó *Orthographia* (1734), Folqman *Diccionario* (1755) e Rolland *Adagios* (1780) -*CLP*.

No relativo ás obras lexicografías do español, estas dan conta da voz camisa dende a última década do século XV, data en que Nebrija a achega no *Vocabulario español-latino* (1495) – *NTLLE*.

A estudosa do vestiario Bernis (1957: 209) explica que no século XVI a camisa continuou sendo unha das pezas que máis contribuíron a dar carácter á moda. Na actualidade só cómpre fixar a mirada no traxe rexional galego, pero tamén no doutras comunidades, para comprobar como a camisa branca é unha das partes fundamentais desta indumentaria tradicional. Tamén nos traxes tradicionais do entroido galego (cigarróns, pantallas e peliqueiros) a camisa constitúe unha peza básica. Ademais, na actualidade é moi frecuente nos roupeiros dos homes e das mulleres.

Cfr. s.v. **[braga]** e **[calça]**.

Camisa mediana do arcebispo Rodrigo Ximénez de Rada[119]

[119] En liña en: *http://revista.bodasdeisabel.com/art%C3%ADculos%2010/ximenez.htm* [Consulta: 18 de abril de 2019].

Camisa feminina da infanta María († 1235) custodiada no Museo del Traje de Madrid[120]

canavo → **[3.1 TECIDOS]**

s.m. (do lat. hispánico CANNĂBU-, -*DCECH*, *s.v.* cañamo) 'cánabo, fibra téxtil vexetal, basta, procedente do cilindro central do talo da planta *Cannabis sativa*' –*DHTT, s.v.* cáñamo.

> ◦ **Canavo** (1): "Item lle mando... o *canavo* et fiado que en mia casa de morada seer", Armas *Pontevedra*, 1449-xullo-25. [Pontevedra], doc. 39, OR.

No testamento de Pedro de Santo Antón cítase unha peza de tea coñecida como cánabo, que posiblemente fose destinada á confección de **roupa** (*vid. s.v.*) para o enxoval (*vid. s.v.* **axuar**) doméstico.

Doval Galán ([1998]: 14) explica que se trata dunha planta herbácea da familia das *cannabineas*. Ten unha grande similitude co liño (*vid. s.v.* **lino**) na estrutura do talo, zona da planta de onde se obtén a fibra. Resulta máis duro e áspero ca o liño polo que adoitaba usarse para a confección de tecidos bastos, alpargatas ou cordas (*vid. s.v.* **corda**). Orixinariamente, esta herba procede da zona situada entre os mares Negro e Caspio. Era usada na antiga Persia e na India dende o século VIII a. d.C. En Europa está documentada a súa presenza dende a Prehistoria e cultivábase no sur peninsular dende a época romana. Amais, é moi probable que as súas propiedades medicinais fosen a razón da presenza de pequenas cantidades que foron atopadas en distintos xacementos. Ata a época romana non existe a seguridade de que esta planta se cultivase para a fabricación de produtos téxtiles relacionados fundamentalmente con actividades mariñeiras. Na Idade Media empregouse, fundamentalmente, para a confección de toallas (*vid. s.v.* **toalla**), manteis (*vid. s.v.* **mantel**), lenzos (*vid. s.v.* **lenço**), ente outras pezas (*vid. s.v.* **peça**) do vestir como podían ser os bonetes (Martínez Meléndez 1989: 433, *s.v.* cáñamo e García 2001: 425).

Na Península Ibérica sábese da existencia de talleres de fabricación de cánabo en Molina de Aragón e Cuenca. A cor que presentaba este tecido era o ton natural da fibra, semellante ao beixe.

[120] En liña en: *http://museodeltraje.mcu.es/fotos/apartados/319-2.jpg* [Consulta: 18 de abril de 2019].

****

No territorio galego os primeiros testemuños cos que contamos datan de comezos do século XV. Nunha sentenza de preito da Catedral de Mondoñedo (Lugo), datada no ano 1407, cítase o seguinte contexto: «…escripto en purgameo sellado con seu sello de plomo et fio de ***canabo*** enpendente». Poucos anos despois, na obra *Minutario notarial de Pontevedra* editada por Rodríguez, figura un documento do ano 1433 que ofrece o substantivo estudado: «conven a saber: tres ancoras et hũu arpeo de ferro con seus eixos et hũa gindaresa de fio de *canavo* et hũu estrenque d'esparto novo» -*TMILG*. No portugués localizamos a forma canamo na *Crónica da ordem dos frades menores (1209-1285)*, manuscrito do século XV: «E, çarrada a porta da camara, emçemdeo sam Framçisco hũua gramde camtidade de *canamo*, que estava aly, e em aquel fogo [foi] posto o dito Joham» -*VHCPM*. A forma do portugués actual, cânhamo, documentámola dende o século XIX, en que figura na obra de Alencar titulada *O Sertanejo*: «O vaqueiro cearense, porém, corre pelas brenhas sombrias, que formam um inextricável labirinto de troncos e ramos tecidos por mil atilhos de cipós, mais fortes do que uma corda de *cânhamo*, e crivados de espinhos» -*CP 1300S-1900S*.

No galego moderno, na fala popular, rexistramos exemplos desta voz no García *Glosario* (1985) –*DD*- (cánabo e cáñamo) e no *TLPGP*. Este último repertorio atesta cánabo no concello coruñés de Carballo (Vecino 1970: 70) e cáñamo no pontevedrés da Estrada (Fraiz 1974: 107) e no leonés de Porto (Rodríguez 1974: 64). Na escrita, o *TILG* inventaría 71 casos do termo cánabo, en 27 obras distintas, dende o último cuarto do século XX. Cítase no ano 1986 na tese de doutoramento de Castro Castedo titulada *O galego de Queizán (O Corgo)*: «Viña o… o *cáñabo*, chamabamos novelos de *cáñabo*, e se cadra faciamos unha… un cabo de dous». A voz elixida pola lingua estándar é ofrecida nos textos escritos entre os anos 1981-2013. Con todo, anterior a este termo atestamos o castelanismo cáñamo, do cal temos mostra un século antes, en que figura na tese de doutoramento de Seoane sobre a obra *Prosas varias* de Vaamonde (1887): «A cinza dá moi bos resultados en tódo-los tarreos, mais con particularidade nos ariscos. É boa pra o *cánamo* e liño. Bota-se seca estendendo-a a puño». Deste termo o *TILG* inventaría menos exemplos, en total 37, repartidos en 26 textos diferentes. A distribución cronolóxica que presenta é a seguinte: entre os anos 1851 e 1900, 3 exemplos; entre 1901 e 1950, 6; entre 1951 e 1980, 5 casos e, finalmente, entre 1981 e 2013, 23 ocorrencias. Por contra, o *CORGA* achega 47 exemplos de cánabo fronte aos 10 da forma cáñamo.

O español documenta a forma canamo, en textos latinos, aproximadamente dende mediados do século XII. No *Fuero de Madrid* (c. 1141-1235) recóllese o texto que segue: «El tesedor uel tesedera texeat de trapo e lino XXII canas per quarta; de lino asedado XVI canas per quarta; *canamo* & trapo gordo, XXV canas per quarta» -*CDH*. En textos escritos en romance a primeira atestación desta voz data de finais do século XII. No *Fuero de Soria* (c. 1196) cítase: «Sj algun huerto o lino o *cannamo* o otro fructo de la tierra rregare, si despues el agua non aduxiere a la madre del ryo & danno fiziere, peche .v. ss. & el danno que fiziere a aquel que lo reçibiere» -*CORDE*. A propósito da forma cánabo, esta cítase dende o segundo terzo do século XIII, en que está presente «canabo» no texto anónimo titulado «Jaime I señala la sentencia arbitral sobre la leuda de Tamarit», pertencente aos aranceis aduaneiros aragoneses- *CDH*. En textos escritos en español no territorio aragonés durante o século XV rexístrase tamén este termo; de feito, en manuscritos do rexistro das rendas do Real Patrimonio procedente do Arxiu da Coroa de Aragón de Barcelona (1412 e 1417), ofrécese o seguinte contexto: «Arnaldus del Calbo notarius. § .x. sueldos. § De carga de pegunta et de | *canyamo*» -*DiCCA-XV*. Dous séculos despois, no inventario de bens de Simón Rodríguez (Huelva), do ano 1609, achégase o seguinte contexto: «Sesenta arrobas de *cáñamo* por rastrillar, las quarenta y quatro,a dies y nueve

reales arroba y las diez y seis, a quinze reales» -*CorLexIn*. Dende o último cuarto do século XX, o *CREA* achega 141 exemplos da forma cáñamo.

A lexicografía galega ofrece esta voz, coa nosa acepción, dende a época premoderna (1863-1985). Temos cáñamo no Valladares *Diccionario* (1884), *RAG 1913-1928*, Carré *Diccionario*[3] (1951), Eladio *Diccionario* (1958-1961), Carré *Diccionario-Voc.* (1979) e Losada et alii *Nomenclatura* (1992). De por parte, a forma do galego estándar, cánabo, está presente no Acevedo&Fernández (1932) -*DD*. Con posterioridade, os dicionarios de corte normativo, publicados a partir dos anos 80 do século pasado van achegar a forma cánabo nos seus lemarios.

Con respecto á lexicografía do portugués, recóllese canamo no Cardoso *Dict. ex lusitanico in latinum* (1562-1563), Barbosa *Dictionarium* (1611) e Pereira *Thesouro* (1697) –*CLP*.

Os repertorios lexicográficos do español dan conta de cáñamo dende finais do século XV, en que aparece na obra de Nebrija titulada *Vocabulario español-latino* (1495) –*NTLLE*.

Esta fibra natural segue existindo na actualidade e mantén as mesmas características coas que contaba no medievo ao tratarse dun tecido basto e forte. Emprégase na cordelería, aínda que as fibras máis finas adoitan usarse para elaborar algunhas teas -*DHTT, s.v.* cáñamo.

canbrays → **[3.1 TECIDOS]**

s.f. (a denominación procede do nome da cidade francesa de Cambrai) 'cambraia, tecido branco e fino elaborado de liño, que debe o seu nome á cidade francesa de Cambrai'.

> ◦ **Canbrays** (1): "Quatro toucas vellas de seda, con que leuan as rreliquias e vn | *canbrays* rrasado", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

No reconto da catedral ourensá cítase «vn *canbrays* rassado», que posiblemente se trata dun pano destinado a protexer as reliquias da sé ou a ser usado no altar.

Con respecto ás características da cambraia localizamos diferentes tipos de tecido que contan con esta denominación. Alfau de Solalinde (1969: 69, *s.v.* cambrai) define cambraia como unha tea de la (*vid. s.v.* **laan**), posiblemente verde[121] e tamén como un tecido de liño (*vid. s.v.* **lino**) fabricado coma o procedente da cidade francesa de Cambrai. De por parte, Costa (2004: 141, *s.v.* cambraia) cadra coa autora anterior ao definir cambraia como un «tecido fino e transparente de linho ou algodão, primitivamente fabricado em Cambraia (França)» e tamén como «espécie de tarlatana gomada, usada como entretela no vestuário». Coa primeira referencia desta última investigadora cadran Dávila Corona, Duran Pujol e García Fernández (*DHTT*, *s.v.* cambray/cambrai) cando se refiren a esta estofa como unha tea de liño branca, clara, máis fina ca a holanda (*vid. s.v.* **olanda**), semellante ao quitín claro e fino da Bretaña, aínda que este era de calidade superior; tamén como unha tea branca e moi fina, orixinariamente de liño e agora de **algodón** (*vid. s.v.*), xeralmente lisa e susceptible, que debe o nome á cidade onde se fabricaba antigamente. O que si parece claro é que no noso exemplo estamos ante un tecido branco e liso, sen ningún tipo de motivo, e seguramente de liño, como se apunta na maior parte das definicións ofrecidas.

[121] De feito, nunha das cantigas marianas faise unha mención á súa cor verde, como citamos liñas máis abaixo.

O uso desta tea, segundo recolle o Gual *Voc. comercio*, destinouse á confección de capas (*vid. s.v.* **capa**) e gonelas[122], pois nun texto do ano 1258 cítase: «Se compran 2 canas y 2 palmos de Cambray, por 28, 5 sueldos, para una capa y una gonela».

****

No ámbito galego os testemuños máis temperáns desta voz datan, aproximadamente, do segundo terzo do século XIII. Nunha cantiga escarniña da autoría de Fernan Soarez de Quinhones (1240-1300) cítase cambrai, aínda que utilizado como topónimo para facer referencia á procedencia da tea: «Se el algur acha freiras, | ou casadas ou solteiras, | filha -xas pelas carreiras; | e, se queren dizer "ai", | atá lhis faz as olheiras | ben come prês de *Cambrai*» -*CMGP*, Ferreiro *Glosario*, *MedDB* e *TMILG*. Nas *CSM* (número 279) atopamos este termo referido ao tecido: «Que me faz a mort' ond'ei gran pavor, || e o mal que me ten tod'enredor, || que me fez mais verde mia coor || que dun *canbrai*» (1264-1284) –*DDGM* e *TMILG*. No portugués, ademais das cantigas profanas xa citadas, atestamos este substantivo dende o século XVII, en que o recolle Pereira no *Tesouro da lingua portuguesa 1*: «*Cambrai* panno» -*CP 1300S-1900S*.

No galego moderno, na escrita, o *TILG* dá conta de 6 casos de cambrai, ofrecidos en 5 obras distintas, dende o segundo cuarto do século XIX. Figura no texto anónimo de 1777, coñecido como *Urca* e editado por Mariño Paz e Suárez Vázquez: «Empezou-se a celebrar de esta Misa o Sacrificio e cheghando ó evanxelio logho viron de improviso que o señor Abade estaba xa no púlpito metido coa sotana de seda, e pelliz de *cambrai* fino aplanchada e aliñada que parecía un armiño». O *CORGA* tamén achega 4 contextos deste termo, repartidos entre 3 obras distintas, dende o ano 1981 en que Cortezón o cita na obra teatral *Pedro Madruga*: «Doña Mencía viste corpiño broslado e un fermoso brial de cambrai».

O español atesta a voz cambray a partir da segunda metade do século XIII. No ano 1258 na obra *Itinerari de Jaume I o Conqueridor* de Miret y Sans recóllese o seguinte exemplo: «Se comprar 2 canas y 2 palmos de *Cambray*, por 28,5 sueldos, para una capa y una gonella» -Gual *Voc. comercio*. Unha década despois, no *Ordenamiento de posturas en el Ayuntamiento de Jerez* (1268) cítase: «La mejor escarlata de Monpesler vala la vara seis mrs.; la mejor escarlata de Yncola cinco mrs. la vara; la mejor escarlata de Gante quatro mrs. la vara; el panno tinto de *Canbray* tres mrs. e medio la vara del mejor» -*CDH*. Posteriormente, no inventario de bens de Catalina Sánchez (Socovos, Albacete), do ano 1622, recóllese o seguinte contexto: «Vn cuello de *canbray*, en ocho reales» -*CorLexIn*. No século XX, coa nosa acepción, o *CREA* achega un único exemplo, que recolle Glantz na novela *El rastro* (2002): «ella no ha traído pañuelos para llorar de manera elegante y enjugarse los ojos con delicadeza, usa un kleenex vulgar, un kleenex en lugar de un pañuelito bordado que quizá hace ya mucho tiempo le regalara Juan o que yo -ella, Nora García- le regalara a Juan y donde bordadas con mi pelo se leían sus iniciales en el fino *cambray* blanco, y que ella, Nora García, tiene (yo tengo) escondido entre las cartas de amor que él alguna vez me escribiera».

No tocante á lexicografía galega, esta ofrece cambrai dende a época premoderna (1863-1985), en que figura como lema no *RAG 1913-1928*. Da forma cambraia temos mostra no Carré *Diccionario*[1] (1928-1931), Carré *Diccionario*[2] (1933), Ibáñez *Diccionario* (1950), Carré *Diccionario*[3] (1951), Franco Grande *Diccionario* (1972) e Carré *Diccionario-Voc.* (1979) -*DD*. Con todo, algúns dicionarios de tipo normativo, que viron a luz a partir dos anos 80 do século pasado, coma o *GDXL*, achegan cambraia como entrada de dicionario.

[122] Túnicas sen mangas, longas, que se cinguían pola cintura e era usada antigamente por homes e mulleres – *DRAG*.

As obras lexicográficas do portugués, achegan cambrai séculos antes ca as galegas. A primeira atestación está no Pereira *Thesouro* (1697) –*CLP*.

Máis temperá é a presenza do termo estudado nos repertorios lexicográficos do español, que dan conta dela dende a primeira década do século XVII. De feito, cambray figura no ano 1609 no *Tesoro de las tres lenguas francesa, italiana y española* da autoría de Vittori –*NTLLE*.

Na época actual o tecido de cambraia adoita ser un tecido fino de algodón.

Cfr. s.v. **lino**.

capa → **[2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER] [2.1.3 TRAXES DE POÑER POR RIBA] [2.4 ORNAMENTOS LITÚRXICOS]**

s.f. (do lat. CAPPA-) 'capa, peza de roupa de abrigo, sen mangas e aberta por adiante, que se leva sobre os ombros; é ampla e frouxa, prolóngase ata os xeonllos e pode chegar a arrastrar no chan'.

◦ **Capa** (77): "mando a Afonso Gonzales crego do dito meu conto a miña *capa* enforrada", López Ferreiro *Documentos*, 1187*-[setembro-23. Tui] (Po), COP.; "et mando esta mja *capa* agadera a Lou|renzo López", Lorenzo *Montederramo*, 1275-maio-4. [Montederramo] (Ou), vol. I, doc. 355, OR.; "Et mando a Pero Mouro i saya de ualencina et I *capa* de burel", Lorenzo *Montederramo*, 1275-maio-4. [Montederramo] (Ou), vol. I, doc. 355, OR.; "Item mando a miña *capa* a Martín Aras de Orega", Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1288-novembro-30, doc. 31, OR.; "mando a ma *capa* et | as mas calças a quen diga minsas por mía alma logo", Lorenzo *Montederramo*, 1290-xaneiro-20. [Nocedo. Castrelo do Val] (Ou), vol. I, doc. 500, OR.; Maia *História galego-português*, 1290-[xaneiro-20. Nocedo. Castrelo do Val] (Ou), doc. 58, OR.; "et mando quitare Afonso Fernandez os dineiros da cuba do uino que vendeu e faça en huna *capa* et huna saya", Lucas&Lucas *Ramirás*, 1295-agosto-5. [Ramirás] (Ou), doc. 248, OR.; Duro *Ramirás*, 1295-agosto-5. [Ramirás] (Ou), doc. 248, OR.; "et mando meu corpo a Santa María de Tamagoos e mando conmigo X morauedís e a mia *capa* e a leyra da Bicosenda, depois de morte de Tereyia Lopes", Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1301-outubro-30. [Oímbra] (Ou), vol. I, doc. 37, OR.; "Item mando a Pedro de Caldas que le de Teresa Pérez huna *capa* boa daquel fiado de burell", Pallares&Portela *val Miño*, 1302-novembro-6. [A Guarda] (Po), OR.; "Et mando... senllas capas de burel de VI varas a *capa*", Portela *obispado Tui*, 1325-febreiro-20. [Melón] (Ou), doc. 49, OR.; "mando... et huun manto xamete uermello et vna *capa* de tartarisco vello", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1326-[xaneiro-4. Mondoñedo] (Lu), doc. LXXI, COP.; "Iten, mando que dían a Andrés hua *capa* de seis uaras de burel de roda", Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1338-decembro-27. [Monterrei] (Ou), vol. I, doc. 53, OR.; "Item mando... huna *capa* et huna saya de valançina, a cada hun home, et a as mulleres senllas sayas", Portela *Lugo XIV*, 1342-agosto-26 [Lugo], vol. I, doc. 430, OR.; "Ite mando ao dito prior ffrey Johan nunes ducentos mars. para hunha *capa* pola miña alma", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1347-[xullo-17. Santiago de Compostela] (A Co), doc. LXV, OR.; "It. mando que entreguen a a iglesia de Santiago a mia mitara et *capa* que eu dela teno. et a mitara. et o amito. que os entreguen a Sueyroe ans se uiuo for segundo ostremento que con el fiz", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1348-[setembro-14. Santiago de Compostela] (A Co), doc. LXXII, COP.; "mando a ma *capa* et as mas calças a quem diga mjn|sas por mía alma logo", Lorenzo *Montederramo*, 1341-decembro-17. Ourense {1290-xaneiro-20}, vol. I, doc. 500, OR.; "Item mando a Pero Gonçalues huna *capa* et huna saya de velançina", Sánchez *ACS*, 1391-agosto-4. Santiago de Compostela (A Co), doc. 35, OR.; "Item mando a Rroý Mealla çen morauedís para hua

capa", Pichel *testamento*, 1422-febreiro-23 [Noia] (A Co), OR.; "Item mando a mina *capa* do coro a Mayor Rodriges, fraira de santa Clara, et que a quite mina madre Meçia Lopes de cas Pero Leal, alfayate, que a ten a pennor por quorenta morauedis", Lucas&Justo *Fontes USC*, 1398-xullo-21. [Santiago de Compostela] (A Co), doc. 256, OR.; "Item mando a Fernan de Castelo, meu asemeleyro, huna *capa* et huna saya de picote", Portela *Lugo XV*, 1414-setembro-14. Lugo, doc. 917, OR.; Maia *História galego-português*, 1414-[setembro-14]. Lugo, doc. 42, OR.; "Item ten Roy Peres, mercador, outro platel de outro marco de plata que lle enpenou Johan Monteyro por huna *capa* que lle di", Portela *Lugo XV*, 1414-setembro-14. Lugo, doc. 917, OR.; Maia *História galego-português*, 1414-[setembro-14]. Lugo, doc. 42, OR.; "Iten mando a Juan do | Rio dos varas de pano pardo para un saquello et para huna *capa*", Manso *Viveiro* (Lu), 1424-febreiro-11. Viveiro, OR.; Manso *arte gótica*, 1424-febreiro-11. Viveiro (Lu), vol. II, doc. 58, OR.; "Iten mando... a cada huun sua *capa* de paño pardo", Fernández Suárez *Sarmiento*, 1427-xullo-5/10. Castelo de Roucos. [Cenlle] (Ou), doc. 10, OR.; "Iten man/do aos ditos meus moordomos a cada huun sua *capa* de pano pardo", Fernández Suárez *Sarmiento*, 1427-xullo-5/10. Castelo de Roucos. [Cenlle] (Ou), doc. 10, OR.; "Iten mando a Vaasco da Costaña outra *capa* de pardo", Fernández Suárez *Sarmiento*, 1427-xullo-5/10. Castelo de Roucos. [Cenlle] (Ou), doc. 10, OR.; "Iten mando a Pedro Eanes de Sadornin, meu amo, outra *capa* de pano pardo", Fernández Suárez *Sarmiento*, 1427-xullo-5/10. Castelo de Roucos [Cenlle] (Ou), OR.; "Iten mando a Lopo Soverega huna *capa* de pano pardo", Fernández Suárez *Sarmiento*, 1427-xullo-5/10. Castelo de Roucos. [Cenlle] (Ou), doc. 10, OR.; "Iten mando a Afonso de San Justo, meu criado, huna *capa* de pano pardo", Fernández Suárez *Sarmiento*, 1427-xullo-5/10. Castelo de Roucos. [Cenlle] (Ou), doc. 10, OR.; "Item mando a Pedro seu fillo çinquo varas de pardo para huna *capa*", Lucas&Justo *Fontes USC*, 1434-setembro-23/outubro-6. Santiago [de Compostela] (A Co), doc. 296, OR.; "Item mando a Pedro seu fillo çinquo varas de pardo para huna *capa*", Lucas *Dous documentos*, 1434-setembro-23/outubro-6. Santiago [de Compostela] (A Co), doc. II, OR.; "Iten mando a Gomez meu criado seu hirmao que lle den una *capa* de paño pardo de Castela", *Col. doc. históricos*, 1435-[setembro-10. A Coruña], vol. I, doc. X, COP.; González Garcés *A Coruña*, 1435-setembro-10. A Coruña, s/nº, COP.; "Item mando que den aos homes do pêê que esteueren comigo ao tenpo que me eu finar a cada huun huna *capa* de paño pardo", Lucas&Justo *Fontes USC*, 1423-novembro-9 {1422-marzo-14} [Santiago de Compostela] (A Co), doc. 276, OR.; "deren…a Gomes, meu criado, para huna *capa*", García&Otero *Santo Sepulcro*, 1467-novembro-18. Pazos de Arenteiro. [Boborás] (Ou), OR.; "Yten mando... un pelote e una *capa* de pano de arago", Domínguez *Catedral Tui*, 1471-[outubro-7. Ourense], OR.; "Iten mando mays que vendan o meu çavalo (*sic)* et a mia *capa*", Vaquero *Celanova*, 1474-xullo-21. Pambre. [Casardeita. Ramirás] (Ou), vol. II, doc. 638, OR.; Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1474-xullo-21. Pambre [Casardeita. Ramirás] (Ou), vol. I, doc. 90, OR.; "mando ao dito dito Diego de Sandoval mill pares de brancas para huna *capa* por seu traballo", Vaquero *Celanova*, 1474-xullo-21. Pambre. [Casardeita. Ramirás] (Ou), vol. II, doc. 638, OR.; Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1474-xullo-21. Pambre [Casardeita. Ramirás] (Ou), vol. I, doc. 90, OR.; "Itẽ mãdo a meu yrmaao juã martís trezentos mrs vellos para ajuda de hũa *capa*", *Col. doc. históricos*, 1474. [Santiago de Compostela] (A Co), vol. I, doc. VII, OR.; "Iten mando... una *capa* e mais un poltro dos meos", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1485-[xullo-29. Vilanova de Arousa] (Po), doc. X, COP.; Vila *Soutomaior*, 1485-[xullo-29. Vilanova de Arousa] (Po), doc. XIII, REP.; "Iten mando a Gonçalvo de Paramo, peliteyro, huna *capa* de pamilla et a sua muller, Aldara Afonso, mina curmaa, tres cargas de pan", Portela *Lugo XV*, 1487-abril-17. Lugo, doc. 1369, OR.; "a Juan Marcos si posa vibo despois de min, que lle dian una *capa* de Palencia ou de morillo", Otero *Quiroga*, 1489-maio-27. Carballedo. [O Hospital. Quiroga] (Lu), doc. 49, OR.; "e a Álbaro de Parada outra *capa* do dito pano se fore vibo despois de min", Otero *Quiroga*, 1489-maio-27. Carballedo. [O Hospital. Quiroga] (Lu), doc. 49, OR.; "e a Lope Alonso d'Outeiro otra *capa* do dito pano se for vibo despois de min", Otero *Quiroga*, 1489-maio-27. Carballedo. [O Hospital. Quiroga] (Lu), doc. 49, OR.; "Et mando mays a Afonso de Piegolongo quinentos pares de

brancas pera huna *capa*", Cal *Pedroso*, 1490-xaneiro-4. {1489-marzo-15} [Ferrol] (A Co), doc. 50, OR.; "Yten mando a Alvaro de Layan, meu criado, vna *capa* e vn sayo de palmillae un gibon de sultan", Sánchez *Álvaro Sánchez*, 1493-xuño-12. Santiago de Compostela (A Co), doc. 13, OR.; "Vna *capa* de crymyssý con súa çenessa de ouro", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Vna *capa* negra de bocalán falta", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "et mándolle mays una *capa* e un sayo", Cal *Pedroso*, 1506-marzo-20. Moeche (A Co), doc. 63, OR.; "e despoys quede o meu herdeyro, e mándolle mas una *capa* e un sayo", Cal *Pedroso*, 1506-marzo-20. Moeche (A Co), doc. 63, OR.; "E mando una *capa* a Fernando de Sanfante", Cal *Pedroso*, 1506-marzo-20. Moeche (A Co), doc. 63, OR.; "e mando outra *capa* a Fernando Bogo", Cal *Pedroso*, 1506-marzo-20. Moeche (A Co), doc. 63, OR.; "E mando una *capa* a Vasco de Lousada", Cal *Pedroso*, 1506-marzo-20. Moeche (A Co), doc. 63, OR.; "e mando outra *capa* a Vasco de Lousada", Cal *Pedroso*, 1506-marzo-20. Moeche (A Co), doc. 63, OR.; "e mando a Juan d-Espynaredo una *capa* e un sayo", Cal *Pedroso*, 1506-marzo-20. Moeche (A Co), doc. 63, OR.; "e mando a Juan Díaz una *capa*", Cal *Pedroso*, 1506-marzo-20. Moeche (A Co), doc. 63, OR.; "e mando a Juan de Tumiraos unna *capa* e un sayo", Cal *Pedroso*, 1506-marzo-20. Moeche (A Co), doc. 63, OR.; "e mando que paguen a Fernando e a Gregorio, meus criados, que lles pagen seus alugeyros e lles den a cada un a sua *capa*", Cal *Pedroso*, 1506-marzo-20. Moeche (A Co), doc. 63, OR.

◦ **Cappa** (2): "mando ao prior de Sam Domingo çinquenta moravedís pera hua *cappa*", Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1288-novembro-30. [Ribadavia] (Ou), vol. I, doc. 31, COP.; "Item mando ao prior de Sam Domingo çinquenta moravedís para hua *cappa*", Enríquez *Ribadavia*, 1361-decembro-19. [Ribadavia] (Ou), doc. 4, OR.

◦ **Capas** (12): "et mando Andreu et a Fernando et a Martino senas | sayas de ualenzinas et senas *capas* de picote", Lorenzo *Montederramo*, 1275-maio-4. [Montederramo] (Ou), vol. I, doc. 355, OR.; "Et mando... senllas *capas* de burel de VI varas a capa", Portela *obispado Tui*, 1325-febreiro-20. [Melón] (Ou), doc. 49, OR.; "viueren ena Casa con afonso gomes et con migo senllas *capas* de pano pardo ou de valancina", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1395-[abril-29. Santiago de Compostela] (A Co), doc. XXXIX, OR.; "Item mando aos meus moços Pedro et Fernando panno para sennas *capas* de pardo | ou de morilla", Otero *Quiroga*, 1450-maio-19. Cendemil. [O Valadouro] (Lu), doc. 34, OR.; "Iten devo a Pedro Froyes aquell panno das minnas *capas* pretas, et el ten para en pago desto [...]as de vino rosete [...] | pasado", García&Otero *Santo Sepulcro*, 1467-novembro-18. Pazos de Arenteiro. [Boborás] (Ou), OR.; "Jten quinze *capas* de rricomas de canónigos", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Jten máys outras doze *capas* de rraçoeyros de jayzían", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Jten dúas *capas* de damasco, vna delas de azur e outra | morada con súas çeneffas de ouro", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Dúas *capas* de damasco branco de brocado con súas | cenessas", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Jten tres *capas* brancas con súas çenessas e escudetes", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Outras dúas *capas* brancas de ricomas que non som ricas", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "...que les den de bestir *capas* e sayos e mas mais aos honbres", Uriarte *Roi Xordo*, 1503-[xullo-4. A Coruña] {1457-decembro-24}. [A Coruña], COP.; González Garcés *A Coruña*, 1503, {1457-decembro-24}. [A Coruña], REP.; "...aos honbres depee que comigo andaren de contino a cada uno dozientos mrs. e por conseguinte debe ser *capas* e sayos", Uriarte *Roi Xordo*, 1503 {1457-decembro-24}. [A Coruña], COP.; González Garcés *A Coruña*, 1503 {1457-decembro-24}. [A Coruña], REP.

Unha das voces máis citadas neste *corpus* de estudo é capa, que fai referencia a unha peza de roupa exterior, destinada a protexer do frío e, en ocasións, da auga, e cuxo uso na Idade

Media foi alto, xunto co **manto** (*vid. s.v.*); de feito Menéndez Pidal (1986: 70) indica que no século XIII non hai datos que permitan coñecer as diferenzas exactas entre estas dúas pezas da indumentaria.

Empregárona individuos de ambos os sexos, aínda que como indica Bernis (1979: 68) foi máis habitual na vestimenta masculina, pois baséase na presenza de dous únicos rexistros que documenta de capas femininas, en ambos os casos pertencentes a mulleres de baixa condición social. Esta mesma idea é ofrecida por Fuentes Portillo (1988: 282), quen explica que ao longo da historia a capa foi unha peza (*vid. s.v.* **peça**) utilizada por homes e por mulleres, pero dende a Antigüidade ata o século XIX empregárona máis os homes. Ademais, nas nosas achegas tamén contamos con máis pezas masculinas ca femininas, o cal permite corroborar como a capa debeu ser máis frecuente entre a indumentaria dos homes. De por parte, foi peza de uso xeral entre todas as clases sociais; de feito, no reconto da catedral ourensá cítanse capas de *ricomas* de cóengos («Jten quinze *capas* de rricomas de canónigos») e capas de racioneiros[123] («Jten máys outras doze *capas* de rraçoeyros»). Parellas a estas existiron as capas augadeiras[124], como a citada no testamento de Fernando Martiz («esta mja *capa* agadera»), destinadas a protexerse da chuvia e do frío, con forma rectangular e non circular, como apuntaba a moda da época. Esta peza contaba cun burato circular no medio da tea por onde se metía a cabeza, ao ser unha capa pechada, e habitualmente ía forrada con pel, para illar mellor do frío a peregrinos e camiñantes, que eran os seus usuarios mais habituais (García Cuadrado 1993: 105). Para Guerrero Lovillo (1949: 75) o seu nome ten que ver co tecido tupido do que se elaboraba, o cal a facía impermeable, e non pola capucha que algúns estudosos lle teñen atribuído. Este autor explica que os pregues desta capa caían ata a metade da perna e os laterais quedaban abertos e levaba uns botóns (*vid. s.v.* **botón**) diante para axustarse ao pescozo. A propósito desta roupa de abrigo, as leis suntuarias do ano 1258 advirten de que: «ninguno non traya *capa* aguadera descarlata sinon el rey... e la *capa* aguadera que la trayan dos annos...». En Galicia temos mostra desta peza nun relevo pertencente á fachada norte da Catedral de Santiago de Compostela (hoxe custodiado no Museo da dita sé), en que un campesiño porta unha capa; outra imaxe localizámola no calendario compostelán (séculos XI e XIV), o cal constitúe un bo exemplo do xeito de vestir máis humilde durante a Idade Media (Sánchez Ameijeiras 2016: 214).

Amais, Menéndez Pidal (1986: 71) establece a distinción entre a capa con e sen cordas (*vid. s.v.* **corda**). Explica que a semicircular sen cordas e a de cordas lévana reis, cabaleiros e clérigos. A capa sen cordas, tamén a porta un peregrino nas miniaturas das cantigas marianas e que ten cordas, un infanzón. O autor citado destaca que as pezas con este tipo de suxeición permitían gran liberdade de movementos, de aí que o seu uso se estendese por toda Europa a principios do século XIII.

As teas utilizadas na elaboración das capas variaban dependendo do uso; as empregadas acotío confeccionábanse con **pano** (*vid. s.v.*), utilizado tamén nas capas do noso repertorio, e as máis sofisticadas eran de la (*vid. s.v.* **laan**) de gran calidade, *grana*, pano (*vid. s.v.* **pano**) de Londres, *finamarcha*, pano negro de Florencia, segundo indica Bernis (1979: 68). A elas podemos engadir o **damasco** (*vid. s.v.*) das capas da catedral ourensá, o **tartarisco** (*vid. s.v*), o pano de Aragón, ***morilla*** (*vid. s.v.*), ***bocarán*** (*vid. s.v.* **bocalán**) e **burel** (*vid. s.v.*), que se citan nestas concordancias. Estas capas, adoitaban ir forradas con outros tecidos, ou

[123] Monxe que percibía a ración que os arrendatarios debían, neste caso, á Catedral de Ourense.

[124] Morán Cabanas (2001: 171) explica que a primeira capa aguadeira da que se ten mención aparece citada nunha cantiga de escarnio e maldicir da autoría de Airas Perez Vuitoron e a ela tamén se fai referencia no *Cancioneiro Geral de García de Resende*, ao ser recomendada a Rui Moniz por Fernão da Silveira para as viaxes a cabalo: «ítem *capa* aguadeira e gibam de çatim raso».

mesmo con pel para seren máis abrigosas; de feito, no testamento de Álvaro Fernández de Valadares cítase unha «*capa* enforrada»; precisamente, Menéndez Pidal (1987: 70) explica que estas capas eran denominadas capa pel. Ademais do forro, Morán Cabanas (2001: 170) indica que as capas empregadas por persoas de alta clase social adoitaban confeccionarse con brocados (*vid. s.v.* **brocado**) e con adornos e labores diversos para darlles suntuosidade. Amais, no testamento de Roi González de Chan de Pena noméase unha «*capa* de Palencia ou de morillo», que entendemos que fai referencia ao pano, que procedía da zona palentina.

No tocante ás cores, os nosos exemplos rexistran capas negras, pardas, de seguro que os tons máis frecuentes nesta peza de abrigo de uso cotiá. Con todo, no noso *corpus* documentamos outras de tonalidades máis vivas e moito máis luxosas, a xulgar polas grecas; é o caso das «dúas *capas* de damasco, vna delas de azur e outra | morada con súas çeneffas de ouro»" inventariadas na Catedral de Ourense e destinadas aos actos máis solemnes do dito templo. De luxo tamén parecen ser as «dúas *capas* de damasco branco de brocado con súas | cenessas» e as «tres *capas* brancas con súas çenessas e escudetes» citadas no mesmo documento, en contraposición coas «Outras dúas *capas* brancas de ricomas que non som ricas», as cales debían ser máis modestas.

****

No territorio galego as primeiras atestacións desta voz están datadas entre os séculos X e XI. Nun texto escrito en latín pertencente ao mosteiro de Sobrado (A Coruña), do ano 952, cítase a variante capam: «…albas de sirgo II as líneas IIIes casulas de sirgo IIIor *capam* de sirgo…». Entre os anos 1020 e 1052 un documento pertencente ao tombo de San Xulián de Samos (Lugo) cita: «…et ia *cappa*». A forma actual capa documentámola no ano 1063 nun texto pertencente ao citado tombo do mosteiro de Santa María de Sobrado: «…et accepimus de uobis precium VI denarios, un *capa* parda et XII denarios, precium quod nobis bene placuit». Outra das variantes, kapa, atestámola no ano 1153 tamén nun escrito pertencente ao mesmo tombo: «…tali conditione ut adiuuetis me per singulos annos de una *kapa* et zapatos et uno modio de pane…» -*CODOLGA*. A pesar de que o primeiro testemuño coñecido data do ano 952, Varela Sieiro (2003: 85) dubida da veracidade deste contexto e postula que posiblemente detrás de capas haxa un erro do copista á hora de escribir *capsa*; para postular esta opinión remite á alta frecuencia de inventarios que recollen a secuencia *cruces, capsas, calices et coronas*. En textos escritos en romance, os primeiros testemuños ofréceos a lírica profana na primeira metade do século XIII. Nunha cantiga escarniña o trobador Martin Anes Marinho figura: «E prometeu -m ' el ũa bõa *capa*, | ca non destas maas feitas de luito, | mais outra bõa, feita de gualdrapa, | cintada, e de non pouco nen muito; | e ũa pena, non destas mizcradas, | mais outra bõa, de chufas paradas; | já m ' eu daqui non irei sen a *capa*» -*CMGP*, Ferreiro *Glosario*, *MedDB*, *TMILG* e *VHCPM*. Esta peza exterior tamén aparece citada nunha das cantigas marianas (1264-1284): «E poi -la levou sso ssa *capa* furtada, || en ssa cas ' a foi deitar na camara privada, || des i assentou -ss ' aly e fez gran falimento; || mas o demo o matou, e foi a perdimento» -*DDGM*, *TMILG* e *VHCPM*. Na prosa histórica, nomeadamente na *Cr. Gal* (1295-1312) tamén se ofrece este termo: «Quando el rrey esto oyo, perdeu a grã saña que auya et ouue muy grã plazer, per que podia auer esta mesquita para (a) jgleia da Uirgẽ Santa Maria, [hu] dera a *capa* a Sãt Alyfonso, et que era a pedimento dos mouros» -*DDGM* e*TMILG*. En textos escritos en romance portugués atopamos a primeira atestación no século XIV, en que figura na obra *Orto do esposo*: «E elle [*sc.* o rei], vistido ẽ hũa *capa* estreyta, regia o coro» -*VHCPM*.

No galego moderno, na fala popular, atopamos rexistros da voz capa no García *Glosario* (1985) –*DD*- e no *TLPGP*, cun significado análogo co que conta nos textos antigos. Na escrita, os contextos cos que contamos son numerosos, de feito o *TILG* ofrece 1722 ocorrencias, repartidas en 473 obras distintas. A primeira delas data do segundo terzo do

século XVIII e atópase na obra *Coloquio de 24 gallegos rústicos* (1746) da autoría de Sarmiento: «A vez que non viña, con min derradeiro, na *capa* envrullado axustando o prezo». A partir desta data increméntanse considerablemente os exemplos ofrecidos. De por parte, o *CORGA* tamén ofrece 843 ocorrencias de capa coa acepción que nos ocupa.

No dominio español atestamos capa dende a segunda metade do século X (ano 952) – *DCECH*. En textos en romance os primeiros testemuños achégaos o *Poema de mio Cid* (c. 1140): «Dentro en Valencia mio Cid el Campeador | non lo detarda, pora las vistas de adobó; | ¡tanta gruessa mula e tanto palafré de sazón, | tanta buena arma e tanto buen caballo corredor, | tanta buena *capa* e mantos e pelliçones!» -*CDH*, *CE 1200s-1900s* e *CORDE*. En textos escritos es español na coroa de Aragón, durante o século XV, o *Cançoner d'Estúñiga* (1460-1463) documenta esta voz: «y en ueiendo me luego syn otra pereza / rebuelta en el braço una | *capa* | de lana / salio·me adelante con mucha ardidesa / disiendo escudero quien soys que» -*DiCCA-XV*. Un século despois, no inventario de bens de Juan de Castroviejo (A Rioxa), datado no ano 1545 cítase: «Vna *capa* de veyntedoseno de Segovia, buena» -*CorLexIn*. Tamén o *Repertorio premáticas y cortes* (1551) de Martínez de Burgos cita: «Que no se pueda cortar ni acuchillar una seda sobre otra, si no fuere el aforro de tafetán doble, y no se corte, sino en mangas y cuerpos. Pero los hombres de letras puedan traer *capas* con capillas y vueltas de terciopelo» -*DICTER*. A partir de aquí, o *CE 1200S-1900S* e o *CREA* compilan esta voz ata a actualidade, aínda que en moitos dos casos inventariados a definición non encaixa coa do noso estudo.

Na lexicografía galega, capa xa está presente nos primeiros dicionarios galegos, de feito forma parte dos lemas compilados no Sarmiento *Colección voces* (1746-1770). Nas obras enmarcadas no período premoderno (1863-1985) figura no Pintos *Vocabulario* (c.1865), *RAG 1913-1928*, Carré *Diccionario*[3], Eladio *Diccionario* (1858-1961), Franco Grande *Diccionario* (1972) e Carré *Diccionario-Voc.* (1979) –*DD*. A partir de mediados dos anos 80 do século pasado, coa publicación dos dicionarios de corte normativo, esta voz incorpórase sistematicamente aos lemarios dos repertorios lexicográficos.

No tocante á lexicografía portuguesa, este termo está presente como entrada de dicionario dende a segunda metade do século XVI, en que se ofrece no Cardoso *Dict. ex lusitano in latinum* (1562-1563). A el cómpre engadir o Barbosa *Dictionarium* (1611), Pereira *Thesouro* (1697), Pereira *Frases portuguesas* (1697), Bluteau *Vocabulario portuguez e latino* (1712-1728) e Folqman *Diccionario* (1755) -*CLP*. Con posterioridade, figura nos dicionarios modernos da lingua portuguesa.

No ámbito español tamén se ofrece nos repertorios lexicográficos dende o século XV, en que se publica o *Vocabulario español-latino* de Nebrija (1495) –*NTLLE*. Na fraseoloxía este termo tamén está presente, de feito, podemos reparar na paremia *hacer de mi/tu/su…* capa *un sayo*, en que se cita esta peza exterior para facer referencia á 'maneira de actuar con liberdade nas cousas ou asuntos que son de interese propio'.

Na actualidade as capas, semellantes á medieval, teñen un uso moi restrinxido ao formaren parte das indumentarias asociadas a certos ámbitos laborais, coma o xurídico e o universitario máis protocolario. Para o ámbito cotián, as capas masculinas de la para protexer do frío e da chuvia aínda poden verse en lugares do norte de Portugal, por exemplo Vila Real, onde algúns dos seus oriúndos seguen facendo uso desta peza da indumentaria. A maiores, existe a capa masculina como peza de gala. Ademais, a versión actual da capa feminina é de la ou tea de pano, moito máis curta, e estase impoñendo na moda destes últimos anos.

Cfr. s.v. **capuzo**, **capote**, **cerame**, **crotha**, **manto** e **[opa]**.

Capa vermella que porta San Pedro na pintura mural da Catedral de Mondoñedo cando un anxo o libera da prisión (s. xv)[125]

Retrato de Giovanni Arnolfini de Jan Van Eyck con capa de cor pardo forrada de pel do ano 1435 (Museo Dahlem de Berlín. Óleo sobre madeira)[126]

[125] En liña en: *http://rinconesdelamarina.blogspot.com.es/2014/12/pinturas-murales-de-la-catedral-de_80.html* [Consulta: 18 de abril de 2019].

[126] En liña en: *http://rinconesdelamarina.blogspot.com.es/2014/12/pinturas-murales-de-la-catedral-de_80.html http://museodelarte.blogspot.com.es/2010/06/retrato-de-giovanni-arnolfini-portrait.html?m=1* [Consulta: 18 de abril de 2019].

Reprodución dunha capa medieval de la[127]

Capa (pluvial) do arcebispo Sancho datada no século XIII custodiada na Catedral de Toledo[128]

[çapato] → **[2.2 O CALZADO]**

s.m. (de orixe incerta; entre as posibles orixes cítase o grecolatino *diabathrum* 'sandalia de muller'; o éuscaro, o turco *čabata*, de orixe onomatopeica ou de *sapo* como nome de calzado basto propio para a lama. De todos os xeitos, parece ter a mesma procedencia ca o port. *sapato*, cat. e occ. *sabata*, fr. *savate*, vasco *zapatu* e andalusí *sappát* (mellor *ṣabbāṭun*); incluso en linguas eslavas do norte e en turco habería unha palabra semellante (Varela Sieiro 2003: 126) 'zapato, calzado que non pasa do nocello, de sola na parte inferior e pel na superior'.

> ◦ **Çapatos** (2): "et daredes porla alma de Johan Afonso viinte par de *çapatos* a rromeus de Santiago", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1348-[xuño-9. Santiago de Compostela]

[127] En liña en: *http://www.efeyl.org/tienda/product_info.php?products_id=611&osCsid=28IFYaJQAlfc8s-1cEqoT2* [Consulta: 19 de abril de 2019].
[128] En liña en *http://www.iglesiapueblonuevo.es/index.php?codigo=enc_vestiduras* [Consulta: 18 de abril de 2019].

(A Co), doc. 32, OR.; "mando os meus *çapatos* á miña filla Margarida", Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1519-novembro-28 [O Outeiro. Viveiro. Celanova] (Ou), doc. 122, OR.

A voz çapato cítase en dous testamentos femininos, o de María López, quen ofrece vinte pares de zapatos para os peregrinos que se dirixen a Santiago de Compostela, e Tareixa García de Outeiro, que lle lega os seus zapatos á súa filla Margarida.

Nestes exemplos entendemos que o termo çapatos fai referencia ao calzado que se caracteriza por cubrir o pé ata o nocello. Para Bernis (1979: 30) o calzado pode agruparse en torno a tres tipos: a) os zapatos nas súas diversas modalidades, o caso ante o que nos atopamos; b) o calzado alto, que cubría parte das pernas (borceguíns, botas, etc.) e, finalmente, c) os calzados sen talón, que se levaban conxuntamente con zapatos ou borceguíns[129] (galochas, chinelas, etc.). Con todo, non temos información suficiente para saber como eran os vinte pares que deixa en testamento María López aos peregrinos que van camiño de Compostela.

Beaulieu (1971: 95) indica que no medievo o calzado máis corrente coñecíase como *escotado* e suxeitábase no colo do pé cunha correa ou fibela pequena. Ao lado deste existía a bota cortada, propia do século XII; a ela cómpre engadir os zapatos finos, que podían estar forrados e levar no interior solas de cortiza e, dende o ano 1295, colocáronse baixo os zapatos unhas solas de madeira con correas para protexelos da lama: eran os denominados *patíns*. Oliveira (1993: 30) explica que entre os séculos XIII e XV o calzado apenas sufriu modificacións: «o calçado do século XV continuou a tradição dos *sapatos* bicudos. As pontas ou *sapatos* de ponta terminavam numa longa ponta na parte superior do *sapato*, e dificultariam certamente o andar, pelo que a pontilha curvada, quando levada ao exagero, tinha de se prender no joelho». Engade que «a maior característica desta altura foi o arredondamento do calçado na ponta, moda essa que anteriormente não era dominante. Mas as solas, na maior parte dos casos, continuaram a ser componentes soltos, que se juntavam aos sapatos por intermédio de correias, variando o seu tamanho, por vezes mais altas ou mais baixas. Por outro lado, já era antigo o costume de coser as solas com fio de linho, à moda mourisca». É preciso destacar que o calzado cristián español do século XV foi a herdanza de técnicas e modas musulmás.

No relativo ao calzado feminino, Morán Cabanas (2001: 190) indica que «obedecia em geral ao mesmo formato do masculino, inicialmente bicudo e modelado ao pé. Geralmente os *sapatos* abotoavam-se com botões ou atavam-se por meio dos cordões».

A propósito da elaboración dos zapatos, Menéndez Pidal (1986: 99) explica que os zapateiros os facían de peles moi diversas: carneiro, cabra, badana, sardón, cordobán, e guadamecí (*vid. s.v.* **guadamecil**), as máis frecuentes entre outras moitas. De por parte, Morán Cabanas (2001: 191) indica que «o material por excelência do calçado medieval era o cordovão, pele de cabra macerada e não curtida». Utilizando a pel como materia prima, supoñemos que as cores do calzado adoitaban ter as tonalidades marróns, que en ocasións eran tinguidas para darlles outro aspecto. A mesma autora explica que era moi común que o calzado se tinguise e «eram o vermelho e o preto as cores exibidas com maior frequência nos *sapatos*». Ademais, a estas cores cómpre engadirlles os tons metálicos tamén existentes no medievo, de uso para ambos os sexos; de feito as cortes de Valladolid (1258) prohibiron o uso de zapatos dourados e prateados a certos profesionais como eran os escribáns, besteiros, falcoeiros, etc. De cordobán tamén son os zapatos que calza San Pedro no Pórtico da Gloria (Sánchez Ameijeiras 2016: 222), que ofrecemos na segunda imaxe desta entrada.

[129] Calzado que chega ata un pouco máis arriba do tornecelo, xeralmente aberto por diante e con amallós - *RAG*.

Ao prezo do calzado durante a Idade Media fai mención López Ferreiro (1975: 373), quen cita nun foro da cidade compostelá (1252), dado por Afonso X, o valor desta peza do vestir; o máis elevado era o negro fronte ao dourado, que era algo máis económico: «Otrossi mando que *çapatos* dorados que den vii pares por hun mri, de los meiores (...). Et de los *çapatos* dorados de mugier vi pares por 1 mri, los meiores; et *çapatos* prietos (negros) de cabrito entallados et a cuerda v pares por 1 mr».

****

No ámbito galego documentamos esta voz dende mediados do século XII. Varela Sieiro (2003: 126) ofrece dous exemplos en textos escritos en latín en Galicia; o primeiro deles atéstao no tombo de Sobrado dos Monxes (A Coruña): «pro precio uidelicet, mihi unum mantum et filio meo Petro una equa et una capa et unos *zapatos*» (1150); o segundo, na documentación de Oseira (Ourense): «… unam capa cappam et duos solidos et unos *zapatos*» (1226). En textos escritos en galego este substantivo está presente dende o século XIII. O contexto máis temperán localizámolo en documentos anteriores ao ano 1275, editados por Miguel *doc. XIII*: «dous pares de *zapatos*» -*DDGM*. É preciso engadir o exemplo citado na *Cr. Gal* (1295-1312): «Depoys disto tornouse esse rrey dõ Rramiro aa mõgia, et dalj adeãt[e] cãtaua cada dia missa ao poboo, et os dineyros que llj dauã deytauaos eno *çapato*», neste caso con *ç-* (*TMILG* e *DDGM*); e na lírica profana, en que se cita nunha cantiga escarniña de Fernán Rodríguez Redondo (1300-1350): «Suer Fernándiz, si veja plazer, | veste-se ben, a todo seu poder; | e outra cousa lhe vejo fazer, | que fazen outros poucos no reinado: | sempre en verão lhe vejo trager, | e no inverno, *çapato* dourado» -*CMGP*, Ferreiro *Glosario*, *MedDB* e *TMILG*; este último glosario ofrece a grafía portuguesa con *s-* inicial, sapato. Hai que reparar en que ata o século XIII a maior parte dos contextos recollidos presentan a grafía con *z-* inicial e, a partir desta data, no territorio galego hai un uso reiterado desta voz grafada con *ç-* ata o aproximadamente o século XVIII. En textos portugueses, a primeira atestación deste termo data do século XIV, en que figura na *Crónica geral de Espanha de 1344*: «e os dinheiros que lhe ofereciam deytavaos no *çapato*» -*CP 1300S-1900S*.

No galego, na fala popular, testemuñamos a presenza do substantivo zapato no García *Glosario* (1985) –*DD-* e no *TLPGP*; este último recolle esta voz na provincia de Lugo: nos concellos de Abadín, Vilalba e Xermade (Regueira Fernández 1989); na provincia de Ourense, no Concello de Ramirás (Álvarez Blanco 1974: 82), para referirse ao calzado de festa; e, finalmente, na provincia de Pontevedra: nos concellos da Estrada (Fraiz Barreiro 1974: 112) e Silleda (Bravo Criado 1984: 195). Xunto a estes dous concellos cómpre engadir o Concello de Santa Comba (Seco Fernández 1971: 59), onde a forma rexistrada se realiza con seseo explosivo: sapato. Na escrita, tendo en conta os datos que fornece o *TILG*, zapato cítase en 1.693 ocasións en 461 obras distintas. O primeiro autor que o recolle é o bieito Sarmiento, que no ano 1746 utilízaa 14 veces no *Coloquio de 24 gallegos rústicos*: «Compraba Perucho os *zapatos* vellos, berraba cun saco, para recollé-los». De por parte, no *CORGA* inventaríanse 245 atestacións desta voz.

No español tamén testemuñamos as variantes çapato e zapato; a primeira dende o século XII. A atestación máis antiga está nun documento navarro anónimo, denominado *Fuero de Viguera y Val de Funes* (c. 1130): «Otrossi, si algun omne feriere a otro con piedra o con fust o con *çapato*, e muriere et fuere maniffiesto de la ferida, peche el homizidio» -*CORDE*. O *DCECH* e o *CDH* atestan por primeira vez este termo no *Poema do Mío Cid* (a 1140): «No s' detiene por nada el que en buen ora nació, | calças de buen paño en sus camas metió,| sobr'ellas unos *çapatos* que a grant huebra son». No *Libro de Apolonio* (c. 1240) tamén se documenta esta voz: «¿Dó está Apolonyo, que yo por éll cato? Creyo que non me preçia quanto a su *çapato*» -*CORDE*, *CE 1200S-1900S*. En textos escritos en español na coroa de Aragón durante o século XV, a

primeira atestación coñecida está nun dos pergamiños manuscritos de *Fons Sástago*, procedentes do Arxiu de la Corona d'Aragó de Barcelona (1402 a 1498): «deuo a Cordouj çapatero moro de Çaragoça d aqui a cient sueldos de | *çapatos* | que d'el he tomado empero si mas seran de cient sueldos jurando» –*DICCA-XV*. Séculos despois, localizamos zapato na obra *Vida de San Ildefonso* de Beneficiado de Úbeda (c. 1303): «Non val toda mi cuanto vale un *zapato*» -*CDH*, *CE 1200S-1900S* e *CORDE*. Dende o terceiro cuarto do século XVI, este termo esta presente na *Cosmographía* (1575) de Apiano: «Y, assi, calçavan *çapatos* y andaban con grandes plumajes» (*DICTER*). En inventarios do Siglo de Oro español tamén se achegan exemplos desta voz; no inventario de bens de Hernando Sánchez e de Catalina Martín (Salamanca), do ano 1600 recóllese: «Más, unos *zapatos* de cordován negros, en doze rales, son nuevos» -*CorLexIn*. A partir deste século o uso da forma zapato nos documentos vai en aumento e consolídase como forma do español actual, como así o demostra o *CREA* ao rexistrar 877 casos de zapato empregados en 477 documentos, fronte aos inexistentes exemplos da forma medieval çapatos.

No relativo á lexicografía galega, zapato xa está presente nos primeiros dicionarios galegos. Forma parte dos lemas do Sarmiento *Colección voces* (1746-1770), Sobreira *Papeletas* (1792-1797) Rodríguez *Diccionario c.1854*; nos dicionarios premodernos: Rodríguez *Diccionario 1863*, Pintos *Vocabulario* (c.1865), Cuveiro *Diccionario* (1876), Porto *Diccionario* (c. 1900), Eladio *Diccionario* (1858-1961) e xa no período moderno se inventaría no Carré *Diccionario-Voc.* (1979) *-DD-* e forma parte das entradas dos dicionarios normativos xurdidos a partir dos anos 80 do século pasado.

A lexicografía portuguesa ofrece nos seus repertorios esta voz como entrada de dicionario dende a segunda metade do século XVII, en que se cita no Cardoso *Dict. ex lusitanico in latinum* (1562-1563) –*CLP*.

No ámbito español as obras lexicográficas recollen zapato dende o primeiro cuarto do século XVII, momento en que figura no *Vocabularium hispanicum latinum et anglicum copiossisimum*… (1617), da autoría de Minsheu –*NTLLE*.

A día de hoxe zapato é un substantivo de uso cotián empregado para denominar unha peza fundamental no vestir de homes e mulleres, pois a pesar das variedades de calzado existentes, esta voz segue sendo a forma xenérica de uso habitual.

Cfr. s.v. **[auarca]** e **[sandalia]**.

Zapato do século XII custodiado no Museo de Telas Medievales, sito no Monasterio de Santa María la Real de las Huelgas (Burgos)[130]

[130] En liña en: *http://www.lacasamundo.com/2013/06/el-calzado-en-la-espana-de-la-edad.html* [Consulta: 18 de abril de 2019].

Zapatos de San Pedro no Pórtico da Gloria[58]

capeyrote → **[2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER] [2.1.4 PEZAS PARA A CABEZA] [2.4 ORNAMENTOS LITÚRXICOS]**

s.m. (do gascón *capirot*, der. de *capa* < do lat. CAPPA- 'capa') *'capeirote*, toucado, neste caso masculino, en forma de capucha en punta, que podía quedar levantada ou colgando cara a atrás, e que se estende por debaixo para tapar o pescozo e incluso pode chegar ata os ombros'.

> ◦ **Capeyrote** (5): "Item mando un manto et un *capeyrote*", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1326-[xaneiro-4. Mondoñedo] (Lu), doc. LXXI, COP.; "Item mando un manto et un *capeyrote* que y se duun gamillyn que o dem ao capellan", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1326-[xaneiro-4. Mondoñedo] (Lu), doc. LXXI, COP.; "It. mando á gonzaluo eans de Santa Maria darquos o mellor tabardo et *capeyrote*", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1375-[maio-6. Santiago de Compostela] (A Co), doc. LXXXI, COP.; "It. mando a gonçaluo eans clerigo de S. mamede de pigneyro outro tabardo et *capeyrote* et a ffernam da becerra outro tabardo et huum mantom et huum capeyrote", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1375-[maio-6. Santiago de Compostela] (A Co), doc. LXXXI, OR.; "It. mando... a ffernam da becerra outro tabardo et huum mantom et huum *capeyrote*", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1375-[maio-6. Santiago de Compostela] (A Co), doc. LXXXI, COP.

A voz capeirote cítase nos testamentos do bispo mindoniense Gonzalo de Moscoso e no do cóengo de Santiago chamado Rodrigo Rodríguez. Ambos os dous deixan en legado testamentario este toucado medieval xunto cun **manto** (*vid. s.v.*) e/ou un **tabardo** (*vid. s.v.*), polo que deducimos que era unha peza destinada a tapar o frío e vinculada a outras exteriores de abrigo. De feito, García Cuadrado (1993: 149) e Sousa Congosto (2007: 450) xustifican a orixe do capeirote na capucha que, cando se separou do manto, aproximadamente no século XIII, formou parte illada da peza de abrigo de poñer por riba e, en ocasións, utilizouse para protexerse do sol no verán. Aínda sendo pezas independentes, debía ser habitual confeccionar o tabardo ou o manto combinado co capeirote, xa que nas cortes de Valladolid (1351) se mencionan varias clases de tabardos e indícase: todos eles «cos seus capirotes» (Menéndez Pidal 1986: 86). Durante o século XIII, segundo apunta Bernis Madrazo (1956: 24) non existía moita diferenza entre a peza estudada e a *almuza*.

Menéndez Pidal (1986: 84) explica que os toucados en forma de capuchón, por seren abrigosos, tiveron éxito en todo Occidente e o seu uso estendeuse no século XIII a todas as

clases sociais, aínda que nos nosos exemplos van destinados ao clero. O autor citado diferenza dúas variedades: os abertos por adiante e os pechados. Os primeiros podían abotoarse por atrás, deixando o colo ao descuberto; os pechados, adoitaban colocarse metendo a cabeza pola abertura da cara e, deste xeito, a parte destinada a cubrir o colo quedaba colgando sobre un ombro. A forma en punta, que caracterizaba o capeirote, podía permanecer cara arriba ou dobrábase cara abaixo polo peso. Nos nosos exemplos, descoñecemos o tipo de modelo de toucado.

Esta forma do capeirote sufriu varias modificacións ao longo dos séculos XIV e XV como explica Bernis (1979: 70), fundamentalmente o engadido da cola ou manga, que na época dos Reis Católicos era empregada xunto coa loba[131] polos homes que vestían de dó ou asistían a certas solemnidades relixiosas. A autora tamén indica que os letrados que se distinguiron pola seriedade dos seus traxes usaron este conxunto. Parello a el existía o capeirote de rolo, aparecido pouco antes do ano 1340, e caracterizado polas tres partes ben diferenciadas: o rolo, a beca e a parte que cubría a cabeza, que semellaba unha crista, xurdida da amplitude do pico da capucha, que posibilitaba que se envolvese na cabeza formando un rolo. Amais, os capeirotes destinados ao loito ocultaban practicamente todo o rosro (Bernis 2001: 85).

Das cores dos capeirotes os nosos contextos non dan información, pero nas miniaturas afonsinas representábanse en vermello e azul (Menéndez Pidal 1986: 86) e, de seguro, que o marrón e o negro, moi frecuentes nas pezas de abrigo, tamén foron tonalidades empregadas para a confección deste toucado.

****

No territorio galego, a primeira atestación desta voz atopámola no segundo terzo do século XIII. Johan Baveca, autor de cantigas profanas do que pouco sabemos, compuxo unha cantiga escarniña contra Bernal de Bonaval na cal criticaba o seu xeito de vestir no inverno (1240-1300) e nela ofrece capeirete: «E don Bernaldo, vel en esta guerra, | de quanto vo-lo vosso ome ar mete | aved'ũa capa ou un *capeirete*, | pero capa nunca s' a vós ben serra; | ar queredes-vos vós crás acolher | e cavalgar, e non pode seer | que vos non molhedes en essa terra» -*CMGP*, Ferreiro *Glosario*, *MedDB* e *TMILG*. É moi posible que esta forma capeirete, recollida nestes repertorios, fose unha proposta do editor, Rodrigues Lapa, por cuestións de rima. Un século despois, a *Cr. Troiana* (1370-1373) cita capeyrote: «el tijna hũa capa de feuera tinta en graa et deytou o *capeyrote* atras» -Parker *VCT* (*DDGM*), *CP 1300S-1900S*, *TMILG* e *VHCPM*. A última atestación que temos no galego desta voz data do ano 1432, en que se ofrece nun documento notarial editado polo historiador Ferro Couselo: «Domingo Fernandes, pregoeiro, rematou hun *capeyrote* en Afonso Bernaldes, por XIIII mrs vellos, a pedimento de Afonso Torneiro, tirador da Rúa da Pixutaría» -*TMILG*. No país veciño contamos con documentacións deste termo en dous textos notariais, un deles datado entre 1269 e 1300, que cita: «Item a margarida uicente este meu tabardo e o *capeyrote*...» e outro pertencente á documentación do mosteiro de Santa Cruz de Coímbra, datado entre os anos 1301 e 1400, neste caso como peza da indumentaria relixiosa: «E lhy fez dessa Raçom collaçom prouisom & jnstituçõ jnuestindo o dito Vicente Domĩguez Recebente na dita Raçom cõ todos seus dereitos e perteẽças per aposiçom dhũu *capeyrote* que lhy logo pos na cabeça cometendolhy á ámenistraçon e Regimẽto della e assynaadolhy logar no dito Cabidóó» -*CP 1300S-1900S*.

[131] A *loba* masculina era un traxe de poñer por riba, talar e despegado do corpo. Amais de ser o hábito dos homes de letras, tamén a usaron os nobres, cabaleiros, mozos de esporas, nenos e mulleres (Bernis 1979: 100).

No galego moderno, na escrita, o *TILG* só ofrece 2 casos da forma capeirete, localizados no mesmo texto. Cómpre termos en conta, que ambos os exemplos se citan na obra de Martínez Pereiro titulada *A indócil liberdade de nomear (por volta da "interpretatio nominis" na literatura trovadoresca)*, ensaio centrado no estudo da lírica medieval: «O autor da antoloxía segue basicamente a edición de Lapa, substituíndo no verso 2 *capeirete* por *capoeirete* e no verso 13 poderdes por {poder Deus}, con base nas licións manuscritas do Cancioneiro da Biblioteca Nacional». Con todo, da forma castelá capirote este repertorio ofrece 17 exemplos, repartidos en 9 obras diferentes datadas entre 1923 e 1995. No ano 1923 na publicación periódica *Rexurdimento. Órgao da Irmandade Nazonalista Galega nº 5* (2ª época, número 5) cítase a locución *facer mangas e* capirotes 'facer algo de xeito caprichoso': «E alá entenden-se ben antr'iles pra fagueren de vós mangas e *capirotes*». De por parte, o *CORGA* tamén ofrece 3 casos da voz capirote dende o ano 1987 en que aparece na novela de Bernárdez Vilar titulada *No ano do cometa*: «Mostrábase moi lanzal na sela do cabalo, ondeándolle ó vento o veo que pendía do seu *capirote*».

No ámbito español temos testemuños desta voz a partir de mediados do século XIII; no *DCECH* proponse para caperot o ano 1294, en que se cita nun documento de Valladolid. Uns anos despois rexístrase capirote (c. 1300) e caperote, que se documenta por primeira vez nas cortes de 1351. De por parte, da forma capero temos mostra dende o ano 1258, en que figura na obra *Pere el Gran. Primera part: l' Infant* (1258) de Soldevila: «se confecciona un *capero* con 1,5 palmos de presseet vermell y se emplea también pena vaira» -Gual *Voc. Comercio*. Posteriormente, na tradución da *Crónica de 1344* da autoría de Afonso de Barcelos recóllense as formas capirote e caperote: «Et yendo el asi por la lid commo vos digo vjno ael vn Rey de africa muy mançebo & muy valiente & dio vna espadada tan grande a gustios gonçales por çima del *caperote* quele non presto nada el *capirote* por que era ya todo Roto» -*CE 1200S-1900S*. López de Ayala no *Libro de la caça de las aves* (1386) ofrece caperote, pero de uso no ámbito da cetrería: «Otro sy como dixe prjmero sienpre guarnesçe | tu falcon de buenos cascaueles & buenas | piuelas & buen *caperote*. Ca sy el *capirote* | se daña & moja enlos ojos po[d]rja perder | la vista & auer nuue & esso mesmo escarmjentalo | en manera que aboreçe el *capirote*» -*CORDE* e *CE 1200S-1900S*. Ao lado desta forma documentamos caperot, citada por Fernández de Heredia na *Traducción de vidas paralelas de Plutarco* (1379-1384): «Finalment, quando el uino cerca de Ponpeyo, el tiro su *caperot* & lo quiso poner dauant los piedes de Pompeyo & de echarse el mismo humilment a los genollos de Pompeyo» -*CDH* e *CE 1200S-1900S*. Un século despois, en textos escritos en español na coroa de Aragón, durante o século XV, documentamos capirote, en concreto, na *Crónica de Aragón* de Vagad (1499): «y se dize de su valer. El rey entonce se quito el | *capirote* | de vestir que trahia y le dixo. pues sabed senescal que yo» -*DiCCA-XV*. En textos pertencentes ao Siglo de Oro español atestamos un único caso de caperote no inventario dos bens de Antonia de Moraleja de Ventosa de la Cuesta (Valladolid), do ano 1610: «Yten, vn *caperote* de paño azul | debisado apreziado en catorze | reales»; con todo, da forma capirote rexistramos máis exemplos. O primeiro deles ofrécese no inventario dos bens de Pedro Álvarez de Huelva (1611), no cal se cita: «Yten, vna túnica y *capi|rote* de honbre, de lienso blanco, | en dies y, digo en catorze reales» -*CorLexIn*. A partir desta data a forma que imos atopar nos repertorios do español é capirote -*CDH* e *CE 1200S-1900S*.

No relativo á lexicografía galega, o lema capeirote está presente nos dicionarios dende o período premoderno (1863-1985). Recólleno entre as súas voces o *RAG 1913-1928*, *Carré Diccionario*[1] (1928-1931), *Carré Diccionario*[2] (1933), Ibáñez *Diccionario* (1950), Carré *Diccionario*[3] (1951), Eladio *Diccionario* (1958-1961) e Carré *Diccionario-Voc.* (1979). No entanto, a forma voz capirote só é ofrecida como lema no *RAG 1913-1928* e no Eladio *Diccionario* (1958-1961) -*DD*. Posteriormente, as obras de corte normativo publicadas a partir de mediados dos anos 80 do século XX van prescindir desta forma e, no seu canto, propoñen *caparucha* ou *carapucha*.

As obras lexicográficas do portugués ofrecen, para a nosa acepción, o substantivo capirote, dende finais do século XVII, en que a cita o Pereira *Thesouro* (1697) e, anos despois, o Bluteau

Vocabulario portuguez e latino (1712-1728) -*CLP*. Nos dicionarios modernos ao lado existe o termo *capeirete* ou *capeirote*, co significado de 'pequena capa'.

Os repertorios do español ofrecen a voz capirote, dende finais do século XIV, en que figura no *Vocabulario español-latino* de Nebrija (1495); de caperote o único exemplo témolo no dicionario da Real Academia Española publicado ano ano 1936 –*NTLLE*.

Na actualidade trátase dunha voz en desuso para a cal o galego estándar propón *caparucha* ou *carapucha*, que denomina calquera gorro rematado en punta pola parte posterior.

Cfr. s.v. **chapeu**, **coffea** e **touca**.

Modelo de capeirote pechado (1280-1285) representado no Códice rico das Cantigas de Santa María, custodiado na Biblioteca do Escorial (Madrid)[132]

capote → **[2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER] [2.1.3 TRAXES DE POÑER POR RIBA]**

s.m. (der. de *capa* < do lat. tardía CAPPA, con posible influencia do catalán, occitano, francés e, quizais, italiano –*DCECH*, *s.v.* capa, vol. I) 'capote, peza de roupa exterior, sen mangas, composta por dous panos e unha capucha'.

> ◦ **Capote** (1): "...que sempre nos a feito un bestido de pano preto con chapeu, e un *capoté*", Alonso *Doc. históricos*, 1414. [Ourense], doc. XIX, OR.

No testamento, falso, de Pedro Vázquez de Puga e a súa muller Guiomar Lorenzo de Temes, cítase un capote, peza de uso exterior para poñer por riba da roupa.

A pouca información que atopamos sobre esta peza do vestir veunos da man de Bernis (1979: 72), quen define o capote como «prenda rústica, compuesta de dos paños a modo de escapulario, y de una "capilla" o capuchón». Entendemos que co adxectivo 'rústico' a autora quixo destacar o feito de ser unha peza de uso habitual nas zonas rurais, como así se pode ler nas ordenanzas de *saialeros* de Sevilla (1478), chamados así por traballaren o saial, tea moi basta empregada na confección de costais, mantas de cabalos e mulas, capas (*vid. s.v.* **capa**) de pastor, gabáns de pescador e, tamén, capotes. González Mena (1994: 10) tamén destaca que

[132] En liña en: *http://opusincertumhispanicus.blogspot.com.es/2013/06/el-capirote-chaperon-capiron.html* [Consulta: 18 de abril de 2019].

era de uso frecuente no campo por labregos, pastores, vaqueiros e cazadores.

De por parte, Oliveira (1993: 98) indica que é unha «capa que descia até aos pés, com colarinho e capuz» e, nesta definición e na anterior, queda clara a presenza da capucha como integrante desta peza, ao ser un elemento necesario para protexer a cabeza do frío e da chuvia dos pastores e labradores, que pasaban longas horas ao aire libre e expostos ás inclemencias do tempo. Cítase en varias composicións castelás de temática pastoril datadas no século XV, o cal corrobora o seu elevado uso entre os pastores. Por exemplo, Encina no *Cancionero* escribe: «ya no quiero el caramillo | ni las vacas ni corderos | ni los sayos domigueros | ni el *capote* de pardillo».

O tamaño dos capotes parece que variaba considerablemente duns a outros; de feito os sete capotes que tiña que cortar en Sevilla o aspirante a *saialeiro* oscilaba entre as dúas varas[4] e media e as seis, motivo polo que deducimos que podían ser curtos ou longos (Bernis 1979: 73).

Co paso dos séculos esta peza exterior foi variando timidamente a súa morfoloxía e o seu uso; de feito Chenoune (1993: 37, *ápud* Štrbáková 2007: 31) explica que «el último *capote* largo, holgado, con bolsillos, y sobre todo con varias esclavinas superpuestas, está de moda en Europa hacia 1815, pero su actualidad pasa cuando llega a asociarse, sobre todo, con los cocheros y con otra gente de librea».

Amais, nas orixes do toureo os cabaleiros e axudantes cando saían a lidar de a cabalo servíanse desta peza no seu lance co touro, de aí o nome actual de capote, dado á capa que empregan os toureiros para a lida.

****

No territorio galego non documentamos esta voz nos repertorios consultados, quizais por non ser unha peza de uso moi habitual, como dá a entender a existencia dun único caso no noso *corpus* que, amais, se cita nun documento falsificado. Polo tanto, non podemos considerar a data do noso exemplo, o primeiro terzo do século XV, como a primeira atestación de capote. De por parte, o portugués recolle os primeiros testemuños, no século XV, na obra do dramaturgo Gil Vicente, en que se cita: «Deso esse é *capote* nunca dexá aqui palote ratinho quem te forcase» *-CP 1300S-1900S*.

No galego moderno, na falar popular, o *TLPGP* localiza esta voz no concello pontevedrés de Redondela nas expresións, aínda que pouco precisas, *Esa roda tira* capotes e *Esa roda vai tirando* capotes. Máis adecuada ao noso contexto de estudo é capote *de pardo*, expresión localizada no concello ourensán de Vilariño de Conso (Araújo *et alii* 2006: 117) para denominar unha peza moi semellante á do noso exemplo, salvando os séculos: «prenda de abrigo que empregaba o pastor ou boieiro na época de inverno. A tupida e basta tea de pardo con que estaba confeccionada esta prenda impedía o paso do frío por moi baixas que fosen as temperaturas. Nesta peza distinguimos tres partes ben diferenciadas: unha augadeira, o propio corpo da peza e un gorro». No mesmo concello cítase capote *de encerado*, peza para resgardar da choiva. A presenza deste substantivo no portugués é moito maior. De feito, localízase, de norte a sur, en Alfândega da Fé (Sousa 1955: 278), Vagos (Capão 1957: 263), Fundão e Castelo Branco (Martins 1954: 414), Marvão (Baptista 1967: 358) e Beja (Delgado 1970: 358). No territorio insular tamén está presente no arquipélago dos Açores, nas ilhas do Faial (Baptista 1970: 572) e Terceira (Dias 1982: 438), para denominar unha peza de abrigo feminina; por contra, na ilha de São Miguel (Medeiros 1964: 118) utilízase para denominar 'un traxe rexional actualmente en desuso'.

Amais, o García *Glosario* (1985) –*DD*- ofrece esta voz entre os seus lemas, aínda que a acepción máis próxima ao noso contexto é a de 'abrigo de paja para protegerse del agua'. Na escrita, o *TILG* recolle 189 casos deste termo repartidos en 103 documentos distintos. As primeiras atestacións datan da segunda metade do século XIX, en que figura na obra relixiosa *El evangelio según San Mateo traducido al dialecto gallego de la versión castellana de D. Félix Torres Amat* (1861) de Sánchez de Santa María: «E a quen queira armarche pleito para quitarche | o saio, alargalle tamén o *capote*: E aquel que te fixera ir cargado | mil pasos, vai con el outros dous mil». Na publicación *O tío Marcos da Portela* (1ª época, parrafeos 27-62) -1877- cítase: «Envolto no meu *capote*, i agachado nun asento, alcontrabame ista | tarde no xardín, que anqu'é paseio De lanvita e faldras longas, | non quita que cos deseios d'enterarvos do que pasa...». Resulta interesante observar as franxas cronolóxicas en que se inscriben os exemplos ofrecidos polo *TILG*. Entre os anos 1851 e 1900 rexistramos 31 casos; entre 1901 e 1950, 27; entre 1951 e 1980, 29 ocorrencias e, finalmente, entre 1981 e 2013, 102 exemplos. De por parte, o *CORGA* tamén se fai eco desta voz dende o ano 1976.

No ámbito do español documentamos capote dende comezos do século XV. Baena nas «Poesías» do cancioneiro (1406-a.1435) cita: «...e guardo los metros de la maestría, | e nunca me visto *capote* nin sayo» -*CDH*, *CE 1200S-1900S* e *CORDE*. No século XVI, no inventario de bens de Juan de Castroviejo (1545) ofrécese este substantivo: «Vn *capote* de Londres villaje, andado» -*CorLexIn*. Ademais, nas ordenanzas de sastres (1554) recóllese o seguinte contexto: «Por un *capote* de sayal, dos sueldos» -Gual *Voc. comercio*. Neste mesmo século cita esta voz, coa acepción do noso exemplo, a obra *Diario grande cometa* de Micón (1578): «Como el ladrón, a quien se quexaba d'él, que bien pagaría al juyzio final la capa que le avía hurtado, respondió que, pues tan larga era la paga, bien podía llevarse *capote*» -*DICTER*. Con posterioridade tamén contamos con atestacións desta voz nos repertorios consultados (*CREA* e *CE 1200S-1900S*), pero non todas elas coa acepción do noso contexto.

A lexicografía galega compila este termo dende a época premoderna (1863-1985). Ofrécese como lema, coa nosa acepción, no Pintos *Vocabulario* (c.1865), *RAG 1913-1928* e Eladio *Diccionario* (1958-1961) -*DD*. A partir de mediados dos anos 80 do século pasado, os dicionarios de corte normativo van ofrecer esta voz, pero para facer referencia a unha peza exterior elaborada cuns patróns distintos aos utilizados durante o medievo.

Nas obras lexicográficas do portugués tamén se ofrece capote dende comezos do século XVII, en que figura no Barbosa *Dictionarium* (1611). Amais aparece como lema no Pereira *Thesouro* (1697) e Folqman *Diccionario* (1755) –*CLP*. Nas obras modernas define 'unha peza exterior con capucha', semellante á que temos no noso exemplo.

No que respecta ao español, este faise eco desta voz dende finais do século XV, en que figura este lema no *Vocabulario español-latino* de Nebrija (1495). Con todo, dende comezos do século XX os dicionarios e vocabularios van destacar que se trata dunha peza con menos voo ou roda ca a **capa** (*vid. s.v.*) –*NTLLE*.

Na actualidade o capote adscríbese a certos ámbitos, como é o mundo militar ou a tauromaquia, afastado xa do uso como peza exterior para protexer das inclemencias do tempo.

Cfr. s.v. **balandran**, **capa**, **capuzo**, **cerame**, **crotha**, **garuaya**, **pelle**, **saquillo** e **tabardo**.

cappa *s.f. vid. s.v.* **capa** → **[2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER] [2.1.2 TRAXES PARA VESTIR O CORPO] [2.4 ORNAMENTOS LITÚRXICOS]**

capuçon *s. m. vid. s.v.* **capuzo** → **[2.1 ROUPA DE H OME E ROUPA DE MULLER] [2.1.3 TRAXES DE POÑER POR RIBA]**

capuzo → **[2.1 ROUPA DE H OME E ROUPA DE MULLER] [2.1.3 TRAXES DE POÑER POR RIBA]**

s.m. (do it. *cappucio*, der. de CAPPA 'capa', que en latín designaba unha 'capucha ou capa provista de capucha'- *DCECH*, *s.v.* capucho, vol. I) 'capuz, peza de vestir exterior, ampla e con capucha para protexer do frío e da chuvia'.

> ◦ **Capuzo** (1): "mando a Pero, meu criado... que lle dean un *capuzo* de pardo e un gibón", Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1439-maio-4. [Ourense], vol. I, doc. 74, COP.
>
> ◦ **Capuçon** (1): "Iten a Roy Frade, hun *capuçon* de morilla et outro a Vaasquo Cardeyron", García&Otero *Santo Sepulcro¸* 1467-novembro-18. Pazos de Arenteiro. [Boborás] (Ou), OR.

Nesta entrada achegámonos á voz capuz, que nomea unha peza de roupa de uso exterior a modo de **capa** (*vid. s.v.*), pero con capucha cosida, para resgardar do frío e da chuvia, a cal se cita no testamento de García Díaz de Espinosa, rexedor da cidade de Ourense. Con todo, esta peza ten sido controvertida en canto á súa forma. De feito, Oliveira (1992: 98, *s.v.* capuz) defínea como unha «cobertura de pano com que se resguarda a cabeça, e que em geral pende atrás da capa e presso a ela», contemplando só a parte da capucha e non a peza exterior para abrigar o corpo. No testamento de Xoán de Loureiro localizamos a forma co sufixo aumentativo *–ón*, moi produtivo na lingua.

Sostemos a nosa definición facendo referencia a Covarrubias (1977: 298), quen no *Tesoro de la lengua castellana o española* define esta peza e destaca o gusto que teñen por ela os homes portugueses, que a empregaron ata mediados do século XVI, cando xa tiña pasado de moda no territorio peninsular: «Una capa cerrada larga, que oy día traen algunos por luto; y antiguamente era el ábito de los españoles honrados en la paz, como lo era la toga de los romanos. Los señores portugueses han conservado este hábito con borceguíes y chinelas hasta nuestros tiempos». Morán Cabanas (2001: 172) tamén concorda coa definición do lexicógrafo ao prestar atención ao uso desta peza de roupa no *Cancioneiro Geral* de García de Resende. A autora escribe: «o *capuz* era um casaco, uma espécie de variedade da capa e nao simplesmente um capucho no sentido actual da palavra». Esta mesma definición de capuz é ofrecida por Sigüenza Pelarda (2000: 197), a cal indica que se trataba dunha «capa cerrada con capuchón».

Parece que foi unha peza (*vid. s.v.* **peça**) usada por persoas de todas as condicións sociais e, para os usos máis luxosos, como era habitual na Idade Media, adoitaba decorarse con abundantes e vistosas gornicións, como así mostran algunhas composicións do cancioneiro portugués de Garcia de Resende. Por exemplo, as palabras de João Afonso de Aveiro cando fala do seu «*capuz* pardo, frisado, | alvação, | de veludo bem bordado» -vol. III, núm. 518, 22 (Morán Cabanas 2001: 174).

A propósito da súa confección, malia tratarse dunha vestimenta ampla, os capuces podían ser curtos ou longos e adoitaban facerse de la (*vid. s.v.* **laan**) e outras teas fortes coa finalidade de protexer das inclemencias do tempo; corroboramos isto nunha das concordancias en que se cita «un *capuzo* de pardo» (*vid. s.v.* **pardo**). O outro exemplo, nomea «hun *capuçon* de morilla»

(*vid. s.v.* **morilla**), tamén tecido basto e forte moi empregado na elaboración da indumentaria exterior do medievo. Con todo, neste último caso alúdese a un *capuçon*, que malia non termos datos sobre el entendemos, polo valor do sufixo aumentativo *-ón*, que se trata dunha peza máis ampla, que posiblemente arrastrase polo chan e tivese a capucha de maior tamaño.

Normalmente, o capuz ben podía ter aberturas laterais para deixar libres os brazos, ben pregarse sobre os ombros, o que levantaba o bordo inferior da peza, e pregábaa sobre eles para deixar os brazos libres. Nos seus comezos foi unha peza pechada, pero a finais do século XV tamén se podía confeccionar aberto. Isto supón a presenza de aberturas nos costados ou dunhas partes laterais destinadas a albergar os brazos (Morán Cabanas 2001: 172). A este mesmo patrón na confección da peza alude Sigüenza Pelarda (2000: 197) cando explica que «podía ser completamente cerrada, presentar maneras, o estar abierto en el delantero o un lateral. Lo usaron hombres de toda condición, y entre las mujeres se adoptó como prenda de viaje ("capuz o tabardo de camino"), aunque con la variante de que presentaba mangas flotantes». No Gual *Voc. Comercio* (*s.v.* capuz) cítanse «un *capuz* abierto por los lados», «*capuz* abierto por delante» (1495) e «Por la hechura de un *capuz* de camino, de serga, 65 maravedís» (1499).

****

No territorio galego atestamos esta voz tardiamente, en concreto, no segundo terzo do século XV. Nun documento notarial do concello ourensán editado por Ferro Couselo (1432) cítase: «Iten hun*capuço* de Fernando Sobrán, por XXVI, en Gomes de Bóbeda». Resulta significativo o contexto ofrecido noutro documento (1458), tamén notarial e editado polo mesmo historiador, en que parece establecerse unha distinción entre a capa e a capa de capuz, esta última con capucha: «Hua capa de *capuço* de morilla de Gonçaluo de Ribella» -*TMILG*. O mesmo exemplo de capuz recólleo a Lorenzo *Cronologia* (*DDGM*) e o *TMILG*. No portugués rexistramos a forma capuz dende finais do século XV, en que se cita no *Diário da viagem de Vasco da Gama (O descobrimento das Indias)* -1498: «Naquelle dia que Njcollao Coelho entrou o Senhor que em esta veio ao navio com mujta gente e elle o agasalhou muito bem e lhe deu huũ *capuz* vermelho…» -*CP 1300S-1900S*. Na *Crónica da ordem dos frades menores (1209-1285)*, manuscrito do século XV ofrécese o contexto: «elle traz vestidura rota e pobre e o *capuz* todo rrevollto e despedaçado» -*VHCPM*.

No galego moderno, na fala popular, non localizamos este termo. Para o portugués, o *TLPGP* testemuña capuz en Sines (Caldeira 1960: 278) e na illa do Faial dos Açores (Baptista 1970), aínda que referido exclusivamente á parte destinada a tapar a cabeza. Na escrita, o *TILG* dá conta deste termo relacionado coa indumentaria dende finais do século XIX, pero só co significado de 'capucha'. Lois Vázquez en *Brisas gallegas. Versos* (1890) cita: «O solciño vai perdendo a súa lus; súa crencha vai encollendo i a tardiña, vai cobrendo seu *capuz*». O *CORGA* tamén achega contextos deste termo dende o ano 1984, en que Pena na novela *O reverso do espello* recolle: «Nun momento o *capuz* do que atopara a bala no meu lugar botouse cara atrás», a pesar de tratarse dun contexto pouco claro.

No ámbito español os primeiros testemuños desta voz datan, aproximadamente, do último terzo do século XIV. Villasandino nas «Poesías» do *Cancionero de Baena* (1379-a. 1425) cita: «…todos cobdiçian rasgar su *capuz* | el vil que non teme cara çitatoria | del su santo Papa, muy dulce oroçuz» -*CDH*, *CE 1200S-1900S* e *CORDE*. Nesta mesma época o *DCECH* atesta capuz. Iraduel Muruagen (1974) ofrece un contexto en que queda claro que este tipo de peza era de uso exterior, semellante a unha capa: «Los sastres cobran por hechura de "una loba o un *capus*", de cada uno 15 maravedís» (1462) –Gual *Voc. comercio*. En textos escritos en castelán na coroa de Aragón, durante o século XV, ofrécese este termo dende o ano 1482, en que figura nos pergameos de *Fons Sástago*: «cauallo rosillo que merque de Johan Cutero e seys florines de oro e mj | *capuz* | el negro los quales mando le sian dados lugo…» -*DiCCA–XV*. Posteriormente, en textos españois do Siglo de Oro español recóllese capuz no inventario de bens de Catalina Martínez

(Valle de Guriezo –Cantabria), datado no ano 1667: «Más vn *capuz* biexo» -*CorLexIn*. Dende o século XV o uso desta voz descende considerablemente nos repertorios consultados, de feito no *CREA* só se ofrecen 12 casos, repartidos en 5 documentos, todos eles facendo referencia ao tipo de capa que se cita nos nosos exemplos. Na novela *Saúl ante Samuel* (1980) de Benet Goitia recóllese: «En La odisea de Atenea lo disfraza de mendigo decrépito (Libro XIII) por una nube de polvo que le permite llegar sin ser advertido hasta el mismo centro del banquete donde se celebran los desposorios del héroe con su hado, irrumpe en el momento de su designación para el último combate (tras la derrota) con la gloria; no muestra el desconocido su cara, oculta por el negro *capuz* de la amplia capa peregrina».

Na lexicografía galega ofrécese capuz dende a época premoderna (1863-1985), pero como sinónimo de 'capucha'. Recólleno entre as súas voces o *RAG 1913-1928* e o Eladio *Diccionario* (1958-1961) -*DD*. Con posterioridade, os dicionarios de corte normativo publicados a partir de mediados dos anos 80 do século pasado dan conta desta voz, pero unicamente como 'peza destinada a tapar a cabeza', sexa ou non de uso entre os relixiosos.

As obras lexicográficas do portugués tamén recollen o termo estudado dende comezos do século XVIII, en que a variante capùs figura como entrada no Bluteau *Vocabulario portuguez e latino* (1712-1728), coa mesma acepción ca a estudada –*CLP*. As obras modernas do portugués definen esta peza coas mesmas acepcións ca no galego, ben 'destinada a cubrir a cabeza', ben como 'capelo'.

Por contra, os repertorios do español inventarían este termo dende o último terzo do século XVI, en que Casas o cita no *Vocabulario de las dos lenguas toscana y castellana* (1570). Amais, ao longo da historia lexicográfica do español todas a obras van ofrecer a acepción coa que conta esta voz no noso *corpus*: 'tipo de capa con capucha'. Con todo, capuzón considérase sinónimo de *chapuzón*, ben lonxe do interese do noso estudo –*NTLLE*.

Na actualidade, como xa indicamos, os capuzos seguen existindo, tamén como pezas de roupa, pero cun significado diferente e asociados á indumentaria relixiosa.

Cfr. s.v. **balandran**, **capa**, **capote**, **cerame**, **crotha**, **garuaya**, **pelle** e **tabardo**.

Capuzo verde e vermello na obra de Fernando Gallego *Adoración de los Reyes Magos* (1490-1500), custodiada no Museo de Bellas Artes de Asturias[133]

[133] En liña en: *http://opusincertumhispanicus.blogspot.com/2018/07/el-capuz.html* [Consulta: 18 de abril de 2019].

casula → **[2.4 ORNAMENTOS LITÚRXICOS]**

s.f. (do baixo lat. CASUBLA 'vestidura con capucha', der. de *casa* 'choza' (porque protexía o corpo como unha choza); o paso a casula foi por influencia de *cugula* 'capa con capucha' – *DCECH*, *s.v.* casulla, vol. I; deste mesmo étimo, quizais coa influencia de *cápsula* (<CAPSŬLA-), procede a casula que denomina a 'vaíña que contén as sementes dalgunhas plantas (chícharos, fabas, etc.)' e o 'envoltorio que fabrican certas larvas, coma os vermes da seda') 'casula, vestidura a modo de capa, consistente nunha peza alongada cunha abertura central para pasar a cabeza, que utiliza o sacerdote por riba da alba e da estola para dicir misa'.

> ◦ **Casula** (2): "Vna vestimenta de pontifical con súa cenefa, que he rrica et con | súa alua d'olanda et con amjto, estola, cynta, e manjpolo, | et con seu manto rrico de damasco brocado e con súa *casula* | de lenço en que está goardado", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Outro ornamento negro de terçiopelo dobre con súa *casula* et ceneffa | rrica e dúas almáticas con tres aluas et seus manjpolos e | estolas et todo conprimento", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.
>
> ◦ **Casulas** (2): "Dúas capas de damasco branco de brocado con súas | cenessas; ffaltan as *casulas* delas, que son de lenço", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Faltan as *casulas* de lenço | en que estauan goardadas", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

No reconto da Catedral de Ourense cítase a voz casula, vestidura (*vid. s.v.* **bestidura**) litúrxica que, coma o resto deste tipo de indumentaria para o oficio da misa, ten a súa orixe nas pezas de vestir de uso cotián. Neste caso procede do **manto** (*vid. s.v.*) romano coñecido como *paenula*, elaborado de la (*vid. s.v.* **laan**), cuxa forma era redonda cun buraco no centro para a cabeza e cunha capucha na parte de atrás. No tocante á forma, Miller (2014: 248) explica que «from the twelfth century, the form narrowed, leaving the arms less encumbered. the fiddle-back form dominant in the early modern and modern eras was the end development of this process». Era utilizada como abrigo e a súa lonxitude e forma variaba segundo a clase social do seu portador. Só a partir do século VII o uso da casula queda circunscrito aos clérigos; de feito, no Concilio de Toledo (ano 633) esta peza de roupa é recoñecida como vestidura litúrxica (Luis Sierra, Mantilla de los Ríos y Rojas e María y Benavente 1995: 77).

No que respecta á elaboración da casula, inicialmente, por tratarse dunha peza de roupa profana, era feita con teas grosas, con solidez para a calor e a impermeabilidade. Parellas a estas pezas existían outras casulas máis luxosas, elaboradas con **seda** (*vid. s.v.*) e vinculadas coas igrexas de Occidente máis importantes e con máis recursos económicos. Xa no século IX en Francia as casulas de seda eran moi frecuentes, ata o punto de ter que ser proscritas polo uso abusivo deste tecido, dado que polas relacións comerciais con Oriente, era fácil proverse de tecidos procedentes de Constantinopla, Siria, Persia, Arabia, Exipto e a India. Amais, de seda natural era a casula do arcebispo Rodrigo Ximénez de Rada, datada no século XIII, momento a partir do cal esta peza queda claramente establecida como ornamento litúrxico. Con todo, nestes exemplos extraídos do reconto da Catedral de Ourense, a única información que se facilita das casulas é que eran de lenzo (*vid. s.v.* **lenço**) e, nun dos contextos, parece que é adornada cunha greca (*vid. s.v.* **çeneffa**) rica (*vid. s.v.* **rico**). Normalmente, os ornamentos aplicados a estas pezas podían ser sobrios e limitarse á aplicación de galóns que bordean o escote e descenden perpendicularmente pola parte anterior da casula, ata o bordo. Ás veces, as vestimentas máis luxosas levaban os galóns decorados con fíos de seda e perlas e un bordo inferior con tecido de grande riqueza e distinto á casula (Luis Sierra, Mantilla de los Ríos y Rojas e María y Benavente 1995: 79). Cara

ao século XIV, o escote estaba reberetado cunha peza de tea en forma de T; de aí a disposición en cruz adoptada no século XIV. Esta mesma idea da existencia de pezas sinxelas fronte ás ricas, ofrécea Menéndez Pidal (1979: 138) cando, ao falar da casula, explica que «en la mayor parte de las miniaturas se representa sin otra decoración que la que bordea el cabezón, aunque podemos encontrar una *casulla* profusamente decorada con trifolios de oro y otra con una columna de decoración al frente» (Menéndez Pidal 1979: 138).

As nosas ocorrencias non indican nada das cores das casulas, pero podemos supoñer que eran dalgún dos tons litúrxicos: **verde** (*vid. s.v.*), **vermello** (*vid. s.v.*), **morado** (*vid. s.v.*), **negro** (*vid. s.v.*), rosa ou **branco** (*vid. s.v.*); de feito, desta última cor era a pertencente ao arcebispo Rodrigo Ximénez de Rada.

*****

No territorio galego, documentamos esta voz en textos latinos antes da primeira metade do século X. Nun documento do mosteiro lucense de Ferreira de Pallares (Lugo), datado no ano 937, cítase: «…de uestito uel ornamentum eglesie: uelum principale palleum, *casulla* siricea pallea et alia amarella que direxit ibi mea filia». Tamén na documentación pertencente ao mosteiro de Celanova se ofrece esta voz: «… vestimenta, id est, *casula* una de solidos XX, et alias duas líneas, alias duas;…» -*CODOLGA*. En textos escritos en romance, atestamos casula dende o século XIII. As cantigas marianas (1264-1284) ofrecen o contexto: «como Santa Maria tornou a *casula* blanca que tingiu o vinno vermello» -*DDGM*, *TMILG* e *VHCPM*. No ámbito portugués este termo aparece documentado dende o último cuarto do século IX, en que se recolle «libros *casullas* uestimenta» na Lorenzo *Cronologia* -*DDGM*. Da variante *casulla*, coa grafía antiga, o *VHCPM* ofrece testemuños dende o século XV: «achou hum barom non conheçido o qual lhe deu hũua *casulla* de favas e foi-sse logo daly».

Na fala popular do galego temos unha mostra de casula coa acepción de 'indumentaria clerical' que o *TLPGP* localiza no concello pontevedrés de Campo Lameiro (Castro Iglesias 2010). De por parte, tamén aparece recollida como lema no García *Glosario* (1985) -*DD*. Na escrita ten unha representación bastante reducida; conviven as variantes casulla, posiblemente por influencia do castelán, e casula, coincidente co estándar. Da primeira forma o *TILG* ofrece 22 atestacións, repartidas entre 20 obras distintas, dende a segunda metade do século XIX. Pintos nos *Contos da aldea que parecen historias da vila e historias da vila que parecen contos da aldea* (1858) cita: «Sin amarguras ter; poñedes por *casulla* papeles, e a camisa por alba…». De casula (con 56 casos presentes en 43 textos diferentes) as atestacións máis temperás tamén datan da segunda metade do século XIX. Ao longo dos anos, é de destacar o incremento da forma estándar casula; da que rexistramos 33 ocorrencias entre os anos 1981 e 2013 fronte aos 6 casos compilados da forma casulla, que vai perdendo presenza na lingua. Con todo, a nosa acepción localizámola no ano 1890 na obra *Chorima* de García Ferreiro: «Si a arma nun ombreiro lle recula, solta un terno do largo da | *casula*; si a unha lebre co tiro non ll'acena, o crego en vez | de crego parés hena…» -*TILG*. Algo semellante ao que ocorre no *TILG* pasa no *CORGA*, que tamén cita ambas as variantes. Casulla, citada en 3 casos, con menos representación, figura na novela *Ilustrísima* de Casares (1980): «Recordaba emocionado a tarde en que a nai e as tías, dalle que dalle á agulla, no balcón da horta, entre contos, lle coseran unha *casulla* e unha alba para que poidera xogar aos cregos». Casula, citada en 14 casos, aparece neste *corpus* por primeira vez na obra teatral de Cortezón titulada *Pedro Madruga*: «Paio Veloso: Erguerémolo cerco de Altamira e correremos após da sotaina e da *casula* do Arcebispo Fonseca e do seu irmán don Luis de Acevedo deica Compostela...».

No ámbito español, atestamos casulla no século IX –*DCECH*. Nun documento notarial do mosteiro de San Mamés de Obarenes (Burgos) recóllese casulla aproximadamente entre os anos 1008-1009 nun texto escrito en latín: «et illa serna ad latus de terra de Flaino, de alia pars

iuxta via publica, et duos voves, uno asino, septem carros de cevera inter tritico et ordio, octo libros, *casulla* linea, capas, scamnos, mesas, manteles et carros». Aproximadamente a mediados do século XIII testemuñamos esta voz en diversas obras. Berceo (1246-1252) en *Los milagros de Nuestra Señora* cita: «milagro de la *casulla* de San Ildefonso» -*CE 1200S-1900S*, *CDH* e *CORDE*. A obra anónima *cortes de Coyanza*, datada no ano 1250, ofrece a variante casula: «el preste pora sacrificio ye amito, e alua, e cinta, e manipolo, e estola, e *casula*» -*CORDE*, *CDH*. Unha década despois, no ano 1266, Durán Gudiol nas «Notas de archivo» ofrece o contexto: «e bient sobrepelliços e siet bestimientos e quatro *casulas* e quinze tapetes» -Gual *Voc. Comercio*. Xa no século XVII, no inventario de bens de Ana de Orbea (Guipúscoa) cítase: «Yten, dos *casullas* con sus recados: vna | de damasco blanco bordado, la otra de | rasso colorado prensado con goarni-|ción amarilla». A partir desta data, e en relación co ámbito eclesiástico, recóllese esta voz en todos os repertorios consultados: *CE 1200S-1900S* e *CREA*.

A lexicografía galega faise eco desta voz, coa nosa acepción, dentro do período premoderno (1863-1985). A forma latinizante casulla está entre os lemas do Pintos *Vocabulario* (c.1865). Pola contra, casula é entrada de dicionario no Valladares *Diccionario* (1884), Filgueira et alii *Vocabulario* (1926), Carré *Diccionario*[1] (1928-1931), Carré *Diccionario*[2] (1933), Ibáñez *Diccionario* (1950), Carré *Diccionario*[3] (1951), Eladio *Diccionario* (1958-1961), Franco Grande *Diccionario* (1972) e Carré *Diccionario-Voc.* (1979). As obras xurdidas na época moderna, basicamente nos anos 80 do século pasado ofrecen casula no seu lemario.

As obras portuguesas fanse eco da forma casula e as do ámbito hispánico de casulla, dende finais do século XVI; con todo, no *Diccionario histórico de la lengua española* (tomo II) recóllese a entrada casula, da que se di que é unha forma antiga –*NTLLE*.

Na actualidade, dado o carácter conservador da Igrexa, as casulas seguen manténdose practicamente como eran na Idade Media, a excepción da evolución experimentada ata o século XIX, centrada no estreitamento desta peza e na elaboración deixando libres os brazos (Rivas Quintas 2012: 136).

Cfr. s.v. **abeto**, **[almática]**, **alua**, **amjto, [cotibaldo]**, **[cugulla]**, **estola**, **manípolo**, **mitara** e **ornamento**.

Casulla do século XII[134]

Casulla dos séculos XVII-XVIII[1]

[134] En liña: *http://www.germinansgerminabit.org/gestosliturgicos2011/gestosliturgicos2011.htm* [Consulta: 18 de abril de 2019].

Fresco coa imposición da casula a Santo Ildefonso na na igrexa lucense de San Vicenzo dos Vilares de Guitiriz (século XVI)[135]

cendal → **[3.1 TECIDOS]**

s.m. (de orixe incerta; posiblemente do occ. *sendal*, e este do lat. SINDON, -ŌNIS, con cambio de sufixo; á súa vez este do gr. σινδών, -όνος (*DCECH*, *s.v.* cendal, vol. II); Eguilaz y Yanguas (1970: 368, *s.v.* cendal) explica que a súa orixe está no ár. *sendal*; Alfau de Solalinde (1969: 74, *s.v.* cendal) propón o lat. tardío *SĬNDALE 'pano de seda') 'cendal, tea fina e transparente de liño ou seda'.

> ◦ **Cendal** (2): "Et sé en cas Roy Perez d'Ourense hun destallo, o *cendal* pera manto et pera guardar a corpo de Deus por día de Corpux", Lucas&Lucas *Ramirás*, 1295-agosto-5. [Ramirás] (Ou), doc. 248, OR.; Duro *Ramirás*, 1295-agosto-5. [Ramirás] (Ou), OR.
>
> ◦ **Çendal** (3): "Item mando vender a minna coffea do *çendal*", Enríquez *Ribadavia*, 1361-decembro-19. [Ribadavia] (Ou), doc. 4, OR.; Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1361-decembro-19. [Ribadavia] (Ou), vol. I, doc. 57, OR.; "Item cinquo bestimentas as tres delas gorniçidas nas mangas et faldas de seda con suas stollas et manipulos de *çendal* et de panno de seda", Pérez *Codeseda*, 1419-xaneiro-14/novembro-16. [Codeseda. A Estrada] (A Co), COP.

Nos testamentos de Tareixa Suárez e Xoán Gómez e no inventario de bens do mosteiro de San Xurxo de Codeseda cítase o cendal, como tecido utilizado na elaboración dun **manto** (*vid. s.v.*), unha cofia (*vid. s.v.* **coffea**) e un manípulo (*vid. s.v.* **manjpolo**).

Sobre o cendal atopamos estudosos que indican que se trata dun tecido de **seda** (*vid. s.v.*), como Zanger (1945: 42, *s.v.* cendal), quen o define como «etoffe de soie unie et légère, fort rapprochant de notre taffetas», ou Alfau de Solalinde (1969: 74-75). Por contra, outros investigadores como Martínez Meléndez (1989: 389-392, *s.v.* cendal) postulan que «lo más probable es que el cendal fuese un finísimo tejido de lino en la Edad Media, aunque eso no imposibilita el hecho de que pudiera haberse elaborado con seda en su origen»; a autora baséase en que na *Historia troiana* se fai mención ao cendal que se usaba para vendar as feridas («E sacaronlo entre sus henemigos e liaronle la ferida e apretarongela muy bien con vn paño de *çendal*») e durante o medievo era precisamente o liño (*vid. s.v.* **lino**), e non a **seda** (*vid. s.v.*), o tecido

[135] En liña en*: https://www.sermosgaliza.gal/articulo/cultura/frescos-da-igrexa-vilares-pasan-engrosar-lista-vermella-do-patrimonio/20190508135736079279.html* [Consulta: 18 de abril de 2019].

usado para tal fin. Outros estudosos achegan unha definición máis xenérica ao destacar que se trata dunha tea de liño ou de seda moi delgada, sutil e transparente, moi parecida ao tafetá fino, que a partir do século XV recibiu o nome de *zangalete* (*DHTT*, *s.v.* cendal/cendal, sendal). De todos os xeitos, fose de liño ou de seda, este pano caracterizouse pola súa finura, que o facía apto para a confección de pezas delicadas destinadas a cubrir o corpo ou a portar como pezas interiores; é o caso das camisas (*vid. s.v.* **camisa**), briais (Sousa Congosto 2007: 61-62)[136], toallas (*vid. s.v.* **[toalla]**) ou de certos ornamentos (*vid. s.v.* **ornamento**) litúrxicos. Alfau de Solalinde (1969: 76) distingue tres tipos deste tecido: o dobre, o reforzado e o sinxelo. O cendal reforzado era coñecido como *tercianela* (*vid. s.v.* **terçianel**).

No que respecta ás tonalidades deste tecido, este podía ser de cores diversas, pero parece que o vermello foi a máis popular, seguido do verde e azul. Ao lado destes tamén existiron os cendais raiados (*vid. s.v.* uiado), que combinaban dúas ou tres tonalidades, e os bordados (*vid. s.v.* **bordado**) con **ouro** (*vid. s.v.*), os máis luxosos (Alfau de Solalinde 1969: 76).

A suntuosidade desta estofa xustificou que durante a Idade Media se prohibise o seu uso a determinadas clases sociais, que non se consideraban merecedoras del. Por exemplo, nas cortes de 1258 estipulouse que non o podían empregar os homes ao servizo real; nas cortes de Jerez de 1268 non se permite o seu emprego entre mouros e xudeus e, finalmente, na Sevilla do ano 1337 a súa utilización non era propia de mulleres cuxos homes non tivesen cabalo, barragás e outras mulleres de mala fama na sociedade da época.

A maior parte do cendal de seda durante o medievo importábase de Oriente e dalgunhas das illas do Exeo e do Mediterráneo, pero a finais do século XI comezou a fabricarse nas cidades italianas de Lucca e Venecia (Alfau de Solalinde 1969: 77). De por parte, Martínez Meléndez (1989: 394) afirma que en Toledo tamén se elaborou esta tea durante a Idade Media.

****

No ámbito galego documentamos cendal, como sobrenome, dende o primeiro terzo do século XIII, en que se cita nun documento notarial, escrito en latín, pertencente ao mosteiro ourensán de Montederramo (1233): «Johannes *Cendal* testis» -*CODOLGA*. En textos escritos en romance, os primeiros testemuños localizámolos a partir do segundo terzo do século XIII, data en que se ofrecen en cantigas profanas. Nunha composición escarniña (1240-1300) atribuída a Lopo Liáns e dedicada aos infanzóns de Lemos cítase un brial[3] de cendal: «A mj quer mal o infançon, | a muj gram tort' e sen razon, | por trobadores d'Orzelhon | que lhi cantam a seu brial; | e pesa-m' en e é -m' en mal | que lh' escarniron seu brial, | que era nov' e de *cendal*» -*CMGP*, Ferreiro *Glosario*, Lapa *Escarnho* (*DDGM*), *MedDB* e *TMILG*. Nas cantigas marianas tamén figura este termo, por exemplo na número 35 cítase (1264-1284): «Ca avia y do leite | da Virgen esperital, || outrossi dos seus cabelos | envoltos en un *cendal*, || tod'aquest' en hũa arca | feita d'ouro, ca non d'al; || estas non tangeu o fogo, | mai-lo al foi tod'arder». De por parte, nas cantigas marianas a forma cendal convive con çendal, a variante con *ç*-, tamén presente entre os nosos exemplos; de feito, na cantiga 73 ofrécese o seguinte contexto: «Onde ll' avẽo que na festa de Natal, || que dizian os monges missa matinal, || fillou hũa casula de branco *çendal* || pola yr põer enton sobelo altar» -*CSM* (*DDGM*) e *TMILG*. A prosa histórica faise eco desta voz; na *Cr.Gal* (1295-1312) cítase o contexto que segue: «Et poserõno en hũa sela muy nobre do caualo Baueca, et poseron a sela en hũu caualfuste cono corpo, et vestironllj a carõ hũu cambays de *çendal* delgado» -*DDGM* e *TMILG*. En textos escritos en portugués a presenza deste termo data do século XV, en que figura na obra *Vida e feitos de Júlio César*: «As calças que trazia eram de *cendal*» -*CP 1300S-1900S*.

[136] Peza de roupa, común aos dous sexos, que consistía coma a camisa nunha túnica feita a base de tecidos ricos (Guerrero Lovillo 1949: 103). *Cfr. s.v.* **saia**.

No galego moderno, na escrita, o *TILG* rexistra 66 exemplos de cendal, repartidos entre 36 obras distintas, dende finais do século XIX. Aparece na obra de García Ferreiro titulada *Chorimas*, aínda que se utiliza en sentido figurado: «I aqueles limpos cristales do mar, qu' ó rachar da bruma os sombrizosos cendales, desfán-se en bicos d'escuma contr' os brancos arenales…». Nese mesmo ano, tamén figura na obra de Lois Vázquez titulada *Brisas gallegas. Versos*: «A lousa ond'estaba en cen páledas llamas con forza tremenda fendeu á mitá, i ós aires rubiu unha sombra radiante envolta en finísimo e branco *cendal*». Se observamos a baliza cronolóxica que ofrece o *TILG* para esta voz, comprobamos como entre os anos 1851 e 1900 se inventarían 9 casos; entre 1901 e 1950, 22 exemplos; entre 1951 e 1980, 7 concordancias e, finalmente, entre 1981 e 2013, 33 contextos. A propósito do *CORGA*, este repertorio compila 13 casos deste termo dende o ano 1984, en que se cita na novela de Pena titulada *O reverso do espello*: «Todas ou case tódalas cores esvaíanse entón nun ton entre gris e azul pálido que se ía apoderando de todo de vagar e que remataría –como eu ben vira en días anteriores- por cubri-lo mar e a mesma cidade cun *cendal* de rendas invisibles ou nun dengue distinxido nas mortas horas do lusco»; con todo, en todos os exemplos estamos ante usos figurados.

No español, os primeiros rexistros desta voz datan, aproximadamente, do segundo terzo do século XII. No *Poema de mio Cid* (c. 1140) recóllese o seguinte contexto: «…cavallos gruessos e corredores sin falla, | tanto buen pendón meter en buenas astas, | escudos boclados con oro e con plata, | mantos e pielles e buenos *cendales* d'Andria?» -*CDH* e *CORDE*. Da forma con *ç*-, çendal, o primeiro testemuño localízase a partir de mediados do século XIII, en que figura na obra anónima titulada *Libro de Alexandre* (c. 1240-1250): «Armóse el buen cuerpo, ardid'e muy leal, | vistiós' a la carona un gambax de *çendal*, | de suso la loriga blanca como cristal» -*CDH* e *CE 1200s-1900s*. A partir do medievo este termo vai estar presente nos séculos seguintes, pero máis modestamente. Por exemplo, o *CREA* só achega 9 casos, ofrecidos en 8 documentos distintos, dende o ano 1979, en que cita en *La novela del corsé* de Longares: «…bajo su pulcro y fino cuello bordeado de un *cendal* de gasa, destaca la imperiosa resurrección alzada de dos gigantescos pechazos separados por un firme surco en declive hasta la cintura…».

No relativo á lexicografía galega, rexistramos o lema cendal dende a época premoderna (1863-1985), en que se ofrece, coa nosa acepción, no Eladio *Diccionario* (1958-1961) e Carré *Diccionario-Voc.* (1979) –*DD*. Posteriormente, os dicionarios publicados a partir de mediados dos anos 80 do século XX localizamos esta voz entre as súas entradas.

Con respecto ás obras lexicográficas do portugués, estas ofrecen cendal, aproximadamente, dende o primeiro cuarto do século XVIII en que figura como entrada no Bluteau *Vocabulario portuguez e latino* (1712-1728). Por contra, a variante sendal é máis temperá ao localizármola, dende comezos do século XVII, no Barbosa *Dictionarium* (1611). Tamén figura no Pereira *Thesouro* (1697) e, novamente, no Bluteau *Vocabulario portuguez e latino* (1712-1728) –*CLP*.

Os repertorios lexicográficos do español recollen cendal como entrada de dicionario dende finais do segundo terzo do século XVI, en que está presente no *Vocabulario de las dos lenguas toscana y castellana* (1570) de Casas. A forma sendal, algo máis temperá, recóllese en 8 obras lexicográficas situadas entre os anos 1607 e 1721 –*NTLLE*.

Na actualidade, o cendal segue existindo, a pesar de non ter un uso tan frecuente como tiña no medievo.

Cfr. s.v. **lino** e **seda**.

A raíña Urraca (1081-1126) no tombo A da Catedral de Santiago de Compostela, porta unha túnica elaborada de cendal (Arquivo da catedral compostelá)[137]

çendal *s.m. vid. s.v.* **cendal** → **[3.1 TECIDOS]**

cenefa *s.f. vid. s.v.* **ceneffa** → **[3.3 ELABORACIÓN]**

ceneffa → **[3.3 ELABORACIÓN]**

s.f. (do ár. *sanīfa* 'bordo', 'ourela' –Maíllo Salgado 1983: 222) 'reberete, fita que se coloca como adorno ou como reforzo do bordo dunha peza de roupa, calzado, etc. –*DRAG*).

◦ **Ceneffa** (4): "Vna vestymenta de Damasco branco con súa alua de Bre|tana, et manto de Damasco con súa *ceneffa* dourada, | et manjpolo e estola de Damasco e cynta", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Outro manto branco de Damasco con súa *ceneffa* dourada | e estola e manjpolo", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Vn manto vello de ouro de sarafijs con súa *ceneffa* vella; | falta ho outro conprimento para seer vestimenta conprida", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Outro ornamento negro de terçiopelo dobre con súa casula et *ceneffa* | rrica e dúas almáticas con tres aluas et seus manjpolos e | estolas et todo conprimento", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

◦ **Çeneffa** (2): "Outro manto de chamalote colorado con *çeneffa* de Jhesús | María, sen outro conprimento para seer vestimenta conprida", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Vn manto de ouro bayxo con súa *çeneffa* con vna

[137] En liña en: *http://karrapucho2.blogspot.com.es/2016/09/novecentos-anos-da-doazon-do-mosteiro.html* [Consulta: 18 de abril de 2019].

santa María | enos peytos de follajee e con vn crucifixo ennas espaldas", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

◦ **Cenefa** (1): "Vna vestimenta de pontifical con súa *cenefa*, que he rrica", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

◦ **Çenessa** (1): "Vna capa de crymyssý con súa *çenessa* de ouro", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Falta do memorial vello vna *çenessa* con os doze apóstollos | para frontal d'altar", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

◦ **Çeneffas** (2): "Jten dúas capas de Damasco, vna delas de azur e outra | morada con súas *çeneffas* de ouro", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Jten vn frontal de seda verde prado con armas de Barrentos, | bordado de fí(ll)o de ouro fyno con súas *çeneffas* brancas | de lenço labradas de ouro fyno con súas borlas de seda | branca e colorada, que mandou don Pero da Silua, obispo que foy", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

◦ **Ceneffas** (1): "...et ençima enadido de outro frontal | vello, branco, de Damasco con súas frocaduras et *ceneffas*", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

◦ **Cenessas** (1): "Dúas capas de Damasco branco de brocado con súas | *cenessas*", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

◦ **Çenessas** (1): "Jten tres capas brancas con súas *çenessas* e escudetes", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

No reconto da Catedral de Ourense cítase en máis dunha ducia de ocasións o substantivo cenefa, para facer referencia á 'cinta sobreposta nos ornamentos litúrxicos coa finalidade de adornar'.

Ao lermos os exemplos, comprobamos como esta fita de pasamanaría adornaba frontais (*vid. s.v.* **frontal**), mantos (*vid. s.v.* **manto**), capas (*vid. s.v.* **capa**) e casulas (*vid. s.v.* **casula**) que formaban parte das pezas custodiadas pola sé ourensá. No caso do último ornamento citado, a cenefa tamén se adoitaba dispoñer no medio da peza e acostumaba a ser dunha cor diferente ás dispostas nos lados -*DRAE*.

En varios dos nosos contextos destácase a suntuosidade desta fita («*cenefa*, que he rrica»), que podía contar con diversas tonalidades, pero dadas as pezas que adorna nestes casos, destacaron as de cores douradas («*ceneffa* dourada») ou «*çenessa* de ouro»/«*çeneffas* de ouro», posiblemente bordadas (*vid. s.v.* **bordado**) con fío de **ouro** (*vid. s.v.*). En ocasións estes labores reproducían figuras xeométricas ou elementos da natureza, pero cando se trataba de pezas máis exclusivas recorríase á imaxinería relixiosa coma santos («con *çeneffa* de Jhesús | María» ou «con súa *çeneffa* con vna santa María») ou pasaxes bíblicos («vna *çenessa* con os doze apóstollos») – González Mena 1994: 160. De por parte, podían ir acompañadas doutros elementos de pasamanaría, coma as borlas –*vid. s.v.* **borla**- («con súas *çeneffas* brancas | de lenço labradas de ouro fyno con súas borlas de seda | branca e colorada») e, incluso, levar pedraría. De feito, a casula que ofrecemos na imaxe que acompaña esta entrada conta cunha cenefa central dourada en que se representan imaxes da vida de Xesucristo, en concreto, a dúbida de San Tomás e a Ascensión. Nos bordos vai adobiada con cenefas con motivos vexetais en cor dourada e acompañadas de pedraría.

****

No territorio galego o primeiro testemuño desta voz co que contamos está nos exemplos que ofrecemos nesta entrada, datados a finais do século XV e pertencentes ao inventario da catedral ourensá. Con respecto á lingua veciña, unicamente localizamos unha achega no século XIX, na obra *Lucíola* de Alencar: «Enfiei o olhar pela fresta que deixava a *sanefa* de tafetá na porta envidraçada» -*CP 1300s-1900s*.

No galego moderno, o *TILG* recolle concordancias deste termo dende o último cuarto do século XIX. Na publicación *O tío Marcos da Portela* (parrafeo 54, 23 de novembro de 1884) cítase: «… e aquel cor que festona e debuxa con mau feiticeira nos encaixes do leito d'Aurora douradas *cenefas*». En concreto, este tesouro compila 55 casos, repartidos en 33 documentos distintos.

A propósito do español, documentamos a forma açanafe dende o segundo terzo do século XIV, en que se cita nunha lei de cortes do ano 1348 –*DCECH*. Unha década despois, no *Fuero viejo de Castilla* (1356) faise referencia a: «CENESTA: *Cenefa* (p.e. "çenestas de oro")» -*CDH*. No século XV nas *Cuentas de Gonçalo de Baeça* (1484) achégase o prezo dunha cenefa: «Se compra de un borrador una *çenefa*, por 6.800 maravedís» -Gual *Voc. comercio*. Dous séculos despois, o inventario de bens de Ana de Pedraza (Cuenca), datado en 1622 recolle: «Yten, quatro alfonbras de colores, la vna de dos ruedas grandes de colores,con el cordón de señor San Francisco por la *çenefa*» -*CorLexIn*. Posteriormente, dende o último cuarto do século XX, o *CREA* compila 43 ocorrencias, repartidas entre 34 textos diferentes; isto indica que se trata dunha voz cun uso pouco elevado e, case sempre, vinculado ao ámbito téxtil.

A lexicografía galega ofrece cenefa dende a época premoderna (1863-1985), en que figura no Eladio *Diccionario* (1958-1961) –*DD*. Con todo, as obras de tipo normativo, publicadas a partir dos anos 80 do século pasado ofrecerán a forma *reberete* para o significado estudado.

No relativo á lexicografía portuguesa, esta dá conta desta voz e da forma sanefa, a do portugués actual, dende o primeiro cuarto do século XVIII, en que se ofrece no Bluteau *Diccionario castellano* (1721) –*CLP*.

Con respecto aos repertorios lexicográficos do español, estes ofrecen cenefa dende comezos do século XVII, en que está presente na obra *Diccionarios de los siglos XV-XVIII* (1607) de Oudin –*NTLLE*.

Actualmente, estas fitas seguen formando parte das pezas de roupa, tanto do enxoval persoal coma doméstico, e do calzado.

Cfr. s.v. **[borla]**, **frocadura**, **labor**, **orela** e **ricoma**.

Casula do século XVI con *cenefas* douradas, custodiada na igrexa de San Tomás Apóstol, en Orgaz (Toledo)[138]

çeneffa *s.f. vid. s.v.* **ceneffa** → **[3.3 ELABORACIÓN]**

[çenessa] *s.f. vid. s.v.* **ceneffa** → **[3.3 ELABORACIÓN]**

çeram *s.m. vid. s.v.* **cerame** → **[2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER] [2.1.3 TRAXES DE POÑER POR RIBA]**

cerame → **[2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER] [2.1.3 TRAXES DE POÑER POR RIBA]**

s.m. (de etimoloxía controvertida; Dozy e Engelmann (1869 [1915²]): 368-369, *s.v.* zorame, propón a etimoloxía *solham* ou *selhâm* 'espèce de manteau en drap ou en laine'; Eguilaz y Yanguas (1970: 370, *s.v.* cerome, cerrrome, zorame, zulame, zurame) achega dúas etimoloxías, *selhám* para explicar a orixe das voces *cerrome* e *zerame* e, *sulhám* como étimo de *zorame*, *zulame* e *zurame* e explica que os ditos étimos se atopan en Martín coa acepción de 'capa' e na glosa coa de 'aperta ante'; Steiger (1932: 273, *s.v.* çorame) ofrece tamén como orixe as fomas *sulhâm* e *salhúm*; Neuvonen (1941: 79) propón *ṣarma* como posible étimo; no

[138] En liña en: *http://www.villadeorgaz.es/orgaz-patrimonio-religioso-museo-textiles.html* [Consulta: 18 de abril de 2019].

DCECH (*s.v.* zurame, vol. VI) ofrécese a etimoloxía do árabe *sulhâm*; Corriente (2003: 110, *s.v.* ala(l)me, vol. I) remite ao andalusí *silháma* e di que é unha antonomasia do ár. *salhab* 'longo', co frecuente intercambio de bilabiais; e, finalmente, no Viterbo *Elucidário* (1966: 283, vol. II, *s.v.* zorame ou zurame) dise que é unha capa branca usada polos mouros, no arábigo chamada *solhame* –Varela Sieiro 2003: 116) *'cerame*, peza exterior semellante a unha capa con capucha e aberta por adiante, cuxa orixe é mozárabe'.

◦ **Çerame** (9): "Jtem mando a Marina Eynés Pérez de Sobrado o meu *çera|me* da bruneta", Lorenzo *Montederramo*, 1313-novembro-2. Ourense {1313-outubro-12}, vol. II, doc. 774, OR; "mando... o meu pellote aos clérigos e meu *çerame* que vaa comigo, e myna saya", Fernández Viana *Dozón*, 1328-novembro-23 [Dozón] (Po), doc. 91, OR.; "mando... hun pelot et hun *çerame* nova de valancynna", Vaquero *Celanova*, 1338-febreiro-20. Vilar (Ou), vol. I, doc. 131, OR.; "mando a Maria Yanes que lle quiten o seu *çerame* que iaz per huun moyo de çenteo et que llo dem", Vaquero *Celanova*, 1348-outubro-22. Ourense, vol. I, doc. 140, OR.; "Jtem mando a Tereyia Áluares, mýa criada, hun | *çerame* et hun pellote de uallançyna", Lorenzo *Montederramo*, 1348-outubro-27 {1348-outubro-12}{1325-xuño-23} {1338-decembro-31}, [Maceda] (Ou) vol. II, doc. 1260, OR.; "Jtem mando a Bryngella, mýa criada, hun | *çerame* et hun pellote de uallançyna", Lorenzo *Montederramo*, 1348-outubro-27 {1348-outubro-12}{1325-xuño-23} {1338-decembro-31}, [Maceda] (Ou) vol. II, doc. 1260, OR.; "Item mando mays a mina criada Mar Afonso... huun pelote et huun *çerame* de valançina", Sánchez *ACS*, 1389-agosto-12. Santiago de Compostela (A Co), doc. 34, OR.; "Item a Lionor... huun pelote et huun *çerame* de valançina", Sánchez *ACS*, 1389-agosto-12. Santiago de Compostela (A Co), doc. 34, OR.; "Item a Theriga Gonçales... huun pelote et huun *çerame* de valançina", Sánchez *ACS* , 1389-agosto-12. Santiago de Compostela, doc. 34, OR.

◦ **Cerame** (7): "Mando… os aliofres que andan eno *cerame* lonbardo", Lorenzo *Montederramo*, 1313-novembro-2. Ourense {1313-outubro-12}, vol. II, doc. 774, OR.; "Jtem mando a Tareyia Pérez, moller de Rruý Caluo, o meu *cerame* lonbardo", Lorenzo *Montederramo*, 1313-novembro-2. Ourense {1313-outubro-12}, vol. II, doc. 774, OR.; "Iten mando dar a meu padre Pedro Migueles un *cerame* de balboias de vi varas et xl soldos pera vna pele", Cal *Mondoñedo*, 1321-marzo-10. Vilamor. Mondoñedo (Lu), doc. 84, OR., "iten vn *cerame* de vnde vnna saya de boineta vnna touca de seda et vn atado et as |haurelas", Cal *Mondoñedo*, 1321-marzo-10. Vilamor. Mondoñedo (Lu), doc. 84, OR.; "Mando ao capellan da capella de sam fruytoso os panos que trouxer de cotio *cerame* et pellote et saya et o meu tabardo agoadeyro", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1348-[setembro-14. Santiago de Compostela] (A Co), doc. LXXII, COP.; "Iten mando a María Afonso muller de Roy Boton do Campo un *cerame* de pano de loito", *Col. doc. históricos*, 1435-[setembro-10. A Coruña], vol. I, doc. X, COP.; González Garcés *A Coruña*, 1435-setembro-10. A Coruña, COP.

◦ **Çurame** (4): "et mando a Maria Ramallosa II moyos de pan ao novo (...) *çurame* que gago" Martínez *Trives*, 1291-xaneiro-27. [Sobrado. A Pobra de Trives] (Ou), doc. 83, OR.; "et mando le dar a esta dona Aldora, una saya et hun *çurame* de vallançina" Martínez *Trives*, 1291-xaneiro-27. [San Salvador de Sobrado. A Pobra de Trives] (Ou), doc. 83, OR.; "Et mando a Maria Suarez huna coçedra et hun chumaçon et huna colcha et vi varas de vallatina pera *çurame* et pera saya", Lucas&Lucas *Ramirás*, 1295-agosto-5. [Ramirás] (Ou), doc. 248, OR.; "mando a Moor Suarez hua coçedra et hun chumaço et hua colcha et V varas de vallacina para çurame", Duro *Ramirás*, 1295-agosto-5. [Ramirás] (Ou), OR.

◦ **Çeram** (2): "Mando a Garçía Gomes, meu criado, hua saya e huun *çeram* de Valan", Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1361-decembro-19, doc. 57, OR.; "Jtem mando ao capelán *çeram* et pelote et saya de ua|lançina", Lorenzo *Montederramo*, 1313-novembro-2. Ourense {1313-outubro-12}, vol. II, doc. 774, OR.

◦ **Çeramen** (1): "mando a Santos Garçia meu abade este meu *çeramen*", Pallares&Portela *val Miño*, 1302-novembro-6 [A Guarda], doc. OR.

◦ **Curame** (1): "Et mando a maria ramallosa II moyos de pan ao nouo et o meu *curame* que trago", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1291-[xaneiro-27. Sobrado. A Pobra de Trives] (Ou), doc. LXIII, OR.

◦ **Zerame** (1):"Iten, mando á miña moller un *zerame* de loyto e un pelote", González Garcés *A Coruña*, 1435-setembro-10. A Coruña, COP.

◦ **Cerames** (2): "It. mando... senllos pelotes et *cerames* de uiado et sayas de pano thaao", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1375-[maio-6. Santiago de Compostela] (A Co), doc. LXXXI, COP.; "It. mando a todos los homees de pe que conmigo viuen senllos *cerames* e sayas de uiado et mays C mrs.", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1375-[maio-6. Santiago de Compostela] (A Co), doc. LXXXI, COP.

Varios testamentos masculinos e femininos inventariados no noso *corpus* de traballo ofrecen as variantes cerame, çerame, çeramen, curame, çurame e zerame para definir unha peza (*vid. s.v.* **peça**) exterior semellante á **capa** (*vid. s.v.*) de orixe mozárabe. A propósito da polimorfía gráfica que presenta este substantivo, Varela Sieiro (2003: 117-118) fala das existencia de tres grafías que marcan un son palatalizado (*ç-*, *ȝ-* e *c-*) e, no relativo ao vocalismo pretónico, destaca que o *–e-*, maioritario, vén motivado porque o andalusí só coñece *silháma*; con todo, o *-u-* (ao que engade o *–o-*) parece que se explica como unha forma de interpretar o notario un son que lle resulta estraño ou como distintas variantes dialectais do termo. O *–r-*, que orixinariamente foi un *–l-* ten a súa xustificación, como indica Corriente, nun posible cruce con *siriaco*, por ser Siria un dos lugares de onde chegaban máis tecidos durante a Idade Media.

Oliveira (1992: 98) indica que o cerame é un tipo do **manto** (*vid. s.v.*) do século XIII, pero non fai ningunha achega sobre a súa cor, á que si se refire o Viterbo *Elucidário* cando explica que os mouros denominaban con este termo os seus capotes (*vid. s.v.* **capote**) ou capas brancas. Con todo, parece que a cor branca presente na súa orixe se perdeu na alta Idade Media, xa que Varela Sieiro (2001: 261) inventaría entre os anos 955 e 1154: «una *zoramen* kardena», é dicir, morada escura con tons azulados escuros, un «un *cerame* uiado» (*vid. s.v.* **uiado**), a raias e, finalmente, «un *ceramen* de griseni», que explica que pode ter que ver coa cor gris da pel de esquío utilizada para forrar a dita peza de abrigo.

Os nosos exemplos non transmiten moita información sobre esta peza do vestir. Simplemente nos permiten saber que era de uso tanto masculino coma feminino e que se elaboraba, fundamentalmente, de **valancina** (*vid. s.v.*), tecidos raiados («*cerames* de uiado») e panos (*vid. s.v.* **pano**) de loito ou teas negras («*cerame* de pano de loito» e «un *zerame* de loyto»). Supoñemos que estamos ante pezas talares e de caída libre, dúas características da vestimenta mozárabe. Con todo, é posible que a lonxitude desta peza na Idade Media fose variable, xa que esta estaba condicionada polas varas[4] de tea que se utilizasen na súa confección. Por exemplo, no testamento de Tareixa Pérez disponse de «VI varas» para a elaboración dun cerame e no de Tareixa Suárez as mesmas «VI varas de vallatina» cítanse para repartir entre a feitura dun cerame e dunha saia (*vid. s.v.* **saya**). Varela Sieiro (2001: 261) indica que é posible que esta peza tivese certo valor económico e, á súa vez, contaría cun uso bastante común, de aí que nos ordenamentos mesteirais do ano 1351 se inclúa o cerame, xunto coa *capa*, entre as pezas cuxo prezo se pretende controlar.

****

No territorio galego documentamos esta voz dende a segunda metade do século X. En textos escritos en latín, Varela Sieiro (2003: 117) localiza un exemplo da variante zoramen por

primeira vez no ano 955 (*ẓoramen* kardena). Despois explica que ata mediados do século XII hai unha lagoa, pois dende 1154 e 1250 encóntrase en dez actas, abondas para testemuñar a existencia deste vocábulo no galego-portugués antes do século XIII, que é a data que propón o *DCECH*. O *CODOLGA* corrobora esta explicación ao recoller no ano 1251 un documento pertencente á Catedral de Ourense: «mando domne Orrace sorori mee quolibet anoo unum *ẓurame* de panno de sancto omer et unam pellem cordeiram...». En textos escritos en romance os primeiros testemuños datan aproximadamente da metade do século XIII. Nunha das cantigas profanas de Pero Mendiz da Fonseca (1240-1300) recóllese: «Chegou Paio de maas artes | con seu *cerame* de Chartes» -*CMGP, CP1300S*-1900S, *MedDB* e *TMILG*. Na prosa notarial, un dos documentos máis temperáns que ofrece esta voz está datado entre 1242 e 1252: «...quando fui cono prior a Betanços XIII de que tirey as calças do prior e XVIII no *cerame* de Ioan Sobrino...» -*TMILG*. A variante ceramen tamén se documenta na lírica profana, na obra do autor anteriormente citado: «[E] semlha-me busnardo, | viins' en seu *ceramen* pardo» -*DDGM* e *TMILG*. En textos en romance portugués, atestamos este termo na obra *Décadas de Asia* (década segunda, livros I-X) de Barros, datada no século XVI: «Ao que Afonso de Albuquerque respondeu que, sendo ele capitão-mor de quatro naus, el-Rei Ceifadim, seu irmão, lhe viera falar fora de sua casa em um *cerame*, e que ao presente era Governador da Índia» -*VHCPM*.

No galego moderno non documentamos este termo en ningún dos repertorios consultados, nin na escrita (*CORGA* e *TILG*) nin na fala popular (*ALGa* e *TLPGP*). O derradeiro exemplo co que contamos na actualidade no galego data do século XV; cítase nun testamento do ano 1435, ofrecido entre os nosos exemplos. Na lingua veciña, a derradeira presenza desta voz ofrécea a obra, tamén citada, *Décadas de Asia* (c. 1552) –*TMILG* e *CP 1300S-1900S*.

No español documentamos a variante çulame dende o segundo terzo do século XIII. Ofrécese nun testamento pertencente á Catedral de León datado no ano 1244: «...A Maria Perez ella otra mia colcha. A María Essidrez un *çulame* de picote». Uns anos despois, entre a documentación da mesma catedral atópase outro testamento do ano 1275 que ofrece a variante zulame: «Mando a mía hermana Miasol ela mía piel e el mío *zulame* de estanforte yngnés». O derradeiro testemuño desta voz ofrecido nos repertorios consultados data do ano 1321 e pertence aos fondos documentais da mesma catedral: «Mando a Johán Fernández, clérigo de la Mata, el mío *çulame*» -*CDH*. Non a atestamos en épocas posteriores logo da consulta de diversos repertorios, motivo polo que entendemos que o seu uso chegou ata a primeira metade do século XIV e a partir de aquí esmoreceu ao deixar de utilizarse.

Poucas obras lexicográficas do galego se fan eco deste termo. Con todo, figura como entrada en dous repertorios inscritos na época premoderna (1863-1985); trátase do Carré *Diccionario*[3] (1951) e Carré *Diccionario-Voc.* (1979), nos cales se propón a definición de 'capa grande'. Posteriormente, os dicionarios de corte normativo, publicados a partir de mediados dos anos 80 do século XX, non compilarán este substantivo no seu lemario.

As obras lexicográficas do portugués ofrecen esta voz dende o primeiro cuarto do século XVIII, en que se cita no Bluteau *Vocabulario portuguez e latino* (1712-1728) –*CLP*.

De por parte, nos repertorios do español consultados tampouco atopamos este substantivo (*NTLLE*, *DRAE* e *DUE*).

A día de hoxe trátase dunha indumentaria en desuso na sociedade do momento, aínda que é posible que pezas semellantes sexan empregadas por algúns habitantes nos países árabes.

Cfr. **aljuba**, **balandran**, **capa**, **capuzo**, **capote**, **crotha**, **garuaya**, **pelle** e **tabardo**.

çerame *s.m. vid. s.v.* **cerame** → **[2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER] [2.1.3 TRAXES DE POÑER POR RIBA]**

çeramen *s.m. vid. s.v.* **cerame** → **[2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER] [2.1.3 TRAXES DE POÑER POR RIBA]**

[çercella] *s.f. vid. s.m.* **[çerçelo]** → **[2.3 COMPLEMENTOS]**

[çerçelo] → **[2.3 COMPLEMENTOS]**

s.m. (do lat. CĬRCĔLLU-, derivado de CĬRCŬLU- 'aro') 'aro, pendente en forma circular que vai suxeito ao lóbulo da orella'.

> ◦ **Çerçelos** (1): "mando... hunos *çerçelos* de coraes et a bolsa que se con elles et huna baraça", Graña *Vilourente*, 1403-outubro-21. Vilamor. [Modoñedo] (Lu), doc. 115, OR.
>
> ◦ *s. f.* **Cerçellas** (1): "iten vnnas *cerçellas* que iasen y en sua casa por XXV soldos", Cal *Mondoñedo*, 1321-marzo-10. Vilamor. Mondoñedo (Lu), doc. 84, OR.

Nos testamentos de Dominga Eanes e María Pérez déixanse como legado testamentario uns *çerçelos*, xoias (*vid. s.v.* **[joia]**) para colocar nas orellas, caracterizados pola súa forma circular.

O uso deste tipo de pendentes foi habitual entre os homes e mulleres dende hai máis de 5.000 anos; a pesar disto, nos nosos exemplos entendemos que é unha xoia de uso exclusivamente feminino. O material en que se elaboraban estas pezas eran metais nobres, coma a **prata** (*vid. s.v.*) e o **ouro** (*vid. s.v.*), pero os ourives tamén as podían realizar de metais máis alcanzables economicamente, coma o cobre. En ocasións, como adorno, estas pezas levaban pedras preciosas, ben no aro inferior, ben colgadas na parte interior do aro; de feito, nun dos nosos contextos cítanse uns «*çerçelos* de coraes», polo que interpretamos que este tipo de pendentes eran algo máis valiosos ca os *sarcelos* básicos, só elaborados de metal. No territorio leonés, ao lado deste tipo de pendente, existiron as *arracadas* e os *alcordes*, caracterizados tamén pola súa forma circular e por adornarse con colgantes (Egido Fernández 2010: 110).

Durante a Idade Media cómpre termos en conta que o uso dos toucados (*vid. s.v.* **toucado**) dificultaba moito o emprego de calquera tipo de brinco (*vid. s.v.* **binco**), xa que podía quedar enganchado no tecido. Ademais, os ourives mantiveron as técnicas da xoiería e a arte bizantina ata o século XI, de aí que toda a ourivería cristiá de Occidente seguise baixo a súa influencia artística, que continuaría ata o século XIII[139].

Na actualidade, os aros son unha tipoloxía de pendentes en uso e, en concreto, o concello lucense da Fonsagrada conta cun tipo de brincos denominados aros da Fonsagrada, tamén realizados en metais nobres, orixinariamente en ouro, con posterioridade tamén en prata, e cruzados pola metade do aro cunha vara horizontal en forma de S, cuxa imaxe ofrecemos nesta entrada. Con todo, cómpre destacar que este tipo de pezas non son orixinarias do

[139] En liña: *http://www.esacademic.com/dic.nsf/eswiki/880034* [Consulta: 18 de abril de 2019].

concello lucense, pois segundo a nosa informante[140] chegaron alí da man dos emigrantes en América do sur, posiblemente Arxentina, Cuba ou Perú; eran de tamaño grande e denominábanse 'aros de cabaza' pola forma que posuían[141]. Inicialmente utilizábanse co traxe rexional galego e, despois, elaboráronse en tamaño máis pequeno e de seren lisas, pasaron a ter gravadas e, incluso, na xoiería actual fanse con pedras de acibeche como elemento decorativo. Estas xoias transmitíanse de xeración en xeración entre as mulleres da familia e non se debían sacar nunca por teren unha función protectora e funcionar como amuletos. De por parte, son coñecidos na ourivería da vila portuguesa de Viana as *arrecadas* de Viana, ou o que é o mesmo, aros con filigranas, de orixe castrexa e moi vinculadas ás clases populares a pesar de seren copiadas, con máis sofisticación, polas clases máis acomodadas socialmente. Actualmente, presentan unha forma circular, cunha lúnula na bambolina, SS filigranados e triángulo invertido como remate, como se ofrece na última imaxe desta entrada[142].

****

No territorio galego localizamos esta voz dende o primeiro terzo do século XIV, data en que se inscribe un dos nosos exemplos. Amais, na *Gener. Estoria* (1300-1330) cítase o seguinte contexto: «et donde se vestisem os rreys et as [rreyñas] et os seus fillos et os outros prinçepes et omẽs bõos acada [hũus] cõmo pertéésçem, et buscarõ outrosy moytas maneyras de pẽnas veyras, blancas et outras cõ que afortelezassem os pãnos et se vestissem deles mays apostamẽte et asua prol; et fezerõ sortellas, et aneles, et *çercelos*, et alcordas, et argolas, et todo esto pera sy et pera suas molleres» -Lorenzo *Cronologia* (*DDGM*) e *TMILG*. No portugués non localizamos o termo estudado; con todo, para o substantivo obxecto do noso estudo documentamos *argola* dende o século XIV, en que se cita na *Bíblia medieval portuguesa*: «Enton deu Eliezer a Rebeca vincos d'ouro pera as orelhas, e *argolas* d'ouro [...]» -*VHCPM*.

No galego moderno nin na fala popular nin na escrita localizamos esta voz. Por contra, existen rexistros das formas alternativas *aro* se *arete* no *ALGa* (pregunta 2.339: *Pendentes*), *TLPGP* e García *Glosario* (1985) –*DD*. Tamén na escrita o *TILG* conta con rexistros das formas *aro* (465 casos) e *arete* (25 exemplos) para referirse á acepción estudada; no entanto, *aro* en case todos os contextos inventariados define 'calquera obxecto con estrutura circular'.

No español, atestamos esta voz dende o último terzo do século XIII. Na obra afonsina coñecida como *Estoria de Espanna que fizo el muy noble rey don Alfonsso, fijo del rey don Fernando et de la reyna donna Beatriz* (c. 1270) cítase a forma cerciellos: «E el fuesse pora su madre & tomol los *cerciellos* de /2/ las oreias & enpennolos porque comiesse por el camino» -*CDH* e *CORDE*. Séculos despois, na obra de Fernández de Enciso titulada *Suma de Geographía* (1530): «Los indios que biven en esta tierra tienen los labrios de la boca horadados por quatro partes, y traen *çarcillos* colgados d'ellos y de las orejas» -*DICTER*. Na obra de Martínez Ruiz (1971: 198) tamén se rexistran varias pezas dende o ano 1549, en que figuran nun inventario de Níjar (Almería): «dos *çarcillos* de las orejas». No século XVII no inventario de bens de María Fernández de la Peña (Cañedo, Soba, Cantabria), do ano 1608 cítase: «Yten dos calderas de cobre y un caldero de yierro y tres sartenes y un caço y dos cuchares de yierro y dos asadores y quatro *çarçillos* y un picaçadón» -*CorLexIn*. A partir do século XX, o *CREA* compila 63 casos, entre 46 documentos diferentes, dende o ano 1977 en que figura nunha nova de prensa de temática política: «Ya nos acercamos al final de este

[140] A nosa informante é a historiadora Gloria Fernández Blanco, neta de Balbina Blanco Turia, coñecida como Balbina da casa do Perico, nada no ano 1900, e oriúnda da parroquia fonsagradina de San Martiño de Suarna. Esta última era coñecida na zona polo seu coñecemento de lendas, tradicións e historias da comarca.

[141] De feito Cea Gutiérrez e García Moutón (2001: 343-344) referíndose a Hernando de Cantillana, posiblemente prateiro, que dende Panamá envía á súa muller Magdalena de Cárcenas, residente en Sevilla, varias xoias e, entre elas, cita: «los otros dos pares de *sarcillos* de la propia manera de oro y en forma de calabacillas».

[142] En liña en: *http://www.museudaourivesaria.com/pecas_brincos_arrecadas.htm* [Consulta: 18 de abril de 2019].

espectáculo, que está mejorando a todos los de doña Concha, y hay que preguntarse, antes de la apoteosis final del día 15, en que doña Democracia se paseará por el escenario andaluz con abanico de encajes, *zarcillos* de coral y bata de cola».

Nas obras lexicográficas do galego rexistramos a forma cercillo dende a época premoderna (1863-1985), ao recollerse no Cuveiro *Diccionario* (1876) e no Porto *Diccionario* (c. 1900). A nosa acepción baixo o termo *arete* figura no *RAG 1913-1928*, Filgueira et alii *Vocabulario* (1926), Carré *Diccionario*[1] (1933), Carré *Diccionario*[2] (1951), Ibáñez *Diccionario* (1950), Carré *Diccionario*[3] (1951), Eladio *Diccionario* (1958-1961). Amais, no Carré *Diccionario-Voc.* (1979) ofrécense as variantes cercillo e cercelo. A forma elixida polo estándar, *aro*, localizámola no dicionario da *RAG 1913-1928* e Eladio *Diccionario* (1958-1961) -*DD*. Con posterioridade, os dicionarios publicados a partir de mediados dos anos 80 do século XX, de corte normativo, van recoller para este tipo de pendente baixo a forma *aro*.

A lexicografía portuguesa para o significado estudado ofrece *arracada*, que recolle o Pereira *Prosodia* (1697), Bluteau *Diccionario castellano* (1721) e Fonseca *Parvum lexicum* (1798) –*CLP*.

Os repertorios do español dan conta de cercillo dende finais do século XV, en que se publica o *Vocabulario español-latino* (1495) de Nebrija. De zarzillo, a forma actual no español, só localizamos 7 rexistros, todos eles no segundo e terceiro cuarto do século XIX, dende que o dicionario da Real Academia Española o recolle na súa 7ª edición (1832) -*NTLLE*.

Na actualidade os aros encóntranse entre as pezas de xoiería tanto de homes coma de mulleres e, algúns modelos, coma os xa citados *aros* de cabaza son utilizados, polas mulleres, como complemento do traxe rexional galego.

Cfr. s.v. **[binco]**.

Aro datado entre os séculos XIII e XIV, custodiado no Museo Arqueolóxico Nacional (Madrid) e pertencente ao reino nazarí de Granada[143]

[143] En liña en:
http://ceres.mcu.es/pages/ResultSearch?Museo=MAN&txtSimpleSearch=Zarcillo&simpleSearch=0&hipertextSearch=1&search=advancedUnion&MuseumsSearch=MAN%7C&MuseumsRolSearch=1&listaMuseos=%5BMuseo%20Arqueol%F3gico%20Nacional%5D [Consulta: 18 de abril de 2019].

***Aro* do século XV custodiado no Museo Arqueológico Nacional (Madrid) e pertencente ao reino nazarí de Granada**[144]

***Aros* da Fonsagrada**[145]

***Arrecadas* de Viana**[146]

[144] *Ibídem*.
[145] En liña en: *https://gl.wikipedia.org/wiki/A_Fonsagrada* [Consulta: 18 de abril de 2019].
[146] En liña en: *http://www.museudaourivesaria.com/pecas_brincos_arrecadas.htm* [Consulta: 18 de abril de 2019].

chamalote → **[3.1 TECIDOS]**

s.m. (do fr. antigo *camelot*, forma dialectal de *chamelot* e esta posiblemente do fr. *chamel* < do lat. CAMĒLU- 'camelo' –*DCECH*, *s.v.* camelote) '*camelote*, tecido elaborado con pelo de camelo ou cabra e, xeralmente, con mestura de la, seda ou fío'.

> ◦ **Chamalote** (1): "Outro manto de *chamalote* colorado con çeneffa de Jhesús | María, sen outro conprimento para seer vestimenta conprida", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

Entre as vestimentas ricas citadas no inventario de bens da Catedral de Ourense figura un **manto** (*vid. s.v.*) de chamalote decorado cunha cenefa (*vid. s.v.* **ceneffa**). Segundo indica Martínez Meléndez (1989: 470), trátase dunha voz con diversas variantes nas letras hispánicas: camaloz, chamelot, jamellot, chamelote, chamellot, jamelote e jamelot.

O *chamelote*, tamén coñecido como *camelote*, foi un tecido de alta calidade, impermeable, inicialmente confeccionado con pelo de camelo e, posteriormente, de cabra Armenia; orixinariamente fabricouse en Famagusta, Alepo e no Kurdistán. A escasa produción de pelo de camelo nalgúns lugares provocou que se mesturase con la (*vid. s.v.* **laan**), **seda** (*vid. s.v.*) ou fío, ou ser unicamente de la peiteada. De por parte, dende o século XIII o camelote adoitou fabricarse con pelo de seda; de feito, a denominación de camelotes de seda tamén se aplicou, erroneamente, aos confeccionados en Italia, que levaban ligamento de tafetá, de diferentes cores. Tivo o seu máximo apoxeo nos século XIV e XV, en que os venecianos chegaron a engadirlle ás sedas brocados de **ouro** (*vid. s.v.*) para facer o tecido máis suntuoso. Con posterioridade, tamén se fabricou noutros lugares de Europa, como Amiens, Reims ou Cataluña o que provocou que variasen os materiais de confección ao incorporar os costumes locais; en España, por exemplo, elaborouse unha estofa semellante ao camelote, denominada *orleáns*, que se empregou na feitura de vestidos de verán (*DHTT*, *s.v.* camelote, chamelote/camellot, camelot, xamellot). Esta mesma definición cadra coa ofrecida por Zanger (1945: 38-39, *s.v.* camelot) quen afirma que «Le *camelot* était fait originairement aussi en Asie Mineure avec le poil de chameu. On l?importait en Occident dès avant le XIII^{E} siècle. C' était un drap fin et particulièrement lustré, lisse, non croisé, tissé sur le métier à deux marches, et souvent teint. Il en existait deus espèces: l' un, fait de poil de jeune chameau; l' autre, de fin poil de chèvre d'Arménie. On fit, dès le xiii^{e} siècle, des *camelots* de soie; c' était une belle étoffe de diverses teintes».

Martínez Meléndez (1989: 472) localiza esta voz, identificada cun tecido de seda, nas *Crónicas* dos anos 1482-1490 como tea prohibida aos condenados pola Inquisición: «no pudiesen vestir, ni traer seda, ni oro, ni *chamelote*, so pena de muerte».

No noso exemplo, o chamelote emprégase na confección dunha peza de poñer por riba, como é o manto, pero tamén se utilizou para a confección de pelotes (*vid. s.v.* **pelote**), xibóns (*vid. s.v.* **gibon**), saios (*vid. s.v.* **sayo**), capas (*vid. s.v.* **capa**), casulas (*vid. s.v.* **casula**) e cando levaba seda, para elaborar cortinas e adornos do altar.

Con respecto ás cores deste tecido documentamos, ao comezo da súa produción, a cor natural da pel de camelo ou ovella, pero despois engadíronselle tantas tonalidades como permitiron as tinguiduras da época: azul, branco, escarlata, morado, negro e vermello, entre outros.

****

No territorio galego non atestamos a voz estudada, polo tanto podemos considerar o noso exemplo, de finais do século XV (1493), como a primeira documentación. Con todo, no portugués, temos mostras de chamalote dende o primeiro cuarto do século XV, cando se cita

na *Cronica de Portugal* (1419): «…E mandou dar a cada hum deles dobras e senhos cavalos e senhas peças de *chamalote*» -*CP 1300S-1900S* e *VHCPM*.

No galego moderno, na escrita, o *TILG* achega un único caso deste termo. Data do ano 1996 e está presente na obra de Miranda titulada *O demo á orella*: «Pasaba pola <Rúa Nova> cando ía á cidade a levar a roupa cosida e envexaba as camisas de seda branca azafranada das señoras e as dalmáticas de *camelote* dos cregos, mentres mastigaba algún codelo de pan que por compaixón lle deran na tafona». Como podemos comprobar, trátase dunha voz de uso moi reducido na escrita en galego.

No español os testemuños máis temperáns deste termo datan do segundo terzo do século XIII. No ano 1265, os embaixadores de Armenia ofrecen ao infante don Pedro «4 piezas de *camelote*». No ano 1302 documentamos o contexto «500 sueldos jaqueses, 4 piezas de *camellots* verts e vermells» -Gual *Voc. comercio*. Xa no século XV, recóllese a forma chamelote na obra anónima titulada *El baladro del sabio Merlín con sus profecías* (c. 1400-1498): «E mandole que pusiese en ella un vaso quél traía e que lo cubriese de paños blancos de *chamelote*; e aquél era el sancto Greal; e el que aquella mesa pudiese ver, avría complimiento de su coraçón de todas las cosas» -*CDH* e *CORDE*. Posteriormente, no inventario de bens de Pedro Tomás (Villamuñío, León), datado no ano 1633, recóllese: «Otra sotanilla de *chamelote* viexa» -*CorLexIn*. Con posterioridade, no século XX, o *CREA* achega exemplos, aínda que escasos, das formas chamelote e camelote.

Nas obras lexicográficas do galego consultadas (*DD* e *DRAG*) non localizamos a voz estudada. Por contra, no portugués atestamos o termo chamalote a partir da segunda metade do século XVI. Figura no Cardoso *Dict. ex lusitanico in latinum* (1562-1563), Barbosa *Dictionarium* (1611) e Pereira *Thesouro* (1697). Ademais, chamelote é ofrecido no Bluteau *Vocabulario portuguez e latino* (1712-1728) –*CLP*.

Os repertorios lexicográficos do español dan conta de camelote dende finais do século XVI na obra de Casas titulada *Vocabulario de las dos lenguas toscana y castellana* (1570) –*NTLLE*.

Co paso dos séculos este tecido, documentado dende o século XV e moi usado durante o século XVII (Pérez Toral 2017: 165) foi substituído por outros moito máis asequibles economicamente.

Cfr. s.v. **laan** e **seda**.

[chapa] → **[2.4 ORNAMENTOS LITÚRXICOS] [2.3 COMPLEMENTOS]**

s.f. (de orixe incerta, posiblemente coa mesma orixe ca o occ. *clap*, *clapa*, alto it. *ciap* 'rocha, penedo', especialmente cada un dos diseminados por unha ladeira de montaña, que representan unha base *KLAPPA, de procedencia descoñecida –*DCECH*, *s.v.* chapa, vol. II) *'chapa*, adobío elaborado con pezas pequenas de metal utilizado para adornar a roupa e os complementos'.

> ◦ **Chapas** (1): "Vna mitara rica pontifical de prata esmaltada dourada | gornjçida de alxofar con seus rramales que ten (que ten) seys | *chapas*, cada vna, tres esmaltadas, todo de prata con seus lyones d'axofar et con doze clauos, ennos cavos et |con dúas (et con dúas) pedras de çafíjs azures e ençima enna| faz delante ten douss çafíjs en súas cayxas et con outras tres | pedras grandes de color de alunbre, et desta parte da façe | falta vna pedra porque a furtaron a quen foy prestada; et | da outra parte ten un cafý grande azur et ten máys vn rrouj | et outra pedra de color de alanbre", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

No inventario da catedral ourensá cítase unha mitra (*vid. s.v.* **mitara**) con ramais (*vid. s.v.* **[ramal]**) adornada con chapas.

Durante o medievo as pezas de roupa e complementos máis luxosos adoitaban ir adornados con apliques diversos, tal é o caso das chapas que serven de adobío á mitra pontifical citada entre os bens da Catedral de Ourense. Segundo explica García Rodríguez (1989: 129) estas pezas ornamentais están elaboradas con láminas pequenas de metal de diversas formas, que de seguro, a modo de cravos, ían incrustadas nas teas.

A cor dalgunhas das chapas citadas no exemplo posiblemente fose prateada, pero tamén podían ser de **ouro** (*vid. s.v.*) ou tonalidade dourada ao contar cunha tinguidura da cor do ouro. Amais, neste exemplo concreto, temos indicacións de que tres das seis chapas estaban esmaltadas, posiblemente en cor vermella ou dourada, moi habituais nas insignias pontificais máis ricas (*vid. s.v.* **rico**). De por parte, é posible que existisen chapas doutros metais, coma o estaño e o cobre, destinadas a adornar pezas menos suntuosas.

***

No ámbito galego documentamos a voz chapa, como antropónimo, dende a segunda metade do século XIII en textos latinos, con todo posiblemente se trate dun sobrenome toponímico. Como substantivo pertencente ao léxico común as primeiras atestacións datan da segunda metade do século XIV, en textos escritos en romance. Na *His.Troyana* (1350-1399): «Et por seer mays preçado avia as [rrodas] pregadas cõ *chapas* d'ouro ben feytas et ben obladas [en deredor] cõ belmazes» e na *Cr. Troiana* e Parker *VCT* (1370-1373): «Et por seer mays preçado au' ja as rrodas todas pregadas en derredor de belmazes, cõ *chapas* d'ouro ben feytas et ben obradas et au' ja o eixo et o pontil et todo o al de marfil» -*DDGM* e *TMILG*. No portugués, tamén se rexistra dende o século XIV, en que se ofrece nunha obra sobre o vocabulario da lingua veciña do século citado, en concreto, do ano 1364: «com vinte e sete *chapas*… com *chapas* de prata» -Lorenzo *Cronologia* (*DDGM*).

No galego moderno, na fala popular, coa nosa acepción, este termo está presente no García *Glosario* (1985) –*DD*- e no *TLPGP*. No *TLPGP*, rexistramos chapra na Estrada (Fraiz Barreiro 1974: 117), aínda que referido a un 'cravo curto con cabeza grande'. Na escrita, o *TILG* ofrece esta voz dende a segunda metade do século XIX; na obra de Amor Meilán titulada *O camiño real* (1889) cítase un contexto moi relacionado co noso exemplo: «Aló lonxe vexo brilar unhas cousas que relocen coma o ouro. Son as *chapas* que nos sombreiros levan os peós camiñeiros… Xa os vexo ben». O *CORGA* tamén ofrece concordancias desta voz dende o último cuarto do seculo XX.

No español documentamos o termo chapa dende a segunda metade do século XIV. A primeira atestación está na obra anónima coñecida como *Gran crónica de Alfonso XI* (c. 1348-1379): «E despues que ouieron comido, dio el rrey de Granada a rrey de Castilla de sus joyas | as mas nobles que el tenia e pudo auer; especialmente vna espada guarnida la vayna toda cubierta de *chapas* de oro que auia en esta vayna muchas esmeraldas e rrubies e çafires e pieça de aljófar grueso» -*CDH*. Neste mesmo século localizamos chapa na *Gran conquista de Ultramar*: «E el engeñio engeñio que diximos que dezian carnero con que hauian de ferir enel muro para quebrantar le era ferrado delante con vna *chapa* de fierro en que hauia cinco clauos que tenia cada vno dellos las cabeças grandes como cabeça de vn niño:…» -*CE 1200s-1900s*. No ano 1483 na relación de contas de Gonzalo de Baeza cítanse: «unas *chapas* para las riendas» -Gual *Voc. comercio.* Xa no século XX, o *CREA* inventaría 604 casos dende o último cuarto do século pasado, aínda que non todos coa acepción que nos ocupa.

Na lexicografía galega rexístrase chapa dende a época premoderna (1863-1985), en que figura, coa nosa acepción, no Eladio *Diccionario* (1958-1961) –*DD*. Posteriormente, os dicionarios, de corte normativo, publicados a partir de mediados dos anos 80 do século pasado, dan conta deste termo para definir calquera 'lámina de madeira ou de metal'.

Os repertorios lexicográficos do portugués ofrecen esta voz dende o segundo terzo do século XVII. Figura no Cardoso *Dict. ex lusitanico in latinum* (1562-1563), Barbosa *Dictionarium* (1611), Pereira *Thesouro* (1697) e Folqman *Diccionario* (1755) -*CLP*.

De por parte, as obras lexicográficas do español van inventariar esta voz entre os seus lemas dende finais do século XV, en que se rexistra no *Vocabulario español-latino* (1495) de Nebrija – *NTLLE*.

As chapas seguen formando parte dos adobíos de certas pezas de roupa, calzado e complementos, sexan do ámbito relixioso ou civil e nestes últimos anos están moi en voga no mundo da moda.

Cfr. s.v. **mitara** e **[rramal]**.

Mitra con chapas[147]

chapeu → **[2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER] [2.1.4 PEZAS PARA A CABEZA]**

s.m. (do fr. *chapeau* < der. do lat. CAPPA- 'capucha') 'chapeu, peza de vestir destinada a cubrir a cabeza'.

> ◦ **Chapeu** (1): "...sempre nos a feito un bestido de pano preto con *chapeu*, e un capote" Alonso *Doc. históricos*, 1414. [Ourense], doc. XIX, OR.

No falso testamento de Pedro Vázquez de Puga e da súa muller Guiomar Lourenzo de Temes[148] ofrécese como legado testamentario un chapeu, peza utilizada para cubrir a cabeza, na cal imos centrar a nosa análise.

[147] En liña en: *http://squitel.blogspot.com.es/2013_02_01_archive.html* [Consulta: 18 de abril 2019].
[148] Alonso (1900: 304-308).

A información que nos proporciona o único exemplo que temos da voz chapeu é que se trata dunha peza de uso feminino que vai acompañada dun vestido de **pano** (*vid. s.v.*) negro e, tendo en conta os costumes da época, posiblemente se tratase dunha indumentaria de loito. Morán Cabanas (2001: 201) indica que no *Cancioneiro Geral* a voz chapeo só se rexistra nunha composición na cal se fai mofa dun individuo que leva posto un de seda azul, a cor relacionada cos ciúmes. A rúbrica da composición di: «Trovas que mandou Joam Rodriguez a Dom Pedro d'Almeida porque ele e Simão da Silveira lhe queriam fazer trovas a ũu *chapeo* azul de seda, | que trazia» (vol. II, nº 474, 449). A **seda** (*vid. s.v.*) azul deste chapeu é a que nos permite supoñer que se trataba dun exemplar de luxo, ao ir forrado, sabemos que por fóra, e posiblemente tamén por dentro, con seda, ocultando a palma, a palla ou a la (*vid. s.v.* **laan**), da que sería confeccionado (Bernis 1979: 125). Probablemente o chapeu do noso exemplo tamén tivese estas mesmas características e estivese forrado de tecido negro, ao aparecer inventariado xunto cun vestido (*vid. s.v.* **bestido**) desa cor. Este tipo de peza para cubrir a cabeza parece corresponder coas definicións que no ámbito castelán se dan de *sombrero* ou de *capell de sol* no territorio aragonés e catalán.

Para Menéndez Pidal (1986: 86) é unha peza de uso exclusivo para aquelas persoas que precisan protexerse do sol, como camiñantes, peregrinos, viaxeiros, labradores e segadores, pois tiña a función de facer sombra ao seu portador grazas á aba. Os chapeus de traballo adoitaban levar unha cinta atada por debaixo do papo, para facilitar os movementos. De non estaren forrados, as súas tonalidades eran a cor natural dos materiais en que se elaboraban e se eran de la, normalmente eran brancos, pardos ou negros.

A día de hoxe sabemos que existían os que tiñan a copa redonda, os máis frecuentes, e os de copa afiada, menos comúns na sociedade medieval. Bernis (1979: 125) fai, amais, unha clasificación destas pezas da cabeza tendo en conta se se elaboraban con la de pelo curto, denominados *rasos* ou *pelados*, ou de pelo longo, chamados *frisados* ou *vedijas*. Ambos os dous modelos podían acompañarse con borlas, trenzas e, con menor frecuencia, plumas; ademais, no medievo tamén se levaban sobre outro tipo de toucados como cofias (*vid. s.v.* **coffea**), bonetes[149] e toucas (*vid. s.v.* **touca**).

****

No ámbito galego non atopamos testemuños desta voz en ningún dos repertorios consultados (*DDGM* e *TMILG*) e non que imos considerar a data do noso exemplo, o ano 1414, como a primeira datación por tratarse dun documento falsificado. Por contra, nunha das cantigas marianas cítase *sombreiro*, termo sinónimo ao estudado: «un *sombreir*'en sa testa» -*DDGM*. En textos portugueses atestamos a forma chapeu dende finais do século XV. De feito, no *Diario da viagem de Vasco da Gama* (1498) cítase a variante chapeo: «E o capitam moor lhe mandou dizer que ao outro dia hiri peraa dentro do porto, e mandoulhe logo pollos mesegeiros huũ balandrao e dous rramaees de coraees e tres baçias e huũ *chapeo* e cascaves e dous lambes». Da forma chapeu os primeiros testemuños datan de finais do século XVI, en que se recolle na obra de Couto titulada *Soldado prático* (1588): «…a par dele um dos soldados deste tempo, com uma capa bandada de veludo, coura e calções do mesmo, meias de arretros, *chapeu* com fita de ouro, espada e adaga dourada, barba rapada ou muito tosada, topete muito alto…». Da forma sinónima *sombreiro* temos rexistros máis temperáns no portugués; en concreto, en *Os primeiros 14 documentos relativos à Armada de Pedro Alvares Cabral* (1499-1500) ofrécese o seguinte contexto: «Aly nom pode deles aver fala nem entendimento que aproveiasse polo mar quebrar na costa, soomente deu lhes hũu barete vermelho e hũua carapuça de linho que levava na cabeça e hũu *sombreiro* preto» -*CP 1300s-1900s*.

[149] Adorno para a cabeza que consistía nunha copa (bonete sinxelo) ou nunha copa con volta dobrada que a bordeaba (bonetes dobrados) (Bernis 1979: 60-61).

No galego moderno, na fala popular, existen varios testemuños desta voz. O *ALGa* (pregunta 2.329: *Sombreiro*, *chapeo*) rexistra as formas chapeu, chapeu, chapeio, chapleu e chapó en varios concellos galegos, con maior presenza nas provincias de Ourense e Pontevedra, e tamén en cinco puntos do territorio leonés e nos concellos zamoranos de Porto e Lubián. De por parte, o *TLPGP* tamén ofrece rexistros de chapeu en varios puntos de Galicia e Portugal: na provincia de Lugo, no Concello da Fonsagrada (Santamarina Fernández 1967: 80) e na provincia de Pontevedra en Cangas (González González 2002: 445) e Silleda (Bravo Criado 1984: 80). No país veciño hai rexistros de chapéu, de norte a sur, en Sátão (Carvalho 1970: 496), Sabugal (Braga 1971: 310, tchapéu), Marvão (Baptista 1967: 359, chapé) e Beja (Delgado 1970: 359). No territorio insular, localizamos un exemplo do diminutivo chapeuzinho na ilha do Faial, nos Açores (Baptista 1970: 577, chapèzinho). Con todo, cómpre destacar que a forma *sombreiro* é maioritaria nos repertorios consultados. Na escrita, temos contextos temperáns de chapeu dende o período dos Séculos Escuros. Feixoo de Araúxo no *Entremés famoso sobre da pesca do río Miño* (1671) recolle: «Eles viran, craro está, cunha | migalla de espada, un pestoletazo á sinta, unha adarga atravesada, | unhas galletas nas pernas ichando catro pernadas, impipinando | o *chapeu*, pondo unha man na illarga, facendo mil cirimonias | e cousas nunca contadas». Malia que a forma máis habitual é chapeu, o *TILG* tamén recolle exemplos da variante chapeo; o primeiro deles cítao o bieito Sarmiento no *Coloquio de 24 gallegos rústicos* (1746): «O noso patrón, santiño ben feito, da barba dourada, | que está no seu eido sentado e vestido cal for a romeiro, con | súa escraviña e co seu *chapeo* que ten muitas conchas só do mar | do reino, conchiñas vieiras abondo e a desexo». En total, o *TILG* ofrece 528 casos deste termo repartidos en 241 obras diferentes. Se reparamos na baliza cronolóxica fornecida por este tesouro, podemos comprobar como o uso desta voz aumenta progresivamente co paso dos séculos. Entre 1612 e 1800 rexistramos 3 casos; entre 1801 e 1850, só 1; entre 1815 e 1900, 57 ocorrencias; entre 1901 e 1950, 159 casos; entre 1951 e 1980 hai un pequeno descenso, con 104 atestacións e, finalmente, entre 1981 e 2013, 204 casos. Resulta interesante cotexar estes datos cos 1.223 contextos de *sombreiro*, presentes en 389 obras diferentes, que ten un uso maior nos textos escritos. O *CORGA* tamén se fai eco de chapeu, do cal inventaría 244 exemplos, ofrecidos entre 118 obras distintas. De por parte, aínda que con menos representación, só 48 casos en 26 documentos diferentes, achega o reconto de chapeo. Se comparamos estes datos coas ocorrencias da forma sinónima *sombreiro*, contamos con 447 casos, que se rexistran en 215 textos distintos.

No ámbito español temos atestacións das variantes chapeu e chapeo. Documentámolas nas letras hispánicas dende finais do século XV; en que se cita na novela anónima *La corónica de Adramón* (c. 1492): «El duque d'Ater se levantó, con *chapeo* en la mano, y se fue al conde y lo abraçó, llorando de plazer…». Poucos anos despois, García de Santa María a cita na *Traducción de la Corónica de Aragón de fray Gauberto Fabricio de Vagad* (1499): «Otros dizen que no era sombrero: mas vn capirote françes: que tiene mas semejança de corona. Y por esso le llamaua su hermano /don Phelipe: el rey del *chapeu*. Faziendo burla de su corona» -*CDH*, *CORDE*, *CE 1200s-1900s*. A partir do terceiro cuarto do século XVI esta voz entra en desuso nos textos españois. O último rexistro témolo no documento teatral de Millán titulado «Fiestas en la corte virreinal valenciana de los duques de Calabria. Libro intitulado el cortesano, dirigido a la católica real magestad del invictíssimo don Phelipe, por la gracia de Dios rey de España, nuestro señor, compuesto por don Luis Milán, donde se verá lo que se debe tener por reglas y práctica, repartido por jornadas, mostrando su intinción por huir prolixidad debaxo esta brevedad» (1561): «Vinieron dos disfraçados a provarse en esta ventura, y el uno venía armado de cuerpo con unas muy ricas armas, llenas de flores esmaltadas sobre planchas de oro de martillo, y en un *chapeu* que trahía, una red de oro colgava, que su rostro le atapava, y este mote en él traía: Miraflor de Milán» -*CDH*. *Sombreiro* é o termo que no español, máis alá da moda dunha época, define a voz analizada nesta entrada.

A propósito da lexicografía galega, a maioría dos dicionarios e vocabularios galegos ofrecen a entrada chapeo e, en menor medida a forma estándar chapeu, xa dende a época premoderna (1863-1985). Chapeo figura, coa nosa acepción, no Valladares *Diccionario* (1884), Porto *Diccionario* (c. 1900), Filgueira et alii *Vocabulario* (1926), Carré *Diccionario*[1] (1928-1931), Carré *Diccionario*[2] (1933), Ibáñez *Diccionario* (1950), Carré *Diccionario*[3] (1951), Eladio *Diccionario* (1958-1961), Franco Grande *Diccionario* (1972), Carré *Diccionario-Voc.* (1979) e Rivas *Frampas II* (2001). De chapeu temos presenza nas tres primeiras obras citadas, no Eladio *Diccionario* (1958-1961) e Franco Grande *Diccionario* (1972) *-DD*. Como é esperable, as obras de corte normativo, publicadas dende mediados dos anos 80 do século XX, ofrecen chapeo e, dende o ano 2003, a forma estándar chapeu (*NOMIG*, 61).

O rexistro lexicográfico do portugués rexistra o lema chapeo, coa nosa acepción, dende finais do século XVII, en que figura no Pereira *Thesouro* (1697). Posteriormente dan conta del o Franco *Indiculo* (1716), Bluteau *Tabla* (1721) e Folqman *Diccionario* (1755). Con todo, a forma que ofrecen os dicionarios modernos e contemporáneos vai ser chapéu. A voz *sombreiro*, con menos presenza, recóllese dende a publicación do Pereira *Thesouro* (1697) –*CLP*.

No español este galicismo está presente nos dicionarios dende comezos do século XVII, en que Covarrubias o ofrece no *Tesoro de la lengua castellana o española* (1611), aínda que cunha presenza inferior á forma *sombrero* –*NTLLE*.

Na actualidade os chapeus seguen utilizándose para protexerse do sol e mesmo existen modelos coma o sancosmeiro, orixinario da parroquia noiesa de San Cosme e Outeiro.

Cfr. s.v. **capeyrote**, **coffea** e **touca**.

Modelos de chapeus medievais[150]

[150] En liña: *http://mercadosmedievalesyrenacentistas.blogspot.com.es/2011/03/vestimenta-medieval-gorros-y-tocados-en.html* [Consulta: 18 de abril de 2019].

cinta → **[2.3 COMPLEMENTOS] [2.4 ORNAMENTOS LITÚRXICOS]**

s.f. (do lat. CĬNCTA-, part. pasado de CINGĒRE 'cinguir') 'cinta, tira estreita e longa de tea que serve para cinguir e tamén adornar certas pezas de roupa'.

◦ **Cinta** (4): "Et eu a el hua copa con sua sobrecopa et hua *cinta* de prata darmas de Dom Fernando", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1375-[maio-6. Santiago de Compostela] (A Co), doc. LXXXI, COP.; "It. enna mia hucha que se no Tesouro I *cinta* de prata de pano de seda verde", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1375-[maio-6. Santiago de Compostela] (A Co), doc. LXXXI, COP.; "et outra *cinta* ancha de prata gornida de prata en coyro de lobo", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1375-[maio-6. Santiago de Compostela] (A Co), doc. LXXXI, COP.; "It. outra *cinta* pequena de coyro de lobo gornida de prata que eu trago cingida", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1375-[maio-6. Santiago de Compostela] (A Co), doc. LXXXI, COP.

◦ **Cynta** (5): "Vna vestimenta de pontifical con súa cenefa, que he rrica et con | súa alua d'Olanda et con amjto, estola, *cynta*, e manjpolo, | et con seu manto rrico de Damasco brocado e con súa casula | de lenço en que está goardado", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Vn manto rico de ricomas con toca de vermello con seu | manjpolo e estola d'aquela color; falta a *cynta* de seda", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Vna vestymenta de Damasco branco con súa alua de Bre|tana, et manto de Damasco con súa ceneffa dourada, | et manjpolo e estola de Damasco e *cynta*", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Achouse vna *cynta*, | doze estolas, vellas e novas", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Hũa *cynta* modo de tixjllo con seus rramales et borlas | de seda de todas colores", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

◦ **Çinta** (1): "Iten a Maria Rodrigues da Goaa vna | *çinta* de seda que eu haio ca foy sua", Cal *Mondoñedo*, 1321-marzo-10. Vilamor. Mondoñedo (Lu), doc. 84, OR.

◦ **Cintas** (3): "Et que esto con todolos meus panos de uistir... cuytelinos, *cintas*, esmoleyras, doas de todas maneyras, lenzos grosos", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1326-[xaneiro-4. Mondoñedo] (Lu), doc. LXXI, COP.; "It. mando que todas las doas que eu ouuer ao tempo de miña morte assy adubos de panos como yrilandas e relicas e *cintas* e outras qualesquer doas", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1347-[xullo-17. Santiago de Compostela] (A Co), doc. LXV, OR.; "eu comprey a os compridores da Afonso Gonzalez e un-a vestimenta con *cintas* douro", González Garcés *A Coruña*, 1458-novembro-23 {1399-xaneiro-30} [A Coruña], OR.

◦ **Cyntillas** (1): "çertas *cyntillas* para cyngyr et para manjpolos", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

O termo cinta aparece citado en varios testamentos do noso *corpus* de estudo, pertencentes a Tareixa Pérez, Gonzalo de Moscoso, María Páez, Rodrigo Rodríguez e Fernán Martínez alcumado «o Bo»[151] e tamén está presente en diferentes exemplos extraídos do reconto da Catedral de Ourense.

Fresneda González (2013: 818-819) destaca a relevancia que as cintas tiveron durante o medievo tanto no vestiario (*vid. s.v.* **vistiario**) masculino coma no feminino. Durante a Idade Media a funcionalidade destas cintas, ademais de axustar pezas de roupa frouxas, era suxeitar panos, petos, chaves, espadas, esmoleiras (*vid. s.v.* **[esmoleyra]**) ou bolsas (*vid. s.v.* **bolsa**) para

[151] Posiblemente se trate de Fernán Pérez, alcumado «o Boo».

gardar algunhas pertenzas. Sabemos, polas imaxes iconográficas e miniaturas, que durante o século XIII e metade do seguinte a cinta colocábase á altura da cintura. Xa no século XIV, segundo se foi axustando a vestimenta, as cintas (e tamén os cintos) foron utilizadas como obxectos puramente decorativos e púñanse por arriba ou por debaixo da vestimenta; foi así como xurdiu a cinta de cadeiras, puramente decorativa, que chegou a ser unha peza de ourivería (Bernis 1979: 78) ao realizarse con pezas articuladas que tiñan un carácter unicamente decorativo, pois non se colocaba marcando a cintura, senón máis abaixo dela e caendo cara adiante. Precisamente esta cinta é a que porta unha muller anónima nunha das laudas pétreas (nº 23) situada no Museo Arqueolóxico e Histórico do Castelo de Santo Antón da Coruña (Rey Cabezudo 2014: 58). De por parte, Menéndez Pidal (1986: 77) explica que a posición desta cinta variaba entre as doncelas, que a portaban caendo por diante; as barregás, que a levaban oculta por unha dobrez e as embarazadas, que debían poñela por riba da barriga para marcar o seu estado.

Con todo, cómpre termos en conta que hoxe en día non podemos saber con exactitude se este complemento facía referencia a un cinto, que tamén se utilizaba para cinguir, pero adoitaba ser unha correa forrada con tea ou cunha especie de cinta chamada texillo (*vid. s.v.* **tixjllo**) á que se lle podía poñer unha fibela, pasador e cabo (Bernis 1979: 78). De feito, nun dos nosos exemplos ofrécese o diminutivo cyntillas, entendemos que por tratarse dunha peza pequena, e indícase claramente a súa función: «çertas *cyntillas* para cyngyr et para manjpolos».

No que respecta ao material en que se elaboraban as cintas, no *corpus* manexado só se menciona a **seda** (*vid. s.v.*) en dúas ocorrencias («falta a *cynta* de seda» e «vna | *çinta* de seda»), pero estas tamén se podían confeccionar de la (*vid. s.v.* **laan**), como indica Montoya Martínez (1988: 443), ou de coiro. No caso das cintas máis luxosas, como entendemos que é o caso de moitas das citadas no reconto da catedral ourensá, as cores ían combinadas co resto das pezas (*vid. s.v.* **peça**) de **roupa** (*vid. s.v.*) ás que acompañaban, en tonalidades vermellas, brancas e, incluso, con adornos bicolor como é o caso do contexto no cal se nomea «Hũa *cynta* modo de tixjllo con seus rramales et borlas | de seda de todas colores». Amais, noutro dos exemplos, cítase unha «vestimenta con *cintas* douro», pero a día de hoxe non podemos saber se, efectivamente, esa indumentaria levaba cintas de ouro ou cintas da cor do **ouro** (*vid. s.v*). O primeiro caso podería relacionar esta peza cunha das suntuosas cintas de cadeira, elaboradas por un ourive e deixadas por reis e raíñas no seu legado testamentario, como así indica Morán Cabanas (2001: 242) cando se refire a uns cintos: «No Tabelamento de 1253 menciona-se toda a casta de cintos recamados de ouro e prata, o mais rico dos quais atinge o preço de 6 libras, tanto como ½ quintal de cobre!».

Cómpre destacar a simboloxía que na tradición literaria medieval tiveron as cintas, xunto coas *cordas* e *barazas* (*vid. s.v.* **baraça**), que nas cantigas de temática amorosa son utilizadas como prendas de agasallo para a persoa amada; por exemplo, na lírica profana existen 16 composicións que recollen a forma cinta. Un terzo desas citas son obra do trobador Johan Garcia de Guilhade, que nunha das súas cantigas ofrece os seguintes versos: «Maila donzela que muit'há servida | o seu amigo, esto lh'é mester | dé-lhi sa *cinta*, se lhi dar quiser | se entender que a muito há servida», en que esta peza simboliza o amor correspondido (Corral 2007: 677).

****

No territorio galego o primeiro testemuño da voz cinta data da primeira metade do século XIII, en que se ofrece nun texto escrito en latín e pertencente ao mosteiro ourensán de Santa María de Melón (1222): «…et insuper vobis ad nobis destis una bona *cinta* et unum bonum anelo de aurii cum bona petra…». En textos escritos en romance, as atestacións máis temperás datámolas no mesmo século, pero uns anos despois; en concreto, nunha cantiga profana da

autoría de Fernan Paez de Talamancos (Tamalancos) datada entre 1220 e 1240 cítase: «E veeredes qual amor | vos eu fazia, pois partir | me vin de vós; e descobrir - | vos -ei d ' un voss ' entendedor | vilão, de que vós sabor | avedes e a que pedir | foste –la *cinta*; por én non | vos amarei nulha sazon» -Ferreiro *Glosario*, *MedDB* e *TMILG*. Son numerosas as cantigas profanas en que localizamos esta voz, que tamén se recolle, en varias ocasións, nas composicións marianas (1264-1284), como a que segue: «De vergonna nos guardar ... || Mai -lo demo, que prazer || non ouv ' en, fez -lle querer || tal ben a un cavaleiro, || que lle non dava lezer, || tra en que a foi fazer || que sayu do mõesteiro; || mais ant ' ela foi leixar || chaves, que tragia || na *cinta*, ant ' o altar || da en que criya» -*DDGM* e *TMILG*. Deste termo coa grafía con *–y-* a única atestación que localizamos está nun texto notarial editado polo historiador Ferro Couselo, do ano 1458: «…por que se non esforçaron en chamaren do dyto señor conde e Aluaro de Tauoada, que fogyran e non foran fyridos, e acauados de os fyryr, que les tomaran e roubaran os legos con que labrauan, e ao dyto Johán de Prede hun frolyn douro e quinze branquas e hun fogil con sua pederneyra e dous dados e o esqueyro e a *cynta*, e ao dito Johán de Paços trynta brancas e hun capuço, e que asy os acoytelaran e arroubaran chamándose dos ditos señores e non les valendo, e se se non esforçaran a enos ditos señores que fogyran como os outros seus conpañeyros…» - *TMILG*. No portugués, os primeiros testemuños están no século XIV. Cítase entre outras na *Bíblia medieval portuguesa: histórias d'abreviado Testamento Velho segundo o mestre das histórias scolasticas*: «cingia-se com hũa *cinta* ancha de quatro dedos teçuda com flores de color vermelha de purpura» -*VHCPM*.

No galego moderno, na fala popular, rexistramos a presenza desta voz no García *Glosario* (1985) *–DD-* e *TLPGP*. No *TLPGP*, coa nosa acepción, cinta está presente nos concellos lucenses de Vilalba e Xermade (Regueira Fernández 1989). Na escrita, o *TILG* inventaría 773 casos, repartidos en 301 obras distintas; coa nosa acepción os primeiros testemuños datan do segundo terzo do século XVIII. O bieito Sarmiento no *Coloquio de 24 gallegos rústicos* (1746) cita: «…de liño, de estopa, de mantas, mantelos, de *cintas*, de faixas, manguiñas, ourelos, navallas, fouciñas tixeiras, cuitelos, e bingueletiños grandes e pequenos». Se analizamos a presenza deste substantivo tendo en conta as franxas cronolóxicas que ofrece o tesouro podemos comprobar como o seu uso aumenta considerablemente; pois, entre 1612 e 1800, temos 4 exemplos; entre 1801 e 1850, 3 contextos; entre 1851 e 1900, 136 casos; entre 1901 e 1950, 93 concordancias; entre 1951 e 1980, 84 e, finalmente, entre 1981 e 2013, 453 casos. A propósito do termo *fita*, o *TILG* atesta esta voz máis tardiamente, en concreto, dende a segunda metade do século XIX. Coa nosa acepción cítase na obra de Pintos titulada *A gaita gallega* (1853): «Vindelle ver a camisa lavada, *fitas* do colo bordadas que están, vindeo ver que é bo mozo por certo, vindeo ver que é mui guapo galán». Trátase dunha voz menos frecuente que cinta, a xulgar polas 392 ocorrencias do *TILG*, repartidas en 151 textos diferentes. De por parte, o *CORGA* tamén se fai eco destas voces. De cinta compila 672 exemplos dende o ano 1977; de *fita*, ofrece 290 casos, pero moitos deles non teñen que ver co contexto estudado.

No ámbito español, documentamos por primeira vez cinta dende a segunda metade do século XI, en que se cita nun texto escrito en latín. Trátase dun documento notarial, anónimo, no cal Pedro Ruiz ofrece a Arlanza a súa herdanza e, entre os bens legados, menciona unha cinta: «Idem mea sella morzerzel cum suo freno, et mea spata et mea *cinta*, et meas espulas, et mea atareca cum sua asta…» -*CORDE*. En textos escritos en romance, o primeiro que ofrece este termo é o *Poema de mio Cid*, texto anónimo, datado aproximadamente no ano 1140: «…mio Cid que Alcocer non se le dava, | él fizo un art e non lo detardava: | dexa una tienda fita e las otras levava, | cojós Salón ayuso, la su seña alçada, | las lorigas vestidas e *cintas* las espaldas, | a guisa de menbrado, por sacarlos a celada» -*CDH*. En textos escritos en español na coroa de Aragón tamén se achega esta voz, dende finais do século XV, en que figura na obra *Cordial de las cuatro cosas postrimeras* de Dionisius van Leeuwen: «en sus huessos: e sera le fecho como vestidura con que se cubre: e como | *cinta* |, con que de continuo se cinye» -*DiCCA-XV*. Anos despois localizamos cinta no inventario de bens de Alonso Peraile (San Martín de Pusa, Toledo), datado en 1532: «Yten,

vna *çinta* de cordován nueva, en XXXIIII» -*CorLexIn*. Nese mesmo século, o *Reportorio universal leyes de Castilla* (1553) de Celso cítase: «Las mugeres que vivieren en el dicho principado y quatro sacadas pueden traer en sus ropas de vestir [...] texillos de seda hechos y texidos con cuerdas de hilo por *cintas*, guarnescidos de plata», exemplo no que se establece a diferenza entre os *texillos* e as cintas. A partir do último cuarto do século XX, o *CREA* vai inventariar 3.040 casos deste termo, repartidos en 1.513 documentos distintos.

No que respecta á lexicografía galega, a presenza de cinta xa está nas obras publicadas no século XVIII. Rexístrase no Sarmiento *Colección voces* (1746-1770) e xa na época premoderna (1863-1985) figura no Eladio *Diccionario* (1958-1961). Do termo *fita*, a presenza como lema tamén é temperá, pois ofrécese (coa acepción estudada) dende o Sarmiento *Catálogo voces* (1746-c.1755). Logo, está presente no Rodríguez *Diccionario c.1854*, Aguirre *Diccionario* (1858), Rodríguez *Diccionario 1863*, Pintos *Vocabulario* (c.1865), Cuveiro *Diccionario* (1876), Valladares *Diccionario* (1884), Porto *Diccionario* (c. 1900), Filgueira et alii *Vocabulario* (1926), Carré *Diccionario*[1] (1928-1931), Carré *Diccionario*[2] (1933), Ibáñez *Diccionario* (1950), Carré *Diccionario*[3] (1951), Eladio *Diccionario* (1958-1961), Franco Grande *Diccionario* (1972), Carré *Diccionario-Voc.* (1979) e Rivas *Frampas III* (2001) –*DD*. Con posterioridade, todos os dicionarios normativos, publicados a partir de mediados dos anos 80 do século pasado, recollen cinta entre os seus lemas.

Nos repertorios do portugués, localizamos cinta dende o primeiro cuarto do século XVIII, data en que se ofrece como entrada no Bluteau *Diccionario castellano* (1721). Da forma *fita* o rexistro máis temperán é do século XVII e está no Cardoso *Dict. ex lusitanico in latinum* (1562-1563) –*CLP*.

A propósito das obras lexicográficas do español, estas achegan cinta dende finais do século XV, en que se ofrece na obra de Nebrija titulada *Vocabulario español-latino* (1495) –*NTLLE*.

Hoxe en día as cintas seguen tendo a función de atar e adornar coa que contaban na Idade Media e empréganse como complemento de diversas pezas de roupa, calzado e tamén en numerosos obxectos do enxoval da casa.

Cfr. s.v. **baraça**, **corda**, **[cordón]** e **tixjllo**.

Muller con cinta nunha das imaxes do mural da Catedral de Mondoñedo (século xv)[152]

Miniatura con cintas na vestimenta feminina na cantiga CV de Santa María (Monasterio de San Lorenzo del Escorial)

cynta *s.f. vid. s.v.* **cinta**→ **[2.3 COMPLEMENTOS]**

çinta *s.f. vid. s.v.* **cinta** → **[2.3 COMPLEMENTOS]**

[152] En liña en: *http://www.xn--espaaescultura-tnb.es/es/museos/lugo/museo_catedralicio_diocesano_de_mondonedo.html* [Consulta: 18 de abril de 2019].

cobertor → **[4.1 ROUPA DO LEITO]**

s.m. (do lat. CŎŎPERTORĬU- 'o que serve para cubrir' < COOPERIRE 'cubrir' -*DCECH*, *s.v.* cubrir, vol. II) 'peza de abrigo para cubrir a cama'.

> ◦ **Cobertor** (2): "Et man[do] | y conmigo meu leyto con vna coçedra et con dous chumaços [et con] | dous façeyroos et vna colcha et vn *cobertor* de çacotes", Lorenzo *Montederramo*, 1278-xuño-2. [Montederramo] (Ou), vol. I, doc. 388, OR.; Ferro *Vida e fala dos devanceiros*, 1278-[xuño- 2. Montederramo] (Ou), vol. I, doc. 24, OR.
>
> ◦ **Cubertor** (2): "mando a mia cama... et con duas colchas et collo meu *cubertor* de pena ueyra", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1348-[setembro-14. Santiago de Compostela] (A Co), doc. LXXII, COP.; "eu leuo... hun tapete nouo e hun alffamare nouo et hun *cubertor*", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1348-[setembro-14. Santiago de Compostela] (A Co), doc. LXXII, COP.
>
> ◦ **Cobertores** (1): "Yten duas sabas e dous *cobertores* con vna colcha, que es raso escuro", López *Allariz*, 1350-[setembro-28. Allariz] (Ou), doc. 1, OR.

Nos testamentos de Abril Miguez, Tareixa Eanes e no de Nuno González de Bendaña, arcediago e cóengo de Santiago de Compostela, déixase en legado testamentario un cobertor, peza destinada a colocar sobre a cama. Varela Sieiro (2003: 176) explica que se trata dunha «peza de tea similar a unha manta, pero distinta dunha colcha ou sobrecama» e engade «o substantivo galego *cobertor* continúa esta acepción».

En catro dos nosos cinco exemplos non se ofrecen datos sobre os materiais en que se confeccionaron estes cobertores, pero o pertencente ao cóengo compostelán estaba elaborado de marta cibelina, pel luxosa, que no medievo se coñece como *penaveira* (*vid. s.v.* **pena ueyra**): «meu *cubertor* de pena ueyra». No Gual *Voc. comercio* (*s.v.* cobertors) faise mención á elaboración destas pezas de diversos tecidos como **cendal** (*vid. s.v.*), la (*vid. s.v.* **laan**), lenzo (*vid. s.v.* **lenço**), tafetá e **xamete** (*vid. s.v.*), aos que podemos engadir a pel de esquío, moito máis accesible economicamente ca a de marta. Atendendo ás cores, o autor anteriormente citado, Gual Camarena, destacou a existencia de cobertores coloridos e, amais, entre os nosos contextos, temos un rexistro dun «*cobertor* de çacotes» ou, o que é o mesmo, un cobertor realizado con mestura de tecidos e, polo tanto, de diversas tonalidades; posiblemente dispostas formando raias, aos que tamén se referiu González Mena (1994: 55). Esta autora explica que moitos cobertores se elaboraban de la tinguida de cores moi vistosas, entre as que predominaba o vermello, amarelo, azul, verde e negro, que normalmente se empregaban en combinacións binarias, as cales facilitaban a creación de motivos decorativos. Acostumaban a levar como remate, en tres dos seus lados, flocos (*vid. s.v.* **[frocadura]**) que, normalmente, se engadían unha vez realizada a peza.

A propósito do uso, os cobertores cando se tecían de la ou doutros materiais abrigosos facían dobre función: de **manta** (*vid. s.v.*) e de **colcha** (*vid. s.v.*) ou sobrecama. Co avance dos séculos a la foi sendo substituída por outros materiais, coma a holanda (*vid. s.v.* **olanda**), a **seda** (*vid. s.v.*), o lenzo (*vid. s.v.* **lenço**) ou o liño (*vid. s.v.* **lino**).

No medievo os cobertores conviviron cunha peza moi semellante denominada *ganape* ou *galnape*, que se adoitaba facer con ligamentos labrados en cores diferentes, e da cal ofrece un detallado estudo Varela Sieiro (2003: 195-199).

****

No ámbito galego o testemuño máis temperán desta voz data da segunda metade do século XII. Nun texto, escrito en latín (1154), pertencente á catedral compostelá e editado polo historiador López Ferreiro, cítase: «…meum lectum culcitura pulmatio et *coopertorio* cuperno…» -*CODOLGA*. Unhas décadas despois, no ano 1204, localizamos noutro documento notarial, escrito en latín, e adscrito á documentación do mosteiro compostelán de San Martiño Pinario o seguinte contexto: «sauana et *coopertorio* et unas toalias» -Lorenzo *Cronologia* (*DDGM*) e *CODOLGA*. En textos escritos en romance, contamos con este substantivo, aproximadamente, dende mediados do século XIII. Nunha cantiga escarniña da autoría de Pero Gomez Barroso (1240-1300) ofrécense os versos que seguen: «Trage seu leito e seu *cobertor*» -*CMGP*, Ferreiro *Glosario*, Lapa *Escarnho* (*DDGM*), *MedDB* e *TMILG*. A prosa histórica tamén se fai eco desta voz; de feito, na *His.Troyana* (1350-1399) cítase: «Et avya ẽno leyto tendida hũa colcha moy noble cõ seu *cobertor*, et cõ duas sauãas de seda, et com outros pãnos quaes menester faziam para tal leyto» -*DDGM* e *TMILG*. No portugués, atestamos cobertor dende o século XIV, en que se ofrece na obra *Orto do esposo*: «…ẽnvolto ẽ panos viis ẽ loguar de cocedras e de *cobertores*» -*VHCPM*.

No galego moderno, na fala popular, rexistramos cobertor no García *Glosario* (1985) –*DD*-, Rivas Quintas (1998: 590, *s.v.* cobertor) e no *TLPGP*. Este último repertorio localiza esta voz en todo o territorio galego e nos territorios portugueses de Fundão (Martins 1954: 411) e Beja (Delgado 1970: 362). No tocante á escrita, o *TILG* achega 219 casos deste termo, repartidos entre 108 documentos distintos, dende o segundo terzo do século XIX. Fernández Morales na obra *Ensaios poéticos en dialecto berciano* (1861) escribe: «Ó pallar do seu señor xuntos se van a dormer; e pra descansar mellor cada cual tén que partir ca súa moza o *cobertor*».

No español temos atestacións do termo cobertor dende a segunda metade do século XIII. Nunha carta de doazón custodiada nos arquivos catedralicio e diocesano de Salamanca, datada no ano 1267, cítase o seguinte contexto: «A Maria Arnaldo el *cobertor* viado» -*CORDE*. No século XVII no inventario de bens de Hernando Sánchez e Catalina Martín (La Alberca, Salamanca), do ano 1600, menciónase: «Yten, dos *covertores* (tachado: paños) vlancos nuevos, en zinquenta y seis rales entranvos» -*CorLexIn*. Xa no século XX o *CREA* achega 78 casos desta voz, ofrecidos en 37 documentos distintos.

A lexicografía galega recolle a voz cobertor, coa nosa acepción, dende a época premoderna (1863-1985). Está presente no Pintos *Vocabulario* (c. 1865), Carré *Diccionario*[1] (1928-1931), Carré *Diccionario*[2] (1933), Ibáñez *Diccionario* (1950), Carré *Diccionario*[3] (1951), Eladio *Diccionario* (1958-1961), Franco Grande *Diccionario* (1972) e Carré *Diccionario-Voc.* (1979) –*DD*. Amais, os dicionarios editados a partir dos anos 80 do século pasado ofrecen cobertor, coa acepción estudada, entre os seus lemas.

De por parte, as obras lexicográficas do portugués rexistran cobertor dende o segundo terzo do século XVI, en que figura no Cardoso *Dict. ex lusitanico in latinum* (1562-1563) –*CLP*.

Anterior é a presenza deste substantivo nos repertorios lexicográficos do español, que dan conta del dende finais do século XV, en que figura no *Vocabulario español-latino* (1495) de Nebrija –*NTLLE*.

Hoxe en día os cobertores seguen formando parte do enxoval doméstico do leito destinados a protexer do frío.

Cfr. s.v. **alfámar**, **aliffaffe**, **almucella**, **feltro** e **manta**.

Cobertor bicolor de la, elaborado en tear, da segunda metade do século XIX[58]

cochan *s.f. vid. s.v.* **colcha** → **[4.1 ROUPA DO LEITO]**

coffea → **[2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER] [2.1.4 PEZAS PARA A CABEZA]**

s.f. (do lat. tardío COFĬA-; posiblemente, á súa vez, do xermánico –*DCECH*, *s.v.* cofia, vol. II) 'cofia, toucado de tea que envolve o cabelo'.

> ◦ **Coffea** (2): "Item mando vender a minna *coffea* do çendal", Enríquez *Ribadavia*, 1361-decembro-19. [Ribadavia] (Ou), OR.; "...que me dauan... dous cambayses e hua *coffea* damar e mays huun mantom craro", Enríquez *Ribadavia*, 1361-decembro-19.[Ribadavia] (Ou), OR.

> ◦ **Cóffea** (2): "mando vender a miña *cóffea* do çendal e hua maça daçeyro", Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1361-decembro-19. [Ribadavia] (Ou), vol. I, doc. 57, OR.; "… que me dauan… et dous canbaysses e hua *cóffea* darmar et mays huun rocín, que lle enprestey en Agrada", Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1361-decembro-19. [Ribadavia] (Ou), vol. I, doc. 57, OR.

Un dos toucados máis frecuentes durante a Idade Medida en todo o territorio europeo foi a cofia, moi utilizada pola mulleres como apunta Dahl e Sturtewagen (2008: 106 a 112, vol. IV), a pesar de que nos nosos contextos pertence ao escudeiro de Ribadavia Xoán Gómez.

Segundo indica Bernis (1979: 80), dende o século XII tratábase dun toucado de tea ou rede destinado a envolver o cabelo, coa forma da cabeza, o cal o diferenza da **touca** (*vid. s.v.*). No século XIV, en que se cita no noso exemplo, é unha peza tanto masculina coma feminina, pero a partir do século XV adoita aparecer na documentación citada como toucado case exclusivamente feminino, confeccionado coas mesmas teas ca as camisas (*vid. s.v.* **camisa**) da época, case sempre de liño (*vid. s.v.* **lino**) fino. Consistía nun casquete de tea branca acoplado á forma da cabeza, totalmente axustado ou pregado sobre a caluga; entre eles existía unha variedade moi utilizada entre as mulleres, denominada cofia *de tranzado*, destinada a levarse co cabelo recollido nunha trenza que caía polo lombo. Morán Cabanas (2001: 217) explica que esta peza era propiamente das doncelas ou das damas novas e que o seu uso se estendeu tamén entre as clases sociais máis baixas, o que levou a que o poeta Duarte da Gama criticase no *Cancioneiro Geral* (1516) de Garcia de Resende que as fillas dos labradores utilizasen a cofia acotío, a pesar de estar asociada aos estamentos máis altos da sociedade. Con todo, a cofia das nosas concordancias semella ser un tipo de toucado masculino elaborado, como se indica nos exemplos, de **cendal** (*vid. s.v.*), tecido fino practicamente translúcido, que ao pertencer a un escudeiro, posiblemente levase un acolchado para protexer a cabeza cando era utilizado debaixo da armadura (Boucher 2009: 463); de feito nun dos contextos faise referencia a unha «hua *coffea* damar». Amais, Menéndez Pidal (1986: 262) tamén cita esta peza de armar da que indica: «para evitar que las mallas de almófar se enredasen con el pelo y rozasen directamente la piel, el caballero se cubría primeramente con la *cofia de armar*, muy semejante en su forma a la *cofia* que los hombres y mujeres usaban civilmente, de la que tal vez se diferenciaba sólo en que la de armar pedía un acolchamiento que la civil no necesitaba». Enriba dela colocábase normalmente o *almofre*, parte da armadura destinada a protexer a cabeza (Guerrera Lovillo 1949: 126).

Cando estas pezas eran máis luxosas acostumaban a elaborarse de sedas adornadas con motivos bordados e, ás veces, de teas importadas, como eran as cofias da raíña Isabel e das infantas, segundo se cita nas contas do tesoureiro e do esmoleiro da dita raíña. Tamén a cofia que se recolle na imaxe, pertencente ao infante don Fernando de la Cerda estaba elaborada con **seda** (*vid. s.v.*) e fíos de **ouro** (*vid. s.v.*). Outra das modalidades foi a cofia de rede, da cal se fala nun inventario do ano 1490: «una *cofia* de hilo de oro de doña Marya», que na época tamén se coñecía como *garvín*, *capillejo* ou *crespina* (Bernis 1979: 80).

Con posterioridade, no século XVIII, a voz cofia utilizouse para denominar o forro dos sombreiros e das perrucas e tamén se lle chamou así a un gorro de tea fina empregado para durmir (Boucher 2009: 463).

****

No territorio galego temos atestacións desta voz dende finais do século XIII. Os primeiros testemuños coincidentes cos nosos contextos, ao tratarse dunha peza de uso por debaixo da armadura, recóllense na *Cr. Gal* (1295-1312), coa grafía cofya: «Mays deu o mouro a Gonçaluo Gostios hũu tã gram (tã) golpe da espada per somo do capelo, que lle cortou o capelo et o almofre da loriga et a *cofya*, de guisa que ouue de chegar o golpe ata os ollos, assy que caeu morto en terra…» -*DDGM* e *TMILG*. A eles cómpre engadir a voz cofia, recollida na *Cr. Troiana* (1370-1373): «Mais Palomades, cõmo era caualleyro esforçado et ualente, deulle hũa tal ferida per çima da *cofia* que logo la tallou, et deu cõ el en terra do caualo» -*DDGM* e *TMILG*. No portugués, o *CP 1300S-1900S*, amais do exemplo da prosa histórica xa citado para o galego, recolle como rexistro máis temperán o texto da *Demanda do Santo Graal*, datado no século XV: «E Boorz tornou a el outra vez e feri-o de tam gram golpe que lhe deitou o elmo alonge da cabeça assi que ficou a cabeça del-rei discoberta e desarmada fora da *cofia* de ferro». Por contra, o *VHCPM* só ofrece a ocorrencia da *Cr. Troiana*. Da variante coifa, as primeiras atestacións do portugués están na *Crónica Geral de Espanha de 1344* (1300-1400): «Como Garçia Pirez de Bargas tornou polla *coifa* d'armar» -*CP 1300S-1900S*.

No galego moderno, na fala popular, o *TLPGP* localiza cofia no concello pontevedrés de Redondela, pero achega unha definición moderna ao referirse a unha peza do traxe tradicional galego. Na escrita, cofia está presente dende a primeira metade do século XVIII. O bieito Sarmiento no *Coloquio de 24 gallegos rústicos* (1746) ofrece o seguinte contexto: «Os máis nas cabezas levaban, eu creo, unas como *coifas*, mais era o cor negro…». En total, o *TILG* inventaría 136 casos, repartidos entre 82 obras. Se reparamos no uso desta voz por franxas cronolóxicas comprobamos como a súa presenza vai caendo en desuso. Entre 1612 e 1800, existen 2 rexistros; entre 1801 e 1850, hai un único rexistro; entre 1851 e 1900 contamos con 71 rexistros; entre 1901 e 1950, temos 23 rexistros; entre 1951 e 1980, 7 casos e, finalmente, entre 1981 e 2013, 32 casos. De por parte, o *CORGA* rexistra 25 concordancias desta voz dende o ano 1987.

No español os primeiros testemuños deste termo datan aproximadamente de mediados do século XII. O *Poema de mio Cid* (c. 1140) ofrece o contexto: «Andava mio Cid sobre so buen cavallo, | la *cofia* fronzida, ¡Dios, cómmo es bien barbado!» -*CDH*, *CE 1200s-1900s*, *CORDE* e *DCECH*. En textos do Siglo de Oro tamén se ofrece este termo dende finais do século XVI; no inventario de Martino Junco de Asturias (1599) cítase: «Yten, siete *cofias* y tocaderos de novia, dellas roynes, y dos gorgueras traydas» -*CorLexIn*. Nos séculos seguintes, aínda que con menos uso, esta voz está presente no español como amosa o *CREA* ao ofrecer 113 casos, repartidos en 70 documentos distintos.

A lexicografía galega dá conta desta voz dende o período premoderno (1863-1985). Recóllese, coa nosa acepción, no Pintos *Vocabulario* (c.1865), Porto *Diccionario* (c.1900), Filgueira et alii *Vocabulario* (1926), Eladio *Diccionario* (1958-1961) e Carré *Diccionario-Voc.* (1979). A variante coifa rexístrase nas obras lexicográficas do século XVIII, pois aparece no Rodríguez *Diccionario c.1854*. Xa na época premoderna, ofrécena o Pintos *Vocabulario* (1865), Eladio *Diccionario* (1958-1961), Otero *Contribución léxico* (1964) e Franco Grande *Diccionario* (1972), pero en case todos eles se remite á forma estándar cofia –*DD*. Os dicionarios normativos publicados a partir de mediados dos anos 80 do século pasado van compilar esta voz entre os seus lemas, pero como peza asociada a certas profesións ou traxes rexionais.

As obras lexicográficas do portugués ofrecen como entrada a forma coifa dende o primeiro terzo do século XVIII. Cofia figura no Bluteau *Diccionario castellano* (1721) e coifa no Feijó *Orthographia* (1734) e Folqman *Diccionario* (1755) –*CLP*.

Na lexicografía do español este termo está nos lemarios dos dicionarios e vocabularios dende finais do século XV, en que Nebrija o recolle no *Vocabulario español-latino* –*NTLLE*.

Na actualidade as cofias séguense utilizando, a pesar de que o seu uso variou ao estar vinculada a certos uniformes laborais e hábitos relixiosos.

Cfr. s.v. **capeyrote**, **chapeu** e **touca**.



Cofia de Fernando de la Cerda,
custodiada no Museo de Telas Medievales,
sito no Monasterio de Santa María la Real de las Huelgas (Burgos)[153]

Reprodución dunha cofia de armar[154]

[153] En liña: *https://www.pinterest.com/pin/342977327844358600/* [Consulta: 18 de abril de 2019].
[154] En liña: *http://catedu.es/IESLiteratura/segundo%20ciclo/armas.html* [Consulta: 18 de abril de 2019].

Cofia de armar para helmos pesados (1484), custodiada no Kunthistorisches Museum de Viena[155]

cóffea *s.f. vid. s.v.* **coffea** → **[2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER]**

colar → **[2.4 ORNAMENTOS LITÚRXICOS] [2.3 COMPLEMENTOS]**

s.m. (do lat. COLLĀRE-, der. de CŎLLU- 'colo, pescozo') 'colar, adorno da indumentaria de tea que rodea o pescozo'.

> ◦ **Colar** (1): "Falta vn *colar* de seda vello, | seys sabãas para ho altar delgadas, | outras dúas sabãas para ho altar et outras dúas sabaas | vellas grosas", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

> ◦ **Colares** (3): "Dous *colares* de Damasco branco de brocado", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Jten entregou máys o dito arçediano do dito rrecabdamento douss | *colares* pretos con súas léteras et devissas e douss cor|dones para las aluas", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "diso que daua os ditos *collares* et cor|dones por súas custas et todos los ditos ornamentos", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

No inventario da catedral ourensá cítanse varios colares, voz que fai alusión a un complemento destinado a rodear o colo, de tecido, e empregado polos membros da Igrexa. Ademais, con este termo tamén se nomea o 'adorno formado por diversos elementos ensartados que porta pendurado ao pescozo' e, por extensión, a 'peza de metal ou coiro que se coloca ao redor do pescozo dalgúns animais'.

Os exemplos cos que contamos aluden a esta peza (*vid. s.v.* **peça**) entre o vestiario (*vid. s.v.* **vestiaria**) eclesiástico; polo tanto, nós non temos mostra da existencia de colares entre a poboación civil galega. No noso caso, damos conta de colares elaborados con tecidos, en concreto, **seda** (*vid. s.v.*) -«vn *colar* de seda»- e **damasco** (*vid. s.v.*) -«Dous *colares* de Damasco branco de brocado». A propósito das cores, un dos colares citados é branco e o outro negro e,

[155] En liña: *http://www.esgrimaantigua.com/forum/viewtopic.php?t=8763* [Consulta: 18 de abril de 2019].

en ocasións, estas pezas levaban algún tipo de inscrición ou texto, como é o caso de «douss | *colares* pretos con súas léteras et devissas». Estes colares eran portados enriba dos ornamentos litúrxicos (*vid. s.v.* **ornamento**) e algúns podían levar tiras de tea con algún tipo de texto (*vid. s.v.* **[devissa]**) que fixese unha invocación a un santo ou recollese unha fórmula cabalística coa finalidade de ter unha función protectora; noutras ocasións, as inscricións establecían unha relación entre o portador da xoia (*vid. s.v.* **[joia]**) e unha organización, fose relixiosa ou non.

De por parte, temos noticia de que este complemento se utilizou entre as mulleres das clases acomodadas, como así deixa constancia a iconografía galega. De feito, no Museo das Mariñas de Betanzos custódiase unha efixie de Clara Sánchez, muller do mercador e irmandiño Afonso de Carvallido, datada entre 1450 e 1480, que leva un colar de contas (*vid. s.v.* **conta**) pouco visible; outra mostra é a imaxe en pedra de Inés Eanes, localizada na igrexa de San Pedro de Melide, que conta cun colar ou rosario (é difícil de precisar) de grandes dimensións (Rey Cabezudo 2014: 66-67). Con todo, estes colares semella que estaban elaborados con fíos de pedras preciosas, coma corais ou zafiros, realización que dista das pezas que citamos nas nosas concordancias. Precisamente, o colar da escultura *A virxe do leite*, datada no século XIII e situada no Mosteiro de Santa María a Real de Oseira (Ourense) (Fresnesda González 2013: 835[156]) está elaborado en coral, posiblemente polos poderes curativos e protectores que se lle atribuían contra o mal de ollo. Outra das pezas que cómpre mencionar é a recentemente aparecida no xacemento da Chousa Nova (Silleda), que con seis mil anos de antigüidade, conta con 35 contas, de ámbar e varisicita e o seu interese reside en ser o segundo colar desa época localizado en Europa (Domínguez Vella e Bóveda 2011: 377-378).

****

No territorio galego, os primeiros testemuños desta voz datan da segunda metade do século XIII e todo eles ofrecen este termo coa acepción de 'adorno de contas ou de metais nobres'. Nas cantigas marianas localizamos este substantivo; por exemplo, na CCCXXV cítase: «E eles grandes loores | deron logo da primeira || aa Virgen groriosa, | Madre de Deus verdadeira; || mais o *colar* da cadẽa | toller per nulla maneira || do colo non llo poderon, | nen per nulla maestria» -*DDGM* e *TMILG*. Os textos históricos tamén dan conta desta voz dende que se recolle na *Gener. Estoria* (1300-1330): «Et estes vestyronse mellor et mays noblemẽte, et labrarõ pãnos de seda cõ ouro et plata mays [sotilmente] queos outros de ante elles, et poserõ em elles pedras preçiosas, cousa que nũca ajnda acharã feyta em panos nẽ em al, et fezerõ corõas douro pera os rreys et rreynas, et poserõ em ellas moy nobles et preçiosas pedras; et [fezerom] os çerçelos, et os coraas, et as [presas], et as çintas, et os *colares*, et os aneles…». Coa acepción que nos ocupa contamos con exemplos dende o segundo terzo do século XV, en que se ofrece nun documento editado polo historiador Ferro Couselo: «Iten, hun marco da iglesia de Loureiro, que era de apresentar et *collar* eno bispo e seus vigarios e feso o colaçón dela o mestre escola» -*TMILG*. No ámbito portugués, as primeiras atestacións datan do século XIV, cando na *Bíblia medieval portuguesa: histórias d'abreviado. Testamento velho segundo o mestre das histórias scolasticas* se cita: «e pose-lhe hũu *colar* d'ouro eno colo» -*VHCPM*.

No galego moderno, na fala popular, esta voz está presente no García *Glosario* (1985) –*DD*. Na escrita, no *TILG* rexístranse 399 ocorrencias, repartidas en 236 obras distintas dende o segundo terzo do século XIX, con todo ningún dos contextos ofrecen con exactitude o significado que estudamos nesta entrada. O primeiro exemplo que denomina o 'obxecto de adorno' está na obra *Cantares gallegos* (1863) da autora do Rexurdimento, cando nun poema

[156] Neste caso poderiamos considerar esta peza unha gargantilla (*s.v.* **gargantada**) por ir pegada ao pescozo, con todo citámola aquí por estar elaborada con corais e referirse a ela coa denominación de colar a autora citada.

cita: «e por antr' eles relosen como brillantes estrelas, aderesos e *collares* de diamantes e de pelras». No *CORGA* tamén localizamos este termo, pero con acepcións distintas á que nos ocupa.

No español os primeiros testemuños desta voz datan da primeira metade do século XIII. No texto anónimo coñecido como *Fuero de Zorita de los Canes* (1218-1250) recóllese: «Cadenas con XII *collares* ayan entrega raçion» -*CDH*. Exactamente coa nosa acepción temos dous exemplos nun documento notarial da Catedral de León do ano 1275 («Item vna cloça prieta engastonada en plata sobredorada e vn panno verde con ondas de oro pora façistol e vn amito con alióffares e vna mitra con alióffares e dos ordenarios, vno grand e otro pequenno, e vn *collar* pora el diáchono e vn orffres vieio e dos cadelarios de lauor da Limoges») e noutro do ano 1290 («Item una maiestad de Sancta Maria en su caseta. Item una mitra con su *collar* et una croça con siete canudos de marfil») -*CDH* e *CORDE*. Dous séculos despois, en textos escritos en español na coroa de Aragón, no século XV, localizamos este termo na *Crónica de Aragón* de Vagad, pero xa como 'adobío de contas': «dos principales varones y caualleros de titulos yuan con gruessas cadenas y | *collares* | de precio mas llegados a·los reyes. y los vizcondes y condes» -*DiCCA-XV*. No século XVI, a forma en plural, está presente na obra de Álaba titulada *Perfecto capitán* (1590): «Fuera d'éstos, davan los romanos otras maneras de premios y honras por alguna hazaña notable hecha en la guerra, como eran anillos, manillas, *collares*, jaezes, lanças, y éstas eran las de mayor estima» -*DICTER*. De por parte, no inventario de Martino Junco (Ribadesella, Asturias), do ano 1599, ofrécese o seguinte contexto: «Vn con (tachado: llar) *collar* de corales de beynte y nuebe piezas, que las seys son de plata, de moras y bellotas» -*CorLexIn*. Xa no século XX, o *CREA* inventaría 831 casos da voz collar, aínda que non encaixan, exactamente, coa acepción estudada. No ano 1976 na novela *Barrio de las maravillas* de Chacel figura: «Pero espera un poco, mira, el *collar* lo he copiado de uno del museo con unas cuentas que tenía...».

A lexicografía galega recolle este substantivo nas súas obras dende a época premoderna (1863-1985). Está presente no Cuveiro *Diccionario* (1876), Valladares *Diccionario* (1884), Porto *Diccionario* (c.1900), Filgueira et alii *Vocabulario* (1926), Carré *Diccionario*[1] (1928-1931), Carré *Diccionario*[2] (1933), Ibáñez *Diccionario* (1950), Carré *Diccionario*[3] (1951) e Eladio *Diccionario* (1958-1961) –*DD*. As obras publicadas a partir dos anos 80 do século pasado dan conta todas elas de collar como 'adorno de doas ensartadas' ou como 'peza destinada ao colo dos animais'.

Na lexicografía portuguesa esta voz non figura como entrada de dicionario, pero cítase collar no Pereira *Prosodia* (1697) –*CLP*.

Nas obras lexicográficas do español rexistramos a forma collar dende finais do século XV, en que se ofrece no *Vocabulario español-latino* (1495) de Nebrija –*NTLLE*.

A día de hoxe os colares seguen formando parte dos complementos femininos e masculinos; os primeiros elaborados de pedras preciosas ou de materiais de fantasía, serven de adorno nunha sociedade en que cada vez se lle confire máis importancia aos adobíos. Ademais, cómpre ter en conta que este termo, por extensión, tamén se utiliza para denominar a 'franxa de plumas que algunhas aves teñen ao redor do pescozo' e 'o aro de coiro que se lles pon aos animais ao redor do pescozo para suxeitalos'. Aínda así, a acepción que nos ocupa semella que caeu en desuso.

Cfr. s.v. **cadea** e **gargantada**.

Colar de corais d'*A virxe do leite*, do século XIII, custodiada no Mosteiro de Oseira[157]

Reconstrución do colar da Chousa Nova (Silleda)[158]

colcha → **[4.1 ROUPA DO LEITO]**

s.f. (probablemente do fr. antigo *colche* 'leito', der. de *colchier* 'deitarse' e este do lat. COLLOCĀRE 'situar', 'poñer na cama'; primitivamente designou un colchón para sentarse no chan –*DCECH*, *s.v.* colcha, vol. II; con todo, Rivas Quintas (1998: 591-592, *s.v.* colchón) discrepa de que esta forma proceda do francés e ve a súa orixe no diminutivo **culcitula* < *culcitra*) 'colcha, peza para cubrir a cama, xeralmente dun tecido fino e decorado'.

> ◦ **Colcha** (46): "mãdo y conmigo un leyto e jª cozedra e un | feltro e jª *colcha*...", Rodríguez Parada *docs. séc. XIII*, 1258-abril-8. San Cibrao. Guntín (Lu), doc. 76, OR.; Boullón&Monteagudo *De verbo a* verbo, 1258-abril-8. San Cibrao. Guntín (Lu), doc. 39, OR.; Souto *Documentos galego-portugueses*, 1258-abril-8. [San Cibrao. Guntín] (Lu), doc. 75,

[157] En liña en: *http://ana-romanico.blogspot.com.es/2011/07/la-virgen-de-la-leche-oseira.html* [Consulta: 18 de abril de 2019].
[158] En liña en: *http://praza.gal/cultura/11741/galicia-en-100-obxectos-do-colar-da-chousa-nova-ao-anel-do-bispo-de-mondonedo/* [Consulta: 18 de abril de 2019].

OR.; Maia *História galego-portugués*, 1258-[abril-8]. San Cibrao [Guntín] (Lu), doc. 21, OR.; Rey Caíña *Ferreira de Pallares*, 1258-abril-8 [San Cibrao. Guntín] (Lu), doc. 155, OR.; "Et man[do] | y conmigo meu leyto con vna coçedra et con dous chumaços [et con] | dous façeyroos et vna *colcha*…", Lorenzo *Montederramo*, 1278-xuño-2. [Montederramo] (Ou), vol. I, doc. 388, OR.; "...| no para *colcha*", Duro *Trives*, ca.1280. [Manzaneda] (Ou), doc. 13, OR.; "Et mando a Maria Iohannis touquinegra a mia *colcha* cardea", Duro *Trives*, ca.1280. [Manzaneda] (Ou), doc. 13, OR.; "… et dous chumacos, o da laa et o de lino et mí […] para *colcha*", Martínez *Trives*, 1282-agosto-12 [Manzaneda] (Ou), vol. I, doc. 57, OR; "et mando a Maria Iohanes, touquinegra, a mia *colcha* cardea" Martínez *Trives*, 1282-agosto-12 [Manzaneda] (Ou), vol. I, doc. 57, OR; "et mando y conmigo o meu leyto... et con dous faceiroos dos mellores et con a mynna *colcha* de firgo/sirgo et con meu aliffaffe", Cambón *Melón*, 1285-maio-5. [Ribadavia] (Ou), doc. 836, OR.; "et mando conmigo o meu leyto con na coçedra grande et con dous chumaços et con huna *colcha* noua cardea", Lucas&Lucas *Ramirás*, 1295-agosto-5. [Ramirás] (Ou), doc. 248, OR.; Duro *Ramirás*, 1295-agosto-5. [Ramirás] (Ou), OR.; "Et mando a Maria Suarez huna coçedra et hun chumaçon et huna *colcha* et vi varas de vallatina pera çurame et pera saya", Lucas&Lucas *Ramirás*, 1295-agosto-5. [Ramirás] (Ou), doc. 248, OR.; Duro *Ramirás*, 1295-agosto-5. [Ramirás] (Ou), OR.; "Iten... I leyto cum I chumaço, e I cóçedra e I *colcha*", Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1303-xullo-11. [Allariz] (Ou), vol. I, doc. 42, OR.; "Iten, mando a dona Tereyga Pérez un almadraque e I *colcha* dalgodón e un chumaço de froxel", Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1303-xullo-11. [Allariz] (Ou), vol. I, doc. 42, OR.; "Et mando... hua cozedra et con chumazo et con hua *colcha*", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1305-[maio-4. Ribadavia] (Ou), doc. CX, OR.; "Et mando y comigo huun leyto con hua cocedra, et con hua *colcha*", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1305-[maio-4. Ribadavia] (Ou), doc. CX, OR.; "Et mando hua *colcha* et huum chomazo", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1305-[maio-4. Ribadavia] (Ou), doc. CX, OR.; "Et mando a albergaria de san Juyao huun feltro et hua *colcha* para os pasados trager aa igleia", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1305-[maio-4. Ribavia] (Ou), doc. CX, OR.; "Et mandolle huun leyto et hua *colcha* et hua almuzela et huun chumazo", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1305-[maio-4. Ribadavia] (Ou), doc. CX, OR.; "Et mando por leyto a este dito moesteyro un chumaço boo et ii façeyroos et huna *colcha* branca, a mays delgada" Rey Caíña *Ferreira de Pallares*, 1312-setembro-22. [Ferreira de Pallares. Guntín] (Lu), doc. 420, OR.; "et hũa | *colcha* de sirgo et hun alfámar", Lorenzo *Montederramo*, 1313-novembro-2. Ourense {1313-outubro-12}, vol. II, doc. 774, OR.; "Item mando a Ruy gomez a mina *colcha* branca", *Col. doc. históricos*, 1318-[xullo-25. Coiro, Cangas] (Po), vol. I, doc. XII, OR.; "mando-le a herdade de Vigo que compley de Peylin, et una *colcha*, et un travesseyro et quatro terças de çeveyra pra façer a boveda et un tovano grande con sua cabeça", Portela *Lugo XIV*, 1321-febreiro-3. Lugo, vol. I, doc. 194, OR.; "mandolle vn travesseyro et vnna *colcha* et lençoo", Cal *Mondoñedo*, 1321-marzo-10. Vilamor. Mondoñedo (Lu), doc. 84, OR.; "Item mando a mina sobrina Maria IIII varas, dous | mantees anchos et huna *colcha* noua que eu aio, et dous façeyroas", Graña *Vilourente*, 1328-maio-25?. [Vilamor. Mondoñedo] (Lu), doc. 4, OR; "mando a mina cama ao espital de | Santiago, conuem a saber hũu almadraque e hũu chomaço que teño aa cabeceyra e duas faceyroas e hũa *colcha*", Pichel&Martínez *documentação*, 1334-agosto-6? [Toxos Outos. Lousame] (A Co), doc. 14, COP.; López Ferreiro *Fragmentos*, 1334-[agosto-6. Lousame. Toxos Outos] (A Co), COP.; "mando... a mina *colcha* et hun alyffaffe et duas savaas et hun cabeçal que tenno da cabeçeira et dous façeiroes", Vaquero *Celanova*, 1338-febreiro-20. Vilar (Ou), vol. I, doc. 131, OR.; "Item mando a mina sobrina Marina huna *colcha* e huna almoçella e dez moravedís", Portela *obispado Tui*, 1342-xullo-19. [Baiona] (Po), doc. 63, OR.; "Ite mando... un almadraque e hunha *colcha* e hun thumaço e de duas ffateiraas", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1347-[xullo-17. Santiago de Compostela] (A Co), doc. LXV, OR.; "mando a mia cama... et con duas *colchas* et collo meu cubertor de pena ueyra", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1348-[setembro-14. Santiago de Compostela] (A Co), doc. LXXII, COP.; "E mando [...]ques et huun cabeçal e huna *colcha* et huun alliffafe et çinco façeiroos e a mina azemella da cama", Vaquero *Celanova*, 1348-outubro-22. Ourense, vol. I, doc. 140, OR.; "It mando aa sua nora? huu chumaço et hua *colcha*", López Ferreiro

Galicia histórica, 1348-[xuño-9. Santiago de Compostela] (A Co), doc. XXXII, OR.; "It mando aa outra que se acolle con migo aquel chumaço et aquela *colcha*", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1348-[xuño-9. Santiago de Compostela] (A Co), doc. XXXII, OR.; "Mando conmjgo á dita igleia dous chumaços et dous façeyroos et hũa *colcha*", Lorenzo *Montederramo*, 1348-outubro-27 {1348-outubro-12}{1325-xuño-23} {1338-decembro-31}, [Maceda] (Ou), vol. II, doc. 1260, OR.; "Yten duas sabas e dous cobertores con vna *colcha*, que es raso escuro", López *Allariz*, 1350-[setembro-28. Allariz] (Ou), doc. 1, OR.; "It. mando a estevayna boa moller hua cama de Roupa que seia hua coçedra et huun almadraque et hua *colcha* et dous cabeçaes et hua caldeyra", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1375-[maio-6. Santiago de Compostela] (A Co), doc. LXXXI, COP.; "Item mando ao espital de Santiago o meu almadraque de froxel da mina cama et huun par de sabaas et huna *colcha* et huun cabeçal et | huun par de façeiroas", Sánchez *ACS*, 1391-agosto-4. Santiago de Compostela (A Co), doc. 35, OR.; "It. mando... hua *colcha* et hun panal et huun alfamare et duas almadraquias", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1395-[abril-29. Santiago de Compostela] (A Co), doc. XXXIV, OR.; "mando... que lle den mays para a dita cama a *colcha* noua que teño feita en Santiago et huun panal", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1395-[abril-29. Santiago de Compostela] (A Co), doc. XXXIV, OR.; "Iten mando conmigo ao dito mosteyro co acemera dela, e que den a *colcha* que esta en Vilamayor con a dita cama ao dito mosteyro", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1402-[agosto-4. Melide] (A Co), doc. XXXV, COP.; "Item mando... una coçerre pequena et hun cabeçal et una *colcha* et hun par de sávana", Barral *Santo Domingo*, 1414-xullo-4. [A Coruña], doc. 2, OR.; Barral *A Coruña*, 1414-xullo-4. [A Coruña], doc. 2, OR.; "Iten mando... a cada huun sua *colcha* e seu balandran de paño", Fernández Suárez *Sarmiento*, 1427-xullo-5/10. Castelo de Roucos. [Cenlle] (Ou), doc. 10, OR.; "Yten mando a o espytal de Santa Ana que hes a çerca da capela de San Fiis vna *colcha* e duas sabas d'estopa e duas mantas desas, que acharen por casa", Sánchez *Álvaro Sánchez*, 1493-xuño-12. Santiago de Compostela (A Co), doc. 13, OR.; "Yten mando a mina prima Guiomar Suares dez doblas d'ouro ou sen balor e huna *colcha* das duas que teño", Sánchez *Álvaro Sánchez*, 1493-xuño-12. Santiago de Compostela (A Co), doc. 13, OR.

◦ **Cochan** (1): "mando... com meu ffeltro e con huna *cochan* e con huu chumaço", Pallares&Portela *val Miño*, 1302-novembro-6. [A Guarda] (Po), OR.

◦ **Co[lc]ha** (1): "Conven a saber huun almadraque et huu [ar]mareo que tenno aa cabeçeyra e dous fa*** et huna *co[lc]ha* et duas sauaas, et mando a outro meu quinon dos pannos et da roupa que o aia Paay Marino quando casar", Sánchez *ACS*, 1334-agosto-11. Cereixo [Vimianzo], doc. 7, COP.; "item mando...duas fac]eyroas et hua *col[cha]*", Pérez Rodríguez *Toxos Outos*, 1334-agosto-6. [Toxos Outos. Lousame] (A Co), doc. 795, COP.

◦ **Corcha** (2): "Yten mando a sua sobrina, mina afillada, frayra do dito mosteiro de Santa Clara, a mina *corcha* deste pano mesmo suso dito", Armas *Pontevedra*, 1439-xuño-15.[Pontevedra], doc. 31, OR.; "Yten mando a Elvira Perez, mina hirman a mina calzaba verde e mina *corcha* verde deste pano mesmo", Armas *Pontevedra*, 1439-xuño-15. [Pontevedra], doc. 31, OR.

◦ **Colchas** (4): "...e XVI faceyroós e un boo aliffaffe nouo e VII *colchas* nouas e VIII pares de mantees deschaquel nouos", Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1303-xullo-11. [Allariz] (Ou), vol. I, doc. 42, OR.; "Et esto he o que eu tenno para conplir esto o dito fiado vnna coçedra | et duas *colchas* et dous façeyroos", Cal *Mondoñedo*, 1321-marzo-10. Vilamor. Mondoñedo (Lu), doc. 84, OR.; "mando... tres *colchas* que ey están, e un cauezal de cauezera, e dos feseruellos e un par de colchones", López *Allariz*, 1382-marzo-25. [Allariz] (Ou), doc. 2, OR.; "se ouver em casa un par de *colchas*, que aja ela una delas", Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1439-maio-4.[Ourense], vol. I, doc. 74, OR.

◦ **Cólchas** (1): "dúas *cólchas* et hũu chumaço", Lorenzo *Montederramo*, 1339-maio-13. Montederramo {1308-febreiro-6} (Ou), vol. II, doc. 1123, OR.

◦ **Corchas** (1): "Yten mando mais que todas as outras presseas e boontades da mina cassa, ansi *corchas* como otras bontades", Armas *Pontevedra*, 1439-xuño-15. [Pontevedra], doc. 31, OR.

Unha das voces máis frecuentes que ofrecemos neste *corpus* de estudo, pertencente ao campo semántico da **roupa** (*vid. s.v.*) do leito, é a colcha. De por parte, semella que tamén tivo protagonismo noutros lugares, a xulgar pola mención que fai dela Ronquillo Rubio (1992: 39) ao estudar o enxoval dunha casa urbana nas illas Canarias a finais da Idade Media: «la *colcha* sólo consta en un caso, blanca, perteneciente al notario-contador, quien también cubría su cama con una estera».

A propósito dos tecidos en que se elaboraban estas colchas no medievo, os nosos exemplos citan o **algodón** (*vid. s.v.*) -«ı *colcha* dalgodón»-, o raso (*vid. s.v.* **rraso**) -«vna *colcha*, que es raso escuro»- e o **sirgo** (*vid. s.v*) -«et hũa | *colcha* de sirgo»; de por parte, poderiamos engadir a la (*vid. s.v.* **laan**). Amais, testemuñan a existencia de diversas cores: o branco («huna *colcha* branca» e «a mina *colcha* branca»), verde («mina *corcha* verde») e morado («a mia *colcha* cardea»).

No relativo a esta peza (*vid. s.v.* **peça**), cómpre destacar que o seu uso primitivo era cubrir o chan, pero xa na alta Idade Media pasou a denominar 'un tecido destinado a funcionar como sobrecama, ocultar os outros téxtiles do leito e servir como elemento decorativo'. Polo tanto, estamos ante un elemento que funcionou como signo de riqueza e luxo nas vivendas do medievo e, séculos despois, perviviu nas vivendas nobres, como destaca González Mena (1994: 54).

Existiron diversas técnicas de elaboración das colchas; entre elas as labradas, de tecido piloso, afelpado e de *nudillo*, e, algo máis sofisticadas, as de *caracolillo*, que, de orixe castelá, se estenderon por Galicia, Castela e Murcia. A elas podemos engadir as *mechadas*, tamén coñecidas como *guateadas* ou *enguatadas*), moi frecuentes no século XVI, que se elaboraban con dúas teas de liño (*vid. s.v.* **lino**) iguais e un recheo de algodón en mecha para crear os relevos. Ademais, tamén podían levar distintos tipos de bordados (*vid. s.v.* **bordado**), coma o de sedas (*vid. s.v.* **seda**) polícromas, que se acostumaba a realizar co denominado «punto de Hungría» ou punto medieval «de figuras» con bordado ao pasado, punto de almorafán e punto cruzado, principalmente. Precisamente, na imaxe que acompaña esta entrada ofrecemos unha colcha bordada con motivos florais e co nome dos seus donos, datada a comezos do século XX.

Con todo, estas pezas tan sofisticadas non eran propias dos ambientes máis humildes, que de teren posibilidades económicas, adoitaban empregalas de **algodón** (*vid. s.v.*) e tamén confeccionadas no tear cunha trama de farrapos mesturados cunha urda de liño, de aí as colchas de trapos; González Mena (1994: 55) indica que se realizaron en Montehermoso, Guadalupe e Valdeverdeja, pero esta elaboración estendeuse a León, Zamora, Galicia e Portugal. Avanzando no tempo, puxéronse de moda as colchas de gancho e a partir do século XIX, como consecuencia da revolución industrial, os teares mecánicos produciron colchas de seda ou algodón en modelos estandarizados.

Cómpre repararmos no valor simbólico das colchas, que ademais de formar parte dos enxovais (*vid. s.v.* **axuar**) da noivas, nas terras de Pedrafita, e en moitos outros lugares, adoitaban deixarse en herdanza e, incluso, como indica Doval Galán ([1998]: 90), foron un agasallo para aquelas persoas que marchaban a Arxentina, aínda que esta práctica ben se podería estender a calquera outro país que acolleu a emigración galega.

Na actualidade, as colchas adoitan mercarse, aínda así segue sendo frecuente a elaboración artesanal destas pezas en gancho ou encaixe de palillos, neste último caso moi vinculadas ao Concello de Camariñas.

****

No territorio galego Varela Sieiro (2003: 174-175) indica que o substantivo colcha conta cunha aparición serodia. Os primeiros testemuños en textos escritos en latín datan da segunda metade do século XII, pois nun documento editado polo historiador López Ferreiro, pertencente á igrexa compostelá, datado no ano 1154, cítanse: «duas *colchias* bonas et duo pulmaria». Por contra, da forma colcha as atestacións son algo máis tardías; en concreto, do primeiro terzo do século XIII. Nun texto notarial da catedral ourensá, de 1230, noméase: «*colcha* cardina et alia blanca nova» -*CODOLGA*. En textos escritos en romance, a documentación máis temperá é da segunda metade do século XIII, ao citarse nun documento de 1258 ofrecido entre os nosos exemplos e tamén compilado no *TMILG*. Amais, a prosa histórica tamén recolle este termo; a *His. Troyana* (1350-1399) ofrece o seguinte contexto: «Et avya ẽno leyto tendida hũa*colcha* moy noble cõ seu cobertor» -*DDGM* e *TMILG*. Con respecto ao portugués, contamos coa presenza desta voz dende o segundo terzo do século XIII, en que figura nun documento do mosteiro de Santa Cruz de Coímbra (1270-1299): «E mãdo… hũa *colcha* blanca & o melhor chumaço que hy ouuer…» –*CP 1300S-1900S*.

No galego moderno, na fala popular, localizamos colcha no *ALGa*, *TLPGP* e García *Glosario* (1985) –*DD*. O *ALGa* (pregunta 1.881: *Colcha*) achega mostras desta voz (xunto con cámara, *cobertor*, colcha *de trapo*, *manta*, *mantacolcha*, *roupeiros*, *serga* e *sobrecama*/*sobrecama*) nas catro provincias galegas e nas zonas estremeiras de Asturias, León e Zamora. De por parte, a pregunta 1.880 achega pouco máis dunha ducia de rexistros de colcha (xunto con *manta* e *cobertor*) nas provincias galegas e nos territorios asturianos e zamoranos lindeiros con Galicia. Con respecto ao *TLPGP*, este ofrece rexistros deste termo nun alto número de concellos galegos de todas as provincias. A eles cómpre engadir a illa São Miguel (Medeiros 1964: 231), no arquipélago dos Açores e oito puntos do territorio portugués peninsular. No relativo á escrita, o *TILG* inventaría 254 ocorrencias deste colcha, repartidas en 92 obras diferentes, dende o segundo terzo do século XIX. Nun texto anónimo de Cambados do ano 1836, editado por Mariño Paz e Suárez Vázquez cítase: «O maierdomo miraba pró seu compadre <Manteiga> ambos a dous regaland'os ollos coma dous bestas na porta da sancristía detrás dunha *colcha* vella».

En textos escritos en español documentamos esta voz dende o segundo terzo do século XIII. No *Libro de Apolonio* (c. 1240) recóllese o seguinte contexto: «Fizo poner el cuerpo en el suelo barrido, | en huna riqua *colcha*, en hun almatraque batido». A partir desta data aumenta a presenza de colcha nos textos hispanos; por exemplo, nun testamento da Catedral de Léon, do ano 1244, cítase: «E deuo a Nicolayo un lecho de rropa, una cozedera e un xumaço e una *colcha* e dos fazaruellos e duas ssauanas» -*CDH* e *CORDE*. Tendo en conta o material en que se elaboraban estas pezas do enxoval, nun documento da Catedral de Toledo, datado entre os anos 125 e 1261, noméase: «una *colcha* de ciclaton, vieia». No último cuarto do século XV nas *Cuentas de Gonzalo de Baeza* menciónase no ano 1483 unha: «una *colcha* de Flandes por 3.000 maravedís» e no ano 1495, localizamos «vna *colcha* de lienço, blanca» -Gual *Voc. comercio*. No século XVI, no inventario de bens de Juan de Castroviejo (Navarrete, La Rioja), do ano 1545, faise referencia a: «vna *colcha* buena» -*CorLexIn*. No século XX segue sendo unha peza co mesmo uso co que contaba na Idade Media e cunha aparición bastante alta, como demostra o *CREA* ao compilar case 400 rexistros.

No relativo á lexicografía galega, esta ofrece colcha entre as súas entradas dende a época premoderna (1863-1985). De feito, figura no Pintos *Vocabulario* (c.1865), Carré *Diccionario*[3]

(1951), Eladio *Diccionario* (1958-1961), Franco Grande *Diccionario* (1972) e Carré *Diccionario-Voc.* (1979) –*DD*. Con posterioridade, as obras publicadas a partir dos anos 80 do século XX achegan todas elas esta voz entre o seu lemario e, en relación con ela, temos o verbo *acochar* empregado para indicar que alguén está 'cuberto con roupa', preferiblemente, da cama.

As obras lexicográficas do portugués dan conta deste substantivo dende finais do segundo terzo do século XVI, en que se recolle no Cardoso *Dict. ex lusitanico in latinum* (1562-1563) –*CLP*.

Un século antes localizamos este termo do enxoval doméstico nos repertorios lexicográficos do español. O primeiro en ofrecelo é Nebrija no *Vocabulario español-latino* (1495) –*NTLLE*.

As colchas, na actualidade confeccionadas normalmente en tecido fino (algodón ou liño), seguen formando parte das pezas empregadas para cubrir e adornar as camas.

Cfr. s.v. **alfámar**, **aliffaffe**, **almucella**, **cobertor**, **feltro** e **manta**.

Fragmento dunha colcha fina bordada de comezos do século XX[58]

[cólcha] *s.f. vid. s.v.* **colcha** → **[4.1 ROUPA DO LEITO]**

[conta] → **[2.3 COMPLEMENTOS]**

s.f. (der. de *contar* < do lat. CŎMPŬTĀRE 'calcular', e este der. de PŬTĀRE) 'conta, cada unha das bólas pequena ensartadas para a elaboración dun colar, pulseira, rosario etc. ou para decorar certas pezas de roupa'.

◦ **Contas** (4): "et mando a Maria Iohanes, touquinegra, a mia colcha cardea [...], mias *contas*" Martínez *Trives*, 1282-agosto-12 [Manzaneda] (Ou), vol. I, doc. 57, OR; "et mando a Tereya Martinez, et a Mayor Rodriguez, et a Orraca Vaasquez et a Marya Gomez, touquinegras de Sobrado, as myas *contas*" Martínez *Trives*, 1291-xaneiro-27. [Sobrado. A Pobra de Trives] (Ou), vol. I, doc. 83, OR.; "It. de min Aras Peres Chantreyro huas *contas* hunn calçadonyo et trage hua pedrelina preta", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1348-[xuño-9. Santiago de Compostela] (A Co), doc. XXXII, OR.; "...et a Maria merchaa a mia saya et estas *contas* sobreditas", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1348-[xuño-9. Santiago de Compostela] (A Co), doc. XXXII, OR.

Entre os bens legados nos testamentos de Urraca Pérez, Elvira Arias, Elvira Pérez e Tareixa Gómez, encóntranse as contas, pezas frecuentes nos enxovais (*vid. s.v.* **axuar**) persoais das mulleres do medievo.

Non temos moita información do uso que nos nosos textos se lles daba ás contas, pero Fresneda González (2013: 895) explica que durante o medievo se utilizaban para elaborar rosarios (*vid. s.v.* **conteiro**) que podían ser de diversos materiais, dende la (*vid. s.v.* **laan**) e madeira ata materiais máis ricos coma o acibeche, ámbar, coral, **ouro** (*vid. s.v.*) e **prata** (*vid. s.v.*). Precisamente, no testamento de Tareixa Gómez légase, entre outras cousas, «huun meu conteiro de *contas*». Estas pezas podían engarzarse con fío de **seda** (*vid. s.v.*), como é o caso do rosario datado entre 1350 e 1400, que se conserva no Museo de Londres. A autora, anteriormente citada, indica que nalgunhas ocasións se restrinxiu o uso de pezas ricas na elaboración destes obxectos.

Noutros casos, as contas estaban destinadas á creación de colares (*vid. s.v.* **colar**) ou pulseiras ao iren enfiadas; con todo, tamén se utilizaban para adornar pezas (*vid. s.v.* **peça**) de **roupa** (*vid. s.v.*) máis exclusivas ou cintos, que ían cosidas pola parte central perforada. Por exemplo, no Museo de Telas Medievales (Burgos) custódiase un cinto pertencente a Fernando de la Cerda, que está realizado en tafetá **bordado** (*vid. s.v.*) con adobíos de alxofre (*vid. s.v.* **algofre**) e contas de cor azul, armado con coiro e decorado con escudos variados de tipo estranxeiro, con aves e rombos con esvásticas (Fresneda González 2013: 823).

****

No ámbito galego, as primeiras atestacións desta voz datan da última década do século XIII. Precisamente, o noso exemplo do ano 1291 é o máis temperán co que contamos, que tamén ofrece o *TMILG*. Anos despois, en 1433, nunha ordenanza gremial compostelá editada polo historiador López Ferreiro cítase: «V yten hordenamos e por ben temos que ningún, nen alguos oficiaas que labrar *contas* ou fezer labrar ou vender de azabache, que non seja ousado de soldar, nen juntar peça nenhua, conben a saver, ymagen de santiago, nen crucifixo, nen conchas, nen *contas*, nen sortellas, nen outra pesa nenhua que seja quebrada con betume, nen con cola, nen con Rolda, nen quon outra cousa, salbo se for pie de cruz que seja torneado que non posa caer e seja peça san» -*TMILG*. No portugués, o primeiro testemuño data do ano 1256 e está no testamento de Mafalda: «et unas *cuntas* de cristallo et coralis… et unas *contas* de corallo et de cristallis… et unas *cuntas* de corallo» -Lorenzo *Cronologia* (*DDGM*).

No galego moderno, na fala popular, rexistramos este termo, coa nosa acepción no García *Glosario* (1985) -*DD*. O *TLPGP* ofrece este conta, coa nosa acepción, no Concello de Cangas (González 2002: 458). No territorio portugués de Arcos de Valdevez (Pereira 1970: 364) localizamos a forma cuontas. Na escrita, o *TILG* achega rexistros desta voz dende finais do século XIX; no relato breve titulado «Cousas d'alá outros», editado por Hermida, cítase: «Ela dixo o rosario; tiña na man un rosario de *contas* negras máis gordas que noces». No *CORGA* tamén se ofrecen atestacións de conta dende o ano 1981, en que figura na obra teatral de Cortezón

titulada *Pedro Madruga. Representación histórica*: «O crego Segredario axiónllase medoñento e prega nun remusmus beato de oracións e arrenegos, desgranando as *contas* do rosario de acibeche cun afervoamento entre humilde e hipócrita».

No español, a primeira atestación deste termo data, aproximadamente, da primeira metade do século XIV. No *Libro de buen amor* (1330-1343) de Juan Ruiz ofrécese o seguinte texto: «Coidando la yo aver entre las benditas,| dávale de mis donas, non paños e non çintas,| non *cuentas* nin sartal nin sortijas nin mitas, | con ello estas cantigas que son deyuso scriptas»; esta mesma datación é a que propón o *DCECH*. Nun inventario de xoias do ano 1415, dun texto navarro, cítase: «Item quatorze esmaltes de oro de verde et cardeno. Item quoaranta siete *cuentas* de coral gruessas». Anos despois, localizamos outra concordancia nun documento pertencente ao *Tratado de aojamiento o de facinación d'Enrique de Villena* (1425) que ofrece o diminutivo contezuelas: «libros pequeños escriptos de nonbres e dizen les taylil e ponen les dineros foradados al cuello e | *contezuelas* | de colores» -*CORDE*. Martínez Ruiz (1972: 96) tamén recolle esta última forma nun inventario do ano 1565 de Albacete de Órgiva (Granada): «quarenta e siete *conteçuelas* de aljófar». No século XVII, no testamento e inventario de bens do cacique Juan de Choconta (Colombia), do ano 1633-1634, figura o contexto que segue, no cal se nomea a forma quentas: «Más un collarejo de corales y *quentas* de platacon dos pieças de oro, y un topo de oro con una esmeralda». No século XX, o *CREA* ofrece numerosas ocorrencias desta voz, pero coa nosa acepción diminúen os contextos que relaciona.

No que respecta ás obras lexicográficas do galego, estas fanse eco do substantivo conta dende a época premoderna (1863-1985) ao estar recollida no Rodríguez *Diccionario 1863*, Pintos *Vocabulario* (c.1865), Cuveiro *Diccionario* (1876), Valladares *Diccionario* (1884), Porto *Diccionario* (c. 1900), Eladio *Diccionario* (1958-1961) e Franco Grande *Diccionario* (1972) –*DD*. Posteriormente, os dicionarios de corte normativo, publicados a partir de mediados dos anos 80 do século XX, recollen esta acepción baixo a entrada conta.

Na lexicografía portuguesa, a presenza desta voz data de finais do século XVII, en que se ofrece no Pereira *Thesouro* (1697) –*CLP*.

Os repertorios lexicográficos do español recollen cuenta, co significado que nos ocupa, dende comezos dos século XVIII, en que figura no *Diccionario muy copioso de la lengua española y francesa* (1604) de Palet –*NTLLE*.

Na sociedade actual as contas e doas seguen formado parte das pezas de certas pezas de roupa e complementos, coma colares, pulseiras, pendentes, aneis, bolsos, entre outros.

Cfr. s.v. **conteiro** e **[doa]**.

Contas de colar elaboradas con óso procedentes do Mosteiro de San Juan de Duero (Soria). Custodiadas no Museo Numantino (Fresneda González 2013: 836)

conteiro → **[2.3 COMPLEMENTOS]**

s.m. (do lat. tardío CŎMPŬTĀRIU-; der. de *conta* < do lat. CŎMPŬTĀRE 'calcular', que procede á súa vez de PŬTĀRE, ao que se lle engadiu o sufixo -ARIU) '*conteiro*, sarta de contas separadas de dez en dez por outras de distinto tamaño, unidas polos extremos a unha cruz, que se utiliza para rezar de xeito ordenado seguindo as doas'.

> ◦ **Conteiro** (4): "Yten mando a Elvira Perez, mina hirman a mina calzaba verde e mina corcha verde deste pano mesmo, e mais o meu *conteiro* dos corais", Armas *Pontevedra*, 1439-xuño-15. [Pontevedra], doc. 31, OR.; "Iten mando a Tareija Fernandes, moller de Johan Pedreiro, huun meu *conteiro* de coraas et hun pichel de staño de hunn ayunbre et hunna pedra de lynno", Barral *A Coruña*, 1462-novembro-16. [A Coruña], doc. 15, OR.; "Jten mando a | Mayor Nunes o meu *conteiro* das avelãas de | plata", Lorenzo *testamentos*, 1497-setembro-4/novembro-1. [Cee] (A Co), COP.; "Iten mando a Mayor Nunnes o meu *conteiro* das avelãas de | plata", García Oro *Diego de Muros III*, 1497-setembro-4. Cee (A Co), doc. 23, COP.

Nos testamentos femininos de Tareixa Gómez, Tareixa Pérez Fiota e Catalina Gómez e no codicilo de María Oanes Bocarela recóllese a voz conteiro, que fai referencia ao obxecto que acompaña o rezo do rosario.

Fresneda González (2013: 891) indica que a partir dos últimos anos do século XIII os conteiros ou *paternosters* conformáronse como xoias de devoción. Inicialmente utilizáronse na Igrexa de Oriente de onde foron traídos á cristiandade occidental da man dos cruzados e, dende entón, o seu uso estendeuse por todo Europa. O conteiro consistía, nas súas orixes, en tres series de 55 a 59 contas (*vid. s.v.* **conta**), enfiadas formando grupos; cada unha das ditas series estaba composta por 10 pequenas contas ou 'ave maría' e outras 15 contas de maior tamaño denominadas *paternosters*. Con todo, o rezo do rosario como se coñece hoxe en día data do ano 1569, en que o papa Pío V llelo prescribe, xunto cos nosos pais, avemarías e gloria, aos soldados para conseguir a intervención divina na loita contra os turcos. Logo da vitoria cristiá na batalla de Lepanto (1571) queda imposto o seu rezo tal e como se coñece na actualidade[159].

[159] En liña: *https://es.wikipedia.org/wiki/Rosario_(catolicismo)* [Consulta: 18 de abril de 2019].

No que respecta ao material en que se elaboraban os conteiros durante a Idade Media, os máis humildes utilizaban a madeira e a la (*vid. s.v.* **laan**) –Fresneda González 2013: 895. Os nosos exemplos citan a **prata** (*vid. s.v.*): «meu *conteiro* das avelãas de | plata» e o coral en «o meu *conteiro* dos corais», materias á altura da nobreza galega á que pertencían. O coral xunto co ámbar e o acibeche eran moi usados no medievo para a realización dos conteiros; tiñan en Londres unha das principais cidades de preparación destas pezas (*vid. s.v.* **peça**), onde aínda hoxe se conserva no nome da rúa (*Paternoster Row*), lugar no cal se agrupaban parte dos artesáns que os elaboraban (Cherry 1999: 23). De por parte, os conteiros de doas (*vid. s.v.* **[doa]**) de coral parece que foron moi comúns en toda a Europa medieval, pois Wade Labarge (1989: 254) cita que o preboste de París, no ano 1459 confiscoulle a unha prostituta, entre outros bens, «un rosario de coral con un *agnus dei* de plata» e engade «porque eran señal de mujer honrrada». Polo tanto, estas pezas ademais de seren utilizadas para o rezo, tamén se asociaron ao bo facer e honradez das mulleres que as posuían no seu enxoval (*vid. s.v.* **axuar**). Amais, esta xoia (*vid. s.v.* **[joia]**) de uso devocional era habitual que fose rematada cunha cruz, pero tamén podía levar figuras de santos, letras iniciais ou borlas (Fresneda González 2013: 895).

Na lauda pétrea dunha dama anónima, do século XV, custodiada no Museo de Santo Antón da Coruña, apréciase a presenza dun conteiro que colga sobre as vestiduras e vai pendurado ao pescozo desta muller (Rey Cabezudo 2014: 59). No entanto, Rodríguez Núñez e Díaz Tie (1989: 312-313) destacan a escasa presenza dos conteiros nos monumentos funerarios galegos dos séculos XIV e XV, a diferenza das representacións femininas castelás do século XVI, en que abunda esta peza.

****

No territorio galego os testemuños desta voz son escasos, de feito o exemplo máis temperán co que contamos recollémolo nun dos nosos exemplos do primeiro terzo do século XV, en concreto, do ano 1430. Unha década despois, nun documento notarial editado polo historiador López Ferreiro cítase: «Iten, que lle lleuaron çera, que valía ben des mrs, et que lle leuaron oyto sirgo, que valía oyto mrs, et que lleuaron hun *conteiro* d'azebeches con hu vrnés, que valía des mrs» (1448) -*TMILG*. No portugués non atestamos esta voz nos repertorios consultados (*CP 1300S-1900S* e *VHCPM*).

No galego moderno, na fala popular, non localizamos a forma conteiro, pero si *rosario* no García *Glosario* (1985) –*DD*- e *TLPGP*. Na escrita, o *TILG* non achega conteiro, coa nosa acepción, pero compila 980 casos da voz *rosario*, repartidos en 397 obras diferentes, dende finais do século XVII, en que se cita na obra *Festas Minervais, y aclamación perpetua de las musas, a la inmortal memoria de el ilustrissimo y excelentíssimo señor don Alonso de Fonseca el Grande* (1697): «E non entendo este rezo, que é de vinte, e o *Rosario* sólo ten quince mesterios». Do mesmo xeito, no *CORGA* tampouco contamos con exemplos de conteiro, pero si da forma *rosario*, dende o ano 1976.

No español, a primeira atestación de contero, en relación co termo estudado, data de finais do século XVI, en que se cita na obra *Varia conmensuración para la escultura y la arquitectura* (1585) da autoría de Arce y Villafañe: «Entre un triglifo y otro queda de espacio un quadrado equilátero, en el qual se ponen las metopas M, que representan los platos en que sacrificaban las cabeças de los animales. Y házenlas adornadas de gallones y *conteros*; otras ponen como flores de cinco hojas, y también se ponen, en lugar de las metopas, cabeças de terneras y de otros animales, despojos de guerra o serafines, si es en cosas sagradas». Moito máis predominante nas letras hispánicas, o mesmo ca ocorría no galego, é o uso da voz *rosario* para denominar 'unha sucesión de contas semellantes ás do *rosario*'. Por exemplo, na *Historia de las Indias* (c. 1527-1561) de Casas ofrécese o termo *rosario*: «…ciertos *rosarios* de cuentas de barro cubiertas de oro y otras sartas de oro puro huecas» -*CDH*, *CORDE* e *DICTER*. Tamén na obra de Villalón titulada *El Crotalón* (1532) se

cita: «Otras veces mudando las tierras mudaba el vestido, y con la mesma barba usaba de un hábito que en muchas provinçias llaman beguino: con una saya y un escapulario de religioso que hazía vida en la soledad de la montaña, una cayada y un *rosario* largo, de unas cuentas muy gruesas en la mano, que cada vez que la una cuenta caía sobre la otra lo oían todos cuantos en un gran templo estuviessen» -*CE 1200S-1900S*. O termo contero vai perdendo paulatinamente a súa representación no español e vai sendo substituído por *rosario*, como amosan o *CorLexIn*, o *CREA* e o Gual *Voc. comercio*, que xa non ofrecen a forma estudada. De *rosario* o *CREA* dá conta de 1.090 casos, aínda que non todos se adaptan á acepción obxecto de estudo.

No relativo á lexicografía galega, rexistramos conteiro moi tardiamente, en concreto a finais da época premoderna (1863-1985). Coa nosa acepción está presente no Eladio *Diccionario* (1958-1961), Franco Grande *Diccionario* (1972) e Carré *Diccionario-Voc.* (1979). Por contra, á voz *rosario* fan mención o Pintos *Vocabulario* (c. 1865), Eladio *Diccionario* (1958-1961) e García *Glosario* (1985) –*DD*. Con posterioridade, os dicionarios publicados a partir de mediados dos anos 80 do século pasado xa non van recoller a forma conteiro coa acepción estudada, no canto dela van ofrecer *rosario*, xa presente no Pintos *Vocabulario* (c. 1865) e Eladio *Diccionario* (1958-1961) –*DD*.

Os repertorios lexicográficos do portugués, coa nosa acepción rexistran conteiro, como entrada, no Bluteau *Vocabulario portuguez e latino* (1712-1728) –*CLP*.

No que respecta ás obras lexicográficas do español, estas recollen contero dende a segunda metade do século XIX, en que a ofrece a obra *Biblioteca universal. Gran diccionario de la lengua española […]* (1852), da autoría de Castro y Rossi –*NTLLE*.

Actualmente, os conteiros seguen existindo, baixo a denominación de rosarios, e forman parte do enxoval persoal, fundamentalmente, das mulleres e homes máis devotos, que os empregan para os seus rezos.

Cfr. s.v. **[conta]** e **[doa]**.

Conteiro de prata[160]

[160] En liña: *http://www.tienda-rosario.com/z.php?SIDCat=257&IDArticle=2421* [Consulta: 18 de abril de 2019].



Lauda pétrea dunha muller anónima con conteiro. Imaxe de Alfredo Erias (Rey Cabezudo 2014: 59)

corcha *s.f. vid. s.v.* **colcha** → **[4.1 ROUPA DO LEITO]**

[corda] → **[2.3 COMPLEMENTOS]**

s.f. (do lat. CHŎRDA- 'corda dun instrumento musical', 'soga, cordel', e este do grego χορδή 'tripa', 'corda musical feita con tripas' –*DCECH*, *s.v.* cuerda, vol. II) 'corda, conxunto de fíos entrelazados que forman unha única peza longa e estreita'.

> ◦ **Cordas** (1): "It. mando das minas doas, conuen a saber, *cordas* de mantos et botoaduras de prata et gllandas et doas de garganta et algofre et todas doas que eu aia...", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1348-[xuño-7. Santiago de Compostela] (A Co), doc. XLI, OR.

No testamento de Elvira Pérez cítanse cordas de mantos (*vid. s.v.* **manto**) que a boticaria compostelá deixa no seu legado testamentario.

Durante o medievo, moitas das pezas (*vid. s.v.* **peça**) de poñer por riba, entre elas os mantos e as capas (*vid. s.v.* **capa**) precisaban suxeición para evitar que escorregasen polos ombreiros. Precisamente, Gutiérrez Molinero (2015: 53) afirma que a principal diferenza entre o manto e capa radica no seu uso, o manto ademais de estar confeccionado con teas ricas, engade «no suele llevar cuerdas». No caso de ser usado polas mulleres, de non portarse por riba da cabeza, o manto ía suxeito aos ombros con broches, fíbulas ou cintas (*vid. s.v.* **cinta**).

Con todo, as cordas tamén formaron parte das pezas do vestiario (*vid. s.v.* **vistiaria**) destinadas a tapar o corpo e ás de uso interior coa finalidade de quedaren ben axustadas; de feito, podemos reparar na alxuba (*vid. s.v.* **aljuba**) de Fernando de la Cerda e no brial[3] de Leonor de Castela, que levaban cadansúa corda nun lateral. Noutros casos as calzas (*vid. s.v.* **[calça]**) servíanse dunha corda ao redor do van para fixalas e, as camisas (*vid. s.v.* **camisa**), de levárena, esta ía do costado da axila á cadeira, para permitir así unha maior suxeición (Gutiérrez Molinero 2015: 67).

No tocante ao material en que se confeccionaron estes elementos de axuste, temos que destacar que a maioría das veces elaborábanse co tecido da propia peza, como así ocorre nos

exemplos citados no parágrafo anterior, en que estas fitas son de **seda** (*vid. s.v.*), pero poderían ser de liño (*vid. s.v.* **lino**), como no caso das calzas (*vid. s.v.* **[calça]**), ou de calquera outro material empregado na feitura da peza do vestir no cal se inclúen.

****

No dominio galego os testemuños máis temperáns deste termo datan do segundo terzo do século XIII. Nunha cantiga de amigo do trobador Gonçal' Eanes do Vinhal, datada entre 1240 e 1300, cítase: «e me nembrou a *corda* da camisa que m' el filhou» -*CMGP*, *MedDB* e *TMILG*. No portugués, a primeira atestación tamén data do século XIII; temos mostra nos *Foros de Castelo Rodrigo*: «E balesteyro que leuar balesta con duas cordas e.I.a auant *corda* con.LX. saetas, el caualeyro prenda media caualeria, e el peon quarta» -*CP 1300s-1900s*.

No galego moderno, na fala popular, localizamos corda no García *Glosario* (1985) –*DD*- e no *TLPGP*. Este último repertorio documéntaa en varios concellos das catro provincias galegas e no concello zamorano de Porto. Na escrita, o *TILG* achega exemplos dende o segundo terzo do século XVIII; con todo, co uso que se lle dá a corda no noso exemplo temos mostras dende o primeiro terzo do século XX. Na revista *Nós* (nº 77, 15 de maio de 1930) cítase: «Levan unha *corda* amarrada á cintura e unha soga na man pra mallar ós rapaces cando se meten con eles».

O español ofrece a primeira atestación de corda dende o segundo terzo do século XII, cando aparece no *Poema de mio Cid* (c. 1140). Coa nosa acepción recóllese na obra *Vida de santa María egipcíaca* (c. 1215): «Nunqua calçaba otras çapatas, | sino de cordobán entretalladas | pintadas eran con oro e con plata, | *cuerdas* de seda con que las ata» -*CDH* e *CORDE*. En textos escritos en español na coroa de Aragón durante o século XV cítase este termo na tradución ao catalán do *Libro de Albeyteria* de Díez de Vilanova (1499): «se atreua en el algun poco. y en los bancos pongan vna | *cuerda* | muy bien atada en algun madero en tierra tendido. porque le cargue» -*DiCCA-XV*. Varios dos inventarios do Siglo de Oro español achegan esta voz, pero só o de Ana Iglesia (Cuevas de Almanzora, Almería), do ano 1649, ofrece unha acepción relacionada co noso exemplo: «Vna *cuerda* de San Francisco» -*CorLexIn*. Xa no século XX, o *CREA* achega máis de 2.000 ocorrencias, aínda que non todas encaixan co significado estudado.

A lexicografía galega ofrece corda, coa nosa acepción, dende a publicación das obras lexicográficas de mediados do século XIX. Está presente no Rodríguez *Diccionario c.1854* e Aguirre *Diccionario* (c.1858). Xa na época premoderna (1863-1985), localizámolo no Pintos *Vocabulario* (c. 1865), Cuveiro *Diccionario* (1876), Porto *Diccionario* (c. 1900), Filgueira et alii *Vocabulario* (1926), Carré *Diccionario*[1] (1928-1931), Acevedo&Fernández *Vocabulario* (1932), Carré *Diccionario*[2] (1933), Ibañez *Diccionario* (1950), Carré *Diccionario*[3] (1952), Eladio *Diccionario* (1958-1961), Franco Grande *Diccionario* (1972) e Carré *Diccionario-Voc.* (1979) –*DD*. Posteriormente, os dicionarios publicados a partir dos anos 80 do século pasado van ofrecer este termo entre os seus lemas.

A propósito da lexicografía portuguesa, esta dá conta de corda dende a segunda metade do século XVI, en que se cita no Cardoso *Dict. ex lusitanico in latinum* (1562-1563) –*CLP*.

Os repertorios lexicográficos do español achegan cuerda algo antes ca o resto das linguas, en concreto, dende finais do século XV, en que se recolle no *Vocabulario español-latino* (1495) de Nebrija –*NTLLE*.

As cordas seguen formando parte da indumentaria dos homes e mulleres do século XXI, aínda que, pola pouca funcionalidade, practicamente perderon o uso medieval de suxeición a favor do valor estético.

Cfr. s.v. **baraça**, **cinta**, **[cordón]** e **tixjllo**.

Miniatura da CSM nº 110 na cal se pode ver un manto con corda (Códice do Escorial)[161]

Saia encordada con detalle das cordas, Pertencente a Leonor de Castela, custodiado no Museo de Telas Medievales, sito no Monasterio de Santa María la Real de las Huelgas de Burgos[162]

[cordón] → **[2.3 COMPLEMENTOS] [2.4 ORNAMENTOS LITÚRXICOS]**

s.m. (der. de *corda* < do lat. CHŎRDA 'soga, cordel', e este do gr. χορδή 'tripa' –*DCECH*, *s.v.* cuerda, vol. II) 'cordón, conxunto de fibras trenzadas e retorcidas xuntas, destinado a atar e/ou adornar certas cousas'.

[161] En liña: *https://es.pinterest.com/pin/366691594638004896/* [Consulta: 18 de abril de 2019].
[162] En liña*: http://bejismedieval.blogspot.com.es/2014/09/saya-encordada-de-leonor-de-castilla.html* [Consulta: 18 de abril de 2019].

◦ **Cordones** (1): "Jten entregou máys o dito arçediano do dito rrecabdamento douss | colares pretos con súas léteras et devissas e douss *cor|dones* para las aluas", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

No reconto da Catedral de Ourense cítanse «douss *cor|dones* para las aluas», peza (*vid. s.v.* **peça**) moi vinculada á alba (*vid. s.v.* **alua**) dende as súas orixes, para suxeitala, ao cumprir a función do antigo *cingulum* da túnica romana. Na baixa Idade Media adoptou a forma de tira de tea estreita, anoada ou cunha fibela, aínda que roldando o século XV presentou tamén a forma de cordón (Pazos-López 2015: 9).

Morán Cabanas (2001: 235) indica que o cordón, como complemento da indumentaria eclesiástica, simboliza a pobreza, e os seus nós, as cargas simbólicas. No *Cancioneiro Geral* de Garcia de Resende (vol. IV, nº 878, 325). en dúas composicións faise mención a este elemento, cando se alude á vontade de Rui de Figueiredo para entrar nun convento: «Se determináis vestir | havito com seu *cordam*».

A propósito da elaboración desta peza, o noso exemplo non achega datos, pero podía estar confeccionada en **seda** (*vid. s.v.*), de la (*vid. s.v.* **laan**), de cánabo (*vid. s.v.* **canavo**) ou **algodón** (*vid. s.v.*), en cor branca ou ir tinguida con diversas tonalidades. Durante a Idade Media estes cordóns adoitaban levar borlas nos extremos, a modo de adorno. Os encargados da súa elaboración eran os cordoeiros como se comproba na lectura dunha das fichas recollidas no Gual *Voc. comercio* (*vid. s.v.* cordonero). A propósito do prezo dos cordóns, igualmente, nunha das fichas ofrecidas no vocabulario anterior (*s.v.* cordón), ao falar dos distintos tipos de pezas, establécese unha tarifa: «la vara del *cordón* fino de seda, fecho con mano, 7,5 maravedís; el más delgado, 6 maravedís; el cordón hecho en telar, 3 moravedís».

Amais do uso indicado, os cordóns foron unha peza indispensable das camisas encordadas (*vid. s.v.* **camisa**), ao servir para axustalas na zona aberta do costado.

****

No ámbito galego documentamos cordón dende a segunda metade do século XIII. Cítase nunha cantiga afonsina, de escarnio, de ambiente militar: «Vi un coteife mal guisad'e vil, | con seu perponto todo de pavil | e o *cordon* d'ouro fal por joeta» (1240-1300) -*CP 1300S- 1900S*, Ferreiro *Glosario*, *MedDB*, *TMILG* e Lapa *Escarnho* (*DDGM*). O plural cordões tamén se recolle noutra cantiga escarniña da autoría de Fernand'Esquío (1240-1300): «Muy ben vos ssemelharán, | ca sequer levan *cordões* | de ssenhos pares de colhões; | agora vo -los darám: | quatro caralhos asnaes, | enmanguados en coraes, | con que caledes…» -*CMGP*, *CP 1300S-1900S*, Ferreiro *Glosario*, *MedDB* e *TMILG*. Na prosa tamén localizamos este termo, utilizado como sobrenome, nun documento notarial do ano 1307 pertencente ao cenobio lucense de Pombeiro: «Pero de *Cordon*». Como forma do léxico común a prosa notarial tamén o ofrece nun documento notarial ourensán editado polo historiador Ferro Couselo: «e hun *cordón* de sedas et hun pente» -*TMILG*. O portugués dá conta deste substantivo dende finais do século XIV (1391), en que figura na obra *Vereaçoens*: «seelada do seu sello pendente em *cordom* uermelho» -*VHCPM*. Da forma actual cordão existen rexistros dende o século XVI, en que se rexistra na obra *Historia da vida do Padre S. Francisco Xavier* (1600), da autoría de Lucena: «Nem se saiu da nau sem um pequeno do *cordão* da vestimenta em que o corpo vinha revestido, o qual pôs num relicário de prata e trouxe sempre ao colo, recebendo da fé que tinha nos merecimentos do santo estes benefícios» -*CP 1300S-1900S*.

No galego moderno, na fala popular, rexistramos cordón no García *Glosario* (1985) –*DD*-, *ALGa* (pregunta 2.343: *Cordóns*) e *TLPGP*. O *ALGa* localízao nas catro provincias galegas e nos territorios fronteirizos de Asturias, León e Zamora e o *TLPGP* en varios puntos do territorio galego. Na escrita, o *TILG* atesta este termo dende comezos do século XIX, en que se cita na

obra de Pardo de Andrade titulada *Os servís e os liberás* (1814): «Porque a panza non lles fuxa acostuman a levar úa faixa ou *cordón* floxo sobre da roupa talar». En total, este tesouro inventaría 558 casos, ofrecidos en 171 obras distintas. Se observamos as franxas cronolóxicas ofrecidas, podemos comprobar como o seu uso se incrementa co paso dos séculos. De feito, entre 1801 e 1850, unicamente se rexistra un exemplo; entre 1851 e 1900, 33 casos; entre 1901 e 1950, 54 contextos; entre 1951 e 1980, 142 e, finalmente, entre 1981 e 2013, 327 ocorrencias.

No español os primeiros testemuños datan, aproximadamente, de mediados do século XII. Recóllense na obra anónima *Poema de mio Cid* (c. 1140) onde os cordóns están destinados a cinguir a roupa que oculta as armas: «…sobre las lorigas armiños e pelliçones, | e que non parescan las armas, bien presos los *cordones*; |so los mantos las espadas, dulces e tajadores: | d'aquesta guisa quiero ir a la cort, | por demandar mios derechos e decir mi razón» -*CDH*, *CE 1200s-1900s*, *CORDE* e *DCECH*. A finais do século XIII, na obra *Gran conquista de Ultramar* (1293) cítase: «fasta |que me pongan la cruz en | la espalda por pasar a ultramar. | & llamo al Obispo. Commo | de cabo & demandol la cruz | & el Obispo non le oso decir | ninguna cosa. & tomo un | *cordon* de Seda & fizo ende | cruz & finco los ynoios antel | llorando. & diol la cruz | & el tomola & besola & puso | se la sobre los oios & despues | fizo se la poner sobre la | espalda» -*CDH*. En textos escritos en español na coroa de Aragón tamén localizamos este termo dende o primeiro cuarto do século XV; no ano 1423 na obra *Arte cisoria o Tractado del arte de cortar del cuchillo* de Villena ofrécese o seguinte contexto: «juntos el cortador e la tal vayna tenga cobertura commo escriuanja con sus | *cordones* | fermosa mente labrados e pueden los fazer de cuero e sy fuere çervuno sseria» -*DiCCA–XV*. Un século despois, no *Reportorio premáticas y cortes* (1551) da autoría de Martínez de Burgos cítase: «Otrosí, no se pueda traer recamo, trença, ni *cordón*, ni franja, ni passamano, ni ninguna otra cosa de hilo de oro, ni de plata, ni de seda, ni de pespunte, ni colchado ninguno, sino el que fuere menester para la costura de la faxa» -*DICTER*. No século XVII, no inventario de bens de Hernando Sánchez e Catalina Martín (La Alberca, Salamanca), do ano 1600, figura: «Yten, un *cordón* de malvas amarillo, en un ral» -*CorLexIn*. A partir do terceiro cuarto do século XX, o *CREA* inventaría 1.145 casos, repartidos entre 637 obras distintas.

Os repertorios lexicográficos do galego dan conta da voz cordón dende a época premoderna (1863-1985). Figura no Eladio *Diccionario* (1958-1961) e Franco Grande *Diccionario* (1972) –*DD*. Unha década despois, os dicionarios publicados a partir de mediados dos anos 80 do século XX van ofrecer cordón entre os seus lemas.

A propósito das obras lexicográficas do portugués, estas citan cordão dende finais do século XVII, en que figura como entrada no Pereira *Thesouro* (1697), aínda que relacionado co gando cabalar. Amais, cítase no Bluteau *Vocabulario portuguez e latino* (1712-1728), Folqman *Diccionario* (1755) e Fonseca *Parvum lexicum* (1798) –*CLP*.

Con respecto á lexicografía do español, esta faise eco da voz cordón dende finais do século XV, data en que a ofrece Nebrija no *Vocabulario español-latino* (1495) –*NTLLE*.

En relación co vestir, no século XXI os cordóns seguen formando parte das pezas da indumentaria, fundamentalmente feminina, e do calzado e manteñen a función de cinguir que tiña no medievo e en épocas anteriores.

Cfr. s.v. **baraça**, **cinta**, **corda** e **[tixjllo]**.



Cordón de alba[163]

[corporal] → **[2.4 ORNAMENTOS LITÚRXICOS]**

s.m. (do lat. CORPORĀLE- 'relativo ao corpo' < der. de CŎRPU-) 'corporal, pano rectangular ou cadrado que o sacerdote coloca sobre o altar para pousar a hostia e o cáliz'; normalmente úsase en plural, porque inicialmente se empregaban dous corporais.

> ◦ **Corporales** (2): "Quatro peças de *corporales* de lenço", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Jten outros *corporales*: | vn açetre con súas cadeas para ágoa; | dúas obradeiras, vnas novas et outras vellas...", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.
>
> ◦ **Corporãas** (1): "Dúas cayxas para *corporãas*, vna vella e outra nova", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

Entre as voces do enxoval litúrxico que ofrece o reconto da Catedral de Ourense están os corporais, panos do altar que forman parte dos lenzos (*vid. s.v.* **lenço**) da igrexa e foron usados dende antigo xunto cos ornamentos para cubrir os vasos sagrados, o palio, o antipendio, o purificador e o cáliz. Neste caso é un pano bendito que se emprega para recibir a patena co pan e o cáliz co viño e forma parte dos ornamentos (*vid. s.v.* **ornamento**) que serven para recibir elementos sagrados, en palabras de González Mena (1995: 69). A súa denominación ten que ver con que en determinadas épocas se puña directamente enriba do pan eucarístico, o cal simboliza o corpo de Xesucristo (Bonet i Martí 2014: 73). No comezo as súas dimensións eran bastante grandes porque debía ser estendido sobre o altar, pero a finais da Idade Media xa tiña un formato máis reducido, aproximado ao actual.

Nun dos nosos exemplos indícase que estes corporais eran de lenzo, polo que entendemos que na súa confección foi utilizado o liño (*vid. s.v.* **lino**), habitual para estes panos (*vid. s.v.* **pano**) do altar. Este, a miúdo, estaba decorado con bordados (*vid. s.v.* **bordado**), encaixes e flocos (*vid. s.v.* **[frocadura]**) para darlle suntuosidade, fundamentalmente, cando os corporais eran utilizados nas cerimonias máis solemnes. Un dos posibles bordados era a cruz, como

[163] En liña en: *http://infocatolica.com/blog/germinans.php/1201201042-de-capitulo-50-el-alba-y-el-c* [Consulta: 18 de abril de 2019].

leva o corporal que ofrecemos na imaxe que pecha esta entrada. Ademais, a partir do século XVI convertéronse en pezas de gran luxo (González Mena 1994: 69).

Da cor deste **pano** (*vid. s.v.*) non se ofrece información no noso contexto, pero de seguro que era de cor branca aínda que estivese decorado con adornos doutras cores, combinación moi empregada nas pezas de uso máis exclusivo. De por parte, os corporais adoitaban gardarse pregados nunha especie de cartafol ríxido, forrado de tea con bordados, normalmente cadrado, que no exemplo denomínase caixa, aínda que tamén se coñece como bolsa (*vid. s.v.*). Ofrecemos na segunda imaxe este obxecto.

****

No territorio galego documentamos corporal dende o século X. O testemuño máis temperán data do ano 947 e localizámolo nun texto latino pertencente ao tombo de San Xulián de Samos: «…casulla alba, velos de super altare III, et pala et *corporale*» -*CODOLGA*. Esta forma latina vai chegar ata os documentos do século XV escritos en latín. O *TMILG* non recolle exemplos deste termo como substantivo, soamente como adxectivo. Con todo, Rivas Quintas (2012: 138) atesta no ano 1472 a voz corporaas nun texto galego, dúas décadas antes da datación do rexistro dos exemplos do noso *corpus*. Nos escritos portugueses, ofrécese esta voz dende a segunda metade do século XIV, en que se cita no «Vocabulário português do século XIV», publicado na *Revista de Portugal* XVIII no ano 1364: «it. sete *corporaes*… hũa arqueta com os *corporaes*» –*DDGM*. Deste mesmo século data o exemplo extraído da *Primeyra partida* afonsina: «E (d)os *corporães* (e) per que rrazõ deuẽ a sseer de pano de linho e nõ doutra cousa» -*VHCPM*

No galego escrito en época moderna son escasas as atestacións desta voz con uso de substantivo. A primeira documentación que nos ofrece o *TILG*, coa nosa acepción, data de finais do século XIX (1899), ano ao que pertence a obra en prosa de Vaamonde: «Queiman a <Santa Coloma> que sagrado lugar era; queiman albas | e casulas e *corporás* e patenas; e o santismo sagramento que alabado | sempre sexa». Entre as 365 ocorrencias que ofrece este repertorio poucas delas fan referencia ao significado do noso estudo, adscrito ao ámbito eclesiástico.

En documentos escritos en español, documentamos esta voz dende o século XIII. Berceo na obra *Sacrificio de la misa* (1228-1246) ofrece o texto: «…otras dos faze luego, éssas son speciales, | la una sobr' el pan, sobre los *corporales*, | la otra sobr' el vino de las uvas negras» - *CDH*. A obra afonsina *Setenario* (1252-1270) tamén dá conta desta voz: «Aquí, tolliendo el *corporal* de ssobrel cáliçe, tome la patena e leuántela vn poco con la diestra mano, e tome el cuerpo de Dios a téngalo ssobre la patena, diziendo con la vmillat e con rreuerençia». Do século XIII (1274) tamén é a primeira atestación que recolle o Gual *Voc. comercio* ao citar un contexto editado por Durán Gudiol: «ítem dos pares de *cxorporales* et dos pares de guantes viellos». En textos casteláns escritos no reino de Aragón recóllese esta voz dende o ano 1499, en que se cita na *Crónica de Aragón*: «…mas el sacerdote les dixo que no podía ser que las sanctissimas formas el las hauia escondido en cierto lugar y envuelto en los *corporales*; y esto porque si vencidos los cristianos fueran no viniessen a manos de los enemigos de la fe». Con posterioridade, no século XVII, no inventario de bens de Ana de Orbea (Guipúscoa) de 1617 aparece este termo: «Yten, vnos *corporales* y otros paños y recados para el seruicio del altar». A partir de entón, son escasos os exemplos que se ofrecen deste termo, ao estar exclusivamente ligado a esta peza do enxoval eclesiástico.

No tocante á lexicografía galega, esta forma incorpórase ao *corpus* lexicográfico serodiamente. De feito, non aparece rexistrada coa acepción dos nosos exemplos ata o Eladio *Diccionario* (1958-1961), quen ofrece o plural corporales. De por parte, non reaparece na lexicografía galega ata mediados dos anos 80 do século XX, cando saen á luz os dicionarios normativos.

As obras lexicográficas do portugués ofrecen corporal dende finais do século XVII, en que se cita corporaes no Pereira *Thesouro* (1697) –*CLP*. Os repertorios do español dan conta deste termo dende comezos do século XVII, en que figura corporal no *Tesoro de las tres lenguas francesa, italiana y española* de Girolamo (1609) –*NTLLE*.

Na actualidade corporal segue sendo unha voz de uso cotián no ámbito eclesiástico para denominar 'o pano que se coloca sobre o altar para pousar o cáliz e a hostia'; ten un tamaño máis pequeño do que tiña na súa orixe.

Cfr. s.v. **gremjal** e **ornamento**.

Corporal[164]

Bolsa ou caixa para corporais[165]

cortina → **[4.1 ROUPA DO LEITO]**

s.f. (do lat. tardío CORTĪNA-, der. do lat. vulgar CORTE-, por COHORTE- 'recinto', e este derivado de HORTUS 'xardín' –*DCECH, s.v.* cortina, vol. II) 'cortina, pano co que se cobren portas, ventas, camas, etc. coa finalidade de adornar ou de illar da luz e proporcionar maior intimidade no lugar en que se coloca'.

> ◦ **Cortina** (2): "...et colla cuyracha noua et cun hun tapete nouo para ante a cama et con hua *cortina* noua", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1348-[setembro-14. Santiago de Compostela] (A Co), doc LXXII, COP.; "Yten mando comigo ao dito mosteiro vna *cortina* con vna cama e duas almoadas", López *Allariz,* 1350-[setembro-28. Allariz] (Ourense), doc. 1, OR.

No testamento do cóengo Nuno González de Bendaña e no de Tareixa Eanes cítase unha cortina. Nestes exemplos esta peza (*vid. s.v.* **peça**) parece estar relacionada co leito e, polo tanto, entendemos que se podería tratar, ben dunha especie de dosel, ben dunha peza de tea empregada para proporcionar intimidade ao espazo de durmir na vivenda medieval, na cal non existía a división arquitectónica entre as diversas estanzas. Precisamente, González Mena (1994: 62) referiuse a esa necesidade de pechar ocos ou velar espazos botando man de panos e tecidos colgados.

---

164 En liña: *http://saeculorumvalue.blogspot.com.es/2011/01/ornamentos-liturgicos-vii.html* [Consulta: 18 de abril de 2019].

165 En liña: *http://www.todocoleccion.net/antiguedades/antigua-carpeta-corporal-para-liturgia--ver~x47836447* [Consulta: 18 de abril de 2019].

No que respecta aos tecidos en que se elaboraban as cortinas, sabemos que na Idade Media adoitaban ser tupidos e fortes cando a súa función era protectora, por exemplo cando se colocaba diante dunha porta para protexer do frío; tupidos ou transparentes e flexibles, para as colgaduras das camas adoseladas, e translúcidas e transparentes, canto cubrían ventás e balcóns. Tendo en conta isto, a súa confección podía ser de lenzo (*vid. s.v.* **lenço**) ou de diversos panos (*vid. s.v.* **pano**) e, dado que representaban o nivel social de quen as posuía, podían adornarse con fíos de **ouro** (*vid. s.v.*), borlas (*vid. s.v.* **borla**), galóns, flocos (*vid. s.v.* **[frocadura]**), cenefas ou calquera outro adobío de pasamanaría e, incluso, levar pedras preciosas. As camas con cortinaxes no século XV recibiron o nome de camas de paramentos e as cortinas colgábanse do teito con cordas.

O tamaño da cortina dependía do espazo e a súa forma de colocación quedaba a mercé do enxeño e imaxinación de quen as dispuña; podía contar con pregados e drapeados, buscando sempre a ornamentación máis ca a funcionalidade desta peza. Con posterioridade, no século XVII, durante o reinado de Felipe II, promulgouse unha pragmática que regulou, entre outros luxos, o uso das cortinaxes no leito. Prohibíronse as colgaduras de brocados e teas de ouro e **prata** (*vid. s.v*) bordados (*vid. s.v.* **bordado**); tamén calquera tipo de tea que tivese metais. Só se permitiu o adorno dos apousentos con veludos (*vid. s.v.* **terçiopelo**) e rasos (*vid. s.v.* **rraso**) lisos, tafetás e outros tecidos de **seda** (*vid. s.v.*) -González Mena 1994: 62-63.

****

No territorio galego a presenza da voz cortina, coa acepción que nos ocupa, data de finais do século XIII. Na *Cr. Gal* (1295-1312) ofrécese o seguinte contexto: «Da rreyna dona Oraca cõta a estoria et diz: a muy nobre rreyna dona Oraca, sua moller deste rey dõ Rramiro, onrrou outrosi a jgleia de Santiago de cousas que ella pode auer d'ouro ou de prata et de pedras preçiosas et de uistimentas et de *cortinas* de seda» -*DDGM* e *TMILG*. En textos notariais o primeiro testemuño que temos é do ano 1326 e foi editado por López Ferreiro; nel recóllese: «…mia cama assy como iaz con sous panos et con suas *cortinas* et ceo» –Lorenzo *Cronologia* (*DDGM*). Con respecto ao portugués, a presenza do substantivo estudado data no século XIV e cítase na obra *Orto do esposo*: «… pano de bisso de muytas maneyras foy tecido a ty pera veeo e pera *cortina*» -*VHCPM*. Un século despois localizamos cortina na *Crónica de D. Fernando* (1431-1443): «Item leixo a Santa vera Cruz de Marmellar huma *cortina*, e frontal e pano de pás, e de estante, e manto, e almatigas, e collares e capa todo de cendal azul e vermelho com aruores douro batido, e estollas e manipulos de cendaes» -*CP 1300-1900S*.

No galego moderno, na fala popular, rexistramos este termo, coa acepción estudada, no *TLPGP*. De feito, recolle as formas curtiña no concello lucense de Pantón (Palacio Sánchez 1974: 42) e no estremeiro de Porto (Blanco Corrales 2012: 14). O país veciño, tamén conta con este substantivo: quartina en Marvão (Baptista 1967: 354), cortina en Beja (Delgado 1970: 362 e 371) e, finalmente, quartina en Sines (Caldeira 1960: 275). Na escrita, o *TILG* ofrece exemplos de cortina, coa nosa acepción, dende a segunda metade do século XIX, de feito, Pintos na obra *A gaita gallega* (1853) escribe: «…contarei usos costumes e correrei as *cortinas* de casas…».

A documentación máis temperá coa que conta o español data do primeiro terzo do século XIII. O primeiro contexto está en Berceo na obra *Del sacrificio de la misa* (1228-1246): «Otra cosa significa esta voz paladina, | al bispo que exié de tras essa *cortina*, | la que partié la casa, el bren de la farina, | e esparcié por todo sangne por medicina» -*CDH*, *CE 1200S-1900S* e *CORDE*. No século XV, nun documento escrito en español na coroa de Aragón, pertencente ao *Cançoner Jardinet d'Orats* (1486) cítase: «tan buena companyia / todos lamen·la be / porque n·es senyora mia. § Gornicion de | *cortines* | con sos titulos / y con vos conoscio yo / mis erros tamanyos / il» -*DiCCA – XV*. Dous séculos despois, na carta de dote de María Sánchez (Medina Sidonia, Cádiz), do

ano 1603, recóllese o seguinte contexto: «Yten, vna cama entera de red, con sus *cortinas* y açanefas, en diez ducados» -*CorLexIn*. Xa no século XX o *CREA* ofrece máis de 1.200 rexistros desta voz referida tanto á 'tea que colga dunha porta ou ventá e que serve para adorno e illar da luz' coma a 'aquelo que cobre e oculta algo'.

A lexicografía galega ofrece o lema cortina dende a época premoderna (1863-1985), en que figura no Eladio *Diccionario* (1958-1961) –*DD*. De por parte, os dicionarios publicados a mediados dos anos 80 do século XX, de corte normativo, van achegar esta voz entre as súas entradas.

No relativo aos repertorios lexicográficos do portugués, estes ofrecen cortina dende a segunda metade do século XVII, en que figura no Cardoso *Dict. ex lusitanico in latinum* (1562-1563) baixo a entrada cortina *da cama* -*CLP*.

As obras lexicográficas do español dan conta deste termo dende finais do século XV, en que se ofrece no *Vocabulario español-latino* (1495) de Nebrija -*NTLLE*.

As cortinas continúan formando parte das pezas téxtiles da casa, xa como elementos decorativos, xa para preservar a intimidade da vivenda.

Cfr. s.v. **destallo**.

Cortina nunha alcoba medieval.
Miniatura da CSM nº 312 do Códice do Escorial[166]

[cotibaldo] → **[2. 4 ORNAMENTOS LITÚRXICOS]**

s.m. (de orixe incerta; Jaime Moya (2015: 13) indica que o étimo de *curcibaldus* é un híbrido latino-xermánico composto por *curtus* 'truncado' e **bald* 'audaz, atrevido', que ten que ver co uso casual que se facía deste ornamento litúrxico, unicamente utilizado en ocasións solemnes. Con todo, tamén poderiamos pensar que a súa orixe está nas voces xermánicas *kotte* 'hábito, vestido' e *bald*, co antigo significado de 'branco, liso, brillante' –Orel 2003: 34) 'cotibaldo,

[166] En liña en: *http://opusincertumhispanicus.blogspot.com.es/2014/12/el-estrado.html* [Consulta: 18 de abril de 2019].

vestidura sagrada, exterior, que cobre o corpo por adiante e por detrás e posúe unhas mangas anchas'. *Cfr.* **[almática]**.

> ◦ **Cotibaldos** (1): "Iten, posemos quatro *cotibaldos*, dous de damasco blanco e dous de colorado", Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1451? [Celanova] (Ourense), doc. 77, vol. I, OR.

Na relación de bens de Álvaro de Oca, abade do mosteiro ourensán de Celanova, cítanse «quatro *cotibaldos*» cos que dotou a capela de santa Catalina.

Sobre este termo, relacionado cos ornamentos (*vid. s.v.* **ornamento**) litúrxicos non temos moita información, pero segundo os datos ofrecidos por Villaamil y Castro (1906: 34) «la dalmática o almática fue llamada *cotibaldo*, *cortibaldo* y *costibaldo*»; polo tanto, entendemos que se trata dunha peza (*vid. s.v.* **peça**) de uso exterior, con mangas, coma a dalmática e restrinxida ás conmemoracións máis solemnes, a xulgar polas teas en que se confeccionaba.

No noso exemplo a tea de elaboración dos cotibaldos é o **damasco** (*vid. s.v.*) en branco e colorado, ao que podemos engadir varias destas pezas citadas nun inventario da Catedral de Santiago de Compostela do ano 1509, en que se nomean cotibaldos de cor azul e verde confecionados en veludo (*vid. s.v.* **terçiopelo**): «dos *cotibaldos* de damasco azul con sus Redopyes e cabos de mangas de terciopelo carmisy e en los Redopyes dos escudos con las armas de francia forrados en bocalan colorado», «Iten otros dos *cotibaldos* de damasco verde por Repoys (sic) e cabos de ymagenes de damasco colorado forrados en bocaran negro», «Iten otros dos *cotibaldos* de damasco blanco con sus Redopyes e cabos de mangas de brocado azul con quatro escudos en las espaldas con las armas de luna» e «Iten otros dos *cotibaldos* de terciopelo negros con sus Redopyes e cabos de mangas de carmisy pelo forrado en bocaran negro» (Villaamil y Castro 1906: 30). De por parte, estes contextos permítennos saber que estes ornamentos adoitaban ir bordados (*vid. s.v.* **bordado**) ao redor, algúns con fíos de **ouro** (*vid. s.v.*), e con diversas riquezas ornamentais, como armas ou escudos; e, para facelos máis abrigosos, podían levar nos bordos remates de pel (*vid. s.v.* **pena ueyra**), en ocasións, forrada para que permanecese oculta. As cores empregadas cadran coas tonalidades litúrxicas máis frecuentes, como son o branco, negro, verde e vermello; a elas, cómpre engadirlles o azul, cor que simboliza a pureza e é utilizada na celebración do día do Inmaculada[167].

****

No ámbito galego o primeiro testemuño do termo cotibaldo ofrecémolo no noso exemplo e data de mediados do século XV; tamén figura no *TMILG*. Por contra, no portugués non atestamos esta voz.

No galego moderno, na fala popular, no localizamos esta voz nin no *ALGa* nin no *TLPGP*. Na escrita tampouco temos atestacións nos repertorios consultados (*CORGA* e *TILG*), con todo a finais do século XIX Álvarez Carballido (1903: 300) no artigo «Pinturas murales halladas en Santa María de Mellid: escultura en Galicia, los gaiteros» cita: «Entre os ornamentos hai un *cotibaldo* de damasco verde, do século XVII ó XVIII, e de esta data e tamén a crus procesional, que leva no reverso a imaxe da Virxe». Un século despois, Filgueira Valverde na obra titulada *O vigairo* (1927: 3) recolle o contexto que segue: «Cal que un vigairo doa a eirexa da Nosa Dona un *cotibaldo*, broslado, de prata, quixérate eu doar un *cotibaldo* de ondas, meu mar, ti que deches á terra a prata farturenta dos teus peixes». Aínda así trátase dunha voz cunha representación moi escasa na lingua galega.

En textos escritos en latín, atestamos curcibaldos dende o século X. Nun inventario de obxectos litúrxicos da catedral catalana de Vic cítanse «curcibaldos grezeschos» no ano 964

[167] En liña: *https://es.wikipedia.org/wiki/Colores_lit%C3%BArgicos* [Consulta: 18 de abril de 2019].

(Jaime Moya 2015: 13). Du Cange (1840-1850, *s.v.* curcinbaldus, vol. II) tamén achega exemplos das formas latinas curcinbaldo, curceboldum, curtibaldum e curcinbaldo. Por contra, o español non testemuña a presenza do termo cotibaldo, no entanto no Gual *Voc. comercio* ofrécese o seguinte contexto extraído dun documento procedente de Tui (Pontevedra), editado por Galindo Romero (1950: XXXII, doc. XXIX: II) do ano 1373: «Item dos *cotibaldos* brancos forrados de çendal vermello».

No tocante á lexicografía galega, esta voz figura como lema dende a época premoderna (1863-1985). No Eladio *Diccionario* (1958-1961) e no Franco Grande *Diccionario* (1972) defínese como: «especie de dalmática o faldón bordado» -*DD*. De por parte, no artigo titulado «O vocabulario histórico do galego do profesor J. L. Pensado», editado por González González (2006: 218) e publicado no nº 367 do *Boletín da Real Academia Galega* faise referencia, baixo a entrada bocaran (*vid. s.v.* **bocalán**), ao cotibaldo. Con posterioridade, os dicionarios, normativos, publicados a partir de mediados dos anos 80 do século XX, non ofrecen esta entrada entre os seus lemas.

Os repertorios lexicográficos do portugués (*CLP*) e do castelán (*NTLLE*) non inventarían este termo no seu lemario.

Para rematar, cómpre destacar que o cotibaldo, con pouca representación no galego, e nula nas linguas veciñas, foi utilizado durante o medievo en contextos adscritos ao ámbito eclesiástico e como sinónimo de dalmática. Os seus rexistros posteriores, moi escasos como é de esperar, gardan relación co mundo relixioso.

Cfr. s.v. **abeto**, **[almática]**, **alua**, **amjto**, **casula**, **[cugulla]**, **estola**, **manípolo**, **mitara** e **ornamento**.

coutral → **[3.1 TECIDOS]**

s.m. (de *contrai*, nome que daban os españois á cidade flamenca de Courtray (do flamengo *Kortrijk*), onde se fabricaban as teas) 'contrai, especie de pano moi fino que tomou o seu nome da cidade belga onde se fabricaba'.

> ◦ **Coutral** (1): "serán de bon pano como a ela pertenece, e outra saia de *coutral* e súa roupa de cama", Otero *Quiroga*, 1489-maio-27. Carballedo. [O Hospital. Quiroga] (Lu), doc. 49, OR.

No testamento de Roi González de Chan de Pena menciónase entre os bens testados unha saia (*vid. s.v.* **saya**) de contrai; («saia de *coutral*»), lectura que non puidemos revisar por pertencer o documento a unha colección privada.

A pesar de non termos moita información sobre este tipo de tecido, sabemos que se trataba dun **pano** (*vid. s.v.*) moi fino, elaborado con la (*vid. s.v.* **laan**) ou liño (*vid. s.v.* **lino**), cuxo nome procede da cidade de Flandres coñecida como Courtray (*DHTT*, *s.v.* contray, courtrai/contrai). Martínez Meléndez (1989: 143-144) explica que o contrai se importou dende a cidade belga de Courtrai en grandes cantidades dende o século XIV. Amais, existiron dúas variedades: o contrai maior e o contrai menor, segundo se documenta en textos do século XV.

Este pano adoitaba empregarse para confeccionar, ademais de saias, saios (*vid. s.v.* **sayo**), tabardos (*vid. s.v.* **tabardo**), mantos (*vid. s.v.* **manto**), lobas[168] e capas (*vid. s.v.* **capa**), como indica a autora citada (Martínez Meléndez 1989: 144-145). A propósito das cores en que se tinguía esta tea, no Gual *Voc. comercio* (*s.v.* contray) faise mención á cor negra, escarlata, morada e colorada.

****

No dominio galego, máis alá do exemplo ofrecido, non atestamos a voz coutral. Polo tanto, tomamos como primeira datación o último cuarto do século XV. No portugués, o testemuño máis temperán data do primeiro cuarto do século XVI. Está no *Cancioneiro geral* (1516) de García de Resende: «Ele tem na em lixboa & manday leuar de que pronysão del rrey que la se ssyrua vossa pessoa. Garçia de rresende. Se nam achardes *contray* vos sereys de mym seruydo cõ hũ rroupão verdeguay do mercador de cambay quee hũ bem nouo vestido: Salfareme em rrodilhado quyser leuar ou lançado oo pescoço por desdem cu vos auerey tam bem o quele traz emprestador» *-CP 1300S-1900S*.

No galego moderno, na escrita, estamos ante unha voz cunha representación escasa. No *CORGA* non se compila e o *TILG* só achega 6 casos, localizados unicamente na obra de Gallego Domínguez titulada *A cidade de Ourense. Unha visión a través dos séculos* (2001): «…unha saia enteira con seu sayuelo de *Contray* refino de Segovia, guarnecido con tres tiras de terciopelo negro, nova».

No español temos noticia de contray dende o segundo terzo do século XIV. Na *cortes de Toro* (1369) ofrécese o seguinte contexto: «La una como discor,| la otra como deslay, | los yerros que en ellas ay | dígalos algunt doctor; | mas vos, muy alto Señor, | vestidme de verdeguay | o de lira o de *contray* | de qualquier fina color» *-CDH*. Nesta mesma data cítase nun texto das *cortes de León*: «… la vara de paño de contray, 25 maravedís» -Gual *Voc. comercio*. Ambos exemplos anticipan a datación ofrecida polo *DCECH*, de principios do século XV cando figura no *Cancioneiro de Baena*. Dous séculos despois, no inventario de bens de Juan de Castroviejo (Navarrete, La Rioja), do ano 1545, achégase este termo para denominar a tea en que se confeccionou un manto: «Vn manto de *contrai* viejo, guarneçido de terciopelo» *-CorLexIn*. No século XX, o último rexistro que localizamos desta voz data do ano 1912 e recollése no texto de Azorín titulado *Castilla*: «Sus menudos pies asoman por debajo de la falda de fino *contray*; están calzados con chapines de terciopelo negro adornados con rapacejos y clavetes de bruñida plata» *-CDH* e *CORDE*.

A propósito da lexicografía galega, non localizamos a voz estudada nas obras compiladas no *DD*. De por parte, os dicionarios de corte normativo, que viron a luz a partir dos anos 80 do século pasado, non ofrecen contrai entre as súas entradas.

Na lexicografía portuguesa tampouco localizamos a voz estudada nas obras inventariadas no *CLP*.

Por contra, os repertorios lexicográficos do español recollen este termo dende comezos do século XVII, en que figura como entrada no *Diccionario muy copioso de la lengua española y francesa* (1604) de Palet –*NTLLE*.

Na actualidade a funcionalidade das fibras sintéticas unida aos seus custos máis baixos fixeron que fibras vexetais, coma o contrai, fosen en grande medida desprazadas do mundo téxtil.

Cfr. s.v. **laan** e **lino**.

[168] Oliveira (1993: 102) defínea como unha «espécie de tabardo ou pelote aberto, usado abaixo do joelho, muitas vezes em jeito de capa».

crotha → **[2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER] [2.1.3 TRAXES DE POÑER POR RIBA]**

s.f. (posiblemente do fr. *cloche* 'campá') *'clocha*, peza exterior acampanada para protexer das inclemencias do tempo, ampla e con capuchón'.

> ◦ **Crotha** (2): "Item mando a Costança Sanches, çinquo varas de morilla para huna saya, et huna *crotha* ou manton", Lucas&Justo *Fontes USC*, 1434-setembro-23/outubro-6. Santiago [de Compostela] (A Co), doc. 296, OR.; Lucas *Dous documentos*, 1434-setembro-23/outubro-6. Santiago [de Compostela] (A Co), doc. II, OR.

No testamento de Inés Gómez, pertencente á nobreza medieval, cítase a voz clotha, que é unha peza exterior da indumentaria.

Martínez Martínez (1988: 375) asocia o termo clocha a unha peza de poñer por riba, citada con frecuencia en documentos aragoneses para referirse a un **manto** (*vid. s.v.*) de viaxe con capuchón. Esta mesma idea recóllea Bernis (1979: 80), quen relaciona este termo coa voz francesa *cloche* documentada en Francia dende o século XIII e utilizada para definir un tipo de manto con capucha; amais, localiza o seu uso na coroa de Aragón ao aparecer citado en catro textos desta comunidade, datados entre 1434 e 1493. A estas atestacións cómpre engadirlles dous documentos: un, datado en 1424, procedente da coroa de Castela, no cal se explica que para o infante don Juan se confeccionaron dúas clochas, unha en Madrid e outra en Toledo (Abellán Pérez 2013: 10); o outro, é un inventario catalán do ano 1430, no cal se escribe: «…e lo glorios prohom leuas prestament armat, portant sobre les armes *clotxes* negres, llargues, fins en terra», neste caso portada por un cabaleiro. Neste último caso, Maranges i Prat (1991: 23) defínea como «una peça ampla i en forma de campana», que podía levar capucha: «… una *clotxa* e caperó de drap de bristo burell». Seguindo a definición proposta, Guerrero Lovillo (1949: 73) identifica a clocha ou clochia coa capa rotunda ou *rotundellum*, caracterizada por ser semellante ás *cyclas* gregas, de forma acampanada, que poderiamos conectar coa capa inglesa, denominada *cloak*; de uso semellante á capa pluvial (*vid. s.v.* **capa**). Ademais, Sigüenza Pelarda (200: 198) engade que esta peza exterior garda unha certa semellanza coa gramalla (*vid. s.v.* **garnacha**).

Abellán Pérez (2013: 10) logo de estudar o texto da Cámara de panos do infante don Juan de Aragón, indica que debeu de existir máis dun tipo de clochas e tamén deberon ter varias funcionalidades. Algunhas eran longas e outras máis sinxelas e de menos lonxitude, pero tendo en conta a súa finalidade, todas estaban forradas para protexer do frío[169]. Con respecto á súa confección, as máis luxosas elaborábanse aproximadamente con 6,5 varas[4] de pano (*vid. s.v.* **pano**), e as máis simples con 3 varas. Esta mesma indicación ofrécea un texto murciano do ano 1465, no cal se cita que ao escribán Ruy González Carvajal se lle concederon anualmente 6 varas de pano negro para a confección dunha clotha. Á vista disto, supoñemos que a clocha do noso exemplo era sinxela, pois para a súa elaboración, xunto coa dunha saia (*vid. s.v.* **saya**), destináronse cinco varas de **morilla** (*vid. s.v.*).

A propósito da tea en que se facía esta peza (*vid. s.v.* **peça**), o noso contexto cita, como xa indicamos, a morilla: «çinquo varas de morilla para huna saya, et huna *crotha* ou manton». A ela poderiamos engadir outros tecidos grosos coma o **burel** (*vid. s.v.*), xeralmente de cores pardas, negras ou escuras, como é de esperar nas pezas de abrigo utilizadas na Idade Media; aínda así,

[169] O autor indica que o forro destas pezas adoitaba faccerse coa «corderina prieta», é dicir, pel de cordeiro unida ou pegada ao tecido, con todo, sospeitamos que non sempre se empregou o forro de pel, polo menos, naquelas clochas máis sinxelas.

Maranges i Prat (1991: 24) cita tamén o vermello. Abellán Pérez (2013: 10) destaca que ademais de seren utilizadas como mantos (*vid. s.v* **manto**) de viaxe, as máis longas tamén podían ser empregadas na vida cotiá polos membros das clases sociais máis altas; de feito, o infante don Juan empregaba esta peza de abrigo para ir ao bañado, entendemos que a modo de bata de casa: «una *clocha* larga […] para el dicho señor infante para quando sale al baçín».

****

As atestacións desta voz en Galicia e no territorio peninsular, en xeral, son escasas ou practicamente nulas.

No territorio galego os primeiros testemuños de clotha datan da primeira metade do século XV e, en concreto do ano 1434, en que se inscribe o noso contexto, tamén ofrecido no *TMILG*.

No resto dos repertorios consultados non atopamos máis contextos desta voz, nin para o galego, nin para o español nin para o portugués. Polo tanto, entendemos que a clotha debeu ser unha peza de uso pouco habitual no territorio peninsular.

Cfr. s.v. **balandran**, **capa**, **capote**, **capuzo**, **cerame**, **garnacha**, **garuaya**, **manto**, **[opa]**, **pelle** e **tabardo**.

cubertor *s.m. vid. s.v.* **cobertor** → **[4.1 ROUPA DO LEITO]**

[cugulla] → **[2.4 ORNAMENTOS LITÚRXICOS]**

s.f. (do lat. tardío CŬCULLA- 'capucha', 'capa con capucha') 'cugula, túnica de abrigo con grandes mangas e con capucha que visten os monxes'.

> ◦ **Cugullas** (1): Et mando que sse paguen en esta guisa: cen varas de burel de Medina cada ano en vestiaria a os ffrades de Mellon para *cugullas*", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1305-[Ribadavia] (Ou), doc. CX, OR.

A cugula é unha peza de roupa, con orixe na Antigüidade clásica, coa que se identifica o clero regular e cuxo nome procede da capucha que leva cosida. No noso exemplo cítanse as cugulas dos frades do convento de Santa María de Melón (Ourense), fundado no século XII (Torres Balbás 1954: 15). María Eanes no seu legado testamentario deixa cen varas[4] de burel (*vid. s.v.*), cada ano, destinadas á confección de cugulas para os frades do dito mosteiro.

Os frades do mosteiro de Melón adscribíanse e adscríbense á orde cisterciense e, como hábito (*vid. s.v.* **habito**), é probable que levasen unha túnica de cor branca, retida por un cinto que se colocaba por debaixo; cando facían labores no campo adoitaban levar un escapulario negro, pois cómpre ter en conta que esta orde centraba a súa vida no traballo e, no caso de Melón, na agricultura. De feito, durante o medievo a cor branca da súa indumentaria fixo que fosen coñecidos como «monxes brancos», en oposición aos «monxes negros», que eran os bieitos; ademais, a esta tonalidade da cugula tamén fai referencia a cantiga mariana número XLV transmitida no Códice de Toledo: «deu ao angeo su paño bianco feito a maneira de *cogulla*». Con todo, algúns estudosos como Viollet le Duc, discrepan desta forma da cugula, ao considerar que a vestimenta dos monxes consistía nunha túnica longa e branca e, sobre ela, a

cugula ou o escapulario, elaborado en estofa de la (*vid. s.v.* **laan**) grosa e negra (*ápud* García Cuadrado 1993: 138).

Con respecto ao tecido, no contexto do noso exemplo fálase de «cen varas de burel de Medina», tea moi frecuente na elaboración destas pezas por ser de la, abrigosa, grosa e basta, seguindo os preceptos da orde que propagaba a sinxeleza e a sobriedade. En xeral, os tecidos de la foron os máis empregados na elaboración das vestimentas das ordes relixiosas. García Cuadrado (1993: 138) explica que as regras beneditinas e o Císter deron tanta importancia a esta peza que os monxes a utilizaban como abrigo en época fría, cubríndose con ela cando durmían e en época estival, utilizábana como cabeceira.

No que respecta á capucha, era unha peza do vestiario que servía para preservar do frío e que, en determinados actos litúrxicos, os monxes debían utilizar para tapar por completo o rostro (*ex toto*).

****

No territorio galego atestamos esta voz dende a segunda metade do século X. No ano 955 nun documento editado por López Ferreiro recóllese o contexto: «*cugulas* de sirgo III, item *cugulas* e albas lineas» -Lorenzo *Cronologia* (*DDGM*). No século XIII as cantigas marianas ofrecen a primeira atestación desta voz en romance: «un pano blanco tomava | feito ben come *cogula*» -*DDGM* e *TMILG*. O portugués tamén se fai eco deste termo; ofrece unha atestación posterior, datada a comezos do século XVI, citada na obra *Flos sanctorum* (1516): «E aquelle secretamente entrou per outra parte, e assi como lobo na presa, saltou na virgem do Senhor poendo lhe panno na boca porque nom braadasse, trigosamente lhe tirou a *cogula* e deixando a em saia lhe meteo huu cutello polla garganta»; a partir desta data o *CP 1300S-1900S* achega, aínda que escasos, algúns testemuños desta voz.

No galego escrito en época moderna son poucos os testemuños desta voz. O *TILG* só ofrece 12 casos, extraídos de 9 obras, das variantes cugulla e cogulla. A primeira atestación achégaa na segunda metade do século XIX Pintos na obra *A gaita galega* (1853): «*cugulla* {cucula}». Por contra, baixo o lema cogula, o *TILG* ofrece 9 casos contidos en 6 obras diferentes. O primeiro texto que recolle esta voz é o poemario *Saudades gallegas* de Lamas Carvajal (1880): «Polas augustas bóvedas dun craustro do Mosteiro d'Oseira, pensatible, coas mans en cruz e coa *cogula* posta». De por parte, o *CORGA* inventaría exemplos desta voz dende o ano 1996, en que Álvarez Cáccamo na novela *O espírito de Broustenac* cita cugula: «Os frades levaron ao gran pequeño ata o mosteiro onde cun bramante lle confeccionaron un perfecto embigo e, como non tiñan roupa axeitada para el, cubrírono cunha pequeña *cugula* branca».

Nos textos do español, a primeira atestación da variante cogulla data aproximadamente de mediados do século XIII. Localizámola na obra *Milagros de Nuestra Señora*, da autoría de Berceo: «Levantóse el bispo ond estava posado, | fo pora l' abbadessa sañoso e irado; | fízoli despujar la *cogulla* sin grado,| provó que·l aponién crimen falsso provado» -*CORDE* e *CE 1200S-1900S*. Cugula ofrécese no ano 1499 nun texto aragonés escrito en español; trátase da *Traducción de la Corónica de Aragón de fray Gauberto Fabricio de Vagad*, en que se recolle: «…del reyno: del ceptro: corona / y vestidos reales. y vistiose del habito sancto dela religion/ de *cugula* blanca y escapulario» -*CORDE*, *DICCA-XV* e *CE 1200S-1900S*. Da variante cogula tamén se achegan exemplos en textos casteláns dende a segunda metade do século XVI, en que se cita nun romance anónimo (1551): «...de gruesso sayal vestido |la camisa le faltaua |aspera cinta ceñida |y la *cogula* acalada…» -*CORDE*. A partir de aquí, baixo as formas cugulla e cogulla o *CREA* e o *CE 1200S-1900S* ofrecen diversos exemplos.

Na lexicografía galega esta voz, coa acepción do noso exemplo, aparece tardiamente; en concreto no período premoderno (1863-1985). É entrada de dicionario no Cuveiro *Diccionario* (1876) e no Filgueira et alii *Vocabulario* (1926) -*DD*. A partir desta franxa cronolóxica será recollida nos dicionarios normativos publicados a partir de mediados dos anos 80 do século XX.

Na obras lexicográficas do portugués ofrécese a forma cogula dende finais do século XVII, en que figura como entrada no Pereira *Thesouro* (1697); un século despois tamén a localizamos no Bluteau *Vocabulario portuguez e latino* (1712-1728). De por parte, as variantes cogulla e cugulla recólleas entre os seus lemas o Bluteau *Diccionario castellano* (1721) –*CLP*. Con todo, a forma do portugués actual é cogula.

Nos repertorios do español cítase cugulla dende o século XV, en que aparece no *Vocabulario español-latino* (1495) de Nebrija; a variante cogulla atéstase por primeira vez no *Vocabulario de las dos lenguas toscana y castellana* (1570) de Casas. Na actualidade adoitan ofrecerse cogulla e cugulla como entrada nas obras lexicográficas do español, aínda que da última forma faise unha entrada remisiva.

A día de hoxe as cugulas, aínda que elaboradas de fibras téxtiles máis cómodas e funcionais, seguen formando parte da indumentaria dos monxes das diversas ordes relixiosas.

Cfr. s.v. **abeto**, **[almática]**, **alua**, **amjto**, **casula**, **cotibaldo**, **estola**, **manípolo**, **mitara** e **ornamento**.

Cugula cisterciense[170]

curame *s.m. vid. s.v.* **cerame** → **[2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER] [2.1.3 TRAXES DE POÑER POR RIBA]**

çurame *s.m. vid. s.v.* **cerame** → **[2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER] [2.1.3 TRAXES DE POÑER POR RIBA]**

[170] En liña en: *http://imagineriareligiosasanjuandedios.blogspot.com.es/2013/04/qui-docet-discit-cogulla-benedictina-y.html* [Consulta: 18 de abril de 2019].

D

d**algodón** *s.m. vid. s.v.* **algodón**→ **[3.1 TECIDOS]**

dalmadiga *s.f. vid. s.v.* **[almática]** → **[2.4 ORNAMENTOS LITÚRXICOS]**

damasco → **[3.1 TECIDOS]**

s.m. (do lat. DAMASCU- 'damasco') 'damasco, tea de seda de alta calidade orixinaria de Damasco, de textura forte con debuxos brillantes, en plano, sobre fondo mate. Destaca pola súa reversibilidade, a pesar de ser máis lustrosa a parte dianteira ca a traseira'.

◦ **Damasco** (19): "Iten, posemos quatro cotibaldos, dous de *damasco* blanco e dous de colorado", Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1451? [Celanova] (Ourense), doc. 77, vol. I, OR.; "Jten dúas capas de *damasco*, vna delas de azur e outra | morada con súas çeneffas de ouro", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Dúas capas de *damasco* branco de brocado con súas | cenessas", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Vna vestimenta de pontifical con súa cenefa, que he rrica et con | súa alua d'Olanda et con amjto, estola, cynta, e manõpolo, | et con seu manto rrico de *damasco* brocado e con súa casula | de lenço en que está goardado", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Dúas almáticas de *damasco* do brocado branco con súa estola", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "... con vna estola e douss manõpolos e con vna estola de | *damasco* de brocado", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Dúas almáticas de *damasco* brocado de vermello", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Vna vestymenta de *damasco* branco con súa alua de Bre|tana", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Vna vestymenta de damasco branco con súa alua de Bre|tana, et manto de *damasco* con súa ceneffa dourada, | et manõpolo e estola de damasco e cynta", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Vna vestymenta de damasco branco con súa alua de Bre|tana, et manto de Damasco con súa ceneffa dourada, | et manõpolo e estola de *damasco* e cynta", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Dúas almáticas brancas de *damasco* con súa |estola e dous manõpolos de damasco branco", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Dúas almáticas brancas de damasco con súa |estola e dous manjpolos de *damasco* branco", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Outro manto branco de *damasco* con súa ceneffa dourada | e estola e manõpolo", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Jten dúas almáticas | brancas de *damasco* branco; deste ornamento faltan | dous manõpolos", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Dous colares de *damasco* branco de brocado", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Falta vna vestimenta conprida con seu manto de *damasco* rraso | de labores", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "et ençima enadido de outro frontal | vello, branco, de *damasco* con súas frocaduras et ceneffas", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "con rramos de ouro postos en *damasco* azur e os cabos con | salutaçión de nuestra señora con sonas de ouro et prata sobre | seda negra ja rasgada", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.;

> "Douss sandalias pontificales de *damasco* con súas çalcas", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Jten vn frontal negro gornjçido e vn pano de seda de *da|masco* negro", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

A voz damasco dende as súas orixes estivo vinculada á cidade siria, tanto para facer referencia a un 'tipo de tea' como para denominar o froito coñecido máis frecuentemente co nome de 'albaricoque'. Con todo, nesta ocasión, ao considerarmos o contexto de estudo ímonos centrar exclusivamente na acepción deste termo relacionada co ámbito téxtil, que na Península Ibérica comeza a utilizarse aproximadamente a mediados do século XV (Cabrera Lafuente 2005: 11), data en que se inscriben os nosos exemplos extraídos de dous recontos de bens, un do ano 1451 de Álvaro de Oca, abade de Celanova, e outro de 1493; este último texto, que pertence á Catedral de Ourense, texto que destaca pola suntuosidade das pezas inventariadas.

Cómpre ter en conta que a cidade de Damasco durante a Idade Media tivo interese no comercio dos tecidos por formar parte da ruta da seda, e de aí o nome desta tea que Ethel (1559: 340, *s.v.* damasco) define como «tela de alta calidad con dibujo entretejido». Este autor destaca que «en los auténticos damascos, éste se logra con una trama de tafetán y el fondo con una urdimbre de raso. La urdimbre y la trama están formadas por hilos de igual grosor, color y calidad», e engade, como característica principal deste tecido «el efecto plano, nunca en relieve, como sucede con los brocateles, y el dibujo es reversible, aunque, por descontado, el revés no posee la lustrosa belleza del derecho». O autor tamén destaca que esta denominación ao longo dos séculos se fixo extensiva, incorrectamente, a todo tipo de **seda** (*vid. s.v.*) con adornos, que na actualidade son reproducidos en la (*vid. s.v.* **laan**), liño (*vid. s.v.* **lino**) e mesmo raión. Pinto da Costa (2004: 144, *s.v.* damasco) ofrece unha definición moi semellante á dada polo autor antes citado ao definir damasco como «tecido de seda com desenhos acetinados em fundo não brilhante». A ela engade a definición da tea que imita o damasco: «estofo de lã, linho ou algodão imitando o damasco de seda» e «tipo de tecido, que pela sua composição de efeito de fundo e efeito de desenho, constituído pela face teia e pela face trama de um mesmo ponto, tem a particularidade de ser reversível, apresentando numa das faces o fundo opaco e os motivos brilhantes e na outra o fundo brilhante e os motivos opacos». Da suntuosidade, calidade e debuxos planos do tecido, denominado nun dos nosos exemplos como «damasco raso de labores», tamén se fan eco Dávila Corona, Durán Pujol e García Fernández (*DHTT, s.v.* damasco/domàs), que definen damasco como «tela de seda labrada, de alta calidad, con una sola urdimbre y una sola trama, formadas por hilos del mismo grosor, color y calidad, y con dibujo entretejido»; amais, achegan información sobre o debuxo, característica que o diferencia doutro tipo de téxtiles de inferior calidade. De por parte, unha definición menos precisa desta voz é a ofrecida por Tejeda Fernández (2006: [205]) ao dicir que o damasco é un «tejido fuerte de seda, lana o algodón labrado, que presentaba dibujos de satín brillante sobre fondo mate obtenidos de la combinación hilos de distintas torsiones en la urdimbre y la trama». Por extensión, voces como *damas*, *damascado*, *adasmascado*, *damascote*, *damasquín*, *damasquillo/damasquilho*, *domasquí* e *domassell* foron aplicadas a tecidos que contaban cunha combinación de fíos mates e brillantes e cun debuxo semellante ao do damasco. De feito, Gay (1974: 538, *s.v.* damasquin, damasquine, vol. I) define *damasquin* e *damasquine* como «sorte de brocatelle ou de damas multicolore, quelquefois ramagé de fleurs d'or ou d'argent».

A propósito das cores que presenta este tecido, nos nosos contextos de estudo só atopamos o branco, morado, azul, colorado e negro. En todos os casos trátase dunha gama monocroma que durante a Idade Media acostumaba a ser habitual ao contar cunha urda e trama do mesmo ton. Séculos despois puxéronse de moda as tonalidades bicolor, con urda e trama de distintas cores, que en ocasións chegaron a ser polícromas, coa inserción de fíos

metálicos, de **ouro** (*vid. s.v.*) e **prata** (*vid. s.v.*), na trama. Ademais, tamén existía unha tea de damasco a raias, que se obtiña ao agrupar fíos da urda de distintas cores (Tejeda Fernández 2006: [205]). Sobre estas cores os debuxos do damasco adoitaban ser de elementos da natureza, fundamentalmente follas e flores. Con respecto aos usos, no contexto de estudo o damasco é o material utilizado na elaboración de partes da roupaxe ou prendas propias do oficio relixioso como dalmáticas (*vid. s. v.* **[almática]**), capas (*vid. s.v.* **capa**), cotibaldos (*vid. s.v.* **[cotibaldo]**), estolas (*vid. s.v.* **estola**), manípulos (*vid. s.v.* **manípolo**) e vestimentas (*vid. s.v.* **vestimenta**); prendas exteriores, como mantos (*vid. s.v.* **manto**); calzado, como sandalias (*vid. s.v.* **[sandalia]**) pontificais (*vid. s.v.* **pontifical**) e tamén elementos decorativos do altar, como é o caso dos frontais (*vid. s.v.* **frontal**). Ademais, en Europa o alto custo deste tecido durante o medievo fixo que o seu uso quedase relegado á Igrexa e ao ámbito cortesán, ata que se desenvolveu a industria da seda en España, fundamentalmente en Almería e Granada, o cal incrementou a utilización deste último tecido na confección das pezas (*vid. s.v.* **peça**) do vestir.

****

No territorio galego documentamos esta voz, en textos latinos e utilizada como topónimo, dende o primeiro cuarto do século XII, en que se cita nun documento pertencente á catedral compostelá: «...reuerendissimo archiepiscopo cunctis uitiis inimico D. sancti Laurentii in *Damasco* cardinalis salutem puramque amicitiam...» -*CODOLGA*. En textos en romance, como topónimo, é utilizado como sobrenome, está presente na prosa histórica dende o século XIV. Na obra afonsina coñecida como *Gener. Estoria* (1300-1330): «Et outrosy Manyseas de *Damasco* ẽno noveẽta et sexto libro de suas estorias diso desta arca asy:…» e «Josefo conta ẽno septymo capitolo que morou Abraã em terra de Canaã ẽna çidade de *Damasco*; et diz que ajnda agora ha hũ barreo et hũa cal em *Damasco* [et] quelle dizem amorada de Abraã» -*TMILG*. Coa nosa acepción ofrécese dende mediados do século XV, concretamente no ano 1451, en que se recolle nunha relación de bens inventariada entre os nosos exemplos e tamén no *TMILG*. No portugués, como topónimo atestamos damasco dende comezos do século XIV, coma no galego. Na *Crónica Geral de Espanha de 1344* cítase: «E ẽ seu termho ha villas que lhe obedeecem, das quaaes he Cazeela hũa e ẽno mundo nõ ha quem a semelhe se nom *Damasco* que he tam boa como ella». Con todo, ata o século XV non documentamos esta voz no léxico común; no *Diário de bordo de Fernão de Magalhães* recóllese: «O presente era hũa marlota de ueludo carmesim, e outra de *damasco* da mesma cor, e outra de grãa, e hũa cadeyra de espaldas de ueludo azul» -*CP 1300S-1900S*.

No galego moderno, na fala popular, non atestamos esta voz nos repertorios consultados (*ALGa* e *TLPGP*). Na escrita, o *TILG* ofrece 64 casos da voz damasco, repartidos en 30 documentos distintos, dende o último cuarto do século XIX. No ano 1887 na obra de Lamas Carvajal titulada *Gallegada. Tradiciós, costumes, tipos e contos d'a terriña* (tomo I) cítase: «Máis embaixo, campan, vestidos de negro con longas pelucas en punta e coas caras afeitadas, o xuez Tomás Arnoton i o escribao señor Ambroy, dúas notas graves entr'as sedas rechamantes, i os *damascos* brochados». De por parte, o *CORGA*, achega 70 exemplos deste termo dende o ano 1982, en que Freixanes a cita na novela *O triángulo inscrito na circunferencia*: «Hai panos e bambinelas nas paredes, cortinas de *damasco*, escudos e madeiras moi lustradas, mobles finos, prata e espellos que relocen con toda a súa magnificencia».

Para o ámbito español, o topónimo Damasco localízase por primeira vez dende comezos do século XIII. No ano 1200 na obra *La fazienda de Ultra Mar* de Almerich recóllese: «Ve, torna al desiert de *Damasco* e untaras Asael por rey pora Syria» -*CDH* e *CE 1200S-1900S*. Como voz do léxico común, temos exemplos dende mediados do século XIII, en que se cita na novela titulada *La historia de la doncella Teodor* (c. 1250): «texer paños de brocado o de seda e poner en ellos todas labores, grandes como pequeñas, asi ralas como espessas; e sé texer paños de oro e de seda, bellutados e rasos, e paños de *damasco* e baldoquin e zarrahanas e otros paños moriscos» -*CDH*. No *DCECH* a

voz adamasco ofrécese por primeira vez entre os anos 1439-1440. Un século despois, en textos escritos en español pertencentes á coroa de Aragón, localizamos esta voz; por exemplo, nos pergameos de *Fons Sástago* (1402-1498) ofrécese o seguinte contexto: «de la brida qual el se querra e vn sayo mjo forrado de | *damasco* | e dos jupones de·los mjos de seda aquellos qu·el se escogera». Como variante recolle *domasquino*: «tan grand fuego se encendia / que toda la tierra quemara. § Vestia de blancho | *domasquino* | / çamurra al touillo cortada / ençima de un uelud fino / vn luto la» *-DiCCA-XV*. No século XVII, na partición dos bens de Alonso Enríquez Manrique (1616) faise referencia a este tecido: «Vn berdugado de *damasco* berde» *-CorLexIn*. Con posterioridade, o *CREA* dende o último cuarto do século XX achega 111 exemplos, recollidos en 63 documentos diferentes; con todo, non todos os exemplos se adaptan o significado estudado.

No que respecta á lexicografía galega, esta voz ofrécese dende a época premoderna (1863-1985), en que se recolle no Eladio *Diccionario* (1958-1961) *–DD*. A partir desta época, todos os dicionarios publicados a mediados dos anos 80 do século XX van dar conta de damasco entre os seus lemas.

Nos repertorios lexicográficos da lingua portuguesa as primeiras atestacións deste termo datan do segundo terzo do século XVI. Murakawa (2017: 121) recolle o ano 1561. Figura como entrada no Cardoso *Dict. ex lusitanico in latinum* (1562-1563), Barbosa *Dictionarium* (1611), Pereira *Thesouro* (1697) e Folqman *Diccionario* (1755) *–CLP*.

Na lexicografía do español temos noticia desta voz dende comezos do século XVI, en que se ofrece como entrada de dicionario no *Vocabulista arávigo en letra castellana* (1505) de De Alcalá *–NTLLE*.

Dende a Idade Media o damasco séguese empregando na elaboración de pezas de roupa ou doutras pezas pertencentes ao enxoval doméstico, como poden ser os forros dos colchóns, tapicería de cadeiras, sofás, etc. Con todo, non sempre emprega como base a seda, en moitos casos utilízanse materiais sintéticos.

Cfr. s.v. **seda**.

Damasco vermello[171]

[171] En liña: *http://vivetotalmentepalacio.com/como-diferenciar-el-tapiz-para-tus-muebles-ii/* [Consulta: 18 de abril de 2019].

Damasco azul[172]

[defunto], vestymenta de *unid. pluriverbal vid. s.v.* **vestimenta** → **[2 O VESTIARIO]**

d**eschaqual** *s.m. vid. s.v.* **[eschaquel]** → **[3.3 ELABORACIÓN]**

d**eschaquel** *s.m. vid. s.v.* **[eschaquel]** → **[3.3 ELABORACIÓN]**

destallo → **[4.1 ROUPA DO LEITO]**

s.m. (probablemente do lat. STĀLLU- ou STĀLU- 'cadeira de coro ou de sala capitular' - Viterbo *Elucidário*, *s.v.* destalho, vol. I) 'pano semellante a un tapiz que se utilizaba como adorno colgado nas paredes ou para cubrir asentos, bancos ou outros mobles e mesmo para separar estancias dunha vivenda'.

> ◦ **Destallo** (3): "Et sé en cas Roy Perez d'Ourense hun *destallo*, o cendal pera manto et pera guardar a corpo de Deus por día de Corpux", Lucas&Lucas *Ramirás*, 1295-[agosto-5. Ramirás] (Ou), doc. 248, OR.; Duro *Ramirás*, 1295-agosto-5. [Ramirás] (Ou), OR.; "...et colla cuyracha noua et cun hun tapete nouo para ante a cama et con hua cortina noua et hun *destallo* nouo para ante a cama", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1348-[xuño-9. Santiago de Compostela] (A Co), doc. XXXII, OR.
>
> ◦ **Destalos** (1): "Outrossy mando esta mia cama assy como iaz con sous panos et con suas cortinas et ceo et con sous alfamares et con los outros *destalos* que eu trago comunalmente pela terra…", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1326-[xaneiro-4. Mondoñedo] (Lu), doc. LXXI, COP.
>
> ◦ **Destallos** (1): "Item mando a minna cama con seus cabeçaes et alffameres et *destallos*", Portela *Lugo XIV*, 1342-agosto-26. [Lugo], vol. I, doc. 430, OR.

Malia non termos moita información sobre este termo, a través do noso exemplo e doutras fontes documentais puidemos reconstruír as características e os usos do destallo. No Viterbo *Elucidário* dise que «poderia ser panno com que se cubrissem os assentos, ou bancos ou cadeiras» (*s.v.* destalho, vol. I); esta mesma definición é a recollida por Pinto da Costa (2004: 144, *s.v.* destalho) á que engade dúas acepcións máis: a primeira, «entretalho tecido decorativo, de trabalho aberto feito de linho, do qual são cortados bocados formando um padrão e que são depois

[172] En liña: *https://www.telas.es/71-damasco-63_jacquard-damasco-22.html* [Consulta: 18 de abril de 2019].

enchidos com ornamentação geométrica, feita com fio e agulhaem ponto de casear» e, a segunda, aínda que dubidosa «peça de vestuário (?)». Na obra literária portuguesa, de temática mística, titulada *Boosco deleitoso*, datada no século XV, tamén se indica, falando dos servos, como os destallos se utilizan, nas casas acomodadas, para a cobertura das paredes: «E cobrem o escano com panos de sirgo e as paredes com *destalhos*» (Alessanddra Banazzo 2003: 27). Este mesmo uso é ofrecido por Saraiva (2005: 423) cando na revisión do inventario dos bens mobles da casa do bispo Lourenço Rodrigues fala da «diversidade e a riqueza das roupas de cama e de mesa do prelado, compostas por colchas, cabeçais, mantas, cobertores, *destalhos* (algúns deles de parede), etc.». É posible que esa peza se identifique co que Sánchez Albornoz (1991[14]: 68) denomina *acitharas* ou *albagas*, que define como panos (*vid. s.v.* **pano**) de trama de **seda** (*vid. s.v.*) con decoración xeométrica que cobren as paredes, segundo o gusto mozárabe á moda. O mesmo autor indica que estas pezas adoitan utilizarse nas igrexas como cortinas, veos de altar, paramentos ou doseis e tamén como elemento decorativo para adornar as paredes, como así consta o seu uso nos alcázares dos reis catalán-leoneses.

Neste *corpus* de estudo temos dúas ocorrencias de destallo; nunha non se achegan detalles, pero na outra indícase que é para colocar «ante a cama», non sabemos se como adorno, cubrindo a parede, ou colgado coa finalidade de separar o cuarto doutra dependencia próxima, uso que tamén se lle daba a esta peza, a xulgar polo texto do *Éxodo*, que figura na obra de São Boaventura (1829, vol. II: 127, cap. 47) onde se cita varias veces destalho: «e avia por departimento antre huã part e outra quatro esteos de madeiro... e sobelos esteos estavam huũs paaos longos, que chegavam d'uũ tavoado ao outro, e daly estava pendurado huũ *destalho* quadrado de dez covedos ant os esteos, por tal que nom podessem veer a part de dentro, que chamavam santa dos santos. Est *destalho* era feito d'uũ linho, que ha eno egito, que he mui branco e mui mole, e chamam-lhe bysso, e de sirgo claro e vermello coor de purpura e coor d'açaffrom, e era pintado e lavrado, e teçudo com muytas e desvairadas pinturas, e com todas as flores, que nacem ena terra. E na entrada da primeira parte do tabernaculo, que era deanteira, estavam cinque esteos de madeira de Sethym, dourados com cabeças d'ouro, e os pees d'arame, e destes esteos estava pendurado outro *destalho* tal come o primeiro, e ant este *destalho* estava hũa cortinha de laã». Esta lectura achéganos información desta peza do enxoval doméstico, que cando ía pendurada dun marco do teito, podía confeccionarse de liño (*vid. s.v.* **lino**) e tamén con diversos adornos e cores; en ocasións podíase acompañar dunha cortina, coma a que describe o autor, feita de la (*vid. s.v.* **laan**) e situada nun tabernáculo. A propósito do material de elaboración, das cores e do seu uso, Saraiva (2002: 211), ao referirse ás pertenzas do bispo do Porto, Afonso Pires, inventaría: «um *destalho* viado de lã, outrossim já velho e roto, que o bispo costumava ter à volta da sua cama»; a xulgar polos datos, este destallo empregado para poñer arredor da cama era de la e tiña motivos raiados (*vid. s.v.* **uiado**).

O texto do *Éxodo* tamén nos ofrece información sobre a facilidade para retirar esta peza e así facilitar o paso dun espazo a outro (Boaventura 1829, vol. II: 128, cap. 48): «e ena meatade estavam quatro esteos asy come portas, e delas pendia hum *destalho* de quatro colores preciosas teçudo mui fremosament, e podiam-no tyrar ligeirament quando entravam e sayam». Finalmente, nun parágrafo do *Levítico* (Antigo Testamento) achégase unha visión do espazo reservado que creaba o destallo, a modo de porta. Falando sobre os sacrificios indícase «e oferecia entom o Sacerdot maior hũa bezerra rruiva, e dous cabrões, e huũ carneiro, e oferecia eno tribolo sobelas brasas defumaduras de tymiama, e entrava tras o *destalho* do santuario com elas, e tanto defumava o logar em guisa que o fumo cobria o tabernaculo» (Boaventura 1829, vol. II: 144, cap. 4).

****

No ámbito galego o testemuño máis temperán desta voz data de finais do século XIII, en que se encadra o noso primeiro exemplo, do ano 1295, que tamén ofrece o *TMILG* e a Lorenzo *Cronologia* (*DDGM*). En textos portugueses, localizamos este termo dende o século XIV, en que

se recolle na *Bíblia medieval portuguesa*, contexto xa citado liñas antes ao referírmonos a São Boaventura (1829, vol. II: 127, cap. 47) -*VHCPM*. Ademais, o Viterbo *Elucidário* (vol. I, *s.v.* destalho) atesta destalho nun inventario de bens pertencentes a Fr. Salvado, bispo de Lamego, datado no ano 1350, en que se cita «It. hum *destalho* velho de lan».

No galego moderno, na escrita, non temos mostras deste termo coa acepción estudada (*CORGA* e *TILG*).

No relativo aos textos españois, só atestamos a forma destalho no Gual *Voc. Comercio*, obra en que Gual Camarena remite ao Viterbo *Elucidário* e indica «Cree Sta Rosa era un paño».

No tocante á lexicografía galega, destallo, coa acepción estudada, unicamente está presente nunha obra inscrita na época premoderna (1863-1985); trátase do Valladares *Suplemento* (1896-1902), onde se cita o texto editado por López Ferreiro no ano 1348, que forma parte do noso *corpus* de estudo. De por parte, a forma destallo recóllese no Eladio *Diccionario* (1958-1961), no cal se define como «Alfombra, según la traducción que se da en el vocablo *bancal* del DRAG al testamento en gallego antiguo de un obispo mindoniense» -*DD*. Ao consultarmos no *DD* a palabra *bancal* comprobamos que o lexicógrafo Eladio Rodríguez non se equivocaba, dado que o *RAG 1913-1928* indica desta voz: «Cubierta que se pone sobre un banco para adorno o para cubrir su madera: paño de cubrir mesas y bancos» e, deseguido, recolle un parágrafo do testamento do bispo mindoniense xa aquí mencionado. Esta mesma definición é a que ofrecen baixo o lema *bancal* o Eladio *Diccionario* (1958-1961) e o Franco Grande *Diccionario* (1972) na súa primeira acepción. Con todo, nas obras publicadas a partir de mediados dos anos 80 do século pasado non se ofrece destallo nin *bancal* coa acepción que nos ocupa.

Non entanto, as obras lexicográficas do portugués e do español consultadas (*CLP*, Houaiss *Dicionário* e *NTLLE*) non achegan este termo entre os seus lemas.

Cómpre reparar en que a voz destallo, de uso durante o medievo, perdeuse co paso dos séculos, malia non ser substituída por ningunha outra. Caeu en desuso, pero na actualidade a lingua galega non ten unha forma específica para nomear a tea que se emprega para cubrir sofás, cadeiras ou calquera outro obxecto do mobiliario, normalmente coa finalidade de protexelo, adornalo ou ocultalo.

Cfr. s.v. **cortina**.

[destalo] *s.m. vid. s.v.* **destallo** → **[4.1 ROUPA DO LEITO]**

d**estanfforte** *s.m. vid. s.v.* **estanfforte** → **[3.1 TECIDOS]**

d**estopa** *s.f. vid. s.v.* **estopa**.

[devissa] → **[2.4 ORNAMENTOS LITÚRXICOS]**

s.f. (der. de *divisar* < do lat. DIVĪSU-, part. pasado de DĪVĪDĔRE 'dividir') 'divisa, inscrición utilizada como distintivo dunha comunidade ou corporación').

◦ **Devissas** (1): "Jten entregou máys o dito arçediano do dito rrecabdamento douss | colares pretos con súas léteras et *devissas* e douss cor|dones para las aluas", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

No noso *corpus* o termo devissa aparece asociado a uns colares (*vid. s.v.* **colar**) negros de uso eclesiástico no inventario de bens da Catedral de Ourense. Con todo, o significado desta voz vai máis alá do ámbito da Igrexa ao facer referencia a calquera 'sinal que serve para a distinción', sexa na heráldica ou en calquera outro campo, coma o bélico, a tauromaquia, etc.

Neste caso estamos ante unha divisa posiblemente bordada (*vid. s.v.* **bordado**) en prendas de ornato como é un colar, entendendo como tal todo tipo de remate superior, posiblemente a modo de insignia, para colocar ao redor do pescozo (Morán Cabanas 2001: 124). Este colar, da propiedade de Juan de Deza, provisor, vicario e arcediago de Búbal, entre 1486 e 1507, por orde do bispo de Ourense, Antonio Pallavicino Gentile (Enrique Flórez 1763: 165-168), con grande poder no Ourense da época, é moi posible que na súa divisa levara referencias á súa liñaxe e á diocese ourensá. Cómpre termos en conta que a sociedade medieval, altamente estamentaria, daba especial importancia aos obxectos simbólicos e ornamentais, inscricións e heráldica como identificadores da persoa coa súa liñaxe, con moito máis poder entre os membros da institución eclesiástica ao posuír, fronte á nobreza, ademais do poder terreal, o espiritual.

****

No territorio galego, documentamos esta voz dende finais do século XIV e comezos do XV. En textos escritos en romance, unha composición de Roy González de Clavijo, recollida no *Cancioneiro galego-castelán* (1350-1412) ofrece este termo: «Que non fare de mudança | della en ninguna guisa, | que por firme lealtança | Amor me dio por *devisa*, | por lo qual a Deus plasiendo | escrivi asi disiendo, | que "el que bien esta e se muda | non faz como rex sesuda"» -*TMILG*. Tamén nun texto notarial do ano 1433, pertencente ao Concello de Pontevedra se ofrece este termo, aínda que co significado de 'tributo': «Et eu o dito Juan de Abella, maestre sobredito, asi outorgo o dito fretamento por o dito preço da frete et *divisa* et maneiras et condições sobreditas» -*TMILG*. No territorio portugués os primeiros testemuños deste substantivo datan do século XV; na *Crónica del rei dom Joham I de boa memória e dos reis de Portugal o décimo*, da autoría de Fernão Lopes cítase: «[...] e fez huma *devisa* pera dar a certos caualeyros» -*VHCPM*. Outras referencias a este termo recóllense na *Crónica do descobrimento e conquista da Guiné*, da autoría de Gomes Eanes, pero co significado de 'facer parada': «por que todolos navios que atravessasem do Levante para o Poente podessem ali fazer *devisa* e achar mantimento» -Lorenzo *Cronologia* (*DDGM*).

No galego moderno, na escrita, contamos co termo divisa dende o ano 1853, en que Pintos en *A gaita gallega* escribe: «Nin qué milagre si non van a misa nin tan siquera oien un sermón | nin hai alí migalla de *divisa* de Relixión!». Un século despois, no 1981, a publicación rexionalista *La Patria Gallega* (ano I, número 7-8-; 9 de xullo de 1981) ofrece o contexto: «A composición nomeada <Brétema>, que leva por lema o que sirve de *divisa* á <Asociación rexionalista>…».

No ámbito español, o *CORDE* compila exemplos desta voz, coa nosa acepción, en documentos escritos en romance, dende o ano 1230. Na obra *Vida de San Millán de la Cogolla* de Berceo figura o seguinte contexto: «quiso est' ministerio cambiar en otra guisa, | levantarlo del polvo, darli mayor *divisa*». Este mesmo exemplo recólleo o *CDH* e o *CE 1200s-1900s*. No século XV aumenta o uso deste termo. En documentos escritos en español na coroa de Aragón, está presente este substantivo dende os anos 1460-1463, en que figura no *Cançoner d'Estúñiga*: «A la | *deuisa* | del sennor rey don Fernando. § Johan de Tapia. § Montanna de dyamantes / que por uos» -*DiCCA–XV*. Décadas despois, o Gual *Voc. Comercio* recolle no ano 1492 un exemplo de devisa co significado de 'emblema' extraído das *Cuentas de Gonzalo de Baeza*: «ocho *devisas* de oro»; nese

mesmo ano o *CE 1200s-1900s* cita no *Dictionarium latino-hispanucum* de Nebrija o seguinte exemplo: «Gesta. orum. por los hechos de principes Gestamen. inis. por la *divisa* o insignias». No século XVIII, o *DAutoridades* (tomo III, 1732) ofrece unha definición de divisa, relacionada co ámbito eclesiástico, que podemos adaptar ao noso contexto: «En el Blasón vale Señal, distintívo especial que el Caballero, Soldado, amante o persona de alguna professión trahe en el escúdo, vestido, o en otra parte: como en la adarga, en el coche, &c. para manifestar los blasones de su casa, su professión, pensamientos o idéas». Xa no século XX, o *CREA* inventaría varios casos da voz divisa dende o ano 1975, aínda que poucos deles están relacionados co significado estudado.

No que respecta á lexicografía galega, esta ofrece o termo divisa en época tardía, pois haberá que esperar ata o período premoderno (1863-1985) para velo citado na obra de carácter enciclopédico, Eladio *Diccionario* (1958-1961). Posteriormente, esta voz reaparecerá nos repertorios galegos modernos, editados a partir de mediados dos anos 80 do século XX.

As obras lexicográficas do portugués tamén recollen a entrada divisa nos seus lemarios, dende o primeiro cuarto do século XVII. Está presente no Barbosa *Dictionarium* (1611), Pereira *Thesouro* (1697), Bluteau *Vocabulario portuguez e latino* (1712-1728) e Folqman *Diccionario* (1755). De por parte, o lema devisa localizámolo no Bluteau *Diccionario castellano* (1721) –*CLP*.

Os repertorios lexicográficos do español rexistran a entrada divisa dende o século XVII, en que a cita Covarrubias no *Tesoro de la lengua castellana o española* –*NTLLE*.

Na actualidade esta voz está presente na lingua galega fundamentalmente no ámbito da heráldica e, en menor medida, relacionada co mundo dos touros.

[doa] → **[2.3 COMPLEMENTOS]**

s.f. (de etimoloxía incerta; Machado propón o lat. DŌNA-, pl. de DŌNU- 'calquera cousa que se deu ou que se dá; ofrenda aos deuses' -*DELP* (*s.v.* doa, vol. II). Con todo, para o *DCECH* (*s.v.* donar, vol. II) esta voz procede de *doar* ou *adoar* 'puír, redondear os cortes da madeira', 'afiar instrumentos cortantes', e este de DŌLĀRE 'devastar madeira ou pedra') 'bóla pequena, de diversos materiais, cun buraco polo que se enfía con outras pezas para formar colares, adobíos etc.' –adoita utilizarse en plural.

> ◦ **Doas** (1): "Mando... et a mynna arca con as mynnas sortellas et con as mynnas *doas* asi como a acharen", Cambón *Melón*, 1285-maio-5. [Ribadavia] (Ou), doc. 836, OR.

Forma as seguintes unidades pluriverbais: *Cfr. s.v.* **[avelãa]**.

> ◦ **Doas d'avelás** (1): "Jten mando a Catalina d'Abillis, mjña criada, | hũa gargantada de *doas d'avelás*" Lorenzo *testamentos*, 1497-setembro-4/novembro-1. [Cee] (A Co), COP.

> ◦ **Doas** d**avelas** (1): "Iten mando a Catalina Dabiledo minna criada huua gargantada de *doas davelas*" García Oro *Diego de Muros III*, 1497-setembro-4. Cee (A Co), doc. 23, COP.

> ◦ **Doas de garganta** (3): "Et as miñas *doas de garganta*, que son doze, jazen a pennor a Moor Taverneyra", Fernández Viana *Dozón*, 1348-xullo-15. [Dozón] (Po), doc. 109, OR.; "devo sobre las *doas de garganta* hun moravedí", Fernández Viana *Dozón*, 1348-xullo-15. [Dozón] (Po), doc. 109, OR.; "It. mando das minas doas, conuen a saber, cordas de mantos et botoaduras de prata et gllandas et *doas de garganta* et algofre et todas doas que eu aia...", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1348-[xuño-9. Santiago de Compostela] (A Co), doc. XXXII, OR.

◦ **Dõas de gargãta** (2): "Et as mjñas *dõas de gargãta* que sson dose jaσẽ a pendre a Moor", Maia *História galego-portugués*, 1348-[xullo-15]. Dozón (Po), doc. 71, OR.; "deuo sobrelas *dõas de gargãta* hũ mr. τ pelas agulloas | deuo tres dineyros τ dez τ noue sebilletas", Maia *História galego-portugués*, 1348-[xullo-15]. Dozón (Po), doc. 71, OR.

Nestes contextos de estudo temos varios exemplos da voz doa para denominar unha 'peza pequena cun buraco para enfiar e elaborar un colar ou rosario'. A lingua galega amais conta coa voz *abelorio* para denominar este complemento. Con todo, outras linguas próximas, coma o castelán e o portugués, non empregan a forma doa; o castelán diferenza entre *abalorio* e *cuenta*, esta última só para as bólas pequenas que compoñen un rosario (*vid. s.v.* **conteiro**), e o portugués ofrece a forma *conta*. Amais das acepcións citadas, durante o medievo esta voz era sinónima de 'presente, regalo', como así aparece na lírica profana, orixe que se pode ver con claridade se pensamos no infinitivo *doar*. De todos os xeitos, cómpre lembrar que o español tivo o termo dona entre as súas voces co valor medieval de 'peñor ou regalo simbólico ofrecido polos namorados durante a Idade Media'.

Nos nosos exemplos as doas de abelá e doas de garganta inventaríanse nos testamentos de Catalina Gómez, María Fernández e María López, todos eles femininos. No primeiro caso, entendemos que o termo *abelá* (*vid. s.v.* **[avelãa]**) ten que ver coa forma destas pezas, Con respecto ás doas de garganta, esta denominación é posible que faga referencia a que estes obxectos ían destinados, por tamaño seguramente, a formar parte de colares ou gargantillas (*vid. s.v.* **gargantada**). Cómpre ter presente que as doas tamén podían estar destinadas á elaboración de complementos, rosarios ou á decoración dalgunha peza (*vid. s.v.* **peça**) de **roupa** (*vid. s.v.*) máis luxosa, tamén empregadas polos homes medievais (Villanueva Morte 2008: 834), en contraposición coa definición que ofrece o Viterbo *Elucidário* (*s.v.* doas, vol. I) cando define doas como «Peças, joias e outras cousas de ornato, limpeza, e aceio, que fazem o enxoval de uma senhora»; nela, amais, atopamos unha definición de doa en sentido xenérico para referirse ao 'enxoval da vivenda'. Hai que ter en conta que a vida devota dos homes e mulleres do medievo puxo de moda a introdución dos rosarios ou *paternostres* (*vid. s.v.* **conteiro**) como un complemento máis, destinado a facilitar o rezo continuo, que en ocasións era empregado como colar, brazalete ou levábase prendido no cinto. Lemeneva e Sallay (2001: 17-18) indican que o rosario foi utilizado por primeira vez pola Igrexa cristiá oriental e de aí foi traído ao mundo occidental polos cruzados. Na súa orixe, tiña tres fileiras (grilandas de 55 e 59 doas) cada unha composta por 15 decenios e 15 doas máis grandes chamadas *pater noster*. As doas de maior tamaño acostumaban a facerse de ouro, prata ou marfil tallado, mentres que as máis pequenas adoitaban ser de pedras preciosas coma o coral, acibeche, xade, ámbar, etc.

****

Para o ámbito galego, os primeiros testemuños desta voz datan da segunda metade do século XIII, en que localizamos as formas doa e dõa nas cantigas profanas co significado de 'presente, don'. Nunha composición de amor da autoría do rei don Dinís (1240-1300) cítase: «Assi me trax coitado | e aficad ' amor, | e tam atormentado, | que se nostro senhor | a ma senhor nom met ' em cor | que se de mi *doa* d'amor, | [nunca] averei prazer e sabor». Ademais, na cantiga escarniña de Gil Peres Conde recóllese: «Ben sabedes, senhor Rei, | des que fui vosso vassalo, | que sempre vos aguardei | quer a pee quer de cavalo, | sen voss ' aver e sen *dõa*; | mais atanto vos errei: | non foi vosco en ora bõa» -*CMGP*, *MedDB* e *TMILG*. Nas cantigas marianas (1264-1248) temos este termo, tamén co significado de 'agasallo': «deu ao jograr *dõa*» e co de 'xoia' «as donas que pobres son, | peden aas ricas donas de suas *dõas*». A prosa histórica dá conta deste termo, por exemplo na *Cr. Troiana* (1370-1373): «deronsse suas *dõas* moy bõas et moy preçadas». Un século despois, Tato *Álvaro Pérez* ofrece este termo coa acepción de 'boliña para enfiar', que ofrecemos nesta entrada: «hũa gargan tada de *doas* de prata» e, igualmente, coa de 'xoia':

«rrequireu e frõtou a Mayor Peres (...) cõ | prendas de prata, bjncos e crusetas e outras *doas*». De por parte, na obra Lorenzo *Cronologia* ofrécense ademais as variantes doõa («deu ele y muy bõas *doõas*») e doonas («muytas bõas *doonas* d'ourro et de prata») coa acepción de 'don, regalo, xoia' (*DDGM*). No portugués, amais das cantigas medievais, o Viterbo *Elucidário* documenta un exemplo de doa no testamento de D. Marinhanes (de Tarouca), datado en 1273: «Mando, que todas mhas *doas*, assi toucas, come algiofar, coem todas as outras *doas*, se vendam, pera comprir delles mhas mandas, e pera fazer chus prol de mha alma». Posteriormente, no século XV, a obra *Virgeu de consolaçon* achega o seguinte contexto: «Eu tenho hũa *doa* pera vender e, se lhe preguntarẽ que *doa* he, responde e diz -o reyno de Deos» -*CP 1300S-1900S*.

No galego moderno, na fala popular, rexistran doa o *TLPGP* e o García *Glosario* (1985) –*DD*-, sempre co valor de 'abalorio'. No primeiro repertorio localizámolo nos concellos pontevedreses da Estrada (Fraiz Barreiro 1974: 93) e Campo Lameiro (Castro Iglesias 2010). Na escrita, o *TILG* ofrece ocorrencias desta voz co valor de 'contas' dende o segundo terzo do século XVIII, aínda que con sentido figurado. O bieito Sarmiento na obra *Coloquio de 24 gallegos rústicos* (1746) cita: «Non pasaba *doa* que a dor e tormento, | non me magoasen aínda nos dedos». Tempo despois, no ano 1882 na obra *A fonte do xuramento* de Iglesia recóllese: «Longos pendentes e adrezo de lazo pendente dun terciopelo estreito ou dun cordón de seda con *doas* douradas, ou semellando pelras». No que respecta ao *CORGA*, este ofrece exemplos da voz doa, facendo alusión ás 'contas do rosario', dende o ano 1976, en que figura na obra de Bernárdez Vilar titulada *Un home de Vilameán. Anatomía dunha revolución*: «Insináronos a coroa do santo, a macheta coa que lle cortaron a cabeza, o seu bordón e unha *doa* do seu rosario»; coa acepción de 'presente' (propiamente medieval), figura no texto *Amantia* (1984) de Queizán: «Prisciliano ofreceu a Gala, como *doa* cabaleiresca, unha fíbula que levaban, no extremo, esmaltada, unha espiral que simbolizaba para a mártir o camiño ascendente que tiña que recorrer ata chegar ó reino de Paráclito».

En textos españois, atestamos esta voz dende o último terzo do século XIII. A forma dona, co valor de 'xoia', recóllese no ano 1270 na *Historia troyana en prosa y en verso*: «mando aguisar todas sus joyas e todas sus *donas* e todo su auer e fizolo todo troxa» -*CDH*. No resto dos repertorios consultados para o ámbito español non temos máis atestacións. Con todo, no século XV documentamos outras voces, como *abalorio*, que o Gual *Voc. Comercio* ofrece baixo a forma *hauallorio*, referida a un 'tipo de xoia', dende o ano 1400 (*vid. s.v.* abalorio). Dous séculos despois, contamos con outros exemplos de *abalorio*; na novela de López de Úbeda titulada *La pícara Justina* (1605) ofrécese o contexto: «En la manga de mi sayuelo metí un manto de burato con puntas de *abalorio* para lo que se ofreciese, y ofrecióse, como verás» -*CORDE*. Con respecto á forma *cuenta*, no *Libro del Buen Amor* (1330-1343) de Ruiz figura: «Coydando la yo aver / entre las benditas davale de mjs donas / non paños & non çintas non *cuentas* njn sartal njn sortijas njn mjtas con ello estas cantigas / que son de yuso escriptas» -*CE 1200s-1900s*, *CDH* e *CORDE*. Posteriormente, o *DiCCA-XV* atesta *contezuela*, coa acepción de pezas perforadas, dende o século XV: «libros pequeños escriptos de nonbres e dizen·les taylil e ponen les dineros foradados al cuello e | *contezuelas* | de colores e guardan los que non los vean synon pocos e aquellos que non». Un século despois, o Gual *Voc. Comercio* recolle nunha das súas fichas *quentas de horo*, voz extraída dun inventario de bens mouriscos de Granada. Xa no século XX, como era de esperar, non rexistramos a forma doa nos textos casteláns, pero si *abalorio* e *cuenta* –*CE 1200S-1900S* e *CREA*.

No que respecta á lexicografía galega a voz doa está presente, coa acepción de 'conta de rosario', xa nas obras lexicográficas publicadas no século XVIII. Como entrada figura no Sarmiento *Colección voces* (1746-c.1755) e *Vozes gallegas* (1845). Na época premoderna (1863-1985) recóllea o Pintos *Vocabulario* (c.1865); amais desta acepción, o Filgueira et alii *Vocabulario* (1926) ofrécea como 'dádiva, doazón'; o Carré *Diccionario*[1] (1928-1931), Carré *Diccionario*[2] (1933), Ibáñez *Diccionario* (1950), Carré *Diccionario*[3] (1951), Eladio *Diccionario* (1958-1961), Franco Grande *Diccionario* (1972) e Carré *Diccionario-Voc.* (1979) achegan tamén a

acepción de 'xoia'. A forma en plural é entrada de dicionario no Aguirre *Diccionario* (1858), Rodríguez *Diccionario 1863*, Valladares *Diccionario* (1884) e Eladio *Diccionario* (1958-1961); ademais, este último achega o sinónimo *adoas*. Cómpre destacar tamén a presenza nalgunhas das obras compiladas polo *DD*[173] da entrada *herba das doas*, denominación popular dunha planta con vaíñas que albergan unhas sementes negras utilizadas para elaborar rosarios e cuxa denominación científica é *Lithora diffusa* e *Arrenatherum elatius*, segundo se recolle en Losada et alii *Nomenclatura* (1992) -*DD*. Con respecto á lexicografía galega moderna, os dicionarios publicados a mediados do anos 80 do século XX, de carácter normativo, só van ofrecer esta voz como sinónimo de 'abelorio', ao prescindir da acepción que tiña que ver cos regalos ou coas prendas que os cabaleiros ofrecían ás mulleres no medievo.

Na lexicografía portuguesa non documentamos este termo nas obras consultadas -*CLP*. Con todo, rexistramos *conta*, entre outros, no Houaiss *Dicionário*, que define como: «3 pequena peça de materiais diversos (vidro, cerâmica, metal, madeira, plástico etc.), com um furo que a atravessa pelo centro, por onde se pode enfiar arame, fio de linha etc., us. como adorno em colares, pulseiras, brincos, ou aplicada em bordados [Ger. é esférica, mas pode ter outros formatos.] Ex.: colar de contas» e «4 esse tipo de peça arrumado como um terço ou um rosário. Ex.: desfiar as c. do rosário».

Os repertorios lexicográficos do español dan conta do termo dona dende comezos do século XVII, pero co significado de 'don'; a primeira obra en ofrecer o dito termo é *Origen y etymología de todos los vocablos originales de la Lengua castellana* (1611) de Rosal -*NTLLE*. Na actualidade, algúns dicionarios, como o *DRAE*, recollen o termo dona (*s.v.* dona[1]) na súa forma plural, que define como «3. f. pl. Regalos de boda que el novio hace a la novia», pero explica que está en desuso nas acepcións de 'regalo' e como 'ben natural ou seminatural'. No entanto, para denominar as boliñas decorativas utilízase o termo *abalorio*, de procedencia árabe.

Na actualidade a voz doa, tamén coñecida como *abelorío*, segue vixente na lingua galega co significado de 'boliña para enfiar' e está moi vinculada ao ámbito da xoiería.

Cfr. s.v. **[avelãa]** e **[conta]**.

Doa da Idade Media dos séculos XII-XIII,
custodiada no Museo Histórico Municipal de Priego de Córdoba (Andalucía)[174]

[173] Referímonos ao Sarmiento *Viaje* (1745), Sarmiento *Colección voces* (1746-1755), Sarmiento *Catálogo voces* (1755-1758), Valladares *Diccionario* (1884), Filgueira et alii *Vocabulario* (1926), Carré *Diccionario*[2] (1933), Carré *Diccionario*[3] (1951) e Carré *Diccionario-Voc.* (1979).

[174] En liña: *http://www.arqueologiamedieval.com/noticias/7959/hallada-joya-medieval-procedente-del-territorio-de-madinat-baguh-priego-de-cordoba* [Consulta: 18 de abril 2019].

[dõa] *s.f. vid. s.v.* **[doa]** → [2.3 COMPLEMENTOS]

d**ouro** *s.m. vid. s.v.* **ouro** → [3.2 OUTROS MATERIAIS] [2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER] [2.3 COMPLEMENTOS]

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

E

enbotoadura → **[2.3 COMPLEMENTOS]**

s.f. (der. de *botón* < do fr. antigo *boton*) 'abotoadura, xogo de botóns para unha peza de roupa'.

◦ **Enbotoadura** (5): "Item mando... a mina parte da *enbotoadura* graadiça que ten Fernan de Sayoane", Portela *Lugo XV*, 1463-xaneiro-8. Lugo, doc. 1511, OR.; "Item devo... hun pelote claro con sua *enbotoadura* de graaadiça", Portela *Lugo XV*, 1463-xaneiro-8. Lugo, doc. 1151, OR.; "mia *enbotoadura* q pesa marco e medio que son dez e oito botoes", Domínguez *Catedral Tui*, 1471-[outubro-7. Ourense], OR.; "Yten den... mays outra *enbotoadura* pequena de prata qhebrada", Domínguez *Catedral Tui*, 1471-[outubro-7. Ourense], OR.; "Yten esta en casa de alvº vazquez en mougaas mia *enbotoadura*", Domínguez *Catedral Tui*, 1471-[outubro-7. Ourense], OR.

◦ **Botoadura** (3): "It. mando das minas doas, conuen a saber, cordas de mantos et *botoaduras* de prata et gllandas et doas de garganta et algofre et todas doas que eu aia...", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1348-[xuño-7. Santiago de Compostela] (A Co), doc. XLI, OR.; "Item mando a mina sobrina a *botoadura* que me leixou mina madre", Lucas&Justo *Fontes USC*, 1434-setembro- 23/outubro-6. Santiago [de Compostela] (A Co), doc. 296, OR.; Lucas *Dous documentos*, 1434-setembro- 23/outubro-6. Santiago [de Compostela] (A Co), doc. II, OR.

◦ **Enbotoaduras** (1): "Yten ten de mi Juº Aº canonigo de tuy una taza de tres marcos et mays duas *enbotoaduras*", Domínguez *Catedral Tui*, 1471-[outubro-7. Ourense], OR.

No testamento medieval da segunda metade do século XIV pertencente a Elvira Pérez e nos datados no século XV de Roi Domínguez, Inés Gómez e Gómez Correa cítanse as formas botoaduras ou enbotoaduras.

Cómpre destacar que os botóns (*vid. s.v.* **[botón]**) son unha moda oriental; de aí que sexa nas pezas de tradición oriental onde se utilicen máis ostentosamente, fundamentalmente en vestiduras talares, que se adornan con abotoaduras dende o pescozo ata máis abaixo da cintura (Menéndez Pidal 1986: 101). É no último cuarto do século XIV cando as abotoaduras se fan máis longas, prolongándose ata o bordo inferior da faldra, como así o evidencian diversas mostras iconográficas tanto en Galicia coma no resto de Europa. Como exemplo, en Galicia, citamos a lauda pétrea de Inés Eanes, localizada na igrexa de San Pedro de Melide (A Coruña), cunhas mangas con forma de funil á altura do pulso que deixan ver os botóns; a ela podemos engadir a imaxe pétrea de Inés Álvarez, sita na igrexa de San Domingos de Tui (Pontevedra), que destaca, entre outras cousas, pola ampla abotoadura que vai dende o pescozo ata o bordo da saia (*vid. s.v.* **saya**) (Rey Cabezudo 2014: 67 e 71).

No relativo aos materiais empregados na elaboración destas pezas de adorno, a única información que ofrecen os nosos contextos é que se trata, nun caso, de «*botoaduras* de prata» e, noutro, dunha «*enbotoadura* pequena de prata qhebrada». Polo tanto, deducimos que a **prata** (*vid. s.v.*) foi un dos materiais empregados na elaboración dos botóns, xunto con outros metais nobres, coma o **ouro** (*vid. s.v.*), para aquelas pezas máis luxosas. Resulta valioso un dos exemplos pola información que se achega ao indicar que a abotoadura está composta por 18 botóns, cun peso de marco e medio, entendemos que tamén de prata: «mia *enbotoadura* q pesa

marco e medio que son dez e oito botoes». Noutra concordancia noméase unha abotoadura de tamaño pequeno, que posiblemente se usase para decorar e pechar unhas mangas dunha **camisa** (*vid. s.v.*), algo moi habitual ao longo do século XIV no vestiario de ambos os dous sexos, como indica Fresneda Gómez (2013: 805-806). Ao lado destas abotoaduras ricas podemos atopar outras de metais máis económicos, coma o cobre, e mesmo os tecidos.

****

No territorio galego os primeiros testemuños desta voz datan do segundo terzo do século XIV. En concreto, son os nosos exemplos de 1348 e 1434 e, fóra deles, non localizamos máis contextos nas obras consultadas –*DDGM* e *TMILG*. No portugués testemuñamos abotoadura dende o segundo terzo do século XVIII, en que se cita na obra *Aves ilustrados* (1738) de Céu: «Toda a prática foi da ocasiao presente. Cada um se gabava da gala que prevenia, qual do rico do bordado, qual do brilhante da téla, qual do precioso da *abotoadura*» -*CP 1300S-1900S*.

No galego moderno esta voz ten unha presenza escasa e moi tardía na lingua escrita. O *TILG* localiza 2 exemplos da forma botoadura; o primeiro deles data do ano 1933, en que figura na obra *Arqueoloxía relixiosa de Melide* da autoría de Xesús Carro e Emilio Camps: «Cubrese de ancha capa, sendo o resto da vestimenta á moda da época, grandes botas de montar e calzóns cinguidos con *botoadura*». Amais, localiza 8 casos de abotoadura/abotonadura dende o último cuarto do século XX, repartidos en 4 obras distintas. A primeira atestación que ofrece está na obra *Morrer en Vilaquinte* (1980) de Villar Janeiro e Rábade Paredes: «Meu irmao e mais eu non sabíamos a que se dedicaban nen que facían. Só sabíamos que a el o volvían tolo as chaquetas de pana marrón lisa, con bolsos por fóra e forros de dril gris escuro por dentro, botós de óso e *abotoaduras* de seda». Con respecto ao *CORGA*, este repertorio rexistra as formas abotoadura (1 caso), abotonadura (2 casos) e botonadura (3 casos); esta última dende finais do século XX. Da forma coincidente co galego estándar temos un único exemplo no ano 2008, presente na novela de Iglesias *Pan e coitelo. Novela moi moral*: «El gastaba en Cuba chapeu de pajilla e traxe branco coa *abotoadura* de ouro».

No español os primeiros testemuños desta voz datan do último terzo do século XIV, uns anos máis tarde ca no galego. No ano 1374 no testamento de dona Juana en favor do priorato do Douro (Cartulario de Silos) cítase: «Et mando que vendan el mi pellote de Blai et la mi sobresaia, e lo que valieren que lo canten en misas por mi alma en la dicha eglesia de Santa Maria de Duero; la *botonadura* del dicho pellote, que sea para aiuda a una cruz de plata para la dicha eglesia, con mas plata menuda que tengo» -*CORDE e DEMi*. A variante abotonadura, cunha representación máis escasa, achégaa por primeira vez Nebrija a finais do século XV –*CDH*. Dous séculos despois, no inventario de bens de José de Alvarado (Potos-Bolivia) recóllese: «Otra ungarina de felpa negracon *botonadura* de cerda negra, nueba» -*CorLexIn*. No século XX, o *CREA* achega 41 casos de botonadura dende o ano 1975.

Na lexicografía galega xa se recolle o termo abotoadura nas obras do século XVIII. Tal é o caso do Sobreira *Papeletas* (1792-1797). Posteriormente, tamén está presente no Porto *Diccionario* (c.1900), *RAG 1913-1928* (1913-1928), Eladio *Diccionario* (1958-1961), Franco Grande *Diccionario* (1972) e Carré *Diccionario-Voc.* (1979) –*DD*. Amais, algunhas das obras publicadas a partir dos anos 80 do século pasado, van dar conta do termo do estándar abotoadura.

Os repertorios lexicográficos do portugués ofrecen abotonadura dende o primeiro terzo do século XVIII, en que figura no Bluteau *Diccionario castellano* (1721) –*CLP*.

No que respecta ás obras lexicográficas do español, estas dan conta da voz abotonadura dende finais do século XV, en que se ofrece no *Vocabulario español-latino* (1495) de Nebrija. Por

contra, non rexistramos a voz botonadura ata o primeiro terzo do século XVIII, cando a recolle como entrada o *Diccionario de la lengua castellana, en que se explica el verdadero sentido de las voces, su naturaleza y calidad, con las phrases o modos de hablar, los proverbios o refranes, y otras cosas convenientes al uso de la lengua […]. Compuesto por la Real Academia Española* (tomo 1º. Letras A-B (1726) –*NTLLE*.

Na actualidade as abotoaduras seguen a formar parte dalgunhas pezas de roupa, fundamentalmente femininas, pero tamén masculinas, e o seu uso vai dende o mero peche das aberturas do vestiario ata o efecto puramente decorativo.

Cfr. s.v. **[botón]** e **[joia]**.



Reprodución de botóns de prata medievais[175]



Lauda de Inés Eanes con botóns nas mangas na igrexa de San Pedro de Melide (A Coruña). Imaxe de Alfredo Erias (Rey Cabezudo 2014: 68)

[enforrado] → **[3.3 ELABORACIÓN]**

adx. (de etimoloxía incerta; der. de *forrar* < do cat. *folrar* ou do fr. antigo *forrer*, e estes do fráncico *FŌDAR 'vaina, funda' -*DCECH*, *vid. s.v.* forrar) 'forrado, que está revestido con forro'.

[175] En liña: *http://www.celticwebmerchant.com/es/10-botones-medievales-redondos.html* [Consulta: 18 de abril de 2019].

◦ **Enforrada** (1): "mando a Afonso Gonzales crego do dito meu conto a miña capa *enforrada*", López Ferreiro *Documentos*, 1187*-[setembro-23. Tui] (Po), doc. 2, COP.

No testamento apócrifo de Álvaro Fernández de Valadares déixase en legado testamentario a un crego unha «capa *enforrada*».

Durante a Idade Media foi moi frecuente forrar certas pezas da indumentaria coa finalidade de facelas máis abrigosas, pero tamén para darlles maior suntuosidade. Normalmente púñaselle un forro ás pezas de cubrir o corpo, ás pezas de poñer por riba; a este último grupo pertence a **capa** (*vid. s.v.*) citada no noso exemplo, que Menéndez Pidal (1987: 70) denominou capa pel.

Para elaborar os forros empregábanse tecidos ou peles. As teas utilizadas adoitaban ter unha certa resistencia e unha calidade media ou baixa, dependendo do obxecto que se forrase; entre elas podemos citar o liño (*vid. s.v.* **lino**). Cando se trataba de pelotes (*vid. s.v.* **pelote**), xibóns (*vid. s.v.* **gibon**), mantos (*vid. s.v.* **manto**), capas, cerames (*vid. s.v.* cerame), *garvaias* (*vid. s.v.* **garuaya**), etc. os forros, ademais de tecidos, adoitaban facerse con peles, que ían dende as de coello e gato ata as luxosas de armiño e marta cibelina, que no noso territorio, durante o medievo, foi coñecida como *penaveira* (*vid. s.v.* **pena ueyra**). Dende o século XV, como signo de poder e suntuosidade, as clases sociais máis acomodadas adornaban as pezas de abrigo cunha pel das máis valiosas nos bordos, a modo de remate; incluso, chegou a empregarse nas pezas do enxoval (*vid. s.v.* **axuar**) destinadas ao leito, como colchas (*vid. s.v.* **colcha**) e cobertores (*vid. s.v.* **cobertor**). De por parte, cómpre destacar a existencia no medievo da peza exterior coñecida como **pelle** (*vid. s.v.*), a cal debe o seu nome por confeccionarse con pel oculta baixo un segundo forro García Rodríguez (1986: 21).

No relativo ás cores dos forros, estes ademais das propias das fibras naturais, podían presentar diversas tonalidades. De seren de pel, as máis frecuentes foron as negras e acastañadas, pero tamén se empregaron as brancas e as grises, estas últimas denominadas *penna gris*.

****

No dominio galego o testemuño máis temperán que localizamos do século XIV e localízase na *Cr. Troiana* e no Parker *VCT* (1370-1373): «hun brial moy nobre que… era *forrado* en pẽna armjña» -*DDGM* e *TMILG*. No relativo ao noso texto, non imos considerar a súa datación por tratarse dun documento apócrifo ou traducido. Con respecto ao portugués, este atesta este adxectivo dende o século XV, en que se cita na *Estoria de dom Nuno Alvares Pereyra*: «E ao domingo aa tarde veeo muy loução, com hũa opa *forrada* de pena gris» -*CP 1300S-1900S*.

No galego moderno, na escrita, o *TILG* achega un único rexistro do termo, con prótese, enforrado, datado a finais do século XX. Está na obra de Tobío titulada *As décadas de T.L.* (1994): «nuns enormes tomos da Biblia *enforrados* en roxo e ouro». O *CORGA* tamén ofrece varias concordancias desta voz. De por parte, do infinitivo *forrar*, o *TILG* recolle case 200 casos co significado de 'revestir' e, en relación co noso estudo, rexistrámola na compilación de Blanco titualda *A poesía popular en Galicia 1745-1885*.

O español ofrece atestacións do adxectivo forrado dende o último terzo do século XIII. No *Ordenamento de posturas en el Ayuntamiento de Jerez* (1268) recóllese o seguinte contexto: «et las calças *forradas* coser e tornar quatro dineros alfonsis» -*CDH* e *CORDE*. Un par de anos despois, cítase na *Historia troyana en prosa y verso* (c. 1270): «E desy vestiose ella los mays rricos paños que tenia, de vn paño muy preçiado, que era listado de oro s e labrado mucho apuestamente; desy vestiose vn brial *forrado* de vna peña armiña e mays fermosa e mays preçiada que onbre del mundo podria ver»

-CDH, *CORDE* e *DEMi*. A forma enforrado localizámola por primeira vez nunha composición de Villasandino, incluída no *Cancioneiro de Baena* (1379- c. 1425) de Villasandino: «Luengo tiempo ha pasado | que me miembra e çierto es | que nunca vi al Marqués | de tal jaez apostado; | si el mundo es trastornado,| non sea mi balandrán | (50ra) que me mandastes, de plan, | sinon de paño, *enforrado*» *-CE 1200S-1900S* e *CORDE*. Dous séculos despois, **n**o inventario de bens de Diego Carrillo de Mendoza (Ciudad de México), do ano 1622, faise referencia a: «…carmesí, de plata y oro, que tiene dos anchos de tela y tres de terçiopelo carmesí, *forrado* en bocaçí» *-CorLexIn*. A partir do último cuarto do século XX, o *CREA* inventaría máis de 250 concordancias desta voz, o cal demostra a vixencia de uso deste adxectivo no español.

A lexicografía galega non achega esta forma entre os seus lemas, pero ofrece o infinitivo *forrar*, coa nosa acepción, dende a época premoderna (1863-1985); en concreto, dende o ano 1884, en que se publica no Valladares *Diccionario -DD*. Con posterioridade, os dicionarios, de carácter normativo, publicados a partir dos anos 80 do século XX, ofrecen a forma do infinitivo.

Os repertorios lexicográficos do portugués achegan o termo forrado dende finais do século XVII, en que se recolle no Pereira *Thesouro* (1697). Con todo, o infinitivo *forrar* rexístrase un século antes, ao estar presente no Cardoso *Dict. ex lusitanico in latinum* (1562-1563) –*CLP*.

No que respecta ás obras lexicográficas do español, estas achegan a forma enforrado, do noso exemplo, dende o primeiro cuarto do século XVI. Figura no *Vocabulario de romance en latín hecho por el doctísimo maestro Antonio de Nebrissa nuevamente corregido y augmentado más de diez mill vocablos de los que antes solía tener* (1516) de Nebrija. A forma do español actual, forrado, aparece nos dicionarios un século despois; cítaa Oudin no *Tesoro de las dos lenguas francesa y española* (1607) – *NTLLE*.

Na actualidade os forros séguense empregando en moitas das pezas do enxoval persoal e doméstico, con todo, as fibras sintéticas substituíron en gran medida a fibras e peles naturais.

Cfr. s.v. **açintillado**, **bordado**, **[gornjçido]**, **[laurado]**, **orillado** e **rraso**.

Miniatura da raíña Urraca (1081-1126) na que porta unha capa forrada. Pertence ao tombo A da Catedral de Santiago[176]

[176] En liña en*: https://es.wikipedia.org/wiki/Urraca_I_de_L%C3%B3n* [Consulta: 18 de abril de 2019].

escarlata → **[3.1 TECIDOS]**

s.f. (de etimoloxía pouco clara. Varela Sieiro (2003: 349) indica que para Corriente (1999, *s.v.* ciclatão) esta voz procede do andalusí *siqlat un*, a través da forma intermedia tamén andalusí *iškarláta*; procedentes ambas as dúas formas do neoárabe *siqlāt ūn*; estas, como se explica no *DCECH* (*s.v.* escarlata, vol. II) teñen a súa orixe no grego σιγιλλᾶτος 'tecido de la ou liño adornado con marcas en forma de aneis', que remontaría ao latín TEXTU(M) SIGILLATU(M) 'pano marcado, selado'. En cambio, Martínez Meléndez (1989: 76-85, *s.v.* escarlata) propón a forma latina SCARLĀTU(M) ou ESCALLATA) 'escarlata, tecido rico de la que se tinguía con cores diversas e vivas (Alfau de Solalinde, 1969: 95, *s.v.* escarlata)'.

◦ **Escarlata** (1): "den... o meu manto et a mina guarnacha da *escarlata* et o capeyrote", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1326-[xaneiro-4. Mondoñedo] (Lu), doc. LXXI, COP.

◦ **Escarllata** (1): "et mando a Elvira Fernández filla de Fernán Guterrez o meu pellote novo da *escarllata*", Cambón *Melón*, 1285-maio-5. [Ribadavia] (Ou), doc. 836, OR.

Entre os bens legados polo bispo mindoniense Gonzalo de Moscoso cítase unha garnacha (*vid. s.v.* **garnacha**) confeccionada en escarlata. Segundo afirma Martínez Meléndez (1989: 76) esta voz contou con diversas variantes no ámbito peninsular: scarlata, scarlate, escarlliata, escarllata e escalrata.

Dávila Corona, Duran Pujol e García Fernández (*DHTT*, *s.v.* escarlata) afirman que a escarlata se utilizou para denominar dous tipos de tecidos. Por un lado, un tecido de la (*vid. s.v.* **laan**), do século XIII, de gran calidade que se conseguía cunha alta selección de las, tinguida de diversas cores, pero especialmente de carmesí ou vermello, a tonalidade coa que se vestían na Antigüidade os grandes príncipes e, posteriormente, foi a cor dos hábitos (*vid. s.v.* **abeto**) das altas dignidades eclesiásticas. Por outro lado, o termo tamén denominou un tecido de **seda** (*vid. s.v.*) **brocado** (*vid. s.v.*) de **ouro** (*vid. s.v.*), tinguido con colorante extraído da cochinilla e, por extensión, calquera tecido de seda brocada de calidade. En contra desta proposta, Martínez Meléndez (1989: 77-78) salienta que dende as súas orixes a escarlata foi un tecido de la e non de seda e argumenta o seu postulado indicando que «hasta las variantes persas *saqirlāt –saqirlāt- saqirlāt* significaba "certain *tissu de lainé*"; por tanto, no se puede estar de acuerdo con Corominas cuando lo describe como "un *paño lujoso de seda* brocado en oro" pues no hay duda de que confunde la *escarlata* con el *ciclatón*[177]. Por otra parte, ninguno de los estudios y dicionarios que recogen el término *escarlata* mencionan que fuese en algún momento un tejido de seda, aunque si la describen como una tela muy usada en la Edad Media y de una calidad excepcional». De por parte, a autora citada explica que se os musulmáns non dominaron a arte do tecido da la como fixeron coa seda, de aí que a escarlata adquirise valor cando comezou a fabricarse en Flandres, Francia e Inglaterra, onde se elaboraron na Idade Media os mellores tecidos de la. Polo tanto, concordamos coa definición achegada por Martínez Meléndez e consideramos que no noso exemplo a escarlata fai referencia a unha 'tea luxosa de la'.

Con respecto ás tonalidades deste pano, cómpre termos en conta que non necesariamente foi de cor vermella intensa, pois podía presentar outra cores coma o azul e o branco; de feito, en Oriente adoitaba tinguirse de azul. No entanto, ben é certo que na Península Ibérica a abundancia de cochinilla en Andalucía supuxo que o vermello fose a tonalidade máis habitual desta estofa e, de aí, que aproximadamente no século XVI se acuñase o termo escarlata para denominar a cor 'vermella viva e intensa' (Zanger 1945: 50, *s.v.* escarlate).

[177]Trátase dun tecido de seda delgado e lustroso, entretecido con ouro, usasdo na época medieval para vestiduras (*DHTT*, *s.v.* ciclatón /*).

A suntuosidade deste tecido explica que no ano 1258 fose prohibido o seu uso a todos aqueles que non eran reis, príncipes, dignidades eclesiásticas ou grandes do reino: «Et manda el Rey quelos sus escriuanos nin ballesteros nin falconeros nin los porteros nin ningunos delos omnes de su casa nin dela Reyna que non trayan […] calças *descarlata*» e «que ningun escudero non traya penna blanca ni calças *descarlata*, nin uista *escarlata*». Aínda así, estas leis non deberon cumprirse porque durante a Idade Media a escarlata foi un dos tecidos máis utilizados na confección de capas (*vid. s.v.* **capa**), calzas (*vid. s.v.* **[calça]**), tabardos (*vid. s.v.* **tabardo**), mantos (*vid. s.v.* **manto**), saias (*vid. s.v.* **saya**), pelotes (*vid. s.v.* **pelote**), capirotes (*vid. s.v.* **capirote**), alxubas (*vid. s.v.* **aljuba**), entre outras pezas da indumentaria. Amais, nalgunhas ocasións era empregada como obxecto de regalo enviado polos reis para demostrar a súa riqueza (Martínez Meléndez 1989: 79 a 81).

No relativo á fabricación de escarlatas, amais dos territorios xa referidos, nas cortes de Toro de 1369 cítanse as elaboradas en Gante, Malinas e Yprés, aínda que destacaban pola súa calidade as confeccionadas en Dubai (*DHTT*, *s.v.* escarlata/escarlata e Zanger *s.v.* escarlate).

Ao lado desta tea existiu o *escarlatín*, moi semellante, pero con cores menos vivas e de inferior calidade, que aparece na industria téxtil a finais do século XVIII (*DHTT*, *s.v.* escarlata/escarlata).

****

No territorio galego, Varela Sieiro (2003: 348-349) documenta o termo scarlata en dous textos, escritos en latín, pertencentes ao segundo terzo do século XIII. O primeiro testemuño pertence á colección diplomática do mosteiro ourensán de Oseira e data do ano 1229: «Fora Montanus ubi hábitat Martin Pelaiz et pallio meo de *scarlata*» e «pauperibus garnacha mea de *scarlata* ad opus induendum eos». A eles cómpre engadir un exemplo pertencente á catedral ourensá, do ano 1251, en que se cita: «meam garnachiam de *scarlato*». Destes contextos tamén dá conta o *CODOLGA*. En romance, as primeiras atestacións datan aproximadamente da primeira metade do século XIII. Nunha cantiga escarniña de Afonso Soarez Sarraça (1221-1240) recóllese : «Poren Tareija Lópiz non quer Pero Marinho: | pero x' el é mancebo, quer -x' ela mais meninho. | Non casará con ele por ouro nen por prata, | nen por panos de seda, quant' é por *escarlata*, | ca dona de capelo de todo mal se cata» -*CMGP*, Ferreiro *Glosario*, *MedDB, TMILG* e Lapa *Escarnho* (*DDGM*). Unhas décadas despois, as cantigas marianas tamén achegan contextos desta voz. Por exemplo, nunha delas (1264-1284) figura: «E mandó -o tirar fora e poss -ll' our' e prata || deant', e panos de seda, outros d'*escarlata*…». No relativo á prosa histórica, temos testemuños deste termo dende finais do século XIII, en que se cita na *Cr. Gal* (1295-1312): «Et algũus dizẽ en seu rromãço et seus cãtarres que quando o soube el rrey, que mandou que lle fezesem banos et que o banassem en elles, porque lle blandeçese a carne, et que lle uistisem bõos pãnos, et que o possesem ẽ hũu cauallo, vistido dũa capapel d'*escarlata*, et hũu escudeyro enpos el que o teuesse, que nõ caesse» -*DDGM* e *TMILG*. No que respecta ao portugués, o *DELP* (*s.v.* escarlata, vol. II) recolle a forma scarlech nun documento portugués de comezos do século XII: «alio manto gatenio in *sacarlech* cum orla de filoita». Anos despois, noutro texto en latín, pertencente á Catedral de Coímbra, datado no ano 1180, faise referencia a: «….filios Petri Arnizocida I morabitinum; ad miseros meam sagiam de *escarlata*; ad filios Arias et mater ejus I morabitinum; ad mancipium…» -*CODOLGA*. En textos romances, ademais das cantigas profanas xa citadas, temos atestacións desta voz dende o século XV, en que figura, entre outras obras, no *Livro de falcoaria do emperador Enrique de Alemanha*: «E se não teveres *escarlata*, outro pano vermelho, e se isto não teveres, toma as raizes dos fentos secos e faze pò e lançalho» -*CP 1300-1900S*.

No galego moderno escrito, coa acepción do noso estudo, localizamos escarlata a partir da segunda metade do século XIX. Na obra *Poesía* (1861) de Iglesia, editada por Saurín de la Iglesia, ofrécese o contexto que segue: «O seu dengue d'*escarlata* <Mariña> que ten amores». Dos

152 casos que achega o *TILG*, non todos empregan o termo escarlata con valor de substantivo, pois en varios casos é utilizado como adxectivo. O mesmo ocorre no *CORGA*, no cal, como substantivo, temos poucos exemplos; o primeiro deles é do ano 1998, en que García Trigo menciona esta voz no relato curto titulado «Buganvíleas», publicado na obra *Extintos básicos*: «Agora mesmo –mediados dun mes de xullo- está fermosísima vestida de *escarlata*, imbuída dos seus acios de flores tenras e duradeiras».

O español ofrece testemuños da voz escarlata dende a primeira metade do século XIII. Nunha carta de venda do ano 1223 cítase: «Assi uos lo uendemos todo entera mientre por trezientos & octaenta morabedis in pretio & en robra; & destos morabedis somos bien pagados, & de la robra con este manto de *escarlata* que nos dades, & daqui nos partimos de todo & metemos a uos en ello» -*CORDE*. Berceo na obra *Los signos del juicio final* (1236-1246) ofrece o contexto que segue: «El día quarto dézimo será fiera barata: | ardrá el mundo todo, el oro e la plata, | baldaquines e púrpuras, xamit e *escarlata*, | non fincará conejo en cavo ni en mata» -*CDH* e *CORDE*. En documentos escritos en español na coroa de Aragón, no século XV, localizamos esta voz no *Tratado de aojamiento o de facinación* (1425) de Villena: «los spiritus lesos con sandalos e letuario catolicon e poniendo sobre el coraçon paños de | *escarlata* | mojados de agua rosada e esparzidos de sandalos musçelinos e teniendo en·la mano» -*DICCA-XV*. Dous séculos despois, na carta de dote de Ginesa del Pino (Sevilla), datada no ano 1669, cítase: «Ytten, vn tapapiés de *escarlata* bordado con plata, en doçientos y quarenta reales» -*CorLexIn*. Xa no século XX, o *CREA* compila 256 casos desta voz, aínda que non todos eles referidos ao substantivo. O primeiro exemplo inventariado en relación coa acepción do noso estudo, data do ano 1980 e está presente na novela de Benet Goitia titulada *Saúl ante Samuel*: «Una serie de vocablos señalizan la índole lujuriosa del espacio: carmín, purpúreo, rosal, marmórea, damasco, *escarlata*, etcétera».

No tocante á lexicografía galega, esta ofrece este termo, tardiamente, dende finais da época premoderna (1863-1985), en que o cita no Eladio *Diccionario* (1958-1961) -*DD*. Con posterioridade, os dicionarios publicados a mediados dos anos 80 do século pasado dan conta de escarlata entre os seus lemas.

Por contra, as obras lexicográficas do portugués (*CLP*) achegan os termos escarlata e escarlate, utilizados como adxectivo e substantivo, pero neste último caso unicamente asociado á cor e non ao tecido. Con todo, as obras modernas ofrecen escarlate, co uso que nos compete, é dicir, relacionado co ámbito téxtil.

Os repertorios lexicográficos do español compilan esta voz dende comezos do século XVII, en que figura na obra de Covarrubias titulada *Tesoro de la lengua castellana o española* (1611) –*NTLLE*.

Na actualidade o termo escarlata segue estando vixente na lingua para referirse ao tecido estudado e tamén á 'cor vermella moi intensa', que, malia xeneralizar o seu uso entre a poboación civil, séguese empregando entre os estratos do clero máis altos como signo de distinción.

Cfr. s.v. **laan**.

Miniatura da cantiga mariana (número 200) na cal o músico porta unha saia de cor escarlata e, posiblemente, confeccionada co tecido que recibe este nome[178]

escarllata *s.f. vid. s.v.* **escarlata** → **[3.1 TECIDOS]**

[eschaquel] → **[3.3 ELABORACIÓN]**

s.m. (de etimoloxía discutida; do fr. antigo *eschaquier* (hoxe *échiquier* 'taboleiro de xadrez', de onde varios obxectos da súa forma e, en particular, panos ou teas a cadros de varias cores ou do ár. hispánico *iššáh*, este do ár. clásico *šáh*, e este do pelvi *šāh* 'rei' -*DCECH*, *s.v.* jaque, vol. III) 'eschaque, técnica de confección de tecidos consistente na unión de cadros simulando un taboleiro de xadrez'.

> ◦ **Deschaquel** (2): "...e XVI faceyroós e un boo aliffaffe nouo e VII colchas nouas e VIII pares de mantees d*eschaquel* nouos", Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1303-xullo-11. [Allariz] (Ou), vol. I, doc. 42, OR.; "Item cinquo bestimentas as tres delas gorniçidas nas mangas et faldas de seda con suas stollas et manipulos de çendal et de panno de seda, et tres mantos de panno de seda, huun de collor blanco, et outro biado a maneira *deschaquel*, et outro de color uermella, et outras duas bestimentas cotidianas de panno de linno", Pérez *Codeseda*, 1419-xaneiro-14/novembro-16. [Codeseda. A Estrada] (A Co), COP.

> ◦ **Deschaqual** (2): "Iten mando as minnas toallas nouas d*eschaqual* pera o altar de santa Maria por mina alma", Cal *Mondoñedo*, 1321-marzo-10. Vilamor. Mondoñedo (Lu), doc. 84, OR.; "Iten outros XVI botoes que ten Juana por vn fondelo de tomentos iten vnna | bolsa de sirgo et d*eschaqual*", Cal *Mondoñedo*, 1321-marzo-10. Vilamor. Mondoñedo (Lu), doc. 84, OR.

Nos testamentos de María Vázquez e Tareixa Pérez e no inventario de bens do mosteiro coruñés de San Xurxo de Codeseda menciónanse un **mantel** (*vid. s.v.*), un **manto** (*vid. s.v.*), toallas (*vid. s.v.* **toalla**) e unha **bolsa** (*vid. s.v.*) confeccionados de eschaque ou, o que é o mesmo, con tecidos de cadros.

[178] En liña en: *https://es.pinterest.com/pin/366691594634128967/* [Consulta: 18 de abril de 2019].

A propósito da disposición de cadros que presentan os tecidos, non contamos con moita información, pero somos coñecedores do gusto que houbo na Idade Media polos tecidos elaborados con cadros e raias (*vid. s.v.* **uiado**) de diferentes cores. As teas de eschaque, como así se denominan nos nosos exemplos están moi relacionadas co ámbito da heráldica, onde localizamos os primeiros escudos, que xa aparecen nos capiteis da Catedral de Tudela (Navarra), datada a finais do século XII (Valero de Bernabé y Martín de Eugenio 2007: 105).

No ámbito peninsular, entre as pezas (*vid. s.v.* **peça**) do enxoval (*vid. s.v.* **axuar**) medieval de eschaque destacan a alxuba (*vid. s.v.* **aljuba**), o barrete e a saia (*vid. s.v.* **saya**) cordada de Fernando de la Cerda (1255-1275), custodiadas no Museo de Telas Medievales do Monasterio de Santa María la Real de las Huelgas de Burgos. De por parte, dende o século XIII existiron tecidos coma o *teliz*, de algodón ou liño (*vid. s.v.* **lino**), moi resistente, que adoitaba ser de cadros ou raias e empregábase para cubrir a sela dos cabalos (Costa 2004: 158, *s.v.* teliz).

****

No territorio galego os únicos testemuños que temos desta voz son os ofrecidos nos nosos exemplos, dos cales dá conta o *TMILG* e, para o primeiro dos contextos, tamén a Lorenzo *Cronologia* (*DDGM*) e Pensado (González González 2006: 231); polo tanto a atestación máis temperá data de comezos do século XIV. Por contra, no portugués non localizamos o termo estudado.

No galego moderno, na escrita, o *TILG* achega 11 casos ofrecidos en 6 documentos distintos do termo escaque. A primeira atestación data de finais do século XIX e ofrécea López Ferreiro na obra *O Castelo de Pambre* (1985), aínda que como termo relacionado co ámbito da heráldica: «Mais ¿quéns eran aquel cabaleiro e aquela dona que iban con tanto acompañamento? A xuzgar polas tres faixas d'*escaques* d'ouro e gules, separadas por unos filetes negros, bordados nos escudos d'armas dos caparazóns e gualdrapas das bestas, debían de ser dos de Soutomaior».

A propósito do español, atestamos escaquel, dende o último cuarto do século XIII. Nun inventario de bens, do ano 1275, custodiado nos arquivos catedralicio e diocesano de Salamanca, recóllese o seguinte contexto facendo referencia a uns panos: «En el altar de Sant Barnabe uno a bandas doro et vermeias et otro a *escaquel*. Sobrel coro uno nuevo a bandas doro et vermeias» -*CORDE*. No século XV localizamos algún exemplo máis. Na obra de Guadalfajara titulada *Traducción y glosas de la Biblia de Alba* (c. 1422-1433) recóllese: «E Israel amaua a Josep mas que a todos sus hermanos por quanto lo auia auido seyendo ya viejo, e fisole vn rroquete de seda broslado a *escaques*» e «E ella sobre sy tenia vna túnica de *escaques*, que a este modo costunbrauan vestir las filas de los reyes vestimentas, e el su doncel sacola fuera, e la puerta en pos ella çerro». No século XXI, localizamos algún exemplo para referirse á 'disposición da tea con cadrados bicolores'; por exemplo, na novela de Obando Bolaños titulada *El más violento paraíso* (2001) cítase: «Un antifaz me cubría los ojos y parte de la nariz, en tanto que el resto de la cara era totalmente blanca. Mientras bailaba, también pude ver en el espejo mi traje de arlequín en *escaques* blancos y negros» -*CDH*.

Os repertorios lexicográficos do galego dan conta deste termo dende a época premoderna (1863-1985), en que figura no Valladares *Suplemento* (1896-1902) e no Eladio *Diccionario* (1958-1961) para faceren referencia 'aos cadradiños do xogo de xadrez' e 'aos cadros do escudo heráldico'. Con posterioridade, algunhas das obras publicadas a partir dos anos 80 do século pasado achegan esta entrada no seu lemario, como é o caso do *GDXL*.

De por parte, a lexicografía portuguesa (*CLP*) non recolle esta voz nos seus repertorios, mentres que en obras do español atéstase dende finais do século XV en 48 obras, pero sempre referida ao xogo do xadrez -*NTLLE*.

No ámbito téxtil actual os tecidos de cadros son moi empregados na elaboración de diferentes pezas de roupa, xa sexan da indumentaria, xa da vivenda.

Birrete de Fernando de la Cerda elaborado coa técnica de eschaque, custodiado no Museo de Telas Medievales do Monasterio de Santa María la Real de las Huelgas de Burgos[179]

Afonso x nunha miniatura medieval do *Libro de los juegos*, na cal vai ataviado con indumentaria elaborada coa técnica de eschaque[180]

[179] En liña en: *http://elsayon.blogspot.com.es/2015/08/en-agosto-de-1275-muere-en-villa-real.html* [Consulta: 18 de abril de 2019].
[180] En liña en: *https://es.wikipedia.org/wiki/Alfonso_X_de_Castilla* [Consulta: 18 de abril de 2019].

[esmoleyra] → **[2.3 COMPLEMENTOS]**

s.f. (der. de *esmola* < do lat. tardío *eleemosyna*-, e este do gr. ἐλεημοσύνη 'piedade, compaixón') 'esmoleira, bolsa para gardar os cartos destinados a dar como esmolas'.

> ◦ **Esmoleyras** (1): "Et que esto con todolos meus panos de uistir... cuytelinos, cintas, *esmoleyras*, doas de todas maneyras, lenzos grosos", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1326-[xaneiro-4. Mondoñedo] (Lu), doc. LXXI, COP.

Entre o enxoval (*vid. s.v.* **axuar**) persoal de Gonzalo de Moscoso, coñecido no medievo galego por derrubar as torres de Altamira (Brión, A Coruña), inventaríanse as esmoleiras.

Estes complementos, orixinariamente eran utilizados polos homes e mulleres da Idade Media para portar as moedas destinadas ás esmolas dos pobres, debido a que a roupa na Idade Media carecía de petos. Normalmente levábanse colgadas dos cintos ou cruzadas no ombreiro como amosan algunhas miniaturas medievais. Posteriormente, esta función inicial, moi vinculada á Igrexa, ampliouse e as esmoleiras serviron para gardar calquera tipo de obxectos pequenos.

No noso contexto non temos datos sobre a elaboración deste complemento, pero Menéndez Pidal (1986: 42) explica que no ataúde do rei «Sabio» figura unha esmoleira de tapicería con cuarteis de castelos e leóns, que vai forrada con tea de sirgo (*vid. s.v.* **sarga/sirgo**) brillante e leva unhas presillas polo medio das cales se colgaba ao cinto. Posiblemente a peza (*vid. s.v.* **[peça]**) que se cita no noso *corpus* era moito máis modesta, ao non tratarse dun complemento da propiedade dun rei, pero esta descrición pode axudarnos a imaxinar como sería a dita esmoleira, que en ocasións tamén se elaboraba de coiro ou con teas de **damasco** (*vid. s.v.*). Amais, podía estar decorada con grecas (*vid. s.v.* **çeneffa**) e flocos (*vid. s.v.* **[frocadura]**) como algunhas das recollidas na terceira imaxe que acompaña esta entrada. Outro modelo menos habitual de esmoleira era a ríxida de forma circular que vemos na segunda imaxe.

****

No territorio galego as primeiras atestacións desta voz datan, aproximadamente, da segunda metade do século XIII. Nunha cantiga profana, escarniña, da autoría de Johan Vazquiz de Talaveira dirixida a unha soldadeira, María Leve, cítase en dúas ocasións este termo: «Ben viu dona Maria | Leve que non tragia | ren na mia *esmoleira*» e «Quando me deostava, | ben viu ca non andava | ren na mia *esmoleira*» (1240-1300) -*CMGP*, Ferreiro *Glosario* e Lapa *Escarnho* (*DDGM*) e *MedDB*. Anos despois nas *CSM* (1264-1284) figura a variante esmolneira: «Este con outra gran gente | vẽo y en romaria, || e acolleu -sse a un ome | con que fillou conpania; || e quando chegou a noite, | os dinneiros que tragia || lle furtou da *esmolneira* | por crecer en sas requezas» -Lorenzo *Cronologia* (*DDGM*), *TMILG* e *VHCPM*. No portugués temos atestacións deste substantivo, amais dos rexistros nas cantigas medievais, no segundo terzo do século XV na obra *Livro de Vita Christi* (1446): «Nom queirasençarrar teu coraçom em *esmoleira* de pouco valor e mestura-lo ali com os dinheiros da prata, que som cunhados e cavados de imagees, porque com os pesos dos dinheiros nunca podera voar acima pera o ceeo» -*CP 1300s-1900s*.

No galego moderno, na fala (*ALGa* e *TLPGP*), non temos rexistros desta voz coa acepción estudada. Na escrita, o *TILG* ofrece o testemuño máis antigo do termo esmoleira, coa nosa acepción, no ano 1973, en que se cita na obra de Gómez Ledo titulada *Escolma de poetas líricos gregos e latinos voltos en linguaxe galego*: «Eros o malvadoso chimpou no chan as armas, arco e facho temibres; botou mau da aguillada dos bois axilladora, e unha *esmoleira* á espalda».

O español dá conta da forma almosna dende, aproximadamente, comezos do século XIII, en que se localiza nun documento de Tórtoles. A forma alimosna documéntaa Berceo –*DCECH, s.v.* limosna, vol. III. De limosnera temos noticia dende mediados do século XIII, data que cadra coas primeiras atestacións do galego para a voz esmoleira. Na obra afonsina titulada *Picatrix* (1256) ofrécese o contexto que segue: «Quandol quisieres tornar aqui quisieres; mete la mano ensu seno. o en su *limosnera* de qui tu quisieres & sacar las ende» -*CE 1200S-1900S* e *CORDE*. Un século despois, na obra *El conde Lucanor* (1325-1335) cítase: «Et don Martín le dixo que él le traýa quinientos maravedís en una *limosnera*, et que los diesse al alcalde et que luego sería libre» -*CDH*, *CE 1200S-1900S* e *CORDE*. Con posterioridade, resulta de interese o contexto que se recolle na obra *Monográfica histórica e iconográfica del traje* (1886) da autoría de Puiggarí i Llobet: «La escarcela de cuero, propia de labriegos y peregrinos, fue vulgarizada por las Cruzadas, y subsistió con nombre de *limosnera* hasta el siglo XVI». No ano 1905 na obra de Valle-Inclán titulada *Sonata de invierno. Memorias del Marqués de Bradomín* faise referencia a este complemento: «Yo hice un vago gesto, y saqué de la *limosnera* una onza de oro» -*CORDE*. Xa no século XX, o *CREA* non ofrece ningunha ocorrencia desta voz adaptada ao noso contexto.

A lexicografía galega recolle este termo dende a época premoderna (1863-1985). Figura no Carré *Diccionario*[1] (1928-1931), Carré *Diccionario*[2] (1933), Ibáñez *Diccionario* (1950), Carré *Diccionario*[3] (1951), Franco Grande *Diccionario* (1972) e Carré *Diccionario-Voc.* (1979), aínda que non exactamente co significado co que conta no noso estudo, pois nestes repertorios defínese como «saco o especie de alforjas que llevan los pobres» –*DD*. Con posterioridade, os dicionarios de corte normativo, publicados a partir de mediados dos anos 80 do século pasado non ofrecen esta voz, coa nosa acepción, entre as súas entradas.

No relativo aos repertorios lexicográficos do portugués, rexistramos esmoleira no Cardoso *Dict. ex lusitanico in latinum* (1562-1563) –*CLP*.

No español, as obras lexicográficas recollen este termo dende comezos do século XVII, en que figura no *Tesoro de las dos lenguas francesa y española* (1607) de Oudin –*NTLLE*.

As esmoleiras caeron en desuso co paso dos séculos, no entanto na actualidade a versión máis semellante delas son os pequenos bolsos de muller utilizados para gardar pertenzas persoais de reducidas dimensións, como chaves, moedas, etc.

Cfr. s.v. **bolsa**.

Esmoleira do século XIII
custodiada na Catedral de Toledo[182]



Esmoleira de finais do século XIII[181]

Esmoleiras do século XIV[183]

Esmoleira da raíña Berenguela de Navarra na efixie
pétrea custodiada na abadía de Piété-Dieu de l' Épau (Le Mans, Francia)[184]

[181] *Ibídem.*
[182] En liña en: *http://bejismedieval.blogspot.com.es/2013_05_01_archive.html* [Consulta: 18 de abril de 2019].
[183] *Ibídem.*
[184] En liña en*: http://berengueladenavarra.blogspot.com.es/2008/03/la-efigie-tumbal-de-berenguela-y-su.html* [Consulta: 18 de abril de 2018].

estanfforte → **[3.1 TECIDOS]**

s.m. (de orixe incerta; para algúns estudosos procede do lugar onde se fabricaba: para Meyer-Lübke (*REW* 8220a) de Stanford e para Du Cange (1840-1850, *s.v.* stanfortis, vol. VII) de Stenfordia; para outros, ten a súa orixe no lat. *stamen fortis* 'estame reforzado' –Zanger 1945: 55 a 57, *s.v.* estanfort e Martínez Meléndez 1989: 94, *s.v.* estanforte) *'estanforte*, tecido de la que se importaba de Europa'.

◦ **Estanfforte** (2): "e mandolle ayuda una saya *d'estanfforte* noua", Santos *Allariz*, 1299-agosto-5. [Allariz] (Ou), OR.; "J(n)tem mando a mjna ama hũa ssaya d'*estanfforte*", Lorenzo *Montederramo*, 1339-maio-13. Montederramo {1308-febreiro-6}, vol. II, doc. 1123, OR.

◦ D**estanfforte** (1): "Et mando que meus conpridores que dem a L pobres vergoncossos L sayas *destanfforte*", Portela *obispado Tui*, 1325-febreiro-20. [Melón] (Ou), doc. 49, OR.

Tres dos testamentos compilados no noso *corpus* de estudo (Sancha López, Afonso Eanes Torrichano e outro no cal non se coñece o testador) ofrecen a voz *estanforte*, que se emprega na elaboración de varias saias (*vid. s.v.* **saya**). Dous dos contextos permítennos saber que este tecido era común entre xente humilde, posiblemente por ser forte e basto: «mando a mjna ama hũa ssaya d'*estanfforte*» e «mando que meus conpridores que dem a L pobres vergoncossos L sayas *destanfforte*».

Con respecto ás características da estofa e á súa calidade, existen opinións contrapostas. Alfau de Solalinde (1969: 103 *s.v.* estanfort, estanforte) define esta tea como un tecido de la (*vid. s.v.* **laan**) tinguido polo xeral de cores, sobre todo azul e vermello. No noso territorio contamos cun diploma datado no ano 1257 e editado por Martínez Salazar, en que a soldadeira María a Balteira, a cambio de doar unha rica herdade aos monxes de Sobrado, solicita ser levada ao mosteiro cisterciense para o seu dó nun ataúde cuberto de tres varas[4] de *estanforte* vermello (Menéndez Pidal 1991[9]: 229). Ademais, o tecido tamén podía presentar o seu aspecto natural, sen tinguidura, e incluso presentar raias (*vid. s.v.* **uiado**). Zanger (1945: 55, *s.v.* estanfort), seguindo a Gay (1974: 668 *s.v.* estanfort, vol. I), define esta estofa como «drap que sa qualité supérieure rangeait parmi les étoffes de luxe». De por parte, Dávila Corona, Durán Pujol e García Fernández (*DHTT*, *vid. s.v.* */estanfort) explican que se trata dunha tea pouco valiosa de la destinada á confección de capas, vestidos e outras pezas da indumentaria e engaden que tamén podía tratarse dun pano luxoso procedente da cidade inglesa de Stanford, fabricado a finais do século XII en varias cidades francesas e belgas. Eladio Rodríguez no Eladio *Diccionario* (1958-1961) considera *estanforte* sinónimo de *estameña*, que define como «tejido de lana ordinario, que tiene la urdimbre y la trama de estambre», identificación que nos parece un pouco aventurada ao non coñecermos con claridade a calidade do *estanforte*.

Martínez Meléndez (1989: 95) sinala que o *estanforte* circulou pola coroa castelá durante o século XIII e principios do XIV, momento a partir do cal debeu desaparecer ou substituírse por outro. O máis probable é que se comezase a elaborar en Inglaterra, como un tecido de la de boa calidade, e co paso do tempo fose imitado noutros centros téxtiles europeos (Saint-Omer, Arras, Valenciennes, Brujas, Yprés, Tournai, Caen, Rouen, Chartres, Parthenay, Montreuil-sur-Mer, entre outros), onde debeu sufrir unha mingua da súa calidade (Martínez Meléndez 1989: 95). Precisamente, á súa elaboración en diversos lugares europeos fixo mención Varela Sieiro (2003: 327) ao reparar en documentos do ámbito galego-portugués editados en Lorenzo *Cronologia*: «cobitus de stanforte uiadu de Ipri... meliori *stanforte* de Brugiis... et cobitus de stamforte de Caa» (1253).

****

No dominio galego a primeira atestación desta voz, en textos escritos en latín, data de comezos do século XIII, como xa apuntou Varela Sieiro (2003: 327). Nun documento notarial da Catedral de Ourense, do ano 1208, cítase: «Velasco Velasci meum pallium de *estanfort*» -*CODOLGA*. Amais, na obra *Colección diplomática de Galicia histórica* recóllese o seguinte contexto, datado en 1245: «ceramen et sagiam de *staforch*» -Lorenzo *Cronologia* (*DDGM*); a el tamén fai mención Rivas Quintas (1998: 595). En textos en romance, temos testemuños dende o último cuarto do século XIII. Nun documento notarial pertencente ao cenobio ourensán de Oseira cítase: «una saya d-*estanforte*» -*TMILG*. A prosa histórica tamén ofrece esta voz, pois na *Cr. Gal* (1295-1312) figura: «et mandou que, quando chegassẽ a San Pero de Cardena, que dessem de uestir a quatro mil pobres sayas et pelotes d'*estanforte*» -*DDGM* e *TMILG*. No portugués, non documentamos este termo (*CP 1300s-1900s* e *VHCPM*).

No galego moderno, na escrita, o *TILG* achega 4 casos desta voz, empregados en 2 obras distintas a partir da segunda metade do século XX. Na obra *Nenias* (1961) de Iglesia Alvariño cítase: «E tu, todo envolto de *estanfor* vermello, no teu barco». De por parte, o *CORGA* tamén ofrece unha ocorrencia deste termo na obra teatral de Cortezón titulada *Pedro Madruga* (1981): «Outros, de peles vacarizas ou *estanforte*».

A propósito do español, este localiza a forma stanforte no primeiro cuarto do século XIII, en que figura nun documento de Sahagún, aproximadamente, do ano 1211 (Varela Sieiro 2003: 327). Anos despois, nun testamento pertencente á documentación da Catedral de León, do ano 1270, recóllese o seguinte contexto: «…unas calzas nueuas de *estanforte* blanco e un manto e un pellote vieyo de raz» -*CDH* e *CORDE*. Trátase dunha voz cunha representación reducida nas letras hispánicas, pois o *CORDE* achega 4 casos, repartidos en 4 documentos diferentes entre os anos 1270 e 1924-1957; de por parte, nesa mesma baliza cronolóxica, o *CDH* inventaría 9 contextos, en 7 obras distintas. A última atestación, ofrecida por ambos os repertorios, está na obra *Poesía juglaresca y juglares. Orígenes de las literaturas románicas* (1924-1957), onde falando de María a Balteira recóllese: «Doña María debe hacer servicio al monasterio "así como familiar e amiga", y a su muerte los monjes la llevarán a Sobrado en un ataúd cubierto de tres varas de *estanforte* bermejo, y le harán duelo cumplido de familiar».

Con respecto á lexicografía galega, esta recolle a voz que nos ocupa dende a época premoderna (1863-1985). Está presente no Eladio *Diccionario* (1958-1961), Franco Grande *Diccionario* (1972) e Carré *Diccionario-Voc.* (1979) –*DD*. Con todo, os dicionarios publicados a partir de mediados dos anos 80 do século pasado non ofrecen no seu lemario o termo estudado. Tampouco os repertorios lexicográficos do portugués e do español recollen *estanforte* entre as súas entradas, posiblemente por estar en desuso dende unha época temperá (*CLP* e *NTLLE*).

O *estanforte* empregouse durante o século XIII e quedou en desuso no XIV, en que foi substituído por outras fibras de la.

Cfr. s.v. **laan**.

estola → **[2.4. ORNAMENTOS LITÚRXICOS]**

s.f. (do lat. STŎLA 'vestido longo' e este do gr. στολή 'vestido', derivado de στέλλειν 'aparellar, vestir' -*DCECH*, *s.v.* estola, vol. II) 'estola, fita que poñen os curas sobre os ombreiros para administrar sacramentos ou misar'.

◦ **Estola** (12): "Iten mando a capela de Santa Maria de Perdon vna vestimenta nova de lenço con seu manto et *estola* et magniplos", Sánchez *Álvaro Sánchez*, 1493-xuño-12. Santiago de Compostela (A Co), doc. 13, OR.; "Vna vestimenta de pontifical con súa cenefa, que he rrica et con | súa alua d'Olanda et con amjto, *estola*, cynta, e manjpolo, | et con seu manto rrico de damasco brocado e con súa casula | de lenço en que está goardado", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Dúas almáticas de damasco do brocado branco con súa *estola*", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "...con vna *estola* e douss manjpolos e con vna estola de | damasco de brocado", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "...con vna estola e douss manjpolos e con vna *estola* de | damasco de brocado", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Vn manto rico de ricomas con toca de vermello con seu | manjpolo e *estola* d'aquela color; falta a cynta de seda", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Dúas almáticas de damasco brocado de vermello con | súas frocaduras de ricomas con súa *estola* e manjpolo", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "...e *estola* de damasco e cynta", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Dúas almáticas brancas de damasco con súa |*estola* e dous manjpolos de damasco branco", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Outro manto branco de damasco con súa ceneffa dourada | e *estola* e manjpolo", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Falta vna *estola* et douss manjpolos destas almáticas", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "vn ornamento de brocado con súa *estola* et almáticas et vn frontal | et súas aluas et vna manga rica con os ditos ornamentos perfetos", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

◦ **Estolla** (1): "et mando C maravedís da moneda sobredicta a Mellon para a hofre para a *estollá*", Cambón *Melón*, 1285-maio-5. [Ribadavia] (Ou), doc. 836, OR.

◦ **Stola** (1): "It. mando a egleia de Sta. Maria de Villascli que roge por min a sou fillo o manto et a *stola* et o manipulo con que ora diçian misa", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1326, doc. 71, OR.

◦ **Estolas** (3): "Seys almáticas vellas con outras *estolas*, todo vello", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Achouse vna cynta, | doze *estolas*, vellas e novas", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Outro ornamento negro de terçiopelo dobre con súa casula et ceneffa | rrica e dúas almáticas con tres aluas et seus manjpolos e | *estolas* et todo conprimento", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

◦ **Stollas** (2): "It mando que das outras *stollas* et manipolos que den pellos altares da ygleia de Mendonedo", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1326, doc. 71, OR.; "Item cinquo bestimentas as tres delas gorniçidas nas mangas et faldas de seda con suas *stollas* et manipulos de çendal et de panno de seda", Pérez *Codeseda*, 1419-xaneiro-14/novembro-16. [Codeseda. A Estrada] (A Co), COP.

A peza coñecida como estola aparece citada en varias ocasións no reconto da catedral ourensá e tamén é deixada pola compostelá Inés García como legado testamentario á capela de Santa María do Perdón, xunto con outros ornamentos (*vid. s.v.* **ornamento**).

Ten unha orixe incerta; con todo, adoita verse como sucesora do *orarium*, tamén coñecido como *sudarium*, que era unha peza rectangular confeccionada en liño (*vid. s.v.* **lino**) branco, fino, algo maior ca un pano de mesa, co que os romanos limpaban a suor e se asoaban. Ademais, Rivas Quintas (2012 : 139) explica que os escravos romanos a utilizaban cando servían a mesa, no antebrazo ou no ombreiro; e tamén se empregou nesta época nas funcións

litúrxicas; de feito menciónase por primeira vez no Concilio de Leodicea (século IV), en que se prohibiu o seu uso a subdiáconos e clérigos inferiores. Posteriormente, esta peza estreitouse, fíxose máis longa e gañou en simbolismo ao ser utilizada na igrexa grega portada no brazo e co nome de στολή (*stolê*) 'veste longa'. Isidoro de Sevilla na *Etimoloxías* (19, XXV, 3) define stola como «veste matronal que cubre a cabeza e lado dereito das costas, rubindo para descansar sobre o ombreiro esquerdo». Co paso do tempo, como consecuencia da extensión do uso da alba (*vid. s.v.* **alua**), a parte representada polo vestido (*vid. s.v.* **bestido**) foi quedando relegada e permaneceu só como franxa estreita, dando lugar á estola actual, que ata o século XIII se seguiu denominando *orarium* (Martín Roa 1995: 128). Actualmente, a estola é unha banda de tea longa que o sacerdote coloca sobre o *amictus* (*vid. s.v.* **amjto**) e debaixo da **casula** (*vid. s.v.*), da que sobresae (Boucher 2009: 467). Con respecto ao seu uso, o papa pode levala sempre posta, os bispos e arcebispos déixana caer libremente por diante, os presbíteros débena cruzar por riba do peito cando celebran a misa e os diáconos crúzana pola fronte cara ao muslo dereito (Martín Roa 1995: 128).

A propósito das estolas medievais, estas adoitaban ser un pouco máis longas e as utilizadas para actos solemnes tamén eran máis anchas e ricas ca as de uso cotiá, como supoñemos que era a estola pontifical que se cita nun dos exemplos do reconto da Catedral de Ourense. Das cores, os contextos do noso *corpus* non din moito, só sabemos que unha das pezas era vermella, tonalidade esperable sabendo que é unha da cores litúrxicas xunto coa morada, branca, verde, negra e rosa.

Os tecidos tamén variaban en función do portador e do acto para o que se confeccionaba a dita fita. En dous dos exemplos deste *corpus* cítase o **damasco** (*vid. s.v.*), tecido posiblemente elixido pola súa consistencia e corpo; con todo unha das teas frecuentes para a súa elaboración foi a **seda** (*vid. s.v.*), que acostumaba a ir tecida de forma tupida, para darlle espesor á estola. Precisamente, así se elaborou a do arcebispo Rodrigo Ximénez de Rada, datada no século XIII (Martín Roa 1995: 128).

****

No territorio galego non temos testemuños desta voz ata o século XIV. A primeira atestación que rexistramos nos repertorios consultados é precisamente o exemplo que recollemos no noso *corpus*, ofrecido tamén na Lorenzo *Cronologia* (*DDGM*) e no *TMILG*. Con todo, no ámbito portugués temos testemuños máis temperáns. O primeiro deles, cítase nun texto escrito en latín, aproximadamente do ano 1050, nunha edición do Cartulario da Sé de Coímbra: «vel fictili. vestes presbiterorum sint: superpellicium, amictus, alba, cinctorium, balteum, *stola*, manipulum et casula. vestes diaconorum sint: amictus, alba et *stola*» -*CODOLGA*. Posteriormente, no século XIII nas *Partidas* afonsinas tamén se ofrece este termo: «…deue vistir hũa sobre peliza e hũa *stola* ao colo que seia linpha» -*CP 1300S-1900S* e *VHCPM* . Neste último repertorio podemos comprobar como a partir do século XVI se impón a forma con *e-* inicial, coincidente coa forma actual, que conta con atestacións na lingua portuguesa dende o século XV.

No galego falado, o *TLPGP* localiza estola, coa acepción deste estudo, no concello pontevedrés de Campo Lameiro (Castro Iglesias 2010). Na escrita, atopamos este termo utilizado xa na época premoderna para facer alusión aos *dereitos de* estola, que era a 'retribución que as parroquias lle daban ao cura por aquelas funcións sacerdotais que se realizaban coa presenza desta peza litúrxica'. A cita está recollida no ano 1823, en que Boado Sánchez no *Diálogo entre dos labradores afligidos y un abogado instruido, despreocupado y compasivo* cita: «… e pedir | e predicar que se condena ó que non paga os que chaman dereitos | d'*estola* e pé d'Altar, como di súa mercé, e poñer en xusticia…». Medio século despois, en 1877, o semanario coñecido como *O tío Marcos da Portela* (1ª época, parrafeos 27-62) recolle: «Foi á Sancristía,

agarrou | unha *estola* vella, esfiachou-na sin moito traballo, retorceu | us cantos fiachos, i o mesmo que si fose un prateiro, compuxo | dous anelos enxebres no tempo que tarda en cantar un galo…» -*TILG*. Ao lado desta forma, ofrecida en 68 casos e 40 obras distintas, o *TILG* achega un único contexto da variante stola, citada na obra *Hostia* de Cotarelo Valledor (1926): «… é unha xoven lanzal de cabelos louros, vestida de finísima «*stola*», «palla» ampra e «amictus» trasparente. De por parte, no *CORGA* este termo está presente en 30 contextos.

No territorio español, os testemuños da voz estola datan da primeira metade do século XIII. Entre 1236 e 1246 ofrécea Berceo na obra *Loores de Nuestra Señora*: «Ángeles e archangeles, tronos e senïores, | apóstolos e mártires, justos e confessores, | con *stolas* e manípulos cantan a ti loores» -*CDH* e *DCECH*. De por parte, o Gual *Voc. Comercio* tamén data neste século a súa primeira atestación. A forma estola, coincidente coa do español actual, documéntase na segunda metade do século XIII. Nas *cortes de Coyanza* (1250) cítase: «E la vestimenta del preste pora sacrificio ye amito, e alua, e cinta, e manipolo, e estola, e casula. Et la vestimenta del diacono ye amito, e alua, cinta, manipolo, *estola*, damatica; e non falesca desto nada» -*CORDE*. Os textos aragoneses escritos en español tamén recollen esta voz dende o século XV: «Hieronimo sancto (la muy gran lumbre de nuestra yglesia) y su | *stola*» -*DiCCA-XV*. No século XVII, o inventario de bens de Ana de Orbea (1617) de Guipúscoa recolle o seguinte contexto: «Yten, vna casulla, *estola*, manípulo y frontal de tabí de agoas blanco con flores de colores, bordado sobre tela de plata, que vino de Ytalia para la capilla de los señores condes» -*CorLexIn*. Malia o uso restrinxido deste termo ao ámbito eclesiástico, o *CREA* ofrece 79 casos de estola citados en 55 documentos diferentes. No que respecta á distribución das variantes stola e estola, é de destacar que ambas as dúas se ofrecen dende o século XIII ata o XV; en concreto, o *CE 1200s-1900s* inventaría 35 rexistros de stola e 122 de estola. De por parte, o *CORDE*, computa 48 de stola e 503 de estola. Estes datos permítennos comprobar como a forma máis arcaizante perde representación co paso dos séculos.

A propósito da lexicografía galega, cómpre reparar en que as obras non se fan eco desta voz ata a época premoderna (1863-1985). Así, estola non aparece rexistrada ata o *Eladio Diccionario* (1958-1961) e, amais, non reaparece na lexicografía galega ata a publicación dos dicionarios de corte normativo publicados a partir de mediados dos anos 80 do século XX.

Na lexicografía portuguesa o termo estola é ofrecido dende o segundo terzo do século XVII, en que figura no Cardoso *Dict. ex lusitanico in latinum* –*CLP*.

Con respecto ás obras lexicográficas do español, estas recollen a voz estudada dende o último terzo do século XVI, en que Casas a ofrece no *Vocabulario de las dos lenguas toscana y castellana* (1570) -*NTLLE*.

Na actualidade, estola segue a ser o nome dado a esta peza do vestiario litúrxico e, por analoxía, dende o século XIX tamén pasou a denominar un 'chal da indumentaria feminina, elaborado fundamentalmente de pel'.

Cfr. s.v. **abeto**, **[almática]**, **alua**, **amjto**, **casula**, **cotibaldo**, **[cugulla]**, **manípolo**, **mitara** e **ornamento**.

Estola[185]

estolla *s.f. vid. s.v.* **estola** → [2.4 ORNAMENTOS LITÚRXICOS]

estopa → [3.1 TECIDOS]

s.f. (do lat. STŬPPA-) 'estopa, tea gorda e brava que se tece co liño de inferior calidade'.

◦ **Estopa** (4): "Item mandole o lino e o ffiado e a *estopa* todo asy o do burel", Pallares&Portela *val Miño*, 1302-novembro-6. [A Guarda] (Po), OR.; "Iten mando a Ines, minna criada, duas varas de valançinna et VI varas de panno d *estopa*", Cal *Viveiro*, 1391-outubro-27. Viveiro (Lu), doc. 62, COP.; "Yten mando a o ospital de Santiago... vn par de savaas, todo d'*estopa* e vna manta blanca", Sánchez *Álvaro Sánchez*, 1493-xuño-12. Santiago de Compostela (A Co), doc. 13, OR.; "Yten mando a o espytal de Santa Ana que hes a çerca da capela de San Fiis vna colcha e duas sabas d'*estopa* e duas mantas desas, que acharen por casa", Sánchez *Álvaro Sánchez*, 1493-xuño-12. Santiago de Compostela (A Co), doc. 13, OR.

◦ **Destopa** (5): "acharán no meu arcaz...quatro baras d*estopa*", Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1519-novembro-28. [O Outeiro. Viveiro. Celanova] (Ou), vol. I, doc. 122, OR.; "me debe Aldonça Çapateira quatro baras d*estopa* delgada", Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1519-novembro-28. [O Outeiro. Viveiro. Celanova] (Ou), vol. I, doc. 122, OR.; "mando que eso mismo se vendan dez e oyto baras d*estopa*", Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1519-novembro-28. [O Outeiro. Viveiro. Celanova] (Ou), vol. I, doc. 122, OR.; "mando que eso mismo se vendan dez e oyto baras d*estopa*", Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1519-novembro-28. [O Outeiro. Viveiro. Celanova] (Ou), vol. I, doc. 122, OR.; "debo á muller de Vasco de Fonteelo unha meada de liño e á Tereixa Gata quatro maçarocas d*estopa*", Ferro *Vida e fala*

185 En liña: *http://www.todocoleccion.net/antiguedades/estola-antigua-seda-bordada-fleco-canutillo-oro~x45415734* [Consulta: 18 de abril de 2019].

devanceiros, 1519-novembro-28. [O Outeiro. Viveiro. Celanova] (Ou), vol. I, doc. 122, OR.

◦ **Estopas** (5): "Mando do fiado das *estopas* que teño debaado a María Suarez", 1281-setembro-4. Torbeo [Ribas de Sil] (Lu), vol. I, doc. 413, OR.; Maia *História galego-português*, 1281. [Torbeo. Ribas de Sil] (Ou), doc. 55, OR.; "mando nove varas de panno d'*estopas* ao salteyro", Portela *Lugo XIV*, 1321-febreiro-3. Lugo, vol. I, doc. 194, OR.; "Item mando a mina sobrina Tareyia XX varas de panno de *estopas* et o quinto del casall dos ameras que ias en Lastra", Graña *Vilourente*, 1328-maio-25? [Vilamor. Mondoñedo (Lu), doc. 4, OR.; "Item mando a meu sobrino Juhane X varas de panno de *estopas* et se non ouuerque en que se entregue Pero Ferrandes que se entregue no do linno", Graña *Vilourente*, 1328-maio-25? [Vilamor. Mondoñedo] (Lu), doc. 4, OR.

Case unha ducia de testamentos inventariados no noso *corpus* de estudo citan o termo estopa, pero só nun caso se indica que se utilizou na elaboración de sabas (*vid. s.v.* **[sabaa]**).

A estopa, era un tecido basto, que se confeccionaba cos restos do liño (*vid. s.v.* **lino**) despois de peitealo. Utilizouse nas diferentes pezas do enxoval (*vid. s.v.* **axuar**) doméstico e **roupa** (*vid. s.v.*) de uso interior, sobre todo, camisas (*vid. s.v.* **camisa**) que eran grosas, totalmente diferentes ás que empregaban o liño e a holanda (*vid. s.v.* **olanda**) –Alfau de Solalinde 1969: 104, *s.v.* estopa. De por parte, a estopa era un tecido bastante económico, de aí que fose usado polas persoas de condición social máis humilde. O seu emprego estendeuse ata ben entrado o século XX.

A xulgar polos nosos contextos, a estopa debía ser habitual en moitas das casas do medievo, onde se custodiaban algunhas varas[4], mazarocas ou meadas desta fibra natural. O seu prezo, segundo as achegas de Martínez Meléndez (1989: 446, *s.v.* estopa) era variable, entendemos que dependendo da súa calidade: «la vara de *estopa*, la mejor a 5 mrs.», «valga la vara de *estopas* e sedeuan e quebradisa a 4 cornados[186]», «valga la vara del *estopa* tres cornados» e «la vara de *estopa* de lino, a cinco maravedís e medyo».

No relativo á cor que presentaba, esta era da tonalidade das fibras naturais, pois non se tinguía; de aí que fose apta para a confección de pezas (*vid. s.v.* **peça**) de roupa próximas á pel.

****

No dominio galego o testemuño máis temperán da voz estopa data do último terzo do século XIII e ofrecémolo nun dos nosos exemplos. Ademais, a prosa histórica tamén se fai eco deste termo; cítase na *Cr. Gal* (1295-1312): "Et osmarõ de fazer hũa balsa(ma) tamaña que atrauessasse o rrio de parte a parte, et que a enchessem toda de (b)ollas et de tinaias chẽas de fogo greguisco -et dizenllj en arauigo fogo d'algadrã- et rezina et pez et *estopas* et todaslas outras cousas que entenderõ que llis conpririã para aquelo que fazer coydauam" –*DDGM* e *TMILG*. No relativo ao portugués, esta lingua tamén documenta estopa no século XIV, en que figura na *Crónica Geral de Espanha de 1344* (1300-1400): "E, por que era forte e esforçado em lide e era muy bravo e per onde entrava esporava/sic e fazia grande dampno, e por que algũũs, por fazer escarnho, dizem aas vezes por fortelleza que he forte como *estopa* ou como aresta, porem a esta semelhança chamarõ a este per nome Aresta, cõvem a saber, Ynhego Aresta" –*CP 1300S-1900S*.

No galego moderno, na fala popular, temos mostra da voz estopa no García *Glosario* (1985) –*DD*- e *TLPGP*. Este último repertorio localízaa en varios puntos das catro provincias. De por

[186] Moeda de cobre con unha cuarta parte de prata, que tiña gravada unha coroa e circulou no tempo do rei Sancho IV de Castela e dos seus sucesores ata os Reis Católicos (*DRAE*, *s.v.* cornado).

parte, o *TLPGP* tamén rexistra este substantivo en nove localidades do territorio portugués e na rexión do norte central paranaense do Brasil. Con respecto á escrita, o *TILG* achega 385 casos, repartidos entre 177 obras distintas, aproximadamente dende mediados do século XVIII. Sarmiento no *Coloquio de 24 gallegos rústicos* (1746) ofrece o contexto: «…e todo a bon prezo; pantrigos, petadas, ripotes e queixos, mel e manteiguiñas e fruitas do tempo; de liño, de *estopa*, de mantas, mantelos de cintas, de faixas, manguiñas, ourelos, navallas, fouciñas, tixeiras, cuitelos e bingueletiños grandes e pequenos». A observación da información cronolóxica que achega o *TILG* permite comprobar como o uso desta voz vai en aumento co paso dos séculos; entre os anos 1612 e 1800 e 1801 e 1850 contamos cun rexistro en cada período; entre 1851 e 1900, temos 73; entre 1901 e 1950, 76; entre 1951 e 1980, con 44 e, a última franxa, entre 1981 e 2013, recolle 190 contextos. No *CORGA* tamén localizamos o substantivo estopa, aínda que non todos os contextos casan coa acepción que nos ocupa.

No español a primeira atestación coa que contamos data da primeira metade do século XIII. O *Fuero de Zorita de los Canes* (c. 1218-1250) cita: «Pues que el fierro ouiere tomado, el iuez tome et cubra la mano della con çera, et sobre la çera pongal el *estopa* o el lino, despues liguelo muy bien con panno» -*CDH* e *CORDE*. En texto escritos en español na coroa de Aragón localizamos estopa; no *Libro de Albeyteria* de Díez de Vilnova (1380-1443) recóllese o contexto que segue: «E ya sacados segun es dicho echen con | *estopa* | muy limpia majada blanco de huevo fasta enchir del todo la llaga» -*DiCCA -XV*. Un século despois, as *Ordenanças de paños* (1527) tamén achegan este termo: «E que salgan del telar a lo menos treynta e quatro varas medidas por el lomo, hechando a cada suerte de paño los listones de algodón, o lino, o cáñamo, o *estopa*, o lana, según la cuenta del tal paño» -*DICTER*. Anos despois, na entrega de bens de Ana de Aguilar (Navarrete, La Rioja), datada en 1546, faise referencia a: «Dos lençuelos de cáñamo e d *estopa*, en çinco reales» -*CorLexIn*. Xa no século XX, o *CREA* compila máis dun cento de concordancias deste termo, aínda que poucas delas se adaptan á acepción estudada. Por exemplo, na novela de Giménez-Arnau titulada *Las islas transparentes* (1977) cítase: «De nada le había servido al francés rellenar con *estopa* y brea las junturas, sacar roña a los cañones y brillo a la cubierta, colocar lamparillas de aceite en los extremos de los mástiles, dividir la bodega en pequeños compartimentos de bambú destinados al culto de las grandes bajezas, instalar en el puente una parrilla donde asar bueyes, gansos y delfines, distribuir estratégicamente a lo largo ancho del buque cubas de ron y barriles de cerveza».

Os repertorios lexicográficos do galego dan conta de estopa dende os século XVIII en que se publican as primeiras obras lexicográficas; figura no Sarmiento *Colección voces* (1746-1770). Xa na época premoderna (1863-1985) ofréceo o Filgueira et alii *Vocabulario* (1926), Carré *Diccionario*[3] (1951), Eladio *Diccionario* (1958-1961) e Carré *Diccionario-Voc.* (1979) –*DD*. Posteriormente, os dicionarios publicados a partir dos anos 80 do século XX, achegan esta voz entre as súas entradas.

A lexicografía do portugués, ofrece estopa como entrada de dicionario dende a segunda metade do século XVI, en que figura no Cardoso *Dic. Iuventuti studiosae* (1562); das formas stupula e stupla existen rexistros dende finais do século XVII, data en que os recolle o Pereira *Prosodia* (1697) –*CLP*.

Por contra, os repertorios lexicográficos do español achegan rexistros desta voz séculos antes. O primeiro deles está no *Vocabulario español-latino* (1495) de Nebrija –*NTLLE*.

Cfr. s.v. **lino** e **pano**.

Tea de estopa[187]

estopaço → **[3.1 TECIDOS]**

s.m. (der. de *estopa* < do lat. STŪPPA-, *DCECH*, *s.v.* estopa, vol. II) *'estopazo*, tecido máis groso e áspero ca a estopa –Rivas Quintas 1998: 595'. *Cfr. s.v.* **estopa**.

> ◦ **Estopaço** (1): "...hun colchón gordo d'estopaço e hun par de sabaas *d'estopaço* en hun alfamete e hua manta d'abeon", Bouza-Brey *Vilagarcía*, 1504-[agosto-13. Vilagarcía de Arousa] (PO), OR.

O testamento de Inés de Mendoza cíta un par de sabas (*vid. s.v.* **[sabaa]**) elaboradas de estopaço.

O estopaço é un tecido de cánabo (*vid. s.v.* **canavo**) ou **algodón** (*vid. s.v.*) de calidade moito máis ordinaria e máis basto ca a estopa. A súa presenza, tanto no territorio galego como peninsular, é moi escasa e Martínez Meléndez (1989: 446-447, *s.v.* estopa) refírese á existencia deste tecido, denominado estopazo, que explica que se formou engadindo ao lexema *estop-* o sufixo paroxítono *–azo*. A súa baixa calidade pode xustificarse por información ofrecida nas cortes de Valladolid de 1351, en que o estopazo se taxa a menor prezo ca a estopa: «Et por la vara delas touaias de estopa quatro dineros; [...] por la vara del *estopazo* un coronado».

No relativo ao uso deste tecido basto, amais de ser empregado na confección de sabas, tamén se destinou a facer forros de pezas para a cama, como cobertores (*vid. s.v.* **cobertor**) e colchas (*vid. s.v.* **colcha**), coadoiros e sacos (Martínez Meléndez 1998: 448, *s.v.* estopa).

****

No dominio galego a primeira atestación da forma estopaçon data de comezos do século XV, en que figura nun texto de Santiago do ano 1402: «savaas de *estopaçon*» (Rivas Quintas 1998: 595); con todo, nin o *DDGM* nin o *TMILG* documentan este termo. Do mesmo xeito, no portugués tampouco localizamos este substantivo en ningún dos repertorios consultados (*CP 1300S-1900S* e *VHCPM*). Con posterioridade, no galego moderno, tanto na oralidade coma na escrita, a voz estudada non figura en ningún dos *corpus* consultados (*CORGA*, *TLPGP* e *TILG*).

Por contra, no español existe documentación do termo estopazo dende o segundo cuarto do século XIII, en que figura nun texto notarial de Huesca datado no ano 1226, escrito en latín, no cal se cita a forma estopaço: «Dimito XXX cobdos quos abeo d'*estopaço* ad vestiendum

[187] En liña en: *http://lista.mercadolivre.com.br/artesanato-txteis/tecido-juta* [Consulta: 18 de abril de 2019].

pauperes» -Gual *Voc. comercio.* Anos despois, o *Fuero de Cáceres* (c. 1234-1275) ofrece o seguinte contexto: «Los tecedores de Caceres texcan la uara del sayal a II dineros. Et del *estopazo* II dineros»; tanto o *CDH* coma o *CORDE*, de onde extraemos o contexto anterior, só achegan 8 ocorrencias, repartidas entre 3 obras diferentes. O último rexistro co que contamos data do ano 1640 e localizámolo no inventario de bens de Martín de Echaurí (Tafalla, Navarra): «Yten, tres camisas de lienço los cuerpos y las aldas de *estopaço* de una niña hija del dicho difunto» -*CorLexIn.*

No tocante á lexicografía, estopazo non se recolle nas obras do galego (*DD*), do portugués (*CLP*) nin do español (*NTLLE*).

Cómpre destacar que estamos ante un termo cunha representación moi escasa tanto nas letras hispánicas coma nas obras galegas.

Cfr. s.v. **lino**.

F

feltro → **[4.1 ROUPA DO LEITO]**

s.m. (ten orixe xermánica, pero o seu étimo resulta controvertido. Meyer-Lübke (*REW*, 3305) propón a orixe no xerm. **filtur* ou **filtir*; García de Diego (1985[2], *s.v.* fieltro) fai mención ao étimo *feltar* e Corominas e Pascual remiten a *filt* (*DCECH*, *s.v.* fieltro, vol. II) 'cobertor para a cama elaborado con tecido de feltro'.

◦ **Feltro** (7): "mando mia carne a Santa María de Fer /reyra et mando y conmigo un leyto et jª cozedra et un / *feltro* et jª colcha et ij fazeyriis et ij lenzoos", 1258-abril-8. San Cibrao. Guntín (Lu), Rodríguez Parada *docs. séc. XIII*, doc. 76, OR.; 1258-abril-8. San Cibrao. Guntín (Lu), Boullón&Monteagudo *De verbo a verbo,* doc. 39, OR.; Rey Caíña *Ferreira de Pallares*, 1258-abril-8 [San Cibrao. Guntín] (Lu), doc. 155, OR.; Souto *Documentos galego-portugueses*, 1258-abril-8. [San Cibrao. Guntín] (Lu), doc. 75, OR.; Maia *História galego-português*, 1258-[abril-8]. San Cibrao [Guntín] (Lu), doc. 21, OR.; "Item lle mando hua manta de Aragón e outra manta de Sevilla, e dous cabeçaas e huun *feltro* e huun gobete de prana", Armas *Pontevedra*, 1449-xullo-25. [Pontevedra], doc. 39, OR.; "Iten, preçaron hun *feltro* vello e hua manta mediada dos menores", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1474-[agosto-28. Santa Baia de Logrosa. Negreira] (A Co), doc. XIV, OR.

◦ **Ffeltro** (3): "mando... com meu *ffeltro* e con huna cochan e con huu chumaço", Pallares&Portela *val Miño*, 1302-novembro-6. [A Guarda] (Po), OR.; "Et mando y hua manta et huum *ffeltro* para a enfermeria dos pobres", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1305-[maio-4. Ribadavia] (Ou), doc. CX, OR.; "mando y conmigo vn *ffeltro*", Lorenzo *Montederramo*, (1350-1353) [Montederramo] (Ou){1348- outubro-7}, vol. II, doc. 1287, OR.

Os testamentos masculinos de Fernando Núnez de San Cibrao, Martiño Eans, Pedro de Santo Antón e Xoán de Santiago, o feminino de María Eanes, alcumada Gibarra, e unha carta de taxación de menores pertencente ao concello coruñés de Negreira citan feltro para referirse a unha peza (*vid. s.v.* **peça**) relacionada coa **roupa** (*vid. s.v.*) do leito, que cómpre relacionar co **alfámar** (*vid. s.v.*), **almucella** (*vid. s.v.*), **cobertor** (*vid. s.v.*), **colcha** (*vid. s.v.*) e **manta** (*vid. s.v.*). Esta variedade de termos para elementos moi semellantes fai pensar na importancia que no medievo se lle confería a cada unha das roupas da cama tendo en conta as súas características máis destacadas (material de elaboración, utilidade, etc.).

Dos contextos estudados non podemos extraer información sobre o feltro, pero seguindo as indicacións de Sánchez-Albornoz (2014[21]: 254) e Varela Sieiro (2003: 184) sabemos que estamos ante 'un tipo de cobertor para a cama', que toma o nome do material en que era elaborado: o **pano** (*vid. s.v.*) de feltro. Dávila Corona, Duran Pujol e García Fernández (*DHTT, s.v.* paño/panyo, drap) definen o feltro como unha tea de la (*vid. s.v.* **laan**) cardada, borra ou pelo, groso e ríxido, sen trama nin urda, que non é tecido, senón que vai unido entre si coa forza da auga quente, lixivia ou goma, coa que se vai tupindo e apertando (*DHTT*, *s.v.* fieltro/feltre).

****

No dominio do galego a primeira achega desta voz, coa acepción estudada, data do último cuarto do século XI. Nun documento, escrito en latín no ano 1080, pertencente ao tombo de San Xulián de Samos (Lugo) cítase a forma feltro: «tegumentum et victum, id est: manta, *feltro* vel tapete, plumazo, cappa, pelle, manto et scapulare propter opera» -*CODOLGA*. En textos en romance, a primeira atestación data de mediados do século XIII, como recollemos no noso exemplo máis temperán, que tamén ofrece o *TMILG*. Poucos anos despois localizamos nun documento notarial, editado polo historiador Ferro Couselo, do ano 1262, o plural feltros: «e disso mayz que lles uira leuar de Esteuao un cerame de picote e una sauaa e II.as toucas e una saya destanferte, e disso demayz que leuaron de Ferrán Iohanis, home dos frades, IIos *feltros*». Parece que no noso territorio, as atestacións chegan ata o último terzo do século XV, en que testemuñamos o noso exemplo de 1474 -*TMILG*. No relativo ao territorio portugués, tamén contamos con rexistros da voz feltro dende o século XI; de feito, nun documento adscrito á sé de Braga, datado en 1047 figura o seguinte contexto: «…accepimus de vos precio uno *feltro* que nobis bene complacuit ita ut de hodie vel tempore». En romance portugués, temos rexistros deste termo dende finais do século XII ou comezos do XIII, cando aparece nos *Foros do Castelo Rodrigo* (a. 1188-1230): «I. *feltro* e.I. cabeçal» -*CP 1300S-1900S*.

No galego moderno, nin no *CORGA* nin no *TILG* ofrecen exemplos desta voz coa acepción que nos ocupa, pois en todos eles fai referencia a un 'tipo de pano non tecido'.

Varela Sieiro (2003: 183) afirma que a presenza das formas filtrum/feltrum aparece con frecuencia en toda a documentación latina altomedieval. A mención máis antiga, indica, data do ano 829 e forma parte dun cartulario, no cal se recolle o seguinte contexto: «*filtra* ad soccos faciendum». Amais, nun documento de Santo Toribio de Liébana (Cantabria) ao que se refire Sánchez-Albornoz (2014[21]: 254), do ano 941 e escrito en latín, cítase un «*feltrum*». En textos en romance recóllese, coa nosa acepción, nunha carta de doazón (1267) custodiada nos arquivos catedralicio e diocesano de Salamanca: «A Sancta Maria de Rocamador que es a la ponte Iª coçedra de lana, et I cabezal, et I *feltro*» -*CORDE*. Os outros rexistros que localizamos nos repertorios consultados fan referencia ao 'tecido' e non á 'peza do enxoval doméstico'. A pesar da escaseza de contextos coa acepción estudada, no ano 1632 no inventario de bens do capitán Santos Zabaleta (Vergara, Guipúscoa) faise alusión a «Dos bazías grandes de latón. Un *fieltro*» -*CorLexIn*.

A lexicografía galega recolle feltro no seu lemario dende a época premoderna (1863-1985), en que figura coa nosa acepción no Cuveiro *Diccionario* (1876) e Porto *Diccionario* (c. 1900) –*DD*. De por parte, os dicionarios publicados a partir dos anos 80 do século pasado non van achegar ese termo, co significado que nos ocupa, entre as súas entradas.

Con respecto ás obras lexicográficas do portugués, nos repertorios consultados (*CLP* e Houaiss *Dicionário*) temos atestacións desta voz coa acepción estudada

Do mesmo xeito, nas obras lexicográficas do español que consultamos non localizamos fieltro referido á roupa do leito. Con todo, Nebrija no *Vocabulario español-latino* (1495) recolle hieltro e no último terzo do século XVI a forma fieltro está presente no *Vocabulario de las dos lenguas toscana y castellana* (1570) de Casas -*NTLLE*.

Na actualidade esta peza do enxoval doméstico está en desuso, coa nosa acepción, posiblemente dende finais da Idade Media, e sabemos que, co paso dos séculos, moitas das denominacións que existiron no medievo para os téxtiles destinados a cubrir o leito se foron perdendo, ao seren substituídos por outros termos máis xenéricos.

Cfr. s.v. **alfámar**, **aliffaffe**, **almucella**, **colcha**, **cobertor** e **manta**.

ffeltro *s.m. vid. s.v.* **feltro** → **[4.1 ROUPA DO LEITO]**

frisa → **[3.1 TECIDOS]**

s.f. (de orixe controvertida; Corominas e Pascual (*DCECH*, *s.v.* frisa, vol. II) indican que este substantivo procede do lat. tardío TELA FRISIA 'tea de Frandres importada por barcos frisóns'; Meyer-Lübke do anglosaxón *frise* (*REW*, 3518); García de Diego, do fráncico **frisi* e, finalmente, Steiger e Alfau de Solalinde, consideran que é un préstamo do francés *frise* 'rizado' < PHRYGIUM - Martínez Meléndez (1989: 99, *s.v.* frisa) 'frisa, tea de la cardada, ordinaria, delgada, con pelo a modo de baeta, pero máis grosa, que servía para forros, vestidos de aldeás e entreteas de bordados, e tamén para mantillas de nenos, por ser branda, suave e de pouco peso –*DHTT*, *s.v.* frisa'.

◦ **Frisa** (1): "Item mando aa mina criada Eluira huna saya de *frisa*", Graña *Vilourente*, 1459-febreiro-12 [Vilamor. Mondoñedo] (Lu), doc. 277, OR.

No testamento de Maior González de Guillade menciónase unha saia (*vid. s.v.* **saya**) de frisa, é dicir, un tecido ordinario de la (*vid. s.v.* **laan**), o cal tomou o nome da cidade alemá, Frisia, onde se elaborou primitivamente (Martínez Meléndez 1989: 99) ou por chegar aos portos franceses e españois, coma o de Santander, pola mariña frisona -*DHTT*, *s.v.* frisa. Alfau de Solalinde (1969: 105-106, *s.v.* frisa) postula que durante a Idade Media existiron tres tipos de téxtiles coñecidos como frisa: unha **seda** (*vid. s.v.*) **bordada** (*vid. s.v.*) con **ouro** (*vid. s.v.*), os «panni frisorum», teas manufacturadas en Frandres que vendían os mercadores frisios e, finalmente, un tecido basto cun velo rizado, que tamén nomeou as mantas (*vid. s.v.* **manta**) maragatas utilizadas en Astorga para cubrir a cabeza.

De por parte, temos noticia da produción deste tecido na coroa castelá dende o século XIII e parece que se caracterizou pola súa boa calidade, incluso mellor que os procedentes de Estampes e Châteaudum, por facérense cunha vara[3] taxada a maior prezo ca a de importación como mostra o seguinte contexto: «delas mejores *frisas Destanpas* la vara tres sueldos de dineros alfonsis [...]; et delas *frisas de Casteldum* dos sueldos e medio la vara de dineros alfonsi» (Martínez Meléndez 1989: 99). Con todo, este tecido foi evolucionando co paso dos séculos; no Renacemento era unha tea grosa de la co pelo frisado; no século XVII, ratina[188] groseira con la frisada pola cara e, un século despois un tecido de la bastante groso, frisado por un lado, do cal se coñecían algunhas variedades fabricadas en Irlanda e a Bretaña -*DHTT*, *s.v.* frisa.

No relativo á utilización desta tea, a autora anteriormente citada (1989: 100-101), destaca o seu emprego para forrar e poñer na entretea das pezas (*vid. s.v.* **peças**) do **vestiario** (*vid. s.v.*). As cores podían ser variadas ou en tonalidade branca, como así se indica en documentos de mediados do século XV: «Cada vara de *frisas* de colores a 20 mrs.» e «cada vara de *frisa* blanca». Ademais, a finais deste século aparece un tipo de tecido denominado *frisado* 'rizado', destinado á confección de lobas[71], tabardos (*vid. s.v.* **tabardo**) e capas (*vid. s.v.* **capa**).

****

No territorio galego a única atestación que temos do termo frisa, como voz do léxico común, é a do noso exemplo, que tamén ofrece o *TMILG*. No portugués, os testemuños cos que

[188] Trátase dun tecido de la cruzada, parecida á grana (*vid. s.v* **prana**), pero menos fina e de tecido máis delgado, con ligamento de sarga de tres ou tafetán (*DHTT*, *s.v.* ratina).

contamos, coa acepción estudada, datan do século XVI; na obra de Camões cítase: «Porque foi a gente tanta, que não ficou capa com *frisa*, nem talão de çapato, que não saísse fora do couce» -*CP 1300S-1900S*.

No galego moderno, nin na escrita (*CORGA* e *TILG*) nin na oralidade (*ALGa* e *TLPGP*) temos noticia da presenza desta voz co significado que nos ocupa.

O español ofrece testemuños deste termo a partir da segunda metade do século XIII. Os primeiros exemplos están no *Poema de Santa Oria* (c. 1252-1257) de Berceo: «Vido venir tres vírgines, todas de una guisa, | todas venién vestidas de una blanca *frisa*, | nunca tan blanca vido nin toca nin camisa,| nunca tal cosa ovo nin Génua nin Pisa» -*CDH*, *CE 1200S-1900S* e *CORDE*. No século XV, nas *Cuentas de Gonzalo de Baeza* (1483) cítanse: «3 varas de *frisa*» -Gual *Voc. comercio.* Dous séculos despois, na carta de dote de María Gómez (Alange, Badaxoz), do ano 1639, recóllese o seguinte contexto: «Cinco baras de *frisa* azul en treinta reales» -*CorLexIn.* Xa no século XX, o *CREA* achega 4 casos de frisa, coa nosa acepción, dende que a ofrece Galeano na obra *Días y noches de amor y de guerra* (1978): «Él me acompañó a comprarme calzoncillos largos de *frisa*».

A lexicografía galega anterior á publicación das obras de carácter normativo, que viron a luz a partir dos anos 80 do século pasado, non achegan esta voz como lema -*DD*. Os editados posteriormente ofrecen como entrada frisa, co significado que nos ocupa, malia ser un substantivo cun uso pouco frecuente no galego actual.

Por contra, as obras lexicográficas do portugués dan conta de frisa dende o primeiro cuarto do século XVII, en que a ofrece no Barbosa *Dictionarium* (1611). Ademais, figura no Bluteau *Vocabulario portuguez e latino* (1712-1728) e Floqman *Diccionario* (1755) -*CLP*.

Coa acepción estudada, os repertorios do español recollen esta voz como entrada de diccionario na mesma datan en que dan conta del os do portugués. Está presente dende o ano 1611, en que Rosal publica a obra *Origen y etymología de todos los vocablos originales de la lengua castellana* –*NTLLE*.

A introdución das fibras sintéticas na industria téxtil provocou que moitos tecidos de la fosen substituídos por outros máis económicos e cun mantemento máis doado.

Cfr. s.v. **laan**.

Tecido de frisa[58]

[frocadura] → **[3.3 ELABORACIÓN]**

s.f. (der. de *floco*; este do antigo *flueco*, descendente semiculto do lat. FLŎCCU- 'copo de la', 'pelo dos panos') *'flocadura*, gornición de flocos'.

> ◦ **Frocaduras** (4): "Dúas almáticas de Damasco brocado de vermello con | súas *frocaduras* de ricomas con súa estola e manjpolo", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "et ençima enadido de outro frontal | vello, branco, de Damasco con súas *frocaduras* et ceneffas", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Vn gremjal de seda con súas *frocaduras* de todas colores | verde", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "vn pano de seda de Da|masco negro para crianía de tonba de fignados con súas | *frocaduras*", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

No reconto de bens da Catedral de Ourense cítase en catro ocasións a voz frocadura para facer referencia a un ornamento de pasamanaría colocado nos bordos de certas pezas (*vid. s.v.* **peça**) de **roupa** (*vid. s.v.*).

Nos nosos contextos, a frocadura serve como adorno a varios ornamentos (*vid. s.v.* **ornamento**) litúrxicos: unhas dalmáticas (*vid. s.v.* **[almática]**), un **frontal** (*vid. s.v.*), un **gremial** (*vid. s.v.*) e un **pano** (*vid. s.v.*). Con todo, este adobío colgante tamén tivo, e ten, moito protagonismo no enxoval (*vid. s.v.* **axuar**) da vivenda, por exemplo nas colchas (*vid. s.v.* **cobertor**) e cobertores (*vid. s.v.* **cobertor**).

González Mena (1994: 91-92), baixo a forma flocaduras, fai mención ao ornamento que nos ocupa, do cal indica que en documentos antigos é equivalente á pasamanería que hoxe coñecemos como flocos. Nos relevos máis antigos, os fíos colgantes non se cortaban quedando ao xeito de grandes bucles. Engade que a manifestación máis elemental dos flocos é o labor que se obten ao bordo dun tecido, sacando a súa trama unha anchura variable; quedan os fíos da urda libres e son os flocos máis sinxelos. Posteriormente, fixéronse á parte do tecido do que penduraban. A autora citada destaca que durante a Idade Media os alfaiates eran moi afeccionados a adornar os tecidos e panos con todo tipo de pasamanaría, en ocasións, con pedrería e con fíos de **ouro** (*vid. s.v.*) e **prata** (*vid. s.v.*); de aí que se ditasen pragmáticas, coma a do 29 de decembro de 1551, xunto coa Declaración do 26 de febreiro de 1552 coa finalidade de limitar o uso excesivo de todo tipo de ornamentacións. Entre elas citamos a que segue: «Item, que en los sombreros no se pueda traer cordón, ni trenza, ni franja, ni cairel de oro ni de plata, en medio, ni en la orilla ni en otra parte alguna, aunque sea falsa». De por parte, no inventario da Capela do Condestable de Burgos (1585) escríbese: «la riqueza de frontales es extraordinaria, unos cuarenta en telas variadas de raso, damasco, terciopelo, chamelote, con *flocaduras* de seda de varios colores».

Destas pragmáticas podemos destacar a confección destes adobíos con fíos de **seda** (*vid. s.v.*), ouro ou prata. De feito, un dos nosos exemplos refírese á cor verde da frocadura, que posiblemente fose de seda; noutro caso indícase que son «*frocaduras* de ricomas», é dicir, dunha antiga bordadura (*vid. s.v.* **ricoma**). Cómpre destacar que as frocaduras antigas podían levar bandas con labores de tramado parecidas ao macramé, aínda que non se deben considerar encaixes (González Mena 1994: 92).

****

No territorio galego non testemuñamos frocadura en ningún dos repertorios consultados (*DDGM* e *TMILG*); polo tanto imos considerar como atestación máis temperá a data dos nosos

exemplos, 1493, todos eles pertencentes ao inventario da catedral ourensá. Na lingua veciña, malia ser un termo vixente na actualidade, non o localizamos no medievo, nin no *CP 1300S-1900S* nin no *VHCPM*.

De por parte, no galego moderno o *TILG* unicamente localiza un caso desta voz no século XXI. Está na obra de Gallego Domínguez titulada *A cidade de Ourense. Unha visión a través dos séculos* (2001), que recolle o contexto que segue: «Entre as pertencias da confraría entregados polos mordomos saíntes ós entrantes, en 1562, figuran a cruz de prata da confraría, unha manga da cruz de azul e amarelo, o pano da cruz coas súas *frocaduras*, un manto de terciopelo negro dos enterros...». No *CORGA* non atopamos ningún caso en que se ofreza este termo.

No relativo ao español, este recolle testemuños desta voz dende, aproximadamente, a primeira metade do século XV. Na obra *Poesías* (1406-1435) de Baena cítase: «Por ende, astroso en la tocadura, faz que te tajen alguna jaqueta |, pues que de armas está mi maleta | llena e guarnida con su *flocadura*» -*CDH*, *CE 1200S-1900S*, *CORDE* e *DEMi*. Anos despois, nun inventario turolense do ano 1484 recóllese o contexto: «... con sus tovalletas alderredor e *flocadura* de filo negro... medio coudo de *floquadura* verde» -Gual *Voc. comercio*. Dous séculos máis tarde, no inventario de bens de María Fernández de la Peña (Cañedo, Cantabria) faise referencia a: «una petrina de cuero, su *flocadura* de seda» -*CorLexIn*. Finalmente, o último rexistro de flocadura co que contamos no español data do ano 1914 e está na novela *La esfinge maragata*, da autoría de Espina: «sacude con mucha gracia la *flocadura* espesa del pañuelo» -*CE 1200S-1900S*.

A lexicografía galega, aínda que timidamente, faise eco deste termo dende a época premoderna (1863-1985). De feito, figura no Cuveiro *Diccionario* (1876), Porto *Diccionario* (c. 1900) e Filgueira et alii *Vocabulario* (1926) –*DD*. Posteriormente, os dicionarios de corte normativo, publicados a partir dos anos 80 do século pasado, non ofrecen esta voz entre os seus lemas.

As obras lexicográficas portuguesas dan conta de flocadura dende o primeiro cuarto do século XVIII, cando o rexistramos no Bluteau *Diccionario castellano* (1721) –*CLP*.

Os repertorios lexicográficos do español tamén achegan flocadura dende finais do século XV, en que se ofrece no *Vocabulario español-latino* (1495) de Nebrija –*NTLLE*.

Na actualidade este tipo de gornición segue estando presente en roupas, enxoval da casa e, o mesmo ca as borlas (*vid. s.v.* **[borla]**), en certos instrumentos musicais máis tradicionais, como poden ser as gaitas.

Cfr. s.v. **ceneffa**, **[borla]**, **labor**, **orela** e **ricoma**.

Frocadura[189]

frontal → **[2.4 ORNAMENTOS LITÚRXICOS]**

s.m. (der. de *fronte* < do lat. FRŌNTE-) 'frontal, adorno de tea ou coiro que se coloca na parte dianteira do altar'.

◦ **Frontal** (18): "Et se eu non poser huun *frontal* ena dita iglesia ena miña vida que o ponan hi", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1395-[abril-29. Santiago de Compostela] (A Co), doc. XXXIV, OR.; "Item mando a metade do meu reposteiro | ao altar deste mosteiro uocaçon de Santa Catahlina para hun *frontal* et a outra meetade a Santa Maria | de Rioboo para hun frontal" Graña *Vilourente*, 1431-febreiro-28. [Vilamor. Mondoñedo] (Lu), doc. 215, OR.; "Item mando a metade do meu reposteiro | ao altar deste mosteiro uocaçon de Santa Catahlina para hun frontal et a outra meetade a Santa Maria | de Rioboo para hun *frontal*" Graña *Vilourente*, 1431-febreiro-28. [Vilamor. Mondoñedo] (Lu), doc. 215, OR.; "Item mando a san Fiins d'Eiron et a san Martino de Liñayo a cada huun sua vistimenta et huun *frontal* de lenço et ponanlles as treuas que sacaron dos meus panos", Lucas&Justo *Fontes USC*, 1434-setembro-23/outubro-6. Santiago [de Compostela] (A Co), doc. 296, OR.; Lucas *Dous documentos*, 1434-setembro-23/outubro-6. Santiago [de Compostela] (A Co), doc. II, OR.; "Jten vn *frontal* de seda verde prado con armas de Barrentos, | bordado de fĩ(ll)o de ouro fyno con súas çeneffas brancas | de lenço labradas de ouro fyno con súas borlas de seda | branca e colorada, que mandou don Pero da Silua, obispo que foy", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Outro *frontal* de coyro de guadamecil dourado de labores de | brocado", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Outro *frontal* de brocado raso colorado que ten pasaros perlo | médeo con scriptos enas bocas", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "et ençima enadido de outro *frontal* | vello, branco, de Damasco con súas frocaduras et ceneffas", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Hun *frontal* de lenço ja vello con quatro figuras", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Outro *frontal* de terçianel colorado, vello et azur con súa cruz | ennas espaldas branca", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Outro *frontal* vello, o qual se desfezo para conprir ho outro frontal | colorado que ten os pasaros", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Outro frontal vello, o qual se desfezo para conprir ho outro *frontal* | colorado que ten os pasaros", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Falta do memorial vello vna çenessa con os doze apóstollos | para *frontal* d'altar", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "outro *frontal* novo pyntado", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense,

[189] En liña: *https://decodecori.blogspot.com.es/2013/07/manton-de-manila.html* [Consulta: 18 de abril de 2019].

OR.; "outro frontal novo pyntado de lenço con nossa señora et con | dous panõos et con santa Catalyna et santa Bárbora, posta çerca | este *frontal*", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "vn ornamento de brocado con súa estola et almáticas et vn *frontal* | et súas aluas et vna manga rica con os ditos ornamentos perfetos", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Jten vn *frontal* negro", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

◦ **Frontaas** (1): "Falta do memorial vello: douss *frontaas* de seda branca, vellos", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

◦ **Fronteyro** (1): "Vn *fronteyro* labrado furado", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

No testamento de Gonzalo Méndez, no de Inés Gómez, no de Tareixa Sánchez de Gres e, en maior medida, no reconto da catedral ourensá cítanse varios frontais e un fronteiro, que fan referencia ao paramento litúrxico que adorna o altar. Ofrecemos baixo a mesma entrada fronteiro por ser unha voz sinónima de frontal, formada sobre o mesmo étimo, ao que se une o sufixo desubstantival *–eiro*, moi rendible na lingua galega, medieval e moderna.

O termo ten que ver coa situación que ocupa esta peza á fronte na parte dianteira da ara, cuxa orixe está no século XI, cando os retablos achegaron o altar cara á parede da igrexa e abondaba con adornar só a parte dianteira, de aí as denominacións de *ante altare*, *frontale* ou *antependium*, nomes todos eles que serven para nomear o que hoxe coñecemos como frontal[190]. González Mena (1994: 69) explica que o frontal, tamén chamado antipendio, foi de uso antigo e realizouse en materiais diversos, algúns de extrema riqueza, coma o **ouro** (*vid. s.v.*), **prata** (*vid. s.v.*), esmaltes e tamén bordados (*vid. s.v.* **bordado**) con sedas (*vid. s.v.* **seda**) e metais nobres, perlas e chapería (*vid. s.v.* **chapa**) diversa. En concreto, nos nosos exemplos cítanse frontais ricos, sobre todo, os inventariados no reconto da Catedral de Ourense, elaborados en tecidos de seda, en tea pintada e *tercianel* (*vid. s.v.* **terçianel**); só temos dous exemplos en que se indica que os frontais eran de lenzo (*vid. s.v.* **lençol**), un deles citado no testamento de Inés Gómez e outro no inventario da catedral ourensá. Estes tecidos facíanse acompañar de grecas (*vid. s.v.* **çeneffa**), adornos e bordados, que reproducían figuras da imaxinería relixiosa, tal é o caso da peza que ten a figura da virxe María («outro *frontal* novo pyntado de lenço con nossa señora»), do frontal que ten imaxes de paxaros con escritos que saen dos seus peteiros («Outro *frontal* de brocado raso colorado que ten pasaros perlo | médeo con scriptos enas bocas») e do luxoso frontal que leva bordadas, en fío de ouro, as armas de Barrentos («Jten vn *frontal* de seda verde prado con armas de Barrentos, | bordado de fí(ll)o de ouro fyno con súas çeneffas brancas | de lenço labradas de ouro fyno con súas borlas de seda | branca e colorada»). Amais o fronteiro conta cun bordado «furado», é dicir, elaborouse seguindo a técnica do calado (González Mena 1994: 48), con relevo, e quizais este pano rematase en flocos (*vid. s.v.* **[frocadura]**) ou puntillas, moi frecuente ao aproveitar a trama da tea para a súa confección. Noutro dos exemplos cítase un frontal elaborado en guadamecí (*vid. s.v.* **guadamecil**), coiro traballado minuciosamente e moi prezado no medievo. Estes panos do altar adquiriron gran luxo dende o século XVI e elaboráronse fundamentalmente de liño (*vid. s.v.* **lino**) -González Mena 1994: 69.

No período renacentista e barroco, fundamentalmente en Italia, os frontais foron enriquecidos con obras escultóricas en pedra para darlle máis suntuosidade ao altar.

[190] En liña: *http://infocatolica.com/blog/germinans.php/1107291029-de-capitulo-26-la-decoracion* [Consulta: 18 de abril de 2019].

Das cores destas pezas transmítennos algunha información estes exemplos, nos cales se nomea a tonalidade branca, negra, colorada, azul e verde; desta última especifícase que era verde prado.

****

No dominio galego medieval, atestamos por primeira vez frontal no século X. Nun documento da catedral compostelá editado por López Ferreiro recóllese: «signos, *frontales*…» (914) –Lorenzo *Cronologia* (*DDGM*). Anos despois, nun texto da igrexa de Braga cítase: «…cum viro meo comité domno Velasco. Aditio etiam hic uno *frontal* grecisco de VIIII. o cubitos in longo et sicut illa ecclesia» (a. 1088); entendemos que neste caso se trata dun frontal pétreo. En textos escritos en romance, os primeiros testemuños están nos *Miragres de Santiago* (1390-1420): «Et se quiser dar pano para [o] *frontal* de deante, deueo de dar de sete palmos [en ancho] et de treze en longo» -*DDGM* e *TMILG*. No ámbito portugués, amais do texto xa citado, localizamos esta voz na *Crónica de don Fernando* (1431-1443): «Item leixo a Santa vera Cruz do Marmellar huma Cortina, e *frontal* e pano de pás, e de estante, e manto, e almatigas, e collares e capa todo de Cendal azul e vermelho com aruores douro batido, e estollas e manipulos de cendaes». O *VHCPM* non achega testemuños. Con respecto á forma fronteiro, atestamos as variantes fronteiro e fronteyro, pero en ningunha das concordancias se ofrece a acepción do noso contexto. Con todo, o primeiro testemuño deste termo no romance localizámolo na *Cr. Gal* (1295-1312) co significado de 'xefe militar que mandaba na fronteira': «leixou y por *fronteyro* a dõ Afonso…» - *DDGM* e *TMILG*. Entón, podemos considerar a última década do século XV (1493) como a primeira atestación en textos escritos en galego. En textos portugueses medievais tampouco documentamos esta acepción nos repertorios consultados (*VHCPM* e *CP 1300s-1900s*).

No galego escrito, no século XVIII o bieito Sarmiento cita frontal no *Coloquio de 24 gallegos rústicos* (1746): «cuberto un púlpito grande con | un *frontal* negro». O *TILG*, que recolle este exemplo, ofrece máis de 200 ocorrencias deste termo, pero non en todos os casos con esta acepción vinculada ao ámbito da igrexa. O *CORGA* tamén se fai eco desta voz, pero os exemplos non se corresponden coa acepción do noso estudo. Con todo, de fronteiro non ofrecen rexistros nin o *CORGA* nin o *TILG*.

No ámbito español, as primeiras atestacións desta voz datan de mediados do século XIII. *Los Milagros de Nuestra Señora* (1246-1252) de Berceo ofrece o seguinte contexto: «Ardieron los armarios e todos los *frontales*, | las vigas, las gateras, los cabrios, los cumbrales, | ardieron las ampollas, cálizes e ciriales» -*CDH*. Uns anos despois, un inventario de bens da catedral de Salamanca (1275) cita: «Item una colcha muy rica que mando donna Ynes pora *frontal*» -*CORDE*. As atestacións desta voz continúan ao longo dos séculos, aínda que con representacións moi escasas. Por exemplo, no século XVII, o inventario de bens de Alonso de Rueda (1622) recolle: «…y vn altar con su *frontal* de razo encarnado, listado de oro con fluecos de lo mismo; manteles y candeleros de açófar» -*CorLexIn*. Xa no século XX o *CREA* ofrece ocorrencias desta voz. No entanto, no ámbito español non atestamos frontal, coa acepción estudada, nos compendios consultados (*CDH*, *CORDE*, *CE 1200S-1900S*, CREA, DiCCA-*XV*, *CorLexIn*, *DICTER* e Gual *Voc. Comercio*).

No relativo á lexicografía galega, o termo frontal ten unha presenza tardía nas obras. De feito, non aparece rexistrado ata o *Eladio Diccionario* (1958-1961) e, ademais, non reaparece na lexicografía galega ata os dicionarios de corte normativo editados a partir de mediados dos anos 80 do século XX. De por parte, fronteiro, como adxectivo, figura en nove obras encadradas na época premoderna (1863-1985), pero como substantivo non o localizamos -*DD*. Xa na lexicografía moderna, de corte normativo, proponse para a nosa acepción, unicamente, o termo *frontal*.

Nas obras portuguesas, frontal figura entre as entradas das obras lexicográficas que tamén adoitan ofrecer a voz *frontaleira*, coa mesma orixe etimolóxica, que nomea a 'franxa do frontal do altar' -*CLP*. No español frontal forma parte das entradas de dicionario dende o século XV, en que Nebrija a recolle no *Vocabulario español-latino* (1495) -*NTLLE*. De fronteiro non localizamos entradas en ningunha das dúas linguas.

O termo fronteiro referido ao 'paramento para o altar' ten unha presenza moi escasa na historia da lingua galega ao non atoparmos máis testemuños ca o ofrecido no noso contexto. Na actualidade para denominar o 'tecido que cobre e adorna o altar' botamos man da palabra frontal.

Cfr. s.v. **ornamento**.

Frontal da Piedade datado no século XV,
custodiado no Museo de Vic, en Lleida (Cataluña)[191]



Frontal do primeiro cuarto do século XVI
realizado nos Países Baixos e custodiado na Catedral de Roda de Isábena (Huesca)[192]

191 En liña: *http://sunimocholirosello.blogspot.com.es/2015_02_01_archive.html* [Consulta: 18 de abril de 2019].
192 En liña: *http://eszaragoza.blogspot.com.es/2015/03/el-tapiz-de-roda-de-isabena-ya-esta-en.html* [Consulta: 18 de abril de 2019].

Fronteiro do século XIX[193]

fronteyro *s.m. vid. s.v.* **frontal** → **[2.4 ORNAMENTOS LITÚRXICOS]**

fustan → **[3.1 TECIDOS]**

s.m. (de etimoloxía incerta; Eguilaz y Yanguas (*s.v.* fustal) faina derivar do ár. *fuxtál*, alteración de Fustât, nome dunha antiga cidade exipcia que hoxe forma parte do Cairo, onde se fabricaba este tecido; outra posible orixe é o ár. *fustat*: Meyer-Lübke considera que procede do lat. tardío FUSTANEU-, este á súa vez do lat. FŪSTIS (*REW*, 3618); Corominas e Pascual (*DCECH*, *s.v.* fustán, vol. II) indican que procede da alteración do ár. *fussât* 'tenda de campaña feita de algodón' –Martínez Meléndez 1989: 450) 'fustán, tecido groso e tupido, xeralmente de algodón, cunha cara afelpada e outra lisa'.

> ◦ **Fustan** (3): "Dous pares de calças, hun gibon de *fustan* vello et outro gibon de seda ja usado", López Carreira *Fragmentos*, 1459-marzo-20. [Ourense], doc. D40a, OR.; "Yten mando a meu criado Diego de Braille un gibon de *fustan* en ca un ano en sua vida", Uriarte *Roi Xordo*, 1503-[xullo-4. A Coruña] {1457-decembro-24}. [A Coruña], COP.; González Garcés *A Coruña*, 1503, {1457-decembro-24}. [A Coruña], REP.
>
> ◦ **Sultan** (1) –erro do escribán-: "Yten mando a Alvaro de Layan, meu criado, vna capa e vn sayo de palmillae un gibon de *sultan*", Sánchez *Álvaro Sánchez*, 1493-xuño-12. Santiago de Compostela (A Co), doc. 13, OR.

No testamento de Roi Xordo das Mariñas, fidalgo e rexedor da Coruña, e no inventario do xastre Afonso Eanes inventaríase un xibón (*vid. s.v.* **gibon**) «de *fustan*». Tamén Inés García deixa como legado testamentario ao seu criado, Álvaro de Layan, un «gibon de *sultan*», que entendemos que é unha confusión do escribán polo termo estudado fustán, dado que no documento orixinal lese, como propón Sánchez Sánchez (2010: 188), *sultán*.

Cómpre termos en conta que durante o medievo existiron variantes desta voz: fuscotinctorum[194], fustanio, fustanyo, ffustanyon, fustany, fustani, fusteda, fustames e hustán (Martínez Meléndez 1989: 450).

193 En liña: *http://www.todocoleccion.net/antiguedades/frontal-cama-o-altar-iglesia-lino-trabajos-red-sg-xix-mide-170-x-40-cm~x12263824#sobre_el_lote* [Consulta: 18 de abril de 2019].
194 Procede do étimo *fuscus+tinctus* (Martínez Meléndez 1989: 450).

No relativo a este tecido, Alfau de Solalinde (1969: 107-8 *s.v.* fustán) explica que era unha mestura entre liño, a urda, (*vid. s.v.* **lino**) e **algodón** (*vid. s.v.*), a trama, tecido coa superficie en forma de lazos que se tundía moi tupido. Os fustáns fabricábanse, fundamentalmente, en España e Italia quizais polos cultivos de algodón que existían nestes países. Dentro de España, Cataluña foi o lugar da súa elaboración dende o século XIII, probablemente pola proximidade coa Provenza e Languedoc, onde se cultivada o *fustel*, como se denominaba este tecido no territorio francés. Dous séculos despois elaboráronse en Cuenca. O que parece seguro é que o fustán se confeccionou dende moi cedo en Europa occidental e para explicar isto, remítese á existencia de manufacturas de algodón en Granada dende o século IX pola exportación a Siria deste diferentes cidades italianas (Xénova, Florencia, Boloña, Padua, Milán, Monza e Como), polo que a autora citada supón que en Oriente non se fabricaba o fustán ou facíase en cantidades moi escasas (Martínez Meléndez 1989: 454). Con todo, Eguilaz y Yanguas (1970, *s.v.* fustal) indica que tamén existiron fustáns elaborados de **seda** (*vid. s.v.*).

Houbo diversas variedades de fustán, maiores e menores; os primeiros con prezos máis elevados. No relativo ás cores, están documentadas as tonalidades negras, brancas e con raias, que acostumaban a ser tinguidas con *zumaque*, olmo e *acebuche* (Martínez Meléndez 1989: 453-454). Este tecido destinábase á confección dos xibóns, como rexistramos no noso exemplo e parece que tamén foi utilizada na vestimenta dos pescadores (Miguel *doc. XIII*, *s.v.* fustan). Ademais, os encargados de tecer este tecido foron coñecidos como *fustaneiros*, como indica Sigüenza Pelarda (2000: 63).

Na actualidade o fustán é un tecido forte de liño ou algodón sargado, como a pana de cordón ou a pana ordinaria e cuxo pelo córtase logo de tecer a tea (*DHTT*, *s.v.* fustán/ fustany, fustaina, fustani).

****

No territorio galego os primeiros testemuños desta voz localizámolos entre os século XII e XIII. Entre os anos 1100 e 1200 nun documento, escrito en latín, pertencente ao Mosteiro de San Pedro de Vilanova de Dozón (Pontevedra) recóllese a forma fustan: «…et Iº manto de sirico et alio de *fustan*». Pouco despois, na *Colección diplomática de Galicia histórica* editada polo historiador López Ferreiro cítase a forma fustam nun documento do ano 1204: «…ad sororem meam Marina Arie meam pellem de fustam» -*CODOLGA*. En textos escritos en romance, as primeiras atestacións datan do segundo terzo do século XIII. Nunha cantiga de amigo (1240-1300) da autoría de Johan Airas, burgués de Santiago, na cal a nai anima á filla a mostrarlle o seu vestido de fustán ao namorado ofrécese o contexto que segue: «Ai mia filha, por Deus, guisade vós | que vos veja [e]sse *fustan* trager | voss' amigu' , e tod'a vosso poder | veja-vos ben con el estar en cos, | ca, se vos vir, sei eu ca morrerá | por vós, filha, ca mui ben vos está» -*CMGP*, Ferreiro *Glosario*, *MedDB*, *TMILG* e Nunes *Cantigas amigo –DDGM*. Na prosa localizamos fustan dende a primeira metade do século XIII, nun documento notarial do ano 1225 citado en Miguel *doc. XIII*: «De un cabo de *fustan* ij dñ» -*DDGM*. No portugués, atestamos o termo estudado dende o século XV, en que figura no *Chartularium Universitatis Portugalensis* (vol. 2), entre os anos 1415 e 1446: «… conuem a saber que o dicto prior lhe desse de comer e de beuer e hũu gibom de *fustam* e hũa opa delbendra» -*CP 1300S-1900S*. Neste mesmo século tamén está presente na *Crónica del rei dom Joham I de boa memoria e dos reis de Portugal o décimo: parte primera*: «loudees de *fustam* bramco» -*VHCPM*.

No relativo ao galego moderno, na escrita o *TILG* achega 3 rexistros desta voz dende o último cuarto do século XX, en que se cita en dúas obras distintas. Na tradución de Santamarina Fernández *As aventuras de Pinocchio* (1987) de Carlo Collodi, cítase: «-¡Paciencia! –exclamou

Geppetto ó momento, poñendose de pé; e despois de vestida a vella casaca de *fustán*, toda tacóns e cosidos, saíu correndo da casa». A outra obra en que se ofrece é o *Demo á orella* (1996) de Miranda: «Envelleceu lentamente, entre camisas de seda e dobres de fustán, lembrando a miseria dos anos de xograr e o frío nos pés descalzos». O *CORGA* tamén recolle un exemplo dende finais do século XX, en que se recolle na obra teatral de Lama titulada *O serodio remordemento do amor* (1996): «Don Óptimo de Pedralonga, o señor do pazo, de porte *fustán*, cara de faccións angulosas e ollos nostálxicos de león vello, está sentado a carón do lume nun sillal de Nogueira labrado con moita arte».

O español rexistra este termo dende a primeira metade do século XIII. Nun texto anónimo, escrito en latín, da coroa de Aragón e coñecido como «Acuerdo de Jaime I don Guillermo de Mediona Sobre la leuda de Barcelona» (1222) cítase o contexto que segue: «32 Pessa de *fustani* ii denarios et est unus denarius domini regis per usaticum…». En textos escritos en español, o primeiro testemuño data do segundo terzo do século XIII. No *Fuero de Cáceres* (c. 1234 e 1275) recóllese: «Saya de color I solido. *Fustan* I solido. Camisa de mugier I solido» -*CDH*. Na obra anónima *El lazarillo de Tormes* (1554) tamén se emprega para a elaboración dun xibón: «ahorro para me vestir muy honrradamente de la ropa vieja, dela qual compre vn *jubon* de fustan viejo» -*CORDE*. No século XVI nas *Ordenanças de paños* (1527) localizamos o termo estudado: «Otrosí, mando que los *fustanes* que se oviere de hazer en estos mis reynos no puedan ser negros sin que primero les sea dado un turquesado, a lo menos, de añir o de azul, porque sean perfetamente teñidos» -*DICTER*. Xa no século XVII no inventario de bens de Juan de Omiste (Plasencia del Monte, Huesca), do ano 1614, faise referencia a: «unas mangas de muger, de *fustán* floquiado» -*CorLexIn*. Posteriormente, o *CREA* compila 6 casos de fustán ofrecidos en 4 obras distintas dende o ano 1981.

A lexicografía galega dá conta de fustán dende a época premoderna (1863-1985). Recóllese, coa nosa acepción, no Carré *Diccionario*[3] (1951), Eladio *Diccionario* (1958-1961), Franco Grande *Diccionario* (1972) e Carré *Diccionario-Voc.* (1979) –*DD*. As obras publicadas a partir de mediados do anos 80 do século pasado, todas elas de corte normativo, ofrecen esta voz entre os seus lemas.

No relativo ás obras lexicográficas do portugués, estas compilan fustam dende finais do século XVII, en que se cita no Pereira *Thesouro* (1697); posteriormente, tamén no Bluteau *Vocabulario portuguez e latino* (1712-1728) -*CLP*. A forma do portugués padrón é fustão.

Os repertorios lexicográficos do español ofrecen o termo fustán entre os seus lemarios dende finais do século XV, en que se ofrece no *Vocabulario español-latino* (1495) de Nebrija –*NTLLE*.

O fustán segue sendo un tecido empregado na actualidade, sexa elaborado con fibras naturais sexa con fibras sintéticas.

Cfr. s.v. **algodón** e **lino**.

G

[gante] → **[2.3 COMPLEMENTOS] [2.4 ORNAMENTOS LITÚRXICOS]**

s.m. (do xerm. probablemente por conduto do cat. *guant*, tomado do fráncico *WANT -*DECH*) 'guante, peza de vestir, fabricada en pel, cunha fibra téxtil ou con algún outro material, que se emprega para cubrir a man e que está provista dunha funda para cada dedo'.

> ◦ **Gantes** (1): "Huus *gantes* d'algadón brancos", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

Achegámonos á voz guante, complemento destinado a cubrir as mans. Neste caso a peza (*vid. s.v.* **peça**) inventaríase no reconto da catedral ourensá e, polo tanto, supoñemos que o seu uso estaba relacionado cos actos litúrxicos.

A utilización dos guantes non é novidosa no medievo, xa que se remonta a épocas máis antigas. O propio Homero e Xenofonte fixeron referencia a eles como obxecto destinado a mitigar o frío e a evitar danos na realización de certos traballos cotiáns. De por parte, como indica Mantilla de los Ríos y Rojas (1995: 70), o uso litúrxico desta peza parece iniciarse nos séculos VI-VII; de feito, no Pontifical romano menciónanse os guantes como ornamentos que son bendicidos e entregados ao novo bispo; con todo, só deben ser empregados cando este é revestido cos ornamentos (*vid. s.v.* **ornamento**) pontificais (*vid. s.v.* **pontifical**) e despois de rezar a oración de Tertia, que é cantada antes da misa pontifical. Nesta cerimonia o diácono colócalle ao bispo o guante dereito e o subdiácono, o esquerdo, e ambos deben permanecer postos ata despois do ofertorio.

Máis alá do seu uso litúrxico, entre a poboación civil os guantes foron un complemento moi utilizado tanto por homes coma por mulleres de clase social alta; de feito, Bernis (1979: 93) explica que a infanta Isabel, convertida en princesa de Portugal, encargou no ano 1490, para a súa partida, 146 ducias deles. Ademais dos guantes empregados como complemento de vestiario (*vid. s.v.* **vistiario**) ou para usos cerimoniais, existían outros que, como indica Menéndez Pidal (1986: 98), estaban asociados a certas prácticas, coma os empregados na caza de cetrería, uso co que se representa o rei Afonso X en varias miniaturas afonsinas, que tiñan como principal misión protexer a man das gadoupas das aves de presa. Coa finalidade de protexer as mans de golpes e feridas utilizáronse os guantes fabricados de malla ou chapa de ferro das armaduras, que adoitaron coñecerse como *guanteles*, aos que hai que engadir os guantes elaborados con pel de cervo e con arandelas de chapas (*vid. s.v.* **[chapa]**) de ferro cosidas sobre o dorso da man e o dedo polgar.

No que respecta á elaboración destas pezas, estas facíanse de diversos materiais: coiro, pel de londra, liño (*vid. s.v.* **lino**), **seda** (*vid. s.v.*), la (*vid. s.v.* **laan**). Estes últimos estaban destinados, fundamentalmente, ás mulleres do servizo e imitaban a forma das manoplas, con dúas fundas unicamente (unha para o dedo polgar e outra para os outros catro). En ocasións tamén contaban con ricas (*vid. s.v.* **rico**) gornicións, como os citados nun inventario en castelán do século XV: «un par de *guantes* cheguitos de cuero con unos botonçitos de oro hilado e seda e unos torçalitos de lo mismo e unas borlas»; ou eran obxecto de elaboración esmerada, como os nomeados nun inventario de 1505, en que se dá conta de «un par de *guantes* forrados en papos

de buitres» (Bernis 1979: 94). De seren de coiro ou pel, era habitual engraxalos para evitar a súa deterioración e, ademais, todos eles adoitaban perfumarse con ámbar ou con pos especiais.
Moito máis estipulado estaba o material e a elaboración dos guantes dos bispos, que eran de punto e debían carecer de costuras para imitar a túnica de Xesús, que supostamente tampouco as levaba. A súa cor era o branco, tal como aparece no noso exemplo, pero no século XV comezan a introducirse os guantes morados e encarnados para así adoptaren a cor propia da dignidade que os utilizaba; por exemplo, na misa pontifical, dise que os guantes deben ter a cor do resto dos ornamentos (*vid. s.v.* **ornamento**) -Mantilla de los Ríos y Rojas 1995: 70. É moi posible que esta peza simbolizase o poder no ámbito eclesiástico.

A propósito da confección destes complementos, Bernis (2001: 192) cita como principais localidades especializadas na elaboración de guantes durante o século XVII, e posiblemente tamén antes, Ciudad Real, Yepes (Toledo) e Guadalupe (Cáceres).

****

Para designar este concepto no galego conviven, xa dende antigo, as formas *luva* e guante. Ambas aparecen como equivalentes nun exemplo do *Livro da ensinança de bem cavalgar toda sela*, texto portugués do primeiro terzo século XV: «tirando o *gante* ou luva da mãao dereita» -*DDGM*. Polo que se refire aos textos galegos, o *TMILG* non inventaría ningún exemplo da voz guante e unicamente tres ocorrencias, que corresponden a cadansúa variante gráfica: *luva, luua* e *luba*. A primeira delas está datada entre os anos 1350 e 1399 e localizámola na *His.Troyana* («Cõmo Diomedes leuou a *luva* de Braçayda [Qvando] Breçeyda chegou a as tendas, Colcas, seu padre, sayo rreçeberla»); xunto a ela cítase a variante, con *-b-* intervocálico *luba*: «arrebatou lle hũa *luba* da maão», que tamén recolle o *DDGM*. *Luua* atestámola na *Cr. Troiana* (1370-1373): («Et quando ueu que sse aujã ja de partir, trauoulle ẽna mão et tomoulle hũa *luua*, tã encubertament que o nõ entẽdeu nehũ, nẽ o ssoubo, nẽ a ela nõ lle pesou nẽ ponto») –*TMILG* e *DDGM*. Amais, a *Cr. Gal* (1295-1312) ofrece exemplos desta voz, entre eles: «metia hũas *luuas* ẽnas mãos» (*DDGM*). O *VHCPM* non achega novos testemuños. Cómpre advertir, en todo caso, que tanto a documentación portuguesa do XV como a que nós recollemos no inventario da Catedral de Ourense ofrecen a solución guante, con eliminación da semiconsoante *[w]* do grupo *gw-* presente en voces de procedencia xermánica (de xeito análogo a *gardar*, *gadaña,* etc.).

No galego actual conviven, segundo dixemos antes, ambas as solucións. Na fala popular, o *ALGa* (pregunta 2.324: *Guantes, luvas*) testemuña a presenza da voz guante en todo o territorio galego e na zona de León e o *TLPGP* ofrece 4 atestacións deste mesmo termo nas provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra. Pola contra, de *luva* o *ALGa* soamente rexistra 6 casos no sur de Galicia, nas provincias de Ourense e Pontevedra e o *TLPGP* unicamente o plural *lubas*, no concello pontevedrés de Campo Lameiro (Castro Iglesias 2010). Tamén temos guante no García *Glosario* (1985) –*DD*. De acordo cos datos que fornece o *TILG*, as dúas teñen presenza no galego escrito. Así, *luva* aparece en 259 ocasións en 82 obras distintas, mentres que guante se rexistra só en 120 ocasións, aínda que nun número lixeiramente superior de textos diferentes, 84. Os rexistros máis antigos corresponden, no caso de *luva*, a *O Castelo de Pambre* (1895), de López Ferreiro, un escritor de gusto marcadamente arcaizante («as escamosas *lúas* que lle gardaban as maus»), e, no caso de guante, ao *Coloquio de 24 gallegos rústicos* de Sarmiento («tiñan na cabeza un rico sombreiro , nas mans | tiñan *gantes*, mui brancos por certo»). Resulta interesante, así e todo, comprobar a distribución dos rexistros por treitos cronolóxicos. Esta análise mostra que 231 das 259 ocorrencias de *luva* están concentradas no período comprendido entre 1981 e 2013. Por contra, neste mesmo período só temos 55 ocorrencias de guante. A situación invértese se consideramos o período comprendido entre 1851 e 1850: 9 ocorrencias para *luva* fronte 49 de guante. De por parte, o *CORGA* rexistra 36 ocorrencias

de guante fronte ás 79 do termo *luva*. Semella, pois, que o galego escrito actual mostra unha preferencia por *luva*, se cadra por mor do seu carácter de forma diferencial e coincidente co portugués estándar.

No ámbito español, atestamos o plural guantes dende o último terzo do século XIII, no Gual *Voc. Comercio* (1274): «item dos pares de corporales et dos pares de *guantes* viellos», exemplo extraído das «Notas de archivo» de Durán Gudiol. No século XIV, o *CDH* testemuña este termo, por primeira vez, aproximadamente no ano 1300 na novela anónima titulada *El caballero del cisne*, en que tamén se ofrece a forma en plural: «yo aparejado a mostrar que es así a todo hombre que lo quiera defender por armas, e dóvos estos *guantes* en señal». De 1331 data a primeira documentación que recollen desta voz o *DCECH* e o *DEMi*. Un século despois, entre 1400 e 1440, cítase nas *Poesías [Cancionero de Palacio]* da autoría de Enríquez, quen escribe: «Con mi triste coraçón, | las damas con buen senblante, | andava'l juego del *guante* | et juegan a la sazón; | por lo qual a mí conviene | de rogarvos, amadores, | que digáys qué avrá d'amores | qualquier dama que lo tiene» (*CORDE*); este mesmo exemplo inventaríase no *CDH*. Neste mesmo século, Nebrija ofrece esta voz no *Dictionarium latino-hispanicum*: «Mania. ae. interpretatur furor. Mania. ae. por la madre delos lares Maniacus. a. um. por cosa fueiosa Mania. ae. por paxarito de massa Manica. ae. por el *guante* dela mano» (*CE 1200s-1900s*). En textos escritos en castelán na coroa de Aragón, durante o século XV, localizamos este substantivo na *Crónica de Aragón* Vagad, texto traducido do latín: «quiso echar mano por le prender arremetio con gran furia y con el | *guante* | de azero que dezimos mañopla dio le tal golpe en·el rostro que» -*DiCCA-XV*. Un século despois, figura na obra de Martínez de Burgos titulada *Repertorio prematicas y cortes* (1551): «Por ser grande la desorden que ay en los *guantes* que se venden adobados, es nuestra merced y mandamos que persona ni personas algunas d'estos nuestros reynos y señoríos, ni de fuera d'ellos, sean osados de vender ni vendan en ellos *guantes* adobados, ni persona alguna se los compre» -*DICTER*. Anos despois, en 1612 documentamos guante no ano 1612 no inventario de bens de Juan de Peñaranda, pertencente a Burgo de Osma (Soria): «dos pares de *guantes* blancos» -*CorLexIn*. No século XVIII, o *DAutoridades* (1734, tomo IV) define guante como: «La cobertúra de las manos, hecha de alguna cosa delgada: como pieles, seda, hilo, &c. cortada con el arte de descubrir separadamente los dedos. El Brocense es de dictamen se llamó Guante, por haber venido de Gante, Ciudad de Flandes. Latín. *Chirotheca* .PRAGM. DE TASS. año 1680. f. 13». Polo tanto, guante está presente en textos españois dende o século XIII ata a actualidade. Con todo, tamén temos que ter en conta que no século XIII, na obra *Moamin. Libro de los animales que cazan* (1250) recóllense tres ocorrencias do termo *luva*, aplicado ao guante de pel utilizado na cetrería: «E éstos son los qui an las piernas baxas e que an las tetiellas redondas e las palmas anchas, e las unnas gordas e las colas espessas, e que las tengan bien paradas, enfiestas, que quando las abren e las echan sobre la *luva* demuestran que son de flacos cuerpos e de mal saltar». Con posterioridade, entre a segunda metade do século XV e o primeiro cuarto do século XVI, documentamos *lúa* en cinco contextos, ben para facer referencia ao guante pontifical, ben para nomear os guantes utilizados polos cabaleiros para protexerse nas loitas. A primeira atestación está no texto *Vida de San Isidoro* de Alfonso Martínez de Toledo (c. 1444): «E veyendo aquesto Gregorio, el obispo que se avía convertido, rogó a sant Isidoro que le diese la *lúa* obispal que tenía en la mano». O *Amadís de Gaula* (1482-1492), da autoría de Rodríguez de Montavo, ofrece o seguinte contexto: «Y vestía paños de duelo, y en la mano diestra tenía una *lúa* de paño blanco que al codo le llegava» -*CORDE*. Tanto *luva* como *lúa* son voces utilizadas en contextos específicos e a súa presenza no español queda reducida a un período de tempo moi breve.

Polo que se refire ao rexistro lexicográfico, tanto guante como *luva* figuran nos dicionarios galegos premodernos (1863-1985). Cómpre recoñecer, con todo, que ambas as formas se incorporan ao *corpus* lexicográfico en data relativamente tardía. Así, guante non aparece rexistrado ata o Eladio *Diccionario* (1958-1961) e, ademais, non reaparece na lexicografía galega ata os dicionarios de corte normativo xurdidos a partir de mediados dos anos 80 do

pasado século. *Luva* non tivo moita mellor fortuna, pois dentro do período premoderno (1863-1985) só se rexistra nas sucesivas edicións do dicionario de Carré (moi proclive, como é sabido, a recoller solucións tomadas do portugués) e no Ibáñez *Diccionario -DD*. Na lexicografía moderna, de corte normativo, rexístranse como formas equivalentes tanto guante coma *luva*.

A lexicografía portuguesa dá conta da forma guante dende o primeiro terzo do século XVIII, en que se cita no Bluteau *Dicionario* (1721) –*CLP*. As obras modernas ofrecen *luva* para definir a 'peza do vestir', mentres que guante queda relegado á 'peza da armadura antiga destinada a protexer as mans' (Houaiss *Dicionário*).

No tocante ás obras lexicográficas do español, todas ofrecen o termo guante. Amais, os dicionarios editados dende o primeiro terzo do século XVIII recollen *lúa* entre os seus lemas e os xurdidos na primeira metade do século XIX, ofrecen *luva*, pero aclaran que se trata dunha forma antiga, polo tanto, en desuso no español moderno -*NTLLE*.

Na actualidade a voz guante está presente na lingua galega e adoita empregarse como sinónimo de *luva*, a forma preferente.

Guantes medievais da abadesa Teresa Gil do Mosteiro de Sancti Spiritus[195] (Toro)

garganta, doas de *unidade pluriverbal. vid. s.v.* **[doa]** → **[2.3 COMPLEMENTOS]**

gargantada → **[2.3 COMPLEMENTOS]**

s.f. (der. de *garganta*; este toma a raíz da onomatopea *garg-*, que imita o ruído producido pola gorxa) *'gargantada*, colar curto próximo ao pescozo'.

> ◦ **Gargantada** (2): "Jten mando a Catalina d'Abillis, mjña criada, | hũa *gargantada* de doas d'avelás", Lorenzo *testamentos*, 1497-setembro-4/novembro-1. [Cee] (A Co), COP.; García Oro *Diego de Muros III*, 1497-setembro-4. Cee (A Co), doc. 23, COP.

[195] En liña: *http://www.laopiniondezamora.es/toro/2010/01/02/ajuar-abadesa/407663.html* [Consulta: 18 de abril de 2019].

Catalina Gómez no seu testamento déixalle á súa criada unha «*gargantada* de doas d'avelás»; esta voz fai referencia a un '**colar** (*vid. s.v.*) curto utilizado para adornar o pescozo'.

Neste caso, a gargantada está formada por doas (*vid. s.v.* **[doa]**) de abelá (*vid. s.v.* **[avelãa]**), denominadas así posiblemente pola forma semellante a este froito seco. Pola información do exemplo, descoñecemos o material do cal estaban elaboradas estas pezas (*vid. s.v.* **peça**) pequenas, pero sabemos que podían ser de metais preciosos, coma o **ouro** (*vid. s.v.*), **prata** (*vid. s.v.*), vidro ou, incluso, pedras coma o acibeche e o coral e tamén as perlas. Por exemplo, unha «gargantilla de perlas» temos noticia dunha «*gargantilla* de perlas» enviada por Alonso de Valdemoro dende Cartaxena de Indias á súa irmá Ana de Valdemoro, no ano 1580 (Cea Gutiérrez e García Moutón 2001: 344). Egido Fernández (2010: 114) no dominio leonés rexitra o termo *vueltas* para referirse a este complemento.

Fresneda González (2013: 781) destaca a similitude entre as distintas pezas da xoiería peninsular e a doutros lugares do occidente cristián, xa que despois da caída de Roma se seguiron utilizando as formas e as técnicas da xoiería romana. Amais, dende o apoxeo da arte bizantina en tempos de Xustiniano I ata o século XI, toda a ourivería cristiá de Occidente seguiu baixo a súa influencia artística e continuou, incluso, ata o século XIII.

Na iconografía en pedra tamén hai mostras deste tipo de adorno. Por exemplo, nunha lauda pétrea situada no Museo Arqueolóxico e Histórico do Castelo de Santo Antón (A Coruña), datada no século XV, represéntase unha muller anónima que porta unha especie de colar, gargantada ou *fiador* e como explica Rey Cabezudo (2014: 58), podería tratarse dun elemento propio do **manto** (*vid. s.v.*) que viste a muller e que sae do seu pescozo coa finalidade de axustalo e mantelo encaixado nos seus ombreiros. Con todo, a día de hoxe é complicado coñecer a función deste obxecto, pois incluso podería tratarse dun rosario (*vid. s.v.* **conteiro**). A pesar das diversas interpretacións, ofrecemos unha imaxe desta figura pétrea ao final da entrada.

****

No ámbito galego as atestacións desta voz son escasas e tardías, ao datar do segundo terzo do século XV. Coa acepción de 'colar curto' está presente nun documento notarial pertencente á obra Tato *Álvaro Pérez*, do ano 1457: «hũa *gargantada* de doas de prata» -*DDGM* e o *TMILG*. Por contra, no portugués medieval non temos testemuños de gargantada, pero si de *gargantilha* dende o século XVII –*CP 1300S-1900S*. Con todo, o *DELP* (*s.v.* gargantilha, vol. III) documenta este termo un século antes.

No galego moderno, nin na fala popular nin na escrita temos testemuños deste substantivo. Porén, o *TILG* ofrece o castelanismo *gargantilla* para expresar o concepto de 'colar curto', documentado por primeira vez no ano 1861 na obra *Ensaios poéticos en dialecto berciano* de Fernández Morales: «Tamén Petra mercou cuasi unha carga de medias, *gargantillas* i hasta un pote; se fixo faias {faixas}, delantal de sarga, xustillo, dengue e saia de picote». Un ano despois, cítase no *Álbum de la Caridad. Juegos florales de la Coruña en 1861 seguido de un mosaico de nuestros vates gallegos contemporáneos* (1862): «O mal foi cando lle puxeron os bincos e mái-la *gargantilla*; hubo que coutá-la ben coutada pra que non derramase e estropease as alaxes». Trátase dunha forma cunha presenza moi reducida na lingua, se temos en conta os 19 casos que ofrece o *TILG*, repartidos en 15 textos distintos. Destes 19 casos, 8 dos contextos recollidos localízanse na baliza cronolóxica situada entre os anos 1981 e 2013. No relativo ao *CORGA*, este repertorio só ofrece 3 exemplos da voz *gargantilla* dende o ano 1992.

No ámbito español testemuñamos gargantada dende o século XIV. No ano 1300 cítase no *Fuero de Alarcón*; con todo o seu significado dista bastante do que ten no noso contexto de estudo, ao facer referencia a un 'golpe na garganta': «Et todo aquel que a otro *gargantada* diere, por cada .I.ª peche .V. sueldos, si el querelloso firmar lo pudiere» -*CDH* e *CORDE*. Un século despois atestámola na obra de López de Ayala titulada *Libro de la caza de las aves*, co significado de 'grolo' ou 'porción de líquido que se bota con brusquidade pola gorxa': «E dale vna *gargantada* de vino blanco sylo toujeres sy non sea bermejo» -*CE 1200s-1900s*. No entanto, o termo correspondente cos contextos obxecto de estudo sería *gargantilla*, bastante frecuente ao contar con 150 ocorrencias no *CORDE* dende, aproximadamente, o ano 1499, en que se cita no *Libro de las veynte cartas a quistiones* de Torre: «Dona, sin otra renzilla | ni otro vos retornar, | resçebid la *gargantilla* que vos plugo de me dar». A esta mesma data adscríbese a primeira documentación de *gargantilla* recollida no *CDH*, mentres que no *CE 1200s-1900s* documéntase por primeira vez no século XVI. Con respecto ao *DEMi*, este rexistra a forma *gargantiellas* no *Libro de Montería* afonsino, publicado entre 1342 e 1350. Séculos despois, no inventario de bens pertencente a Simón Rodríguez (Huelva), do ano 1609 cítase: «Yten, una *gargantilla* de tres hilos de perlas» -*CorLexIn*; o *DICTER* tamén atesta a voz *gargantilla*, por primeira vez, no ano 1640 na obra *Arte de los metales* de Alonso Barba: «Es gala muy estimada entre los indios d'esta provincia traer sartas de pedreçuelas d'este género, menuda y curiosamente labradas; tráenlas los varones más gruessas a los cuellos, como *gargantillas*». Xa no século XVIII, o *DAutoridades* (1734, tomo IV) define gargantada como: «La porción de água, vino o sangre, que se arroja violentamente por la garganta. Latín. *Per guttur longa emissio, vel jactus.* HERN. Eneid. lib. 7. *Echando a gargantadas fuego etheo*»; e *gargantilla*, que indica que é: «El adorno que trahen las mugeres en la garganta, que suele ser de piedras preciosas: como diamantes, rubíes, esmeraldas, &c. o de perlas, corales, azabáche, &c. Es formado del nombre Garganta. Latín. *Monile Murenula.* ARGENS. Maluc. lib. 1. pl. 12. Usan brazaéltes, arracadas y gargantillas de diamantes y rubíes. LOP. Dorot. f. 28. Dame essa gargantilla, que por vida tuya que estás mejor sin ella». No século XX, o *CREA*, inventaría 56 casos de *gargantilla*, o primeiro deles datado en 1980.

No que respecta ao rexistro lexicográfico galego, atestamos gargantada na época premoderna (1863-1985). Coa acepción que nos ocupa só está presente no Valladares *Diccionario* (1896-1902): «V. gargantèla. Unha *gargantada* de doas. Una gargantilla de cuentas». Na segunda acepción este dicionario ofrece a definición propia do castelán: «Porción de cualquier líquido que de una vez se arroja por la boca». De por parte, a forma *gargantela* para o concepto de 'colar curto' figura no Filgueira et alii *Vocabulario* (1926), Franco Grande *Diccionario* (1972) e Eladio *Diccionario* (1958-1961); este último explica que se trata dun diminutivo de *garganta* e define este termo como: «gargantilla, adorno que llevan las mujeres en la garganta a modo de collar» -*DD*. Con posterioridade, as obras lexicográficas publicadas a partir de mediados dos anos 80 do século pasado, de corte normativo, substituíron a forma gargantada polo castelanismo *gargantilla*, aceptado no galego estándar.

Os dicionarios e vocabularios do portugués non achegan a forma estudada entre os seus lemas, pero si dan conta de *gargantilha* dende finais do século XVII, en que figura no Pereira *Prosodia* (1697) –*CLP*.

Nas letras hispánicas, como 'colar curto', a voz proposta é *gargantilla*, recollida polas obras lexicográficas dende o último terzo do século XVI, data en Casas a ofrece no *Vocabulario de las dos lenguas toscana y castellana* (1570) –*NTLLE*.

A voz gargantada caeu en desuso na lingua galega dende finais da Idade Media e foi substituída pola forma castelá *gargantilla*, admitida polo estándar e recollida no *VOLGa* e no *DRAG*.

Cfr. s.v. **[avelãa]**, **[conta]**, **colar**, **[doa]** e **[joia]**.



Posible gargantada nunha lauda pétrea, custodiada no Museo Arqueolóxico e Histórico do Castelo de Santo Antón, do século XV, (debuxo de Alfredo Eiras; Rey Cabezudo 2014: 59)

gargãta, dõas de *unidade pluriverbal vid. s.v.* **[doa]** → **[2.3 COMPLEMENTOS]**

garnacha → **[2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER] [2.1.3 TRAXES DE POÑER POR RIBA] [2.4 ORNAMENTOS LITÚRXICOS]**

s.f. (probablemente do oc. antigo *ga(r)nacha* 'manto de pel'; este posiblemente do lat. vulgar **galnaca*, lat. GAUNACA e este do gr. καυνάκη 'especie de manto' -*DCECH*, *s.v.* garnacha, vol. III e Varela Sieiro 2003: 88) 'garnacha, vestidura talar, con mangas ou sen elas, e un colo sobreposto que cae sobre os ombreiros e as costas'.

◦ **Garnacha** (1): "mando a García Pérez de Samartino de Mazeeda, que é meu aba|de, este meu manto, esta mja *garnacha*, et el némbrese de mja alma", Lorenzo *Montederramo*, 1275-maio-4. [Montederramo] (Ou), vol. I, doc. 355, OR.

◦ **Guarnacha** (1): "den... o meu manto et a mina *guarnacha* da escarlata et o capeyrote", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1326-[xaneiro-4. Mondoñedo] (Lu), doc. LXXI, COP.

O termo garnacha fai referencia a unha peza de roupa, neste caso entendemos que masculina e de tipo relixioso, ao ser deixada como legado testamentario polo bispo mindoniense Gonzalo de Moscoso.

A garnacha foi unha peza (*vid. s.v.* **peça**) de **roupa** (*vid. s.v.*) exterior[196], tanto masculina coma feminina, de abrigo e utilizada para protexerse da chuvia, que foi empregada na Occitania dende o século XII. O seu uso estendeuse un século despois a outros territorios europeos (Aragón, Cataluña, Francia e Italia). Guerrero Lovillo (1949: 77-78) explica que esta peza, coñecida en Aragón como gramalla, gramasia ou granaxia foi utilizada na dita coroa aragonesa por «damas y palaciegos de la corte aragonesa» e tamén polos administradores de xustiza. A mesma idea recóllea Martínez Martínez (1988: 373) baseándose nos datos que achega o testamento de Fernando Alfonso de Oña, deán da Catedral de Murcia (1285), no cal dispuxo: «sea mercado paño de burillo, teñido de color prieto, segund la costumbre de la tierra, e dello sean fechas sus *gramallas* e capirotes para sus parientas et criados». No Gual *Voc. Comercio* indícase que a *gramalla* era o atavío dos conselleiros cataláns e remítese a Puiggarí i Llobet (1886: 136) para explicar que era longa e ampla e sen cinguir, con mangas tamén longas, en forma de funil, e adornos de pel no pescozo, puños e rodapé. Confeccionábase en cor *grana*, escarlata e carmesí e, co tempo, foi engrandecéndose e, en ocasións, lucía o forro de armiño, *penaveira* (*vid. s.v.* **pena ueyra**) ou outras peles de animais e adoitaba acompañarse de capucha. De Rubió i Lluch (1981: 34-35) define a *gramalla* como «una vestidura llarga fins als peus i que gairebé sempre és esmentada amb un caperó. Anava posada sobre la gonella. En general és una peça masculina, però n'hi havia també per a dona [...] Aquest mot, trobat per primera vegada en català antic, passà a la fi del s. XV a l'Italia per tal de designar un vestit per a les grans cerimònies i, més endavant, un vestit de dol»; engade «les robes de les gramalles són: blanc, camellot, drap gros, marromot, molada, presset i vellut. Els colors són molt diversos: blanc, blau, grana, groc, morat, negre, vermell i violat». De por parte, Bernis (1979: 93) fai fincapé na pervivencia da *gramalla* asociada a certas dignidades, malia descoñecer xa no século XV a súa forma e características.

Bernis Madrazo (1956: 23) destaca a forma solta e ampla da garnacha, caracterizada polo corte das curtas mangas, que cubrían a parte superior do brazo e se unían lateralmente co corpo da peza sen costuras, o que fixo que fose considerado un traxe totalmente novidoso no século XIII. Amais das pequenas aperturas laterais, podía levar un capuchón que se abrochaba ao pescozo. Como peza de roupa feminina, fronte ao **pelote** (*vid. s.v.*), que permitía un só vestido (*vid. s.v.* **bestido**) por debaixo, a garnacha podía portarse con dúas pezas de vestir debaixo, como a saia (*vid. s.v.* **saya**) e o pelote, motivo polo que estas roupas exteriores se empregaban de xeito distinto (López Dapena 1993: 126-128). De por parte, cando os reis vestían de cerimonia puñan enriba da garnacha escotada un **manto** (*vid. s.v.*), pois portar no medievo varias pezas de roupa sobrepostas era sinal de etiqueta e distinción (Menéndez Pidal 1986: 69).

Con respecto ao seu uso, parece que foi empregada por reis, nobres e burgueses durante os séculos XIII e XIV para posteriormente, no século XV, quedar relegada a individuos de certas profesións, coma os administradores de xustiza. Lembremos que o rei Filipe II impuxo aos seus funcionarios o uso da garnacha como uniforme identificativo, que debían levar acotío. Ademais, Morán Cabanas (2001: 184), o mesmo que acontece neste exemplo do noso *corpus* de estudo, destaca que no *Cancioneiro Geral* (1516) de Garcia de Resende esta peza aparece utilizada polos eclesiásticos e, de feito, é recomendada polo poeta Nuno Pereira a Henrique de Almeida.

No tocante á elaboración desta peza de abrigo, esta adoitaba realizarse con tecidos de la (*vid. s.v.* **laan**) bastos e fortes (Morán Cabanas 2001: 183) e, xeralmente, forrábase con teas grosas ou con peles para protexer do frío. No noso exemplo estamos ante unha garnacha luxosa,

[196] Rodríguez Peinado (2011: 346) inclúe ao lado da garnacha o tabardo, a gonela e a esclavina, outras pezas relacionadas coa roupa de viaxe e abrigo por levaren mangas.

propia dun bispo, ao estar confeccionada de **escarlata** (*vid. s.v.*), un rico tecido de la de gran calidade que adoitaba ir tinguido de cores vivas, xeralmente, carmesí ou vermella.

****

No ámbito galego, contamos con atestacións xa dende os inicios do século XIII. Varela Sieiro (2003: 89) documenta as formas garnachiam e garnacha en diversos textos escritos en latín ao longo do primeiro terzo do XIII: «Vermudo persbitero unam *garnachiam*» (1208), «Ad abbatem meum Iohannem Arie meam *garnachiam*» (1227), «*garnacha* mea de scarlata» (1229). A *Cronologia* Lorenzo (*s.v.* garnacha) rexistra esta forma nun texto galego escrito en latín e datado no ano 1204 («ad sobrinam meam mea *garnacha* de licia» (*DDGM*). En textos escritos en romance galego documéntase esta voz dende o século XIII: as ocorrencias máis temperás atestámolas en Miguel *Doc. XIII*, que ofrece o primeiro exemplo aproximadamente en 1257 («et *garnacha* enpenada de coenlos de tres jn tres anos»), nas *CSM* («esta é do frade que fazia a *garnacha* d'oraçoes a Santa Maria») e en Lapa *Escarnho* («ajades d'i perder a *garnacha* nen no manto») -*DDGM*. Este último contexto tamén se recolle en diversos repertorios, como o *VHCPM*, *CMGP*, Ferreiro *Glosario*, *MedDB* e *TMILG*. Amais dos exemplos da forma garnacha, datados a partir dos anos 1240-1300 e atestados na lírica profana, o *TMILG* tamén ofrece unha ocorrencia deste termo, que cadra co exemplo do noso *corpus*. Cómpre destacar que a maior parte dos exemplos rexistrados en Galicia, tanto en textos latinos coma romances, corresponden á forma sen semiconsoante velar [w]. O mesmo ocorre en textos portugueses; por exemplo, o *CP 1300s-1900s* non ofrece ningunha ocorrencia de guarnacha e, por contra, inventaría varios contextos de garnacha. Máis alá dos documentos notariais escritos en galego-portugués («Item ao Priol de san Joãne da pendorada u meu mãto. e a ma *garnacha* da sarga») e do texto da *Demanda do Santo Graal* («e tragia ũũ manto e ũa *garnacha* de eixamete vermelho em seu braço»), na obra *Centúrias* (1619-1621) de Roboredo cítase a forma garnacha: «O senador, ou desembargadór anda com a *garnacha* comprida», entre outros exemplos. Con todo, non atestamos o termo *gramalla* nos repertorios consultados do galego nin do portugués.

No galego escrito en época moderna son moi escasos os testemuños desta voz. Atopámola nalgúns textos de sabor arcaizante ofrecidos polo *TILG*. Por exemplo, existen varias ocorrencias en *A tecedeira de Bonaval*, de López Ferreiro (1895): «...saeu con unha rica *garnacha* sobre a hopa, acompañado de dous paxes». Con respecto á *gramalla*, resulta significativo que o único exemplo que recolle o *TILG* estea na tradución do catalán ao galego do discurso do presidente dos Xogos Florales de Barcelona don Ánxelo Guimerá lido en maio de 1889: «Consellos, contr' os que s' esnaquizaba o borreante empuxe de o despotismo: xa que non as *gramallas* sobr' o peito levade dentro de o corazón outra vez a o esprito por elas simbolizado».

En documentos escritos en español, garnacha documéntase dende o século XIII, aínda que uns anos despois das atestacións galegas máis antigas. O *DCECH* cítaa por primeira vez no ano 1222; o *DEMi* documenta a forma garnacham dende o ano 1236, en que se recolle en textos zamoranos. Pouco despois, aproximadamente no ano 1240, o *CORDE*, *CDH* e *CE 1200s-1900s* ofrecen o primeiro exemplo da forma garnacha, extraído da obra clerical, anónima, titulada *Libro de Apolonio*: «diéronle muchos mantos, mucha penya vera & grisa, mucha buena *garnacha*, mucha buena camisa»; esta mesma forma é rexistrada no Gual *Voc. Comercio* dende o ano 1249, en que se cita nun texto da Catedral de Zamora. No que respecta ao *DEMi*, este documéntaa por primeira vez entre os anos 1242 e 1275. Dous séculos despois, atéstase a forma con *-u-*, guarnacha, da que dan conta o *CORDE*, *CDH* e o *CE 1200s-1900s* dende aproximadamente o ano 1470, en que figura en La *Demanda del Sancto Grial*: «trayale vn manto a la *guarnacha* de xamete bermejo en el hombro». Nos repertorios modernos consultados (*CREA* e *CE 1200s-1900s*) a escasísima presenza desta voz, coa acepción do noso estudo, explícase por tratarse dunha peza do vestiario antigo.

Pola contra, a primeira atestación de *gramalla* en textos casteláns sitúase aproximadamente a mediados do século XV, en que Mena na obra *Poesía menor* (1438-1456) ofrece esta voz, coa grafía *y*: «Vos seyendo la *gramaya*, | yo el pequeño por demás, | non quiero ser fallanás, | mas baxo siempre jamás | como vuelo de çumaya» -*CDH*, *CORDE* e *CE 1200s-1900s*. A súa pervivencia na lingua, aínda que con modestas aparicións, está presente ata comezos do século XX.

No que respecta á lexicografía galega, as obras compiladas no *DD* non ofrecen o termo garnacha coa acepción do noso *corpus*, unicamente se ofrece coa acepción de 'variedade de uva' ou, nunha porcentaxe inferior 'melena na parte posterior da cabeza'. No entanto, o Cuveiro *Diccionario* (1876) ofrece *gramalla*, indica que se trata dun termo antigo, e defínea como «vestidura larga a modo de bata» -*DD*.
Os repertorios galegos modernos e contemporáneos definen entre os seus lemas garnacha, pero non *gramalla*.

Para o léxico portugués, as obras lexicográficas ofrecen o lema garnacha, coa acepción estudada, entre as voces inventariadas dende a primeira metade do século XVII. Recóllese este termo na obra de Roboredo titulada *Centúrias* (1623) para referirse ás roupas dun senador – *CLP*.

No que respecta aos repertorios do español, estes recollen garnacha dende comezos do século XVII, en que se cita Covarrubias no *Tesoro de la lengua castellana o española* (1611). Fanse eco de gramalla dende o ano 1604, en que a ofrece Palet no *Diccionario muy copioso de la lengua española y francesa* -*NTLLE*.

Na actualidade a voz garnacha está practicamente en desuso, máis alá de utilizarse para referirse ás pezas de roupa dos traxes medievais máis sofisticados. No ámbito da xustiza as antigas garnachas, utilizadas dende os século XIII ao XV, foron substituídas polas togas, más cómodas e funcionais.

Cfr. s.v. **crotha**, **garuaya**, **[opa]** e **tabardo**.

Distintos tipos de garnachas das Cantigas de Santa María[197]

[197] En liña: *http://blog.educastur.es/carnavalcra/2010/02/03/la-ropa-en-la-edad-media-5/*[Consulta: 18 de abril de 2019].



Patrón dunha garnacha de pano para letrados (Rocha Burguer 1618: 172)

garuaya → **[2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER] [2.1.3 TRAXES DE POÑER POR RIBA]**

s.f. (de etimoloxía incerta e controvertida. Braga (1872: 565, *ápud* Vasconcellos 2004: 439) ve a orixe da palabra no francés antigo *graie* e *vair*, cuxo significado ten que ver coa cor cincenta; Piel (1948: 188-200) considera que garvaia deriva de Galway, cidade de Irlanda. Paxeco (1949: 21-23) relaciónaa con *garnacha* e ofrece o étimo GRANATICA, de onde procederían ambas pezas da indumentaria. Giese (1952: 289-293) ve a súa etimoloxía no ár. *gjarba* que denomina un 'tipo capote de tecido da illa de Djerba, fabricado na dita illa turca ou imitación dese', que tería entrado en circulación a través dos xudeus residentes na illa e comerciantes de tecidos. Vasconcellos (1904: 394) propón que procede do xermánico *wark* e o sufixo *–aia*. Corominas e Pascual fana derivar do catalán *gramalla*, cuxo *-r-* podería explicarse por influxo do termo portugués *garavim* 'tipo de cofia señorial' -*DCECH, s.v.* gramalla, vol. III e *DCVB*, *s.v.* gramalla) *'garvaia*, tipo de manto relativamente axustado ao corpo, con gola alta, capucha e mangas con grande abertura para os brazos que chegaba ata os xeonllos'.

> ◦ **Garuaya** (1): "Mando a mia *garuaya* a conffradaria de Souto Uermũe", Maia *História galego-portugués*, 1281. [Torbeo. Ribas de Sil] (Lu), doc. 55, OR.

Neste exemplo do noso *corpus* de estudo, María Méndez deixa en testamento a unha confraría a súa garvaia. A propósito desta peza de roupa de uso exterior, pouca información se dá neste contexto e pouca achegan os estudos centrados no vestiario medieval.

Oliveira (1993: 9) propón as denominacións de *granaia* ou garvaia para esta peza exterior propia do século XIII e cuxa orixe se fai proceder do **manto** (*vid. s.v.*). Defínea como: «relativamente apertada ao corpo até ao joelho, com gola alta e capuz, tinha umas mangas suficientemente largas ou com aberturas que permitiam libertar os braços, usando-se soltas ao longo do corpo». No ámbito galego-portugués medieval coñecemos esta voz por darlle nome á cantiga profana coñecida como cantiga da garvaia ou da Ribeiriña, da autoría do trobador portugués Pai Soarez de Taveirós. A primeira interpretación desta cantiga débese a Michaëlis de Vasconcellos, quen propuxo para garvaia o sinónimo de 'manto real' ou 'túnica', cuxa lectura condicionou outras futuras interpretacións durante décadas. A isto refírese Pellegrini (1959: 70, nota 20) cando indica: «tutto l' edificio eretto dalla vivace fantasia della Michaëlis ha la consistenza d'un castello di carte». Michaëlis de Vasconcellos (2004: 442) ampárase na pragmática de 1340, a suntuaria de Afonso IV dada nas cortes de Santarem, na cal se cita: «Outrossi temos por bem e mandamos que nenhum homem nem molher daqui em deante nom traga panos douro nem de solia; nem tabardo nem redondell nem *guaruaia* descarlata uermelha, salvo nos e nossos filhos». Con todo, na prágmática (xa mencionada) tamén se fai referencia a que esta peza podía ser empregada polos cabaleiros, pero como un manto extra, ao poder conseguilo só cada dous anos: «Outrossi temos por bem que os cavaleiros nom façom de vestir no ano mais de

dous pares de panos e seiam feitos os panos de tantos covodos per aquelha guisa que dito he dos ricos homens; e demais possam fazer de dous em dous anos huum tabardo ou rredondell ou *garavaija*, com foradura ou sem ella, se quiserem...» (Vasconcellos 2004: 443). Os cidadáns máis adiñeirados podían desfrutar dunha peza destas características, pero máis modesta e semellante a unha **capa** (*vid. s.v.*) de chuvia: «... E possa(m) fazer de dous em dous anos salvo estes pannos, huum tabardo ou huum rredondel ou huuma *garavaya* augadeira» (Vasconcellos 2004: 444). Posiblemente, este último tipo de garvaia sexa o que teñamos no exemplo deste estudo. De por parte, cómpre detérmonos na interpretación que a investigadora brasileira Vieira (2000: 756-757) fixo da cantiga profana xa mencionada ao poñela en relación cunha composición do trobador provenzal Piere Raimón de Tolosa, na cal a oposición saia/guarvaia podería estar relacionada cun tipo de tecido e non cunha peza da indumentaria como se ten apuntado.

Aínda que o noso contexto non nos transmite información das cores desta peza, tense afirmado que a garvaia era de cor vermella e tratábase dunha peza de luxo e elaborada de **escarlata** (*vid. s.v.*), do mesmo xeito ca a **garnacha** (*vid. s.v.*) ao ser empregada polas clases sociais máis altas do medievo, fundamentalmente a realeza (Vasconcellos 1920: 394).

Gutiérrez García (2006: 34) indica que, o mesmo que apuntou Tavani (1967), a cantiga de Pai Soares de Taveirós é unha desas cantigas cuxo subxénero resulta difícil de delimitar. Lopes (1998[2]) denominouna cantiga de escarnio de amor, como contratexto da cantiga de amor (2006: 37), do mesmo xeito que Rodiño Caramés (1997: 257). Brandão (2002) tamén a clasificou dentro dos escarrnios de amor. Para Gutiérrez García (2006: 49) a composición céntrase nos motivos da revelación da identidade da dona, o da beleza da dama e o da morte por amor, xunto á subversión burlesca da *description puellae*, que se recrea en presentar a amada en saia (*vid. s.v.* **saya**).

****

En textos galegos documentamos esta voz dende o primeiro cuarto do século XIII. O *DDGM* recolle un exemplo da forma guarvaya, correspondente á cantiga citada, en Vasconcellos *Ajuda*, onde se define como «vestuário de côrte, e de luxo, provavelmente de côr escarlata». Este mesmo exemplo cítase entre as voces do *TMILG* dende os anos 1220-1240, en que figura en *MedDB*: «E vus, filla de don Paay | Moniz, e ben vus semella | d ' aver eu por vós *guarvaya*? | pois eu, mia sennor, d'alfaya | nunca de vós ouve nen ei | valia d ' ũa correa» (A 38). Tamén se ofrece este mesmo contexto no *CMGP*, *CP 1300s-1900s* e Ferreiro *Glosario*. A este exemplo cómpre unir o texto portugués, xa citado, da pragmática dada por Afonso IV no ano 1340, os únicos que recollen este termo no dominio galego e portugués. Con todo, ofrécese como sobrenome dunha testemuña que se nomea en dous textos latinos pertencentes ao mosteiro ourensán de Melón, nos anos 1241 e 1247: «Santo Johanne testis, Martinus Petri testis, Petrus Johannis testis, Petrus *Garvaya* testis, Pelagius Petri filius ejus personarius» e «...qui presentes fuerunt: Fernandus Petri *Garvaya* testis; Gundisalvus Johannis miles de Benedicti testis; Petrus Muniz carpentarius...» - *CODOLGA*.

No que respecta ao galego moderno, non atestamos este termo en ningún dos repertorios consultados, nin na fala popular (*ALGa* e *TLPGP*) nin na escrita (*TILG CORGA* e *TILG*). No territorio español tampouco atestamos a presenza desta voz nos repertorios consultados.

As obras lexicográficas galegas das épocas moderna e contemporánea tampouco se fan eco desta voz, salvo os textos especializados no léxico medieval das composicións profanas, obras monográficas do trobador Pai Soarez de Taveirós (*vid.* Bertolucci Pizzorusso 1963 e Vallín Blanco 1996) ou estudos parciais da lírica medieval (*vid.* Piel 1948: 188-200; Lapa 1952 e 1953 e Soto Arias 1994: 70-81).

Nos repertorios lexicográficos do portugués a presenza deste termo é escasa. Localizámolo, como xa se indicou, no Priberam *Dicionário*. Por contra, as obras do español non o recollen nos seus lemarios (*NTLLE*).

A voz garvaia, da cal non temos documentación noutras linguas romances durante o medievo, tense vinculado á literatura no ámbito galego-portugués, posiblemente para denominar unha peza do vestiario cortesán. Amais, tamén se rexistra no medievo como sobrenome. O que está claro é que en Galicia, malia citarse nun testamento feminino de fins do século XIII, parece que a garvaia non foi quen de competir con outras pezas de uso exterior como capas (*vid. s.v.* **capa**), garnachas (*vid. s.v.* **garnacha**), mantos (*vid. s.v* **manto**), mantóns (*vid. s.v.* **manton**) e tabardos (*vid. s.v* **tabardo**), entre outros.

Cfr. s.v. **balandran**, **capote**, **capuzo**, **cerame**, **crotha**, **garnacha**, **manto**, **[opa]** e **tabardo**.

gibon → [2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER] [2.1.2 TRAXES PARA VESTIR O CORPO]

s.m. (der. de *aljuba* < do ár. andalusí *aljúbba* 'gabán con mangas' -*DCECH*, *s.v.* jubón, vol. III) 'xibón, antiga peza de roupa exterior coa que os homes cubrían o torso e puñan cinguida por riba da camisa'.

◦ **Gibon** (12): "Item mando mays ao dito Pero o meu *gibon*", Graña *Vilourente*, 1431-febreiro-28 [Vilamor. Mondoñedo] (Lu), doc. 215, OR.; "Iten mando a Gomez meu criado seu hirmao que lle den una capa de paño pardo de Castela e un *gibon*", *Col. doc. históricos*, 1435-[setembro-10. A Coruña], vol. I, doc. X, COP.; González Garcés *A Coruña*, 1435-setembro-10. A Coruña, COP.; "mando que lle dean un capuzo de pardo e un *gibón*", Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1439-maio-4. [Ourense], vol. I, doc. 74, OR.; "Dous pares de calças, hun *gibon* de fustan vello...", López Carreira *Fragmentos*, 1459-marzo-20. [Ourense], doc. D40a, OR.; "Dous pares de calças, hun gibon de fustan vello et outro *gibon* de seda ja usado", López Carreira *Fragmentos*, 1459-marzo-20. [Ourense], doc. D40a, OR.; "Item mando a Vasco Garçía o meu saquillo claro et *gibon* con el", Portela *Lugo XV*, 1463-xaneiro-8. Lugo, doc. 1151, OR.; "et mando… hun capuçon novo et hun *gibón* novo", García&Otero *Santo Sepulcro*, 1467-novembro-18. Pazos de Arenteiro [Boborás] (Ou), OR.; "Iten, mando a Pero, meu criado, pera ajuda de seu casamento, se quyser casar, seysçentos pares de brancas, e se por ventura este Pero, a tenpo de meu fignamento, estevese en miña casa, mando que lle dean un capuzo de pardo e un *gibón*", Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1439-maio-4. [Ourense], doc. 74, COP.; "Yten mando a Alvaro de Layan, meu criado, vna capa e vn sayo de palmillae un *gibon* de sultan", Sánchez *Álvaro Sánchez*, 1493-xuño-12. Santiago de Compostela (A Co), doc. 13, OR.; "Yten mando a meu criado Diego de Braille un *gibon* de fustan", Uriarte *Roi Xordo*, 1503-[xullo-4. A Coruña] {1457-decembro-24}. [A Coruña], COP.; González Garcés *A Coruña*, 1503, {1457-decembro-24}. [A Coruña], REP.

◦ **Giboos** (1): "Iten, preçaron… dous *giboos* e *calças*", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1474-[outubro-18. San Martiño de Broño. Negreira] (A Co), doc. XV, OR.

No noso *corpus* cítase a voz xibón en varios testamentos masculinos, nun feminino, de Inés García, nunha carta de taxación de bens de menores e no inventario do xastre Afonso Eans. A aparición desta peza no traxe civil europeo data de comezos do século XIV, en que se adaptou do traxe militar e se converteu nunha peza de vestir o corpo, de grande éxito entre as clases máis acomodadas, pero xeral entre toda a poboación. Variou de forma ata o século XVI e, como apunta Bernis (1979: 98), levábase sempre sobre a **camisa** (*vid. s.v.*). Cubría a metade do corpo ata a cintura, onde se suxeitaba coas calzas (*vid. s.v.* **[calça]**) mediante unhas

agulletas. De feito, as calzas son unha peza da indumentaria moi vinculada ao xibón, porque este cubría medio corpo para riba e, as calzas, medio corpo para baixo, e con ambas as dúas, o corpo quedaba totalmente axustado e enfundado. Aínda así, para a sociedade medieval só con esta roupa o corpo considerábase que estaba espido (Bernis 1956: 36). Por isto, o xibón quedaba oculto por outras vestimentas e as súas partes visibles eran o colar, que teso e duro rodeaba o colo, e as mangas. Posteriormente, no século XVI axustouse máis ao busto, en forma de corpiño alongado en bico sobre o ventre, como se pode ver na segunda imaxe que recollemos ao final da entrada, a cal se corresponde cunha peza feminina do século XVII. Co paso do tempo pasou a formar parte da roupa interior feminina, denominada *xustillo* ou *corpiño*, utilizada fundamentalmente para marcar a cintura e estilizar a figura da muller.

A propósito da elaboración dos xibóns, cómpre destacar que a súa feitura era difícil e custosa, e de aí a existencia dun oficio dedicado a tal mester, como era o dos *xiboneiros*, que coñecemos mellor a través das ordenanzas dos *xiboneiros* de Córdoba de 1478 e dos de Sevilla (Bernis 1979: 98). No relativo ao material de confección, en dous dos nosos exemplos indícase que o xibón estaba confeccionado en fustán (*vid. s.v.* **fustan**), tea grosa con pelo por unha das partes. Esta peza é legada por Inés García ao seu criado e, anualmente, polo fidalgo Roi Xordo das Mariñas, tamén ao seu criado, ata a súa morte; entendemos que de aí a elaboración máis basta e abrigosa desta peza, destinada a cubrir o corpo dun home encargado das diversas tarefas asumidas por un criado na Idade Media. Ao lado destes xibóns, feitos en teas grosas e utilizados para o traballo, existían outros máis sofisticados, sobre todo a partir do século XVI, que como explica Oliveira (1993: 25) eran confeccionados en **brocado** (*vid. s.v.*) de **prata** (*vid. s.v.*), de veludo (*vid. s.v.* **terçiopelo**), **seda** (*vid. s.v.*), **damasco** (*vid. s.v.*), tafetá e liño (*vid. s.v.* **lino**). Con todo, temos que ter en conta que é moi posible que a maior parte dos citados nestas concordancias non estivesen fabricados con teas tan luxosas. De por parte, en ocasións, as zonas visibles desta peza (as mangas e o colar) eran elaboradas con tecidos de mellor calidade ca o corpo, como así recolle frei Fernando de Talavera: «ya usan *jubones* de fustán, ya de fusteda; ya de seda, ya de paño, y aun nuestro tiempo para poco se tiene de brocado... En el buen tiempo collar y puñetes eran de otro paño» (Bernis 1979: 99). O colar, unha das partes clave desta peza, forrábase con varios lenzos ou engrudábase para conseguir que quedase ríxido. En Galicia os xibóns deberon ser bastante frecuentes cando nunha das ordenanzas da cidade de Ourense, destinada á elaboración das obras da ponte maior do río Miño (1439), se fai referencia á «sissa dos gibóos», na cal se regulaba que os vendedores desta indumentaria deberían pagar «duas brancas» como taxa (Ferro Couselo 1967: 422).

Das cores destas pezas non achegan datos os nosos contextos, pero imaxinamos que os tons serían naturais, próximos ao branco e beixe. Así e todo, en varios inventarios cítanse xibóns confeccionados en varias cores, o cal dá mostra da existencia das combinacións entre as diversas partes desta peza de roupa: «paño con medias mangas y collar de damasco carmesí», «grana morada con medias mangas y collar de terciopelo morado», o «brocado raso negro para los cuerpos, brocado negro para pelo para las mangas y collar» (Bernis 1979: 99).

Posteriormente, entre os séculos XIX e XX o termo xibón tamén denominou unha «especie de chaqueta de muller axustada ao pescozo, sen escote, adornada con puntillas» propia da vestimenta tradicional (Souto Pico 2003: 142, §219, *s.v.* xibón). Egido Fernández (2010: 100) indica que en León, os termos jubón, jugón, jubona, no Bierzo, Murias e Maragatería tamén se conserva está peza como peza do traxe típico feminino definido como «prenda del traje de la maragata. Cubre la parte superior del cuerpo. Es de paño lujoso y de color negro, muy ajustado y con botones en la parte delantera. En los puños lleva puntillas y abalorios» (Le Men 2002-2009, *s.v.* jubón, vol. IV).

****

No ámbito galego documentamos gibon dende o primeiro terzo do século XV. No ano 1431 dátase o primeiro testamento ofrecido nos nosos exemplos e tamén é a atestación máis temperá que ofrece o *TMILG*. Para o portugués, igualmente, os primeiros testemuños sitúanse no século XV. Da forma gibom o *Livro da ensinança de bem cavalgar toda sela ofrece o contexto: «*Do nosso corregymento receberemos ajuda ou torva no cavalgar, das soporas, atacar, feiçom do *gibom*, da roupa, cynger, e no que trazemos na cabeça»; gibõ tamén se cita no século XV no *Livro de Vita Christi em lingoagem português*: «e nom fallou do mantom porque mais necessario nos he ajnda o sayo pera nos cobryrmos que o mantom que anda em çima do *gibõ* ou do sayo». Da forma moderna gibão xa dá conta Fernão Lopes na *Crónica del rei dom Joham I de boa memória e dos reis de Portugal o décimo* recolle: «o Comde perdeo o mamtam e ficou em *gibão*» -*VHCPM*. Nese mesmo século, o *Cancioneiro Geral* de Garcia de Resende (1516) cita jubon: «Tam secretas las traya como sy fuessen de malha que quyen tal jnuençion alha halhara a quyen delharrya yo antes las sacarya em hũ *jubón* otra vez porjnuençion» -*CP 1300s-1900s*.

No galego moderno, na fala popular, o *TLPGP* ofrece un rexistro de xibón, como 'peza do vestido feminino antigo', no concello zamorano de Porto (Rodríguez 1974: 105). Non localizamos este termo no *ALGa* (pregunta 2.310: *Justillo, xustillo*), que atesta *xustillo* (peza de uso posterior) con presenza na maior parte do territorio galego e tamén en puntos de Zamora. *Xustillo* tamén se ofrece no García *Glosario* (1985) -*DD*. Na escrita, o *TILG* inventaría 61 ocorrencias do termo xibón, repartidas en 39 obras diferentes; con todo non todas ofrecen a acepción estudada, pois nalgúns casos fan referencia a 'unha peza do vestiario infantil'. Co significado que nos ocupa temos exemplos dende o ano 1859, en que se rexista na obra *Un día de desfertuna* da autoría de Barros Sibelo: «Vestínme limpa camisa, *xibón* negro cal chamizo, un calzón novo de rizo e dempois polaina lisa».

Entre os exemplos recollidos neste tesouro, son de destacar os ofrecidos por Rodríguez Cruz na obra *Trazos sobre a vestimenta tradicional no surleste de Ourense* (2004), en que este termo fai referencia a un tipo de chaqueta, como propuña o xa citado Souto Pico (2003: 142, *s.v.* xibón): «f) O *xubón*: Confeccionado en tea de piqué de algodón mouro ou de lanilla. Constituía unha verdadeira prenda de abrigo para protexer do frío da zona. Leva varios cortes e pinzas para axustar-se perfectamente ó corpo e realzá-la figura. Na parte dianteira adorna-se con abalorios, en forma redondeada sobre o peito. Pecha-se con botóns de cristal. As mangas son frouxas e adornan-se en...». Este mesmo significado aparece na obra *Servir era o pan do demo. Historia da vida cotiá en Galicia. Séculos XIX e XX* (2007) de Castro: «Existía unha ampla gama de prendas que a muller podía empregar para abrigar-se: capa, capote, mantela, manteleta, mantillica, mantón, parlamenta e touca. Lucía logo a chambra ou o *xubón* (*xibón*), ou ben dengue, chaqueta ou mantón de la, floreado ou de cachemir...». Outro dos repertorios consultados, o *CORGA*, inventaría 13 exemplos de xubón co significado de 'antiga peza de roupa con que os homes cubrían o torso e puñan cinguida por riba da camisa'. O primeiro contexto que recolle este repertorio data do ano 1991 e está na novela *Historia dun paraugas azul* de Miranda: «levaba un casco de ouro con círculos gravados, acabado en bico, coma unha boina, e un *xubón* vermello».

No territorio español, jubón está presente na lingua dende o século XIV. Na obra *Libro del caballero Cifar* (1300-1305) ofrécese o seguinte contexto: «…púsola en tierra ante sí & tiróse todas las armas que tenía y quedó en *jubón*» -*CDH*. A forma jubón atestámola entre os anos 1381 e 1418 no texto médico titulado *Sevillana medicina de Juan de Aviñón*: «Y en el inuierno el contrario / como quier que el *jubón* de algodon siempre es bueno / ca enel inuierno es caliente y en el verano es frio / en tal que non sea muy gruesso: y esta siempre guardado el cuerpo conel» -*CORDE*. Este *corpus* citado ofrece a variante gubon dende o ano 1585, en que se cita nun documento notarial, no cal se inventarían e taxan os bens de Sebastián Hernández, un maestro da arte da seda: «Yten, un *gubon* de gergilla biexo, 2 rreales». A propósito do *DCECH*, este rexistra por primeira vez a forma jubón no ano 1400. En textos escritos en español na coroa de Aragón durante o século XV,

temos testemuños de jubon entre os anos 1458 e 1467, na *Crónica de Aragón*: «camino fue largo y asaz peligroso. y el venia desfigurado con vn | *jubon* | de armas y vn caxquete en·la cabeça. y vestido tan pobremente» -*DiCCA –XV*. No *DEMi* figura gibón dende o ano 1487. Con posterioridade, fray Bernardino de Sahagún atesta xubón, entre os anos 1576-1577, na obra titulada *Historia general de las cosas de Nueva España*: «Y si no quisiere hazer *xubón*, haga una faxa de anchura de un palmo, o poco más, del mismo cuero con los lienços dichos, tan larga que [d]é una buelta justa al cuerpo igual, traçando con el *xubón*» -*CORDE*. Un século despois, no inventario de bens de Juan de Peñaranda de Burgo de Osma (Burgos), datado en 1612, recóllese o plural, xubones: «Dos *xubones* de lienço, biexos, rotos» -*CorLexIn*. Anos despois, en 1630, este repertorio ofrece jubón noutro inventario, neste caso feminino, relativo aos bens de Magdalena García, cidadá valisoletana: «Vn *jubón* blanco de mujer, de lienzo bueno». A partir desta data só atestamos este termo en textos casteláns que fan referencia á vestimenta doutras épocas. De feito, no século XX, o *CREA* compila 103 exemplos da voz jubón dende o ano 1977 en que se cita nun artigo xornalístico de *El País*: «En la sesión del miércoles en las Cortes el señor Carrillo subió a la tribuna con el *jubón* de Sancho Panza y explicó a una parroquia de quijotes doloridos una doctrina de mesón, de fonda camionera, un discurso de las armas y de las letras de cambio según la versión que traen los arrieros».

Con respecto á lexicografía galega, a forma jibón está presente dende a época premoderna (1863-1985). Cítase no Valladares *Suplemento* (1896-1902) e no Otero *Vocabulario Piquín* (1977); xubón recóllese no Acevedo&Fernández *Vocabulario* (1932) e, finalmente, xibón tamén se ofrece no Acevedo&Fernández *Vocabulario –DD*. Con posterioridade, as obras modernas, de corte normativo, publicadas a partir de mediados dos anos 80 achegan esta voz para definir a 'antiga peza de roupa para cubrir o torso que se puña sobre a camisa'.

A lexicografía portuguesa faise eco deste termo dende comezos do século XVII. As formas gibão e jubão cítanse, aínda que non como lema, no Barbosa *Dictionarium* (1611); ambas as dúas tamén están presentes no Bluteau *Vocabulario portuguez e latino* (1712-1728) e no Folqman *Diccionario* (1755). A eles cómpre engadir o Pereira *Prosodia* (1697) que ofrece gibão e o Cardoso *Dict. Latinolusitanicum* (1569-1570), que cita jubão. Da variante gibao, como peza da armadura, temos presenza no Franco *Indiculo* (1716), onde se cita «gibao de malhas» --*CLP*.

Para o léxico español, os repertorios lexicográficos recollen a entrada jubón entre as voces inventariadas dende finais do século XV. A primeira aparición desta voz está no *Vocabulario español-latino* (1495) de Nebrija -*NTLLE*.

Na actualidade a voz xibón está practicamente en desuso co significado co que contaba no medievo. Entre os séculos XIX e XX utilizouse este termo para denominar un tipo de chaqueta axustada de uso entre as mulleres. A súa versión posterior, sempre como peza feminina, foi o xustillo[198] ou corpiño, que se mantén como peza do traxe rexional galego e, en menor medida, como roupa interior, aínda que para este último uso está bastante estendido o galicismo *corset* e, incluso, *corselet*, este último pechado con cordóns e moi asociado á estética gótica. Na actualidade a voz

Cfr. s.v. **gobete**, **pelote**, **saya** e **sayo**.

[198] Hoyos Sancho (1971: 41) define esta peza como «Especie de chaleco de muller de mahón, baeta, pano, lenzo ou, nos casos máis modestos, candil, moi axustado xeralmente con baleas, coas costas moi entalladas e marcado escote, que se axusta por diante cun cordón e ten cortinas para os seos» (*ápud* Souto Pico 2003: 142 *s.v.* xustillo).

Reprodución dun xibón medieval[199]

Xibón feminino do século XVII (Museo do traxe de Madrid)[200]

Home con xibón azul (á esquerda) na pintura mural da Catedral de Mondoñedo, en que se representa o martirio e a crucifixión de San Pedro (s. XV)[201]

[gllanda] *s.f. vid. s.v.* **[yrilanda]** → **[2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER]**

[199] En liña: *https://www.pinterest.com/pin/550142910702554531/* [Consulta: 18 de abril de 2019].
[200] En liña: *http://domuspucelae.blogspot.com.es/2011/04/historias-de-valladolid-sayones-de-la.html* [Consulta: 18 de abril de 2019].
[201] En liña: *http://rinconesdelamarina.blogspot.com.es/2014/12/pinturas-murales-de-la-catedral-de_80.html* [Consulta: 18 de abril de 2019].

gobete → **[2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER] [2.1.2 TRAXES PARA VESTIR O CORPO]**

s.m. (posiblemente do lat. tardío GUNNA 'saia'; foi orixinariamente un diminutivo –González Ollé 1962: 170) 'gonete, peza de vestir feminina de medio corpo, axustada, que chegaba algo máis abaixo da cadeira e adoitaba levar mangas' -Štrbáková, Radana (2007: 181).

> ◦ **Gobete** –posible erro de lectura- (1): "Item lle mando hua manta de Aragón e outra manta de Sevilla, e dous cabeçaas e huun feltro e huun *gobete* de prana", Armas *Pontevedra*, 1449-xullo-25. [Pontevedra], doc. 39, OR.

No testamento de Pedro de Santo Antón noméase un «*gobete* de prana», que entendemos que se trata dun erro de lectura por «gonete de grana». Neste caso non localizamos o documento no Arquivo do Museo de Pontevedra e, polo tanto, foinos imposible comprobar a lectura do editor.

Esta peza da indumentaria, de uso feminino, foi clasificada por Bernis (1987: 14) como unha peza para vestir o corpo. Štrbáková, Radana (2007: 182) e González Ollé (1962: 167) destacaron a pouca documentación que existe sobre o gonete e as inadecuadas definicións que ofrecen as obras lexicográficas. Sexa como for, hoxe en día sabemos que o gonete formou parte da indumentaria feminina do medievo; cubría o torso ata algo máis abaixo da cadeira e tiña mangas, que podían ser longas ou curtas. De feito, en contextos que se achegan no Gual *Voc. comercio* menciónanse un «*gonete* de mangas largas» (1485) e un «*gonete* con mangas anchas» (1496). Polo tanto ademais de longas as mangas podían ser anchas e, incluso, abertas, como se cita no Inventario da recámara da raíña dona Xoana (1545) –González Ollé 1962: 169.

Bernis (1956: 84), ao comentar a indumentaria na obra pictórica coñecida como *O Nacemento da virxe de Berruguete* refírese ao uso desta peza entre os séculos XV e XVI e explica que a cantidade de tea empregada para facer gonetes, variaba entre «vara y cuarta, vara y dos tercios y vara cuatro dozavas, mientras que sólo las faldillas ou faldetas, que no tenían cuerpo, necesitaban entre cuatro y siete varas de tela».

No noso exemplo, o material empregado na confección do gonete foi a grana (*vid. s.v.* **prana**), tecido de la (*vid. s.v.* **laan**) ou **pano** (*vid. s.v.*), caracterizado pola súa finura e cor encarnada. Con todo, no inventario que ofrece Gonzalo de Baeza, tesoureiro da raíña Isabel «a Católica» cítanse pezas elaboradas con veludo (*vid. s.v.* **terçiopelo**) de diversas cores, entre as que destacan o negro, o carmesí, o verde, o azul e o morado. Tamén se confeccionaron de raso (*vid. s.v.* **rraso**) e *saetí*, un tipo de tea lustrosa (*DHTT*, *vid. s.v.* saetí, saetín/ *) e, en ocasións, podían ir forrados de peles coma as de armiño e cordeiro.

****

No territorio galego a única atestación que temos desta voz está no noso exemplo, polo tanto tomamos a segunda metade do século XV, en concreto, do ano 1449, como a primeira datación. No portugués non documentamos gonete nin a forma gobete (*CP 1300-S1900S* e *VHCPM*).

Con respecto ao galego moderno, neste período tampouco localizamos rexistros da voz estudada nin na oralidade (*ALGa* e *TLPGP*) nin na escrita (*CORGA* e *TILG*).

Por contra, o español documenta gonete dende o terceiro cuarto do século XV. O primeiro testemuño está na obra na obra anónima titulada *Cuentas de Gonzalo de Baeza, tesorero de Isabel la Católica* (1477-1491), que inventaría 78 ocorrencias desta voz: «Vna vara de terciopelo carmesy para vn *gonete*, 2.950 mrs» -*CDH*, *CORDE* e Gual *Voc. comercio*. Un século despois, no codicilo testamento de Dª Brianda, de Guadalajara (1534) figura o seguinte contexto: «çinco varas e

media de terçiopelo para guarneçella e para un *gonete* y tres varas de rraso de color para un cos y diez varas de tafetan para un manto» -*CDH* e *CORDE*. Na obra de Martínez de Burgos, *Repertorio premáticas y cortes* (1551) tamén se ofrece este termo: «Y en lo de las sedas mandamos que los oficiales menestrales de manos, en estos reynos, no traygan ni puedan traer seda alguna, excepto si quisieren traer jubones, o caperuças, o gorras, o bonetes, y sus mujeres coses o *gonetes* de seda» -*DICTER*. A partir do século XVI deixamos de testemuñar rexistros deste termo, polo que entendemos que debeu caer en desuso. Idea referendada polo *DICTER* ao indicar que o *cos* e o gonete desaparecen antes da segunda metade do século XVI.

No tocante á lexicografía galega, gonete está presente dende a época premoderna (1863-1985). Figura no Cuveiro *Diccionario* (1876) e no Filgueira et alii *Vocabulario* (1926) como sinónimo de «zagalejo» –*DD*. As obras de corte normativo, publicadas a partir de mediados dos anos 80 do século pasado, non achegan o termo estudado entre os seus lemas.

Os repertorios lexicográficos portugueses (*CLP*) non dan conta deste termo coa acepción estudada. Por contra, as obras lexicográficas do español ofrecen gonete dende o século XIX, en que se recolle no dicionario da Real Academia Española do ano 1803 (*NTLLE*), aínda que cunha definición pouco precisa sinónima de «zagalejo».

O gonete foi unha peza da vestimenta feminina que se usou, principalmente, durante os séculos XV e XVI.

Cfr. s.v. **gibon**, **pelote**, **saya** e **sayo**.

Gonetes[202]

gonete *s.m. vid. s.v.* **gobete** → **[2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER] [2.1.2 TRAXES PARA VESTIR O CORPO]**

[gorniçido] *adx. vid. s.v.* **[gornjçido]** → **[3.3 ELABORACIÓN]**

[gornjçido] → **[3.3 ELABORACIÓN]**

[202] En liña en: *http://aulamedievalindumentaria.blogspot.com/2015/04/trajes-de-debajo-mujer.html* [Consulta: 18 de abril de 2019].

adx. (der. de *gornecer* < do xerm. WARNJAN 'amoestar, advertir') 'gornecido, que vai adornado con algún accesorio ou ornamento'.

> ◦ **Gornyçido** (1): "Jten vn frontal negro *gornjçido*", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.
>
> ◦ **Gornjçida** (1): "Vna mitara rica pontifical de prata esmaltada dourada | *gornjçida* de alxofar", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.
>
> ◦ **Guarnida** (1): "Iten mando a o moesteyro de Sant Martiño outra vestimenta nova de lenço *guarnida* ansi mismo para que este enno dito monesterio", Sánchez *Álvaro Sánchez*, 1493-xuño-12. Santiago de Compostela (A Co), doc. 13, OR.
>
> ◦ **Gornjçidos** (1): "Tres amjtos *gornjçidos* de brocado colorado", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.
>
> ◦ **Gorniçidas** (1): "Item cinquo bestimentas as tres delas *gorniçidas* nas mangas et faldas de seda con suas stollas et manipulos de çendal et de panno de seda…", Pérez *Codeseda*, 1419-xaneiro-14/novembro-16. [Codeseda. A Estrada] (A Co), COP.

Nos testamentos femininos de Elvira Eanes e Inés García e no reconto de bens da Catedral de Ourense cítanse as formas gornyçido, gornjçida, guarnida, gornjçidos e gorniçidas, que fan referencia aos 'adobíos que acompañaban a algúns dos ornamentos (*vid. s.v.* **ornamento**) litúrxicos'. En concreto, atopamos uns amictos (*vid. s.v.* **amjto**), unha mitra (*vid. s.v.* **mitara**) e unha **vestimenta** (*vid. s.v.*); a eles, engádese un **frontal** (*vid. s.v.*) para o altar.

Durante o medievo as gornicións adoitaban bordear o escote e as mangas da indumentaria coa finalidade de servir de elemento de diferenciación social nunha época en que o estatus debía quedar perfectamente marcado. Normalmente as pezas máis ricas ían gornecidas con bordados (*vid. s.v.* **bordado**) en fíos de **ouro** (*vid. s.v.*), **prata** (*vid. s.v.*) ou **seda** (*vid. s.v.*) e, en ocasións, tamén se incorporaban pedras preciosas. Por exemplo, nos nosos contexto cítase o alxofre (*vid. s.v.* **algofre**) e o **brocado** (*vid. s.v.*) colorado. Amais, tres das cinco vestimentas da sé ourensá ás que se fai referencia no inventario están «*gorniçidas* nas mangas et faldas de seda».

Estes adornos adoitaban ser dunha cor diferente á do resto do tecido da vestimenta ou pano e así buscar o contraste de tonalidades, ben a través dos fíos metálicos, ben utilizando fíos de seda con diverso colorido. De feito, xa recollemos baixo a entrada **orillado** (*vid. s.v.*), unha disposición suntuaria na cal no ano 1234 se prohibe o uso de gornicións de cores: «mando que ninguna mujer… nin traya tocas orelladas con oro, nin con argent, nin con otra color nenguna, sinon blancas: mas mando que trayan arminnos, é nutras como quisieren» (Sempere y Guarinos 1973: 89, vol. I).

****

No territorio galego o rexistro máis temperán que temos da forma guarnida data de finais do século XIII ou comezos do XIV. Na *Cr. Gral* (1295-1312) cítase: «Et deullj hũa loriga et hũa espada toda *guarnida* et brafaneyras et [hũu] perpõto muy nobre». Con respecto a gorniçidos, este adxectivo data do segundo terzo do século XIV. Na *Cr. Troiana* e no Parker *VCT* (1370-1373) recóllese o seguinte contexto: «Et vijnã moy ben *gorniçidos* de toda cousa que mester aujã» -*DDGM* e *TMILG*. Na lingua veciña os primeiros testemuños deste termo datan da primeira metade do século XIV, en que figura na *Crónica geral de Espanha de 1344*: «E que outrossy viinha ben *guarnido* d'armas e bastecido de mantiimẽtos, segũdo con viinha pe ra tal feito, mas que fosse certo que viinha

sobr' ella gram poder de Tamar e de Cepta e de Sevilha per mar e per terra e que lhes mandasse acorrer» -*CP 1300-1900*.

No galego moderno, na escrita, o *TILG* atesta o adxectivo guarnecido (*s.v.* gornecer) a finais do século XIX. Na revista *A Fuliada* nº 19 (7 de xuño de 1888) cítase: «Era-vos un esquirbano longo, enxoit' e moi osudo, que vistía de chaqueta marel' e de pano burdo, chaleco de terciopelo con codia por xunt' ós bulsos e ó derredor *goarnecido* por cadea d'ouro puro que daba volt' ó pescozo». Da forma garnidas temos mostra dende o segundo terzo do século XX, en que Blanco Amor no *Poema a catro tempos a un pescador galego* (1931) recolle: «E randas de *garnidas* galas novas bordan longo as agullas escumadas das ledas maresías, para vestir teu corpo na comunión primeira co día e máis coas ágoas».

O español conta, para a nosa acepción, con atestacións da forma guarnido dende finais do século XIII. De feito na *General estoria* afonsina (c. 1280) faise referencia a: «el lecho *guarnido* de pannos de peso texudos con mucho oro. & a muchas figuras de animalias & de al. & muy fermosas» -*CORDE*. Da forma guarnesçido os testemuños datan do primeiro cuarto do século XV. Villena na obra *Los doze trabajos de Hércules* (1417) refírese á pel corida dunha serpe e fai alusión ás tonalidades da tea: «ha manera de prado de flores *guarnesçido* & de labores de paño de sirgo fermosas conpone la piel de la engañosa sierpe» -*CDH*. En documentos escritos en español na coroa de Aragón tamén localizamos este adxectivo, coa nosa acepción, dende finais do século XV, cando aparece na *Crónica de Aragón* de Vagad (1499): «al palacio del papa el sancto padre les mando aparejar dos ricas sillas | *guarnecidas* | de brocado puestas en mas honrroso y mas alto logar que el asiento» -*DiCCA –XV*. Un século despois, no inventario de bens de Juan de Castroviejo (Navarrete, La Rioja), do ano 1545 cítase: «Vn manto de refino *guarneçido*, bueno» -*CorLexIn*. Ademais, no *Repertorio universal leyes de Castilla* (1553), da autoría de Celso, atopamos os seguintes contextos: «En el Principado de Asturias, las mujeres que vivieren en el dicho principado y quatro sacadas pueden traer en sus ropas de vestir bronchas de plata, y esmaltes de plata doradas y blancas, y botones de plata blancos y dorados, e texillos de seda hechos y texidos con cuerdas de hilo por cintas, *guarnescidos* de plata» «Y aun quando los reyes hazían cortes o en las grandes fiestas, acostumbraban de traer corona de oro *guarnecida* de piedras preciosas» -*DICTER*. No século XX, a xulgar polos exemplos ofrecidos polo *CREA*, que achega só 40, parece tratarse dun adxectivo cun uso bastante restrinxido.

A propósito da lexicografía galega, esta dá conta deste termo dende a época premoderna (1863-1985). En concreto, temos gornido, -a e gornicido, -a no Eladio *Diccionario* (1958-1961) –*DD*. Noutras obras recollidas no *DD* ofrécese como lema o infinitivo gornir ou guarnir. Con posterioridade, a maior parte das obras, de corte normativo, publicadas a partir dos anos 80 do século pasado van ofrecer como lema o infinitivo *gornecer* e *guarnecer*.

Nos repertorios do portugués localizamos guarnecido dende o primeiro cuarto do século XVIII, en que figura no Bluteau *Diccionario castellano* (1721) –*CLP*.

As obras lexicográficas do español recollen o adxectivo guarnecido dende finais do século XVI, en que se ofrece como lema na obra *Bibliothecae hispanicae pars altera* (1591) de Percival. No entanto, o infinitivo guarnecer está presente un século antes no *Vocabulario español-latino* (1495) de Nebrija –*NTLLE*.

No século XXI as gornicións séguense utilizando nas diversas pezas do vestir, pero tamén nos complementos, no calzado e, incluso, no enxoval (*vid. s.v.* **axuar**) doméstico máis sofisticado.

Cfr. s.v. **açintillado**, **bordado**, **enforrado**, **[laurado]**, **orillado** e **rraso**.

**Barrete de Fernando de la Cerda (anterior a 1275)
gornecido con alxofar, vidro e fíos metálicos;
custodiado no Museo de las Telas Medievales, sito
no Monasterio de Santa María la Real de las Huelgas de Burgos[203]**

gornyçido *adx. vid. s.v.* **[gornjçido]** → **[3.3 ELABORACIÓN]**

[grana] *s.f. vid. s.v.* **prana** → **[3.1 TECIDOS]**

[203] En liña en: *http://www.patrimonionacional.es/colecciones-reales/categorias/detalles/8197/Birrete%20de%20don%20Fernando%20de%20la%20Cerda/344* [Consulta: 18 de abril de 2019].

gremjal → **[2.4 ORNAMENTOS LITÚRXICOS]**

s.m. (der. de *gremio* < do lat. GRĔMĬU 'regazo, seo' –*DELP*, *s.v.* gremial, vol. III) 'gremial, pano cadrado que os bispos e sacerdotes puñan sobre os xeonllos en determinados actos litúrxicos'.

> ◦ **Gremjal** (1): "Vn *gremjal* de seda con súas frocaduras de todas colores | verde", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

Un dos ornamentos litúrxicos inventariados no noso *corpus* é o gremial, que se cita no reconto da Catedral de Ourense. Durante a Idade Media, fundamentalmente nos séculos XIII e XIV, este pano de forma cadrada ou rectangular colocábao o bispo nos xeonllos cando celebraba o pontifical sentado, pero dende o século XIV levárono nas procesións o sacerdote, diácono e subdiácono e recibiu o nome de mandil procesional, por ir atado ao redor da cintura a modo de mandil[204].

O gremial que se cita neste exemplo é de **seda** (*vid. s.v.*), entendemos que verde, e leva bordados (*vid. s.v.* **bordado**) de todas as cores. Posiblemente este crisol de tons tivese, amais do verde, as recoñecidas como cores litúrxicas: branca, morada, vermella, negra e rosa. As teas preferentes para a elaboración destes panos (*vid. s.v.* **pano**), ademais da seda, tamén era o liño (*vid. s.v.* **lino**), dependendo do uso, máis cotián ou máis solemne. A cor por excelencia, segundo o rito romano, sería a branca, pero tamén existiron gremiais con colorido coma o que se cita no inventario da catedral ourensá.

****

No territorio galego, os *corpus* consultados (*CODOLGA*, *DDGM* e *TMILG*) non ofrecen testemuños da voz gremial. Polo tanto, podemos considerar a última década do século XV (1493), a do noso exemplo, como a data da primeira atestación. Para o ámbito portugués o *CP 1300s-1900s* e o *VHCPM* tampouco atestan este termo na baliza cronolóxica que abarcan.

No galego escrito en época moderna non atopamos testemuños deste termo coa acepción do noso contexto (*TILG* e *CORGA*).

En textos españois, gremial documéntase por primeira vez, aproximadamente, a mediados do século XV. Entre 1443 e 1492 cítase na obra anónima titulada *Documentos para la Historia del Arte del Archivo de la Catedral de Santo Domingo de la Calzada*: «Et bien queremos algunas cosas dellas non vos las enbiar tan bien rreparadas commo las rresçeuimos por plasçer a Nuestro Señor que lo nos emendaremos en costa que en mas quantidad sera a seruiçio e pro de ese Cuerpo santo. Mas vos enbiamos vn *gremial*» -*CORDE* e *CDH*. Por contra, o *CE 1200s-1900s* non recolle este termo ata o século XIX, en que Saavedra, duque de Rivas, o ofrece na obra que leva por título *El moro expósito o Córdoba y Burgos en el siglo décimo* (1828): «Llegaron a San Dionís con música, fiesta y galas, a cuya puerta el obispo de pontifical estaba, con su guión y *gremial*, alba, mitra, estola y capa». Esta atestación, coa acepción do noso contexto, é a última que recollen os repertorios consultados; a partir de aquí é unha voz en desuso no español.

No tocante á lexicografía galega, as obras compiladas no *DD* non ofrecen gremial coa nosa acepción, unicamente o Eladio *Diccionario* (1958-1961) recolle gremial, pero co significado de 'individuo dun gremio'. Con todo, os dicionarios normativos galegos xurdidos a partir dos anos 80 do século pasado fanse eco desta voz no seu lemario coa acepción que posúe no contexto estudado.

[204] En liña: *http://liturgia.mforos.com/1767119/8484216-el-gremial/* [Consulta: 18 de abril de 2019].

Para o ámbito portugués, as obras lexicográficas teñen entre as súas entradas gremial dende o século XVIII, en que figura no Bluteau *Diccionario* (1721) –*CLP*.

As lexicografía española tamén ofrece esta entrada dende o século XVII, en que Covarrubias publicou o seu *Tesoro de la lengua castellana o española* (1611) –*NTLLE*.

Na actualidade, os bispos seguen empregando esta peza, confeccionada en liño branco, só en determinados casos: para usar o óleo sagrado cando están sentados e no lavatorio dos pés do xoves santo, entre outras funcións.

Cfr. s.v. **[corporal]** e **ornamento**.

Gremial[205]

Gremial lisboeta do século XVIII[206]

[grilanda] *s.v. vid. s.v.* **[yrilanda]** → **[2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER]**

[205] En liña: *http://liturgia.mforos.com/1767119/8484216-el-gremial/* [Consulta: 18 de abril de 2019].
[206] *Ibídem*.

guadamecil → **[3.2 OUTROS MATERIAIS] [2.4 ORNAMENTOS LITÚRXICOS]**

s.m. (do ár. hispánico *ḡadamisí* e este do ár. *ḡadāmisī*, que procede de Ghadamés, cidade de Libia onde se elaboraba –*s.v. guadamecí*, *DCECH*, vol. III) 'guadamecí, coiro adornado con debuxos de pintura ou relevo'.

> ◦ **Guadamecil** (1): "Outro frontal de coyro de *guadamecil* dourado de labores de | brocado", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

Nesta entrada achegámonos á voz guadamecí, empregada para denominar un tipo de coiro, de tradición árabe, decorado con pinturas ou relevos de diversas cores e considerado na Idade Media como material de luxo.

O guadamecí é a pel de carneiro curtida sobre a que se desenvolve unha técnica decorativa que consiste na aplicación dunha lámina de **prata** (*vid. s.v.*), que despois de ser brunida recibe un verniz amarelo (*corladura*) para conseguir o efecto brillante de **ouro** (*vid. s.v.*), sobre o que se labra con relevos e se pinta con cores ao óleo. Outras técnicas decorativas aplicadas sobre este coiro son o gravado, repuxado, modelado ou rebaixado, *ferreteado* e, máis tardiamente, o estampado. Amais, e como así figura no noso exemplo pertencente á Catedral de Ourense, en que se cita «un frontal de coyro de *guadamecil* dourado de labores de brocado», cómpre destacar, seguindo a Ferrandis Torres (1955: 36), que nos séculos XV e XVI utilizáronse os tipos de **brocado** (*vid. s.v.*) inspirados na industria téxtil. O autor indica que o gusto por esta decoración obedeceu, probablemente, ao desexo de substituír o tecido nos paramentos dos cuartos e nos frontais (*vid. s.v.* **frontal**) dos altares por un material cuxa duración fose maior.
Os ornamentos que presentaba este material variaba dende os temas de moda utilizados nos tecidos, ata motivos típicos da arte musulmá, relixiosa, do plateresco e, co paso dos séculos, imaxes de inspiración francesa.

A propósito dos centros produtores de guadamecís, Paz Aguiló (2008: 332) indica que os máis importantes localizáronse nas cidades andaluzas e levantinas, a pesar de ser Córdoba a cidade máis destacada, cuxo escudo conta coa presenza do coiro. Noticia disto dána as numerosas ordenanzas do gremio que se ditaron nesta cidade, as cales rexistran unha produción de guadamecís ata ben entrado o século XVII. Ao lado desta cidade, está Córdoba, Sevilla, Granada, ás que se unen Toledo, Valladolid, Valencia e Barcelona, cuxo máximo apoxeo tivo lugar no século XVI.

En ocasións, o guadamecí é asociado ao *cordobán*, que toma o nome da cidade de Córdoba; con todo, este último é máis basto, ao ter como base a pel da cabra e ser utilizado para a elaboración de calzado, asentos, arcas e outras pezas do enxoval doméstico (Lorenzo Rumbao 2001: 1).

****

No ámbito galego as primeiras atestacións desta voz datan de finais do século XIII e comezos do XIV. Na *Cr. Gal* (1295-1312) cítase: «Et, en quanto Martin Antolines foy a Burgos, mandou o Çide tomar duas arcas bẽ cubertas cõ ***godomeçil*** et mandoas encher de area, et ençima poer muytas pedras preciosas» *-DDGM* e *TMILG*. No territorio portugués temos testemuños, en textos escritos en latín, dende o segundo terzo do século XII; de feito, no ano 1145 documentamos a forma gudemiciz: «osas bonas *gudemiciz* pro Iº morabitino» na obra *Portvgaliae monvmenta historica a saecvlo octavo post christvm vsque ad qvintvmdecimvm. Leges et consuetudines* (*Gr. Gal -DDGM*). Xa no século XIV, figura godomicil na *Crónica geral de Espanha de 1344* (1300-1400): «duas arcas cubertas de *godomicil* e bem ferradas» *-CP 1300S-1900S*. Trátase dunha voz con diversas variantes gráficas,

tanto no galego coma na lingua veciña; por exemplo, na *Cr. Gal* faise referencia ás seguintes formas, tiradas fundamentalmente de textos portugueses: godomeçjl («It. duas chumellas de cojro e hum *godomeçjl* de cojro»), godemecil («e 7 coxis de raz e 3 de *godemecils*»), godameci («e 11 panos de armar de *godameci*s»), guodamjci («mandou desmanchar todos os seus *guodamjcis* dourados e davalhos pera elas e pera luvas») e goadameçins («synquo *goadameçins*»).

No galego moderno, na escrita, os primeiros testemuños, e únicos, da voz estudada ofrecidos polo *TILG* datan de comezos do século XXI, en concreto de 2001. Gallego na obra titulada *A cidade de Ourense. Unha visión a través dos séculos* recolle os seguintes contextos, onde queda constancia de que na tenda do mercador ourensán Pedro Cotán se venderon guadamecíes e cordobáns, segundo un inventario datado en 1575 (Lorenzo Rumbao 2001: 3). Os contextos que ofrece a editora citada son os seguintes: «casullas de terciopelo e brocatel, *guadamecís* e cordobáns, tapices, arreos de mulas, etc» e «tiña un frontal de guadamecí». De por parte, no *CORGA* tamén contamos cun único exemplo da voz guadamecí, que se cita na novela de Vázquez Xil, datada en 1996, titulada *A da alba sería*: «E cando levaban como dúas leguas de camiño axuntóuselles nunha encrucillada un home de bon porte, de cabelos prateados, xinete nun brioso cabalo con arreos e alforxas de *guadamecí* e espada en vaíña».

En textos casteláns, documentamos por primeira vez guadamecís no segundo terzo do século XII, en que se cita no *Poema de Mío Cid* (1140): «los *guadamecís* bermejos e los clavos bien dorados» -*CDH* e *DCECH* (*s.v.* guadamecí, vol. III). Unha década despois, Sancho Izquierdo na edición de *El fuero de Molina de Aragón* ofrece o termo guadamacin por primeira vez entre os anos 1154 e 1156: «El mercader que uiniere a Molina peche portatgo... por carga de cordouán et de *guadamacin*, vn maravedí» -Gual *Voc. comercio*. Con posterioridade, aproximadamente no ano 1250, o *DEMi* inventaría a variante guardamenci. De por parte, damos conta da forma guadameçi entre os anos 1218 e, aproximadamente, 1250 no *Fuero de Zorita de los Canes*: «El çapatero que çapatos carnerunos por de cordouan, o uadana por *guadameçi* uendiere, peche I marauedi al querelloso et al preboste delos çapateros…»; da forma guadameci, aproximadamente dende o ano 1296, ano en que aparece citada no *Fuero de Alcaraz*: «(a) El çapatero que los çapatos carnerunos por cabrunos, o sardon por cordouan, o badana por *guadameci* uendiere, peche .I. morauedi al querelloso e al preoste de los çapateros, si el querelloso prouar pudiere; si non, salue se assi como fuero es». A variante guadamecil é documentada entre os anos 1381 e 1418, en que se atesta na obra médica *Sevillana medicina de Juan de Aviñón*. De guadameçil temos exemplos dende o ano 1400, en que figura na *Biblia Escorial I-j-4: Pentateuco*: «tynto bermejo, e lino, e cabruno, e cueros de carrneros colorados e cueros de *guadameçil*, troxeron» -*CORDE*. Esta mesma datación é a proposta polo o *CE 1200s-1900s*. No século XVII, localizamos a forma do español actual, guadamecí, no inventario dos bens de Francisco Sánchez Chaparro (Potosí, Bolivia), do ano 1625: «Yten una sobremesa bieja de *guadamecí*» -*CorLexIn*. Xa no século XX, o *CREA* ofrece un exemplo da voz guadamecí datada en 1996 e extraída dun texto anónimo titulado *España de punta a punta*: «Por su parte, el arte de repujado del cuero se realiza en dos formas distintas, al *guadamecí* y al cordobán. La diferencia entre ambas radica en que la labor esté coloreada o no».

Nas obras lexicográficas galegas consultadas (*DD*, *DRAG* e *GDXL*) non atestamos esta voz.

Por contra, os repertorios lexicográficos do portugués, contan coa voz guadameci dende o primeiro cuarto do século XVIII, en que figura no Bluteau *Vocabulario portuguez e latino* (1712-1728) –*CLP*.

A propósito da lexicografía española, esta faise eco deste termo dende comezos do século XVII, en que está presente no *Tesoro de las dos lenguas francesa y española* (1607) de Oudin – *NTLLE*.

A arte do guadamecí dende o século XVII entrou nun proceso de paulatina decadencia en España, onde foi substituída por tecidos e papeis pintados, con todo e, a pesar de non tratarse dunha voz de uso moi frecuente na lingua, consideramos que é unha eiva que os dicionarios galegos non recollan este termo entre as súas entradas. De feito, na comunidade andaluza varias empresas ofertan na actualidade obxectos decorativos realizados en guadamecí.

Xoieiro de guardamecí[207]

guarnacha *s.f. vid. s.v.* **garnacha** → **[2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER]**

[guarnido] *adx. vid. s.v.* **[gornjçido]** → **[3.3 ELABORACIÓN]**

[207] En liña: *http://lexicoon.org/es/guadameci* [Consulta: 18 de abril de 2019].

H

habito *s.m. vid. s.v.* **abeto** → [2.4 ORNAMENTOS LITÚRXICOS]

hábito *s.m. vid. s.v.* **abeto** → [2.4 ORNAMENTOS LITÚRXICOS]

[haurela] *s.f. vid. s.v.* **orela** → [3.3 ELABORACIÓN]

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

(I), J, Y
(consoante)

[joia] → **[2.3 COMPLEMENTOS]**

s.f. (do fr. antigo *joie*, der. de *joiel* (actualmente *joyau*) e este do lat. vulgar *JOCALE, der. de JOCUS 'xogo' -cambio semántico -*DMF*) 'xoia, obxecto de adorno feito con metal valioso finamente traballado, en que se adoitan engastar pedras preciosas, perlas etc.'.

> ◦ **Joias** (2): "Jten mando a Catalina d'Abillis, mjña criada… a vchiña pequena en que ten súas *joias*", Lorenzo *testamentos*, 1497-novembro-1. [Cee] (A Co), COP.; García Oro *Diego de Muros III*, 1497-setembro-4. Cee (A Co), doc. 23, COP.
>
> ◦ **Joyas** (1): "...que Leonor Alonso haya la mitade, e de ganados e de oro e prata e *joyas* de su persona", Otero *Quiroga*, 1489-maio-27.Carballedo. [O Hospital. Quiroga] (Lu), doc. 49, OR.

Como indican Cabana Outeiro e Veiga Díaz (2002: 288), lamentablemente poucas xoias da Idade Media chegaron ata os nosos días, e as que chegaron basicamente están ligadas ás institucións relixiosas. As pertencentes aos enxovais (*vid. s.v.* **axuar**) laicos e destinadas ao ornamento persoal perdéronse; por un lado, debido ás divisións do patrimonio familiar e, por outro, a causa da súa refundición para crear pezas novas. Esta última opción, apuntada por Lemeneva e Sallay (2001: 1) parécenos menos habitual na Galicia do medievo, algo máis afastada das tendencias da moda, máis en voga nalgunhas cidades de Italia e Francia; con todo, temos noticia no testamento de María Eanes, alcumada Gibarra, pertencente ao cenobio de Melón[208], da restauración duns aneis introducíndoos nun baño de **ouro** (*vid. s.v.*) e **prata** (*vid. s.v.*): «et inda mando vender as mjñas sotellas do ouro et da plata, | que as metan en plata et en douralla muy ben».

Nos enxovais laicos da Idade Media, en concreto nos estudados neste traballo, os aneis (*vid. s.v.* **anjllo** e **sortella**) e os pendentes (*vid. s.v.* **[binco]** e **[çerçelo]**), constitúen as principais pezas de ornamentación, os primeiros de uso tanto masculino coma feminino e os segundos, empregados exclusivamente entre as mulleres. De feito, algunhas destas xoias pertencentes á poboación civil foron incluídas como legados de devoción ou doazóns pías a igrexas, templos e santuarios. Parello a isto, no ámbito eclesiástico a peza básica son os aneis de ouro con pedras preciosas, cuxa importancia radica máis ca no seu valor decorativo, na simboloxía que posuían; de aí que os bispos e os arcebispos os empregasen como insignias do seu cargo.

Estas xoias, de seguro, eran creadas polos ourives nos seus talleres, nos cales traballaban diversos metais para a elaboración de varios obxectos coma os relicarios (*vid. s.v.* **reliquario**), cruces, cálices, incensarios, candeeiros, báculos, libros, moedas, selos e todo tipo de utensilios

[208] Este texto forma parte do noso *corpus* documental, pero a lectura que ofrecemos é nosa e fixémola accedendo ao documento orixinal a través do páxina do portal Pares:
http://pares.mcu.es/ParesBusquedas/servlets/Control_servlet?accion=2&txt_id_fondo=1675695
[Consulta: 18 de abril de 2019].

de luxo. Se a comezos da Idade Media abondaban os ourives monásticos e seculares, na baixa Idade Media estes artesáns organizáronse en gremios vinculados aos principais núcleos urbanos; pensemos, por exemplo, na Confraría de mestres acibecheiros composteláns, nada no ano 1410. A propósito da súa elaboración, Lemeneva e Sallay (2001: 9) indican que normalmente as xoias no medievo eran moldeadas con tres técnicas: a) a de *cire perdue*, é dicir, traballadas en cera, que posteriormente derretía coa calor do lume, b) utilizando moldes de metal abertos ou c) coa técnica do *repoussé* (repuxado). Como método máis económico tamén se elaboraban as xoias con outro metal e logo revestíanse con láminas de prata e ouro e puíanse cunha pata de coello. Para facer o deseño recorríase a contas (*vid. s.v.* **[conta]**) de ouro e prata ou a arame, ben moldeado (granulado) ou ben retorcido (filigranas), que en ocasións se complementaba con esmaltes ou pedras preciosas engarzadas.

****

No ámbito galego testemuñamos esta voz dende, aproximadamente, finais do século XIII. Cítase a variante ioya na *Cr. Gal* (1295-1312): «et prata laurada et outras *ioyas*… muitas *ioyas* estrayas» -*TMILG*. De joya temos noticia no Parker *VCT* e His.*Troyana* (1350-1399): «Et se de uos podese [aver] algũa *joya* en synal de amor» -*DDGM* e *TMILG*. No século XIV, na obra *Vida de santa Pelágia*, editada por Fagundes Duarte cítase: «Vaay aa casa e [...] scrive todalas cousas que em ella som, asi ouro, prata e todas *joias*» -*VHCPM*. Un século despois na *Cronica de dom Fernando*, da autoría de Fernão Lopes, localizamos o seguinte contexto: «ca ell pello caminho e depois em Castella nunca lhe fallou nem chamou esposa, nem lhe deu soomente huua *joya*». Nese mesmo século cítase joia na obra *Livro de vita Christi* (1446): «foste a primeira que prometeste voto de castidade e ofereceste a Deus *joia* mui gloriosa» -*CP 1300S-1900S*.

No galego moderno, na fala popular, recollen esta voz o *TLPGP* e o García *Glosario* (1985) -*DD*. O *TLPGP* localiza este substantivo, coa nosa acepción, no concello pontevedrés de Cangas do Morrazo (González González 2002: 625). No tocante á escrita, trátase dun termo cunha frecuencia de uso moi alta, de feito o *TILG* ofrece 1.106 ocorrencias, repartidas en 515 obras distintas, dende o segundo terzo do século XVIII. Cítase no ano 1746 no *Coloquio de 24 gallegos rústicos* de Sarmiento: «Viñan a cabalo, daba gusto vé-los tan ricos de *xoias* e mais aderezos»; con todo, nalgúns contextos ofrecidos neste repertorio o significado é diferente ao estudado. A propósito do *CORGA*, este tamén ofrece numerosas ocorrencias desta voz dende o ano 1975.
En textos españois documentamos joya na segunda metade do século XIII (*DCECH*, *s.v.* joya, vol. III): «cada uno sus *joyas* al altar ofreçieron», século a partir do cal é de uso común nas letras hispánicas. En documentos pertencentes á coroa de Aragón, do século XV, e escritos en español atestámola a comezos do século XV nun texto notarial procedente do Archivo Histórico de Protocolos de Saragossa: «dezimos e mandamos que todos los otros bienes casas e aredades edificios ropas | *joyas* | e otros bienes e cosas que fueron del dito Jaco Cohen alias Frances condam» -*DiCCA-XV*. Un século despois, no ano 1526 localizamos na obra *Medidas romano* de Sagredo o seguinte contexto: «verás la *joya* que primero no veýas» -*DICTER*. Vinte anos despois, temos a forma joya dende o ano 1546 nun documento rioxano coñecido como entrega de bens de Ana Aguilar («la dicha Ana de Aguilar elixese si quería las arras e *joya*s») e a variante joia na carta de dote de Francisca de Aguilar (Sevilla) («Yten, dos tunbagas y dos *joias* de pecho») do ano 1718 –*CorLexIn*. Dende o último terzo do século XIII contamos 2.366 exemplos no *CORDE* e, se non consideramos as traducións, o primeiro deles data do ano 1285 e recóllese nun documento notarial xudeu: «Item de precio de todas *joyas* paguen arrason de cabal las dos partes et sea suelta la tercera part, pero a cadauno sea salva una *joya*, que vala entro a x sol.»; a forma ioia aparece no Cancioneiro de Estúñiga (c. 1407-1463): «vos mostráys, *ioia* preciosa». Posteriormente, o *CREA* ofrece esta voz dende o ano 1975 nun total de 896 casos.

Con respecto ás obras lexicográficas do galego, estas dan conta deste termo dende a época premoderna (1863-1985). De feito, a forma xoya é ofrecida no Rodríguez *Diccionario c.1854*, Aguirre *Diccionario* (c. 1858), Rodríguez *Diccionario 1863*, Cuveiro *Diccionario* (1876), Porto *Diccionario* (c.1900), Carré *Diccionario*[2] (1933), Carré *Diccionario*[3] (1951) e Carré *Diccionario-Voc.* (1979). Por contra, coa grafía actual xoia recóllena o Filgueira et alii *Vocabulario* (1926), Carré *Diccionario*[1] (1928-1931), Carré *Diccionario*[2] (1933), Ibáñez *Diccionario* (1950), Carré *Diccionario*[3] (1951), Eladio *Diccionario* (1958-1961), Franco Grande *Diccionario* (1972) e Carré *Diccionario-Voc.* (1979). Amais, os dicionarios publicados a partir de mediados dos anos 80 do século pasado ofrecen esta voz como lema e tamén a unidade pluriverbal, empregada en sentido figurado, *ser unha xoia*, que se aplica tanto a persoas como a cousas para destacar a súa valía e excelentes calidades. En ocasións tamén se utiliza en sentido figurado, pero con valor despectivo, acepción que recolle o *GDXL*. Precisamente deste substantivo xurdiu *miñaxoia*, empregado como unha interxección, que fai referencia a: a) 'unha persoa sen ningunha malicia ou ben', b) 'unha persoa que ten pouco valor ou ánimo, mesmo para facer fronte ás situacións cotiás' (*DRAG*). Actualmente, na lingua galega estándar xoia é sinónimo de *alfaia*, a diferenza da lingua portuguesa, en que *alfaia* denomina os 'utensilios da labranza'. A propósito doutras linguas romances, o cat. ten *joiell* e o it. *gioello*.

Nas obras lexicográficas do portugués joia está presente dende finais do século XVII, en que aparece no Pereira *Prosodia* (1697) e tamén no Bluteau *Vocabulario synonimos* (1728); no Fonseca *Parvum Lexicon* (1798) tamén figura, aínda que non como entrada de dicionario –*CLP*.

Na lexicografía española este termo forma parte das entradas de dicionario dende comezos do século XVI, en que se publica no *Vocabulista arávigo en letra castellana* (1505) de Alcalá – *NTLLE*.

Durante a Idade Media as xoias funcionaron como unha marca de estatus social, cuxo uso debeu ser excesivo nalgunhas sociedades, a xulgar polas numerosas leis suntuarias que se promulgaron para evitar os excesos ornamentais dos cidadáns e asegurar a distinción das clases sociais máis altas, ás que lles estaba permitido o luxo no vestir. Ademais, dende o medievo e ata o Renacemento os diversos tipos de adobíos foron empregados como un elemento funcional ligado á vestimenta, momento a partir do cal se comeza a facer un uso das xoias no sentido máis moderno: independente da vestimenta e relacionado coa beleza corporal.

Cfr. s.v. **alfayte**, **anjllo**, **[binco]**, **[botón]**, **camaffeu**, **[çerçelo]**, **gargantada** e **sortella**.

[yrilanda] → **[2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER] [2.1.4 PEZAS PARA A CABEZA]**

s.f. (de orixe incerta, quizais do fr. ant. *garlande*, e este do fráncico WARNJANDA posiblemente xa reducido a WARNANDA; na lingua de oc por influencia de varias palabras autóctonas cambiaría a *guirlanda* –*DCECH*, *s.v.* guirnalda, vol. III) 'grilanda, tira de tecido aberta por detrás que se utiliza como adorno, xeralmente sobre o cabelo solto'.

> ◦ **Yrilandas** (1): "It. mando que todas las doas que eu ouuer ao tempo de miña morte assy adubos de panos como *yrilandas* e relicas e cintas e outras qualesquer doas", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1347-[xullo-17. Santiago de Compostela] (A Co), doc. LXV, OR.
>
> ◦ **Gllandas** (1): "It. mando das minas doas, conuen a saber, cordas de mantos et botoaduras de prata et *gllandas* et doas de garganta et algofre et todas doas que eu

aia...", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1348-[xuño-7. Santiago de Compostela] (A Co), doc. XLI , OR.

A voz grilanda, que estudamos nesta entrada, fai referencia a un complemento cinguido á cabeza elaborado cunha **cinta** (*vid. s.v.*) de tecido, que ás veces se adornaba con flores, herbas ou ramas, suxeitaba o cabelo na parte alta da cabeza e despois deixábao solto (Fresneda González 2013: 533). Na Idade Media un dos toucados femininos máis comúns era a grilanda, que neste caso vai ser deixada como legado testamentario por dúas mulleres con poder na sociedade compostelá: María Páez e Elvira Pérez. Malia os toucados non ser o complemento de uso máis habitual entre as mulleres galegas do medievo, a grilanda era un dos máis sinxelos que existiron e, en xeral, levábano como adorno as nenas e as mulleres solteiras de clase social alta durante os séculos XIII e XVI. Con todo, existía unha versión máis luxosa deste complemento, que se lucía en Cataluña, co nome de *garlanda* e en Francia e Inglaterra, baixo a denominación *guirlands*, utilizada polos homes e mulleres nobres entre os séculos XI e XIV; na Península ibérica a *garlanda* parece que non se usou máis alá do reino de Aragón, polo que a peza citada neste contexto do corpus entendemos que é moito máis modesta.

Sobre este adobío denominado *garlanda*, Rivas Quintas (2012: 183) explica que acostumaba a ser unha coroa de fíos de ouro aberta por detrás (Rivas Quintas, 2012: 183); para as ocasións especiais, tamén podía ser complementada con perlas ou pedras preciosas. A propósito disto, no Gual *Voc. Comercio*, Miguel Gual nunha das súas fichas de traballo recolle (*s.v.* garlanda): «la garlanda o guirnalda era una cinta adornada con oro o piedras preciosas» e «eran frecuentes en el tocado de las doncellas»; noutra (*s.v.* guirnaldas) reproduce un parágrafo das *Ordenanzas suntuarias de Perpiñán* (1308), no cal se explica que este complemento era só portado polas mulleres solteiras: «Item que les donzeles pusquen portar *garlandes* de perles o de que' s vulen, le valor tro a XX sous e no mas; mas que neguna, pus [después] aja marit, no cal(?) portan *garlanda*». Na Catedral de Ourense, consérvase o sepulcro da filla do infante Felipe († 1327) e Margarita de la Cerda († despois de 1328) en que esta rapaza nova porta unha grilanda ou garlanda de tea decorada con bandas en zigzag da que colga unha cinta delgada, rematadas en borlas e flocos -*vid. s.v.* **[frocadura]**- (Sánchez Ameijeiras 2016: 225).

No tocante aos materiais utilizados para a elaboración destes adornos, supoñemos que para o noso caso estaría confeccionado con tecidos de cores ou, incluso, fíos de prata e outro; con todo, Morán Cabanas (2001: 217) sinala a existencia dunha grilanda hanseática da primeira metade do século XIV, custodiada no Statens Historiska Museum de Estocolmo, elaborada con grillóns de prata traballada en repuxado e rematada con motivos de flor de lis. A ela podemos engadir unha de cobre esmaltado custodiada na Fundación Lázaro Galdiano de Madrid ou a luxosa peza do Museo Arqueolóxico de Schkorpilovtsi (Bulgaria), composta por pezas a modo de bisagras adornadas con zafiros e esmeraldas (Fresneda González 2013: 536).

Con respecto á orixe deste tipo de peza para o cabelo, Lemeneva e Sallay (2001: 16) indican que xa foi utilizada en épocas históricas anteriores á Idade Media, de feito os diademas a miúdo eran empregados por homes e mulleres dende a Antigüidade. Con todo, en Francia e en Inglaterra as leis suntuarias impediron lucir grilandas feitas con perlas, pedras preciosas, ouro e prata, pero foi no Renacemento cando este complemento incrementou o seu uso e se elaborou con pedras preciosas procedentes de diversos países. De feito, Rey Cabezudo (2014: 55) na súa análise iconográfica das laudas galegas con toucado de rolo, refírese á grilanda e di que evolucionou na súa forma e cara ao ano 1450 foi coñecida como toucado de rolo ou coxín, por estar formado por un rolete cheo de xuncos ou la (*vid. s.v.* **laan**), forrado de tea, que xeralmente levaba adornos de ouro e pedras preciosas. En ocasións, como amosa o

artigo da citada autora, o toucado levaba prendido un pequeno veo de tecido fino que asomaba pola noca ou era cuberto todo el cun veo que caía sobre os ombros.

****

No ámbito galego atestamos esta voz, aproximadamente, dende a segunda metade do século XIII. Nunha das poucas pastorelas galegas, Airas Nunes recolle a variante guirlanda: «E eu oí-a sospirar enton | e queixava-sse estando con amores | e fazia *guirlanda* de flores» (1240-1300) -*CMGP*, *MedDB* e *TMILG*. Nas *CSM* (1264-1284) ofrécese a forma guerlanda no seguinte contexto: «Esta é dun miragre do cavaleiro que fazía a *guerlanda* faria das rosas a santa Maria». Lorenzo *Cronologia* testemuña as formas guerlanda e grilanda, esta última presente na prosa histórica, *Gener. Estoria* (1300-1330): «et este tragia ẽna cabeça hũa *grilanda* de pyno» e *Cr. Troiana* (1370-1373): «por aquel entendian se sse cobrian ben ou se tragian aposto ou desapostadas suas *grilanda*» -*DDGM* e*TMILG*. Para o portugués, o *VHCPM* tamén se fai eco dos contextos citados na lírica mariana e no último texto histórico referido. Amais, na obra de Garcia de Resende titulada *Vida e feitos d'el-rey dom João segundo* (1533) figura esta voz: «E diante d'el-rey vinha hum seu paje que se chamava Dom Jorge de Castro moço muyto fermoso e gentil homem armado e todo cheo d'ouro e pedraria, com ha *guirlanda* de pedraria na cabeça e diante hum penacho branco de garça» -*CP 1300s-1900s*.

Na fala popular non rexistramos este termo. Na escrita, o *TILG* dá conta de 92 ocorrencias desta voz, repartidas en 52 obras distintas, dende finais do século XIX. A primeira documentación témola na obra poética do celanovés Curros Enríquez titulada *Aires da miña terra* (1886), aínda que neste caso non como complemento para a cabeza: «vai vindo a Primavera | *grinaldas* de craveles vertend'ó seu pasar». En menor medida, temos presenza de guirnalda, con 44 ocorrencias, repartidas en 27 obras distintas dende o primeiro terzo do século XIX. Pastor Díaz na *Egloga de Belmiro e Benigno* (1828) cita: «Viron-me engalanado coas *guirnaldas* de concinas e fror, con | que solía a miña dulce amante premiar garrido o meu amor constante». Comprobamos como co paso dos séculos esta convivencia de formas irá cedendo terreo a favor da forma grinalda, que foi incrementado o seu uso. Por exemplo, tendo en conta os rexistros deste tesouro, entre 1851 e 1900, só contaba con 9 formas; entre 1901 e 1950, con 16 casos; entre 1951 e 1980, con 27 e, finalmente, entre 1981 e 2013, cóntanse 40 contextos. Con todo, nesta última franxa cronolóxica, guirnalda só conta con 13 exemplos. Por contra, o *CORGA* ofrece 2 ocorrencias de grinalda, forma que se recuperou a través do galego estándar.

As letras hispánicas documentan por primeira vez esta voz, con diferentes variantes dende o último terzo do século XIII, unhas décadas máis tarde ca en textos galegos. Atestamos guirlanda na *Estoria de espanna que fizo el muy noble rey don Alfonsso, fijo del rey Fernando et de la reyna*… (c. 1270): «E quando sopieron en Roma cuemo era muerto; tan grand alegría ouo tod el pueblo. Que andauan todos por la cibdat con *guirlandas* en las cabeças. Faziendo muy grand fiesta. porque eran salidos de poder de tan mal sennor» -*CDH* e *CORDE*. Anos despois documentamos guerlanda no *Libro de ajedrez, dados y tablas* (1283): «ha figura de mugier mançeba muy fremosa & los cabellos muy ruuios luengos por las espaldas & tiene en la cabeça *guerlanda* de Rosas & uestida de pannos de violet. & tiene en la mano derecha un penne & en la otra un espeio en que se cata». Guirnalda, con metátese, a. 1284 na *General Estoria* (5ª parte): «Começo entonçes lelio que era alferez estando coronado de *guirnalda* de rrobre donde coronauan los rromanos Aqui libraua de muerte a otro çibdadano & lo libraua este». Desta mesma variante o *DEMi* ofrece a datación c. 1295. No século XIV, entre 1379 e 1384, Fernández de Heredia introduce por primeira vez a forma garlanda na *Traducción de vidas paralelas de Plutarco I*, da cal se documentan 10 casos: «se puso vna *garlanda* de embriago sobre su cabeça & tomo vna candela grossa assin como fazian los embriagos. & vna muier yuale delant sonando la flauta» -*CORDE*. No século XV, textos españois escritos na coroa de Aragón tamén recollen este termo, por exemplo o titulado *Flor de*

Virtudes: «escoge y dessea vencer y no llega a la victoria que la | *guirlanda* | de laurel no la dauan en Roma saluo al que por obra vencia» -*DiCCA –XV*. Co paso dos séculos, a forma con metátese, guirnalda, foi a única que se consolidou no español, de feito é a única da que ofrece contextos o *CREA*.

No que respecta á lexicografía galega, esta voz está presente dende as obras inscritas na época premoderna (1863-1985). O Cuveiro *Diccionario* (1876) rexistra guirilanda e xunto co Filgueira et alii *Vocabulario* (1926) tamén ofrece o lema guirlanda. De por parte, a entrada grilanda recóllea o Carré *Diccionario*[1] (1928-1931), Carré *Diccionario*[2] (1933), Ibáñez *Diccionario* (1950), Carré *Diccionario*[3] (1951), Eladio *Diccionario* (1958-1961) e o Carré *Diccionario-Voc.* (1979), aínda que todos eles ofrecen como sinónimo a forma con metátese. Ademais, en 8 obras grinalda figura como lema, trátase do Valladares *Diccionario* (1884), Filgueira et alii *Vocabulario* (1926), Carré *Diccionario*[1] (1928-1931), Carré *Diccionario*[2] (1933), Carré *Diccionario*[3] (1951), Eladio *Diccionario* (1958-1961), Franco Grande *Diccionario* (1972) e o Carré *Diccionario-Voc.* (1979) -*DD*. Con posterioridade, as obras de corte normativo publicadas a partir de mediados dos anos 80 do século pasado ofrecerán esta voz baixo o lema grilanda.

As obras lexicográficas do portugués ofrecen a entrada grinalda dende comezos do século XVII. Figura no Barbosa *Dictionarium* (1611), Pereira *Thesouro* (1697), Bluteau *Diccionario portuguez e latino* (1712-1718) e Bluteau *Vocabulario synonimos* (1728) –*CLP*.

No tocante á lexicografía española, esta recolle a voz guirnalda dende a segunda metade do século XVI, en que a ofrece Casas no *Vocabulario de las dos lenguas toscana y castellana* (1570). Tres séculos despois, tamén se rexistra a forma guirlanda no dicionario da Real Academia Española do ano 1803; moita menos representación ten a variante grinalda, citada na obra de Domínguez titulada *Diccionario nacional o gran dicionario clásico de la lengua española* (1846-1847) -*NTLLE*.

A grilanda mantén dende o medievo a súa función de peza para adornar a cabeza elaborada xeralmente de tecidos, flores e perlas. De feito, a moda dos últimos anos está impulsando o uso deste tipo de complementos con motivos florais que presenta formas moi semellantes, con metátese ou sen ela, nas diferentes linguas romances: portugués *grinalda*, italiano *ghirlanda* –*TLIO*- catalán *garlanda* –*DCBV*- e francés *guirlande* –*DMF*.

Cfr. s.v. **touca**.



Miniatura de muller con grilanda.
Composición das *Cantigas de Santa María* do Códice do Escorial[209]

[209] Fresneda González (2013: 533). En liña: *http://eprints.ucm.es/20066/* [Consulta: 18 de abril de 2019].

L

laan → **[3.1 TECIDOS]**

s.f. (do lat. LĀNA-) 'la, tecido elaborado co pelo dos bóvidos e ovinos'.

> ◦ **Laan** (1): "e que lle dem aa dita sancristanya a mjna manta de *laan* que tem os lauores", Castro *Santa Clara*, 1407-[decembro-23. Santiago de Compostela] (A Co), doc. 9, OR.

No testamento de María Bicos menciónase unha **manta** (*vid. s.v.*) de la. Trátase dunha fibra procedente do pelo das ovellas e carneiros, que unha vez fiada serve para elaborar panos (*vid. s.v.* **pano**) e diversos tecidos. Existen las de diversas calidades en función do tipo de pelo; por exemplo, podemos citar a la de ovella meiriña, caracterizada pola súa finura e empregada na confección dos panos máis nobres (*DHTT*, *s.v.* lana/llana).

Durante o medievo as las más prezadas eran as inglesas pola calidade do seu pano. Con todo, despois do liño (*vid. s.v.* **lino**), era a segunda fibra máis traballada en Galicia e a súa orixe remonta á cultura castrexa. De feito, os historiadores romanos Plinio e Estrabón fan referencia a diversas roupas (*vid. s.v.* **roupa**) utilizadas en Galicia e, entre elas, citan un *sagum* de la. Estes testemuños permítennos coñecer os tecidos utilizados, pero dan pouca información sobre a súa confección, aínda que dada a economía de subsistencia imperante no momento, é posible que fosen feitos nas propias casas. Posteriormente, na Idade Media podemos considerar que comezou o comercio da teas galegas, non como industria, pero si como unha forma de subsistencia que permitía o acceso dos campesiños a outras mercadorías (Albán Laxe 2003: 21). Houbo importantes rabaños, incluso de pequena transhumancia nas zonas montañosas onde pasaban o verán na montaña e o inverno nas zonas máis baixas e nas cortes (Fraguas y Fraguas 1985: 17). Aínda así, o comercio dos tecidos galegos de la era moi restrinxido e limitado ás calidades máis inferiores, en comparación cos tecidos elaborados noutras zonas peninsulares, como Castela e Segovia. Dende o século XIV o comercio laneiro desde estes lugares iniciou unha fase de grande expansión ao establecerse un mercado de exportación por todo Europa, nomeadamente, Flandres, Francia, Alemaña e Italia (García de Valdeavellano 1988: 278). Xa no século XVIII chegaban a Galicia da man dos mercadores de Rioseco e tamén dos segadores galegos que investían parte da súa remuneración procedente do traballo da sega en mercaren pezas de la, para vestir e tamén para o enxoval (*vid. s.v* **axuar**) doméstico (Carmona Badía 1990: 76).

A la foi unha estofa adecuada para as roupas (*vid. s.v.* **roupa**) de poñer sobre o leito e de vestir por riba debido á súa abrigosidade. Rivas Quintas (1998: 580) fai referencia aos cobertores (*vid. s.v.* **cobertor**) e *alfamares* (*vid. s.v.* **alfámar**) elaborados con esta fibra de orixe animal e Martínez Meléndez (1989: 114, *s.v.* lana) cita saias (*vid. s.v.* **saya**), cintas (*vid. s.v.* **cinta**), cordóns (*vid. s.v.* **cordón**), hábitos (*vid. s.v.* **abeto**), capas (*vid. s.v.* **capa**), etc.

Ademais, foi bastante frecuente que este tecido se tinguise, ben con tinguiduras obtidas de produtos vexetais, ben, xa co paso do tempo, con produtos químicos (Iradiel Murugarren 1974: 175-186). No noso contexto non temos información sobre esta peza, da cal si sabemos que ía decorada con motivos, supoñemos que doutra tonalidade. De por parte, o traballo nos

teares foi durante séculos tarefa das mulleres que, en moitos casos, contaban cun tear de madeira na casa.

****

No dominio galego os primeiros testemuños da forma lana, en textos escritos en latín, datan de finais do século X. Un documento notarial do ano 985, pertencente ao tombo ourensán de Celanova recóllese o seguinte contexto: «…ornamenta ad integro, auro, argento, sive ergo *lana*, lino, omnia vestimenta, pane et vino…». Esta voz tamén está presente como sobrenome; «Iohannes *Lana*» cítase no tombo de Sobrado dos Monxes (A Coruña) –*CODOLGA*. En textos en romances, contamos con atestacións desta voz a partir do segundo terzo do século XIII. Cítase nunha cantiga escarniña do rei Afonso X, na cal se fai referencia a unha práctica propia da medicina, fundamentalmente, no ámbito militar: «Quen usa tal preit' e | á atal chaga, ja mais nunca serra, | se con quanta *lãa* á en esta terra | a escaentassen, nen cõno azeite: | por que a chaga non vai contra juso, | mais vai en redor, come perafuso, | e poren muit' á que é fistolada» -*CMGP*, Ferreiro *Glosario*, *MedDB* e *TMILG*. Nas cantigas marianas tamén atopamos este termo, por exemplo, na número 23 cítase: «Ai, Santa Maria, ta mercee seja || que me saques daquesta vergonna tan sobeja; || se non, nunca vestirei ja mais *lãa* nen lỹo» -*TMILG*. A prosa histórica ofrece testemuños da voz estudada; cítase na *Cr. Gal* (1295-1312): «Mays foy y enga[na]do, ca lle cõteçeu, segũdo diz o prouerbio, co˜mo [a]o carneyro que uay buscar *laa* allea et uem dala trosquiado da sua; ca a reyna faziao todo cõ engano, por desamor et grande eemizade que tĩjna ẽno curaçõ» -*DDGM* e *TMILG*. No relativo ao portugués, temos mostras de -*CP 1300S-1900S*.

No galego moderno, na oralidade, rexistramos exemplos desta voz no *ALGa*, *TLPGP* e no García *Glosario* (1985) -*DD*. Con respecto ao *ALGa* (pregunta 1.110: *La*) este testemuña o substantivo nas catro provincias galegas e en varios concellos de Asturias, León e Zamora coas formas la, lá, lan, lana, lla. De por parte, o *TLPGP* ofrece rexistros nas catro provincias galegas das formas la, coincidente co estándar, e tamén das formas lá, lan e lana; ademais, achega para o portugués, peninsular e do Brasil, atestacións das variantes lá, lã, lãe, laia, lão e lẽ. Na escrita, o *TILG* achega exemplos deste termo dende o primeiro cuarto do século XVII, en que figura na obra de Torrado titulada *Santo da barba dourada. Décimas ao apóstolo Santiago* (1617), aínda que con uso metafórico: «¿a xente da miña *lan* donde ha de ir ao xubileu?». Máis acorde co substantivo estudado é o contexto que ofrece Sarmiento no *Coloquio de 24 gallegos rústicos* (1746): «Todos cantos frades iban no enterro levaban alforxas de lan ou de lenzo». O tesouro compila 3.212 casos, presentes en 659 obras diferentes; con todo, e a pesar do alto número de concordancias coas que conta o termo estudado, cómpre ser cautos porque non todos eles fan refencia ao subtantivo la. O *CORGA* tamén compila numerosas ocorrencias desta voz.

O español atesta a voz la dende a segunda metade do século XI. Nun texto notarial coñecido como doación feita por Ramiro I, escrito en latín, cítase: «et donent totam suam decimam de omnia que habuerint de pane et vino et *lana* et lino et oleo et de omnia que habuerint absque ulla retinenza ad monasterium sancti victoriant» -*CORDE*. En textos en romance, os primeiros testemuños datan de comezos do século XIII. Na obra de Almerich titulada *La fazienda de Ultra Mar* (c. 1200): «E estava so vestido cuemo nief blanca, el cabello de su cabeça cuemo *lana* monda e de yuso cuemo centellas de fuego e su rueda cuemo fuego flameant» -*CDH*, *CORDE* e *CE 1200S-1900S*. En documentos escritos en español na coroa de Aragón, durante o século XV, atestamos lana dende o ano 1415, en que figura nun documento procedente da Chancelería real procedente do Arxiu de la corona d'Aragó de Barcelona: «Fez e su casa. Por razon de ciertos drapos siquiere panyos de | *lana* | los quales el dito rey mas por fuerça que por grado hauja comprados» -*DiCCA-XV*. Séculos despois, no inventario de bens de Juan de Castroviejo (Navarrete, La Rioja), do ano 1545 recóllese: «Vn lençuelo de cáñamo andado en questaba *lana* de

vn colchón» -*CorLexIn.* Xa no século XX, o *CREA* achega 1.819 casos deste substantivo dende o último cuarto do dito século.

A propósito da lexicografía galega, localizamos esta voz dende finais do século XVIII, en que se ofrece nos primeiros traballos de tipo lexicográfico. Lan está presente no Sobreira *Papeletas* (1792-1797) e Rodríguez *Diccionario c.1854*; na época premoderna (1863-1985) figura no Valladares *Diccionario* (1884), Filgueira et alii *Vocabulario* (1926), Carré *Diccionario*[1] (1928-1931), Carré *Diccionario*[2] (1933), Ibáñez *Diccionario* (1950), Carré *Diccionario*[3] (1951), Eladio *Diccionario* (1958-1961), Franco Grande *Diccionario* (1972), Carré *Diccionario-Voc.* (1979). A entrada lá está no Cuveiro *Diccionario* (1876), Filgueira et alii *Vocabulario* (1926), Eladio *Diccionario* (1958-1961) e Franco Grande *Diccionario* (1972) -*DD*. Os dicionarios de corte normativo, publicados a partir de mediados dos anos 80 do século pasado, dan todos conta desta voz.

Os repertorios lexicográficos do portugués, dan conta deste termo dende o segundo terzo do século XVI, en que figura no Cardoso *Dict. ex lusitanico in latinum* (1562-1563) –Messner (*vid. s.v.* la, vol. 36). Dous séculos despois localizamos lana no Bluteu *Diccionario* (1721) –*CLP*.

No español as obras lexicográficas recollen este termo entre os seus lemas dende finais do século XV, data na cal o achega o *Vocabulario español-latino* (1495) de Nebrija –*NTLLE*.

A la dende as súas orixes segue sendo unha fibra animal moi empregada na industria téxtil, aínda así a partir da Revolución industrial comezan a aparecer en Galicia outros tecidos alleos á nosa produción téxtil e cuns prezos e procesos de elaboración máis económicos.

Cfr. s.v. **arraz**, **branqeta**, **broneta**, **burel**, **chamalote**, **coutral**, **escarlata**, **estanfforte**, **frisa**, **londres**, **morilla**, **palmilla**, **pano**, **pardo**, **picote**, **prana**, **sayal**, **sarga/sirgo**, **sayal**, **uiado** e **valancina**.

La[210]

[210] En liña en: *https://universoveja.wordpress.com/2012/06/18/lana/* [Consulta: 18 de abril de 2019].

Mantas de la[211]

labor → **[3.3 ELABORACIÓN]**

s.m. (do lat. LABŌRE- 'traballo', 'tarefa') 'labor, adorno tecido ou feito a man disposto sobre un tecido'.

> ◦ **Labor** (1): "Outra vestymenta conprida de seda mourisca; falta | o manto dela, que he mourisco, seu *labor* de grifos", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.
>
> ◦ **Labores** (2): "Falta vna vestimenta conprida con seu manto de Damasco rraso | de *labores*", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Outro frontal de coyro de guadamecil dourado de *labores* de | brocado", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.
>
> ◦ **Lauores** (1): "e que lle dem aa dita sancristanya a mjna manta de laan que tem os *lauores*", Castro *Santa Clara*, 1407-[decembro-23. Santiago de Compostela] (A Co), doc. 9, OR.

No reconto de bens da Catedral de Ourense e no testamento de María Bicos localizamos o substantivo labor, para facer referencia aos 'bordados que serven para o adorno de certas pezas téxtiles', entre elas dous mantos (*vid. s.v.* **manto**), un **frontal** (*vid. s.v.*) e unha **manta** (*vid. s.v.*).

Os labores poden realizarse botando man de varias técnicas: recamado, que conta cun **bordado** (*vid. s.v.*) en realce sobre un deseño; pespunte, consiste en pasar tres fíos para despois volver polo mesmo lugar polo que se pasou a puntada; medio pespunte, cando se deixan a metade dos fíos que se debían coller en cada puntada e así, entre pespunte e pespunte, quedan tantos fíos de oco como leva cada unha das puntadas. A elas podemos engadir, entre outras, os encaixes, que se elaboran contando os fíos; as vainicas, que se realizan cun dobrado que semella o pespunte; os soles, labor consistente en esfiañar a tea e, no canto dos fíos que se sacaron, engadir outros para formar figuras, normalmente, circulares (Terreros y Pando 1787: 409, *s.v.* labor).

[211] En liña en: *http://abcblogs.abc.es/deco-adiccion/2016/02/09/artesana-y-de-pura-lana/* [Consulta: 18 de abril de 2019].

No que respecta ao tipo de motivos que presentan os tecidos nomeados, nos nosos exemplos, só un dos casos especifica que se trata de un «*labor* de grifos» ou, o que é o mesmo, seres mitolóxicos co corpo de león e a cabeza e ás de aguia, que simbolizan a protección en relación coa redención (Chao Castro 2017: 135). Amais das figuras zoomorfas, González Mena (1994: 141 a 166) clasificou a temática destes bordados en varios tipos: relixiosos, amorosos, figuras humanas, natureza vexetal, obxectos diversos –cornos, labirintos, floreiros, etc.-, formas conceptuais –neve, fertilidade, eternidade, etc.- e formas xeométricas.

****

No territorio galego localizamos este termo coa acepción estudada dende a segunda metade do século XIII, en que se cita na *CSM* número 295 (1264-1268): «De mui ricos panos d'ouro | e de mui nobre *lavor*» -*DDGM* e *TMILG*. Na prosa histórica tamén temos exemplos desta voz; por exemplo, na *Gener. Estoria* (1300-1330) recóllese: «Et era outrosy moy sabea et moy mẽestra ẽno triuio et ẽno [quadrunjo], que som as sete artes liberaes, et sobre todo ẽno quadrunyo, et em naturas, et em argomar, et em todo *lauor* de agulla sobre [lyño], et seda, et sobre qual quer pãno, et era moy mẽestra em todo saber et em todo feyto de batalla» -*TMILG*. A *His.Troyana* (1350-1399) ofrece o seguinte contexto: «Rey Jupiter, eu sõo señora dos saberes lyberaes et da natura das azeytunas et de toda las naturas de sabedorias et mẽ(e)strias de *lauor* de liño et de lãa» -*DDGM* e *TMILG*. Tamén un documento notarial pertencente ao tombo H da catedral compostelá (1396) recolle o contexto que segue: «Bernald Eanes, cóengo de Santiago, mostrou a min notario hũu manto de pano d'ouro inperial laurado a [léteras] mouriscas e outros *lauores* con seu manípolo forlados de çendal uerde reforçado» -*TMILG*. No dominio portugués o testemuño máis temperán documentámolo no século XI: lauor en 1055-1065 en textos latinos -Tato *Álvaro Pérez* (*DDGM*). En textos escritos en portugués temos mostras dende o século XIV, en que figura na obra *A mais antiga versão portuguesa dos Quatro libros dos diálogos de são Gregório*: «viron hũa gram pedra jazer ante si que tiinhan guardada pera poer por fremosura de *lavor* que querian fazer» -*VHCPM*.

Na fala popular do galego moderno atopamos este termo no García *Glosario* (1985) –*DD*. De por parte, o *TLPGP* recolle un caso da forma lavor, coa nosa acepción, no centro-sul mato-grossense do Brasil (Drummond 1995: 36). Na escrita, o *TILG* ofrece a primeira mostra de labor no segundo terzo do século XIX. Está no texto titulado *Encuentro y coloquio que tuveron na pontella da Chainsa* (1837), editado por Mariño Paz: «Asta iban mulleres, desindo que o seu ofisio era trabajo de manos; por serto que eu non entendía que ofisio era este, e dixome Cataquí que era faser *labor* blanca, ou ser costureiras».

O testemuño máis temperán que coñecemos no español para este termo, coa acepción estudada, data de comezos do século XII. No inventario de alfaias e ornamentos da igrexa de Covarrubias (1112) cítase: «et III basos de plata de *labor* salamoniego» -*CORDE*. Séculos despois, atopamos concordancias de labor en textos escritos en español na coroa de Aragón durante o século XV. No *Breve tratado de Grimalte y Gradissa* (c. 1495) da autoría de Flores recóllese: «figura y muy fuerte obra. y hecha de muy nueuas y primas | *lauores* | porque su gran gentileza despertasse la memoria d esta senyora» -*DiCCA –XV*. En textos del Siglo de Oro español tamén temos exemplos deste substantivo, dende o ano 1527, en que se menciona na carta de dote de Francisco Jiménez (San Cristóbal de la Laguna, Tenerife): «Yten, vna colcha nueva, blanca, de *labores*, en seys doblas» –*CorLexIn*. Décadas despois, no *Repertorio prem*á*ticas y cortes* (1551) de Martínez de Burgos achégase o seguinte contexto: «Y los jubones se puedan, ansimesmo, pespuntar de seda, con que el pespunte no haga *labores*. Y también se pueda hazer el dicho pespunte en ropas de tafetán o sarga de seda, no haciendo *labores*, como dicho es» -*DICTER*. Nos séculos seguintes, o termo labor segue mantendo, entre outros significados, o abordado nesta entrada.

As obras lexicográficas do galego recollen esta voz, co significado que nos ocupa, dende a época premoderna (1863-1985), en que está presente no Eladio *Diccionario* (1958-1961) -*DD*. Posteriormente, as obras, de corte normativo, publicadas a partir dos anos 80 do século pasado van compilar labor entre os seus lemas.

A lexicografía portuguesa recolle esta voz, aínda que sen facer directamente referencia ao significado estudado, dende o segundo terzo do século XVI; de feito, ofrécea o Cardoso *Dict. ex lusitanico in latino* (1562-1563) –*CLP*.

No relativo aos repertorios lexicográficos do portugués, estes achegan labor dende finais do século XV, cando se dá conta deste substantivo no *Vocabulario español-latino* (1495) de Nebrija –*NTLLE*.

Os labores, con diversos motivos como elementos da natureza, animais, formas xeométricas, etc. seguen formando partes dos adornos dos panos, pertencentes tanto ao enxoval doméstico como á **vestimenta** (*vid. s.v.*).

Cfr. s.v. **ceneffa**, **[borla]**, **frocadura**, **orela** e **ricoma**.

Estola de sant Narcís (Sant Feliu de Xirona) con labores medievais, que representan o bautismo de Cristo[212]

labrado *adx. vid. s.v.* **[laurado]** → **[3.3 ELABORACIÓN]**

[laçõl] *s. m. vid. s.v.* **lençol** → **[4.1 ROUPA DO LEITO]**

[lauor] *s.m. vid. s.v.* **labor** → **[3.3 ELABORACIÓN]**

[laurado] → **[3.3 ELABORACIÓN]**

adx. (der. de *labrar* < do lat. LABORĀRE 'traballar') 'labrado, tecido que ten algún labor'.

[212] En liña en: *http://www.ub.edu/duoda/diferencia/html/es/primario17.html* [Consulta: 18 de abril de 2019].

◦ **Labrado** (1): "Vn fronteyro *labrado* furado", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

◦ **Laurada** (3): "Item mando aa mina capella de Santiago a mina vestimenta *laurada* das [sinais] dos lobos", Pérez Rodríguez *Toxos Outos*, 1334-agosto-6. [Toxos Outos. Lousame] (A Co), doc. 795, COP.; Pichel&Martínez *documentação*, 1334-agosto-6?.[Toxos Outos. Lousame] (A Co), doc. 14, COP.; López Ferreiro *Fragmentos*, 1334-[agosto-6. Toxos Outos. Lousame] (A Co), COP.

◦ **Labradas** (1): "Jten vn frontal de seda verde prado con armas de Barrentos, | bordado de fí(ll)o de ouro fyno con súas çeneffas brancas | de lenço *labradas* de ouro fyno con súas borlas de seda | branca e colorada, que mandou don Pero da Silua, obispo que foy", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

No noso *corpus* de estudo localizamos a voz labrado no reconto de bens da Catedral de Ourense e no testamento de Leonor González de Saz. Nos dous casos os contextos cos que contamos fan referencia a pezas (*vid. s.v.* **peça**) destinadas ao uso no altar: un fronteiro, un **frontal** (*vid. s.v.*) e unha **vestimenta** (*vid. s.v.*).

Os labrados que se citan nestes contextos refírense a bordados (*vid. s.v.* **bordado**) que servían para decorar os distintos tecidos. É de destacar que nun dos casos, nun contexto restituído polos editores, por mor da rotura que presenta o pergamiño, cítase «a mina vestimenta *laurada* das [sinais] dos lobos», co cal poderiamos interpretar que os motivos bordados eran de figuras de lobos, pois sabemos que a arte téxtil botou man de animais, ben procedentes da mitoloxía, ben do mundo rural máis inmediato (González Mena 1994: 148). De todos os xeitos, resulta curioso que se recorra á imaxe do lobo, xa que no medievo foi considerado un animal diabólico; Beauvais no seu *Bestiaire*, do século XIII, así o representa. Morales Muñiz (1996: 244) afirma que o zorro, o lobo e o oso, animais heráldicos por excelencia, non conseguen cristianizar a súa simboloxía. No entanto, na Antigüidade este animal asociábase ao valor, por representar a cidade de Roma, pero no medievo, exceptuando a opinión de San Francisco, o lobo simbolizou a encarnación do mal (Morales Muñiz 1996: 235). A simboloxía deste animal é a que nos fai sospeitar de que a restitución da voz, feita inicialmente por López Ferreiro e seguida por outros editores, non sexa a correcta e no seu lugar o escribán puxese sobre o pergamiño outro termo; quizais «camadas» ou «mordudas», aínda que isto é unha mera hipótese.

De por parte, un dos nosos exemplos refírese a estes labrados co adxectivo furado («Vn fronteyro *labrado* furado»), que entendemos que fai alusión aos calados do tecido. Noutro dos casos inventariamos «çeneffas brancas | de lenço *labradas* de ouro fyno», que forman parte dun pano do altar e utilizan o fío de **ouro** (*vid. s.v.*) para elaborar a bordadura. Amais, os fíos tamén podían ser de **prata** (*vid. s.v.*) ou de fibras de **seda** (*vid. s.v.*) das cores máis diversas.

****

No territorio galego contamos con testemuños desta voz, coa acepción estudada, dende a segunda metade do século XIV. Na *His. Troyana* (1350-1399) cítanse: «Et a ymagẽ tyña ẽna cabeça hũa corõa d'ouro *labrada* moy rricamẽte cõ moytas esmeraldas et cõ moytos rrubis» e «Et avia y grãdes obras maçiças de ouro fino, *labradas* moy sotilmẽt et por grãde geometria» -*TMILG*. No portugués, a primeira atestación que localizamos, adaptada aos nosos exemplos, data do século XVI e está na obra do dramaturgo Gil Vicente: «tomai senhora uba que boso fratá se camisa furutá eu *labrado* d'ouro faramosa mi bai» -*CP 1300s-1900s*.

No galego moderno, na fala popular, este termo está presente no García *Glosario* (1985) –*DD*. Na escrita, o *TILG* (*s.v.* labrar) ofrece concordancias deste adxectivo dende o último cuarto do século XIX. Na obra *Literatura popular de Galicia* (1881) de Saco y Arce cítase: «Ti tes zapato picado, media de punto *labrado*». Con posterioridade, na obra *O liño* (1992) de Gil de Bernabé e López recóllese o seguinte contexto: «Ademais dos lenzos lisos, temos os *labrados* que presentan altos e baixos no relevo que se obteñen apretando máis ou menos os fíos, ó tempo de tecé-los» -*TILG* (*s.v.* labrado).

No español os primeiros exemplos deste termo datan do segundo terzo do século XII. No *Poema mio Cid* (c. 1140) figura: «tienda del rey de Marruecos, que de las otras es cabo, | dos tendales la sufren con oro son *labrados*» -*CDH*, *CE 1200S-1900S* e *CORDE*. En textos españois do Siglo de Oro documentamos este adxectivo dende o ano 1613, en que está presente na carta de dote de Catalina de Alcaraz (Alcantarilla, Murcia): «Quatro cauezeras de lienço con encaxes, la vna labrada con seda açulada, las tres llenas de lana en quatro ducados» -*CorLexIn.* Dende o último cuarto do século XX o *CREA* achega máis de 200 casos desta voz.

A propósito dos repertorios lexicográficos do galego, estes ofrecen o adxectivo labrado dende a época premoderna (1863-1985). Figura no Eladio *Diccionario* (1958-1961) e Carré *Diccionario-Voc.* (1979) –*DD*. Con posterioridade, os dicionarios publicados a partir dos anos 80 do século XX, de corte normativo, ofrecen este adxectivo entre os seus lemarios ou o infinitivo *labrar*, aínda que non sempre facendo mención expresa á acepción estudada.

Os repertorios lexicográficos do portugués achegan lavrado dende finais do século XVII, en que se recolle no Pereira *Thesouro* (1697) –*CLP*.

No que respecta á lexicografía do español, esta ofrece este termo dende o terceiro cuarto do século XVI, en que se ofrece no *Vocabulario de las dos lenguas toscana y castellana* (1570) de Casas – *NTLLE*.

Os tecidos con labrados utilízanse aínda a día de hoxe en pezas téxtiles que forman parte do enxoval doméstico e tamén do enxoval persoal.

Cfr. s.v. **açintillado**, **bordado**, **enforrado**, **gornyçido**, **orillado** e **rraso**.

Reberete labrado[213]

[213] En liña en: *http://periodistacofrade.blogspot.com.es/2015/10/un-legado-magistral-el-voto.html* [Consulta: 18 de abril de 2019].

lenço → **[3.1 TECIDOS] [4.1 ROUPA DO LEITO]**

s.m. (do lat. LĬNTĔU- 'tea de liño', 'lenzo'; é posible que no lat. vulgar existise a forma LĔNTĔU-, que explicase o ditongo *ie* -*DCECH*, *s.v.* lienzo, vol. III).

1 'Lenzo, tecido posiblemente de liño'. *Cfr. s.v.* **lino**.

◦ **Lenço** (24): "...sex sauaas boas de *lenço* e VII archas e ua sechea de millo e XVI cubas", Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1303-xullo-11. [Allariz e Xinzo de Limia] (Ou), vol. I, doc. 42, OR.; "Iten mando que Marina Peres que faça por faser et acabar lino que eu ia tenno fiado en que auia XL varas de | *lenço* et ela que fii vn poco que aynda he por fiar", Cal *Mondoñedo*, 1321-marzo-10. Vilamor. Mondoñedo (Lu), doc. 84, OR.; "Et daruos ha Taresa de vide lauandeyra saseenta uaras de *lenço*", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1348-[xuño-9. Santiago de Compostela] (A Co), doc. XXXII, OR.; "Item mando a meus herdeyros et conpridores que hun arcaço que eu teno en casa que o ponan atado con huna cadea de ferro et con hun cadeado a o pe do altar de Santa Agata, et leyxolles seseenta varas de *lenço* de que façan duas vestimentas", Portela *Lugo XV*, 1414-setembro-14. Lugo, doc. 917, OR.; "et leyxolles ſeſeẽta varas de *lenço* de que façan duas veſtimẽtas, hũa que eſté enno dito arcaço para diɔer as miſſas et outra para cõ que me ſepulten", Maia *História galego-português*, 1414-[setembro-14]. Lugo, doc. 42, OR.; "Item mando...viinte moravedís pera ajuda de hun libro et hũã sabãã de *lenço* que cubra o altar, et que seja librada de cordes", Viana *Pantón*, 1427-xaneiro-26. [Ferreira de Pantón. Pantón] (Lu), doc. 153, OR.; "Item mando a san Fiins d'Eiron et a san Martino de Liñayo a cada huun sua vistimenta et huun frontal de *lenço* et ponanlles as treuas que sacaron dos meus panos", Lucas&Justo *Fontes USC*, 1434-setembro-23/outubro-6. Santiago [de Compostela] (A Co), doc. 296, OR.; Lucas *Dous documentos*, 1434-setembro-23/outubro-6. Santiago [de Compostela] (A Co), doc. II, OR.; "Iten, preçaron pano de *lenço* e destopaçon em quatro çentos e oyteenta mrs.", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1474-[agosto-28. Santa Baia de Logrosa. Negreira] (A Co), doc. XIV, OR.; "Iten, preçaron çinquo varas de *lenço* de panos de cabeça, cada vara a nove maravedis", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1474-[setembro-14. San Miguel de Cabanas. A Baña] (A Co), doc. XIII, OR.; "Iten mando a capela de Santa Maria de Perdon vna vestimenta nova de *lenço* con seu manto et estola et magniplos", Sánchez *Álvaro Sánchez*, 1493-xuño-12. Santiago de Compostela (A Co), doc. 13, OR.; "Iten mando a o moesteyro de Sant Martiño outra vestimenta nova de *lenço* guarnida ansi mismo para que este enno dito monesterio", Sánchez *Álvaro Sánchez*, 1493-xuño-12. Santiago de Compostela (A Co), doc. 13, OR.; "Yten mando a yglesia de Sant Giaan de Layno outra bestimenta de *lenço* nova", Sánchez *Álvaro Sánchez*, 1493-xuño-12. Santiago de Compostela (A Co), doc. 13, OR.; "Dúas capas de Damasco branco de brocado con súas | cenessas; ffaltan as casulas delas, que son de *lenço*", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Vna vestimenta de pontifical con súa cenefa, que he rrica et con | súa alua d'olanda et con amjto, estola, cynta, e manjpolo, | et con seu manto rrico de Damasco brocado e con súa casula | de *lenço* en que está goardado", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Faltan as casulas de *lenço* | en que estauan goardadas", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Dúas almáticas negras de *lenço*, que foron feytas para os | anjuersarios, vellas; os conprimentos destas andan |enna vestimenta nova que se fezo", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Jten vn frontal... con súas çeneffas brancas | de *lenço* labradas de ouro fyno con súas borlas de seda | branca e colorada, que mandou don Pero da Silua, obispo que foy", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Hun frontal de *lenço* ja vello con quatro figuras", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "outro frontal novo pyntado de *lenço* con nossa señora", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Tres alcatiffas vellas, | vn pano de çeo de sarga colorada forrada en *lenço*", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; " Outra sabaa de boo *lenço*

açintillado con súas výas cár|denas", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Outras dúas mitaras vellas de *lenço*", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Quatro peças de corporales de *lenço*", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

◦ **Lenzo** (1): "e mando para una saba de *lenzo* eno altar de S.ta María no dito Mosteiro", *Col. doc. históricos*, 1435-[setembro-10. A Coruña], vol. I, doc. X, COP.

◦ **Lenços** (2): "It. mando que todollos *lenços* delgados et teas de rens que os tome Garcia Perez", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1326-[xaneiro-4. Mondoñedo] (Lu), doc. LXXI, COP.; "Item mando... *lenços* et pam et vino et bestas et odres que se vendan para conprir mjna manda" [?], De Castro *Santa Clara*, 1407-[decembro-23. Santiago de Compostela] (A Co), doc. 9, OR.

◦ **Lenzos** (1): "Et que esto con todolos meus panos de uistir... cuytelinos, cintas, esmoleyras, doas de todas maneyras, *lenzos* grosos" [?], López Ferreiro *Galicia histórica*, 1326-[xaneiro-4. Mondoñedo] (Lu), doc. LXXI, COP.

2 'Lenzo, peza de tea'; na maior parte dos exemplos utilízase para colocar sobre o colchón'. *Cfr. s.v.* **lençol**, **pano** e **[sabaa]**.

◦ **Lençoo** (3): "mandolle vn travesseyro et vnna colcha et *lençoo*", Cal *Mondoñedo*, 1321-marzo-10. Vilamor. Mondoñedo (Lu), doc. 84, OR.; "Item mando outro *lençoo* aa outra | mina hirmaa Eluira Peres", Cal *Mondoñedo*, 1321-marzo-10. Vilamor. Mondoñedo (Lu), doc. 84, OR.; "Item mando... outro *lençoo* a Mayor Peres mina hirmaa", Cal *Mondoñedo*, 1321-marzo-10. Vilamor. Mondoñedo (Lu), doc. 84, OR.

◦ **Lenço** (1): "Iten eu houue cen soldos por vnna carrega da ceuada et mandolle vn meu | *lenço* novo", Cal *Mondoñedo*, 1321-marzo-10. Vilamor. Mondoñedo (Lu), doc. 84, OR.

◦ **Lenzoos** (4): "mando y comigo un leyto e jª cozedra e un feltro e jª colcha e IJ fazeyroos e IJ *lenzoos*", Rodríguez Parada *docs. séc. XIII*, 1258-abril-8. San Cibrao. Guntín (Lu), doc. 76, OR.; Boullón&Monteagudo *De verbo a verbo*, 1258-abril-8. San Cibrao. Guntín (Lu), doc. 39, OR.; Rey Caíña *Ferreira de Pallares*[214], 1258-abril-8 [San Cibrao. Guntín] (Lu), doc. 155, OR.

◦ **Lençoos** (1): "eu leuo...duas colchas et dous *lençoos* et quatro faceyroas", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1348-[setembro-14. Santiago de Compostela] (A Co), doc. LXXII, COP.

◦ **Lenzóós** (1): "mãdo y conmigo un leyto τ jª cozedra τ un | feltro τ jª colcha τ ij. fazeyróós τ ij *lenzóós*…", Maia *História galego-português*, 1258-[abril-8]. San Cibrao [Guntín] (Lu), doc. 21, OR.

Varela Sieiro (2003: 329) indica que durante a Idade Media o termo lenzo foi moi común en toda a latinidade europea, aínda que con matices significativos. No noso caso localizamos lenzo en máis de 30 textos con dous significados aos que tamén fai mención o autor anteriormente citado: 'tea, posiblemente de liño ou cánabo' (Martínez Meléndez 1989: 491, *s.v.* lienzo) e, por extensión de significado, 'saba'. No testamento de Tareixa Pérez queda claro que o lenzo era de liño (*vid. s.v.* **lino**): «Iten mando que Marina Peres que faça por faser et acabar lino que eu ia tenno fiado en que auia XL varas de | *lenço* et ela que fii vn poco que aynda he por fiar». Con todo, cómpre ser cautos con esta clasificación xa que a día de hoxe non sempre resulta doado comprender con claridade o que se esconde detrás desta voz; de feito, Alfau de

[214] Corriximos a lectura do editor, que leu *lenzros* no canto de lenzoos.

Solalinde (1969: 123, *s.v.* lienzo) explica que «existía una gran variedad de tejidos conocidos por *lienzos*». Por este motivo, os casos máis dubidosos do noso *corpus* están marcados cunha interrogación [?].

Os lenzos, do mesmo xeito que as pezas de liño podían ser de diferentes tipos: bastos, delgados, finos, redondos, *tiradizos*, *morlays* e encerados; aínda así Martínez Meléndez (1989: 492) afirmou que foi un tecido de pouca calidade. De seguro que os usados na confección da indumentaria relixiosa que se cita no reconto da catedral ourensá serían estofas finas, propias da curia eclesiástica.

Nos nosos exemplos o lenzo, co seu sentido máis xenérico, emprégase na elaboración de ornamentos (*vid. s.v.* **ornamento**) para o oficio litúrxico, como vestimentas (*vid. s.v.* **vestimenta**), casulas (*vid. s.v* **casula**), dalmáticas (*vid. s.v.* **[almática]**) e mitras (*vid. s.v.* **mitara**); panos e adornos para o altar, como frontais (*vid. s.v.* **frontal**) e corporais (*vid. s.v.* **corporal**) e, finalmente, sabas (*vid. s.v.* **[sabaa]**) para o leito. Ademais, foi moi empregado na confección de pezas (*vid. s.v.* **peça**) interiores, sobre todo, camisas (*vid. s.v.* **camisa**), que ao levárense en contacto co corpo requirían un tecido máis fino; del tamén se fixeron forros para a roupa (*vid. s.v.* **roupa**) e mortallas.

A confección deste tecido facíase en varios puntos da Península Ibérica (Murcia, Cataluña, Guipúscoa, Biscaia, Cuenca, Asturias, Sevilla e León e, en Galicia dende o século XV tamén se elaborou, aínda que o seu maior apoxeo tivo lugar nos séculos XVII e XVIII. Destacaron a provincia de Ourense e o sur de Lugo, sobre todo, Mondoñedo (Eladio *Diccionario, s.v.* lenzo). Aínda así, tamén chegaron ao noso dominio lenzos de importación, a través dos principais portos, que procedían de Holanda, Flandres, Bretaña, Portugal, París, Alemaña, Rouen e Cambrai.

Con respecto ás cores que presentaba o lenzo, este podía ir tinguido dun amplo abano de cores: vermello, amarelo, cárdeno, branco, verde, negro, azul e, incluso a raias (*vid. s.v.* **uiado**) –Martínez Meléndez 1989: 493. De por parte, este tipo de material admitía a pintura, de feito un dos frontais citados no inventario da Catedral de Ourense leva estampada a imaxe da virxe: «outro frontal novo pyntado de *lenço* con nossa señora».

****

No territorio galego a atestación máis temperá da voz lenzo data do segundo terzo do século IX. Cítase nun documento notarial, en latín, adscrito ao mosteiro coruñés de Sobrado dos Monxes, do ano 860: «chomazo de *lenzo* lineo» -*CODOLGA*. En textos en romance, os testemuños son posteriores, en concreto, do segundo terzo do século XIII. A *CSM* número 327 (1264-1284) recolle: «Ante todos, e chorando | ar fillou -ss' a repentir, || e dun gran pano de ***lenço*** | fez log' o altar cobrir». Anos despois, na obra *Os Miragres de Santiago* (1390-1420) ofrécese un contexto moi semellante ao dalgún dos nosos exemplos, en que o lenzo é utilizado como adorno do altar: «Et se algũu quiser dar algũu pano de ***lenço*** para cobrir o altar de Santiago, deueo a dar de noue palmos en ancho et de viinte et hũu en longo» -Barreiro *Miragres* (*DDGM*) e *TMILG*. Na lingua veciña, temos noticia desta voz dende o século XV, en que figura na obra *Crónica da orden dos frades menores*: «..e poserom a hum delles sobre os olhos huũa tira de *lenço*, tiingida em sague...» -*VHCPM*.

No galego moderno, na oralidade, localizamos lenzo no García *Glosario* (1985) –*DD*- e no *TLPGP*. O último repertorio ofrece rexistros desta voz en varios concellos lucenses e ourensáns. O *TLPGP* tamén localiza este termo no portugués; en concreto, en Arcos de Valdevez –lenço- (Pereira 1970: 365), Vila do Conde –lenço- (Netto 1949: 127), Marvão –

lence- (Baptista 1967: 359) e Beja –lanço-(Delgado 1970: 358), aínda que en varios casos para denominar a 'peza de roupa para cubrir a cabeza'. De por parte, o *ALGa* (pregunta 1.879: *Sábana, saba*) rexistra lenzo, como sinónimo de 'saba' no concello ourensán de Ramirás. Na escrita, o *TILG* dá conta de 896 casos, repartidos entre 347 obras distintas, aínda que non todas corresponden coa nosa acepción ao faceren referencia, metonimicamente, a 'un cadro', fundamentalmente, dende finais do século XIX. O primeiro texto en recoller o termo estudado é o *Coloquio de 24 gallegos rústicos* (1746) da autoría de Sarmiento: «Todos cantos frades iban no enterro levaban alforxas de lan ou de *lenzo*». No *CORGA*, entre as case 300 concordancias, é maioritario o significado sinónimo de 'cadro'.

De por parte, no español o primeiro testemuño desta voz é do primeiro cuarto do século X. Está presente nun documento notarial, escrito en latín, pertencente á Catedral de León, do ano 921: «et acepit de te in precio *lenzo* et argenzo, qui mici bene conplacuit, et de ipso precio…» -*CODOLGA*. Dous séculos despois, documentamos a forma lienço no *Fuero de Uclés* (1179-1184): «Tessedores texeant per foro .XL. cannas de saial, per .I. menkal, et de *lienço* delgado .XXV. cannas» -*CORDE*. En textos escritos en español na coroa de Aragón durante o século XV tamén localizamos o termo estudado no *Libro de Albeyteria* (1499) da autoría de Díez de Vilanova: «de puesto en·el sobrehuesso. y bien atado con vna benda de | *lienço* | enxuto. en tal manera que no le pueda correr ayuso ni sobir» -*DiCCA–XV*. Uns anos despois, na obra de Enciso titulada *Suma de Geographía* (1530) cítase: «Ruán es buena cibdad, rica y de mucho trato; cárganse en ella muchos *lienços* e buenos paños» -*DICTER*. No inventario de bens de Juan de Castroviejo (Navarrete, La Rioja), do ano 1545, recóllese o seguinte contexto: «Vna tela de *lienço* de lino nueva» -*CorLexIn*. No século XX, das 1.302 atestacións que ofrece o *CREA* non todas fan referencia ao significado estudado, pois moitas delas definen 'un cadro', 'a fachada dun edificio' ou unha 'porción de muralla'.

No que respecta á lexicografía galega, esta recolle lenzo como entrada dende, aproximadamente, o ano 1858, en que figura no Aguirre *Diccionario*. Ademais, no período premoderno (1863-1985) está presente no Rodríguez *Diccionario 1863*, Cuveiro *Diccionario* (1876), Valladares *Diccionario* (1884), Filgueira et alii *Vocabulario* (1926), Carré *Diccionario*[1] (1928-1931), Carré *Diccionario*[2] (1933), Ibáñez *Diccionario* (1950), Carré *Diccionario*[3] (1951), Eladio *Diccionario* (1958-1961), Franco Grande *Diccionario* (1972) e Carré *Diccionario-Voc.* (1979) -*DD*. A partir dos anos 80 do século XX, as obras de carácter normativo van ofrecer esta voz entre os seus lemas coa acepción de 'tea de liño ou algodón' e tamén para denominar 'unha tea para pintar' e mesmo 'un cadro'.

A propósito dos repertorios do portugués, estes dan conta do temo lenço a partir da segunda metade do século XVI. Está presente no Cardoso *Dict. ex lusitanico in latinum* (1562-1563), Pereira *Thesouro* (1697), Bluteau *Vocabulario portuguez e latino* (1712-1728) e Bluteau *Tabla* (1721) -*CLP*.

Os repertorios do español ofrecen lienzo dende a primeira metade do século XVIII, en que o cita o dicionario da Real Academia Española do ano 1734 -*NTLLE*.

Na actualidade o termo lenzo segue formando parte da nosa lingua, pero xa non só para denominar un tecido de liño, senón tamén de **algodón** (*vid. s.v.*).

Cfr. s.v. **lino**.

Tea de lenzo[215]

lençol → **[4.1 ROUPA DO LEITO]**

s.m. (der. de *lenzo* < do lat. LĬNTĔU- 'tea de liño', 'lenzo') 'peza de tea destinada a cubrir o colchón'.

> ◦ **Lençol** (1): "Item mando a Maria affonsi huun dos meus pannos chanos de cabeça e huun *lençol*", Portela *obispado Tui*, 1342-xullo-19. [Baiona] (Po), doc. 63, OR.
>
> ◦ **Laçõẽs** –erro do escribán- (1): "et mando...dous *laçõẽs* et hun façeyrõõ", Lucas&Lucas *Ramirás*, 1295-[agosto-5. Ramirás] (Ou), doc. 248, OR.

Nos testamentos de Mariña Vicente e Tareixa Suárez, entre os bens que deixan no seu legado testamentario, figuran o lençol, forma do portugués para a nosa voz saba (*vid. s.v.* **[sabaa]**), que tamén analizamos neste estudo e que conta con moita maior representación no medievo galego. Con todo, cómpre reparar en que os exemplos que ofrecemos se inscriben nun territorio moi próximo á fronteira portuguesa actual. O notario Estevo Afonso, que estampa o seu signo no primeiro contexto, exercía a notaría na vila pontevedresa de Baiona: «Eu Stevoo Affonso, notario público jurado del Rey en Bayona de minnor»; Xoán González, era notario no territorio ourensán de Ramirás: «eu Johan Gonzalez notario jurado en Ramirãẽs»

Esta peza (*vid. s.v.* **peça**) do enxoval (*vid. s.v.* **axuar**) da vivenda durante a Idade Media tivo un uso escaso, do que só desfrutaban as familias con maior capacidade adquisitiva. De feito, o seu emprego xeneralízase a partir do século XV, fundamentalmente motivado pola necesidade de mellorar as condicións hixiénicas. Foi entón cando se elaboraron de diferentes tipos de panos (*vid. s.v.* **pano**), como apunta Costa (2004: 150, *s.v.* lençol). Entre os materiais máis frecuentes estaba a **estopa** (*vid. s.v.*), o lenzo (*vid. s.v.* **lenço**) e, para as máis luxosas, a holanda (*vid. s.v.* **olanda**).

A propósito da cor, o lençol non adoitaba ir tinguido ao aproveitar a tonalidade que presentaba a fibra natural, normalmente entre o branco e o beixe.

****

[215] En liña: *http://tejidospulido.com/Telas-de-Patchwork/Telas-lino* [Consulta: 18 de abril de 2019].

No ámbito galego o *TMILG* ofrece o mesmo contexto que recollemos no noso exemplo, datado no segundo terzo do século XIV, que consideramos a data da primeira atestación. Por contra, no portugués contamos cun número bastante elevado de contextos deste termo dende o século XIV. En documentos do mosteiro de Santa Cruz de Coímbra faise mención a: «dous almadraques & hũa cacedra tres chumaços & hũu *lençol* & hũa toalha & hũu ffogajroo & hũ chaorõ velho na ssa parte de todo o mouil» -*CP 1300S-1900S*.

A lingua oral do galego moderno non dá conta deste termo coa acepción estudada, pero o *TLPGP* rexistra varios exemplos desta voz no portugués. No peninsular, de norte a sur localizámola en Arcos de Valdevez –lançole- (Pereira 1970: 358), Baião –lançol- (Amorim 1971: 262), Semancelhe –lãiçol- (Moura 1960: 189), Arronches –lançol- (Paulino 1959: 290), Beja –lançol- (Delgado 1970: 363), Serpa –lançola- (Seita 1944: 55), Castro Marim –lançol- (Cruz 1991: 343) e Lagos –lançol- (Carrancho 1969: 197). Tamén, nos Açores, na ilha do Faial (lençol) –Baptista 1970: 626. Na escrita, o *TILG* achega 9 casos da forma lenzol, repartidos entre 7 obras distintas, dende o primeiro cuarto do século XX. O primeiro testemuño data do ano 1922 e está na tese de doutoramento de Seoane sobre a obra de Vaamonde titulada *Prosas varias*: «Ti sabía-lo, que ao largar da escena, no *lenzol* unha vez verían-te posta, cando fría, sacaron-te, cal mármor…»; con todo, máis adaptado ao noso contexto de estudo parece ser a cita ofrecida por Bouza Brey-Trillo na obra *Outros poemas [de 1921 a 1972]* (1972): «Mandaran-nos os ceos carpindo luz dobío de estrelas, lilios encol; | escoado amaranto da fror da uz tenderá seu damasco, rico *lenzol*, e a roseira granada do bon lecer en rosas de inizazón…». O *CORGA* recolle un único exemplo de lenzol no texto teatral de Lourenzo titulada *A lúa pon o ovo en Verona. Oratorio profano por Xulieta* (2005): «Faríache un camiño co *lenzol*, ou, se o prefires, co cordón da miña túnica».

No español as únicas atestacións que temos datan do século XV e son sinónimos de 'saba'. Por exemplo, no inventario de herdanza de Ramón de Sant Martí (1434) recóllese o seguinte contexto: «Item dos *lensols* de bri, de tres teles cascun» -Gual *Voc. comercio*.

Nin na lexicografía do galego (*DD*) nin na do español (*NTLLE*) atestamos lençol; no entanto, nos repertorios lexicográficos do portugués lençol está presente dende o segundo terzo do século XVI, en que figura no Cardoso *Dict. ex lusitanico in latinum* (1562-1563). Ademais, tamén se recolle no Barbosa *Dictionarium* (1611) e Pereira *Thesouro* (1697) –*CLP*. Na actualidade a lexicografía do portugués ofrece lençol co significado de 'saba', 'mortalla', entre outros menos axeitados ao noso contexto de estudo.

O galego estándar non recolle este termo documentado no territorio galego medieval, ao ser substituído pola voz *saba*. Con todo, lençol é a forma da norma do portugués.

Cfr. s.v. **lenço**, **[sabaa]** e **pano.**

Lençol do século XIX[216]

lençoo *s.m. vid. s.v.* **lenço** → **[3.1 TECIDOS]**

lenzo *s.m. vid. s.v.* **lenço** → **[3.1 TECIDOS]**

lenzoo *s.m. vid. s.v.* **lenço** → **[3.1 TECIDOS]**

linno *s.m. vid. s.v.* **lino** → **[3.1 TECIDOS]**

lino → **[3.1 TECIDOS]**

s.m. (do lat. LĪNU-). Conta coas seguintes acepcións:

1 'Liño, fibra téxtil que se obtén da planta *Linum ustatissimum*'.

> ◦ **Lino** (13): "Mando Mayor Garçia o *lino*", 1281-setembro-4. Torbeo [Ribas de Sil] (Lu), vol. I, doc. 413, OR.; Maia *História galego-português*, 1281. [Torbeo. Ribas de Sil] (Lu), doc. 55, OR.; "Mando... o ffiado do *lino* que eu ey", 1281-setembro-4. Torbeo [Ribas de Sil] (Lu), vol. I, doc. 413, OR.; Maia *História galego-português*, 1281. [Torbeo. Ribas de Sil] (Lu), doc. 55, OR.; "Item mandole o *lino* e o ffiado e a estopa todo asy o do burel", Pallares&Portela *val Miño*, 1302-novembro-6. [A Guarda] (Po), OR.; "et mando o *lino* et o fiado que ey a estas myas criadas de susoditas", Romaní *Oseira*, 1304-xaneiro-19. [Oseira. San Cristovo de Cea] (Ou), vol. II, doc. 1316, OR.; "Item mandole a outra arca pequena que see a porta et de mais o *lino*", *Col. doc. históricos*, 1318-[xullo-25. O Morrazo] (Po), vol. I, doc. XII, OR.; "Iten mando que Marina Peres que faça por faser et acabar *lino* que eu ia tenno fiado en que auia xl varas de | lenço et ela que fii vn poco que aynda he por fiar", Cal *Mondoñedo*, 1321-marzo-10. Vilamor. Mondoñedo (Lu), doc. 84, OR.; "mando a sta. Maria de Portoo a rrenda que me forçou Roy Soga oyto anos o pan et os dineiros et o

[216] En liña en: *http://www.todocoleccion.net/antiguedades/dos-enormes-sabanas-lienzo-lino-rustico-sg-xix-ideal-enaguas-ropa-regional~x20986601#sobre_el_lote* [Consulta: 18 de abril de 2019].

lino et os cabirtos et os ouos", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1348-[xuño-9. Santiago de Compostela] (A Co), doc. XXXII, OR.; "ella ten de min duas libras de fiado de *lino*", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1348-[xuño-9. Santiago de Compostela] (A Co), doc. XXXII, OR.; "Et lle mando mays todos los panos de (...) et prata et fiado e *lino* que min e ela avemos", *Doc. ACOu*, 1396-[xullo-16. Ourense], vol. I, OR.; "mando a Maria Peresa de Iohan Domingues viinte et çinquo par de *lino*", Graña *Vilourente*, 1396-outubro-14. Vilamor. [Mondoñedo] (Lu), doc. 101, OR.; "Item mando a Mayor Peres a de Juam de Viueiro, | triinta par de *lino* do que se en na restre", Graña *Vilourente*, 1396-outubro-14. Vilamor. [Mondoñedo] (Lu), doc. 101, OR.; "Iten mando o *lino* a Sancha", Cal *Pedroso*, 1506-marzo-20. Moeche (A Co), doc. 63, OR.

◦ **Liño** (5): "Et mando a Sancha Fernandez a mina coçedra que sé en Cellanoua et doze afusaes de *liño* que ela ten", Lucas&Lucas *Ramirás*, 1295-[agosto-5. Ramirás] (Ou), doc. 248, OR.; "Item mandole o lino e o ffiado e a estopa todo asy o do burel commo o do *liño*", Pallares&Portela *val Miño*, 1302-novembro-6. [A Guarda] (Po), OR.; "et poño que val o meu *liño* das bestas que me ficaron de meu padre", Armas *Pontevedra*, 1339-setembro-12. [Pontevedra], doc. 13, OR.; "It. mando aas abadesa et frayras do moesteyro de sta. clara todo o *liño* et fiado que eu teuer", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1395-[abril-29. Santiago de Compostela] (A Co), doc. XXXIV, OR.; debo á muller de Vasco de Fonteelo unha meada de *liño* e á Tereixa Gata quatro marçarocas destopa", Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1519-novembro-28. [O Outeiro. Viveiro. Celanova] (Ou), vol. I, doc. 122, OR.

◦ **Lyno** (5): "et mando o *lyno* que oy aas donas de Sobrado" Martínez *Trives*, 1291-xaneiro-27. [Sobrado. A Pobra de Trives] (Ou), vol. I, doc. 83, OR.; "et mando o *lyno* que ey aas donas de Sobrado", Ferreiro *Galicia histórica*, 1291-[xaneiro-27. Sobrado. A Proba de Trives] (Ou), doc. LXIII, OR.; "Iten, preçaron *lyno* en qorenta maravedís", Ferreiro *Galicia histórica*, 1474-[agosto-28. Santa Baia de Logrosa. Negreira] (A Co), doc. XIV, OR.; "Iten, preçaron *lyno* e laa e hua serra quebrada en çinquoenta maravedís", Ferreiro *Galicia histórica*, 1474-[setembro-14. San Miguel de Cabanas. A Baña] (A Co), doc. XIII, OR.; "et lle mando çinqo quintaas de *lyno* para sua casa", López Carreira *cidade Ourense*, 1489-xaneiro-17. [Ourense], Docs. I. Testamentos, doc. 22, OR.

◦ **Linno** (1): "Item mando a Dominga Fresaey[ra?] o quarto do meu quinnon do ***linno*** que eu tenno en nas agras con Domingo Pintao", Graña *Vilourente*, 1328-maio-16.[Vilanova. Lourenzá. Mondoñedo] (Lu), doc. 3, OR.

2 'Liño, tecido elaborado con fío de liño'.

◦ **Linno** (3): "Item mando a meu sobrino Juhane X varas de panno de estopas et se non ouuerque en que se entregue Pero Ferrandes que se entregue no do ***linno***", 1328-maio-25(?). [Vilamor. Mondoñedo] (Lu), doc. 4, OR.; "dem... trijnta uarras de panno de *linno* para huna uistimenta", Castro *Santa Clara*, 1407-decembro-23. Santiago de Compostela] (A Co), doc. 9, OR.; "et outras duas bestimentas cotidianas de panno de ***linno***", Pérez *Codeseda*, 1419-xaneiro-14/novembro-16. [Codeseda. A Estrada] (A Coruña), COP.

◦ **Lino** (2): "... et XII uaras de pano de *lino* do que eu teno" Rey Caíña *Ferreira de Pallares*, 1312-setembro-22. [Ferreira de Pallares. Guntín] (Lu), doc. 420, OR.; "Et mando que miña hereedeira que provea miña sepultura de pano de *lino* e de çera como vir que conplir", *Doc. ACOu*, 1396-[xullo-16. Ourense], vol. I, OR.

◦ **Lyno** (2): "Diego Dias et Domingo Martines tomen | sennos pares de pannos de *lyno*", Cal *Mondoñedo*, 1321-marzo-10. Vilamor. Mondoñedo (Lu), doc. 84, OR.; "Iten mando a as ditas iglesia de San Fiis et de San Mamede et de Sayoane de Tirimol, a cda huna das ditas iglesias, sua sabaa et pano de *lyno* para los altares", Portela *Lugo XV*, 1487-abril-17. Lugo, doc. 1369, OR.

◦ **Liño** (1): "mando que os meus conpridores que provean miña sepoltura de pano de *liño* e çera", Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1439-maio-4. [Ourense], vol. I, doc. 74, OR.

Un dos tecidos máis frecuentes na Galicia do medievo foi o liño, que xa se remonta ao Neolítico, a xulgar polas sementes localizadas tanto en poboados de Oriente Próximo e Medio coma en Europa. Aínda así, a día de hoxe descoñecemos o uso que se lle daba; podía ser para a produción téxtil, pero tamén para o consumo. En Galicia non temos testemuños deste período, pero o feito de apareceren diferentes variedades de liño no castro portugués de Vilanova de San Pedro, en torno ao II milenio a. d. C, fainos pensar que no noso territorio tamén era unha planta coñecida e utilizada; con todo, foi coa chegada dos romanos cando se incrementou a súa produción en todo o ámbito peninsular (Doval Galán [1998]: 13).

O seu proceso de elaboración era moi laborioso, como nos documenta con detalle García Barros (1990: 102). Con todo non só servía para atender as necesidades téxtiles familiares, senón tamén para vender a outros puntos da Península e obter algúns ingresos. Inicialmente, facíase o cultivo desta fibra para recollela uns meses despois e comezar co proceso de elaboración do tecido que se iniciaba co ripado, no cal se separaba a semente do talo da planta; deseguido, peiteábase e introducíase no río durante unha semana. Unha vez seco había que mazalo ou golpéalo para que perdese as impurezas; a seguir, separábase a fibra da palla nun proceso que se coñecía como tascado. Finalmente, había que espadelalo para que a fibra quedase limpa e estivese preparada para fiar e elaborar as madeixas. Precisamente, no testamento de María Méndez, ofrecido entre os nosos exemplos, déixase como legado testamentario o liño fiado: «Mando Mayor Garçia o lino et o ffiado do *lino* que eu ey»; por contra, no de María Oveques légase o liño tecido: «et XII uaras de pano de *lino* do que eu teno».

O liño era unha fibra forte, de bastante duración, facilmente branqueable e que non absorbía moito a humidade. A estas calidades cómpre engadir o grande abano de elaboracións que permitía, que ían dende a modesta **estopa** (*vid. s.v.*) ata a finura da holanda (*vid. s.v.* **olanda**), do gusto das clases máis acomodadas. Esta característica vai permitir que se converta nun produto mercantil e obrigue aos concellos a establecer regulacións e ordenanzas sobre a súa venda; do ano 1503 datan as Ordenanzas do concello lucense de Mondoñedo (Carmona Badía 1990: 76). No resto de Europa, algúns dos talleres que fabricaban o liño máis fino e valioso, como por exemplo na cidade francesa de Cambrai, eran subterráneos e neles a humidade permitía que os tecedores estirasen os fíos ao máximo sen que rompesen (Alfau de Solalinde 1989: 124, *s.v.* lino).

Aínda que tiñan calidades distintas, Alfau de Solalinde (1989: 123) salienta que os tecidos de liño contaron sempre cunha grande estima ata o estremo de seren consagrados na liturxia para as cerimonias relixiosas. Amais dos panos propios do altar, esta fibra natural foi moi empregada na confección de pezas (*vid. s.v.* **peça**) interiores, fundamentalmente camisas (*vid. s.v.* **camisa**); ornamentos (*vid. s.v.* **ornamento**) litúrxicos e enxoval (*vid. s.v.* **axuar**) doméstico, como toallas (*vid. s.v.* **toalla**), manteis (*vid. s.v.* **mantel**), sabas (*vid. s.v.* **[sabaa]**), etc. Na sociedade medieval foi frecuente o uso de sabas de liño para envolver o corpo no momento da morte, a modo de mortalla (Vinyoles 1989: 467) e, de feito, no testamento de Vasco Martís este pídelle á súa herdeira «...que provea miña sepultura de pano de *lino* e de çera como vir que conplir».

Durante o medievo esta estofa tinguiuse dunha gran variedade de cores, arte en que destacaron os artesáns árabes de Andalucía, que desenvolveron unha importante industria do liño, especialmente na zona granadina (García 2001: 429-30). Martínez Meléndez (1989: 405-406, *s.v.* lino) atesta os tons brancos, crus, listados (*vid. s.v.* **uiado**) e colorados; con todo, Gay

(1974: 402, *s.v.* toiles, vol. II) cita outras tonalidades: «Qui vent ou achete toiles, queles que elles soient soit de *lin* ou de chanvre ou d'estoupes, verde, inde, noir, rouge, jaune ou blanche ou escrue…».

Finalmente, co avance dos séculos, creouse a *Real Mestranza de Mantelería da Coruña* e, posteriormente, as *Reales Fábricas de lino, estopa y estopilla* en Ribadeo e Santiago de Compostela, deixando así mostra da importancia que tivo o liño en practicamente todo o territorio galego.

****

No ámbito galego os testemuños máis temperáns do subtantivo liño datan da segunda metade do século IX. Nun texto escrito en latín, do ano 872, pertencente ao tombo lucense de San Xulián de Samos cítase: «…est, lectistervia, galnapes, pulvilos, tapecia mensarum, que sunt necessaria ex *lino*, ligno et metallo, ornamenta atque ministeria eclesie vel clericorum vestimenta» -*CODOLGA*. En textos en romance, contamos con atestacións dende o segundo terzo do século XIII. Unha cantiga escarniña da autoría do rei Afonso, datada entre 1240 e 1300 ofrece os seguintes versos: «O que tragia o pano de *linho*, | pero non veo polo San Martinho, | non ven al maio» -*CMGP*, Ferreiro *Glosario*, Lapa *Escarnho* (*DDGM*), *MedDB* e *TMILG*. Ademais, na cantiga mariana número 148: «En Chartes á hũ' arca, | que van muitos vee-la, || u jaz hũa camisa | de *lynno* que foi dela; || e cada un sa tea | leva e vai põe-la || sobr' aquela camisa | que jaz volt' en cendaes» -*CSM* (*DDGM*) e *TMILG*. A prosa histórica tamén se fai eco deste termo, de feito a *Cr. Gal* (1295-1312) recolle o seguinte texto: «Poys que forõ ena orta, Gonçaluo Gonçaluez desnuousse entõ dos panos et ficou en panos de *lino*, et tomou seu açor ẽna mão et foyo banar» -*DDGM* e *TMILG*. No portugués, amais da lírica profana, documentamos a forma linho dende finais do século XIII, en que figura na obra *Dos costumes de Santarém* (1294): «Natal des ali auãte nõ deuẽ a seer teudos de lhj responder por elas ja desse ano. costume he do *linho* que o peõ semear deue a dar oytaua de galego ou de mourisco» -*CP 1300S-1900S*.

No galego moderno, na oralidade, rexistramos esta voz no *ALGa*, García *Glosario* (1985) –*DD*- e *TLPGP*. O *ALGa* dá conta dela en tres preguntas (1.119: *Monllo de liño*, 1.120: *Mazar o liño* e 1.122: *Meter o liño no río*). En moitas das respostas localizamos liño, tanto no territorio galego coma nas comunidades estremeiras. O *TLPGP*, coa acepción estudada, rexistra liño en varios concellos galegos. De por parte, o *TLPGP* localiza a forma linhe no territorio portugués de Marvão (Baptista 1967: 366). No relativo ao galego escrito, trátase dun termo cunha representación elevada, da cal temos rexistro dende comezos do século XVIII. Na obra de Blanco titulada *A poesía popular en Galicia 1745-1885. Recopilación, estudio e edición crítica* (1700): «O vello perdeu a vella entr' a muruga do *liño*, e agora o vello chora polo seu agarimiño». Uns anos despois, o bieito Sarmiento no *Coloquio de 24 gallegos rústicos* (1746) cita: «e todo a bon prezo; pantrigos, petadas, ripotes e queixos, mel e manteiguiñas e fruitas do tempo; de *liño*, de estopa, de mantas, mantelos, de cintas, de faixas, manguiñas, ourelos, navallas, fouciñas tixeiras, cuitelos e bingueletiños grandes e pequenos…». O *CORGA* tamén achega numerosos casos deste termo dende o ano 1976, en que figura na novela de Méndez Ferrín titulada *Antón e os inocentes*: «Penso neles, nos meus devanceiros do xeito, con aqueles enormes chapeos, botos de zamanca, severos no seu mahón, camisa de *liño*…».

No que respecta ao español, este documenta a voz lino a partir do segundo terzo do século IX. Nun documento notarial, escrito en latín, pertencente ao Cartulario de San Millán de la Cogolla, datado no ano 864, cítase: «et S. Micael et Sancte Marie, S. Petri, S. Johannis, qui sunt ecclesias fundatas sub Aukensis et ad Severo abbas cum tres calicis argenteos, quinque calicis de stango, sex casullas de sirgo, octo casullas de *lino*, triginta octo libros et cum istos abbates de istos monasterios» -*CORDE*. En textos escritos en romance, as primeiras atestacións datan de comezos do século XIII. Na obra de Almerich titulada *La fazienda de Ultra Mar* (c. 1200) recóllese o seguinte contexto: «Esta es la cosa que mando el Sennor a aquellos que lo ovyesen por cuer, de adozir present al Nuestro Sennor, oro e plata e arambre; cárdeno e ariaven e canto bermeio e

lyno e caberno e cueros de guadilmeçin bermeios e cueros de rudari e maderos de cedros poral tabernaculo» -*CDH*, *CORDE* e *CE 1200S-1900S*. En textos escritos en español na coroa de Aragón, durante o século XV, tamén se achegan contextos de lino; de feito, nun dos manuscritos de *Fons Sástago* (1402 a 1498) ofrécese o seguinte texto: «en mj casa segunt en este item los designo como son trapos de | *lino* | de lana vaxellas litteras caxas coffres leytos oro argent olio ropas de lana» -*DiCCA-XV*. Un século despois, atestamos lino na obra de Fernández de Enciso titulada *Suma de Geographía* (1530): «Visten paños de *lino* e sirgo e andan todos cubiertos desde la cinta fasta a la rodilla» -*DICTER*. Dous anos despois no inventario de bens de Alonso Peraile (San Martín de Pusa, Toledo) faise referencia a: «Yten, dos libras y media de *lino* rastillado apreçiado en dos reales» -*CorLexIn*. Con posterioridade, dende o último cuarto do século XX, o *CREA* compila 600 exemplos desta voz, repartidos en 293 obras diferentes.

A propósito da lexicografía galega, rexistramos este termo nas obras lexicográficas publicadas no século XVIII. Está presente no Sarmiento *Catálogo voces* (1746-c.1755), Reguera *Traducción* (1840-1858), Rodríguez *Diccionario c.1854* e Aguirre *Diccionario* (1858). Na época premoderna (1863-1985) figura no Rodríguez *Diccionario 1863*, Pintos *Vocabulario* (c.1865), Cuveiro *Diccionario* (1876), Valladares *Diccionario* (1884), Carré *Diccionario*[1] (1928-1931), Carré *Diccionario*[2] (1933), Ibáñez *Diccionario* (1950), Carré *Diccionario*[3] (1951), Eladio *Diccionario* (1958-1961) e Carré *Diccionario-Voc.* (1979) -*DD*. Con posterioridade, todos os dicionarios normativos editados a partir dos anos 80 do século pasado, compilan esta voz entre os seus lemas.

Nos repertorios lexicográficos da lingua portuguesa, Murakawa (2017: 121) recolle para linho o ano 1500 e para *panno de* linho o 1618. Tamén rexistramos a forma lino dende o século XVIII, en que a recolle o Bluteau *Diccionario castellano* (1721) –*CLP*.

En cambio, as obras lexicográficas do español achegan lino como entrada dende finais do século XV, época na cal se publica o *Vocabulario español-latino* (1495) de Nebrija -*NTLLE*.

A fabricación a a produción do liño continúa na actualidade e os seus principais produtores están en Europa, Bélxica e os Países Baixos. En Galicia o seu cultivo, que practicamente desaparecera, foi recuperado na década dos 80, mais cunha presenza moi escasa.

Cfr. s.v. **bocarán**, **canbrays**, **cendal**, **coutral**, **estopa**, **estopaço**, **fustan**, **lenço**, **olanda**, **pano** e **picote**.

Calzas da infanta Beatriz († 1235), elaboradas de liño, custodiadas no Museo del Traje de Madrid[217]

[217] En liña en: *http://museodeltraje.mcu.es/popups/06-2004%20pieza.pdf* [Consulta: 18 de abril de 2019].

liño *s.m. vid. s.v.* **lino** → **[3.1 TECIDOS]**

londres → **[3.1 TECIDOS]**

s.m. (con orixe no topónimo Londres < do lat. LONDINIUM, procedente do celta) 'londres, tecido elaborado con la que era empregado para confeccionar pezas de roupa exterior e adoitaba ir tinguido; o seu nome procede da cidade de inglesa de onde era orixinario'.

> ◦ **Londres** (1): "Yten mando a Violante, miña criada, que agora comigo non mora, vna aljuba de *Londres* nova e vna saya de vayxo de palmilla nova e vna con ardalgadon (?)", Sánchez *Álvaro Sánchez*, 1493-xuño-12. Santiago de Compostela (A Co), doc. 13, OR.

No testamento de Inés García cítase unha «aljuba de *Londres* nova» que a testadora deixa á súa criada, entendemos que en agradecemento do seu servizo.

Malia que no noso exemplo non figura o termo **pano** (*vid. s.v.*), nalgunhas ocasións documentamos a unidade pluriverbal *pano de* londres, por exemplo: «5 varas de panno de *londres* azul» nun inventario de 1484 elaborado polo tesoureiro da raíña Isabel «a Católica» -Gual *Voc. comercio*. No relativo ás características desta estofa, non temos moitos datos pero Dávila Corona, Durán Pujol e García Fernández (*DHTT*, *vid. s.v.* londres/londres) e García Fernández (2004: 142) explican que se trata dun tecido de la (*vid. s.v.* **laan**) elaborado con la florete de Languedoc ou do Delfinato (Francia), ou con la, fina, española de Segovia, que constituía un dos tecidos de exportación máis coñecidos. O mesmo que ocorreu con outros, coma a estameña (*vid. s.v.* **estanfforte**), estes comezaron a elaborarse en Inglaterra e, posteriormente, a súa confección foi imitada noutros lugares, neste caso, peninsulares.

Ao ter como base de elaboración a la, o tecido de londres foi empregado na confección de pezas exteriores de abrigo coma albardas, capuces (*vid. s.v.* **capuzo**), tabardos (*vid. s.v.* **tabardo**), caparuças de monte, *gramallas*; para pezas que vestían o corpo como era o caso das saias (*vid. s.v.* **saya**) e saios (*vid. s.v.* **sayo**) e para pezas interiores coma as calzas (*vid. s.v.* **[calça]**). O tecido de londres, segundo a información ofrecida no *Libro de cuentas de Gonzalo de Baeza*, tesoureiro da raíña Isabel «a Católica», do mesmo xeito ca outros tecidos confeccionados de la, podía presentar diversas cores. Documéntanse, entre os anos 1485 e 1490, as tonalidades azuis, moradas, verdes, pardas ou leonadas, encarnadas e rosadas. Ao lado tamén se cita a cor branca, seguramente, para facer mención ao colorido natural do tecido –Gual *Voc. comercio*.

Outras das características desta estofa tiña que ver co grosor, segundo se amosa unha cita recollida no ano 1502 no inventario elaborado por Gonzalo de Baeza, na cal se fai mención á característica do tecido e á súa procedencia: «10 varas de *londres* fino de la çibdad, a 450 maravedís la vara». Nalgunhas ocasións a súa calidade era boa, digna dunha infanta, a xulgar pola texto do ano 1496 onde se mencionan: «5 varas de panno blanco de *londres* para vestir a la infanta de Navarra, a 320 maravedís la vara» -Gual *Voc. comercio*.

Ao lado deste tecido existiu a *londrina*, que se confeccionaba con la refina de Segovia ou de Villacastín e que era exportada ás zonas de Levante (*DHTT*, *vid. s.v.* londrina/londrina, londrins).

****

A primeira atestación desta voz no territorio galego é a do noso exemplo e data de finais do século XV. Uns anos despois, localizamos nun protocolo-inventario notarial da provincia de Ourense, datado no ano 1519, o texto que segue: «Una saya de palmilla e un sayño de *Londres*, ja vello o sayño e a saya» -*TMILG*. No portugués, documentamos este termo dende comezos do século XVI, en que se cita nun documento notarial pertencente ao Mosteiro de Guadalupe e Portugal: «…e outros dous cobertores de *Londres* muito finos brancos e hum mofete com um panno de damasco»; no ano 1529 na obra *Itinerário* de Tenreiro noméanse: «capas de *Londres* azul forradas» **-***CP 1300s-1900s***.**

As bases textuais do galego moderno consultadas (*ALGa*, *CORGA, TILG* e *TPLG*) non ofrecen ocorrencias da voz londres co significado que nos ocupa.

O español atesta o tecido denominado londres a partir da segunda metade do século XV, uns anos antes ca na documentación galega. O primeiro rexistro está na obra anónima titulada *Arancel de precios y salarios de Cuenca* (1462): «otrosy, de tondir la vara de *Londres*, a quatro maravedís e medyo» -*CDH*. Nas *Cuentas de Gonzalo de Baeza, tesorero de Isabel la Católica* (1477-1491) cítanse: «Seys varas e media de *londres* pardillo fino, para un baladran e vn capuz» -*CDH* e *CORDE*. No primeiro cuarto do século XVI a obra *Conpusición Arismética y Geometría* (1512) de Ortega inventaría varias ocorrencias deste termo, pero en todos os contextos na construción *pano de*: «y daros he paños de *Londres*, que vale cada paño 3 ducados; y daros he paños de Valencia, que vale cada paño 5 ducados…» -*DICTER*. Con todo, no inventario de bens de Juan de Castroviejo (Navarrete, A Rioxa), datado en 1545, menciónase: «Vn capote de *Londres* villaje, andado» -*CorLexIn*. No século XX non temos rexistros deste termo coa acepción que nos ocupa nin no *CREA* nin no *CE 1200s-1900s*.

Os repertorios lexicográficos galegos non compilan esta voz entre os seus lemas (*DD*), posiblemente porque o termo quedou en desuso hai varios séculos.

A lexicografía portuguesa ofrece este substantivo dende a segunda metade do século XVI, en que se cita no Cardoso *Dict. ex lusitanico in latino* (1562-1563). Con posterioridade tamén a localizamos no Bluteau *Vocabulario portuguez e latino* (1712-1728) -*CLP*.

Os repertorios lexicográficos do español recollen londres entre as súas entradas dende finais do século XV, en que figura no *Vocabulario español-latino* (1495) de Nebrija. Ademais desta obra, o *Diccionario enciclopédico de la lengua española, con todas las vozes, frases, refranes y locuciones usadas en España y las Américas españolas* –tomo II- (1855) de Gaspar y Roig e o *Diccionario enciclopédico de la lengua castellana* (1895) de Zerolo inventarían a acepción obxecto de estudo –*NTLLE*.

O tecido coñecido como londres quedou en desuso e foi substituído por outras estofas.
Cfr. s.v. **laan**.

lyno *s.m. vid. s.v.* **lino** → **[3.1 TECIDOS]**

M

[magniplo] *s.m. vid. s.v.* **manípolo** → **[2.4 ORNAMENTOS LITÚRXICOS]**

manga → **[2.4 ORNAMENTOS LITÚRXICOS]**

s.f. (do lat. MĂNĪCA-) 'manga, adorno de tea que, sobre uns aros e con forma de cilindro acabado en cono, cobre parte da vara da cruz procesional nalgunhas parroquias' –*DRAE*.

> ◦ **Manga** (3): "vn ornamento de brocado con súa estola et almáticas et vn frontal | et súas aluas et vna *manga* rica con os ditos ornamentos perfetos", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Jten vn frontal negro gornjçido e vn pano de seda de da|masco negro para crianía de tonba de fignados con súas | frocaduras et en perfeción con vna *manga* negra para a cruz | para proçesión de fignados", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Outra *manga* para cruz, de seda, para festas comuus", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

O termo manga fai referencia a unha parte das pezas de roupa, destinada a meter o brazo e, por extensión, a aqueles obxectos que posúen esa forma (no ámbito da xardinería, a cociña, etc.). Nesta ocasión, as mangas inventariadas no reconto da catedral ourensá forman parte dos ornamentos litúrxicos (*vid. s.v.* **ornamento**), ao referirse aos adornos en tea cos que se ocultaban e decoraban os mangos das cruces nas procesións. A súa orixe posiblemente teñamos que poñela en relación cos estandartes, pendóns e outros emblemas que se utilizaban nas procesións, tanto civís coma relixiosas, durante a Idade Media para identificar os diversos gremios e estamentos (Alegre Díez 2012: 4). Durante o medievo, as mangas procesionais eran unha especie de enaguas que co paso dos séculos foron evolucionando e perfeccionándose ata distinguirmos nelas varias partes: a estrutura interna, a coroa, as aletas e o corpo cilíndrico, que adoita ir adornado con iconografía haxiográfica ou mariolóxica.

As pezas ás que se fai referencia nos nosos exemplos son: unha manga de **seda** (*vid. s.v.*) para uso cotián («outra *manga* para cruz, de seda, para festas comuus»), unha manga negra, seguramente, para a procesión do venres santo e mesmo para os enterros («vna *manga* negra para a cruz | para proçesión de fignados») e, finalmente, unha manga rica con ornamentos («vna *manga* rica con os ditos ornamentos perfetos»). En función do uso, estas mangas eran máis ou menos luxosas e as cores, dentro da gama dos tons litúrxicos, tamén ían acordes co momento de uso, como é o caso da manga en tonalidade negra, propia da celebración dos defuntos. As teas elixidas para a súa elaboración adoitaban ser a seda e o veludo (*vid. s.v.* **terçiopelo**) de seda, ás que se lle engadían bordados (*vid. s.v.* **bordado**) de imaxes relixiosas, en ocasións con fíos de **ouro** (*vid. s.v.*) e seda, como posiblemente tivese a manga rica do noso *corpus*. Do proceso de elaboración das mangas das cruces recóllese información no Concilio de Trento (1545-1563): «Si pareciere, podranse hazer para adorno de la cruz cordones largos pendientes del pie de ella, o debaxo del globo de la hasta y bordón, como se practica en muchas partes. Estas sean de oro y seda, y por lo menos la seda de los colores que usa la Iglesia» (Alegre Díez 2012: 6).

O uso deste ornamento litúrxico acadou o seu máximo esplendor dende o século XVI ata a segunda metade do século XX. Caeu practicamente en desuso no último cuarto do século XX,

relegada aos lugares en que estaba ligada a unha festividade moi arraigada, como é a celebración do Corpus Christi en Toledo (Alegre Díez 2012: 6-7).

****

No territorio galego, as primeiras atestacións desta voz localizámolas na primeira metade do século XII. Un documento escrito en latín e pertencente ao mosteiro cisterciense de Oseira (Ourense) ofrece un exemplo desta voz, utilizada como sobrenome, aínda que é posible que teña unha orixe toponímica: «...de illa nostra hereditate de Guitar que era de Pedro *Manga* et dedit eam ad sancta Maria de Arravaldu pro remedio» (1156) -*CODOLGA*. En textos escritos en romance, a documentación máis temperá deste termo data do segundo terzo do século XIII e fai referencia á 'parte das pezas de roupa que cobre total ou parcialmente cada un dos brazos"; nunha cantiga escarniña do rei Afonso X (1240-1300), na cal se critica o uso desacertado á hora de portar certas pezas de roupa recóllese: «Outrossi lhis ar vejo [i] trager | as *mangas* mui curtas e esfra[lda]das, | bem come se adubasem queijadas | ou se quisessem tortas amassar...» -*CMGP,* Ferreiro *Glosario,* Lapa *Escarnho* (*DDGM*), *MedDB* e *TMILG*. Nas *CSM* (1264-1268) cítase: «Mais a Santa Virgen que ela rogou || oyu-lle seu rog', e tan tost[e] chegou || e a sua *manga* sobr' ela parou || que a fez parir e as ondas quedar» -*DDGM* e *TMILG*. Con todo, en ningún dos contextos localizamos o significado da voz manga que estudamos nesta entrada. No ámbito portugués ocorre exactamente o mesmo ca no caso galego; temos mostras dende o século XIV, pero non co significado que nos ocupa. Na *Crónica Geral de Espanha de 1344* (1300-1400) cítase: «Entõ o tomou e meteo per hũa *manga* da pelle e sacouho pella outra, segundo era custome daquelle tempo de tomar os filhos adoctivos».

No galego moderno, tanto na fala (*TLPGP*) coma na escrita (*CORGA* e *TILG*) temos varios contextos deste termo, pero todas elas para denominar a 'parte da peza do vestiario que cobre o brazo'. Ao tratarse dunha voz do léxico común hoxe aparece rexistrada en inventarios, glosarios, léxicos, etc. pero sempre referida á parte da peza do vestiario.

No español, a primeira atestación de manga data do século XII (*DCECH*). No texto anónimo coñecido como *Fuero de Madrid* (a. 1141-1235) recóllese esta voz, aínda que, novamente, non co significado da nosa acepción: «Et qui mataret pescado en Guadarama, de Cinquaesma usque ad sancti Martini con asiedega aut con mandil aut con *manga*, et probatum fuerit, pectet II morabetinos» -*CHD* e *CORDE*. En textos romances, Berceo cita manga na obra *Vida de San Millán de la Cogolla* (c. 1230): «Priso quand'ál non pudo el manto qe cubrié, | las *mangas* de la saya qe al cuerpo vistié, | diólo a los mezquinos quando ál non tenié…» (-*CE 1200S-1900S* e *CDH*) e en *Los milagros de Nuestra Señora* (1246-1252): «Yo en esto estando, vino Sancta María, | cubrióme con la *manga* de la su almexía; | non sentí nul periglo mas que cuando dormía,|si yoguiesse en vaño, más leda non sería» -*CORDE*; aínda así, esta voz non é empregada en ningún dos contextos coa nosa acepción. Posteriormente, diversos repertorios do español e desta lingua na coroa de Aragón (*CorLexIn* e *DICTER*) se fan eco deste termo ao longo dos séculos ata a actualidade (*CE 1200S-1900S* e *CREA*), aínda que ningún dos exemplos que inventarían se corresponden coa acepción estudada.

Na lexicografía galega a nosa acepción non figura nas obras lexicográficas ata a época premoderna (1863-1985), en que a ofrece o Eladio *Diccionario* (1958-1961), obra enciclopédica, que como definición recolle «adorno de tela que cubre parte de la cruz de algunas parroquias». Malia isto, a primeira obra galega onde se recolle este termo é o Sarmiento *Epistolario* (1732-1770), a pesar de que nada ten que ver co significado que estudamos nesta entrada.

Con respecto ás obras portuguesas, estas ofrecen a voz manga dende comezos do século XVII, en que figura no Barbosa *Dictionarium* (1611), pero coa acepción de 'parte das pezas de roupa que cobre o brazo' –*CLP*. Con todo, co significado estudado non localizamos este termo en ningunha das obras consultadas.

Nos repertorios do español, manga figura nos dicionarios dende finais do século xv, en que se cita no *Vocabulario español-latino* (1495) de Nebrija. No entanto, o español ofrece a nosa acepción dende a primeira metade do século XVIII, en que é recollida no *Diccionario de la lengua castellana* publicado pola RAE no ano 1734 (tomo IV).

A día de hoxe o termo manga segue utilizándose no ámbito relixioso, como se ofrece nos exemplos estudados, para facer referencia ao adorno que decora as cruces procesionais.

Manga de cruz procesional de Renera, custodiada no Mosteiro xerónimo de San Bartolomé de Lupiana (Estremadura)[218]

Manga de cruz procesional da Catedral de Toledo (séculos XVI-XVII)[219]

[218] En liña: *http://www.herreracasado.com/2014/12/* [Consulta: 18 de abril de 2019].
[219] *Ibídem.*

[manipolo] *s.m. vid. s.v.* **manjpolo** → **[2.4 ORNAMENTOS LITÚRXICOS]**

[manipulo] *s.m. vid. s.v.* **manjpolo** → **[2.4 ORNAMENTOS LITÚRXICOS]**

manjpolo → **[2.4 ORNAMENTOS LITÚRXICOS]**

s.m. (do lat. MANIPŬLU- 'que se leva na man') 'manípulo, pequena estola que leva o sacerdote no antebrazo esquerdo durante a celebración da misa'.

◦ **Manjpolo** (5): "Vna vestimenta de pontifical con súa cenefa, que he rrica et con | súa alua d'Olanda et con amjto, estola, cynta, e *manjpolo*, | et con seu manto rrico de damasco brocado e con súa casula | de lenço en que está goardado", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Vn manto rico de ricomas con toca de vermello con seu | *manjpolo* e estola d'aquela color; falta a cynta de seda", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Dúas almáticas de damasco brocado de vermello con | súas frocaduras de ricomas con súa estola e *manjpolo*", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Vna vestymenta de damasco branco con súa alua de Bre|tana, et manto de damasco con súa ceneffa dourada, | et *manjpolo* e estola de damasco e cynta", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Outro manto branco de damasco con súa ceneffa dourada | e estola e *manjpolo*", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

◦ **Manipulo** (1): "It. mando a egleia de Sta. Maria de Villascli que roge por min a sou fillo o manto et a stola et o *manipulo* con que ora diçian misa", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1326-[xaneiro-4. Mondoñedo] (Lu), doc. LXXI, COP.

◦ **Manjpolos** (6): "Dúas almáticas de damasco do brocado branco con súa estola; | con vna estola e douss *manjpolos* e con vna estola de | damasco de brocado", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Dúas almáticas brancas de damasco con súa |estola e dous *manjpolos* de damasco branco", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Jten dúas almáticas | brancas de damasco branco; deste ornamento faltan | dous *manjpolos*", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Falta vna estola et douss *manjpolos* destas almáticas", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Outro ornamento negro de terçiopelo dobre con súa casula et ceneffa | rrica e dúas almáticas con tres aluas et seus *manjpolos* e | estolas et todo conprimento", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "çertas cyntillas para cyngyr et para *manjpolos*", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

◦ **Magniplos** (1): "Iten mando a capela de Santa Maria de Perdon vna vestimenta nova de lenço con seu manto et estola et *magniplos*", Sánchez *Álvaro Sánchez*, 1493-xuño-12. Santiago de Compostela (A Co), doc. 13, OR.

◦ **Manipolos** (1): "It mando que das outras stollas et *manipolos* que den pellos altares da ygleia de Mendonedo", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1326-[xaneiro-4. Mondoñedo] (Lu), doc. LXXI, COP.

◦ **Manipulos** (1): "Item cinquo bestimentas as tres delas gorniçidas nas mangas et faldas de seda con suas stollas et *manipulos* de çendal et de panno de seda", Pérez *Codeseda*, 1419-xaneiro-14/novembro-16. [Codeseda. A Estrada] (A Co), COP.

A voz manípulo, que estudamos nesta entrada, cítase nos testamentos de Gonzalo de Moscoso e Inés García e no reconto de bens da Catedral de Ourense. Define unha pequena banda que pende do antebrazo do oficiante da misa e que ten unha orixe parella á **estola** (*vid. s.v.*) e ao amicto (*vid. s.v.* **amito**). Comezou sendo unha especie de **pano** (*vid. s.v.*) de man, coñecido como *mappa*, que se converteu en insignia decorativa de maxistrados, pretor e cónsul para daren o sinal de partida das cuadrigas no circo romano. Con uso litúrxico utilizouse no século I como lenzo (*vid. s.v.* **lenço**) que os sacerdotes empregaban para limpar ou purificar os vasos de culto para, posteriormente, pasar a formar parte da indumentaria sagrada. A forma que posúe na actualidade, de banda pendente do pulso esquerdo sen función específica, foi adoptada no século IX (Rivas Quintas 2012: 139-140). Precisamente, este uso exclusivamente ornamental e utilizado na celebración da eucaristía é o que recolle un dos nosos contextos, pertencente a Mondoñedo: «It. mando a egleia de Sta. Maria de Villascli que roge por min a sou fillo o manto et a stola et o *manipulo* con que ora diçian misa».

No que respecta ao tecido en que se elaboraba o manípulo, frecuentemente adoitaba ser o mesmo ca o utilizado para a confección das estolas (*vid. s.v.* **estola**) e as casulas (*vid. s.v.* **casula**), teas con corpo para conferirlle certa rixidez. Nos exemplos só se cita o tecido de **damasco** (*vid. s.v.*), pero sabemos que teas ricas coma a **seda** (*vid. s.v.*) tamén eran empregadas na elaboración deste adobío litúrxico e, nas súas orixes, amais empregáronse o liño (*vid. s.v.* **lino**) e a la (*vid. s.v.* **laan**). En ocasións, os manípulos ían decorados con motivos ornamentais bordados (*vid. s.v.* **bordado**) e flocos (*vid. s.v.* [**frocadura**]), que podían ser máis ou menos luxosos, dependendo de se o seu portador era o diácono, o subdiácono ou o arcebispo; este último sempre vestido cunha indumentaria máis rica e elaborada, coñecida como ornamentos pontificais (*vid. s.v.* **ornamento**) (Mantilla de los Ríos y Rojas 1995: 14).

As cores das que se fala nos exemplos son a branca e a vermella, pero supoñemos que tamén calquera dos outros tons asociados coa liturxia -morado, verde, negro ou rosa- podían atoparse nestas pezas do ornamento litúrxico[220].

****

No territorio galego, documentamos esta voz por primeira vez nun documento notarial de comezos do século XII, editado por López Ferreiro (1105), onde se cita: «cum stolas et *manipulos*» -Lorenzo *Cronologia* (*DDGM*). En textos romances, a primeira atestación é precisamente a que ofrecemos nun dos nosos exemplos, datado no ano 1326 e localizado nun documento da Catedral de Mondoñedo (Lugo), que ofrece manipulo e a forma plural, manipulos. Este contexto é citado tamén no *TMILG* e no *DDGM*. Uns anos despois, a *Cr. Troiana* e Parker *VCT* (1370-1373) recollen esta voz referida ao ámbito militar ao facer referencia á 'peza da armadura que cubría e protexía a man': «Et desmalloulle o *manípulo* da loriga et a poucas lle ouuera a tallar o dedo da mão» -*TMILG* e *DDGM*. Nos textos portugueses, o *CP 1300S-1900S* só inventaría 7 rexistros deste substantivo; o primeiro, está na obra *Prosodia 4* (1697) de Pereira: «*Mappula, ae, f.g. dim. || A toalhinha, ou pequeno guardanapo, ou *manipulo* do sacerdote.p.b. Gavant».

No galego moderno, na fala, o *TLPGP* ofrece unha localización desta voz no concello pontevedrés de Campo Lameiro (Castro Iglesias 2010). Na escrita, o *TILG* achega un número reducido de atestacións desta voz; en concreto, 4 casos, repartidos entre 3 obras distintas. A primeira presenza desta peza está no boletín mensual *Nós* (nº 30), publicado no ano 1926: «Unha vez tres homes solteiros quixeron vé-las, e un colleu unha pistola e outro un *manípulo* na capela». De por parte, o *CORGA* só dá conta dun exemplo no cal se cita esta voz, a pesar de pertencer ao ámbito militar romano e non ao eclesiástico. Está recollida na novela *Amantia* de

[220] En liña en: *https://es.wikipedia.org/wiki/Colores_lit%C3%BArgicos* [Consulta: 18 de abril de 2019].

María Xosé Queizán (1984): «Cando este viu esta manobra ordenou que cada un se reunise co seu *manípulo*, manténdose firmes, sen pór un pe nin adiante nin atrás das súas filas».

No ámbito español, os primeiros testemuños datan da primeira metade do século XIII. Berceo cita na obra *Loores de nuestra señora* (1236-1246): «Ángeles e archangeles, tronos e senīores,| apóstolos e mártires, justos e confessores,| con stolas e *manípulos* cantan a ti loores; | los que más se estudian tiénense por mejores» -*CDH*. Nun texto notarial pertencente ao reino de Castela (1244) figura a variante maniplo: «E otras dos açitaras que aduxo otra uez, pora conplir todo el altar, una casulla & .j. stola & .j. *maniplo* de ciclaton con oro & .j. cruç con su pie de fust dorado»; esta mesma forma, coa caída do *-i-* intervocálico, é a que localizamos no *Setenario* afonsino (1252-1270): «el amito; la terçera, el alua; la quarta, la çinta; la quinta, el *maniplo*; la ssesta, la estola; la ssetana, la casulla» -*CDH* e *CORDE*. O Gual *Voc. Comercio* tamén documenta un exemplo desta voz nun texto latino do terceiro cuarto do século XIII. Con posterioridade, xa no século XVII, o inventario de bens de Diego Carrillo de Mendoza, de México, custodiado no Archivo General de Indias (Sevilla) ofrece a relación, entre outras cousas de: «Vna casulla bordada, con estola, *manípulo* | y frontal de terçiopelo de China blanco, | con frontaleras de raso azul, bordadas de seda | naranjada y plata, que todo vale çien pesos» (1622) -*CorLexIn*. Esta voz, dende as orixes, ten representación nos textos do español de todas as épocas, aínda que cunha tímida presenza por tratarse dun termo restrinxido, case exclusivamente, ao ámbito relixioso.

As obras lexicográficas do galego ofrecen este lema, coa acepción do noso estudo, na época premoderna (1863-1985). Faise eco dela o Eladio *Diccionario* (1958-1961), obra enciclopédica, que a define como 'ornamento sagrado que se ciñe al antebrazo izquierdo sobre la manga del alba'. Despois, haberá que esperar ata a publicación dos dicionarios de corte normativo, que viron a luz a partir de mediados anos 80 do século pasado, para volver atopar esta voz nas obras galegas.

Con respecto á lexicografía portuguesa esta ofrece o substantivo manipulo dende o primeiro cuarto do século XVIII, en que figura no Bluteau *Vocabulario portuguez e latino* (1712-1728) -*CLP*.

Os repertorios lexicográficos do español, achegan este termo como entrada de dicionario dende a primeira metade do século XVII, en que Florentín o recolle no *Vocabolario español-italiano* (1620) –*NTLLE*.

Na actualidade esta voz segue a formar parte do léxico da lingua, aínda que restrinxida ao ámbito eclesiástico ao que pertence ou, en moito menor medida, á 'unidade militar romana formada por dúas centurias'.

Cfr. s.v. **abeto**, **[almática]**, **alua**, **amjto**, **casula**, **cotibaldo**, **[cugulla]**, **estola**, **mitara** e **ornamento**.

Manípulo do século XVIII custodiado no Museo Lázaro Galdiano de Madrid[221]

manta → **[4.1 ROUPA DO LEITO]**

s.f. (der. de *manto* < do lat. tardío MANTU- 'manto curto', quizais derivado de MANTELLU- 'manto' –*DCECH, s.v.* manto, vol. III.). A súa variación de xénero (manta vs. *manto*) achega diferenzas dimensionais e formais –*cfr. s.v.* **manto**. 'Manta, peza elaborada, normalmente de la, que se utiliza para abrigarse na cama '.

◦ **Manta** (22): "Et mando y hua *manta* et huum ffeltro para a enfermeria dos pobres", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1305-[maio-4. Ribadavia] (Ou), doc. CX, OR.; "Jtem mandou ao capelán que esteuer eesta capela vna *manta* et un chumaço", Lorenzo *Montederramo*, 1306-xaneiro-4. [Montederramo] (Ou), vol. I, doc. 658, OR.; "enna cama dos ommes et hun alfamer de paaço et hua *manta* branqua", Cal *Mondoñedo*, 1373-abril-2. Santiago [de Compostela] (A Co), doc. 115, COP.; "Item enna cama dos mançebos | hun almadraque estreyto et hua *manta*", Cal *Mondoñedo*, 1373-abril-2. Santiago [de Compostela] (A Co), doc. 115, COP.; "Item mando ao dito moesteiro de Sam Martinno hum cabeçal et huna *manta* et huna sauaa de cama", Graña *Vilourente*, 1396-outubro-14. Vilamor. [Mondoñedo] (Lu), doc. 101, OR.; "e que lle dem aa dita sancristanya a mjna *manta* de laan que tem os lauores", Castro *Santa Clara*, 1407-[decembro-23. Santiago de Compostela] (A Co), doc. 9, OR.; "Iten lle mando máis dous cabeçaas dos meus, hun dos grandes e outro mais pequeno et huna *manta* et huna cuba", López Carreira *cidade Ourense*, 1411-outubro-7. [Ourense], Docs. I, Testamentos, doc. 1, OR.; "Item mando a albergaria hun | cabeçal et huna sauaa et huna *manta*", Graña *Vilourente*, 1418-xaneiro-14. Vilamor. [Mondoñedo] (Lu), doc. 167, OR.; "Item mando aa muller de (+-9) minna

[221] En liña en: *http://www.iglesiapueblonuevo.es/index.php?codigo=enc_vestiduras* [Consulta: 18 de abril de 2019].

saya parda et huna *manta*", Graña *Vilourente*, 1436-maio-21. [Vilamor. Modoñedo] (Lu), doc. 249, OR.; "mando una cama de roupa con quatro cabeçaás e un colchón e un almadraque e con suas sabaas e media duzia dalmofadas e con hua *manta* de picote", Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1439-maio-4. [Ourense], vol. I, doc. 74, OR.; "Item lle mando hua *manta* de Aragón e outra manta de Sevilla, e dous cabeçaas e huun feltro e huun gobete de prana", Armas *Pontevedra*, 1449-xullo-25. [Pontevedra], doc. 39, OR.; "Item lle mando hua manta de Aragón e outra *manta* de Sevilla, e dous cabeçaas e huun feltro e huun gobete de prana", Armas *Pontevedra*, 1449-xullo-25. [Pontevedra], doc. 39, OR.; "Item mando mays aa dita Eluira, mina criada, hun cabeçal et huna *manta*", Graña *Vilourente*, 1459-febreiro-12. [Vilamor. Mondoñedo] (Lu), doc. 277, OR.; "Mando Aldoncia criada do prior un almadraque, e un cavezal, e una *manta* polo servicio que me fizo", *Col. doc. históricos*, 1464. [San Clodio. Leiro] (Ou), vol. I, doc. LXXII, COP.; "Iten, preçaron duas toallas e hua azarella e hua sauaa e dous cadillos e hun saquo e hua *manta* vella e hua azarella em oytenta maravedis", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1474-[setembro-14. San Miguel de Cabanas. A Baña] (A Co), doc. XIII, OR.; "Iten, preçaron hun feltro vello e hua *manta* mediada dos menores", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1474-[setembro-14. San Martiño de Broño. Negreira] (A Co), doc. XIII, OR.; "Iten mando a cada ospital desta dia çibdade huna *manta* de sayal", Portela *Lugo XV*, 1487-abril-17. Lugo, doc. 1369, OR.; "poñan no ospital una *manta* noba para los reomeros de oito o dez baras de saal", Otero *Quiroga*, 1489-maio-27. Carballedo. [O Hospital. Quiroga] (Lu), doc. 49, OR.; "Yten mando a o ospital de Santiago... vna *manta* blanca desas de casa", Sánchez *Álvaro Sánchez*, 1493-xuño-12. Santiago de Compostela (A Co), doc. 13, OR.; "Jten le mando máys hũa sa|van e húos mantees e húa *manta* de burel", Lorenzo *testamentos*, 1497-setembro-4/novembro-1. [Cee] (A Co), COP.; García Oro *Diego de Muros III*, 1497-setembro-4. Cee (A Co), doc. 23, COP.; "...hun colchón gordo d'estopaço e hun par de sabaas d'estopaço en hun alfamete e hua *manta* d'abeon", Bouza-Brey *Vilagarcía*, 1504-[agosto-13. Vilagarcía de Arousa] (Po), OR.

◦ **Mantas** (3): "...et dous *alfamares* et hun vellon et quatro *mantas*", López Carreira *Fragmentos*, 1459-marzo-20. [Ourense], doc. D40a, OR.; "Iten, preçaron *mantas* em oytenta maravedis", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1474-[agosto-28. Santa Baia de Logrosa. Negreira] (A Co), doc. XV, OR.; "Yten mando a o espytal de Santa Ana que hes a çerca da capela de San Fiis vna colcha e duas sabas d'estopa e duas *mantas* desas, que acharen por casa", Sánchez *Álvaro Sánchez*, 1493-xuño-12. Santiago de Compostela (A Co), doc. 13, OR.

Entre os textos do noso *corpus* de traballo, dúas ducias ofrecen a voz manta, relacionada co enxoval (*vid. s.v.* **axuar**) do leito.

Con respecto ao uso desta peza, González Mena (1994: 52) postula que a manta, utilizada para o abrigo e disposta entre a saba (*vid. s.v.* **[sabaa]**) e **colcha** (*vid. s.v*) xorde a partir do século XVII, momento no cal se lle conferiu grande importancia á **roupa** (*vid. s.v.*) branca e ás colchas de luxo. Ata entón, esa peza, normalmente de la (*vid. s.v.* **laan**), tiña dobre función: a de abrigar e a de vestir a cama, ao quedar ao descuberto.

No relativo á súa elaboración, González Pérez (1997: 30) explica que esta era responsabilidade das mulleres encargadas de tecela, normalmente de la ou de liño (*vid. s.v.* **lino**). En moitas das casas galegas e do resto do territorio peninsular estas elaborábanse nos teares. Na alta Idade Media as mantas galegas, como apunta Varela Sieiro (2003: 192), deberon contar con certo recoñecemento, pois nun texto do ano 1141, adscrito ao cartulario portugués de San Salvador de Ecclesiola (Grjijó, Vila Nova de Gaia) cítase: «accepi de uobis canonicis *mantam* unam galegam, tantum mihi placuit…». Posteriormente, esta peza formou parte, durante décadas, do enxoval da noiva. Moitas delas confeccionábanse en Castela, onde os rabaños de ovellas meiriñas eran numerosos, o que supuxo a existencia de varias fábricas de

mantas de la, entre as que sobresaían as palentinas, cuxas pezas adoitaban ser de cor branca ou da tonalidade natural da la; noutras ocasións, estas pezas de abrigo eran decoradas con debuxos xeométricos. A autora citada (1997: 53) explica que as persoas de condición acomodada posuían mantas *frazadas*, *frezadas* ou *franzadas*, é dicir, despois de tecidas sometíanse a un cardado de ambas as caras para sacar fibras que proporcionasen unha textura suave.

Con respecto ás cores, amais dos tons naturais e brancos, a la utilizada podía tinguirse de amarelo, azul, vermello, verde e negro e, posteriormente, combinábanse as tonalidades para obter tecidos listados ou a cadros, moito máis sufridos ca as mantas claras. As que mesturaban amarelo e azul ou encarnado e negro recibían o nome de mantas de costal – González Mena 1997: 53. Aquelas pezas máis exclusivas adoitaban levar ornamentación medieval, especialmente mudéxar, que destacaban por un colorido moi vistoso e, ademais, podíanse adornar coas letras iniciais do propietario ou propietaria bordadas.

****

No ámbito galego as atestacións máis temperás desta voz datan do século X. Nun documento notarial pertencente ao tombo lucense de Lourenzá, escrito en latín no ano 969, cítanse: «… almuzallas, plumazos, eciam alios XX lectos de almuzallas *mantas* plumazos. eciam alios XIIm lectos per ad pauperes almuzallas, *mantas*…». De por parte, un texto do tombo ourensán de Celanova (1032) recolle o seguinte contexto: «id est *manta* apreciata de modios IIIor linteos» -*CODOLGA*. Con todo, en textos en romance a presenza deste substantivo data de comezos do século XIV, en concreto, do ano 1305, en que se inscribe o noso exemplo máis temperán, tamén ofrecido polo *TMILG*. Algo antes recóllese no *Foral do Burgo de Caldelas* (Allariz, Ourense), supostamente redactado no ano 1228[222]: «*manta*, III denarios». O territorio veciño ofrece este termo nun documento, en latín, de comezos do século XII, pertencente á sé de Braga, do ano 1103: «…saia de IIIS modios, *manta* de VI quarteiros» -*CODOLGA*. En textos escritos en portugués, os primeiros testemuños datan do século XIV, en que se citan na *Crónica geral de Espanha de 1344*: «E enton, lhe mandou Almançor lançar hũa *manta* em aquelle chãão e mandou hy lançar as cabeças» -*CP 1300S-1900S*.

O galego moderno, na oralidade, ofrece rexistros da voz manta no *ALGa*, *TLPGP* e García *Glosario* (1985) –*DD*. O *ALGa* (pregunta 1.880: *Manta*) recolle manta, xunto con *cobertor*/*cubertor*, entre outras formas con representación máis escasa, nas catro provincias galegas e nos territorios estremeiros de Asturias, León e Zamora. De por parte, o *TLPGP* dá conta deste termo en concellos de todas as provincias da nosa comunidade. A eles cómpre engadir os territorios portugueses, citados de norte a sur, de Arcos de Valdevez (Pereira 1970: 358), Alfândega da Fé (Sousa 1955: 305), Alijó (Salgueiro 1945: 87), Sernancelhe –mẽita- (Moura 1960: 191), Oliveira (Penela 1966: 236), Castelo Branco (Martins 1954: 436), Marvão (Baptista 1967: 355), Beja (Delgado 1970: 363), Castro Marim (Cruz 1991: 343) e Lagos (Carrancho 1969: 197). Na escrita, o *TILG* achega 972 casos, repartidos entre 323 obras diferentes, dende o segundo terzo do século XVIII. Sarmiento no *Coloquio de 24 gallegos rústicos* (1746) escribe: «e todo a bon prezo; pantrigos, petadas, ripotes e queixos, mel e manteiguiñas e fruitas do tempo; de liño, de estopa, de *mantas*…».

O español ofrece o termo manta dende o século VIII. Na escritura fundacional do mosteiro de Santa María de Obona (780), redactada en lingua latina, cítanse, entre outros bens: «*mantas* sex, quinque feltros, et septem lectulos, et tres scanos». Tamén no embargo e atropelo padecidos pola casa de Santa María de Bezdemarbán (c. 1050) faise referencia a: «I.º manto et I.ª *manta*».

[222] Monteagudo (2005). Data que é cuestionada por Souto Cabo (2006: 28-35) e, posteriormente, revisada polo propio editor, quen propón datar o dito privilexio ca. 1250 (Monteagudo 2008: 233).

En textos en romance, as primeiras atestacións datan de comezos do século XIII. No ano 1214 nunha carta de doazón ofrécese o seguinte contexto: «Esto todo do io don Pedro a uos, abat don Cebrian, & al conuent de la Uid, por tal conuenientia, che fagades en Quintaniela de Ualdado un ospital con eglesia & con casas buenas en che puedan pobres bien aluergar, & che pongades j .xxx. lechos con cocedras de pluma & con plumazos & con *manta*» -*CORDE*. En textos españois pertencentes ao Siglo de Oro ofrécense contextos en que manta está presente dende a primeira metade do século XVI. No inventario de bens de Alonso Peraile (1532) faise alusión a: «Yten, vna *manta* viada apreçiada en çinco reales» -*CorLexIn*. Trátase dunha voz cunha presenza ampla na lingua, de feito, no século XX, o *CREA* achega preto de 1.500 rexistros.

As primeiras obras lexicográficas do galego, xurdidas no século XVIII, xa dan conta do termo manta coa acepción estudada. De feito, ofrécea o Sarmiento *Colección voces* (1746-1770) e Payzal *Vocabulario* (c. 1800), editado por Suárez Vázquez. Na época premoderna (1863-1985) está presente no Filgueira et alii *Vocabulario* (1926), Eladio *Diccionario* (1958-1961) e Otero *Vocabulario Piquín* (1977) –*DD*. Con posterioridade, as obras publicadas a partir dos anos 80 do século pasado van ofrecer todas elas a entrada manta.

Con respecto aos repertorios lexicográficos do portugués, a presenza deste substantivo data do segundo terzo do século XVI, en que se recolle no Cardoso *Dict. ex lusitanico in latinum* (1562-1563) –*CLP*.

De por parte, a lexicografía do español ofrece este termo entre os seus lemarios dende finais do século XV, en que Nebrija o ofrece no *Vocabulario español-latino* (1495) –*NTLLE*.

No século XX as mantas seguen sendo unha peza de abrigo que forman parte do enxoval destinado ao leito, elaboradas de la, algodón ou doutras fibras téxtiles.

Cfr. s.v. **alfámar**, **aliffaffe**, **almucella**, **cobertor**, **feltro** e **manto**.

[mantel] → **[5.1 MANTELERÍA]**

s.m. (do lat. MANTĒLE- 'tea de lenzo para secar as mans'). Conta coas seguintes acepcións:

1. 'Mantel, peza de tea coa que se cobre unha mesa para comer sobre ela'.

◦ **Mantees** (7): "Mando | argona a mías sobrinas Eluira Pérez et Tereyga Pérez et dúas toucas que seen no Monte de Rramo et dúas mesas de *mantees*", 1281-setembro-4. Torbeo [Ribas de Sil] (Lu), vol. I, doc. 413, OR.; "...e XVI faceyroós e un boo aliffaffe nouo e VII colchas nouas e VIII pares de *mantees* deschaquel nouos", Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1303-xullo-11, doc. 42, OR.; "Item mando a mina sobrina Maria IIII varas, dous | *mantees* anchos et huna colcha noua que eu aio, et dous façeyroas", Graña *Vilaourente*, 1328-maio-25?. [Vilamor. Mondoñedo] (Lu), doc. 4, OR.; "Yten ten de mi o dito juan afonso certas mesas de *mantees*", Domínguez *Catedral Tui,* 1471, OR.; "Item mando a Lourenço Yaneσ, peliteyro, todo o pan que me deuen de Meylaen deſte anno preſente et mays ſeyſçentos mrs. de moneda vella et hũa arqua de leuar pan que ſé aqui en eſta caſa et dous cabeçaes et hũa colcha de panno barrada et hũa meſa de *mantees* para que o dé todo en caſamento a Tereyja, ſua filla", Maia *História galego-português*, 1414-[setembro-14] Lugo, doc. 42, OR.; "Jten le mando máys hũa sa|van e húos *mantees*", Lorenzo *testamentos*, 1497-novembro-1. [Cee] (A Co), COP.; "Iten lle mando mays huua savaa e huus *mantees* e huua manta de burel" García Oro *Diego de Muros III*, 1497-setembro-4. Cee (A Co), doc. 23, COP.

◦ **Mantéés** (1): "mando...duas mesas de *mantéés* que seen en cas María", Maia *História galego-português*, 1281. [Torbeo. Ribas de Sil] (Lugo), doc. 55, OR.

2. 'Mantel, peza destinada a cubrir e adornar o altar'.

◦ **Mantees** (2): "Iten mando a santa María de Rozavalles huus *mantees*", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1305, doc. 110, OR.; "Iten mando...ao convento de Val de pareysso outros *mantees*", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1305, doc. 110, OR.

Catro testamentos do noso *corpus* fanse eco do substantivo, en plural, mantees. Trátase dos pertencentes aos testadores María Vázquez, Gómez Correa, Xoán Rodríguez, María Eanes, Catalina Gómez e María Méndez. Neles, esta voz fai referencia 'aos panos utilizados para cubrir a mesa' ou 'aos tecidos que cobren o altar'.

Varela Sieiro (2003: 262) reparou na complicación que supuña matizar o significado deste termo nalgúns dos exemplos manexados. Nós corroboramos esta afirmación, do mesmo xeito que coincidimos co autor citado cando indica que «o valor fundamental e básico [desta voz] é o de 'mantel' que nun nivel textual se traduce, por exemplo, na súa asociación recorrente con *sabanos* ou *sabanas* ou outras denominacións para as servilletas nas longas enumeracións que se atopan, sobre todo, na documentación do século X, período ó que pertence a metade da nosa documentación». Entre os nosos exemplos temos dous deles, que *a priori* semella que fan referencia a pezas para o leito; é o caso de: «...e XVI faceyroós e un boo aliffaffe nouo e VII colchas nouas e VIII pares de *mantees* deschaquel nouos» e «Iten lle mando mays huua savaa e huus *mantees* e huua manta de burel»; con todo, sabemos que eses mantees, aínda formando parte do enxoval para a mesa, adoitaban citarse entre outras pezas (*vid. s.v.* **peça**) téxtiles utilizadas no fogar. Cómpre termos en conta que a expresión *mesas de* mantees, que se cita en dous dos exemplos estudados («Yten ten de mi o dito juan afonso certas mesas de *mantees*» e «mando...duas mesas de *mantéés* que seen en cas María»), identifícase, como explica Pérez Toral (2015: 147), «con paños y no con mesas, lo que pone de manifiesto que se trata de un término que onomasiológicamente pertenece a la categoría *ropa de hogar*».

Outra das acepcións que encontramos nestes contextos, malia non termos a seguridade absoluta, podería ser a utilización dos mantees como 'tecidos destinados a adornar o altar'. Trátase de dous exemplos en que este termo aparece citado só, sen formar parte de ningunha serie, e vai destinado a dúas institucións relixiosas, aínda que incidimos en que resulta difícil coñecer, a día de hoxe, o uso exacto destes manteis: «santa María de Rozavalles», quizais en Monforte -Lugo- (Cebrián Franco 1989: 314), e ao «convento de Val de pareysso», posiblemente situado en Ribadavia -Ourense- (Eiján 1920: 227).

Sobre o material de elaboración destes panos do altar non temos información, pero, de seguro, habían ser de liño (*vid. s.v.* **lino**), por tratarse do tecido máis habitual para a elaboración destas pezas (*vid. s.v.* **peça**). No caso dos manteis para a mesa, soamente unha das concordancias nos achega información sobre o material de elaboración: «*mantees* deschaquel nouos». Con todo, amais do eschaque (*vid. s.v.* **[eschaquel]**), pano a cadros de varias cores, é posible que moitos dos tecidos para a mesa tamén se elaborasen con liño. A cor, malia non termos datos nos exemplos, supoñemos que na maior parte dos casos era branca tanto nunha acepción coma na outra.

No que respecta ao enxoval da mesa, González Mena (1994: 57-58) indica que durante o medievo estaba constituído exclusivamente por manteis e panos de mesa ou toallas (*vid. s.v.* **[toalla]**), tanto en ambientes cidadáns coma populares. O feito de adornar e cubrir as mesas servía para protexer a madeira da cal estaban elaboradas e tamén para engalanalas nunha

reunión social, supoñemos que sempre no seo das casas con máis poder durante o medievo, como testemuñan os nosos exemplos.

****

No ámbito galego contamos con atestacións dende o último terzo do século XIII. Varela Sieiro (2003: 260) documenta as formas manteles, mantelos, mantiles, mantenes, mantilia, mantelum, manteles, mantees, forma ofrecida nos nosos exemplos, e manteis en diversos textos escritos en latín entre finais do século X e a primeira metade do XIII: «...inter *mantelos* et sabanas pares uigintti» (928), «Inter sauanus et *manteles* parea X, III^os^ litones pares C^m^, XX^i^ inter sauanus et *manteles*» (938), «Item lectumternia, ganapes, tapetes, plomatios, *mantiles* pares uel sauanas pares XXX» (952), «et unam capam de uiados et caligas et botas et unos *mantees* Froila Froile» (XII), «duas culchas et duas almufadas et duobus plumazos et duobus *manteis* crudos et II cestos... » (1238); tamén localizamos estes contextos no *CODOLGA*. López Ferreiro rexistra a forma manteles nun texto galego escrito en latín e datado no ano 947: «sauanos et *manteles* mensas» -*s.v.* mantel, *Cronologia* Lorenzo (*DDGM*). O *TMILG* non achega novos testemuños no relativo á primeira documentación desta voz nos textos escritos en galego, pois atesta o plural mantéés nun texto datado en 1281, que recollemos entre os nosos exemplos do *corpus*. Os outros tres testemuños que cita datan do século XV e están recollidos na obra de Ferro Couselo; entre eles citamos este contexto do ano 1438: «reçiby de vos Aluaro Afonso, notario do conçello da dita çibdade… sete mantas brancas de cama e tres mesas de *mantées* e dous de lata e outros alesmaniscos e un par de toallas e cuatro cabeçáas e hun almadraque de treez e hus canibetes novos». No portugués, os testemuños máis temperáns datan do século XIV, en que rexistramos o plural mantees na obra *A mais antiga versão portuguesa dos quatro libros dos diálogos de são Gregório* da autoría de Silva cítase: «Cuidas tu que non era presente quando aquelas monjas [...] ti deron os *mantees* que tu metisti no sẽo?»; ao lado deste exemplo faise a seguinte indicación «toalha de altar ou de mesa; capa» que deixa constancia do dificultoso que lle resulta ao lexicógrafo achegar o significado preciso desta voz. A forma singular é documentada na *Crónica da Ordem dos frades menores (1209-1285)*, un século despois, no XV: «[...] lavô-o com agoa e alimpô-o com o *mantel* [...]», exemplo que parece facer referencia ao mantel do altar -*VHCPM*.

No galego, na fala popular, este substantivo está presente no *TLPGP* e no García *Glosario* (1985) –*DD*; este último ofrece o lema mantel coa variante mantés. Respecto ao *TLPGP* este achega mantel nos concellos coruñeses de Dumbría (Leis Casanova 1969: 87), Laxe (Morandeira Lourés 1969: 103) e Porto do Son (Marín Suárez 1978: 69); no lucense de Pantón (Palacio Sánchez 1974: 43) e nos pontevedreses de Redondela (Monteagudo Cabaleiro 1998) e Tomiño (Pérez Alonso 1969: 46). A forma mantés está presente na provincia da Coruña, nos concellos da Estrada (Fraiz Barreiro 1974: 99) e Melide (Fraga García 1968: 61) e, finalmente, no norte de Lugo, nos concellos de Abadín, Cospeito, Vilalba e Xermade (Regueira Fernández 1989). No galego escrito atopamos este termo dende o século XVII, en que Feixoo de Araúxo cita manteles, a forma con *-l-* intervocálico, no *Entremés famoso sobre da pesca do río Miño* (1671): «Non hai que fiar neles porque ó cabo han de pór mesa e *manteles*». Ao lado desta forma, atestamos o plural mantés, que se cita no semanario O *tío Marcos da Portela* (1877, primeira época, parrafeos 27-62): «A mesa era longa com' a grácea de Dios; |os *mantés*, entre brancos e negros; | os cobertos de prata…». Tamén o *CORGA* ofrece testemuños dende o último cuarto do século XX, en que o escritor Méndez Ferrín a recolle na novela *Antón e os inocentes* (1976): «...depositando ao millor sobre a mesa da cociña, cuberta cun *mantel* de nylon rosa».

No ámbito español tamén documentamos esta voz dende o século XIII, aínda que en textos latinos peninsulares está presente dende o século X. Na obra anónima titulada *Libro de Apolonio* (a. 1240) recollemos o seguinte contexto: «aguisar los comeres, sartenes e calderas, | adobar los comeres de diuersas maneras: | non costauan dinero *manteles* ni forteras» -*CDH*. No século

XIV, na obra anónima que leva por título *Gestas del rey don Jayme de Aragon* (c. 1396) a voz mantel úsase nun contexto bélico: «Et quando los moros lo vidieron, pararon de part de dentro .IJ. trabucos et .XIIIJ. algarradas, entre las quales auie vna mucho buena, et quando tiraua, passaua bien .V. o .VJ. tiendas en el real dentro. Pues començaron de tirar los engenyos de fuera et de dentro, et dixo en Gizpert de Barbera que el mostrarie a fer vn *mantel* que yrie sobre ruedas entro al vallado dela villa, a pesar delos engenyos et ballestas qui eran dentro:… ». Con todo, coa nosa acepción o primeiro testemuño témolo no texto Ruy González de Clavijo titulado *Historia del gran Tamorlán* (a. 1406): «truxieron |mucha gente sin |*mantel[e]s* en que trayan |escudillas de carne adouada | & arroz & otros manjares» -*CORDE*. En textos en español escritos no territorio aragonés documentamos o plural manteles dende o ano 1423, en que se recolle na obra *Arte cisoria o Tractado del arte de cortar del cuchillo*, da autoría de Villena: «çircustantes. e al mudar de·los platos ljnpie con vn paño los | *manteles* | ant·el rey sy en ellos de·la vjanda o del pan alguna» -*DiCCA–XV*. Décadas despois, o Gual *Voc. Comercio* recolle este termo nas *Cuentas de Gonzalo de Baeza* (1483): «6 varas de *manteles* reales». Xa no século XVI a obra de Pigafetta titulada *Primer viaje alrededor del mundo* (1507) ofrece o contexto: «Otra esterilla ante sí, servíale de *mantel*, pues estaba comiendo huevos de serpiente escudillera» *-CE 1200s-1900s*. Con posterioridade, o *CorLexIn* no inventario de bens de Alonso de Peraile (1532), toledano, recolle: «Yten, vnos *manteles* de çerro nuevos». Dende as súas orixes esta voz cítase en todos os repertorios do español, incluído o *CREA*, que a ofrece dende o ano 1975.

Polo que se refire ao rexistro lexicográfico, das obras compiladas no *DD* só o Cuveiro *Diccionario* (1876) recolle os lemas mantes e manteses e o Eladio *Diccionario* (1958-1961) define o lema mantel. Polo tanto, mantel incorpórase ao *corpus* lexicográfico nun período relativamente tardío, pero dan conta del os dicionarios, de corte normativa, publicados a partir dos anos 80 do século pasado.

Na lexicografía portuguesa localizamos este termo dende o primeiro cuarto do século XVIII, en que figura no corpo de varias entradas do Bluteau *Vocabulario portuguez e latino* (1712-1728) *–CLP*.

Con respecto aos repertorios lexicográficos do español, estes achegan temantel dende o primeiro cuarto do século XVI, en que figura no *Vocabulario de romance en latín hecho por el doctíssimo maestro Antonio de Nebrissa nuevamente corregido y augmentado más de diez mill vocablos de los que antes solía tener* (1516), editado por Nebrija *–NTLLE*. Nas obras españolas e portuguesas, mantel tamén é a forma rexistrada para referirse á 'peza que cobre a mesa ou o altar'. Incluso, varios repertorios españois do século XVIII ofrecen a voz mantel referida ao 'lambrequín con que os cabaleiros cubrían os seus casquetes e escudos' e, os do XIX recollen a unidade pluriverbal en manteles que define 'a división do escudo heráldico en tres partes'.

A día de hoxe a voz mantel segue sendo de uso habitual ben para referirse ao 'pano que cobre a mesa', ben para facer alusión ao 'pano que se pon sobre o altar'.

Cfr. s.v. **[toalla]**, **pano** e **[sabaa]**.

Mantel na *CSM* nº 10 do Códice do Escorial[223]

Mantel custodiado na Catedral de Coria (Cáceres)[224]

mantilla → **[2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER] [2.1.3 TRAXES DE POÑER POR RIBA]**

s.f. (diminutivo de *manto* < de etimoloxía incerta; quizais forma retrógrada de MANTĒLLU-, variante antiga do latín ou variante de MANTĒLU- 'mantel, toalla' -*DCECH*, *s.v.* manto, , vol. III) 'mantilla, peza de abrigo de uso feminino que cubría os ombreiros e cuxa lonxitude era variable'.

> ◦ **Mantilla** (2): "mando que bendan a miña *mantilla* e o meu sayño para ajuda de pagar e conplir miñas onrras", Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1519-novembro-28. [O Outeiro. Viveiro. Celanova] (Ou), vol. I, doc. 122, OR.; " mando que digan duas misas por la ánima de Juan Boo, por razon de çerta díbida que le eu debía de una *mantilla* que le

[223] En liña en: *http://www.artehistoria.com/v2/obras/9719.htm* [Consulta: 18 de abril de 2019].
[224] En liña en: *https://salamancartvaldia.es/not/133526/mantel-catedral-coria-enigma-desvelar/* [Consulta: 18 de abril de 2019].

> conprara", Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1519-novembro-28. [O Outeiro. Viveiro. Celanova] (Ou), vol. I, doc. 122, OR.

A mantilla que se cita no testamento de Tareixa García de Outeiro é unha das pezas de roupa de abrigo medieval. Bernis (1979: 102) explica que a mantilla é de uso exclusivamente feminino e documéntaa entre as roupas das mulleres de alta clase social, como raíñas, infantas e damas nobres, polo tanto, para a investigadora trátase dun tipo **manto** (*vid. s.v.*) rico portado sobre os ombreiros que, amais de peza de abrigo, cumpría unha función estética.

Nos nosos exemplos non hai datos do material en que se elaboraban as mantillas, pero segundo a autora anteriormente citada, as teas utilizadas para a súa confección eran as sedas (*vid. s.v.* **seda**) de **brocado** (*vid. s.v.*), **damasco** (*vid. s.v.*), *chamelote* (*vid. s.v.* **chamalote**), *aceituní*, raso (*vid. s.v.* **rraso**), *cetí* e tamén os panos (*vid. s.v.* **pano**), fundamentalmente, o pano fino, o pano de catro cuarteis, a grana e o contrai (*vid. s.v.* **coutral**). Ían forradas con teas de seda, coma o *cetí*, damasco e veludo (*vid. s.v.* **terçiopelo**) e con ricas peles (*vid. s.v.* **pena ueyra**), sobre todo, de martas ou armiños para darlle corpo a esta peza exterior e facela máis abrigosa. As mantillas máis exclusivas gornecíanse con reberetes de veludo ou con bordados (*vid. s.v.* **bordado**) de **ouro** (*vid. s.v.*), tal é o caso da pertencente á raíña Isabel «a Católica», que era «de brocado de oro sobre brocado blanco, de una pieça, toda enforrada de raso verde».

Do tamaño tampouco se ofrecen indicacións nos nosos exemplos, mais este variaba dunhas mantillas a outras, que podían elaborarse con sete varas[4] de tea ou só con tres e media. Por exemplo, á infanta Xoana atribúenselle dúas mantillas, unha de sete varas de raso cor carmesí, forrada con sete varas e media de veludo morado, e outra de tres varas e media de grana de Florencia, con reberetes de veludo morado. O habitual era que canto máis elevada era a clase social, máis tecido se empregase na confección desta peza. Vinculada á mantilla están os termos *á* e *aleta*, que se utilizaron para denominar as mangas abertas, a modo de anchas bandas que pendían dos ombros, de aí que nalgúns documentos medievais se diferencie entre mantillas de unha aleta e mantillas de dúas aletas; no gardarroupa da raíña Xoana «a Tola» figuraba «una *mantilla* de paño verde oscuro con dos aletas la delantera, bordadas las aletas e delanteras e aberturas de oro ylado y ribeteada de terciopelo verde» (Bernis 1978: 48).

No entanto, o feito de que a mantilla dos exemplos pertenza a unha veciña da comarca de Celanova, sen *a priori* relevancia na sociedade medieval da época, permítenos sospeitar que a peza da que se fala aquí estea máis relacionada coa que cita Morán Cabanas (2001: 178) cando escribe «com este termo parece que se designaba no século XV certo tipo de manto que usavam exclusivamente as mulleres e que, tal como indica o sufixo diminutivo de origem castelhana *–illa*, era de pequeno tamaño, cobrindo a cabeça e caindo por vezes até à cintura». Cos datos que temos, podemos cuestionar a lonxitude desta peza e se levaba ou non capucha, do que non dubidamos é de que se trata, polo menos neste exemplo, dunha peza de abrigo modesta e de uso cotián. De feito, a autora citada indica que o dramaturgo Gil Vicente a asocia a mulleres de idade que viven en zonas rurais. Como exemplo pon a Maria Parda, que chega a vender a súa mantilla para mercar vino («ontem bebi a *mantilha* / que me custou dous cruzados»; de por parte, no *Cancioneiro Geral* (1516) de Garcia de Resende cítanse as mantillas entre as pezas que João Fogaça promete nun texto a quen quixese «ser muito boa mulher». É esperable que as cores desta pezas fosen a gama de marróns, o negro ou gris, en función das teas, normalmente bastas, empregadas para a súa confección.

****

No territorio galego as primeiras atestacións desta voz cadran coas ofrecidas nos exemplos desta entrada: comezos do século XVI (1519). No que respecta ao portugués, os primeiros

testemuños datan tamén do século XVI, de feito no *Cancioneiro Geral* (1516) de Garcia de Resende cítase: «*Mantilha* color de telha como costumão na beyta & por vos dar aconteyra mas inteyra leuay peloyna vermelha» -*CP 1300S-1900S*.

O galego moderno, na fala popular, tamén documenta esta peza exterior, pero cunha morfoloxía totalmente distinta á que tiña na Idade Media. No *TLPGP* defínese como un 'manto co que as persoas cobren a cabeza' e no García *Glosario* (1985) –*DD*- indícase que é un castelanismo pola forma *mantelo*. Na escrita, o *TILG* ofrece o termo mantilla dende a segunda metade do século XIX, pero xa como unha peza curta, xeralmente destinada a cubrir a cabeza. Pintos nos *Contos da aldea que parecen historias da vila e historias da vila que parecen contos da aldea* (1858) recolle o diminutivo *mantillica*: «Mira, onte á noite á taberna foi unha | de *mantillica* de encaixe de seda negra botá-las cartas, e axiña | para unda a criada dela me fun, e tod'a súa vida, pan pan, me | contou». Un ano despois o mesmo autor nos textos «Contestación…», «Traducción…», «Recramo», publicados en *La Perseverancia* (nos 6, 7 e 27) ofrece o seguinte contexto: «Esas murallas sombrías coas hedras manto labrado regalado polo | tempo que pasou: a alameda onde as túas fillas fan bulir trá-las | *mantillas* ollos que o Sultán soñou Pro antes que os teus outeiros, | que a ría, montes, e prados tan prezados…». Se nos fixamos na distribución cronolóxica que ofrece o *TILG*, podemos comprobar como esta voz está presente en 102 casos, en 59 obras distintas, pero co paso dos séculos o seu uso vai descendendo. Entre 1851 e 1900 cítase en 50 textos, entre 1901 e 1950, en 15; entre 1951 e 1980, en 13 e, finalmente, entre 1981 e 2013, en 24. Este repertorio tamén achega exemplos do substantivo *mantelo*, pero practicamente en todos os exemplos como sinónimo de 'mandil'.

No español esta voz está presente dende o primeiro terzo do século XV, anos antes ca nos textos galegos. Na *Traducción y glosas de la Biblia de Alba* (c. 1422-1433) de Guadalfajara cítase: «El candor conplida e syn *mantilla* es la su obra, etcetera» -*CDH*. Máis claro resulta o contexto recollido nas *Cuentas de Gonzalo de Baeza, tesorero de Isabel la Católica* (1477-1791): «Tres varas de grana morada, para vna *mantylla*, a 1.000 mrs. la vara, son 3.000 mrs» -*CDH*, *CORDE* e Gual *Voc. comercio*. No século XVII, en textos do Siglo de Oro, ofrécese esta voz dende o ano 1601, en que se inventaría na Carta de dote de Beatriz de Comillas (Sahagún-León): «Vna *mantilla* de garrobillas parda, en siete reales» -*CorLexIn*. A xulgar polas indicacións destes contextos, parece tratarse dunha mantilla pequena, lonxe do tipo de manto do medievo.

As obras lexicográficas do galego non van ofrecer o castelanismo mantilla, coa nosa acepción, nin na época clásica nin na premoderna -*DD*. Con todo, dela vanse facer eco os dicionarios, de corte normativo, publicados a partir de mediados dos anos 80 do século XX, pero non co significado que tiña no medievo, senón para denominar a 'peza de roupa feminina, de encaixe, seda, etc., que se leva sobre a cabeza e cae sobre os ombros ou sobre as costas', sinónimo de *mantelo*, *mantela* ou *lenlla* –*DRAG*.

Na lexicografía portuguesa tamén se ofrece mantilha, coa mesma acepción que ten nas obras galegas modernas. Con todo, co uso dos nosos exemplos non atopamos este lema en ningunha das obras compiladas no *CLP*.

Con respecto ás obras do castelán, este substantivo está presente dende comezos do século XVII, pero para denominar unha 'peza de roupa para enrolar os bebés'. Coa acepción de 'capa feminina para cubrir a cabeza e o corpo' rexístrase dende o ano 1705, en que Sobrino publica o *Diccionario nuevo de las lenguas española y francesa*. Como peza de adorno, máis que de abrigo é ofrecida nas obras lexicográficas dende a segunda metade do século XIX, en que a recolle o dicionario da Real Academia Española do ano 1852 (10ª edición) –*NTLLE*.

Na actualidade, a lingua conserva a voz mantilla, pero non como peza de abrigo, senón como peza de uso feminino; 'veo para poñer sobre a cabeza', en xeral, para usos solemnes encadrados en contextos marcadamente tradicionais.

Cfr. s.v. **manto** e **manton**.

Mantilla con dúas aletas sobre un brial (c. 1485) no *Breviario romano*, custodiado na biblioteca do Mosteiro del Escorial, B-2-15 (Bernis 1978: 94, lámina XXXIX)

manto → **[2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER] [2.1.3 TRAXES DE POÑER POR RIBA] [2.4 ORNAMENTOS LITÚRXICOS]**

s.m. (de etimoloxía incerta; posiblemente sexa unha forma retrógrada de MANTELLU-, ben voz antiga do latín, ben variante de MANTĒLU- 'mantel, toalla' (*DCECH*, *s.v.* manto, vol. III) e Varela Sieiro (2003: 92-94) 'manto, peza exterior para protexer do frío e da chuvia, ampla e longa, que cobre o corpo dende os ombreiros e pode estar aberto por diante ou por un lateral'.

◦ **Manto** (51): "mando a García Pérez de Samartino de Mazeeda, que é meu aba|de, este meu *manto*", Lorenzo *Montederramo*, 1275-maio-4. [Montederramo] (Ou), vol. I, doc. 355, OR.; Maia *História galego-português*, 1281. [Torbeo. Ribas de Sil] (Lu), doc. 55, OR.; "Mando o meu *manto* de broneta negra a Eluira Ffernández de Uilar", 1281-setembro-4. Torbeo [Ribas de Sil] (Lu), vol. I, doc. 413, OR.; Maia *História galego-português*, 1281. [Torbeo. Ribas de Sil] (Lu), doc. 55, OR.; "...Et os vasos de prata que eu mando ao abade de Feaes mándollos para hun *manto* para mynna capella", Cambón *Melón*, 1285-maio-5. [Ribadavia] (Ou), doc. 836, OR.; "A ponte d'Ourens os meus pannos, conven a saber, o *manto* et o pelothe et a saya", Vaquero *Celanova*, 1287-marzo-10. [Ourense], vol. I, doc. 77, OR.; Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1287-marzo-17. [Ourense], vol. I, doc. 29, OR.; "Et mando... o meu *manto* aos frades laudatos", Lorenzo *Montederramo*, 1290-xaneiro-20. [Nocedo. Castrelo do Val] (Ou), vol. I, doc. 500, OR.; Maia *História galego-português*, 1290-[xaneiro-20. Nocedo. Castrelo do Val] (Ou), doc. 58, OR.; "Et se en cas Roy Perez d'Ourense hun destallo, o cendal pera *manto* et pera guardar a corpo de Deus por día de Corpux", Lucas&Lucas *Ramirás*, 1295-agosto-5. [Ramirás] (Ou), doc. 248, OR.; "et

mando a Sancha Goterrez mia curmáá o meu *manto*", Lucas&Lucas *Ramirás*, 1295-agosto-5. [Ramirás] (Ou), doc. 248, OR.; Duro *Ramirás*, 1295-agosto-5. [Ramirás] (Ou), OR.; "…et aynda mando o meu *manto* et o meu pelote da broneta a o convento d - Osseyra para pitança", Romaní *Oseira*, 1304-xaneiro-19. [Oseira. San Cristovo de Cea] (Ou), vol. II, doc. 1.316, OR.; "Et mando ao moesteyro ia dito huna dalmadiga et hun amyto et hun *manto*", Rey Caíña *Ferreira de Pallares*, 1312-setembro-22. [Ferreira de Pallares. Guntín] (Lu), doc. 420, OR.; "Jtem mando a Aldonça Estéuẽez un *manto*...", Lorenzo *Montederramo*, 1313-novembro-2. Ourense {1313-outubro-12}, vol. II, doc. 774, OR.; "Jtem mando o meu *manto* da sarga branca ao moesteyro de San Payo", Lorenzo *Montederramo*, 1313-novembro-2. Ourense {1313-outubro-12}, vol. II, doc. 774, OR.; "Jtem mando o meu manto da sarga branca ao moesteyro de San Payo para fazer | hun manto con que séruean o altar principal", Lorenzo *Montederramo*, 1313-novembro-2. Ourense {1313-outubro-12}, vol. II, doc. 774, OR.; "et o seu deffendemento que tena por bem de a a hora de mia morte de me meter sub o seu *manto* hu ella deffende muytos cuytos et muytos pecadores", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1326-[xaneiro-4. Mondoñedo] (Lu), doc. LXXI, COP.; "den...saluo o meu *manto* et pellote que eu trago ora de cotio", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1326-[xaneiro-4. Mondoñedo] (Lu), doc. LXXI, COP.; "...saluo o meu manto et a mina guarnacha da escarlata et o *capeyrote* que mando que o dem a Martin Martiz", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1326-[xaneiro-4. Mondoñedo] (Lu), doc. LXXI, COP.; "Item mando un *manto* et un capeyrote", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1326-[xaneiro-4. Mondoñedo] (Lu), doc. LXXI, COP.; "mando... et huun *manto* xamete uermello et vna capa de tartarisco vello", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1326-[xaneiro-4. Mondoñedo] (Lu), doc. LXXI, COP.; "It. mando a egleia de Sta. Maria de Villascli que roge por min a sou fillo o *manto* et a stola et o manipulo con que ora diçian misa", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1326-[xaneiro-4. Mondoñedo] (Lu), doc. LXXI, COP.; "Item mando a Sam Pedro de Sea o panno [que] trago en mina casa para o *manto* et mays CC sl. por que se faça a vistimenta", Pérez Rodríguez *Toxos Outos*, 1334-agosto-6. [Toxos Outos. Lousame] (A Co), doc. 795, COP.; López Ferreiro *Fragmentos*, 1334-[agosto-6. Toxos Outos. Lousame] (A Co), COP.; Pichel&Martínez *documentação*, 1334-agosto-6?.[Toxos Outos. Lousame] (A Co), doc. 14, COP.; "Item mando a San Pero de Sea o panno que tengo en mina casa para o *manto* et mays cc^{os} solidos por que se prefaça a vistimenta", Sánchez *ACS*, 1334-agosto-11. [Cereixo. Vimianzo] (A Co), doc. 7, COP.: "...que as den aos ditos meus compridores para conpren (sic) por elas huun *manto* ou hua vistimenta para a dita iglesia", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1395-[abril-29. Santiago de Compostela] (A Co), doc. XXXIV, OR.; "mando a mia ssaia noua a Ffernán Monís, capelán, et | o meu *manto* aos ffrades laudatos", Lorenzo *Montederramo*, 1341-decembro-17. Ourense {1290-xaneiro-20}, vol. I, doc. 500, OR.; "et que lle pagen a feitura e dobramento do *manto*", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1400-[xullo-10. Santiago de Compostela] (A Co), doc. CXII, OR.; "Item mando... o melor *manto* que eu ouuer", Castro *Santa Clara*, 1407-[decembro-23. Santiago de Compostela] (A Co), doc. 9, OR.; "Item cinquo bestimentas as tres delas gorniçidas nas mangas et faldas de seda con suas stollas et manipulos de çendal et de panno de seda, et tres *mantos* de panno de seda, huun de collor blanco, et outro biado a maneira deschaquel, et outro de color uermella, et outras duas bestimentas cotidianas de panno de linno", Pérez *Codeseda*, 1419-xaneiro-14/novembro-16. [Codeseda. A Estrada] (A Co), COP.; "Item mando a Maria Eanes, a freyra, o meu *manto* preto", Graña *Vilourente*, 1431-febreiro-28. [Vilamor. Mondoñedo] (Lu), doc. 215, OR.; "...que lle den outro tabardo ou *manto*", González Garcés *A Coruña*, 1458-novembro-23 {1399-xaneiro-30} [A Coruña], OR.; "mando a cada hun deles por seu travallo a cada un seu *manto* de boo pard[e]llos de Segovia", Vaquero *Celanova*, 1478-xaneiro-3. Ourense, vol. II, doc. 670, OR.; "a Ygnés Domínguez un *manto* de pardo e una fanega de pan", Otero *Quiroga*, 1489-maio-27. [Carballedo. O Hospital. Quiroga] (Lu), doc. 49, OR.; "Iten mando a capela de Santa Maria de Perdon vna vestimenta nova de lenço con seu *manto* et estola et magniplos", Sánchez *Álvaro Sánchez*, 1493-xuño-12. Santiago de Compostela (A Co), doc. 13, OR.; "Vna vestymenta de damasco branco con súa alua de Bre|tana, et *manto* de damasco con súa ceneffa dourada, | et manjpolo e estola de damasco e cynta", Rodríguez Parada

reconto Catedral Ou, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Outro *manto* branco de damasco con súa ceneffa dourada | e estola e manjpolo", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Vna vestymenta de defuntos con seu *manto* de | sarga", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Outra vestymenta conprida con vn *manto* de brocado | rraso colorado", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Outro *manto* de chamalote colorado con çeneffa de Jhesús | María, sen outro conprimento para seer vestimenta conprida", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Outro *manto*", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Falta vna vestimenta conprida con seu *manto* de damasco rraso | de labores", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Vn *manto* vello de ouro de sarafijs con súa ceneffa vella; | falta ho outro conprimento para seer vestimenta conprida", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Vna vestimenta de pontifical con súa cenefa, que he rrica et con | súa alua d'Olanda et con amjto, estola, cynta, e manõpolo, | et con seu *manto* rrico de damasco brocado e con súa casula | de lenço en que está goardado", Rodríguez Parada ũ*reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Vn *manto* rico de ricomas con toca de vermello con seu | manjpolo e estola d'aquela color; falta a cynta de seda", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Vn *manto* de ouro bayxo con súa çeneffa con vna santa María | enos peytos de follajee e con vn crucifixo ennas espaldas; | falta deste ho outro conprimento", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Outra vestymenta conprida de seda mourisca; falta | o *manto* dela, que he mourisco, seu labor de grifos", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Outra vestimenta conprida con *manto* de seda, feytura | de poombynas d'estano, saluo ho manto", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Outra vestimenta conprida con manto de seda, feytura | de poombynas d'estano, saluo ho *manto*", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "...mando que o desen a súas cria|das, a cada hũa seu *manto*", Lorenzo *testamentos*, 1497-setembro-4/novembro-1. [Cee] (A Co), COP.; García Oro *Diego de Muros III*[225], 1497-setembro-4. Cee (A Co), doc. 23, COP.

◦ **Rroanto** -erro do escribán- (1): "mando que dían un *roanto*[226] á muller que ficou de Alonso de Vilafanca", Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1519-novembro-28. [O Outeiro. Viveiro. Celanova] (Ou), vol. I, doc. 123, OR.

◦ **Mantos** (2): "It. mando das minas doas, conuen a saber, cordas de *mantos* et botoaduras de prata et gllandas et doas de garganta et algofre et todas doas que eu aia", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1348-[xuño-7. Santiago de Compostela] (A Co), doc. XLI, OR.; "Yten mando... e os outros saios de vestir e *mantos*", García Oro&Portela Silva *Mariño*, 1427. [O Cabo. Os Ánxeles. Brión] (A Co), doc. 18, OR.

Unha das voces máis frecuentes deste *corpus* de estudo é o manto, peza do vestiario exterior tanto masculina coma feminina, que foi empregado por xentes de todas as clases sociais, a xulgar pola información que nos transmiten os exemplos compilados, en que se citan os mantos das criadas («mando que o desen a súas criadas, a cada hũa seu *manto*») no testamento de Catalina Gómez, fronte aos mantos máis luxosos e ricos, entre os que atopa o de uso eclesiástico, custodiado na Catedral de Ourense («vn *manto* de ouro bayxo con súa çeneffa con vna santa María enos peytos de follajee e con vn crucifixo ennas espaldas»).

[225] Corriximos a lectura do editor, quen escribiu «…mando que o dese as suas criadas a cada huua sen maço» en lugar de «…mando que o desen a súas criadas, a cada hũa sen *manto*», como se recolle en Lorenzo *testamentos*.

[226] Corriximos a lectura do editor, quen ofrece a forma «*roantón*», a pesar de que no texto orixinal lemos «*rrroanto*». entendemos que esta forma é un erro do escribán no canto de usar a forma estudada manto.

Malia que Menéndez Pidal (1986: 70) dubida da distinción entre o manto e a **capa** (*vid. s.v.*) no século XIII, imos intentar achegarnos a esta peza (*vid. s.v.* **peça**) de **roupa** (*vid. s.v.*) por datarmos a maior parte das ocorrencias entre os séculos XIV e XV.

O costume de levar manto remóntase aos gregos e os romanos, a pesar de que foron os bizantinos quen o difundiron nos seus dous modelos: o *palium*, de corte rectangular, e o *mantellum*, semicircular. Esta peza de roupa chegou aos xermanos, que o anoaron á esquerda e de aí o costume medieval de levalo no ombreiro, que se coñeceu como manto *afiblado* ou cinguido (Montoya Martínez 1988: 440). No que respecta á feitura, esta peza sufriu varias modificacións ao longo dos séculos; con todo, como modelos de mantos podemos destacar os pregueados, os dunha soa cava (ou abertura para sacar os brazos e as mans) e os lombardos, estes últimos abertos no lado dereito[227]. De por parte, Bernis (1979: 104) explica que os mantos que se representaron nos patróns dos libros de xastrería dos séculos XVI e XVII responden a dous tipos: uns cortados en capa, axustados á forma dos ombros e os outros, estendidos, tiñan forma dun segmento de círculo. Á hora de portalos, as mulleres levábanos co bordo recto sobre os ombros, despegados do pescozo; os homes, adoitaban cruzalos sobre un ombreiro, como xa indicamos, ao falarmos do manto *aflibado*. En ocasións podía levar un cordón (*vid. s.v.* **[cordón]**) ou corda (*vid. s.v.* **[corda]**) para a súa suxeición, a xulgar polas «cordas de *mantos*» que se citan no testamento de Elvira Pérez. Outros tipos de mantos que figuran no *corpus* manexado son o **mantillo** (*vid. s.v.*) e o **mantón** (*vid. s.v.*), ao que podemos engadir o manto mourisco nomeado no reconto da catedral ourensá («Outra vestymenta conprida de seda mourisca; falta | o *manto* dela, que he mourisco, seu labor de grifos») que, de seguro, fai mención a unha peza de tea vistosa e luxosa, gornecida (*vid. s.v.* **gornyçido**) con bordados (*vid. s.v.* **bordado**) ricos de pasamanería, habituais entre as roupas máis exclusivas do século XV.

Segundo indica García Cuadrado (1993: 102) o manto feminino do século XIII está inspirado no masculino, do cal se diferenciaba por ser máis longo e estar confeccionado con teas e accesorios máis ricos ca os mantos masculinos. A autora tamén destaca que portar o manto feminino cubrindo a cabeza foi sinal de loito ou dó durante o medievo.

No relativo ás teas empregadas na elaboración dos mantos, os nosos exemplos citan **broneta** (*vid. s.v.*), **cendal** (*vid. s.v.*), **pano** (*vid. s.v.*) **pardo** (*vid. s.v.*), xunto a materiais máis luxosos coma o **xamete** (*vid. s.v.*), *chamelote* (*vid. s.v.* **chamalote**), **damasco** (*vid. s.v.*), sarga (*vid. s.v.* **sarga/sirgo**) e a **seda** (*vid. s.v.*). Con todo, Bernis (1979: 104) tamén dá conta dos panos de Florencia, de Valencia, de Londres e do contrai (*vid. s.v.* **coutral**), que se empregaron na confección destas pezas. En ocasións, os mantos adornábanse con brocados (*vid. s.v.* **brocado**) e grecas douradas, que podían ser de **ouro** (*vid. s.v.*) e mesmo levar pedras preciosas entrelazadas («Vn *manto* vello de ouro de sarafijs con súa ceneffa vella») ou levar imaxes ou motivos relixiosos bordados («Vn *manto* de ouro bayxo con súa çeneffa con vna santa María | enos peytos de follajee e con vn crucifixo ennas espaldas»), como ocorre cos mantos inventariados na catedral ourensá, os cales eran utilizados nos actos máis solemnes e festivos. Noutros casos, os mantos ricos eran forrados con peles diversas, xeralmente de armiño (Bernis 1979: 104) ou marta cibelina (*vid. s.v.* **pena ueyra**).

García Cuadrado (1993: 100) indica que as teas dos mantos utilizados polos membros das congregacións relixiosas acostumaban a ser das máis variadas cores e respondían aos códigos convencionais que impuñan ordes, fidelidades e divisas. Noutros casos, as tonalidades máis

[227] Fuentes Portillo (1988: 283) atendendo ás aberturas que podían presentar os mantos clasificounos en «mantos de unha maneira» e «mantos con dúas maneiras».

comúns, segundo a autora anteriormente citada, son o branco, vermello, escarlata, verde, azul, violáceo e o pardo, aos que hai que unir os tecidos con franxas, denominados *viados*. A pesar de que nestes exemplos non temos datos destas últimas cores, si se cita un manto pardo, vermello e dourado; dos outros, a pesar de non termos moitos datos, de seguro que os máis vistosos polas cores rechamantes e polos adobíos serían os mantos ricos da catedral ourensá.

Finalmente, cómpre destacar o simbolismo que ao longo da historia se lle ten atribuído a esta peza da indumentaria. Berceo destaca o uso do manto como encubridor de maldades, idea presente tamén na literatura didáctica; nas cantigas de escarnio, amais de ser motivo de burla dos cabaleiros que descoñecían a maneira de levar esta peza exterior, tamén servía para esconder a muller amada, como se recolle nesta cantiga afonsina (*CBN*, 492, *CV* 75): «Encobrir nos vo-lhas vejo fazer, | cõnas pontas dos *mantos* trastornadas, | en que semelhan os bois das ferradas, | quando as moscas los vẽe coitar; nen se cuidan per i d'enganar | que sejan deles poren namoradas» (Montoya Martínez 1988: 441-442).

****

No ámbito galego a primeira atestación de manto data do primeiro terzo do século IX. Un documento notarial escrito en latín e pertencente ao tombo do mosteiro de Sobrado dos Monxes (A Coruña), datado no ano 835 recolle: «…in aderado et definido precio, id est, boue colore marceno, *manto* laneo uilado et chomacio, kaseos XII…» -*CODOLGA*. Esta mesma data é a que ofrece Varela Sieiro (2003: 92) para o primeiro testemuño desta voz. En textos escritos en romance galego contamos con exemplos dende aproximadamente mediados do século XIII. Unha cantiga profana afonsina datada entre os anos 1240 e 1300 cita: «E ir podedes a Libira e torceredes já quanto | e depois ir a Alcalá se[n] pavor e se[n] espanto | que vós ajades d'i perder a garnacha nen no *manto*…»; noutra cantiga do mesmo autor, na cal se fala da moda e do pouco xeito das clases máis baixas á hora de portar certas pezas, recóllese este termo en plural (1240-1300): «Encobrir non vo -lhas vejo fazer, | cõnas pontas dos *mantos* trastornadas, | en que semelhan os bois das ferradas, | quando as moscas los vẽe coitar; | nen se cuidan per i d'enganar | que sejan deles poren namoradas» -*CMGP*, *MedDB* e *TMILG*. Nas cantigas marianas (1264-1284) tamén temos documentación desta voz: «E ben ali u deceu, || de Santos gran conpanna || con ela appareceu; || e ela mui sen sanna || o seu *manto* foi parar, || u muito recebudo || colb' ouve dos que y dar || fez o Soldan beyçudo» -*DDGM*, *TMILG* e *VHCPM*. A prosa histórica, en concreto a *Cr. Gal* (1295-1312) recolle a voz manto: «Et deulle por ende o *manto* que co(n)bria» -*DDGM* e *TMILG*. En textos escritos en portugués, amais dos contextos da lírica profana xa citados, existen atestacións dende o século XV, por exemplo, na *Cronica de Dom Fernando* de Fernão Lopes ofrécese: «…e quando sse levan-tou, nehuu vestido nem *manto* teve acordó nem tempo pera deitar sobre ssi, nem quem lh'o desse…» -*CP1300S-1900S*.

No galego moderno, na fala popular, o *TLPGP* rexistra este termo, coa significado que nos ocupa, no concello pontevedrés da Estrada (Fraiz Barreiro 1974: 111). O García *Glosario* (1985) –*DD*-, igualmente, ofrece entre os seus lemas esta voz. Na escrita, o *TILG* atesta 825 casos de manto repartidos, entre 352 obras distintas, dende a primeira metade do século XVIII; con todo, nalgúns casos esta voz emprégase con sentido figurado. O primeiro testemuño está na obra *Coloquio de 24 gallegos rústicos* do bieito Sarmiento (1746): «Muitos aparaban a capa ou sombreiro, collían no aire bastante diñeiro. Na abada as mulleres no *manto* ou mantelo, tamén de moedas algunas colleron». Máis claro e axeitado á acepción estudada parece ser o exemplo ofrecido por Pintos na obra *A gaita gallega* (1853): «E guindados nun curruncho *mantos* de púrpura vellos todos cheos de buracos e desfiañados ourelos». Se observamos as franxas cronolóxicas que fornece o *TILG* podemos comprobar como o emprego desta voz vai en aumento segundo pasan os séculos. Entre os anos 1612 e 1800 rexistramos 1 caso; entre 1801 e 1850, 2 casos; entre 1851 e 1900, 125 casos; entre 1901 e 1950, 174 ocorrencias; entre

1951 e 1980, 143 exemplos e, finalmente, entre 1981 e 2013, 380 concordancias. Outro dos repertorios para o galego actual, o *CORGA*, achega 399 ocorrencias, repartidas en 181 documentos diferentes; nalgunhas esta voz utilízase en sentido figurado.

No ámbito español testemuñamos manto dende a primeira metade do século X, un século máis tarde ca as atestacións na lingua galega. Entre os anos 914 e 924 un documento procedente da Catedral de León cita: «uestimentum ad ille aepiscopo, pro ipso die: pelle obtima, et *manto* siue et calciamento...» –*CODOLGA*. Ademais, un texto notarial inédito pertencente ao Becerro gótico de Cardeña, en Córdoba, (921) recolle: «Et ego accepi ex vobis in signum pensum libras centum viginti, et panno in sexaginta solidos, et *manto* feruzi in viginti solidos» -*CORDE*. De por parte, o *DCECH* (*s.v.* manto, vol. III) e Montoya Martínez (1988: 439) propoñen o ano 923 como data da primeira presenza desta voz na lingua española. Nos textos escritos en romance, a primera atestación témola na obra *Poema de mio Cid* (c. 1140): «-Démosle buen don, ca él nos lo ha buscado. | Martín Antolínez, un burgalés congado, vós lo merecedes, darvos queremos buen dado, | de que fagades calças e rica piel e buen *manto*: | dámosvos en don a vós treinta marcos» -*CDH* e *CE 1200s-1900s*. En textos escritos en castelán na coroa de Aragón, durante o século XV, tamén temos mostra deste termo dende o ano 1494, en que aparece na obra *Cordial de las cuatro cosas postrimeras* de Vliederhoven: «O quan aspero e nudoso sera aquel vestido e | *manto* |: ca aquel es del qual scriue Ysayas a xiiij capitulos» -*DiCCA–XV*. Un século despois, Sagredo na obra *Medidas Romano* (1526) ofrece o seguinte contexto, en que se inclúe esta voz: «Procuraron de representar en la formación de las colunas y de sus capiteles todo el trage mugeril, y assí esculpían en las dichas colunas, de alto abaxo, unas canales como surcos, que propiamente se dizen estrías, que denotavan los pliegues y arrugas de los *mantos* que las matronas en aquel tiempo traýan» -*DICTER*. En textos pertencentes ao Siglo de Oro español cítase manto dende o ano 1546, en que aparece na entrega de bens de Ana de Aguilar: «Vn brial de granae vn *manto* de refyno guarneçido en doze ducados» -*CorLexIn*. A partir de aquí manto vai ser unha voz de uso no español como así demostran os repertorios consultados, por exemplo, o *CDH*, *CE 1200s-1900s* e *CREA*; no entanto, en moitos dos contextos, igual que ocorre no galego, emprégase con sentido figurado.

A propósito da lexicografía galega, esta voz aparece como lema relativamente tarde, nas obras do período premoderno (1863-1985). Recóllea o Filgueira et alii *Vocabulario* (1926) e o Eladio *Diccionario* (1958-1961). Con posterioridade, os dicionarios de corte normativo publicados a partir de mediados dos anos 80 do século XX ofrecen todas elas a entrada manto.

Nos repertorios do portugués este termo figura como entrada de dicionario dende a segunda metade do século XVI, en que se cita no Cardoso *Dict. ex lusitanico in latinum* (1562-1563). Figura tamén no Barbosa *Dictionarium* (1611), Pereira *Thesouro* (1697), Bluteau *Vocabulario portuguez e latino* (1712-1728) e Folqman *Diccionario* (1755) –*CLP*.

Na lexicografía española este termo aparece dende finais do século XVI, en que Casas publica o *Vocabulario de las dos lenguas toscana y castellana* (1570) -*NTLLE*.

A día de hoxe os mantos están en desuso. Con todo, entre as pezas do traxe tradicional galego tamén figura e é definida como «especie de capa feminina de abrigo, coa que se tapaba a cabeza o corpo, podendo chegar ata a media pernas» (Souto Pico 2003: 116, §336, *s.v.* manto).

Cfr. *s.v.* **capa**, **crotha**, **mantilla** e **manton**.

Nobre cun manto de armiño (á dereita) na pintura mural da Catedral de Mondoñedo, en que San Pedro resucita a unha muller (s. XV)[228]

Fragmento do manto de Fernando de la Cerda (1255-1275) custodiado no Museo de Telas Medievales, sito no Monasterio de Santa María la Real de las Huelgas (Burgos)[229]



Patrón dun manto medieval recollido no *Libro de geometría, práctica y patrones* (Alcega 1580: 121)

[228] En liña: *http://rinconesdelamarina.blogspot.com.es/2014/12/pinturas-murales-de-la-catedral-de_80.html* [Consulta: 18 de abril de 2019].
[229] En liña: *http://www.lacasamundo.com/2013/06/el-calzado-en-la-espana-de-la-edad.html* [Consulta: 18 de abril de 2019].

mantom *s.m. vid. s.f.* **manton** → **[2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER] [2.1.3 TRAXES DE POÑER POR RIBA]**

manton → **[2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER] [2.1.3 TRAXES DE POÑER POR RIBA]**

s.m. (der. de *manto* < do lat. tardío MANTU- 'manto curto', quizais derivado de MANTELLU- 'manto', co aumentativo –ONU > -ón) 'mantón, peza de abrigo máis ampla e voluminosa ca o manto, posiblemente máis luxosa, utilizada por ambos os dous sexos'.

◦ **Manton** (6): "It. mando que den a marina huun pelote et *manton*", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1400-[xullo-10. Santiago de Compostela] (A Co), doc. CXII, OR.; "It. mando a mayor Rodriges miña colaça o meu casal dansaras como esta poblado que o tena en sua vida et aa sua morte que fique a meu heree et que cada tres anos que lle den huun pelote ou *manton* de valancina ou de pano pardo", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1395-[abril-29. Santiago de Compostela] (A Co), doc. XXXIV, OR.; "It. mando a garcia gonçaluez meu criado que tena en sua vida todalas herdades et cousas que de min ten en Vereixa et aa sua morte que fique a meu heree et que lle den mays de cada ano huun *manton* de pano pardo ou hua carrega de vino, qual el ante quiser", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1395-[abril-29. Santiago de Compostela] (A Co), doc. XXXIV, OR.; "It. mando que den a marina huun pelote et *manton*", López Ferreiro *Galicia histórica*, López Ferreiro *Galicia histórica*, 1400-[xullo-10. Santiago de Compostela] (A Co), doc. CXII, OR.; "Item mando a Costança Sanches, çinquo varas de morilla para huna saya, et huna crotha ou *manton*, qual ela quiser, dos que quedaron acabados os que ja mandey", Lucas&Justo *Fontes USC*, 1434-setembro-23/outubro-6. Santiago [de Compostela] (A Co), doc. 296, OR.; Lucas *Dous documentos*, 1434-setembro-23/outubro-6. Santiago [de Compostela] (A Co), doc. II, OR.

◦ **Mantom** (2): "...que me dauan... dous cambayses e hua coffea damar e mays huun *mantom* craro", Enríquez *Ribadavia*, 1361-decembro-19. [Ribadavia], doc. 4, OR.; "It. mando a gonçaluo eans clerigo de S. mamede de pigneyro outro tabardo et capeyrote et a ffernam da becerra outro tabardo et huum *mantom* et huum capeyrote", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1375-[maio-6. Santiago de Compostela] (A Co), doc. LXXXI, COP.

◦ **Mantoos** (3): "It. mando que den... aos moços da casa senlos *mantoos*", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1400-[xullo-10. Santiago de Compostela] (A Co), doc. CXII, OR.; "It. mando que den... aos moços da casa senlos mantoos et aos homes de pee da casa de cada día outros senllos *mantoos* de pano daragon", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1400-[xullo-10. Santiago de Compostela] (A Co), doc. CXII, OR.; "Item lle mando... os meus *mantoos* pretos dobrados de verde con eles mais mill maravedís vellos", Armas *Pontevedra*, 1449-xullo-25. [Pontevedra], doc. 39, OR.

◦ **Mantoes** (1): "It. mando aas miñas donzellas senllos *mantoes* et senllos pelotes", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1395-[abril-29. Santiago de Compostela] (A Co), doc. XXXIV, OR.

◦ **Mantões** (2): "et mando a Afonſo Areσ, meu omme, os meus *mantões* que eu trago et mays çen mrs. para veſtir…", Maia *História galego-português* 1414-[setembro-14]. Lugo, Maia *História galego*-português, doc. 42, OR.; "Item mando a Cathaljna, mjña criada, duas almadraqujas das bõas τ os *mantões* que lle mãdou Yſabel et hũa manta de farlinque que tiña Sancha Gomeσ", Maia *História galego-português* 1414-[setembro-14]. Lugo, Maia *História galego*-português, doc. 42, OR.

Dentro das pezas de abrigo que máis se citan nos exemplos compilados neste *corpus* está a voz mantón, nomeada nos testamentos masculinos de Xoán Gómez, Rodrigo Rodríguez, Xoán Núñez de Isorna e Pedro de Santo Antón e no feminino pertencente a Tareixa Sánchez de Gres.

Morán Cabanas (2001: 176) explica que «co termo *mantão* parece que se designavam certos mantos utilizados por homens e mulheres que eran feitos com uma quantidade extraordinária de tecido, resultando talvez por isso mais ricos e luxosos». Entendemos, polo tanto, que o mantón é un **manto** (*vid. s.v.*) moito máis amplo e voluminoso empregado tanto por homes como por mulleres durante a Idade Media.

Unha das pezas que se cita entre os nosos exemplos está elaborada de **pano** (*vid. s.v.*) de Aragón, unha la (*vid. s.v.* **laan**) de certa calidade que se producía na coroa aragonesa durante o medievo, pero das outras pezas pouco sabemos. Sospeitamos que estaban confeccionadas con tecidos grosos e tupidos, para taparen o frío, coma a la, e quizais outras teas máis luxosas para os mantóns máis exclusivos.

Das cores, a única información que nos dan os contextos estudados é a existencia de «*mantoos* pretos dobrados de verde», polo tanto supoñemos que se utilizaban as cores escuras, as máis habituais nas pezas de uso cotián. Con todo, estes dous mantóns, pertencentes ao mareante Pedro de Santo Antón, levaban como adorno os dobrados en verde, de seguro por seren pezas da indumentaria máis exclusiva, que acostumaba a elaborarse con adobíos en cores máis vivas e mesmo en tons metalizados, coma o **ouro** (*vid. s.v.*) e a **prata** (*vid. s.v.*).

No *Cancioneiro Geral* de Garcia de Resende Fernão da Silveira recoméndalle ao seu sobriño Garcia de Melo o uso dun mantón coa finalidade de conseguir éxito como galante no pazo e, amais, no *Auto da Lusitânia* do dramaturgo portugués Gil Vicente, esta peza da indumentaria é considerada como un elemento elegante que marca a distinción no vestiario «Quanta choca, quanta lama, | que traz o *mantao* frisado, | que estava tao alimpado, | que parecei ua dama | diante seu namorado!» (Morán Cabanas 2001: 176-177).

****

No territorio galego mantón está presente na lingua dende aproximadamente a segunda metade do século XIV. O primeiro testemuño da forma mantom está na *His.Troyana* (1350-1399): «Et cobreu seu *mantom* et entrou ẽna camara da donzela por donde o a vella ama da donzela gyou». De por parte, as concordancias máis temperás ofrecidas polo *TMILG* están recollidas entre os nosos exemplos, como a datada no ano 1375 ofrecida na Lorenzo *Cronologia*. No portugués as primeiras atestacións desta voz inscríbense no século XV. Na *Crónica de dom Fernando* (1431-1443) cítase: «A ordenança do mantimento era dous pãaes cada dija, como a cada hũu dos outros, sem carne, nem pescado, vjnho nunca o beberom; o uestido do Ifante era hũu gibom de fustom preto, hũa saya apretada, dobrada, preta; e hũu *mantom* preto, dobrado, conprido; e este vestido lhe remendauom e cosiom, quando eram mester» -*CP1300S-1900S* e VHCPM. O *Cancioneiro geral* de Garcia de Resende (1516) recolle o seguinte texto: «Dar de baixo do *mantão* figua a quẽ der da trincheyra goardar de comer cação nem leytão que o defenda primeyra. Joam dabreu» -*VHCPM*.

No galego moderno, na fala popular, o *TLPGP* localiza mantón en varios puntos da xeografía galega, pero referido á peza tradicional máis curta destinada a cubrir os ombros. Recóllese nos concellos lucenses de Guitiriz e Vilalba (Regueira 1989); no pontevedrés, de Tomiño (Pérez Alonso 1969: 50) e no ourensán, de Ramirás (Álvarez Blanco 1974: 82). No García *Glosario* (1985) –*DD*- tamén se ofrece este termo. No que respecta á escrita, o *TILG* inventaría atestacións de mantón dende a segunda metade do século XIX. A obra *A poesía popular en*

Galicia (1745-1885) de Blanco (1869) recolle: «Mercaches pano *mantón* por mirar si te casabas; has de comprar ese e outro e has de quedar como estabas»; neste caso faise referencia ao tecido empregado para elaborar os mantóns. É de destacar que este repertorio recolle 131 casos desta voz repartidos en 73 obras diferentes, sempre como peza do vestiario tradicional. Se reparamos na súa distribución cronolóxica comprobamos como entre os anos 1851 e 1900 se compilan 17 contextos; entre 1901 e 1950, 35; entre 1951 e 1980, 32 e, finalmente, entre 1981 e 2013, 47 casos.

No ámbito do español temos testemuños desta voz dende a segunda metade do século XIII. O texto anónimo *Ordenamento de posturas en el Ayuntamiento de Jerez* (1268) ofrece o seguinte contexto: «Los pannos faser en el Andalusia fasta el puerto del Muladar cuesten tanto como aqui sera dicho: *manton* e garrnacha e saya e calças de varon...» -*CDH* e Gual *Voc. comercio*. No texto, tamén anónimo, titulado *Elena y María (Disputa de clérigo y caballero)* –c. 1280- cítase: «...quando torna a perder, | ayna sal el su auer: | joga el cauallo & el rroçin | & elas armas otro sy, | el *mantón*, el / tabardo | e el bestido & el calçado...» -*CDH*. Amais, nos séculos seguintes tamén temos testemuños, por exemplo, o *CREA* recolle 138 casos, ofrecidos en 88 documentos, con todo no século XX a morfoloxía do mantón xa variara considerablemente, sobre todo, na lonxitude, que se foi reducindo co paso dos séculos.

A lexicografía galega faise eco deste termo relativamente tarde, no período premoderno (1863-1985). Ofrécese no Eladio *Diccionario* (1958-1961), que define mantón como un «pano grande lucido polas mulleres para abrigo e adorno» -*DD*. De por parte, os dicionarios normativos publicados a partir de mediados dos anos 80 do século XX van ofrecer esta voz, pero sempre como sinónimo de 'chal', sen facer mención á peza antiga empregada no medievo.

As obras lexicográficas do portugués, modernas, recollen mantão entre os seus lemas, que definen como 'capote curto'.

No español a presenza da voz mantón nas obras lexicográficas data de comezos do século XVII, en que Girolamo no *Tesoro de las tres lenguas, francesa, italiana y española* (1609) a cita, aínda como peza coa feitura característica do medievo. Esta mesma acepción vaise manter ata o primeiro cuarto do século XX, momento en que desaparece como 'peza longa de abrigo' para consolidarse como 'peza curta' -*NTLLE*.

Na actualidade esta peza exterior de abrigo, tal cal se empregou no medievo, está en desuso, no entanto mantense esta entrada nas obras lexicográficas para denominar un 'pano cuadrangular utilizado polas mulleres para cubrir os ombros e as costas' –*DRAG*. De feito, Souto Pico (2003: 117, § 205, *s.v. mantón*) tamén ofrece este termo, coa mesma feitura, como peza do traxe tradicional galego.

Cfr. s.v. **manto** e **mantilla**.

mitara → **[2.4 ORNAMENTOS LITÚRXICOS]**

s.f. (do lat. MĬTRA- 'cinta para cinguir a cabeza' ou 'especie de tiara ou turbante dos persas' e este do gr. μίτρα) 'mitra, gorro alto de dúas pezas ríxidas que se levanta nunha base circular ata rematar en pico na parte superior; na parte inferior traseira leva dúas bandas unidas, chamadas ínfulas, que colgan aos lados (*Cfr. s.v.* **[rramal]**). É utilizada polos bispos, arcebispos e polo papa nas cerimonias solemnes'.

◦ **Mitara** (3): "It. mando que entreguen a a iglesia de Santiago a mia *mitara* et Capa que eu dela teno", 1348-[setembro-14. Santiago de Compostela] (A Coruña), doc. LXXII, COP.; "It. mando que entreguen a a iglesia de Santiago a mia *mitara* et Capa que eu dela teno. et a *mitara*. et o amito. que os entreguen a Sueyroe ans se uiuo for segundo ostremento que con el fiz.", 1348-[setembro-14. Santiago de Compostela] (A Coruña), doc. LXXII, COP.; "Vna *mitara* rica pontifical de prata esmaltada dourada", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

◦ **Mitaras** (1): "Outras dúas *mitaras* vellas de lenço", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

A voz mitra fai referencia a 'un tipo de toucado ou gorro' e tamén a 'un territorio eclesiástico baixo a xurisdición dun bispo ou arcebispo'. Con todo, nesta entrada ímonos centrar na primeira acepción, por ser a que rexistramos no testamento do cóengo de Santiago e arcediago da raíña, Nuno González de Bendaña[230], e no reconto da Catedral de Ourense.

Como explica Yravedra y Fernández de las Cuevas (1995: 56), a orixe desta peza da indumentaria litúrxica temos que buscala en Oriente, onde foi de uso tanto masculino coma feminino e tamén se empregou como insignia sacerdotal e real. Con respecto á súa forma, esta non se coñece con certeza, xa que os escritores antigos a teñen identificado cunha banda cinguida colocada na cabeza, cun barrete cónico suxeito con cintas (*vid. s.v.* **cinta**) por debaixo do mentón, cun diadema estreito que se elevaba polo centro con pedras preciosas ou cunha **cadea** (*vid. s.v.*) cunha lámina de **ouro** (*vid. s.v.*) no centro[231]. Posiblemente con esta última forma poderiamos identificar a insignia episcopal da Antigüidade, malia, como indica a autora, ser moi incerta a súa forma e o momento en que se comeza a usar como tal. Sabemos que ata o século XI non comezou a definirse e aínda que a súa morfoloxía era variada, a mitra romana con frecuencia aparece representada como un bonete con forma de fol collido nunha peza de tea rectangular que se prega de maneira que produce dúas puntas, unha por diante e, outra, por detrás. Dous séculos despois, a mitra adopta a forma dun casquete cinguido ás sens polo medio dunha banda. Este casquete ten dous picos redondeados que van separados por un galón que crea a fendedura e cuxa altura non supera os 25 centímetros.
No século XIII a forma da mitra continúa, pero vaise enriquecendo con miniaturas sobre pergameo, pinturas, bordados (*vid. s.v.* **bordado**), perlas e pedras, entre outros adornos; a finais deste século estilízase na súa forma e acada maior altura, aspecto que se mantivo dende entón (Boucher 2009: 469).

Na Idade Media diferenciábanse dous tipos de mitras: a *simplex*, branca e sen ornamento; a *aurifrisiata*, bordada en **ouro** (*vid. s.v.*), sobre **seda** (*vid. s.v.*) e con adorno de pedras preciosas. Esta peza adoitaba facerse de **damasco** (*vid. s.v.*), liño (*vid. s.v.* **lino**), **algodón** (*vid. s.v.*) e, para darlle rixidez, províase dunha armadura de pergameo. Así é como está elaborada a mitra, datada no século XIII, pertencente ao arcebispo Rodrigo Ximénez de Rada, que ademais se complementa con galóns de fíos de **prata** (*vid. s.v.*) sobredourada e debuxos en seda de cor vermella e negra. No entanto, as mitras dos nosos contextos datan do século XV e pertencen á catedral ourensá: dúas delas son de lenzo (*vid. s.v.* **lenço**) vello e a outra, máis luxosa ao ser pontifical, é de prata esmaltada dourada, material moi común na época para este tipo de obxectos de gran valor que, en ocasións, ían cubertas con bordados realzados con pedras preciosas e perlas (Beaulieu 1971: 99). A decoración destes obxectos era moi variada e podía

[230] Parece que recibiu innumerables bens da raíña e, quizais, entre eles esta mitra (Castro 1988: 259).
[231] Tanto Leovixildo no seu *De Habitu Clericorum* como San Isidoro nas súas Etymologias mencionan a mitra ou *cetharim*, que definen como un toucado todo branco e con flocos nos extremos das ínfulas de atrás.

conter escenas da vida de certos santos representadas, principalmente, do martirio de San Tomás Beckett, Santo Estevo e San Lourenzo (Yravedra y Fernández de las Cuevas 1995: 57). Na actualidade a estrutura acostuma a ser de plástico, forrado con tea, adornado con diversos bordados e grecas (*vid. s.v.* **çeneffa**), e na parte inferior leva dúas cintas anchas colgadas, que reciben o nome de ínfulas (*vid. s.v.* **[rramal]**).

A cor desta peza adoita ser a branca, aínda que no pasado podían atoparse mitras doutras cores, fundamentalmente as elaboradas en prata e prata dourada.

****

No ámbito galego, o primeiro testemuño desta voz data do século XII. Trátase dun documento escrito en latín e procedente da vila ourensá de Celanova, en que se ofrece este substantivo, pero coa acepción de 'territorio eclesiástico': «Requiaes et ecclesiam de Iermeadi, et ecclesiam de Palaciolo et *mitra* de Varoncelli, Sancte Marie de Berin cum sua uilla Moxous» (1155) –*CODOLGA*. En textos romances, as primeiras atestacións, co significado estudado, remiten ao texto máis temperán que ofrecemos nos nosos exemplos, editado por López Ferreiro e datado no ano 1348; a el fan referencia o *DDGM*, *TMILG* e *VHCPM*, polo tanto podemos considerar a primeira metade do século XIV a data da aparición deste termo no romance galego. Na lingua portuguesa, do mesmo xeito ca no galego, documentamos as formas mitara e mitra dende o século XIV. Da forma mitra a primeira atestación adscríbese á primeira metade do dito século ao citarse na obra *Boosco deleitoso* (1400-1451): «Esta coroa tiinha ele arredor da *mitra* pontifical»; a variante mitara, localizámola nun único exemplo extraído da obra do dramaturgo portugués Gil Vicente: «Tem um grande arcebispado muito honrado junto da Pedra da Estrema onde põe a diadema e a *mitara* o tal prelado» -*CP 1300S-1900S*.

No galego moderno, na escrita o *TILG* ofrece 224 casos desta voz, repartidos en 84 obras, dende a segunda metade do século XIX, en que Pintos a cita en *A gaita gallega* (1853): «*mitra* {*mitra*}». Con todo, nalgúns dos exemplos deste tesouro este termo refírese ao 'territorio pertencente á xurisdición dun bispo ou arcebispo'. Por contra, o *CORGA*, igualmente, achega 66 ocorrencias desta voz, pero non todas elas co significado desta entrada. De feito, o primeiro exemplo, do noso interese, que se ofrece data do ano 1977 e localizámolo na obra teatral de Vidal Bolaño titulada *Laudamuco, señor de ningures* cando Rouco pronuncia as palabras: «Sóio puden atopar unha *mitra*, dúas estolas e un inciensario».

O español ofrece os primeiros testemuños deste termo dende a primeira metade do século XIII. Berceo na obra *Vida de San Millán de la Cogolla* (c. 1230) cita: «...el uno tenié croça, *mitra* pontifical, | el otro una cruz, omne non vío tal» -*CDH*, *CORDE* e *CE 1200S-1900S*. En textos escritos en español na coroa de Aragón, durante o século XV, tamén se fan eco desta voz; a *Crónica de Aragón* (1498) ofrece mitra no seguinte contexto: «Otro dia mañana salieron los cardenales arçobispos obispos abbades de | *mitra* | y prothonotarios y otros magnificos y reuerendos padres priores deanes arçidianos maestros» -*DICCA XV*. A partir desta época temos atestacións desta voz en repertorios, coma o *CREA* e o *CE 1200-1900S*, para facer referencia a voces relacionadas co ámbito eclesiástico.

A lexicografía galega recolle este termo entre os seus lemarios xa avanzada a época premoderna (1863-1985); ofréceo o Eladio *Diccionario* (1958-1961). A partir de aquí esta voz é recuperada polos dicionarios publicados a mediados dos anos 80 do século XX, todos eles de corte normativo.

Nas obras lexicográficas portuguesas ofrécese dende o segunto terzo do século XVI, en que figura no Cardoso *Dict. ex lusitanico in latinum* (1562-1563) –*CLP*.

Os repertorios do español tamén dan conta deste lema dende a última década do século XV, data en que Nebrija o ofrece no *Vocabulario español-latino* (1495) –*NTLLE*.

Na actualidade a mitra, xunto co báculo, é unha das pezas indispensables do traxe dos bispos e arcebispos e séguese utilizando nas celebracións cristiás máis solemnes, xa sexa a *pretiosa*, a máis luxosa, xa a *aurifrisiata*, con bordados en ouro sobre seda branca ou de tea dourada, xa a *simples*, de tea de liño branca con ínfulas con flocos (*vid. s.v.* **[frocadura]**) vermellos nos extremos. É usada polos bispos nos tempos penitenciais, o venres santo, nos funerais, na bendición das candeas e na consigna do palio a un arcebispo acabado de ordenar. Por extensión, mitra tamén é o nome que recibe a parte superior das máscaras de cigarrón e peliqueiro, utilizadas nas vilas de Verín e Laza durante o entroido.

Cfr. s.v. **abeto**, **[almática]**, **alua**, **amjto**, **casula**, **cotibaldo**, **[cugulla]**, **estola**, **manjpolo**, **ornamento**, **pontifical** e **[rramal]**.

Mitra do século XII do abade de San Victorián en Pueyo de Araguás (Huesca)[233]

Mitra rica[232]

[mitra] *vid. s.v.* **mitara**.

morilla → **[3.1 TECIDOS]**

s.f. (de etimoloxía incerta; Corominas e Pascual ofrecen esta voz para denominar un 'tipo de fungo' e propoñen a súa orixe no fr. *morille*, e este no al. antigo *morhila* (*DCECH*, *s.v.* morilla, vol. IV); con todo, como ben se indica en Tato *Álvaro Pérez* (*s.v.* morilla) parece que pouco ten que ver este étimo co termo téxtil estudado, que posiblemente haxa que poñelo en relación

232 En liña en: *http://ec.aciprensa.com/wiki/Archivo:Mitra.gif* [Consulta: 18 de abril de 2019].
233 En liña en: *http://museodiocesano.es/2014/06/23/la-mitra-del-abad-de-san-victorian-patrimonio-textil-del-museo-diocesano-de-barbastro-monzon/* [Consulta: 18 de abril de 2019].

co latín MAURU- 'moreno, escuro', tendo en conta a tonalidade que presentaba o pano) '*morilla*, tecido de la de cor escura'.

◦ **Morilla** (27): "Iten mando a Tereyja Anes miña sogra tres varas de *morilla* para un polote para ajuda del", López Carreira *cidade Ourense*, 1411-outubro-7. [Ourense], Docs. I. Testamentos, doc. 1, OR.; "Item mando a Eluyra, filla de Fernán do Rrío, dúas varas de *morilla*", Pichel *testamento*, 1422-febreiro-23. [Noia] (A Co), OR.; "Yten mando... que de de vestir a estes mozos e mozas que eu trago en cassa, de pano de *morilla* as mozas, e de pano aos mozos; e a Juan de Torres un manton", García Oro&Portela Silva *Mariño*, 1427. [O Cabo. Os Ánxeles. Brión] (A Co), doc. 18, OR.; "Iten mando... a cada huna seu pelote de paño de *morilla*", Fernández Suárez *Sarmiento*, 1427-xullo-5/10. Castelo de Roucos. [Cenlle] (Ou), doc. 10, OR.; "Item mando a Costança Sanchez, cinquo varas de *morilla* para huna saya, et huna crotha ou manton", Lucas&Justo *Fontes USC*, 1434-setembro-23/outubro-6. Santiago [de Compostela] (A Co), doc. 296, OR.; Lucas *Dous documentos*, 1434-setembro-23/ outubro-6. Santiago [de Compostela] (A Co), doc. II, OR.; "Item mando a Ynes Carneira çinquo varas de *morilla* para huna saya", Lucas&Justo *Fontes USC*, 1434-setembro-23/outubro-6. Santiago [de Compostela] (A Co), doc. 296, OR.; Lucas *Dous documentos*, 1434-setembro-23/outubro-6. Santiago [de Compostela] (A Co), doc. II, OR.; "Item mando a Moor Eanes de Sigueiro çinquo varas de *morilla* para huna saya", Lucas&Justo *Fontes USC*, 1434-setembro-23/outubro-6. Santiago [de Compostela] (A Co), doc. 296, OR.; Lucas *Dous documentos*, 1434-setembro-23/outubro-6. Santiago [de Compostela] (A Co), doc. II, OR.; "Item mando... huun pelote de *morilla*", Armas *Pontevedra*, 1449-xullo-25, OR.; "Item mando a Ynes Pereirina huun pelote de *morilla* et outro pelote a dita Maria de Voon", Armas *Pontevedra*, 1449-xullo-25, OR.; "Item mando a María do Río, moller de Fernan do Rio, huun pelote de *Morilla* novos coseito e tallado", Armas *Pontevedra*, 1449-xullo-25. [Pontevedra], doc. 39, OR.; "Item mando aos meus moços Pedro et Fernando panno para sennas capas de pardo | ou de *morilla*", Otero *Quiroga*, 1450-maio-19. Cendemil. [O Valadouro] (Lu), doc. 34, OR.; "Iten a Roy Frade, hun capuçon de *morilla* et outro a Vaasquo Cardeyron", García&Otero *Santo Sepulcro*, 1467-novembro-18. Pazos de Arenteiro. [Boborás] (Ou), OR.; "Iten, preçaron huun alfamete mediado e hua saya vella de *morilla* en çento e viinte maravedis", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1474-[setembro-14. San Miguel de Cabanas. A Baña] (A Co), doc. XIII, OR.; "Iten mando a cada moço destes meus criados, que estan aqui en mina casa, a cada un seu sayo de *morilla*", Portela *Lugo XV*, 1487-abril-17. Lugo, doc. 1369, OR.; "Et mando mays a minna sobrina María Leal quatro baras de *morilla* pera huna saya", Cal *Pedroso*, 1490-xaneiro-4 {1489-marzo-15} [Ferrol] (A Co), doc. 50, OR.; "Et mando a Juan de Lousada duas baras de *morilla*", Cal *Pedroso*, 1490-xaneiro-4 {1489-marzo-15} [Ferrol], doc. 50, OR.; "Et mando que den a Juan Peres do Chaelo duas baras de *morilla*", Cal *Pedroso*, 1490-xaneiro-4 {1489-marzo-15} [Ferrol] (A Co), doc. 50, OR.; "Yten mando a Pero de Ferrol meu criado çinco baras de *morilla* | para hua capa", Cal *Mondoñedo*, 1489-maio-7. Vilamor. Mondoñedo (Lu), 207A, OR.; "Yten mando a mynna criada Lionor, moller de Pedro do Loureyro, una saya de *morilla*", Barral *A Coruña*, 1497-novembro-3. [Alveiro. Almeiras] Culleredo (A Co), doc. 33, OR.; "Ytem mando a Lionor do Rego unna saya de *morilla*", Barral *A Coruña*, 1497-novembro-3. [Alvedro. Almeiras] Culleredo (A Co), doc. 33, OR.; "Jten mando que meus conpridores merquen hũa *morilla*", Lorenzo *testamentos*, 1497-setembro-4/novembro-1. [Cee] (A Co), COP.; García Oro *Diego de Muros III*[234], 1497-setembro-4. Cee (A Co), doc. 23, COP.;"Jten mandó a Mayor, fi|lla de Françisco de Ponte, húa saya de *mo|rilla*", Lorenzo *testamentos*, 1497-setembro-4/novembro-1. [Cee] (A Co), COP.; García Oro *Diego de Muros III*, 1497-setembro-4. Cee (A Co), doc. 23, COP.

◦ **Morillo** (1): "a Juan Marcos si posa vibo despois de min, que lle dian una capa de Palencia ou de *morillo*", Otero *Quiroga*, 1489-maio-27. Carballedo. [O Hospital. Quiroga] (Lu), doc. 49, OR.

[234] Modificamos a lectura do editor, que leu *motilla* no canto de morilla.

◦ **Motillo** –posible erro de lectura (1): "Ytem mando a Catalina una saya de *motillo*", Barral *A Coruña*, 1497-novembro-3. [Alvedro. Almeiras] Culleredo (A Co), doc. 33, OR.

Una das voces máis frecuentes coas que conta o noso *corpus* de estudo, relacionada co ámbito téxtil, é morilla, que se empregou na confección de pelotes (*vid. s.v.* **pelote**), saias (*vid. s.v.* **saya**), capas (*vid. s.v.* **capa**) e capuces (*vid. s.v.* **capuz**), segundo indican os exemplos recollidos. Todas elas son pezas (*vid. s.v.* **peça**) para tapar o corpo ou poñer por riba, polo tanto supoñemos o carácter forte e abrigoso deste tecido, do que pouca información temos.

Rivas Quintas (1998: 604) tamén localizou varios exemplos deste termo ao longo do territorio galego, que definiu como «clase de tea usada para saias de muller»; con todo, logo de analizarmos as nosas concordancias comprobamos como o seu uso foi común, tanto nas roupas (*vid. s.v.* **roupa**) de home coma nas de muller. De por parte, a cor escura podemos supoñela cando Fernán Fernández de Chamoso no seu testamento deixa en herdanza a dous homes que traballaban para el: «panno para sennas capas de pardo | ou de *morilla*». Tato *Álvaro Pérez* (*s.v.* morilla) relaciona morilla co adxectivo *moratado*, «gibón de pano moretado», que figura nun documento notarial de Pontevedra, citado en Rivas *Frampas II* (1988, *s.v.* moretado) –*DD*. De por parte, Alfau de Solalinde (1969: 132, *s.v.* moret) dá conta das formas *moret* e *morete*, relacionados co adxectivo anterior e procedentes do lat. MAURU-, que define como «tejido de lana conocido por su color, probablemente negro o marrón con un matiz violeta». A eles podemos engadir a variante *amorete*, que rexistra o Viterbo *Elucidário* (*s.v.* amorete, vol. I) no portugués antigo e define como «certo pano».

****

No territorio galego a primeira atestación da voz morilla está nun dos nosos exemplos; polo tanto tomaremos como data o primeiro cuarto do século XV. Trátase dun testamento ourensán do ano 1411. É de destacar que os nosos contextos se inscriben todos no século XV, do mesmo xeito que as 19 ocorrencias que ofrece o *TMILG* dende o ano 1433, en que cita este termo un aforamento de Pontevedra: «et outrosi vos ey de dar, de aqui a dous anos, hũu pelote de pãno de *morilla* para a moller». Por contra, no portugués non documentamos este termo (*CP 1300-S1900S* e *VHCPM*).

No galego moderno, non rexistramos esta voz nos repertorios consultados, nin na escrita (*CORGA* e *TILG*) nin na oralidade (*ALGa* e *TLPGP*). Amais, no español tampouco contamos con testemuños de morilla coa acepción que nos ocupa nesta entrada.

No que respecta á lexicografía, morilla non ten representación na lexicografía do galego (*DD*), nin do portugués (*CLP*) nin do español (*NTLLE*).

Posiblemente, se trate dun termo cunha representación escasa na lingua galega ao ser empregado unicamente durante o século XV.

Cfr. s.v. **laan** e **pano**.

morillo *s.m. vid. s.v.* **morilla** → **[3.1 TECIDOS]**

motillo *s.m. vid. s.v.* **morilla** → **[3.1 TECIDOS]**

O

olanda → **[3.1 TECIDOS]**

s.f. (etimoloxía procedente do topónimo Holanda, onde se fabricaba o pano) 'holanda, tecido moi fino de liño que debe o seu nome á rexión de Holanda'.

> ◦ **Olanda** (1): "Vna vestimenta de pontifical con súa cenefa, que he rrica et con | súa *alua* d'olanda", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

No reconto de bens da Catedral de Ourense cítase unha alba (*vid. s.v.* **alua**) elaborada en tea de holanda.

Entre os tecidos que se importaron durante a Idade Media destacaron os procedentes de Holanda, ata o punto de que este nome denominou unha tea de lenzo de liño (*vid. s.v.* **lenço** e **lino**), moi fina, de punto chan e da cor branca do leite (*DHTT*, *s.v.* holanda/holanda). Costa (2004: 149, *s.v.* holanda, olanda) destacou a existencia de diferentes tipos de holanda: finas, ordinarias, grosas, rizadas, raiadas (*vid. s.v.* **uiado**), longas e, en ocasións, producidas con **seda** (*vid. s.v.*); cando eran de baixa calidade adoitaron coñecerse como media holanda (*DHTT*, *s.v.* holanda/holanda).

Coa holanda confeccionáronse as camisas máis ricas no medievo, destinadas á indumentaria das xentes de alta clase social. Posteriormente, o seu uso estendeuse e tamén se elaboraron con esta tea as sabas (*vid. s.v.* **[sabaa]**), camisóns, cofias (*vid. s.v.* **coffea**), toucas (*vid. s.v.* **touca**), toallas (*vid. s.v.* **toalla**) e varias pezas pertencentes aos ornamentos (*vid. s.v.* **ornamento**) relixiosos.

No relativo á cor, os panos elaborados de holanda adoitaban presentar unha cor branca, o cal os facía aptos para seren empregados na feitura das pezas interiores, con todo a urda tamén podía ir tinguida, fundamentalmente de negro ou azul, para producir pequenas listas decorativas na estofa (*DT*, *s.v.* holanda). Ao lado dela existiu a *holandilla*, tamén de liño, pero tinguida e moi utilizada para a elaboración de forros de vestidos; procedía de Alemaña, Francia e Holanda (*DHTT*, *s.v.* holandeta/holandilla/holandeta).

****

No territorio galego a atestación máis temperá coa que contamos para esta voz é a do noso exemplo de finais do século XV, en concreto, do ano 1493. En cambio, no portugués os primeiros testemuños datan de comezos do século XVII, en que se cita na obra de Lucena titulada *Historia da vida do padre S. Francisco Xavier* (1600): «Que lhe parecia ver com os olhos as capas de brocado, as mitras lavradas de ouro e pedraria, os bagos riquíssimos, postos os altares das melhores sedas, descobertos e resplandecentes os retábulos, as mesas carregadas da preciosa e sagrada baixela, vestidos de fina *holanda* e mais branca que neve os sacerdotes e tudo finalmente como se pretendera o Senhor com estas demonstrações de tanta majestade, alvoroçá-lo para as bodas da graça baptismal e banquete da lei evangélica a que o convidava» -*CP 1300S-1900S*.

No galego moderno, na escrita, o *TILG* compila 22 casos do termo holanda coa nosa acepción, dende o último cuarto do século XIX. Cítase na *Colección de cantigas da Mahía* (1880)

de Tobío Campos: «Baixou un ánxel do ceo, ricos pañales traguía; uns eran de branco lenzo, outros de *holanda* fina». A distribución cronolóxica que presenta o tesouro desta voz é a seguinte: entre os anos 1881 e 1900 rexistramos 9 contextos; entre 1901 e 1950, 7; entre 1951 e 1980, 3 exemplos; entre 1981 e 2013, 7 casos.

No relativo ao español, a primeira atestación localizámola, aproximadamente, a partir do segundo cuarto do século XV. No *Cancionero de Juan Fernández de Íxar* (c. 1424-1520) cítase: «Los fauoridos priuados | d'estos prinçipes potentes, | a los quales van las gentes | con seruiçios y presentes | como piedras a tablados, | en las sauanas de *Olanda* mas sospiran | que los remantes que tiran en a vanda» -*CDH*. No século XV, o Gual *Voc. comercio* achega varios exemplos das formas holanda e olanda. Por exemplo, nunha acta de sesións do ano 1462 cítase: «la vara de la *olanda*, a ochenta maravedís». Un século despois, no inventario de Martino Junco (Ribadesella, Asturias), datado en 1599, recóllese o contexto que segue: «Yten, dos belos traydos y dos paños más de la tierra y vn paño de *olanda* blanca» -*CorLexIn*. No século XX, o *CREA* achega, coa acepción estudada, unha ducia de concordancias deste termo, dende o ano 1977, en que é citado por Paso na novela *Palinuro de México*: «A las tres de la tarde, hora del Paseo de la Reforma, la Plaza de la Constitución y la Casa de los Azulejos, la tía Luisa cenaba sola en su habitación mientras al otro lado del Atlántico, seis meridianos más allá, se abalanzaba la noche, los mendigos remendaban los periódicos del día y los cabarets de Montmartre se iluminaban, como otro siglo, al compás de los ajusticiados y los corpiños de *Holanda* roja».

A propósito da lexicografía galega, esta ofrece o termo estudado dende a época premoderna (1863-1985), en que se cita, co significado que nos ocupa, no Eladio *Diccionario* (1958-1961) –*DD*. Posteriormente, os dicionarios normativos, publicados a partir dos anos 80 do século pasado tamén achegan esta voz entre os seus lemas.

No entanto, as obras lexicográficas do portugués atestan este termo dende o século XVI, en que se cita no Cardoso *Dict. ex lusitanico in latinum* (1562-1563) -Messner, *s.v.* olanda, vol. 38 e *CLP*.

Os repertorios lexicográficos do español dan conta desta voz dende comezos do século XVII, en que figura no *Tesoro de las dos lenguas francesa y española* (1607) de Oudin –*NTLLE*.

Na actualidade a estofa coñecida como holanda segue utilizándose na elaboración de roupa do enxoval persoal e doméstico e, ás veces, é imitada en **algodón** (*vid. s.v.*).

Cfr. s.v. **lino**.

Camisa nunha das cantigas marianas, posiblemente elaborada de holanda[235]

[opa] → **[2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER] [2.1.3 TRAXES DE POÑER POR RIBA]**

s.f. (de orixe incerta, o *DCECH -s.v.* hopa, vol. III- indica que pode ter relación con outras dúas vestiduras moi parecidas: a *hopalanda*[236] e a *loba*[237], esta última con orixe no gr. λώπη 'manto de pel' e a anterior quizais sexa un cruzamento entre *opa* e unha variante de *balandrán*[238] (it. *palandra*, *pelandra*, *pellarda*) 'hopa, capa frouxa e ampla con gola alta e mangas longas en forma de túnica ou sotana pechada'.

> ◦ **Opas** (2): "Item mando as minas *opas* et panos de vestir que a den a pobres vergonçosos", Lucas&Justo *Fontes USC*, 1398-xullo-21 [Santiago de Compostela] (A Co), doc. 256, OR.; "et mandolle mays hunas *opas* de meu corpo", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1400-[xullo-10. Santiago de Compostela] (A Co), doc. CXII, OR.

Nestes dous exemplos achegámonos ao estudo da voz opa, que fai referencia a unha peza de roupa masculina, deixada como legado testamentario polo crego racioneiro compostelán Gómez Arias Xarpa aos pobres (Lucas Álvarez e Justo Martín 1991: 266-267).

A opa masculina foi unha peza de roupa moi empregada na segunda metade do século XIV, pero paulatinamente foi perdendo protagonismo ata que caeu en desuso entre finais do século XV e comezos dos XVI. Oliveira (1992: 26) apunta a que no ano 1521 o futuro rei portugués, João III, lucía unha opa de **brocado** (*vid. s.v.*), ampla e longa, que define como unha impoñente **vestimenta** (*vid. s.v.*) consistente nun «casaco muito comprido e amplo, de

[235] En liña en: *http://www.eliteclasica.org/foro-arte/las-cantigas-santa-maria-t28470.html* [Consulta: 18 de abril de 2019].
[236] Trátase dunha 'vestidura ampla con cinto e pechada pola parte de atrás'.
[237] Oliveira (1993: 102) defínea como unha «espécie de tabardo ou pelote aberto, usado abaixo do joelho, muitas vezes em jeito de capa».
[238] *Vid. s.v.* **balandran**.

aberturas laterais e gola alta sobre a qual assentavam a cabeça, numa atitude sumptuosa e autoritária. As mangas eram largas e compridas, de várias formas, chegando por vezes a roçar o chão». Hoxe sabemos que as opas sofisticadas coma esta do rei existiron na Idade Media e mesmo podían ser confeccionadas en tea con brocado de **ouro** (*vid. s.v*), **damasco** (*vid. s.v.*) e veludo (*vid. s.v.* **terçiopelo**); amais, acotío eran forradas con peles, especialmente de garduña, e adobiadas con metais e pedras preciosas.

Esta peza (*vid. s.v.* **peça**) de **roupa** (*vid. s.v.*) tamén está presente no *Cancioneiro Geral de* Garcia de Resende ao ser portada polo deus do Amor que é presentado con «suas *opas* de brocado | ũu paje mui bem armado | de paz e tambem de guerra». Así o recolle Morán Cabanas (2001: 184-185) quen considera esta indumentaria sinónimo da *hopalanda*, de orixe franco-borgoñesa, e destaca o luxo deste traxe e o éxito que tivo na Península Ibérica a finais do século XIV. Bernis (1956: 30) tamén salienta o feito de seren roupas de luxo con mangas tan anchas que non admitían manto. Beaulieu (1971: 103) refírese á *hopalanda* e explica que apareceu no ano 1370 e era empregada como roupa de cerimonia, adornada con bordados (*vid. s.v.* **bordado**), perlas e pedrería diversa.

Na súa versión feminina, a opa comezou sendo moi semellante ao pelote (*vid. s.v.* **pelote**), ampla e longa, aberta por diante e sen mangas, pero co tempo sufriu varias adaptacións. Inicialmente achegouse máis ao modelo de home pola súa maior suntuosidade, elaborarse pechada, presentar mangas estreitas ou longas, que ata podían ser postizas e levar unha gola alta; pero a partir de mediados do século XV a opa feminina recortouse por diante e, a seguir, tamén polas costas dándolle unha forma triangular, que ás veces precisaba de botóns ou prendedores para asegurar as partes desta peza.

****

No territorio galego, os testemuños máis temperáns desta voz datan de finais do século XIV, anos despois da súa implantación na sociedade medieval. No ano 1398 nas *Fontes documentais da USC* ofrécese o contexto: «Item mando as minas *opas* et panos de vestir que a den a pobres vergonçosos», que recollemos no noso *corpus*; nove anos despois, o compostelán López Ferreiro cita: «a miña *opa* gris… as outras miñas *opas* dobradas» -*DDGM*. Por contra, o *TMILG* non achega ningún exemplo deste termo. No portugués, a primeira atestación coa que contamos tamén data do século XV. Na *Estoria de dom Nuno Alvares Pereyra*, do século XV, cítase a voz opa, referida á peza de roupa estudada: «E ao domingo aa tarde veeo muy loução cõ hũa *opa* forrada de pena gris» -*VHCPM* e *CP 1300S-1900S*.

No galego escrito na época moderna son escasos os testemuños desta voz, pois o *TILG* só ofrece 4 ocorrencias, pertencentes a obras de carácter histórico. Hopa, con *h-* inicial, é citada por López Ferreiro na novela histórica *A tecedeira de Bonaval* (1895), de marcada tintura arcaizante: «… de alí a media hora, ou aínda non, saeu con unha rica garnacha sobre a *hopa*, acompañado de dous paxes». Da forma hope o único contexto que se recolle pertence á obra *Devalar* de Otero Pedrayo (1935) e nel faise referencia a unha hopa de axustizado, uso histórico nun texto do galego moderno: «Un vixiante de acento mollado -o tío Pepe- e o coñac, sinte saudades de outras terceiras, aquilas longas, marelas, coor de *hope* de axustizado». Se observamos a distribución desta voz ao longo dos séculos, o *TILG* localiza un único exemplo desta voz en cada unha das franxas cronolóxicas que seguen: 1851-1900, 1901-1950, 1951-1980 e 1981-2013. O *CORGA* tamén ofrece ocorrencias desta voz; de hopa rexistra un exemplo do ano 1991 pertencente a un relato curto da obra *Arraianos* de Méndez Ferrín: «Don Xosé Benito Brandón e Elices fíxose acreedor ao privilexio de ser executado coa pompa e deferencia do garrote nobre, regulada por Real Cédula de 28 de abril de 1828, aínda que foi obrigado a rubir ao cadafalso vestindo *hopa* marela con manchas vermellas».

No ámbito español documéntase hopa por primeira vez en textos zaragozanos do século XIV. Esta voz figura nun inventario aragonés datado no ano 1380: «Un tavardo e *hopa* de hombre, de panyo de Londres vermellyo» (*DCECH s.v.* hopa, vol. III). O *CORDE* ofrece 80 exemplos da voz opa, dende o ano 1373-a.1425, en que se rexistra na poética de Álvarez de Villasandino: «Señor, lo que vos demando| es alguna gentil ropa,| balandrán, galdrapa, *opa*,| con que me vaya preçiando». De hopa, con *h-* inicial, o *CORDE* ofrece exemplos dende aproximadamente os anos 1378 e 1406, en que se recolle na obra *Rimado de palacio* de López de Ayala: «Señor -le digo yo-, siquier' esta vegada | me acojed allá e id a mi posada,| e darvos he una *hopa*, que tengo enpeñada». Amais, o *CE 1200s-1900s* e o *CDH* citan este mesmo exemplo, pero sen *h-* incial, o cal dá mostra da vacilación que sufriu esta consoante durante o medievo. O Gual *Voc. Comercio* recolle as entradas opa e hopa, pero é esta última a que ofrece máis datos sobre este termo, e fai referencia a Bernis (1956) e Beaulieu (1971). No que respecta ao *CE 1200s-1900s*, este ofrece 11 exemplos da voz hopa, dende o ano 1833 en que se atesta na obra *Escenas andaluzas* de Serafín Estébanez Calderón: «Soy el monaguillo del barrio, cual lo vedes por la *hopa* que visto; e llevo, e traigo, e tomo, e pido». Cómpre destacar que no español actual a voz opa coa acepción 'peza de roupa', coa que conta nos nosos exemplos, está en desuso.

No relativo á lexicografía galega, cómpre destacar que co significado do noso estudo, só o recolle entre os seus lemas unha obra do período premoderno (1863-1985). Trátase do Cuveiro *Diccionario* (1876) que ofrece a voz hopa, da cal indica, na segunda acepción, que é un termo antigo que nomea unha «especie de vestidura como túnica ó sotana cerrada» *-DD*. De por parte, a lexicografía galega moderna, publicada a partir dos anos 80 do século pasado, non ofrece esta voz coa nosa acepción, posiblemente por tratarse dun tipo de vestiario utilizado en épocas pasadas.

Mentres os dicionarios galegos consultados, modernos e contemporáneos, non dan conta deste termo, as obras do portugués ofrecen opa entre os seus lemas dende finais do século XVII. Rexistramos opa como entrada no Pereira *Thesouro* (1697), Bluteau *Vocabulario portuguez e latino* (1712-1728) e Folqman *Diccionario* (1755) *-CLP*. Messner (*s.v.* opa, vol. 38) documenta esta voz dende 1647 (Pereira). Xa en obras modernas, o Houaiss *Dicionário*, define opa como «tipo de veste ou capa com aberturas em lugar das mangas, ger. us. por membros de irmandades em cerimônias religiosas».

Para o ámbito español, logo da vacilación que durante o medievo experimentou a voz con e sen *h-* inicial, a forma estándar é hopa, que aparece nas obras lexicográficas hispanas dente o século XVIII, en que se compila por primeira vez no dicionario editado pola Real Academia Española no ano 1734 –*NTLLE*.

Na actualidade trátase dunha peza de roupa en desuso, de aí a escasa presenza que ten nas obras lexicográficas modernas.

Cfr. **capa**, **crotha** e **garuaya**.

**Hopas masculinas na obra *Epifanía* de Pedro Serra (1390).
Unha delas con mangas abertas e un colo alto de pel.
A vermella ten as mangas pechadas (colección particular)[239]**

**Hopa feminina con escote en pico; bordes do escote
e mangas con pel; talle alto frecuente a comezos do século XV.
Retablo de San Jorge no Museum Victoria and Albert
de Londres, datado c. 1410[240]**

orela → **[3.3 ELABORACIÓN]**

s.f. (der. ŌRĔLLA-, diminutivo romance do lat. ŌRA- 'beira', 'bordo') 'ourela, extremo ou remate dunha peza de roupa'.

[239] En liña: *http://opusincertumhispanicus.blogspot.com.es/2013/11/la-hopa-hopalanda.html* [Consulta: 18 de abril de 2019].
[240] En liña: *http://opusincertumhispanicus.blogspot.com.es/2013/11/la-hopa-hopalanda.html* [Consulta: 18 de abril de 2019].

◦ **Orela** (2): "Item mando a a dita Ynes a mina touca que ten os deytados postiços et que esta en duas peças, et huna das peças ten huna *orela* con ouro et con sirgo verde", Lucas&Justo *Fontes USC*, 1434-setembro-23/outubro, 06. Santiago [de Compostela] (A Co), doc. 296, OR.; Lucas *Dous documentos*, 1434-setembro-23/outubro, 06. Santiago [de Compostela] (A Co), II, OR.

◦ **Haurelas** (?) (1): "iten vn cerame de vnde vnna saya de boineta vnna touca de seda et vn atado et as|*haurelas*…", Cal *Mondoñedo*, 1321-marzo-10. Vilamor. Mondoñedo (Lu), doc. 84, OR.

Nestas concordancias, Inés Gómez deixa en testamento unha **touca** (*vid. s.v.*) de dúas partes e nunha delas hai unha ourela feita con ouro e **seda** (*vid. s.v.*) de cor verde; no outro exemplo, Tareixa Pérez tamén deixa como legado testamentario unha touca con ourela.

A ourela nos bordos de tecidos tivo un uso corrente xa na indumentaria da Antigüidade, que ademais de servir como remate cumpría unha función decorativa ao ser dunha cor diferente á da **roupa** (*vid. s.v.*) á cal se aplicaba, elaborada xeralmente cun fío máis basto e de unha ou máis cores (*DHTT s.v.* orilla).

Nun dos nosos exemplos estamos ante unha touca de certa sofisticación e símbolo de diferenciación social ao contar co remate de **ouro** (*vid. s.v.*) e **seda** (*vid. s.v.*) verde, adorno que debemos analizar parello aos diversos bordados (*vid. s.v.* **bordado**) que, en ocasións, tamén se realizaban con fíos de ouro seguindo as técnicas do estirado, *opus plumarium* ou *opus consutum* (González Mena 1994: 22 e Sousa Congosto 2007: 65). A propósito disto, Rodríguez Peinado (2011: 342) explica que as gornicións de ouro, en que tamén podía haber aplicación de pedrería, denomináronse no textos medievais *orfrés* e as de prata, *argenfrés*. Con todo, á parte das teas e os metais xa citados, durante o século XIV a pel foi un dos elementos de luxo máis empregados para reberetar e forrar as pezas da indumentaria (Sousa Congosto 2007: 78).

Ademais desta función ornamental, Asenjo González (1991: 15) explica que as ourelas tamén funcionaron como signo distintivo de calidade dos tintureiros que tinxían os panos de Verviers[241], que estaban obrigados a destacar neles determinadas ourelas de cor. Tales distincións debían facerse conforme ás normas estipuladas e, de cumprírense, os panos (*vid. s.v.* **pano**) selábanse cun ferro coa finalidade de recoller o lugar en que fora tinguido: «Otrosy, por quanto nos es fecha relaçion que los que fazen e mandan faser los dichos paños para les dar mejor muestra, o por otra cabsa non justa, antes que enbien los dichos paños en los tintes, fazen coger las *orillas* dellos con lienço o con otra cosa, de manera que quando salieren de la tinta salga el paño de una color e la *orilla* de la otra. E a este tal suelen llamar ellos paño orillado» (Asenjo González 1991: 32). De por parte, Bernis (1979: 110) explica que a presenza das ourelas está en textos máis tardíos co sentido de guarnición de listas de cores polo medio, que demostran a relación entre ourelas e listas, ambos os dous labores de orixe musulmá incorporados á indumentaria cristiá.

****

No dominio galego o primeiro testemuño desta voz, coa acepción estudada, data da segunda metade do século XIII. Nun documento notarial, escrito nunha lingua híbrida entre latín e galego, pertencente ao mosteiro ourensán de San Pedro de Ramirás cítase o contexto que segue: «per soutum das Cains, deinde per petram que stat in *orela* de carreira de Casares» -*CODOLGA*. En textos en romance a mostra máis temperá data do primeiro cuarto do século XIV. Precisamente, recóllese nun dos nosos exemplos, do ano 1321, adscrito á provincia de Lugo.

[241] Eran panos fortes e pesados, fabricados de la basta, curta, con trama e urda sen peinar orixinarios da cidade belga de Verviers, de onde toman o nome (Falcón Pérez 1993: 234).

A prosa histórica tamén dá conta deste substantivo; na *His.Troyana* (1350-1399) cítase orela: «Et a pẽna he mays delgada que hũa pẽna [carmyna] et a *orela* do mãto he de hũa bestia que viue ẽno parayso terreal que he [agotada] de gotas jndias et jaldeas». Uns anos despois na *Cr. Troiana* (1370-1373) recóllese o seguinte contexto, en que figura o termo ourela: «Et a *ourela* do mãto era de hũa besta que ujue ẽno paraýso terreal, que he gotada de gotas jndias et jalnes, et son tã caras et tã poucas que diz a estoria que nũca ende forõ achadas ata dez» -*DDGM* e *TMILG*. No portugués, tamén contamos con atestacións dende o século XIV. Na obra titulada *A mais antiga versão portuguesa dos Quatro libros dos diálogos de são Gregório* recóllese: «vio San Beento que hũũ menĩho negro o tirava pela *ourela* da vestidura» -*VHCPM*.

Co avance dos séculos, a fala popular do galego moderno ofrece ourela no García *Glosario* (1985) –*DD*. Para o portugués localizamos rexistros no *TLPGP*, en concreto, nos territorios de Arcos de Valdevez –oriela- (Pereira 1970: 377), Fundão –orela- (Martins 1954: 440) e Idanha-a-Nova –ourela- (Buesco 1961: 350). Na escrita, o *TILG* achega a primeira ocorrencia de orela, co significado que nos ocupa, no último cuarto do século XIX, en que se achega na obra poética de Añón (1878): «Da *orela* do teu manto magníficas preseas». Da forma ourela ofrece atestacións dende finais do segundo terzo do século XX, en que se cita na obra *Pallaregas* (1963) de Díaz: «¡Cómo me tentaba todo: o rodo | da túa mantela o refaixo de candil mais a saia d'estameña i as | naguar, con adobíos de cintas polas *ourelas*!» As formas do estándar orela e ourela conviven nos textos escritos en galego.

En textos españois a atestación máis temperá, que recolle a acepción que nos ocupa, data do primeiro cuarto do século XIII. No *Fuero de Zorita de los Canes* (c.1250) cítase: «delas taiaduras et delas *oriellas* delos pannos» -*CDH*. Con posterioridade, nas *Ordenanzas de los tejedores de lana de Cuenca*, do ano 1464, recóllese o seguinte contexto: «el panno susodicho, haga primeramente su sennal en el de muestra, so pena de dies maravedís, e luego su listón dende la *orilla* ha el primer terçio» -*CORDE*. No texto anónimo titulado *Ordenanças paños* (1527) indícase: «… ni hazer otra lavor alguna por los tercios de los paños, deixándolos de dentro por obrar; salvo que, como fuere por las *orillas*, vaya por todo el paño, de manera que vaya igualmente tondido y bien obrado» -*DICTER*. Nun documento do Siglo de Oro español tamén localizamos este substantivo, dende o ano 1631, en que figura no inventario de bens de Cristóbal de Terán e a súa dona: «Yten vn jaquete claro y unas *orillas* coloradas anchas» -*CorLexIn*. Xa no século XX, o *CREA* compila case 3.000 casos en que se rexistra este termo, aínda que non en todos eles encaixan co significado do noso estudo.

Na lexicografía galega localizamos esta voz dende a época premoderna (1863-1985). Achegan orela varias obras: Filgueira et alii *Vocabulario* (1926), Carré *Diccionario*[1] (1928-1931), Carré *Diccionario*[2] (1933), Ibáñez *Diccionario* (1950), Carré *Diccionario*[3] (1951), Eladio *Diccionario* (1958-1961), Franco Grande *Diccionario* (1972), Rivas *Frampas I* (1978) e Carré *Diccionario-Voc.* (1979). En todos eles se ofrece a acepción xenérica de 'bordo ou aba de algo', o mesmo que ocorre con ourela, que figura como lema no: Filgueira et alii *Vocabulario* (1926), Carré *Diccionario*[1] (1928-1931), Carré *Diccionario*[2] (1933), Ibáñez *Diccionario* (1950), Carré *Diccionario*[3] (1951), Otero *Vocabulario Piquín* (1977), Carré *Diccionario-Voc.* (1979) e Rivas *Frampas II* (1988) –*DD*. Só nesta última obra se fai mención á roupa «Ourelar. v. tr. y pron. "orlar, bordar". Ambas formas se ven ya en el siglo XIV. Vienen del l. *ora*, *orella* (cast. orilla)».

Os repertorios lexicográficos do portugués achegan o lema ourela dende o último terzo do século XVII, en que figura no Cardoso *Dict. Latinolusitanicum* (1569-1570) –*CLP* e Messner (*s.v.* ourela, vol. 38). De por parte, no portugués actual recóllense as formas orela ou *orilha* (Houaiss *Diccionário)*.

No que respecta ao español, documentamos o termo orilla dende finais do século XV, en que se ofrece no *Vocabulario español-latino* (1495) de Nebrija –*NTLLE*.

Outra das linguas peninsulares, como é o catalán, para referirse a este borde das teas emprega as formas *cimolsa*, *simolsa* e *voraviu* (*DHTT s.v.* orillo), con outra orixe etimolóxica.

Na actualidade as ourelas seguen a formar parte dos procesos de elaboración das pezas de roupa, ben como remates, ben como adornos ou, en ocasións, con ambos os dous usos.

Cfr. s.v. **ceneffa**, **[borla]**, **frocadura, labor** e **ricoma**.

orillado → **[3.3 ELABORACIÓN]**

s.m. (der. de *orela* < diminutivo romance do lat. ŌRA- 'beira, bordo') 'gornición, adorno que se lles pon a algunhas pezas de roupa nas beiras e que serve como remate'. A forma *orillado* é un castelanismo.

> ◦ **Orillado** (1): "mando á miña neta Constança Vasques, filla de Vasco Rodrigues, a miña saya de *orillado* preto, en emenda e satisfación do tenpo que me serbiou", Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1519-novembro-28 [O Outeiro. Viveiro. Celanova] (Ou), vol. I, doc. 122, OR.

No seu testamento Tareixa García déixalle como legado á súa neta unha saia (*vid. s.v.* **saya**) de orillado preto e indica que o fai «en emenda e satisfación do tenpo que me serbiou». A técnica do orillado consiste en rematar ou terminar os bordos de certos tecidos cunha gornición, xeralmente doutra tea, que neste caso ademais de impedir que a saia se esfiañase tamén servía como elemento decorativo da peza ao ser doutra cor. Este procedemento de remate aplicado á indumentaria é moi antigo, do mesmo xeito que o foron os diversos tipos de bordados (*vid. s.v.* **bordado**) nas roupas máis sofisticadas (estirado, *opus plumarium* ou *opus consutum*), que buscaron, dende os comezos, unha finalidade estética (González Mena 1994: 22 e Sousa Congosto 2007: 65).

Como mostra do recorrente que debeu de ser esta técnica de elaboración de certas pezas de roupa, temos un tipo de toucado feminino, medieval, de orixe musulmá denominado *touca orelada*, debido ás orelas (*vid. s.v.* **orela**) que se superpoñían de **ouro** (*vid. s.v.*), **prata** (*vid. s.v.*) e doutras cores diferentes ás da tea coa que se elaboraba; a súa existencia durou ata o século XV e debido aos luxosos que eran estes toucados foron prohibidos polas cortes de Sevilla de 1252. Bernis (1979: 110) tamén se referiu á existencia das *gornicións* na elaboración das toucas (*vid. s.v.* **touca**) mouriscas (*alharemes*, *almaizares*, toucas tunesinas e toucas de camiño); indica, amais, que as camisas (*vid. s.v.* **camisa**) mouriscas adoitaban gornecerse con orelas.

O gusto polo luxo na vestimenta era tal no medievo que se promulgaron vaias leis suntuarias para regular o seu uso, como por exemplo a expedida por Xaime I en 1234, na cal vetaba o emprego, entre outras cousas, do ouro e da prata nas *gornicións* da roupa: «mando que ninguna mujer non traya orfres, nin cintas, nin aliofares, nin margome camisa con *oro*, nin con plata, nin con sirgo, nin cinta, nin margome pannos nengunos, nin traya tocas *orelladas* con oro, nin con argent, nin con otra color nenguna, sinon blancas: mas mando que trayan arminnos, é nutras como quisieren» (Sempere y Guarinos 1973: 89, vol. I).

****

No dominio galego o testemuño máis temperán desta voz data do último terzo do século XIV, aínda que empregada como adxectivo. Na *Cr. Troiana* e Parker *VCT* (1370-1373) cítase a forma ourelado: «hũu escudo… todo *ourelado* de rrubijs et d'esmeraldas» -*DDGM* e *TMILG*. A forma orillado, no mesmo exemplo do noso *corpus* de estudo é ofrecida tamén polo *TMILG*. No relativo ao portugués, este recolle orilhado en obras do dramaturgo Gil Vicente: «hũa gorra d'*orilhado*» -*CP 1300S-1900S*.

Co paso dos séculos esta voz vai diminuíndo a súa presenza nos textos escritos en galegos, de feito o *TILG* non inventaría as formas ourelado nin orillado. Por contra, si está presente dende o ano 1820 a palabra *reberete* coa acepción estudada, en concreto, no texto *Tertulia en la Quintana o 2º diálogo entre los consabidos Andruco, Xácobe é Alberte* editado por Mariño Paz na súa tese de doutoramento: «vestidos de curto con *reberetes* no saio». Amais, o *CORGA* ofrece 2 casos da voz ourelado, como adxectivo, no relato curto «Pequena Amelia» da autoría de Pereiras, datado no ano 2008: «É un manto peche, *ourelado* de tirimbotes bastiños que abanean cando se persigna, pero ela non parece a mesma que anda pola casa, toda atarefada e toda faladeira».

En textos españois a primeira atestación coa que contamos da voz orillado localizámola nun cancioneiro de obras de burlas, datado entre 1445 e 1519: «Los corporales tornastes, | solo por vuestro mirado, | en un lenzuelo delgado | con orillas *orillado* con que la faz cobijastes»; con todo, utilízase como adxectivo. Tamén nun documento anónimo que recolle a primeira resposta de Segovia ao primeiro proxecto de Ordenanzas xerais (1495) ofrécese o seguinte contexto: «16. A los diez e seys capítulos desimos que es justo que se fagan *orillados* con que sean de las lanas bastas de los obispados susodichos e que non sean de deziocheno arriba de manera que veynte e veynte e uno e veynte e dos no, e de ay arriba non le puedan faser *orillado*, porque estos semejantes pannos podrían aver enganno, e deziocheno e de ay abaxo». Da forma feminina, utilizada como adxectivo, contamos con exemplos dende o ano 1490, en que figura no *Universal vocabulario en latín y romance* de Palencia: «Richa basilicum aut exoticum. Rica segund festo es vestidura quadrada & *orillada* de quermesi» -*CORDE*. Amais, nun documento datado en 1494, ofrécese o contexto «paños de *orillado*» -Gual *Voc. comercio*. Para o século XX, o *CREA* ofrece a voz orillada, tamén como adxectivo, dende o ano 1986, en que aparece citada na novela de Mendoza titulada *La ciudad de los prodigios*: «Estaba segura de que a ella, que seguía llevando miriñaque a repelo de la moda y arrastraba una cola *orillada* de dos metros y que iba profusamente enjoyada a todas horas, ningún animal se atrevería a hincarle el diente».

No tocante ás obras lexicográficas galegas, no *DD* non hai mostras dos termos orillado nin ourelado. Porén, o *DCECH* (*s.v.* orilla vol. IV) fai referencia ao adxectivo ourelado e indica que aparece na obra de Castelao: «tiña unha capa *ourelada* de fitas de ouro» e «tiña a boca *ourelada* de roxo».

A lexicografía do portugués dá conta do substantivo *ourela*, pero non da voz ourelado –*CLP*. De por parte, o Houaiss *Dicionário* propón para ourelado o uso como adxectivo, que define como «guarnecido com ourela».

Os repertorios lexicográficos do español achegan o participio orillado dende o segundo cuarto do século XVIII, en que se cita no dicionario da Real Academia Española do ano 1737 – *NTLLE*.

A día de hoxe as *ourelas* seguen utilizándose na costura parar rematar e, en ocasións, adobiar as diversas pezas de roupa, calzado e complementos.

Cfr. s.v. **açintillado**, **bordado**, **enforrado**, **gornyçido**, **[laurado]** e **rraso**.

ornamento → **[2.4 ORNAMENTOS LITÚRXICOS]**

s.m. (do lat. ORNAMĒNTU-).

1 'Ornamento, vestidura sagrada que empregan os sacerdotes cando ofician'.

> ◦ **Ornamento** (3): "vn *ornamento* de brocado con súa estola et almáticas et vn frontal | et súas aluas et vna manga rica con os ditos ornamentos perfetos", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Jten dúas almáticas | brancas de Damasco branco; deste *ornamento* faltan | dous manjpolos", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Outro *ornamento* negro de terçiopelo dobre", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.
>
> ◦ **Ornamentos** (4): "los *ornamentos* e cousas siguentes:...", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR[242]; "Este he el rreconto dos *ornamentos* sagrados e por | sagrar", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "los *ornamentos* e cousas siguentes:...", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "diso que daua os ditos collares et cor|dones por súas custas et todos los ditos *ornamentos*", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

2 'Ornamento, conxunto de elementos para adorno e servizo do altar'.

> ◦ **Ornamento** (1): "It. mando das minas doas, conuen a saber, cordas de mantos et botoaduras de prata et gllandas et doas de garganta et algofre et todas doas que eu aia... de meu finamento deste mundo, que meus conpridores do preço que por ellas deren, de fazer un calez de prata et dourados et vestimentas et liuros de... des todo o ano en quanto montara contia que por ellas deren, et que este *ornamento* seia para o altar hu an cada dia de dizer a misa por mina alma eno dito moesteyro de Sta. Clara", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1348-[xuño-7. Santiago de Compostela] (A Co), doc. XLI, OR.

A voz ornamentos cítase en varios casos no reconto da Catedral de Ourense e, nunha ocasión, no testamento de Elvira Pérez, especieira compostelá. En termos xerais fai referencia a elementos que serven para adornar, sexan pezas de roupa, sexan outros obxectos. A primeira acepción do noso estudo ten que ver co 'conxunto das roupas litúrxicas utilizadas polos cregos para o oficio da misa'. Estas vestimentas sagradas teñen a súa orixe na época imperial romana e, inicialmente, estaban inspiradas nos traxes civís, que ao longo do Imperio son habituais no vestir masculino. Posteriormente, coa chegada dos bárbaros as vestimentas litúrxicas variaron ao seguir o conservadorismo propio dos rituais sagrados, cada vez máis afastado do vestir da poboación; de feito, os escasos cambios notorios que sufriu esta indumentaria tivo lugar en períodos de tempo moi longos (Mantilla de los Ríos y Rojas 1995: 14-15). García Cuadrado (1993: 123-124) explica que o precepto de utilizar ornamentos específicos nas cerimonias sagradas pono de manifesto o arcebispo Maximiano ao dirixirse aos seus diáconos no sínodo de Regensburg do ano 742: «Non saquis laicorum more sede casullis utantur, ritu servorum Dei». A autora tamén indica que é na época carolinxia cando os vestidos litúrxicos quedan fixados na forma que hoxe coñecemos, se ben os últimos cambios sensibles datan do século XII, en que quedan determinadas as cores litúrxicas e as formas e función da alba (*vid. s.v.* **alua**), capa pluvial (*vid. s.v.* **capa**) e sobrepeliz.

[242] Este exemplo recollémolo baixo as dúas acepcións estudadas porque no texto que segue faise mención ás vestimentas litúrxicas e tamén aos panos destinados ao adorno do altar. *Vid.* **9.2 Anexo I**: Reconto de bens e alfaias da Catedral de Ourense.

Na liturxia da Igrexa, considéranse ornamentos propios do bispo, ademais daqueles representativos do seu cargo, os que pertencen ás ordes do Presbiteriado, Diaconado e Subdiaconado. Nestes exemplos non sabemos exactamente a quen corresponden as vestimentas (*vid. s.v.* **vestimenta**) recollidas no reconto da Catedral de Ourense, pero somos coñecedores de que o bispo adoita levar moitas das roupas citadas neste inventario: a mitra (*vid. s.v.* **mitara**), luvas (*vid. s.v.* **[luva]**), sandalias (*vid. s.v.* **[sandalia]**) e palio, este último propio de papas e arcebispos, pero que en casos especiais poden levar os bispos. O sacerdote como ornamentos porta a **casula** (*vid. s.v.*) e a capa pluvial; o diácono a alba, sobrepeliz, roquete, cíngulo, manípulo (*vid. s.v.* **manjpolo**), **estola** (*vid. s.v.*) e dalmática (*vid. s.v.* **[almática]**) e o subdiácono, a dalmática, o manípulo, a alba e o amicto (*vid. s.v.* **amjto**).

A propósito da segunda acepción, en que os ornamentos fan referencia aos adornos do altar, podemos establecer unha división entre os constituídos por elementos téxtiles e os elaborados con outros materiais. Os primeiros, por seren de tecido, incluímolos dentro do noso estudo e, en concreto, no reconto da catedral ourensá cítanse os corporais (*vid. s.v.* **[corporal]**), **frontal** (*vid. s.v.*) e fronteiro (*vid. s.v.* **fronteyro**), aos que poderiamos engadir o superfrontal e outros panos de uso no altar. Todos eles adoitaban estar confeccionados en liño (*vid. s.v.* **lino**) e en **seda** (*vid. s.v.*) e case sempre ían bordados (*vid. s.v.* **bordado**) con motivos relixiosos. Os segundos, destinados tamén ao adorno do altar, elabóranse doutros materiais; trátase das cruces, velas e cirios, o atril do altar, o relicario, os incensarios, a naveta, o tabernáculo e os capiteis, que evitan que a cera das candeas se derreta nos panos do altar.

Todos os ornamentos para poder ser utilizados no oficio da eucaristía deben ser sagrados ou bendicidos, de aí que un dos nosos exemplos do reconto catedralicio cite «*ornamentos* sagrados e por sagrar». Ao lado destes entendemos que a catedral ourensá contaba cun fondo de ornamentos para utilizar no futuro, por iso se indica que están sen consagrar.

****

No ámbito galego, o primeiro testemuño de ornamento data de finais do século IX e localízase nun texto escrito en latín pertencente aos tombos do Mosteiro de Sobrado dos Monxes recóllese o seguinte contexto: «La, uaccas, centum, iuga boum XXi, peccora, promiscua quingenta. in *ornamento* uel uestimento solidos CCCC; uillas XXXa, iste sunt: in Nemitos...» -*CODOLGA*; neste caso atopamos a acepción relacionada coa 'indumentaria eclesiástica'. En lingua romance, a primeira atestación sitúase na primeira metade do século XIV e cadra co exemplo que ofrecemos na nosa segunda acepción, datado en 1348. Por contra, da forma plural localizamos máis casos; o máis temperán recóllese nun documento notarial pertencente ao Mosteiro de San Estevo de Ribas de Sil, aínda que neste caso non queda moi claro a cal das acepcións estudadas fai mención esta voz, que posiblemente se refire ás dúas: «Et que o enbestira en ela por seu birrete, et por mayor abastança que fora por sy meesmo entregar e entregara a dita iglesia ao dito Afonso Peres por calles, livros, vestimentas e por cordas de campaa e por os outros *ornamentos* da dita iglesia sigundo que o dereito manda» (1376) -*TMILG*. Con todo, no *DDGM* este termo non se ofrece. Para o portugués medieval, atestamos por primeira vez ornamento nun documento notarial do ano 1365: «A oveença de sanchristinya e as suas herdades apartadas pera o *ornamento* da eigreja e estas rendas son tam poucas que nom avondam todo [...]» (*VHCPM*), tamén utilizado cun sentido amplo. Amais da forma ornamentos, este vocabulario recolle exemplos dende o século XIV: «Dos *ornamentos* e vestiduras sacerdotaes», neste caso referido ao 'vestiario litúrxico'.

No galego moderno, o *TILG* ofrece 117 exemplos desta voz, citada en 82 obras distintas, dende a segunda metade do século XIX en que a recolle Pintos na obra *A gaita gallega* (1853), aínda que cun significado que dista dos estudados nesta entrada: «…nas mil ventaxes que o teu

ancho espazo garda servindo á vila de *ornamento*». Xa na época premoderna, Pérez Placer en *Contos, leendas e tradiciós* (1891) recolle un contexto máis en concordancia cos estudados: «Fortes brochazos de sombra nos currunchos, pinceladas de luz iluminando os ángulos salentes, os *ornamentos* do culto e perdendose en varios, innúmeros, indescriutibres toques». Un ano despois, De la Iglesia na obra *Poesías. Edición de María Rosa Saurín de la Iglesia* cita tamén un contexto relacionado coa nosa entrada: «Tempro feito unh'áscoa d'ouro cal ningunha catedrale, *ornamentos* máis preciosos non os verá a cristiandade». De todas as ocorrencias inventariadas neste tesouro hai que ter en conta que na maior parte delas o significado que teñen non está propiamente relacionado co ámbito eclesiástico ao ser sinónimo de 'ornato, complemento'. Na actualidade a voz continúa en uso, como amosan as ocorrencias ofrecidas polo *TILG*; a elas podemos engadir as 13 (en singular) e 37 (en plural) inventariadas polo *CORGA*.

En textos do español, documentamos a variante ornamiento dende a primeira metade do século XIII. No ano 1247 cítase no *Lapidario* afonsino cunha acepción que fai referencia aos 'atavíos': «Ca es contado por nesçio quien pone en su cabeça el *ornamiento* de sus pies [et en los pies el de] la cabeça, et quien dagastona las girgonças en el plomo» -*CDH* e *CORDE*. Por contra, do noso interese é a concordancia ofrecida no texto anónimo *cortes de Coyanza, versión romanceada*, datado en 1250: «E las Yglesias sean entregas e non partidas, con prestes, con diaconos, con libres de todo el anno, ye con *ornamientos* ecclesiasticos». A forma ornamento localizámola na segunda metade do século citado; precisamente, a obra *Calila e Dimna* (1251) ofrece un contexto que garda algo máis de relación cos estudados: «Ca él le contó al rey estonçes toda su fazienda et su acaesçimiento. Et luego, acabada esta rogativa, fue el niño sano et guarido. Et mandó el rey dar aquellos *ornamentos* al religioso» (*CDH*). Referido aos nosos exemplos tamén atestamos hornamento, con *h-* inicial, no texto *Cuentas de Gonzalo de Baeza*, *tesorero de Isabel la Católica* (1477-1491): «Veynte e çinco varas de çintas para guarniçion del dicho *hornamento* e para çeñir las aluas, costaron 215 mrs». O *DCECH* documenta esta voz dende o ano 1490 e o *DiCCA-XV* dende o ano 1417 con varias acepcións, pero tamén facendo referencia ás roupas utilizadas no oficio relixioso, que é do noso ámbito de estudo: «dita capiella et encara el dito monesterio de muytas e nobles joyas e | *ornamentes* | para serujcio del diujnal officio e de·la dicta iglesia e monesterio». O Gual *Voc. Comercio* ofrece ornamentos entre as súas voces e ofrece a primeira atestación no ano 1486 nas *Cuentas de Gonzalo de Baeza*, xa citadas. Indica que «Bajo el calificativo de "*ornamentos*" se envían a varias iglesias de Málaga: cruces, vinajeras, crismeras, linternas, hostiarios, tijeras (…)». No *CorLexIn* ofrécense 4 ocorrencias de hornamentos, a primeira delas datada en 1622 e rexístrase nun inventario de bens de Fernando Calderón de Vargas que reza «Hay en ella tres tra|piches y una prenssa, calderas, cassa de purgar de ui|vienda, y quadrilla, y una capilla, y en ella doze quadros | y un altar y un retablo de Santa Bárbara y *hornamentos* y cálix…». Posteriormente, o *DAutoridades* (tomo V, 1737) define ornamentos como «Se llaman comunmente las vestiduras sagradas que se visten los Sacerdotes y los Obispos quando celebran, lo que comprehende tambien los adornos del Altar, que son de lino o seda: como los manteles, el frontal, &c. La.t *Ornamenta Sacerdotalia seu Pontificalia.* MARM. Descripc. lib. 2. cap. 14. Demás de esto reparó las Iglesias, y les dio ornamentos, cálices, campanas, y todas las otras cosas necessarias para celebrar el culto divíno. SALAZ. DE MEND. Card. Taver. cap. 14. Enriqueciola con plata, ornamentos, retáblo y reja». Co avance dos séculos, o *CREA* e o *CE 1200S-1900S* tamén se fan eco desta voz, aínda que en innumerables ocasións non ten que ver coa 'indumentaria sagrada'.

Na lexicografía galega ornamento aparece tardiamente, xa na época premoderna (1863-1985). De feito, das obras ofrecidas polo *DD* só o repertorio de vocación enciclopédica Eladio *Diccionario* (1958-1961) dá conta desta entrada, aínda que en ningunha das acepcións se fai referencia aos 'ornamentos litúrxicos'. Posteriormente, xa a mediados dos anos 80 do século pasado as obras normativas van ofrecer este termo con diferentes acepcións e, entre elas as referidas nos nosos exemplos e inscritas ao ámbito relixioso.

Se botamos unha ollada cara ás obras lexicográficas do español e do portugués, esta voz cítase en ambas as linguas. No español ornamento aparece como lema dende o último cuarto do século XVI, en que se recolle no *Vocabulario de las dos lenguas toscana y castellana* (1570) de Casas; a aparición da variante ornamiento rexístrase en tres obras de comezos do século XVIII. Para o ámbito portugués, esta voz tamén se ofrece nas obras lexicográficas consultadas e coas mesmas acepcións coas que conta na lingua galega.

O uso restrinxido deste termo, referido ao ámbito litúrxico, pode explicar a ausencia que temos del nalgunhas das obras lexicográficas que contan cun repertorio reducido de entradas.

Cfr. s.v. **abeto**, **[almática]**, **alua**, **amjto**, **casula**, **[calça]**, **cotibaldo**, **[cugulla]**, **estola**, **[luva]**, **manjpolo**, **mitara** e **vestimenta**.

Peza do ornamento do arcebispo Rodrigo Ximénez de Rada dalmática (século XIII)[243]

Ornamentos sagrados do século XVIII custodiados no Museo catedralicio de Ciudad Real (casula, dalmática e capa pluvial)[244]

[243] En liña: *http://laropamedieval.blogspot.com.es/2009_09_16_archive.html* [Consulta: 18 de abril de 2019].
[244] En liña:*https://museodiocesanociudadreal.wordpress.com/obras/* [Consulta: 18 de abril de 2019].

ouro → **[3.2 OUTROS MATERIAIS] [2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER] [2.3 COMPLEMENTOS]**

s.m. (do lat. AURU-) 'ouro, metal precioso de cor amarela brillante, dúctil e maleable utilizado para o adorno de pezas de roupa e na fabricación de moeda, na xoiería, moblería, etc.'.

◦ **Ouro** (9): "Item mando a a dita Ynes a mina touca que ten os deytados postiços et que esta en duas peças, et huna das peças ten huna orela con *ouro* et con sirgo verde", Lucas&Justo *Fontes USC*, 1434-setembro-23/outubro, 06. Santiago [de Compostela] (A Co), doc. 296, OR.; "Jten dúas capas de Damasco, vna delas de azur e outra | morada con súas çeneffas de *ouro*", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Vna capa de crymyssý con súa çenessa de *ouro*", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Vn manto de *ouro* bayxo con súa çeneffa", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Vn manto vello de *ouro* de sarafíjs con súa ceneffa vella", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Jten vn frontal de seda verde prado con armas de Barrentos, | bordado de fillo de *ouro* fyno", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "con súas çeneffas brancas | de lenço labradas de *ouro* fyno", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "et ceneffas | con rramos de *ouro* postos en Damasco azur", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "con sonas de *ouro* et prata sobre | seda negra", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

◦ D**ouro** (1): "eu comprey a os compridores da Afonso Gonzalez e un-a vestimenta con cintas d*ouro*", González Garcés *A Coruña*, 1458-novembro-23 {1399-xaneiro-30} [A Coruña], OR.

O ouro é un elemento caracterizado pola cor amarela e moi prezado na xoiería pola súa maleabilidade.

Durante a época medieval o ouro foi considerado o metal máis prestixioso e era empregado, fundamentalmente, para as moedas, xoiería e como adorno en certas pezas de roupa. De feito abundou no territorio galego dende antigo, pois a referencia ás minas de ouro galegas figura xa nos textos de Plinio e Estrabón (Romero Masiá 1988: 79-80). Plinio (XXXIII, 7,8) escribiu: «Asturias, Gallaecia e Lusitana suministraban por este procedimiento 2.000 libras de *oro* al año, pero la producción de Asturias es la más importante. No hay parte alguna de la tierra donde se dé esta fertilidad durante tantos siglos» (Balseiro García 1993-1994: 163). Sobre isto, o Eladio *Diccionario* tamén destaca a importancia deste metal en Galicia na información enciclopédica que achega desta voz; nela di: «En Galicia encuéntrase el oro principalmente en las provincias de La Coruña, Orense y Lugo, sobre todo en las zonas de Corcoesto, Valdeorras, Quiroga, Presqueiras, Santiago, Mondoñedo y Cornazo. Encuéntrase también en las riberas del Sil y del Miño, cuyas aguas arrastran polvos de oro, y en cuyas orillas aún hoy pueden verse lavaderos para las arenas que contienen pepitas del codiciado metal, debiéndose a esto, según muchos autores, la desviación del cauce del Sil, que hicieron antiguamente los romanos por medio de un túnel abierto en la roca viva denominada Montefurado, en la provincia de Lugo. Posteriormente a la época romana, y a partir del siglo XV, hízose merced de las miñas de oro de Galicia a diversas personas y sociedades para su explotación, pero la forma en que ésta se realizó no dio los resultados apatecidos (…)».

Na alta Idade Media a reserva de ouro de Europa foi acumulada, sobre todo, na corte dos emperadores bizantinos, de aí que no mundo occidental circulase pouco ouro. Isto explica que para a acuñación de moeda fose a **prata** (*vid. s.v.*) o metal máis utilizado ata o século XIII, momento en que as moedas de ouro se introducen, inicialmente, en Italia, Francia e Inglaterra e o seu uso aumenta considerablemente dende os séculos XIV e XV vinculado ás transaccións

comerciais. Con todo, a maior parte deste ouro procedía dos países árabes, ricos neste metal dende os comezos da Idade Media (Francisco Olmos 2012).

No que respecta ao vestir, dende a Antigüidade empregáronse metais nobres para enriquecer os tecidos; de feito xa a Biblia (*Éxodo*, XXVIII e XIX) expón que as vestiduras do sumo sacerdote estaban decoradas con fíos de ouro (Cabrera Lafuente 2005: 344). Algunhas roupas levaban engadidos complementos de ouro, prata, pedras preciosas (esmeraldas, rubí, etc.) e peles de gran valor na época medieval, algunhas delas só permitidas ás clases máis altas (Oliveira 1993: 72, vol. I). Este gusto polo luxo e o ouro na vestimenta era tal que se promulgaron vaias leis suntuarias para regular o seu uso, como por exemplo a expedida por Xaime I en 1234 (Sempere y Guarinos 1973: 72, vol. I), na cal vetaba o emprego, entre outras cousas, do ouro nas gornicións da roupa: «mando que ninguna mujer non traya orfres, nin cintas, nin aliofares, nin margome camisa con *oro*, nin con plata, nin con sirgo, nin cinta, nin margome pannos nengunos, nin traya tocas orelladas con oro, nin con argent, etc.» (Sempere y Guarinos 1973: 89, vol. I). Durante a época medieval as roupas con gornicións (*vid. s.v.* **orela** e **orillado**) de ouro deberon ser habituais, pois contaban cun nome específico: *orfrés* (Rodríguez Peinado 2011: 344). No noso *corpus* de estudo localizamos a presenza do ouro como adorno nunha **touca** (*vid. s.v.*), nun **manto** (*vid. s.v.*) e nos motivos bordados das grecas e cintas (*vid. s.v.* **cinta**).

Debido ao alto prezo deste metal, en ocasións era substituído pola prata dourada, xeralmente en aliaxe con cobre e latón (Cabrera Lafuente 2005: 8).

****

Para o ámbito galego, a primeira documentación da forma ouro data de finais do século XI. Usado como antropónimo documentámola nun texto notarial, en latín, pertencente ao tombo do mosteiro coruñés de Caaveiro, do ano 1083, en que se fai alusión a «*Ouro* Men{en}dit». Cómpre destacar que da forma latina aurum temos mostras dende o século IX – *CODOLGA*. En textos en romance, localizámola dende o primeiro cuarto do século XIII, cando se cita nunha cantiga escarniña de Pero Garcia d'Ambroa (1220-1240): «Fazen soldada do *ouro* que val | mui mais ca o vosso cono, de pran» -*CMGP*, *MedDB*, e *TMILG*. A lírica relixiosa tamén se fai eco deste termo; de feito, na cantiga mariana número 35 (1264-1284) faise referencia a: «hũa arca feita d'*ouro*». Na prosa histórica tamén localizamos exemplos, así na *Cr. Gal* (1295-1312) ofrécese o contexto «muytos panos d'*ouro* et de seda»-*DDGM* e *TMILG*. No país veciño documentamos ouro dende o século XIV; por exemplo, na obra *Vida do honrado infante Josaphate filho del rey Avenir* cítase: «E ffez catar o Jfnate taaes vistiduras cõ grande prazer e prezauaas mais q todos os panos d*ouro* e de purpura q no mũdo auja» -*VHCPM*.

No galego moderno, na fala popular, temos ouro no García *Glosario* (1985) –*DD*- e no *TLPGP*. O tesouro conta con rexistros desta voz, relacionados cos *Terreos, rochas e minerais*, en varios concellos galegos: nos lucenses de Guitiriz, Vilalba (Regueira Fernández 1989) e Ribadeo (Baamonde Traveso 1977) e nos pontevedreses de Cangas (González González 2002), A Estrada e Silleda –Bravo 1984: 145). Amais, no territorio portugués de Beja recóllense as unidades pluriverbais *cordão em* ôro e *fio em* ôro (Delgado 1970: 358). Na escrita, o *TILG* ofrece máis de 5.000 casos deste termo dende finais do século XVII. No ano 1697 cítase nunha escolma compilada no volume *Fiestas Minervais, y aclamación perpetua de las Musas, a la inmortal memorial de el Ilustríssimo y Excelentíssimo señor D. Alonso de Fonseca el Grande*: «D'*ouro* fino en tantas letras». Dous séculos despois, na obra de Pintos titulada *Contos da aldea que parecen historias da vila e historias da vila que parecen contos da aldea* (1858) figura o seguinte contexto: «Era o comendante ou ben coronelo con galós de *ouro*». No relativo ao uso como apelido, cómpre destacar que na *Cartografía dos apelidos de Galicia* inventaríanse 468 portadores do sobrenome

Ouro, rexistrados a maioría deles (en concreto 102) no concello lucense de Palas de Rei, ao que temos que engadir a forma castelanizada, Oro, que é portada por 313 individuos, residentes fundamentalmente nos concellos pontevedreses de Vigo, Lalín e Agolada, por orde de frecuencia.

En textos casteláns, o exemplo máis temperán do termo *oro* está nun documento notarial, híbrido, latino-español do ano 994 pertencente a Villalonga: «XX. solidos de argento et duas pelles colenmias, *oro* pellatas, adpreciatas in XXVII. solidos de argento» -*CORDE*. Nun documento do mosteiro de Sahagún (León), do ano 1103 faise referencia a: «una strectura grecisca offresa» (Rivas Quintas 2012: 136-137). En textos escritos en romance, temos atestacións dende o segundo terzo do século XII, ao citarse no *Poema de mio Cid* (c. 1140): «Fabló mio Cid, el que en buen ora cinxo espada: |—¡Martín Antolínez, sodes ardida lança, | si yo bivo, doblarvos he la soldada! | Espeso é el *oro* e toda la plata» -*CDH*, *CORDE* e *DCECH* (*s.v.* oro, vol. IV). En textos escritos en español na coroa de Aragón durante o século XV, tamén localizamos oro. Cítase en documentos da Cancelleria Real procedentes de l' Arxiu de la Corona d'Aragó (1412 e 1498): «bayle general o qualquiere d·ellos. A·saber es en moneda de | *oro* | o en alguna de·las maneras sobredichas. Toda via empero manda el» -*DiCCA –XV*. Na obra *Conpusición Arismética y Geométrica* (1512) de Ortega escríbese: «Un caballero manda a fazer una cadena de *oro* a 3 maestros, los quales quedan de fazer en 50 días» -*DICTER*. Un século despois, aparece este termo no inventario de bens de Mayor Díaz (Antequera, Málaga), do ano 1628, aínda que non referido ao ámbito téxtil: «Unos arillos y un coraçón de *oro*» -*CorLexIn*. O alto uso desta voz a partir do último cuarto do século XX, déixao ver o *CREA*, que compila máis de 13.000 concordancias.

No que respecta ás obras lexicográficas galegas, estas conteñen o substantivo ouro entre os seus lemas dende comezos do século XIX, en que se publican os primeiros repertorios: o Payzal *Vocabulario* (c. 1800), Rodríguez *Diccionario c.1854* e Aguirre *Diccionario* (1858). Xa na época premoderna (1863-1985) está presente no Rodríguez *Diccionario 1863*, Pintos *Vocabulario* (c. 1865), Cuveiro *Diccionario* (1876), Valladares *Diccionario* (1884), Filgueira et alii *Vocabulario* (1926), Carré *Diccionario*[1] (1928-1931), Acevedo&Fernández *Vocabulario* (1932), Carré *Diccionario*[2] (1933), Ibáñez *Diccionario* (1950), Carré *Diccionario*[3] (1951), Eladio *Diccionario* (1958-1961), Franco Grande *Diccionario* (1972), Otero *Vocabulario Piquín* (1977), Carré *Diccionario-Voc.* (1979) e Rivas *Frampas II* (1988) *–DD*. Outras obras recollen como lema unidades pluriverbais con esta voz, pertencentes ao ámbito da bioloxía, como *manteca de ouro*, *herba de ouro* ou *botón de ouro –DD*. Os dicionarios publicados a partir de mediados dos anos 80 do século pasado ofrecen este termo nos seus lemarios e, incluso, achegan numerosas unidades pluriverbais como: *ouro líquido*, *ouro moído*, *ouro negro*, *a prezo de ouro* ('moi caro'), *de ouro* ('dourado', 'de gran valor'), *facer(se) de ouro* ('conseguir moita riqueza') e *nin por todo ouro do mundo* ('de xeito ningún'). Con todo, botamos en falta na obras modernas citadas, expresións aínda vixentes na lingua, das cales se fai unha boa relación no Eladio *Diccionario*: *a peso de ouro* ('moi caro'), *como ouro en pano* ('coidadosamente'), *coma un ouro* ('persoa moi aseada ou cousa moi limpa'), *corazón de ouro* ('persoa con bos sentimentos'), *limpo como un ouro* ('impoluto'), *montes de ouro* ('proporción esaxerada'), *nadar en ouro* ('gozar de moita opulencia'), *negocio de ouro* ('moi lucrativo'), *ter o ouro e o mouro* ('contar con moitas riquezas e bens') e *¡ouro que fora!* ('coidado excepcional que se ten con algunha cousa apreciada'), por poñer algún exemplo.

Os repertorios lexicográficos do portugués recollen ouro dende a segunda metade do século XVI, en que figura no Cardoso *Dict. ex lusitanico in latinum* (1562-1563) *–CLP* e Messner (*s.v.* ouro, vol. 38).

A lexicografía española tamén achega este termo dende a súa orixe. De feito, xa está presente no *Vocabulario español-latino* (1495) de Nebrija *–NTLLE*.

Na actualidade o ouro segue a ser un metal apreciado, fundamentalmente na xoiería, pero tamén empregado nas pezas téxtiles máis exclusivas. É unha voz de uso habitual nas linguas romances (en fr. *or*, en port. *ouro* e en cat. *oro*) dende as primeiras manifestacións escritas.

Cfr. s.v. **prata**.

Casula bordada con fíos de ouro, do século XV[245]

[245] En liña en: *https://es.wikipedia.org/wiki/Bordado* [Consulta: 18 de abril de 2019].

P

palmilla → **[3.1 TECIDOS]**

s.f. (der. de *palma* < do lat. PALMA- 'palma') '*palmilla*, pano ordinario feito cos fíos de la que sobraban ao peiteala –*DHTT*, *s.v.* palmilla/palmella, pamilla'.

> ◦ **Palmilla** (2): "Iten mando a Gonçalvo de Paramo, peliteyro, huna capa de *pamilla* et a sua muller, Aldara Afonso, mina curmaa, tres cargas de pan", Portela *Lugo XV*, 1487-abril-17. Lugo, doc. 1369, OR.; "Yten mando a Violante, miña criada, que agora comigo non mora, vna aljuba de Londres nova e vna saya de vayxo de *palmilla* nova", Sánchez *Álvaro Sánchez*, 1493-xuño-12. Santiago de Compostela (A Co), doc. 13, OR.
>
> ◦ **Palmillae** (1): "Yten mando a Alvaro de Layan, meu criado, vna capa e vn sayo de *palmillae*", Sánchez *Álvaro Sánchez*, 1493-xuño-12. Santiago de Compostela (A Co), doc. 13, OR.

No testamento de Inés García inventaríase unha saia (*vid. s.v.* **saya**) «de vayxo de *palmilla* nova» e un saio (*vid. s.v.* **sayo**) «de *palmillae*».

Dávila Corona, Durán Pujol e García Fernández (*DHTT*, *s.v.* palmilla/palmella, palmilla) definen palmilla como un pano ordinario feito cos fíos sobrantes de peitear a la (*vid. s.v.* **laan**), que se fabricou en Cuenca e foi imitada noutros lugares. Bernis Madrazo (2001: 278) indica que «la *palmilla* era el paño que usaban las villanas cuando vestían sus mejores galas». De feito, por ser unha tea abrigosa fíxose habitual na confección de saios e saias, como mostran os nosos exemplos.

A propósito da cor, este tecido podía ter diversas tonalidades, pero a de cor azul parece que foi a de mellor calidade, segundo apuntan algúns autores (*DHTT*, *s.v.* palmilla/palmella, pamilla e Sigüenza Pelarda 2000: 62). Esta última autora documenta a palmilla azul e negra, que foi empregada na confección das saias das escravas e mouras bautizadas. De por parte, no Gual *Voc. comercio* (*s.v.* palmilla) atéstase de cor limoada, verde, turquesa e leonada.

No tocante aos prezos, no século XVI na obra de Ladero Quesada, titulada *Los mudéjares de Castilla en tiempos de Isabel I* faise mención a: «*palmilla* a 250 maravedís la vara».

****

No dominio galego, o primeiro testemuño da voz palmilla que se rexistra nos repertorios consultados (*DDGM* e *TMILG*) data do primeiro cuarto do século XVI. Cítase nun protocolo notarial-inventario, do ano 1519, editado polo historiador Ferro Couselo: «Una saya de *palmilla* e un sayño de Londres, ja vello o sayño e a saya». Por este motivo, tomamos os nosos exemplos, datados na última década do século XV (1493), como a primeira datación desta voz. Con respecto ao portugués, temos atestacións dende o último cuarto do século XVI, en que figura na obra anónima titulada *Vereações-Taxas (Arquivo Municipal de Coimbra)*, datada entre 1573 e 1585: «Çapatas de carneira para molher, de cor, de quatro ate oito pontos' de soleta ou *palmilha*, não pasarão de.quatro vinteis -ssas de *pallmjlha*» -*CP 1300S-1900S*.

No relativo ao galego moderno, na escrita só documentamos palmilla no ano 1992 na obra de Saavedra titulada *A vida cotiá en Galicia de 1550 a 1850*: «{se compone de} faldrillo zulestre, almilla de nabas, mantilla de *palmilla*, xustillo de sempiterna, mandil de estameña…» *-TILG*.

O español, coa nosa acepción, ofrece o primeiro exemplo de palmilla, aproximadamente, entre finais do século XIV e o primeiro cuarto do XV. Villasandino nas «Poesías» (*Cancionero de Baena*) cita: «Los que solién ser gente mesilla | son en estado que comen gallinas, | beven con plata e tienen cortinas | e ya menospreçian blanqueta e *palmilla*; | de cómo los unos van a la senzilla | ayamos emiente sin fuerça de vino, | e, pues que vos tengo aquí por vezino, | veamos quién tiene la cara amarilla» *-CDH* e *CORDE*. Nas «Ordenanzas de los tintoreros de Cuenca» (1432-1482) tamén se fai referencia a este tipo de tecido: «Otrosí, que no se pueda hacer ny haga ningún negro tinto en lana, e que ninguna trapada de anynos no se pueda hacer belarte ny pardillo ny entrojado ny *palmylla*, sy no que sea quemado, e pague de pena el que lo fisiere tresientos maravedís, repartidos en la manera susodicha» *-CDH*. Con posterioridade, na obra *Leyes lanas e paños* (1538) ofrécese o contexto que segue: «E si algunas personas en las *palmillas* o velartes o granas que hizieren echaren la dicha lana de añinos o peladas, mandamos que pague la dicha pena doblada. Pero esto se entienda si las *palmillas* fueren de más qüenta de deziochenos» *-DICTER*. Tamén localizamos varias ocorrencias deste termo en textos notariais do Siglo de Oro español; por exemplo, no inventario dos bens de Hernando Sánchez y Catalina Martín (La Alberca, Salamanca), do ano 1600, recóllese o contexto que segue: «Yten, otro orillo de *palmilla* de zinco quartas;es de Juan Sánchezi de su ermana» *-CORLEXIN*. Xa no século XX, o último contexto que recollemos de palmilla data do ano 1962 e está na novela de Caballero Bonald titulada *Dos días de setiembre*: «Veía la cabeza de Ayuso apareciendo y desapareciendo como la de un monigote de guiñol por encima del biombo de *palmilla*» *-CDH* e *CORDE*.

A lexicografía galega non dá conta desta voz. Con todo, a portuguesa ofrécea como entrada dende o primeiro terzo do século XVIII, en que figura palmilha no Bluteau *Vocabulario portuguez e latino* (1712-1728) e palmilla no Bluteau *Diccionario* (1721) *–CLP*.

As obras lexicográficas do español recollen o termo estudado dende comezos do século XVII, en que figura na obra *Diccionario muy copioso de la lengua española y francesa* (1604) de Palet *– NTLLE*.

Na actualidade a palmilla, como moitos outros tecidos, foi substituída por fibras sintéticas, en parte, por teren un custo menor e unha limpeza moito máis sinxela.

Cfr. s.v. **laan**.

palmillae *s.f. vid. s.v.* **palmilla** → **[3.1 TECIDOS]**

panno *s.m. vid. s.v.* **pano** → **[3.1 TECIDOS]**

pano → **[3.1 TECIDOS]**

s.m. (do lat. PĂNNU- 'anaco de pano'; en ocasións con uso pexorativo 'farrapo, trapo' *-DCECH*, *s.v.* paño, vol. IV).

1 'Pano, tecido de la' (Martínez Meléndez 1989: 137-8). *Cfr. s.v.* **laan**, **lenço**, **lino**, **morilla**, **pardo**, **seda**, **sarga/sirgo** e **seda**.

◦ **Pano** (57): "...os outros que os vistan de bo *pano*", López Ferreiro *Documentos*, 1187*-[setembro-23. Tui] (Po), doc. 2, COP.; "...et outras cen varas en *pano* de Alveos para pobres et estes panos dennos cada ano ata que seren y metudos os ditos mill et CCC mrs.", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1305-[maio-4. Ribadavia] (Ou), doc. CX, OR.; "... et XII uaras de *pano* de lino do que eu teno" Rey Caíña *Ferreira de Pallares*, 1312-setembro-22. [Ferreira de Pallares. Guntín] (Lu), doc. 420, OR.; "hũa saya de *pano* tinto", Lorenzo *Montederramo*, 1313-novembro-2. Ourense {1313-outubro-12}, vol. II, doc. 774, OR.; "et hũa saya de hun *pano* tinto", Lorenzo *Montederramo*, 1313-novembro-2. Ourense {1313-outubro-12}, vol. II, doc. 774, OR; "eu trago comunalmente pela terra et con vn *pano* uerde et un tapete sen bançaes", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1347-[xullo-17. Santiago de Compostela] (A Co), doc. LXI, OR.; "It. mando... senllos pelotes et cerames de uiado et sayas de *pano* thaao", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1375-[maio-6. Santiago de Compostela] (A Co), doc. LXXXI, COP.; "It. mando... outro *pano* chaao de sua vallor et mays a cada huun", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1375-[maio-6. Santiago de Compostela] (A Co), doc. LXXXI, COP.; "viueren ena Casa con afonso gomes et con migo senllas capas de *pano* pardo ou de valancina", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1395-[abril-29. Santiago de Compostela] (A Co), doc. XXXIV, OR.; "...et que cada tres anos que lle den huun pelote ou manton de valancina ou de *pano* pardo", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1395-[abril-29. Santiago de Compostela] (A Co), doc. XXXIV, OR.; "...et que lle den mays de cada ano huun manton de *pano* pardo ou hua carrega de vino, qual el ante quiser", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1395-[abril-29. Santiago de Compostela] (A Co), doc. XXXIV, OR.; "Et mando que miña hereedeira que provea miña sepultura de *pano* de lino e de çera como vir que conplir", *Doc. ACOu*, 1396-[xullo-16. Ourense], vol. I, OR.; "Et mando que se despen|da e gaste en mjña sepultura quanta çera e *pano* e oferta e viandas de comer" , Dono *Naves*, 1414-xullo-15. [Santa Marta de] Velle. [Ourense], doc. 190, OR.; "Iten mando a Sta. maria salome o meu *pano* preto de sirgo para hua vestimenta", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1400-[xullo-10. Santiago de Compostela] (A Co), doc. CXII, OR.; "It. mando que den... as outra moças et molleres da casa senllos pelotes de *pano* daragon", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1400-[xullo-10. Santiago de Compostela] (A Co), doc. CXII, OR.; "It. mando que den... aso moços da casa senlos mantoos et aos homes de pee da casa de cada día outros senllos mantoos de *pano* daragon", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1400-[xullo-10. Santiago de Compostela] (A Co), doc. CXII, OR.; "It. mando... quatro varas de *pano* de sanlo", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1400-[xullo-10. Santiago de Compostela] (A Co), doc. CXII, OR.; "esta sito no Couto do Prado un bestido de bo *pano*", Alonso *Doc. históricos*, 1414. [Ourense], doc. XX, OR.; "...que sempre nos a feito un bestido de *pano* preto con chapeu, é un capote", Alonso *Doc. históricos*, 1414. [Ourense], doc. XX, OR.; "Item lle mando máys que lle den quatro varas de *pano* tinto | bõo para hũu pelote quoreenta morauedís a vara", Pichel *testamento*, 1422-febreiro-23 [Noia] (A Co), OR.; "Item mando que den huun *pano* pardo a pobre por mina alma", Lucas&Justo *Fontes USC*, 1423-novembro-9 {1422-marzo-14} [Santiago de Compostela] (A Co), doc. 276, OR.; "Iten mando a Tareyia Leda seys baras de *pano* pardo para una saya", Manso *Viveiro*, 1424-febreiro-11. Viveiro (Lu), OR.; Manso *arte gótica*, 1424-febreiro-11. Viveiro (Lu), vol. II, doc. 58, OR.; "Iten mando a Juan do | Rio dos varas de *pano* pardo para un saquello et para huna capa", Manso *Viveiro*, 1424-febreiro-11. Viveiro (Lu), OR.; Manso *arte gótica*, 1424-febreiro-11. Viveiro (Lu), doc. 58, OR.; "Yten mando... que de de vestir a estes mozos e mozas que eu trago en cassa, de *pano* de morilla as mozas" García Oro&Portela Silva *Mariño*, 1427. [O Cabo. Os Ánxeles. Brión] (A Co), doc. 18, OR.; "Item mando... que conpren dúas baras de pano que seja verde ou vermello et que vaa | sobre min, et o *pano* que seja das donas" [?], Viana *Pantón*, 1427-xaneiro-26. [Ferreira de Pantón. Pantón], doc. 153, OR.; "Iten man/do aos ditos meus moordomos a cada huun sua capa de *pano* pardo", Fernández Suárez *Sarmiento*, 1427-xullo-5/10. [Castelo de Roucos. Cenlle] (Ou), doc. 10, OR.; "Iten mando a Pedro Eanes de Sadornin, meu amo, outra capa de *pano* pardo", Fernández Suárez *Sarmiento*, 1427-xullo-5/10. [Castelo de Roucos. Cenlle] (Ou), doc. 10, OR.; "Iten mando a Lopo Soverega huna capa de *pano* pardo", Fernández Suárez *Sarmiento*, 1427-xullo-5/10. [Castelo de Roucos. Cenlle] (Ou), doc. 10, OR.; "Iten mando a Afonso de San

Justo, meu criado, huna capa de *pano* pardo", Fernández Suárez *Sarmiento*, 1427-xullo-5/10. [Castelo de Roucos. Cenlle] (Ou), doc. 10, OR.; "Jtem mando a Ssan Pedro de Sea o *pano* q[ue] / trago en mina casa para o manto e mays CC soldos para que se faça a vistimenta", Pichel&Martínez *documentação*, 1334-agosto-6?.[Toxos Outos. Lousame] (A Co), doc. 14, COP.; López Ferreiro *Fragmentos*, 1334-[agosto-6. Toxos Outos. Lousame] (A Co), COP.; "Iten mando a Frey Pedro da Costa... dozentos maravedis vellos para un abeto, e para una saya e mando que lles non den en dineiros mas que le conpren o *pano* para esto", González Garcés *A Coruña*, 1435-setembro-10. A Coruña, COP.; "Iten mando a Maricas do Barreyro para ajuda de seu casamento zen mrs e una saya de *pano* de luto", *Col. doc. históricos*, 1435-[setembro-10. A Coruña], vol. I, doc. X, COP.; González Garcés *A* Coruña, 1435-setembro-10. A Coruña, COP.; "Iten mando a María Afonso muller de Roy Boton do Campo un cerame de *pano* de loito", *Col. doc. históricos*, 1435-[setembro-10. A Coruña], vol. I, doc. X, COP.; González Garcés *A Coruña*, 1435-setembro-10. A Coruña, COP.; "mando que os meus conpridores que provean miña sepoltura de *pano* de liño e çera", Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1439-maio-4.[Ourense], vol. I, doc. 74, OR.; "Yten mando a Ines Farina, fraila de Santa Clara, quatro baras de *pano* pardo", Armas *Pontevedra*, 1439-xuño-15. [Pontevedra], doc. 31, OR.; "Yten mando a Leonor Rodríguez, fraira do dito mosteiro, una mina saya de meu corpo de *pano* pardo", Armas *Pontevedra*, 1439-xuño-15. [Pontevedra], doc. 31, OR.; "Yten mando a sua sobrina, mina afillada, frayra do dito mosteiro de Santa Clara, a mina corcha deste *pano* mesmo suso dito", Armas *Pontevedra*, 1439-xuño-15. [Pontevedra], doc. 31, OR.; "Yten mando a Elvira Perez, mina hirman a mina calzaba verde e mina corcha verde deste *pano* mesmo, e mais o meu conteiro dos corais", Armas *Pontevedra*, 1439-xuño-15. [Pontevedra], doc. 31, OR.; "tomen para cada un catro varas de *pano* de saslo", González Garcés *A Coruña*, 1458-novembro-23 {1399-xaneiro-30} [A Coruña], OR.; "Item mando que deyten sobre sobre min *pano* de color perteesçente" [?], Portela *Lugo XV*, 1463-xaneiro-8. Lugo, doc. 1151, OR.; "Item mado... huna capa de *pano* pardo", Portela *Lugo XV*, 1463-xaneiro-8. Lugo, doc. 1151, OR.; "Yten mando... un pelote de *pano* de arago e mais o foro da miña casa", Domínguez *Catedral Tui*, 1471-[outubro-7. Ourense], OR.; "Yten mando... un pelote e una capa de *pano* de arago", Domínguez *Catedral Tui*, 1471-[outubro-7. Ourense], OR.; "e a Álbaro de Parada outra capa do dito *pano* se fore vibo despois de min", Otero *Quiroga*, 1489-maio-27. Carballedo. [O Hospital. Quiroga], doc. 49, OR.; "e a Lope Alonso d'Outeiro otra capa do dito *pano* se for vibo despois de min", Otero *Quiroga*, 1489-maio-27. Carballedo. [O Hospital. Quiroga], doc. 49, OR.; "serán de bon *pano* como a ela pertenece, e outra saia de coutral e súa roupa de cama", Otero *Quiroga*, 1489-maio-27. Carballedo. [O Hospital. Quiroga], doc. 49, OR.; "Jten mando que o *pano* que mandava | dar por Deus mando que o dese ás suas criadas" [?], Lorenzo *testamentos*, 1497-setembro-4/novembro-1. [Cee] (A Co), COP.; García Oro *Diego de Muros III*, 1497-setembro-4. Cee (A Co), doc. 23, COP.

◦ **Panno** (12): "mando nove varas de *panno* d'estopas ao salteyro", Portela *Lugo XIV*, 1321-febreiro-3. Lugo, vol. I, doc. 194, OR.; "Item mando a San Pero de Sea o *panno* que tengo en mina casa para o manto et mays cc^{os} solidos por que se prefaça a vistimenta" Sánchez *ACS*, 1334-agosto-1. [Cereixo. Vimianzo] (A Co), doc. 7, OR.; "Item mando a Sam Pedro de sea o *panno* [que] trago en mina casa para o manto et mays CC sl. por que se faça a vistimenta", Pérez Rodríguez *Toxos Outos*, 1334-agosto-6. [Toxos Outos. Lousame] (A Co), doc. 795, COP.; "Item mando que tiren de cas Garçía de Parada quatro uaras de hum *panno*", Enríquez *Ribadavia*, 1361-decembro-19. [Ribadavia] (Ou), doc. 4, OR.; "dem... trijnta uarras de *panno* de linno para huna uistimenta", Castro *Santa Clara*, 1407-decembro-23. [Santiago de Compostela] (A Co), doc. 9, OR.; "Item lle mando... senllos frouçaas de *panno* çamoraao tengido por las almas de meu padre", López Carreira *cidade Ourense*, 1411-outubro-7. [Ourense], Docs. I. Testamentos, doc. 1, OR.; "Item cinquo bestimentas as tres delas gorniçidas nas mangas et faldas de seda con suas stollas et manipulos de çendal et de *panno* de seda…", Pérez *Codeseda*, 1419-xaneiro-14/novembro-16. [Codeseda. A Estrada] (A Co), COP.; "Item cinquo bestimentas as tres delas gorniçidas nas mangas et faldas de seda con suas stollas et manipulos de çendal et

de panno de seda, et tres mantos de *panno* de seda…", Pérez *Codeseda*, 1419-xaneiro-14/novembro-16. [Codeseda. A Estrada] (A Co), COP.; "Item… et outras duas bestimentas cotidianas de *panno* de linno", Pérez *Codeseda*, 1419-xaneiro-14/novembro-16. [Codeseda. A Estrada] (A Co), COP.; "Item mando aos meus moços Pedro et Fernando *panno* para sennas capas de pardo | ou de morilla", Otero *Quiroga*, 1450-maio-19. Cendemil. [O Valadouro] (Lu), doc. 34, OR.

◦ **Paño** (6): "mando que tirem de cas de Garçía de Parada quatro uaras de huu *paño*[246] de bayois", Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1361-decembro-19. [Ribadavia] (Ou), vol. I, doc. 57, OR.; "Iten mando... a cada huna seu pelote de *paño* de morilla", Fernández Suárez *Sarmiento*, 1427-xullo-5/10. [Castelo de Roucos. Cenlle] (Ou), doc. 10, OR.; "Iten mando... a cada huun sua colcha e seu balandran de *paño* que custe a vara del trinta maravedis de/ moeda vella cada vara", Fernández Suárez *Sarmiento*, 1427-xullo-5/10. [Castelo de Rouco. Cenlle] (Ou), doc. 10 OR.; "Iten mando... a cada huun sua capa de *paño* pardo", Fernández Suárez *Sarmiento*, 1427-xullo-5/10. [Castelo de Rouco. Cenlle] (Ou), doc. 10, OR.; "Iten mando a Gomez meu criado seu hirmao que lle den una capa de *paño* pardo de Castela", *Col. doc. históricos*, 1435-[setembro-10. A Coruña], vol. I, doc. X, COP.; González Garcés *A Coruña*, 1435-setembro-10. A Coruña, COP.

◦ **Pãno** (1): "Itẽ mãdo que den a meu sobrino gonçaluo que esta comigo un saquello ou *pãno* para hũa pelica", *Col. doc. históricos*, 1474. [Santiago de Compostela] (A Co), vol. I, doc. VII, OR.

◦ **Panos** (10): "et se Johane Escriuán foy | a Ujueo et achou *panos* ou dineros, denos a cabezeros sobreditos", 1275-maio-4. [Montederramo] (Ou), vol. I, doc. 355, OR.; "...et outras cen varas en pano de Alveos para pobres et estes *panos* dennos cada ano ata que seren y metudos os ditos mill et CCC mrs.", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1305-[maio-4. Ribadavia] (Ou), doc. CX, OR.; "mando ao moesteyro, como *panos*, como dineyros, como bésteas, como doas, como tódaslas outras cousas", Lorenzo *Montederramo*, 1320-xaneiro-11. [Montederramo] (Ou), vol. II, doc. 843, OR.; "e mando a meus conpridores que eu en este meu testamento ffezer ffillen todalas cousas que eu ouver: cavalos, muas, armas, *panos*, dineiros, pan, vinno, voentades e que o vendan todo", Portela *obispado Tui*, 1325-febreiro-20. [Melón] (Ou), doc. 49, OR.; "Jtem mando que o outro meu quinom dos *panos* e da roupa que o aia Paay Marino quando casar e parta por mjn", Pichel&Martínez *documentação*, 1334-agosto-6?.[Toxos Outos. Lousame] (A Co), doc. 14, COP.; "...que deuen sobrellos meus *panos* que ten Johan giaz en peñor e de que el he fiador" López Ferreiro *Galicia histórica*, 1348-[xuño-7. Santiago de Compostela] (A Co), doc. LXXII, OR.; "Et lle mando mays todos los *panos* de (...) et prata et fiado e lino que min e ela avemos", *Doc. ACOu*, 1396-[xullo-16. Ourense], vol. I, OR.; "huna arqa que diseron que era de gardar *panos*", López Carreira *Fragmentos*, 1459-marzo-20. [Ourense], doc. D40a, OR.

2 'Pano, peza de tea'. *Cfr. s.v.* **lino** e **pardo**.

◦ **Pano** (7): "It. mando que o *pano* grande ancho que se enna archa da guarda roupa" [?], López Ferreiro *Galicia histórica*, 1326-[xaneiro-4. Mondoñedo] (Lu), doc. LXXI, COP.; "Dous pares de calças, hun gibon de fustan vello et outro gibon de seda ja usado, un *pano* de çinbla novo", López Carreira *Fragmentos*, 1459-marzo-20. [Ourense], doc. D40a, OR.; "Iten, preçaron *pano* de lenço e destopaçon em quatro çentos e oyteenta mrs.", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1474-[agosto-28. Santa Baia de Logrosa. Negreira] (A Co), doc. XIV, OR.; "Iten mando a as ditas iglesia de San Fiis et de San Mamede et de Sayoane de Tirimol, a cda huna das ditas iglesias, sua sabaa et *pano* de lyno para los altares", Portela *Lugo XV*, 1487-abril-17. Lugo, doc. 1369, OR.; "Tres alcatiffas vellas, | vn *pano* de çeo de sarga colorada forrada en lenço", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Jten vn frontal negro gornjçido e vn *pano* de seda de

[246] Corriximos a lectura do editor; no documento lese paño no canto de pano.

Da|masco negro", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Outro forrado en *pano* verde", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

◦ **Panno** (3): "et mando que metan no *panno* e na çera seys libras" [?], Armas *Pontevedra*, 1339-setembro-12. [Pontevedra], doc. 13, OR.; .; "Item mando o meu *panno* grande a Sancta María de Bayona", Portela *obispado Tui*, 1342-xullo-19. [Baiona] (Po), doc. 63, OR.; "Iten devo a Pedro Froyes aquell *panno* das minnas capas pretas, et el ten para en pago desto [...]as de vino rosete [...] | pasado" [?], García&Otero *Santo Sepulcro*, 1467-novembro-18. Pazos de Arenteiro. [Boborás] (Ou), OR.

◦ **Panos** (6): "mando que meus compridores uendam os ditos *panos* et os dineiros que por elles deren" [?], López Ferreiro *Galicia histórica*, 1326-[xaneiro-4. Mondoñedo] (Lu), doc. LXXI, COP.; "mando meu corpo deitar enno [çemiterio] de Santiago en aquela capella que eu fiz, et mando y con migo huun calez duun marquo et medeo de prata et [o meu breuiario]. Item] mando y huun par de *panos* quaes eu ouuer a tenpo da mina morte", Pérez Rodríguez *Toxos Outos*, 1334-agosto-6. [Toxos Outos. Lousame] (A Co), doc. 795, COP.; Pichel&Martínez *documentação*, 1334-agosto-6?. [Toxos Outos. Lousame] (A Co), doc. 14, COP.; López Ferreiro *Fragmentos*, 1334-[agosto-6. Lousame. Toxos Outos] (A Co), COP.; "Item mando a san Fiins d'Eiron et a san Martino de Liñayo a cada huun sua vistimenta et huun frontal de lenço et ponanlles as treuas que sacaron dos meus *panos*", Lucas&Justo *Fontes USC*, 1434-setembro-23/outubro-6. Santiago [de Compostela] (A Co), doc. 296, OR.; "It. mando aa capela de santandre onde soo feligres o melor par de *panos* que ouuer", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1348-[xuño-7. Santiago de Compostela] (A Co), doc. LXXII, OR.; "...si mias deuedas et mia manda non poderen ser pagadas pellos outros meus bees o que de lo minguar uendan para elo dos meus *panos*", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1348-[xuño-7. Santiago de Compostela] (A Co), doc. LXXII, OR.; "It. mando... tres *panos* pardos ou tres valancinas", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1400-[xullo-10. Santiago de Compostela] (A Co), doc. CXII, OR.

◦ **Pannos** (1): "Diego Dias et Domingo Martines tomen | sennos pares de *pannos* de lyno", Cal *Mondoñedo*, 1321-marzo-10. Vilamor. Mondoñedo (Lu), doc. 84, OR.

3 'Pano, cada unha das pezas da indumentaria, fundamentalmente as que se levan postas' – adoita utilizarse en plural. *Cfr. s.v.* **[bestidura]** e **roupa**.

◦ **Panno** (1): "Item mando a mina yrmana Elvira martinez os panos de vestir e viinte moravedís ssalvo o *panno* que a daver meu abbade", Portela *obispado Tui*, 1342-xullo-19. [Baiona] (Po), doc. 63, OR.

◦ **Panos** (16): "dar... *panos* de meu corpo", Maia *História galego-português*, 1258-[abril-8]. San Cibrao [Guntín], doc. 21, OR.; "A ponte d'Ourens, os meus *pannos*, conuén saber, o manto e o pelote e a saya", Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1287-marzo-17. [Ourense], vol. I, doc. 29, OR.; "Et que esto con todolos meus *panos* de uistir et penas ueyras", Ferreiro *Galicia histórica*, 1326-[xaneiro-4. Mondoñedo] (Lu), doc. LXXI, COP.; "...que me vistan un habito e *panos* do más pobre frade professo que ouver en esse moesteiro", Pardo de Guevara *Condes Lemos*, 1337-abril-27. [Ourense], doc. 14, OR.; "...que me poñan vestido en essos *panos* eno leyto", Pardo de Guevara *Condes Lemos*, 1337-abril-27. [Ourense], doc. 14, OR.; "Item mando a mina yrmana Elvira martinez os *panos* de vestir e viinte moravedís ssalvo o panno que a daver meu abbade", Portela *obispado Tui*, 1342-xullo-19. [Baiona] (Po), doc. 63, OR.; "...den ao prior ffrey Johan nunes con todos los *panos* de uestir que ouver", Ferreiro *Galicia histórica*, 1347-[xullo-17. Santiago de Compostela] (A Co), doc. LXV, OR.; "Mando ao capellan da capella de sam fruytoso os *panos* que trouxer de cotio cerame et pellote et saya", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1348-[xuño-7. Santiago de Compostela] (A Co), doc. LXXII, OR.; "It. mando a affonso perez meu capellan un par de *panos* dos de meu uistir", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1348-[xuño-

7. Santiago de Compostela] (A Co), doc. LXXII, OR.; "Conuem a saber que meu marido Pero rruyz se me quitou de todallas minas doas, adubos de meus *panos* et sortellas et algofre et daas doas, asy como son doas de dona", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1348-[xuño-7. Santiago de Compostela] (A Co), doc. LXXII, OR.; "It. mando que todas las doas que eu ouuer ao tempo de miña morte assy adubos de *panos* como yrilandas e relicas e cintas e outras qualesquer doas", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1348-[xuño-7. Santiago de Compostela] (A Co), doc. LXXII, OR.; "Et os *panos* quitos que os den a meus cumpridores et o mays que trouxer...", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1348-[xuño-7. Santiago de Compostela] (A Co), doc. LXXII, OR.; "Item mando aos clerigos que conmigo vineren en aquel tenpo que partan con elles os meus *panos* de vestir", Sánchez *ACS*, 1391-agosto-4. Santiago de Compostela (A Co), doc. 35, OR.; "Item mando as minas opas et *panos* de vestir que a den a pobres vergonçosos", Lucas&Justo *Fontes USC*, 1398-xullo-21. [Santiago de Compostela] (A Co), doc. 256, OR.; "Item mando a Sancha Oanes, mina comadre, tirado os *panos* que ha de leuar o capelan, o mellor pelote que ella quiser", Lucas&Justo *Fontes USC*, 1434-setembro-23/outubro-6. Santiago [de Compostela] (A Co), doc. 296, OR.; "mando que me deyten desnudo su terra, salvante meus *pannos* pequenos", López Carreira *cidade Ourense*, 1429-novembro-5. [Ourense], Docs. I. Testamentos, doc. 7, OR.

4 'Pano, cada unha das pezas téxtiles que hai nunha casa, en especial as do leito' –adoita utilizarse en plural. *Cfr. s.v.* **lençol**, **lenço** e **[sabaa]**.

◦ **Pannos** (7): "Conven a saber huun almadraque et huu [ar]mareo que tenno aa cabeçeyra e dous fa*** et huna co[lc]ha et duas sauaas, et mando a outro meu quinon dos *pannos* et da roupa que o aia Paay Marino quando casar", Sánchez *ACS*, 1334-agosto-1. [Cereixo. Vimianzo] (A Co), doc. 7, OR.; "Item] mando que o outro meu quinon dos *pannos* et da roupa que a min Paay Marino quando casar", Pérez Rodríguez *Toxos Outos*, 1334-agosto-6. [Toxos Outos. Lousame] (A Co), doc. 795, COP.; López Ferreiro *Fragmentos*, 1334-[agosto-6. Lousame. Toxos Outos] (A Co), COP.; "Item mando aa dita iglesia por *pannos* de cama que forem comigo cinquo morauedis", Lucas&Lucas *Ramirás*, 1347? [Ramirás] (Ou), doc. 309, OR.; "Mando ao dito moesteiro de San Pedro de Ramiraas por miña sepultura et por *pannos* de cama o meu casal de Spinoso", Lucas&Lucas *Ramirás*, 1402-novembro-25. Vilanova dos Infantes. [Celanova] (Ou), doc. 404, OR.; "Item mando todos los meus *pannos* de cama", Enríquez *Ribadavia*, 1361-decembro-19. [Ribadavia] (Ou), doc. 4, OR.; "Item quito et anunço a a dita mina madre Meçia Lopes de todos los bêês mouelles, dineiros, auro, prata, pan, *pannos* et outras quaesquer cousas", Lucas&Justo *Fontes USC*, 1398-xullo-21. [Santiago de Compostela] (A Co), doc. 256, OR.

◦ **Panos** (6): "Et mando meu leyto con meus *panos* asi como o teno cunmjgo", Lorenzo *Montederramo*, (1285-1325). [Costa de Asadur. Maceda] (Ou), vol. II, doc. 901, OR.; "deo por myna alma enxente | os *panos* da cama que fiquẽ aas mynas fillas", Maia *História galego-português*, 1325-[novembro-23]. Dozón (Po), doc. 130, OR.; "eu faço meu heree e déo por myna alma, enxente os *panos* da cama, que fiquen aas mynas fillas", Fernández Viana *Dozón*, 1328-novembro-23. [Dozón] (Po), doc. 91, OR.; "Ite mando demays ao dito meu marido todos los *panos* de cama", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1347-[xullo-17. Santiago de Compostela] (A Co), doc. LXV, OR.; "Iten, mando todos los meus *panos* da cama que eu ey", Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1361-decembro-19. [Ribadavia] (Ou), vol. I, doc. 57, OR.; "eu ouuer a tenpo de meu ffinamento et *panos* de casa et perffeas et voontade de casa", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1375-[maio-6. Santiago de Compostela] (A Co), doc. LXXXI, COP.

5 'Pano, cada unha das pezas téxtiles destinadas a utilizar no oficio da misa ou para o adorno do altar'. *Cfr. s.v.* **[sabaa]**.

◦ **Pano** (1):"Outra caxeta pequena con pees forrada de metal que ten de dentro | vn envoltorio et outro *pano* de rreliquias", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

◦ **Panos** (3): "Douss *panos* de predicatorio non se acharon", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Outra caxeta de marfil con çertas pedras et *panos*", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Dos quaes ditos calezes con súas patenas et *panos*, vn deles he dourado", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

◦ **Paños** (2): "...que cubrã o altar de *paños*", Fernández Salgado A. *San Bieito*, 1345-abril-16. Santiago [de Compostela] (A Co), doc. I, COP., Fernández Viana *Tumbillo*, 1345-abril-16. [Santiago de Compostela] (A Co), COP.

◦ **Panõos** (1): "outro frontal novo pyntado de lenço con nossa señora et con | dous *panõos* et con santa Catalyna et santa Bárbora", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

Está voz forma parte da seguinte unidade pluriverbal:

I 'Pano da cabeza, peza de tea usada para cubrir a cabeza'.

◦ **Panno de cabeça** (2): "Item mando que o meu [*panno de cabeça*] que o parta de pormeo et o dem por minha alma", Graña *Vilourente*, 1396-outubro-14. Vilamor. [Mondoñedo] (Lu), doc. 101, OR.; "Item mando a | Maria Afonso, muller de Roy Xesgo, o mellor *panno de cabeça* que tenno et a minna almisia, et hun destes meus | cabeçaas pequenos", Graña *Vilourente*, 1459-febreiro-12. [Vilamor. Mondoñedo] (Lu), doc. 277, OR.

◦ **Pannos de cabeça** (1): Item mando a Maria affonsi huun dos meus *pannos* chanos *de cabeça* e huun lençol", Portela *obispado Tui*, 1342-xullo-19. [Baiona], doc. 63, OR.

◦ **Panos de cabeça** (1): "Iten, preçaron çinquo varas de lenço de *panos de cabeça*, cada vara a nove maravedis", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1474-[setembro-14. San Miguel de Cabanas. A Baña] (A Co), doc. XIII, OR.

◦ **Panos de cabeza** (1): "Yten ten de mi o dito juan afonso certas mesas de mantees e *panos de cabeza*", Domínguez *Catedral Tui*, 1471-[outubro-7. Ourense], OR.

Entre as voces máis citadas no noso *corpus* documental está o termo pano, que se emprega con diferentes acepcións, aínda que nalgunhas ocasións resulta dificultoso establecer o significado exacto co que contaba no medievo, de aí que empreguemos o signo de interrogación para marcar o contextos que nos resultaron máis dificultosos [?].

Alfau de Solalinde (1969: 141-142, *s.v.* panno) destacou que pano facía referencia a toda clase de téxtiles elaborados de la (*vid. s.v.* **laan**), **seda** (*vid. s.v.*) ou liño (*vid. s.v.* **lino**). Con todo, á vista dos nosos contextos, parécenos máis adecuada a proposta de Martínez Meléndez (1989: 137-138, *s.v.* paño) quen indica que durante o medievo pano denominaba un tecido exclusivamente de la, xa que cando era doutro material indicábase. Deste xeito, atopamos os exemplos: «pano de liño», «pano de seda», «pano de pardo», entre outros casos ofrecidos na primeira e segunda acepción, que empregan o esquema: substantivo+de+substantivo, á que se referiu Sánchez Orense (2010: 415). De por parte, Varela Sieiro (2003: 342) achega unha visión axeitada sobre esta duplicidade de propostas: «a propia necesidade de precisar o tipo de pano, sexa cal for o seu tecido implica que, polo menos nestes casos, o valor desta palabra sería o de

'pedazo de tea, de tecido'. Así e todo, é posible que orixinariamente o tipo máis común de panos fosen, en efecto, os de la aínda que esta especificidade parece irse diluíndo ós poucos».

Con respecto aos tecidos de la no medievo, estes presentaron diferentes calidades e procedencias. A calidade estaba relacionada co peite e urda reflectidas na cantidade de fíos cos que se tecía a tea e coa súa espesura (Iradiel Murugarren 1974: 24). No relativo á procedencia, baixo o esquema substantivo+de+nome propio, contamos con panos de Aragón, elaborados de la lisa en ambas as caras e de cor natural (*DHTT s.v.* paño de Aragón/Drap d'Aragó) e zamoranos, procedentes do territorio castelán; dous lugares que a partir do século XII van destacar pola súa produción de panos, xunto con Palencia, Soria, Segovia, Toledo e Burgos (Iradiel Murugarren 1974: 20). A eles, podemos engadir o pano de Ras, procedente da cidade francesa de Arrás (*vid. s.v.* **arraz**). Tamén foron coñecidos os procedentes de localidades de Francia, Inglaterra e os valiosos panos flamencos. No relativo ás cores, temos testemuños de pezas (*vid. s.v.* **peça**) vermellas, verdes e de cor tinto, é dicir, encarnado escuro.

Noutros casos, o termo estudado nomeaba as pezas da indumentaria e dentro desta acepción merecen atención os panos pequenos, que se citan nas cláusulas do testamento de Pedro Sánchez Gatiño e que posiblemente fagan referencia á '**roupa** (*vid. s.v.*) interior': «mando que me deyten desnudo su terra, salvante meus *pannos* pequenos». Ademais, cómpre mencionar os destinados ao loito, tamén de cor escura na Idade Media.

Finalmente, nos nosos exemplos contamos con pezas destinadas a vestir a cama e utilizadas na Igrexa, coma o «pano de rreliquias» e os «panos de predicatorio», estes últimos usados para adornar o púlpito, ambos os dous mencionados no reconto de bens da Catedral de Ourense.

No entanto, non temos noticia deste termo empregado como sinónimo de **manto** (*vid. s.v.*), como propón Guerrero Lovillo (1956: 117) baseándose nun texto do século XIII: «douscentos maravedís, et un par de *pannos* descarlata con cuerdas», pero contamos cun exemplo, extraído do testamento de Vasco Cotón, en que o pano é utilizado para o revestimento exterior dunha peza de pel -«*pãno* para hũa pelica»- (*vid. s.v.* **pelica** e **pelle**), práctica moi habitual no medievo (Varela Sieiro 2007: 343).

Amais, como amosan moitos destes exemplos, os panos durante a Idade Media foron legados en moitos testamentos a familiares, amigos, veciños e criados. De por parte, Varela Sieiro (2007: 342-343) na súa obra sobre o léxico cotián na baixa Idade Media destacou o interese desta estofa para o pagamento dos bens adquiridos; de feito, nun dos nosos exemplos, tomado do testamento de Xoán de Loureiro (1467), os panos serven para pagar viño: «Iten devo a Pedro Froyes aquell *panno* das minnas capas pretas, et el ten para en pago desto [...]as de vino rosete [...] | pasado».

****

No territorio galego os testemuños máis temperáns desta voz datan de comezos do século X. Nun documento notarial, escrito en latín no ano 905, pertencente ao tombo do mosteiro ourensán de Celanova cítase: «...te pretium quod nobis bene complacuit XXV solidos gallicenses in *pannos* vel argento et boves ita ut de odie die vel...». En textos escritos en romance, as primeiras atestacións datan da primeira metade do século XIII. Varias son as cantigas profanas que citan pano entre os seus versos, pero nomearemos unha delas da autoría de Martin Anes Marinho, escarniña, na cal se denuncian as falsas promesas dun señor e recóllese pano co significado de 'tecido' (1220-1240): «Ena primeira rua que cheguemos, | guarnir -nos -á Don Foan mui ben | dun pan' estranho que todos sabemos, | dũa gualdrapa perrexil que ten; | e as calças seran de melhor *pano*:

| feitas seran de névoa d'antano; | e nós de chufas guarnidos seremos» -Ferreira *Glosario*, *CMGP*, *MedDB*, Lapa *Escarnho* (*DDGM*) e *TMILG*. Nas *CSM* (1264-1284) tamén localizamos este termo; nunha pauta podemos ler: «Esta CCCXXVII é como Santa Maria guariu o clerigo que se lle tornaran as pernas atras porque fez ũus *panos* mẽores dun *pano* que furtou de sobelo altar». A prosa histórica tamén ofrece mostras, por exemplo, na *Cr. Gal* (1295-1315) cítase: «Et vistiuse de pãnos longos ata os pees, co˜mo os gregos ffaziã, et tragia espada çĩta et hũu *pãno* de sseda a redor da cabeça, et en somo do *pãno* a corõa do enperio» -*DDGM* e *TMILG*. No portugués temos mostra da voz estudada, amais das cantigas profanas, noutros textos do século XIII como é o caso dos *Foros de Castelo Rodrigo*: «De carga de *pano* de color,.I. mor.» -*CP 1300S-1900S*.

No galego moderno, na oralidade, rexistramos pano no García *Glosario* (1985) –*DD*-, referido á 'peza do vestiario', no *ALGa* e no *TLPGP*. A propósito do *ALGa* (pregunta 2.331) este localiza pano, como forma maioritaria xunto con *pañuelo* e *pañuelo*, nas catro provincias galegas e no territorio fronteirizo de León e Zamora. Os rexistros que ofrece o *TLPGP* deste termo, coa nosa acepción, están presentes nas catro provincias galegas. Ademais, no concello zamorano de Porto (Blanco Corrales 2012: 30) co significado de 'pano de man'. Na escrita, o *TILG* achega 3.650 casos, repartidos entre 840 obras distintas. Como podemos comprobar, trátase dunha voz cunha presenza moi alta na lingua, que atestamos dende o ano 1746, en que figura na obra de Sarmiento titulada *Coloquio de 24 gallegos rústicos*: «D'alí a pouquiño vin pasare preto o corpo | salgado cun *pano* coberto». Se observamos a distribución cronolóxica ofrecida polo *TILG* comprobamos como o seu uso vai en incremento: entre os anos 1612 e 1800, contamos con 3 ocorrencias; entre 1801 e 1850, 8 casos; entre 1851 e 1900, 548 contextos; entre 1901 e 1950, 869; entre 1951 e 1980, 636 e, finalmente, entre 1981 e 2013, 1.586 exemplos. O *CORGA* tamén compila un total de 1.553 concordancias deste termo, neste caso, dende o ano 1975.

No español atestamos pano dende o último cuarto do século XI. Un documento notarial escrito en latín, en concreto, a confirmación dunha doazón pertencente ao reinado de Sancho Ramírez, do ano 1076 cita: «Dono et confirmo ego Sancius, gratia Dei rex, et laudo hoc quod donauit regina domna Felicia, mea uxor, cum consilio meo, Deo et Sancto Stephano totam illam decimam de illo palacio de Lopera, de *pano* et uino et de equas et uacas et oues et in illo trillare sedeat uno homine de Sancto Sthepano, ut uideat et accipiat illam decimam et habeat conduicta cum illos merinos» -*CORDE*. En textos en romance, os primeiros testemuños inscríbense na primeira metade do século XII. De feito, no *Poema de mio Cid* (c.1140) ofrécese: «No s' detiene por nada el que en buen ora nació, | calças de buen *paño* en sus camas metió, | sobr'ellas unos çapatos que a grant huebra son» -*CDH* e *CORDE*. Anos despois, na obra *Razón de amor* (c. 1205-1250) recóllese o seguinte texto: «E sueles lauar pies & manos | e limpiar muchos lixosos *panos*» -*CDH*. En textos escritos en español na coroa de Aragón durante o século XV tamén localizamos paño; co significado de 'tecido de la' está presente en manuscritos da chancelería real procedentes do Arxiu da coroa de Aragón (1412-1498): «rey de Fez e su casa. Por razon de ciertos drapos siquiere | *panyos* | de lana los quales el dito rey mas por fuerça que por grado»; co de 'peza de tea', na obra *Viaje de la Tierra Santa* (1498) de Breidembach: «el mismo lugar donde stouo aquel pesebre en que fue Christo enbuelto en | *paños* | pobres y baxos. hay plenaria remission. A las espaldas del dicho» -*DiCCA-XV*. Un século despois, na obra de Ortega titulada *Conpusición Arismética y Geometría* (1512) figura o contexto: «Un hombre a comprado 10 canas de *paño* fino para se vestir, que tiene cada cana 6 palmos de anchura, las quales 10 canas quiere enforrar de otro *paño* que no es tan fino, que tiene 5 palmos de ancho» -*DICTER*. Anos despois, no inventario de bens de Juan de Castroviejo (Navarrete, La Rioja), do ano 1545 cítase: «Dos mangas de sayuelo de *paño* negro andadas, guarneçidas» -*CorLexIn*. Xa no século XX, esta voz segue tendo unha certa presenza no español, como demostra o *CREA*, ao dar conta de 993 casos, repartidos entre 487 documentos, dende o ano 1975.

No relativo á lexicografía galega temos mostra do termo estudado dende o século XVIII. Noméase no Sarmiento *Colección voces* (1746-1770), Payzal *Vocabulario* (c. 1800), Rodríguez *Diccionario c.1854*, Aguirre *Diccionario* (1858). Xa no período premoderno (1863-1985) está presente no Pintos *Vocabulario* (c. 1865), Cuveiro *Diccionario* (1876), Valladares *Diccionario* (1884), Filgueira et alii *Vocabulario* (1926), Carré *Diccionario*[1] (1928-1931), Acevedo&Fernández *Vocabulario* (1932), Carré *Diccionario*[2] (1933), Ibáñez *Diccionario* (1950), Carré *Diccionario*[3] (1951), Eladio *Diccionario* (1958-1961), Franco Grande *Diccionario* (1972) e Carré *Diccionario-Voc.* (1979) -*DD*. A partir dos anos 80 do século XX, as obras de carácter normativo ofrecen pano como entrada e entre as moitas acepcións denomina 'calquera tecido de la, liño ou algodón' e tamén a 'peza de tecido, xeralmente elaborada á man, que se utiliza como adorno para cubrir mesas ou outros mobles'.

As obras lexicográficas do portugués ofrecen a forma pano dende o segundo terzo do século XVII. Figura no Cardoso *Dict. ex lusitanico in latinum* (1562-1563), Barbosa *Dictionarium* (1611), Bluteau *Vocabulario synonimos* (1728) e Folqman *Diccionario* (1755). De por parte, paño é ofrecido no Bluteau *Diccionario castellano* (1721) –*CLP*.

Tamén os repertorios lexicográficos do español dan conta deste termo dende finais do século XV, en que se recolle no *Vocabulario español-latino* (1495) de Nebrija –*NTLLE*.

O pano séguese empregando na actualidade para definir calquera 'tecido elaborado de la, liño, **algodón** (*vid. s.v.*) e, incluso, **seda** (*vid. s.v.*)', pero ademais, denomina un 'anaco dese tecido que se emprega para limpar' e unha 'peza de tecido, xeralmente elaborada a man, que se utiliza como adorno de mesas ou outro tipo de mobles' (*DRAG*).

Cfr. s.v. **arraz**, **estopa**, **laan**, **lenço**, **lino**, **morilla**, **pardo**, **sarga/sirgo** e **seda.**

paño *s.m. vid. s.v.* **pano** → **[3.1 TECIDOS]**

pãno *s.m. vid. s.v.* **pano** → **[3.1 TECIDOS]**

pardo → **[3.1 TECIDOS]**

s.m. (de etimoloxía discutida; Meyer-Lübke (*REW*, 6232); propón a súa orixe na forma latina PARDĀLU-. Menéndez Pidal (1989: 204, *s.v.* pardo) ofrece PALLĬDU- (1989: 204, *s.v.* pardo) e Corominas e Pascual (*DCECH*, *s.v.* pardo, vol. IV) derívana do lat. PARDU-, e este do gr. πάρδος 'leopardo' ou do gr. πάρδαλος, que posiblemente designe o gorrión, ambos os dous animais pola cor escura 'pardo, pano forte de la, basto, de cor escura sen tinguir, que utilizaban as clases máis humildes'.

> ◦ **Pardo** (26): "viueren ena Casa con afonso gomes et con migo senllas capas de pano *pardo* ou de valancina", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1395-[abril-29. Santiago de Compostela] (A Co), doc. XXXIV, OR.; "...et que cada tres anos que lle den huun pelote ou manton de valancina ou de pano *pardo*", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1395-[abril-29. Santiago de Compostela] (A Co), doc. XXXIV, OR.; "...et que lle den mays de cada ano huun manton de pano *pardo* ou hua carrega de vino, qual el ante quiser", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1395-[abril-29. Santiago de Compostela] (A Co), doc. XXXIV, OR.; "It. mando... tres panos *pardos* ou tres valancinas", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1400-[xullo-10. Santiago de Compostela] (A Co), doc. CXII, OR.; "Item mando que den

huun pano *pardo* a pobre por mina alma", Lucas&Justo *Fontes USC*, 1423-novembro-9 {1422-marzo-14} [Santiago de Compostela] (A Coruña), doc. 276, OR.; "Iten mando a Tareyia Leda seys baras de pano *pardo* para una saya", Manso *Viveiro*, 1424-febreiro-11. Viveiro (Lu), OR.; Manso *arte gótica*, 1424-febreiro-11. Viveiro (Lu), vol. II, doc. 58,OR.; "Iten mando a Juan do | Rio dos varas de pano *pardo* para un saquello et para huna capa", Manso *Viveiro*, 1424-febreiro-11. Viveiro (Lu), OR.; Manso *arte gótica*, 1424-febreiro-11. Viveiro (Lu), vol. II, doc. 58, OR.; "Iten mando... a cada huun sua capa de paño *pardo*", Fernández Suárez *Sarmiento*, 1427-xullo-5/10. Castelo de Roucos [Cenlle] (Ou) , doc. 10, OR.; "Iten man/do aos ditos meus moordomos a cada huun sua capa de pano *pardo*", Fernández Suárez *Sarmiento*, 1427-xullo-5/10. Castelo de Roucos [Cenlle] (Ou), doc. 10, OR.; "Iten mando a Vaasco da Costaña outra capa de *pardo*", Fernández Suárez *Sarmiento*, 1427-xullo-5/10. Castelo de Rouco [Cenlle] (Ou), doc. 10, OR.; "Iten mando a Pedro Eanes de Sadornin, meu amo, outra capa de pano *pardo*", Fernández Suárez *Sarmiento*, 1427-xullo-5/10. Castelo de Rouco [Cenlle] (Ou), doc. 10, OR.; "Iten mando a Lopo Soverega huna capa de pano *pardo*", Fernández Suárez *Sarmiento*, 1427-xullo-5/10. Castelo de Rouco [Cenlle] (Ou), doc. 10, OR.; "Iten mando a Afonso de San Justo, meu criado, huna capa de pano *pardo*", Fernández Suárez *Sarmiento*, 1427-xullo-5/10. Castelo de Rouco [Cenlle] (Ou), doc. 10, OR.; "Item mando a Pedro seu fillo çinquo varas de *pardo* para huna capa", Lucas&Justo *Fontes USC*, 1434-setembro-23/outubro-6. Santiago [de Compostela] (A Co), doc. 296, OR.; "Item mando a Pedro seu fillo çinquo varas de *pardo* para huna capa", Lucas *Dous documentos*, 1434-setembro-23/outubro-6. Santiago [de Compostela] (A Co), doc. II, OR.; "Iten mando a Gomez meu criado seu hirmao que lle den una capa de paño *pardo* de Castela", *Col. doc. históricos*, 1435-[setembro-10. A Coruña], vol. I, doc. X, COP.; "Iten mando a Gomez, meu criado, seu hirmao, que lle den una capa de paño *pardo* de Castela e un gibon", González Garcés *A Coruña*, 1435-setembro-10. A Coruña, COP.; "mando que lle dean un capuzo de *pardo* e un gibón", Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1439-maio-4. [Ourense], vol. I, doc. 74, OR.; "Yten mando a María Afonso... a Costanssa, sua conpaneira, frailas, y a cada una dellas quatro baras de *pardo*", Armas *Pontevedra*, 1439-xuño-15. [Pontevedra], doc. 31, OR.; "Yten mando a Ines Farina, fraila de Santa Clara, quatro baras de pano *pardo*", Armas *Pontevedra*, 1439-xuño-15. [Pontevedra], doc. 31, OR.; "Yten mando a Leonor Rodríguez, fraira do dito mosteiro, una mina saya de meu corpo de pano *pardo*", Armas *Pontevedra*, 1439-xuño-15- [Pontevedra], doc. 31, OR.; "Item mado... huna capa de pano *pardo*", Portela *Lugo XV*, 1463-xaneiro-8. Lugo, doc. 1151, OR.; "a Ygnés Domínguez un manto de *pardo* e una fanega de pan", Otero *Quiroga*, 1489-maio-27. Carballedo. [O Hospital. Quiroga] (Lu), doc. 49, OR.; "Item mando aos meus moços Pedro et Fernando panno para sennas capas de *pardo* | ou de morilla", Otero *Quiroga*, 1450-maio-19. Cendemil. [O Valadouro] (Lu), doc. 34, OR.

Un dos tecidos que máis se citan no noso *corpus* de estudo é o pardo, que en varias ocasións se acompaña do substantivo **pano** (*vid. s.v.*). Orixinariamente o termo estudado empregábase na Idade Media como adxectivo para definir a cor gris escura, pero chegou a substantivarse e denominar o tecido do cal nos ocupamos nesta entrada.

Alfau de Solalinde (1969: 144, *s.v.* pardo) indica que o pardo foi un tecido de tonalidade gris escura e calidade ordinaria, que se caracterizaba por non levar ningunha tinguidura e presentar a cor natural da la (*vid. s.v.* **laan**). Existiu tamén unha tea de la, máis lixeira, denominada no ámbito peninsular *pardillo* e no portugués *pardilho*. Rivas Quintas (1998: 606. *s.v.* pardo) indica que é de orixe castelá.

Nos nosos exemplos localizamos capas (*vid. s.v.* **capa**), mantos (*vid. s.v.* **manto**), saias (*vid. s.v.* **saya**) e capuzos (*vid. s.v.* **capuzo**) confeccionados con pardo, polo tanto, supoñemos que se trataba de pezas de uso cotián, todas elas de uso exterior, ben afastadas doutros tecidos elaborados con **seda** (*vid. s.v.*), que formaban parte do enxoval de homes e mulleres con poder durante o medievo. De por parte, este tecido tamén se utilizou para a confección de

cubertas de mesa e mantas (*vid. s.v.* **manta**) para as cabalarías (Martínez Meléndez 1989: 204-205, *s.v.* pardo).

****

No territorio galego a primeira documentación da voz pardo, aínda que utilizada como sobrenome, data do segundo terzo do século XII e probablemente faga referencia á cor de pel ou de cabelo do seu portador. Nun documento notarial recollido no tombo de Toxos Outos (A Coruña) cítase a un individuo coñecido como «Petrus *Pardo*» -*CODOLGA*. En textos escritos en romance os primeiros rexistros datan, aproximadamente, do segundo terzo do século XIII; de feito, nunha cantiga escarniña da autoría de Pero Mendiz da Fonseca cítase: «seu ceramen *pardo*» (*CMGP*, Ferreiro *Glosario*, Lapa *Escarnho* (*DDGM*), *MedDB* e *TMILG*), con todo non se trata dun exemplo moi claro, estamos ante o adxectivo pardo, relacionado coa cor desta peza exterior, pero a día de hoxe descoñecemos se tamén podería facer referencia ao tipo de tecido. Máis claro é o contexto ofrecido no primeiro exemplo que citamos, de finais do século XIV (1395), que tamén compila o *TMILG* como concordancia máis temperá coa acepción que nos ocupa. No entanto, como sobrenome a primeira atestación coa que contamos en textos escritos en romance galego data do ano 1252, na cal se cita ao portador «Pay *Pardo*» nun documento pertencente ao tombo de Caaveiro (A Coruña) -*TMILG*. No portugués localizamos esta voz, co significado que nos ocupa, na obra de Vasconcelos titulada *Távola* (1515-1585): «…os sapatos de veludo pardo, na cabeça uma celada de tafeto pardo forrada de telilha de ouro» -*CP 1300S-1900S*.

No galego moderno, na oralidade, este substantivo está presente no García *Glosario* (1985) –*DD*- e no *TLPGP*. Este último repertorio ofrece rexistros nos concellos ourensáns da Gudiña (Vázquez Santamaría 1971: 83) e Vilariño de Conso (Araújo García 2006: 144) e tamén en Bragança (Teixeira 1946-1947: 133), no norte portugués; trátase de tres puntos moi próximos xeograficamente. Na escrita, o *TILG* recolle contextos desta voz dende finais do século XIX. Rexístrase na obra de Pintos titulada *Contos da aldea que parecen historias da vila e historias da vila que parecen contos da aldea* (1858): «chaqueta de pano *pardo*». Na actualidade, segundo amosa a *Cartografía dos apelidos de Galicia*, testemuñamos Pardo en 174 concellos galegos; fundamentalmente o maior número de apelidos concéntrase na provincia de Lugo e na parte máis oriental da da Coruña.

O español conta con atestacións desta voz, coa nosa acepción, dende finais do primeiro terzo do século XIV. No *Libro de la orden de caballería de la banda de Castilla* (1332) cítase: «… que trayan por el diez días vestido de un camellan o de otro paño *pardo*», aínda que tampouco temos a certeza de que neste contexto pardo faga referencia ao mundo téxtil –*CDH* e *CORDE*. Dous séculos despois, nun rexistro de panos pertencente ao mercador de Osuña, Juan de Castañeda, do ano 1559, recóllese o termo estudado: «un *pardo* de veynte y dos varas» -Gual *Voc. comercio*. De por parte, no *Vocabulario de comercio medieval* que ofrece a Fundación Juan March, xunto coas entradas de Gual Camarena, recóllese baixo a entrada pardo a forma *pardillo* dende o segundo terzo do século XV: «de pisar un belarte, e un *pardillo*, e brujas e ferretes e moriscos, a quinse maravedís cada uno» (1462) –Gual *Voc. comercio*; tamén o *CORDE*. Con posterioridade, no inventario de bens de Hernando Sánchez e Catalina Martín (La Alberca-Salamanca), datado no ano 1600, noméase: «una capa de *pardo* más de mediada, en treinta reales» -*CorLexIn*. Xa no século XX o *CREA* achega varias ocorrencias da voz pardo, pero poucas se achegan ao significado do noso estudo; quizais a primeira delas e máis axeitada sexa a presente na novela de Pombo titulada *El héroe de las Mansardas de Mansard* (1983): «medio de paño *pardo* medio negro».

No tocante á lexicografía galega, temos mostra desta voz dende a época premoderna (1863-1985). Baixo a entrada *pano*, cita *pano* pardo o Eladio *Diccionario* (1958-1961) –*DD*. No entanto, a partir dos anos 80 do século pasado, non todas as obras de corte normativo achegan esta voz: por exemplos, recóllea o *GDXL*, pero non o *DRAG*.

As obras lexicográficas do portugués non ofrecen este termo coa acepción estudada –*CLP*.

No relativo aos repertorios lexicográficos do español, estes non ofrecen nin pardo nin *pardillo* como substantivo, coa acepción que nos ocupa; con todo, baixo a entrada pano podemos localizar a definición de pano *pardillo* –*NTLLE*.

A día de hoxe a voz pardo adoita empregarse como adxectivo para denominar unha cor acastañada, afastada da tonalidade gris coa que contaba no medievo.

Cfr. s.v. **laan** e **pano**.

peça → **[2 O VESTIARIO]**

s.f. (do célt. *PĔTTĬA- 'pedazo'). Esta voz ten as seguintes acepcións:

1 'Peza, cada unha das partes que constitúen un elemento da indumentaria'.

> ◦ **Peça** (4): "Item mando aa dita Ynes a mina touca que ten os deytados postiços et que esta en duas *peças*, et huna das peças ten huna orela con ouro et con sirgo verde", Lucas *Dous documentos*, 1434-setembro-23/outubro-6. Santiago [de Compostela] (A Coruña), doc. II, OR.; Lucas&Justo *Fontes USC*, 1434-setembro-23/outubro-6. Santiago [de Compostela] (A Coruña), doc. 296, OR.; "Item mando a a dita Ynes a mina touca que ten os deytados postiços et que esta en duas peças, et huna das *peças* ten huna orela con ouro et con sirgo verde", Lucas *Dous documentos*, 1434-setembro-23/outubro-6. Santiago [de Compostela] (A Co), doc. II, OR.; Lucas&Justo *Fontes USC*, 1434-setembro-23/outubro-6. Santiago [de Compostela] (A Co), doc. 296, OR.

2 'Peza, cada unidade dun elemento pertencente á mesma especie'.

> ◦ **Peças** (1): "Quatro *peças* de corporales de lenço", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

Nesta entrada achegámonos á voz peza a través do testamento de Inés Gómez e do inventario da catedral ourensá, ambos os dous recollidos no noso *corpus* de estudo. Cómpre termos en conta que este termo pode facer referencia a 'cada parte dentro dun mesmo elemento' ou ben a 'un obxecto dentro da súa mesma clase', definicións nas cales se encadran os nosos exemplos.

Un dos contextos que se nos ofrece cita unha «touca que ten os deytados postiços et que esta en duas *peças*, et huna das *peças* ten huna orela con ouro et con sirgo verde»; neste caso faise referencia a un tipo de toucado, denominado **touca** (*vid. s.v.*) ourelada, por ir decorado cunha ourela (*vid. s.v.* **orela**) doutra cor, neste caso verde. Esta peza constaba de dúas partes, ás que fan alusión os exemplos: a destinada a cubrir a cabeza e a que tapaba o pescozo de lado a lado. Precisamente García Rodríguez (1989: 46) ve a continuidade das toucas combinadas, é dicir, estruturadas en dúas partes (a de cubrir a cabeza e a de tapar o pescozo) nos hábitos relixiosos femininos empregados na actualidade. Polo tanto, estamos ante as partes, pezas, dun todo, que é a touca.

Nos outros contextos emprégase o termo peza para denominar diversos elementos pertencentes á mesma especie. Tal é o caso das «quatro *peças* de corporales de lenço», exemplo en que se citan catro unidades do paramento do altar coñecido como **corporal** (*vid. s.v.*), destinado a colocar enriba a hostia e o cáliz.

****

No territorio galego documentamos este substantivo en textos escritos en latín na segunda metade do século X, con todo o significado que ofrece dista dos estudados nesta entrada.- *CODOLGA*. En textos en romance as primeiras atestacións, coa nosa primeira acepción, datan do terceiro cuarto do século XIV, en que a *Crónica troiana* (1370-1373) ofrece: «Mays pero, cõ todo esto, a pẽna do mãto mays preçada et mays marauillosa era que outra que nũca home uisse, ca ela era en ssy enteyra, que en ela toda nõ auía *peça* nẽ **costura**» -*TMILG*. No portugués, cun dos significados que nos ocupa, temos este termo na obra *O libro das tres vertudes* de Pisan: «Auya hũu outro gram pano de linho assi delgado como seda todo he hũua *peça* e sem costura [...]» -*CP 1300S-1900S*.

No galego moderno rexistramos a presenza desta voz; na escrita os exemplos do noso interese datan do segundo terzo do século XIX, en que Fernández Morales publica a obra *Ensaios poéticos en dialecto berciano* (1861): «Unha *peza* d'estopa para que se fagan camisas»; dous anos despois, na obra rosaliana *Cantares gallegos* faise mención ás: «descendentes das airosas fillas da pagana Grecia, elas de negro se visten, delgadiñas e lixeiras, refaixo e mantelo negro, zapato e media de seda, negra chaqueta de raso, mantilla da mesma *peza*, con terciopelo adornado canto enriba de si levan». O *TILG* ofrece máis de 4.000 casos repartidos entre 625 obras, con todo non en todos os contextos os exemplos cadran co significado desta voz no noso *corpus* de estudo. De por parte, tamén se inventaría no *CORGA* dende o último cuarto do século XX, con todo non en todos os contextos ofrecidos se recolle o significado co que conta esta voz no noso traballo.

No español a primeira documentación deste termo data do século X, e recóllese, nun documento rioxano do ano 973 (*DCECH*). En textos en romance a datación máis temperá localizámola a comezos do século XIII, con todo para atoparmos un contexto axeitado ao noso estudo temos que esperar varios séculos; coa acepción 'porción dalgún tecido que se fabrica de unha vez no tear' contamos cun exemplo no ano 1512 na obra de Ortega titulada *Compusición Arismética y Geometría*: «Tres mercaderes quieren comprar una *pieça* de seda, y porque nenguno d'ellos por si la pueda comprar, dice el primero a los dos que le den la tercia parte de lo que tienen y que con los ducados que él tiene comprará al *pieça*» -*DICTER*. Ademais, en varios documentos notariais do Siglo de Oro español cítase este substantivo, cun dos significados que nos ocupa, dende o ano 1608, en que figura no inventario de bens de María Fernández de la Peña (Cañedo, Soba-Cantabria), aínda que co significado de 'cada unha das partes que constitúe un elemento': «Ytem vna cama de cortinaje, de siete *pieças*, de tiritayna, aforrada en bocací, colorada» -*CorLexIn*. Os repertorios modernos (*CREA* e *CE 1200S-1900S*) ofrecen numerosos casos deste termo con diferentes acepcións.

No relativo á lexicografía galega, diversos dicionarios e vocabularios compilan esta voz entre os seus lemas dende a época premoderna (1863-1985). De feito, o primeiro en ofrecela é o Pintos *Vocabulario* (c.1865). Porén, só fan mención ás acepcións estudadas o Cuveiro *Diccionario* (1876), Valladares *Suplemento* (1896-1902), Filgueira et alii *Vocabulario* (1926), Carré *Diccionario*[1] (1928-1931), Acevedo&Fernández *Vocabulario* (1932), Carré *Diccionario*[2] (1933), Ibañez *Diccionario* (1950), Carré *Diccionario*[3] (1951), Eladio *Diccionario* (1958-1961), Franco Grande *Diccionario* (1972), Rivas *Frampas I* (1978) e Carré *Diccionario-Voc.* (1979) –*DD*. A partir de mediados dos anos 80 do século pasado, as obras lexicográficas do galego, de corte normativo, ofrecerán esta voz, sistematicamente, entre as súas entradas.

As obras lexicográficas do portugués dan conta deste termo dende finais do século XVII. Cítase no Pereira *Thesouro* (1697), Bluteau *Vocabulario synonimos* (1728) e Folqman *Dicionario* (1755) *-CLP*.

No tocante á lexicografía do español, temos rexistro da voz pieza dende comezos do século XVII, cando Oudín o recolle no *Tesoro de las dos lenguas francesa y española* (1607) –*NTLLE*.

Este termo, coas acepcións que rexistramos no medievo, está en plena vixencia na actualidade.

pelica → **[2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER] [2.1.3 TRAXES DE POÑER POR RIBA]**

s.f. (der. de *pel* < do lat. PĔLLE- 'pel' á que se lle engadiu o sufixo *-ica*) 'pelica ou peliza, peza de roupa de abrigo con mangas, de pel ou forrada con peles'. *Cfr. s.v.* **pelle**.

> ◦ **Pelica** (4): "Itẽ mãdo que den a meu sobrino gonçaluo que esta comigo un saquello ou pãno para hũa *pelica*", *Col. doc. históricos*, 1474 [Santiago de Compostela] (A Co), vol. I, doc. VII, OR.; "Yten mando a Violante... vna co çere(?) e vn colchon d'estopa e vn par de sabaas e vn cabeçal e vn caldeyro e vn puchel d'estanno d'açumbre e vna viha das pequenas e dos mill pares de brancas para su casamiento e vna *pelica*", Sánchez *Álvaro Sánchez*, 1493-xuño-12. Santiago de Compostela (A Co), doc. 13, OR.; "Ytem mando a Lionor do Rey una *pelica* <d>ou para ela oyto reales", Barral *A Coruña*, 1497-novembro-3. [Alvedro. Almeiras] Culleredo (A Co), doc. 33, OR.; "e que lle dean... hua *pelica* e hua saia de Morella e hua cama de roupa", Bouza-Brey *Vilagarcía*, 1504-[agosto-13. Vilagarcía de Arousa] (Po), OR.; "Yten mando que dean a Olaia de Pallares, miña, criada, hua *pelica* de Londres", Bouza-Brey *Vilagarcía*, 1504-[agosto-13. Vilagarcía de Arousa] (Po), OR.
>
> ◦ **Pilica** (1): "Item mando a Eluira Gonçalues, muller de Juhan Afonso de Santandre, | minna *pilica* et esta mina touca", Graña *Vilourente*, 1459-febreiro-12. [Vilamor. Mondoñedo] (Lu), 277, OR.

Nos testamentos de Inés García, Inés de Mendoza, Pedro Pardo de Cela e Vasco Cotón cítase o termo pelica, coa variante pilica para facer referencia a un 'tipo de zamarra elaborada con pel' (Varela Sieiro 2003: 98, *s.v.* pelicea). Con todo, cómpre ter en conta que a maioría dos exemplos estudados non puideron ser cotexados cos documentos orixinais, por non estar localizados ou formar parte de coleccións privadas, e isto obríganos a achegarnos a este termo con cautela, debido a que é posible que detrás dalgúns contextos estea a forma *peliça* no canto de pelica. Unicamente no testamento e Inés García poderiamos pensar que o contexto «mando... vna *pelica*» fai referencia á 'pel dun animal', aínda así decidimos estudalo baixo a acepción indicada ao non coñecermos con exactitude o seu significado.

Esta peza exterior podía estar elaborada na súa totalidade con pel ou simplemente forrarse (*vid. s.v.* **[enforrado]**) con este material e quedar oculto por un segundo forro de tea, como así nos amosa un dos exemplos, en que parece que non só a pel era o material de confección: «mãdo que den a meu sobrino, que esta comigo, un saquello ou pãno para hũa *pelica*». Sousa Congosto (2007: 62) indica que esta peza exterior [en castelán] coñecíase como *pellizón* ou pellicia e adoitaba levarse sobre o brial[3], do mesmo xeito ca a pel (*vid. s.v.* **pelle**) ou a almexía, esta última de tradición árabe[247]. Era máis folgada ca esta e levaba unhas mangas amplas.

[247] Para Bernis (1956: 17-18) a *pel* e o *pellizón* eran a mesma peza de roupa, mentres que para Guerrero Lovillo (1949: 106) o *pelliçon* foi utilizado nos tempos do Cid para designar o *pelote*: «En el Poema de mio Cid no se

Amais do mesmo xeito ca o brial, podía contar con abertura; podía levar adobíos diversos, como grecas no pescozo, nas bocas das mangas ou nos faldróns e, incluso, grandes mangas perdidas, elementos de orixe bizantina, que foron moi frecuentes dende a primeira metade do século XII, aos que se pode engadir a forma trapezoidal que presentaba o colo.

Tratábase dunha peza de gran valor na sociedade do medievo, de aí que figurase nos testamentos de homes e mulleres con poder, entre eles, o mariscal Pedro Pardo de Cela, quen podía lucir unha pelica elaborada con peles das máis luxosas, coma o armiño ou a londra, que en ocasións eran importadas doutros países. De feito, nun dos contextos que ofrecemos entre os nosos exemplos faise referencia a «hua *pelica* de Londres», que máis que o lugar de procedencia do material, podería tratarse dunha lectura errónea en lugar de «hua *pelica* de londras»; con todo non puidemos comprobar o que está escrito no documento por pertencer á colección privada do editor (Bouza Brey 1965). A propósito da procedencia do material de confección, Beaulieu (1971: 85) destaca que a toma de contacto directo con Asia, por mor das dúas primeiras cruzadas, posibilitou o comercio das peles procedentes de Armenia e Siberia, sobre todo as de oso, cibelina e marta, que contaban cuns prezos moi elevados no mercado. De por parte, as peles de pelo branco acostumaban tinguirse, especialmente de vermello, e salpicábase o armiño dispoñendo simetricamente sobre a pel o bordo de pelos negros, que se encontra no extremo da cola do animal. Quen non podía acceder a estas peles tan luxosas, conformábase con posuír unha peza elaborada con peles de año, coello e lebre, entre outras, que, de seguro, non superaban os oito reais que deixa en legado testamentario o mariscal Pardo de Cela para unha pelica: «mando a Lionor do Rey una *pelica* <d>ou para ela oyto reales».

****

No ámbito galego, en textos escritos en romance, a primeira atestación de pelica data de comezos do século XIV. Na prosa histórica, temos representación desta voz na *Gener. Estoria* (1300-1330) nun documento ben esclarecedor sobre a maneira de elaborar esta peza de abrigo, que denomina a 'pel dun animal': «Et enviou os ambos em hũ aval de Ebrom, hu fora feyto Adam, aaterra donde fora formado, que laurassem et viuessem y; et quando os deytaua do Pareyso doulles hũas *pelicas* feytas de pelellos de gáándos mortos que foram vyuos» -*DDGM* e *TMILG*. No que respecta á forma pilica, o primeiro testemuño que temos dela cadra co exemplo ofrecido nesta entrada, datado en 1459. En documentos escritos en portugués as atestacións de pelica son de finais do século XVII, en que se cita na obra *Prosodia 1* (1697) de Bento Pereira: «Vestido pelludo, como *pelica* de pastor» -*CP 1300S-1900S*. A datación tardía da forma pelica nas linguas romances fainos pensar na posible creación medieval ou moderna do termo, cuxo significado está asociado ao ámbito pastoril.

No galego moderno, na fala popular, o *TLPGP* testemuña pelica en varios concellos galegos e portugueses co significado de 'pel de ovella ou cabra' e non coa acepción que nos ocupa. Só en Serpa, territorio alentexano, (Seita 1944: 59) o termo pelica é definido como 'casaco de peles de ovelha usado no inverno', acepción que pode ter relación coa dos nosos exemplos. Na escrita, o *TILG* inventaría 305 exemplos baixo o lema pelica coas acepcións 'pel de animal', a máis frecuente, e 'zamarra de pel'. A segunda acepción documentámola dende comezos do século XX, en que se cita na obra dramática *A lagarada* de Otero Pedrayo: «O HOME—"Pói-lo

conoce la palabra pellote, siempre reemplazada por las anteriores [pelliçon o peliçon], o bien se utiliza la denominación piel o pieles» llevada por damas y caballeros, éstos, en ocasiones, la ponían sobre la armadura de modo que ocultase el traje guerrero; es así como lo hacen los caballeros del Cid cuando van a la Corte de Toledo: "se llevaban sobre las lórigas arminos e peliçones, e que non parescan las armas"» (*ápud* García Cuadrado 1993: 98-99).

Canalegas trai vos un gabán de *pelica* con botós d'ouro». O termo *pelico* tamén se rexistra dende finais do século XIX para denominar a 'pel dun animal'. Na *Literatura popular de Galicia* de Saco recóllese: «É de *pelico* d' ovella». O *CORGA* tamén dá conta das formas pelica e *pelico*, fundamentalmente para definir a 'pel dun animal'. Relacionada co termo estudado está a forma pelhiz, variante de *sobrepelliz* 'vestidura eclesiástica' que aparece no *Romance da urca de Santo Antón* (1777) editado por Mariño Paz e Suárez Vázquez: «ó señor Abade estaba | xsá no pulpito metido | có-á sotana de seda | á *pelhiz* de cambray fino» -*GONDOMAR*.

As atestación que ofrece o español para esta voz data de mediados do século XVI. Un século antes rexistramos a voz *sobre*pellica, en plural, na *Traducción y glosas de la Biblia de Alba* da autoría de Guadalfajara (1422-1433) para denominar unha 'vestidura eclesiástica': «E los leuitas cantores todos de Asaph, de Heman, de Yeduthum e de sus fiios / e sus hermanos de sobre *pellicas* de bussinis con çinbalis e psalterios…». Na obra *Leyenda de Alejandro Magno* (c. 1550) dáse conta de pelica probablemente para referirse á 'pel dun animal': «No durará á nenguno de sus criaturas, empero lanzará Allah sobr'ellos y sobre los de la tierra yentes pobres, escalzos, vestirán lana y *pellica*». En relación co ámbito pastoril tamén localizamos o termo *pellico* dende o século XIII e que figura no *Fuero de Cáceres* (1234-1275): «Los alfayates cosan a este fuero: capa pielle por una tercia; cappa d color sin penna I sexma; capa de burel con mangas XV dineros. Garnacha 1 sexma. *Pellico* 1 sexma. Manto con penna 1 sexma» -*CDH*. Xa na época moderna, localizamos no *CREA* unha ocorrencia de pelica na comedia *Una mujer, dos hombres y un balazo* de Maruxa Villalta para facer referencia a unha 'perruca', significado que dista do estudado e que entendemos que se usa cun sentido xocoso.

A lexicografía galega dá conta de pelica dende a época premoderna (1863-1985) para definir, fundamentalmente a 'pel curtida de ovella ou carneiro'. Localizámola no Carré *Diccionario*[1] (1928-1931), Carré *Diccionario*[2] (1933), Ibáñez *Diccionario* (1950), Carré *Diccionario*[3] (1951), Eladio *Diccionario* (1958-1961) e Carré *Diccionario-Voc.* (1979) -*DD*. Posteriormente, as obras normativas publicadas a partir dos anos 80 do século pasado van ofrecer entre os seus lemas as formas pelica e *peliza* co significado estudado.

No tocante á lexicografía portuguesa, documentamos pelica no primeiro cuarto do século XVIII no Bluteau *Vocabulario synonimos* (1728). No entanto, nas obras modernas, a forma do portugués para a nosa acepción é peliça -*CLP*.

En canto ás obras lexicográficas do español, estas ofrecen pellica dende comezos do século XVII, cando se publica o *Diccionario muy copioso de la lengua española y francesa* (1604) de Palet; en total rexistran este termo 41 repertorios, aínda que nalgunhas obras fai referencia a un 'cobertor de pel para a cama' –*NTLLE*. O significado que estudamos nesta entrada manteno o castelán *pelliza*.

O termo pelica na Idade Media era empregado, sobre todo, para denominar a 'pel dun animal' e esa mesma acepción aínda se mantén hoxe na indumentaria dos peliqueiros de Laza, que portan unha pel na parte de atrás da máscara, que dá nome ao propio personaxe. No galego estándar pelica é sinónimo de *peliza* e tamén nomea unha 'peza de roupa destinada a tornar o frío ao estar elaborada ou forrada con pel', con todo modificou o seu patrón de feitura e pouca semellanza existe entre unha pelica medieval e unha actual, máis alá do material da súa confección.

Cfr. s.v. **pelle**.

Afonso VI con pelica. Imaxe custodiada no tombo A da Catedral de Santiago (1129)[248]

pilica *s.f. vid. s.v.* **pelica** → **[2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER] [2.1.3 TRAXES DE POÑER POR RIBA]**

pelle → **[2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER] [2.1.3 TRAXES DE POÑER POR RIBA] [4.1 ROUPA DO LEITO]**

(do lat. PĔLLE-). Esta voz conta coas seguintes acepcións:

s.f. **1** 'Pel, peza de abrigo, para ambos os sexos, máis curta ca a túnica e coas mangas anchas, que se confeccionaba en pel de animal, normalmente oculta entre dous forros de tea' (Varela Sieiro 2003: 100). *Cfr. s.v.* **pelica**.

> ◦ **Pelle** (3): "et mando a mayor que anda conmigo vna *pellé*", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1291-[xaneiro-27. Sobrado. A Pobra de Trives (Ou), doc. LXIII, OR.; "mando a Dominga Eanes LXª soldos ou vna *pelle* cabertena", Vaquero&Pérez *Catedral Ou*, 1294-agosto-30. Ourense, doc. 688, OR.; "Item, mando a María Fernández, | mia yrmaa, huna *pellé*", Vaquero&Pérez *Catedral Ou*, 1294-agosto-30. Ourense, doc. 688, OR.

> ◦ **Pele** (1): "Iten mando dar a meu padre Pedro Migueles un cerame de balboias de VI varas et XL soldos pera vna *pelé*", Cal *Mondoñedo*, 1321-marzo-10. Vilamor. Mondoñedo (Lu), 84, OR.

s.m. **2** *s.f.* 'Pel, cobertor para a cama que se elabora de peles finas'.

> ◦ **Pellem** (1): "Et quatro chumaços τ hũ | panal τ hũ *pellem*", Maia *História galego-portugués*, 1348-[xullo-15. Dozón] (Po), doc. 71, OR.

[248] En liña: *http://opusincertumhispanicus.blogspot.com.es/2016/04/piel-pellizon-pellicia.html* [Consulta: 18 de abril de 2019].

◦ **Pellón** (2): "... et quatro chumaços e hun panal e un *pellón*", Fernández Viana *Dozón*, doc. 109, 1348-xullo-15. [Dozón] (Po), OR.; "Mando conmigo á dita iglesia dous chumaços et dous façeyroos et hũa colcha et hun *pellón* et hun moyo de trigo et a erdade | que ten de mjn afforada Afonso Eanes na Bydoeyra", Lorenzo *Montederramo*, 1348-outubro-27 {1348-outubro-12}{1325-xuño-23} {1338-decembro-31} [Maceda] (Ou), vol. II, doc. 1260, OR.

Os testamentos de Elvira Arias, Martiño Fernández e Tareixa Pérez citan pel, para referirse a un 'traxe de poñer por riba, destinado ao abrigo' e o de María Pérez e Eldonza Martiz para facer alusión a 'un cobertor confeccionado con pel'. Con todo, como ben apunta Varela Sieiro (2003: 101) a identificación desta peza no interior da documentación galega non sempre é tan evidente e ademais, debeu ter unha presenza bastante escasa se atendemos ás palabras de Menéndez Pidal 1986: 65: «en los textos de los siglos XIII y XIV se siguen encontrando alusiones a la *piel*, pero muy escasas en comparación con las que se hacen a prendas como saya, garnacha, tabardo, etc.». No caso de pellón o termo conta co sufixo aumentativo *–ón*.

Bernis (1956: 15) explica que o termo pel denominaba un traxe, tanto feminino coma masculino, que adoitaba portarse sobre a túnica ou o brial[3] e enriba do cal se podía poñer o **manto** (*vid. s.v.*). Tratábase dunha peza ampla, máis curta ca a túnica e coas mangas máis anchas, que recibía o nome do material co que se confeccionaba, a pel, que xeralmente acostumaba a ir oculta entre dous forros. Segundo Bernis (1956: 15-16) e Sousa Congosto (2007: 62) na primeira metade do século XII a moda bizantina deixouse ver nas mangas perdidas de grande amplitude, algunhas anoadas nas puntas ao seguir unha das modas europeas do momento. García Rodríguez (1986: 21) explica que «el traje de encima es la *piel* o pellizón, cuyo uso se extendió hasta fines del siglo XIV, sin variar sustancialmente su forma. En un principio era una prenda de abrigo, que debía su nombre al forro de piel que llevaba oculto bajo un segundo forro; sin embargo, con el tiempo pasó a ser un traje de toda época que se vestía fundamentalmente sobre briales y que podía tener forro o carecer de él. Su forma era muy similar a la del brial, a modo de túnica, larga y amplia, sin escotar. El escote era desbocado o bien siguiendo la línea del cuello, con una pequeña abertura central que se cerraba con broche o cinta. Las mangas eran anchas, acampanadas en la boca y más cortas que las del traje de debajo. Como éste la piel podía tener también la falda hendida. Frecuentemente se decoraba con cenefas bordadas o galones que remataban sus bordes o resaltaban el talle de la prenda».

Habitualmente esta peza, elaborada de pel forrada, adornábase con grecas ao redor do escote, das bocas das mangas e do bordo da saia (*vid. s.v.* **saya**). Cómpre termos en conta, que como era frecuente no medievo, só as persoas da alta clase social lucían as pezas do vestiario (*vid. s.v.* **vistiario**) sobrepostas, neste caso o brial, a pel e o **manto** (*vid. s.v.*) como apunta Bernis (1956: 15). A propósito do uso, Varela Sieiro (2003: 100) indica que «non debía ser de uso habitual nas mulleres pois hai necesidade de especificar este uso» e para soster esta afirmación ofrece un contexto citado nun documento de 1120 no tombo de Sobrado dos Monxes (A Coruña) que di: «et accepi de uobis precium unam uaccam et unam *pellem* cordariam mulierile et unum porcum...». Con todo, o feito de ser unha peza mencionada en varios testamentos femininos do noso *corpus* de estudo fainos pensar que na baixa Idade Media xa estaba xeneralizado o seu uso entre ambos os sexos.

Da elaboración desas peles pouca información dan os nosos exemplos, pero grazas a eles coñecemos que ademais da peles de armiño e londra, moi prezadas no medievo, eran utilizadas outras máis comúns e de fácil adquisición coma as de coello, año, lebre e cabra, entre outras, así como se cita: «mando a Dominga Eanes LXª soldos ou vna *pelle* cabertena». Sobre o seu prezo, no testamento de Tareixa Pérez déixanse en legado testamentario «XL soldos pera vna *pele*», unha cantidade que demostra que este material era símbolo de poder e riqueza, de aí a súa asociación coas clases sociais máis altas.

De por parte, no testamento de María Fernández parece que se fai alusión a unha pel, a modo de cobertor, destinada a cubrir o leito para protexer do frío durante o inverno, polo feito de citarse este termo no medio dunha relación de cousas propias do enxoval dunha vivenda. Varela Sieiro (2003: 101) xa fai referencia a esta acepción, que localiza na primeira metade do século X nun documento notarial pertencente ao Mosteiro de Samos.

****

No territorio galego documentamos a forma latina pellem, como peza de abrigo para o leito, na primeira metade do século X, como indicamos, nun documento do cenobio lucense de Samos, que di: «...ganabes, palleas, plumazos, *pelles* obtimas et inuestitas, panno tiraz de Lª solidos, manteles, sauanas...» (944). Como peza do vestiario, localizámola dende comezos do século XII en textos galegos escritos en latín: Varela Sieiro (2003: 100-101) cita «…et accepi de uobis precium unam uaccam et unam *pellem* cordariam mulierile et unum porcum…» (1120) e «…et une *pele* cordera a sua uxor et una capa ad el et uno modio…» (1202). O *CODOLGA* ofrece mostras desta voz dende o século X, pero a maior parte delas semella que fan referencia á pel como material. Na Lorenzo *Cronologia* recóllese: «meam capam *pellem* de Burneta» (1232), contexto en que queda claro o uso de pel como peza do vestir. En textos escritos en romance conviven as formas pelle e pele e as primeiras atestacións, coa nosa acepción, datan da segunda metade do século XIII. Nun documento notarial do ano 1257 cítase: «…et xx queygios et de fructa desta herdade que ela anos uende aterza et scerame de verde et garnacha enpenada de coenlos de tres jn tres anos, et saya de broneta. et *pelle* cordeyra de dous in dous anos. dous par de zapatos» -*TMILG*. A prosa histórica tamén ofrece este termo; na *Cr. Gal* (1295-1312) recóllese: «Et estonçe demãdoo et caualgou en ele, sua *pele* armina uestida» -*DDGM* e *TMILG*. O portugués atesta as formas pelle e pele dende o século XIV. Na *Crónica Geral de Espanha de 1344* (1300-1400) ofrécese o contexto: «Entõ o tomou e meteo per hũa manga da *pelle* e sacouho pella outra, segundo era custome daquelle tempo de tomar os filhos adoctivos». De pele os primeiros testemuños que localizamos coa nosa acepción están na *Coronica troiana em linguajem purtuguesa*, tamén do século XIV: «Mas o liam que costumava sair aos homens como os via, quando viu Ercoles começou a fugir quanto pode e Ercoles alcançouo e tomouo pollas queixadas e abriulhe cada hũa pera sua parte e esfolouo e dai a diante trouxe a sua *pele* vestida» -*CP 1300S-1900S*. Amais, nas *Crónicas dos sete primeiros reis de Portugal*, do século XV, cítase: «[...] colheuse em seu cavalo, soo sem outro nenhum, em sua capa *pele* vestida, e foyse fora ao arayal» -*VHCPM*.

No galego, na fala popular, o *TLPGP* localiza o termo pel unicamente como material ('coiro curtido') no concello pontevedrés de Cangas (González González 2002: 567). De por parte, o García *Glosario* (1985) –*DD*- tamén dá conta do termo pel. Na escrita, o *TILG* ofrece case 3.000 ocorrencias desta voz, con todo, poucas delas cadran co noso contexto de estudo. O primeiro testemuño relacionado coa acepción do noso interese, por servir para 'cubrir o corpo', pertence ao século XIX e cítase na publicación *Dous villancicos* (1827) de Corral Rodríguez: «Eu darei-lle pra cubrir-se a *pel* da cordeira branca: ¿Quen veste | o campo de frores desnudo sofre as escarchas?». Se observamos os contextos ofrecidos polo *TILG* podemos comprobar como en case todos conta coas acepcións de 'membrana externa que cobre o corpo dos homes ou dos animais' ou 'pel curtida destinada a diversos usos industriais'. No que respecta ao *CORGA*, neste *corpus* non atopamos atestacións coa acepción obxecto do noso estudo.

No territorio español, a primeira documentación desta voz pertence ao primeiro terzo do século X. Localizámola nun documento notarial da Catedral de León, datado entre os anos 914 e 924: «faciendum crisma; et uestimentum ad ille aepiscopo, pro ipso die: *pelle* obtima, et manto siue et calciamento...» -*CODOLGA*. Da forma pielle existen rexistros dende o ano 939, segundo recolle Oelschl (*DCECH*, *s.v.* piel, vol. IV). En textos escritos en español a presenza deste termo data do século XII. No *Poema de mío Cid* (c. 1140) figura: «sobr'ella un brial primo de ciclatón, |

obrado es con oro, parecen por o son; | sobr'esto una *piel* vermeja, las bandas d'oro son, | siempre la viste mio Cid el Campeador» -*CDH*, *CE 1200S-1900S* e *CORDE*. Posteriormente, no século XIII nun documento pertencente á *Colección diplomática del monasterio de Carrizo* (c. 1218-1300), que destaca polo seu hibridismo lingüístico (Rodríguez Parada 2007: 409-416), recóllese a forma pel: «A Michael una *pel*» -*CDH* e *CORDE*. Avanzando os séculos, esta voz é ofrecida en diversos textos do español recollidos nos repertorios consultados (*DiCCA-XV*, *DICTER* e *CREA*), pero en ningún deles como 'peza exterior do vestiario' nin como 'cobertor'.

A lexicografía galega ofrece esta voz dende a época premoderna (1863-1985), pero en ningún dos textos referido ás acepcións do noso estudo. De por parte, as obras de corte normativo, publicadas a partir de mediados dos anos 80 do século pasado, tampouco se fan eco do significado que nos ocupa nesta entrada.

A propósito das obras lexicográficas do portugués, estas tampouco ofrecen esta voz co significado que analizamos neste estudo -*CLP*. O mesmo ocorre coas do español, que achegan a voz piel dende finais do século XV, en que a recolle Nebrija no *Vocabulario español-latino* (1495), no entanto non localizamos a nosa acepción nos dicionarios compilados no *NTLLE*.

A peza de uso exterior á que nos referimos está en desuso dende hai séculos, con todo, na actualidade, en ocasións facendo uso da metonimia, utilizamos pel para referirnos a un 'abrigo de pel'. No relativo ao uso para o leito, esta pel foi substituída por outro tipo de pezas de abrigo elaboradas con materiais sintéticos e mesmo de pluma e penuxe.

Cfr. s.v. **balandran**, **capote**, **capuzo**, **cerame**, **crotha**, **garuaya**, **pelica** e **tabardo**.

Raíña Urraca cunha posible pel ou túnica. Imaxe do Tombo A da Catedral de Santiago (1129)[249]

[249] En liña: *http://opusincertumhispanicus.blogspot.com.es/2016/04/piel-pellizon-pellicia.html* [Consulta: 18 de abril de 2019].

Reprodución das roupas de Afonso IX elaboradas para a exposición *Con fío en Galicia* (2016). Porta unha pel con grecas[250]

pellem *s.f. vid. s.v.* **pelle** → [2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER] [2.1.3 TRAXES DE POÑER POR RIBA] [4.1 ROUPA DO LEITO]

pellón *s.m. vid. s.v.* **pelle** → [2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER] [2.1.3 TRAXES DE POÑER POR RIBA] [4.1 ROUPA DO LEITO]

pellote *s.m. vid. s.v.* **pelote** → [2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER] [2.1.2 TRAXES PARA VESTIR O CORPO]

pelloto *s.m. vid. s.v.* **pelote** → [2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER] [2.1.2 PEZAS DE POÑER POR RIBA]

pelot *s.m. vid. s.v.* **pelote** → [2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER] [2.1.2 TRAXES PARA VESTIR O CORPO]

250 En liña: *http://confioengalicia.gal/gl/historia/?screen_check=done&Width=1366&Height=768#prettyPhoto* [Consulta: 18 de abril de 2019].

pelotche *s.m. vid. s.v.* **pelote** → **[2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER] [2.1.2 TRAXES PARA VESTIR O CORPO]**

pelote → **[2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER] [2.1.2 TRAXES PARA VESTIR O CORPO]**

s.m. (der. de *pel* < do lat. PĔLLE-) *'pelote*, peza do vestiario que cobre o corpo ata a altura do xeonllo ou ata os pés, axustada ao corpo ata a cintura e con dúas grandes aberturas para meter os brazos e un oco para a cabeza'.

◦ **Pelote** (46): "et mando o meu *pelote* de pres a Martĵn | *Aparizˌio*", Lorenzo *Montedrramo* 1275-maio-4. [Montederramo] (Ou), vol. I, doc. 355, OR.; "A ponte d'Ourens, os meus pannos, conuén saber, o manto e o *pelote* e a saya", Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1287-marzo-10. [Ourense], vol. I, doc. 29, OR.; "Iten a Johán Aras de Leuosende o meu ***pelote***", Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1288-novembro-30. [Ribadavia] [Ourense], vol. I, doc. 31, OR.; "Jtem mando a Lopo Malate a ma saya uedra da sarga et o meu *pe|lote* uedro", Lorenzo *Montederramo*, 1290-xaneiro-20. [Nocedo. Castrelo do Val] (Ou), vol. I, doc. 500, OR.; Maia *História galego-portugués*, 1290-[xaneiro-20. Nocedo. Castrelo do Val] (Ou), doc. 58, OR.; "mando... et o meu *pelote* da broneta ao convento d-Osseyra pra pitança", Romaní *Oseira*, 1304-xaneiro-19. [Oseira. San Cristovo de Cea] (Ou), vol. II, doc. 1316, OR.; "Jtem mando a Aldonça Estéuẽez un manto et hun *pelote*", Lorenzo *Montederramo*, 1313-novembro-2. Ourense {1313-outubro-12}, vol. II, doc. 774, OR.; "mando a Tareyia Díaz un *pelote*...", Lorenzo *Montederramo*, 1313-novembro-2. Ourense {1313-outubro-12}, vol. II, doc. 774, OR.; "Jtem mando ao capelán çeram et *pelote* et saya", Lorenzo *Montederramo*, 1313-novembro-2. Ourense {1313-outubro-12}, vol. II, doc. 774, OR.; "Jtem mando a Marina Dominges dous moyos de çenteo et o meu *pelote*", Lorenzo *Montederramo*, 1339-maio-13. Montederramo {1308-febreiro-6}, vol. II, doc. 1123, OR.; "Jtem mando a Lopo Malate a ma | ssaia uedra da ssarga et o meu *pelote* uedro", Lorenzo *Montederramo*, 1341-decembro-17. Ourense {1290-xaneiro-20}, vol. I, doc. 500, OR.; "...dem a Costança miña mançeba, pera huu *pelote*", Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1361-decembro-19. [Ribadavia] (Ou), vol. I, doc. 57, OR.; "Item mando dar estas minnas calças e o *pelote*", Enríquez *Ribadavia*, 1361-decembro-19. [Ribadavia] (Ou), doc. 4, OR.; Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1361-decembro-19.[Ribadavia], vol. I, doc. 57, OR.; "Item mando a minna sobriña Aldonça huum *pelote* de ualan", Enríquez *Ribadavia*, 1361-decembro-19. [Ribadavia] (Ou), doc. 4, OR.; "It. mando que den a marina huun *pelote* et manton…", López Ferreiro *Galicia* histórica, 1400-[xullo-10. Santiago de Compostela] (A Co), doc. CXII, OR.; "Item mando mays a mina criada Mar Afonso... huun *pelote* et huun çerame de valançina", Sánchez *ACS*, 1389-agosto-12. Santiago de Compostela (A Co), doc. 34, OR.; "Item a Lionor... huun *pelote* et huun çerame de valançina", Sánchez *ACS*, 1389-agosto-12. Santiago de Compostela (A Co), doc. 34, OR.; "Item a Theriga Gonçales... huun *pelote* et huun çerame de valançina", Sánchez *ACS*, 1389-agosto-12. Santiago de Compostela (A Co), doc. 34, OR.; "Iten mando a María do Souto cen maravedís para un *pelote*", Bouza-Brey *testamento*, 1390-[setembro-6. San Xusto de Toxos Outos. Lousame] (A Co), COP.; "Item mando a Tareiga Peres... tres varas et media de velançia para huun *pelote*, et duas oytauas de pan, huna <de> millo et outra de çeueira | et v[ii]nte moravedís", Sánchez *ACS*, 1391-agosto-4. Santiago de Compostela (A Co), doc. 35, OR.; "Item mando a Tareiga Peres... tres varas et media de velançia para huun *pelote*, et duas oytauas de pan, huna <de> millo et outra de çeueira | et v[ii]nte moravedís", Sánchez *ACS*, 1391-agosto-4. Santiago de Compostela (A Co), doc. 35, OR.; "...et que cada tres anos que lle den huun *pelote* ou manton de valancina ou de pano pardo", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1395-[abril-29. Santiago de Compostela] (A Co), doc. XXXIV, OR.; "It. mando que den a marina huun *pelote* et manton", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1400-[xullo-10. Santiago de Compostela] (A Co), doc. CXII, OR.; "trago en este meu *pelote*", Bouza-Brey *Vilagarcía*, 1402-[xuño-28. Vilagarcía de Arousa] (Po),

OR.; "Item mando a mina sobrina Dominga, filla de Lopo Ares, o meu *pelote* asy commo se con sua parca", Graña *Vilourente*, 1403-outubro-21. Vilamor. [Mondoñedo] (Lu), doc. 115, OR.; "Iten mando a ynes lasa o meu *pelotẽ*", Carreira *Ourense*, doc. 15, 1412-maio-31. [Ourense], OR.; "eu ajo arado do *pelote* onde quer que jasan en premero que os quiten para meus beens onde quer que jasan", Barral *A Coruña*, 1414-xullo-14. [A Coruña], doc. 2, OR.; "Item lle mando máys que lle den quatro varas de pano tinto | bõo para hũu *pelote* quoreenta morauedís a vara", Pichel *testamento*, 1422-febreiro-23 [Noia] (A Co), OR.; "Iten mando... a cada huna seu *pelote* de paño de morilla", Fernández Suárez *Sarmiento*, 1427-xullo-5/10. Castelo de Roucos. [Cenlle] (Ou), doc. 10, OR.; "Item mando a Sancha Oanes, mina comadre, tirado os panos que ha de leuar o capelan, o mellor *pelote* que ella quiser", Lucas&Justo *Fontes USC*, 1434-setembro-23/outubro-6. Santiago [de Compostela] (A Co), doc. 296, OR.; Lucas *Dous documentos*, 1434-setembro-23/outubro-6. Santiago [de Compostela] (A Co), doc. II, OR.; "Et se ende mays pelotes ouuer, que se de a mina ama que me criou huun *pelote* et trezentos morauedis" Lucas&Justo *Fontes USC*, 1434-setembro-23/outubro-6. Santiago [de Compostela] (A Co), doc. 296, OR.; Lucas *Dous documentos*, 1434-setembro-23/outubro-6. Santiago [de Compostela], doc. II, OR.; "Iten, mando á miña moller un zerame de loyto e un *pelotẽ*", González Garcés *A Coruña*, 1435-setembro-10. A Coruña, COP.; "Item mando... huun *pelote* de morilla", Armas *Pontevedra*, 1449-xullo-25, doc. 39, OR.; "Item mando a Ynes Pereirina huun *pelote* de morilla", Armas *Pontevedra*, 1449-xullo-25. [Pontevedra], doc. 39, OR.; "Item mando... outro *pelote* a dita Maria de Voon", Armas *Pontevedra*, 1449-xullo-25. [Pontevedra], doc. 39, OR.; "Item mando a María do Río, moller de Fernan do Rio, huun *pelote* de Morilla novos coseito e tallado", Armas *Pontevedra*, 1449-xullo-25. [Pontevedra], doc. 39, OR.; "Yten mando a sua irma Maria Eañez tres varas de valentina para un *pelotẽ*", González Garcés *A Coruña*, 1458-novembro-23 {1399-xaneiro-30}. [A Coruña], OR.; "Item devo... hun *pelote* claro con sua enbotoadura de graaadiça", Portela *Lugo XV*, 1463-xaneiro-8. Lugo, doc. 1151, OR.; "Yten mando... un *pelote* de pano de arago e mais o foro da miña casa", Domínguez *Catedral Tui*, 1471-[outubro-7. Ourense], OR.; "Yten mando... un *pelote* e una capa de pano de arago", Domínguez *Catedral Tui*, 1471-[outubro-7. Ourense], OR.; "nobeçentos mor. que lle prestey para conprar hun *pelote* para sua muller", Cal *Mondoñedo*, 1489-maio-7. Vilamor-Mondoñedo (Lu), 207A, OR.; "Jten mando que o clérigo pago da | rropa que has dúas sayas que quedavan de|sen hũa dela a Mayor de Lobelle para *pelotẽ*", Lorenzo *testamentos*, 1497-setembro-4/ novembro-1. [Cee] (A Co), COP.; García Oro *Diego de Muros III,* 1497-setembro-4. Cee (A Co), doc. 23, COP.

◦ **Pellote** (16): "et mando a Elvira Fernández filla de Fernán Guterrez o meu *pellote* novo da escarllata"[251], Cambón *Melón*, 1285-maio-5. [Ribadavia] (Ou), doc. 836, OR.; "et mando a Orraca, a mya saya, et a seeça o meu *pellotẽ*"[252] Martínez *Trives*, 1291-xaneiro-27. [Sobrado. A Pobra de Trives] (Ou), doc. 83, OR.; López Ferreiro *Galicia histórica*, 1291-[xaneiro-27. Sobrado. A Pobra de Trives] (Ou), doc. LXIII, OR.; "…et mando a Sancha Goterrez mia curmáá o meu manto et o meu *pellotẽ*" Lucas&Lucas *Ramirás*, 1295-[agosto-5. Ramirás] (Ou), doc. 248, OR.; "den...saluo o meu manto et *pellote* que eu trago ora de cotio", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1326-[xaneiro-4. Mondoñedo] (Lu), doc. LXXI, COP.; "primeyramente mãdo a myna alma a Deus τ o meu corpo a Sã Pedro de Uilla Noua τ mãdo y comigo .C. mor. de purtugueſes et o meu *pellote* aos clerigos τ meu çerame que uáá comigo τ a myna ſaya a eſta igleia de Santa Maria de Bidoeyros" 1325-[novembro-23]. Dozón (Po), Maia *História galego-português* doc. 130, OR.; "mando... o meu *pellote* aos clérigos e meu çerame que vaa comigo, e myna saya", Fernández Viana *Dozón*, 1328-novembro-23. [Dozón] (Po), doc. 91, OR.; "mando que dían a myas fillas que ey de Sancha Eanes, mya moller que foy, treze morauedís que me deron pollos botoes de *pellote* que foy da sua nana Sancha Eanes" Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1338-decembro-27- [Monterrei] (Ou), vol. I, doc. 53, OR.; "Item mando a Maria Affonsso minna sobreina o meu *pellote* de marvir e dez moyos de çenteo", Vaquero *Celanova*, 1348-

[251] Corriximos a lectura do editor, que leu *pellete* no canto de pellote.
[252] Corriximos a lectura do editor, que leu *pellade* no canto de pellote.

outubro-22. Ourense, vol. I, doc. 140, OR.; "Jtem mando a Tereyia Áluares, mýa criada, hun | çerame et hun *pellote* de uallançyna", Lorenzo *Montederramo*, 1348-outubro-27 {1348-outubro-12}{1325-xuño-23}{1338-decembro-31} Maceda (Ou), vol. II, doc. 1260, OR.; "Jtem mando a Bryngella, mýa criada, hun | çerame et hun *pellote* de uallançyna", Lorenzo *Montederramo*, 1348-outubro-27 {1348-outubro-12}{1325-xuño-23} {1338-decembro-31} Maceda (Ou), vol. II, doc. 1260, OR.; "Item mando... çinqueenta e dous moravedíes e que o dem a Constança miña mançeba para hum *pellote*", Enríquez *Ribadavia*, 1361-decembro-19. [Ribadavia] (Ou), OR.; "mando aa dita Maria minna cliada o meu *pellote* de sanllo", Graña *Vilourente*, 1396-outubro-14. Vilamor. [Mondoñedo] (Lu), doc. 101, OR.; "Item mando que dem a Eluira Domingues freira a min-|-na pella o meu *pellote* uello", Graña *Vilourente*, 1396-outubro-14. Vilamor. [Mondoñedo] (Lu), doc. 101, OR.; "Iten deuemos a Tereija dos Santos... hun *pellote* piquado de plata", Barral *Santo Domingo*, 1414-xullo-4. [A Coruña], doc. 2, OR.; "Iten mando que dean a Costança, moller de Vasco Cardeyro, hun *pellote*", García&Otero *Santo Sepulcro*, 1467-novembro-18. Pazos de Arenteiro. [Boborás] (Ou), OR.

◦ **Pelloto** (1) "et mando a Sancha Goterrez mia curmaa o meu manto et o meu *pelloto*", Duro *Ramirás*, 1295-agosto-5. [Ramirás] (Ou), OR.

◦ **Pelot** (1): "mando... hun *pelot*", Vaquero *Celanova*, 1338-febreiro-20. Vilar (Ourense), vol. I, doc. 131, OR.

◦ **Pelotche** (1): "Mando o meu manto de broneta negra a Eluira Ffernández de Uilar et o *pelotche* et | a ssaya a Tereyga García", Lorenzo *Montederramo* 1281-setembro-4. Torbeo [Ribas de Sil] (Lu), vol. I, doc. 413, OR.

◦ **Peloteh** (1): "Mando o meu manto de broneta negra a Eluira Ffernandez de Uilar τ o *peloteh*", Maia *História galego-portugués*, 1281.[Torbeo. Ribas de Sil] (Lu), doc. 55, OR.

◦ **Pelothe** (1): "A ponte d'Ourens os meus pannos, conven a saber, o manto et o *pelothe* et a saya", Vaquero *Celanova*, 1287-marzo-10. [Ourense], vol. I, doc. 77, OR.

◦ **Polote** (1): "Iten mando a Tereyja Anes miña sogra tres varas de morilla para un *polote* para ajuda del", López Carreira *cidade Ourense*, 1411-outubro-7.[Ourense], Docs. I. Testamentos, doc. 1, OR.

◦ **Pelotes** (6): "It. mando... senllos *pelotes* et cerames de uiado et sayas de pano thaao", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1375-[maio-6. Santiago de Compostela] (A Co), doc. LXXXI, COP.; "It. mando aas mancebas de nosa casa senllos *pelotes* de valancina", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1395-[abril-29. Santiago de Compostela] (A Co), doc. XXXIV, OR.; "It. mando aas miñas donzellas senllos mantoes et senllos *pelotes*", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1395-[abril-29. Santiago de Compostela] (A Co), doc. XXXIV, OR.; "It. mando que den... as outra moças et molleres da casa senllos *pelotes* de pano daragon", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1400-[xullo-10. Santiago de Compostela] (A Co), doc. CXII, OR.; "Et se ende mays *pelotes* ouuer, que se de a mina ama que me criou", Lucas&Justo *Fontes USC*, 1434-setembro-23/outubro-6. Santiago [de Compostela] (A Co), doc. 296, OR.; Lucas *Dous documentos*, 1434-setembro-23/outubro-6. Santiago [de Compostela] (A Co), doc. II, OR.

Unha das pezas de roupa que se cita con máis frecuencia no noso *corpus* de estudo é o pelote, tanto na versión masculina coma na feminina. Bernis (1979: 114) explica que foi unha peza de poñer por riba, empregada entre os séculos XIII e XIV, que se xeneralizou no século XIII en Europa entre xentes de todas as clases sociais. Con todo, os nosos contextos demostran que o seu uso tamén se prolongou ata o século XV.

Malia existiren diversas propostas sobre a forma desta peza de roupa[253], a caracterización máis común, para homes e mulleres, preséntaa como unha peza que constaba dunha parte superior para cubrir o torso, cunhas aberturas amplas e curvas para meter os brazos, que se prolongaban ata as cadeiras, onde se unía a unha faldra pechada. Contaba cun colo circular e cunha abertura curta no escote, como podemos observar nas imaxes que ilustran esta entrada. Tamén se coñeceu como *cote* ou *sobrecot* no Aragón do medievo. Segundo indica García Cuadrado (1993: 95), chegaba ata a metade da perna no vestiario masculino e ata os pés no feminino. A súa forma está xustificada por ser unha peza que se levaba por riba da saia (*vid. s.v.* **saya**) ou o brial[3] e que requiría poñer por riba un manto (*vid. s.v.*) ou outra peza de abrigo, porque tendo en conta os convencionalismos e prexuízos impostos no medievo, fundamentalmente, pola Igrexa, un individuo, home ou muller, non estaba perfectamente vestido se non levaba unha peza por riba do pelote.

Sobre o tecido en que se confeccionaron os pelotes, Guerrero Lovillo (1949: 55-56) indica que foi precisamente a tea e non a pel, como se ten postulado, e que esta adoitaba levar unha gornición (*vid. s.v.* **gornyción**) e adobíos de pel, de aí posiblemente a asociación que se ten feito con este material. Nas nosas concordancias cítanse pelotes elaborados en valancina (*vid. s.v.* **valancina**), **morilla** (*vid. s.v.*), **broneta** (*vid. s.v.*) e **pano** (*vid. s.v.*), todos eles tecidos apropiados para o exterior da peza, que, dependendo do seu uso, podía ser incluso de **seda** (*vid. s.v.*) e doutros tecidos luxosos, en especial os pelotes femininos. Esta parte exterior acostumaba a adornarse cun galón, sobre todo, de pel, que gornecía o colo e tamén decoraba as aberturas laterais para introducir os brazos. A parte interior normalmente forrábase con tea de inferior calidade ou liño (*vid. s.v.* **lino**) e, en ocasións, entre a tea exterior e a interior, cosíase unha pel fina que servía como material de abrigo e axudaba a armar a prenda ao darlle corpo. A decoración do pelote tamén era luxosa e adoitaba facerse con botóns (*vid. s.v.* **botón**) e *orfrés* (García Cuadrado 1993: 96); de feito, no testamento de María Oanes fálase dun «*pellote* piquado de plata» deixado en legado a unha muller. Posiblemente este uso desmedido do luxo por parte de individuos que non eran de alta condición social, provocou que as cortes de Valladolid do ano 1258 regulasen que «nenguno (home rico), dice, traya en capa ni en el *pellote* plata, cristal, botones, ni cuerdas largas nin armiños nin nutrias, sino perfil en capa-piel» (Guerrero Lovillo 1949: 56).

Con respecto aos pelotes femininos, López Dapena (1993: 126) explica que tamén existiron con mangas estreitas, pero eran pouco frecuentes e normalmente só formaban parte do vestidor das raíñas e doncelas. Do mesmo xeito, tampouco eran moi comúns os pelotes amplamente escotados nos costados, pois requirían que as mulleres que os portaban tivesen que ir ricamentente vestidas, coma as raíñas, mulleres do seu séquito e esposas de escudeiros para non confundirse coas barregás, que preferían este tipo de pelotes porque lles permitía lucir mellor o corpo.

A propósito das cores, os nosos exemplos ofrécennos información moi escasa, reducida á cor parda, tinta e prata, ton proporcionado polo metal. Con todo, estas pezas elaboráronse de diversas tonalidades, en especial as máis luxosas en que a vistosidade era moito maior.

Sobre as imaxes que ofrecemos, cómpre destacar a definición que Gómez-Moreno (1946: 22) fai do pelote do infante Fernando de la Cerda, custodiado no Museo de Telas Medievales do Monasterio de Santa María la Real de las Huelgas de Burgos, que ofrecemos por parecernos de interese, ao ser unha peza de uso tan xeneralizado durante a Idade Media: «*pellote* escotado por ambos costados desde los hombros hasta más debajo de la cintura y anchísima por abajo. El forro

[253] Por exemplo, no Viterbo *Elucidário* (*s.v.* pelote, vol. II) defínese esta peza da indumentaria como: «capa forrada de pelles, á differença da que não era forrada».

es de pieles, entre pardas y blanquecinas, recortadas a cuadritos para dar flexibilidad a la capa… Las prendas son de un mismo brocado, lleno de escudos con leones y castillos, sobre fondo de oro, armas reales, pues era heredero de la corona, pero con la particularidad de ir el león en los cuarteles primero y cuarto del escudo, variación deliberada respecto al blasón real efectivo». Sousa Congosto (2007: 71) recórdanos que esta peza tamén era utilizada polos nenos.

Como exemplo feminino, reproducimos a imaxe do pelote de Leonor de Aragón que, en palabras de García Cuadrado (1993: 97), conta cun «rico brocado árabe, con amplísimo vuelo en la falda y de 1,60m de alto (lo que haría que la prenda arrastrase); el forro, de piel rubia, iba, como en el de D. Fernando, cortado en trocitos de 0,16 m en cuadrado». Tamén ofrecemos a reprodución do pelote que a raíña Berenguela leva no túmulo pétreo situado na Catedral de Santiago de Compostela confeccionado por Arantza Vilas e a súa firma Pinaki Studios para a exposición *Con fío en Galicia* (2016).

****

No territorio galego os primeiros testemuños de pelote datan do segundo terzo do século XIII. Nun texto latino, do ano 1264, pertencente á Catedral de Ourense cítase: «… meam vinee que iacet iuxta vineam Fernandi Chaveyro et meum *pelote*. Mando Martino Fernandi servienti meo II morabetinos ecclesie de Placiis…» -*CODOLGA*. En documentos en romance, temos a primeira atestación da forma pelote nun texto datado no ano 1287 e, na década seguinte, temos a variante pellote, en 1291; ambas as formas localízanse na provincia de Ourense e están recollidas entre os nosos exemplos -tamén as rexistra o *TMILG* e o *CP 1300S-1900S*. En textos portugueses, máis alá dos citados en romance galego-portugués, na *Crónica Geral de Espanha de 1344* (1300-1400) ofrécese pellote: «E, ante que chegasse ao paaço em que stava o emperador, decerom das bestas e desvestironsse de todos os panos senõ dos do linho e descalçarõsse senõ tã soomente a dona que levava hũũ *pellote* muy ligeiro e poserom senhos baraços nas gargantas e assy entrarõ per o paaço de Galiana honde stava o emperador cõ muytos e nobres fidalgos». A forma pelote testemuñámola no século XV; nun texto das cortes portuguesas (1498) cítase: «Soomemte por lhe verem trazer huũa capa *pelote* ou outro quallquer vestido» -*CP 1300S-1900S*. Tamén, neste mesmo século, atestamos esta voz nas *Crónicas dos sete primeiros reis de Portugal*: «E em panos, saluo a dona, sua molher que leuaua uestido hum *pelote* muy mao [...]» -*VHCPM*.

No galego moderno, coa nosa acepción, non documentamos a voz pelote en ningún dos repertorios consultados, nin na fala popular (*ALGa*, *TLPGP*) nin na escrita (*TILG*, *CORGA*). A súa presenza na lingua esmoreceu no século XVI, como xa se apuntaba en Tato *Rianxo*: «subsistiu ata o século XV ou XVI» -*DDGM*.

Para o ámbito do español, contamos con exemplos da forma pellote dende a segunda metade do século XIII. A variante pelote, algo máis tardía, ofrécese por primeira vez no ano 1297, nun testamento anónimo pertencente á colección diplomática do Mosteiro de Carrizo (León): «Mando que den a Martin Isidrez, padre de Ioan Martinez el mio manto & el mio *pelote*» -*CDH* e *CORDE*. Tamén os textos literarios se fan eco desta voz dende comezos do século XIV; na novela *Libro del caballero Cifar* (1300-1305) cítase: «…como hombres muy espantados & quisieron tomar las espadas para se defender, mas no les dieron vagar, que luego fueron presos, y la dueña esso mesmo. Y tomáronla en saya y em *pellote*, así como se avía echado entre ellos» -*CDH*, *CE 1200S-1900S* e *CORDE*. Ao observar os contextos recollidos nestes repertorios, comprobamos que a forma pelote ten maior representación ca a variante pellote; por exemplo, no *CDH* inventaríanse 63 casos de pelote, fronte aos 54 de pellote; no *CORDE* compílanse 46 casos pelote, fronte aos 42 de pellote e, finalmente no *CE 1200S-1900S*, cítanse 16 e 11 casos, respectivamente. Outras variantes moito menos frecuentes son polote, ofrecida nunha carta de dote e arras de bens mouriscos no reino de Granada, datada en 1549: «… dos arillos de plata, ocho reales, un *polote* de grana, guarnescido de terciopelo…» e polot, tamén nunha carta de dote granadina de 1558: «…un

polot de paño verde que bale siete ducados» (Martínez Ruiz 1967: 94). O mesmo que ocorre na lingua galega, nas letras hispánicas coñecemos a presenza desta voz, coa nosa acepción, ata o século XVI. Ao último contexto citado podemos achegar outro ofrecido na mesma obra de inventarios granadinos, en concreto, na comparencia de Leonor Alamarani, datada no ano 1556, onde se cita: «Una marlota de terçiopelo de grana e azul, deziseis ducados, un *pelote* amarillo con su terçiopelo…» -*CDH*.

Con respecto á lexicografía galega, esta voz conta cunha representación escasa nos dicionarios e vocabularios. Con todo, os repertorios recóllena como entrada dende o período premoderno (1863-1985). Coa nosa acepción, pelote figura no Cuveiro *Diccionario* (1876) e a forma pelote no Carré *Diccionario*[3] (1951) e Carré *Diccionario-Voc.* (1979) -*DD*. Posteriormente, as obras lexicográficas publicadas a mediados dos anos 80 do século XX, de corte normativo, prescindiron desta voz por estar en desuso dende hai máis de catro séculos.

O rexistro lexicográfico do portugués dá conta de pelote dende finais do século XVI, en que ofrece este lema o Cardoso *Dict. Latinolusitanicum* (1569-1570); posteriormente, tamén aparece no Barbosa *Dictionarium* (1611) e Pereira *Thesouro* (1697) –*CLP*.

As obras lexicográficas do español rexistran pelote dende o primeiro terzo do século XVIII, data en que aparece, coa acepción estudada, entre os lemas do dicionario elaborado pola Real Academia Española (1737) -*NTLLE*. As obras máis recentes do español ofrecen este termo como entrada e indican que é unha 'peza do vestiario antigo'.

Como peza da indumentaria está voz está en desuso dende aproximadamente o século XVI, porén a lingua ten pegadas desta vella peza da indumentaria na locución do español *en pelotas* 'sen roupa'. Durante o medievo o pelote levábase por riba da saia e, normalmente, por debaixo do manto, e a moralidade da época establecía que este non debía de lucirse fóra da vivenda, ao igual que as outras pezas destinadas a vestir o corpo, de aí a locución *en pelote* co significado de 'a corpo'. Co paso dos séculos e coa entrada en desuso desta peza da indumentaria, a locución *en* pelote foi substituída, por etimoloxía popular como derivada de pel, por *en pelota*, en singular, e de aí procede a forma actual *en pelotas*, vixente na lingua española dende o século XIX (Lázaro Carreter 1997: 67-69). Na lingua galega temos atestacións da locución *en pelotas* dende o último terzo do século XIX, en que se cita no *Tío Marcos da Portela* (1876, 1ª época, parrafeos 1-26): «eiquí non se queren máis | que homes *en pelotas*, pois somos aquiles que na terra pagamos trabuco, os que creemos canto nos din os políticos, os que facemos trampas nas eleuciós, i os que sonamos facernos ricos coa lotería». Con todo, cómpre ter en conta que esta expresión debeu entrar no galego a través do castelán, pois co significado de 'sen roupa' en galego temos as expresións *en coiro, en porrancho* ou, por exemplo, *en pelico*.

Cfr. s.v. **gibon**, **gobete**, **saya** e **sayo**.

Pelote de Enrique I (1203-1217)[254]

Pelote de Fernando de la Cerda do século XIII (1252-1275), custodiado no Museo de Telas Medievales, sito no Monasterio de Santa María la Real de Huelgas de Burgos[255]

Pelote feminino de Leonor de Aragón (ano 1244)[256]

[254] En liña: *http://opusincertumhispanicus.blogspot.com.es/2014/10/el-pellote-pellon-pelote.html* [Consulta: 18 de abril de 2019].
[255] En liña: *http://www.lacasamundo.com/2013/06/el-calzado-en-la-espana-de-la-edad.html* [Consulta: 18 de abril de 2019].
[256] *Ibídem*.

Reprodución das roupas da raíña Berenguela e de Afonso IX elaboradas para a exposición *Con fío en Galicia* (2016). A raíña porta un pelote confeccionado en seda en tonos dourados, con reberete morado[257]

peloteh *s.m. vid. s.v.* **pelote** → **[2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER] [2.1.2 TRAXES PARA VESTIR O CORPO]**

pelothe *s.m. vid. s.v.* **pelote** → **[2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER] [2.1.2 TRAXES PARA VESTIR O CORPO]**

pena ueyra → **[3.2 OUTROS MATERIAIS] [2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER] [4.1 ROUPA DO LEITO]**

s.f. (palabra composta; do lat. PĬNNA 'pluma' e mais o lat. VĂRIA- 'de cores diferentes') *'penaveira*, pel de marta cibelina utilizada para decorar os bordos das pezas de vestir, fundamentalmente, de poñer por riba (García Rodríguez 1986: 146)'.

◦ **Pena ueyra** (1): "mando a mia cama... et con duas colchas et collo meu cubertor de *pena ueyra*", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1348-[setembro-14. Santiago de Compostela] (A Co), doc. LXXII, COP.

257 En liña: *http://confioengalicia.gal/gl/historia/?screen_check=done&Width=1366&Height=768#prettyPhoto* [Consulta: 18 de abril de 2019].

◦ **Pena ueyras** (1): "Et que esto con todolos meus panos de uistir et *penas ueyras*", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1326-[xaneiro-4. Mondoñedo] (Lu), doc. LXXI, COP.

Nos testamentos masculinos de Gonzalo de Moscoso e Nuno González de Bendaña cítanse un «cubertor de *pena ueyra*» e «*penas ueyras*», que figuran no medio duns panos de vestir.

Durante a baixa Idade Media foi habitual o emprego de peles de orixe animal nas pezas da indumentaria para combater as inclemencias do tempo, tanto nas de vestir o corpo coma nas de poñer por riba. Utilizáronse como forros das pezas de abrigo e, desde o século XV, como adorno, pois as clases sociais máis acomodadas empregaban este material a modo de signo distintivo de clase ao reberetear os bordes das pezas (*vid. s.v.* **[peça]**) de **roupa** (*vid. s.v.*) e, incluso, de determinadas roupas do enxoval doméstico, tal é o caso das colchas (*vid. s.v.* **colcha**) e cobertores (*vid. s.v.* **cobertor**). En relación con isto, cómpre considerar que a *penaveira* foi unha das peles máis reclamadas para tal fin pola súa vistosidade e polo luxosa que era. Torre Sevilla-Quiñones de León (1988: 869) indica que este tipo de pel tamén se empregou na confección de pelizas, *pellizóns* e *pellóns*. Cómpre destacar que estas peles de animais catalogábanse de acordo coa época do ano en que eran extraídas e segundo a parte que ocupaban no corpo do animal (dorso, costas, garras, etc.), o cal indicaba a súa calidade e finura (Sigüenza Pelarda 2002: 22).

Hoxe sabemos que o termo *penaveira* se usou exclusivamente no ámbito medieval galego, como apunta García Rodríguez (1986: 146), e aplicouse para denominar o que no resto da Península Ibérica se coñecía como *pel de marta cibelina*, pel que convivía, fundamentalmente, coa de londra e armiño, entre as clases privilexiadas, fronte ás de coello, cabrito e gato empregadas polas persoas menos poderosas. En Lapa *Escarnho* (1970[2]: 75) o investigador compila dúas cantigas escarniñas do trobador portugués Estevan da Guarda onde se cita esta voz, explica que podía contar cunha cor variada. No Ferreiro *Glosario* indícase que a tonalidade ía dende o acastañado ata o negro, probablemente a máis prezada entre os nobres e reis. É destacable que na *Gener. Estoria* (1300-1330) atopamos unha referencia á cor branca que posuía esta pel: «buscarõ outrosy moytas maneyras de *pẽnas veyras*, blancas et outras cõ que afortelezassem os pãnos» e, amais, na cantiga mariana número 5 documentase a existencia en gris, posiblemente do gusto dos nobres ao tratarse dun ton moi escaso nas peles: «non ar vestiria pano de seda nen pena de *gris*».

A propósito da procedencia deste tipo de pel, no Viterbo *Elucidário* (*s.v.* veeros, vol. II) explícase que se adoitaba importar de lugares como Hungría ou Eslavonia.

****

No territorio galego os primeiros testemuños desta voz localizámolos a partir do segundo terzo do século XIII. Son varias as cantigas profanas que se fan eco dela; por exemplo, Garcia Perez, nunha tenzón co rei Afonso X critícao por levar unha vestimenta vella, inadecuada para a súa condición social (1240-1300): «-Ũa pregunt' ar quer' a el -Rei fazer, | que se sol ben e aposto vistir: | por que foi el *pena veira* trager | velh' an bon pan'; e queremos riir | eu e Gonçalo Martĩiz, que é | ome muit' aposto…». Nunha cantiga escarniña do trobador Pero Garcia Burgalés dirixida á soldadeira María Negra cítase: «A grandes vozes lhi dix' eu, hu se hya: | que vus direy a [D]on [F]ernan de [M]eyra | desse sinal? ou é de *pena veyra* | de como é feyt[o] a [J]ohan d ' [A][m]bia?»[258] -*CMGP*, Ferreiro *Glosario*, *MedDB* e *TMILG*. Tamén, como xa indicamos, Estevan da Guarda nunha composición escarniña que fala sobre a crise dunha familia que debe vender varias roupas recolle: «un corretor que vi | vender panos, que conhoci, | con *penas veira[s]*, diss' assi:…» -Lapa *Escarnho* (*DDGM*). Na prosa histórica tamén documentamos este termo

[258] A estas composicións fai referencia Morán Cabanas (2001: 114-115).

dende que figura na *Gener. Estoria* (1300-1330). No portugués, temos documentación da unidade pluriverbal pena de veeiros nun texto datado no século XV, xa citado.

No galego moderno, non atestamos este termo, nin na fala (*ALGa* e *TLPGP*) nin na escrita (*TILG* e *CORGA*).

Con respecto ao español, tampouco localizamos pena veira, pero temos constancia do uso da *pel de marta* para forrar pezas de roupa de uso exterior. Por exemplo, no primeiro cuarto do século XV no texto titulado *Cuaderno de las cortes celebradas en la villa de Palenzuela* (1425) cítase: «rropas de seda e de oro e de lanas, e forraduras de *martas* e de otras pennas» -*CDH*.

Na lexicografía galega (*DD*) non localizamos este termo; no canto, o galego estándar emprega a unidade pluriverbal *pel de marta* para denominar o que no medievo se coñecía como penaveira. Por contra, as obras lexicográficas do portugués e do español consultadas tampouco (*CLP* e *NTLLE*) dan conta da voz estudada.

Esta pel de marta, penaveira, usouse durante o medievo para decorar os bordos das pezas de roupa máis exclusivas e a día de hoxe aínda segue sendo un material utilizado na alta peletería para a elaboración de diversas pezas do vestir como, por exemplo, o gorro xudeu coñecido como *shtreimel* portado por algúns homes casados en diversos actos festivos. Por tratarse dun termo moi vinculado ao territorio galego, non estaría por demais que se recuperase nas obras lexicográficas galegas. No entanto, cómpre ter en conta que na actualidade este material convive con ecopeles e tecidos sintéticos moi semellantes, cunhas cualidades das cales carece a pel, coma o peso, a facilidade de lavado e conservación, entre outras.

Penaveiras ou peles de marta cibelina[259]

peytoral → **[2.3 COMPLEMENTOS][2.4 ORNAMENTOS LITÚRXICOS]**

s.m. (do lat. PĔCTORALE- 'que cobre o peito', der. de PĔCTU- 'peito') 'pectoral, cruz que levan sobre o peito os bispos e outros prelados'.

> ◦ **Peytoral** (1): "Vn *peytoral* colgado en vn cordón morado que ten vna pedra | grande et d'arredor seys pedras", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

[259] En liña: *https://furforyou.com/10-tipos-pieles-mas-utilizados-moda/*[Consulta: 18 de abril de 2019].

Entre os obxectos inventariados na catedral ourensá recóllese un pectoral, tamén coñecido como cruz pectoral, que certos membros do clero, coma os bispos, adoitaban e aínda adoitan levala colgada ao pescozo á altura do peito.

O uso desta cruz remóntase ao século XIII e posiblemente a súa orixe teña que ver cos amuletos que os antigos cristiáns levaban sobre o peito, confeccionados con láminas de metal delgadas e pequenas cápsulas en forma de cruz, que adoitaban conter as reliquias dos mártires ou outros obxectos sagrados (García Cuadrado 1993: 135). A partir do século citado foi de uso exclusivo de bispos e prelados ao simbolizar a dignidade no ámbito da Igrexa[260]. No noso exemplo, indícase que o pectoral está «colgado en vn cordón morado», aínda que tamén podía estar pendurado dunha **cadea** (*vid. s.v.*) ou dun **cordón** (*vid. s.v.*) doutras cores, dependendo do estatus eclesiástico do portador: os cardeais adoitan levalo vermello e dourado, os bispos verde e dourado e o papa só de ton dourado[2].

Os materiais de elaboración dos pectorais no medievo acostumaban a ser a **prata** (*vid. s.v.*) e o **ouro** (*vid. s.v.*); con todo, os máis sinxelos podían ser de metais de inferior calidade coma o cobre. En ocasións, cando eran complementos ricos podían levar engastadas pedras preciosas, de feito o contexto que ofrecemos recolle un pectoral «que ten vna pedra | grande et d'arredor seys pedras», posiblemente as seis pedras das cales se fala fosen do mesmo tipo de mineral e a pedra grande, doutro diferente; os zafiros, rubís e esmeraldas atopábanse con frecuencia entre as cruces das catedrais do territorio peninsular.

****

No ámbito galego non atestamos esta voz, coa nosa acepción, nos repertorios consultados (*DDGM* e *TMILG*), polo tanto, tomamos como data do primeiro testemuño o noso exemplo de finais do século XV, en concreto o ano 1493. No portugués, trátase dun termo de presenza moi escasa, pero a voz que nos ocupa localizámola no século XVI na obra titulada *Mosteiro de Guadalupe e Portugal*, en que se cita o contexto que segue: «As capas de borcado que levava o prior e dous asistentes era cousa muito para ver porque se terião em pee e tinha cada capa hum *peitoral* com muita pedraria rica e com imagens borladas com muitas perolas e disse o sacristão (fol. 283) que 150 cruzados porque tem as imagens muitas perolas grosas e pedraria, as imagens são de S. Sebastião e S. Jeronimo com hum anjo» -*CP 1300S-1900S*.

No que respecta ao galego moderno, na fala popular non documentamos esta voz, pero si temos atestacións na escrita. No *TILG* atopamos varios rexistros desta cruz, coñecida como peitoral, dende o primeiro cuarto do século XX. No ano 1925 na publicación mensual *Nós* (nº 20, 15 de agosto de 1923) cítase: «Garnida de cruces d'ouro a casulla *peitoral*, a túnica de albo liño que a lúa de prata fai, en pé está Diego Xelmírez alzadas ó ceo as mans». Cabanillas na obra *Samos* (1958), de marcada inspiración relixiosa, recolle o seguinte contexto: «o relumbro levián da pedraría no *peitoral* do abade». Se observamos a franxa cronolóxica que achega o *TILG* para este termo podemos comprobar como os 145 casos recollidos están presentes nun número reducido de obras, en total 16; 138 deles sitúanse entre a baliza cronolóxica que vai de 1981 e 2013; os outros exemplos distribúense do seguinte xeito: entre 1851 e 1900, 2 ocorrencias; entre 1901 e 1950, 3 casos e, finalmente, entre 1951 e 1980, 2 contextos. Aínda así cómpre termos en conta que non todos estes exemplos ofrecen a acepción estudada. De por parte, o *CORGA* tamén achega este termo; a primeira atestación de peitoral está na obra *Os encaixes* (1989) de Gallego Rei: «…teñen dende o peito á cintura un rico *peitoral* de pasamanería». Coa grafía máis fiel á etimoloxía, pectoral, temos o primeiro exemplo deste repertorio na novela de

[260] En liña: *http://www.ecured.cu/index.php/Cruz_Pectoral* [Consulta: 18 de abril de 2019].

Vázquez Xil titulada *A da alba sería* (1996): «E dunha faldriqueira tirou unha cruz de prata con pedrería, de tamaño *pectoral*, brillante, que rapidamente gardou».

No español os primeiros testemuños desta voz datan, aproximadamente, de comezos do século XV. Na *Biblia do Escorial* (c. 1400) cítase: «…piedras de cristal e piedras de conplimientos para el *pectoral* e el espaldar» -*CDH* e *CORDE*. Aínda que timidamente, rexistramos este termo en textos de séculos posteriores, por exemplo, nas *Cuentas de Gonzalo de Baeza* faise referencia a: «2 *pectorales* pequennos para dos capas de la capilla» (1487) -Gual *Voc. Comercio.* Dous séculos despois, na memoria de entrega de bens fóra de testamento de Julio de los Ríos (1656) recóllese: «Yten entraráen su poder un *petoral* de cristal to[do] él guarnesido de rubíes» -*CorLexIn.* Con posterioridade, o *CREA* vai dar conta desta voz dende o ano 1976.

No que respecta á lexicografía galega, esta rexistra peitoral dende a época premoderna (1863-1985). Adaptado ao noso contexto de estudo localizámolo só no Filgueira et alii *Vocabulario* (1926) e no Eladio *Diccionario* (1958-1961) –*DD*. Os dicionarios, de corte normativo, publicados a partir de mediados dos anos 80 do século pasado, ofrecen este termo entre as súas entradas.

Nas obras lexicográficas do portugués (*CLP*) non localizamos esta voz co significado que nos ocupa; con todo, os repertorios lexicográficos actuais ofrecen peitoral coa acepción estudada (Ferreira Aurélio *Dicionário*).

Os repertorios lexicográficos do español, ofrecen este termo dende comezos do século XVII, en que se recolle no *Tesoro de las tres lenguas francesa, italiana y española* de Vittori (1609) –*NTLLE*.

Na sociedade actual os pectorais seguen sendo de uso entre o papa, bispos, abades e outros prelados como símbolo de dignidade.

Cfr. s.v. **cadea** e **cordón**.

Pectoral[261]

[261] En liña: *http://dict.space.4goo.net/dict?q=pectoral* [Consulta: 18 de abril de 2019].

picote → **[3.1 TECIDOS]**

s.m. (probablemente der. de *picar* < do lat. *PĪCARE, voz onomatopeica, ao ser unha tea áspera que produce picor ao tocala -*DCECH*, *s.v.* picote e peca, vol. IV) 'picote, tecido basto e áspero, elaborado normalmente de la de ovella ou cabra'.

> ◦ **Picote** (4): "et mando Andreu et a Fernando et a Martino senas | sayas de ualenzinas et senas capas de *picote*", 1275-maio-4. [Montederramo] (Ou), doc. 355, vol. I, OR.; "Item mando a Fernan de Castelo, meu asemeleyro, huna capa et huna saya de *picote*, et duas carregas de çenteo por seu traballo et por lo serviço que me feso", Portela *Lugo XV*, 1414-[setembro-14]. Lugo, doc. 917, OR.; Maia *História galego-português*, 1414-[setembro-14]. Lugo, doc. 42, OR.; "mando una cama de roupa con quatro cabeçaás e un colchón e un almadraque e con suas sabaas e media duzia dalmofadas e con hua manta de *picote*", Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1439-maio-4, doc. 74, vol. I, OR.

Nos testamentos de Xoán Rodríguez, Fernando Martiz e García Díaz de Espinosa cítanse varias saias (*vid. s.v.* **saya**) e unha **manta** (*vid. s.v.*) elaboradas de picote.

O tecido coñecido como picote experimentou cambios ao longo dos séculos. Durante os séculos XIII e XV, época do noso interese, foi unha tea áspera, basta e ordinaria fabricada con pelo de cabra ou pano de la (*vid. s.v.* **laan**) groseira. No século XVII denominouse así a un tipo de tea elaborada con la ou la e **seda** (*vid. s.v.*), fabricada en Lille e en Flandres, que se exportaba a España. Posteriormente, nos séculos XVIII e XIX coñecíase co nome de picote un tipo de encaixe de palillos con fondo de rede e motivos florais. A día de hoxe tamén sabemos que na provincia de Ourense se traballou un tecido con este nome, feito con liño (*vid. s.v.* **lino**) e la da terra (*DHTT*, *s.v.* picote). A esta variedade de significacións tamén se referiu Martínez Meléndez (1989: 458-462), quen remite á pragmática das cortes de Valladolid (1351) na cal se estipulaba que o picote era un dos poucos tecidos que podían empregar as barragás e os clérigos: «qual quier barragana de clerigo publica o ascondida que vestiere pano de color, que lo vista de viado de Ypre o tiricanna viada o valançina viada e non otro ninguno; pero que si algunas non ouieren que vestir panno de viado de Ypre o de valançina o tiricanna, que puedan vestir pellias o picote o lienço, e non otros pannos ningunos».

A elaboración deste tecido no século XVIII debeu ser frecuente en Galicia polas referencias que temos a Ourense e Ribadeo (Rivas Quintas 1998: 607), e tamén noutros lugares da Península Ibérica, como Palencia e Segovia (Gual *Voc. comercio*, *s.v.* picote).

Ao lado deste tecido, Costa (2004: 154, *s.v.* picote, picoto) destacou a presenza do *picotilho*, un pano menos groseiro ca o picote.

****

No ámbito galego os primeiros testemuños de picote datan de comezos do século XIII. Nun texto notarial (c. 1201-1300) pertencente ao cenobio ourensán de Santa María de Oseira cítase: «… et decem túnicas de *picote*». Noutro documento, neste caso da catedral ourensá, datado no ano 1205 recóllese este termo empregado como sobrenome: «Velascus Petri dictus *Picote*» -*CODOLGA*. Xa en romance, nun documento notarial do ano 1262, editado por López Ferreiro, cítase: «En preguntado se sabía mayz e disso que que tomara a Esteuao duas sauaas e duas toucas e cerame nouo de *picote*» -*TMILG*. En textos do territorio portugués este termo é algo máis temperán, en concreto, unha década; no ano 1253 figura nun documento notarial, escrito en latín e editado na obra *Portvgaliae monvmenta histórica a saecvlo octavo post Christvm vsque ad quintvmdecimvm*: «et cobitus de *piquote* palentiano ualeat quinque solidos» -Lorenzo *Cronologia*, *DDGM*. En documentos escritos en romance, a primeira atestación que achega o *CP 1300s-1900s* cadra co primeiro exemplo que ofrecemos. Séculos despois, na *Gramática de linguaguem*

portuguesa (1536) de Fernão de Oliveira achégase o seguinte contexto: «o costume nouo traz a terra nouos vocabulos como agora pouco ha trouxe este nome *picote*|que quer dizer burel do qual porque de fora trouxerão os malgalantes o costume**»**.

No galego moderno, na falar popular, atestamos esta voz, coa nosa acepción, no García *Glosario* (1985) -*DD*- e no *TLPGP*. Este último localiza picote, co significado de 'tecido feito con la e liño mesturado' no concello ourensán de Vilariño de Conso (Araújo García 2006: 144). No relativo á escrita, o *TILG* recolle este termo dende o ano 1844, en que se cita no texto *Rosa e Pascual* de Montero Telinge: «un mantelo de *picote* e un dengue de toda gala». En concreto, este tesouro compila 79 exemplos desta voz, ofrecidos entre 49 obras distintas, e cunha presenza bastante semellante dende o segundo terzo do século XIX ata a actualidade. De feito, entre os anos 1801 e 1850, contamos con 1 caso; entre 1851 e 1900, con 19 contextos; entre 1901 e 1950, con 23; entre 1951 e 1980, 13 ocorrencias e, finalmente, entre 1981 e 2013, computamos 23 casos. O *CORGA* tamén achega 3 contextos desta voz, aínda que só dous deles cadran coa nosa acepción. No ano 1997 figura na novela de Naval titulada *Sombras no labirinto*: «O cura de Santa Marta non ten capa nin capote e cando vai ós entrros leva o mandil de *picote*, logo farteime e marchei**»**.

O español recolle as primeiras atestacións desta voz dende a primeira metade do século XIII. No *Fuero de Zorita de los Canes* (1218-c.1250) cítase: «El texedor del *picote* tome por la tela texida, tinta et tondida dos menkales» -*CDH* e *CORDE*. No século XVI no *Reportorio universal leyes Castilla* (1553) ofrécese o seguinte contexto: «Los picoteros de Çamora y de Palencia pagan alcavala de los *picotes*» -*DICTER*. Un século despois, no inventario de bens de Juana Gutiérrez del Tejo (Atienza, Guadalajara), do ano 1641, ofrécese o seguinte contexto: «Vn jubón y basquiña de *picote* de Córdoba, llano y otro jubón de damasco de lana, en diez y seis ducados**»** -*CorLexIn*. Xa no século XX a presenza deste termo nas letras hispánicas é moi reducida; no *CREA* non se rexistra, pero o *CDH* ofrece 5 exemplos, coa nosa acepción, entre os anos 1915 e 1992. Na obra *El abadengo de Sahagún. Contribución al estudio del feudalismo en España* (1915) da autoría de Puyol y Alonso recóllese: «Dio el Monasterio por la mitad de la renta de unos molinos, "uno capisao de *picote* acordado**"**».

A lexicografía galega ofrece picote, coa acepción que nos ocupa, dende a época premoderna (1863-1985). Localizámolo no: Pintos *Vocabulario* (c.1865), Cuveiro *Diccionario* (1876), Filgueira et alii *Vocbulario* (1926), Carré *Diccionario*[1] (1928-1931), Carré *Diccionario*[2] (1933), Ibáñez *Diccionario* (1950), Carré *Diccionario*[3] (1951), Eladio *Diccionario* (1958-1961), Franco Grande *Diccionario* (1972), Rivas *Frampas I* (1978) e Carré *Diccionario-Voc.* (1979) –*DD*. Anos despois, os dicionarios de carácter normativo, publicados a partir de mediados dos anos 80 do século pasado, ofrecen esta voz entre os seus lemas e como forma sinónima propoñen *candil*.

Os repertorios lexicográficos do portugués tamén achegan picote entre as súas entradas dende comezos do século XVIII, en que figura no Barbosa *Dictionarium* (1611). Ademais tamén está presente no Pereira *Thesouro* (1697) –*CLP*.

No español as obras lexicográficas dan conta de picote dende comezos do século XVII, exactamente, a mesma data que na lexicografía portuguesa. A primeira obra que recolle este termo é o *Tesoro de la lengua castellana o española* (1611) de Covarrubias –*NTLLE*.

Na actualidade o picote séguese empregando para a elaboración dalgunhas das pezas do traxe tradicional galego.

Cfr. s.v. **laan** e **lino**.

plata *s.f. vid. s.v.* **prata** → **[3.2 OUTROS MATERIAIS]**

polote *s.m. vid. s.v.* **pelote** → **[2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER] [2.1.2 TRAXES PARA VESTIR O CORPO]**

pontifical → **[2.4 ORNAMENTOS LITÚRXICOS]**

(do lat. PONTIFICĀLE-).

adx. **1** 'Pontifical, pertencente ou relativo ao sumo pontífice, a un bispo ou arcebispo'.

◦ **Pontifical** (2): "Vna mitara rica *pontifical* de prata esmaltada dourada", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Vn anjllo *pontifical*, dourado, que ten vna pedra grande azur con | outras çinquo pequenas color de çaffý", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

◦ **Pontificales** (1): "Douss sandalias *pontificales* de Damasco con súas çalcas", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

s.m. **2** 'Pontifical, conxunto de ornamentos empregados polo bispo na celebración dos oficios divinos'.

◦ **Pontifical** (1): "Vna vestimenta de *pontifical* con súa cenefa, que he rrica", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

O reconto de alfaias e bens da catedral ourensá ofrece o adxectivo e substantivo pontifical, relacionado co papa, pero tamén cos bispos e os arcebispos e, de seguro, a eles fai mención este termo nos nosos exemplos.

No que respecta ao uso como adxectivo, nas nosas ocorrencias cualifica a un anel («Vn anjllo *pontifical*, dourado, que ten vna pedra grande azur con | outras çinquo pequenas color de çaffý»), unha mitra («Vna mitara rica *pontifical* de prata esmaltada dourada») e unhas sandalias («Douss sandalias *pontificales* de Damasco»). O anel (*vid. s.v.* **anjllo**) destaca por ser unha xoia (*vid. s.v.* **[joia]**) luxosa con pedras preciosas engastadas, de uso para os máximos representantes do clero, nomeadamente o papa, bispo, arcebispos e cardeais. Estes mesmos representantes da Igrexa tamén posuían unha mitra (*vid. s.v.* **mitara**) entre os seus ornamentos litúrxicos (*vid. s.v.* **ornamento**), que portaban en celebracións solemnes e era máis ou menos rica en función do cargo que ocupasen; por exemplo, a citada neste exemplo era luxosa ao estar elaborada de **prata** (*vid. s.v.*) esmaltada e tinguida de dourado. A última peza (*vid. s.v.* **peça**) citada do enxoval (*vid. s.v.* **axuar**) pontifical son as sandalias (*vid. s.v.* **sandalia**), reservadas dende o século XI ao papa, bispos e algúns dignitarios aos que se lle concede tal privilexio. Posiblemente o calzado aquí citado fose de uso entre os bispos da sé ourensá, os cales lucirían esta peza de tea de **damasco** (*vid. s.v.*) nas cerimonias litúrxicas.

Como substantivo, a voz pontifical aparece no contexto «Vna vestimenta de *pontifical* con súa cenefa, que he rrica» para nomear os ornamentos (*vid. s.v.* **ornamento**) litúrxicos ricos, os cales entendemos que un bispo ou calquera outro alto membro da Igrexa tiña ao seu dispor na Catedral de Ourense para o oficio da misa. Esta **vestimenta** (*vid. s.v.*) pontifical ou de pontifical, esta última estrutura máis frecuente durante o medievo, aínda que non exclusivamente, é posible que estivese constituída pola mitra, luvas (*vid. s.v.* **[luva]**), sandalias

e palio, pezas clave nas vestimenta dos papas, arcebispos e, nalgúns casos, bispos. A elas cómpre engadir a casulla (*vid. s.v.* **casula**), alba (*vid. s.v.* **alua**), manípulo (*vid. s.v.* **manjpolo**), **estola** (*vid. s.v.*), dalmática (*vid. s.v.* **[almática]**) e amicto (*vid. s.v.* **amjto**), por seren todos eles elementos con gran presenza neste estudo.

****

No territorio galego os primeiros testemuños do termo pontifical datan do primeiro terzo do século XII. Un documento, escrito en latín, pertencente á Catedral de Mondoñedo (1128) recolle: «numquam ulterius aliud ibi queratis neque habeatis nisi uestrum ius *pontificale* quale habetis in aliis ecclesiis et monasteriis que hereditario iure» -*CODOLGA*. En textos romances a primeira atestación desta voz é de finais do século XIV. Nun documento notarial do tombo H da Catedral de Santiago de Compostela do ano 1396 cítase o adxectivo estudado: «Bernald Eanes, cóengo de Santiago, mostrou a min notario hũu manto de pano d ' ouro inperial laurado a [léteras] mouriscas e outros lauores con seu manípolo forlados de çendal uerde reforçado, o qual manto e manípolo diso que o dito señor e arçibispo dera para a súa capela *pontificab*». Utilizado como substantivo, pontifical aparece na obra historiográfica coñecida como *Crónica de santa María de Iria* (1460-1468) cun uso exactamente igual a un dos nosos exemplos: «Veendo asy o santo obispo condepnado por sentença tan cruel et cõ tal falso testemoyo, leuantouse muy de manãa aquel dia que o asy aviã de lançar ao touro et, cõfiando da piedade de Deus, çelebrou missa cõ vistimenta de *pontificab*»; nesta mesma obra hai tres usos máis desta voz, pero utilizada como adxectivo -*TMILG*. No portugués, a primeira documentación deste termo, como adxectivo, data da primeira metade do século XIV. Na *Crónica Geral de Espanha de 1344* figura: «revestiosse ennas vestiduras *pontificaaes* e disse misa» -Lorenzo *Cronologia* (*DDGM*). Con posterioridade, entre 1400 e 1451 na obra *Boosco deleitoso* cítase: «Esta coroa tiinha ele arredor da mitra *pontificab*». Como substantivo, na *Crónica de D. Duarte* de Pina recóllese: «Sayram fora em procissam, a receber o Corpo d'El Rey, todoolos Bispos em *Pontifical*, e assi toda a outra Clerezia, revestidos com Capas e vestimentas as mais ricas, e com muytas cruzes:…»; no ano 1600 na *Historia da vida do padre S. Francisco Xavier* de Lucena localizamos a construción *de* pontifical: «o bispo de *pontifical* com um grande crucifixo nas mãos», estructura que tamén aparece nun dos nosos exemplos –*CP 1300S-1900S*.

No galego escrito na época moderna, o *TILG* ofrece 25 casos desta voz, repartidos en 18 obras diferentes. Atopámola en dous contextos do ano 1877 no xornal *O tío Marcos da Portela* (1ª época, parrafeos 27-62): «…dirá misa de *pontifical*, o noso siñor obispo don Cesáreo» e «Cando oio unha gaita con acompañamento de cornetín tocada na nosa terra, faime o efeuto que me faría o ver ó demo axudandolle a cantar a misa a un obispo vestido de *pontificab*». O uso como adxectivo data do século XX; en concreto, no ano 1926 en que Gómez Ledo a cita no *Romanceiro compostelán*: «Ferven coma formigueiros as naves da Catedral, esperan a que se empece a misa *pontificab*». Estamos ante un termo non moi utilizado, posiblemente por pertencen a un ámbito determinado como é o relixioso. De feito, entre 1851 e 1900 aparece en 2 ocasións; entre 1901 e 1950 conta con 15 aparicións, a presenza máis alta; na baliza cronolóxica comprendida entre 1951 e 1980 achégase 2 veces e, finalmente, entre 1981 e 2013, só se rexistra en 6 casos.

No ámbito español, os primeiros testemuños desta voz datan do primeiro terzo do século XIII. Berceo na obra *Del sacrificio de la misa* (1228) cita o substantivo: «En la lei antigua el bispo natural | quando querié oficio facer *pontifical*, | si a Sancta Sanctorum entrava del portal, | metié dentro consigo mucha rica señal». Dous anos despois, o mesmo autor na obra *Vida de San Millán de la Cogolla* emprega esta forma utilizada como adxectivo: «Vinién en dos cavallos plus blancos que cristal, | armas quales non vío nunca omne mortal; | el uno tenié croça, mitra *pontifical*,| el otro una cruz, omne non vío tal» -*CDH, CORDE* e *DCECH*. Este último exemplo non o ofrece o *CE 1200S-1900S* que, en cambio, inventaría un contexto extraído tamén dunha obra do autor

anteriormente citado, que leva por título *Milagros de nuestra señora*: «Vinien en dos caballos plus blancos que cristal, Armas quales non vio nunqua omne mortal: el uno tiene croza, mitra *pontifical*; el otro una cruz…». A finais do século XV, na *Crónica de Aragón* (1499) ofrécese este adxectivo, coa nosa acepción: «peligrosa quedaua. otorgo el sancto padre de su poderio tan lleno y | *pontifical* | indulgencia plenaria tan cumplida y bastante quanto la misma de la casa santa» -*DiCCA-XV*. Con posterioridade, no inventario de bens de Miguel Cerdán de Escatrón (Sobradiel-Zaragoza), datado no ano 1615, figura o adxectivo pontifical no seguinte contexto: «Item, un libro de enprenta de la istoria *pontifical*» -*CorLexIn*. Nos séculos que seguen os repertorios consultados (*CE 1200s-1900s* e *CREA*) tamén se fan eco desta voz, tanto con uso de adxectivo como de substantivo. Con todo, a representación que ten este termo na lingua española non é moi elevado ao inscribirse dentro dun ámbito concreto como é o eclesiástico; de feito, o *CREA* só inventaría 48 casos repartidos en 37 textos diferentes.

No que respecta á lexicografía galega, pontifical ofrécese tardiamente como lema, na época premoderna (1863-1985). Entre as obras compiladas polo *DD*, unicamente se recolle na obra enciclopédica Eladio *Diccionario* (1958-1961) e reaparecerá novamente nas obras de corte normativo editadas a partir da segunda metade dos anos 80 do século XX.

As obras lexicográficas do portugués fanse eco desta voz dende o segundo terzo do século XVII, en que se cita no Cardoso *Dict. ex lusitanico in latinum* (1562-1563) –*CLP*.

Os repertorios lexicográficos do español recollen esta voz dende a segunda metade do século XVI en que Casas a ofrece no *Vocabulario de las dos lenguas toscana y castellana* (1570) –*NTLLE*.

Na actualidade o termo pontifical, usado como substantivo ou como adxectivo, segue vixente na lingua propia do ámbito eclesiástico.

Cfr. s.v. **anillo**, **mitara, [sandalia], vestimenta** e **ornamentos**.

Mitra pontifical datada no século XVII[262]

[262] En liña: *http://www.banrepcultural.org/blaavirtual/todaslasartes/vest/vest0.htm* [Consulta: 18 de abril de 2019].



Fragmento dunha saia de picote do traxe tradicional galego[263]

prana → **[3.1 TECIDOS]**

s.f. (do lat. GRĀNA, pl. de GRĀNU- 'gran', 'cochinilla') 'grana, tecido de la fina ou pano moi fino, normalmente, de cor encarnado'.

> ◦ **Prana** –posible erro de lectura- (1): "Item lle mando hua manta de Aragón e outra manta de Sevilla, e dous cabeçaas e huun feltro e huun gobete de *prana*", Armas *Pontevedra*, 1449-xullo-25. [Pontevedra], doc. 39, OR.

No testamento de Pedro de Santo Antón menciónase *prana*, que probablemente se trate do tecido coñecido como grana co que se confeccionou un gobete. O termo grana, dende a súa orixe latina, fai referencia á bugalla que o quermes (*Kermes ilicis*) forma na carpaza e produce unha cor vermella ao espremela. Durante a Idade Media usouse esta voz, fundamentalmente, para denominar os tecidos tinguidos con este colorante.

Dávila Corona, Duran Pujol e García Fernández (2004: 97, *s.v.* grana/grana) definen a grana coma un «tejido de lana fina o paño muy fino de color purpúreo o encarnado, llamado así por teñirse con el polvo de ciertos insectos (cochinilla), que se crían dentro del fruto de la coscoja, llamado grana». Con todo, Martínez Meléndez (1989: 478*, s.v.* grana) explica que no século XV, ao que pertence o noso exemplo, a grana podía nomear tanto un tecido de la (*vid. s.v.* **laan**), coma un de **seda** (*vid. s.v.*), uso que se estendeu ata o ano 1611. A partir do século XVII esta denominación aplicouse unicamente aos panos (*vid. s.v.* **pano**) finos de la, como apuntan os autores anteriormente citados.

Toda a Península ibérica era produtora de grana, especialmente a zona mediterránea e, dende alí, exportouse a diversos países –Gual *Voc. comercio*. Amais, ao longo do século XV está documentada tamén a procedente de Inglaterra, Italia, Yprés, Courtrai e Ruán. A pesar da gran produción peninsular, foi un tecido moi apreciado polas clases sociais máis acomodadas, de feito, as leis suntuarias do ano 1476 prohibiron o seu uso a xudeus e mouros: «suplicamos a vuestra alteza que mande e ordene que los judíos ni los moros de vuestros reynos […] no puedan vsar oro ni plata, ni vistan seda alguna ni panno de *grana* en las rropas de ençima ni deuajo» (Martínez Meléndez 1989: 481-482).

[263] En liña en*: https://www.p1c.online/media/1451770894945917905* [Consulta: 18 de abril de 2019].

Ao lado da tonalidade vermella deste tecido, durante o medievo tamén se coñece a existencia de granas moradas, violetas e rosadas. Nun inventario aragonés (1469) noméanse «una clocha de florentin morada, de *grana*» e nun libro de contas datado en 1504 faise alusión a «tres varas e syete ochauas de grana *rrosada* de Londres» (Martínez Meléndez 1989: 482-483). Aínda así, durante os séculos XVIII e XIX os panos brancos refinados, que se fabricaban en Toledo, tamén se coñecían co nome de grana fronte aos medio brancos, que adoitaban denominarse de *media* grana, identificados no século XV cos «panos veinticuatrenos»; chamábanse así por seren urdidos con vinte e catro centenares de fíos (Larruga [y Boneta] 1995-1996, *ápud. DHTT*, *s.v.* grana/grana).

Durante a Idade Media a grana foi un dos tecidos máis frecuentes na confección de capuces (*vid. s.v.* **capuzo**), capirotes (*vid. s.v.* **capirote**), calzas (*vid. s.v.* **[calça]**), saias (*vid. s.v.* **saya**), argayos[264], gonelas, bonetes, clochas (*vid. s.v.* **crotha**), briais, xibóns (*vid. s.v.* **gibon**), paletoques[265], marlotas[266], alxubas (*vid. s.v.* **aljuba**), entre outras pezas de uso exterior (Martínez Meléndez 1989: 479*, s.v.* grana).

****

No dominio galego contamos coa atestacións deste termo, coa nosa acepción, dende o último terzo do século XIII. Nunha das composicións do clérigo Airas Nunes ofrécense os seguintes versos: «Ali me desbulharon do tabardo e dos panos | e nom houverom vergonha dos meus cabelos canos, | nem me derom por ende *grã[a]s* nem adianos» *-CMGP*, Ferreiro *Glosario* e *MedDB*. Un século despois, o Parker *VCT* (1370-1373)[267] achega a forma graa: «el tijnha uestida hũa capa de feuera tinta en *graa*» *-CP 1300S-1900S*, *DDGM* e *VHCPM*.

No galego moderno, na lingua oral, localizamos grana no García *Glosario* (1985) *–DD*. Na escrita, o *TILG* achega 105 casos desta voz dende a segunda metade do século XIX. A edición *A gaita gallega* (1853) de Pintos cita: «Ai Maruxiña do dengue de *grana* acaba logo si queres botar porque eses ollos me están chamuscando». O *CORGA* tamén ofrece dúas ocorrencias deste termo dende comezos de século, pero para facer referencia á cor. A primeira está na obra *O corazón portugués* (2000) de Loureiro: «… escondido, case refurxiado, baixo a funda *grana* dunha máquina de coser».

A propósito do español, a atestación máis temperá que temos deste termo, co significado que nos ocupa, data da primeira metade do século XIII. A forma grane está presente no *Fuero de Zorita de los Canes* (a. 1218-1250): «De peza galubrini *grane*... octo denarios» *-CORDE*; de por parte, localizamos grana nun documento anónimo dos aranceis aduaneiros da coroa de Aragón (1240): «Omnis pannus de *grana*, VIII denarios» *-CDH* e *CORDE*. No século XIV, nun *Recetario* cítase «vn pedaço de paño de *grana*» *-CE 1200S-1900S*. Un século máis tarde, tamén en textos pertencentes ao territorio aragonés, en concreto, na obra *Arte cisoria o Tratado del arte de cortar del cuchillo* (1423) da autoría de Villena, localizamos o seguinte contexto: «de toçino entreverado que le cubran a todo con filos de seda de | *grana* | que da buen sabor e sano e a mengua d ello con otro» *-DiCCA–XV*. No século XVI na obra de Ortega titulada *Conpusición Arismética y Geometría* (1512) recóllese: «Ansimesmo, torna a partir los 72000000 por los 50 ducados, que es el precio de cada un paño de *grana*, y verná a la partición 140000, y tantos paños de *grana* llevaba el quarto mercader» *-DICTER*. Na carta de dote de Francisca Jiménez (San Cristóbal de la Laguna,

[264] O DRAE (*s.v.* argayo) define *argayo* como «prenda de abrigo de paño burdo que los religiosos de Santo Domingo solían ponerse sobre el hábito».
[265] O DRAE (*s.v.* paletoque) define paletoque como «capotillo de dos haldas largo hasta las rodillas y sin mangas».
[266] O DRAE (*s.v.* marlota) define marlota como «vestidura morisca, a modo de sayo baquero, con que se ciñe y ajusta el cuerpo».
[267] Entendemos que por erro, o autor clasifica este termo como adxectivo.

Tenerife), datada en 1527, cítase: «Yten, seys almohadas grandes, labradas de negro y *grana*, llenas de lana» -*CorLexIn*. No século XX o *CREA* compila máis dun cento de contextos desta voz, aínda que non todos eles son substantivos.

Ao longo da historia da lexicografía galega (*DD*) non se ofrecen exemplos da voz grana coa acepción que rexistramos no noso exemplo. Con posterioridade, só algunhas das obras de carácter normativo (*GDXL*), publicadas a partir de mediados dos anos 80 do século pasado, dan conta deste termo entre os seus lemarios para denominar un 'tipo de tecido'.

Os repertorios lexicográficos do portugués recollen o termo grana, coa acepción estudada, dende finais do século XVII, en que se cita no Pereira *Prosodia* (1697) -*CLP*.

As obras lexicográficas do español ofrecen a voz estudada dende a primeira metade do século XVIII, en que figura no dicionario da Real Academia Española do ano 1734 –*NTLLE*.

Durante a Idade Media a grana foi un tecido moi empregado na confección de pezas da indumentaria para poñer por riba e, malia a alta produción peninsular, a súa utilización estivo restrinxida ás clases sociais altas.

Cfr. s.v. **laan**.

Tea de grana[268]

prata → **[3.2 OUTROS MATERIAIS] [2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER] [2.3 COMPLEMENTOS]**

s.f. (do lat. vulgar **plattus* 'chan', e este do gr. πλατύς 'ancho', 'plan', a través de prata 'lámina de metal' con traslación semántica ao pasar de designar 'prancha de metal' a nomear un metal concreto –*DCECH*, *s.v.* chato, vol. III). A solución *pr-* é o tratamento esperable que ofrece o galego para os semicultismos con *pl-* latino. No noso estudo esta voz conta coas seguintes acepcións:

1 'Prata, metal branco brillante, dúctil e maleable empregado para adornar pezas de roupa e tamén na elaboración de pezas de xoiería, moblería, na fabricación de moeda, etc'.

> ◦ **Plata** (2): "Iten mando a ynes lasa o meu pelote de satilo? sen *plata*[269]", López Carreira *Ourense*, 1412-maio-31. [Ourense], doc. 15, OR.; "Iten deuemos a Tereija dos Santos...

[268] En liña en: *https://www.archiproducts.com/es* [Consulta: 18 de abril de 2019].
[269] Corriximos a lectura do editor, quen le «sarilo de *plata*» no canto de «satilo? sen *plata*».

hun pellote piquado de *plata*", Barral *Santo Domingo*, 1414-xullo-4. [A Coruña], [doc. 2] OR.

◦ **Prata** (1): "con rramos de ouro postos en Damasco azur e os cabos con | salutación de nuestra señora con sonas de ouro et *prata* sobre | seda negra ja rasgada", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

2 'Prata, conxunto de obxectos elaborados con este metal'.

◦ **Prata** (2): "Item lle mando mais toda a sua roupa de vestir con toda sua *prata*", Armas *Pontevedra*, 1449-xullo-25. [Pontevedra], doc. 39, OR.; "Iten, preçaron toda a *prata* que avia ena casa", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1474-[setembro-14. San Miguel de Cabanas. A Baña] (A Co), doc. XIII, OR.

A prata, metal precioso caracterizado pola súa cor branca brillante, é un elemento moi apreciado pola súa maleabilidade, algo menor ca a do **ouro** (*vid. s.v.*). Cítase no reconto da Catedral de Ourense, nos testamentos femininos de María Lasa e María Oanes e nunha carta de taxación de bens de menores.

Na época medieval a prata foi moi utilizada na fabricación de moeda, na elaboración de pezas destinadas ao altar (como cálices, hostiarios, incensarios, entre outros), na encadernación de libros ricos, no adorno da vestimenta e, tamén, na talla de pezas de xoiería. Nesta ocasión, ímonos centrar no uso deste metal no ámbito do **vestiario** (*vid. s.v*) e da xoiería.

Cómpre destacar que o uso da prata se difundiu por Europa durante a Idade de Bronce, a partir do ano 2.000 a. C., ligada á época do vaso campaniforme e, na Península Ibérica, en relación coa cultura argárica, que comezou as explotacións mineiras na parte meridional peninsular, cuxa importancia na economía do mundo mediterráneo é preciso relacionar co florecemento de Tartesos e coa colonización fenicia. Nestes fenómenos coloniais a prata tivo un papel destacado xunto co ouro e o cobre, pero coa aparición da moeda adquiriu un novo valor no mundo antigo, pois tomándoa como patrón, as moedas gregas e romanas constituíron os sistemas máis importantes da economía antiga. Mentres no Al-Andalus circulaba a moeda batida con ouro sudanés, nos estados cristiáns do norte da Península ibérica circulaba a moeda de prata e de billón de tipo carolinxio. Con todo, a partir do século XI, as relacións económicas, cada vez máis intensas entre os mundos islámico e cristián axudaron á difusión do ouro por Europa occidental. En xeral, ata 1340 aproximadamente, parece que a prata foi exportada de Occidente co fin de saldar o seu comercio co imperio mongol. O incremento dos gastos militares e o bloqueo das rutas a Asia Menor, que reduciu os mercados occidentais en Exipto, onde a prata tiña máis valor ca o ouro, fixeron aumentar de xeito gradual o valor desta, o que explica o incremento repentino que experimentou a súa explotación mineira a partir de 1460, principalmente en Europa (Saxonia, Bohemia e Hungría), a cal foi posible grazas ao descubrimento de novos métodos de separación do chumbo da prata. A mediados do século XVI, as minas europeas entraron en decadencia e, a partir de 1550, a prata americana substituíu a europea e provocou unha inflación forte e sostida (*EGU*, *s.v.* [1]prata, vol. 14). Lemeneva e Sallay (2001: 1) tamén se refiren a Europa como principal centro produtor de prata que, durante a alta Idade Media tivo como lugares de produción Poitou, Cerdeña, arredores de Goslar, en Alemaña, Freiberg e Sajonia. A eles podemos engadir, na segunda metade do século XIII, os territorios de Kuttenberg (Kutná Hora) e Bohemia, que produciron prata ata, aproximadamente, o século XV.

Na Península ibérica destacaron, no relativo a este metal, a coroa de Aragón e Navarra e, en Galicia, a presenza da prata estivo, e está, moi ligada á cidade compostelá que conta coa praza das Praterías, a cal debe o seu nome aos obradoiros que acolleu dende a época medieval, fundamentalmente ligados á elaboración de pezas relixiosas (Cruz Valdovinos 2008: 65-158).

A propósito do uso deste metal na indumentaria, Rodríguez Peinado (2011: 344) indica que as gornicións (*s.v.* **orela**) a modo de galóns bordeando os escotes, as bocas das mangas e as aberturas desempeñaron un papel importante como símbolo de diferenciación. Cando eran de prata recibían o nome de *argenfrés* e a elas podían engadírselle aplicacións de pedrería.

O interese que durante a Idade Media tivo o ouro explica o gusto polos obxectos dourados, que cando non tiñan esta cor eran tinguidos. De feito, a prata dourada foi moi utilizada, de menor pureza ca o ouro, empregábase en aliaxe co cobre, inicialmente, e co latón, despois, o que lle confería a cor áurea (Cabrera Lafuente 2005: 8). Coñecíase tecnicamente como prata *corlada* e conseguíase aplicándolle un verniz coloreado transparente sobre diversas superficies metálicas brunidas. Nas súas orixes este verniz utilizábase sobre a prata para obter obxectos con aparencia de ouro (Martínez Hurtado 2002: 140); co avance do tempo, nos séculos X e XI, apareceron as tinturas a base de aceites cocidos aos que se lles engadían resinas e colorantes, pero séculos despois comezaron a ser utilizadas as de base alcohólica.

****

No dominio galego o testemuño máis temperán desta voz data da segunda metade do século X. Nun documento notarial, do ano 969, pertencente ao tombo de Lourenzá cítase: «cruces IIIes com *plata*» -*CODOLGA*. Con respecto á forma sinónima *argentum*, coa acepción estudada, localizámola nun texto escrito en latín do ano 952, pertencente ao tombo de Sobrado dos Monxes (A Coruña): «fixorium, inferturia, cocleares iii, trolione uno, omnia ex *argento*» -Varela Sieiro (2003: 377). En romance os testemuños máis recentes do termo prata están na lírica profana e datan do primeiro cuarto do século XIII. Nunha cantiga escarniña de Afonso Soarez Sarraça (Sança), datada entre 1221 e 1240 recóllense os seguintes versos: «Non casará con ele por ouro nen por *prata*, | nen por panos de seda, quant ' é por escarlata, | ca dona de capelo de todo mal se cata» -*CMGP*, Ferreiro *Glosario*, *MedDB* e *TMILG*. As cantigas marianas tamén achegan exemplos de prata; na composición número 95 (1264-1284) faise referencia a: «E mandó -o tirar fora e poss-ll' our' e *prata* | | deant' , e panos de seda, outros d'escarlata» -*DDGM* e *CSM* (*TMILG*). Poucos anos despois, na *Cr. Gal* (1295-1312) localizamos este termo: «onrrou outrosi a jgleia de Santiago de cousas que ella pode auer d ' ouro ou de *prata* et de pedras preçiosas et de uistimentas et de cortinas de seda» *DDGM* e *TMILG*. Con respecto ao portugués, a lingua veciña documenta esta voz arredor do ano 1104, en que se nomean nun documento escrito en latín «solidos in *plata*» (Varela Sieiro 2003: 385). Con todo, a presenza deste termo en textos portugueses data dos séculos XIII e XIV, en que figura na obra *Vidas de santos de um manuscrito alcobacense*: «E desy forom adeante e virom hũu logar muy alto e muy fremoso todo d'ouro e de *prata* muy fremosamẽte obrado» -*CP 1300S-1900S*. No século XIV, o *VHCPM* compila varios exemplos do substantivo estudado. Con respecto á forma *argent* temos contextos dende o século XIII, cando está presente nos *Foros de Castelo Rodrigo*: «Tod omne que arrancado fore por calonna de mor, arriba, peyte en ropa e en ganado; e la ropa e el ganado seia de nouo fasta demediado; e, si ouro o *argent* queser meter, meta, e aprecieno hos alcaldes e tomen ende a decima parte». A*rgento*, localizámola no século XVI no *Dict. ex lusitanico* (1562) de Cardoso –*CP 1300S-1900S*.

No galego moderno, na oralidade, testemuñamos prata no García *Glosario* (1985) –*DD*- e *TLPGP*. Neste último repertorio os rexistros están nos concellos lucenses de Vilalba e Xermade (Regueira Fernández 1989) e no pontevedrés de Cangas (González González 2002: 573). Na escrita, o *TILG* ofrece casos desta voz, coa nosa acepción, dende o segundo terzo do século XVIII, en que figura na obra *Coloquio de 24 gallegos rústicos* (1746) do bieito Sarmiento:

«De ouro e de *prata* todos iban cheos, así seus vestidos como seus sombreiros». Trátase dun termo cun uso bastante alto, da cal o tesouro mencionado ofrece 2.437 casos, repartidos entre 694 obras distintas.

Na Península ibérica documentamos por primeira vez o termo estudado no territorio catalán, nun texto escrito en latín, aproximadamente do ano 941: «pretium librarum quinque obtime *platae*» (Varela Sieiro 2003: 385). A propósito da forma sinónima, *argentum*, temos rexistros dende o ano 780, en que se recolle nun documento do período astur, escrito en latín, editado por Cumbreño: «…et tres vasos salomoniegos, et duodecim culiares *argenteas*, et unum *argentum* trulionem» -*CODOLGA*. Corominas e Pascual (*DCECH*, *s.v.* argento, vol. I) destacan que se trata dun latinismo que nunca arraigou na lingua española. Con respecto a prata, aumentan as atestacións no territorio catalán durante o século XI; no testamento de Ramiro I, da segunda metade do século referido, escrito en latín, cítase: «et redimerit peso perpisum de *plata* aut de caçemi illos prendat» -*CORDE*. No resto da Península os primeiros testemuños son algo máis tardíos, de feito, teremos que esperar ata segundo terzo do século XII, cando se recolle no *Poema de mio Cid* (c. 1140): «escudos boclados con oro e con *plata*, | mantos e pielles e buenos cendales d'Andria?» -*CDH* e *CORDE*. En textos escritos en castelán na coroa de Aragón durante o século XV, temos mostra en manuscritos do rexistro do *segell secret* da Cancelleria Reial (1412 a 1498): «vellut brocado d oro e otras dotze de vellutado e todo otro oro | *plata* | moneda joyas malas de cuero e todos otros qualesquiere bienes que dura consigo» -*DiCCA-XV*. Un século despois, na obra *Conpusición arismética y geometría* (1512) de Ortega recóllese: «Después que ya te he mostrado todo el valor de un marco de *plata*, quiérote agora dar una regla general para que puedas muy fácilmente conoscer quántos dineros de fineza de *plata* tiene qualquiera pieça de *plata*» -*DICTER*. Con posterioridade, referido ao noso contexto, en inventarios do Siglo de Oro español, damos conta de prata dende o ano 1610, en que se ofrece no inventario de bens de Antonia de Moraleja (Ventosa de la Cuesta, Valladolid): «Yten, vna pretina de muxer de terziopelo azul con treze piezas de *plata* sobredoradas i la medalla pendiente que son catorze» -*CorLexIn*. Amais, no Gual *Voc. comercio* achéganse varias concordancias desta voz relacionadas co mundo téxtil. Xa no século XX, o *CREA* compila preto de 8.000 casos deste termo, o cal dá conta do seu alto uso.

A lexicografía galega ofrece prata como lema dende mediados do século XIX, en que se publica o Rodríguez *Diccionario c.1854* e Aguirre *Diccionario* (1858). Xa na época premoderna (1863-1985) este termo está presente no Rodríguez *Diccionario 1863*, Pintos *Vocabulario* (c. 1865), Cuveiro *Diccionario* (1876), Valladares *Diccionario* (1884), Filgueira et alii *Vocabulario* (1926), Carré *Diccionario*[1] (1928-1931), Acevedo&Fernández *Vocabulario* (1932), Carré *Diccionario*[2] (1933), Ibáñez *Diccionario* (1950), Carré *Diccionario*[3] (1951), Eladio *Diccionario* (1958-1961), Franco Grande *Diccionario* (1972) e Carré *Diccionario-Voc.* (1979). Con todo, as formas *argente* e *argento* só son ofrecidas no *RAG 1913-1928 –DD*. Posteriormente, todas as obras publicadas a partir dos anos 80 do século pasado van ofrecer este termo entre as súas entradas.

No tocante ás obras lexicográficas do portugués, estas recollen prata dende o segundo terzo do século XVI, en que se cita no Cardoso *Dict. ex lusitanico in latinum* (1562-1563). De *argento* os rexistros son máis escasos e localizámolos dende a publicación do Pereira *Prosodia*, no ano 1697 –*CLP*.

De por parte, case un século antes, dende finais do XV temos plata nos repertorios lexicográficos do español. Localizámolo por primeira vez na obra de Nebrija coñecida como *Vocabulario español-latino* (1495). A forma sinónima *argén* recóllese dous séculos despois no

Vocabularium hispanicum latinum et anglicum copiossisimum, cum nonnullis vocum millibus locupletatum, ac cum linguae hispanica etymologijs... (1617) –*NTLLE*.

Na actualidade, a prata conta cun uso habitual e, igual ca noutras épocas, podemos atopala no ámbito da moda máis luxosa, pero tamén en complementos persoais e pezas decorativas. A voz *argento* non triunfou na lingua galega, de feito o último rexistro que atopamos data do século XIV e está na *Cr. Troiana* (1370-1371).

Varela Sieiro (2003: 378) en relación coa descendencia románica desta palabra, explica que se produce unha división neta entre as linguas iberorromanas que escolleron derivados de *plata* fronte ás outras que o fixeron de *argentum*, a forma con máis tradición. O catalán conserva as dúas.

Cfr. s.v. **ouro**.

Pelote de Enrique I (1204-1217) de tafetá, con franxas horizontais de ouro e prata[270]

[270] En liña en: *http://opusincertumhispanicus.blogspot.com.es/2014/10/el-pellote-pellon-pelote.html* [Consulta: 18 de abril de 2019].

R

rasado *adx. vid. s.v.* **rraso** → [3.3 ELABORACIÓN]

raso → [3.1 TECIDOS] [3.3 ELABORACIÓN]

(do lat. RĀSU-, no sentido de 'liso' , der. de *raír* < lat. RADĔRE- 'puír, raspar').

adx. **1** 'raso, liso na superficie, neste caso dun tecido para que non presente realces que sobresaian da tea'. 'raso, liso na superficie, neste caso dun tecido para que non presente realces que sobresaian da tea'.

◦ **Rraso** (2): "Outra vestymenta conprida con vn manto de brocado | *rraso* colorado", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Falta vna vestimenta conprida con seu manto de damasco *rraso* | de labores", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

◦ **Raso** (1): "Outro frontal de brocado *raso* colorado que ten pasaros perlo | médeo con scriptos enas bocas", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

◦ **Rasado** (1): "Quatro toucas vellas de seda, con que leuan as rreliquias e vn | canbrays *rrasado*", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

s.m. **2** 'satén, tecido de seda, suave e liso, con máis corpo ca o tafetá e menos ca o veludo; por unha cara é brillante e pola outra non'.

◦ **Raso** (1): "Yten duas sabas e dous cobertores con vna colcha, que es *raso* escuro", López *Allariz*, 1350-[setembro-28. Allariz] (Ou), doc. 1, OR.

Nesta entrada achegámonos aos participios rasado -regular- e raso -irregular-, que fan referencia a unha superficie lisa ou chá e tamén á estofa coñecida como raso.

No relativo aos participios, aplícase raso a diversos tecidos, precisamente cómpre destacar que os bordados (*vid. s.v.* **bordado**) e brocados (*vid. s.v.* **brocado**) medievais non sempre se confeccionaban con relevo, pois tamén podían ter motivos lisos, con superficies planas na tea, como é o caso dos dous mantos (*vid. s.v.* **manto**), as catro toucas (*vid. s.v.* **touca**) e o **frontal** (*vid. s.v.*) inventariados no reconto da catedral ourensá. No referente aos bordados en pezas de roupa de eclesiásticos, González Mena (1994: 143 e 2008[6]: 389) explica que se trata de bordaduras eruditas relixiosas, cuxos materiais empregados son ricos e suntuosos e nel abundan os temas relixiosos e mitolóxicos, por seren figuras que dende a Idade Media se repetiron ata o século XVIII, en que se introducen técnicas de bordado procedentes da arte chinesa. En concreto esta autora indica «El bordado culto que más testimonios ha dejado, es el aplicado en piezas rituales del culto religioso o vestiduras sacerdotales en las que se instalan casetones o capilletas con temas de los ciclos cristológico, mariológico y de los santos». Posiblemente as roupas (*vid. s.v.* **roupa**) aquí citadas, pertencentes ao enxoval (*vid. s.v.* **axuar**) relixioso e tamén ao persoal, estaban decoradas con motivos bordados moi semellantes aos descritos pola

autora, que no século XV se ven sutilmente influenciados por correntes francesas, inglesas e flamencas, chegadas a través dos monxes bordadores, dado o cosmopolitismo dos mosteiros e as doazóns ou encargas a outros países que facían grandes personalidades da época.

Ademais, o termo raso tamén se utiliza para nomear un tecido caracterizado pola súa suavidade e polo brillo dunha das súas caras. A propósito das características desta estofa, Martínez Meléndez (1989: 325-6), baseándose na definición dada no *DRAE*, indica que o raso é «un tejido de seda de más cuerpo que el tafetán y menos que el terciopelo con brillo por una de las caras» e, no relativo á súa etimoloxía, explica que puido estar relacionada coa lisura e finura desta tea. Explica, como xa se recolle no *DCECH* (*s.v.* raso, vol. IV), que non ten relación co denominado *ras* (*vid. s.v.* **arraz**), un **pano** (*vid. s.v.*) de la (*vid. s.v.* **laan**) importado nos séculos XIII e XIV da cidade francesa de Arrás, lugar que lle dá o nome. Con todo, a relación do termo estudado co pano de Ras, de máis grosor e con vixencia ata a primeira metade do século XIV, é moi común entre os estudosos dos tecidos, a pesar de ser dubidosa. Dávila Corona, Durán Pujol e García Fernández (*DHTT, s.v.* raso/ras) ofrecen unha definición completa de raso «1. Tela de seda, lisa, suave, fina y muy brillante, de revés mate, de más cuerpo que el tafetán y menos que el terciopelo, cuya urdimbre es fina y saliente, y la trama, que es más gruesa, está oculta».

No relativo ás pezas de roupa elaboradas con raso durante o medievo, só coñecemos o uso desta tea no **vestiario** (*vid. s.v.*), tanto masculino coma feminino peninsular, de maneira que este exemplo resulta de interese por ser un tecido nobre empregado para a elaboración dunha **colcha** (*vid. s.v.*), da propiedade dunha muller, Tareixa Eanes, supoñemos que socialmente acomodada ao ser filla dun notario do rei nos dominios ourensáns de Allariz e de Xinzo de Limia. En Galicia non era unha tea de uso corrente entre o enxoval (*vid. s.v.* **axuar**) doméstico, polo tanto é posible que o tecido desta colcha fose importado, ben de Venecia ou ben da cidade castelá de Cuenca, que o producía de menor calidade, segundo recolle Martínez Meléndez (1989: 327-8). Posteriormente o seu uso debeuse ampliar, a xulgar polas indicacións de Rojo Vega (1996: 377), quen explica que no Siglo de Oro español «para labores y dechados de mujeres se usaban sedas de colores: amarilla, azul, carmesí, encarnada, leonada, morada, negra y verde de magtices… servía para confeccionar almares, almillas, almohadas, bolsas, botones, cabezadas, calzas, cedazos, ceñideros de labradores, cintas, cofias, colonias, collares, cordoncillos, cordones, cortinaje, chamelote, encaladas de caballo, entorchados, escofiones, garbines, guantes, gurbiones, hilo, jubones, listones, llaveros, mantos, medias, medias calzas, medios listones, molinillos, moteras, papillos, pasamnos, puños de espada, reatas, reforzadas, talabartes, telillas, tocas, trenzas y vestidicos de niños; en 1537 se pagaban veinte maravedís por carga en el portadgo de la villa de Roa».

A propósito das cores que podía presentar esta estofa, sabemos que se tinguía con tinturas de diversas tonalidades, pero no exemplo do *corpus* indícasenos que era escura, sen concretar a cor, que ben podería ser morada escura, ton moi frecuente no enxoval doméstico da época. Nas ordenanzas da seda de Málaga, do ano 1551, unha das disposicións explica como labrar os tecidos de raso: «...que los *rasos* se puedan labrar en cuatro maneras, la una en ocho o en diez, que son ocho lizos y diez hilos en puya, e en cuenta de veinte e uno en la marca ginovisca» -Gual *Voc. comercio*, *s.v.* raso.

****

No dominio galego a atestación máis temperá do adxectivo raso data do século XI e rexistrámola nun topónimo para facer referencia a un monte con 'vexetación pouco elevada'; nun documento notarial lucense, escrito en latín, no ano 1002, noméase: «santo Iohanne de Monte *Raso*» -*CODOLGA*. En romance galego as mostras datan da segunda metade do século XIII. Nun texto tabeliónico do mosteiro de San Salvador de Pedroso (A Coruña) cítase: «Et des oge este día do iur noso seia ***rasa*** et en iurdo dicto moesteýro seýa entrada et confirmada, asy que

posan ela vender et commer et dar et lavrar et aiurar et sua vontade fazer». Localizamos varias ocorrencias deste termo, pero ningunha delas para denominar o tecido nin o adxectivo no ámbito téxtil. Quizais o contexto máis semellante que temos é o que se ofrece nun documento notarial do cenobio ourensán de Santo Estevo de Ribas de Sil, sen datación: «Et por quanto vinna seladas de dous selos pendentes, escripta en purgameo non ***raso*** nen cançelado» -*TMILG*. Usado como substantivo, consideramos o exemplo que ofrecemos, de mediados do século XIX (1350), a primeira atestación desta voz. No ámbito portugués contamos con testemuños anteriores do uso adxectivo, dende o último cuarto do século XI, en que figura nun texto notarial escrito en latín, de 1076, recollido na obra *Portugaliae Monumenta Historica e saeculo octavo post Christum usque ad quintum decimum*…: «ut de odie in die ipsa ereditate de iuri nostro sia *rrasa* et in uestro dominio sia tradita» -Lorenzo *Cronologia* (*DDGM*). En textos en romance temos exemplos dende o século XIV, en que figura no *Chartularium Universitatis Portugalensis* (1300), aínda que non en relación co ámbito que nos ocupa: «E o dito conseruador visto o que lhe o dito Joham vicente em nome da dita vniuerssidade e studo dezia e pedia e uisto o dito stormento como nom era *Raso* nem borrado nem viciado nem antrelinhado nem sospeiçom em nenhnu logar e como nenhũua pessoa nom pareçia que lhe sobrello possesse nenhũu embargo» -*CP 1300s-1900s*. No portugués, tampouco rexistramos a presenza de raso, referido a un tipo de tea.

Con respecto ao galego moderno, na escrita, o *TILG* achega varios casos desta voz en diversos contextos; o primeiro testemuño co que contamos do adxectivo data do ano 1810 e recóllese no texto *Proezas de Galicia* de Fernández y Neira: «…queimaron toda a madeira das división, | deixando *rasa* a casa»; con todo, ningún dos exemplos que rexistramos está relacionado coa área do téxtil. En relación co substantivo, na fala popular, localizamos raso co significado que nos ocupa, no García *Glosario* (1985) –*DD*- e no *ALGa*; este último rexistra este termo no concello pontevedrés da Estrada. A propósito da escrita, o *TILG* ofrece 336 exemplos de raso, aínda que non todos eles coa acepción que nos ocupa. A primeira atestación desta voz data da segunda metade do século XIX; cítase na obra rosaliana *Cantares Gallegos* (1863): «…elas de negro se visten, delgadiñas e lixeiras, | refaixo e mantelo negro, zapato e media de seda, negra chaqueta | de *raso*, mantilla da mesma peza…». Cómpre destacar que a forma *satén*, que propón o estándar, é moito menos frecuente no *TILG*, da que só recollen 26 exemplos relativamente recentes, pois o primeiro deles data do primeiro cuarto do século XX; no ano 1916 cítase na publicación *A Nosa Terra* nº 2: «Pois da mesma maneira decimo son gallego correutamente monoprano, biprano, aviazón, xeografía, lid (que inda non se formou en castelán para o alemán lied), futbol, *satén*, presuposto, diletante, automobre, xofer, periscopio, etc.». No que respecta ao *CORGA*, este *corpus* ofrece 113 exemplos da voz raso dende 1976 en que se emprega, como substantivo, no relato curto «Un tolo», recollido na obra *Fogo solto*, da autoría de Moreiras: «Parábase, estasiado, diante dos chaleques de forro de *raso* marelo»; o mesmo que ocorre no *TILG*, o *CORGA* rexistra un número reducido de ocorrencias do termo *satén*, limitado a 14 casos, dende 1982, en que se cita na novela de Freixanes titulada *O triángulo inscrito na circunferencia*: «Don Xoan Manuel mandaba cubrir a cadeira cun pano bermello, de *satén* bordado de ouro, e soamente a descobría nos días solemnes de festa».

No territorio español, como adxectivo, documentamos esta voz no ano 1063 nun testamento, escrito en latín, outorgado por S. Galíndez á súa esposa: «et illo qui fuerit ad aplicare, sedeat *raso* et ingenuato pro anima de illo defuncto, illa parte de illo defuncto vadat ad Sancta Maria pro sua anima»; pero trátase dun contexto que dista bastante do significado que nos ocupa -*CORDE*. A forma raso rexístrase dende os anos 1240-1250 en que figura no *Libro de Alexandre*: «non serién plus luzientes si fuesen vivas brasas,| ca eran bien broñidas, bien llanas e bien *rasas*» -*CDH*. Na prosa histórica temos este adxectivo na *General Estoria IV* (c. 1280) de Afonso X: «& *raso* la cabeça & la barua. & tomo oro quanto pudo leuar» -*CDH*, *E 1200s-1900s* e *CORDE*. Con posterioridade, o *DiCCA–XV* ofrece o feminino plural, rasas, dende o ano 1440: «dentro significan hombre astuto perezoso secreto ingenioso y engañoso. § Las spaldas | *rasas* | y llanas.

significan hombre simple auaro. que sufre mucho el trabajo». Con todo, de rasado o primeiro exemplo recollido neste *corpus* está datado aproximadamente dende os anos 1710-1784 e cítase na obra *Historia del Colegio Mayor de de Santo Tomás de Sevilla* da autoría de I. de Góngora, cuxo contexto cadra co do noso estudo: «…ofrezemos e donamos á la dicha nuestra Santa Iglesia é el Nuestro Collegio por Nos fundado en dicha Cibdad, dos paños, el uno de carmesí pelo bordado, en medio un crucifixo, é á los lados Nuestra Señora é Sant Juan, é al rededor de brocado *raso*, con letras que comienzan: O magnum pietatis opus: y el otro de carmesí *rasado* bordado». Séculos despois, o *CREA* ofrece centos de casos da forma raso dende 1975; por contra, da forma rasado este repertorio compila pouco máis dunha ducia de ocorrencias. Como substantivo documéntase raso dende o ano 1483, en que aparece nas *Cuentas G. Baeza*: «1 vara y quarta de *raso* verde, para un jubón para el príncipe, 650 maravedís la vara» -*CorLexIn* e Gual *Voc. comercio*. Na obra anónima *Abreviación del halconero* (1489-1517), de contido historiográfico, ofrécese o contexto que segue: «La Reyna | partio de Soria a XXIX de noviembre y el rey partio | el sabado siguiente y antes le dio el Rey ualia de XII | mil florines de oro en joyeles y en paramentos de | *raso*» -*CE 1200s-1900s* e *CORDE*. De por parte, o *DCECH* (*vid. s.v.* raer, vol. IV) testemuña por primeira vez este substantivo no ano 1570. Séculos despois, o *CREA* atesta esta voz a partir do último cuarto do século XIX, en que se rexistra na novela de Puig titulada *El beso de la mujer araña* (1976): «Es un departamento supermoderno, con lámparas empotradas que dan una luz difusa que no se sabe de dónde viene, y todo es de *raso* clarito, las cortinas son de *raso*, los sillones son de *raso*, y los taburetes también, sin patas, redondos».

Nas obras lexicográficas do galego contamos co adxectivo raso dende a época premoderna (1863-1985). A forma do participio irregular, raso, está presente no Filgueira et alii *Vocabulario* (1926), Carré *Diccionario* (1928-1931), Carré *Diccionario*[2] (1933), Ibáñez *Diccionario* (1950), Carré *Diccionario*[3] (1951), no Eladio *Diccionario* (1958-1961) e no Carré *Diccionario-Voc.* (1979). Usado como substantivo, coa nosa acepción, está presente no Eladio *Diccionario* (1958-1961) -*DD*. Anos despois, os dicionarios normativos publicados a partir dos anos 80 do século pasado ofrecen este adxectivo entre os seus lemas e propoñer para a estofa o termo *satén*, inexistente na obras compiladas polo *DD*.

A propósito da lexicografía portuguesa, esta achega este adxectivo dende o primeiro cuarto do século XVII, pero coa nosa acepción está presente dende a última década deste século, en que se recolle no Pereira *Thesouro* (1697). Como substantivo está presente dende a primeira metade do século XVIII, en que figura no Bluteau *Vocabulario portuguez e latino* (1712-1728) -*CLP*.

Os repertorios lexicográficos do español achegan este termo dende finais do século XV, en que aparece no *Vocabulario español-latino* (1495) de Nebrija. Da forma do participio regular temos mostra dende o ano 1604, en que figura no *Diccionario muy copioso de la lengua española y francesa* de Palet -*NTLLE*.

É de destacar a alta presenza do participio irregular na lingua dende as súas orixes, fronte á forma regular, que parece ter un uso menor. Con respecto ao substantivo, a pesar de estar localizado nunha copia e non nun documento orixinal, un dos nosos exemplos anticipa a datación. No relativo ao galego estándar, como xa indicamos, proponse a forma *satén* (do fr. *satin*), introducida na lingua galega a partir do século XX, pero parece que con menos éxito ca o termo raso.

Cfr. s.v. **açintillado**, **bordado**, **enforrado**, **[gornjçido]**, **[laurado]**, **orillado** e **seda**.

Tea de raso[58]

reliquario → **[2.3 COMPLEMENTOS]**

s.m. (do lat. tardío RELIQUĬARIU-, der. de *reliquia* 'restos' ao que se lle engadiu o sufixo -ARIU) 'relicario, caixiña a modo de colgante onde se conservan con esmero obxectos de valor'.

> ◦ **Reliquario** (2): "mando... os esmaltes et o meu *Reliquario* esmaltado et a miña cunca de plata dourada", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1347-[xullo-17. Santiago de Compostela] (A Co), doc. LXV, OR.; "mando a miña neta Tareija Sanches todo o aliofar et coraes que eu ey et os esmaltes et meu *Reliquario* esmaltado", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1395-[abril-29. Santiago de Compostela] (A Co), doc. XXXIV, OR.

A voz relicario, que se cita nos testamentos femininos de María Paez e Tareixa Sánchez de Gres, utilízase para nomear o obxecto destinado a conservar e custodiar reliquias.

Os relicarios están vinculados á Igrexa dende a súa aparición coa finalidade de gardar certos recordos dos santos e expoñelos á veneración dos fieis. Inicialmente recibiron en latín o nome de *encolpium* e nas súas orixes formaron parte do enxoval (*vid. s.v.* **axuar**) persoal. Tratábase duns colgantes para o pescozo en forma de caixiñas ou medallas con diferentes figuras e inscricións, que se unían a unha **cadea** (*vid. s.v.*); do seu uso temos mostras dende o século IV. Posteriormente, dende o XI, os relicarios adoptaron a forma de arcas pequenas ou caixas e colocáronse sobre os altares dos templos. En ocasións, tamén se confeccionaron en tea en forma de bolsas pequenas con ollais na parte superior dende os que saían unhas cintas (*vid. s.v.* **cinta**) que actuaban como peche, coma a bolsa relicario do arcebispo Rodrigo Ximénez de Rada (Yravedra y Fernández de las Cuevas, 1995: 211). No noso *corpus* dúas mulleres, María Páez e Tareixa Sánchez de Gres, deixan en testamento os seus relicarios, que entendemos que eran colgantes nos cales custodiaban a imaxe dun santo ou santa e, quizais, algún obxecto persoal de veneración (un dente dun neno, unha fita etc.).

Na sociedade medieval eran obxecto de veneración e culto figuras históricas ou míticas do Antigo e do Novo Testamento, como profetas e mártires, pero a partir do século XII e XIII, tamén o eran homes e mulleres laicos de estratos sociais diversos que destacaban por algunha obra. O poder dos santos, presente nos relicarios, abarca dende a protección das persoas e os animais, á cura de enfermidades e ata a superar a morte física intervindo na resurrección dos mortos. No relativo a este culto aos santos, cómpre destacar que dende os primeiros tempos circulaban reliquias procedentes de Oriente, costume que se mantivo ata o século VI, momento a partir do cal se prohibe abrir os sepulcros dos santos; de aí que calquera obxecto

santificado, como fragmentos de tea, aceite das lámpadas que ardían nos sepulcros, area procedente das tumbas, entre outros, fose venerado.

A idea de que para que se materializasen os milagres ou os beneficios dos que era avogoso o santo en cuestión, fose preciso o contacto físico ou aproximación ás reliquias, garantiu o éxito destes complementos, que as mulleres adoitaban levar consigo colgados ao pescozo. Ademais, parello a esta devoción polos santos temos que ter en conta os afamados lugares de peregrinación, espallados ao longo de toda a xeografía, e cuxos núcleos centrais foron: Terra Santa, Roma e Santiago de Compostela. Segundo recolle no seu artigo Franco Mato (2011: 280), a existencia dos relicarios podería ter algo que ver co intercambio de agasallos con Terra Santa.

A propósito da elaboración destas pezas, cómpre destacar que esta estaba suxeita á imaxinación dos artistas dos diferentes gremios (prateiros, escultores, pintores etc.) que se encargaban da súa creación. Polo tanto, co paso dos séculos, a tipoloxía de relicarios foise adaptando aos materiais dispoñibles e aos diversos estilos artísticos.

****

En textos galegos atestamos este substantivo dende o segundo terzo do século XIV, data en que se inscribe o noso exemplo máis temperán, que tamén ofrece o *TMILG*. Ademais, localizamos Reliquario nun documento notarial do ano 1395 recollido na obra *Colección diplomática de Galicia histórica*: «os esmaltes et o meu *Reliquario* esmaltado» -Lorenzo *Cronologia* (*DDGM*). No portugués, o primeiro testemuño que atopamos data do ano 1364. A forma religajro figura nun «Vocabulário português do século XIV» publicado na *Revista de Portugal* XVIII do ano 1364: «dous *religajros* d'alatom»; de por parte, no século XV na obra de Fernão Lopes titulada *Crónica del rei dom Joham I de boa memória e dos reis de Portugal o décimo* tamén se cita esta voz*: parte primeira*: «[...] o rogou [...] que lhe desse aquell santo *relicairo* [...]» -*VHCPM*.

No galego moderno, na fala popular, non localizamos esta voz coa acepción que nos ocupa; no canto, o *TLPGP* rexistra arrelicário no territorio portugués de Sátão (Carvalho 1970: 464). Na escrita, o *TILG* recolle 89 contextos, repartidos en 60 obras distintas, de relicario dende o ano 1810, en que figura no texto *Proezas de Galicia* de Fernández y Neira: «tratamos de rexistrarlos e encontramoslle moitos cális, patenas, *relicarios* e outras cousas da Igresia». Con todo, o significado exacto dos nosos exemplos témolo na obra de López Ferreiro, de marcado ton arcaizante, titulada *O castelo de Pambre* (1895): «Lucía ao pescozo un collar de pedras de tres cabos, do medio do cal colgaba un xoiel a modo de *relicario* que tiña engastoado un gran rubí ou carbunclo que paricía que dispidía chamas». Con respecto ao *CORGA*, este ofrece 11 exemplos dende o ano 1982.

En textos españois testemuñamos esta voz dende o segundo terzo do século XI. Nun texto latino que forma parte do Becerro gótico de Cardeña (Burgos) cítase: «et cuncto que servitio cum que offerant sacrificium, sub uno valente mille et quingentos solidos, cum *reliquario* argenteo vel exarato». En textos escritos en español, a forma moderna relicario, está presente na lingua dende o século XV; de feito, o primeiro exemplo rexistrado no *CORDE* corresponde ao *Cancioneiro de Juan Fernández de Íxar* datado aproximadamente entre os anos 1424 e 1520: «Pilar y piramide, fyrme colupna, | del eçeliastico rico sacrario | del grand Ihesu Christo, y constante tribuna | del tenplo petrino, primal santuario, | real de catolica fe, *relicario* | augusto, çesareo, mauorçio varon, | corona aragonea de grand perfeçion». O catalán recolle a forma reliquiari no século XIV e en Mallorca documéntase dende o XV (Gual *Voc. Comercio*). O *corpus* do *CDH* ofrece exemplos dende aproximadamente 1445-1480, en que figura no *Cancionero* de Antón de Montoro: «Diziendo que es *relicario* |de las ynvençiones buenas,| pues sabed qu' es sermonario |

de las fábricas ajenas, | de arte de çiego juglar». Por contra, da forma reliquario este repertorio inventaría varios exemplos, o primeiro deles datado en 1521 na novela de Piamonte titulada *Historia del emperador Carlo Magno y de los doze pares de Francia*: «E después el perlado Daniel tomó un clavo de los con que fue enclavado Nuestro Redemptor en la cruz y con mucha reverencia le puso en un *reliquario* de alabastro». De por parte, o *CE 1200s-1900s* recolle 161 concordancias desta voz dende o século XV, ao que pertence o *Cancioneiro castellano de París*: «La guarda de vn *relicario* Del yglesia & sagrario». O *DICTER* atesta por primeira vez relicario no ano 1585-1587 na obra *Varia Commensuración*: «En la segunda capilla se pone el *relicario* y, en la tercera, la historia de la advocación de la iglesia». Un século despois, o *CorLexIn*, centrado na compilación de documentos notariais do Siglo de Oro Español, ofrece exemplos desta voz. O primeiro deles data de 1623 e pertence ao inventario de bens de Pedro del Castillo Becerra: «Dos *relicarios* de flores de seda sin guarnición ninguna, en sus cajas de madera, vno grande y otro pequeño». O *DAutoridades* (1737, tomo V) ofrece 3 artigos desta voz, pero o primeiro deles define ben o noso contexto de estudo: «El lugar en donde están las reliquias recogidas y guardadas. Trahele Covarr. en su Thesoro. Latín. *Reliquarium theca, repositorium*». A partir do último terzo do século XX, o *CREA* dá exemplos deste substantivo dende o ano 1977.

No que respecta ás obras lexicográficas galegas, relicario figura como entrada de dicionario dende a época premoderna (1863-1985). Está, unicamente, no Payzal *Vocabulario* (1800), quen indica «patena. Unha "patena" é unha medalla grande pero sen *reliquias*» e no Eladio *Diccionario* (1958-1961) *-DD*. Tamén figura nos dicionarios, de corte normativo, publicados a partir de mediados dos anos 80 do século pasado.

Os repertorios lexicográficos do portugués recollen este termo dende o segundo terzo do século XVI, aproximadamente. Aparece como entrada de dicionario no Cardoso *Dict. ex lusitanico in latinum* (1562-1563), Pereira *Thesouro* (1697) e Bluteau *Vocabulario portuguez e latino* (1712-1728) *-CLP*.

A lexicografía española dá conta da forma reliquario dende o comezo do século XVI, en que a recolle Alcalá no *Vocabulista arávigo en letra castellana* (1505). Anos despois, en 1570 localizamos relicario na obra de Casas titulada *Vocabulario de las dos lenguas toscana y castellana –NTLLE*.

Ao longo da Idade Media podemos dicir que relicario é unha voz de uso restrinxido ao ámbito relixioso case exclusivamente, pero increméntase a partir do séc. XIX e faise frecuente nos romances peninsulares, ben como peza do enxoval persoal, ben como obxecto propio do altar.

Cfr. s.v. **cadea**.

Relicario persoal dos séculos XVI-XVII, custodiado no Museo Etnográfico de Castilla y León[271]

[271] En liña: *http://www.museo-etnografico.com/areafondos.php* [Consulta: 18 de abril de 2019].

roantón *s.m. vid. s.v.* **manton** → **[2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER] [2.1.3 TRAXES DE POÑER POR RIBA]**

ropa *s.f. vid. s.v.* **roupa** → **[2 O VESTIARIO]**

roupa → **[2 O VESTIARIO] [2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER] [4.1 ROUPA DO LEITO]**

s.f. (do gót. **raupa* 'botín', que derivaría de *raupjan* 'pelar, arrincar', verbo posiblemente emparentado co xerm. *raubôn*, de onde procede o galego *roubar*. É a orixe gótica a que nos permite explicar a existencia do *-p-* en posición medial dalgúns romances (*roupa, ropa*), mentres noutros, coma no catalán, é un *-b-* (*roba*), ao proceder directamente da voz xermánica 'roupa'. Ambas as dúas raíces, *rop-* e *rob-* conviven nas linguas romances –*DCECH*, *s.v.* roupa, vol. V e Varela Sieiro -2003: 102). No *corpus* estudado esta voz ten as seguintes acepcións:

1 'Roupa, conxunto de pezas de vestir, de uso na vivenda ou nun determinado lugar'.

◦ **Roupa** (9): "Et que esta *Roupa* que seja ena enfermaria para os frayres doentes ou para os frayres que foren ospedes que os mays mester ouueren", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1395-[abril-29. Santiago de Compostela] (A Co), doc. XXXIV, OR.; "Item] mando que o outro meu quinon dos pannos et da *roupa* que a min Paay Marino quando casar", Pérez Rodríguez *Toxos Outos*, 1334-agosto-6. [Toxos Outos. Lousame] (A Co), doc. 795, COP.; Pichel&Martínez *documentação*, 1334-agosto-6?.[Toxos Outos. Lousame] (A Co), doc. 14, COP.;" López Ferreiro *Fragmentos*, 1334-[agosto-6. Lousame. Toxos Outos] (A Co), COP.; "Et que esta *Roupa* que a garden e procuren os meus conpridores" López Ferreiro *Galicia histórica*, 1395-[abril-29. Santiago de Compostela] (A Co), doc. XXXIV, OR.; "Et que meus herdeiros et aqueles que vieren en meu lugar que seian obligados de cobrir et Restoyrar a dita *Roupa*" López Ferreiro *Galicia histórica*, 1395-[abril-29. Santiago de Compostela] (A Co), doc. XXXIV, OR.; "mando ao dito Juan Nouo que quando veer alguno porue, que o aluerge en na minna *roupa* por lo amor de Deus", Graña *Vilourente*, 1403-outubro-21. Vilamor. [Mondoñedo] (Lu), doc. 115, OR.; "Item mando que me vistan, quando for finado, enna mellor *roupa* que eu tever", Armas *Pontevedra* 1449-xullo-25. [Pontevedra], doc. 39, OR.; "paguen ben o seu tenpo servido e mais o soldo enteyro de un ano a cada hun deles e hua *roupa* de loito", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1473. [Lantaño. Portas] (Po), doc. VIII, COP.

◦ **Rroupa** (2): "Jtem mando ssote|rrar? meu corpo na ygleia de Ssanta María de Monte Rrey et leixo y por *rroupa* et por leyto que comjgo ffor seis morauidís", Lorenzo *Montederramo*, 1327-xaneiro-20. [Monterrei] (Lu), vol. II, doc. 924, OR.; "mando... et da *rroupa* en que manan", Lorenzo *Montederramo*, 1348-outubro-27 {1348-outubro-12}{1325-xuño-23}{1338-decembro-31} [Maceda] (Ou), vol. II, doc. 1260, OR.

◦ **Rropa** (1): "Jten mandó que o clérigo pago da | *rropa* que has dúas sayas que quedavan de|sen hũa dela a Mayor de Lobelle para pelote", Lorenzo *testamentos*, 1497-setembro 4/novembro-1. [Cee] (A Co), COP.

◦ **Ropa** (1): "Et mando a filla mynna María Fernández toda a *ropa* de mynna casa salvo a que de suso mandey", Cambón *Melón*, 1285-maio-5. [Ribadavia] (Ou), doc. 836, OR.

◦ **Roupas** (3): "Conven a saber huun almadraque et huu [ar]mareo que tenno aa cabeçeyra e dous fa*** et huna co[lc]ha et duas sauaas, et mando a outro meu quinon dos pannos et da *roupa* que o aia Paay Marino quando casar", Sánchez *ACS*, 1334-agosto-

11. [Cereixo. Vimianzo] (A Co), doc. 7, COP.; "Item mando a Moor Afonso... todas las cousas mouelles, *roupas* et axuar que acharen en esta mina casa", Sánchez *ACS*, 1389-agosto-12. Santiago de Compostela (A Co), doc. 34, OR.; "Mando todas as las minas *roupas* que eu ey de uistir que as de meu conpridor", Lucas&Justo *Fontes USC*, 1423-novembro-09 {1422-marzo-14} [Santiago de Compostela] (A Co), doc. 276, OR.

2 'Roupa, peza(s) do vestir ou indumentaria que alguén leva posta(s)'.

◦ **Rroupa** (1): "Iten mando aos malatos da malataria de lugo tres terças de pam e a *rroupa* do meu corpo", *Col. doc. históricos*, 1360. [Lugo], vol. I, doc. LXVII, OR.

Está voz tamén forma unidades pluriverbais:

I 'Roupa de cama, pezas que se utilizan para cubrir a cama.'

◦ **Roupa de cama** (4): "Item teno en Ponferrada *roupa de cama* et arcas et mesas et bootades et outro exuar de casa", Portela *Lugo XV*, 1414-[setembro-14]. Lugo, doc. 917, OR.; "Iten mando a Maria Fernandes todo o meu quinon da *roupa de cama*", Otero *Quiroga*, 1450-maio-19. Cendemil [O Valadouro] (Lu), doc. 34, OR.; "Conven a saber asy de boys et bacas et ovellas et cabras et porcos et ouro et prata et dineiros et *roupa de cama*…", Portela *Lugo XV*, 1453-abril-11. [Narla. Friol] (Lu), doc. 1093, OR.; "serán de bon pano como a ela pertenece, e outra saia de coutral e súa *roupa de cama*", Otero *Quiroga*, 1489-maio-27. Carballedo. [O Hospital. Quiroga] (Lu), doc. 49, OR.

◦ **Roupa da cama** (1): "Iten lle mando mais toda mina *roupa da cama* sen os dous almadraques que eu agora teno", López Carreira *cidade Ourense*, 1411-outubro-7. [Ourense], Docs. I. Testamentos, doc. 1, OR.

◦ **Rroupa de cama** (1): "Item teño en Ponferrada ***rroupa*** *de cama* et arcas et meſas et bõotades et outro exuar de caſa", Maia *História galego-português*, 1414-[setembro-14]. Lugo, doc. 42, OR.

◦ **Rropa da cama** (1): "Yten mando que toda a mina parte da *rropa da cama* saja luego puesta dentro enas ditas cassas do dito hospital", Armas *Pontevedra*, 1439-xuño-15. [Pontevedra], doc. 31, OR.

II 'Roupa de vestir, pezas de roupa que alguén leva postas'. Durante a baixa Idade Media esta expresión foi un eufemismo para facer referencia ás prendas que quedaban á vista e cubrían o corpo, en contraposición coa roupa interior, coma a **camisa** (*vid. s.v.*) (Elorza Maiztegi 2000: 286).

◦ **Roupa de vestir** (2): "Item lle mando mais toda a sua *roupa de vestir* con toda sua prata", Armas *Pontevedra* 1449-xullo-25. [Pontevedra], doc. 39, OR.; "Item mando... a toda a mia *roupa de vestir*", Armas *Pontevedra* 1449-xullo-25. [Pontevedra], doc. 39, OR.

◦ **Roupa de vestyr** (2):"Iten mando a miña yrmaa Dominga Lourença toda a miña *roupa de vestyr*", López Carreira *Álvaro Afonso*, s/d (Ou), doc. 414, OR.; "Iten mando a miña yrmaa Dominga Lourença toda a miña *roupa de vestyr*", López Carreira *cidade Ourense*, 1434-setembro-14. [Ourense], Docs. I. Testamentos, doc. 9, OR.

◦ **Roupas de vestir** (2): "Yten mando que de estas miñas *roupas de vestir* que deijen e den a meu cumplidor", García Oro&Portela Silva *Mariño*, 1427 [O Cabo. Os Ánxeles. Brión] (A Co), doc. 18, OR.; "Mando, que vendan o meu tisillo e *roupas de vestir* en pregon", *Col. doc. históricos*, 1464 [San Clodio. Leiro] (Ou), vol. I, doc. LXXII, COP.

Nestes exemplos do *corpus* achegámonos á voz roupa. Ao falarmos deste termo englobamos, como primeira acepción, o 'conxunto de pezas do vestir, da casa ou localizadas nun lugar determinado'; na segunda acepción, ofrecemos a 'peza ou pezas da indumentaria que alguén leva posta'. Amais, tamén localizamos as unidades pluriverbais roupa *da cama* e roupa *de vestir*.

Á orixe da indumentaria da Idade Media e á súa evolución ao longo do tempo referímonos no segundo apartado deste estudo (2 **Unha breve achega ao vestiario, complementos e tecidos**). Para abordarmos a súa análise, como indicamos, diferenciamos a roupa interior, a roupa para vestir o corpo e a roupa exterior, seguindo a proposta de Bernis (1979). Na sociedade dos séculos que nos ocupan, XIII a XVI, a roupa e o téxtil, en xeral, tivo unha grande importancia ao funcionar como elemento distintivo das clases sociais, de feito é significativo que xunto coas pezas do leito figurasen nos legados testamentarios. Amais, en ocasións estás roupas eran empregadas como moeda de intercambio, práctica que incrementou o seu valor.

Todas as pezas que poden formar parte da indumentaria persoal ou da vivenda adoitaban utilizar o liño (*vid. s.v.* **lino**) ou a la (*vid. s.v.* **laan**) como base, por seren frecuentes na Galicia do momento. Normalmente, o proceso de elaboración realizábase nas casas, a modo de autoconsumo, e eran as mulleres as que tiñan asignada a tarefa da confección da roupa.

****

En textos galegos Varela Sieiro (2003: 102) atesta a forma raupa no último terzo do século XI. Cítase na documentación do Mosteiro de Samos (Lugo), en 1074, coa mesma acepción que recollemos en primeiro lugar[272]: «et de *raupa* Iª manto zingaue et una pelle alfaneque et alia zingabe et uno cappifolle et una strectura et unos pannellos et uno lecto crecisco et Ve parelios de manteles…». En textos escritos en romance galego os primeiros testemuños deste termo datan, aproximadamente, do segundo terzo do século XIII. Unha cantiga escarniña de Johan Baveca na cal critica a Pero Garcia d'Ambroa ofrece a forma rroupa: «cedo | vus amostr ' a *rroupa* que vos dará» (1240-1300) -*CMGP*, *MedDB* e *TMILG*. Nos *Foros de Castelo Rodrigo* (1280-1290), caracterizados polo hibridismo lingüístico (Rodríguez Parada 2007: 408-409), localizamos roupa e ropa: «Tod omne que arrancado fore por calonna de mor. arriba, peyte en *ropa* e en ganado; e la *ropa* e el ganado seia de nouo fasta demediado» e «Al corredor da *roupa*, non tome mays de . II. dineyros del mor.; e, de. XIX. dineyros» -*TMILG*. Na prosa histórica tamén documentamos esta voz, como é o caso da *Cr.Gal*, que atesta este termo co significado primitivo de 'botín, despoxos' no exemplo que segue: «entrou na villa… et astragarõ todo o al… et leuarõ ende *roupa* de muytas maneiras». A forma rroupa, xa co significado actual está presente, por exemplo, no Parker *VCT*: «Et quando as veu Paris, mãdara de ante tender *rroupa* et fazer estrados de aquelo que os pastores [tynã]» -*DDGM* e *TMILG*. No portugués as primeiras atestacións recólleas un documento notarial pertencente ao Mosteiro de Santa Cruz de Coímbra (1301-1400): «O qual Martin Gil que pressẽte estaua se deu por ẽ tregue dos ditos dinheiros & *Roupa* & deu por liures & quites pera sempre o dito Affomso Ffernadjz & a dita ssa molher & todos seus bẽes dos ditos dinheiros & rroupa das quaees cousas o dito Affomso Ffernadjz pedjo hũu stormento» -*CP 1300s-1900s*.

No galego moderno, na fala popular, rexistramos roupa no García *Glosario* (1985) –*DD*- e no *TLPGP*. Este último repertorio, como é esperable, localízaa en diversos territorios de Galicia e Portugal. Na escrita, trátase dun termo con moita presenza na lingua, de feito o *TILG* atesta 4.090 exemplos do termo roupa, dende o ano 1746, en que a recolle Sarmiento no *Coloquio de 24 gallegos rústicos*: «…puxeron nun leito, vestironll'a *roupa* de rei con aseo». Anos despois, en 1805

[272] Niermeyer (2002, *s.v.* rauba, vol. II; *ápud* Varela Sieiro 2003: 102) explica que na documentación europea medieval esta voz podía ter varios significados: 'botín', 'vestidos dos que se despoxou ao inimigo', 'efectos mobiliarios', 'utensilios de menaxe', 'vestidos' e 'roupa do leito'.

no texto anónimo *Representación dos veciños de Pontedeva* achégase un significado xeral de roupa: «O Rei, é bo e non fai | com'os bobos de Ourense que nos levan cento por cento nas *roupas*, que nos venden nas feiras, e non pode querer o noso Rei que lle paguemos un carto polo neto do viño, que non podemos vender a ochavo». De por parte, no *Diálogo entre dos labradores gallegos afligidos, y un abogado intruido, despreocupado y compasivo* (1823) de Boado Sánchez ofrécese o seguinte contexto da unidade roupa *de cama*: «Do que | ll' acaba de decir aquí este, non dubidei súa mercé, que noutras | partes é o mesmo, ou pior; e se non pode súa mercé perguntar | o que pasaba nalgunhas coa Abadía, que levaban a *roupa* da cama do que morría». No *CORGA* este termo tamén é de uso frecuente dende que se rexistra por primeira vez no ano 1975 nun texto técnico relacionado coa contaminación industrial: «Millóns de persoas siguen a vivir moi por embaixo dos nivéis mínimos necesarios para unha esistencia humana digna, privadas de alimentación e *roupa*, de vivenda e educación, de sanidade e hixiene axeitadas». Como se pode comprobar, trátase dunha voz de uso frecuente na lingua.

En textos casteláns, Varela Sieiro (2003: 102), seguindo o *DCECH*, documenta a forma *raupa* na Península Ibérica dende a. 917, ano en que aparece nun documento de Cardeña (Córdoba); datación que tamén recolle o *CORDE*: «exinde omnia facultate nostra, ecclesias, kasas, cellarios, orreos et uno maureteno, lacares, quum omne ingresso et regresso, et libros, *raupa*, vestimenta, oves et bobes, kaballos, ortos, pumare, vineas». En textos escritos en romance, a primeira datación é da segunda metade do século XII. No *Poema de mio Cid* (a. 1140) recóllese o seguinte contexto: «Tanto traen las grandes ganancias,| muchos gañados de ovejas e de vacas,| e de *ropas*, e de otras riquizas largas» -*CDH*. Berceo na obra *Del sacrificio de la misa* (1228) tamén ofrece este termo: «El preste revestido de la *ropa* sagrada,| tórnasse al altar, reza, la voz cambiada» -*CDH* e *CORDE*. O Gual *Voc. Comercio* documenta a forma roppa dende o ano 1274 nun documento notarial: «Item la vaxiellya et la *roppa* sço es a saber». En textos españois do territorio aragonés datados no século XV, recóllese como primeira datación o ano 1411; co mesmo uso que ofrecemos na primeira acepción temos un exemplo procedente de manuscritos do Archivo Histórico de Protocolos de Saragossa: «declaramos dezimos e mandamos que todos los otros bienes casas e aredades edificios | *ropas* | joyas e otros bienes e cosas que fueron del dito Jaco Cohen alias Frances». En relación cunha das unidades pluriverbais estudadas, contamos cun contexto extraído dos pergamiños de *Fons Sástago* (1402 a 1498): «Item lexo a los ditos Anthonjco et Johanjco del Forno fillos mjos todas mjs | *ropas* | de vestir que les sean partidas por yguales partes por su dius scripto» e para a terceira, «trapos de lino de lana vaxellas litteras caxas coffres leytos oro argent olio | *ropas* | de lana de lino seda algodon canyamo ostillas e manifficios de fust» -*DiCCA-XV*. Neste mesmo século, nas *Ordenanças de paños* (1527) cítase: «Otrosí, mando que ningún mercader ni las otras personas que ovieren de vender los dichos paños, e cordellates, y estameñas, e frisas e fustanes a la vara, o no los puedan vender nin vendan por vara, ni corten d'ellos *ropas* para las vender hechas» -*DICTER*. Un século despois, na carta de dote de Beatriz de Comillas (Sahagún-León) -1601 ofrécese: «Vna *ropa* de cotonía blanca, biexa, en seys reales» -*CorLexIn*. Con posterioridade, os repertorios manexados ofrecen numerosos contextos desta voz, por exemplo, o *CREA* computa 9.434 concordancias dende o ano 1975, en que figura na novela *Carne apaleada* de Inés Palou: «Armario grandísimo para la *ropa*».

No relativo á lexicografía galega, localizamos este termo nos repertorios lexicográficos dende a época clásica, en que figura no Sobreira *Papeletas* (1792-1797) formando parte de unidades pluriverbais. Tamén está como lema nos Reguera *Traducción* (1840-1858), Rodríguez *Diccionario c.1854*, Aguirre *Diccionario* (1858), Rodríguez *Diccionario 1863*, Pintos *Vocabulario* (c.1865), Cuveiro *Diccionario* (1876), Valladares *Diccionario* (1884), Filgueira et alii *Vocabulario* (1926), Carré *Diccionario*[1] (1928-1931), Acevedo&Fernández *Vocabulario* (1932), Carré *Diccionario*[2] (1933), Ibáñez *Diccionario* (1950), Carré *Diccionario*[3] (1951), Eladio *Diccionario* (1958-1961), Franco Grande *Diccionario* (1972), Rivas *Frampas I* (1978) e Carré *Diccionario-Voc.* (1979). É de destacar a atención que lle prestan á fraseoloxía algunhas desta obras, como é o

caso do Valladares *Diccionario* que ofrece Roupa *lavada, po-l-o sòl agarda* ('o traballo feito non ten apuro') e tamén a cantiga popular: Roupa *d'a miña baranda;* | roupiña *d'a miña boda,* | *¿quèn t'ha d'usar, miña* roupa | *s' hoje a de lòito m'abonda?* Igualmente o Acevedo&Fernández *Vocabulario* recolle un refrán na franxa oriental galega que di *De baldre texen os cais, que non rompen a* roupa para indicar que 'de balde ninguén fai nada'. O Eladio *Diccionario* cita as unidades pluriverbais roupa *branca* 'roupa da casa e interior'*,* roupa *caseña* 'roupa para andar pola casa' e roupa *feita* 'roupa para vender'. A fraseoloxía que ofrece este dicionario, coma noutros exemplos, tamén é rica: *A* roupa *moi lixosa lávase na casa; ben estás de* roupa*, se non che se molla;* ropa *lavada, polo sol agrada; se queres criarte gordo e san, a* roupa *do inverno para o verán.* O Franco Grande *Diccionario* propón a expresión roupa *de cotío* para roupa de uso diario e Rivas *Frampas I* indica que en Frades empregan *andarlle a un coa* roupa *das festas* para facer referencia a 'pegarlle a alguén'. Posteriormente, este termo está presente en todos os dicionarios publicados a partir da década dos anos 80 do século pasado, xa de corte normativo.

Nas obras lexicográficas do portugués dáse conta deste termo dende comezos do século XVII, en que se cita no Barbosa *Dictionarium* (1611). Ademais, está presente como entrada no Cardoso *Dict. ex lusitanico in latinum*, Pereira *Thesouro* (1697), Bluteau *Vocabulario synonimos* (1728) e Folqman *Diccionario* (1755) –*CLP*.

A lexicografía do español ofrece ropa dende comezos do século XVI, en que figura no *Vocabulista arábigo en letra castellana. En Arte para ligeramente saber la lengua arábiga* (1505) de Alcalá –*NTLLE*.

Como podemos comprobar, é unha voz de uso corrente na lingua dende as orixes do idioma.

Cfr. s.v. **bestido**, **[bestidura]** e **vestiaria**.

[ricoma] → **[3.3 ELABORACIÓN]**

s. (de etimoloxía incerta; quizais teña que ver con *rizoma* < do gr. ῥίξωμα, á súa vez derivada do gr. ῥίξα 'raíz' por ser un bordado semellante á forma das raíces) '*ricomas*, tipo de bordado'.

> ◦ **Ricomas** (3): "Outras dúas capas brancas de *ricomas* que non som | ricas", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Vn manto rico de *ricomas* con toca de vermello con seu | manjpolo e estola d'aquela color", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Dúas almáticas de damasco brocado de vermello con | súas frocaduras de *ricomas* con súa estola e manjpolo", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.
>
> ◦ **Rricomas** (1): "Jten quinze capas de *rricomas* de canónigos", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

No reconto de bens da catedral de Ourense recóllese a voz ricoma. Con todo, trátase dun termo cunha representación moi escasa, tanto no galego coma nas linguas veciñas.

Hoxe sabemos que este tipo de bordado estaba relacionado coas clases sociais máis acomodadas coma os reis, a nobreza e o clero, colectivo ao que pertencen os nosos exemplos. Atopamos o ricomas en dalmáticas (*vid. s.v.* **[almática]**), capas (*vid. s.v.* **capa**) e nun **manto** (*vid. s.v.*), pero este **bordado** (*vid. s.v.*) tamén podía utilizarse para a confección dos zapatos (*vid. s.v.* **[çapato]**), como permite comprobar Mirón (19??: 245) no seguinte contexto,

que fai mención á **vestimenta** (*vid. s.v.*) das raíñas de Aragón, que lucían: «Zapatos de *ricomas* brancos co iguales adornos y broches».

****

No territorio galego medieval as únicas atestacións coas que contamos datan de finais do século XV. Pertencen ao inventario da sé ourensá, xa citado, datado no ano 1493. Nin o *CODOLGA*, *DDGM* nin *TMILG* fan mención a este termo. De por parte, no portugués non localizamos o termo estudado en ningún dos repertorios consultados (*CP 1300s-1900s* e *VHCPM*).

Con respecto ao galego moderno, non temos testemuños nin na fala popular (*ALGa* e *TLPGP*) nin na escrita (*CORGA* e*TILG*).

Por contra, o español ofrece atestacións deste termo dende finais do século XIV, en que figura nun reconto da Catedral de Oviedo, do ano 1385, no cal se fai referencia en varias ocasións a este tipo de bordado: «vna capa de *rricomas* uermejo», «otra capa de *rricomas*» (Villaamil y Castro 1907: 53). Anos despois, xa no século XV, cítanse 6 casos na *Biblia romanceada (judio cristiana)*, texto anónimo, de aproximadamente o ano 1400: «Cobri | tu verguença & jurete & entre en pleytesia | contigo dize el señor dios & fueste mja & lauete con agua & trascurri| tus sangres de sobre ty & vntete| con olio. & uestite de *rricomas* & calçete| de taas & emboluite en purpura| & cubrite con sirgo & bornete de or(or)namento» -*CDH* e *CE 1200s-1900s*. Un século despois, nunha composición de Encina recóllese o seguinte verso: «E um jubon de *ricomas*» (Gallardo 1968: 26).

A propósito das obras lexicográficas, cómpre destacar que os repertorios do galego e do portugués non achegan este termo entre os seus lemas, no entanto a lexicografía española faise eco desta voz dende o segundo terzo do século XIX, en que se cita ricoma en tres obras enmarcadas neste século. A primeira delas é o *Nuevo diccionario de la lengua castellana, que comprende la última edición íntegra, muy rectificada y mejorada del publicado por la Academia Española, y unas veinte y seis mil voces, acepciones, frases y locuciones, entre ellas muchas americanas...* (1846) da autoría de Salvá. Na definición faise referencia a que se trata dun termo antigo sinónimo de 'bordadura'. Esta mesma indicación recóllese na obra *Biblioteca ilustrada de Gaspar y Roig. Diccionario enciclopédico de la lengua española, con todas las vozes, frases, refranes y locuciones usadas en España y las américas españolas* (1855), de Gaspar y Roig, no *Nuevo suplemento al Diccionario nacional o gran diccionario clásico de la lengua española* (1869), de Domínguez e, finalmente, no *Diccionario enciclopédico de la lengua castellana* (1895) de Zerolo –*NTLLE*.

Semella que esta voz que denominou un tipo de bordadura empregouse durante os séculos XV e XVI, momento en que entrou en desuso, ao menos, no galego e no español.

Cfr. s.v. **ceneffa**, **[borla]**, **frocadura**, **labor** e **orela**.

[rramal] → **[2.4 ORNAMENTOS LITÚRXICOS]**

s.m. (do lat. RAMĀLE-, der. de *ramo* < do lat. RAMU- 'gallo') 'ramal, cada unha das dúas cintas anchas que colgan pola parte posterior da mitra pontifical'.

> ◦ **Rramales** (1): "Vna mitara rica pontifical de prata esmaltada dourada| gornjçida de alxofar con seus *rramales* que ten (que ten) seys | chapas cada vna, tres esmaltadas, todo de prata con seus lyones d'axofar et con doze clauos, ennos cavos et |con dúas (et con dúas) pedras de çafíjs azures e ençima enna| faz delante ten douss çafíjs en súas cayxas

> et con outras tres | pedras grandes de color de alunbre, et desta parte da façe | falta vna pedra porque a furtaron a quen foy prestada; et | da outra parte ten un cafý grande azur et ten máys vn rrouj | et outra pedra de color de alanbre", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

No inventario da catedral ourensá, entre todos os bens relacionados, cítase unha mitra (*vid. s.v.* **mitara**) rica con ramais (*vid. s.v.* **[ramal]**). O termo ramal fai referencia ao 'cabo da corda que se ata á cabeza dun animal' ou 'á división dunha vía de comunicación, xa sexa estrada, xa calquera outra, que serve para comunicar unha localidade cunha vía principal'. Neste exemplo, entendemos que se trata dunha extensión de significado desta última acepción ao definir 'as divisións que xorden da mitra e van penduradas dela', é dicir, as *ínfulas*.

Mentres a mitra (*vid. s.v.* **mitara**) simboliza o poder sacerdotal, estes ramais aluden á plenitude do sacerdocio e están en relación coa **estola** (*vid. s.v.*). Antes da Idade Media era unha peza independente e foi dende entón cando formou parte do toucado pontifical[273].

A propósito destes ramais, cómpre destacar que son parte dunha mitra ornada ou preciosa, como así de denomina este tipo de «mitara rica pontifical de prata esmaltada dourada gornjçida de alxofar», que contaba cunha decoración luxosa e esmerada ao estar elaborada en metais nobres e gornecida con pedras preciosas, chapas (*vid. s.v.* **chapa**), bordados (*vid. s.v.* **bordado**) e, en ocasións, tamén ían pintadas a man[1] nas cores eclesiásticas, entre as que predominaban a **prata** (*vid. s.v.*), o **ouro** (*vid. s.v.*) e a vermella moi empregada na elaboración do forro desta peza. Os ramais, ao formar parte deste **ornamento** (*vid. s.v.*) litúrxico luxoso, entendemos que tamén eran ricos, semellantes aos que ten a mitra do Palazzo Pitti, recollida na imaxe, que remataba en borlas vermellas.

Esta peza ornamental só era lucida polos bispos e arcebispos nas cerimonias máis solemnes, xa que para as celebracións cotiás tiñan ao seu dispor mitras máis sinxelas.

****

No territorio galego, non atestamos esta voz en ningún dos repertorios manexados (*DDGM* e *TMILG*), polo tanto podemos considerar a datación do noso contexto, o ano 1493, como o primeiro testemuño en textos escritos en galego. No ámbito portugués os primeiros testemuños que temos deste termo, malia non seren sinónimos do noso contexto de estudo, datan de finais do século XV e localízanse en *Os primeiros 14 documentos relativos à Armada de Pedro Álvares Cabral* (1499-1500): «E hũu deles lhe deu hũu / sombreiro de penas d'aves compridas com hũua copezinha pequena de penas vermelhas e pardas coma de papagayo e outro lhe deu hũu *ramal* grande de comtinhas brancas meudas que querem parecer d'aljaveira...» -*CP 1300s-1900s*.

No galego moderno, no relativo á lingua oral o *TLPGP* localiza o termo ramal, aínda que con acepcións diferentes da nosa, en 20 puntos da xeografía galega e 2 da portuguesa. Tamén no García *Glosario* (1985) -*DD*- se ofrece este termo, pero co significado de 'cordella'. Amais, nesta obra para a nosa acepción de ramal utilízase a denominación, en plural, *ínfulas*. De acordo cos datos que fornece o *TILG*, as dúas voces anteriormente citadas teñen presenza no galego escrito, con todo, en ningún dos contextos ramal ten que ver coa acepción que ofrecen os nosos exemplos, pois nunha alta porcentaxe fai alusión á 'cordella'. Por contra, *ínfula* (coa variante *infra*) aparece en 30 ocasións, en 28 obras, distintas dende o último cuarto do século XVIII, pero co significado de 'adornos' ou 'vaidade'. O rexistro máis antigo corresponde ao semanario *O tío Marcos da Portela* (1876, parrafeos 1-26) e precisamente ten que ver coa actitude fachendosa: «Pasmado | estaba abofellas, mirando prós da cibdá, de ver o

[273] En liña: *http://www.salvemaliturgia.com/2011/10/mitra.html* [Consulta: 18 de abril de 2019].

loucos que | son nos días do carnaval, cando sin coidá-lo, veñen us poucos | de gabilás, piliendres con moitas *infras*, e son simpres rapalás». De por parte, o *CORGA* malia rexistrar 56 ocorrencias de ramal ningunha delas recolle a acepción do noso interese; o mesmo ocorre con *ínfulas*, inventariada en 40 casos, pero en ningún deles coa acepción estudada. Semella que a nosa voz, ao inscribirse no ámbito eclesiástico, conta con pouca representación nos textos escritos e o uso que dela se fai na Idade Media cómpre entendelo como un uso metafórico de ramal, entendido como 'cada unha das partes en que se divide o tecido que forma a *ínfula*'.

No ámbito español as primeiras atestacións de ramal datan da segunda metade do século XIII. No *Setenario* do rei Afonso X cítase un contexto moi semellante ao que ofrecemos no noso exemplo, ao facer referencia ás 'cintas utilizadas para fixar o amicto' (*vid. s.v.* **amjto**): «La ssegunda, amito, que quiere decir commo cobertura. Et éste es vn panno muy blanco de lino e quadrado que sse echa el preste ssobre la cabeça, e ha dos *rramales* luengos con que sse çinne por los pechos» -*CDH*. Anos despois na *Gran Conquista de Ultramar* (1291-1295) recóllese un contexto no cal se fai referencia ás dúas partes en que se divide unha cadea: «Alli hizo venir el rey de Antiocha a Rinalt porcelet & a dos moros que lo lleuauan por vna cadena de dos *ramales* & cada vno dellos leuaua el *ramal* enla mano siniestra & vn açote enla diestra» -*CE 1200s-1900s*. Con posterioridade, Paz nun artigo titulado «Tasas de artículos, mercaderías y salarios del siglo XV» cita: «*ramales* para zaquimas e para cadenas» -Gual *Voc. Comercio*. Xa no século XVII, o inventario de bens da capela de San Pedro na igrexa de Vicuña (Álava), datado no ano 1640, recolle o seguinte contexto: «Dos registros de cintillas de seda angostos de diuersas colores, para dos misales con sus *ramales*» -*CorLexIn*. Por contra, os primeiros testemuños que temos de *ínfula* nos textos do español datan de comezos do século XV. López de Ayala na *Traducción de las décadas de Tito Livio* (c.1400) recolle: «e que aquellos a quienes ellos daban aquellas nobles cubiertas de las *ínfulas* e de los paramientos se devyan tener de ser enviadas a tomar la muerte» -*CDH*. A aparición tardía desta última voz habería que entendela tendo en conta que, como xa indicamos, antes do medievo estes adornos non formaban parte da mitra, por seren dúas tiras independentes.

Polo que se refire ao rexistro lexicográfico galego, tanto ramal como *ínfula* figuran nos dicionarios galegos premodernos (1863-1985). Ramal aparece rexistrado no *Eladio Diccionario* (1958-1961) e no Carré *Diccionario*[1] (1979), malia non ofrecer a definición do noso exemplo; con todo, *ínfula* (en plural) aparece no Cuveiro *Diccionario* (1876) e, tamén, no *Eladio Diccionario*, nesta ocasión facendo referencia ao 'adorno de la branca coa que cinguían a cabeza os sacerdotes', entendemos que romanos -*DD*. Posteriormente, os dicionarios publicados a partir de mediados dos anos 80 do século pasado, de corte normativo, só rexistran a forma *ínfula*.

Na lexicografía portuguesa, *ínfula* é a forma ofrecida polos dicionarios para definir o complemento lucido polos sacerdotes romanos, mentres que ramal queda relegado a outras acepcións.

No tocante ás obras lexicográficas do español, nestas conviven os termos ramal e *ínfula*. Esta última con aparición tardía, no século XVIII, cando aparece no *Diccionario castellano con las voces de ciencias y artes y sus correspondientes en las tres lenguas francesa, latina e italiana* (1787); de novo, trátase do termo que mellor recolle o significado que ten o exemplo estudado –*NTLLE*.

Na actualidade a voz ramal está presente na lingua galega, pero co significado do noso *corpus*, foi desprazada pola forma *ínfula*.

Cfr. s.v. **mitara**.

Ínfulas (e mitra) do século XVI custodiada no Museo degli Argenti do Palazzo Pitti (Florencia)[274]

rraso *adx. vid. s.v.* **raso** → **[3.3 ELABORACIÓN]**

[rregaço] → **[2.4 ORNAMENTOS LITÚRXICOS]**

s.m. (der. de *regazar* 'recoller as saias', probablemente do lat. vulgar *RECAPTIĀRE 'recoller'; este derivado de CAPTĀRE 'tratar de coller', frecuentativo de CAPĒRE 'coller' -*DCECH*, *s.v.* regazo, vol. IV) 'regazo, aba da saia que fai seo dende a cintura ata o xeonllo'.

> ◦ **Rregaços** "Vna vestymenta de defuntos con seu manto de | sarga e con dúas almáticas de bocalán negro | con seus *rregaços* e todo conprido", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

Neste exemplo estudamos a voz regazo, que fai referencia á 'aba dunha peza de roupa' e, por extensión, 'á parte do corpo comprendida entre a cintura e os xeonllos'. Dentro das vestimentas (*vid. s.v.* **vestimenta**) inventariadas no reconto da Catedral de Ourense, cítanse dúas dalmáticas (*vid. s.v.* **[almática]**) de cor negra con regazos. A dalmática era, e segue sendo, unha peza de roupa exterior para o oficio da liturxia, caracterizada por ser unha túnica longa e ter as mangas anchas e longas e unhas amplas aberturas laterais; entendemos que son estes cortes laterais os que pronuncian o regazo desta peza de roupa litúrxica destinada a ser portada polos diáconos e, en ocasións, polos bispos (Boucher 2009: 464).

A propósito do tecido en que están confeccionadas estas dalmáticas, o exemplo indica que son de bocarán (*vid.* **bocalán**), tecido que toma o seu nome da cidade de Bokara. Nas súas orixes designaba unha tea de liño (*vid. s.v.* **lino**) moi fina, semellante á **seda** (*vid. s.v.*), que se fabricaba en Oriente, pero no século XIV, ao elaborarse en Europa, acabouse convertendo nun tecido de algodón (*vid. s.v.*) corrente, que era tinguido de cores diversas coma a branca, vermella, verde, azul e negra. Esta última cor é a que atopamos neste contexto, por ser unha vestimenta para lucir o día de defuntos.

****

[274] En liña: *http://www.sanildefonso.org.mx/recorrido/revelaciones/detalles/01.html* [Consulta: 18 de abril de 2019].

No ámbito galego a forma regaço está presente na lingua dende o século XIII. Nas *CSM* (1264-1284) cítase «fillou eno braço | o menino e deitoo eno seu *regaço*» -*TMILG*, Lorenzo *Cronologia* (*DDGM*). Uns anos despois, a *Cr. Gal* (1295-1312) ofrece o contexto: «et pos as espadas eno *regaço*» -*DDGM*. No portugués, a atestación máis temperá desta voz data do século XIV; a *Crónica Geral de Espanha de 1344* recolle o contexto: «E entom deytou a beençom ao cardeal que ficava por seu testementeiro e poselhe a cabeça no *regaço* e pedio a candea e deu a alma a Deus» -*CP 1300S-1900S*.

No tocante ao galego moderno, na fala, o *TLPGP* e o García *Glosario* (1985) -*DD*- rexistran o termo regazo, aínda que non coa acepción que nos ocupa. De por parte, na escrita, o *TILG* recolle esta voz dende o ano 1823, en que se cita na obra de Boado Sánchez, titulada *Diálogo entre dos labradores gallegos afligidos y un abogado instruido, despreocupado y compasivo*, para facer referencia ao 'oco ou cavidade que forma a saia': «E logo alí unha boa alma de Dios dunha veciña | chegou á miña vista con unhas patacas no *regazo*, aínda eran moitas, | e un loitiño de verzas e un pouquiño d'unto e todo | llelo deixou sin decir casque nada». Este exemplo é un dos 186 que ofrece este repertorio, aínda que non todos eles teñen o significado co que conta regazo neste estudo. O *CORGA* tamén ofrece 38 ocorrencias deste termo do léxico común.

En textos españois os primeiros testemuños desta voz datan da primeira metade do século XIII, aínda que coa acepción de 'parte do corpo localizada entre a cintura e os xeonllos', a maioritaria nos contextos localizados. Berceo en *Los Milagros de Nuestra Señora* (1246-1252) atesta: «La esposa de Christo, poncella e parida, | echógela de suso, dioli una ferida; | recudió don Teófilo, tornó de muert a vida, | trovó en su *regazo* la carta malmetida» -*CORDE*; este mesmo exemplo tamén o recollen o *CE 1200s-1900s* e o *CDH* e a el remite o *DCECH* (*s.v.* regazo, vol. IV). Anos despois, na *Estoria de Espanna que fizo el muy noble rey don Alfonsso, fijo del rey don Fernando et de la reyna*… (1270) de Afonso X recóllese: «calpurnia su mugier sonnaua otro ssi que caye el crochel de su palacio. & que soterraua a su marido en su *regaço*. & aquella noche misma las puertas de las finiestras del palacio en que yazie iulio cesar abrieronse por si mismas assora». En textos aragoneses escritos en español durante o século XV, localizamos este substantivo no ano 1489, en que se rexistra no *Ysopete historiado*: «entrando con Ysopo en el lugar donde estauan dos njños assentados en·el | *rregaço* | de su madre. viendo los njños a Ysopo espantados de su vision» -*DiCCA-XV*. Podemos destacar que ata finais do século XV non atopamos ningún exemplo en que esta voz teña o significado estudado; en concreto, en 1490, Palencia no *Universal vocabulario en latín y en romance* recolle: «Sinus. Del genero mascu. Dela quarta decli. Es recogimiento de vestidura replegada: como es gremium lo que esta mas dentro en lo secreto dela vestidura *regaço*» -*CDH*. Con posterioridade, no século XVIII, o *DAutoridades* (tomo V, 1737) achega unha definición de regazo nun dos seus artigos que cadra co noso contexto de estudo: «El enfaldo de la saya, que hace seno sobre el vientre, desde la cintúra hasta la rodilla. Covarr. dice viene de *Ragas* voz Hebrea, que significa Recoger o congregar, por venirse a juntar las faldas, o porque lo que se lleva en el regazo se confunde uno con otro. Latín. *Sinus. Gremium.* INC. GARCIL. Coment. part. 1. lib. 3. cap. 1. Otras estátuas están con sus criaturas en las faldas y regazos, otras las llevan acuetas, y otros de mil maneras. BALLEST. Com. Eufros. Act. 4. Escen. 2. Digo la verdad, que si la tomé fue que me la arrojó en el regazo». Xa no século XX, o *CREA* e o *CE 1200S- 1900S* fanse eco da forma moderna regazo, aínda que na maior parte dos casos para referirse á 'parte do corpo'.

No que respecta á lexicografía galega, esta voz xa aparece recollida como lema nunha obra da época clásica como é o Sobreira *Papeletas* (1792-1797). Xa no período premoderno (1863-1985) varios repertorios inventaríana entre as súas entradas, con todo, coa nosa acepción só a ofrece no Pintos *Vocabulario* (c.1865) e a obra de carácter enciclopédico Eladio *Diccionario* (1958-1961). No resto das obras, o significado que se achega ten que ver coa 'parte saínte do forno en que destaca a porta movible' -*DD*. Na época moderna, as obras lexicográficas

xurdidas a partir de mediados dos anos 80 do século pasado, todas elas de corte normativo, fanse eco deste termo entre as súas entradas.

Os repertorios lexicográficos do portugués dan conta deste termo dende a segunda metade do século XVII, en que o Cardoso *Dict. ex lusitanico in latinum* recolle como entrada a unidade pluriverbal *Levar no* regaço -*CLP*.

As obras lexicográficas do español ofrecen as voces regaço e regazo entre os seus lemas. A forma regaço rexístrase dende o ano 1495 no *Vocabulario español-latino* de Nebrija e ata o primeiro terzo do século XVIII, momento en que é desprazada por regazo, a variante coa grafía actual, que se coñece dende o século XVII, en que a compila Henríquez no *Thesaurus utriusque linguae hispanae et latinae* (1679) -*NTLLE*.

Na actualidade séguese empregando a voz regazo para nomear o oco que forma unha peza de roupa no espazo comprendido entre a cintura e os xeonllos, sexa do vestiario eclesiástico ou civil.

Cfr. s.v. **[almática]**.

rroupa *s.f. vid. s.v.* **roupa** → **[2 O VESTIARIO]**

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

S

saba *s.f. vid. s.v.* **[sabaa]** → **[4.1 ROUPA DO LEITO]**

[sabaa] → **[4.1 ROUPA DO LEITO] [2.4 ORNAMENTOS LITÚRXICOS] [5.1 MANTELERÍA]**

s.f. (do lat. tardío SABĂNA, pl. de SABĂBANU-, 'toalla de baño', e este do gr. σάβανου, de orixe semítica que significa 'tecido feito en Saban (preto de Bagdad') 'saba'. No noso estudo esta voz conta coas seguintes acepcións:

1'Peza de tea que se emprega na mesa para limpar as mans e a boca'. *Cfr. s.v.* **[toalla]**.

◦ **Savan** (1): "Jten le mando máys hũa *sa*|*van* e húos mantees", Lorenzo *testamentos*, 1497-setembro-4/novembro-1. [Cee] (A Co), COP.

2 'Peza de tea coa que se cobre o colchón da cama'. *Cfr. s.v.* **lençol**.

◦ **Sauaa** (3): "Item mando ao dito moesteiro de Sam Martinno hum cabeçal et huna manta et huna *sauaa* de cama", Graña *Vilourente*, 1396-outubro-14. Vilamor. [Mondoñdo] (Lu), doc. 101, OR.; "Item mando a albergaria hun | cabeçal et huna *sauaa* et huna manta", Graña *Vilourente*, 1418-xaneiro-14. Vilamor. [Mondoñedo] (Lu), doc. 167, OR.; "Iten, preçaron duas toallas e hua azarella e hua *sauaa*…", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1474-[setembro-14. San Miguel de Cabanas. A Baña] (A Co), doc. XIII, OR.

◦ **Savaa** (2): "Iten mando as fillas de Francisco da Ponte, a cada huua sua *savaa*" [?] García Oro *Diego de Muros III*, 1497-setembro-4. Cee (A Co), doc. 23, COP.; "Iten lle mando mays huua *savaa*" [?] García Oro *Diego de Muros III*, 1497-setembro-4. Cee (A Co), doc. 23, COP.

◦ **Sáuaa** (1): "J(n)tem | mando a Eluyra | Aras hun moyo de çenteo et hũa *sáuaa*" [?], Lorenzo *Montederramo*, 1339-maio-13. Montederramo {1308-febreiro-6} (Ou), vol. II, doc. 1123, OR.

◦ **Savan** (1): "Jten mando ás fillas de Françisco de | Ponte a cada hũa súa *savan*" [?], Lorenzo *testamentos*, 1497-setembro-4/novembro-1. [Cee] (A Co), COP.

◦ **Sávana** (1): "Item mando... una coçerre pequena et hun cabeçal et una colcha et hun par de *sávana*", Barral *A Coruña*, 1430-xullo-26. A Coruña, doc. 5, OR.

◦ **Sauaas** (8): "...sex *sauaas* boas de lenço e VII archas e ua sechea de millo e XVI cubas", Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1303-xullo-11. [Allariz] (Ou), vol. I, doc. 42, OR.; "Conven a saber huun almadraque et huu [ar]mareo que tenno aa cabeçeyra e dous fa*** et huna co[lc]ha et duas *sauaas*, et mando a outro meu quinon dos pannos et da roupa que o aia Paay Marino quando casar", Sánchez *ACS*, 1334-agosto-1. [Cereixo. Vimianzo] (A Co), doc. 7, COP.; "Iten mando a minna criada Mayor hun pelote de valancinna et duas *sauaas* et hua camisa" [?], Cal *Viveiro*, 1391-outubro-27. Viveiro (Lu), doc. 62, COP.; "Iten mando a Maria, minna sobrina, duas *sauaas*" [?], Cal *Viveiro*, 1391-outubro-27. Viveiro

(Lu), doc. 62, OR.; "It. mando... huun traueyseyro de pluma laurado et quatro faceyroas et duas *sauaas*", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1395-[abril-29. Santiago de Compostela] (A Co), doc. XXXIV, OR.; "It. mando aas mancebas de nosa casa. senllos pelotes de valancina et senllas *sauaas* et senllas camisas" [?], López Ferreiro *Galicia histórica*, 1395-[abril-29. Santiago de Compostela] (A Co), doc. XXXIV, OR.; "It. mando que a cama que puge eno espital de Santiago, que he quatro cabeças et huun almadraque et duas *sauaas*", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1395-[abril-29. Santiago de Compostela] (A Co), doc. XXXIV, OR.; "Item mando que den aa nena que mora | en na casa duas trases et hun tornes et huna camisa et duas *sauaas*" [?], Graña *Vilourente*, 1396-outubro-14. Vilamor. [Mondoñedo] (Lu), doc. 101, OR.

◦ **Savaas** (6): "mando... a mina colcha et hun alyffaffe et duas *savaas* et hun cabeçal que tenno da cabeçeira et dous façeiroes", Vaquero *Celanova*, 1338-febreiro-20. Vilar (Ou), vol. I, doc. 131, OR.; "Iten mando... a todos quatro *savaas* de cama", Barral *A Coruña*, 1430-xullo-26. A Coruña, doc. 5, OR.; "deyten sobre min huna das mellores *savaas*", Armas *Pontevedra*, 1449-xullo-25. [Pontevedra], doc. 39, OR.; "Item lle mando mais toda a sua roupa de vestir con toda sua prata et mais seis *savaas* de cama", Armas *Pontevedra*, 1449-xullo-25. [Pontevedra], doc. 39, OR.; "Iten mando aos lazerados de Santa Lucía da cerca desta dita çibdade asy aos que han raçón commo aos que a non han, a todos quatro *savaas* de cama", Barral *A Coruña*, 1462-novembro-16. [A Coruña], doc. 15, OR.; "Yten mando a o ospital de Santiago… vn par de *savaas*, todo d'estopa", Sánchez *Álvaro Sánchez*, 1493-xuño-12. Santiago de Compostela (A Co), doc. 13, OR.

◦ **Sabaas** (5): "Item mando ao espital de Santiago o meu almadraque de froxel da mina cama et huun par de *sabaas* et huna colcha et huun cabeçal et | huun par de façeiroas", Sánchez *ACS*, 1391-agosto-4. Santiago de Compostela (A Co), doc. 35, OR.; "et outro ao de Santa Maria con senllos pares de *sabaas* et sellelas" [?], Manso *Viveiro*, 1424-febreiro-11. Viveiro (Lu), OR.; Manso *arte gótica*, 1424-febreiro-11. Viveiro (Lu), vol. II, doc. 58, OR.; "mando una cama de roupa con quatro cabeçaás e un colchón e un almadraque e con suas *sabaas* e media duzia dalmofadas e con hua manta de picote", Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1439-maio-4. [Ourense], vol. I, doc. 74, OR.; "Yten mando a Violante... vna co çere(?) e vn colchon d'estopa e vn par de *sabaas* e vn cabeçal e vn caldeyro e vn puchel d'estanno d'açumbre e vna viha das pequenas e dos mill pares de brancas para su casamiento e vna pelica", Sánchez *Álvaro Sánchez*, 1493-xuño-12. Santiago de Compostela (A Co), doc. 13, OR.; "Iten lle mando mays dos cabeças e huun alfanbre e huun par de *sabaas*", García Oro *Diego de Muros III*, 1497-setembro-4. Cee (A Co), doc. 23, COP.; "...hun colchón gordo d'estopaço e hun par de *sabaas* d'estopaço en hun alfamete e hua manta d'abeon", Bouza-Brey *Vilagarcía*, 1504-[agosto-13. Vilagarcía de Arousa] (Po), OR.

◦ **Sabas** (2): "Yten duas *sabas* e dous cobertores con vna colcha, que es raso escuro", López *Allariz*, 1350-[setembro-28. Allariz] (Ou), doc. 1, OR.; "Yten mando a o espytal de Santa Ana que hes a çerca da capela de San Fiis vna colcha e duas *sabas* d'estopa e duas mantas desas, que acharen por casa", Sánchez *Álvaro Sánchez*, 1493-xuño-12. Santiago de Compostela (A Co), doc. 13, OR.

◦ **Sau[aas]** (2): "item mando a mina cama ao Espital [de] Santiago, conuen a saber huun almadraque et huun chomaço que tenno a [a cabeçeyra et duas fac]eyroas et hua col[cha] et duas *sau[aas]*", Pérez Rodríguez *Toxos Outos*, 1334-agosto-6. [Toxos Outos. Lousame] (A Co), doc. 795, COP.; "item mando... a cabeceyra et duas façéyroas et hua colcha et duas *sauaas*", López Ferreiro *Fragmentos*, 1334-[agosto-6. Toxos Outos. Lousame] (A Co), COP.

◦ **Sabaans** (1): "et seys *sabaans* de cama et tres almofadas", López Carreira *Fragmentos*, 1459-marzo-20. [Ourense], doc. D40a, OR.

◦ **Saua[as]** (1): "mando a mina cama ao espital de | Santiago, conuem a saber hũu almadraque e hũu chomaço que teño aa cabeceyra e duas faceyroas e hũa colcha e duas *saua[as]*", Pichel&Martínez *documentação*, 1334-agosto-6?.[Toxos Outos. Lousame] (A Co), doc. 14, COP.

◦ **Savanas** (1): "Iten mando a Tareyia Lopes, miña syrventa, hun par de colchoos e huun par de *savanas*", Fernández Suárez *Sarmiento*, 1427-xullo-5/10. [Castelo de Roucos. Cenlle] (Ou), OR.

◦ **Savans** (1): "Jten lle mando | máys dos cabeçás e hun alfanbre e hun par | de *savans*", Lorenzo *testamentos*, 1497-setembro-4/novembro-1. [Cee] (A Co), COP.

3 'Peza de tea destinada a cubrir e adornar o altar'. *Cfr. s.v.* **mantel**.

◦ **Sabaa** (3): "Iten mando a as ditas iglesia de San Fiis et de San Mamede et de Sayoane de Tirimol, a cada huna das ditas iglesias, sua *sabaa* et pano de lyno para los altares", Portela *Lugo XV*, 1487-abril-17. Lugo, doc. 1369, OR.; "Outra *sabaa* de boo lenço açintillado con súas výas cár|denas", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Vna *sabaa* grande que anda ante ho altar en cordees", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

◦ **Saba** (1): "e mando para una *saba* de lenzo eno altar de S.ta María no dito Mosteiro", *Col. doc. históricos*, 1435-[setembro-10. A Coruña], vol. I, doc. X, COP.

◦ **Sabãã** (1): "Item mando...viinte moravedís pera ajuda de hun libro et hũã *sabãã* de lenço que cubra o altar, et que seja librada de cordes", Fernández Viana *Pantón*, 1427-xaneiro-26. [Ferreira de Pantón. Pantón] (Lu), doc. 153, OR.

◦ **Sabana** (1): "Iten mando ao altar de San Migel huua *sabana*", García Oro *Diego de Muros III*, 1497-setembro-4. Cee (A Co), doc. 23, COP.

◦ **Sabãas** (2): "Falta vn colar de seda vello, | seys *sabãas* para ho altar delgadas, | outras dúas sabãas para ho altar et outras dúas sabaas | vellas grosas", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Falta... outras dúas *sabãas* para ho altar et outras dúas sabaas | vellas grosas", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

◦ **Sabaas** (1): Falta vn colar de seda vello, | seys sabãas para ho altar delgadas, | outras dúas sabãas para ho altar et outras dúas *sabaas* | vellas grosas", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

◦ **Sábanas** (1): "Outrosi que cubran su altar de *sábanas* por miña facenda", Otero *Quiroga*, 1489-maio-27. Carballedo. [O Hospital. Quiroga] (Lu), doc. 49, OR.

Unha das voces máis frecuentes entre os exemplos do noso *corpus* é saba, empregada para diversos usos: o enxoval (*vid. s.v.* **axuar**) da mesa, as roupas (*vid. s.v.* **roupa**) do leito ou as pezas (*vid. s.v.* **peça**) téxtiles do altar. Con todo, a adscrición dos exemplos manexados a unha ou outra acepción non sempre resulta fácil, de aí que utilicemos a interrogación [?] para marcar aqueles casos dubidosos en que o contexto non é de utilidade para facermos a clasificación.

Varela Sieiro (2003: 268) explica que a vinculación das sabas cos manteis (*vid. s.v.* **mantel**) nos exemplos indica que comparten características comúns e forman un xogo, ao seren utilizadas estas como 'panos de mesa' e, polo tanto, formar parte da mantelería. No medievo esta peza

de tea, adscrita ao enxoval doméstico, era un elemento luxoso, só a disposición daquelas clases sociais máis acomodadas, que incrementou o seu uso a partir do século XV. A súa principal función foi coidar a hixiene, tanto na mesa coma no leito (González Mena 1994: 51) e a súa presenza foi común a outros lugares; de feito, Roquillo Rubio (1992: 39) ao estudar os bens dunha vivenda urbana das illas Canarias tamén rexistra as sabas. Como mostra iconográfica, as miniaturas dunha cantiga mariana presentan un embozo da saba de poñer por riba, como ofrecemos na primeira imaxe que acompaña esta entrada.

Ao lado dos usos referidos, cómpre destacar a presenza, entre os nosos exemplos, de sabas destinadas a tapar e adornar o altar a modo de mantel ou **frontal** (*vid. s.v.*).

Con respecto aos materiais de elaboración, a través dos contextos estudados, temos noticia da existencia de sabas de **estopa** (*vid. s.v.*) -«duas *sabas* d'estopa» e «vn par de *savaas*, todo d'estopa»-, de **estopaço** (*vid. s.v.*) -«hun par de *sabaas* d'estopaço»-, ambas as dúas teas grosas e, finalmente, de lenzo (*vid. s.v.* **lenço**) -«una *saba* de lenzo», «*sabaa* de boo lenço açintillado con súas výas cár|denas» e «hũã *sabãã* de lenço que cubra o altar». Neste último caso trátase dun tecido moito máis fino destinado ás pezas do altar. De por parte, nun dos exemplos o lenzo vai adornado, entendemos que nos bordes, con listas moradas. Outra das sabas inventariadas parece que sufriu o paso do tempo e o uso, ao estar *en cordeis:* «Vna *sabaa* grande que anda ante ho altar en cordees». A estes tecidos podemos engadir outros, empregados en toda a Península, como o *rázago*[275], *anjeo*[276] ou a delicada holanda (*vid. s.v.* **olanda**), aos que se referiu González Mena (1994: 52). Todos estes panos (*vid. s.v.* **pano**), normalmente, conservaban a cor beixe propia das fibras naturais das que se elaboraban.

Para rematarmos este apartado, resulta interesante a especificación «*savaas* de cama» que localizamos en catro das nosas concordancias; a ela podemos engadir outras aclaracións recollidas na obra do século XV, coñecida como *Cuentas de Gonzalo de Baeza*, o tesoureiro da raíña Isabel «a Católica», que nos permiten achegarnos aos usos desta peza: «*sávanas* de cabeça», «*sávanas* para lavar la cabeça», seguro que utilizadas para o aseo persoal; «*sávanas* para altares», «*sávanas* de sobre el altar» e, finalmente «*sávanas* para las piernas», posiblemente destinadas a tapar esta parte do corpo.

****

Dende o século X temos testemuños desta voz no territorio galego. Un documento, escrito en latín, pertencente ao mosteiro de Celanova, do ano 925 cita a forma sauanos, referida aos 'panos da mesa': «euenit, nec non etiam et galnapes II, tapetes III, manteles et *sauanos* siue scalas argenteas…». Un texto pertencente ao mosteiro ourensán de San Clodio do Ribeiro (Ourense), datado no ano 928, ofrece a variante sabanas, relacionada coas 'roupas do leito': «inter mantelos et *sabanas* pares viginti, cupos, cupas, cathedras…» -*CODOLGA*. En textos escritos en romance os exemplos máis temperáns datan da segunda metade do século XIII. Nun texto notarial do ano 1262, editado por Ferro Couselo, cítase: «un cerame de picote e una *sauaa***».** Amais, na rúbrica da cantiga mariana número 273 (1264-1284) ofrece un contexto no cal localizamos o termo estudado: «Esta é como Santa Maria deu fios a ũu ome bõo pera coser a *savãa* do seu altar» -*TMILG*. A prosa histórica tamén se fai eco desta peza pertencente ao ámbito do enxoval doméstico, de feito na *Cr. Gal* (1295-1312) recóllese: «Et, poys que o(s) ouuerõ feycto, fezo tender hũa *sauaa* brãca, en meyo do paaço» -*DDGM* e *TMILG*. No portugués a presenza desta voz data do século XV, en que figura na obra *Crónica da orden dos frades menores*: «E meteeo

[275] Tea de lenzo de estopa moi basta (*DHTT, s.v.* razago).
[276] Especie de tea de estopa ou de liño basto, procedente de Angers, capital da rexión francesa de Anjou. En francés recibiu o nome de "angers" (*DHTT, s.v.* anjeo).

demtro em huũa camara, em que estava aparelhada pera elle huã cama com fermosas *savaas* [...]» -*VHCPM*.

No galego moderno, na fala popular, localizamos saba no *ALGa*, *TLPGP* e García *Glosario* (1985) –*DD*-; este último ofrece as entradas saba e sábana. O *ALGa* (pregunta 1.879: *Sábana, saba*) rexistra este termo en todo o territorio galego e nas zonas estremeiras de Asturias, León e Zamora baixo as formas saba, sabán, sábana, sábena, sabo, sáboa, xunto coas minoritarias *sarga* e *lenzo*. De por parte, o *TLPGP*, ao tratarse dunha voz do léxico común, localiza as formas saba e sábena en varios concellos galegos. No que respecta á escrita, o *TILG* compila 818 casos, repartidos en 331 documentos distintos, dende o segundo terzo do século XIX. Na obra da autoría de Blanco titulada *A poesía popular en Galicia 1745-1885* recóllese: «Neniña que estás na cama entre *sábanas* | de liño…».

O español atesta este termo dende o segundo terzo do século X, en que o documenta Sánchez-Albornoz (2014[21]: 267) no ano 935 nun texto de Valpuesta (Burgos). Dous séculos despois, no *Poema de mio Cid* (c. 1140) achégase o seguinte contexto: «En medio del palacio tendieron un almoçalla, | sobr'ella una *sávana* de rançal e muy blanca» -*CDH*, *CE 1200S-1900S* e *CORDE*. En textos escritos en español na coroa de Aragón no século XV temos mostra deste termo dende o ano 1494, en que se cita no *Tractado de la peste*: «y en la noche y esten en el tal aire ahun las | *sauanas* | mojadas en agua fria y vinagre colgadas cabe las paredes de·las casas» -*DiCCA – XV*. Un século despois no inventario de bens de Fernando de Granda e Alduenza de Pastor (Ribadesella, Asturias), do ano 1531 inventaríanse: «Yten, tres *sábanas* cosidas. Yten, onze *sábanas*» -*CorLexIn*. Xa no século XX, o *CREA* achega case 1.000 ocorrencias do termo sábana.

As obras lexicográficas do galego inventarían esta voz entre os seus lemas dende o segundo terzo do século XIX; ofrécena o Rodríguez *Diccionario c.1854* e o Aguirre *Diccionario* (c.1858). Xa na época premoderna (1863-1985) dan conta dela o Rodríguez *Diccionario 1963*, Valladares *Diccionario* (1884), Filgueira et alii *Vocabulario* (1926), Eladio *Diccionario* (1958-1961) e Franco Grande *Diccionario* (1972) –*DD*. Posteriormente, todas as obras publicadas a partir dos anos 80 do século pasado, de corte normativo, van ofrecer este termo referido á 'peza do leito'.

Nos repertorios lexicográficos do portugués localizamos sabana no primeiro cuarto do século XVIII, cando figura no Bluteau *Diccionario castellano* (1721); anterior é a forma lençol, que data do segundo terzo do século XVI, en que se recolle no Cardoso *Dict. ex lusitanico in latinum* (1562-1563) –*CLP*.

No tocante á lexicografía do español, esta achega a forma savana dende finais do século XV, en que está presente no *Vocabulario español-latino* (1495) de Nebrija. A forma do español actual, sábana, aparece nas obras dende comezos do século XVII, pois figura como lema no *Diccionario muy copioso de la lengua española y francesa* (1604) de Palet –*NTLLE*.

Na actualidade as sabas forman parte das roupas do leito, exactamente co mesmo uso co que contaban no medievo.

Cfr. *s.v*. **lençol, lenço** e **pano**.

Miniatura da *CSM* nº 312 do Códice do Escorial na cal se mostra unha parte da saba[277]

Saba de liño[278]

sabãã *s.f. vid. s.v.* **[sabaa]** → **[4.1 ROUPA DO LEITO]**

sabana *s.f. vid. s.v.* **[sabaa]** → **[4.1 ROUPA DO LEITO]**

saia *s.f. vid. s.v.* **saya** → **[2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER] [2.1.2 TRAXES PARA VESTIR O CORPO]**

[277] En liña en: *http://opusincertumhispanicus.blogspot.com.es/2014/12/el-estrado.html* [Consulta: 18 de abril de 2019].
[278] En liña en: *http://www.todocoleccion.net/antiguedades/antigua-sabana-lino-iniciales-r-b-ppio-s-xx~x51574340#sobre_el_lote* [Consulta: 18 de abril de 2019].

saya → **[2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER] [2.1.2 TRAXES PARA VESTIR O CORPO]**

s.f. (do lat. vulgar *SAGĬA, derivado do lat. SAGU- 'especie de manto', 'casaca militar'; Corominas e Pascual consideran que este termo, á súa vez, pode proceder do plural grego σαγία, que conta co mesmo significado ca en latín –*DCECH*, *s.v.* saya, vol. V) 'saia, peza de vestir a modo de túnica que se cinguía pola cintura, de mangas estreitas e cunha abertura no escote para introducir a cabeza'.

◦ **Saya** (64): "A ponte d'Ourens, os meus pannos, conuén saber, o manto e o pelote e a *saya*", Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1287-marzo-10. [Ourense], vol. I, doc. 29, OR.; Vaquero *Celanova*, 1287-marzo-17. [Ourense], vol. I, doc. 77, OR.; "Jtem mando a Lopo Malate a ma *saya* uedra da sarga", Lorenzo *Montederramo*, 1290-xaneiro-20. [Nocedo. Castrelo do Val] (Ou), vol. I, doc. 500, OR.; Maia *História galego-portugués*, 1290-[xaneiro-20. Nocedo. Castrelo do Val] (Ou), doc. 58, OR.; "et mando a ma *saya* noua a Fernán Moniz", Lorenzo *Montederramo*, 1290-xaneiro-20. [Nocedo. Castrelo do Val] (Ou), vol. I, doc. 500, OR.; Maia *História galego-português*, 1290-[xaneiro-20. Nocedo. Castrelo do Val] (Ou), doc. 58, OR.; "et mando le dar a esta dona Aldora, una *saya* et hun çurame de vallançina" Martínez *Trives*, 1291-xaneiro-27. [Sobrado. A Pobra de Trives] (Ou), vol. I, doc. 83, OR.; "et mando a Orraca, a mya *saya*" Martínez *Trives*, 1291-xaneiro-27. [Sobrado. A Pobra de Trives] (Ou), vol. I, doc. 83, OR.; López Ferreiro *Galicia histórica*, 1291-[xaneiro-27. Sobrado. A Pobra de Trives] (Ou), doc. LXIII, OR.; "Et mando a Maria Suarez huna coçedra et hun chumaçon et huna colcha et vi varas de vallatina pera çurame et pera *saya*", Lucas&Lucas *Ramirás*, 1295-agosto-5. [Ramirás] (Ou), doc. 248, OR.; Duro *Ramirás*, 1295-agosto-5. [Ramirás] (Ou), OR.; "et mando quitare Afonso Fernandez os dineiros da cuba do uino que vendeu e faça en huna capa et huna *saya*", Lucas&Lucas *Ramirás*, 1295-agosto-5. [Ramirás] (Ou), doc. 248, OR.; Duro *Ramirás*, 1295-agosto-5. [Ramirás] (Ou), OR.;): "e mandolle ayuda una *saya* d'estanfforte noua", Santos *Allariz*, 1299-agosto-5. [Allariz] (Ou), OR.; "Iten, a Sancha Vaasquez, bofoa, a mía *saya* da broneta", Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1303-xullo-11. [Allariz] (Ou), doc. 42, vol. I, OR.; "Jtem mando a Aldonça Estéuẽez un manto et hun pelote et hũa *saya* de pano tinto", Lorenzo *Montederramo*, 1313-novembro-2. Ourense {1313-outubro-12}, vol. II, doc. 774, OR.; "Jtem mando a mía sobrina Tareyia Díaz un pelote et hũa *saya* de hun pano tinto", Lorenzo *Montederramo*, 1313-novembro-2. Ourense {1313-outubro-12}, vol. II, doc. 774, OR.; "Jtem mando ao capelán çeram et pelote et *saya* de ua|lançina", Lorenzo *Montederramo*, 1313-novembro-2. Ourense {1313-outubro-12}, vol. II, doc. 774, OR.; "Jtem mando a Marina Tuscurina a mía *saya* da bruneta", Lorenzo *Montederramo*, 1313-novembro-2. Ourense {1313-outubro-12}, vol. II, doc. 774, OR.; "Jtem mando a Affonso, fillo de Pedro Pérez, hũa *saya* de ualançina", Lorenzo *Montederramo*, 1313-novembro-2. Ourense {1313-outubro-12}, vol. II, doc. 774, OR.; "mandolle... a mina *saya* de cada dia da valançina", Cal *Mondoñedo*, 1321-marzo-10. Vilamor. Mondoñedo (Lu), doc. 84, OR.; "iten vn cerame de vnde vnna *saya* de boineta vnna touca de seda", Cal *Mondoñedo*, 1321-marzo-10. Vilamor. Mondoñedo (Lu), doc. 84, OR.; "mando... o meu pellote aos clérigos e meu çerame que vaa comigo, e myna *saya*", Fernández Viana *Dozón*, 1328-novembro-23. [Dozón] (Po), doc. 91, OR.; "Et peço por merçeé a don abbade de Monte de Ramo que me faça dizer hun trintanario por a *saya* noua que agora fige et fille tanto do meu por que me faça dizer as dez missas que tiran ó home de pecado", Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1338-decembro-27. [Monterrei] (Ou), doc. 53, vol. I, OR.; "Item mando... huna capa et huna *saya* de valançina, a cada hun home, et a as mulleres senllas sayas", Portela *Lugo XIV,* 1342-agosto-26. [Lugo], vol. I, doc. 430, OR.; "Ite mando a maria eans ffreira criada de mayor rrodrigues hunha *saya* daluco (?) nouo", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1347-[xullo-17. Santiago de Compostela] (A Co), doc. LXV, OR.; "...et a Maria merchaa a mia *saya* et estas contas sobreditas", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1348-[xuño-9. Santiago de Compostela] (A Co) , doc. XXXII, OR.; "Item mando a Garçía Gomes meu criado hua *saya* e hun çeram de valan", Enríquez *Ribadavia*,

1361-decembro-19. [Ribadavia] (Ou), doc. 4, OR.; Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1361-decembro-19. [Ribadavia] (Ou), vol. I, doc. 57, OR.; "Item mando aos meus homes que conmigo vineren a tenpo se a ese tenpo ia pasar por huun ano que les non dese de vestir que deu a cada uun/huun çerame et huna *saya* de valançina, et se non for achado que non ha aynda huun anno que lles dese de vestyr", Sánchez *ACS*, 1391-agosto-4. Santiago de Compostela (A Co), doc. 35, OR.; "Item mando a Pero Gonçalues huna capa et huna *saya* de velançina", Sánchez *ACS*, 1391-agosto-4. Santiago de Compostela (A Co), doc. 35, OR.; "Jten lle mando máis a mjña *saya* que está a coser en cas Ares de Monforte", Dono *Naves*, 1414-xullo-15. [Santa Marta de] Velle. [Ourense], doc. 190, OR.; "Iten mando a Tareyia Leda seys baras de pano pardo para una *saya*", Manso *Viveiro*, 1424-febreiro-11. Viveiro (Lu), OR.; Manso *arte gótica*, 1424-febreiro-11. Viveiro (Lu), vol. II, doc. 58, OR.; "Item mando a Costança Sanches, çinquo varas de morilla para huna *saya*, et huna crotha ou manton", Lucas&Justo *Fontes USC*, 1434-setembro-23/outubro-6. Santiago [de Compostela] (A Co), doc. 296, OR.; Lucas *Dous documentos*, 1434-setembro-23/outubro-6. Santiago [de Compostela] (A Co), doc. II, OR.; "Item mando a Ynes Carneira çinquo varas de morilla para huna *saya*", Lucas&Justo *Fontes USC*, 1434-setembro-23/outubro-6. Santiago [de Compostela] (A Co), doc. 296, OR.; Lucas *Dous documentos*, 1434-setembro-23/outubro-6. Santiago [de Compostela] (A Co), doc. II, OR.; "Item mando a Moor Eanes de Sigueiro çinquo varas de morilla para huna *saya*", Lucas&Justo *Fontes USC*, 1434-setembro-23/outubro-6. Santiago [de Compostela] (A Co), doc. 296, OR.; Lucas *Dous documentos*, 1434-setembro-23/outubro-6. Santiago [de Compostela] (A Co), doc. II, OR.; "Iten mando a Maricas do Barreyro para ajuda do seu casamento zen maravedís e una *saya* de pano de luto", González Garcés *A Coruña*, 1435-setembro-10. A Coruña, COP.; *Col. doc. históricos*, 1435, vol. I, doc. X, COP.; "Iten mando a Frey Pedro da Costa... dozentos maravedis vellos para un abeto, e para una *saya* e mando que lles non den en dineiros mas que le conpren o pano para esto", González Garcés *A Coruña*, 1435-setembro-10. A Coruña, COP.; *Col. doc. históricos*, 1435, vol. I, doc. X, COP.; "Item mando a Maria [Afonso ?] de Vilaoalle a minna *saya* parda", Graña *Vilourente*, 1436-maio-21. [Vilamor. Mondoñedo] (Lu), doc. 249, OR.; "Item mando aa muller de (+-9) minna *saya* parda", Graña *Vilourente*, 1436-maio-21. [Vilamor. Mondoñedo] (Lu), doc. 249, OR.; "Yten mando a Leonor Rodríguez, fraira do dito mosteiro, una mina *saya* de meu corpo de pano pardo", Armas *Pontevedra*, 1439-xuño-15. [Pontevedra], doc. 31, OR.; "Item mando aa mina criada Eluira huna *saya* de frisa", Graña *Vilourente*, 1459-febreiro-12. [Vilamor. Mondoñedo] (Lu), doc. 277, OR.; "Iten mando a María Catasol, criada de Afonso de Pinneiro, huna *saya* de branqueta de meu corpo et huna caldera et un pichel de stanno", Barral *A Coruña*, 1462-novembro-16, OR.; "Item mando a María Afonso que mora cabo Pedro Felón outra *saya* de meu corpo", Barral *A Coruña*, 1462-novembro-16, OR.; "Iten mando a María Afonso que mora cabo Pedro Felón outra *saya* de meu corpo por lo amor de Deus", Barral *A Coruña*, 1462-novembro-16. [A Coruña], doc. 15, OR.;"Itẽ mando a mina ýrmaã ygnees garcia trezentos mrs vellos para ajuda de hũa *saya*", *Col. doc. históricos*, 1474, doc. VII, OR.; "Iten, de hua *saya* vella sesenta mrs.", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1474-[agosto-28. Santa Baia de Logrosa. Negreira] (A Co), doc. XIV, OR.; "Iten, preçaron huun alfamete mediado e hua *saya* vella de morilla en çento e viinte maravedis", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1474-[setembro-14. San Miguel de Cabanas. A Baña] (A Co), doc. XIII, OR.; "Et mando mays a minna sobrina María Leal quatro baras de morilla pera huna *saya*", Cal *Pedroso*, 1490-xaneiro-4 {1489, marzo, 15} [Ferrol] (A Co), doc. 50, OR.; "Yten mando a Violante, miña criada, que agora comigo non mora, vna aljuba de Londres nova e vna *saya* de vayxo de palmilla nova e vna con ardalgadon (?)", Sánchez *Álvaro Sánchez*, 1493-xuño-12. Santiago de Compostela (A Co), doc. 13, OR.; "mando a Lionor, filla de Pero Crespo, hũa dobra | para hũa *saya*", Lorenzo *testamentos*, 1497-setembro-4/novembro-1. [Cee] (A Co), COP.; García Oro *Diego de Muros III*, 1497-setembro-4. Cee (A Co), doc. 23, COP.; "Jten mandó a Mayor, fi|lla de Françisco de Ponte, húa *saya*", Lorenzo *testamentos*, 1497-setembro-4/novembro-1. [Cee] (A Co), COP.; García Oro *Diego de Muros III*, 1497-setembro-4. Cee (A Co), doc. 23, COP.; "Yten mando a mynna criada Lionor, moller de Pedro do Loureyro, una *saya* de morilla", Barral *A Coruña*, 1497-novembro-3. Culleredo, OR.;

"Ytem mando a Lionor do Rego unna *saya* de morilla", Barral *A Coruña*, 1497-novembro-3. [Alvedro-Almeiras] Culleredo, doc. 33, OR.; "Ytem mando a Catalina una *saya* de motillo", Barral *A Coruña*, 1497-novembro-3. [Alvedro-Almeiras] Culleredo, doc. 33, OR.; "Yten mando a miña criada Maria da Cantuda mill pares de branquas e que lle dean unha *saya* de Londres", Bouza-Brey *Vilagarcía*, 1504-[agosto-13. Vilagarcía de Arousa] (Po), OR.; "mando á miña filla María Garçía a miña *saya* dencarnado", Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1519-novembro-28. [O Outeiro. Viveiro. Celanova] (Ou), vol. I, doc. 122, OR.

◦ **Ssaya** (5): "Mando o meu manto de broneta negra a Eluira Ffernández de Uilar et o pelotche et | a *ssaya* a Tereyga García", Lorenzo Montederramo, 1281-setembro-4. Torbeo [Ribas de Sil] (Lu), vol. I, doc. 413, OR.; Maia *História galego-português*, 1281. [Torbeo. Ribas de Sil] (Lu), doc. 55, OR.; "J(n)tem mando a mjna ama hũa *ssaya* d'estanfforte", Lorenzo *Montederramo*, 1339-maio-13. Montederramo {1308-febreiro-6}, vol. II, doc. 1123, OR.; "J(n)tem mando a Marina a mja *ssaya*", Lorenzo *Montederramo*, 1339-maio-13. Montederramo {1308-febreiro-6}, vol. II, doc. 1123, OR.; "Ite mando a teresa (?) miña colaca a millor *ssaya* que eu ouuer", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1347-[xullo-17. Santiago de Compostela] (A Co), doc. LXV, OR.

◦ **Ssaia** (3): "Et mando que meus conpridores que dem a L pobres vergoncossos L sayas destanfforte ou de valençina de tres varas a *ssaia*", Portela *obispado Tui*, 1325-febreiro-20. [Melón] (Ou), doc. 49, OR.; "Jtem mando a Lopo Malate a ma | *ssaia* uedra da ssarga et o meu pelote uedro", Lorenzo *Montederramo*, 1341-decembro-17. Ourense {1290-xaneiro-20}, vol. II, doc. 500, OR.; "mando a mía *ssaia* noua a Ffernán Monís", Lorenzo *Montederramo*, 1341-decembro-17. Ourense {1290-xaneiro-20}, vol. II, doc. 500, OR.

◦ **Saia** (2): "serán de bon pano como a ela pertenece, e outra *saia* de coutral e súa ropa de cama", Otero *Quiroga*, 1489-maio-27. [Carballedo. O Hospital. Quiroga] (Lu), doc. 49, OR.; "e que lle dean... hua pelica e hua *saia* de Morella e hua cama de roupa", Bouza-Brey *Vilagarcía*, 1504-[agosto-14. Vilagarcía de Arousa] (Po), OR.

◦ **Sayas** (16): "et mando a Andreu et a Fernando et a Martino senas | *sayas* de ualenzinas", Lorenzo *Montederramo*, 1275-maio-4. [Montederramo] (Ou), vol. I, doc. 355, OR.; "Iten, mando á des omes que andan conmigo sendas *sayas* de vilaçina de tres, tres uaras, e trinta, trinta, morauedís", Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1302- novembro-3. {1302-outubro-14} [Allariz] (Ou), doc. 41, vol. I, COP.; "...et para *sayas* et outras cen varas cada ano aos ffrades", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1305. [Ribadavia] (Ou), doc. CX, OR.; "Et os pobres a quen deren as *sayas* que digan senllas minssas de pater noster", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1305. [Ribadavia] (Ou), doc. CX, OR.; "Et mando que meus conpridores que dem a L pobres vergoncossos L *sayas* destanfforte", Portela *obispado Tui*, 1325-febreiro-20. [Melón] (Ou), doc. 49, OR.; "Item mando... huna capa et huna saya de valançina, a cada hun home, et a as mulleres senllas *sayas*", Portela *Lugo XIV,* 1342-agosto-26. [Lugo], vol. I, doc. 430, OR.; "mando a Inés Eluira Fernandes senlas *sayas* brancas", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1348-[xuño-9. Santiago de Compostela] (A Co), doc. XXXII, OR.; "Item mando a estes meus homes Gonzalo e Affonso Peres senllas *sayas* de viado", Enríquez *Ribadavia*, 1361-decembro-19. [Ribadavia] (Ou), doc. 4, OR.; Ferro *Vida de fala dos devanceiros*, 1361-decembro-19. [Ribadavia] (Ou), doc.57, vol. I, OR.; "It. mando... senllos pelotes et cerames de uiado et *sayas* de pano thaao", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1375-[maio-6. Santiago de Compostela] (A Co), doc. LXXXI, COP.; "It. mando a todos los homees de pe que conmigo viuen senllos cerames e *sayas* de uiado et mays C mrs.", López Ferreiro *Galicia histórica*-[maio-6. Santiago de Compostela] (A Co), 1375, doc. LXXXI, COP.; "It. mando aos nosos azimilleyros senllas *sayas* de valancina", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1395-[abril-29. Santiago de Compostela] (A Co), doc. XXXIV, OR.; "Iten mando aa moller de Gonçalvo de Coyro, filla de Johan de Prol, huna das millores *sayas* de meu corpo des que non coller a iglesia", Barral *A Coruña*, 1462-novembro-16. [A Coruña], doc. 15, OR.; "Iten mando aa moller de Gonçalvo de Coyro,

filla de Johan de Prol, huna das millores *sayas* de meu corpo", Barral *A Coruña*,1462-novembro-16. [A Coruña], doc. 15, OR.; "Jten mandó que o clérigo pago da | rropa que has dúas *sayas* que quedavan de|sen hũa delas a Mayor de Lobelle", Lorenzo *testamentos*, 1497-setembro-4/novembro-1. [Cee] (A Co), COP.; "Jten mandó que o clérigo pago da | rropa que has dúas *sayas*", Lorenzo *testamentos*, 1497-setembro-4/novembro-1. [Cee] (A Co), COP.; "Iten mando queo clérigo page da ropa que has ditas *sayas* que quedaban dese huua delas a Mayor de Lobelle" García Oro *Diego de Muros III*, 1497-setembro-4. Cee (A Co), doc. 23, COP.

◦ **Ssayas** (1): "mãdo a dez ommes que andan commigo ssenllas | *ssayas* de vilaçiña de tres uaras", Maia *História galego-português*, 1302-novembro-3. {1302-outubro-14} Allariz (Ou), doc. 61, OR.

Unha das pezas de roupa máis citadas no noso *corpus* de estudo é a saia. Denominábase así nos séculos XIII e XIV a un tipo de túnica sinxela, de uso tanto masculino coma feminino, con mangas axustadas e longas; con todo, a masculina adoitaba ser máis curta ca a feminina.

Era utilizada por todas as clases sociais enriba da **camisa** (*vid. s.v.*) e podía variar de lonxitude en función dos usos. Deste xeito, a utilizada para os traballos cotiáns non era tan longa coma a empregada para as ocasións especiais. No que respecta ás súas mangas, en ocasións confeccionábanse separadamente e despois cosíanse ao corpo da peza, para evitar que fixesen engurras debaixo das axilas (Menéndez Pidal 1986: 61). Esta mesma **roupa** (*vis. s.v.*) era coñecida en Cataluña, Aragón e Valencia como *gonela*, segundo apunta Menéndez Pidal (1986: 61). O autor citado establece unha distinción entre as saias folgadas, de corte moi sinxelo e cinguidas á cintura cun cinto, e as saias axustadas ao talle, cunha abertura lateral cerrada cun **cordón** (*vid. s.v.*), denominada saia cordada (1986: 62); a este último modelo pertencían as de Fernando de la Cerda e a infanta Leonor, recollidas nas imaxes que se ofrecen ao final desta entrada.

Bernis (1979: 120) advirte de que a mediados do século XV se estableceu a distinción entre a peza feminina, saia, e a masculina, saio (*vid. s.v.* **sayo**). Esta mesma idea é recollida por Oliveira (1993: 24) cando indica que «a *saia* masculina, de corte simples e direito abaixo dos joelhos, passa a ser conhecida, em meados do século XV, por saio». Para que o corpo da saia estivese axustado e estirado forrábase con lenzo (*vid. s.v.* **lenço**) do mesmo xeito que se facía con outras pezas de uso por debaixo da roupa, coma as calzas (*vid. s.v.* **[calça]**) e os xibóns (*vid. s.v.* **gibon**). A autora explica que antes dos anos noventa do século XV parece que quedou establecida a diferenza entre a saia e o *brial*; a primeira, propia de todas as mulleres en xeral e, o *brial*, como unha peza rica de uso entre as damas nobres e máis longa ca a saia, mesmo chegando a arrastrar polo chan[279]. No entanto, a partir dos anos noventa, a saia xa vai aparecer citada nos textos para referirse a un traxe rico e longo e vai desprazando paulatinamente o *brial*.

Nunha das ocorrencias do *corpus*, pertencente ao testamento de Inés García cítase «vna *saya* de vayxo de palmilla nova e vna con ardalgadon», texto que parece facer especial fincapé no uso desta peza como roupa de debaixo do vestido, pois entre as clases populares non era estraño que fose utilizada sen ningunha vestimenta por riba. Sobre isto, Boucher (2009: 473) explica que aínda no século XVI a saia é unha parte da indumentaria usada por debaixo doutras pezas

[279] Discrepamos desta definición do *brial* como peza exclusivamente dos gardarroupas das mulleres nobres do medievo, pois temos que ter en conta que nunha das cantigas de amigo de tradición galego-portuguesa, da autoría de Pero Meogo, cítase esta peza da indumentaria e, pola natureza popular deste tipo de cantigas, distaría bastante de tratarse dunha indumentaria de luxo: «Fostes, filha, eno bailar | e rompestes í o *brial*. | Pois o namorado í ven | esta fonte seguídea ben, pois o namorado í ven» (*CBN* 1191, *CV* 796) -*MedDB*.

do vestir, función que vai seguir tendo un século despois, en que se dividirá entre corpiño, para a parte alta do corpo e saia, para a parte inferior do corpo.

García Cuadrado (1993: 90) indica que con frecuencia era elaborada con tecido de la (*vid. s.v.* **laan**), que era tinguido de diversas cores: vermello, morado, ocre, azul, verde, branco e negro. Con todo, nos nosos exemplos só temos noticia de saias de cor encarnada, branca, negra (citada como «una saya de pano de luto») e de cor parda, a propia do tecido en que estaba elaborada. As teas que figuran nas nosas ocorrencias son o **algodón** (*vid. s.v.*), a **valancina** (*vid. s.v.*), a branqueta (*vid. s.v.* **branqeta**), a **frisa** (*vid. s.v.*), a **morilla** (*vid. s.v.*), a **palmilla** (*vid. s.v.*), o contrai (*vid. s.v.* **coutral**), o estanforte (*vid. s.v.* **estanfforte**) e os panos (*vid. s.v.* **pano**), de **Londres** (*vid. s.v.*), **pardo** (*vid. s.v.*), xa citado, e o pano de loito. Como ocorre con todas as pezas do vestiario (*vid. s.v.* **vestiaria**), para conferirlle más exclusividade, estas podían adornarse con gornicións diversas e estar confeccionadas con teas máis luxosas.

Morán Cabanas (2001: 144) destaca que durante o medievo a incorrecta elaboración da saia cordada por parte dalgúns individuos levou a que o rei Afonso X nunha cantiga de escarnio escribise: «De grado queria ora saber | destes que tragen *saias* encordadas, | en que s' apertan mui poucas vegadas: | que o fazen polos ventres mostrar, [...] | Ai Deus! Se me quisess' alguen dizer | por que tragen estas cintas sirgadas | muit' anchas, como molheres prenhadas: [...] | Outrossi lhis ar vejo [i] trager | as mangas mui curtas e esfraldadas [...]» -*CBN* 492, *CV* 75 (*MedDB*).

Cómpre destacar que durante o medievo os traxes para vestir o corpo, coma a saia, non debían de lucirse sen unha peza exterior, de aí que unha das interpretacións máis frecuentes que se ten dado da «Cantiga da Ribeiriña ou da guarvaia» faga mención a burla que o trobador fai de Maria Pais Ribeira ao vela en saia (*vid. s.v.* **pelote**). Co paso dos séculos esta peza do vestir foi modificando a súa forma ata chegarmos ao que hoxe coñecemos por saia, de uso feminino e cinguida á cintura, de onde parte.

****

No ámbito galego os primeiros testemuños de saia datan de finais do século X. Un documento notarial, escrito en latín, pertencente ao tombo de Celanova e datado no ano 987 achega información sobre o valor desta peza: «*...saia* de IIIor modios lenco» -*CODOLGA* e Varela Sieiro 2003: 103-105; uns anos despois temos documentación das variantes saya e sagia. En textos escritos en romance, a primeira atestación data do segundo terzo do século XIII, no cal Roi Gomez de Briteiros nunha cantiga (1220-1240) recolle: «Se crevess' eu Martin Sira, | nunca m' eu dali partira | d'u m' el disse que a vira: | en Sanhoane e en *saia*»; tamén Pai Soarez de Taveirós na coñecida como cantiga da Ribeiriña (1220-1240) cita: «...mia sennor branca e vermella, | queredes que vus retraya | quando vus eu vi en *saya*?» -*CMGP*, *CP 1300S-1900S*, *MedDB* e *TMILG*. Esta mesma forma é ofrecida na *Cr. Gal* (1295-1312): «et mandou que, quando chegassẽ a San Pero de Cardena, que dessem de uestir a quatro mil pobres *sayas* et pelotes d'estanforte» -*DDGM* e *TMILG*. Na lingua portuguesa, amais das concordancias da lírica medieval citadas, contamos con exemplos dende o século XIV. De feito, na tese de doutoramento titulada *A máis antiga versão portuguesa dos Quatro libros dos diálogos de são Gregório* da autoría de Silva cítase: «E tomavan a sa *saia* que el soia a vestir quando era vivo e tragian-na nos clamores ante os olhos de Nosso Senhor [...]» -*VHCPM*. Esta forma convive con saya, con menos presenza ca a anterior, por exemplo na obra *Sam Bernardo*, datada no século XV, ofrécese o seguinte contexto: «De mãdado ainda dos quaaes ẽ os pustumeiros annos custumou de trazer afora a cugulu e *saya*, pano de lãa ẽ modo de mantom ẽ curtado, e sonbreiro semelhavel» -*CP 1300S-1900S*. A partir desta data a variante saia vaise consolidar no portugués estándar.

No galego moderno, na fala popular, temos documentación desta voz no *ALGa* e no *TLPGP*, pero xa co significado que ten esta peza da indumentaria na actualidade. No *ALGa* son varios

os puntos de Galicia que recollen este termo nas catro provincias galegas e nos territorios fronteirizos. O substantivo estudado concorre con *falda* nos territorios asturianos, leoneses e zamoranos fronteirizos con Galicia e, tamén, en varios concellos das catro provincias galegas. De por parte, localizamos a variante *faldra* temos en concellos das provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra. No relativo ao *TLPGP*, temos atestacións de saia nas catro provincias galegas; a elas cómpre engadir os rexistros das forma *faldra* e *falda* en concellos pertencentes ás catro provincias galegas e tamén no terriorio leonés de Porto. Na escrita, o *TILG* ofrece contextos en que figura esta voz dende a primeira metade do século XIX. No García *Glosario* (1985) *–DD-* tamén se inventaría. Na escrita, a obra *A poesía popular en Galicia 1745-1885* (1843), editada por Blanco, cítase: «O crego e máis a criada, foron Sachar os melós: á criada cánlle as *saias*, ao crego canlle os calzós». Cómpre reparar en que se trata dunha das pezas da indumentaria más citada no cancioneiro popular. Se observamos as franxas cronolóxicas ofrecidas polo *TILG* para esta voz, podemos comprobar o seu incremento co paso dos séculos. Conta con 983 casos, ofrecidos en 328 obras distintas, distribuídos do seguinte xeito: entre 1801 e 1850 contamos cun único caso; entre 1851 e 1900, temos 136; entre 1901 e 1950, 153 concordancias; entre 1951 e 1980, hai un pequeno descenso, ao computarmos 123 casos e, finalmente, entre 1981 e 2013, este tesouro inventaría 570 exemplos. Con respecto á forma *faldra*, sinónimo de saia, o *TILG* ofrece 463 casos ofrecidos entre 273 obras diferentes, aínda que non en todos eles se achega o significado que nos ocupa. O primeiro exemplo está nas *Poesías* (1861) de Iglesia: «Na *faldriña* todo traguerés da saia a froriña, a modo, ni unha sola caia».

No territorio español a primeira atestación de saia data da segunda metade do século X. Nun documento escrito en latín, pertencente á Catedral de León (927), cítase: «genabe in tres solidos, et tapede in tres solidos, et *saia*, et zarama et solido in argenteo, quod nobis bene complacuit» *-CODOLGA*. En textos en español as primeiras atestacións coas que contamos datan de comezos do século XIII. Na *Vida de santa María egipciaca* (1215), obra anónima, recóllese a forma saya: «Mas nunqua viestes ninguna gente | que a Dios serviés tan gente. | Grandes abián las coronas, | *sayas* vistién a caronas» *-CDH*. Da variante saia a primeira concordancia en textos romances data tamén do século XIII e é ofrecida na obra de Berceo titulada *Duelo que fizo la Virgen María el día de la pasión de su fijo Jesu Christo*: «23. Pararonlo en bragas, tollieronli la *saia*» *-CE 1200S-1900S*. En textos do século XV escritos en español e pertencentes á coroa de Aragón tamén documentamos saya; por exemplo, na obra de Vliederhoven traducida e titulada *Cordial de las cuatro cosas postrimeras* (1494) recóllese: «…obediente e sometido de ti recibió la stola de la jmmortalidad: e de mi esta | *saya* | rasgada con que esta vestido: dexo tu vestidura: e con la mia vino aqua». Ao lado destas dúas formas tamén existiu a voz *falda*. De feito, no mesmo ano, temos contextos de *falda* no *Compendio de la salud humana* de Ketham: «la causa porque los phisicos que platican ponen el cabo de la | *falda* | debaxo del vrina, ca assi como es natural del blancor desconcertar…» *-DiCCA-XV*. Un século despois, o *DICTER* achega exemplos de saya dende o ano 1551, en que data o *Repertorio premáticas y cortes* de Martínez de Burgos: «Pero que en las *sayas* no puedan traer faxas de quatro dedos, y d'esta puedan traer hasta ocho por *saya* de arriba abaxo, o en lugar de cada faxa dos ribetones o tres»; de *falda* tamén recolle exemplos dende o ano 1589, en que se cita na obra *Geometría práctica*: «Para cortar esta saya y cuera de paño, será necessario sacar del lomo del paño la delantera y trasera d'esta saya; y en los medios salen las mangas y los cuchillos de la *falda*, y los quartos delanteros de la cuera y unas pieças que llevan las mangas». No século seguinte, en textos notariais pertencentes ao Siglo de Oro español (*CorLexIn*) ofrécese un contexto de saia no testamento de Pedro de Teleña de Cangas de Onís (Asturias), datado en 1576: «Yten, a Catalina de Yntriago, mi tía, que le deen veinte y quatro reales para vna *saya*». Nesta mesma época tamén temos atestación da forma *falda* dende o ano 1601, en que se cita na carta de dote de Beatriz de Comillas (León): «Dos camisas de muger nuebas, por hazer, con sus *faldas*, en mill marauedís». Na actualidade, no español a voz máis utilizada é *falda*, a pesar de

termos exemplos de saya. Por exemplo, o *CREA* ofrece 2.117 casos de *falda*, localizados en 690 documentos, fronte aos 73 casos de saia, presentes en 34 documentos.

A lexicografía galega tamén se fai eco desta voz dende o período premoderno (1863-1985), pero xa co patrón actual que ten a saia feminina, é dicir, peza que parte da cintura e vai cinguida a ela. A nosa acepción figura no Carré *Diccionario*[1] (1928-1931), Carré *Diccionario*[2] (1933), Ibáñez *Diccionario* (1950), Carré *Diccionario*[3] (1951), *Eladio Diccionario* (1958-1961), Franco Grande *Diccionario* (1972) e Carré *Diccionario-Voc.* (1979) -*DD*. Con posterioridade, os dicionarios publicados a mediados dos anos 80 do século pasado, todos de corte normativo, van ofrecer este termo entre as súas entradas. A el podemos engadirlle a saia *de abaixo* ou saia *de por baixo*, peza interior tamén coñecida como *biso*.

As obras lexicográficas do portugués conteñen tamén esta voz dende finais do século XVI. Saya aparece como lema no Cardoso *Dict. Latinolusitanicum* (1569-1570). Por contra, de saia dan conta o Pereira *Thesouro* (1697), Franco *Indiculo* (1716) e Bluteau *Vocabulario portuguez e latino* (1712-1728) –*CLP*.

De por parte, entre os dicionarios e vocabularios do español o único que ofrece saia é o *Vocabulario español-latino* (1492) de Nebrija. Saya é recollida, con posterioridade, no *Vocabulario arávigo de la en letra castellana* (1505) e segue inventariándose nos dicionarios actuais. Esta última forma convive con *falda*, que conta cun uso moito maior no español -*NTLLE*.

Durante séculos utilizouse o substantivo saia para denominar un traxe enteiro, no cal o corpo e a *faldra* formaban un todo. A partir da segunda metade do século XVI, esta peza dividiuse en dúas partes independentes ata dar lugar á saia actual (Bernis Madrazo 1990: 88), termo para referirse á peza do vestiario feminino que cobre a parte de abaixo do corpo e a ela podemos engadir a *vasquiña*[280], xa en desuso máis alá de formar parte da vestimenta de agrupacións tradicionais de baile.

Cfr. s.v. **gibon**, **gobete**, **pelote** e **sayo**.

Saia cordada de Fernando de la Cerda (1255-1275)
custodiada no Museo de Telas Medievales,
sito no Monasterio de Santa María la Real de las Huelgas (Burgos)[281]

[280] Especie de saia aberta, de moita roda, superposta na cintura, que se vestía sobre os resto das saias (Abuín Laxe 2003: 40, *s.v.* vasquiña).

[281] En liña en: *http://www.lacasamundo.com/2013/06/el-calzado-en-la-espana-de-la-edad.html* [Consulta: 18 de

Saia cordada de Leonor de Castilla (1202-1244)
custodiada no Museo de Telas Medievales,
sito no Monasterio de Santa María la Real de las Huelgas (Burgos)[282]

sayal → **[3.1 TECIDOS]**

s.m. (der. de *saia* < do lat. vulgar *SAGĬA, derivado do lat. SAGU- 'especie de manto', 'casaca militar' e o sufixo –al < lat. –ĀLE –*DCECH*, *s.v.* saya, vol. V. Con todo, Martínez Meléndez (1989: 220, *s.v.* sayal) propón a orixe no prov. *saial*, onde se documenta dende o século X) 'saial, tea moi basta, labrada de la –*DHTT*, *s.v.* sayal/saial'.

> ◦ **Sayal** (1): "Iten mando a cada ospital desta dia çibdade huna manta de *sayal*", Portela *Lugo XV*, 1487-abril-17. Lugo, doc. 1369, OR.

No testamento de Xoán Afonso de Castro Alfonsín localizamos sayal, empregado na elaboración dunha **manta** (*vid. s.v.*). Esta forma documentámola en textos provenzais xunto co termo *saga*.

Entre os tecidos que no medievo tiñan como base a la, destacaba o sayal, que Zanger (1945: 90, *s.v.* saie) define como «Etoffe de laine inférieure», idea que é reforzada por Martínez Meléndez (1989: 221) cando explica que «el *sayal* fue un tejido basto, de poca calidad y, por consiguiente de bajo precio». Alfau de Solalinde (1969: 164, *s.v.* sayal) indica que se trata dunha «sarga burda de lana» e engade que adoitaba facerse con «pelo de cabra», referencia que atopamos na *General Estoria* pero que resulta contraditorio que estivese feito con pelo caprino e fose de la (*vid. s.v.* **laan**) ao mesmo tempo (Martínez Meléndez 1989: 221).
Varela Siero (2003: 348) explica que na alta Idade Media é moi posible que este tecido tamén existise con certa calidade e para explicalo remite aos contextos: «saiale maraeze» (rameado) e «saiale facenzal» (tea luxosa que incluía pelo de cabra e seda). Na época do noso estudo non

abril de 2019].
[282] En liña en: *http://www.lacasamundo.com/2013/06/el-calzado-en-la-espana-de-la-edad.html* [Consulta: 18 de abril de 2019].

documentamos casos que ofrezan tanta información, pero si semella ser un tecido basto e forte.

No relativo ao seu uso, Gual *Voc. Comercio* menciona que se empregou durante os séculos XIII e XIV na confección de pezas da indumentaria de uso exterior, como capas (*vid. s.v.* **capa**), saias (*vid. s.v.* **saya**) e capotes (*vid. s.v.* **capote**). Tamén foi utilizado nos hábitos (*vid. s.v.* **abeto**) relixiosos e no enxoval (*vid. s.v.* **axuar**) da vivenda, fundamentalmente, na feitura das roupas (*vid. s.v.* **roupa**) da vivenda, como se amosa no noso exemplo.

Con respecto as cores que presentaba o sayal, Alfau de Solalinde (1969: 165) cita o branco e o beixe, pero menciona a presenza de tonalidades variadas. Entre elas estarían o vermello e o pardo, esta última frecuente nas pezas máis modestas.

****

No dominio galego a primeira atestación desta voz, coa acepción que nos ocupa, data de comezos do século XI e localizámola nun documento de a. 1005 pertencente ao tombo de Celanova (Ourense): «Muli et accepimus proinde de vos in pretio unam vaccam, *saial* uno, in pane et bibere inter totum pretium sub uno». Neste mesmo cartulario rexistramos a variante *sagiales* no ano 1047: «…idem sirgo libras mille DCC.as; *sagiales* XXX.a; linteos X, et alia rapiña et multo damno quos faciebat». Tamén o tombo de Samos (Lugo) se fai eco dea voz estudada nun texto datado entre 1020 e 1052: «Velasquiz pro illa pelle preciata in XII modios et uno *saial* in IIII solidos et VI solidos de argento pro ipsa» -*CODOLGA*. Varela Sieiro (2003: 347) reparou na presenza deste termo unicamente nos tombos de Celanova e Samos e púxoa en relación coa peza de roupa coñecida como saia, que presenta maior diversidade gráfica. En textos escritos en romance atestamos saial dende o último cuarto do século XIII. Temos varios rexistros, co significado estudado, nos *Foros de Castelo Rodrigo*, datados entre 1280 e 1290 e escritos nunha lingua híbrida entre galego e leonés (Rodríguez Parada 2007: 408): «Qvi borra mitir en *sayal* ou louelo o *sayal* molado uendir, o quen fezer fogo en cale, o fiiar en cale». Un século despois, López Ferreiro na obra *Fueros municipales de Santiago y de su tierra* cita: «Iten del feltro vn dinero en vespera de feria e en dia de feria; e do *sayal* vn dinero ena vespera e en el dia de la feria» (1350-1425) -*TMILG*. No tocante ao portugués, tamén localizamos a primeira atestación no século XI, en concreto no primeiro terzo, nun documento de Braga (1026) que cita: «…filios adpretiatas I.o marrano modial, I.o *saial* de XIIIII.cim cubitos tantum nobis bene conplecuit et de pretio non remansit pro dare» -*CODOLGA*. Catro séculos máis tarde, Mortemor na obra *Diana* (1461?) achega o contexto que segue: «O vestido era de um *saial* tão ospero como sua ventura, um cajado na mão, um surrão do braço esquerdo pendendo» -*CP 1300S-1900S*.

No galego moderno escrito, o *TILG* inventaría 69 contextos desta voz, citados en 36 obras distintas, dende o primeiro cuarto do século XIX; no entanto, non en todos os casos se refiere a un 'tipo de tecido de la', pois tamén se usa para nomear a 'peza do vestiario'. A obra de Pardo de Andrade titulada *O Tangueiro: os servís e os liberás* (1814), editada por Mariño Paz ofrece o contexto que segue: «Se a xente de roupa negra de estameña e de *saial*, e aos da curia preguntades o que son os liberás diran-vos, que son xudíos, hirexes e luterás, framasós e xacobinos». A estatística de frecuencia que recolle o *TILG* permite comprobar como é entre os anos 1901 e 1950 cando esta voz aumenta o seu uso ao rexistrar 35 ocorrencias, fronte ás 11 dos cincuenta anos anteriores ou ás 7 dos cincuenta posteriores. O *CORGA* tamén achega 18 contextos de saial dende o ano 1986, en que se cita na novela de Casado titulada *O inverno do lobo*: «Cuberto por un *saial* marrón, parecía máis enfraquecido ca nunca e un algo máisvello». Con todo, non todos os contextos deste repertorio dan conta da acepción estudada.

O español documenta a forma saiale dende o século X nun documento de Cardeña, aproximadamente do ano 914 (Sánchez Albornoz 2014[21]: 242). O Fuero de Madrid (a. 1141-1235) achega o contexto que segue: «Et la bora det el cardador a duenos del *saial*, et si los seniores noluerint uenire, accipiant suum saal et suam boramquam inueuerint, sine iura». En documentos escritos en romance, testemuñamos sayal no primeiro terzo do século XIII; Berceo na *Vida de San Millán de la Cogolla* (c. 1230) cita: «deve Santa María qe dizen del Pelayo cada casa un cobdo de *sayal* en el año» -*CDH, CORDE* e *CE1200s-1900s*. Dous séculos despois, o *Cançoner d'Estúñiga* (1460-1463) menciona: «era uillana / fija d algo parescia. § El arreo de su persona / saya negra de | *sayal* | / de yedra traya una zona / syn pintura artificial / libre suelta suffragana» -*DiCCA-XV*. No século XVI no inventario de bens de Juan de Castroviejo (Navarrete-A Rioxa), datado en 1545, recóllese o texto que segue: «dos coçederas de *sayal* nuevas» -*CorLexIn*. Décadas despois, na obra *Plática artillería* (1592) de Collado menciónase o seguinte contexto: «Toma un tino o un tinajón que sea grande y cúbrelo todo de tablas de pino muy bien acepilladas y sobre aquellas tablas tenderás una manta de lana o una pieça de *sayal* que sea lanudo» -*DICTER*. Xa no século XX comprobamos como decaeu considerablemente o uso deste termo e, con el, entendemos que o do tecido, pois o *CREA* compila só 39 casos, aínda que a maior parte dos exemplos fan referencia á 'peza do vestiario'. Na novela *Toda la noche oyeron pasar pájaros* (1981) de Caballero Bonald localizamos o parágrafo: «No le importaba en absoluto ponerse luego encima una túnica de áspero *sayal* con tal de sentir sus bien formados senos y su mano deforme cubiertos con sedas» -*CREA*.

Na lexicografía galega a voz saial non está presente en ningunha da obras rexistradas no *DD*, porén, os textos lexicográficos de carácter normativo, publicados a mediados dos anos 80 do século pasado, ofrécena entre os seus lemas para referirse ao 'tecido basto de la' ou á 'peza do vestir confeccionada deste tecido'.

Os repertorios do portugués achegan saial, coa nosa acepción, dende finais do século XVII en que se recolle no Pereira *Prosodia* (1697); a variante sayal é posterior, en concreto, do primeiro cuarto do século XVIII, en que figura no Bluteau *Vocabulario portuguez e latino* (1712-1728) –*CLP*.

Con todo, as obras da lexicografía española van ofrecer este termo, coa acepción que nos ocupa, dende o último terzo do século XVII, cando está presente no *Vocabulario español-latino* (1492) de Nebrija –*NTLLE*.

O saial empregouse dende o medievo na confección dos hábitos relixiosos, roupas exteriores dedicadas a protexer das inclemencias do tempo e pezas téxtiles do fogar; posteriormente, as fibras sintéticas foron desprazando paulatinamente o uso das fibras de orixe natural.

Cfr. s.v. **laan**.

Hábito franciscano de sayal custodiado na basílica de San Francisco de Asís (Umbría, Italia)[283]

saio *s.m. vid. s.v.* **sayo** → **[2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER] [2.1.2 TRAXES PARA VESTIR O CORPO]**

sayño *s.m. vid. s.v.* **sayo** → **[2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER] [2.1.2 TRAXES PARA VESTIR O CORPO]**

sayo → **[2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER] [2.1.2 TRAXES PARA VESTIR O CORPO]**

s.m. (der. de *saya* < do lat. vulgar *SAGĬA, derivado do lat. SAGU- 'especie de manto', 'casaca militar'; Corominas e Pascual consideran que este termo, á súa vez, pode proceder do plural grego σαγία, que conta co mesmo significado ca en latín –*DCECH*, *s.v.* saya, vol. VI) 'saio, peza de roupa masculina, ancha, que cobre o corpo dende o pescozo ata os xeonllos e que se leva por riba do xibón'.

◦ **Sayo** (7): "Iten mando a cada moço destes meus criados, que estan aqui en mina casa, a cada un seu *sayo* de morilla", Portela *Lugo XV*, 1487-abril-17. Lugo, doc. 1369, OR.; "a Juan de Campelo, outro *sayo*", Otero *Quiroga*, 1489-maio-27. [Carballedo. O Hospital. Quiroga] (Lu), doc. 49, OR.; "Yten mando a Alvaro de Layan, meu criado, vna capa e vn *sayo* de palmilla e un gibon de sultan", Sánchez *Álvaro Sánchez*, 1493-xuño-12. Santiago de Compostela (A Co), doc. 13, OR.; "Item mando o meu padronazgo de Santa María do Bal a Afonso Martines... et mándolle mays una capa e un *sayo*", Cal *Pedroso*, 1506-marzo-20. Moeche (Lu), doc. 63, OR.; "Item mando a Juan López... et mándolle mas una capa e un *sayo*", Cal *Pedroso*, 1506-marzo-20. Moeche (Lu), doc. 63, OR.; "e mando a Juan d-Espynaredo una capa e un *sayo*", Cal *Pedroso*, 1506-marzo-20. Moeche (Lu), doc. 63, OR.; "e mando a Juan de Tumiraos unna capa e un *sayo*", Cal *Pedroso*, 1506-marzo-20. Moeche (Lu), doc. 63, OR.

[283] En liña en: *http://www.franciscano.org.br/v3/pages/texto.php?id=427* [Consulta: 18 de abril de 2019].

◦ **Saio** (2): "a Álbaro de Losada un *saio* de Palencia" Otero *Quiroga*, 1489-maio-27.[Carballedo. O Hospital. Quiroga] (Lu), doc. 49, OR.; "a Gonzalo García outro *saio*", Otero *Quiroga*, 1489-maio-27. [Carballedo. O Hospital. Quiroga] (Lu), doc. 49, OR.

◦ **Sayos** (4): "...que les den de bestir capas e *sayos* e mas mais aos honbres", Uriarte *Roi Xordo*, 1503-[xullo-4. A Coruña] {1457-decembro-24}. [A Coruña], COP.; González Garcés *A Coruña*, 1503, {1457-decembro-24}. [A Coruña], REP.; "...aos honbres depee que comigo andaren de contino a cada uno dozientos mrs. e por conseguinte debe ser capas e *sayos*", Uriarte *Roi*, 1503-[xullo-4. A Coruña] {1457-decembro-24}. [A Coruña], COP.; González Garcés *A Coruña*, 1503, {1457-decembro-24}. [A Coruña], REP.

◦ **Saios** (1): "Yten mando... e os outros *saios* de vestir e mantos", García Oro&Portela Silva *Mariño*, 1427. [O Cabo. Os Ánxeles. Brión] (A Co), doc. 18, OR.

◦ **Sayño** (1): "mando que bendan a miña mantilla e o meu *sayño* para ajuda de pagar e conplir miñas onrras", Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1519-novembro-28. [O Outeiro. Viveiro. Celanova] (Ou), vol. I, doc. 122, OR.

Nos testamentos masculinos de Roi González de Chan da Pena, Lopo Monteiro e Roi Xordo das Mariñas e os femininos de Inés García e Constanza López de Moscoso cítase a peza de vestir coñecida como saio. Está próxima á voz saia (*vid. s.v.* **saya**) e trátase dunha peza da indumentaria propia do medievo. Na maioría dos casos que rexistramos forma parte da roupa masculina; con todo, nalgunha ocasión tamén aparece como peza feminina (Bernis 1979: 121). De feito, a virxe preñada que forma parte do grupo da Anunciación, inicialmente sita no trascoro da Catedral de Santiago de Compostela porta un saio (Sánchez Ameijeiras 2016: 226).

Bernis (1979: 121) explica que dende mediados do século XV, data en que se inscriben as nosas ocorrencias, os homes vestían o saio sobre o xibón (*vid. s.v.* **gibon**) cando ían a corpo. Os saios podían ser longos, para uso cerimonioso, ou curtos, coma o saíño que se cita no testamento de Tareixa García de Outeiro, que entendemos que era unha versión máis curta do saio. Podían ter mangas ou carecer delas, información da cal nada achegan os nosos contextos. Por exemplo, os saios curtos e sen mangas utilizáronse para colocar enriba da armadura, de aí que se adaptasen ao uso e prescindisen das mangas. O saios evolucionaron na súa forma e, así, na segunda metade do século XV existiron tres modelos diferentes: a) o axustado e sen pregues, b) o pregado en corpo e faldra e c) o saio con corpo axustado e faldra de roda feita en nesgas. Os traxes sen pregues reflectiron o gusto polas formas tesas e varadas que modelaban o corpo ao gusto mediante a tea completamente estirada, o cal se conseguía con forros que conferían rixidez ao tecido; por contra, os traxes pregados supuxeron as creacións máis orixinais da moda europea, que podían levar os pregues por diante e por detrás, seguindo a moda italiana. Nesta época tamén se introduciron as mangas engurradas e voluminosas na parte alta, para aquelas pezas máis cerimoniosas, que convivían con outras en que destacaban as mangas tubulares, máis longas ca os brazos, e as cortadas, que deixaban lucir as mangas do xibón (Bernis 1979: 35-36-37). No relativo aos saios femininos, dos que pouca información temos, supoñemos, seguindo a autora anteriormente citada, que eran unha peza semellante á saia, pero máis curta, o cal permitía que as mulleres deixasen á vista as faldras interiores, e posiblemente non tivese mangas (Bernis 1979: 122-123). De por parte, no Gual *Voc. Comercio* cítase un documento no cal se fai referencia a esta peza utilizada por mulleres: «Los sastres cobran por hechura de un *sayo* de mujer 22 maravedís y medio».

Na confección dos saios empregáronse un número moi variado de teas, dende as máis luxosas, para aquelas pezas máis exclusivas, ata as máis modestas, para o día a día. Nestes exemplos só se cita a **palmilla** (*vid. s.v.*) como o tecido dun dos saios. Amais, forrábanse de

tea ou pel, pero estes últimos foron os máis frecuentes nos gardarroupas dos homes medievais; pel de armiño, marta, gato salvaxe e coello foron utilizadas para os forros dos saios máis abrigosos, ben para toda a peza ben para a parte da faldra. Ao lado destes saios existiron os saios mouriscos, femininos, moi rechamantes pola vistosidade dos tecidos e gornicións, como é de esperar das pezas que os cristiáns tomaron dos mouros para lucir nas ocasións máis festivas. Destacaban especialmente por estaren elaborados con dúas teas diferentes, unha para unha metade do saio e a outra, para a outra metade, e cosíanse alternos uns aos outros (Bernis 1978: 54). Quizais, aínda que isto é unha hipótese que hai que considerar con prudencia, os «outros *saios* de vestir e mantos» que cita Constanza López de Moscoso no seu testamento sexan mouriscos ou, simplemente, o suficientemente vistosos como para lucilos e non seren tapados cunha peza de roupa exterior. Bernis Madrazo (2001: 342) indica que «en el traje cortesano de la época del Quijote, el *sayo* ya no se estilaba; la ropilla[284] y el coleto[285] lo habían desplazado totalmente».

De por parte, tamén se documenta a existencia dos saios de cabalgar, caracterizados por teren aberturas na parte das pernas, que permitían montar a cabalo con comodidade (Bernis 1979: 15). Ao lado estaban os saíños, coma o citado no testamento de Tareixa García de Outeiro, que poderiamos relacionar co sainho citado por Oliveira (1992: 104, *s.v. sainho*), quen indica que eran «uma espécie de saia já sem a parte superior da veste, ou uma vasquinha».

****

No territorio galego documentamos tardiamente esta voz, no primeiro cuarto do século XV. O primeiro testemuño recollémolo nun dos nosos exemplos en que se cita a forma plural saios, datada no ano 1427. Dos repertorios consultados, coa acepción estudada, só o *TMILG* vai ofrecer un contexto no ano 1506, que tamén recollemos entre as nosas concordancias. No portugués as primeiras atestacións tamén datan do século XV. A *Cronica do condestabre de Portugal*, escrita na primeira metade do século citado, recolle: «E como passarom, gill ayras arregaçou as mãgas do *sayo* que leuaua cõ seu pao na mão [...]» -*VHCPM*. Na *Historia do Japam* (1560-1580) de Frois ofrécese o contexto: «E o Irmão Lourenço, que havia de ser o lingua, levava hum dobucu id est, *sayo* de canga preta, que era do Padre, o qual por lhe ser muito comprido…» -*CP 1300s-1900s*. No portugués moderno, na fala popular, o *TLPGP* localiza a voz saio nas illas de Porto Santo, na Madeira, (Monteiro 1950: 146) e São Miguel, os Açores (Borges 1960; Medeiros 1964: 227) utilizada como peza de roupa, pero xa cun cambio semántico con respecto á peza que estudamos, ao ser definida como 'semellante a unha combinación'.

No galego escrito, o *TILG* atesta esta voz dende época temperá, en concreto, a primeira metade do século XVIII. Sarmiento no *Coloquio de 24 gallegos rústicos* (1746) nomea: «… vestidos de branco, dous altos mancebos con camisas postas sobre o *saio* negro». Este repertorio inventaría 141 casos, repartidos entre 96 obras distintas. Se observamos o número de exemplos, por franxas cronolóxicas, comprobamos como se trata dunha voz de uso temperá que se mantivo na lingua ata a actualidade, aínda que experimentou algúns cambios na súa forma. De feito, entre os anos 1612 e 1800 rexistramos 2 casos; entre 1801 e 1850 contamos con 11 casos; entre 1851 e 1900, con 57; 1901 e 1950, 18 casos; entre 1951 e 1980, 7 casos e, finalmente, entre 1980 e 2013, 46 contextos. O *CORGA* tamén achega algúns exemplos deste termo. Coa nosa acepción, o primeiro deles data do ano 1981 e recóllese na obra de relato curto de García Gonçalez-Durão titulada *Perdido nos confíns da noite*: «…un esquelete adobiado cun *saio* volandeiro ía ceibando gargalladas mentras zorregaba o lombo de catro cabalos pedreses que turraban dun arado».

[284] «Vestidura corta con mangas y brahones, de los cuales pendían regularmente otras mangas sueltas o perdidas, y se vestía ajustada al medio cuerpo sobre el jubón» –*DRAE*, *s.v.* ropilla.
[285]«Vestidura hecha de piel, por lo común de ante, con mangas o sin ellas, que cubría el cuerpo, ciñéndolo hasta la cintura» –*DRAE*, *s.v.* coleto e Bernis Madrazo 2001: 97.

No territorio español os primeiros testemuños desta peza do vestir datan de finais do século XIII. Na obra anónima *Gran conquista de Ultramar* (1291-1295) ofrécese a voz saio coa acepción dos nosos contextos: «…no leuo otra cosa vestida ni calçada sino vn *sayo* & vnas calças & vnas espuelas muy agudas que puso en sus pies» -*CE 1200s-1900s*. No *Libro del caballero Cifar* (1300-1305) tamén se cita esta voz: «É les poderoso de fazer lo que otro ninguno no puede fazer & dote estas mis ropas en pago del *sayo* viejo…» -*CDH* e *CORDE*. En textos escritos en español na coroa de Aragón recóllese o termo estudado nun texto pertencente á obra *Fons Sástago* (1402-1498): «mjo morzillo o el·de·la brida qual el se querra e vn | *sayo* | mjo forrado de damasco e dos jupones de·los mjos de seda aquellos» -*DiCCA-XV*. Un século despois, no inventario de bens de Alonso Peralle (Toledo), datado no ano 1532, ofrécese o contexto que segue: «Yten, vn *sayo* prieto con vn aforro colorado apresçiado en ocho reales» -*CorLexIn*. De por parte, no *Repertorio premáticas y cortes* (1551) de Martínez de Burgos cítase: «Mandamos que no se puedan traer gualdrapas de seda, ni guarnecidas de ninguna seda, en ninguna manera, de caballos, ni ninguno no pueda dar librea, ni vestir paje ni moço, ni traer ellos *sayos* ni capa donde aya más seda que una manga» -*DICTER*. Trátase dunha voz que viu reducido o seu uso no último século, de feito o *CREA* dende o ano 1975 só compila 87 casos deste termo, localizados en 76 textos distintos.

No que respecta á lexicografía galega, os dicionarios e vocabularios do século XVIII fanse eco da variante sayo, que se ofrece na obra anónima titulada *Vozes gallegas* (1845). Con posterioridade, na época premoderna (1863-1985) está presente no Carré *Diccionario*[2] (1933), Carré *Diccionario*[3] (1951), Aníbal *Vocabuario Piquín* (1977) e Carré *Diccionario-Voc.* (1979). A variante, saio, coincidente co estándar do galego, figura como entrada no Ibáñez *Diccionario* (1950), Eladio *Diccionario* (1958-1961), Franco Grande *Dicicionario* (1972), Carré *Diccionario-Voc.* (1979) e Rivas *Frampas II* (1988). Aquelas obras que ofrecen definicións, asocian esta peza da indumentaria a unha 'chaqueta' a excepción da obra enciclopédica de Eladio Rodríguez, quen achega como primeira acepción unha definición que é do noso interese: «casaca larga y sin botones» -*DD*. Posteriormente, os dicionarios de corte normativo, publicados a partir dos anos 80 do século XX, van dar conta deste termo sexa para definir 'unha casaca longa e sen botóns', sexa 'un vestido amplo de feitura simple' -*DRAG*. Na paremioloxía podemos atopar unha mostra do uso desta peza da indumentaria, nas expresións *Ata o corenta de maio non quites o* saio[286], a cal fai mención ao 'mal tempo que se prolonga ata o mes de xuño', e *arredondarlle o* saio (*a alguén*), é dicir, 'falar mal de alguén'.

Os repertorios do portugués, igualmente, recollen saio entre os seus lemas, dende finais do século XVI, en que se inventaría no Cardoso *Dict. Latinolusitanicum* (1569-1570) a variante sayo. Posteriormente, ambas as dúas variantes aparecen como entrada no Pereira *Thesouro* (1697); saio está tamén no Rolland *Adagios* (1780) e sayo no Bluteau *Diccionario castellano* (1721) e no Feijó *Orthographia* (1734) -*CLP*.

A lexicografía do español faise eco deste termo dende finais do século XV. De feito, no ano 1495 Nebrija no *Vocabulario español-latino* inventaría saio, momento a partir do cal os dicionarios e vocabularios lematizarán sayo, a variante do español actual -*NTLLE*. A fraseoloxía do español tamén presenta esta voz, por exemplo, na expresión *hacer de mi/tu/su... la capa un* sayo para definir 'o xeito de actuar con liberdade nas cousas ou asuntos que son da nosa incumbencia'.

Na actualidade, malia tratarse dunha voz ofrecida nos dicionarios, coa acepción estudada está practicamente en desuso ao estar asociada á indumentaria antiga.

[286] Este refrán meteorolóxico está recollido no volume IV (Léxico) do *ALGa*. Información sobre el pode consultarse en: *http://stel.ub.edu/paremio-rom/es/refranes/ata-o-corenta-de-maio-non-te-quites-o-saio* [Consulta: 18 de abril de 2019].

Cfr. s.v. **gibon**, **gobete**, **pelote** e **saya**.



Saios retratados na obra *Exorcismo ante a tumba de San Vicente* da autoría de Jaime Huguet, custodiado no Museo Nacional de Arte de Cataluña (detalle parcial da obra)[287]



Patrón dun saio de pano do século XVI (Alcega 1580)

[sandalia] → **[2.2 O CALZADO]** **[2.4 ORNAMENTOS LITÚRXICOS]**

s.f. (do lat. SANDALĬA, plural de SANDALĬU-, e este do gr. σανδάλιον) 'sandalia –*s.f.*-, peza de calzado que cobre o pé ata o nortello, elaborado en tea e con sola de coiro'.

◦ **Sandalias** (1): "Douss *sandalias* pontificales de damasco con súas çalcas", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

No reconto de bens da Catedral de Ourense, datado no ano 1493, cítase un par de sandalias pontificais (*vid. s.v.* **pontifical**) no inventariado do enxoval da dita catedral. Este calzado

[287] En liña: *http://opusincertumhispanicus.blogspot.com.es/2013/03/el-sayo-sayuelo-sayon.html* [Consulta: 18 de abril de 2019].

litúrxico xa se menciona a finais do século VI e no V aparece representado nalgúns mosaicos, coma os de San Sátiro, preto de Milán, e os de San Vitalio, en Rávena. Con todo, o seu uso comeza a ser habitual no século X, en que os bispos e os diáconos consideran que é un signo de distinción e privilexio fronte ao resto do clero.

As sandalias pontificais proceden da evolución das sandalias utilizadas polos senadores romanos aproximadamente no século IV, que consistían en solas suxeitas ao pé por correas ou cintas (*vid. s.v.* **cinta**). Bernis Madrazo (1956: 13) tamén destaca a orixe romana deste calzado. Entre os séculos XI e XIII este tipo de sandalias romanas vanse converter en zapatos pechados con distintos tipos de peche e adoptarán diversas formas. No *Setenario* defínesen as sandalias episcopais do seguinte xeito: «*...sandalias* son... fechas segunt çapatos anchos que quepan sobre las calças e han de haber las suelas de fuste, así como los çuecos. Et deven ser abiertas de parte de delante do se ayunta el pie con la pierna, e tener cuerda de dentro con que se aprietan, porque se paren bien quando fueren calçados» (Sánchez Ameijeiras 2014: 221). Actualmente o Museo de Mondoñedo custodia unhas sandalias que pertenceron ao bispo mindoniense Pelayo Cebeira (1199-1218), que se atoparon no seu sepulcro na igrexa de Santa María de Ribadeo.

Como indica Santos Rodríguez (1995: 195), o material de fabricación das sandalias pontificais foi ata o século XIII o coiro, ás veces cuberto de **seda** (*vid. s.v.*); pero a partir deste momento, a parte superior desta peza de calzado elaborouse exclusivamente con tea: seda, veludo (*vid. s.v.* **terçiopelo**), **damasco** (*vid. s.v.*), etc. A elas engadíanselle bordados (*vid. s.v.* **bordado**) con sedas, fío de **ouro** (*vid. s.v.*), perlas e incluso pedras finas. Eran decoradas con motivos vexetais xeralmente, aínda que tamén con animais e figuras xeométricas, pois dende principios da Idade Media e ata o século XIII dáselle grande importancia ao adorno no calzado das clases acomodadas, así como do alto clero.
Precisamente o damasco é o tecido co que se elaboraron as sandalias do noso exemplo. Con todo, descoñecemos se levaban algún tipo de adobío; posiblemente levasen unha cruz[288], pois sabemos que a partir do ano 1400 foi o motivo decorativo máis empregado no calzado pontifical.

Os bispos adoitaban usar con estas sandalias unhas medias litúrxicas coñecidas como calças (*vid. s.v.* **[calça])** no noso *corpus* de estudo, que por privilexio especial do papa, tamén podían ser utilizadas por outros prelados. De por parte, a cor litúrxica para o día que se conmemora determina a tonalidade das sandalias e das medias (calças)[1].

Finalmente, cómpre destacar que o uso das sandalias pontificais foi abolido na reforma litúrxica posterior ao Concilio Vaticano II, a pesar de que se seguen utilizando en celebracións acollidas ao ritual tradicional, fundamentalmente a misa pontifical solemne e aos oficios realizados nela[289].

O seu uso moderno, para denominar o calzado con correas, remóntase aos séculos XVIII e XIX (Štrbáková 2007: 1166).

****

No ámbito galego, non documentamos sandalia en ningún dos repertorios consultados (*DDGM* e *TMILG*), polo tanto tomamos o noso exemplo, datado na última década do século XV (1493), como a primeira atestación desta voz. O mesmo ocorre en textos portugueses; no

[288] Información extraída da *Enciclopedia católica online*: *http://ec.aciprensa.com/wiki/Sandalias_Episcopales* [Consulta: 18 de abril 2019].
[289] Información extraída da *Wikipedia*: *https://es.wikipedia.org/wiki/Calzado_lit%C3%BArgico* [Consulta: 18 de abril de 2019].

Houaiss *Dicionário* documéntase por primeira vez na segunda metade do século XVII, cando se cita na obra de Cardoso titulada *Agiólogo dos santos e varões ilustres em virtude do reino de Portugal e suas conquistas* (1659). O *VHCPM* non dá conta da voz sandália e o *CP 1300S-1900S* documéntaa por primeira vez no último cuarto do século XIX, en que a cita Machado de Assis na obra *Esaú e Jacó* (a. 1899): «O pé nu, atado à *sandália*, mostrava agüentar um corpo de Hércules».

Esta voz documéntase no galego actual, tanto na fala coma na escrita. Na fala popular, o *ALGa* (pregunta 2.332: *sandalias*) atesta a presenza das formas sandalia(s) e andalia(s); esta última variante posiblemente creada por etimoloxía popular. Ambas as formas localízanse en practicamente todo o territorio galego, ademais de León, Asturias e Zamora. Por contra, o *TLPGP* localiza andalia(s) na provincia de Lugo, nos concellos de Ribadeo (Baamonde Traveso 1977: 115), Guitiriz (Pena Seijas 1970: 40) e Guntín (Vázquez Somoza 1986: 98). Na Coruña, nos concellos de Dumbría (Leis Casanova 1969: 98), Porto do Son (Marín Suárez 1978: 74), Touro (López Fernández 1969: 93) e Silleda (Bravo Criado 1984: 35); sandalia(s) no concello lucense do Corgo (Castro Castedo 1986: 84); no pontevedrés de Tomiño (Pérez Alonso 1969: 51) e, finalmente, no coruñés de Santa Comba (Seco Fernández 1971: 58). Este repertorio tamén atesta esta voz en varios territorios de Portugal: sendalhas en Baião, sandalha en Nisa e Marvão e sẽidálias en Semancelhe. No García *Glosario* (1985) *–DD-*, igualmente, ofrécese este termo, do que se di que é unha «var. de andalias». Con respecto ao galego escrito, o *TILG* recolle en 88 ocasións e 58 obras distintas as formas sandalias, andalias e andallas. O rexistro máis antigo corresponde á obra *Poesías* de Iglesia (1859): «Non tiña, non, meu amore qu'el é Dios | Noso Señore e ás *andalias* dos seus pés». Da variante sandalias o rexistro máis temperán está na tradución de Santamaría titulada *El evangelio según San Mateo traduccido al dialecto gallego de la versión castellana de D. Félix Torres Amat* (1861): «... e nin siquera son eu digno de levar-lle as *sandalias*». Cómpre repararmos no incremento da presenza deste termo na franxa cronolóxica que abrangue os anos 1981 a 2013. De por parte, dende o século XX, de seguro que pola influencia exercida polos dicionarios de corte normativo, a variante preferente é sandalia. Con respecto ao *CORGA*, este repertorio inventaría 12 ocorrencias de sandalia dende o ano 1976, en que compila o primeiro rexistro.

En textos escritos en español, esta voz atéstase dende a segunda metade do século XIII, tamén relacionada co ámbito relixioso. Ssandalias cítase na obra afonsina *Setenario* (c. 1252-1270): «...esto por onrra de la missa quando la dixieren: la primera, calças de sseda; la ssegunda, *ssandalias*; la terçera, luuas; la quarta, aniello; la quinta, croça; la ssesta, mitra» *-CDH*. Da variante sandalia as primeiras atestacións datan da segunda metade do século XIII; na obra anónima titulada *El nuevo testamento según el manuscrito escurialense I-j-6. Desde el evangelio de San Marcos hasta…* (a. 1260): «E mando les que non troxiessen por la carrera fueras blago; ni talega, ni pan, ni arambre en la cinta; mas calçados de *sandalias*» *-CORDE* e *CDH*. Tamén na obra do rei Afonso X, neste caso na *Estoria de Espanna que fizo el muy noble rey don Alfonsso…* (c. 1270): «mas fizogelo otorgar el santo Obispo con la *sandalia* quel dio. & fizo el /2/ papa penitencia» *-CORDE*, *CDH* e *CE 1200S-1900S*. No ano 1274 Durán Gudiol nas súas «Notas de archivo» ofrece a forma plural cendalias na concordancia: «item unas *cendalias* de baldaqui» (Gual *Voc. Comercio*). É de destacar que dende o ano 1290 non localizamos máis rexistros deste termo ata case un século despois; no ano 1385 Fernández de Heredia na *Gran crónica de España I* cita: «mas segunt escriuio el arçeuispe don .Rodrigo. sus ropas trobaron & sus *sandalias* & su corona & su cauallo oreia en un prado cerca de un tremedal çerqua de un rio» *-CDH*. A seguinte atestación data de 1443, momento a partir do cal esta voz conta con numerosos exemplos en todos os séculos ata a actualidade *-CORDE*, *CREA*, *CDH* e *CE 1200-1900S*. Algo semellante ao que ocorre no español detéctamolo no dominio francés; Gay (1971: 325, *s.v.* sandales, vol. I) documenta as formas sandales, sandalia e cendalles en textos dos séculos X, XIII e XV; con todo, o século XIV semella estar baleiro de rexistros.

Polo que se refire ao rexistro lexicográfico, sandalia aparece nos vocabularios e dicionarios ata o período premoderno (1863-1985). Temos a forma andalias e andallas no Porto *Diccionario* (c. 1900) e sandalias na obra enciclopédica Eladio *Diccionario* (1958-1961). Posteriormente, reaparece na lexicografía galega ata mediados dos anos 80 do século pasado, en que se publican os dicionarios normativos.

Os dicionarios portugueses ofrecen o lema sandália entre as súas entradas dende o século XVII, cando o recolle o *DELP* (*s.v.* sandália, vol. V). No século XVIII está presente no Bluteau *Vocabulario portuguez e latino* (1712-1728) –*CLP*.

A propósito das obras lexicográficas do español, estas dan conta desta voz dende o século XVII, en que se cita no *Vocabularium Hispanicum latinum et Anglicum copiossisimum cum nonnullis vocum millibus locupletatum, ac cum Linguae Hispanicae Etymologijs* (1617) de John Minsheu -*NTLLE*.

As sandalias seguen sendo calzado caracterizado por deixar parte do pé ao aire; con todo, as de uso pontifical aínda na actualidade semellan unha zapatilla, ao seren pechadas e estar confeccionadas en tea.

Cfr. s.v. **[auarca]** e **[çapato]**.

Sandalias pontificais[290]

saquello *s.m. vid. s.v.* **saquillo** → **[2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER] [2.1.3 TRAXES DE POÑER POR RIBA]**

saquellon *s.m. vid. s.v.* **saquillo** → **[2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER] [2.1.3 TRAXES DE POÑER POR RIBA]**

saquillo → **[2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER] [2.1.3 TRAXES DE POÑER POR RIBA]**

s.m. (der. de *saco* < do lat. SACCU- e este do gr. σάκκος) *'saquello*, vestidura exterior ampla elaborada con tecidos bastos'.

[290] En liña: *http://jadcodeteorias.blogspot.com.es/2014/05/del-papa-historia-zapatos-rojos-del-papa.html* [Consulta: 18 de abril de 2019].

◦ **Saquillo** (4): "Item mado... huna capa de pano pardo et hun *saquillo* morilla", Portela *Lugo XV*, 1463-xaneiro-8. Lugo, doc. 1151, OR.; "Item mando a Vasco Garçía o meu *saquillo* claro et gibon con el", Portela *Lugo XV*, 1463-xaneiro-8. Lugo, doc. 1151, OR.; "Item mando que den a Ruy da Porreyra pano para hun *saquillo* de morilla", Portela *Lugo XV*, 1463-xaneiro-8. Lugo, doc. 1151, OR.; "Iten a Roy Frade, hun capuçon de morilla et outro a Vaasquo Cardeyron, et mando hun *saquillo* [...] | [...] hun capuçon novo et hun gibon novo", García&Otero *Santo Sepulcro*, 1467-novembro-18. Pazos de Arenteiro. [Boborás] (Ou), OR.

◦ **Saquello** (3): "Iten mando a Juan do | Rio dos varas de pano pardo para un *saquello* et para huna capa", Manso *Viveiro*, 1424-febreiro-11. Viveiro (Lu), OR.; Manso *arte gótica*, 1424-febreiro-11. Viveiro (Lu), vol. II, doc. 58, OR.; "Itẽ mãdo que den a meu sobrino gonçaluo que esta comigo un *saquello* ou pãno para hũa pelica", *Col. doc. históricos*, 1474. [Santiago de Compostela] (A Co), vol. I, doc. VII, OR.

◦ **Saquellon** (1): "Item mando a Arees de Trapa a mina ucha que tenno en no dito moesteyro ou çincoenta morabetinos qual el an|te quiser para aiuda de un *saquellon*", Graña *Vilourente*, 1459-febreiro-12. [Vilamor. Mondoñedo] (Lu), doc. 277, OR.

Entre as voces que se citan no noso *corpus* están o saquello ou saquillo, ás que hai que engadir o saquellón, as tres presentes nos testamentos de Elvira Freira, Vasco Cotón, Maior González de Guillade e Xoán de Loureiro. En todos os casos estamos ante formas con diminutivos e aumentativo do substantivo saco, utilizado para denominar un tipo de **vestimenta** (*vid. s.v.*). Trátase de voces que presentan o sufixo diminutivo latino *–ello*, que é o resultado da evolución patrimonial do sufixo latino –ICULUS, que perdeu a súa rendibilidade na lingua actual e posiblemente o valor inicial de diminutivo xa non existía nalgunhas palabras da lingua medieval (Arias Freixedo 2016: 22). Nun único rexistro localizamos o sufixo aumentativo *–ón*, moi produtivo na lingua.

A propósito dos significados de saco, Maranges i Prat (1991: 36) indica que este termo pode designar «una bossa gran per a posar-lhi coses i una vestidura amb pocs esments». Nos exemplos ofrecidos, os contextos parecen indicar que saquello, saquillo e saquellón fan referencia a unha peza de roupa de uso exterior. O autor citado explica que esta vestimenta era utilizada polas clases máis humildes e, como tal, elaborábase con tecidos bastos: «Els dos únics teixits trobats per a aquesta vestidura són el sargil i el burell. Es tracta de dues robes molt grosseres i podem suposar que era una peça molt humil». O *DCECH* (*s.v.* saco, vol. V) tamén destaca que *saco* é o nome utilizado para unha peza do vestir utilizada antigamente. Amais, no *DAutoridades* (1739, tomo VI) defínese *saco*, na súa segunda acepción, como: «Significa tambien una vestidura vil y áspera de sayál de que usan los Serranos, y gente del campo, ù otros por hábito de penitencia. Lat. *Sagum, i. Saccus, i.* TEJAD. Leon Prodig. part. 1. Apolog. 19. Desnudandose los vestidos, y vistiendose un *saco* de sayál, subió las gradas del soberbio trono.... Algunos le imitaron en la misma acción vistiéndose *sacos*». En consonancia coa idea exposta, Arias Freixedo (2016: 21) explica que saquello e saquellón, xunto coa forma feminina saquella, son formas empregadas durante o medievo para denominar unha peza de roupa de pano pardo. De feito, Pai Soarez de Taveirós cita este termo na coñececida «cantiga da guarvaia».

As teas en que se adoitaba elaborar esta peza (*vid. s.v.* **peça**) de **roupa** (*vid. s.v.*) parece que foron o *saial*[291] e o **burel** (*vid. s.v.*), ambos os dous caracterizados por seren fortes e bastos, xeralmente de la (*vid. s.v.* **laan**).

****

[291] Tea de la moi basta –*DRAG*.

No dominio galego existen rexistros da voz saco, coa acepción mencionada, dende o segundo terzo do século XIII. Nun documento notarial escrito en latín, do ano 1242, pertencente á Catedral de Ourense cítase: «IX ligones et unam palam, II mantilia, III manutergia, III *sacos*, III rascheles et unum coopertorium, unum aquamanile, unam patellam». Varela Sieiro (2003: 299-300), a propósito do significado deste substantivo neste contexto, indica que é moi confuso: podería denominar un tipo de mantel ou cubremesas ou ter o significado co que conta esta peza na actualidade. En textos escritos en romance, os primeiros testemuños están na lírica profana, en concreto na lectura da cantiga de escarnio de amor «No mundo non me sei parelh'»: «E, mia senhor, de *saquel[ha]* / me foi a mí mui mal di', ai!» -*Ferreiro* Glosario. O termo masculino documentámolo no primeiro cuarto do século XV. Da forma saquello a atestación máis temperá está nun documento citado entre os nosos exemplos, do ano 1424. Por contra, de saquillo os testemuños son algo posteriores; no ano 1432 nun escrito ourensán editado por Ferro Couselo ofrécese o contexto que segue, onde saquillo parece cadrar co valor dos nosos exemplos: «Rúa da Praça: rematouse hun balandrán uerde e hun *saquillo* e hun reposteiro e hun alfamare, en çento mrs, de Vaasco Afonso e seu jenrro; dous cabeçáas, en Gomes Rodrigues, por VII mrs, de Tereixa, laçarenta» -*TMILG*. No portugués non localizamos os termos dos exemplos.

No galego moderno, na fala popular, rexistramos a forma saco para denominar 'unha bolsa grande que serve para gardar cousas' no *TLPGP* e García *Glosario* (1985) –*DD*-, pero non relacionada coa peza do vestir estudada. Na escrita, tampouco temos rexistros de saquello, saquillo e saquellón, pero si da forma *saco*. O *TILG* ofrece concordancias deste termo dende o segundo cuarto do século XVIII, pero en ningunha delas localizamos a acepción que nos ocupa.

No español, testemuñamos esta voz na segunda metade do século XIII, en que se ofrecen exemplos do diminutivo de *saco* -*CE 1200s-1900s* e *CORDE*.

A lexicografía galega ofrece a voz *saco*, aínda que non coa nosa acepción, nas obras do século XVIII, pero de saquello, saquillo e saquellón non achega ninguna entrada. *Saco* figura no Sarmiento *Colección de voces* (1746-1770), Eladio *Diccionario* (1958-1961) e Carré *Diccionario-Voc.* (1979) –*DD*. Os dicionarios normativos, publicados a partir de mediados dos anos 80 do século XX van dar conta desta voz, aínda que sen ofrecer o significado estudado.

Nos repertorios lexicográficos do portugués só localizamos o termo *saco* dende a primeira metade do século XVIII, en que se ofrece como entrada no Bluteau *Diccionario castellano* (1721) –*CLP*.

No relativo á lexicografía do español, as obras ofrecen saquillo dende finais do século XVI, en que se cita no *Vocabulario de las dos lenguas toscana y castellana* (1570) de Casas, pero como sinónimo de 'saco pequeno' –*NTLLE*.

Dende hai séculos esta voz está en desuso referida á peza do vestir estudada, simplemente permanece a forma *saco* para denominar 'un obxecto destinado a portar diversas cousas'.

Cfr. s.v. **capote**.

sarga/sirgo → **[3.1 TECIDOS]**

(do lat. *SĪRĬCU- 'seda', tomado do grego σηρικος 'de seda' -Meyer-Lübke, *REW* 7848).

s.f. '*sarga*, tecido confeccionado en seda ou la, que formaba un cordón en diagonal producido pola urda nunha cara e pola trama noutra –*DHTT*, *s.v.* sarga/sarja'.

> ◦ **Sarga** (4): "Jtem mando a Lopo Malate a ma saya uedra da *sarga* et o meu pe|lote uedro", Lorenzo *Montederramo*, 1290-xaneiro-20. [Nocedo. Castrelo do Val] (Ou), vol. I, doc. 500, OR.; Maia *História galego-português*, 1290-[xaneiro-20. Nocedo. Castrelo do Val] (Ou), doc. 58, OR.; "Jtem mando o meu manto da *sarga* branca ao moesteyro de San Payo", Lorenzo *Montederramo*, 1313-novembro-2. Ourense {1313-outubro-12}, vol. II, doc. 774, OR.; "Vna vestymenta de defuntos con seu manto de | *sarga* e con dúas almáticas de bocalán negro | con seus rregaços e todo conprido", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.
>
> ◦ **Ssarga** (1): "Jtem mando a Lopo Malate a ma | ssaia uedra da *ssarga* et o meu pelote uedro", Lorenzo *Montederramo*, 1341-decembro-17. Ourense {1290-xaneiro-20}, vol. I, doc. 500, OR.

s.m. '*sirgo*, tea feita ou labrada de seda –*DHTT*, *s.v.* sirgo/*'.

> ◦ **Sirgo** (6): "et mando y conmigo o meu leyto... et con dous faceiroos dos mellores et con a mynna colcha de firgo/*sirgo* et con meu aliffaffe", Cambón *Melón*, 1285-maio-5. [Ribadavia] (Ou), doc. 836, OR.; "et hũa | colcha de *sirgo* et hun alfámar nouo", Lorenzo *Montederramo*, 1313-novembro-2. Ourense {1313-outubro-12}, vol. II, doc. 774, OR.; "Iten outros XVI botoes que ten Juana por vn fondelo de tomentos iten vnna | bolsa de *sirgo* et deschaqual", Cal *Mondoñedo*, 1321-marzo-10. Vilamor. Mondoñedo (Lu), doc. 84, OR.; "Iten mando a Sta. maria salome o meu pano preto de *sirgo* para hua vestimenta", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1400-[xullo-10. Santiago de Compostela] (A Co), doc. CXII, OR.; "Item mando a a dita Ynes a mina touca que ten os deytados postiços et que esta en duas peças, et huna das peças ten huna orela con ouro et con *sirgo* verde", Lucas&Justo *Fontes USC*, 1434-setembro-23/outubro-6. Santiago [de Compostela] (A Co), doc. 296, OR.; "Item mando a a dita Ynes a mina touca que ten os deytados postiços et que esta en duas peças, et huna das peças ten huna orela con ouro et con *sirgo* verde", Lucas *Dous documentos*, 1434-setembro-23/outubro-6. Santiago [de Compostela] (A Co), doc. II, OR.

No testamento de Lopo Rodríguez de Nocedo e no seu traslado, na elevación a pública forma do testamento de María López de Lemos e no reconto de bens da catedral ourensá menciónase o termo sarga. A voz sirgo está presente nos testamentos de María López de Lemos, Tareixa Pérez, Inés Gómez e Xoán Núñez de Isorna.

Con respecto á sarga, Alfau de Solalinde (1969: 110, *s.v.* gerca, sarga, xerga) explica que nas súas orixes foi un tecido de **seda** (*vid. s.v.*), pero posteriormente tamén se confeccionou de la (*vid. s.v.* **laan**). Esta mesma explicación ofrécena Dávila Corona, Durán Pujol e García Fernández (*DHTT*, *s.v.* sarga/jarga) os cales mencionan a confección da sarga de seda, la ou a mestura dos dous tecidos. Cando se elaboraba de seda contiña algo máis desta fibra ca o tafetá dobre, que formaba un cordonciño diagonal producido pola urda nunha cara e pola trama na outra. Era igual por ambos os lados e non presentaba debuxo, de aí que fose moi adecuada para facer bordados (*vid. s.v.* **bordado**) sobre ela. No relativo á tonalidade, a sarga adoitaba tinguise de diversas cores, aínda que destacaba o branco e negro. De feito, Sigüenza Pelarda (2000: 62) salienta que foi un tecido moi utilizado para vestir de loito.

Nos nosos exemplos esta estofa emprégase na confección de saias (*vid. s.v.* **saya**) e mantos (*vid. s.v.* **manto**), pero tamén se usaba para a elaboración doutras pezas e de forros da indumentaria. Con todo, descoñecemos se na súa fabricación se empregou a seda ou a la. En Galicia, no enxoval (*vid. s.v.* **axuar**) funerario de Bernardo († 1237), situado no seu sepulcro

na colexiata de Santa María do Sar (Santiago de Compostela) localizáronse un tecidos de sarga, que como apunta Sánchez Ameijeiras (2016: 220-221) destacan pola súa «sinxeleza técnica que contrasta coa riqueza da súa decoración» Amais, este tecido pode poñerse en relación co que serviu de forro para o cadaleito da poderosa nobre castelá María de Almenar († 1196), filla do conde de Urgell, datado cara ao ano 1200 e custodiado no Museo de Telas Medievales do Monasterio de Santa María la Real de las Huelgas de Burgos. Os seus motivos ornamentais, coma os do arcebispo compostelán, ten leóns afrontados, de orixe sasánida, moi de gusto dos almohades.

No relativo ao sirgo, durante o medievo foi un tecido de gran calidade e de prezo elevado, ao estar elaborado con seda, do mesmo xeito ca a sarga. De aí que o seu uso estivese prohibido nas ordenanzas suntuarias e, incluso aos homes ricos e cabaleiros se lles indicou nas cortes de Alcalá de Henares a cantidade de traxes que podían ter deste material e mesmo as pezas del coas que podían agasallar as súas esposas. De por parte, Sempere y Guarinos (1973: 88-89, vol. I) na obra *Historia del luxo y de las leyes suntuarias de España* recolle un ordenamento dado por Afonso X no ano 1256 na cidade de Sevilla, no cal se prohibe o uso do sirgo: «Otrosí, mando que ninguno non bastone pannos, nin los entalle, nin los ferpe, nin ponga orfres, nin cintas, nin *sirgos* en nengun panno, é que fagades vuestros pannos plodos, é si quisieredes á meatad, é que les pongades cuerdas, si quisieredes, caveadas con oro, que sean de una mano en luengo [...] Otrosí, mando que ninguna muger non traya orfres, nin cintas, nin aliofares, nin margome camisa con oro, nin con plata, nin con *sirgo*, nin cinta, nin margome pannos nengunos, nin traya tocas orelladas con oro, nin con argent, nin con otra color nenguna, sinon blancas: mas mando que trayan arminnos, é nutras como quisieren».

Ademais, nas *Ordenanças de Sevilla* (Grande 1632: 188), no capítulo dedicado aos sedeiros, estipulouse a maneira de torcer as fibras de sirgo e o proceso de tinguidura que se debía seguir, dado que esta estofa podía presentar diferentes tonalidades, amais da verde dos nosos exemplos: «Otrosi, mandamos a qualesquier torcederas que labran los dichos *sirgos*, que no sean osadas de torcer su *sirgo* con otro, saluo Morisco con Morisco; y Aragon con Aragon, y Cabruna, y Almeria con Almeria; y cada vna de las dichas sedas, y otras qualesquier que sean fechas, torcidas cada vna sobre si; y no bueltas vnas con otras, so pena de seyscientos marauedis, y no vse mas el oficio el que lo contrario fixiere. Otrosi, mandamos, que ningun tintorero no faga azul sobre morado, sino sobre blanco, y que no faga ningun colorado de clemesi, sino colorado con su retoya, o su grana verdadera; y el *sirgo* prieto, que lo faga sobre agalla, como para terciopelo, o con caxca, y que lo le eche azeyte, ni çumaque, ni otras cosas que le echan para cargar; y si se prouare que algun sedero lo manda fazer a algun tintorero, o el tintorero lo fiziere al sedero en su casa, o fuera della, sino como dicho es, que por la primera vez que le fuere prouado, que pierda la seda, y aya la pena doblada, y no vse mas del oficio».

Nos contextos estudados, o sirgo utilízase para confeccionar unha **colcha** (*vid. s.v.*), unha **bolsa** (*vid. s.v.*), unha **touca** (*vid. s.v.*) e que tamén se deixa en legado testamentario para a elaboración dunha **vestimenta** (*vid. s.v.*). Amais, pola súa riqueza foi unha estofa empregada na fabricación de diversos ornamentos (*vid. s.v.* **ornamento**) litúrxicos, colchóns, capuchas, cintas (*vid. s.v.* **cinta**), vestidos (*vid. s.v.* **bestido**), entre outras pezas (Martínez Meléndez 1989: 346, *s.v.* sirgo).

****

No dominio galego as atestacións do termo sirgo son máis temperás ca as de sarga. Testemuñamos sirgo a comezos do século X nun documento notarial do ano 910 recollido na *Colección diplomática de Galicia histórica* cítanse: «…et tres frontales palleos; et duos orales de *sirgo* et meo singulo…» -*CODOLGA*. En textos en romance os primeiros rexistros datan do segundo terzo do século XIII. Por exemplo, o trobador Pero Gonçalvez de Portocarreiro nunha cantiga de amigo, datada entre 1240 e 1300 recolle: «Par Deus, coitada vivo, | pois non ven meu

amigo; | pois non vem, que farei? | meus cabelos, con *sirgo* | eu non vos liarei» -*CMGP*, Ferreiro *Glosario*, *MedDB* e *TMILG*. Ademais, este termo figura en dúas cantigas profanas máis, unha de Estevan da Guarda e outra de Estevan Coelho. De por parte, a lírica mariana tamén dá conta desta voz relacionada co mundo téxtil; na composición número 18 recóllese: «E por nos fazer veer || sa apostura, || gran miragre foi fazer || en Estremadura, || en Segovia, u morar || hũa dona soya, || que muito *sirgo* criar || en ssa casa fazia». Con respecto á lingua veciña, más alá das cantigas profanas, localizamos este termo entre os séculos XIII-XIV, en que figura na obra *Vidas de santos de um manuscrito alcobacense*: «E filhou cem marcos d'ouro e de prata e muito aljofar e muitas outras doas e panos de *sirgo* que tiinha e veo-sse cõ elle aa praça da vila e começou de braadar e dizer…» -*CP 1300S-1900S*.

No caso de sarga, o primeiro testemuño datámolo entre a segunda metade do século XII e o segundo terzo do XIII. Está presente nun documento, escrito en latín, pertencente ao tombo lucense de Lourenzá (1150-1266), aínda que se emprega como sobrenome: «Maria *Sarga*» -*CODOLGA* e *TMILG*. Tamén localizamos esta voz nun escrito da catedral ourensá do ano 1282: «Dominico Martini presbitero ccc solidos et pannos meos de *sargia*» -*CODOLGA*. En textos en romance, máis alá dos nosos contextos, tamén existen concordancias en que o termo estudado forma parte dun sobrenome. Nun dos documentos notariais (1310) editados por Maia na obra *Histórica do galego-portugués* cítase en dúas ocasións a unha portadora coñecida como «Mayor *Sarga*» -*TMILG*. Á vista destas atestacións, podemos considerar finais do século XIII como a data da primeira datación de sarga na lingua galega. No relativo ao portugués, as primeiras atestacións localizámolas a partir do segundo terzo do século XIII; na publicación *Textos notariais. Clíticos na história do portugués* (1243-1274) cítase: «Item ao Priol de san Joãne da pendorada u meu mãto. e a ma garnacha da *sarga*» -*CP 1300s-1900s*.

No galego moderno, na escrita, o *TILG* ofrece sirgo, coa acepción estudada, a partir de mediados do século XIX. Cabanillas na obra *Samos* (1958) cita: «…sóbor sedas, e *sirgos* tecen ouros e pratas, cenefas de violas e franxas escarlatas, e nas capas pluviales, tunicelas e mantos recaman os máis leznes azúes e almarantos». O *CORGA* tamén ofrece contextos desta voz dende o ano 1987, en que se recolle no relato curto de Rodríguez Castro titulado «O xardín despois da chuvia»: «Saída da estancia ás caladiñas cando Clara se poñía a dibuxar e, envisa na súa angueira, non se decataba da ausencia maternal, e dirixíase ao faio, ao vello cuarto do tea onde tecía *sirgo*, argallaba alfombras con dibuxos da propia Clara ou tapices con flores dunha galanura incomparábel». Fronte a sirgo, temos menos rexistros da voz sarga, xa que coa nosa acepción só localizamos dous contextos no *CORGA*. O primeiro deles está datado entre os anos 1892-1894 e pertence á obra de Máiz titulada *Historia e xeografía*: «1 pano negro *sarga* de seda ou tafetán».

No español, como ocorre no galego, tamén son máis tardíos os testemuños de sarga fronte aos de sirgo. Localizamos sirgo, en textos escritos en latín, dende a segunda metade do século IX. Un documento do ano 853, pertencente ao cartulario de San Millán de la Cogolla e onde se recolle a fundación da comunidade e a igrexa de San Martín de Losa faise referencia a: «quinque plumazos de *sirgo*» -*CORDE*. Esta mesma datación ofrécea o *DCECH*. En textos escritos en romance, esta voz está presente dende o segundo cuarto do século XIII; no ano 1246 na obra de Serrano titulada *El canciller de Fernando III de Castilla* cítase: «que ellos ordenen de… los pannos de *sirgo* e de lana» -Gual *Voc. comercio*. Nas actas das cortes de Alcalá de Henares (1252) figura o texto que segue: «Otrossi mando que non saquen de mios regnos cavallos nin yeguas nin rocines ni mulo nin mula chica nin grand, si non fuere mulo o mula de carga que vaya cargada o quel lieve al mercader su troxa nin penas nin corambre de coneios nin corambre para labrar nin grana nin *sirgo* nin argent bivo nin nengunas cosas de quantas fueron vedadas por mandamiento del rey don Alfonso, mio visavuelo, o por mandado del rey don Ferrando, mi padre» -*CDH* e *CORDE*. En textos escritos en español na coroa de Aragón durante o século XV, damos conta de sirgo dende o ano 1417, en que se cita na obra *Los doze trabajos de Hércules* da autoría de Villena: «a

manera de prado de flores guarnesçido o de labores en paño de | *sirgo* | fermosas conpone la piel de la engañosa sierpe tinta de biuas e plazenteras» -*DiCCA –XV*. Con posterioridade, un texto notarial do Siglo de Oro español achega este termo; trátase do inventario de bens de Santiago López (Solanilla, León), datado no ano 1662: «Yten vn jato color *sirgo*» -*CorLexIn*. Xa no século XX, a última atestación que temos deste termo téxtil data do ano 1970 e está na obra de Goytisolo titulada *Reivindicación del conde don Julián*: «Los moros de la hueste todos vestidos del *sirgo* et de los paños de color que ganaran, las riendas de sus cavallos tales eran como de fuego, las sus caras dellos negras como la pez, el más fremoso dellos era negro como la olla, assí luzíen sus ojos como candelas» -*CORDE*.

Sarga esta presente no español dende o segundo terzo do século XIII. Na obra, anónima, titulada *Ordenamiento de posturas en el Ayuntamiento de Jerez* (1268) recóllese o seguinte contexto: «el mejor panno de Santomer e *sargas* ocho sueldos de dineros alfonsis» -*CDH, CORDE* e Gual *Voc. comercio*. Séculos despois atopamos este termo no inventario de bens de Ana de Orbea (Oñate, Guipúscoa), datada no ano 1617: «Yten, vn reboçiño de *sarga* de rey, aforrada en pelfa(sic)» -*CorLexIn*. Xa no século XX, o *CREA* ofrece 12 casos, repartidos en 11 obras diferentes, dende o ano 1978. Nesta data recolle este termo Galeano no texto *Días y noches de amor y de guerra*: «Raúl acababa de comprarse un traje, en la tienducha de un turco que vendía ropa usada, en la Ciudad Vieja, y se sentía de lo más elegante metido en aquella bolsa de *sarga* marrón con ravas al tono».

Na lexicografía galega a voz sarga, coa acepción que nos ocupa, está presente dende a época premoderna (1863-1985), en que se ofrece no Eladio *Diccionario* (1958-1961). A presenza de sirgo data da mesma época e figura no Carré *Diccionario*[3] (1951) e Carré *Diccionario-Voc.* (1979) –*DD*. Con todo, os dicionarios publicados a partir dos anos 80 do século XX non dan conta das voces estudadas entre os seus lemas.

Os repertorios do portugués consultados non achegan sarga coa nosa acepción. No entanto, ofrecen sirgo dende o segundo terzo do século XVI, en que figura no Cardoso *Dict. ex lusitanico in latinum* (1562-1563). Amais, figura no Barbosa *Dictionarium (*1611), Pereira *Thesouro* (1697) e Bluteau *Vocabulario synonimos* (1728) –*CLP*.

Nas obras lexicográficas do español a presenza da voz sirgo data de finais do século XV, en que Nebrija a recolle no *Vocabulario español-latino* (1495). Con todo, atéstase sarga dende comezos do século XVII, en que está presente no *Tesoro de las dos lenguas francesa y española* (1607) de Oudin –*NTLLE*.

Os tecidos elaborados con *seda* seguen sendo utilizados na empresa téxtil actual para a confección das pezas máis exclusivas, con todo seguen sufrindo a competencia da estofa xaponesa e chinesa, que como xa apuntaba Castany Saladrigas no ano 1949 eran moi frecuentes no mercado téxtil europeo (*DT*, *s.v.* sarga).

Cfr. s.v. **laan**, **pano** e **seda**.

Casulo de seda[292]

sauaa *s.f. vid. s.v.* **[sabaa]** → **[4.1 ROUPA DO LEITO]**

sáuaa *s.f. vid. s.v.* **[sabaa]** → **[4.1 ROUPA DO LEITO]**

savaa *s.f. vid. s.v.* **[sabaa]** → **[4.1 ROUPA DO LEITO]**

savan *s.f. vid. s.v.* **[sabaa]** → **[4.1 ROUPA DO LEITO]**

sávana *s.f. vid. s.v.* **[sabaa]** → **[4.1 ROUPA DO LEITO]**

seda → **[3.1 TECIDOS]**

s.f. (posiblemente do lat. SAETA 'seda de porco', que no medievo debeu aplicarse ao fío de seda –*DCECH*, *s.v.* seda, , vol. V) 'seda, fibra fina, delgada, sutil e lustrosa, coa que forman os seus casulos os vermes da seda (*Bombyx mori*), e que fiados serven para fabricar teas –*DHTT*, *s.v.* seda/seda'.

> ◦ **Seda** (21): "Iten a Maria Rodrigues da Goaa vna | çinta de *seda* que eu haio ca foy sua", Cal *Mondoñedo*, 1321-marzo-10, Vilamor. Mondoñedo (Lu), doc. 84, OR.; "iten vn cerame de vnde vnna saya de boineta vnna touca de *seda* et vn atado et as |haurelas", Cal *Mondoñedo*, 1321-marzo-10. Vilamor. Mondoñedo (Lu), doc. 84, OR.; "It. enna mia hucha que se no Tesouro I cinta de prata de pano de *seda* verde et outra cinta ancha de prata gornida de prata en coyro de lobo", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1375-[maio-6. Santiago de Compostela] (A Co), doc. LXXXI, COP.; "Item cinquo bestimentas as tres delas gorniçidas nas mangas et faldas de *seda*", Pérez *Codeseda*, 1419-xaneiro-14/novembro-16. [Codeseda. A Estrada] (A Co), COP.; "Item cinquo bestimentas as tres delas gorniçidas nas mangas et faldas de seda con suas stollas et manipulos de çendal et de panno de *seda*", Pérez *Codeseda*, 1419-xaneiro-14/novembro-16. [Codeseda. A Estrada] (A Co), COP.; "Dous pares de calças, hun gibon de fustan vello et outro gibon de *seda* ja usado", López Carreira *Fragmentos*, 1459-marzo-20. [Ourense], doc. D40a, OR.; "Yten mando a Catalina Sanches, muller de Gomes de Ventosa, vn anillo douro e vna

[292] En liña: *http://palabraria.blogspot.com.es/2016/01/sirgo.html* [Consulta: 18 de abril de 2019].

touca (?) de *seda*", Sánchez *Álvaro Sánchez*, 1493-xuño-12. Santiago de Compostela (A Co), doc. 13, OR.; "Vn manto rico de ricomas con toca de vermello con seu | manjpolo e estola d'aquela color; falta a cynta de *seda*", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Outra vestymenta conprida de *seda* mourisca; falta | o manto dela, que he mourisco, seu labor de grifos", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Outra vestimenta conprida con manto de *seda*, feytura | de poombynas d'estano, saluo ho manto", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Jten vn frontal de *seda* verde prado con armas de Barrentos", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Jten vn *frontal* de seda verde prado con armas de Barrentos, | bordado de fí(ll)o de ouro fyno con súas çeneffas brancas | de lenço labradas de ouro fyno con súas borlas de *seda* | branca e colorada, que mandou don Pero da Silua, obispo que foy", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "con rramos de ouro postos en damasco azur e os cabos con | salutaçión de nuestra señora con sonas de ouro et prata sobre | *seda* negra ja rasgada", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Vn gremjal de *seda* con súas frocaduras de todas colores | verde", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Falta do memorial vello: douss frontaas de *seda* branca, vellos", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Quatro toucas vellas de *seda*, con que leuan as rreliquias e vn | canbrays rrasado", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Et furtaron enno tempo de Jácome | d'Espana hũa touca de *seda*", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Falta vn colar de *seda* vello, | seys sabãas para ho altar delgadas, | outras dúas sabãas para ho altar et outras dúas sabaas | vellas grosas", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Hũa cynta modo de tixjllo con seus rramales et borlas | de *seda* de todas colores", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Jten vn frontal negro gornjçido e vn pano de *seda* de Da|masco negro", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Outra manga para cruz, de *seda*, para festas comuus", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

Unha das voces relacionadas co ámbito téxtil e que conta con máis representación no noso *corpus* de estudo é a seda, á cal se fai mención en media ducia de testamentos e varios contextos pertencentes ao reconto de bens da Catedral de Ourense.

A seda foi un dos materiais cos que se confeccionaron as teas máis luxosas do medievo. A súa orixe esta na China, onde era tecida con teares de corda, e, dende alí, foi importada a Occidente como mercancía de cambio xa no século III. Na Península Ibérica introduciuse no Al-Andalus nos primeiros séculos de dominación árabe e, en pouco tempo, a cría do verme da seda e o cultivo de moreiras para serviren de alimento ocupou un lugar importante no territorio andaluz[293] e levantino (Sigüenza Pelarda 2000: 21). Galicia, avanzada a Idade Media, incorpórase á produción deste téxtil de orixe animal, aínda que nunca acadou o nivel de produción nin a calidade de elaboración que tivo nas zonas mediterráneas, pero resultou de grande interese para zonas interiores como o Val do Lemos, onde moitas familias criaban vermes e elaboraban fíos e teas deste produto exportándoos a outras zonas da Península (Doval Galán [1998]: 14). Xa no século XVIII, introducíronse os teares de veludo (*vid. s.v.* **terçiopelo**) coa finalidade de aumentar a produción desta fibra natural, fundamentalmente nalgunhas zonas das provincias de Ourense e Lugo, caracterizadas polo seu clima tipo mediterráneo. Amais, houbo un intento de industrialización da seda en Galicia da man do marqués de Santa Cruz de Ribadulla, quen trouxo moreiras e persoal especializado de

[293] Para coñecer a historia da seda no reino de Granada durante os séculos XV e XVIII pode consultarse Marín López (2008).

Valencia coa finalidade de poñer en marcha unha produción a escala industrial. Aínda así, a sericultura tivo pouco arraigamento en Galicia por mor da competencia con produtos exteriores de máis calidade e pola introdución do **algodón** (*vid. s.v.*), moito máis barato e producido a nivel industrial (Meijide Pardo 1965: 76-77).

Este tecido luxoso adoitaba ser tinguido de diversas cores; precisamente nós temos testemuño do verde prado, colorado, branco, pero tamén foron moi comúns os dourados, morados, amarelos, negros, azuis e a raias (*vid. s.v.* **uiado**) –Martínez Meléndez 1989: 359, *s.v.* seda). Precisamente, da época do Al-Andalus contamos cun fragmento de seda vermella adornado con franxas con inscricións almorábides, que foi atopado nunha caixa de reliquias, datado aproximadamente no ano 1100 e vinculado ao mosteiro de San Martiño Pinario e hoxe custodiado no Museo da Catedral compostelá (Sánchez Ameijeiras 2016: 214). De por parte, en numerables ocasións esta estofa adornábase con bordados (*vid. s.v.* **bordado**) como é o caso dos frontais (*vid. s.v.* **frontal**) inventariados no reconto da catedral ourensá, un deles coas armas de Barrentos como motivo realizado en fío de **ouro** (*vid. s.v.*): «Jten vn *frontal* de seda verde prado con armas de Barrentos, | bordado de fí(ll)o de ouro fyno». En ocasións, o territorio de onde procedía a fibra utilizábase para nomeala, é o caso da seda mourisca, que se cita nun dos nosos exemplos: «Outra vestymenta conprida de *seda* mourisca».

Nos nosos exemplos a seda é empregada na confeccion de borlas (*vid. s.v.* **borla**), cintas (*vid. s.v.* **cinta**), toucas (*vid. s.v.* **touca**) e diversos tipos de ornamentos litúrxicos, como vestimentas (*vid. s.v.* **vestimenta**) e manípulos (*vid. s.v.* **manípolo**), e outros panos (*vid. s.v.* **pano**) utilizados no oficio da misa ou no adorno do altar: frontais, un **gremial** (*vid. s.v.*) e unha **manga** (*vid. s.v.*) para a cruz procesional. Amais, Martínez Meléndez (1989: 333-334, *s.v.* seda) engade á listaxe as colchas (*vid. s.v.* **colcha**), sabas (*vid. s.v.* **[sabaa]**), cobertores (*vid. s.v.* **cobertor**), coxíns, almofadas, zapatos (*vid. s.v.* **[çapato]**), alxubas (*vid. s.v.* **aljuba**), camisas (*vid. s.v.* **camisa**), cordóns (*vid. s.v.* **cordón**), entre outras pezas (*vid. s.v.* **peça**).

Con todo, a seda foi un tecido que no medievo estivo prohibido para practicamente todas as clases sociais e, de feito, ata finais do século XIV só a podían empregar o rei e os seus fillos (Martínez Meléndez 1989: 335, *s.v.* seda); amais, polo seu valor utilizouse como obxecto de agasallo.

****

Varela Sieiro (2003: 350) indica que seda, coa acepción estudada, non aparece nin en autores nin en glosarios latinos. No territorio galego o testemuño máis temperán desta voz data do segundo cuarto do século XII. Un documento notarial pertencente ao cenobio de San Martiño de Xubia (A Coruña), datado no ano 1164, recolle o seguinte contexto: «…et duas sauana, et iº bono plumazo cum floyna de *seda*, et meo manto et ii armintios…» -*CODOLGA*. En textos escritos en romance as atestacións datan do segundo cuarto do século XIII, en que figuran na lírica profana. Nunha cantiga escarniña dirixida a unha viúva, da autoría de Afonso Soarez Sarraça (Sança), datada entre 1221 e 1240 cítase: «Poren Tareija Lópiz non quer Pero Marinho: | pero x ' el é mancebo, quer -x ' ela mais meninho. | Non casará con ele por ouro nen por prata, | nen por panos de *seda*, quant' é por escarlata, | ca dona de capelo de todo mal se cata» -*CMGP*, Ferreiro *Glosario*, *CP 1300-1900S, MedDB* e *TMILG*. Uns anos despois, as cantigas marianas tamén ofrecen seda; por exemplo, na pauta nunha das *CSM* (1264-1284) recóllese: «Esta XVIII. é como Santa Maria fez fazer aos babous que crian a *seda* duas toucas, por[que] a dona que os guardava lle prometera hũa e non lla dera». A prosa histórica tamén achega mostras deste termo; na *Cr. Gal* (1295-1312) cítase: «Da rreyna dona Oraca cõta a estoria et diz: a muy nobre rreyna dona Oraca, sua moller deste rey dõ Rramiro, onrrou outrosi a jgleia de Santiago de cousas que ella pode auer d'ouro ou de prata et de pedras preçiosas et de uistimentas et de cortinas de *seda*» -*DDGM* e

TMILG. No tocante ao portugués, amais da lírica profana, seda está presente entre os séculos XIII e XIV na obra *Vidas de santos de um manuscrito alcobacense* (c. 1200-1300): «Entom olhou a alma a todas partes. e vio muitos castellos e muitas torres e muitas tendas d'ouro e de *seda* e de purpura e de cristal. e de pedras preciosas muy maravilhosamẽte obradas e cõpostas» -*CP 1300S-1900*.

No galego moderno, contamos con atestacións de seda na fala popular; o *TLPGP* localiza seda, coa acepción que nos ocupa, no concello pontevedrés de Redondela (Monteagudo Cabaleiro 1998). Na escrita, o *TILG* achega máis de 1.000 casos deste termo, pero non todos eles encaixan coa acepción estudada. Co significado que nos ocupa, o contexto máis temperán data do segundo terzo do século XVII, en que figura no *Coloquio de 24 gallegos rústicos* (1746) do bieito Sarmiento: «Un pano de *seda* mui rico, e de prezo, tapaba o escano por cima e por medio». De por parte, o *CORGA* tamén compila numerosas mostras do termo seda dende o ano 1975, en que se cita na novela de Bernárdez Vilar titulada *Un home de Vilameán. Anatomía dunha revolución* (1976): «Nel era onde se facían os sonados cintos de Compostela, de *seda*, coiro ou lenzo, cubertos de capas de ouro, prata ou peltre, que levaban de Santiago os pelegríns de todo o mundo».

No español a primeira atestación desta voz data do século XII. Nun texto escrito en latín do ano 1118 coñecida como *Donación de Santa Eugenia* recóllese: «et offero ad consecracionem, unam capam greciscam de *seda*» -Martínez Meléndez 1989: 333, *s.v.* seda. En documentos en romance, Almerich na obra *La fazienda de Ultra Mar* (c. 1200) cita: «Priso Pharaon la sortija de oro que avie en su mano e diola a Josep e vistiol pannos de *seda* e metiol oral de oro sobre so cuello e fizol seer sobre la syella que era apres de la suya…» -*CDH*, *CE 1200-1900S* e *CORDE*. No entanto, o *DCECH* propón como primeira atestación a obra de Berceo. No século XVI tamén figura no inventario de Martino Junco (Ribadesella, Asturias), datado no ano 1599: «Yten más, dos cabezeras de *seda* para almohadas» -*CorLexIn*. Trátase dunha voz que conta cunha presenza moi alta nos *corpus* consultados, de feito o *CORDE* compila 10.512 casos, a maior parte deles co significado que estudamos. Xa no século XX, o *CREA* tamén ofrece 2.293 contextos, entre os cales, ao igual ca no caso anterior, unha alta porcentaxe están en relación coa acepción que nos ocupa.

As obras lexicográficas do galego recollen este termo, coa acepción estudada e referida ao ámbito téxtil, dende a época premoderna (1863-1985). Está presente no Pintos *Vocabulario* (c.1865), Valladares *Diccionario* (1884), Carré *Diccionario*[1] (1928-1931), Carré *Diccionario*[2] (1933), Carré *Diccionario*[3] (1951), Eladio *Diccionario* (1958-1961) e Carré *Diccionario-Voc.* (1979). A finais do século XVIII o Sobreira *Papeletas* (1792-1797) ofrece baixo a entrada *berra de* seda a definición do *casulo de* seda –*DD*. Posteriormente, as obras publicadas a partir dos anos 80 do século XX, todas elas de corte normativo, van achegar esta voz entre os seus lemas, ben para definir a) 'a substancia segregada polas eirugas', b) 'o fío e tecido que se fai coa dita substancia' e c) 'cada un dos pelos fortes e duros de certos animais'.

A lexicografía portuguesa achega esta voz dende o século XVI, Murakawa (2017: 121) recolle o ano 1583; no Bluteau *Diccionario castellano* (1721) a datación é posterior –*CLP*. En contraposición co galego, o portugués recolle as voces seda e *cerda*; a primeira delas define tanto a 'substancia que producen as eirugas' coma o 'tecido que se elabora con ela' e a segunda, utilízase para denominar 'cada un dos pelos grosos que teñen algúns animais'.

Os repertorios do español tamén achegan este termo entre as súas entradas dende finais do século XV, momento en que o ofrece o *Vocabulario español-latino* (1495) de Nebrija –*NTLLE*. No español a distribución entre seda e *cerda* é exactamente a mesma ca a do portugués.

A seda, o mesmo ca no medievo, segue sendo un tecido rico empregado na confección de pezas de vestir e tamén de certos elementos do enxoval (*vid. s.v.* **axuar**) da vivenda. Ao lado da seda natural existe a artificial, cuxa base é a celulosa, obtida artificialmente e que é tratada para conseguir o brillo e a textura do tecido natural (Costa 2004: 157, *s.v.* seda).

Cfr. s.v. **brocado**, **cendal**, **chamalote**, **damasco**, **pano**, **raso**, **sarga/sirgo**, **tartarisco**, **terçianel**, **terçiopelo** e **xamete**.



Fragmento de tecido de seda almorábide datado c. 1100, custodiado no Museo da Catedral de Santiago de Compostela[11]

Fragmento de tecido de seda multicolor custodiado no Museo de Almería (Andalucía)[294]

sirgo *s.m. vid. s.v.* **sarga/sirgo** → **[3.1 TECIDOS]**

sortela *s.f. vid. s.v.* **sortella** → **[2.3 COMPLEMENTOS]**

[294] En liña: *https://es.pinterest.com/pin/495677502721052581/* [Consulta: 18 de abril de 2019].

sortella → **[2.3 COMPLEMENTOS]**

s.f. (do lat. SŎRTICŬLA-, derivado de SŎRTE- 'sorte') 'sortella, aro de metal que se coloca no dedo como adorno'.

◦ **Sortella** (5): "Agora mando de meo auer mouel logo primeiramente a Sancho lopez meu irmao amina *sortella* rrobi que foy de meu pay", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1266-marzo-15. [Sobrado] {1262-setembro-22} (A Co), doc. LXXV, OR.; Novo Cazón *Vilar de donas*, 1266-marzo-15. [Sobrado] {1262-setembro-22} (A Co), doc. 37, REP.; Vázquez López *señorío Monterrei*, 1266-marzo-15. [Sobrado] {1262-setembro-22} (A Co), doc. I, OR.; "et polo que se en esta cassa assy en dineiros et en *sortellas*", Rodríguez Núñez *Belvís*, 1343-maio-22. [Santiago de Compostela] (A Co), doc. 19, OR.; "e mandolle vna *sortella* d'ouro quebrada", Sánchez *Álvaro Sánchez*, 1493-xuño-12. Santiago de Compostela (A Co), doc. 13, OR.

◦ **Sortela** (1): "Et mando que dian a Johan Perez Alegre a | *sortela* que me deu", Duro *Trives*, ca. 1280. [Manzaneda] (Ou), doc.13, OR.

◦ **Sortellas** (10): "Mando... et a mynna arca con as mynnas *sortellas* et con as mynnas doas asi como a acharen", Cambón *Melón*, 1285-maio-5. [Ribadavia] (Ou), doc. 836, OR.; "et mando que as myas *sortellas* et as myas toucas que as uendan pera pagar oa anaes", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1291-[xaneiro-27. Sobrado. A Pobra de Trives] (Ou), doc. LXIII, OR.; Martínez *Trives*, 1291-xaneiro-27. [Sobrado. A Pobra de Trives] (Ou), doc. 83, vol. I, OR.; "et inda mando vender as minas *sortellas* de ouro et de plata, que as metan en plata et en douralla moi ben" López Ferreiro *Galicia histórica*, 1305-[maio-4. Ribadavia] (Ou), doc. CX, OR.; "et mando que cinco *sortellas* d'ouro que foron de Ruy Martiz de Allariz que fiquen a Inés Eans" López Ferreiro *Galicia histórica*, 1305-[maio-4. Ribadavia] (Ou), doc. CX, OR.; "Jtem mando a Tareyia Affonso, mía sobrina, dúas *sortellas* que ey et o aliofre que anda enas arcas", Lorenzo *Montederramo*, 1313-novembro-2. Ourense {1313-outubro-12}, vol. II, doc. 774, OR.; "et as *sortellas* que fiquen aa egleia", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1326-[xaneiro-4. Mondoñedo] (Lu), doc. LXXI, COP.; "Item Pero eannes, meu marido, que venda as minas *sortellas* e os meus untos e que me mande dizer en elles missas por mina alma", Portela *obispado Tui*, 1342-xullo-19. [Baiona] (Po), doc. 63, OR.; "Conuem a saber que meu marido Pero rruyz se me quitou de todallas minas doas, adubos de meus panos et *sortellas* et algofre et daas doas, asy como son doas de dona", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1348-[xuño-7. Santiago de Compostela] (A Co), doc. XLI, OR.; "It. mando... as miñas doas de ouro et as miñas *sortellas* anbas et o meu alfayte", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1395-[abril-29. Santiago de Compostela] (A Co), doc. XXXIV, OR.

◦ **Ssortellas** (2): "Eynda mando vender as miñas *ssortellas* (3) de ouro er da plata que as metan en plata et en douralla muy ben", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1305. [Ribadavia] (Ou), doc. CX, OR.; "Et mando que cinco *ssortellas* douro que fforon de Ruy Martinez de Allariz", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1305. [Ribadavia] (Ou), doc. CX, OR.

A voz máis frecuente entre todos os complementos que inventariamos no noso *corpus* de traballo é, sen dúbida, sortella, complemento de uso masculino e feminino na sociedade medieval (Oliveira 1993: 11). Fresneda González (2013: 855) indica que aparece en varios documentos da baixa Idade Media para facer referencia ás arandelas ou argolas utilizadas con distintos fins, aínda que no noso caso estudamos os 'aros que se colocan nos dedos con finalidade decorativa'.

Segundo a información que nos dan os exemplos, estamos ante sortellas case sempre de **ouro** (*vid. s.v.*), pero tamén atopamos algunha referencia ás de **prata** (*vid. s.v*) e mesmo aos baños de cor en que se metían as xoias (*vid. s.v.* **[joia]**). Por exemplo, no testamento de María Eanes,

coñecida como Gibarra, cítase: «Eynda mando vender as miñas *ssortellas* de ouro er da plata que as metan en plata et en douralla muy ben». O estaño tamén se utilizou para a elaboración das sortellas menos valiosas. Entre as pezas dos nosos exemplos, chama especialmente a atención a luxosa «*sortella* rrobi» que Vasco López de Ulloa lle deixou en testamento ao seu irmán Sancho e que pertencía ao seu pai Lopo Rodríguez: «Agora mando... primeiramente a Sancho lopez meu irmao amina *sortella* rrobi que foy de meu pay». Outras sortellas da época decorábanse con esmeraldas ou zafiros, que podían ir unidas á peza de metal a través de dúas maneiras de suxeición: uns pequenos ganchos ou co engrosado do metal a modo de abrazadeira, na cal se engastaba a pedra (Fresneda González 2013: 855).

Nos nosos exemplos non temos información, pero no medievo eran moi habituais os gravados nas sortellas, tanto na cultura cristiá, como hebrea e musulmá. Estes podían ser de tipo epigráfico, heráldico ou figurado, incluso con escenas relixiosas ou imaxes de santos (Fresneda González 2013: 859), ás que nos referimos na entrada anel (*vid. s.v.* **anjllo**).

****

No territorio galego atestamos sortella dende o segundo terzo do século XIII. As *CSM* achegan varios contextos desta voz; por exemplo, na pauta dunha das composicións (1264-1284) cítase: «Esta .CCC.LIX. é como Santa Maria guardou de mal hũa bõa moller de Santaren dun alcayde malfeitor, que a quisera meter en perdeda de quant' avia por [hũa *sortella* que lle deitara en pennor]». A prosa histórica tamén se fai eco deste termo, que se recolle na *Cr. Gal* (1295-1312): «Et, logo cõmo esto ouue dicto, tomou hũa *sortella* d'ouro, que tijna en sua mão, et partyua per meyo, et deu a ela [a] meatade» -*DDGM* e *TMILG*. No portugués o primeiro testemuño que temos de sortelha data do segundo terzo do século XIV, en que se recolle na *Crónica geral de Espanha de 1344*: «Nom ey por que vos dar grado desto, mas tomade esta *sortelha* que destes aa iffante mynha madre» – *CP 1300S-1900S*.

No galego moderno, na fala popular, coa nosa acepción temos este termo no *ALGa* (pregunta 2.342: *sortella*), onde convive con *anel*, a forma máis estendida. Localizamos sortella (xunto con sortigha e sortilla) no territorio leonés e asturiano e en numerosos puntos das catro provincias galegas. Na escrita, o *TILG* rexistra 105 casos desta voz, repartidos en 62 obras distintas, fronte aos 1.003 casos de anel que compila. O primeiro exemplo que achega este repertorio data do ano 1876 e localízase na publicación *O tío Marcos da Portela* (1ª época, parrafeo 1-26), aínda que con sentido figurado: «Dentes xuntiños, que che son doas de ricas pelras; labios de rosa, cabelos longos que con airosa grácea caendo ribas das costas, en cen *sortixas* negras ou roxas, manelas d'ouro moi valiosas…». Dous anos despois, nas *Poesías* (1878) de Saco y Arce cítase a forma sortella: «Contempra a *sortella* d'ouro». As franxas cronolóxicas que ofrece o *TILG* permiten coñecer como entre os anos 1851 a 1900, se rexistran 29 contextos; entre 1901 e 1950, 16 casos; entre 1951 e 1980, 28 concordancias e, finalmente, entre 1981 e 2013, 32 casos; aínda así, non todos os exemplos presentan a nosa acepción. De por parte, o *CORGA* ofrece 17 casos de sortella, dende o ano 1977.

No español a primeira documentación desta voz data de comezos do século XIII. Aproximadamente no ano 1200 cítaa Almerich na obra *La fazienda de Ultra Mar*: «e quiero que tu ayas poder sobre todo quanto yo, e sea sos tu mano Priso Pharaon la *sortija* de oro que avie en su mano» -*CDH* e *CORDE*. No segundo terzo deste mesmo século localizamos un contexto procedente dun documento sevillano: «…otorgo las dos *sortijas* d'oro que' l yo di» -Gual *Voc. comercio*. En textos escritos en español na coroa de Aragón, durante o século XV, tamén localizamos este termo, dende que no ano 1425 figura no *Tratado de aojamiento o de facinación* de Villena: «alfabaca en·las orejas e traer vñas de asno montes que dizen onagro e traer | *sortija* | de vña de asno domestico. verga e colmillo de lobo e piedra» -*DiCCA–XV*. Un século despois, no *Reportorio universal leyes Castilla* (1553) localizamos o seguinte exemplo: «Y, en señal de honra, el Rey le mete

una *sortija* en la mano y una espada por el poder que le da, y en la yzquierda dale un estandarte con las armas del mesmo Rey, en señal que le haze capitán» -*DICTER*. Posteriormente, nun texto en que se ofrecen as particións de bens de Alonso Enríquez Manrique (Toledo), do ano 1616, inventaríanse: «Tres *sortijas* de oro, dos de esmeraldas y vna de vna sierpe» -*CorLexIn*. A partir do último cuarto do século XX, o *CREA* ofrece 243 casos deste termo, ofrecidos en 87 documentos distintos, cantidade que contrasta coas 1.647 concordancias, repartidas entre 799 obras distintas, que se achegan do termo *anillo*.

No que atinxe á lexicográfica galega, contamos coa voz sortella xa dende mediados do século XIX, en que se ofrece no Rodríguez *Diccionario c.1854*. Na época premoderna (1863-1985) recóllese no Rodríguez *Diccionario 1863*, Cuveiro *Diccionario* (1876), Valladares *Diccionario* (1884), Filgueira et alii *Vocabulario* (1926), Ibáñez *Diccionario* (1950), Eladio *Diccionario* (1958-1961), *Apéndice* Eladio (1961), Franco Grande *Diccionario* (1972) e Rivas *Frampas II* (1988). Por contra, a forma sortella ofrécena como entrada o Carré *Diccionario*[1] (1928-1931), Carré *Diccionario*[2] (1933), Ibáñez *Diccionario* (1950), Carré *Diccionario*[3] (1951), Franco Grande *Diccionario* (1972) e Carré *Diccionario-Voc.* –*DD*. Posteriormente, os dicionarios publicados a partir de mediados dos anos 80 do século pasado, de corte normativo, ofrecen esta voz entre os seus lemas.

Con respecto ás obras lexicográficas do portugués, localizamos como entrada a forma sortilha no Bluteau *Vocabulario portuguez e latino* (1712-1728) e sortija no Bluteau *Diccionario castellano* (1721) –*CLP*.

Os repertorios do español recollen o termo sortija dende comezos do século XVI, en que a ofrece Alcalá no *Vocabulista arávigo en letra castellana* (1505). Ao lado dela temos dúas mostras da variante sortella, ambas as dúas localizámolas no primeiro cuarto do século XVIII na obra de Stevens titulada *A new Spanish and English Dictionary* (1706) e na de Bluteau, *Diccionario castellano y portuguez para facilitar a los curiosos la noticia de la lengua latina [...]* (1721). De por parte, temos sortilla como entrada de dicionario en tres obras encadradas, aproximadamente, a mediados do século XIX: trátase do *Nuevo diccionario de la lengua castellana [...]* (1846) de Salvá, da *Biblioteca ilustrada de Gaspar y Roig* (1855) da autoría de Gaspar y Roig e, finalmente, do *Nuevo suplemento al diccionario nacional o gran diccionario clásico de la lengua española* (1869) de Domínguez –*NTLLE*.

Co paso dos séculos o termo sortella foi desprazado paulatinamente a favor da voz *anel*, moito máis utilizada nas linguas romances, a pesar de seren sinónimas.

Cfr. s.v. **anjllo** e **[joia]**.

Sortella do século XV[295]

[295] En liña en: *https://www.pinterest.com/pin/409405422352894035/* [Consulta: 18 de abril de 2019].

Sortella de Fernando de la Cerda, con pedra engastada, custodiada no Museo de Telas Medievales no Monasterio de Santa María la Real de las Huelgas de Burgos[296] (século XIII)

ssaia *s.f. vid. s.v.* **saya** → [2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER] [2.1.2 TRAXES PARA VESTIR O CORPO]

ssarga *s.m. vid. s.v.* **sarga/sirgo** → [3.1 TECIDOS]

ssaya *s.f. vid. s.v.* **saya** → [2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER] [2.1.2 TRAXES PARA VESTIR O CORPO]

stola *s.f. vid. s.v.* **estola** → [2.4 ORNAMENTOS LITÚRXICOS]

[stolla] *s.f. vid. s.v.* **estola** → [2.4 ORNAMENTOS LITÚRXICOS]

[296] Fresneda González (2013: 855).

T

tabardo → **[2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER] [2.1.3 TRAXES DE POÑER POR RIBA]**

s.m. (de etimoloxía incerta; posiblemente do fr. *tabart*, quizais de orixe xermánica –*DCECH*, *s.v.* tabardo, vol. V) 'tabardo, peza de abrigo, tanto masculina coma feminina, folgada e longa, ás veces con capucha, aberturas laterais para sacar os brazos e longas mangas abertas, pendentes dos ombros'.

> ◦ **Tabardo** (6): "Mando ao capellan... o meu *tabardo* agoadeyro", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1348-[setembro-14. Santiago de Compostela] (A Co), doc. LXXLL, COP.; "It. mando á gonzaluo eans de Santa Maria darquos o mellor *tabardo* et capeyrote que eu ouuer", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1375-[maio-6. Santiago de Compostela] (A Co), doc. LXXXI, COP.; "It. mando a gonçaluo eans clerigo de S. mamede de pigneyro outro *tabardo* et capeyrote", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1375-[maio-6. Santiago de Compostela] (A Co), doc. LXXXI, COP.; "It. Mando... a ffernam da becerra outro *tabardo* et huum manto et huum capeyrote", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1375-[maio-6. Santiago de Compostela] (A Co), doc. LXXXI, COP.; "...que lle den a él o millor *tabardo* que eu ouver", González Garcés *A Coruña*, 1458-novembro-23 {1399-xaneiro-30} [A Coruña], OR.; "...que lle den outro *tabardo*", González Garcés *A Coruña*, 1458-novembro-23 {1399-xaneiro-30} [A Coruña], OR.

Nestes exemplos do *corpus* ofrécese a voz tabardo, peza (*vid. s.v.* **peça**) de **roupa** (*vid. s.v*) exterior que se cita nos testamentos de Nuno González de Bendaña, Rodrigo Rodríguez e Fernán Martínez «o Boo»; con todo, non só era de uso masculino, pois as mulleres do medievo tamén a empregaron. Bernis (1979: 128) destaca que esta peza existiu con diferenzas notables, a pesar de manter unha serie de trazos esenciais que permiten identificala como tabardo e non coma outra peza de poñer por riba. Os homes, vestíano sobre o saio (*vid. s.v.* **sayo**).

A autora anteriormente citada (1979: 128) indica que esta **vestimenta** (*vid. s.v*) aparece no século XIII e caracterízase, fundamentalmente, por ser unha peza ampla, frouxa e longa, con capucha, aberturas laterais para os brazos e longas mangas abertas, pendentes dos ombros. Mantívose con este patrón ata o século XVI, de feito, así aparece descrito nun documento datado en 1539, en que Pedro Girón escribe sobre os antigos traxes de España: «Las capas eran capas castellanas abiertas por delante y su capilla cerrada atrás; también usaban capuces cerrados, que eran como capas castellanas, sino que estaban cerrados por delante; también traían *tabardos*, que eran unas ropas cortadas como capuces, pero tenían abiertas unas maneras en derecho de los brazos por donde los sacaban. E tenían una mangas junto a las maneras, por detrás, angostas, tan largas como era la ropa. Despues se usaron estos *tabardos* sin estas mangas y aun el día de hoy los traen algunos». Precisamente, a través dos textos do século XV podemos saber que tamén existiron tabardos curtos de home e con mangas colgantes, pero tubulares. Os de uso feminino, eran denominados «de camiño» (*cfr. s.v.* **capuzo**), destinados basicamente ás viaxes e con capucha para protexer das inclemencias do tempo e os utilizados en usos solemnes eran máis luxosos e longos. Amais, no testamento de Rodrigo Rodríguez faise referencia a «o mellor *tabardo* et capeyrote», «outro *tabardo* et capeyrote» e «outro *tabardo* et huum manto et huum capeyrote». Esta combinación de tabardo e *capeirote* (*vid. s.v.* **capeyrote**) permite corroborar que sobre esta

peza de abrigo, cando non tiña capucha, era habitual levar un *capeirote* a xogo, como así se recolle nas cortes de Valladolid (1351) cando indica que se «tasasen varias clases de *tabardos*, todos ellos "con seus capirotes"». De por parte, nas contas de Sancho IV noméase un *sobretabardo*, é dicir, un capeirote feito da mesma tea ca o tabardo, que servía como complemento (Menéndez Pidal 1986: 86).

A propósito dos tecidos utilizados para a súa confección, esta peza adoitaba elaborarse de panos de la (*vid. s.v.* **laan**) e tecidos fortes para protexer do frío e da chuvia; no entanto, os femininos, destinados ás ocasións solemnes, elaborábanse con gornicións e ricas (*vid. s.v.* **rico**) sedas (*vid. s.v.* **seda**), damascos (*vid. s.v.* **damasco**), veludos (*vid. s.v.* **terçiopelo**) de diversas cores chegadas dos lugares máis excepcionais, dependendo da economía da súa portadora. As cores dos tabardos variaban, dende os tons marróns, propios das clases sociais máis baixas ata os máis vistosos coma o vermello, o verde ou morado utilizados nas pezas luxosas, como así se cita nas contas do tesoureiro da raíña Isabel «a Católica», datadas no século XV, en que se explica como un tabardo pode confeccionarse en varias cores: «çinco varas de ruán de sello verde, para un tavardo», «200 varas de londres para sayos e *tabardos*, las 175 varas de verde, e las 25 varas de colorada para sendas mangas a los dichos tabardos, a ocho varas cada uno». A cantidade da tea empregada permítenos imaxinar a lonxitude destas pezas de abrigo, que supoñemos que se portarían arrastrando polo chan, pois no medievo era signo de distinción e clase social alta. Amais, por tratarse de pezas destinadas a protexer do frío nas viaxes, adoitaban ir forradas interiormente con tecidos, coma a seda ou a pel (*vid. s.v.* **pena ueyra**); a este uso fai fincapé Morán Cabanas (2001: 188) cando indica que no *Cancioneiro Geral* de Garcia de Resende ser fai referencia ao tabardo pola «sua qualidade prática, sendo oferecido ou aconselhado pelos autores cortesãos como roupa "de caminho" perante os preparativos de qualquer partida». Outros tabardos tiñan función de impermeable, para protexer da chuvia, como é o caso o «*tabardo* agoadeyro», que se cita no testamento de Nuno González de Bendaña.

****

No dominio galego, os primeiros testemuños desta voz datan aproximadamente da segunda metade do século XIII e localízanse na lírica profana. O trobador e clérigo Airas Nunes nunha das súas composicións (1240-1300) cita: «Ali me desbullaron do *tabardo* e dos panus | e non ouveran vergoña dos meus cabelus canus | nen me deron por ende grãs nen adianus…», onde se deixa entrever a morfoloxía desta peza da indumentaria -*CMGP*, *DDGM*, Ferreiro *Glosario*, *MedDB* e *TMILG*. O resto dos contextos cadran cos ofrecidos nos nosos exemplos. No portugués temos atestacións desta voz nun documento notarial do ano 1253, escrito en latín: «et *tabardo* duplato ualeat quatuor solidos» -Lorenzo *Cronologia* (*DDGM*). No século XV a *Crónica de dom Pedro* de Fernão Lopes tamén fai mención a esta peza de abrigo: «E quis tirar a espada que tinjha ao collo & foi sua uemtura que nom pode por aazo do *tabardo* que tijnha uestido» -*CP 1300S-1900S* e *VHCPM*. Con posterioridade, o *Cancioneiro Geral* de Garcia de Resende (1516) recolle esta voz: «Eu lhe vy capuz frisado em que ajnda nam falastes de prata todo franjado y tem mais fez hum *tabardo* cõ botoões dãbalas partes» -*CP 1300S-1900S*; este *corpus* ofrece exemplos deste termo ata aproximadamente a primeira metade do século XIX. No galego moderno, na fala popular, o *ALGa* (pregunta 2.327: *Anguarina, tabardo*) dá conta da voz tabardo nas catro provincias galegas e nos territorios fronteirizos de Asturias, León e Zamora. Esta forma convive con *abrigo*, *anguarina*, *calacó*, *capa*, *gabán*, *pelliza* e *zamarra*, a pesar de ser *gabán* a denominación maioritaria. O García *Glosario* (1985) –*DD*- tamén ofrece tabardo como sinónimo de 'abrigo'. Na escrita atopamos testemuños desta voz dende finais do século XIX. López Ferreiro en *A tecedeira de Bonaval* (1895) escribe: «Saleu-lle ao encontro un home | moi envolto nun *tabardo*, e cuberto con un chapeo, que tiña enterrado | astra os ollos». O *TILG*, de onde extraemos o exemplo citado, inventaría 31 ocorrencias repartidas en 14 obras diferentes. Se analizamos a distribución deste substantivo por franxas cronolóxicas podemos comprobar como o seu uso

vai ir descendendo paulatinamente; entre 1851 e 1900, rexístranse 2 casos; entre 1901 e 1950, 13 casos; entre 1951 e 1980, 9 casos e, finalmente, enter 1981 e 2013, o *TILG* ofrece unha relación de 7 ocorrencias. A presenza desta voz no *CORGA* é moito menor, ao recoller só 7 contextos ofrecidos en 6 textos distintos; o primeiro exemplo deste repertorio cítao Cortezón no texto teatral titulado *Castelao ou a paixón de Galicia. As árbores e os xuncos* (1989): «Acoutación: leva as mans nos petos do *tabardo*». Con todo, cómpre termos en conta que o tipo de indumentaria ao que se fai referencia neste exemplo xa presenta un patrón ben diferente ao tabardo medieval.

O español conta con atestacións deste substantivo dende comezos do século XIII. A colección diplomática do mosteiro de Carrizo (León) nun dos seus documentos (c. 1218-1300), escritos en latín, ofrece o seguinte contexto: «mando a mia prima domna Matea una piel; & mando a don Grigorio II soldos & el mio *tabardo* & la terra que fu sua de la Golpeyera» -*CDH* e *CORDE*. A literatura tamén se fai eco deste termo, de feito na *General Estoria* (c. 1275) afonsina cítase: «Et leuo lo cinto de yuso. iuntado al muslo diestro so un *tabardo* que diz Maestre Pedro que uestie que era fecho quadrado quales los auien en costunbre de traer los caualleros daquella tierra & daquella sazon» -*CDH*, *CE 1200s-1900s* e *CORDE*. Corominas e Pascual indican que a principios do século XVII desapareceu do uso cidadá (*DCECH*, *s.v.* tabardo, vol. V). Co avance dos séculos esta voz vai ir reducindo o seu uso e, asemade, vai ir evolucionando e introducindo modificacións no seu patrón de confección, como a introdución dos petos. Disto dá conta o *CREA*, que só ofrece 37 casos, repartidos entre 13 documentos, dende o ano 1975, en que data a novela *La verdad sobre el caso Savolta* de Mendoza: «Una vez libre, se refugió en un bosquecillo y se cambió de ropa. Las prendas que le habían proporcionado eran usadas y de tamaños diversos. La blusa le venía muy holgada y el pantalón, demasiado corto, no pudo abrochárselo. Lo ató con una guita. Los zapatos resultaban estrechos y no llevaba calcetines. El *tabardo*, en cambio, le pareció excelente, aunque inútil en aquella época del año».

No tocante ao rexistro lexicográfico galego, tabardo figura nos dicionarios galegos premodernos (1863-1985). Aparece, coa nosa acepción, como entrada no Valladares *Suplemento* (1896-1902) e no *Eladio Diccionario* (1958-1961). En ambos faise referencia á 'peza de vestir antiga' -*DD*. Con posterioridade, os repertorios de corte normativo, publicados a partir de mediados dos 80 do século XX, van recoller este termo, pero xa cunha acepción máis moderna relacionándoa cun 'chaquetón'.

Na lexicografía portuguesa, coa acepción que nos ocupa, esta voz está presente nas obras lexicográficas dende finais do século XVII, en que figura no Pereira *Thesouro* (1697). Uns anos despois recóllese no Bluteau *Vocabulario portuguez e latino* (1712-1728) -*CLP*.

A propósito do español, esta voz tamén se compila entre os lemas dos dicionarios e vocabularios. En concreto, a primeira atestación data de comezos do século XVII, cando Covarrubias cita a forma tavardo no *Tesoro de la lengua castellana o española* (1611)-*NTLLE*.

Na actualidade os tabardos non existen coa feitura da Idade Media, no entanto, como xa indicamos, a denominación séguese conservando para nomear unha 'peza de abrigo ancha, longa e elaborada con pano groso' –*DRAG*.

Cfr. s.v. **balandran**, **capote**, **capuzo**, **cerame** e **crotha**, **[opa]** e **pelle**.

Tabardo con capucha do século XIII, imaxe do Códice do Escorial das CSM[297]

Tabardo sen capucha do século XIII, imaxe do Códice do Escorial das CSM[298],

tapete → **[4.1 ROUPA DO LEITO]**

s.m. (do lat. TAPĒTE, do gr. bizantino ταπήτιου, diminutivo de τάπης, -ητος –*DCECH*, *s.v.* tapiz, vol. V). Conta coas seguintes acepcións:

1 'Alfombra pequena para cubrir o chan'. *Cfr. s.v.* **[alcatifa]**.

> ◦ **Tapete** (1): "...et colla cuyracha noua et cun hun *tapete* nouo para ante a cama", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1348-[setembro-14. Santiago de Compostela] (A Co), doc. LXXII, COP.

2 'Tecido destinado a cubrir a cama ou ocultar algún moble'. *Cfr. s.v.* **destallo**.

> ◦ **Tapete** (2): "Outrossy mando esta mia cama assy como iaz con sous panos et con suas cortinas et ceo et con sous alfamares et con los outros destalos que eu trago comunalmente pela terra et con vn pano uerde et un *tapete* sen bançaes", López Ferreiro *Galicia histórica,* 1326-[xaneiro-4. Mondoñedo] (Lu), doc. LXXI, COP.; "eu leuo... hun *tapete* nouo e hun alffamare nouo et hun cubertor", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1348-[setembro-14. Santiago de Compostela] (A Co), doc. LXXII, COP.

Nos testamentos masculinos de Gonzalo de Moscoso, Nuno González de Bendaña e no feminino de María Páez cítase varios tapetes.

Como apuntou Varela Sieiro (2003: 204), esta voz inclúese habitualmente entre series onde se nomean diversas pezas do leito; con todo resulta dificultoso determinar o seu significado con precisión. No nosos exemplos, entendemos que o tapete fai alusión a 'unha alfombra' e tamén a 'un tipo de cobertor'.

[297] En liña en: *http://opusincertumhispanicus.blogspot.com.es/2014/05/el-tabardo.html* [Consulta: 18 de abril de 2010].
[298] *Ibídem* [Consulta: 18 de abril de 2019].

Durante a Idade Media foi moi frecuente o uso de alfombras na parte dianteira da cama e parece que este é o uso do tapete citado entre o legado testamentario de Nuno González, do cal se indica «para ante a cama». A día de hoxe sabemos que durante o medievo existiron varios talleres na Península Ibérica que destacaron pola elaboración de alfombras (Albacete, Cuenca e Madrid) destinadas a mitigaren o frío, pero tamén a decoraren diversos espazos. González Mena (1994: 61) menciona diversas técnicas: a técnica pilosa, as alfombras tecidas con la grosa, as elaboradas coa reciclaxe de tecidos recordando labores coloristas, as bordadas, as ensambladas (ou de estilo mosaico) e as trapeiras, con motivos xeométricos e, finalmente, as trenzadas, elaboradas con materiais máis bastos.

Noutros exemplos, semella que os tapetes son utilizados coa finalidade de cubrir certos obxectos; é transparente a indicación que se ofrece no testamento do bispo Gonzalo de Moscoso: «un *tapete* sen bançaes». Este emprego podemos poñelo en relación co **destallo** (*vid. s.v.*), outra peza do enxoval doméstico (*vid. s.v.* **axuar**) estudada neste traballo e destinada a 'ocultar mobiliario ou separar estanzas'. O outro exemplo, algo menos preciso, noméase ao lado dun **alfámar** (*vid. s.v.*) e un **cobertor** (*vid. s.v.*), de aí que sospeitemos que teña que ver coas roupas (*vid. s.v.* **roupa**) do leito.

En calquera das dúas versións, os tapetes eran elaborados fundamentalmente de la (*vid. s.v.* **laan**).

****

Dentro do ámbito galego as primeiras atestacións da voz tapete datan de comezos do século X. Cítase nun documento notarial pertencente ao mosteiro compostelá de San Martiño Pinario (A Coruña), datado no ano 904: «Commicum et Manualium, scala argéntea una, uenapes quatuor, plumatios quinque, *tapete* uno, lectos sex, catedras decem, mensas septem, mensorio septem…» -*CODOLGA*. En textos escritos en romance, o primeiro testemuño co que contamos está na *CSM* número 75 (1264-1284), en que se recolle a forma tapede, con *-d-* intervocálico: «E siian as[s]entadas | en palla, non en *tapede*». A finais do século XIII ou comezos do XIV localizamos tapete na *Cr. Gal* (1295-1312): «Et ele enderençou o paaço mayor en esta maneira: (et) o solo estrado de *tapetes* et ençima cubertos de panos d'ouro muy rricos». Amais, nun documento de venda do ano 1305 atopamos a voz tapete utilizada como sobrenome, aínda que a día de hoxe descoñecemos a súa motivación: «Conusçuda cousa seia a todos que eu Martin Fernandez, fillo que foy de Martin Fernandez, dito *Tapete*» -*DDGM* e *TMILG*. No portugués, atestamos este termo no século XV, en que figura na obra de Fernão Lopes titulada *Cronica de dom Fernando*: «A cama era bem emparamentada, e a cubricama d'huu *tapete* preto com duas grandes figuras de rrei e de rrainha na meatade» -*CP 1300S-1900S* e *VHCPM*.

No galego moderno, na fala popular, localizamos a voz estudada no García *Glosario* (1985) -*DD*- e no *TLPGP*. Este último repertorio rexistra o substantivo estudado no concello lucense de Pantón (Palacio Sánchez 1974: 44) e no portugués de Beja –tapêti- (Delgado 1970: 365). Amais, tamén na ilha do Faial –capete e tapete- (Baptista 1970: 571 e 674), nos Açores. Na escrita, o *TILG* ofrece exemplos deste termo dende o segundo terzo do século XIX, en que se cita na obra de Barros Sibelo titulada *Un día de desfertuna* (1859): «I enriba de aquel bufete donde xogan ás xudías poden nacer cherouvías na roña do seu *tapete*». Como era de esperar, son poucos contextos, dos 113 casos que ofrece o *TLPGP*, os que recollen a acepción estudada nesta entrada.

No que respecta ao español, temos atestacións de tapete dende finais do século VIII. Nun texto notarial de Obona adscrito ao período astur, do ano 780 e escrito en latín, cítase: «…regula de ordine sancti Benedicti, et quinque quitrabes, et quatuor *tapetes* et tres vasos

salomoniegos…» -*CODOLGA*. Posteriormente, nun documento escrito en latín e pertencente ao *Becerro gótito de Cardeña* (988) recóllese o seguinte contexto: «et uno tapete valente» -*CORDE* e Gual *Voc. comercio*. En textos en español, a data máis temperá que localizamos data de mediados do século XIII; de feito, aproximadamente no ano 1255 na *Crónica de Sahagún* ofrécese: «…seyendo ornado el suelo de las calles con *tapetes* e cobierto por ençima con cortinas de lino e de seda preçiosas» -*CDH*. En textos escritos en español na coroa de Aragón tamén temos mostra deste substantivo dende finais do século XIII, en que se cita no *Tractado de Moral* (1291-1298): «El Sol es | *tapete* | de los pobres» -*DiCCA–XV*. No século XVII, no inventario de bens de Antonio de Benavides (México), datado en 1623, noméanse: «Vna alfonbra, coxines y vn *tapete*, y diezsillas» -*CorLexIn*. Xa no século XX é escasa a presenza dese termo co significado que nos ocupa.

Na lexicografía galega esta voz ten unha escasa representación dende a época premoderna (1863-1985), pois só se recolle no Eladio *Diccionario* (1958-1961) –*DD*. Con todo, nas obras publicadas a partir dos anos 80 do século pasado non se ofrece tapete co significado estudado, para o cal se propón o termo *alfombra*.

No tocante ás obras lexicográficas do portugués, estas dan conta deste termo dende o segundo terzo do século XVI, en que figura no Cardoso *Dict. ex lusitanico in latino* (1562-1563) -*CLP*.

Nos repertorios lexicográficos do español recóllese tapete dende comezos do século XVI, ao ofrecerse no *Vocabulista arávigo en letra castellana* (1505) da autoría de Alcalá –*NTLLE*.

No galego estándar empregamos o substantivo *alfombra* para referirnos ao obxecto estudado, pertencente ao enxoval doméstico.

Cfr. s.v. **[alcatiffa]** e **destallo**.

Tapete, do século XV, con decoración de cardos procedente de Alcaraz (Albacete), custodiado no Instituto Valencia de don Juan (Madrid)[299]

[299] En liña en: *http://www.oronoz.com/paginas/fichafoto.php?referencia=154306* [Consulta: 18 de abril de 2019].

tartarisco → **[3.1 TECIDOS]**

s.m. (der. de *tartarí* < do lat. tardío TARTĂRI-, procedente do turco *tatar*, con asociación ao lat. TARTĂRU- 'inferno') 'tartarí, tea luxosa de seda orixinaria de Tartaria'.

> ◦ **Tartarisco** (1): "mando... et huun manto xamete uermello et vna capa de *tartarisco* vello", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1326-[xaneiro-4. Mondoñedo] (Lu), doc. LXXI, COP.

Entre os bens legados no testamento de Gonzalo de Moscoso figura unha **capa** (*vid. s.v.*) de tartarisco vello.

Malia non termos moita información sobre este tecido, as definicións que localizamos destacan que se trata dunha tea de **seda** (*vid. s.v.*), preciosa, pertencente á categoría dos panos (*vid. s.v.* **pano**) de **ouro** (*vid. s.v.*), orixinaria de Tartaria, a cal se puxo de moda na Europa dos séculos XIV e XV para a elaboración de roupas suntuosas, ornamentos (*vid. s.v.* **ornamento**) litúrxicos e, incluso, para o mobiliario máis luxoso (*DHTT*, *s.v.* tártaro/tartarí). No noso caso emprégase para a confección dunha capa, rica, propiedade do bispo Gonzalo Pérez de Moscoso. Do mesmo xeito, Zanger (1945: 105, *s.v.* tartaire) explica que ese tecido é «Riche étoffe de soie, rentrant dans la catégorie des "draps d'or", faite à l'origine en Tartarie, d'où son nom».

De por parte, o autor anteriormente citado (Zanger 1945: 106) ofrece contextos deste termo en textos latinos (formas tartaricus, tartarinus, tartaresus), itailanos (tartano) e franceses (tartaire, tartare, tartarin, tartane, tartaille e tartelle). Neles podemos comprobar como as cores do tartarí podían ser diversas: amarelo, azul, blanco, dourado, verde e vermello, coas súas diversas tonalidades.

****

No territorio galego as atestacións máis temperás desta voz datan de finais do século XIII. Na *Cr. Gal* (1295-1312) recóllese o seguinte contexto, en que figura a forma tartari: «Et estaua cuberto de hũu pano d'ouro et sob o pano hũu cabeçal de frouxel, cuberto de hũu *tartari* muy nobre» -*DDGM* e *TMILG*. Na obra Lorenzo *Cronologia* tamén se fai referencia ao exemplo que ofrecemos. A propósito da presenza desta voz en textos portugueses, Lorenzo na *Cr. Gal* (*s.v.* tartari) indica que é un termo moi raro no país veciño (*DDGM*). Con todo, tanto no glosario da *Cr. Gal* como na Lorenzo *Cronologia* achégase a forma tartary, que se cita no *Livro dos bens de D. João de Portel*, aproximadamente, do ano 1330: «ffaço doacõ áá mha capela que eu tenho… duũ *tartary* cõ sas dalmaticas».

No galego moderno, nin na fala popular (*ALGa* e *TLPGP*) nin na escrita (*CORGA* e *TILG*), temos testemuños deste termo.

Con respecto ao español, os primeiros testemuños do substantivo tartarí datan, aproximadamente de mediados do século XIV. No texto anónimo titulado *Crónica del muy valeroso rey don Fernando el quarto* (c. 1340-1352) cítanse: «E mandóles dar sendos paños de *tartarí* para cada uno dellos, e dioles sus cartas para toda la tierra de cómo non les fisiesen mal ninguno» (*CDH* e *CORDE*) e «tomaron luego al infante D. Fernando e tiráronle los paños de marfaga, que tenía vestidos por su padre, e vistiéronle unos paños nobles de *tartarí*, e pusiéronle ante el altar mayor en la Iglesia mayor de Toledo» (*CDH*, *CORDE* e Gual *Voc. comercio*). Dous séculos despois, na *Crónica popular del Cid* (1512) ofrécese o seguinte contexto: «E el escaño estaua cubierto de paños de oro muy ricos &, so los paños, vn cabeçal de floxel cobierto de vn *tartarí* muy noble» -*CDH*, *CE 1200S-1900S* e *CORDE*. Tratáse dunha voz de escasa aparición nos textos españois, pois o *CDH* e

CORDE só inventarían 6 casos, en 3 obras distintas, entre a baliza cronolóxica que vai dende o século XII ata o terceiro cuarto do século XX. De feito, a última atestación está na obra de Gil y Carrasco titulada *El señor de Bembibre* (1844): «Por lo que hace al conde, poco tardó también en partir su cadáver depositado en un ataúd cubierto con paños de *tartarí* negro con franjas de oro».

A lexicografía galega e portuguesa non dan conta desta voz, polo menos, os repertorios consultados (*DD* e *CLP*). Con todo, as obras lexicográficas do español van ofrecer tartari, coa acepción estudada, entre os seus lemas dende o ano 1884, en que se publica a 12ª edición do dicionario da Real Academia Española –*NTLLE*.

Nas actualidade este tipo de sedas luxosas foron desprazadas por fibras téxtiles sintéticas, moito máis económicas e funcionais no seu mantemento.

Cfr. s.v. **seda**.

terçianel → **[3.1 TECIDOS]**

s.m. (posiblemente do it. *terzanella*, do lat. medieval TERTIANĔLLU-, diminutivo de TERTIĀNU-, á súa vez der. de TRĒS 'tres' –Martínez Meléndez 1989: 371, *s.v.* terçenel) 'terzanela, tea de seda semellante ao tafetá, pero máis dobre ou lustrosa'.

> ◦ **Terçianel** (1): "Outro frontal de *terçianel* colorado, vello et azur con súa cruz | ennas espaldas branca", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

No reconto da Catedral de Ourense inventaríase un **frontal** (*vid. s.v.*) de «*terçianel*». Esta forma convive durante o medievo con terçanell, rexistrada nun texto de Aragón, e terçenel, localizada en textos escritos en español.

O tecido estudado destaca por ser unha tea de **seda** (*vid. s.v.*), semellante ao tafetá, aínda que máis forte e lustrosa (Marín López 2008: 287, *s.v.* tercianela). Trátase dunha modificación do gro de Nápoles, que formaba un cordonciño máis pronunciado que aquel. Ademais, foi moi empregado para a elaboración de cortinas (*vid. s.v.* **cortina**), bandeiras, forros de sombreiros (*vid. s.v.* **chapeu**), de guantes (*vid. s.v.* **gante**), etc. (*DT*, *s.v.* tercianela e *DHTT*, *s.v.* tercianela/terçanell, tercianella). Tamén en ornamentos (*vid. s.v.* **ornamento**) para o altar, como se cita no noso exemplo.

Martínez Meléndez (1989: 371) explica que as cores máis frecuentes en que adoitaba tinguirse este tecido era o vermello e o negro; de feito, o frontal do noso contexto é de ton colorado e azul e entendemos que leva unha cruz branca bordada (*vid. s.v.* **bordado**).

****

No territorio galego non testemuñamos esta voz nos repertorios consultados (*DDGM* e *TMILG*) máis alá do noso exemplo. Polo tanto, a primeira atestación data de finais do século XV, en concreto, do ano 1493. No portugués tampouco temos testemuños da voz estudada, nin no *CP 1300s-1900s* nin no *VHCPM*.

No relativo ao galego moderno, tampouco contamos con rexistros desta voz nin na fala popular (*ALGa* e *TLPGP*) nin na escrita (*DDGM* e *TMILG*).

Con respecto ao español, este recolle por primeira vez a forma tercenel no primeiro cuarto do século XV. Na obra *Arte cisoria* (1423) da autoría de Villena cítase: «E la cola, puesta en rueda,

con mantellina al cuello, de paño de oro o de *terçenel*, en que las armas del Rey son pintadas» *CDH*, *CE 1200s-1900s*, *CORDE* e *DICCA-XV*. Anos despois, na *Crónica de los Reyes Católicos* (1491-1516) da autoría de Santa Cruz ofrécese o seguinte contexto: «Y permitía que las mangas de las ropas de seda o de paño que avían de traer en las alas de las lobas, las pudiesen enforrar en qualquier seda o tafetán o *tercenel* o zarzahán que quisiesen». De por parte, da forma tercianela, temos rexistros dende a segunda metade do século XVII, en que se recolle no inventario de bens do doutor Martín Martínez (1655), custodiado no Archivo Provincial de Toledo: «Un bestido, calçon y jubón de *tercianela* forado en tafetán açul y rropilla de lo mismo, forrada en tafetán negro» -*CDH* e *CORDE*. Se observamos os datos ofrecidos polo *CORDE*, comprobamos como inventaría 3 ocorrencias de terçenel, entre os anos 1423 e 1469; 12 casos de tercenel, entre os anos 1491 e 1553 e, finalmente, 4 exemplos de tercianela, entre 1655 e 1950, a forma, do español actual. No século XVII no inventario de bens de Antonio Verdugo (Bercial de Zapardiel, Ávila), datado no ano 1650, ofrécense os seguintes contextos: «Un balón de *tercianel* acuchillado biejo. Una basquiña de piñuela forrada en tafetán y guarnición de raso» e «Una ropilla de *tercianela* vieja acuchillada» -*CorLexIn.* O último rexistro que temos deste termo, baixo a forma tercianela, está na obra lexicográfica de Casares titulada *Introducción a la lexicografía moderna* (1950): «Es cierto que de los nombres de telas antiguas siguen usándose el brocado, el damasco, el tafetán, la holanda, el raso, la sarga, el tisú, etc., pero nadie se acuerda del jamete, del soplillo, de la *tercianela*, de la cotonía, de la estopilla, del fustán ni del ciclatón».

Nin na lexicografía galega (*DD*) nin na portuguesa (*CLP*) temos noticia da presenza deste termo relacionado co mundo téxtil.

A propósito dos repertorios lexicográficos do español, estes ofrecen tercianela dende o segundo terzo do século XVIII, en que a Real Academia Española o recolle no *Diccionario de la lengua castellana, en que se explica el verdadero sentido de las voces, su naturaleza y calidad, con las phrases o modos de hablar, los proverbios o refranes, y otras cosas convenientes al uso de la lengua*… (1739) –*NTLLE*.

A *tercianela* foi un dos tecidos de seda máis apreciados pola súa riqueza.

Cfr. s.v. **seda**.

Capa de *tercianel* da Orde de Carlos III (1833)[300]

[300] En liña: *https://www.almendron.com/artehistoria/wp-content/catalogos/isabel-ii/cat_019.html?TB_iframe=true&width=1184&height=800* [Consulta: 18 de abril de 2019].

terçiopelo → **[3.1 TECIDOS]**

s.m. (der. de *terzo* < do lat. TĔRTĬU- e *pelo* < do lat. PĬLU-) 'veludo, tea de seda veluda dun lado e lisa do outro, que consta de dúas urdas e unha trama, que forma gazas cada vez que os seus fíos pasan por riba do fío da urda –*DHTT s.v.* terciopelo/vellut.

◦ **Terçiopelo** (1): "Outro ornamento negro de *terçiopelo* dobre", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

Entre as pezas que se citan no inventario de bens da Catedral de Ourense figura un «ornamento negro de *terçiopelo* dobre».

Esta estofa, que documentamos no noso exemplo como *terçiopelo*, recibía este nome por ser un tecido de **seda** (*vid. s.v.*), rico (Zanger 1945: 114-115 *s.v.* velours), que se elaboraba con tres pelos, dous na urda e un na trama; con todo, na actualidade confecciónase só con dous. A urda inferior forma o corpo do tecido e a superior serve para formar o pelo, que se entrelaza coa trama e a urda inferior. As gazas que caracterizan o terçiopelo córtanse unha vez tecida a tea. Existen diferentes tipos deste tecido: o liso, o labrado e os veludos por ambas as superficies. Con todo, este nome tamén se aplica a unha tea *veluda*, semellante, pero tecida con fíos que non son de seda, senón de **algodón** (*vid. s.v.*) ou la (*vid. s.v.* **laan**) (*DT*, *s.v.* terciopelo e *DHTT*, *s.v.* terciopelo/vellut). En concreto, no noso contexto, menciónase o «*terciopelo* dobre», ao cal fan referencia as ordenanzas da seda de Málaga, que recollen: «que el *terciopelo* doble no se pueda labrar ni labre sino se peina de veinte e uno y en marca ginivisca» -Gual *Voc. comercio*, s.v. terciopelo.

Foi un tecido que na Idade Media chegou a Europa dende a India a través do comercio con Xénova e Venecia. Precisamente en Venecia, no ano 1347, estableceuse unha corporación de tecedores de *veludo*; anos despois, en 1421 houbo dúas seccións diferentes: os que fabricaba a tea lisa e os que a tecían con debuxos. Avanzado o tempo hai testemuños da existencia de cinco seccións gremiais distintas, cada unha delas experta nun labor especial (Lewis 1959: 172). No medievo os máis luxosos importábanse das cidades italianas, pero tamén se elaboraron na coroa de Aragón, Valencia e, séculos despois, no territorio galego. De feito, Doval Galán ([1998]: 108) indica que en Galicia, a comarca de Viana foi o único lugar de Galicia onde se tecía o *veludo*. De todos os xeitos, en Galicia conseguíase o efecto estético igual ao *veludo* tecendo sacado e posteriormente cortando o bucle de nó. De por parte, cómpre destacar que os teares para este tecido teñen unhas características especiais; dous orgos de liño (*vid. s.v.* **lino**), tres lizos e tres premedeiras se tecen *veludo* liso ou en franxas lonxitudinais e tres orgos de liños, catro lizos e catro premedeiras se o veludo forma cadros de diferentes cores. A urda do tecido era de liño e o pelo de la moi fina, pero antigamente na zona de Monforte o pelo era de seda. Para a urda de liño do tecido utilízase o orgo de abaixo e no orgo de arriba móntase a urda que fai o pelo (la ou seda) e que ten que ser un terzo máis longo ca o anterior, xa que mingua ao facer o pelo.

O *veludo* utilizouse na confección de albardas, mantos (*vid. s.v.* **manto**), cofias (*vid. s.v.* **coffea**), reberetes (*vid. s.v.* **ceneffa**) de adorno, colos, medias mangas, saios (*vid. s.v.* **sayo**), hábitos (*vid. s.v.* **abeto**), xibóns (*vid. s.v.* **gibon**), ornamentos (*vid. s.v.* **ornamento**), entre moitas outras pezas, incluso adornos para as cabalarías (Martínez Meléndez 1989: 365, *s.v.* terciopelo). A propósito da cor que presentaba o *veludo*, no contexto manexado era negro, pero Martínez Meléndez (1989: 364, *s.v.* terciopelo) dá conta doutros en tons azul, carmesí, encarnado, leonado, morado e verde. Amais, durante os séculos XIV e XV foi frecuente que as roupas (*vid. s.v.* **roupa**) máis sofisticadas, por exemplo os ornamentos (*vid. s.v.* **ornamento**) litúrxicos, se

traballasen en **brocado** (*vid. s.v.*) con fíos de **ouro** (*vid. s.v.*) e **prata** (*vid. s.v.*) para representar diversos motivos ornamentais –Sigüenza Pelarda 2000: 23.

****

No territorio galego non temos noticia desta voz durante o medievo nos repertorios consultados (*DDGM* e *TMILG*), polo tanto consideramos como primeira datación finais do século XV, en que se inscribe o noso exemplo. Por contra, no portugués documentamos terciopelo dende finais do século XVII, en que se cita na obra *Prosodia I* (1697) de Pereira: «Velludo *terciopelo*, ou damasco & Ex varijs AA.*» -*CP 1300S-1900S*; aínda así, trátase dun termo de uso moi escaso, pois o *CP 1300S-1900S*, de onde extraemos o contexto anterior, só achega dous casos máis. Un deles presente no Bluteau *Vocabulario synonimos* (1728), que citaremos máis adiante e, o outro, presente na obra de Mário titulada *Peregrinação de Barnabé das Índias: romance* (1998): «E vestia o homem magnificamente, cabaia alva de algodão e sobrepeliz de *terciopelo* de Meca». Séculos antes localizamos o termo *veludo* dende o século XV, en que se recolle na obra *Marco Paulo*: «Ally fazem muy fremosos pannos de ouro e brocado […] e bem assi de syrgo e seda .s. de cremesyn de *veludo* e damasco…» -*VHCPM*.

No galego moderno, na fala popular, non atestamos esta voz. Con todo, o *TLPGP* localiza as variantes *veludo* e *viludo* na illa do Faial dos Açores (Baptista 1970: 686). Na escrita, o *TILG*, dende a primeira metade do século XIX, compila 167 contextos da voz terciopelo, repartidos entre 97 obras distintas. Na obra de Castro y Neira titulada *Alborada. Alegrádevos pastores. Vinde axiña, compañeiros* (1826) cítase: «Todos de présa veñen con lenzos e ricas mantas de *terciopelo*». Da forma do estándar, *veludo*, os primeiros rexistros son máis tardíos ca os de terciopelo, pois datan do último cuarto do século XIX. Na obra *Soaces d'un vello, poesías gallegas* (1886) de Losada Astray recóllese o seguinte contexto: «Non se pode topar millor na terra; quizais o Paraiíso ventaxa lle non leva Sentei-me naquel campo sobr' a miúda herba, máis fina qu' o veludo, máis mol que unha manteiga». Se observamos a distribución cronolóxica que achega o *TILG* ao longo dos séculos, no relativo á formas terciopelo e *veludo*, comprobamos como o primeiro deles vai perdendo presenza ao longo dos séculos, mentres que o segundo a vai gañando. De feito, entre os anos 1801 e 1850 compílanse 4 casos de terciopelo; entre 1851 e 1900, 61 exemplos; entre 1901 e 1950, 38 concordancias; entre 1951 e 1980, 24 contextos e, finalmente, entre 1981 e 2013, contamos con 40 casos. Por contra, entre os anos 1851 e 1900, inventariamos 2 exemplos do termo *veludo*; entre 1901 e 1950, 17 casos; entre 1951 e 1980, 40 contextos e, finalmente, entre 1981 e 2013, 215 ocorrencias. A propósito do *CORGA*, este repertorio tamén ofrece contextos das dúas voces dende o ano 1975, en concreto, 13 da voz terciopelo, fronte aos 208 do termo *veludo*.

No español, os primeiros testemuños de terciopelo datan, aproximadamente, da segunda metade do século XV. Na obra coñecida como *Cancionero de obras de burlas provocantes a risa* (c. 1445-1519) recóllese o seguinte texto: «Y volviendo, por consuelo, | las espaldas, sin temores | alanzó, como por velo,| un manto de *terciopelo*| encima de estos señores» -*CDH* e *CORDE*. Da forma con –*ç*- temos atestacións dende o último cuarto do século XV, en que se recolle nas *Cuentas de Gonzalo de Baeza, tesorero de Isabel la Católica* (1477-1491): «Quatro varas de *terciopelo* negro, para dos jubones e quatro bonetes para don Jayme e don Donis, que costo a 850 mrs. la vara, 3.400» -*CDH*, *CORDE* e Gual *Voc. comercio*. No século XVI na obra de Ortega titulada *Conpusición Arismética y Geometría* (1512) cítase: «Dos hombres quieren trocar sus mercadurías: el uno tiene *terciopelo*, que vale cada vara 4 ducados, el otro tiene quatrocientas varas de grana, que vale cada vara 5 ducados» -*DICTER*. Neste mesmo século, no inventario dos bens de Alonso Peraile (San Martín de Pusa, Toledo), datado no ano 1532, recóllese: «Yten, vna capa prieta con dos ribetes de *terçiopelo* apreçiada en dos ducados» -*CorLexIn*. Xa no século XX, o *CREA* inventaría 937 concordancias desta voz dende 1975, en que figura na novela de Palmou titulada *Carne apaleada*: «Enfundada

en su capa de *terciopelo* negro». Amais desta forma, cómpre destacar a presenza de *vellut*, en textos escritos en español na coroa de Aragón durante o século XV. Nun dos textos da Cancelleria Reial (entre 1412 e 1498) ofrécese o seguinte contexto: «dos rastres de patronostres d·oro vn collar d·oro dotze aldas de | *vellut* | brocado d·oro e otras dotze de vellutado e todo otro oro plata» -*DiCCA –XV*. A ela podemos engadir a variante velludo, de uso moi reducido nas letras hispánicas, que figura na obra *Andanças e viajes* (c. 1457) de Tafur: «…é luégo salieron doze cavallos encubertados de *velludo* carmesí» -*CDH e CORDE*.

Na lexicografía galega non localizamos a forma terciopelo; con todo a forma do galego estándar, *veludo*, está presente nas obras lexicográficas dende a época premoderna (1863-1985). Localizámola no Filgueira et alii *Vocabulario* (1926), Carré *Diccionario*[1] (1928-1931) Carré *Diccionario*[2] (1933), Ibañez *Diccionario* (1950), Carré *Diccionario*[3] (1951), Eladio *Diccionario* (1958-1961), Franco Grande *Diccionario* (1972) e Carré *Diccionario-Voc.* (1979) –*DD*. Con posterioridade, os dicionarios de corte normativo, publicados a partir de mediados dos anos 80 do século pasado tamén van ofrecer a forma veludo para denominar o tipo de tecido estudado.

No relativo ás obras lexicográficas do portugués, estas dan conta do termo terciopelo dende a primeira metade do século XVIII, en que figura no Bluteau *Vocabulario synonimos* (1728). De por parte, *veludo*, é máis temperá no referente á atestación, pois xa o localizamos no segundo terzo do século XVI, en que se ofrece no Cardoso *Dict. ex lusitanico in latinum* (1562-1563). Ademais, está presente no Barbosa *Dictionarium* (1611), Pereira *Thesouro* (1697) e Folqman *Diccionario* (1755) -*CLP*. As obras máis modernas vanse facer eco das dúas formas nas súas entradas.

Os repertorios lexicográficos do español ofrecen terciopelo, dende finais do século XV, en que está presente no *Vocabulario español-latino* (1495) de Nebrija. En concreto este termo aparece en 54 obras compiladas no *NTLLE*. De por parte, dende comezos do século XVII localizamos a forma *velludo*, coa nosa acepción, no *Tesoro de las tres lenguas francesa, italiana y española* (1609) de Girolamo. Un século despois, dende a segunda metade o século XVIII, tamén aparece o termo *veludo* como sinónimo de terciopelo. De feito, recóllese coa nosa acepción en 27 obras, dende o ano 1739, en que a Real Academia Española o ofrece no seu dicionario –*NTLLE*.

Na actualidade o *veludo* segue formando parte dos tecidos empregados para a elaboración de pezas (*vid. s.v.* **peça**) de **roupa** (*vid. s.v.*), calzado e enxoval (*vid. s.v.* **axuar**) da vivenda. Ademais, existen variadas técnicas para a súa confección, enumeradas polo miúdo no *DHTT* (2004: 192-193).

Cfr. s.v. **seda**.

Veludo carmesí[301]

Veludo negro[302]

[301] En liña: *https://pt.dreamstime.com/foto-de-stock-camadas-de-veludo-image7848240* [Consulta: 18 de abril de 2019].
[302] En liña: *https://www.galeriasmadrid.es/producto/terciopelo-algodon-negro/*[Consulta: 18 de abril de 2019].

tixjllo → **[2.3 COMPLEMENTOS] [2.4 ORNAMENTOS LITÚRXICOS]**

s.m. (de orixe incerta; posiblemente estea relacionada con *téxtil* < do lat. TEXTĬLE-) 'cinguideira -*s.f.*-, especie de cinta que se usaba para cinguir a roupa á cintura'.

> ◦ **Tixjllo** (5): "Hũa cynta modo de *tixjllo* con seus rramales et borlas | de seda de todas colores", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

No reconto de bens da catedral ourensá cítase a voz tixjllo, cinguideira supoñemos que utilizada con certas pezas do vestiario litúrxico pertencentes ao dito templo.

Bernis (1979: 130) explica que esta peza era empregada en rendas do gando cabalar, gornicións de espadas ou no estoque e cerramento de libros, pero especialmente como **cinta** (*vid. s.v.*) ou cinto de cinguir. Entre os materiais en que podía estar confeccionada destacaron a **seda** (*vid. s.v.*), o veludo (*vid. s.v.* **terçiopelo**), o coiro e mesmo o fío de **ouro** (*vid. s.v.*) que, en ocasións, se utilizaba para elaborar bordados; no noso exemplo non se achega esta información, pero si se dan datos dos «seus rramales et borlas | de seda de todas colores», que entendemos que decorarían o cabo da dita cinguideira, pois era habitual que esta peza levase fibelas, pasadores ou cabos, coma neste caso, para facilitar o seu peche. Precisamente esta decoración é a que nos permite relacionar este tipo de cinta coas roupas que conforman certos ornamentos litúrxicos e, de por parte, comprobamos que estaban destinadas a usos luxosos ao empregar borlas (*vid. s.v.* **borla**) de seda de diversas cores, seguramente das cores litúrxicas, como son o branco, vermello, verde, negro, morado e rosa.

No noso contexto noméase unha «cynta modo de *tixjllo*», pero a autora citada explica que tamén se atopan na documentación medieval castelá referencias ás «cinta de ceñir *texillo*», e «cintas de *texillo*».

****

No territorio galego, máis alá do noso exemplo, non documentamos esta voz, polo tanto podemos considerar a última década do século XV (1493) como a data da primeira atestación. No ámbito portugués tampouco localizamos este termo nos repertorios consultados (*CP 1300s-1900s* e *VHCPM*).

O galego moderno, na fala popular, non ofrece testemuños da voz estudada, pero si de *cordón* e *cinta*. O mesmo acontece na escrita, onde non a documentamos (*CORGA* e *TILG*), pero si as formas practicamente sinónimas xa citadas.

No español a primeira atestación data de finais do século XIV e comezos do XV. Na obra *Poesías* (1379-c. 1425) de Villasandino recóllese: «Un balandrán enforrado | que llegue fasta el tovillo, | con un muy rico *texillo* | mando que vos sea dado; | e será muy grant honor | para el aguazil mayor, | pues por vos es demandado» -*CDH*. A partir desta data localizamos contextos en que se ofrece este termo, por exemplo na obra de Celso titulada *Repertorio universal leyes Castilla* (1553): «En el Principado de Asturias, las mugeres que vivieren en el dicho principado y quatro sacadas pueden traer en sus ropas de vestir bronchas de plata, y esmaltes de plata doradas y blancas, y botones de plata blancos e dorados, e *texillos* de seda» -*DICTER*. A última atestación que rexistramos data do ano 1946 e está na publicación de Caro Baroja titulada *Los pueblos de España*: «Darl'he *tejillo* y filetes | y bolsa de cuatro pelos; | saya azul color de cielo, | froncida con sus marbetes, | y gujetas con herretes, | zuecos, zapatos, zapatas; | mas te la porné que pratas, | bruñida con repiquetes» -*CDH*. A partir desta data non atopamos concordancias desta voz nos repertorios consultados (*CE 1200s-1900s* e *CREA*).

No que respecta á lexicografía galega, non contamos coa presenza desta voz nin no *DD* nin nas obras publicadas con posterioridade ás recollidas no *Dicionario de dicionarios*. No portugués tampouco temos atestacións (*CLP*).

Por contra, as obras lexicográficas do español dan conta da forma texillo dende finais do século XVI, en que figura na obra de Percival titulada *Bibliothecae Hispanicae pars altera. Containing a Dictionarie in Spanish, English and Latine* (1591). Amais, da forma tejillo temos rexistro dende comezos do século XIX, en que ser ofrece, coa nosa acepción, na 5ª edición do dicionario da Real Academia Española do ano 1817 –*NTLLE*.

Na actualidade, o galego estándar non conta con este termo, pero si con outras formas sinónimas que nos permiten achegar o mesmo significado, posiblemente a máis axeitada sexa *cinguideira*, pero a ela podemos engadir *cordón*, *cinta* e mesmo *baraza*.

Cfr. s.v. **baraça**, **cinta**, **corda** e **[cordón]**.

Cinguideira de Fernando de la Cerda,
custodiada no Museo de Telas Medievales, sito no Monasterio de Santa María la Real de las Huelgas de Burgos[303]

[toala] *s.f. vid. s.v.* **[toalla]** → **[5.1 MANTELERÍA]**

[toalla] → **[5.1 MANTELERÍA]**

s.f. (do xerm. **thwahljó* –*DCECH* (*s.v.* toalla, vol. VI). A forma toalla tomouse doutro romance, posiblemente do italiano *tovaglietta*) 'toalla, peza de tea de tamaño pequeno utilizada na mesa para limpar as mans e a boca; pano de mesa'.

> ◦ **Toallas** (5): "Et mando | a este Domingo Martines vnnas *toallas* cruas que eu aio que me faça ben pola alma", Cal *Mondoñedo*, 1321-marzo-10. Vilamor. Mondoñedo (Lu), doc. 84, OR.; "Item enna despensa anda *toallas* longaras façeleias et dous picheles d-stanno grandes et dous pequenos", Cal *Mondoñedo*, 1373-abril-2. Santiago [de Compostela] (A Co), doc. 115, COP.; "Iten, preçaron *toallas* e culleres viinte maravedis", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1474-[agosto-28. Santa Baia de Logrosa. Negreira] (A Co), doc. XIV, OR.; "Iten, preçaron duas *toallas*…", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1474-[setembro-14. San Miguel de Cabanas. A Baña] (A Co), doc. XIII, OR.; "Iten, preçaron a parte dos menores de huas *toallas* e hun saquo", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1474-[setembro-14. San Martiño de Broño. Negreira] (A Co), doc. XV, OR.

303 En liña: *https://es.pinterest.com/pin/336151559659539523/* [Consulta: 18 de abril de 2019].

◦ **Toalas** (1): "Item mando que den aos frayres de San Martinno hunas *toalas*", Graña *Vilourente*, 1396-outubro-14. Vilamor. [Mondoñedo] (Lu), doc. 101, OR.

Nos testamentos de Tareixa Pérez, García González das Ribeiras de Sante e María Afonso e en tres cartas de taxación de bens de menores cítase entre o enxoval a voz toalla, coa variante toalas, sempre utilizada en plural. Este termo durante o medievo empregouse para facer referencia ao 'mantel', 'pano de mesa' e tamén podía referirse a 'unha especie de funda para poñer sobre as almofadas'.

O contexto que achegan algún dos nosos exemplos non nos deixa claro o uso concreto desta voz, con todo, aínda que con cautela, atrevémonos a agrupar todas as ocorrencias («Item enna despensa anda *toallas* longaras façeleias», «Et mando | a este Domingo Martines vnnas *toallas* cruas» e «Item mando que den aos frayres de San Martinno hunas *toalas*») baixo a acepción de 'pano da mesa'. Precisamente, Menéndez Pidal (1986: 125-126) a propósito do significado desta voz destaca que «es una palabra germánica que aún tardó siglos en precisar su morfología y su significado».

Gónzalez Mena (1994: 56) estuda as toallas como pezas do enxoval do aseo, xunto cos panos das mans, pois temos que ter en conta que ata hai tres séculos asearse consistía basicamente en lavar as mans e cara. Indica que estes dous panos ata o século XVII nomeaban aquelas pezas que estaban ao servizo da mesa ou do altar na liturxia relixiosa. A toalla, utilizábase para denominar o pano da mesa actual destinado a limpar as mans e a boca empregado á hora de comer (tamén denominado *facitergium* ou *sauano*) e o pano das mans, que acompañaba á almofía no momento de lavar as mans, antes de comezar as comidas ou a cerimonia litúrxica do lavatorio (*manutergium*). Cómpre destacar que teólogo San Isidoro de Sevilla nas súas *Etimoloxías* (libro 19, capítulo 26) ofrece xunto con toalla as variantes toagolam, toballia, tobadilla, toballa e tohalla (*ápud* González Mena 1994: 73). Xunto a elas habería que engadir a forma latina *facitergium*, que, malia non documentala no noso *corpus* de estudo e ter outra orixe etimolóxica, é rexistrada por Varela Sieiro (2003: 259) en tres documentos; a referencia máis antiga procede do tombo de Celanova (938) «Inter sauanos et manteles pareas x, ex eis litteratos parea x, *fazistergias* tramisiricas ii, casullas de sirico ii, una mezki et alia alba pintella, alias mataraffes…».

No relativo ao material de elaboración destas pezas, non temos información nos nosos contextos, pero é posible que o liño (*vid.. s.v.* **lino**) e, en menor medida o **algodón** (*vid. s.v.*), fosen utilizados na súa confección. Quizais o estado de elaboración da tea de liño explicaría o significado de «vnnas *toallas* cruas». En ocasións estas pezas ían gornecidas (*vid. s.v.* **[gornjçido]**) con ricos bordados e encaixes (González Mena 1994: 56). A súa cor é posible que fose o branco, aínda que sabemos que na Idade Media esta tonalidade estaba máis próxima ao beixe, ao tratarse dun branco que mantiña a cor natural da fibras. A partir do século XV, e durante as dúas centurias seguintes, as toallas, xunto cos panos de mans, adornáronse con ricos encaixes de palillos, á agulla e anoados, especialmente de macramé, aos que en ocasións se lles engadiron bordados (*vid. s.v.* **bordado**) de **seda** (*vid. s.v.*) con rico colorido (González Mena 1994: 56). Ronquillo Rubio (1992: 40) explica que ás veces as toallas de lenzo (*vid. s.v.* **lenço**) podían ir decoradas con acabados ou flocos (*vid. s.v.* **[frocadura]**) de fío.

****

En textos galegos contamos con atestacións desta voz dende os inicios do século XIII. Na *Colección diplomática de Galicia histórica* editada por López Ferreiro ofrécese o plural toalias, nun texto escrito en latín, no ano 1204: «et unas *toalias* ad refectorium… et *toalias* et duas taucas», Lorenzo *Cronologia –DDGM*. En textos escritos en galego as primeiras atestacións de toalla

datan da segunda metade do XIII e recóllense nas cantigas marianas (1264-1284): «con hũa *toalla*» e «lles parava mesa en branca *toalla*», nese último exemplo esta voz parece ser sinónimo de 'mantel', o mesmo significado que ten nun contexto citado un século despois nos *Miragres de Santiago* (1390-1420): «vio seer aparte treze pobres moy catyuos et moi mal vestidos que que nõ tinã *toalla* nẽ mesa» -*DDGM*, *TMILG* e *CP 1300S-1900S*. No portugués, a primeira achega deste substantivo data do século XIV; na obra *Livro das campainhas* (1365) cítase: «Despenden em mantees e *toalhas* pero o priol […] oito libras» -*VHCPM*. Con todo, é no século XV cando este repertorio ofrece o maior número de ocorrencias.

Na fala popular do galego, o *TLPGP* ofrece 4 atestacións de toalla localizadas nas provincias de Lugo: nos concellos de Vilalba (Regueira Fernández 1989:) e Pantón (Palacio Sánchez 1974: 44); en Ourense, no Concello de Leiro (Louredo Rodríguez 2012) e, finalmente, en Pontevedra, no Concello da Estrada (Fraiz Barreiro 1974: 111). Amais, cómpre termos en conta o García *Glosario* (1985) –*DD*-, que documenta toalla co significado que posúe na actualidade. Na escrita, tendo en conta os datos que fornece o *TILG*, toalla aparece no galego escrito en época moderna dende o ano 1869, en que Blanco a cita no volume I da *Poesía popular en Galicia 1745-1885*: «quedou-me a miña *toalla* no adro por estender»; de por parte, Masma na obra *¡A besta!* (1899) recolle un contexto no cal o significado parece cadrar co dos nosos exemplos ao facer referencia ao 'pano de mesa': «dúas *toallas* pra limparse». A utilización da toalla, co uso co que conta na actualidade, xeneralizouse a finais do século XIX. De feito, é o que se ofrece na obra *A campaña de Caprecórneca* (1908) de Otero Pimentel: «Cando xa estaba ben bañado, ceibaron aquela auga, e encheu-se novamente a bañadeira de outra auga, con máis esencias. Despois, secaron-me ben, con *toallas* de ferpa, moi fina…». Se focamos o noso interese nos rexistros que compila o *TILG* por franxas cronolóxicas; podemos comprobar como se incrementan: de 2, inventariados entre 1851 e 1900 pasouse a 14 entre a 1901 e 1950, 12 entre 1951 e 1980 e, finalmente, é a baliza cronolóxica situada entre os anos 1981 e 2013 a que ofrece un aumento do rexistro desta voz, que conta con 189 atestacións. Ademais, o *CORGA* tamén rexistra 226 concordancias de toalla dende o ano 1976.

En textos escritos en español documentamos a forma tovaja anos máis tarde da datación dos textos galegos. A forma tovajas está no *Libro de Alexandre*, datado no primeiro terzo do século XIII: «sedién noches e días las mesas aguisadas, de *tobajas* cubiertas, de conducho cargadas»; está mesma atestación ofrécea o *DCECH*. De toallas existen mostras dende o século XV; aproximadamente no ano 1400 na obra anónima titulada *Viaje de Juan de Mandevilla* ofrécese o contexto: «todo el común comen sin *toallas* sobre pielles» -*CDH*; o Gual *Voc. Comercio* tamén ofrece a primeira atestación desta voz no século XV. Un século despois, cítase por primeira vez entre os anos 1519 e 1526 nas *Cartas de relación* de Hernán Cortés: «Y al principio y fin de la comida y cena, siempre le daban agua a manos y con la *toalla* que una vez se limpiaba nunca se limpiaba más, ni tampoco los platos y escudillas» -*CORDE*. Os exemplos do *CE 1200S-1900S* ofrécense uns anos antes da segunda metade do século XVI; no ano 1546 Luis de Granada no *Libro de la oración y meditación* ofrece o seguinte contexto, referido ao pano de uso relixioso: «Quita esa *toalla*, toma tus vestiduras, siéntate en tu silla, y no me laves los pies». No século XVII nunha partición dos bens de Alonso Enríquez Manrique, localizada en Toledo recóllese: «Dos pares de *toallas*, vnas | con puntas blancas y otras | con puntas blancas | y de ylo açijadas, nuebas» (1616) –*CorLexIn*. Con respecto ao *DAutoridades* (tomo VI, 1739) este só ofrece a definición de toalla relacionada coa 'peza para cubrir a almofada': «Se llama tambien la cubierta, ò telliza, que se tiende en las camas sobre las almohadas para mayor decencia. Lat. *Mantile cervicalium opertorium*. PRAGM. DE TASS. año 1680. f. 13. Cada *toalla* de Nápoles texida, para camas, listada de plata, y labores diferentes, à treinta y seis reales». A partir deste século increméntase considerablemente o uso desta voz asociada, case exclusivamente, ao enxoval do aseo.

No relativo ao rexistro lexicográfico, toalla figura nos dicionarios galegos modernos. O Eladio *Diccionario* (1958-1961) define esta voz como 'pieza de tejido cuadrilonga, para limpiarse y secarse las manos y la cara'. No entanto, o Otero *Contribución diccionario* (1967) e o Franco Grande *Diccionario* (1972) só ofrecen a acepción de 'atordamento, mareo derivado dunha borracheira'. Coa acepción de 'peza de tea cadrada ou rectangular que se utiliza para secar o corpo', aparece nos dicionarios a partir de mediados dos anos 80 do pasado século. De por parte, coa acepción do noso *corpus*, quedou en desuso e foi desprazado por 'pano de mesa'.

Na lexicografía portuguesa, toalha coa acepción de 'peça de tecido que se estende sobre a mesa' está presente dende a segunda metade do século XVI, en que figura no Cardoso *Dict. ex lusitanico in latinum* (1562-1563). Coa acepción de 'peça de tecido para limpar e enxugar a cara e as mãos' está presente anos despois no Barbosa *Dictionarium* (1611) –*CLP*.

As obras lexicográficas do español recollen nos seus lemarios toalla, dende o século XVI como 'peza destinada a secar as mans' e a partir do primeiro terzo do século XIX ofrecen tamén a acepción de 'peza para poñer sobre as almofadas', na actualidade en desuso. Ata a década dos noventa do século XX esta peza do enxoval non vai se definida como 'tecido destinado a secar o corpo' –*NTLLE*.

Actualmente toalla é unha voz de uso cotiá na lingua galega, que inventariamos dentro do enxoval do aseo persoal, pero co uso destinado á mesa foi substituída pola unidade pluriverbal 'pano de mesa'.

Cfr. s.v. **mantel**.

toca *s.f. vid. s.v.* **touca** → **[2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER]**

touca → **[2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER] [2.1.4 PEZAS PARA A CABEZA]**

s.f. (probablemente do lat. tardío TAUCA- 'veo, pano'; esta quizais dunha base prerromana - Lorenzo 1977: 1268-1269; no *DCECH* (*s.v.* toca, vol. V) proponse que procede do persa *táq* 'veo, pano, chal' a través do árabe) 'touca, peza para cubrir a cabeza, como adorno ou como abrigo'.

> ◦ **Touca** (12): "...et as myas toucas que as vendan para pagar os anaes, salvo una *touca* que me metan" Martínez *Trives*, 1291-xaneiro-27. [Sobrado. A Pobra de Trives] (Ou), vol. I, doc. 83, OR.; López Ferreiro *Galicia histórica*, 1291-[xaneiro-27. Sobrado. A Pobra de Trives] (Ou), doc. LXIII, OR.; "iten vn cerame de vnde vnna saya de boineta vnna *touca* de seda et vn atado et as |haurelas", Cal *Mondoñedo*, 1321-marzo-10. Vilamor. Mondoñedo (Lu), doc. 84, OR.; "Item mando huna *touca* que se en no almario", Graña Vilourente, 1328-maio-25?. [Vilamor. Mondoñedo] (Lu), doc. 4, OR.; "J(n)tem mando a mjna ama hũa ssaya d'estanfforte et |hũa *touca*", Lorenzo *Montederramo*, 1339-maio-13. Montederramo {1308-febreiro-6}, vol. II, doc. 1123, OR.; "Item mando a a dita Ynes a mina *touca* que ten os deytados postiços et que esta en duas peças, et huna das peças ten huna orela con ouro et con sirgo verde", Lucas&Justo *Fontes USC*, 1434-setembro-23/ outubro-6. Santiago [de Compostela] (A Co), doc. 296, OR.; Lucas *Dous documentos*, 1434-setembro-23/outubro-6. Santiago [de Compostela] (A Co), doc. II, OR.; "...que lle den para trajer o corpo de Deus a mina *touca* de jupla romana noua", Lucas&Justo *Fontes USC*, 1434-setembro-23/outubro-6. Santiago [de Compostela] (A Co), doc. 296, OR.; Lucas *Dous documentos*, 1434-setembro-23/outubro-6. Santiago [de Compostela] (A Co),

doc. II, OR.; "Item mando a Eluira Gonçalues, muller de Juhan Afonso de Santandre, | minna pilica et esta mina *touca*", Graña *Vilourente*, 1459-febreiro-12. [Vilamor. Mondoñedo] (Lu), doc. 277, OR.; "Yten mando a Catalina Sanches, muller de Gomes de Ventosa, vn anillo douro e vna *touca* (?) de seda", Sánchez *Álvaro Sánchez*, 1493-xuño-12. Santiago de Compostela (A Co), doc. 13, OR; "Et furtaron enno tempo de Jácome | d'Espana hũa *touca* de seda", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

◦ **Toca** (1): "Vn manto rico de ricomas con *toca* de vermello con seu | manjpolo e estola d'aquela color; falta a cynta de seda", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

◦ **Toucas** (10): "Mando | argona as mías sobrinas Eluira Pérez et Tereyga Pérez et dúas *toucas* que seen no Monte de Rramo", Lorenzo *Montederramo*, 1281-setembro-4. Torbeo [Ribas de Sil] (Lugo), vol. I, doc. 413, OR.; Maia *História galego-portugués*, 1281. [Torbeo. Ribas de Sil] (Lu), doc. 55, OR.; "et mando que as myas sortellas eta as myas *toucas* que as vendan para pagar os anaes, salvo una touca que me metan" Martínez *Trives*, 1291-xaneiro-27. [Sobrado. A Pobra de Trives] (Ou), vol. I, doc. 83, OR.; López Ferreiro *Galicia histórica*, 1291-xaneiro-27. [Sobrado. A Pobra de Trives] (Ou), doc. LXIII, OR.; "Item mando as minas *toucas* as ffillas de Fagundo, minas sobrinas", Portela *obispado Tui*, 1342-xullo-19. [Baiona] (Po), doc. 63, OR.; "It me deue saseenta et seys et medio et teno duas *toucas* por los dez et seys et medio por la manteyga", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1348-[xuño-9. Santiago de Compostela] (A Co), doc. XXXII, OR.; "Item mando...et a sua moller huna das minas *toucas*", Lucas&Justo *Fontes USC*, 1434-setembro-23/outubro-06. Santiago [de Compostela] (A Co), doc. 296, OR.; Lucas *Dous documentos*, 1434-setembro-23/outubro-06. Santiago [de Compostela] (A Co), doc. II, OR.; "mando a miña neta Marquesa un terço de algodón, questá no meu arcaz e duas *toucas* con una que ja ten", Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1519-novembro-28. [O Outeiro. Viveiro. Celanova] (Ou), doc. 122, OR.; "Quatro *toucas* vellas de seda, con que leuan as rreliquias e vn | canbrays rrasado", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

◦ **Touqas** (2): "Iten mando que as miñas *touqas* (que se)* de cabeça /que seen enna teçedeira que he Tereija de Chantada, que se vendan", López Carreira *Álvaro Afonso*, s/d. [Ourense], doc. 414, OR.; López Carreira *cidade Ourense*, 1434-setembro-14. [Ourense], Docs. I. Testamentos, doc. 9, OR.

Nesta ocasión rexistramos as voces touca e toqa en testamentos, fundamentalmente femininos, pero tamén nalgún masculino, e no reconto da catedral ourensá; toca, unicamente no inventario da Catedral de Ourense.

A propósito da alternancia gráfica *–ou-/-o-* nesta palabra, Veiga Arias (1998: 63) localiza ambas as dúas formas nun par de actas coa mesma datación e sérvenlle para postular que toca «solo puede entenderse como una variante gráfica del toucas del primer documento, pero con la misma pronunciación; de donde resulta que *–o-* en tocas está empleada para ser leida [ou]». Varela Sieiro (2003: 108) explica que con esta interpretación, ben argumentada, péchase a posibilidade de considerar toca como un castelanismo, con todo recoñece que a grafía *–o-* no canto de *–ou-* podería deberse a amanuenses procedentes de máis alá de Ponferrada.

Unha das pezas para cubrir a cabeza con máis uso na Idade Media, ao lado da cofia (*vid. s.v.* **coffea**), foi a touca, como así amosan os nosos exemplos. Existiron diversos tipos desta peza, cuxa base era unha tea que tapaba a cabeza, que durante o século XIII foi de uso habitual en todo o territorio peninsular. No territorio leonés mantívose ata o século XVII (Egido Fernández 2010: 96) e posiblemente este uso tamén se fixese extensivo a toda a Península. Bernis (1979: 131) establece unha clasificación entre as toucas mouriscas, longas e

estreitas, que os homes e as mulleres levaban enroladas á cabeza a modo de turbante, e as cortadas como un semicírculo ou rectángulo, coas que as mulleres cubrían a cabeza e o pescozo. Amais, Egido Fernández (2010: 97) rexistra unha touca «bolbedera» nun documento de 1679, que probablemente denomine unha touca de volta, chamada así pola súa forma.

Os tecidos utilizados para a elaboración de varias das toucas que se citan nestes exemplos son a **seda** (*vid. s.v.*), entendemos que por seren utilizadas en ocasións especiais; con todo, tamén se confeccionaron toucas de liño (*vid. s.v.* **lino**), holanda (*vid. s.v.* **olanda**) e **algodón** (*vid. s.v.*), destinadas ao uso cotián. En xeral, tratábase de pezas elaboradas en tecidos finos, que en ocasións eran traídas doutros lugares, como é o caso das «*toucas* da Estela» citadas polo Pedr' Amigo de Sevilha[304] e Pero Gonçalvez de Portocarreiro[305] en cadansúa cantiga de amigo. Neste caso, segundo indica Corral Díaz (2010: 87) procedían dunha vila de Navarra, situada no camiño de Santiago, que gozou de grande éxito na Idade Media polo paso continuo de peregrinos. A autora citada explica que, ademais de facer referencia a posibles talleres célebres polos seus tecidos e seda, a presenza do termo pode obedecer á situación en posición de rima. De por parte, a creación destas pezas para a cabeza era traballo dos *touqueiros* ou 'tecedores de toucas', como así recollen as *Ordenanzas de Toledo*; con todo, nun dos nosos exemplos tal mester encárgaselle a unha tecelá: «Iten mando que as miñas *touqas* (que se)* de cabeça /que seen enna teçedeira que he Tereija de Chantada, que se vendan». Cómpre termos en conta a indicación que se dá no testamento da ourensá Mariña da Vila ao referirse as «*touqas* de cabeça», que nos pode levar a pensar que non cubrían o pescozo, aínda así é preciso interpretar esta indicación con prudencia ao non sabermos se exactamente é o que se pretendía dar a entender.

A autora antes citada (Bernis 1979: 132) explica que, en ocasións, as teas empregadas dábanlle nome á touca e así na documentación medieval poden lerse os nomes de «los cambrais, las lencerejas, las implas, las espumillas, los veos, las alfardas y las beatillas». Outro tipo de toucas que cómpre citar son os *alfaremes* e *almaizares*, ambos de procedencia árabe, como deixa ver o seu nome, consistentes nunha peza de tea longa e estreita que se enrolaba na cabeza ou a unha especie de rosca encaixada nela (Bernis 1979: 51). De por parte, o tipo de touca que se cita no testamento de Inés Gómez cando o texto se refire a «a mina *touca* que ten os deytados postiços et que esta en duas peças, et huna das peças ten huna orela con ouro et con sirgo verde» parece facer alusión a unha touca ourelada, documentada ata o século XV e que recibe este nome polas ourelas que levaba a tea (Menéndez Pidal 1986: 90). Esta era, sen dúbida, unha peza suntuosa, composta por dúas partes (a correspondente a cubrir a cabeza e a destinada a tapar o pescozo) e adornada con ourelas de **ouro** (*vid. s.v.*) e con seda verde. De feito, pertencía á muller do xurado da cidade compostelá, Vasco López de Burgos, un home con poder na sociedade galega do medievo. De por parte, a cidade de Santiago de Compostela debeu ser un escaparate de toucas durante o medievo, a xulgar polas indicacións dadas por Afonso X nun código legal do ano 1252 (capítulo XXVIII, XXX), no cal se regulaba o uso desta peza entre as mulleres: «Mando que ninguna muger non traya orfres... nin traya *tocas* oreladas con oro et con argent nin con otra color nenguna si non blancas; mas mando que trayan arminno e luntria commo quisieren. Et si alguna mugier passar esos cotos de las *tocas* assi commo dicho es, sinon como yo mando, que peche xx mrs. en coto por quantos dias lo uestiere» (López Ferreiro 1975: 372).

[304] Recolle nunha cobra: «Dixi-lh' eu logo: "Fremosa poncela, | queredes vós min por entendedor, | que vos darey boas *toucas* d'Estela, | e boas cintas de Rrocamador, | e d'outras doas a vosso sabor, | e ffremoso pano pera gonela?"» -*CMGP*, *MedDB* e *TMILG*.

[305] Cita: «Pois non ven de Castela, | non é viv', ai mesela, | ou mi-o detem el-rei: | mias *toucas* da Estela, | eu non vos trageréi» -*CMGP*, *MedDB* e *TMILG*

A cor das toucas acostumaba a ser branca, pero tamén podían tinguirse doutras tonalidades; coma o negro, para o loito, ou o amarelo. As primeiras eran utilizadas habitualmente polas relixiosas, de aí a denominación de *touquinegra*, á que se fai referencia nunha cantiga profana de Afons' Eanes do Coton, na cal dubida sobre a identidade dunha muller: «E a dona que m' assi faz andar| casad'é, ou viúv' ou solteira, | ou *touquinegra*, ou monja ou freira; | e ar se guarde quem s' há por guardar, | ca mia fazenda vos dig' eu sem falha; | e rog' a Deus que m' ajud'e mi valha | e nunca valh' a quem mi mal buscar» -*CMGP*, Ferreiro *Glosario* e *MedDB*. A amarela nesta época estaba asociada ás barregás, que eran as únicas que debían lucila desta cor para seren diferenciadas pola rúa do resto das mulleres. Para ir de viaxe ou para realizar labores do campo, por riba da touca podía levarse un **chapeu** (*vid. s.v.*) (Morán Cabanas 2001: 227).

Amais, nun dos nosos exemplos extraídos do reconto da Catedral de Ourense alúdese a unha «touca de vermello», que acompaña a un manto rico, e entendemos que se trataba dunha 'peza semellante a unha capa curta' destinada, fundamentalmente, ao adorno e abrigo. Neste caso é vermella por pertencer aos fondos do vestiario litúrxico da dita catedral utilizado o domingo de Ramos, o venres santo, o domingo de Pentecoste ou ben na administración do sacramento da confirmación, celebracións para as cales esta cor era a máis axeitada seguindo os preceptos da Igrexa[306].

A propósito do prezo destas pezas, no código ditado por Afonso X, de 1252 (capítulo XXVIII, XXXI) temos noticia do prezo das toucas de seda: «Mando que las *tocas* de seda la mejor con biuos de oro o sin oro, que non uala mas de III mrs. et que sean tan grandes como son agora. Et el que por mas a uendiere, o el que por mas la comprare, que el uendedor pierda los mrs. et el comprador la toca; et peche cada uno dellos X mrs. por cada *toca*» (López Ferreiro 1975: 372-373).

****

No territorio galego os primeiros testemuños desta voz datan da primeira metade do século XII. Un documento notarial (1142) pertencente ao tombo de Caveiro cita: «…obtima, et XII solidos, et una camisia nova et una *touca* et alium beneficium multum quod mihi fecistis, et in robaracione…» -*CODOLGA*. En textos escritos en romance, as primeiras atestacións son da segunda metade do século XIII, en que rexistramos este termo nas cantigas profanas. Por exemplo, unha cantiga escarniña de Gonçal' Eanes do Vinhal (1240-1300) recolle: «Amigas, eu oy dizer | que lidaron os de Mouron | con aquestes d'el -rei, e non | poss' end'a verdade saber: | se he viv' o meu amigo, | que troux' a mha *touca* sigo» -*CMGP MedDB* e *TMILG*. Tamén está presente nas cantigas de amigo, ás que se fai alusión en Nunes *Cantigas* (*DDGM*) e nas cantigas marianas (1264-1284); por exemplo, na composición número 18 unha muller, criadora de vermes de seda, ao ver que os seus animais morrían promételle á Virxe regalarlle unha touca se esta remedia o seu problema: «Porque os babous perdeu || e ouve pouca ||seda, poren prometeu || dar hũa *touca* || per a omagen onrrar || que no altar siia || da Virgen que non á par, || en que muito criya» -*TMILG* e *CSM* (*DDGM*). A prosa histórica tamén se fai eco deste termo, que se cita na *His.Troyana* (1350-1399): «Et pois que foy chẽa, vestio se Media, et catou toda sua ymagẽe, et çingeu bẽ suas vestiduras, et alçou suas faldas et sayo da casa descalça, a cabeça sen *touca*, et os cabelos espargidos por los onbros; et foy de seu vagar»; e na *Cr. Troiana* (1370-1373) e Parker *VCT* recóllese: «Et andaua seys ou sete uezes ẽno día sobre hũa *touca* de ouro, et poýnaa ante ssy quando sse assentaua» -*DDGM* e *TMILG*. A *Cr.Gal* tamén ofrece atestacións (*DDGM*). No ámbito portugués a atestación máis antiga que localizamos data do último terzo do século XII; trátase dun documento notarial do cartulario da sé de Coímbra do ano 1167, onde figura a forma touca: «unha *touca* et meos zapatos» -*CODOLGA*. Ademais, existen testemuños deste termo, á parte dos ofrecidos nas cantigas citadas, en documentos do século XIV escritos en romance.

[306] En liña en: *https://es.wikipedia.org/wiki/Colores_lit%C3%BArgicos* [Consulta: 18 de abril de 2019].

Na *Bíblia medieval portuguesa: histórias d'abreviado. Testamento Velho segundo o mestre das histórias scolasticas* recóllese: «Esta tavoa d'ouro era legada com hũa *touca* clara de color de ceeo» -*VHCPM*. Posteriormente, no *Diário da viagem de Vasco da Gama (O descobrimento das Indias*) -1498- ofrécese o seguinte contexto: «…huũ delles trazia hũa *touca* posta na cabeça com huũs vivos lavrados de seda e o outro trazia hũa carapuça de çatim verde» -*CP 1300S-1900S*.

No galego moderno, na fala popular, o *TLPGP* localiza touca nos concellos coruñeses de Aranga, Laxe e Porto do Son e no concello pontevedrés de Redondela, pero en todos estes rexistros semella que esta peza está destinada a tapar os ombros e os brazos. O García *Glosario* (1985) –*DD*- tamén ofrece as variantes toca e touca coa mesma acepción que no tesouro xa citado. Por contra, no territorio portugués o *TLPGP* testemuña touca en Alijó (Salgueiro 1945: 87), Fundão (Martins 1954: 411), Castelo Branco (Martins 1954: 436), Idanha-a-Nova (Buesco 1961: 350) e Beja (Delgado 1970: 358); en São Brás de Alportel (Carrancho 1969: 199) rexístrase tôquinha. No galego escrito, o *TILG* dá conta de touca, da cal ofrece 66 casos repartidos en 43 obras diferentes. Está presente dende o segundo terzo do século XVIII, en que se cita no *Coloquio de 24 gallegos rústicos* (1746) de Sarmiento: «Se tiveran *toucas*, por cima, sen velo, cuidara que fosen as monxas dos cregos». A información cronolóxica que nos ofrece este tesouro permite comprobar como o uso desta voz se incrementa, timidamente, co paso dos séculos. De feito, entre 1612 e 1800 cítase en 2 ocasións; entre 1851 e 1900, 11 veces; entre 1901 e 1950, 8 veces; entre 1951 e 1980, en 5 textos e, finalmente, entre 1981 e 2013, figura en 40 obras. De por parte, a forma *toca* tamén se inventaría neste repertorio, pero sempre co significado de 'peza destinada a tapar os ombros e os brazos'. O *CORGA* tamén achega contextos dende o ano 1991, en que figura na novela de Risco titulada *Tres situacións elementais*: «O Xosé imaxinábaa de cote no seu encerro, donda, calada, cauchutada, elastic e equivocal, afirmando ou negando coa súa caparuza ou *touca* monxil».

No ámbito español atéstase toca en textos escritos en latín dende finais do século XII, en concreto no ano 1081 –*DCECH*. En textos escritos en español, os primeiros testemuños son do primeiro terzo do século XIII. Da forma toqua temos mostra dende aproximadamente o ano 1215, en que se recolle na obra anónima titulada *Vida de santa María Egipcíaca*: «Tanto abia el diablo comprisa, | que toda la noche andó en camisa. | Tolló la *toqua* de los cabellos, | Nunqua vio omne otros más vellos» -*CDH*. Por contra, da forma touca os primeiros exemplos atopámolos unhas décadas despois, na suposta *Tradución de las cantigas de santa María* (1284), anónima, en que se cita: «Pois que a promessa fez, | senpre creceron | os babous ben dessa vez e e non morreron; | mas a dona coagar | grande que y prendia, | d'a *touca* da seda dar | sempre ll' escaecia» -*CDH* e *CORDE*. En documentos escritos en español na coroa aragonesa tamén contamos con contextos desta voz dende mediados do século XV, data en que se inscribe a *Triste deleytación* (1458-1467): «sus deseos entrasen adonde ellas stauan avnque fuese muy peligroso echando les vna | *toqua* | con la qual llegaron al lugar tan deleytoso do dias auja sperauan» -*DiCCA-XV*. Un século despois, en textos do Siglo de Oro rexistramos este termo dende o ano 1531, en que aparece no inventario de bens de Fernando de Granda y Alduenza de Pastor (Ribadesella-Asturias): «Primeramente, diez *tocas* nuevas que nunca se mojaron en agua» -*CorLexIn*. A estas ocorrencias cómpre engadirlles as ofrecidas no *Reportorio universal leyes Castilla* (1553) que ofrece un contexto do noso interese ao referirse ao uso da touca de loito: «La muger no puede traer *toca* negra del todo teñida, salvo por las personas susodichas, e la muger por su marido, si quisiere» -*DICTER*. Na actualidade esta voz segue aparecendo no español como ocorre na lingua galega, para denominar, entre outras acepcións, unha 'peza destinada a tapar o cabelo' (*CREA* e *CE 1200S-1900S*).

No relativo á lexicografía galega, esta ofrece touca, como peza de roupa, dende a época clásica. O primeiro repertorio en recoller este lema foi o Sarmiento *Catálogo voces* (1746-

c.1755), ao cal lle seguiu o Aguirre *Diccionario* (c.1858). Xa na época premoderna (1863-1985) sumáronse o Pintos *Vocabulario* (c.1865), Valladares *Diccionario* (1884), Filgueira et allii (1926), Carré *Diccionario*[1] (1928-1931), Carré *Diccionario*[2] (1933), Ibáñez *Diccionario* (1950), Carré *Diccionario*[5] (1951), Eladio *Diccionario* (1958-1961), Franco Grande *Diccionario* (1972) e Carré *Diccionario-Voc.* (1979). En case todas estas obras defínese como unha 'peza para colocar na cabeza', a excepción do Eladio *Diccionario* que indica «prenda de tela que adorna o abriga» -*DD*. Os dicionarios normativos editados a partir de mediados dos anos 80 do século pasado van recoller todos a entrada touca, coas acepcións que nos ocupan.

As obras lexicográficas do portugués tamén dan conta dende finais do século XVII do termo touca, como peza destinada a cubrir o cabelo. O primeiro repertorio en ofrecela como entrada foi o Pereira *Thesouro* (1697), ao que lle seguiu o Bluteau *Vocabulario portuguez e latino* (1712-1728) –*CLP*.

No tocante aos dicionarios e vocabularios do español, estes ofrecen toca, coa acepción estudada, dende finais do século XV, en que figura no *Vocabulario español-latino* (1495) de Nebrija, pero sempre para nomear unha peza para a cabeza –*NTLLE*.

Durante o medievo a voz touca contou cun valor simbólico ao ser utilizada para tapar e adornar os cabelos das mulleres casadas e viúvas, considerados signo de feminidade seductora e incluso perigosa, e tamén ao figurar entre a relación de prendas de intercambio amoroso coas que se agasallaban os amantes na retórica literaria (Corral Díaz 2010: 45-51). Na actualidade, aínda segue vixente asociada a certos uniformes e hábitos relixiosos para cubrir a cabeza e tamén como parte da indumentaria de abrigo destinada a cubrir os ombros.

Cfr. s.v. **capeyrote**, **chapeu**, **coffea** e **[yrilanda]**.

Touca ourelada nunha miniatura das *Cantigas de Santa María* da autoría de Afonso X (1280-1285)

Mulleres con toucas na pintura mural da Catedral de Mondoñedo, en que se representa a Matanza dos santos inocentes (século XV)[307]

María de Aragón e Xoán II con toucas (século XV) na igrexa románica de Vilar de Donas (Palas de Rei)[308]

[touqa] *s.f. vid. s.v.* **touca** → **[2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER]**

[307] En liña en: *http://rinconesdelamarina.blogspot.com.es/2014/12/pinturas-murales-de-la-catedral-de_49.html* [Consulta: 18 de abril de 2019].
[308] En liña en: *http://www.manuelgago.org/blog/index.php/2007/09/23/as-donas-de-vilar-de-donas/* [Consulta: 18 de abril de 2019]. A propósito da datación desta pintura *vid.* Sicart Giménez (1987: 593-602).

U, (V)
(vogal)

uxuar de casa *unid. pluriverbal vid. s.v.* **axuar** → [1 O ENXOVAL: XERAL]

U,V
(consoante)

ualançina *s.f. vid. s.v.* **valancina** → [3.1 TECIDOS]

ualencina *s.f. vid. s.v.* **valancina** → [3.1 TECIDOS]

[ualenzina] *s.f. vid. s.v.* **valancina** → [3.1 TECIDOS]

uallancina *s.f. vid. s.v.* **valancina** → [3.1 TECIDOS]

uallançyna *s.f. vid. s.v.* **valancina** → [3.1 TECIDOS]

uestimenta *s.f. vid. s.v.* **vestimenta** → [2.4 ORNAMENTOS LITÚRXICOS]

uiado → [3.1 TECIDOS]

(de orixe incerta; posiblemente da forma do lat. VIATU-, der. de *vía* < do lat. VĬA 'camiño', 'estrada', 'viaxe' – *DCECH*, *s.v.* vía, vol. V).

*adx.***1** 'raiado, que ten raias'.

> ◦ **Biado** (1): "Item cinquo bestimentas as tres delas gorniçidas nas mangas et faldas de seda con suas stollas et manipulos de çendal et de panno de seda, et tres mantos de panno de seda, huun de collor blanco, et outro *biado* a maneira deschaquel, et outro de

color uermella, et outras duas bestimentas cotidianas de panno de linno", Pérez *Codeseda*, 1419-xaneiro-14/novembro-16. [Codeseda. A Estrada] (A Co), COP.

s.m. **2** '*viado*, tecido de la de raias formadas por cores distintas na trama e na urdime (Alfau de Solalinde 1969: 181, *s.v.* viado)'.

◦ **Uiado** (6): "Iten, mando a estes meus homes Gonçaluo et Affonso Peres senllas sayas de *viado*", Enríquez *Ribadavia*, 1361-decembro-19. [Ribadavia] (Ou), doc. 4, OR.; Ferro *Vida e fala dos devanceiros*, 1361-decembro-19. [Ribadavia] (Ou), vol. I, doc. 57, OR.; "Item, me ten hua sua mançeba çeram de *viado* e mando que o den a huun criado de Martín Anes, clérigo de Cortegada, meu afillado", Enríquez *Ribadavia*, 1361-decembro-19. [Ribadavia] (Ou), doc. 4, OR.; Ferro *Vida e fala dos devanceiros*, 1361-decembro-19. [Ribadavia] (Ou), vol. I, doc. 57, OR.; "It. mando... senllos pelotes et cerames de *uiado* et sayas de pano thaao", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1375-[maio-6. Santiago de Compostela] (A Co), doc. LXXXI, OR.; "It. mando a todos los homees de pe que conmigo viuen senllos cerames e sayas de *uiado* et mays C mrs.", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1375-[maio-6. Santiago de Compostela] (A Co), doc. LXXXI, COP.

◦ **Uiados** (1): "It. mando... dous *viados* et hua valanciña quelle enprestey", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1375-[maio-6. Santiago de Compostela] (A Co), doc. LXXXI, COP.

Nos testamentos de Xoán Gomez e Rodrigo Rodríguez noméanse saias (*vid. s.v.* **saya**) e cerames (*vid. s.v.* **cerame**) elaborados en tecido viado. De por parte, no inventario de bens do mosteiro pontevedrés de San Xurxo de Codeseda cítase esta voz, empregada como adxectivo, para referirse a uns ornamentos (*vid. s.v.* **ornamento**) litúrxicos.

Segundo apunta Martínez Meléndez (1989: 231, *s.v.* viado) foi un tecido raiado ao que xa se referiu Virxilio cando indica que os habitantes de Galicia: «virgatus lucent sagulis». Tratábase dunha tea de la (*vid. s.v.* **laan**) raiada, que se diferenciaba fronte aos tecidos denominados planos. Adoitaba importarse de Bruxas, Gante, Rouen, Yprés, Arras e Provins, lugares aos que podemos engadir Poperinghe, París, Saint-Denis, Douai e Valenciennes, como se indica no Gual *Voc. comercio* (*vid. s.v.* viado). Alfau de Solalinde (1969: 182) relaciona este pano co denominado *rayé* ou *royés*, que conta con raias de diversas cores na trama e na urda (Zanger 1945: 82, *s.v.* roié).

A vistosidade deste tecido procovou que nas cortes de Valladolid do ano 1351 se lle solicitase ao rei Pedro I que as barragás dos clérigos vestisen panos viados sen ningún tipo de adorno coa finalidade de seren diferenciadas das outras mulleres. De por parte, nesta mesma pragmática prohibíuselle aos mouros e xudeus empregar o tecido denominado viado.

Amais das pezas do vestir nomeadas nos exemnplos por estar elaboradas con viado, Martínez Meléndez (1989: 233) explica que tamén foi utilizado na confección de pelotes (*vid. s.v.* **pelote**), capirotes (*vid. s.v.* **capeyrote**), mantas (*vid. s.v.* **manta**) e, sobre todo, capas (*vid. s.v.* **capa**).

Ao lado desta tea, cómpre termos en conta a existencia do *viadiello*, caracterizada por presentar unhas listaxes de tamaño menor ca o viado.

Con respecto ao uso das raias na **vestimenta** (*vid. s.v.*), é preciso ter en conta que posiblemente a súa introdución se deba á orde dos carmelitas, cuxos membros portaban unha capa raiada, xa fose branca e marrón, xa branca e negra. Segundo Pastoureau (2005: 16-17) as franxas brancas representaban as catro virtudes cardinais (fortaleza, xustiza, prudencia e

temperanza), separadas por tres franxas marróns, que evocaban as tres virtudes teolóxicas (fe, esperanza e caridade). Con respecto á poboación civil, é preciso ter en conta que a maior parte das leis e regulamentos promulgados ao longo da Idade Media asociaron a vestimenta viada ou raiada a determinadas categorías de réprobos ou excluídos, como prostitutas, verdugos, xograres e bufóns (Pastoureau 2005: 21).

****

No ámbito galego atestamos uiado no segundo terzo do século XII. A primeira referencia como substantivo localizámola no *Foro de Allariz* (1153-1157) recóllese o seguinte contexto: «el que compre cuatro codos de *viado*» -Gual *Voc. comercio*. Como adxectivo está presente nun documento notarial (1160), escrito en latín, adscrito ao cenobio coruñés de Sobrado dos Monxes cítase: «et unum ceramen *uiado* et unam pellem cordariam». En documentos en romance as atestacións máis temperás datan da primeira metade do século XIII. Nunha cantiga escarniña da autoría do trobador Martin Anes Marinho recóllese o adxectivo estudado nos seguintes versos: «Con grande lavor, mi deu a loriga, | e toda era de chufas *viada*» (1220-1240) –*CMGP*, Ferreiro *Glosario*, Lapa *Escarnho* (*DDGM*), *MedDB* e *TMILG*. Como substantivo, a primeira datación que localizamos é a do noso exemplo do ano 1348, tamén ofrecida no *TMILG*. No portugués, amais da cantiga profana xa citada, documentamos esta voz, como adxectivo, dende o século XIV, en que está presente na *Crónica Geral de Espanha de 1344*: «E trouverom presente a este rey dom Afonso de muytos panos preçados de desvairadas guisas e muytas joyas nobres e muy estranhas; e trouveronlhe hũu marfil e hũa animaria que chamavon azorafa; e hũa asna que era *viada* que tiinha hũa banda branca e outra preta» -*CP 1300S-1900S*.

No galego moderno, non detectamos a presenza da forma viado nin na fala popular (*ALGa* e *TLPGP*) nin na escrita (*CORGA* e *TILG*). Por contra, na oralidade no *TLPGP* atestamos o adxectivo feminino *raiada*, coa nosa acepción, no concello pontevedrés de Silleda (Bravo Criado 1984: 163) e *riscado* no concello, tamén pontevedrés, de Campo Lameiro (Castro Iglesias 2010). De por parte, no territorio portugués a forma *riscado* tamén denomina un 'tipo de tecido' e con este significado localizámolo en Marvão –*rescade*- (Baptista 1967: 359), Beja –*riquédo*- (Delgado 1970: 364) e Vila Real de Santo António –*rescado*- (Ratinho 1959: 282), aos que cómpre engadirlles o rexistro da zona brasileira centro-sul-Mato-Grossense (Drummond 1995: 57). Na escrita do galego, o *TILG* atesta os adxectivos *raiado*, *riscado* e *listado* a partir da segunda metade do século XIX. No ano 1858 localizamos o adxectivo *raiado* nos *Contos da aldea que parecen historias da vila e historias da vila que parecen contos da aldea*, de Pintos: «Dimpois de poñé-los vasos *raiados* de viño cheos pola saúde un do outro empinaron e beberon». No ano 1882 documentamos na obra *Coleución de poesías gallegas d'algúns autores*, da autoría de Portela Pérez, o seguinte contexto: «E alá en mangas de camisa cata o Perucho do seixo co seu chaleque *riscado* e a chaqueta sobre o ombreiro». Finalmente, temos o adxectivo *listado* dende o ano 1889, en que figura no texto de Braña titulado *Dicurso do presidente dos Xogos florais de Barcelona don Ánxelo Guimerá leido n' a festa d'a repartición de premeos que se verificou n' o día 5 de mayo de 1889*: «...sempre debaixo da bandeira *listada* de roxo e gualda». En concreto, de *listado* contamos con aproximadamente dúas decenas de casos, mentres que de *raiado* e *riscado*, ao redor de 50 concordancias. O *CORGA* tamén achega mostras dos tres adxectivos citados.

O español documenta esta voz dende o século XIII. Nunha carta de doación, aproximadamente, do ano 1267, pertencente ao Archivo catedralicio e diocesano de Salamanca cítase: «A Maria Arnaldo el cobertor *viado*» -*CORDE*. De por parte, o último rexistro que localizamos data do ano 1369, en que figura nas *cortes de Toro*: «…e por la vara del panno de Brujas a quarenta e çinco mr.; e la del Contray a veynte e çinco mr.; e la delos blaos de Yple ochenta mr.; e la de Camunas a veynte mr.; e la de Tornay a veynte mr.; e por la vara del *viado* de... a ueynte e çinco mr…» -*CDH* e *CORDE*. Cómpre ter en conta que dende finais do século XIII o adxectivo

viado convive cos sinónimos *rayado* e *listado*, formas vixentes no español actual. Del coñecemos testemuños ata o século XV.

A lexicografía galega achega o termo estudado dende a época premoderna (1863-1985), pois ofrécese no Rivas *Frampas II* (1988) –*DD*. Con todo, teñen máis representación as formas sinónimas *listado* –presente no Eladio *Diccionario* (1958-1961)-, o castelanismo *raiado* no Eladio *Diccionario* (1958-1961) e Franco Grande *Diccionario* (1972)- e *riscado* –no Carré *Diccionario*[1] (1928-1931), Carré *Diccionario*[2] (1933), Ibáñez *Diccionario* (1950), Carré *Diccionario*[3] (1951), Eladio *Diccionario* (1958-1961), Franco Grande *Diccionario* (1972) e Carré *Diccionario-Voc.* (1979) –*DD*. Con posterioridade, a partir dos anos 80 do século pasado, os dicionarios de corte normativo non achegan viado entre os seus lemas, nin como substantivo nin como adxectivo, con todo, van dar conta das formas *riscado* e *raiado* como adxectivo.

Con respecto aos repertorios lexicográficos do galego e do español, non localizamos esta voz coa acepción estudada. As formas sinónimas *raiado* e *riscado* rexistrámolas no portugués; no século XVIII o Bluteau *Vocabulario synonimos* (1728) dá contra da entrada *riscado* e o Fonseca *Parvum lexicum* (1798) cita *raiado* –*CLP*. No español dende comezos do século XVI temos o adxectivo *rayado* no *Vocabulista arábigo en letra castellana* (1505) e *listado*, dende comezos do século seguinte, que está presente no *Tesoro de las dos lenguas francesa y española* (1607) de Oudin -*NTLLE*.

Na actualidade os tecidos raiados seguen formando parte do enxoval persoal e tamén da vivenda ao empregarse en diversos panos do fogar, pero tamén para tapizar mobiliario.

Cfr. s.v. **laan**.

uistimenta *s.f. vid. s.v.* **vestimenta** → **[2.4 ORNAMENTOS LITÚRXICOS]**

valancina → **[3.1 TECIDOS]**

s.f. (toma o nome da cidade do norte de Francia de onde procede, Valenciennes) '*valancina*, pano de la confeccionado orixinariamente na cidade francesa que lle dá o nome'.

◦ **Valançina** (7): "mandolle... a mina saya de cada dia da *valançina*", Cal *Mondoñedo*, 1321-marzo-10. Vilamor. Mondoñedo (Lu), doc. 84, OR.; "Item mando... huna capa et huna saya de *valançina*, a cada hun home, et a as mulleres senllas sayas", Portela *Lugo XIV,* 1342-agosto-26. [Lugo], vol. I, doc. 430, OR.; "Item mando ao dito Estevo Peres por seu afan huna vara do *valançina*", Comesaña *Camiño*, 1388-novembro-5. [Pontevedra], doc. 7, OR.; "Item mando mays a mina criada Mar Afonso... huun pelote et huun çerame de *valançina*", Sánchez *ACS*, 1389-agosto-12. Santiago de Compostela (A Co), doc. 34, OR.; "Item a Lionor... huun pelote et huun çerame de *valançina*", Sánchez, 1389-agosto-12. Santiago de Compostela (A Co), doc. 34, OR.; "Item a Theriga Gonçales... huun pelote et huun çerame de *valançina*", Sánchez *ACS*, 1389-agosto-12. Santiago de Compostela (A Co), doc. 34, OR.; "Item mando aos meus homes que conmigo vineren a tenpo se a ese tenpo ia pasar por huun ano que les non dese de vestir que deu a cada uun/huun çerame et huna saya de *valançina*, et se non for achado que non ha aynda huun anno que lles dese de vestyr", Sánchez *ACS*, 1391-agosto-4. Santiago de Compostela (A Co), doc. 35, OR.

◦ **Valancina** (4): "viueren ena Casa con afonso gomes et con migo senllas capas de pano pardo ou de *valancina*", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1395-[abril-29. Santiago de Compostela] (A Co), doc. XXXIV, OR.; "It. mando aos nosos azimilleyros senllas sayas de

valancina", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1395-[abril-29. Santiago de Compostela] (A Co), doc. XXXIV, OR.; "It. mando aas mancebas de nosa casa senllos pelotes de *valancina*", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1395-[abril-29. Santiago de Compostela] (A Co), doc. XXXIV, OR.; "...et que cada tres anos que lle den huun pelote ou manton de *valancina* ou de pano pardo", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1395-[abril-29. Santiago de Compostela] (A Co), doc. XXXIV, OR.

◦ **Ualencina** (3): "Et mando a Pero Mouro I saya de *ualencina*", 1275-maio-4. [Montederramo] (Ou), vol. I, doc. 355, OR.; "et mando a Migeel Gonçáluez, fi|lo d'Oracha Gómez, I saya de *ualencina*", 1275-maio-4. [Montederramo] (Ou), vol. I, doc. 355, OR.; "et mando a Migeel Gonçáluez, fi|lo d'Oracha Gómez, I saya de ualencina et outra a Fernán Curujo, de *ualencina* ou | d'araz", 1275-maio-4. [Montederramo] (Ou), vol. I, doc. 355, OR.

◦ **Valentina** (3): "Yten mando (sic) a Fernan de Cansel vinte maravedis e cuatro varas de *valentina*", González Garcés *A Coruña*, 1458-novembro-23 {1399-xaneiro-30} [A Coruña], OR.; "Yten, mando a Maria Martinez, miña sobrina, un ceirame de *valentina* se o queser traer", González Garcés *A Coruña*, 1458-novembro-23 {1399-xaneiro-30} [A Coruña], OR.; "Yten mando a sua irma Maria Eañez tres varas de *valentina* para un pelote", González Garcés *A Coruña*, 1458-novembro-23 {1399-xaneiro-30} [A Coruña], OR.

◦ **Ualançina** (2): "Jtem mando ao capelán çeram et pelote et saya de *ua|lançina*", Lorenzo *Montederramo*, 1313-novembro-2. Ourense {1313-outubro-12}, vol. II, doc. 774, OR.; "Jtem mando a Affonso, fillo de Pedro Pérez, hũa saya de *ualançina*", Lorenzo *Montederramo*, 1313-novembro-2. Ourense {1313-outubro-12}, vol. II, doc. 774, OR.

◦ **Valançyna** (2): "Item mando Affonso | Yanes, clérigo de Pantón, hũã vara e mea de *valançyna*", Viana *Pantón*, 1348-xullo-20. [Fereira de Pantón. Pantón] (Lu), doc. 50, OR.; "Item mando Affonso | Yanes, clérigo de Pantón, hũã vara e mea de *valançyna*", Viana *Pantón*, 1355-xullo-10. [Fereira de Pantón. Pantón] (Lu), doc. 59, OR.

◦ **Vallançina** (2): "et mando le dar a esta dona Aldora, una saya et hun çurame de *vallançina*" Martínez *Trives*, 1291-xaneiro-27. [Sobrado. A Pobra de Trives] (Ou), doc. 83, OR.; "mando... aas molleres dez varas de *vallançina*", Vaquero *Celanova*, 1348-outubro-22. Ourense, vol. I, doc. 140, OR.

◦ **Uallancina** (1): "et mando le dar a esta dona aldora vna saya et hun çurame de vna *uallancina*", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1291-[xaneiro-27. Sobrado. A Proba de Trives] (Ou), doc. LXIII, OR.

◦ **Uallançyna** (1): "Jtem mando a Tereyia Áluares, mýa criada, hun | çerame et hun pellote de *uallançyna*", Lorenzo *Montederramo*, 1348-outubro-27 {1348-outubro-12}{1325-xuño-23} {1338-decembro-31} [Maceda] (Ou), vol. II, doc. 1260, OR.; "Jtem mando a Bryngella, mýa criada, hun | çerame et hun pellote de *uallançyna*", Lorenzo *Montederramo*, 1348-outubro-27 {1348-outubro-12}{1325-xuño-23} {1338-decembro-31}, [Maceda] (Ou), vol. II, doc. 1260, OR.

◦ **Valanciña** (1): "It. mando... dous viados et hua *valanciña* quelle enprestey", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1375-[maio-6. Santiago de Compostela] (A Co), doc. LXXXI, COP.

◦ **Valancynna** (1): "mando... hun pelot et hun çerame nova de *valancynna*" Vaquero *Celanova*, 1338-febreiro-20. Vilar (Ou), vol. I, doc. 131 OR.

◦ **Valençina** (1): "Et mando que meus conpridores que dem a L pobres vergoncossos L sayas destanfforte ou de *valençina* de tres varas a ssaia", Portela *obispado Tui*, 1325-febreiro-20. [Melón], doc. 49, OR.

◦ **Vallacina** (1): "Et mando a Moor Suarez huna coçedra et hun chumaço et huna colcha et V varas de *vallacina* pera çurame et para saya", Duro *Ramirás*, 1295-agosto-5. [Ramirás] (Ou), OR.

◦ **Vallatina** (1): "Et mando a Maria Suarez huna coçedra et hun chumaçon et huna colcha et vi varas de *vallatina* pera çurame et pera saya", Lucas&Lucas *Ramirás*, 1295-[agosto-5. Ramirás] (Ou), doc. 248, OR.

◦ **Velançia** (1): "Item mando a Tareiga Peres... tres varas et media de *velançia* para huun pelote, et duas oytauas de pan, huna <de> millo et outra de çeueira | et v[ii]nte moravedís", Sánchez *ACS*, 1391-agosto-4. Santiago de Compostela (A Co), doc. 35, OR.

◦ **Velançina** (1): "Item mando a Pero Gonçalues huna capa et huna saya de *velançina*", Sánchez *ACS*, 1391-agosto-4. Santiago de Compostela (A Co), doc. 35, OR.

◦ **Vilaçiña** (1): "mãdo a dez ommes que andan commigo ssenllas | ssayas de *vilaçiña* de tres uaras", Maia *Historia galego-português*, 1302-[outubro-20]. Allariz (Ou), doc. 61, OR.

◦ **Ualenzinas** (1): "et mando a Andreu et a Fernando et a Martino senas | sayas de *ualenzinas*", 1275-maio-4. [Montederramo] (Ou), vol. I, doc. 355, OR.

◦ **Valancinas** (1): "It. mando... tres panos pardos ou tres *valancinas*", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1400-[xullo-10. Santiago de Compostela] (A Co), doc. CXII, OR.

O tecido máis citado no noso *corpus* de traballo é a valancina, que se nomea en máis de dúas ducias de documentos.

Alfau de Solalinde (1969: 178, *s.v.* valancina) salienta a pouca información que temos sobre esta tea, pero explica que sabemos que se trata dun tecido de la (*vid. s.v.* **laan**) orixinario da cidade do norte de Francia coñecida como Valenciennes, pertencente ao ducado de Flandres durante o medievo, que posteriormente se fabricou noutros lugares, aínda que conservou o nome orixinario. Rivas Quintas (1998: 614*, s.v.* valancina) engade algún dato máis á definición ao explicar que se trata dunha clase de tecido forte e groso. A cidade francesa de Maubeuge (Mabuga) tamén destacou pola elaboración de valancinas, que segundo as indicacións coas que contamos, eran moi apreciadas na Península Ibérica, de feito no ano 1293 rexístranse un total de 820 pezas importadas, valoradas en 407.480 marabedís, cuns prezos que abranguen dende os 140 ata os 300 marabedís cadansúa peza. Outras cidades onde se confeccionaba a valancina eran París, Bruxas e Arrás (Gual *Voc. comercio*, *s.v.* ualencines). De por parte, semella que existiron varios tipos de valancinas: de corda, raiadas (*vid. s.v.* **uiado**), negras e reforzadas; estas últimas posiblemente fosen de cor azul e se correspondesen coa *blavina*.

A cor escura que presentaba esta estofa, facíaa adecuada para as vestimentas (*vid. s.v.* **vestimenta**) de loito e tamén para os momentos de alivio posteriores, con todo no Viterbo *Elucidário* (*s.v.* almaffega, vol. I) explícase que despois do loito os testamenteiros eran recompensados «com um vestido de *valencina*, ou outro panno alegre e festival», polo tanto a cor escura non só se debeu asociar á sobriedade que transmitía o loito. Polo que amosan os exemplos manexados, empregouse fundamentalmente para a elaboración de saias (*vid. s.v.* **saya**) e cerames (*vid. s.v.* **cerame**), pero tamén para outras pezas de cubrir o corpo, como pelotes (*vid. s.v.* **pelote**), e de uso exterior, entre elas, capas (*vid. s.v.* **capa**) e mantóns (*vid. s.v.*

manton); o que teñen en común todas elas é seren roupas (*vid. s.v.* **roupa**) de abrigo; de aí que fose moi adecuado este tecido de la (*vid. s.v.* **laan**) para a súa fabricación.

****

No territorio galego as primeiras atestacións deste substantivo datan de mediados do século XIII. Un texto escrito en latín no ano 1253, editado polo historiador López Ferreiro, cita: «et sagiam de *valancina*» -Lorenzo *Cronologia* (*DDGM*). En textos en romance temos testemuños dende finais do século XIII, en que se recolle esta voz nun documento do concello ourensán de Trives, que achegamos entre os exemplos e que tamén ofrece o *TMILG*. No país veciño a atestación máis temperá tamén data, coma no galego, do ano 1253, en que figura nun texto ofrecido na obra *Portvgaliae monvmenta histórica a saecvlo octavo post christvm vsque ad qvintvmdecimvm*: «et cobitus de *valencina* ualeat nouem solidos» –Lorenzo *Cronologia* (*DDGM*).

No galego moderno, na escrita, o *TILG* compila un único contexto desta voz a finais do século XIX. Trátase da novela histórica *A tecedeira de Bonaval* (1895) da man de López Ferreiro, un autor marcadamente arcaizante na súa escrita: «Ela levaba unha saia de rica *valancina* e unha mantilla tendida polo corpo abaixo, e soilo presa no ombreiro esquerdo».

O español ofrece atestacións do termo valançina a partir da segunda metade do século XIII, pero unha década máis tarde ca nos textos galegos. No *Ordenamiento de posturas en el Ayuntamiento de Jerez* (1268) ofrécese o seguinte texto: «…*valançinas* de cuerda la vara dela mejor quatro sueldos e medio de dineros alfonsis; dela mejor *valançina* rreforçada e del malbruja çinco sueldos e medio la vara de dineros alfonsis» -*CDH* e *CORDE*. Estamos ante un substantivo cunha presenza reducida, cuxa última ocorrencia recollida pertence á obra de Menéndez Pidal titulada *Poesía juglaresca y juglares. Orígenes de las literaturas románicas* (1924-1957): «En las cortes dominaba un gusto más exquisito. A los juglares del rey Sancho IV (1284-1295) se les da una sola clase de paño a cada uno para su vestir: paño tinto, blanqueta, blao, sanguina, santomer, *valencina*, estanfort» -*CDH* e *CORDE*.

A propósito da lexicografía galega, localizamos o termo valancina dende a época premoderna (1863-1985); figura como entrada no Valladares *Suplemento* (1896-1902), Carré *Diccionario*[3] (1951) e Carré *Diccionario-Voc.* (1979) –*DD*. Con todo, os dicionarios que ven a luz a partir do anos 80 do século pasado, de corte normativo, non recollen este termo nos seus lemarios.

Por contra, na obras lexicográficas do portugués (*CLP*) e do español (*NTLLE*) non atestamos esta voz; no entanto o portugués ofrécea nos repertorios modernos, aínda que destacan que se trata dunha forma en desuso.

A utilización dos tecidos de valancina non chegou ata os nosos días ao seren substituídos por teas sintéticas, moito máis funcionais e cun custo de produción máis baixo.

Cfr. s.v. **laan.**

valanciña *s.f. vid. s.v.* **valancina** → **[3.1 TECIDOS]**

valançina *s.f. vid. s.v.* **valancina** → **[3.1 TECIDOS]**

valançyna *s.f. vid. s.v.* **valancina** → **[3.1 TECIDOS]**

valancynna *s.f. vid. s.v.* **valancina** → [3.1 TECIDOS]

valençina *s.f. vid. s.v.* **valancina** → [3.1 TECIDOS]

valentina *s.f. vid. s.v.* **valancina** → [3.1 TECIDOS]

vallacina *s.f. vid. s.v.* **valancina** → [3.1 TECIDOS]

vallançina *s.f. vid. s.v.* **valancina** → [3.1 TECIDOS]

vallatina *s.f. vid. s.v.* **valancina** → [3.1 TECIDOS]

velançia *s.f. vid. s.v.* **valancina** → [3.1 TECIDOS]

velançina *s.f. vid. s.v.* **valancina** → [3.1 TECIDOS]

vestiaria → [2 O VESTIARIO] [2.4 ORNAMENTOS LITÚRXICOS]

s.f. (do lat. VESTIARĬA- 'vestimenta, roupeiro', plural de *vestiario*, derivado de *vestir* < VĔSTĪRE). Conta coas seguintes acepcións:

1 '*Vestiaría*, conxunto de pezas de vestir que ten unha persoa'. *Cfr. s.v.* **vistiario**.

> ◦ **Vestiaria** (1): "Et mando a este Martin Martinez ney conpridor dozentos mrs. para *vestiaria*.", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1305-[maio-4. Ribadavia] (Ou), doc. CX, OR.

2 'Indumentaria eclesiástica'. *Cfr. s.v.* **ornamento**.

> ◦ **Vestiaria** (1): "Et rrevoco as triinta libras que mandey dar a ffrey Pedro Arias cada ano para sua *vestiaria*", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1305-[maio-4. Ribadavia] (Ou), doc. CX, OR.
>
> ◦ **Vistiaria** (2): "et mando o meu herdamento de san Cristouõõ as donas per a sua *vistiaria*", Lucas&Lucas *Ramirás*, 1295-agosto-5. [Ramirás] (Ou), doc. 248, OR; Duro *Ramirás*, 1295-agosto-5. [Ramirás] (Ou), doc. 248, OR.
>
> ◦ **Uistiaría** (1): "a aquel ou aqueles monges... para ajuda de súa *uistiaría*", Lorenzo *Montederramo*, 1313-novembro-2. Ourense {1313-outubro-12}, vol. II, doc. 774, OR.

Nos testamentos de María Eanes, alcumada Gibarra, Tareixa Suárez e na elevación a pública forma do testamento de María López de Lemos cítase a voz *vestiaría*, para facer alusión 'ás pezas do vestir' ou 'ás roupas utilizadas polos membros da Igrexa, neste caso polos frades e monxas'. Resulta, cando menos, destacable que das cinco ocorrencias coas que conta esta entrada, dúas pertenzan ao testamento de María Eanes, cuxo sinal notarial corresponde a «Fernan Fernandez, publico notario del Rey en Ribadavia» e, outras dúas, ao de Tareixa Suárez, en

que o selo notarial foi estampado por «Johan Gonzalez notario jurado en Ramirãẽs». Ambos os dous notarios da provincia de Ourense.

Durante a Idade Media o substantivo *vestiaría* denominou o conxunto de pezas de roupa que podía levar un individuo, dende as pezas interiores ata as exteriores. Entre os poucos datos que achegan as nosas concordancias, nunha delas especifícase a cantidade económica destinada ao vestir: «Et mando a este Martin Martinez ney conpridor dozentos mrs. para *vestiaria*»; con todo, non sabemos se os douscentos marabedís dos que se fala abondarían, ao menos, para que Martín Martínez portase un *vestiario* (*vid. s.v.* **vistiario**) completo ou, incluso, chegarían para máis dun.

Nun dos contextos deste *corpus* de estudo faise referencia ás roupas propias de certos membros da igrexa, como é o caso dos frades. En concreto cítase: «Et rrevoco as triinta libras que mandey dar a ffrey Pedro Arias cada ano para sua *vestiaria*». Supoñemos que o vestiario do frade Pedro Arias é un hábito (*vid. s.v.* **abeto**), que se correspondería coa orde relixiosa á que pertencía. O último dos exemplos recollidos fai referencia a «cen varas de burel de Medina cada ano en *vestiaria* aos ffrades de Mellon para cugullas» e, dado o contexto, podemos pensar que é posible que se trate non especificamente da **vestimenta** (*vid. s.v.*) dos frades, senón do imposto que recibían as institucións relixiosas para custear as roupas dos membros da congregación, en certas celebracións nas cales debían ir todos co mesmo vestiario. Malia descoñecermos exactamente a que se refire a *vestiaría* do contexto citado, si sabemos que o tecido destinado á elaboración das cugulas (*vid. s.v.* **cugulla**) foron cen varas[4] de **burel** (*vid. s.v.*), un tecido basto, xeralmente de la (*vid. s.v.* **laan**).

****

A primeira atestación da forma vestiario data de comezos do século XIII. Nun documento notarial, escrito en latín, e localizado na colección documental do mosteiro lucense de Ferreira de Pallares cítase: «...et unum pannum de uestra *uestiaria* cum uestros fratres uestieritis, et hoc in tota uita sua» (1215) -*CODOLGA*. En textos en romance, o primeiro testemuño data do último terzo do século XIII. Un documento notarial de santa María de Oseira (Ourense), do ano 1272, recolle: «Esto foy po-la raçon que eu quitei a a *vestiaria*» -*TMILG*. Resulta interesante comprobar como practicamente todos os exemplos inventariados polo repertorio citado se localizan nos cenobios do sur das provincias de Ourense e Pontevedra. No portugués, a única forma que rexistramos é *vestiaría*, sempre vinculada aos centros monásticos; de feito, a primeira atestación procede dos documentos do Mosteiro de Santa Cruz de Coímbra (1301-1400), con todo parece facer referencia á 'renda destinada ao vestir' e non á 'indumentaria': «E perteẽçe áá nossa aueẽça da *vestiaria* Enprazamos a uos o dito oliual en dias de uossa uida tãta so tal preyto & cõdiçõ que o escauedes esterquedes amotades & auedes bẽ & fielmente per uosas proprias despesas en cada hũu anno & o renouades & chantades hu for mester». O significado de 'peza do vestir' achégao un contexto extraído da obra *O orçamento do estado da Índia* (1571), que cita: «El Rey de Ormuz tem para sua *vestiaria* quarenta leques em cada hum ano, que valem quinhentos e sincoenta e outo mil cento e quarenta»-*CP 1300S-1900S*.

No galego moderno, na fala popular non localizamos esta voz coa acepción que nos ocupa. Na escrita ten unha representación moi escasa; de feito, só o *CORGA* a documenta nunha ocasión, no último terzo do século XX. Está na novela de Iglesias de Souza titulada *As alaudas do mencer. Pintura negra, en forma de folletín noveleiro, policíaco-humorístico-político-social e satírico, (tamén) en catro romances de cego* (1989): «E os dous cregos -que por de fora, ninguén podería coñecer que o eran, xa que a sua *vestiaria* era de homes correntes- enfileiraron a Rúa de San Andrés, xa que a xuntanza a tiñan na capela que alí había». Por contra, contamos coa presenza dos termos *vestuario*

(o *CORGA* inventaría 28 exemplos dende o ano 1982 e o *TILG* conta con 16 casos dende comezos do século XIX) e *vestiario* (o *CORGA* inventaría 257 ocorrencias e o *TILG* 48).

No español os testemuños do substantivo *vestiaría* tamén son moi escasos. Entre as obras escritas a única atestación témola no texto de Jiménez Platón titulado *Reforma de trajes, doctrina de fray Hernando de la Talavela* (1635-1638): «En Roma ubo un tiempo una ley, que llamavan *vestiaria*, como refiere Dion Casio, en la qual se mandava que ninguno se vistiesse de seda ni usasse de plata ni oro si no fuesse en servicio de los dioses» -*CDH* e *CORDE*. Co significado estudado, a forma con máis representación nos *corpora* consultados é *vestuario*. Na época moderna, as variantes *vestiaría* e *vestiario* foron substituídas por *vestuario*, a única forma presente nos repertorios consultados.

Nas obras lexicográficas do galego non temos rexistros do termo estudado, nin no *DD* nin nas obras de corte normativo publicadas a partir dos anos 80 do século pasado. Por contra, para as nosas acepcións, rexistramos *vestiario* e *vestimenta*.

A lexicografía portuguesa ofrece a forma *vestiaria* dende finais do século XVII, no cal o termo *vestiaria* aparece como entrada no Pereira *Thesouro* (1697). Un século despois, tamén é ofrecido no Folqman *Diccionario* (1755) –*CLP*.

Por contra, os dicionarios e vocabularios do español non dan conta da voz *vestiaría* (*NTLLE*).

A forma *vestiaría*, cunha escasa representación no galego medieval, a día de hoxe está en desuso e no seu lugar empregamos outros termos como indumentaria, **roupa** (*vid. s.v.*), *vestiario* (*vid. s.v.* **vistiario**), *vestidura* (*vid. s.v.* **[bestidura]**), **vestimenta** (*vid. s.v.*), entre outras.

Cfr. s.v. **bestidura**, **ornamento**, **roupa**, **vestido** e **vistiario**.

[vestido] *s.m. vid. s.v.* **bestido** → **[2 O VESTIARIO]**

vestimenta → **[2.4 ORNAMENTOS LITÚRXICOS]**

s.f. (do pl. do lat. VĔSTĬMĔNTA-) 'vestimenta, indumentaria eclesiásticas e/ou paramentos do altar'. *Cfr. s.v.* **ornamento**.

◦ **Vestimenta** (23):"...e nos proveermola en nosa vida de cález e de *vestimenta*", Pereira *Xunqueira de Espadañedo*, 1290-xuño-2. [Costa de Sadur. Asadur. Maceda] (Ou), doc. 8, OR.; "E mando aynda quatroçentos morauedís pera *vestimenta* e pera un cález pera a dita capela", Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1311{1302-xullo-29} [Allariz] (Ou), vol. I, doc. 39, OR.; "Item mando a San Mamede de Sueuos cincuenta maravedis para hua *vestimenta* de darcos? CC soldos", Pérez Rodríguez *Toxos Outos*, 1334-agosto-6. [Toxos Outos. Lousame] (A Co), doc. 795, COP.; "Item mando çinqueenta moravedís a S[anti]ago de Tale para huna *vestimenta*", Sánchez *ACS*, 1334-agosto-11. [Cereixo. Vimianzo] (A Co), doc. 7, COP.; Pérez Rodríguez *Toxos Outos*, 1334-agosto-6. [Toxos Outos. Lousame] (A Co), doc. 795, COP.; "[Item mando ci]nquoenta morauedis a Santiago de Talle para hüa *vestimenta*", Pichel&Martínez *documentação*, 1334-agosto-6?.[Toxos Outos. Lousame] (A Co), doc. 14, COP.; *López Ferreiro*, 1334-agosto-6. [Toxos Outos. Lousame] (A Co), COP.; "It mando a miña capella de Santiago a miña *vestimenta* laurada dos... uaes dos lobos" López Ferreiro *Fragmentos*, 1334-[agosto-6. Lousame. Toxos Outos] (A Co), COP.; "Item mando a Bonaual a mina *vestimenta* de torna sol con que dizem a missa en mia casa", Pérez Rodríguez *Toxos Outos*, 1334-agosto-6. [Toxos Outos. Lousame] (A Co), doc. 795,

COP.; López Ferreiro *Fragmentos*, 1334-[agosto-6. Lousame. Toxos Outos] (A Co), COP.; "It mando a ssan Pedro de seer CC soldos para huua *vestimenta*" López Ferreiro *Fragmentos*, 1334-[agosto-6. Lousame. Toxos Outos] (A Co), COP.; "Iten mando a Sta. maria salome o meu pano preto de sirgo para hua *vestimenta*", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1400-[xullo-10. Santiago de Compostela] (A Co), doc. CXII, OR.; "It. mando a san thome de Vilariño para buros et *vestimenta* cen mrs.", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1400-[xullo-10. Santiago de Compostela] (A Co), doc. CXII, OR.; "It. mando a san iohan de Castro valente huun calez de huun marquo de prata et hua *vestimenta*", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1400-[xullo-10. Santiago de Compostela] (A Co), doc. CXII, OR.; "eu comprey a os compridores da Afonso Gonzalez e un-a *vestimenta* con cintas douro", González Garcés *A Coruña*, 1458-novembro-23 {1399-xaneiro-30} [A Coruña], OR.; "Iten mando a capela de Santa Maria de Perdon vna *vestimenta* nova de lenço con seu manto et estola et magniplos", Sánchez *Álvaro Sánchez*, 1493-xuño-12. Santiago de Compostela (A Co), doc. 13, OR.; "Iten mando a o moesteyro de Sant Martiño outra *vestimenta* nova de lenço guarnida ansi mismo para que este enno dito monesterio", Sánchez *Álvaro Sánchez*, 1493-xuño-12. Santiago de Compostela doc. 13, OR.; "Vna *vestimenta* de pontifical con súa cenefa", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Outra *vestimenta* conprida con manto de seda", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Outro manto de chamalote colorado con çeneffa de Jhesús | María, sen outro conprimento para seer *vestimenta* conprida", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Falta vna *vestimenta* conprida con seu manto de Damasco", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "falta ho outro conprimento para seer *vestimenta* conprida", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "enna *vestimenta* nova que se fezo", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

◦ **Vistimenta** (14): "Et mando a San Mamede de Loussada Lª soldos para liuros ou para *vistimenta*" Rey Caíña *Ferreira de Pallares*, 1312-setembro-22. [Ferreira de Pallares. Guntín], doc. 420, OR.; "D[ema]ys mando a mina capela de Santiago h[un]a *vistimenta*", Sánchez *ACS*, 1334-agosto-11. [Cereixo. Vimianzo] (A Co), doc. 7, COP.; Pérez Rodríguez *Toxos Outos*, 1334-agosto-6. [Toxos Outos. Lousame] (A Co), doc. 795, COP.; López Ferreiro *Fragmentos*, 1334-agosto-6. [Toxos Outos. Lousame] (A Co), COP.; "Item mando (...)ual a mina *vistimenta* do torasool con quer me dizen a misa en miña casa", Sánchez *ACS*, 1334-agosto-11. [Cereixo. Vimianzo] (A Co), doc. 7, COP.; "Item mando a San Pero de Sea o panno que tengo en mina casa para o manto et mays ccos solidos por que se prefaça a *vistimenta*", Sánchez *ACS*, 1334-agosto-11. [Cereixo. Vimianzo](A Co), doc. 7, COP.; "Item mando a Sam Pedro de Sea o panno [que] trago en mina casa para o manto et mays CC sl. Por que se faça a *vistimenta*", Pérez Rodríguez *Toxos Outos*, 1334-agosto-6. [Toxos Outos. Lousame] (A Co), doc. 795, COP.; "Jtem mando a Santa Maria de Couas CC soldos para hũu li[uro] ou para *vistimenta*", Pichel&Martínez *documentação*, 1334-agosto-6?. [Toxos Outos. Lousame] (A Co), doc. 14, COP.; "Jtem mando a Bonaual a mina *vistimenta* de tornasol con que dizem a missa en mĩa casa", Pichel&Martínez *documentação*, 1334-agosto-6?.[Toxos Outos. Lousame] (A Co), doc. 14, COP.; López Ferreiro *Fragmentos*, 1334-agosto-6. [Toxos Outos. Lousame] (A Co), COP.; "...que as den aos ditos meus compridores para conpren (sic) por elas huun manto ou hua *vistimenta* para a dita iglesia", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1395-[abril-29. Santiago de Compostela] (A Co), doc. XXXIV, OR.; "It. mando aa iglesia de sta. vaya de selleda a *vistimenta* por que dizen a misa en cesa", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1395-[abril-29. Santiago de Compostela] (A Co), doc. XXXIV, OR.; "It. mando a iglesia de sta. mariña da Cidade a *vistimenta* e o calez por que me dizen a misa en Caldelas | et o calez de betume", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1395-[abril-29. Santiago de Compostela] (A Co), doc. XXXIV, OR.; "Item mando a san Fiins d'Eiron et a san Martino de Liñayo a cada huun sua *vistimenta* et huun frontal de lenço et ponanlles as treuas que sacaron dos meus panos", Lucas&Justo *Fontes USC*, 1434-setembro-23/outubro-6. Santiago [de

Compostela], doc. 296, OR.; Lucas *Dous documentos*, 1434-1434-setembro-23/outubro-6. Santiago [de Compostela] (A Co), OR.

◦ **Uestimenta** (8): "et mando á nosa eygrega de San Johane XIJ morauidís pera *uestimenta*...", Lorenzo Montederramo, 1275-maio-4. [Montederramo] (Ou), vol. I, doc. 355, OR.; "et mando a San Mjlao os dízemos atees que seya eygrega telada et que aya hy | una *uestimenta*", Lorenzo Montederamo, 1275-maio-4. [Montederramo] (Ou), vol. I, doc. 355, OR.; "Pero, se lles meus herdeiros ou eu deren un cález de prata boo e *uestimenta*", Ferro *Vida e fala devanceiros*, 1311{1302-xullo-29} [Allariz] (Ou), vol. I, doc. 39, OR.; "Mando una *uestimenta* conprida aa igleia de Santiago de Seauria para seruir o altar", Lorenzo *Montederramo*, 1313-novembro-2. Ourense {1313-outubro-12}, vol. II, doc. 774, OR.; "...et seia a *uestimenta* conprida de todo", Lorenzo *Montederramo*, 1313-novembro-2. Ourense {1313-outubro-12}, vol. II, doc. 774, OR.; "It mando á san mamede de sueuos cincuenta maravedis para hua *uestimenta* de darcos?" López Ferreiro *Fragmentos*, 1334-[agosto-6. Lousame. Toxos Outos] (A Co), COP.; "It mando a ssan Pedro de Sea o pano que trago en miña casa por o manto e mays CC soldos para que sse faz a *uestimenta*" López Ferreiro *Fragmentos*, 1334-[agosto-6. Lousame. Toxos Outos] (A Co), COP.; "...el que faça por todo hun calez de prata e hunha boa *uestimenta*" López Ferreiro *Galicia histórica*, 1347-[xullo-17. Santiago de Compostela] (A Co), doc. LXV, OR.

◦ **Vestymenta** (3): "Vna *vestymenta* de Damasco branco", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Outra *vestymenta* conprida", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.; "Outra *vestymenta* conprida de seda mourisca", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

◦ **V(i)stimenta** (2): "Jtem mando a Ssam Mamede de Sueuos çinquoenta morauedís; para hũa *v(i)stimenta*", Pichel&Martínez *documentação*, 1334-agosto-6?. [Toxos Outos. Lousame] (A Co), doc. 14, COP.; "Jtem mando aa mina capella de Santiago a mina *v(i)stimenta* laurada dos [sinais d]os lobos", Pichel&Martínez *documentação*, 1334-agosto-6?.[Toxos Outos. Lousame] (A Co), doc. 14, COP.

◦ **Vist[imenta]** (2): "Jtem mando a Ssan Pedro de Seel CC soldos para hũa *vist[imenta]*", Pichel&Martínez *documentação*, 1334-agosto-6?. [Toxos Outos. Lousame] (A Co), doc. 14, COP; "Item mando a Sam Pedro de Seel CC sl. para hua *vist[imenta]*", Pérez Rodríguez *Toxos Outos*, 1334-agosto-6. [Toxos Outos. Lousame] (A Co), doc. 795, COP.

◦ **Bestimenta** (2): "Yten mando mais que me poñan ende una boa *bestimenta*, que conste desde mil marabedís arriba, a honor e reberencia de Santa Catalina, con que se sirbe ha sua capilla en canto durase", Otero *Quiroga*, 1489-maio-27. Carballedo. [O Hospital. Quiroga] (Lu), doc. 49, OR.; "Yten mando a yglesia de Sant Giaan de Layno outra *bestimenta* de lenço nova", Sánchez *Álvaro Sánchez*, 1493-xuño-12. Santiago de Compostela (A Co), doc. 13, OR.

◦ **Uistimenta** (2): "Jtem mandou que "pelo meu auer rrestoyren aquel altar en este moesteyro en que disseren cada día esta | missa desta capela de *uistimenta* et de cález", Lorenzo *Montederramo*, 1306-xaneiro-4. [Montederramo] (Ou), vol. I, doc. 658, OR.; "dem... trijnta uarras de panno de linno para huna *uistimenta*", Castro *Santa Clara*, 1407-[decembro-23. Santiago de Compostela] (A Co), doc. 9, OR.

◦ **Bestimentas** (4): "mando a dito Moasteiro de Santa María de Armenteira aquela capilla con seus direituras e con suas *bestimentas*", *Col. doc. históricos*, 1318-[xullo-25. Coiro. Cangas] (Po), vol. I, doc. XII, OR.; "Iten mando para a dita capelania duas *bestimentas* e vn caliz de pratta" López Ferreiro *Galicia histórica*, 1402-[agosto-4. Melide] (A Co), doc. XXXV, COP.; "Item cinquo *bestimentas* as tres delas gorniçidas nas mangas", Pérez *Codeseda*, 1419-xaneiro-14/novembro-16. [Codeseda. A Estrada] (A Co), COP.; "et outras

duas *bestimentas* cotidianas de panno de linno", Pérez *Codeseda*, 1419-xaneiro-14/novembro-16. [Codeseda. A Estrada] (A Co), COP.

◦ **Uestimentas** (1): "...et que faça delles fazer *uestimentas* para o altar de Sta. Maria", López Ferreiro *Galicia histórica* 1326-[xaneiro-4. Mondoñedo] (Lu), doc. LXXI, COP.

◦ **Vestimentas** (4): "Ytem mando a Santa María de Mourente quince libras da dita moneda para *vestimentas*", *Col. doc. históricos*, 1343-decembro-25. [Lavadores-Vigo] (Po), vol. I, doc. XVIII, COP.; "Et mando a santa Christina de Labadores outra cinquenta libras da dita moeda para *vestimentas*" *Col. doc. históricos*, 1343-decembro-25. [Lavadores-Vigo] (Po), vol. I, doc. XVIII, COP.; "Itẽ mãdo pera rreparo da igllia de santa maria de finsteus que se ponã en cales ou en *vestimentas*", *Col. doc. históricos*, 1474 [Santiago de Compostela] (A Co), vol. I, doc. VII, OR.; "*Vestimentas*:...", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

Está voz tamén forma parte da unidade pluriverbal:

◦ **Vestymenta de defuntos** (1): "Vna *vestymenta de defuntos* con seu manto de | sarga e con dúas almáticas de bocalán negro | con seus rregaços e todo conprido", Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou*, 1493-setembro-23. Ourense, OR.

No reconto da catedral ourensá e nos testamentos de Leonor González de Saz, Tareixa Sánchez de Gres, Gomez Pérez, María Paez, María Bicos, Roi González de Chan de Pena, Inés García, Inés Martís, Vasco Cotón, Sancha Eanes de Cortegada, Gonzalo Ozores de Ulloa e Gonzalo de Moscoso cítanse as variantes vistimenta, uestimenta, vistimenta, vestymenta, uistimenta e bestimenta para facer alusión ás 'roupas litúrxicas' e tamén aos 'panos do altar'. A propósito desta variedade nas grafías, é de destacar que durante o medievo foron frecuentes os usos do *v* e *u*, tanto vocálico coma consonántico, valor co que conta nestas voces.

Entendemos que, durante o medievo, como se indica no Viterbo *Elucidário* (1966: 268, vol. II) vestimentas fai referencia a un conxunto de pezas do vestir para oficiar a eucaristía, a saber: albas (*vid. s.v.* **alba**), amictos (*vid. s.v.* **amjto**), casullas (*vid. s.v.* **casula**), capas (*vid. s.v.* **capa**), cugulas (*vid. s.v.* [**cugulla**]), estolas (*vid. s.v.* **estola**), dalmáticas (*vid. s.v.* **[almática]**), manípulos (*vid. s.v.* **manjpolo**), mitras (*vid. s.v.* **mitara**) ou sandalias (*vid. s.v.* **[sandalia]**), por nomear os termos pertencentes a este campo semántico que se citan no noso vocabulario. O uso destas pezas estaba asociado ao cargo que se ostentase dentro da comunidade eclesiástica (*vid. s.v.* **ornamento**). Amais, en moitos dos exemplos, xuntamente con estas pezas da indumentaria, estaban incluídos baixo a voz vestimenta os panos (*vid. s.v.* **pano**) destinados a engalanar o altar. Referímonos aos corporais (*vid. s.v.* **[corporal]**), frontais (*vid. s.v.* **frontal**), fronteiros (*vid. s.v.* **fronteyro**) e gremiais (*vid. s.v.* **gremjal**).

Moitos destes ornamentos e panos estaban elaborados con sedas (*vid. s.v.* **seda**) ou con tecido de liño (*vid. s.v.* **lino**) fino, este último moi empregado nos paramentos do altar.

A excepción dos contextos da catedral ourensá, os outros exemplos en que se cita esta voz están extraídos de testamentos, de ambos os sexos, en que os testadores deixan ás institucións relixiosas das que son devotos (conventos, mosteiros e igrexas), ou a certos membros do clero, a encomenda de legarlle unha vestimenta despois da súa morte ou de agasallar a igrexa con lenzos para decorar o altar (Muñoz Fernández 1989: 485). A día de hoxe resulta difícil sabermos cando se fai referencia aos elementos da indumentaria ou do adorno, motivo polo que estudamos conxuntamente estas pezas.

A propósito da «vestymenta *de defuntos*», que se cita nun dos exemplos do reconto da Catedral de Ourense, cómpre destacar que se trata dun ornamento clerical formado por «seu manto de | sarga e con dúas almáticas de bocalán negro | con seus rregaços e todo conprido». Segundo indica Pazos-López (2015: 7), a cor negra destas roupas (*vid. s.v.* **roupa**), vinculada á dor e á penintencia, era adecuada para oficiar misas de defuntos e as cerimonias que se celebraban nos templos catedralicios e de certa relevancia durante os períodos de espera do ano litúrxico, como o Advento e o período que abarca dende a Septuaxésima ata a Pascua, incluíndo a Coresma.

Cómpre destacar que o valor colectivo que presenta a voz vestimenta se debe ao feito de ser unha forma derivada dun plural neutro *–menta*, de uso habitual durante o medievo e que na actualidade, malia seguir existindo, adoita ser substituída por vestido (*vid. s.v.* **bestido**), ao que lle podemos engadir outros tres: indumentaria, roupa e vestiario (*vid. s.v.* **vestiaria**) –Pharies (2002: 405).

****

No territorio galego as primeiras atestacións deste termo datan do segundo terzo do século VIII. Nun documento notarial escrito en latín, pertencente á provincia de Lugo (745), emprégase para facer referencia ás pezas de uso eclesiástico, utilización que coincide coa dos nosos contextos. En calquera caso, resulta difícil discriminar se entre esta vestimenta se inclúen as 'pezas para oficiar a eucaristía' e as 'pezas para o adorno do altar': «…concedo pro remedio animae meae, idest libros, cruces, calices, & *vestimenta* tam siriga, quam linea…» -*CODOLGA*. Varela Sieiro (2003: 110) rexistra para esta voz unha datación posterior, correspondente á segunda metade do século IX. Trátase dun documento do tombo de San Xulián de Samos (Lugo). O autor destaca como esta voz vai perdendo presenza na lingua durante a alta Idade Media, época en que se centra o seu estudo, e amais achega que se trata dun termo de uso nun contexto formular bastante frecuente durante o período histórico que estuda. No noso caso xa non localizamos desta voz no medio de estruturas formulares.

A primeira datación de vestimenta en textos romances galegos rexístrase na segunda metade do século XIII. Trátase dun emprego nas *CSM* (1264-1284), onde fai referencia aos paramentos propios do bispo: «Esta LXV[I] é como Santa Maria fez a un bispo cantar missa e deu-lle *vestimenta* con que a dissesse, e leixou-lla quando se foi». A prosa histórica tamén rexistra este termo. Así, por exemplo, na *Cr. Gal* (1295-1312) aparece o seguinte contexto: «Mays o arçebispo, co˜mo se sentia sem culpa daquelo que llj disserã, poys que ouue acabado seu ofiçio, sayu da jgleia reuestido de toda *vestimenta* co˜mo disera a misa, segũdo conta dom Lucas de Tuy e[n] sua estoria en seu latim; et foysse para o paaço del rey, du estaua o touro» -*DDGM* e *TMILG*. Da forma vistimenta temos noticia dende a primeira metade do século XIV, como así recollemos nos nosos contextos, que cadran cos ofrecidos polo *TMILG*. Da variante uestimenta, tamén rexistrada no noso *corpus* de estudo, temos testemuños dende o terceiro cuarto do século XIII, en que figura nun documento de Montederramo (Ourense) editado polo historiador López Ferreiro: «…proueermos essa capela de cález e de *uestimenta* en todos nossos días, en que canten por nos missa e vésperas e madodinos por senpre» (1273) -*TMILG*. En textos escritos en portugués localizamos vestimenta a comezos do século XV, en que se ofrece na *Cronica de Portugal* (1419): «E o cleriguo, com medo, revestio-se a *vestimenta* pera dizer misa solenemente como bispo». Por contra, só temos unha ocorrencia de vistimenta, un século despois, no *Cancioneiro Geral* (1516) de Garcia de Resende: «Por que a carne sse chegou tanto esta *vistimenta* diz guaspar que na emmẽta a el rrey a nam leuou Mas em luguar a leyxou que sseraa bem rresguarada a motes a debrumada» -*CP 1300S-1900S*.

No galego temos a presenza deste vestimenta na escrita. O *TILG* dá conta de 292 casos, ofrecidos en 146 obras distintas, dende o segundo terzo do século XVIII. Figura na obra de Sarmiento titulada *Coloquio de 24 gallegos rústicos* (1746), aínda que coa forma masculina: «¿Aquelas roupiñas, anchos | *vestimentos*, que tèn os dos lados, nos lados abertos, e que se semellan, sin por máis nen menos, a aquela casaca que ten san Lourenzo?». Un século despois xa temos exemplos das forma actual vestimenta nos *Ensaios poéticos en dialecto Berciano* (1861) de Fernández Morales, para facer alusión a unha indumentaria pouco actual: «Ca *vestimenta* qu' acaso por non ser moda, tirara un aceiteiro, | qu' ó Bierzo chegou de Serra de Gata, vestiron os días d'entroido un home feito de palla, o que, pra as xentes, o "Diaño do entroido" representaba». Se fixamos a nosa atención no *CORGA*, este *corpus* ofrece 164 ocorrencias entre 125 documentos distintos dende o ano 1977.

No ámbito do español, vestimenta está presente dende comezos do século IX, anos despois ca no territorio galego medieval. No texto anónimo titulado *Fundación de iglesias por el abad Vítulo y el presbítero Ervigio*, pertencente ao cartulario de San Millán de Cogolla (A Rioxa) cítase: «…et concedimus vel confirmamus per hanc scriptura testamenti animas et corpora nostra atque eciam omnibus rebus nostris cum omnia que ganavimus vel augmentare potuimus, id est, cavallos, equas, boves, baccis, iumienta, oves, capras, porcis, lectuaria, *vestimenta*, casullas, libris, calicis, patenas, cruces, vasa argentea et erea et lignea, et omnes nostras presuras quam sub sedis Dei auxilio accepimus et sernas…» -*CORDE*. En textos escritos en romance, os primeiros testemuños desta voz datan de comezos do século XIII. Na obra *La fazienda de Ultra Mar* (c. 1200) de Almerich ofrécese a variante vestimienta para facer referencia aos paramentos sacerdotais: «E depues veno Saul a *Enop, e priso estos sacerdotes e mato dent .lxxx. e .v., revestidos de sacerdotal *vestimienta*, e destruxo las cibdades e destruxo estos sacerdotes todos e mato» -*CDH* e *CE 1200s-1900s*. Na obra de Berceo titulada *Del sacrificio de la misa* (c. 1228-1246) recóllese o seguinte contexto: «Las *vestimentas* limpias que visten los prelados, | sequiere las que viesten los prestes ordenados, | aquéssas representan de los tiempos pasados | la carne de don Christo bien limpia de pecados» -*CDH*. Nos repertorios consultados, ao longo deste século, vestimenta utilízase sempre para facer referencia á indumentaria eclesiástica. O Gual *Voc. comercio* define este termo como 'vestidura del sacerdote para el culto divino' e achega un exemplo procedente das *Notas de archivo* de Durán Gudiol, datado no ano 1266, en que se achega a forma masculina bestimientos: «E bient sobrepelliços e siet *bestimientos* e quatro casulas». A partir do medievo parece que este termo vai ampliando o seu significado ao facer referencia a calquera tipo de indumentaria. De feito na obra *Suma narración de los* incas, do século XVI, cítase: «…entraron como hombres habidos en la guerra y prisioneros del Guayna Capac que los traía delante de sus andas y como los señores y señoras del Cuzco y ñacas y pallas viesen el enano y le viesen venir delante de las andas vestido de aquella *vestimenta* colorada y con sus borlas hasta en pies conocieron que era prisionero y conociéndole por tal todos ellos y ellas con un gran alarido…» -*CE 1200s-1900s*. Con posterioridade, esta voz vai estar presente nos repertorios consultados, tal é o caso do *CREA*, que ofrece 649 casos repartidos entre 452 documentos distintos.

No relativo á lexicografía galega, a presenza desta voz nos dicionarios e vocabularios é moi reducida e enmárcase nun período tardío da época premoderna (1863-1985). Valladares *Diccionario* (1884) dá conta da variante vistimenta e a obra de tipo enciclopédico Eladio *Diccionario* (1958-1961) ofrece vestimenta entre os seus lemas -*DD*. Xa a mediados dos anos 80 do século XX todas as obras lexicográficas publicadas, de corte normativo, van dar conta deste termo.

Os dicionarios e vocabularios do portugués atestan vestimenta dende o segundo terzo do século XVI, en que figura nas entradas do Cardoso *Dict. ex lusitanico ex lusitanico in latinum* (1562-1563). De por parte, ofrécese tamén no Pereira *Thesouro* (1697), Bluteau *Vocabulario*

synonimos (1728) e Folqman *Diccionario* (1755), pero en todos eles para definir a 'indumentaria utilizada polos cregos' -*CLP*.

Con respecto á lexicografía do español, cómpre destacar que a forma vestimienta está presente dende o primeiro cuarto do século XVIII, momento no cal é ofrecida como lema no *Diccionario castellano* (1721) de Bluteau. Unha década despois documentamos vestimenta no dicionario da Real Academia Española editado no ano 1739, xa coa acepción de 'indumentaria', sen asociarse exclusivamente ao ámbito eclesiástico –*NTLLE*.

Na actualidade esta voz perdeu o significado orixinario de 'indumentaria eclesiástica' e, malia ter representación na lingua galega, en moitas ocasións é desprazada polas formas *indumentaria*, *roupa*, *vestido* ou *vestiario*, máis frecuentes no galego actual.

Cfr. s.v. **ornamento** e **vestiaria.**

Vestimenta litúrxica do medievo
custodiada no Museo Catharijneconvent (Utrecht-Países Baixos)[309]

vestir, roupa de *unid. pluriverbal vid. s.v.* **roupa** → [2 O VESTIARIO] [2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER] [4.1 ROUPA DO LEITO]

vestymenta *s.f. vid. s.v.* **vestimenta** → [2.4 ORNAMENTOS LITÚRXICOS]

vestyr, roupa de *unid. pluriverbal vid. s.v.* **roupa** → [2 O VESTIARIO] [2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER] [4.1 ROUPA DO LEITO].

vilaçiña *s.f. vid. s.v.* **valancina** → [3.1 TECIDOS]

vistiaria *s.f. vid. s.v.* **vestiaria** → [2 O VESTIARIO] [2.4 ORNAMENTOS LITÚRXICOS]

309 En liña: *http://alenarterevista.net/buscando-el-secreto-del-medievo-la-exposicion-el-secreto-de-la-edad-media-en-oro-y-seda-por-pilar-moreno/* [Consulta: 18 de abril de 2019].

vistiario → **[2 O VESTIARIO]**

s.f. (do lat. VESTIARĬU- 'vestimenta, roupeiro', derivado de *vestir* < VĔSTĪRE) 'vestiario, conxunto de pezas de vestir que leva unha persoa'. *Cfr. s.v.* **vestiaria**.

> ◦ **Vistiario** (1): "Et que por eso non pergan o *vistiario* de Afonso Gomes", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1395-[abril-29. Santiago de Compostela] (A Co), doc. XXXIV, OR.

No testamento de Tareixa Sánchez de Gres cítase a voz vestiario, para facer alusión 'ás pezas do vestir'.

Cómpre destacar que durante o medievo o termo vestiario facía referencia ao conxunto de pezas (*vid. s.v.* **peça**) do vestir que se adoitaban portar, contando as pezas interiores, os traxes para vestir o corpo e os traxes de poñer por riba, destinados a protexer do frío e da chuvia. Falamos, coma noutras entradas practicamente sinónimas (*vid. s.v.* **bestido** e **bestidura**), de camisas (*vid. s.v.* **camisa**), calzas (*vid. s.v.* **[calça]**), saias (*vid. s.v.* **saya**), pelotes (*vid. s.v.* **pelote**), mantos (*vid. s.v.* **manto**), capas (*vid. s.v.* **capa**), por citar algunhas das pezas con máis representación no noso *corpus* de estudo. Entre o vestiario masculino e o feminino a comezos da Idade Media as diferenzas son escasas, pero co paso dos séculos as roupas (*vid. s.v.* **roupa**) de homes e mulleres presentarán patróns diferentes (Boucher 2009).

A frecuencia de deixar durante a Idade Media como legado testamentario pezas de vestir soltas ou vestiario, completo, foi unha constante que explica a importancia que os homes e mulleres lles daban á indumentaria, ao ser necesaria para protexérense das inclemencias do tempo.

****

A primeira atestación da forma vestiario data de finais do século XII e localizámola nun texto escrito en latín, pertencente ao tombo de San Xulián de Samos (Lugo): «...de cetero et annuatim e *vestiario* nostro de hereditate nostra que in dictos terminos adiacet V...» (1192) – *CODOLGA*. En textos escritos en romance, coa nosa acepción, a presenza deste substantivo data do ano 1329, en que se ofrece nun texto notarial adscrito aos dominios do obispado de Tui: «assy commo o tiinha o dito Pero perez e con a Leyra que conprou o *vestiario* de santos carvaloso que iaz eno agro mayor» -*TMILG*. Resulta interesante comprobar como practicamente todos os exemplos inventariados polo repertorio citado se localizan nos cenobios do sur das provincias de Ourense e Pontevedra, a excepción de dúas ocorrencias pertencentes ao Concello de Santiago de Compostela. De por parte, da forma vestuario o *TMILG* só dá conta de 7 ocorrencias encadradas entre os anos 1417 e 1419 e ofrecidas todas elas no *Libro do Concello de Santiago 1416-1422* (Rodríguez González 1992), pero sempre co significado de 'renda destinada á indumentaria'. No portugués do termo vestuário temos exemplos dende finais do século XVII, en que Bento Pereira no ano 1695 publica a obra *Prosodia 1*, na cal recolle o contexto: «O *vestuario* do Emperador. Lex. Graec.* Allecto, as.» -*CP 1300S-1900S*.

No galego moderno, na fala popular non localizamos esta voz. Con todo, na escrita, o *TILG* documenta este substantivo moi tardiamente: na última década do século XX, por mor de que vestiario desapareceu en galego ao ser substituído polo castelán vestuario e foi recuperado modernamente. De aí a distribución da formas que ofrecen os *corpus* manexados. Cómpre repararmos en que os 79 casos ofrecidos polo *TILG*, en 32 obras distintas, están enmarcados entre os anos 1981 e 2013. A propósito da forma vestuario, é de destacar que este repertorio só ofrece 18 casos, dende o ano 1810, en que Fernández y Neira a cita na obra *Proezas de*

Galicia: «D'alí algús días chegaron de <Asturias> *vestuario*, municióǹs e catro cañonciños, que fixo vir con diñeiro o Sr. Romana e desque se vistiron e calzaron ardían de coraxe coma tigres para ir a batirse». Por contra, o *CORGA* achega máis exemplos deste termo. De vestiario ofrécense 234 casos, repartidos entre 200 documentos diferentes, dende o mesmo ano en que rexistraba o primeiro contexto o *TILG*, o ano 1992; con todo, coa nosa acepción a primeira atestación pertence á obra de Cermeño titulada *A televisión. Como se fai unha serie de televisión* (1993): «¿Que *vestiario* deben levar os actores?». No que respecta á forma do español actual, vestuario inventaríase no *CORGA* dende o ano 1982.

Para o español, atestamos a forma vestiario, aproximadamente, a partir da segunda metade do século XII. Nunha carta de entrega duns bens, custodiada no Archivo Histórico de Madrid cítase: «Conoscuda cosa sea a todos los omnes que esta carta vieren, a los que son agora e a los que son por venir, cómo yo la condessa doña Urraca dó al conviento de Cañas quanto é en Ballvertanes por mío, quanto e heredamientos, con el castellar, con entradas e con exidas, con fuentes, e con puentes, e con montes, e con aguas e con quanto ý é del cielo a la tierra para *vestiario*; e ninguno que gelo contrariare que sea maldicho con Judas el traidor dentro en los infiernos» (1162) -*CORDE*. Con todo, o incremento desta voz prodúcese a partir do segundo terzo do século XIII. Por exemplo, nun documento notarial procedente da colección de San Salvador de Oña (Burgos), do ano 1239, recóllese o seguinte: «…dozientos morabedis pora *vestiario*» -*CDH*. De por parte, no *DCECH* (*s.v.* vestir, vol. V) indícase que se trata dun termo 'raro'. Cómpre termos en conta que o primeiro testemuño de vestuario, a forma do español actual, non se documenta ata o primeiro terzo do século XIV. Localizámolo na colección diplomática de Santo Toribio de Liébana (Cantabria) nun texto notarial no cal se fai un acordo entre o prior Miguel Martínez e García Gómez, que data do ano 1337: «Et que vos ayades en cada anno para siempre por los bienes del dicho monasterio en racion, nos los dichos prior e convento los que agora somos e los otros que seran para siempre jamas, priores e provisores e convento del dicho monesterio de Santo Toribio, que vos demos la racion para un capellan que sirva las oras e diga misa cada dia en el dicho monesterio de Santo Toribio por vos los dichos Garcia Gomes e Mayor Gomes para sienpre jamas, el qual capellan aya en racion e en proveymiento tanto pan, e vino, e carne, e pescado, e prestamos para *vestuario* segunt que oy dia que esta carta es a uno de los racioneros que son en el dicho monesterio» -*CORDE*. Dous séculos despois, en obras escritas en español na coroa de Aragón, no século XV, localizamos a forma vestiaria no manuscrito de rexistro das rendas do Real Patrimonio, procedente de l'Arxiu de la Corona d'Aragó de Barcelona, aínda que co significado de 'renda destinada ao vestir': «la Aljaffaria real de Çaragoça dotze dineros cada dia et setanta sueldos de | *vestiario* | en cadaun anyo. Que montan quatrozientos trenta seys sueldos. Arnaldus del Calbo». Coa nosa acepción a forma que localizamos é vestuario, en concreto, no *Cancionero de Palacio* (1437 e 1442): «…fecho senyal de memoria / es afeite de la gloria / e glorioso | *vestuario*» -*DiCCA-XV*. Na época moderna, as formas vestiario e vestiaria, cederónlle o seu espazo a vestuario, a única variante que recolle o *CREA*.

Nas obras lexicográficas do galego esta voz ten unha representación moi escasa, adscrita á época premoderna (1863-1985). No Valladares *Suplemento* (1896-1902), na segunda acepción, ofrécese a forma vistiario, que se define como «'conjunto de cosas necesarias para vestirse'»; por contra, o Eladio *Diccionario* (1958-1961) recolle vestuario -*DD*. Con posterioridade, os dicionarios publicados a partir dos anos 80 do século pasado, compilan este termo entre o seu lemario.

A lexicografía portuguesa ofrece a forma vestiario dende finais do século XVII, cando aparece como entrada no Pereira *Thesouro* (1697), pero para denominar «o camarista, que veste ao Rey». Con esta mesma acepción figura no Feijó *Orthographia* (1734), Bluteau *Vocabulario synonimos* (1728) e Folqman *Diccionario* (1755) –*CLP*.

Por contra, os dicionarios e vocabularios do español dan conta do substantivo vestiario dende comezos do século XVII, en que figura no *Diccionario muy copioso de la lengua española y francesa*... (1604), da autoría de Palet. Nesta mesma época rexistramos vestuario por primeira vez nas obras do español, en concreto no ano 1611 en que Rosal publica *Origen y etymologia de todos los vocablos originales de la Lengua Castellana –NTLLE*.

Na actualidade, vestiario segue a ser o termo utilizado na lingua galega para denominar o 'conxunto de pezas do vestir'.

Cfr. s.v. **bestido**, **roupa**, **[bestidura]** e **vestiaria**.

vistimenta *s.f. vid. s.v.* **vestimenta** → **[2.4 ORNAMENTOS LITÚRXICOS]**

X

xamete → **[3.1 TECIDOS]**

s.m. (do gr. ἑξάμιτος 'de seis fíos', que segundo Corriente (2003: 352, *s.v.* jametería) puido entrar na Península Ibérica a través do andalusí **šamít*; de feito no *DCECH* (*s.v.* jamete, vol. III) indícase que é unha palabra cunha orixe escura) 'xamete, tea de seda moi apreciada que ás veces se tecía con ouro'.

> ◦ **Xamete** (1): "mando... et huun manto *xamete* uermello et vna capa de tartarisco vello", López Ferreiro *Galicia histórica*, 1326-[xaneiro-4. Mondoñedo] (Lu), doc. LXXI, COP.

No testamento de Gonzalo de Moscoso cítase un **manto** (*vid. s.v*) elaborado de xamete. A propósito do material de elaboración, Zanger (1945: 93, *s.v.* samit) e Alfau de Solalinde (1969: 185-87, *s.v.* xamet) explican que é unha das sedas (*vid. s.v.* **seda**) medievais máis coñecidas, e esta última autora indica que se fabricou en épocas remotas na illa grega de Andros. Nos seus inicios tratouse dun tecido de seda moi brillante e, posteriormente, elaborouse con debuxos brocados e bordábase con **ouro** (*vid. s.v.*) e **prata** (*vid. s.v.*) en verde, branco, negro e vermello; precisamente esta última cor é a que aparece no contexto estudado.

Era unha tea moi resistente, tal como indica Gay (1974: 323, *s.v.* samit, vol. II) ao definir samit como «le satin est une étoffe dont la trame en soie grosse est presqu' entièrement cachée par la chaîne fine et brillante. Le demi-satin ou samit, d'origine orientale, est fabriqué de même, même chaîne de soie, mais soutenue par une trame de fil très peu apparente à l' endroit, très visible par contre à l' envers et qui lui donne une solidité supérieure à celle du satin». Martínez Meléndez (1989: 308-9, *s.v.* jamete) tamén destaca a resistencia deste tecido por ser elaborado con «trama de seda gruesa casi enteramente cubierta por la urdimbre de hilo fino y brillante», o que o facía ideal para a confección do enxoval (*vid. s.v.* **[axuar]**) do leito e de roupa exterior, coma os mantos e capas (*vid. s.v.* **capa**).

****

No ámbito galego atestamos a forma sameyxam nun texto escrito en latín pertencente ao tombo do mosteiro coruñés de Caveeiro, do ano 1142: «sagia de *sameyxam* obtima» -*CODOLGA*, que tamén recolle Varela Sieiro (2003: 348). Nese mesmo século, no ano 1169, ofrécese a forma xamite nun documento escrito en latín e editado por López Ferreiro: «pallium meum de arminium et *xamite* orlatum de cebelinis» -Lorenzo *Cronologia* (*DDGM*). En textos escritos en romance documentamos xamete, aproximadamente, dende finais do século XIII, en que se cita na *Cr. Gal* (1295-1312): «vistió dũu *xamete* de muy grã preco» e «hũa almexia negra de hũu *xamete*» -*DDGM* e *TMILG*. No *Graal* localizamos examete: «e de dous sobressinaaes de *examete* vermello» -Lorenzo *Cronologia* (*DDGM*). Posteriormente, Parker *VCT*[310] (1370-1373) recolle este termo: «mandou logo dobrar hun pendon de *xamete* que tragia». Ademais, no portugués temos rexistro dende a primeira metade do século XIV, en que se cita xamete na *Cr.1344*: «et tijnha ençima hũa almexia negra de *xamete*» -*CP 1300S-1900S*.

[310] A pesar da lectura xamẽt feita por Parker e Salazar (*ápud* Lorenzo na *Cr. Gal s.v.* xamete).

En textos latinos Zanger (1945: 94) documenta por primeira vez a forma samitu no ano 1267, forma que convive coas variantes sametu, sciamitu, saemitu, (e)xamitu e xamitellu. Achega exemplos de samit, samy e samin en textos franceses; samitz nun escrito provenzal; sciamito nun documento italiano e semit, semyt, sammat e samet no territorio alemán. Amais, indica que o *samiton* é unha variante do xamete, que documenta no ano 1317.

No galego moderno non temos atestacións desta voz na fala popular. Con todo, no galego esta voz parece caer en desuso a partir do século XIV e ata finais do século XIX, en que se citan tres ocorrencias na obra de López Ferreiro titulada *O Castelo do Pambre* (1895), de marcado sabor arcaizante, para referirse ao vestiario dunha doncela: «Vestía a doncela, que alomenos despois do cabaleiro que iba ao lado dela, debía de ser a principal persona da comitiva, un brial, ou como si dixéramos unha bata, de *xamete* (en latín #*examitus*), que viña ser un texido moi tupido de seda». Máis alá destes exemplos non temos outras atestacións deste termo.

No territorio español os primeiros testemuños desta voz datan da segunda metade do século XII. A forma xamed está presente na obra épica *Poema de mio Cid* (c. 1140): «suso tan bien encortinado, tanta pórpola e tanto *xamed* e tanto paño preciado» -*CORDE*. Posteriormente, segundo os datos fornecidos polo *CORDE*, entre os séculos XIII e XV conviven as formas xamet e xamete, cun maior predominio desta última. En 9 textos documentamos xamet, entre os cales imos ofrecer o primeiro exemplo, datado aproximadamente entre 1205 e 1250, na obra *Razón de Amor*: «El manto e su brial de *xamet* era que non d'al»; no século XIV esta voz non está atestada nesta obra, pero rexistramos unha ocorrencia a comezos do século XV na *Traducción de Lanzarote del Lago*: «e yelmo juuete de ermiño mas de vn *xamet* blanco y enpos destos venia otro que traia». Con respecto á variante más frecuente, xamete, cómpre indicar que aparece 43 veces en textos literarios e non literarios no período que abarca dende o ano 1275 ata 1498. O primeiro exemplo localizámolo nun inventario de bens da catedral de Salamanca (Martín Martín, 1977: 449-54): «Sobre el altar de Sant Nicholas un conbertor de *xamete* vieio»; o último, na novela titulada *Historia de Enrique fijo de doña Oliva, rey de Jerusalem y emperador de Constantinopla* «en un esportilla que traía y sacó un brial de *xamete* y diolo a doña Oliva». A partir do século XV non temos atestacións desta voz nas letras hispánicas.

Xamete está presente nas obras lexicográficas galegas dende a época premoderna (1863-1985). Figura no Carré *Diccionario*[3] (1951), Eladio *Diccionario* (1958-1961), Franco Grande *Diccionario* (1972) e Carré *Diccionario-Voc.* (1979) –*DD*. Con posterioridade, algúns dos dicionarios publicados a partir dos anos 80 do século pasado van dar conta deste termo, por exemplo o *GDXL*, o cal achega unha definición ambigua no relativo ao aspecto do tecido, ao indicar que se trata dunha «tea moi fina de seda que se pode entrelazar con ouro». Outras obras lexicográficas, coma o *DRAG* non achegan esta voz entre os seus lemas.

Nos repertorios lexicográficos do portugués, só localizamos a voz samito no Houaiss *Dicionário*, que indica que se empregou ata o século XVII. Defínea como «espécie de brocado us. em roupas e estofados até o s. XVII; samite».

De por parte, na lexicografía española temos atestación de xamete como entrada de dicionario dende comezos do século XVII, en que figura no *Diccionario muy copioso de la lengua española y francesa* (1604) de Palet –*NTLLE*. O *DRAE* recolle este termo, aínda que o define con pouca precisión: «rica tela de seda, que a veces se entrejía de oro».

Na actualidade o xamete é un tecido pouco usual, posiblemente por ser substituído por materiais sintéticos moito máis lixeiros e resistentes, de aí que non figure en moitos dos repertorios lexicográficos actuais ou, de existir, se defina con pouca precisión. Por exemplo, na obra de Dávila Corona, Duran Pujol e García Fernánez (*DHTT*, *s.v.* xameta, xamete)

recóllese xameta e xamete como termo sen clasificar e defínese de xeito moi pouco preciso como «tela que se usaba antiguamente, cuya calidad se ignora». Castany Saladrigas (*DT*, *s.v.* xameta, jamete) indica que estivo de moda nos séculos XII e XIII, pero a partir das cruzadas foi moi buscado en Occidente e déuselle este nome a outros tecidos coma o raso (*vid. s.v.* **rraso**) ou o veludo (*s.v.* **terçiopelo**).

Cfr. s.v. **seda**.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Z

zerame *s.m. vid. s.v.* **cerame** → [2.1 ROUPA DE HOME E ROUPA DE MULLER] [2.1.3 TRAXES DE POÑER POR RIBA]

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

6 Conclusións

Despois de abordarmos o estudo das voces[311] relacionadas coa indumentaria, os tecidos e os complementos, que foron extraídas do noso *corpus* documental, datado entre os séculos XIII ao XVI, dispoñémonos a ofrecer as conclusións que tiramos desta análise.

6.1 As categorías gramaticais

En xeral, entre os 161 lemas observamos un predominio absoluto de substantivos comúns (95%) fronte á presenza reducida de adxectivos (4%) e moi escasa de verbos (1%). Estes últimos úsanse na descrición dos procesos de elaboración polos que pasan as fibras téxtiles. A gráfica que segue mostra esta distribución:



Gráfica 6: **Representación das categorías gramaticais no *corpus***

6.2 Os campos semánticos con maior representación

No relativo aos cinco campos semánticos estudados, cómpre destacar que é o do vestiario o que conta cunha representación máis ampla, seguida dos materiais, as pezas do leito e, finalmente, o servizo da mesa, o cal achega un número de termos moito máis reducido. Temos que ter en conta que para a elaboración destes datos, seguindo a proposta de Varela Sieiro (2003: 409) para os casos de polisemia, situamos cada voz no campo semántico que estaba máis representado.
Na seguinte gráfica ofrecemos esta información:

[311] Un total de 161 formas estandarizadas diferentes dun conxunto de 330 lemas, entre os de carácter remisivo e os de carácter enunciativo.



Gráfica 7: **Número de voces por campo semántico**

Con todo, dentro de cada un dos campos semánticos establecemos unha distinción entre diferentes subcampos, tendo en conta as voces relacionadas no *corpus* do traballo, como indicamos no capítulo introdutorio (*vid.* 4.2 **Os campos semánticos**).

Máis da metade dos termos obxecto do estudo, en concreto, un 54 % pertence ao ámbito da indumentaria, de home, de muller e relixiosa; dentro deste os complementos (12%), ornamentos litúrxicos (13%) e traxes de poñer por riba (11%) son os campos que contan cun número máis representativo de voces. Estes datos cómpre poñelos en relación cos tipos de texto que constitúen o noso *corpus*, pois a maior parte (*vid.* 3.2 **A tipoloxía documental e a súa estrutura**) son testamentos, de persoas civís ou relixiosas, e durante o medievo as pezas do vestir, polo valor funcional que tiñan, eran deixadas como legado testamentario. Os integrantes do clero, como é de esperar, testaban os ornamentos litúrxicos, pezas que tamén se citan abundantemente nos recontos das institucións relixiosas.

Outro dos campos que merece mención por achegar un volume alto de termos é o dos materiais de elaboración (36%), no cal damos conta de tecidos, outros materiais e, por último, das técnicas e outros elementos relacionados coa elaboración téxtil. Os tecidos supoñen o grupo máis amplo ao termos un 25% do total; a súa alta presenza explícase polo hábito que existiu no medievo de acompañar practicamente todas as roupas do seu material de elaboración coa finalidade de ofrecer unha información o máis minuciosa posible, pois tanto nos testamentos, recontos coma cartas de taxación, cumpría a precisión para evitar confundir unhas pezas con outras.

Un 8 % dos lemas encádranse dentro das denominadas pezas do leito, un 1,25% pertence aos termos relacionados coa mantelería, destinada ao servizo da mesa. Estas cifras están relacionadas co uso restrinxido que na Idade Media tiñan as pezas do leito e os téxtiles da mesa, pois estas non eran habituais en todas as vivendas.

No cadro que ofrecemos achegamos estes datos con maior detalle:

Campos semánticos	Número termos/porcentaxes
1 O enxoval: xeral	1 (0,6 %)
2 O vestiario	87 (54 %)
2.1 Roupa de home e roupa de muller	36 (22 %)
2.1.1 Pezas interiores	3
2.1.2 Traxes para vestir o corpo	5
2.1.3 Traxes de poñer por riba	17
2.1.4 Pezas para a cabeza	5
2.1.5 Termos xenéricos	6
2.2 Calzado	3 (1,8 %)
2.3 Complementos	26 (18 %)
2.4 Ornamentos litúrxicos	21 (13 %)
3 Os materiais	58 (36 %)
3.1 Tecidos	40 (25 %)
3.2 Outros materiais	4 (2,5 %)
3.3 Elaboración	14 (8,8 %)
4 O leito	13 (8 %)
4.1 Roupa do leito	13
5 O servizo da mesa	2 (1,25 %)
5.1 Mantelería	2
TOTAL	161

6.3 A orixe das voces que conforman o estudo

Logo do estudarmos o léxico das pezas téxtiles do enxoval doméstico e eclesiástico e os materiais de elaboración, comprobamos que a orixe máis frecuente das voces, como era de esperar, é a lingua latina.

A) De feito, proceden do latín un 57% dos termos analizados: *abeto, açintillado, [agulloa], [almática], alua, amjto, anjllo, [avelãa], bestido, [vestidura], [binco], bolsa, [borla], [braga], cadea, [calça], camisa, canavo, capa, capote, casula, [çerçelo], cinta, cobertor, coffea, colar, [conta], conteiro, [corda], [cordón], [corporal], cortina, [cugulla], damasco, destallo, [devissa], [doa], [esmoleyra], estola, estopa, estopaço, frocadura, frontal (fronteyro) gremjal, laan, labor, [laurado], lenço, lençol, lino, manga, manjpolo, manta, mantel, mitara, orela, orillado, ornamento, ouro, palmilla, pano, pardo, pelle, pelica, pelote, pena ueyra, peytoral, picote, pontifical, prata, raso (rasado) –adx.* e *s.-, reliquario, [rramal], [rregaço], [sabaa], sandalia, saquillo, sarga/sirgo, saya, sayal, sayo, seda, sortella, tapete, tartarisco, terçiopelo, touca, uiado , vestiaria,*

vestimenta e *vistiario*. Algúns destes termos correspóndense coas distintas fases da latinidade (por exemplo, *pelle* é un latinismo) e outros entraron no latín procedentes doutras linguas: *bolsa, [esmoleyra], mitara, saquillo* e *tapete* a través do grego, *[braga]* a través do galo e *camisa*, por medio do céltico ou do xermánico.

B) Teñen orixe no francés un 8% da voces, entre elas un grupo numeroso de tipos de tecidos: *botón, branqeta, broneta, burel, camaffeu, chamalote, chapeu, colcha, crotha, enbotoadura, joya* e *terçianel* e *joya*.

C) A pegada árabe está presente nun grupo de palabras relacionadas coas pezas do vestir e co enxoval da vivenda, que suponen un 7,6%: *[alcatiffa], alfamar, alfayte, algodón, algofre, aliffaffe, aljuba, almucella, axuar, ceneffa, gibón* (der. de *aljuba*) e *guadamecil*.

D) Son de orixe xermánica un 3% dos termos estudados: *bordado, feltro, [gante], [gornjçido]* e *[toalla]*.

E) Temos dúas voces con orixe no italiano: *brocado* (*adx.* e *s.*), *capuzo*; no occitano (*balandran - balandrán-* e *garnacha*), que supoñen un 1,3% cada unha; no celta (*peça*); no gascón (*capeyrote*) e no gótico (*roupa*). Directamente do grego chegounos o termo téxtil *xamete*. Cada un destes últimos termos teñen unha porcentaxe do 0,6%.

F) Entre os vocábulos estudados, dalgúns descoñecemos a orixe ou esta é dubidosa. Trátase de *[auarca], baraça, bocalán, cendal, cerame, chapa, cotibaldo, [çapato]*, *[enforrado], escarlata, [eschaquel], estanfforte, frisa, fustan, garuaya, mantilla, manto, manton, morilla, [opa], [ricoma], tabardo* e *tixjllo* e *yrilanda*, que constitúen un 15% no conxunto das voces.

G) No caso do nome *gargantada* a súa orixe está nunha onomatopea (0,6%).

H) Un último grupo está constituído por termos que teñen a súa orixe nun lugar xeográfico, que representan o 3% do total. Trátase de *canbrays,* toma o nome da cidade francesa de Cambrai; *coutral*, ofrece o nome da cidade flamenca de Courtray; *damasco*, cona co nome da cidade siria de Damasco, *olanda*, novamente, unha peza téxtil que toma a denominación da cidade de Holanda e, finalmente, *valancina*, que cal recibe o nome da cidade francesa de Valenciennes.

A lexicalización dos sufixos apreciativos é un recurso moi produtivo nos campos semánticos analizados, tal é o caso de *mantilla*, *manton, palmilla*, *saquillo*); a esta produtividade xa se referiu Sánchez Orense (2010: 428) no seu estudo sobre os nomes das teas no século XVI.

Na imaxe que ofrecemos amosamos graficamente cal é a orixe dos termos estudados:



Gráfica 8: **Orixe das voces do *corpus***

6.4 Consideracións semánticas e socioculturais

Este repertorio léxico, acoutado entre os séculos XIII e XVI, resulta interesante analizalo dende o punto de vista diacrónico para comprobar aquelas voces que desapareceron no galego, as que se manteñen e aquelas, que a pesar de conservárense, experimentaron un cambio semántico ao longo dos séculos.

A) Algúns dos termos inventariados neste estudo formaron parte do repertorio léxico doutro período e hoxe non se conservan na lingua galega.

1) Por unha parte, por seren substituídos por outras formas sinónimas. Referímonos a: *açintillado*, que cambiou por *reberetado*; *[agulloa]*, foi substituída por *alfinete*; *alfámar,* perdeuse e no seu canto empréganse *manta, cobertor* e *alfombra*; *[alcatiffa]*, substituída por *alfombra*; *almucella*, substituída por *cobertor*; *capeyrote*, substituíuse polas formas *caparucha* ou *carapucha*; *[çerçelo]*, substituído por *aro*; *conteiro*, substituído por *rosario*; *cotibaldo*, mudou pola forma *[almática]; ceneffa*, foi substituída por *reberete*; *garnacha*, foi substituída polas *togas* no ámbito da xustiza; *gargantada*, perdeuse e hoxe en día para denominar este complemento a norma aceptou o castelanismo *gargantilla; gibón,* mantívose ata os séculos XIX e XX para denominar unha 'peza de roupa feminina semellante á chaqueta', época en que foi substituído polas formas *xustillo* ou *corpiño*; *lençol,* mantense no portugués, pero no galego foi substituído por *saba*; *orillado*, forma castelanizada, no galego exprésase co adxectivo participial *ourelado; rraso* (*s. m.*), foi substituída polo termo *satén* no século XX; *sirgo*, foi absorbida pola forma *seda; tapete* (substituíuse por *alfombra*); *terciopelo* (substituíuse por *veludo*); *tixjlo*, foi substituída por *cinguideira* e, finalmente, a forma *vistiario* perdeuse e recuperouse baixo o termo *vestiario* para definir o 'conxunto de pezas do vestir' e, tamén, o 'lugar destinado a gardar a roupa'.

2) Por outra parte, estas voces perdéronse completamente ao non contar con outra forma que as substituíse. É o caso de *alfayte*, creada no século XIV e que hoxe está en desuso; *aljuba; bocalán; branqeta; broneta; cerame; chamalote; coutral; crotha; destallo; esmoleyra*; *estanforte*, en desuso dende o século XIV; *estopaço; feltro*, como 'téxtil para cubrir o leito', posiblemente, entrou en desuso xa na época medieval; *frocadura; fronteyro; garuaya; morilla*, só se rexistra no século XV; *[opa]; palmilla; pardo* (*s.m.*); *pelote*; *pena ueyra; [ricoma]; saquillo; tartarisco; terçianel; uiado, valancina, vestiaria* e *xamete.* Unha boa cantidade das voces que desapareceron eran arabismos.

B) Un grupo de termos compilados neste estudo, consérvanse aínda hoxe na lingua galega. Temos *abeto* (na actualidade a forma *hábito*); *algodón; algofre* (*alxofre*)*; [almática]* (*dalmática*)*; alua* (*alba*); *amjto* (*amicto*)*; anjllo* (*anel*)*; [auarca]* (*abarca*)*; baraça* (*baraza*)*; [binco]* (*brinco*)*; bordado; [borla]; botón; brocado; burel; cadea; camaffeu* (*camafeo*)*; canavo* (*cánabo*)*; canbrays* (*cambraia*)*; [çapato]* (*zapato*); *cendal; [chapa]; chapeu; cinta; cobertor; coffea* (*cofia*)*; colar; colcha; [conta]; [corda]; [cordón]; cortina; [cugulla]* (*cugula*)*; damasco; [devissa]* (*divisa,* termo moi vinculado á heráldica e a tauromaquia); *[doa]* (como sinónimo de 'abelorio'); *escarlata; [eschaquel]* (*escaque*)*; estopa; frisa; frontal; fustán* (*fustán*)*; gornjçido* (*gornicido*)*; yrilanda* (*grilanda*); *gremjal* (*gremial*, segue estando vixente a pesar de desaparecer na lexicografía galega durante uns séculos); *guadamecil* (*guadameci*); *joia* (*xoia*)*; [gante]* (*guante*); *olanda* (holanda)*; laan* (*la*)*; labor; [laurado]* (*labrado*)*; lenço* (tanto de liño coma de algodón); *lino* (pano de *liño*); *manga* (procesional); *manípolo* (*manípulo*)*; manta; [mantel]; mitara* (*mitra*)*; ornamento; orela* (*ourela*)*; ouro; pano; peytoral* (cruz *pectoral*); *pelle* (*pel* na sociedade actual, en ocasións, emprégase como metonimia para referirse a un 'abrigo de pel)'; *peça* (*peza*)*; picote; pontifical*; *prata; reliquario* (*relicario*)*; roupa; rramal* (*ramal* usado como sinónimo de *ínfula*), no texto é empregado en sentido figurado; *[vestidura], reliquario* (*relicario*)*; rregaço* (*regazo*), *[sabaa]* (*saba*)*; [sandalia]* (pontifical); *sarga/sirgo; seda; sortella*; *touca* e *vestir*.

1) Dous substantivos, a pesar de conservarse na lingua galega e manteren o mesmo significado, co paso dos séculos perderon os sufixo *em-* ou *en-*: *enbotoadura,* hoxe *botonadura* e *enforrado*, na actualidade *forrado*.

C) Por contra, unha serie de voces, recollidas neste estudo, experimentaron co paso dos séculos un cambio, unha especialización ou unha ampliación de significado para adaptarse ás necesidades sociais e seguir as tendencias da moda.

1) Dentro do grupo de termos que experimentaron un cambio, contamos con: *aliffaffe* (*alifafe*), que coa acepción de 'sarta de xoias' caeu en desuso a partir do século XIII, pero segue existindo na lingua para nomear 'unha pequena alteración da saúde' ou 'un tumor que se lle forma aos équidos nas articulacións'; *[braga]*, que modificou o seu patrón ao longo da historia e, finalmente, denomina unha 'peza de roupa interior feminina'; *[calça]* (*calzas*), modificou a súa feitura ao longo dos séculos e na actualidade é un termo sinónimo de 'medias'; *camisa*, que pasou de ter un uso exclusivamente interior a ser unha peza da indumentaria exterior que admite outras roupas por riba; *capa*, como peza masculina, utilízase como roupa de gala e, como peza feminina, acurtouse; *casula* mantense, pero no século XIX estreitouse a peza e deixou libres os brazos; *[corporal]* segue existindo, pero é máis pequeno ca no medievo; *mantilla*, malia o seu sufixo *–illa*, propio do español, mudou algo de significado e recóllea a norma estándar da lingua galega co significado de 'peza clásica para cubrir a cabeza e os ombreiros' ou 'peza de roupa de abrigo para tapar o bebé'; *manton* (*mantón*), na actualidade non ten que ver co 'tipo de capa' que denominaba no medievo, senón que é 'un pano cuadrangular utilizado polas mulleres para cubrir os ombreiros e as costas', moi habitual no noso traxe tradicional; *pelica*, que modificou a súa feitura considerablemente dende a Idade Media e hoxe emprégase para nomear 'calquera peza feita ou forrada de peles finas'; *saya* (*saia*), empregouse como un traxe enteiro de uso entre ambos os sexos ata que no século XVI se dividiu en dúas partes e a partir de entón foi unha peza feminina; *sayo* (*saio*)*,* modificou o seu patrón co paso dos séculos e na actualidade tamén pode ser unha peza feminina, ben unha 'casaca longa sen botóns', ben un 'vestido amplo'; *tabardo*, mantense o termo, pero na actualidade esta vestimenta presenta outra feitura ao denominar unha 'peza de abrigo ancha, longa e confeccionada con pano groso' e, finalmente, *toalla*, na época medieval nomeaba un 'pano de mesa'.

2) Especializaron o seu significado: *capa*, as longas séguense empregando asociadas a certos ámbitos laborais; *capote*, na actualidade só se emprega no ámbito militar ou na tauromaquia, moi afastado do seu uso orixinario; *capuzo* (hoxe *capuz*), especializouse para formar parte da vestimenta relixiosa; *coffea* (*cofia*), especializouse e o seu uso vinculase aos uniformes laborais ou hábitos relixiosos e, finalmente, ofrecemos a voz *vestimenta*, que perdeu o significado específico de 'indumentaria eclesiástica' e fai referencia, en xeral, ao 'conxunto de roupas da indumentaria'.

3) Co paso dos séculos ampliaron o seu significado: *bolsa*, *axuar* (*enxoval),* co paso dos séculos engadiuse o enxoval do bebé; *estola* mantense, pero dende o século XIX ampliou o significado ao designar 'un tipo de chal, elaborado fundamentalmente de pel'; *manto*, denomina unha 'peza de abrigo de uso exterior, de cerimonia, tanto para homes coma para mulleres', pero na actualidade tamén fai referencia a 'un pano grande co que se cobre a cabeza e que pode chegar ata os xeonllos ou, incluso, os pés' e no traxe tradicional tipo de 'capa feminina de abrigo', coa que se tapaba a cabeza ou o corpo e, por último, *vestido*, que co paso dos séculos ampliou o significado e adquiriu un máis preciso ao definir unha 'peza exterior da indumentaria feminina, que cobre a parte superior e inferior do corpo e pode chegar a ser talar'. Dentro deste grupo, a pesar de non ter moita representación no noso *corpus*, tamén podemos citar a unidade pluriverbal que presenta a estrutura 'pano de+substantivo', como é o caso de *paño de arago* (*pano de Aragón*), para denominar un 'tipo de la producida en Aragón'. Nesta estrutura son frecuentes as mencións toponímicas que, en moitos casos, acaban tendo un desprazamento metonímico e, polo tanto, unha ampliación de significado. É o caso das voces *arraz (ras/arrás), canbrays, coutral, damasco, londres, olanda* e *valancina* que inventariamos no noso estudo.

Con respecto á extensión do léxico, a maior parte é común a toda a Romania e está condicionado, en boa medida polo uso social, pola evolución dos tecidos empregados na confección téxtil e polos cambios que a vestimenta experimentou ao longo dos séculos ao recibir influencia doutras culturas. Aínda así, hai voces unicamente localizadas no territorio peninsular como é o caso de *colcha* e outras exclusivas do noso dominio ou do ámbito galego-portugués medieval como *cotibaldo*, *destallo* (*destalo*), *garnaya* e *pena ueyra* (*penabeira*).

6.5 Termos que anticipan datación

Ao traballarmos con documentos éditos moitas das voces que anticipan a datación están recollidas en obras compiladas no *DDGM* ou *TMILG*. Con todo, é preciso destacar que a maior achega léxica neste período, en canto a termos que se documentan por primeira vez ofrécea o reconto da Catedral de Ourense, que editamos no 9.2 **Anexo II** pero, aínda así, cómpre ser cautos porque estamos ante un texto tardío, datado no ano 1493, no cal rexistramos un lingua bastante castelanizada.

Merecen atención por documentarse por primeira vez no ano 1493 os seguintes substantivos e adxectivos: *açintillado, [alcatiffa], aljuba, bordado, [borla], brocado, ceneffa*, *frocadura, olanda, peytoral, [sandalia], [ricoma], [rramal], terçianel* e *terciopelo* (no galego estándar *veludo*). Amais, podemos engadir outros termos contidos nos textos notariais éditos que anticipan a datación, aínda que neste caso cómpre sermos cautos con esta afirmación, dado que non todas as lecturas dos documentos foron revisadas: *agulloa* -1348 Maia *História galego-português*; *alfayte* -1395 López Ferreiro *Galicia histórica*; *camaffeu* -1348 López Ferreiro *Galicia histórica*; *chapeu* -1414 Alonso *Doc. históricos*; *conteiro* -1430 Barral *A Coruña*; *cotibaldo* -1451 Ferro *Vida e fala devanceiros*; *coutral* -1489 Otero *Quiroga*; *[çerçelo]* -1396 Graña *Vilourente*; *[almática]* -1312 Rey Caíña *Ferreira de*

Pallares; *enbotoadura* -1348 López Ferreiro *Galicia histórica*; *[eschaquel]* -1303 Ferro *Vida e fala devanceiros*; *estola* -1326; *frisa* -1459 Sánchez *Álvaro Sánchez*; *morilla* -1411 López Carreira *cidade Ourense*; *[opa]* -1398 Lucas&Justo *Fontes USC*; *raso* (*s. m.*) -1350 López *Allariz*- e *reliquario* -1347 López Ferreiro *Galicia histórica*.

Para rematarmos, queremos facer fincapé na escasa aposta, practicamente nula, que fai pola lingua galega a importante industria téxtil galega o que supón que esta non funcione como foco de irradiación, a pesar da excelente iniciativa normalizadora que podería desempeñar este sector.

Simplemente nos resta mencionar a importancia que as pezas do vestir, do enxoval da vivenda e os tecidos tiveron na Galicia do medievo e a pouca atención que se lle ten prestado nos estudos lexicográficos, que sen dúbida, se viron enriquecidos no ano 2003 coa publicación de Varela Sieiro, á que xa nos temos referido, *Léxico cotián na alta Idade Media de Galicia: o enxoval*. Este estudo pretende ser unha continuación da obra do autor citado e quedamos á espera de que no futuro teña continuación e, paulatinamente, poidamos ir reconstruíndo o panorama do léxico téxtil, da indumentaria e dos complementos ata os nosos días.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

7 Bibliografía

7.1 Fontes

7.1.1 Primarias (prosa notarial)

Recóllense as referencias bibliográficas das fontes primarias manexadas introducidas pola abreviatura bibliográfica acuñada. Ao final da cita dos artigos indícase entre corchetes [ ] o número de páxinas en que figuran os textos que constitúen o *corpus* estudado por conteren léxico relativo á indumentaria e aos tecidos (testamentos, mandas, codidilos, cartas de taxación de bens de menores e inventarios). No caso de non estar paxinada a obra, ofrecemos o número de documento.

Alonso *Doc. históricos* = Alonso, Benito F. (1900): «Documentos históricos», *Boletín de la Comisión provincial de monumentos históricos y artísticos de Orense* 1, nº 17, 304-310 [304 a 308].

Armas *Pontevedra* = Armas Castro, José (1992): *Pontevedra en los siglos XIII al XV: configuración y desarrollo de una villa marinera en la Galicia Medieval.* [A Coruña]: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 326-327, 349 a 353 e 361 a 364.

Barral *Santo Domingo* = Barral Rivadulla, Mª Dolores (1992): «Dos documentos para ampliar la historia del desaparecido monasterio de Santo Domingo de la Coruña», *Archivo Dominicano* nº 13, 245-251 [249 a 251].

Barral *A Coruña* = Barral Rivadulla, Mª Dolores (1998): *La Coruña en los siglos XIII al XV*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, *388 a 390, 393 a 397, 420 a 422 e 451 a 455*.

Boullón&Monteagudo *De verbo a verbo* = Boullón Agrelo, Ana I. e Henrique Monteagudo (2009): *De verbo a verbo. Documentos en galego anteriores a 1260*. Anexo 65 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade, 128 a 130.

Bouza-Brey *testamento* = Bouza-Brey Trillo, Fermín (1946): «Testamento de García de Caamaño, escudero, 1390», *Cuadernos de Estudios Gallegos* V, 126 a 134.

Bouza-Brey *Vilagarcía* = Bouza-Brey Trillo, Fermín (1965): *El señorío de Villagarcía desde su fundación hasta su marquesado (1461-1655). Anexo XV dos Cuadernos de Estudios Gallegos. Santiago de Compostela, 95 a 96 e 106 a 110*.

Cal *Pedroso* = Cal Pardo, Enrique (ed.) (1984): *Monasterio de San Salvador de Pedroso en tierras de Trasancos. Colección documental.* A Coruña: Deputación Provincial, 245 a 255, 295-296 e 311 a 313.

Cal *Viveiro* = Cal Pardo, Enrique (1991): «De Viveiro en la Edad Media», *Estudios Mindonienses* nº 7, 11-226 [157 a 160].

Cal *Mondoñedo* = Cal Pardo, Enrique (ed.) (2005²): *Colección diplomática medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo. Transcrición íntegra dos documentos*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 190 a 192, 305 a 312 e 718 a 721. (*http://gmh.consellodacultura.org/fileadmin/arquivos/publicos/CDMOND_v1.pdf*) [Consulta: 18 de abril de 2019].

Cambón *Melón* = Cambón Suárez, Segundo (1957): *El monasterio de Santa María de Melón (ss. XII y XIII)*. Tese de doutoramento. Universidade de Santiago de Compostela, doc. 836.

Castro *Santa Clara* = Castro, Manuel de (1980): «Santa Clara de Santiago, origen y vicisitudes», *Boletín da Real Academia Galega* 33, nº. 360, 373-412 [403 a 409].

Col. doc. históricos = *Colección de documentos históricos del Boletín de la Real Academia Gallega*. (1915) [A] Coruña: Litografía e imprenta Roel, vol. I: 40 a 44, 47 a 55, 61 a 65, 79 a 85, 199 a 202 e 210 a 213; vol. II, 73 a 75.

Comesaña *Camiño* = Comesaña Martínez, María Ángela (ed.) (1995): *O tombo do Hospital e Ermida de Santa María do Camiño de Pontevedra*. Pontevedra: Museo de Pontevedra, 61 a 63 e 67 a 70.

Doc. ACOu =*Documentos del Archivo de la Catedral de Orense*. (1923). Publicados pola Comisión de Monumentos de la Provincia. Tomo 2, vol. I: 383 a 386 e 458 a 461.

Domínguez *Catedral Tui* = Domínguez Fontela, Juan (1922): «Documento del Archivo Catedral de Tuy. Año 1471», *Boletín de la Comisión de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense* 6, nº 146, 468-473.

Dono *Naves* = Dono López, Pedro (2010): *Colección de documentos en pergamiño do mosteiro de Santa Comba de Naves. Introdución, edición e índices*. Tese de doutoramento. Universidade de Santiago de Compostela, 450 a 452.

Duro *Ramirás* = Duro Peña, Emilio (1971): «El monasterio de San Pedro de Ramiranes», *Archivos leoneses* 49, 9-74 [65-66].

Duro Trives = Duro Peña, Emilio (ed.) (1967): «El monasterio de San Salvador de Sobrado de Trives», *Archivos leoneses* vol. 21, nº 49, 7-86 [64 a 66].

Enríquez *Ribadavia* = Enríquez Paradela, Mª Carmen (1987): *Colección diplomática del monasterio y convento de Santo Domingo de Ribadavia*. Anexo 8 do *Boletín Avriense*. Ourense: Museo Arqueolóxico Provincial, 66 a 69.

Fernández Salgado A. *San Bieito* = Fernández Salgado, Antonio (1999): *A documentación medieval de San Bieito do Campo*. Tese de licenciatura. Universidade de Santiago de Compostela, 21 a 22.

Fernández Suárez *Sarmiento* = Fernández Suárez, Gonzalo Francisco (2001): *La nobleza gallega entre los siglos XIV y XV: Los Sarmiento, condes de Ribadavia*. Tese de doutoramento. Universidade de Santiago de Compostela, 50 a 59; publicada en *El Eco Franciscano = Liceo Franciscano* 163/165 (2002).

Fernández Viana *Tumbillo* = Fernández de Viana y Vieites, José Ignacio (1995): *El tumbillo de San Bieito do Campo (Santiago)*. Granada: Universidad de Granada, 21 a 23.

Fernández Viana *Pantón* = Fernández de Viana y Vieites, José Ignacio (ed.) (1995): *Colección diplomática del monasterio de Santa María de Ferreira de Pantón*. Lugo: Servicio de Publicacións da Deputación Provincial de Lugo, 75 a 77 e 187 a 189.

Fernández Viana *Dozón* = Fernández de Viana y Vieites, José Ignacio (ed.) (2009): *Colección diplomática do Mosteiro de San Pedro de Vilanova de Dozón*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 111 a 113 e 126 a 128, (*http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2009_Coleccion-diplomatica-do-mosteiro-de-San-Pedro-de-Vilanova-de-Dozon.pdf*) [Consulta: 18 de abril de 2019].

Ferro *Vida e fala devanceiros* = Ferro Couselo, Xesús (ed.) (1967): *A vida e a fala dos devanceiros. Escolma de documentos en galego dos séculos XIII ao XVI*. 2 vols. Vigo: Galaxia, vol. I: 36 a 37, 41 a 46, 58 a 66, 82 a 85, 89 a 94, 123 a 128, 132 a 135, 151 a 153, 191 a 193 e 220 a 223.

García Oro *Diego de Muros III*= García Oro, José (1976): *Diego de Muros III y la cultura gallega del siglo XV*. Vigo: Galaxia, 149 a 153.

García Oro *Viveiro* = García Oro, Jose (1987): «Viveiro en los siglos XIV y XV. La Colección Diplomática de Santo Domingo de Viveiro», *Estudios Mindonienses* 3, 11-132 [73 a78].

García Oro&Portela Silva *Mariño* = García Oro, José e Mª José Portela Silva (2003): «Los Mariño de Lobeira en la Galicia del Renacimiento. Fortuna y desgracia de un señorío seglar del área compostelana», *Estudios Mindonienses* 19, 13-257 [69 a71].

García&Otero *Santo Sepulcro* = García Tato, Isidro e Pablo S. Otero Piñeyro Maseda (2012): «Asentamiento, desarrollo y ocaso de la orden del Santo Sepulcro en Galicia. Un panorama general y un documento singular», *Cuaderno de Estudios Gallegos* LIX, nº 125, 65-94 [86 a 89].

González Garcés *A Coruña* = González Garcés, Miguel (ed.) (1988): *Historia de la Coruña. Edad Media*. A Coruña: Caixa Galicia, 580 a 591, 613 a 618 e 648 a 651.

Graña *Vilourente* = Graña Cid, Mª del Mar (ed.) (1990): *Las órdenes mendicantes en el obispado de Mondoñedo. El convento de San Martín de Villaoriente (1374-1500)*. Separata de *Estudios Mindonienses 6*, 122-123, 124-125, 223 a 225, 237-238, 284 a 286, 334 a 336, 384 a 386, 408 a 410 e 418 a 422.

López *Estudo crítico-históricos* = López, Atanasio (1916): *Estudio crítico-históricos de Galicia*. Santiago de Compostela: *El Eco Franciscano* 31, nº. 487, 37 a 41.

López *Allariz* = López, Atanasio (1933-1935): «Documentos sobre el convento de Santa Clara de Allariz», *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense* 10, nº 221, 335-340 [335 a 339].

López Carreira *Ourense* = López Carreira, Anselmo (1991): *Ourense no século XV. Economía e sociedade urbana na Baixa Idade Media*. Vigo: Xerais, 198 a 200.

López Carreira *cidade Ourense* = López Carreira, Anselmo (1998): *A cidade de Ourense no século XV. Sociedade urbana na Galicia baixomedieval*. Ourense: Deputación Provincial, 637 a 640, 642-643, 645-646, 653 a 655 e 655-656.

López Carreira *Álvaro Afonso* = López Carreira, Anselmo (2005²): *Libro de notas de Álvaro Afonso: Ourense, 1413*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega [versión corrixida], 211-212.

López Carreira *Fragmentos* = López Carreira, Anselmo (2007): *Fragmentos de notarios (século XIV-XV)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

López Ferreiro *Fragmentos* = López Ferreiro, Antonio (1868): «Fragmentos del testamento de Dª Leonor González, esposa del noble caballero D. Rui Soga (Tumbo de S. Justo)», *El eco de la verdad* 20, 158-159.

López Ferreiro *Galicia histórica* = López Ferreiro, Antonio (ed.) (1901): *Colección diplomática de Galicia histórica*. Santiago: Tipografía Galaica, 27 a 34, 35 a 58, 64 a 69, 73 a 75, 149 a 152, 155 a 161, 169 a 177, 193 a 197, 275 a 277, 278 a 282, 293 a 309, 321 a 324, 375 a 386, 494 a 501, 460 a 471 e 606 a 615.

López Ferreiro *Documentos* = López Ferreiro, Antonio (1951): «Documentos», *Museo de Pontevedra* tomo 6, nº 22, 137-142 [137-138].

Lorenzo *testamentos* = Lorenzo, Ramón (2013): «Os testamentos da nai e do padrasto de Diego de Muros III», en Rosario Álvarez, Ana Maria Martins, Henrique Monteagudo e Maria Ana Ramos (eds.): *Ao sabor do texto. Estudos dedicados a Ivo Castro*. Santiago de Compostela: Universidade, 293-313 [309 a 313].

Lorenzo *Montederramo* = Lorenzo, Ramón (2017): *Colección documental do mosteiro de Montederramo*. 4 vols. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, vol. I: 557, 578 a 582, 662 a 664 e 829; vol. II, 955 a 963, 1052-1053, 1125, 1395 a 1397, 1453 a 1455, 1593 a 1599 e 1632 a 1637.

Lucas *Dous documentos* = Lucas Álvarez, Manuel (1993): «Dos documentos en galego de los siglos XIV e XV», *Documenta et scripta*. Barcelona: Universitat de Barcelona, 21-31 [25 a 28].

Lucas&Justo *Fontes USC* = Lucas Álvarez, Manuel e Justo Martín, María José (eds.) (1991): *Fontes documentais da Universidade de Santiago de Compostela. Pergameos da serie Bens do Arquivo Histórico Universitario (Anos 1237-1537)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 266-267, 293 a 296 e 356 a 360.

Lucas&Lucas *Ramirás* = Lucas Álvarez, Manuel e Pedro Lucas Domínguez (eds.) (1988): *San Pedro de Ramirás. Un monasterio femenino en la Edad Media. Colección diplomática*. Santiago [de Compostela]: Publicacións de Caixa Galicia, 444 a 446, 498-499 e 547-548.

Lucas&Lucas *San Clodio* = Lucas Álvarez, Manuel e Pedro Lucas Domínguez (eds.) (1996): *El monasterio de San Clodio do Ribeiro en la Edad Media: estudio y documentos*. Sada/A Coruña: Ediciós do Castro (Publicacións do Seminario de Estudos Galegos), 486-487.

Maia *História galego-português* = Maia, Clarinda de Azevedo (1986): *História do Galego-Português. Estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o século XIII ao século XVI (Com referência à situação do galego moderno)*. Coimbra: Instituto Nacional de Investigação Científica, 70-71, 131 a 136, 138 a 140, 143 a 148, 158 a 160, 209 a 213 e 231 a 233.

Manso *Viveiro* = Manso Porto, Carmen (ed.) (1991): «El convento de Santa María de Valdeflores de Viveiro», *Estudios Mindonienses* 7, 331-365 [361 a 365].

Manso *arte gótica* = Manso Porto, Carmen (1993): *Arte gótico en Galicia: los dominicos*. Vol. II. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 769-770.

Martínez *Trives* = Martínez Saéz, Antonio (1989): *El monasterio de San Salvador de Sobrado de Trives. Estudio histórico y diplomático*. Tese de doutoramento (ed. en microficha). Universidad de Granada, vol. I: 114 a 116 e 170 a 173 (*http://digibug.ugr.es/handle/10481/6171*) [Consulta: 18 de abril de 2019].

Novo Cazón *Vilar de donas* = Novo Cazón, José-Luis (ed.) (1986): *El priorato santiaguista de Vilar de Donas en la Edad Media (1194-1500)*. A Coruña: Fundación «Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa», 238 a 241.

Otero *Quiroga* = Otero Piñeiro Maseda, Pablo S. (2003): *Colección documental del Archivo de la Casa de Otero de Quiroga (siglos XIII-XVIII)*. Lugo: Diputación Provincial, 100 a 105 e 125 a 133.

Pallares&Portela *val Miño* = Pallares Méndez, Mª Carmen e Ermelindo Portela Silva (1971): *El bajo valle del Miño en los siglos XII y XIII. Economía agraria y estructura social*. Santiago de Compostela: Universidade, 129-130.

Pardo de Guevara *Condes Lemos* = Pardo de Guevara y Valdés, Eduardo (2000): *Los señores de Galicia. Tenentes y condes de Lemos en la Edad Media.* A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 35 a 38.

Pereira *Xunqueira de Espadañedo* = Pereira Ferreiro, Sara (1979): «El monasterio de Santa María de Xunqueira de Espadañedo y su colección diplomática», *Boletín Avriense 9*, 151-230 [173 a 175].

Pérez Rodríguez *Codeseda* = Pérez Rodríguez, Francisco Javier (1991): «San Jorge de Codeseda. Un monasterio femenino bajomedieval», *Studia monástica* nº 33 (fascículo 1), 51-85 [75 a 85].

Pérez Rodríguez *Toxos Outos* = Pérez Rodríguez, Francisco Javier (2004): *Os documentos do tombo de Toxos Outos*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 702 a 704 (*http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2004_Os-documentos-do-Tombo-de-Toxos-Outos.pdf*) [Consulta: 18 de abril de 2019].

Pichel *testamento* = Pichel Gotérrez, Ricardo (2004): «Edición dun texto medieval. Acta de apertura do testamento de Martín de Pazos (1422)», *Murguía* 3, 27-55 [34 a 37].

Pichel&Martínez *documentação* = Pichel Gotérrez, Ricardo e Paulo Martínez Lema (2014): «Documentação posterior à confecção do tombo de Toxos Outos (sécs. XIII-XIV). Edição e inventário toponímico», *Scriptum Digital*, vol. 3, 95-132 [109 a 112] (*http://scriptumdigital.org/documents/04-Pichel_et_al_revi_Ruth-bo_Wok.pdf*) [Consulta: 18 de abril de 2019].

Portela *obispado Tui* = Portela Silva, Ermelindo (1976): *La región del obispado de Tuy en los siglos XII a XV*. Santiago de Compostela: El Eco Franciscano, 396 a 401 e 414 a 416.

Portela *Lugo XV* = Portela Silva, María José (ed.) (2005²): *Documentos da Catedral de Lugo. Século XV*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 47 a 53, 238-239, 304 a 307 e 558 a 560.

Portela *Lugo XIV* = Portela Silva, María José (2007): *Documentos da Catedral de Lugo. Século XIV*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Vol. I: 214 a 217, 466 a 468 e 522-523 (*http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2007_Documentos-da-Catedral-de-Lugo-Seculo-XIV-V-I.pdf*) [Consulta: 18 de abril de 2019].

Rey Caíña *Ferreira de Pallares* = Rey Caíña, José Ángel (1985): *Colección diplomática de Ferreira de Pallares*. Tese de doutoramento. Universidad de Granada, 499-500 e 870 a 873. (*http://digibug.ugr.es/handle/10481/14308*) [Consulta: 18 de abril de 2019].

Romaní *Oseira* = Romaní Martínez, Miguel (ed.). (1989): *La colección diplomática de Santa María de Oseira (1025-1310)*. 5 vols. Santiago de Compostela: Tórculo Edicións, vol. II: 1248-1249.

Rodríguez Núñez *Belvís* = Rodríguez Núñez, Clara (ed.) (1989): «Santa María de Belvís, un convento mendicante femenino en la Baja Edad Media (1305-1400)», *Estudios Mindonienses* 5, 335-485 [415-416].Rodríguez Parada *docs. séc. XIII* = Rodríguez Parada, Raquel: *Documentos notariais en galego do século XIII. Edición e estudo lingüístico*. Traballo inédito, doc. 76.

Rodríguez Parada *reconto Catedral Ou* = «Reconto de bens da catedral de Ourense», documento inédito do século XV. Transcrito no Anexo II deste traballo.

Sánchez *ACS* = Sánchez Sánchez, Xosé M. (2000): *Estudio histórico y transcripción de la carpeta nº 13 (documentos particulares) de Archivo Catedralicio de Santiago. 1169-1430*. Memoria de licenciatura. Universidade de Santiago de Compostela, 88 a 93, 160 a 163 e 163 a 170.

Sánchez *Álvaro Sánchez* = Sánchez Sánchez, Xosé M. (2010): «Don Álvaro Sánchez de Ávila, tenente de Rocha Forte, o la nobleza gallega bajo-medieval en la transición hacia la modernidad», *Cuadernos de Estudios Gallegos* LVII, 123, 91-193 [184 a191].

Santos *Allariz* = Santos Otero, Sergio (2004): «Pegadas de antigos escribáns. Documentos de Santa Clara de Allariz» en *Boletín Avriense 34*. Ourense, 137-148 [145-146].

Uriarte *Roi Xordo* = Uriarte Basadre, Florentino (1981): «O testamento de Roi Xordo das Mariñas. Copia de 1503 sobre un orixinal de 1457», *Grial 74*, 514-520 [515 a 520].

Vaquero *Celanova* = Vaquero Díaz, Beatriz (2004): *Colección diplomática do mosteiro de San Salvador de Celanova (ss. XIII-XV)*. [Santiago de Compostela]: Concello de Celanova/Universidade de Vigo. 3 vols; vol I: 114 a 116, 182 a 186, 192 a 195; vol. II: 328 a 331, 372 a 374; vol. III: 92-93.

Vaquero&Pérez *Catedral Ou* = Vaquero Díaz, Mª Beatriz e Francisco J. Pérez Rodríguez (2010): *Colección documental del Archivo de la Catedral de Ourense*. 2 vols. León: Centro de Estudios e Investigación «San Isidoro», vol. II: 539 a 541.

Vázquez López *señorío Monterrei* = Vázquez López, María Jesús (1997): «El señorío de Monterrei. Los Biedma, los Stúñiga y los Ulloa», *Estudios Mindonienses* 13, 187-308 [212 a 214].

Vila *Soutomaior* = Vila, Suso (2010): *A casa de Soutomaior (1147-1532)*. Noia: Editorial Toxosoutos, 472 a 493.

7.2 Bibliografía citada

Abellán Pérez, Juan (2011): *El ajuar de las viviendas jerezanas en época de Isabel I de Castilla (1474-1504)*. Cádiz: Universidad.

Abellán Pérez, Juan (2013): «Cámara de paños del infante don Juan de Aragón (1424)», *Estudios sobre patrimonio, cultura y ciencias medievales* nºs 11-12, 7-15.

Abuín Laxe, Calixto (2003): *O saber do pobo*. Vigo: Xerais.

Acevedo y Huelves, Bernardo e Marcelino Fernández y Fernández (1932): *Vocabulario del bable de occidente*. Madrid: Centro de Estudios Históricos.

Aguilar Díaz, Jesús (2011): «El arte del bordado en Santiago de Compostela. Nuevos datos sobre bordadores de los siglos XVI y XVII», *Cuadernos de Estudios Gallegos* LVIII, nº 124 (xaneiro-decembro), 183-196, (*http://estudiosgallegos.revistas.csic.es/index.php/estudiosgallegos/article/viewArticle/247*) [Consulta: 18 de abril de 2019].

Aguilar Díaz, Jesús (2013): «Alonso Rodríguez, un bordador compostelano del siglo XVI: nuevas noticias sobre su vida y obra», *Annuarium Sancti Iacobi* nº 2, 205-215.

Aguirre del Río, Luís (1858): *Diccionario del dialecto gallego*. Edición de Carme Hermida Gulías. Madrid: CSIC e Instituto Padre Sarmiento, 2007.

Alcega, Joan de (1580): *Libro de geometría, práctica y patrones*. Madrid: Guillermo Drouy (*https://www.wdl.org/es/item/7333/*) [Consulta: 18 de abril de 2019].

Alcover Antoni M. e Francesc de Borja Moll (2002): *Diccionari català-valencià-balear* (*DCVB*): *http://dcvb.iecat.net/default.asp* [Consulta: 18 de abril de 2019].

Alegre Díez, Almudena (2012): *Textil y liturgia: historia de una manga procesional*. Madrid: Museo Cerralbo (*http://museocerralbo.mcu.es/web/docs/publicaciones/piezadelmes/2012_06_manga_procesional.pdf*) [Consulta: 18 de abril de 2019].

Alfau de Solalinde, Jesusa (1969): *Nomenclatura de los tejidos españoles del siglo XIII*. Anexo XIX do *Boletín de la Real Academia Española*. Madrid.

Álvarez Blanco, Rosario (1974): *Notas lingüísticas e etnográficas de Ramirás*. Memoria de licenciatura. Universidade de Santiago de Compostela.

Álvarez, Rosario (2007): «Variación dialectal no período de emerxencia», en A. I. Boullón Agrelo (ed.): *Na nosa lyngoage galega. A emerxencia do galego como lingua escrita na Idade Media*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega/Consello da Cultura Galega, 373-397. (*http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2007_Na-nosa-lyngoage-galega-A-emerxencia-do-galego-como-lingua-escrita-na-Idade-Media.pdf*) [Consulta: 18 de abril de 2019].

Álvarez, Rosario (coord.): *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega: *http://ilg.usc.es/Tesouro/* [Consulta: 18 de abril de 2019].

Álvarez, Rosario e Ernesto González Seoane (eds.) (2017): *Gondomar. Corpus dixital de textos galegos da Idade Moderna*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua galega: *http://ilg.usc.gal/gondomar* [Consulta: 18 de abril de 2019].

Álvarez Carballido, Eduardo (1903): «Pinturas murales halladas en Santa María de Mellid: escultura en Galicia, los gaiteros», *Galicia histórica*, vol. 2, nº 12, 800-807.

Amorim, Maria Isabel Nogueira de (1971): *Baião, concelho do distrito do Porto. Estudo de linguagem etnografía e folclore das suas freguesias*. Dissertação de licenciatura. Universidade de Coimbra.

Andrade Cernadas, José M. (2005): «Los testamentos como reflejo de los cambios de actitud ante la muerte en la Galicia del siglo XIV» en *Semata* 17, 97-114.

Andreu Pintado, Javier (2013): «Sobre un repertorio de objetos de hueso romanos del norte de la tarraconense: Los Bañales de Uncastillo (Zaragoza, España)», *Habis* nº 44, 115-140.

Anónimo (1845): «Vozes gallegas», edición de José Leite de Vasconcellos, vol. VII, fascículo 3, 198-229.

Araújo García, Teresa, Pablo Carballo Felpete, María Isabel Gil Cacheiro, Consuelo Losada Rodríguez, María Dolores Pardo Vázquez (2006): *Vilariño de Conso: paisaxe e tradición*. Ourense: Deputación Provincial.

Argente del Castillo Ocaña, Carmen (1988): «El vestido en la sociedad castellana bajomedieval», en Emilio J. García Wiedemann e Mª Isabel Montoya Ramírez (eds.): *Moda y sociedad. Estudios sobre educación, lenguaje e historia del vestido*. Granada: Universidad.

Arias Freixedo, Bieito (2016): «Unha nova proposta de lectura e interpretación para o v. 9 da "cantiga da guarvaia": des aquelha vs. de saquelha», *Revista Galega de Filoloxía* nº 17, 11-31.

Arias Vilas, Felipe (1984): «El museo etnográfico e histórico de San Paio de Narla (Friol, Lugo)», *Boletín do Museo Provincial de Lugo* nº 2, 211-228.

Armero Domingo, Inés (2011): «Las mujeres y su vinculación al poder según las crónicas castellanas de los siglos XI al XV» en Mª Isabel del Val Valdivieso e Cristina Segura Graíño (coords.): *La participación de las mujeres en lo político: mediación, representación y toma de decisiones*. [Madrid]: Almudayna.

Asenjo González, María (1991): «Transformación de la manufactura de paños en Castilla. Las ordenanzas generales de 1500», *Historia. Instituciones. Documentos* 18, 1-38 (*http://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=58250*) [Consulta: 18 de abril de 2019].

Avellaneda, Diana (2007): *Debajo del vestido y por encima de la piel. Historia de la ropa interior femenina*. Buenos Aires: Nobuko.

Baamonde Traveso, Gloria (1977): *A fala das parroquias de Arante e Cedofeita*. Memoria de licenciatura. Universidade de Santiago de Compostela.

Bajo Pérez, Elena (2013): «Obras lexicográficas y textos medievales: utilidad de los diccionarios para los historiadores de la Edad Media hispánica», *En la España medieval* 36. Madrid: Universidad Complutense (*http://revistas.ucm.es/index.php/ELEM/article/view/41429*), 401-441 [Consulta: 18 de abril de 2019].

Baldinger, Kurt (1970): *Teoría semántica. Hacia una semántica moderna*. Madrid: Ediciones Alcalá.

Balseiro García, Aurelia (1993-1994): «Aproximación a la minería aurífera del noroeste peninsular», *Boletín Provincial de Lugo* nº 6, 159-170 (*http://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=1294678*) [Consulta: 18 de abril de 2019].

Baptista, Cândida da Saudade Costa (1967): *O falar da Escusa*. Dissertação de licenciatura. Universidade de Lisboa.

Baptista, Maria de Fátima Freitas (1970): *Ilha do Faial (Açores). Contribuição para o estudo da sua linguagem, etnografia e folclore*. Dissertação de licenciatura. Universidade de Coimbra.

Barbosa, Agostinho (1611): *Dictionarium lusitanico latinum: juxta seriem alphabeticam optimis, probatisq. doctissimorum auctorum testimonijs perutili quadam expositione locupletatum: cum... Latini sermonis indice, necnon libello uno aliquarum regionum, civitatum, oppidorum, fluviorum, montium, & locorum, quibus veteres uti solebant / omnia in studiosae inventutis gratiam, & usum collecta per Augustinum Barbosam Lusitanum*...Bracharae: typis, & expensis Fructuosi Laurentij de Basto.

Barceló Crespí, María (1998): «El ritmo de la comunidad, vivir en el mundo rural. Los trabajos y los días: el ejemplo de Mallorca Bajomedieval» en José Ignacio de la Iglesia Duarte (coord.): *La vida cotidiana en la Edad Media: VIII Semana de Estudios Medievales*. La Rioja: Instituto de Estudios Riojanos, 129-168 (*https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=563905*) [Consulta: 18 de abril de 2019].

Barreiro García, Mª del Carmen (1985): *O léxico dos Miragres de Santiago*. 2 vols. Memoria de licenciatura. Universidade de Santiago de Compostela.

Barreiro García, Mª del Carmen (1995): «Glosario» en *A documentación notarial do Concello de Noia (ss. XIV-XVI). Lectura, edición e léxico*. Tese de doutoramento . Universidade de Santiago de Compostela, 157-506.

Brea, Mercedes e Pilar Lorenzo Gradín (dirs.): *Base de datos da Lírica Profana Galego-Portuguesa (MedDB)*, versión 3.2, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades: *http://bernal.cirp.gal/ords/f?p=MEDDB3:2* [Consulta: 18 de abril de 2019].

Beaulieu, Michèle (1971): *El vestido antiguo y medieval*. Barcelona: Oikos-tau.

Bejarano Rubio, Amparo (1990): *El hombre y la muerte. Los testamentos murcianos bajomedievales*. [Murcia]: Ayuntamiento de Cartagena.

Beltrami, Pietro G. (1997-2013): *Tesoro della lingua italiana delle origini* (TLIO): *http://tlio.ovi.cnr.it/TLIO/* [Consulta: 18 de abril de 2019].

Bernis Madrazo, Carmen (1956): *Indumentaria medieval española*. Madrid: Instituto Diego Velázquez del CSIC.

Bernis Madrazo, Carmen (1957): «Indumentaria española del siglo XV: la camisa de mujer», *Archivo español de arte* 118, 187-209.

Bernis, Carmen (1978): *Trajes y modas en la España de los Reyes Católicos. I. Las mujeres*. Madrid: Instituto Diego Velázquez del CSIC.

Bernis, Carmen (1979): *Trajes y modas en la España de los Reyes Católicos. II. Los hombres*. Madrid: Instituto Diego Velázquez del CSIC.

Bernis Madrazo, Carmen (1990): «La moda en la España de Felipe II a través del retrato de corte» en Juan Miguel Serrera: *Alonso Sánchez Coello y el retrato en la corte de Felipe II* [catálogo da exposición]. Madrid: Museo del Prado, 65-111.

Bernis Madrazo, Carmen (2001): *El traje y los tipos sociales en* El Quijote. Madrid: El Viso.

Bertolucci Pizzorusso, Valeria (1963): *Le Poesie di Martin Soares*. Bologna: Librería Antiquaria Palmaverde.

Bispado de Ourense: *http://www.obispadodeourense.com/obispo/obispo_historia.php* [Consulta: 18 de abril de 2019].

Blanco Corrales, Francisco (coord.) (2012): *O palabreiro portexo*, en liña en *http://www.furmientu.org/08Vocabularios2012/03VocabulariuPortexo.pdf* [Consulta: 18 de abril de 2019].

Bluteau, Rafael (1721): *Diccionario castellano y portuguez para facilitar a los castellanos el uso del vocabulario portuguez y latino*. Lisboa: Officina de Pascoal da Silva.

Bluteau, Rafael (1712-1728): *Vocabulario Portuguez e Latino*, vol. 1-4, Coimbra: Colégio das Artes, 1712-1713; vol. 5-8, Lisboa: Pascoal da Sylva, 1716-1721; *Suplemento ao Vocabulario Portuguez e Latino*, 2 vol., Lisboa: Joseph Antonio da Sylva, 1727: Patriarcal Officina da Musica, 1728

Bluteau, Rafael (1721): *Tabla de palabras portuguesas, remotas de la lengua castellana*. Lisboa: Officina de Pascoal da Silva.

Bluteau, Rafael (1728): *Vocabulario de synonimos e phrases portuguesas*. Lisboa: Patriarcal Officina de Musica.

Boaventura, Fortunado de São (1829): *Collecção de inéditos portuguezes dos séculos XIV e XV*. 2 vols. Coimbra: Impr. da Universidade (*http://books.google.es/books?id=H4rrxZBMCynC&pg=PA127&lpg=PA127&dq=%22destalho%22&source=bl&ots=IYAW21cGVO&sig=Us37Lmhl6L86tn7egx9iGUsl7UQ&hl=es&sa=X&ei=n0rJU7WsHOP17AalnYHADg&ved=0CEcQ6AEwBg#v=onepage&q=%22destalho%22&f=false*) [Consulta: 18 de abril de 2019].

Borges, Naír Odete da Câmara (1954): *Influência anglo-americana no falar do povo micaelense*. Dissertação de licenciatura. Universidade de Coimbra [ed. (1960): *Influência anglo-americana no falar da ilha de S. Miguel* (Açores). Suplemento II da *Revista Portuguesa de Filologia*.

Borrego Díaz, Pilar e Camino Represa Fernández (1995): «X. Alba», en Lourdes de Luis Sierra, Mª Socorro Mantilla de los Ríos y Rojas e Purificación María y Benavente (coords.): *Vestiduras pontificales del arzobispo Rodrigo Ximénez de Rada. s. XIII: su estudio y restauración*. Madrid: Instituto de Conservación y Restauración de Bienes Culturales, 134-158.

Bosque, Ignacio (1982): «Sobre la teoría de la definición lexicográfica», en *Verba* 9, 105-123.

Boucher, François (2009): *Historia del traje en Occidente. Desde los orígenes hasta la actualidad*. Barcelona: Gustavo Gili.

Boullón Agrelo, Ana I. (2004): «Catálogo dos documentos éditos en galego anteriores a 1260», *Cadernos de Lingua 26*, 5-46.

Boullón Agrelo, Ana I. (2013): «A edición da documentación medieval non literaria en Galicia», en Rosario Álvarez, Ana Maria Martins, Henrique Monteagudo e Maria Ana Ramos (eds.): *Ao sabor do texto. Estudos dedicados a Ivo Castro*. Santiago de Compostela: Universidade, 57-76.

Boullón Agrelo, Ana I. e Xulio Sousa Fernández (dirs.): *Cartografía dos apelidos de Galicia*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega: *http://ilg.usc.es/cag/* [Consulta: 18 de abril de 2019].

Braga, Franklin Costa (1971): *Quadrazais. Etnografia e linguagem*. Dissertação de licenciatura. Universidade de Lisboa.

Brandão, Mª do Socorro Oliveira (2002): *Escárnios de amor e de amigo. O contratexto da lírica profana galego-portuguesa*. Tese de licenciatura. Universidade de Santiago de Compostela.

Bravo Criado, Xosé Antón (1984): *A fala do Val do Toxa*. Memoria de licenciatura. Universidade de Santiago de Compostela.

Buesco, Maria Leonor Carvalhão (1961): *Monsanto. Etnografia e linguagem*. Lisboa: Centro de Estudos Filológicos e Publicações do Centro de Estudos Filológicos *7*.

Cabana Outeiro, Alexandra e Maite Veiga Díaz (2002): «Xoias e cores: léxico galego baixomedieval no Tombo H da Catedral de Santiago de Compostela», en Raquel Iglesias Estepa *et alii*: *IX e X Congreso*

de novos historiadores de Galicia. Santiago de Compostela: Asociación Galega de Historiadores, 287-310.

Cabana Outeiro (2015): *Fontes editadas para a historia medieval de Galicia. Os últimos vinte e cinco anos (1986-2011)*. [Santiago de Compostela]: Consello da Cultura Galega (*http://gmh.consellodacultura.gal/fileadmin/arquivos/publicos/Materiais_LDS/fontes_editadas_historia_medieval.pdf*) [Consulta: 18 de abril de 2019].

Cabrera Lafuente, Ana (2005): «Los tejidos como patrimonio: investigación y exposición», en *Bienes culturales: revista del Instituto del Patrimonio Histórico Español* 5, 5-20 *(https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo*=1308731) [Consulta: 18 de abril de 2019].

Caldeira, Maria Arlete Fernandes (1959-1960): *O falar dos pescadores de Sines (Notas etnográficas, lingüísticas e folclóricas)*. Dissertação de licenciatura. Universidade de Lisboa.

Cange, Charles du Fresne, du (1840-1850): *Glossarium ad scriptores mediae et infimae latinitatis*… 7 vols. Parisiis: Firmin Didot (*http://ducange.enc.sorbonne.fr/*) [Consulta: 18 de abril de 2019].

Capão, António Tavares Simões (1957): *A Bairrada. Estudo lingüístico, histórico e etnográfico*. Dissertação de licenciatura. Universidade de Coimbra.

